ESCOLA DE DOUTORAMENTO
INTERNACIONAL DA USC

Iria
Morgade Valcárcel

Tese de doutoramento

SEN RANCOR NIN ESQUECEMENTO. AS ACCIÓNS DA MEMORIA TRAUMÁTICA NA TRANSICIÓN EN GALICIA (1976-1986)

Santiago de Compostela, 2024

Programa de Doutoramento en Historia Contemporánea

ESCOLA DE DOUTORAMENTO
INTERNACIONAL DA USC

TESE DE DOUTORAMENTO

SEN RANCOR NIN ESQUECEMENTO.
AS ACCIÓNS DA MEMORIA TRAUMÁTICA NA TRANSICIÓN EN GALICIA (1976-1986)

Autora

Iria Morgade Valcárcel

Director/Titor: Antonio Míguez Macho

PROGRAMA DE DOUTORAMENTO EN HISTORIA CONTEMPORÁNEA

SANTIAGO DE COMPOSTELA

2024

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

AGRADECEMENTOS

En febreiro de 2016 emprendín un camiño que, case nove anos despois, desemboca neste traballo. Nel non estiven soa, soa nunca podería ter chegado ata aquí. Nestas liñas quero agradecer todo o apoio, cariño e axuda recibida.

En primeiro lugar a Antonio Míguez Macho, polo que aprendín ao seu lado. Cando o coñecín alá polo 2014 como profesor no mestrado de formación do profesorado, non imaxinaba que a nosa andaina xuntos ía ir máis alá do traballo final. Dende o momento en que lle manifestei o meu desexo de facer unha investigación doutoral, ofreceume a súa man que mantivo firme sobre o meu ombreiro durante todos estes anos. Tamén nos momentos de maior dificultade, que foron moitos, ao ter que dividir a miña dedicación entre esta tese e o traballo como profesora de FP. As oposicións, as horas no instituto, a vida ao lado do meu alumnado, facían que por veces o mundo investigador semellase afastado.

Por iso foi tan importante contar coas compañeiras e compañeiros do Grupo Histagra que dende a distancia me axudaron en todo canto puideron, e o que é máis importante, me fixeron sentir ao seu lado. Conchi López, Rafael García, Alba Garrido e Jessica Nogueira, grazas por todo. Grazas tamén a Lourenzo Fernández, parte tamén dese proceso, que cos seus consellos e lecturas axudou na conformación final do que aquí se presenta. Teño que determe nun membro do grupo, pola súa dedicación constante, pola súa enorme valía como profesional pero sobre todo polo seu enorme corazón, Gustavo Hervella, chave e alma, grazas por todas as veces que me salvaches en cuestión de segundos.

Non vou negar que ás veces me preguntei se tiña sentido seguir, se tiñan sentido todas as xornadas de traballo duplicadas, as miradas de incomprensión, o lecer perdido. O que se mesturaba coa tristura e a frustración por non rematar o camiño. Por iso foi tan importante atoparme con tanta xente marabillosa, fundamental para seguir adiante. Quero dar as grazas a todas as fontes orais, persoas que me abriron ás portas das súas casas, tendo ás veces que afrontar lembranzas dolorosas. Entre elas, Carlos Pereira, pola memoria da súa avoa. Telmo Comesaña, salvagarda da memoria do seu pai.

Tamén me gustaría enfatizar a relevancia de todas aquelas persoas pertencentes a esa xeración que fixo e segue facendo memoria que non só compartiron os seus recordos comigo, senón que me axudaron activamente, brindándome os seus coñecementos, facilitándome os seus documentos, chegando a indagar por min onde eu non podía. Grazas Dionísio Pereira, Lola Varela. Grazas Bernardo Maíz, Luís Chapela, Gustavo Docampo, Pepe Álvarez, Carlos Méixome... e todas aquelas persoas que aparecen referenciadas ao final deste traballo. Para vós o meu cariño e admiración.

O traballo nos arquivos foi arduo e complexo, por iso foi fundamental o encontro con arquiveiras profesionais e amables. Dende Redondela a Vilagarcía, grazas. Grazas a Xurxo Martínez que me puxo sobre a pista de Enrique Líster. Tamén debo agradecer ás miñas

USC DE COMPOSTELA

compañeiras e compañeiros do IES Luís Seoane a súa comprensión e apoio que fixeron máis doado compaxinar estes dous mundos.

Nos primeiros anos desta andadura, realicei indagacións sobre as accións da memoria fóra de Galicia, por iso, pola xenerosidade que nese momento me amosaron, por toda a axuda e consellos recibida, debo dar as grazas a Vicente Aguirre, Ángel del Río, Francisco Espinosa, Cecilio Gordillo, Pere Fortuny, Rosa Torán e Ricard Conesa.

Hai pouco redescubrín unha fotografía, nela tiña arredor de once anos. Posaba sorrinte cun pequeno caderno na man aos pés dun cruceiro. Esa imaxe devolveume ao que foi, sen sabelo, á miña primeira investigación. Durante aqueles días descubrira os cruceiros da miña parroquia, Salcedo. Sacaba fotos, facía debuxos e os describía. Acompañábame meu pai. Dende nena esmerouse en espertar en min a curiosidade, o amor polo coñecemento. Por iso hoxe quero agradecerlle a meu pai e a miña nai a oportunidade que me ofreceron de poder formarme e estudar. Paso indispensable para que a inquietude e a motivación pola investigación espertasen en min. Debo facer un inciso para recordar as longas tardes nas que a miña nai escribiu por min, cando unha tendinite na miña man pretendía paralizarme nos derradeiros meses de traballo. Grazas por estar sempre. Tamén a vós, meus irmáns, Adri e Brais. Miña curmá, Noe. A Elisa, que nos últimos meses axudoume coa xenerosidade que lle caracteriza.

Grazas ás miñas amigas, Lore e Mery, familia elixida, o espazo seguro onde rir, chorar, tomar alento.

Por último, non creo que as palabras poidan facer xustiza á importancia que nesta meta cumprida tivo o meu compañeiro, Bruno.

Bruno coidoume, dende cada recuncho das súas posibilidades. Coidoume con espazo e tempo, que me cedeu para que eu puidese dedicarllo á tese. Cargou sobre os seus ombreiros todo o que puido, e máis. Porque Bruno me coidou no persoal, comprendendo, alentando, apoiando, escoitando, dándome o seu amor incondicional.

Pero Bruno tamén me coidou no profesional. Sempre preparado para as longas horas de conversa, debate e reflexión sobre todo aquilo que ía pasando coa investigación. A súa valía como profesor amosouse en todos os consellos e aprendizaxe que me transmitiu. Durante todo este camiño ao seu lado descubrín algunhas das ferramentas e ideas indispensables para perfilar esta tese.

Durante todo este tempo Bruno sostívome en pé, confiando máis ca min mesma en que podería facelo.

Nove anos nos que mantivo imperturbable o seu compromiso comigo e con estas accións da memoria traumática que son, tamén, un pouco súas.

Por todo isto a el vai dedicado este traballo.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

a Bruno

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

RESUMO

Un consenso colectivo construído sobre o esquecemento do trauma. Un desexo común nese esquecemento froito da busca dun futuro en paz. Estas son as premisas sobre as que se fundamentou o relato da Transición. Fronte a este relato mitificado da orixe da democracia, desenvolvéronse posicións críticas co proceso transicional que o consideraron un tempo de imposición do silencio e de trunfo da amnesia colectiva. Ambas lecturas negaron a existencia da memoria traumática no espazo público durante a Transición.

O presente traballo ten como obxectivo determinar se existiron e definir, no seu caso, as características das accións colectivas e institucionais que en Galicia levaron ao espazo público a memoria traumática da violencia golpista e franquista ou da experiencia republicana anterior, durante o período comprendido entre 1976 e 1986. Para abordar esta investigación levouse a cabo un traballo de campo sistemático baseado na localización e análise de fontes hemerográficas, documentais e orais.

O resultado desta investigación arroxou o coñecemento dun rico ecosistema de accións da memoria cun rexistro de máis de 300 iniciativas. O estudo das mesmas posibilitou a división do período en tres etapas nas que predominaron unhas características específicas. A primeira etapa desenvolveuse en diálogo co ciclo de acción colectiva que se produciu no Estado español e que trala morte de Franco aumentou de intensidade. As familias e as organizacións políticas que viñan da clandestinidade foron as primeiras en levar a memoria traumática ao espazo público en forma de homenaxes moi vinculadas cos ritos católicos da dó. A segunda etapa estivo caracterizada pola irrupción dun novo axente memorial, as institucións locais, que principalmente actuaron sobre a simboloxía de exaltación franquista. Na última etapa acusouse un descenso relevante das accións memoriais en paralelo ao proceso de consolidación do novo sistema político.

Ademais dos actores e repertorios que foron dominantes nas dúas primeiras etapas en estudo, analizáronse diversos axentes memorialistas, como as asociacións ou as editoriais e múltiples repertorios de acción, entre eles as conferencias ou as conmemoracións.

A lectura crítica de fontes permitiu desenvolver unha análise dos discursos que emitiron os axentes memorialistas máis tamén daqueles actores que se opuxeron ás accións da memoria. Neste sentido foi determinante deterse nos mecanismos de contención. É dicir, todos aqueles instrumentos que, dende diversos planos, intentaron impedir ou desalentar as accións da memoria.

Este traballo finaliza coa exposición dun conxunto de ideas conclusivas que poñen de manifesto a existencia da memoria traumática nun tempo no que tradicionalmente se falou da predominancia do esquecemento. O recurso ao esquecemento empregouse dende o poder como parte fundamental do relato oficial, mentres que a memoria traumática emerxeu empurrada por todos aqueles actores e institucións máis próximos á sociedade civil que tiveron desexo de recordar.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

RESUMEN

Un consenso colectivo construído sobre el olvido del trauma. Un deseo común en ese olvido fruto de la búsqueda de un futuro en paz. Estas son las premisas sobre las que se fundamentó el relato de la Transición. Frente a este relato mitificado del origen de la democracia, se desenvolvieron posiciones críticas con el proceso transicional que lo consideraron un tiempo de imposición del silencio y de triunfo de la amnesia colectiva. Ambas lecturas negaron la existencia de la memoria traumática en el espazo público durante la Transición.

El presente trabajo tiene como objetivo determinar si existieron y definir, en su caso, las características de las acciones colectivas e institucionales que en Galicia llevaron al espacio público la memoria traumática de la violencia golpista y franquista o de la experiencia republicana anterior, durante el período comprendido entre 1976 y 1986. Para abordar esta investigación se llevó a cabo un trabajo de campo sistemático basado en la localización y análisis de fuentes hemerográficas, documentales y orales.

El resultado de esta investigación arrojó el conocimiento de un rico ecosistema de acciones de la memoria con un registro de más de 300 iniciativas. El estudo de las mismas posibilitó la división del periodo en tres etapas en las que predominaron unas características específicas. La primera etapa se desenvolvió en diálogo con el ciclo de acción colectiva que se produjo en el Estado español y que tras la muerte de Franco aumentó de intensidad. Las familias y las organizaciones políticas que venían de la clandestinidad fueron las primeras en llevar la memoria traumática al espazo público en forma de homenajes muy vinculados con los ritos católicos del duelo. La segunda etapa estuvo caracterizada por la irrupción de un nuevo agente memorial, las instituciones locales, que principalmente actuaron sobre la simbología de exaltación franquista. En la última etapa se acusó un descenso relevante de las acciones memoriales en paralelo al proceso de consolidación del nuevo sistema político.

Además de los actores y repertorios que fueron dominantes en las dos primeras etapas en estudio, se analizaron diversos agentes memorialistas, como las asociaciones o las editoriales y múltiples repertorios de acción, entre ellos las conferencias o las conmemoraciones.

La lectura crítica de fuentes permitió desenvolver un análisis de los discursos que emitieron los agentes memorialistas y de aquellos actores que se opusieron a las acciones de la memoria. En este sentido fue determinante detenerse en los mecanismos de contención. Es decir, todos aquellos instrumentos que, desde diversos planos, intentaron impedir o desincentivar las acciones de la memoria.

Este trabajo finaliza con la exposición de un conjunto de ideas conclusivas que ponen de manifiesto la existencia de la memoria traumática en un tiempo en el que tradicionalmente se habló de la predominancia del olvido. El recurso al olvido se utilizó desde el poder como parte fundamental del relato oficial, mientras que la memoria traumática emergió empujada por todos aquellos actores e instituciones máis próximos a la sociedad civil que tuvieron deseo de recordar.

USC
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

ABSTRACT

A collective consensus built on forgetting the trauma. A common desire in this forgetting, the fruit of the search for a future in peace. These are the premises on which the narrative of the Transition was based. In contrast to this mythologised account of the origin of democracy, there were critical views of the transitional process that saw it as a time of the imposition of silence and the triumph of collective amnesia. Both readings denied the existence of traumatic memory in the public sphere during the Transition.

The aim of this paper is to determine whether there existed and to define, if so, the characteristics of the collective and institutional actions that brought the traumatic memory of the coup and Francoist violence or of the previous republican experience to the public space in Galicia, during the period between 1976 and 1986. In order to carry out this research, systematic fieldwork was carried out based on the location and analysis of newspaper, documentary and oral sources.

The result of this research revealed a rich ecosystem of memory actions with a record of more than 300 initiatives. The study of these initiatives made it possible to divide the period into three stages in which specific characteristics predominated. The first stage unfolded in dialogue with the cycle of collective action that took place in the Spanish state and which increased in intensity after Franco's death. Families and political organisations that had come from the underground were the first to bring the traumatic memory into the public space in the form of tributes closely linked to the Catholic rites of mourning. The second stage was characterised by the irruption of a new memorial agent, the local institutions, which mainly acted on the symbolism of Franco's exaltation. The last stage saw a significant decline in memorial actions in parallel to the process of consolidation of the new political system.

In addition to the actors and repertoires that were dominant in the first two stages under study, various memorialist actors, such as associations or publishing houses, and multiple repertoires of action, including conferences or commemorations, were analysed.

The critical reading of sources made it possible to develop an analysis of the discourses issued by memorialist agents and those actors who opposed the actions of memory. In this sense, it was decisive to focus on the mechanisms of containment. In other words, all those instruments that, from different levels, tried to prevent or discourage the actions of memory.

This work concludes with the presentation of a set of conclusive ideas that highlight the existence of traumatic memory in a time in which traditionally there was talk of the predominance of forgetting. The recourse to forgetting was used by those in power as a fundamental part of the official narrative, while traumatic memory emerged pushed by all those actors and institutions closer to civil society who had the desire to remember.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ABREVIATURAS

AAGEF: Asociación de Antiguos Guerrilleros Españoles en Francia
ACEPF: L'Associació Catalana d'Expresos Polítics del Franquisme
AEI: Agrupación de Electores Independientes
AGA: Archivo General de la Administración
AGMI: Archivo General del Ministerio del Interior
ANPG: Asemblea Nacional-Popular Galega
ANT: A Nosa Terra
AP: Alianza Popular
AP: Alianza Popular
APG: Asemblea Popular Galega
APMILC: Associació Pro-memòria als Immolats per la Llibertat de Catalunya
ARDE: Acción Republicana Democrática Española
ARMH: Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica
BNPG: Bloque Nacional Popular Galego
CCAA: Comunidades Autonómas
CCMM: Comisións Mariñeiras
CCOO: Comisións Obreiras
CD: Coalición Democrática
CEE: Comunidade Económica Europea
CFPG: Consellos de Forzas Políticas de Galicia
CG: Coalición Galega
CG: Coalición Galega
CP: Coalición Popular
CRdeG: Convención Republicana de Galicia
CRPE: Convención Republicana de los Pueblos de España
CSG: Confederación Sindical Galega
EEUU: Estados Unidos
EG: Esquerda Galega
ETA: Euskadi Ta Askatasuna
FNDIRP: Federación Nacional de Deportados e Internos, Resistentes e Patriotas
FRAP:Frente Revolucionario Antifascista y Patriota
FSG: Federación de Sociedades Gallegas
GRAPO: Grupos de Resistencia Antifascista Primero de Octubre
IGM: Primeira Guerra Mundial
IIGM: Segunda Guerra Mundial
INTG: Intersindical Nacional dos Traballadores Galegos
LRC: Liga Revolucionaria Comunista
MCG: Movemento Comunista de Galicia
ONU: Organización das Nacións Unidas
ONU: Organización das Nacións Unidas
OTAN: Organización del Tratado del Atlántico Norte

PCE (m-l): Partido Comunista de España (marxista-leninista)
PCE (r): Partido Comunista de España Reconstituído
PCE: Partido Comunista de España
PCG: Partido Comunista de Galicia
PCga: Partido Carlista de Galicia
PCOE: Partido Comunista Obrero Español
PG: Partido Galeguista
PGP: Partido Galego del Proletariado
PGSD: Partido Galego Social Demócrata
POG: Partido Obreiro Galego
PP: Partido Popular
PPG: Partido Popular Galego
PSdG-PSOE: Partido Socialista de Galicia- Partido Socialista Obrero Español
PSG: Partido Socialista Galego
PSOE: Partido Socialista Obrero Español
PSP: Partido Socialista Popular
PTG: Partido do Traballo de Galicia
TVE: Televisión Española
UCD: Unión del Centro Democrático
UG: Unidade Galega
UGT: Unión General de Trabajadores
UPG: Unión do Pobo Galego

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ÍNDICE

CAPÍTULO 1. INTRODUCIÓN 1

1.1.XENEALOXÍAS, DEBATES E HISTORIOGRAFÍA EN TORNO AOS PASADOS TRAUMÁTICOS E AO TRATAMENTO DA MEMORIA 10

1.1.1.De soldado a vítima, a globalización do holocausto 10

1.1.2.A memoria na historiografía 14

1.1.3. A historiografía do pasado traumático no caso español: da excepcionalidade ao exterminio 18

1.1.4. Debate e historiografía sobre o tratamento do pasado traumático na Transición 23

1.2.ESTADO DA CUESTIÓN 31

1.2.1. Historiografía das accións memorialistas da sociedade civil 31

1.2.1.1.A historiografía do movemento memorialista do novo milenio 32

1.2.1.1.1. Priaranza como o inicio de todo 32

1.2.1.1.2.A impunidade do franquismo no centro do discurso 34

1.2.1.2. A historiografía das accións memorialistas na Transición. "Trala morte de Franco". 36

1.2.1.2.1..A Transición incorpórase á análise, a comparación cos 2000 37

1.2.1.2.2.A Transición no centro do debate, recordar o que non se podía recordar 39

1.2.2.Historiografía das accións institucionais da memoria 61

1.2.2.1.As políticas da memoria no nivel macro: máis alá da lei de amnistía 62

1.2.2.2.. As accións institucionais no micro e meso. Cuestionando o pacto, resistencias que recordan. 64

1.2.3. As accións da memoria en Galicia 67

1.2.4.A necesidade da presente investigación ao fío da revisión da literatura 69

1.3.MARCO CONCEPTUAL 74

1.3.1.En torno á memoria traumática e á violencia exterminadora 74

1.3.1.1.A imposible recuperación dunha memoria histórica 75

1.3.1.2. Que memoria e que pasado 77

1.3.1.2.1.Que pasado: deconstruíndo a guerra civil e a represión franquista 78

1.3.1.2.2.Que memoria 87

1.3.1.3.En conclusión: a memoria traumática do xenocidio golpista 93

1.3.2. En torno ás teorías da acción colectiva 95

1.3.2.1. O marco e os repertorios da acción colectiva 97

1.3.2.2..Ciclos de acción colectiva e a estrutura das oportunidades políticas 101

1.3.3. En torno aos instrumentos de análise da elaboración de políticas públicas 104

1.4.METODOLOXÍA: UNIDADES DE ÁNALISE, OBXECTIVOS, PREGUNTAS DE INVESTIGACIÓN E TRABALLO DE CAMPO 108

1.4.1.Unidades de análise 108

1.4.2.Obxectivos 109

1.4.3.Preguntas de investigación 109

1.4.4. Traballo de campo e fontes 110

1.4.4.1. Unha aproximación ao noso obxecto de estudo e a sistematización do traballo de campo 110

1.4.4.2. Análise da fonte hemerográfica 114

1.4.4.3. Análise da fonte documental 118

1.4.4.3.1.Análise da documentación xerada pola administración 120

1.4.4.3.2.Análise da documentación xerada por colectivos e participantes 134

1.4.4.3.3.Análise da bibliografía de época / testemuños / memorias 135

1.4.4.4. Análise da fonte oral 136

CAPÍTULO 2. ANTECEDENTES: AS ACCIÓNS DA MEMORIA NA DITADURA 143

2.1.ENTRE A CLANDESTINIDADE E O EXILIO 143

2.1.1.No interior: a resistencia dunha dó inacabada 148

2.1.1.1.Flores e marcas nos lugares de violencia: as protohomenaxes clandestinas, as primeiras accións da memoria 149

2.1.1.2.Os funerais "incómodos": memorias que emerxen 153

2.1.2.No exterior: a memoria traumática no exilio e a construción do mártir 156

2.1.2.1.O mártir pola liberdade 163

2.1.2.2. As primeiras homenaxes en memoria dos asasinados: mártires no exilio 169

2.2. 1975: NA AGONÍA DE FRANCO E DOS ÚLTIMOS FUSILADOS, A MEMORIA DE CASTELAO 176

2.2.1. A mobilización social e política nos últimos anos do réxime en Galicia, a memoria que agromaba 176

2.2.2. "Lembrando a Castelao", as asociacións culturais como axentes da memoria 182

2.2.2.1. A emerxencia do asociacionismo cultural como vector de memoria: as conferencias e mesas redondas de Castelao 183

2.2.2.2. A familia Álvarez Limeses: axentes da memoria 191

2.2.3. "O primeiro retorno de Castelao". A homenaxe en Rianxo en setembro de 1975 196

CAPÍTULO 3. O PRIMEIRO CICLO DA MEMORIA TRAUMÁTICA (1976-1979) 215

3.1. A CONSTRUCIÓN DO NOVO SISTEMA POLÍTICO (1976-1979) 216

3.1.1. O ciclo de mobilización social fronte ás oportunidades políticas da reforma 216

3.1.2. O desenvolvemento dos piares do novo sistema 221

3.2. A MEMORIA TRAUMÁTICA NO CICLO DE MOBILIZACIÓN E NA ESTRUTURA DE OPORTUNIDADES (1976-1978) 224

3.3. AS HOMENAXES: O REPERTORIO DOMINANTE 227

3.3.1. As necroloxías como primeira lembranza pública (76-78) 228

3.3.2. O recibimento aos exiliados 234

3.3.3. As homenaxes ás vítimas da violencia golpista: accións disruptivas entre a ilegalidade e a legalidade .. 241

3.3.3.1. A homenaxe aos fusilados na Alameda de Tui, 30 de outubro de 1976 242

3.3.3.2. A homenaxe a Alexandre Bóveda, Pontevedra (1976-1978) : "Aos fusilados non os esquecemos" 248

3.3.3.3. O momento álxido do ciclo: 1977 271

3.3.3.4. Baena, as primeiras homenaxes á "última vítima" (1976- 1978) 291

3.4.A ACCIÓN MEMORIAL DA CONVENCIÓN REPUBLICANA DE LOS PUEBLOS DE ESPAÑA 299

3.5. AS PRECURSORAS DO ASOCIACIONISMO MEMORIALISTA 307

3.6. A PRIMEIRA DIVULGACIÓN DA VIOLENCIA FRANQUISTA: ENTRE A HISTORIA E A MEMORIA 312

3.6.1. Cando nos libros falaban os fuxidos: a literatura testemuñal e as biografías 314

3.6.2. As publicacións xeralistas: as historias de fuxidos de Darío Álvarez Blázquez e os verdugos de Fernando Ramos 315

3.6.3. As publicacións alternativas: un oco para a memoria 327

3.7. AS CONMEMORACIÓNS DO ESTATUTO DO 36 341

3.8. UN BALANCE DO PRIMEIRO CICLO DE ACCIÓN COLECTIVA DA MEMORIA 345

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

3.8.1. O ciclo das homenaxes. Repertorios de acción e axentes memorialistas 345

3.8.2. Os discursos ou marcos memorialistas 351
3.8.2.1.A quen se recorda: o mártir pola liberdade 352
3.8.2.2.Que e como se recorda: a reconciliación Vs. o antifascismo 353

3.8.3. Os mecanismos de contención 354

CAPÍTULO 4. O MOMENTO DAS INSTITUCIÓNS: ACCIÓNS DA MEMORIA NO PRIMEIRO MANDATO DEMOCRÁTICO DOS CONCELLOS (1979-1983) 357

4.1. A INSTITUCIONALIZACIÓN DO NOVO SISTEMA POLÍTICO (1979-1983) 362

4.1.1.As eleccións locais de 1979 363

4.1.2.A construción da autonomía, o estatuto de 1981 370

4.1.3. O contexto estatal: a gran mudanza na hexemonía política (da UCD ao PSOE) e o 23F 372

4.2. AS ACCIÓNS INSTITUCIONAIS 374

4.2.1.O Estado español e a memoria 374

4.2.2.A memoria traumática entra nos novos concellos 377

4.2.3. Período 1979- 1980: Os pioneiros 384
4.2.3.1. As primeiras eliminacións de rúas franquistas 384
4.2.3.1.1. Luís Pasín como actor memorial nas institucións: Santiago de Compostela 385
4.2.3.1.2. Acción e reacción en Lugo 387
4.2.3.1.3. Un cambio integral: As Pontes 392
4.2.3.2. As primeiras vítimas no espazo público 393
4.2.3.2.1.A primeira rúa a un alcalde fusilado: O Barco de Valdeorras 394
4.2.3.2.2.As primeiras rúas a Castelao: Soutomaior e Vigo 401
4.2.3.2.3. A primeiras rúas ás vítimas locais, homenaxes institucionais en Redondela, Moaña e Corcubión. 404
4.2.3.3. A pugna dos símbolos 419
4.2.3.3.1.Corcubión, a estatua do General San Martín 419
4.2.3.3.2.Redondela, os símbolos franquistas e o contraenmarcado da memoria 426
4.2.3.3.3.Vigo, a placa anticomunista 429
4.2.3.4. A primeira acción divulgativa no eido municipal 429

4.2.4. Período 1981-1983 431
4.2.4.1. A primavera de 1981: cambios nos rueiros franquistas no contexto do 23F 433
4.2.4.1.1.Ferrol del Caudillo na eliminación franquista 433
4.2.4.1.2. Vigo, a eliminación dos verdugos 442
4.2.4.1.3.Vilagarcía, un desexo de esquecer 444
4.2.4.2. “Queda sobre a mesa”: a parálise das medidas memorialistas 450
4.2.4.2.1.A Coruña, paradigma da paralización 451
4.2.4.2.2.Redondela: as rúas franquistas quedan sobre a mesa 462
4.2.4.2.3. A parálise da UCD. A permanencia das rúas de triste memoria: Pontevedra, Compostela e Ourense 466
4.2.4.3.A inclusión das vítimas: entre a memoria e a desmemoria 471
4.2.4.3.1.Os alcaldes e representantes públicos en Vigo 472
4.2.4.3.2.Ánxel Casal en Compostela 474
4.2.4.3.3.A desmemoria de Fandiño en Moaña 474
4.2.4.4. As grandes permanencias franquistas 477
4.2.4.4.1.A Cruz dos Caídos de Vigo 478
4.2.4.4.2.A estatua ecuestre de Franco en Ferrol 481
4.2.4.5. Sen o Caudillo, a eliminación da exaltación franquista no nome de Ferrol 483

4.2.5.A memoria traumática no debate público. Un repaso ás posturas dos diferentes partidos 488

4.2.6. Actuacións contra a memoria: os elementos de contención 495
4.2.6.1. As cartas da extrema dereita no Barco de Valdeorras 496
4.2.6.2. O desembarco de falanxistas en Vilarmaior 500

4.2.7. As medidas reparatorias, a modo de exemplo 502

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

4.3. AS ACCIÓNS DA SOCIEDADE CIVIL 504
4.3.1.As homenaxes..... 504
4.3.1.1. As homenaxes a Jaime Quintanilla e ás outras vítimas de Ferrolterra 505
4.3.1.2.Os "mártires" en San Amaro, A Coruña. 512
4.3.1.3.Pontevedra: a homenaxe a Jose Villaverde Velo. Unha familia pola memoria..... 520
4.3.1.4. As homenaxes aos últimos asasinados: Moncho e Baena. 527
4.3.2. As exhumacións..... 529
4.3.3.As asociacións memorialistas: unha tentativa 538
4.3.3.1.Asociación de expresos e represaliados políticos 539
4.3.4.As accións divulgativas 549
4.4. UN BALANCE DA MEMORIA DURANTE O PRIMEIRO MANDATO DEMOCRÁTICO NOS CONCELLOS 562
4.4.1. O momento das institucións: o novo axente memorialista, o novo repertorio de acción..... 562
4.4.2.Os marcos memorialistas e o contraenmarcado da memoria..... 568
4.4.3.O despregamento de mecanismos coercitivos: a violencia como forma de oposición e a censura como "ocultación do franquismo"..... 570
4.4.4. A desmemoria da memoria da Transición 572

CAPÍTULO 5. DE CAMIÑO AO CINCUENTENARIO (1983-1986) 574

5.1. A CONSOLIDACIÓN DO NOVO SISTEMA POLÍTICO (1983-1986)..... 574
5.1.1. As eleccións locais de 1983..... 574
5.1.2. A autonomía galega e as eleccións de 1983 576
5.1.3. O panorama estatal: a entrada na OTAN e na CEE e a construción da súa memoria..... 577
5.2. AS ACCIÓNS INSTITUCIONAIS: ENTRE O CONFLITO E A PERMANENCIA (83-85) 581
5.2.1. As placas franquistas nas fachadas das igrexas e nos edificios públicos..... 582
5.2.2.Os cambios dos rueiros franquistas 591
5.2.2.1.Intentos fracasados en gobernos da dereita..... 592
5.2.2.2. Intentos que prosperan co tempo en gobernos da esquerda 600
5.2.3.A inclusión das vítimas no espazo público..... 604
5.2.4. As accións institucionais na memoria oficial 606
5.3. AS ACCIÓNS DA SOCIEDADE CIVIL (83-85) 609
5.3.1. As asociacións da memoria: a Amical de Mauthausen..... 609
5.3.2. As accións divulgativas: as primeiras exposicións da "guerra civil" en Galicia 616
5.3.3. As homenaxes e a inclusión do monumento..... 621
5.4. A VOLTA DE CASTELAO E O CENTENARIO DO SEU NACEMENTO: ACCIÓN INSTITUCIONAL E DA SOCIEDADE CIVIL 630
5.5. O CINCUENTENARIO..... 643
5.5.1. O cincuentenario nos concellos 643
5.5.2. O cincuentenario no relato oficial: o caso da resignificación da Cruz de Pontevedra 661
5.5.3.O cincuentenario na sociedade civil 668

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

5.6. UN BALANCE DA MEMORIA TRAUMÁTICA EN TORNO AO CINCUENTENARIO DO GOLPE 684
5.6.1.Repertorios de acción e axentes memorialistas: unha paulatina diminución 685
5.6.2. Os marcos memorialistas e o seu contraenmarcado 689
5.6.3. Os mecanismos de contención da memoria traumática 690
5.6.4. O lugar da memoria traumática na axenda política e social 691
5.6.5. A desmemoria da memoria 693

CONCLUSIÓNS 695

FONTES 713

Fontes hemerográficas 713
Fontes documentais 714
Fontes orais 725

BIBLIOGRAFÍA 727

ÍNDICE DE TÁBOAS 748

ÍNDICE DE GRÁFICOS 750

ÍNDICE DE IMAXES 754

ANEXOS 759

Anexo 1. Táboa de palabras clave empregadas para a fonte hemerográfica 759
Anexo 2. Guión- cuestións básicas das entrevistas 759
Anexo 3. Estrutura de oportunidades políticas, ciclo de acción colectiva e ciclo da memoria traumática 760
Anexo 4. Listado de notas necrolóxicas publicadas en galicia entre 1976 e 1978 761
Anexo 5. Tipoloxía de repertorios de accións de memoria (segundo a súa natureza) 763
Anexo 6. A modificación da nomenclatura urbana (1983-1986) 764
Anexo 7. Accións da memoria traumática por repertorio e etapa. 768
7.1. Táboa sintética das accións da memoria traumática por repertorio e etapa. 768
7.2. Táboa coa referencia de cada acción da memoria traumática por repertorio e etapa. 768
Anexo 8. Paquete cultural nas accións da memoria 771
Anexo 9. Cartografía das accións da memoria (1976-1986) 772

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Son a memoria da historia rescatada por uns protagonistas bioloxicamente chamados a desaparecer a non moi longo prazo, homes e mulleres que ó primeiro vento de libertade queren sacar do corpo palabras que mancan a forza de gardalas.

Ánxel Vence, "Memoria da historia", *Teima,* nº31, 14 a 21 de xullo de 1977, p.11.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CAPÍTULO 1. INTRODUCIÓN

A frase *Sen rancor nin esquecemento,* primeira parte do título deste traballo, está formada por dúas palabras que resultan fundamentais para achegarnos ao noso obxecto de estudo, as accións da memoria traumática na Transición en Galicia.

Os beneficios do esquecemento foran xa amentados durante a ditadura, tanto na Política da Reconciliación do PCE como na campaña propagandística franquista dos XXV anos de Paz. Entendíase así que esquecer o drama da guerra civil era o único modo de acadar a ansiada reconciliación entre españois para, á fin, asegurar un futuro en paz. Este esquecemento tamén estivo moi presente durante a Transición, un borrón e conta nova que permitiría o consenso nacional, materializado na Lei de Amnistía de 1977. O pacto, o consenso e ese mirar cara adiante sen botar a vista atrás, conformáronse como os piares discursivos do novo sistema político. Estas ideas transcenderon no tempo, chegando ata a actualidade como parte do relato dominante construído dende ámbitos académicos, políticos e mediáticos, que describiron a existencia dunha vontade colectiva de esquecemento durante este período transicional.

Por outro lado, o rancor apareceu na Transición asociado aos intentos de recordo. Deste modo, acusábase de rancorosos a quen propiciara accións de memoria, ao contravir ese dogma dominante do esquecemento. Recordando, por tanto, porían en perigo ese futuro en paz, os logros da acabada de crear democracia española.

Falar de rancor leva implícita unha lóxica discursiva determinada, baseada na existencia de dous bandos, a dos vencedores e a dos vencidos, máis tamén na existencia dunha nova culpabilización destes últimos, que irresponsablemente pretenden recordar o impronunciable.

O impronunciable, a violencia de carácter masiva e xenocida que se executa no Estado español tralo golpe de estado de xullo do 36, sufriu un proceso de negación. Estas palabras, o esquecemento e o rancor, xunto a outras como o odio entre españois, o espírito de vinganza ou a apertura de vellas feridas construíron unha armazón discursiva que negou as características principais da violencia franquista, ao convertela nunha loita fratricida que era preciso esquecer.

O poder deste relato amósase nos propios discursos daqueles que impulsaron accións memoriais, que de xeito recorrente xustificaban a ausencia de rancor nas súas motivacións, e avogaban pola necesidade do recordo fronte a ese clamor polo esquecemento.

> Eu dígovos, irmáns, que perdonamos os verdugos, pero non esquencemos as víctimas. Desbotamos calquera caste de rencor, pero reservámonos o noso door, porque con él gardamos a nosa fidelidade. Somos depositarios dunha tristura inmensa, e custodiamos ise depósito con fervor, como garantía de que endexamáis repetiremos semellante espectáculo de barbarie. A semente que temos enterrada niste camposanto ten que servir pra todos[1].

Estas son palabras do fillo de Alexandre Bóveda na primeira homenaxe pública autorizada no cemiterio de San Mauro (Pontevedra) en 1977. Nelas podemos atopar unha das máximas do

[1] "Ayer en el cementerio de San Mauro", *La Voz de Galicia*, 18/07/1977, p. 20.

memorialismo: o recordo como garantía de non repetición. Nese mesmo ano 77, nun dos editoriais da revista *Teima* apréciase a mesma reivindicación. Verbalizábaa o xornalista Ánxel Vence no número dedicado a *Aquel 18 de xullo,* recorrendo á frase atribuída ao filósofo George Santayana: "os pobos que esquecen a súa historia están condenados a vivila de novo"[2].

A frase orixinal de Santayana datada a comezos do século XX pouco ou nada tiña que ver con este significado, ao ter sufrido un proceso de adaptación para acomodala aos eventos colectivos. Deste modo chegou a converterse nun lema usado masivamente para referirse á necesidade de coñecer, recordar e aprender dos crimes cometidos, para evitar a repetición destes. Tanto é así que esta mesma frase plasmouse nun dos muros do memorial do campo de concentración de Auschwitz. Esta referencia á necesidade de recordo para a non repetición sitúa no contexto europeo as accións da memoria que emerxeron no Estado español trala morte do ditador.

En Europa, dende o final da Segunda Guerra Mundial víñase desenvolvendo, cos seus altibaixos, un escenario favorable ao deber de memoria e de non esquecemento, á necesidade de facer as paces co pasado a través da verdade, á emerxencia da figura da vítima que conta o seu pasado e, en definitiva, á configuración dunha lexislación internacional que protexera os dereitos humanos e xulgara os crimes de lesa humanidade.

O estudo do golpe de xullo do 36 afastouse da súa comprensión como parte do auxe do fascismo en Europa, pasando a considerarse un caso diferencial que axudou na xustificación da supervivencia do réxime franquista trala fin da Segunda Guerra Mundial. Así mesmo, no estudo das accións da memoria, extraeuse ao caso español do seu contexto, o da proliferación dun deber de memoria cun pasado traumático común: o dos crimes perpetrados polo fascismo. Neste caso, a excepcionalidade ibérica creouse ao negar a propia existencia de accións da memoria durante a Transición.

E é que no Estado español o deber de memoria enfrontouse a un escenario adverso, dominado por un relato oficial negacionista que defendeu o esquecemento como única forma de vivir en paz. Máis iso non significou que non houbese quen levara ao espazo público a memoria traumática do golpe e da guerra. Deste modo, este traballo ten como obxecto de estudo as accións da memoria que se produciron en Galicia dende a morte do ditador e durante os seguintes dez anos, tanto no eido social e político como no institucional.

A investigación vincúlase cunha nova corrente historiográfica que analiza a Transición dende unha perspectiva diferente, afastada dos dogmas preestablecidos que atenderon a este período histórico baixo o paraugas dun relato mitificado centrado no consenso, na pacificación e no pacto social. Pero o conflito na Transición existiu e son xa varios os estudosos que o abordaron dende diversas ópticas. Deste modo, inserímonos nesta incipiente corrente ao atender ao conflito en relación co espazo que ocupou a memoria no colectivo, no público. Unha memoria, traumatizada polos efectos da violencia franquista e do negacionismo posterior, que emerxeu enfrontándose ao esquecemento como doutrina dos actores políticos e sociais máis poderosos.

A xustificación do estudo

O porqué de levar a cabo a presente investigación responde á constatación dun descoñecemento previo sobre o acontecido en Galicia durante a Transición en relación co noso obxecto de

[2] Vence, A: "Memoria da historia", *Teima*, nº31, 14 a 21 de xullo de 1977, p.11.

estudo. De modo que a motivación principal para a elaboración deste traballo, constitúeo a ausencia de estudos significativos que puidesen arroxar luz sobre a existencia e características das accións da memoria traumática no marco espacial de Galicia e no marco temporal da Transición.

Pero este é só o primeiro dunha serie de baleiros no coñecemento sobre o noso obxecto de estudo que foron detectados, e que por tanto motivaron a elaboración desta tese. En primeiro lugar a literatura existente ten centrado de xeito prioritario a súa atención no estudo do proceso de memoria a partir dos anos 2000 e do "boom memorialista" que situou nunha posición mediática as demandas arredor da rehabilitación das vítimas do franquismo. A exhumación en Priaranza como o "inicio de todo" tivo como efecto considerar que antes non houbera practicamente nada, resultando habitual a descrición da sociedade durante a Transición como débil ou non preparada para abordar o pasado traumático.

Pero a partires da segunda década dos 2000 véñense desenvolvendo investigacións que fixan a atención no acontecido neste período transicional. Aínda que estas adoecen dalgunhas limitacións provocadas primeiramente pola lectura do acontecido en termos de antecedentes do movemento memorialista actual, de modo que se focalizaron nun tipo concreto de accións, as exhumacións. O que, por tanto, podería producir certo nesgo ao extraer conclusións sobre o cariz, a intensidade ou a delimitación territorial do fenómeno tendo en conta unicamente unha das súas manifestacións.

Nos últimos anos dentro desta corrente historiográfica, véñense desenvolvendo diversos estudos que abren o espectro a outras accións, tendendo a comprender o proceso memorialista dende unha perspectiva máis integral. Destacan neste senso as análises de Andrea Davis, Ricard Conesa e Sergio Murillo. Estes últimos desenvolveron as súas investigacións sobre as accións memoriais en Barcelona e Aragón respectivamente, tanto atendendo ao ámbito institucional como ao colectivo e por tanto dun xeito global. Un tipo de estudo, que como indicabamos anteriormente, non existe para o caso galego.

Ademais de aportar coñecemento sobre un proceso social, político e institucional moi descoñecido a nivel estatal, estas investigacións están introducindo unha nova lectura da Transición moi afastada do consenso colectivo no esquecemento que foi dominante no relato político, social e tamén académico ata datas ben recentes. A presente investigación, sentíndose vinculada a esta corrente historiográfica, busca aportar información e análise sobre o proceso polo cal a memoria do pasado traumático se leva ao espazo público durante a Transición en Galicia. Deste modo procuramos aportar o noso gran de area para agrandar o coñecemento sobre a proceso da memoria no Estado español, máis tamén sobre como se desenvolveu este período histórico.

Así mesmo, como sinalabamos ao inicio, interpretamos o fenómeno en estudo inmerso no proceso memorialista que a nivel global se ven desenvolvendo como consecuencia dos efectos da IIGM e que comprende a existencia dun deber de memoria e un dereito á verdade. Neste sentido identificouse unha incipiente corrente historiográfica que analiza diversos movementos memorialistas ao longo do mundo atendendo a factores como a estrutura de oportunidades políticas ou a alianza con actores con forza política e social. Polo de agora está conformada por un número limitado de estudos que ademais se centran maioritariamente nas actuacións desenvolvidas por colectivos de vítimas da IIGM, co espello posto nos éxitos acadados pola comunidade xudía ao lograr definir ao Holocausto como o xenocidio por antonomasia. Deste modo, é preciso seguir a ampliar o coñecemento sobre as lóxicas, dinámicas e axentes que

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

actúan nos procesos de recordo de pasados traumáticos e de reivindicación das súas vítimas. Enmarcado neste propósito atópase tamén o presente traballo.

O obxecto de estudo

Definimos o obxecto de estudo desta investigación como as accións institucionais e da sociedade civil que levaron ao espazo público a memoria traumática. Debe puntualizarse que incluímos as accións que trouxeron ao presente o pasado traumático do golpe e da guerra, pero tamén aquelas nas que se rememoraba a experiencia republicana anterior. A razón disto radica na atención ao propio obxectivo do golpismo e o franquismo como anulador desta etapa. Así, o negacionismo non só terxiversou a descrición do acontecido a partir do golpe de estado de xullo de 1936, ocultando a verdade do ocorrido baixo un pasado de guerra fratricida, tamén estableceu unha lectura da experiencia política republicana anterior como causante dese fatal desenlace. Todo o cal propiciaba que o mellor xeito de superar este drama era esquecelo. Isto escondeu un proceso de impunidade que non soamente ocultou a verdadeira natureza da violencia exercida senón que perpetuou un dos obxectivos dos que se alzaron contra a democracia republicana: a eliminación da cidadanía activa que os vitimarios definiron como grupo a exterminar. Deste modo, o negacionismo vai ser confrontado non só coa memoria que emerxe en relación co pasado da violencia franquista, coas súas vítimas e a verdade do acontecido. Tamén é confrontado ao incluír un relato da república en canto democracia, e ás vítimas en canto líderes ou participantes nese proceso. A memoria da que seguimos os seus rastros neste traballo, estará por tanto relacionada coa morte e a eliminación final máis tamén coa vida antes da execución da violencia.

En canto ás unidades de análise, adiantamos a definición de Galicia como marco espacial, ao terse identificado un baleiro historiográfico sobre este territorio, do que non existe ningunha investigación que aporte información detallada sobre como foi este proceso memorialista. No referente á unidade de análise temporal definimos o noso interese en aportar luz sobre o acontecido na Transición, como momento inicial trala ditadura, primeiro espazo de apertura política no que diferentes axentes tiveron a posibilidade de sacar a memoria traumática ao espazo público.

Para a concreción do rango temporal decidiuse acoutar a investigación tomando como referencia a primeira década do novo sistema político dende 1976, momento no que, trala morte de Franco, se acelerou o proceso de reforma do réxime franquista. A investigación esténdese ata 1986, ano de marcado carácter simbólico en dous sentidos. Por unha banda no referente á consolidación do sistema político, coa entrada na CEE e na OTAN como fitos fundamentais. E por outra banda, este ano resultou clave para o noso obxecto de estudo ao consolidarse a postura do Estado español fronte á memoria traumática, visualizándose no comunicado emitido polo goberno socialista no cincuenta aniversario do golpe.

Obxectivos e método

Para o desenvolvemento desta investigación establécese como obxectivo principal determinar se existiron e definir, no seu caso, as características das accións colectivas e institucionais que en Galicia levaran ao espazo público esa memoria traumática durante o período comprendido entre 1976 e 1986. Para iso definimos unha serie de obxectivos específicos:

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- Determinar a existencia e de ser o caso analizar as accións de memoria levadas a cabo por actores da sociedade civil, xa sexan estes colectivos de familiares, veciños, investigadores, asociacións, sindicatos ou partidos políticos en Galicia entre 1976 e 1986.
- Determinar a existencia e de ser o caso analizar as accións de memoria levadas a cabo por institucións, xa sexan estes administracións municipais, autonómicas ou central en Galicia entre 1976 e 1986.
- Realizar unha base de datos pormenorizada das accións de memoria detectadas para o noso período de estudo.
- Definir características comúns e diferenzas entre as accións de memoria coa fin de establecer unha tipoloxía que recolla os repertorios de acción en base aos seus obxectivos e discurso.
- Definir as características dos actores sociais e institucionais que protagonizan as accións de memoria.
- Analizar a resposta institucional e social ás accións da memoria estudadas e a posible existencia de mecanismos que procurasen evitar ou desincentivar a mobilización memorialista.

Estes obxectivos parten da necesidade de ofrecer respostas a unha serie de interrogantes. Estes elaboráronse en primeiro lugar tendo en conta cuestións que xa foran postas enriba da mesa por outros autores así como novas cuestións que interpretamos como chave á hora de executar unha análise efectiva.

- Puido haber un fenómeno de memoria durante a Transición máis extenso do que se establece tradicionalmente? De ser así, en que medida se podería ter oposto á narrativa dominante baseada no non-recordo?
- Podemos establecer e describir cales son os principais suxeitos participantes e organizadores destas accións?
- Podemos establecer un perfil dos participantes nas accións? Como de relevante era nese perfil a súa traxectoria vital e polo tanto a súa condición de vítima ou familiar de vítimas? Como de relevante o seu activismo político ou sindical?
- Que discursos mantiñan esas accións de memoria? O recordo que chegaba e se construía no presente replicaba a narrativa da reconciliación ou emitía un discurso, e por tanto unha memoria diferente, oposta nalgún grado á oficial? Existen diferencias no cariz dos discursos segundo as accións ás que nos refiramos (actores implicados e tipoloxía das mesmas)?
- Como se constrúe a memoria da violencia golpista no momento presente? Acomódanse dentro da versión da transición equiparadora? Ou existen espazos nos que se reivindica outra memoria? Outro recordo?
- Relacionábase dalgún xeito esa memoria do pasado coa oposición antifranquista e as ideas republicanas? Como influíron e funcionaron as identidades políticas neste proceso?
- Como se construía a definición dos asasinados: en torno á vítimas, heroes ou mártires?
- Existiron medidas coercitivas ou restritivas que intentasen bloquear a realización destas accións ou puideran ter influído dalgún xeito no seu alcance, dimensións ou discurso? Se foi así, cales?

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Para dar resposta a estes obxectivos e preguntas de investigacións levamos a cabo un traballo de campo sistemático baseado na localización e análise de fontes hemerográficas, documentais e orais. A ausencia de investigacións anteriores que abordasen o noso obxecto de estudo, fixo que a determinación das fontes que serían útiles resultase unha importantísima primeira parte do labor investigador.

Unha vez establecidas sistematizouse o traballo para desenvolver un método que permitise detectar o maior número de accións memoriais, á vez que ofrecese a posibilidade de achegarse a elas dende diversos tipos de fontes, o cal enriquecería o coñecemento sobre as mesmas. Deste modo o método de traballo baseouse en dous tipos de buscas. En primeiro lugar as buscas sistemáticas, é dicir un protocolo de localización de accións de memoria que se realizaba sempre do mesmo xeito. Por exemplo, no caso dos arquivos municipais mediante a revisión dos mesmos fondos. En segundo lugar utilizouse o método das buscas enlazadas, de modo que se, por exemplo, a revisión sistemática da prensa nos levase a unha acción concreta, isto propiciaría que se desenvolvesen novas pescudas para obter máis información sobre a mesma, por exemplo mediante o emprego en prensa de palabras clave vinculadas con esta ou procurando entrevistas con participantes destas accións.

Mediante este traballo de campo foise conformando unha ampla base de datos na que se describiron as accións en base aos eixos cronolóxico, espacial e tipolóxico. Esta configurouse como unha ferramenta clave ao permitirnos visualizar nunha soa ollada múltiples vectores explicativos do proceso memorialista.

En canto á fonte hemerográfica desenvolvéronse diversas estratexias prospectivas, dende o emprego de ferramentas de busca en arquivos dixitais á revisión en formato analóxico. Ademais dos principais xornais e semanarios de ámbito galego tamén se revisou unha selección de publicacións de ámbito estatal. A prensa dixitalizada permitiunos desenvolver un traballo minucioso de busca que fixo posible a detección dun número relevante de accións da memoria.

En canto á fonte documental identificáronse tres tipos diferentes de arquivos de interese aos que se lle debeu prestar atención. Os arquivos administrativos, os de fundacións e organizacións políticas e socias, e por último os de índole persoal. Foi de especial relevancia o traballo de detección, revisión e análise da documentación xerada pola administración. Interesábanos, por unha banda, toda aquela relacionada co control das accións colectivas de memoria, e que principalmente situouse nos fondos do gobernos civís, do ministerio de Gobernación e dos corpos de seguridade do estado. E por outra banda aquela que se xerou a raíz do desenvolvemento de accións institucionais de memoria, e que principalmente se materializou nas actas dos plenos municipais.

Por último debemos destacar o desenvolvemento dun extenso traballo coa fonte oral, o que se traduciu na realización dun número considerable de entrevistas e do emprego doutras accesibles a través da base da datos de Nomes e voces. O perfil da fonte oral podería resumirse no dunha persoa que se atoparía na vintena ou trintena no momento dos feitos, activo na mobilización política antifranquista nos derradeiros anos do réxime e durante a Transición, nalgúns casos familiares das vítimas homenaxeadas, noutros casos dos colectivos organizadores ou representantes institucionais.

Estrutura da tese

Este primeiro capítulo do traballo constitúe un achegamento xenealóxico, conceptual e bibliográfico ao noso obxecto de estudo.

O primeiro apartado céntrase na xenealoxía e debates arredor da memoria. Así, para abordar a orixe das accións da memoria comprendemos estas como parte dun fenómeno non circunscrito ao caso español. Deste modo, na súa xenealoxía resulta elemental achegarse á figura que estas reivindican, a vítima de pasados traumáticos e ao proceso mediante o que emerxe trala Segunda Guerra Mundial. O seguinte paso resulta na comprensión de como esas vítimas, como testemuñas que contan o pasado, entran no estudo histórico da man da fonte oral constituíndo un cambio substancial na disciplina e provocando a aparición da historiografía dos pasados recentes. Isto á súa vez, deu lugar a unha nova corrente que xa non só estuda a vivencia traumática da vítima senón que pon o foco na súa actuación posterior, é dicir, cando se mobiliza para reivindicar a súa memoria silenciada.

Unha vez temos situado o obxecto de estudo no contexto global achegarémonos a como se desenvolveu a historiografía do pasado traumático no caso español, o cal tivo as súas particularidades que o afastaron, durante décadas, do horror dos fascismos finalmente derrotados. Unha tendencia que comprendía o conflito en termos de drama familiar, e que se ven revertendo nos últimos anos mediante a aparición dunha nova fornada de investigacións que analizan este pasado traumático dende a análise dun proceso de violencia masiva e exterminadora, focalizando a atención no estudo dos perpetradores e as actitudes sociais que aparecen ante esta violencia. Finalmente, neste primeiro apartado aproximámonos ao debate historiográfico sobre como foi o tratamento dese pasado traumático durante a Transición. Deterémonos en concreto nas posturas críticas coa lectura dominante, aquela que interpretaba a existencia dun consenso colectivo no esquecemento. Fronte a este será determinante fixarse nas correntes interpretativas críticas, as cales se desenvolveron e evolucionaron nun diálogo determinante coa historiografía do propio pasado traumático. Neste senso fixarémonos no desenvolvemento conceptual da Transición como espazo temporal clave do negacionismo.

No seguinte punto deste primeiro capítulo abordamos o estado da cuestión, mediante o cal se puxeron de manifesto unha serie de baleiros historiográficos xa mencionados e que foron o punto de partida do deseño da investigación. Este deseño defínese nos seguintes apartados, correspondentes coa determinación conceptual e metodolóxica deste traballo.

A multiplicidade de termos cos que referirse ao noso obxecto de estudo advertiunos sobre a necesidade de deternos na elaboración dun marco teórico sobre o que asentar as nosas eleccións conceptuais. Desprenderse de termos como "recuperación da memoria histórica", "guerra civil" ou "represión franquista", serán decisións que configuren unha óptica concreta dende onde construír a nosa análise e comprender o noso obxecto de estudo. Deste modo, despois da atención aos debates máis relevantes en torno ás terminoloxías a empregar, seleccionarase o concepto "memoria traumática" ao comprender a existencia dun trauma orixinado na execución dunha violencia masiva e exterminadora enmarcada no contexto da IIGM e que tivo os seus efectos no tempo, coa configuración dun discurso oficial negacionista. Tendo establecido este concepto sobre a memoria achegarémonos ao propio elemento en estudo, as actuacións que levaron esa memoria ao espazo público. Así pois, atenderase as teorías da acción colectiva e da elaboración de políticas públicas, para nutrirnos de conceptos útiles para desenvolver a nosa análise. Entre eles a dos marcos e contraenmarcados, os repertorios de acción, o proceso de institucionalización ou o da conformación da axenda pública.

Finalmente o último apartado deste primeiro capítulo da tese presenta a metodoloxía e o deseño de investigación, describindo para isto as unidades de análise, definindo os obxectivos e preguntas de investigación para finalmente describir de xeito pormenorizado o traballo de

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

campo que se levou a cabo. Todo o cal porá sobre a mesa tanto as dificultades na busca e as limitacións das fontes históricas como o seu valor para esta investigación.

Nos seguintes capítulos desenvólvese a lectura crítica das fontes estruturando os resultados en tres capítulos principais seguindo criterios temporais e tipolóxicos. Previamente inclúese un capítulo introdutorio (capítulo 2) no que se presentan os antecedentes ao fenómeno en estudo, é dicir as accións memorialistas que tiveron lugar antes de 1976. A análise divídese nos dous espazos nos que a memoria traumática agromou durante a ditadura, a clandestinidade e o exilio. De especial interese resulta o acontecido no exterior, onde os colectivos de exiliados promoveron as primeiras accións públicas de memoria, e onde se poden identificar algúns dos patróns simbólicos que se desenvolveron nos anos posteriores en Galicia. Finalmente prestarase atención ao ano 1975, cando en Galicia se producen un número considerable de accións en memoria de Castelao a través das cales nos aproximaremos ao asociacionismo cultural, actor de relevo no período en estudo.

Os seguintes tres capítulos, núcleo central deste traballo, correspóndense coas tres etapas nas que se divide o espazo temporal entre 1976 e 1986. O primeiro apartado de cada un dos capítulos dedícase á exposición dun breve contexto histórico co obxectivo de axudar no enmarque e caracterización do proceso memorialista en estudo. E é que as accións da memoria estiveron nun diálogo continúo coas dinámicas sociais e políticas, o que á súa vez determinou o axente memorialista e o repertorio de acción chave de cada momento. Estes dous elementos, actores que promoven as iniciativas e as tipoloxías de accións, constitúen os outros dous criterios que serven para estruturar a análise, o cal se ve reflectido na división de cada un dos capítulos.

O capítulo 3 analiza a emerxencia de accións da memoria en Galicia por primeira vez de xeito público e colectivo ao abrirse unha estrutura de oportunidades políticas representadas na morte do ditador e no inicio do proceso transicional. Comprendido dentro dun ciclo de acción colectiva que involucraba a importantes sectores sociais, denominamos "o ciclo das homenaxes" ao proceso de mobilización memorialista co protagonismo neste repertorio de acción que se desenvolveu entre 1976 e 1978[3]. Durante esta etapa tamén se distinguiron e analizaron outros repertorios de acción destacando as accións divulgativas, coa continuidade do traballo das asociacións culturais neste terreo e a aparición das primeiras publicacións nas que se difundía a memoria traumática.

O capítulo 4 correspóndese cunha etapa marcada pola irrupción dos concellos como axente institucional, o que trouxo aparellado á aparición dun novo repertorio de acción, a modificación da simboloxía franquista no espazo público. Este proceso, vinculado co novo escenario que se abriu tralas eleccións municipais de abril do 79, esténdese durante este primeiro mandato democrático nos consistorios, é dicir ata a primavera de 1983. No capítulo atenderase tanto as diversas manifestacións deste repertorio, entre elas a modificación da nomenclatura urbana ou a dos monumentos e placas de significación franquista como ao conflito que a memoria traumática xerou no seo das corporacións. Deste modo, os procesos inconclusos ou o debate en torno ás permanencias da simboloxía franquista serán tamén atendidos neste capítulo. Nunha segunda parte do mesmo analízanse as accións promovidas pola sociedade civil, entre elas

[3] A etapa comprende ata a primavera do 79 que é cando detectamos o inicio dunha nova dinámica protagonizada polos concellos. Aínda que, como veremos, durante os primeiros meses do 79 non se produciron acción memoriais destacadas.

destacan a aparición de dúas exhumacións cun cariz colectivo e a da primeira asociación memorialista con certa presenza en Galicia.

O capítulo 5 aborda o estudo do que acontece entre 1983 e 1986, etapa marcada polo estancamento do proceso memorialista, tanto no ámbito das accións institucionais como da sociedade civil. Pola súa entidade propia, o ano 1986 é analizado nun apartado propio, ao identificarse unha repunta das accións en relación co cincuenta aniversario do golpe de estado, cun protagonismo destacado da sociedade civil. Tamén foi singular, e por iso ocupa un apartado propio, a actuación que rodeou á figura de Castelao nesta última etapa, marcada polo traslado dos seus restos mortais dende Arxentina e a celebración do centenario do seu nacemento.

En cada un destes tres capítulos inclúese un último apartado no que se poñen sobre a mesa as principais ideas extraídas do estudo. Para desenvolver estes balances dun xeito sistematizado empréganse catro eixos de análise comúns. En primeiro lugar abórdanse as características dos distintos repertorios de acción. Como avanzabamos cada etapa estará marcada pola predominancia duns repertorios de acción sobre outros, ademais, os trazos distintivos destes poderán evolucionar co tempo, con variacións significativas entre o que acontece en 1976 e en 1986, por exemplo. O segundo eixo de análise aborda a caracterización dos actores que promoven as accións, aos que denominamos axentes memorialistas. Dentro de cada tipo de axente, institucional ou da sociedade civil, atenderase a un elenco de actores diversos que terán pautas de comportamento diferenciados, entre eles os partidos políticos, as asociacións ou os colectivos de familiares. O terceiro eixo que nos permite desenvolver un estudo sistemático o constitúe a atención aos discursos que se constrúen arredor das accións memoriais. Deste modo definiremos como marcos memorialistas aos discursos enarborados polos promotores das accións, e como contraenmarcado da memoria, a aquel discurso que emitían os actores que se opuxeron á realización destas. O estudo pormenorizado do mesmo permitiranos aproximarnos ás interaccións entre estes discursos e a influencia do relato da reconciliación neles, entre outros vectores de análise. Por último, nos balances determinaranse cales foron os métodos de contención ou desmobilización das accións memorialistas, é dicir os mecanismos que existiron para desincentivar ou impedir a realización destas. A comprensión interrelacionada destes catro eixos de análise durante as tres etapas en estudo, axudarán a extraer as conclusións xerais desta investigación, o que constitúe o apartado final do presente traballo.

Por último inclúese un apartado de anexos onde se plasman aqueles recursos, táboas e gráficos que se consideraron convenientes incluír fóra do corpo de texto por abordar cuestións transversais ao mesmo, como por exemplo as táboas que recompilan numericamente as principais accións da memoria no conxunto do período en estudo.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1.1.XENEALOXÍAS, DEBATES E HISTORIOGRAFÍA EN TORNO AOS PASADOS TRAUMÁTICOS E AO TRATAMENTO DA MEMORIA

Se falamos de accións da memoria, isto é de accións que leven ao espazo público as reivindicacións de xustiza, reparación ou verdade das vítimas do golpe de estado e da violencia franquista posterior, o primeiro que nos deberíamos preguntar sería polas orixes deste fenómeno e onde se enmarca máis alá do espazo concreto da nosa investigación.

E para iso, poderiamos pensar nunha escena concreta. Nela, unha ou varias mulleres enloitadas de cabeza aos pés, aferran nas mans caraveis vermellos. Ao lado un home relata a súa fuxida milagrosa e o martirio dos que non o conseguiran. Estes seguían soterrados a varios metros baixo os seus pés, nun dos laterais do vello cemiterio. Unha daquelas mulleres, con voz entrecortada le a última carta do seu home antes de ser fusilado. Varias ducias de mozos e mozas, co puño en alto acompañan o acto co colorido de diversas bandeiras. Palabras de lembranza, de loita, de fraternidade, de recordar "para que non volva repetirse".

Estes elementos poderían pertencer a diferentes actos que tiveron lugar en Galicia, cando trala morte de Franco, a memoria da violencia do golpismo e do franquismo colouse nos espazos públicos que antes só podían ser clandestinos. Este tipo de homenaxes, aos fusilados no 36, conforma un dos protipos de accións da memoria que estudaremos na presente investigación. Pero antes de internarnos no seu estudo e análise, cómpre atender á literatura existente sobre este fenómeno. Un fenómeno que non se circunscribe ao caso español. Lonxe da suposta excepcionalidade ibérica que o afastou dun contexto global (Gatti, 2017).

A escena descrita, con pequenas modificacións, podería pertencer tamén a actos de homenaxe tan diversos como aqueles realizados a resistentes franceses da IIGM, a xudeus deportados a campos de concentración nazis ou a asasinados pola ditadura arxentina. Todos eles pertencentes a contextos diferenciados pero vinculados por unha mesma idea: o Nunca Máis. Un nunca máis que berraba contra a guerra e os fascismos. Un berro que pedía memoria do acontecido para que "nunca máis" se volvese repetir, coa figura da vítima ocupando un lugar central.

Polo que antes de nada, resulta vital preguntarnos polas orixes deste fenómeno, atender a como xorde no contexto global, as súas características e a súa evolución en relación co contexto político, xurídico, social e mesmo historiográfico. Para atender á orixe das accións que reclaman memoria, reparación e xustiza, é preciso achegarnos ao mesmo xurdimento da figura que reivindican: a vítima de pasados traumáticos. Unha figura que antes da IIGM ocupaba un lugar residual. Trazar esta intrahistoria, esta breve xenealoxía, constituirá o ingrediente primixenio para unha comprensión profunda do noso obxecto de estudo.

1.1.1.De soldado a vítima, a globalización do holocausto

A intrahistoria que aquí comezamos atravesa ámbitos diversos e ao mesmo tempo fortemente interconectados como son o poder político, o económico, o dereito internacional, os medios de comunicación de masas ou a historiografía. Un cúmulo de factores que establecen unha nova perspectiva ante a violencia bélica, onde os delitos executados polos estados contra a súa poboación civil defínense penalmente. Unha nova atmosfera ante as consecuencias das guerras que estivo na base do xurdimento da figura da vítima e, polo tanto, das súas reivindicacións.

Pero ata ese punto de inflexión determinado coa IIGM, a guerra era entendida en códigos ben diferentes. A figura predominante era á do heroe, primeiramente copado por emperadores e reis, e que posteriormente incluíu ao soldado anónimo. O culto a ese soldado descoñecido, morto no combate, defensor da nación pola que deu a vida, produciuse paralelamente á construción do estado-nación, e polo tanto como un elemento máis de nacionalización dentro dos propios estados (Mosse, 2016). Aparece así o cidadán heroe, nun proceso de "democratización do culto á morte", antes restrinxindo a eses grandes mandatarios do Antigo Réxime (Kosellek, 2011). Deste modo falamos dun mártir, dun heroe, sacrificado ou perdido para permitir que o conxunto da sociedade alcanzase maiores cotas de progreso, paz ou felicidade (Gatti, 2017).

Este proceso da mitificación da experiencia de guerra amplifícase co Espírito do 14, un estado de euforia belicista e nacionalista que emerxe coas declaracións de guerra dos países participantes na Primeira Guerra Mundial (IGM) e que se consolida trala fin desta, cando o "mito da experiencia de guerra" alcanza a súa maior expresión. Así, pese aos millóns de vítimas da IGM, no período de entreguerras, en especial nos países perdedores, difúndese unha visión embelecida da guerra na que a gloria e o sacrificio agochaban o sufrimento e a dor. Contexto, como sabemos, no que emerxen os fascismos, coa súa permanente veneración da violencia (Mosse, 2016).

Esta exaltación da guerra modifícase, como dicíamos, trala IIGM cando a figura do soldado descoñecido é substituído gradualmente pola figura da vítima. Proceso que ten os seus antecedentes nos debates xurídicos arredor da xustiza universal que se inician xa dende finais do século XIX, mediante os convenios de Xenebra (1864) e de A Haia (1899), onde se comeza a falar xa da existencia duns dereitos fundamentais das persoas por riba das guerras. Todo o cal, desemboca na primeira definición de crimes contra a humanidade subscrita polos Aliados en 1920 no Tratado de Sèvres. Asinado para intentar xulgar a matanza do Imperio Otomano contra os armenios, este tratado expresaba, por primeira vez, o desexo de perseguir aos responsables de crimes máis alá da soberanía nacional. Finalmente este xuízo non se produciu, triunfando precisamente as negociacións co perpetrador do crime, o que o condenou ao negacionismo (Míguez, 2014).

Pese a todo é relevante ter en conta estes antecedentes, que evidencian xa o desenvolvemento de conceptos relacionados coa xustiza universal e cos crimes contra a humanidade en diversas instancias vinculadas co dereito internacional e que finalmente abrollaron trala IIGM. Pero cabería preguntarse pola razón desta eclosión e de como esta nova posguerra modificou o xeito de entender conflitos bélicos e de tratar os seus crimes. Para iso cómpre situarnos ante o estado de *shock* social que causou o coñecemento dos crimes acontecidos antes e durante a IIGM, exemplificado nos campos de concentración onde se retivo e asasinou a millóns de persoas de diferentes nacionalidades (Kosellek, 2011). Coas imaxes dese horror sendo visualizadas por milleiros de persoas en todo o mundo, podemos aproximarnos ao clima que resultou propicio para o desenvolvemento de acordos que finalmente puxeron á vítima por riba dos estados.

Neste contexto desenvolveuse a base xurídica do Tribunal de Núremberg, coñecida como Estatuto de Londres (1945) e que establece a noción legal de crimes de lesa humanidade. Este acordo inaugurou, por tanto, a concepción de loita contra a barbarie, de defensa da vítima e, en definitiva, da humanidade, sendo fundamental tamén para a adopción en 1948 da Declaración Universal dos Dereitos Humanos (Wolfe, 2011). Estas actuacións por riba da soberanía nacional, evidencian a evolución á que nos estamos referindo. Cando nun mundo pensado en

USC UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA

clave nacional, trala hecatombe da IIGM, comezaban a aparecer cuestións que podían ser xulgadas máis alá do país no que se producían. Neste proceso, os mortos, que antes eran aguerridos heroes militares, daban paso a inocentes civís marcados polo sufrimento, a dor e a necesidade de reparación (Escribano, 2018; Gatti, 2017).

Pero este momento de auxe da defensa dos dereitos humanos e do desenvolvemento do dereito internacional na protección de quen padecera estes crimes experimentou un parón, paradoxalmente producido pola Guerra Fría. Deste modo, existe consenso en considerar que, tralos avances acometidos neses primeiros anos da posguerra, ten lugar unha paralización no desenvolvemento e, sobre todo, no axuizamento de crimes contra a humanidade nas longas décadas que durou a Guerra Fría (Assman, 2010; Levy, 2004, Woolford e Wolejszo, 2006, Wolfe, 2011). Isto amosa as dúas varas de medir existentes na aplicación do dereito internacional. O que foi unha constante ao longo do tempo. Así, a selección dos crimes a perseguir non é fútil, e ten, en cambio, moito que ver coa política internacional e as disputas entre estados. Fenómeno que se materializou xa arredor dos crimes da IIGM, cando algúns deles lograron facerse visibles, mentres outros quedaron relegados ao silencio e ao esquecemento.

En concreto, cómpre referirse a aquel que logrou maior visibilidade e que será considerado o crime con maiúsculas, o Holocausto, o exterminio de xudeus polo réxime nazi e que resultou fundamental para comprender o desenvolvemento dunha categoría especial de crime: a de xenocidio. Esta definición, acuñada polo xurista xudeu Raphael Lemkin durante o transcurso da IIGM, fai referencia a crimes que teñan por obxectivo a vontade de exterminar a un grupo, converténdose en parte do dereito internacional coa Convención para a Sanción e Prevención do Delito de Xenocidio da ONU en 1948. Nela, se determinan as motivacións dos xenocidas para a eliminación do grupo en raciais, de nacionalidade, etnia ou relixión, eliminándose así unha das motivacións que en desenvolvementos anteriores estaba incluída no termo: as motivacións políticas. Esta cuestión non é accidental senón resultado das negociacións entre países, onde, entre outros, as organizacións e líderes xudeus tiveron un papel determinante (Míguez, 2014).

Deste modo, baixo a argumentación da non banalización do xenocidio, a comunidade xudía iniciou os seus esforzos na defensa do carácter único do Holocausto, incomparable pola súa magnitude, chegando a converterse no xenocidio paradigmático da conciencia mundial (Assman, 2010). O xuízo televisado de Eichman, en Xerusalén no ano 1961 non fixo máis que afondar nesa nova narrativa que modificaba o sentido do xenocidio, pasando de ser considerado como un crime contra a humanidade, como o peor acto de racismo da historia, a ser comprendido unicamente en termos de antisemitismo (Levy, 2004; Rueda, 2015). Este fenómeno, que configura o Holocausto como o xenocidio por antonomasia, cun status case sagrado, terá certos efectos nocivos na persecución e recoñecemento doutros xenocidios, que debían compararse co "incomparable" (Woolford e Wolejszo, 2006). Isto, evidenciaríase no que Kosellek (2011) deu en chamar a posible "xerarquía das vítimas", materializada nos escenarios de memoria pública alemá onde colectivos exterminados polo nazismo como xitanos, homosexuais ou enfermos mentais posuían unha escasa visibilidade. Aínda así, neste contexto do Holocausto como medida de todas as cousas, foron os propios movementos de reivindicación deses outros xenocidios esquecidos, os que buscaron na comparación co Holocausto un intento de visibilidade e procura da responsabilidade dos perpetradores (Molden, 2010).

Esta nova perspectiva, onde as vítimas poden demandar a responsabilidade do estado ante os crimes cometidos por este, iniciouse co Acordo de Luxemburgo, en 1953, entre Israel,

USC UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA

Alemaña Occidental e a Claim Conference. Un acordo que sentou varios precedentes na política de reparación, sendo o primeiro desta índole no que ademais dos estados participaba unha organización non gubernamental representando a un grupo vitimizado, a denominada Claim Conference que aglutinaba a xudeus perseguidos polos nazis fóra de Israel. Algo extremadamente inusual xa que ata ese momento se consideraba que o dereito internacional era vinculante para os estados, non para individuos nin organizacións (Wolfe, 2011).

Pero, máis alá desta ventá de oportunidade creada ao rematar a IIGM, non será ata os anos 90, isto é, despois da Guerra Fría, cando se produza o que Levy (2014) denomina a Globalización do Holocausto, un fenómeno de espectacularización e americanización do xenocidio xudeu coa súa difusión masiva en televisión, cine e literatura. Co precedente da serie *Holocaust,* emitida en 1978, a película *A lista de Schindler*, de 1993 exemplifica a serie de producións que contribuíron á creación dun imaxinario único, non adquirido nin antes nin despois por ningún outro xenocidio (Woolford e Wolejszo, 2006).

Esta globalización do Holocausto, por unha banda impregnou a política internacional sendo utilizada como unha xustificación de actuación non sempre baixo uns preceptos éticos. Así, invocouse a Auschwitz na guerra de Kosovo, xustificáronse intervencións militares na defensa precisamente dos dereitos humanos ou xulgouse por primeira vez na Corte Penal Internacional un xenocidio, o de Iugoslavia ao tempo que se deixaban fóra desta ecuación outros xenocidios como o de Ruanda[4]. Pero, por outra banda, como xa sinalamos, os éxitos acadados polos movementos xudeus que reclamaban reparacións e recoñecemento dos feitos, conformou a base sobre a que colectivos moi diversos reivindicaron o seu papel como vítima e, polo tanto, esixiron verdade, xustiza ou reparación (Levy, 2004) [5].

Cómpre destacar neste proceso os cambios de réxime que tiveron lugar en diversas latitudes do planeta nos anos 80 e nos que comezaba a operar a xustiza transicional e as Comisións de Verdade cando un número crecente de países se enrocaba en políticas de reparación. Esta corrente consolidouse coa Civil Liberties Act (1988) onde EEUU pedía perdón a Xapón polos crimes da IIGM[6]. Os procesos continuaron nos 90 e 2000 en paralelo ao desenvolvemento do dereito á recurso e reparación para vítimas de violacións graves dos dereitos humanos que se asinaba no acordo das Nacións Unidas de 2005 (Wolfe, 2011). Convén destacar que estes procesos de reparación e busca de verdade eran impulsados nunha gran parte dos casos, por vítimas e colectivos sociais. A modo de exemplo, poderíamos nomear o caso das Abuelas de la Plaza de Mayo en Arxentina nos anos 80 (Quintana, 2014) .

Entre a variada amalgama de accións e movementos que buscaban a reparación das vítimas de crimes contra a humanidade, resulta interesante atender ao caso francés, precisamente pola súa conexión co noso obxecto de estudo. Unha conexión que se ve nitidamente reflectida na primeira asociación que poderíamos denominar "de memoria" no Estado español: a Amical de Mauthausen. Esta asociación, fundada en 1962 por exiliados en Francia retornados en Catalunya , expandiuse polo territorio estatal ata Galicia, onde unha das vítimas sobrevivinte do campo de concentración, Mercedes Núñez Targa, traballou como delegada. Esta asociación,

[4] Cuestión que se modificaría notablemente na esfera internacional a partir dos anos 2000 cando a Corte Penal Internacional é substituída por execucións arbitrarias dos "inimigos" de EEUU como Bing Laden ou Sadan Hussein.

[5] Para Molden (2010) non debe esquecerse tampouco, ademais da influencia do Holocausto, a relevancia da guerra de Vietnam na configuración desa amalgama de movementos defensores dos dereitos humanos, dende os activistas polos dereitos civís europeos e americanos aos movementos de descolonización, entre outros.

[6] O termo reparación no dereito internacional ten os seus antecedentes no caso da fábrica de Chorzow cando se comprende que na medida do posible, a reparación debe eliminar todas as consecuencias do acto ilegal e restablecer a situación anterior, e se non fose posible realizar o pago dunha suma correspondente ao valor do perdido. Termo que evoluciona para adaptarse a que o acto ilegal fose a violación de dereitos humanos (Ellis e Huton, 2002).

USC UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA

que buscaba a reparación das vítimas e familiares de vítimas españolas do campo de concentración de Mauthausen, creábase á imaxe e semellanza da súa homóloga francesa, e polo tanto coa comparativa do alcanzado polas vítimas do nazismo e do réxime de Vichy en Francia, ao evidenciarse un agravio comparativo con estas[7].

Dende os anos 50 en Francia, de xeito coetáneo e, en relación ao desenvolvemento da figura da vítima do Holocausto, xurdiu unha mobilización social ampla e diversa. Nela, proliferaron diversas asociacións e federacións que tiñan como figuras principais os deportados aos campos de concentración e os resistentes e combatentes contra a ocupación nazi. A necesidade desta mobilización viña determinada polo proceso de esquecemento que se desenvolvera en Europa trala IIGM. Porque, aínda que nos primeiros anos trala guerra, como sinalamos, se desenvolvera certa conciencia sobre a existencia de crimes contra a humanidade, non é menos certo que operou a construción dunha "memoria compracente" co pasado traumático, que non asumía as responsabilidades de sociedades e estados no acontecido. Cuestión que se desenvolveu tamén en Francia co que Rousso (1990) deu en chamar o "síndrome de Vichy". Na súa segunda fase este síndrome construía unha memoria colectiva baseada nunha suposta unidade da sociedade francesa fronte a ocupación alemá, ocultando o pasado colaboracionista e, polo tanto, incómodo.

Entre as organizacións máis relevantes cabe destacar a Federación Nacional de Deportados e Internos, Resistentes e Patriotas (FNDIRP) e a "Rèseau du souvenir" (A rede da memoria) (Wolikow, 2007; Lalieu, 2005). Os seus obxectivos definiríanse en termos por un lado de loita contra o esquecemento, tendo contraído un deber de memoria con aqueles que non sobreviviran aos campos de concentración, e por outro lado de loita contra o rexurdimento do fascismo e en defensa dos dereitos humanos. Isto desenvolvíase a través dun repertorio de accións nas que destacaban as peregrinacións a campos, a erección de monumentos onde se realizaban os ritos de recordo, a difusión de testemuñas en escolas e a promoción da investigación histórica (Lalieu, 2001; Wolikow, 2006). Todo o cal se vencellaba á necesidade de recordo, para que "nunca máis" se volvese repetir (Lalieu, 2001; Vergnon, 2006). E que comezou a adquirir protagonismo a partir dos anos 70, cando aquela memoria compracente deu paso á "retour du refoulé", isto é a emerxencia da "memoria dos reprimidos", tomándose conciencia das responsabilidades da sociedade francesa durante a ocupación nazi (Rousso, 1990).

Atopámonos, pois nun contexto de xurdimento e consolidación de novos significantes marcados polo deber da memoria e do non esquecemento, da necesidade de facer as paces co pasado a través da verdade, da emerxencia da figura da vítima, que é testemuña, que conta o seu pasado traumático en xuízos, televisións e escolas. Polo que cómpre preguntarse arredor do diálogo entre este contexto, no que o pasado é parte do presente, e o mundo académico. E sobre como esa nova comprensión do pasado baseado no que din os protagonistas, e en concreto as vítimas, se traduce na historiografía. Unha historiografía herdeira daquela historia nacional, que exaltaba ao soldado e ás vitorias bélicas.

1.1.2.A memoria na historiografía

A inclusión da memoria na historiografía enmárcase nun cambio de profundo calado na disciplina. Esta transformación foi o resultado dun diálogo con diversos factores emanados dun

[7] Os exiliados que retornan a Catalunya nos anos 60 tiñan participado en Francia na Amicale des Déportés, Familles et Amis de Mauthausen e na Federación Española de deportados e Internados Políticos fundada xa en 1947. Ver máis en Torán (2008).

contexto social, cultural e político que ten lugar entre finais dos anos 60 e principios dos 80 do século XX. Para comprendelo debemos ter en conta os postulados teóricos de autores como Hayden White que atende a como a linguaxe e a cultura inflúe na escritura da historia e, polo tanto, suxire a necesidade dunha nova historiografía que fuxa da verdade absoluta, daquela historia nacional escrita dende unha suposta neutralidade. Estamos a falar do chamado "xiro lingüístico", procedente dunha tradición epistemolóxica que, cada vez con máis forza, cuestionou aquel positivismo científico, base da historiografía dominante anterior e que unicamente comprendía a historia como aquilo contido nos documentos. Por outra banda, a isto se sumaría a emerxencia da chamada "historia desde abaixo", é dicir dos estudos postcoloniais. Estes procedían da renovación do marxismo e da historia social, baixo a influencia da obra do historiador Edward Said, quen examinaba os modos a través dos cales o mundo occidental construía o Oriente co obxectivo de dominalo. Salienta tamén a obra de Howard Zinn quen escribía a outra historia dos EEUU protagonizada polas loitas e reivindicacións dos pobos orixinarios, dos escravos ou dos sindicalistas (Prieto, Míguez e Vilavedra, 2020).

Todos estes elementos resultan claves para comprender a inclusión da memoria na disciplina, xunto cun contexto marcado polas revoltas estudantís de finais dos anos 60, todo o cal favoreceu a emerxencia da fonte oral como fonte histórica válida (Rousso, 2018). Cando, como sinalabamos para o caso francés, comezaba a racharse con esa memoria compracente que silenciaba o pasado incómodo en Europa e que tamén estaba presente na historiografía. O que se exemplifica na ruptura do silencio sobre o réxime Vichy ou na emerxencia do debate sobre as responsabilidades da sociedade alemá no nazismo, co debate do Historikerstreit, tamén coñecido como "a querela dos historiadores" (Lvovich, 2005).

A emerxencia das testemuñas da IIGM e en definitiva do recoñecemento dese pasado traumático ten o seu momento álxido entre os anos 80 e 90 co "memory boom" (Müller, 2002) ou "a globalización da memoria" (Huyssen, 2002; Winter, 2001). Recoñecemento que se producía tanto no dereito internacional, co desenvolvemento de xurisdición arredor dos crimes de lesa humanidade que daban validez a ese tipo de memoria fundada no trauma (Gatti, 2017), como tamén, finalmente, na historiografía. Dentro dese gran cambio de paradigma que mencionamos, se pasa a entender a memoria como susceptible de ser estudada historicamente (Halbwachs, 2004) e se define a existencia dun "deber de memoria" (Ricoeur, 2003). Incluso no caso das memorias fragmentadas dos subalternos, entre eles as das vítimas (Rousso, 2018).

Deste modo, volveríamos a onde comezamos, a esa vinculación entre a vítima, a historiografía e a memoria. Podendo falar xa dunha historiografía dos pasados traumáticos desenvolta, en boa medida, a raíz da pretensión de diversos actores para que nas transicións dos anos 80 e 90 non se repetiran os erros do pasado, isto é o relativo silencio e esquecemento que predominaran trala IIGM. Agora falaríase de aceptar o pasado, por traumático que fose, o que se traduciu na historiografía nun esforzo por asimilar, comprender e analizar eses pasados que non pasan. E en íntima relación tamén co desenvolvemento dos estudos sobre os *shocks* postraumáticos no campo da psicoloxía e da psiquiatría. Un *shock* que, por tanto, e como desenvolveremos en capítulos posteriores, se comezaba a comprender tamén na súa vertente colectiva.

Na suma de toda esta amalgama de factores, o estudo historiográfico dos pasados traumáticos desenvolveuse entre finais do século XX e inicios do século XXI, cando a vítima, e a súa testemuña, se converten finalmente en fonte histórica. Neste senso, interésanos atender a unha escolma de investigacións que se producen nos últimos anos e que poderían entrever unha nova tendencia historiográfica. Cando, ademais do estudo da propia vivencia traumática

USC DE COMPOSTELA

da vítima, ponse o foco de atención na súa actuación posterior, isto é, cando esta se move para reivindicar a súa memoria silenciada.

As accións da memoria na historiografía

Denominamos historiografía dos movementos da memoria ou historiografía das accións da memoria a aqueles estudos sobre o papel colectivo das vítimas ou organizacións sociais arredor dos pasados traumáticos. Esta ten o seu desenvolvemento nos primeiros anos do século XXI, podendo afirmar tamén que se trata dun campo pouco prolífico.

Redress and reparation movements (Wolfe, 2011) *Victim movement (*Woolford e Wolejszo, 2006¸Arrington, 2010), *Memory movement (*Xu e Alan, 2010) ou *Restitution movement* (Bazlyer, 2002) son algunhas das denominacións empregadas para este tipo de accións con matices diferentes segundo cales sexan os actores principais identificados e os obxectivos concretos que estes afronten. Na meirande parte dos casos estes estudos poñen o foco de atención noutras vítimas da IIGM en cuestións tan diversas como as reivindicacións dos xitanos exterminados polo nazismo ou a explotación sexual de mulleres polo exército xaponés, pivotando na identificación de diversos factores que determinarían o seu éxito ou fracaso (Woolford e Wolejszo, 2006; Wolfe, 2011; Ellis e Huton, 2002; Bazyler, 2002)[8]. Así, resulta habitual a comparativa co caso xudeu, tendo como obxectivo identificar e analizar os principais factores de éxito da súa mobilización, vinculados principalmente co poder económico e político. Entre os indicadores medibles identificaríanse o impacto na memoria colectiva das accións, as medidas de xustiza restaurativa que ofrece o estado e a aceptación destas polo movemento (Wolfe, 2011).

A comparativa co caso xudeu acontece tamén para o estudo do acontecido en Francia, coa análise comparada da mobilización do colectivo xudeu francés e o movemento dos deportados e resistentes franceses (Lalieu, 2001). Convén destacar as investigacións realizadas por Lalieu (2005) e Prosto (2005) que se encargan da análise destas accións e das diversas casuísticas entre a figura do deportado e a do resistente, reticente a considerarse vítima. Pero, pese á existencia desta liña investigadora son os propios autores os que dan conta tamén do relativo baleiro historiográfico que existiu sobre ela (Vergnon, 2005) (Wolikow, 2006). A escaseza de produción historiográfica sobre este tipo de accións, que acontece máis alá do caso francés, non nos impide distinguir un patrón metodolóxico presente nalgúns destes artigos e que consideramos salientable no marco da nosa investigación. Trátase do uso de conceptos e ferramentas que emanan das teorías dos movementos sociais, entre elas a teoría das oportunidades políticas, a da mobilización de recursos, a dos marcos sociais do discurso ou a conceptualización do ciclo de protesta (Woolford e Wolejszo, 2006; Xu e Alan, 2010). Seguindo este último concepto, identificaríase o inicio dun ciclo de protesta impulsado polo colectivo de xudeus que buscaban reparacións polos crimes do nazismo e que culminaría nunha serie de movementos modernos de vítimas (Woolfod e Wolejtszo, 2006, p. 872).

O uso e adaptación destas ferramentas permite extraer diversas conclusións de proveito como a relevancia que ten a posesión de recursos materiais e simbólicos para o éxito da

[8] Outros dos casos analizados: xaponeses estadounidenses e xaponeses latinoamericanos internados nos EEUU ou a esclavización sexual de mulleres coreanas e holandesas nos territorios ocupados polo exército xaponés (Wolfe, 2011) durante a IIGM, pero tamén outros como as reivindicacións de reparación pola escravitude afroamericana ou as dos sobrevivintes do xenocidio armenio en EEUU (Bazyler, 2002).

mobilización ou a atención ás oportunidades que pode xerar o contexto político. Por exemplo, compréndese como un contexto favorable o xurdimento de normas internacionais relacionadas coa protección e reparación de vítimas de crimes de lesa humanidade. A isto sumaríaselle tamén, entre outros factores, a existencia dun marco de apertura do sistema político no que estea inmerso o movemento (Wolfe, 2011).

Pero, máis alá das oportunidades políticas en si mesmas, debería atenderse tamén ás propias capacidades dos colectivos ou movementos para aproveitar estas oportunidades, para mobilizar recursos ou para lograr que a súa mensaxe adquira repercusión. Entre os elementos que determinan esta capacidade atoparíanse a membresía das vítimas a unha comunidade colectiva política robusta ou as alianzas que estes teñan con actores influentes, xa sexan nacionais ou internacionais. Así, a modo de exemplo, o caso das vítimas xudías inseridas nunha comunidade forte, coa diáspora e os países aliados como parte fundamental do mesmo, contraporíase con outros colectivos de vítimas. Entre eles as mulleres escravizadas sexualmente polo exército xaponés nos territorios ocupados durante a IIGM, marcadas pola influencia da auto culpa nos delitos sexuais ou a ausencia da integración nunha comunidade forte (mulleres de diversos países e na meirande parte dos casos en situacións de exclusión) (Wolfe, 2011). Tamén salienta o caso dos romaníes vítimas do nazismo condenados por unha identidade criminalizada e a ausencia dunha organización política que as apoiase (Woolford e Woletjszo, 2006).

Destacamos tamén aquelas ferramentas conceptuais relacionadas coa teoría dos marcos sociais e que atende ao papel que estes movementos poden xogar para a modificación de narrativas oficiais. Dende esta óptica, os movementos sociais preocupados polo pasado poderían emerxer para desafiar ao estado cuestionando o relato oficial e presentando alternativas. De modo que a memoria colectiva, canalizada por estes movementos, converteríase nunha arma dunha sociedade rebelde, cuestión que Xu e Alan (2010) identifican no estudo do movemento de memoria chino de reparación de vítimas da IIGM contra o estado e a narrativa dominante de Xapón[9]. De modo que estes momentos actuarían como construtores de narrativas, confrontadas nalgún grado coa oficial, bautizadas como "narrativas de trauma".

As narrativas de trauma serían aqueles relatos configurados sobre o drama que pasou á vítima. Para que este logre confrontarse ao discurso oficial con éxito debe ser facilmente comunicable, logrando condensar esa experiencia para o consumo público de xeito que alcance unha gran resonancia. A capacidade para logralo, como anticipabamos, terá que ver tanto co lugar do colectivo nas estruturas de poder como coas súas propias habilidades (Woolford e Woletjszo, 2006). En canto a esta narrativa de trauma, tamén consideramos importante ter en conta unha reflexión que, aínda que formulada en relación cos movementos memorialistas xudeu e xitano, pode resultar de especial relevancia á hora de achegarnos ao noso propio obxecto de estudo: os movementos de vítimas non están unificados e non falan cunha soa voz sempre coherente. Para cada grupo de vítimas, de feito, habería narrativas de trauma múltiples e en competencia. Sen embargo, certas narrativas logran unha resonancia máis ampla porque son conscientes ou complementarias ás condicións sociais e discursivas existentes e, polo tanto, recibirán unha apoio máis amplo (Woolford e Woletjszo, 2006, p. 877).

Neste senso a configuración e o éxito das narrativas de trauma deberían entenderse en relación co que, na teoría dos marcos, se denomina "puntos nodais". Isto é, momentos nos que

[9] Debemos puntualizar que nos centramos nos estudos sobre a mobilización de vítimas que o foron de crimes contra a humanidade, e polo tanto realizados dende o poder. Existirán publicacións académicas dende diversos campos (xurídico, psicolóxico, sociolóxico) sobre movementos doutro calado como por exemplo das vítimas de accidentes de tráfico ou de enfermidades diversas. Tamén existirá numerosa bibliografía arredor da cuestión da memoria en termos xerais. Pero, como sinalabamos, sen que o obxecto de estudo principal sexan as accións da memoria.

os marcos interpretativos e as narrativas de trauma desenvolvidos polos actores colectivos poden obter un apoio más amplo. Deste modo, o contexto posterior á IIGM sería un deses espazos ou puntos nodais onde as vítimas do xenocidio puideron difundir mellor as súas narrativas traumáticas a audiencias más amplas (Woolford e Woletjszo, 2006)[10].

Por último, debe atenderse a como o uso destas ferramentas procedentes das teorías dos movementos sociais, virían a completar nestes estudos as categorías analíticas desenvolvidas pola área do coñecemento criminalístico-xurídico denominado como o da *vitimoloxía*. Esta pon no centro do proceso xudicial á vítima e a súa necesaria reparación. Tradicionalmente a *vitimoloxía* prestou pouca atención ás vítimas de crimes de estado. Cuestión que cambia coa entrada dunha nova corrente dentro deste eido, a denominada *vitimoloxía radical* que, dende a óptica do análise da opresión do sistema capitalista, interésase xa polo contexto de vitimización, os vitimarios das violacións de dereitos humanos, os vitimarios do abuso do poder así como os presupostos que conducen á opresión, a estratificación e a discriminación racial por parte dos estados. Pero, ademais, nas últimas décadas vense desenvolvendo outra rama, a *vitimoloxía crítica,* centrada precisamente nestes tipos de vítimas e no florecemento da súa mobilización, entendendo que existen vitimizacións sociais supraindividuais, institucionais ou opresivo-estruturais (Diaz, 2006; Lovatón, 2009). Resultan relevantes as análises enmarcadas nesta corrente arredor da conceptualización da delincuencia estatal, o papel do estado no proceso de vitimización e nas respostas sociais das vítimas, así como ás apropiacións das narrativas das vítimas para a promoción de políticas de estado (Fattah 1992, Kauzlarich, 2001). Aínda así, este ámbito de estudo tendería a unha minusvalorización do poder de actuación das vítimas a nivel estatal, comprendendo que a protesta unicamente tería éxito acudindo á esfera internacional. Prestaría pouca atención aos colectivos ou movementos sociais que, máis alá das propias vítimas, tamén poden reivindicar os dereitos destas. Elementos ambos que, por tanto, fan desbordar a análise do fenómeno deste ámbito restrinxido, case en exclusiva, a cuestións de índole xurídica e criminalística (Woolford e Woletjszo, 2006).

Chegados a este punto, cómpre volver ao inicio deste texto, cando presentabamos un acto de homenaxe a asasinados polo golpismo no 36. E o imaxinabamos similar aqueles outros actos, que poderían ter acontecido a miles de quilómetros de distancia, ou en diferentes espazos temporais, como as homenaxes aos deportados franceses ou ás dos desaparecidos da ditadura arxentina. Por tanto, estas accións conformaríanse como parte do fenómeno global que se foi describindo nestas páxinas. Cómpre agora, atender ao que acontece coa memoria do pasado traumático no caso español e tentar desentrañar como se escribe a historia dese pasado incómodo e o das súas vítimas.

1.1.3. A historiografía do pasado traumático no caso español: da excepcionalidade ao exterminio

Aínda que aquí incidimos nas similitudes das homenaxes a fusilados polos golpistas no Estado español e as realizadas noutros puntos do globo, é ben certo que, tradicionalmente, o caso español mantívose á marxe dunha comprensión transnacional, que o tería vinculado cos crimes de lesa humanidade e as lóxicas dos réximes fascistas. En definitiva, extraeuse o golpe, o fascismo e o réxime franquista do contexto europeo, da definición de xenocidio (Fernández, Míguez e Vilavedra, 2020; Sánchez, 2018; Izquierdo, 2017a). Esta excepcionalidade

[10] Os autores baséanse nas teorizacións de Laclau e Mouffe (1985) e Snow e Benford, 1992).

constituíuse a raíz da continuidade do réxime franquista trala IIGM, que o separou do horror dos fascismos finalmente derrotados, e que reflexa, en último termo, a relevancia da interacción do poder na escritura da historia, nas súas imaxes e descricións. Así, mentres a memoria compracente de Francia condenaba o fascismo, na España dos anos 40 o franquismo enxalzaba o golpe como a Santa Cruzada que eliminara aos inimigos da patria, á vez que consolidaba a construción dun estado fascista que seguía depurando e exterminando aos considerados disidentes ou antiespañois.

Nas seguintes décadas, esa concepción exterminadora sen complexos, evolucionou motivada polos esforzos do propio réxime por sobrevivir e adaptarse ao novo contexto, europeo e tamén nacional. Así, da Santa Cruzada pasouse ao imaxinario da reconciliación dos anos 60 que definía o acontecido coma o dunha terrible guerra entre irmáns que era preciso deixar atrás (Ledesma e Rodrigo, 2006; Aróstegui, 2006). Esta concepción non fixo máis que afianzarse nas seguintes anos, incluso trala morte de Franco. Mentres en Europa se desvelaba o trauma e se cuestionaban os silencios, mentres emerxía esa memoria incómoda que daba voz ás vítimas, que atendía aos pasados que non pasaban, no Estado español defendíase a necesidade de esquecer para poder vivir en paz, consolidando aquela singularidade ibérica nada nas décadas anteriores.

É relevante apuntar a que esta excepcionalidade non xurdira soamente da produción propagandística dentro do sistema franquista e postfranquista, senón que del foron cómplices os países aliados. Onde nun contexto de "guerra contra a comunismo", lexitimábase ao réxime afastándoo precisamente daqueles fascismos que acababan de derrotar. O pasado traumático español importou menos que o pasado traumático alemán ou francés. Asumiuse a lectura do propio réxime franquista, que evolucionou ata ser o xerme da memoria oficial sobre a que se asentaría á transición á democracia nos anos 70, unha memoria netamente negacionista (Miguez, 2014).

Partindo deste contexto, cabería preguntarse como se trasladan estas lóxicas á historiografía e como, en definitiva, o pasado traumático entra no estudo da historia. Para comezar, debemos ter en conta a produción que se desenvolveu fóra do Estado español e que tivo a súa influencia nas primeiras obras historiográficas. Referímonos aos traballos dos correspondentes de guerra primeiro e dos chamados hispanistas despois. Estes últimos publicaban as súas primeiras obras sobre a guerra de España dende o estranxeiro en 1961, nun contexto marcado precisamente pola elaboración da definición do totalitarismo para comprender a singularidade do nazismo como experiencia histórica. Hugh Thomas (1961), Burnett Bolloten (1961) e Stanley Payne (1961)[11] comprenderon o acontecido no Estado español en tanto un enfrontamento militar e civil entre movementos influenciados polo fascismo e o comunismo, pero que non encaixaría no paradigma totalitario. Estes identificaban, como factor explicativo da "guerra civil", o fracaso da II República e das esquerdas sumado a un carácter primitivamente violento dos españois. Todo ao tempo que se evitaba a análise da violencia de retagarda (Míguez, 2014; Blanco, 2007). Cuestións que se viña desenvolvendo tamén dende fóra do mundo académico precisamente co desenvolvemento da narrativa da reconciliación do PCE na súa "Política de Reconciliación Nacional" de 1956 e que a narrativa oficial do réxime adaptaba e adoptaba cos "XXV anos de paz". Así todo, o acontecido afastábase da visión da "vítima" e o "verdugo" que se desenvolvía en Europa, describindo o fenómeno en termos de conflito familiar e, en definitiva, propiciado por comportamentos sociais condicionados, en último termo, polas paixóns políticas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[11] Edicións revisadas: Thomas (1976), Bolloten (1975), Payne (1965).

En definitiva, as premisas esbozadas polos hispanistas nos anos 60 e 70 estableceron os termos do debate durante décadas na historiografía española (Míguez, 2016). Así, esta mesma perspectiva pode distinguirse nas primeiras investigacións historiográficas que se realizan en chan español, principalmente trala morte de Franco e propiciadas, en parte, polo relevo xeracional e a tímida apertura de certos arquivos oficiais, clausurando así unha etapa de anulación da historia como disciplina (Fernández, Míguez e Vilavedra, 2020; Blanco, 2007). Entre os primeiros estudos cómpre destacar os do historiador Ángel Viñas (1976, 1977) en torno a intervención estranxeira e os poderes económicos. Pola súa banda, o estudo do fenómeno represivo, do proceso violento que se desatou tralo golpe de estado do 36, continuou a estar relegado a un segundo plano. Un segundo plano no que se desenvolveron análises de carácter local sobre a "represión", levados a cabo por investigadores novos, en moitos casos dende fóra do mundo académico, coma os de Antonio Hernández e Herrero Balsa (1982) sobre Soria ou a publicación de Jossep Massot (1978) para Mallorca, considerado o pioneiro deste tipo de estudos (Rodrigo, 2001).

Nese proceso de investigacións territoriais cabería destacar a influencia da publicación en España en 1979 da obra de Ronald Fraser *Recuérdalo tú y recuérdalo a otros*, precursora do uso de testemuñas da "guerra civil" na historiografía (Blanco, 2007). Podemos identificar aquí a entrada paulatina da testemuña, da vítima, na historia, á vez que comezaban a proliferar libros testemuñais en forma de biografías de persoas que viviran a guerra. Nestes anos 80 publicábanse tamén as primeiras teses doutorais sobre a "represión franquista", entre as que destaca a de Solé i Sabaté (1985) sobre a represión en Catalunya. Esta foi considerada como a fundadora das bases interpretativas e metodolóxicas seguidas polos sucesivos investigadores nos seus traballos sobre os diversos territorios (Rodrigo, 2001). Por outra banda, convén citar a tese de Alberto Reig Tapia (1983), primeira en ser presentada no Estado español, concretamente na Universidade Complutense de Madrid, e que, ademais, o facía dende unha perspectiva global baixo o título *A represión franquista e a Guerra Civil.* Posteriormente transformouse nun libro pioneiro sobre o fenómeno, publicado por primeira vez en 1986. Neste mesmo senso destaca a obra de Carlos Hernández (1982) sobre o "alzamento" en Galicia.

A investigación e o estudo da represión franquista estivo impulsada nos seguintes anos, en boa medida, por investigadores locais extra muros da academia. Estes deron lugar a un amplo número de microestudos, as primeiras aproximacións ao fenómeno en análise que abrangueron unha ampla extensión do estado[12]. Non foi ata a década dos 90 cando proliferaron as publicacións baseadas na análise do fenómeno represivo que se entendía, maioritariamente, en canto ao estudo das súas vítimas[13]. É interesante sinalar a perspectiva pola cal pode comprenderse este tipo de investigacións condicionada pola necesidade de dar saída a unha débeda moral contraída coas familias, ante a falta de recoñecemento simbólico das vítimas por parte da ditadura e por parte tamén do sistema democrático nado da Transición. Unha historiografía, por tanto, en certa medida militante, co obxectivo principal na denuncia do acontecido. Esta entrada abundante da historiografía no estudo do proceso violento asentouse, na meirande parte dos casos, no chamado espírito da reconciliación, baixo a concepción da "guerra civil" como unha traxedia nacional en contraposición ao conseguido trala Transición (Blanco, 2007). Así, xa durante os primeiros anos do século XXI, podería identificarse certa autocompracencia no mundo académico arredor do traballo realizado, pasando por alto múltiples cuestións non abordadas máis alá do "reconto de vítimas".(Míguez, 2014; Rodrigo,

[12] Para o caso galego citar as estudos de Bernardo Maiz, Dionísio Pereira, Carlos Méixome e Xosé Alvarez, entre outros, os cales seguiron a desenvolver investigacións nas décadas seguintes.
[13] Ver algunhas das referencias fundamentais en Rodrigo (2001, p.157-158).

2001). Entre elas os efectos sociais do proceso de eliminación de persoas ou o coñecemento e análise dos vitimarios (Míguez, 2017).


Estas ausencias, ese pasado incómodo aínda non abordado pola historiografía para o caso español, está sendo suplido por novas investigacións realizadas nos últimos anos dentro do marco do "xiro vitimario" (Sánchez, 2018). Os *Perpetrator Studies,* xurdidos a consecuencia dos fitos no desenvolvemento da xurisdición internacional para a protección dos dereitos humanos[14], atenden a ausencia alarmante do perpetrador na análise do xenocidio, onde a vítima configurarase como figura central. Primeiramente, o foco de análise volveu a poñerse no Holocausto, pero foi estendéndose ao estudo dos perpetradores da violencia masiva en numerosos países do mundo, con especial relevancia de América Latina ou África[15] (Niewyk e Nicosia, 2003; Jensen e Szejnmann, 2008).

Nos anos 10 e 20 do novo século continuou a profundarse no establecemento destes estudos como disciplina, o que se pode evidenciar, a modo de exemplo, na celebración do Congreso da Universidade Winchester centrada neste ámbito de coñecemento titulado *Encountering Perpetrators of Mass Killings, Political Violence, and Genocide* e a posterior edición da revista *The Journal of Perpetrator Research (JPR).* Esta, a partires do ano 2017, e dende un enfoque multidisciplinar, pretende afondar en cuestións tales como a terminoloxía, a motivación, a axencia, os procesos e as dinámicas da perpetración da violencia. Tamén na comprensión da participación na violencia masiva, as representacións sociais da figura do perpetrador, así como cuestións de cariz metodolóxico, entre elas as implicacións das consideracións éticas nos criterios do investigador (Hall, 2021; Anderson, 2018)[16].

Neste mesmo senso, enténdense unha gran amalgama de publicacións que se centran noutras dinámicas relacionadas. Como o estudo das zonas grises, isto é, as actitudes da sociedade ante a violencia masiva, ou os factores que inflúen na configuración dos perpetradores. Un conxunto de elementos de análise tan diversos como as disciplinas que forman parte deste grupo de estudos, que abarcan a socioloxía, a psicoloxía, o dereito ou a propia historiografía (Smeulers, Weerdsteijn e Holá, B., 2019; Üngör e Anderson, 2019).

[14] E concreto contra o delito do xenocidio, moi relacionado cos tribunais constituídos para o caso iugoslavo e ruandés.
[15] En numerosos ocasións mediante a análise comparada co caso xudeu.
[16] Ver en https://jpr.winchesteruniversitypress.org/.

Gráfico 1. Eixo cronolóxico na evolución da historiografía sobre a violencia xenocida franquista



Fonte: elaboración propia.

No contexto do Estado español, este novo enfoque desemboca, como se expresa graficamente arriba, na emerxencia dunha nova corrente historiográfica que analiza o proceso violento golpista en termos exterminadores e xenocidas, atendendo tamén ás actitudes sociais desa violencia (Buxeiro, 2023; Cidrás, 2023; López, 2021; García, 2021; Míguez, 2017; Del Arco, 2007; Cabana, 2013a entre outros.). Corrente que xorde en diálogo cos procesos sociais que teñen lugar no Estado español, entre eles, e con especial relevancia, co chamado "movemento de recuperación da memoria histórica" dos anos 2000, producíndose, tamén dende fóra da academia, estudos centrados na análise dos vitimarios (Ermida, Fernández, Garrido e Pereira, 2017). Resulta significativo fixarse na emerxencia de diversos proxectos de investigación que desenvolven unha extensa labor tanto de recompilación de fontes como de análise das mesmas, entre elas o Proxecto Interuniversitario Nomes e Voces, iniciativa pioneira neste senso[17].

Ademais do desenvolvemento desa nova historiografía, que repara no pasado incómodo en termos que o relacionan, agora si, con procesos globais de crimes contra a humanidade, tamén se desenvolve outra corrente historiográfica de especial interese, aquela que se detén no estudo das accións realizadas precisamente por quen reivindicaba a memoria das vítimas dese pasado traumático. Atopámonos, pois, ante unha nova corrente xurdida nos 2000 en paralelo á expansión do seu obxecto de estudo, o movemento de recuperación de memoria histórica. Haberá que agardar á segunda década do novo milenio para atopar as primeiras investigacións que fixen a súa atención no acontecido moitos anos antes. En concreto, cando no Estado español ten lugar a transición dende o réxime franquista cara o sistema parlamentario actual. É nesta corrente historiográfica onde podemos situar a nosa investigación, co obxectivo de estudar as

[17] Nado ao abeiro dos traballos que se realizaron ao redor do Ano da Memoria 2006, promovido pola Consellaría de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia. Co obxectivo principal de estudar a represión franquista durante a Guerra Civil e a ditadura, e ofrecer á sociedade os datos relativos ás persoas que sufriron algún tipo de persecución por mor da súa ideoloxía ou da súa posición favorable á democracia republicana. O que desemboca no desenvolvemento dunha novidosa ferramenta interactiva que recolle unha extensa base de datos sobre as vítimas en todo o territorio galego. O que se completa co desenvolvemento dun profundo arquivo de fonte oral e documental que bota luz sobre as súas testemuñas así como dos lugares de represión. Todo o cal lévase a cabo a través do funcionamento dun grupo de investigación onde están presentes os máximos especialistas na temática da violencia golpista e exterminadora en Galicia, dirixidos polo catedrático de Historia Contemporánea, Lourenzo Fernández Prieto. Para súa consulta: http://www.nomesevoces.net/

accións de memoria que se realizaron na Transición en Galicia. Isto é, cando operaba aquela memoria herdada do franquismo pola cal era preciso esquecer para poder vivir en paz. Por iso, antes de deternos na análise da produción historiográfica sobre este fenómeno (que conforma o Estado da cuestión) cómpre achegarnos ás diversas lecturas sobre ese período histórico, a denominada Transición, así como aos debates sobre o lugar que nela ocupaba o pasado traumático do 36.


1.1.4. Debate e historiografía sobre o tratamento do pasado traumático na Transición

Tres son os conceptos clave que operan no debate ao redor do tratamento da memoria traumática na Transición, por un lado o da "reconciliación", por outra banda o do "silencio" (ou pacto do silencio) e por último o "esquecemento" (ou tamén "pacto do esquecemento"). A interpretación de cada un deles depende da lectura do propio proceso de transición. Deste modo identificamos tres interpretacións principais.

En primeiro lugar, aquela que defende, e en certo modo mitifica, o significado dun proceso que, desenvolto nuns termos ideais, servira incluso como modelo de exemplo para outros procesos transicionais en diversos países ao longo do mundo. Dende esta posición, falaríase da reconciliación entre españois para construír un futuro en democracia, todo o cal se tería executado mediante a vontade colectiva para esquecer os traumas colectivos pasados. En segundo lugar desenvolveríase a interpretación que emprega a concepción de "pacto do silencio" para referirse a este proceso de transición. Formúlase dende posturas críticas co mesmo e iníciase como corrente alternativa e minoritaria xa durante o propio proceso transicional. Segundo esta corrente o silencio teríase construído sobre unha amnesia colectiva na que non se podía recordar. E por último, atenderíamos ao xurdimento de diversas evolucións interpretativas dende esta última postura e que, por tanto, cuestionan tamén o carácter de acordo social dese "pacto de silencio". Manifféstanse en achegas académicas diferentes, por exemplo naquelas que estudan como crimes de lesa humanidade o golpe de estado do 36 e a posterior violencia, identificando na Transición o proceso garante da impunidade deses crimes. Ou naqueloutras investigacións, máis amplamente relacionadas co noso obxecto de estudo, no que se estudan as accións de actores sociais durante a Transición, que precisamente buscaban o recordo. Estas interpretacións críticas non só se desenvolven dende o mundo académico, posto que formaron parte do discurso de diversos axentes e colectivos políticos e sociais, como o 15M ou o propio movemento de recuperación da memoria histórica.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Gráfico 2. As correntes sobre o proceso de transición á democracia en relación co tratamento da memoria traumática



Fonte: elaboración propia.

Estas diversas lecturas da Transición e do tratamento do pasado traumático sintetizámolas no Gráfico 2. A narrativa pola cal a transición dende a ditadura é un modelo de transición democrática e pacífica xestouse durante décadas e dende amplos e numerosos ámbitos. Dende a mítica serie de televisión de Victoria Prego, á liña editorial do xornal de máis tirada do estado, *El País*, pasando por unha infinidade de ensaios e memorias, como *Cinco años de España* de Julián Marías ou o número especial da revista *Cuenta y razón* en 1989. Esta construción mítica da Transición colleu un gran impulso xa no quinto aniversario "do novo sistema", en 1980, cando se inicia a construción dese balance positivo do proceso democrático, empregando a II República como exemplo negativo na comparación (Cuesta, 2007).

Fronte a esta lectura hexemónica da Transición comezou a proliferar unha visión menos idealista do proceso no que emerxeron termos como o "pacto de silencio" ou "amnesia colectiva". Para realizar unha breve xenealoxía desta visión recorremos á obra xa citada *Ideología e historia: sobre la represión franquista y la guerra civil·* de Alberto Reig Tapia, que en 1986, durante o primeiro goberno socialista[18] e co proceso de transición aínda ben recente, realizaba un percorrido polas posturas críticas e, en concreto, no referido á posibilidade de construír memoria sobre a "represión franquista" e o traballo dos investigadores, detectando, xa aquí, os termos silencio e esquecemento. Deste modo Reig (1986) na súa análise sobre a situación dificultosa da investigación da "represión franquista", aludía á existencia dun pacto de silencio "implicitamente acordado entre as distintas forzas políticas sobre os aspectos máis negros do franquismo" (p.20).[19] Aínda podendo ser un pacto lícito, criticaba que tamén se

[18] Sinala Tapia (1986) tamén os esforzos do Estado para que o capítulo da represión como páxina negra da historia do franquismo, permaneza en branco. Acusa xa ao Goberno socialista de fuxir da máis mínima posibilidade de ser acusado de *revanchista* (p. 19).

[19] Alude tamén á permanencia de persoas estreitamente vinculadas ao antigo réxime en importantes postos da burocracia e a maquinaria administrativa, así como a politización de importantes sectores do estamento militar e certa inercia franquista nos

impedise o labor dos historiadores, sociólogos, ou calquera investigador mediante, por exemplo, a destrución de arquivos, entendendo que para poder curar vellas feridas, o primeiro paso sería restituír a verdade histórica. Pero como diciamos, nesta obra o autor apoiábase tamén en referencias anteriores, co obxectivo de atender a existencia dese pacto de silencio. E é que xa a finais dos anos 70, dende diversas tribunas públicas, como a revista *Triunfo*, recolléranse testemuñas que falaban dun silencio cómplice entre a oposición e os antigos fascistas, reconvertidos en demócratas, sobre as accións destes últimos durante a ditadura. Denunciábase pois, a interpretación da reconciliación nacional como esquecemento mutuo, como a ocultación da "guerra civil", materializada nos pactos da Moncloa[20].

Aínda así os artigos máis temperáns que temos localizado e que, ao mesmo tempo, profundan na análise sobre ese "pacto de silencio" serían, por unha banda as columnas en *El País* de José Vidal-Beneyto, en 1980[21] e pola outra un texto no mesmo xornal de Jose Antonio Gabriel Galán, en 1988 baixo o título *Pacto de silencio*[22]. Vidal-Beneyto[23] denunciaba a construción dunha autorreforma do franquismo baseada na ablación da memoria histórica, o que tería producido nos españois unha actitude menos crítica e, en definitiva, máis submisa. Posición na que afondou José Antonio Gabriel Galán na Tribuna publicada en *El País*, por outra banda o xornal que foi garante precisamente da narrativa hexemónica. Nel sinalaba como se producira un "retorcimiento de la interpretación histórica de consecuencias nefastas" baixo a bandeira dos intereses nacionais.

> El *caudillo* ya no era el *caudillo,* sino el *general,* la dictadura ya no era la dictadura, sino el *régimen anterior.* Bien es cierto que se produjo un relativo reajuste en la interpretación pública de la guerra civil (en televisión, por ejemplo, dándose paso a versionas más objetivas, pero finalmente todo acababa en 1939)[24].

Parécenos significativa esta descrición primixenia do "pacto do silencio" no que se consideraba vital a desfiguración do pasado a través de toda unha maquinaria lingüística. A bibliografía sobre o franquismo substitúese por unha avalancha de libros sobre a Transición e o socialismo. Esta evolución fai desembocar no que o autor identificaba como un revisionismo, un *new look* sobre o franquismo. Por outra banda, convén puntualizar que este último artigo, enmarcaríase nun momento diferente aos anteriores, cando comezaba a configurarse un novo discurso dende o PSOE e o PCE no que o pasado, non amentado ata ese momento, comezaba a abrirse paso na confrontación directa co PP. Posteriormente, seguíronse a producir posturas críticas coa Transición, cun alcance cada vez maior, á vez que xurdían as asociacións da

---

aparellos do Estado o que dificultaría en enorme medida acceder á documentación básica para o estudo da represión (Reig, 1986, p. 20).

[20] Reig Tapia recopila escritos de diversos personaxes relevantes dos anos 70 e 80 no Estado español, como Fernández González (revista Triunfo, 1978), Jorge Semprún (revista Triunfo 1979), Federico Jiménez Losantos (Lo que queda de España, 1979). En Reig Tapia (1986).

[21] Accedemos a el a través de Reig Tapia (1986).
Vidal-Beneyto, J. Claves para un contubernio. *El País*. 15/11/1980. https://elpais.com/diario/1980/11/15/espana/343090804_850215.html?event_log=oklogin
Vidal-Beneyto, J. La victoria que no cesa. *El País.* 14/12/1980. https://elpais.com/diario/1980/12/14/opinion/345596411_850215.html

[22] Gabriel y Galan, J.A. El pacto de silencio. *El País.* 20/02/1988. https://elpais.com/diario/1988/02/20/opinion/572310009_850215.html

[23] Filósofo, sociólogo e politólogo, socio fundador de El País, e que é recoñecido pola súa postura crítica coa transición. Artigos publicados o 15 de novembro de 1980 e o 14 de decembro do mesmo ano.

[24] Gabriel y Galan, J.A. El pacto de silencio. *El País.* 20/02/1988. https://elpais.com/diario/1988/02/20/opinion/572310009_850215.html

Nota: as citas literais da bibliografía académica serán traducidas ao galego. As demais citas manteranse no idioma orixinal.

memoria de finais dos 90 e principios dos 2000 e outros movementos sociais como o 15M. Estes incluían na base do seu discurso esta postura crítica co xeito no que se tería realizado a transición dende a ditadura, achacando a este período as deficiencias do sistema democrático no tempo presente (Álvarez e Lovaglio, 2013, p.502).

En conclusión, esta postura crítica define o proceso en base a un silencio configurado dende as elites políticas. Conformouse así, paulatinamente, un debate entre a corrente hexemónica que defendía o carácter modélico da Transición, e estoutra corrente, que cada vez con máis forza (tanto na potencia da crítica como no número de subscritores) cuestionaba tal carácter, empregando entre outras cuestións, o tratamento da memoria do pasado traumático[25]. A historiografía entrou neste debate, da man de Paloma Aguilar e Santos Juliá, cuestionándose polo lugar que ocupou a memoria do pasado traumático durante a Transición.

O debate na historiografía: vontade de esquecemento fronte á obriga do silencio

Considerada xa un clásico no debate sobre a memoria histórica, a obra titulada *Memoria y olvido de la Guerra Civil española* de Paloma Aguilar (1996) abordou, por primeira vez dende a historiografía, o debate sobre a construción do pasado traumático na Transición. A autora considerou que, durante a Transición, a sociedade consensuou, non tanto un relato unívoco do que acontecera, pero si a aprendizaxe derivada de dita experiencia traumática, isto é, a asunción dunha culpabilidade compartida abandeirada no lema do "nunca máis". Un nunca máis, por outra parte, ben diferente, a aquel "nunca máis" europeo que denunciaba abertamente o fascismo.

Neste caso Aguilar refírese a existencia dun consenso para non converter o pasado en arma arreboladiza, esqueceríanse, pois, os rancores do pasado e faríase un "borrón e conta nova" para construír un futuro de convivencia democrática. Deste xeito, fala dun "recurso ao silencio", que supuxera para moitos certas renuncias pero que lograra un obxectivo máximo para todos: esa consolidación democrática[26]. Anos máis tarde, no 2008 e en pleno proceso de proliferación dos movementos memorialistas, Aguilar reedita e actualiza a súa obra. Nela, recoñece como ese esquecemento provocou que as vítimas non acadaran as suficientes medidas reparatorias pero aínda así segue a incidir nun desexo da maioría dos españois por esquecer, fronte a acusación de que isto fora culpa das elites políticas.

Esta afirmación desmentiríase pola nova corrente de debate que estuda os desexos de moitos cidadáns por recordar xa dende a propia morte de Franco, así como os instrumentos coercitivos despregados para impedilo. Corrente na que a autora, anos despois, podería enmarcarse, ao publicar diversos artigos sobre as exhumacións na Transición (Aguilar, 2017; Aguilar, 2019). E é que, por riba de todo, cabería preguntarse se pode haber unha vontade real dos cidadáns sen existir unha forma directa de que esta sexa expresada. Esta pregunta non tivo

[25] A modo de exemplo sinalamos os postulados dos sociólogo Gil Calvo (2000) na revista *Claves de Razón Práctica* que, aínda realizando unha lectura positiva no seu conxunto da Transición, considera que o carácter bifronte do pacto do esquecemento trocou a amnistía da oposición pola amnesia dos crimes franquistas. Convinte e acertado por "por o marcador a cero" , perverso por sentar "o precedente da impunidade dos gobernantes, incentivando posteriores extralimitacións do poder" (p.10). Tamén continúa dende o eido internacional, como Rigby (2000), defendendo a existencia dunha amnesia colectiva xeralmente aceptada, subordinada á necesidade de garantir a transición pacífica cara á democracia parlamentaria." (p.73) Ou coas teses do politólogo Juan Carlos Monedero.

[26] Posteriormente Aguilar (2001) analizaba o debate académico arredor das consecuencias que tiveron a amnistía, a política de reconciliación nacional e a subseguinte ausencia de purgas, xuízos e comisións de verdade, sobre o funcionamento da democracia.

cabida nesta primeira rolda de estudos sobre a memoria na Transición, unhas primeiras aproximacións nas que se falaba da sociedade no seu conxunto, que tería asumido un papel conciliador decidindo mirar cara o futuro e, por tanto, esquecendo os rancores do pasado.

Nesta liña historiográfica resulta indispensable sinalar as teses do historiador Santos Juliá, que xa dende os seus artigos no xornal *El País* na décadas dos 90, plasmaba algunha das súas argumentacións básicas sobre este tema. Entre eles salientamos o artigo *Saturados de memoria*, de 1996, onde, fronte á crítica desatada pola negación á conmemorar o 50 aniversario do inicio da guerra por parte do goberno socialista, consideraba que existiu unha atención á cuestión "desbordante". Denunciaba así a aqueles que, coma Paul Preston, consideraban que existira un pacto de silencio, fronte ao que el interpretaba como "o acontecemento da nosa historia con más toneladas de libros", advertindo: "Roza ya el límite de lo grotesco insistir en un fantasmagórico pacto de olvido como explicación de supuestas lagunas en la historiografía de la guerra civil"[27].

Elementos nos que seguiu a incidir en numerosas publicacións posteriores, coma no texto innumerablemente citado *Echar al olvido* (2003) onde se laiaba polo cambio sufrido na percepción da lei de amnistía de 1977. Celebrada no seu momento como un pacto de reconciliación entre os bandos, e que pasaría a ser denunciada como un consenso baseado nun pacto de silencio[28]. O autor trataba de desmontar esta argumentación converténdose nunha referencia clásica sobre a que pivotaron moitos dos historiadores posteriores que atenderon a este debate. Así, para Juliá (2003) seguindo a lóxica dos procesos de recordo e esquecemento individual, en España produciuse unha vontade de esquecemento colectiva. Para o cal debeu existir previamente un recordo que se traería á memoria, para finalmente decidir esquecelo. O que el chamou "esquecemento consciente" e que sería saudable non só para os individuos, senón tamén para as sociedades. Deste modo, defendía que a lei de amnistía de 1977 se promulgou nun contexto no que se recordaba o acontecido pero "non de modo que se alimentara co seu recordo o conflito nin se empregara como arma da loita política, senón de modo que sobre el puidera estenderse unha amnistía xeral" (p.112). Estas afirmacións sostenas enumerando o que para el eran amplas publicacións sobre a "guerra civil". "Investigamos, publicamos e falamos do noso recente pasado ata a saciedade" (p.113).

En canto á postura deste autor, para concluír, debemos realizar dúas puntualizacións. A primeira, as limitacións metodolóxicas detectadas nas súas múltiples afirmacións[29]. Hoxe, cabe demostrada a inexactitude de considerar o período da guerra como amplamente estudado. Resultando cuestións contrastadas, tanto as dificultades que afrontaron os investigadores e investigadoras para acceder aos arquivos, así como o déficit de estudos sobre diversos elementos fundamentais para unha análise completa do fenómeno violento desatado tralo 36, como xa sinalamos en liñas anteriores. A segunda puntualización referiríase a súa formulación reducionista sobre cuestións complexas, por exemplo ao entender a sociedade como un todo na que as decisións das elites políticas representaban ao conxunto dunha sociedade á que non se lle preguntara sobre como e que quería recordar. Durante anos, estes postulados constituíron

[27] Santos, J. : "Saturados de memoria". *El País.* 21/07/1996. https://elpais.com/diario/1996/07/21/espana/837900021_850215.html

[28] Entre os que defenden esta postura sinala a persoeiros vinculados a PSOE ou PCE como Joaquín Leguina, Nicolás Sartorius ou Felipe González, unha proliferación de reportaxes e artigos xornalísticos en España pero tamén por prensa estranxeira así como tamén autores máis vinculados co mundo académico como o xa citado sociólogo Enrique Gil Calvo (2000, pp. 106-108). Esta crítica coincide no tempo con aquel cambio de postura detectado no PSOE e PCE, que ante as posibilidades de triunfo do PP nos noventa comezan a empregar o pasado da guerra civil nos seus discursos políticos.

[29] Isto é, ausencia de investigación que avale os seus postulados.

un referente practicamente indiscutible arredor do cariz da Transición e do tratamento da memoria nela.

> A amnistía non conduciu, pois, a un silencio senón a un recordo, non a incapacidade de falar senón a vontade de falar, non foi resultado dun esquecemento senón da memoria actuante da guerra e da ditadura. Memoria que non deixou de estar presente en todo o proceso e que culminou nunha especie de pacto: posto que houbera mortos dun lado e do outro, é preciso enterralos para que os seus cadáveres non se interpoñan no camiño da democracia (Juliá, 2003, p.125).

A historiadora Josefina Cuesta (2007) afondou nesta liña argumental mantendo a amnistía como o froito dun acordo entre españois para non empregar o pasado como arma política. Así refutaba tamén a idea dunha transición amnésica e reforzaba a dunha transición "memoriosa", "silenciosa nalgúns campos, como o político ou o da xustiza, pero alimentada polo recordo colectivo (social e político) dos traumas pasados e polos recordos de persoas dun pasado reprimido, excluído ou soterrado, ou polo de vítimas desaparecidas." (p.128). Nomeaba para iso, xustamente os outros recordos, os das flores nas cunetas ou o da literatura sobre a guerra, como proba dese grito permanente de recordo. Un argumento curioso se temos en conta aqueloutros estudos que, como veremos, analizarán os múltiples obstáculos que estas accións tiveron que sortear, procedentes precisamente de quen producía a narrativa dominante da reconciliación, xa fosen medios de comunicación coa súa falta de cobertura, ou institucións coas trabas legais e burocráticas. Esta liña historiográfica e, en concreto a defensa dunha investigación histórica suficiente, continuou nos seguintes anos nos postulados doutros historiadores (Pasamar, 2014, Chaves, 2012). O que non impediu a introdución de certos matices, como a crítica ao non tratamento do pasado traumático unha vez a Transición finalizou, principalmente a partir da vitoria do PSOE en 1982 (Molinero, 2010, Sevillano, 2000).

Neste sentido convén salientar a análise de Julio Aróstegui (2006). O autor identificaba unha memoria dominante da reconciliación nada nos anos 70 da que era portadora aquela xeración de fillos que tería protagonizado a Transición, e que quería superar a ditadura. O autor, na definición desta memoria da reconciliación, incluíu certos matices críticos. Por un lado salientaba a ausencia de fontes de evidencia histórica sobre como era realmente a memoria na sociedade, ao tempo que cualificaba de polémica a posición do goberno español no comunicado do aniversario do golpe en 1986 ao equiparar os bandos da guerra co obxectivo posto en "forzar o esquecemento da guerra civil" (Aróstegui, 2006, p. 86). Neste senso identificaba unha nova corrente interpretativa elaborada polos autores que vían neste proceso un verdadeiro "pacto de silencio".

E é que fronte a unha visión triunfalista do proceso transicional comezaron a emerxer, xa dende os propios anos 80, os postulados historiográficos daqueles que a rebatían considerando que se produciu unha ocultación da memoria sobre o pasado traumático e que esta non foi froito dunha decisión colectiva senón dunha imposición. Iniciouse primeiramente dende as páxinas de revistas e xornais onde cabe salientar o debate entre Javier Tusell e Vicent Navarro (Yeste, 2010)[30]. Navarro discutía a argumentación arredor da equiparación de culpas apuntando xa a un elemento que será vital para esta nova corrente emerxente: a necesidade de diferenciar a

[30]Tusell, J. Por una política de la memoria. *El País*. 17/07/2000. https://elpais.com/diario/2000/07/17/opinion/963784815_850215.html
Navarro, V. La transición no fue modélica. *El País*. 17/10/2000. https://elpais.com/diario/2000/10/17/opinion/971733611_850215.html

violencia franquista da republicana[31]. Cuestión que o relato das culpas compartidas evitaba abordar.

O salto deste debate ás páxinas académicas viu da man da discusión entre o investigador Francisco Espinosa e o máximo referente da corrente clásica que vimos de citar, Santos Juliá, configurándose como o debate historiográfico máis mencionado en torno ao tratamento da memoria traumática no Estado español. Así Espinosa (2007) cuestionaba as argumentacións de Santos Juliá sobre unha suposta "saturación de memoria". Ao contrario, non se investigara o pasado da represión franquista, nin se recuperara ningunha memoria, manténdose os lugares de memoria do franquismo. Para construír a súa posición o autor aludía á falta de acceso a arquivos, os episodios de censura de certas publicacións ou a ausencia de estudos no ámbito académico sobre a represión franquista ata os anos 90 (pp. 9-10)[32]. Tamén caracterizaba as exhumacións realizadas na Transición precisamente como un exemplo dese pacto de silencio ao describir ás condicións nas que se fixeron, sen apenas cobertura mediática e sen persoal nin medios axeitados. Estas correntes interpretativas, críticas co tratamento da memoria traumática na Transición, subscritas por un número crecente de investigadores, desenvolvéronse e evolucionaron nun diálogo determinante coa historiografía do propio pasado traumático.

Consideramos importante atender a aquela corrente que, ao estudar a violencia golpista do 36, chega á determinación de que se trata dunha violencia exterminadora. Moi lonxe, por tanto, da visión guerracivilista dominante. Deste modo, enténdese que tralo golpe militar do 36 ten lugar un proceso de eliminación de persoas e que a última etapa dese proceso consiste na súa negación, fenómeno que tería a seu momento cumio na transición á democracia (Míguez, 2014). Deste xeito aquel chamado "pacto de esquecemento" como un acordo modélico de reconciliación, entendese agora superando tamén o concepto de "pacto de silencio". Isto é, en termos de ocultación dun xenocidio e polo tanto de impunidade sistemática. Este proceso tería como máximo expoñente, a lei de amnistía de 1977 ao terse aprobado sen que ningún tipo de proceso de xustiza transicional se fixese efectivo previamente, equiparando os delitos cometidos por quen se opoñía á ditadura e os cometidos polos perpetradores de crimes de lesa humanidade. O que conforma a base fundamental desa ideoloxía da reconciliación, a culpabilidade compartida dunha guerra entre irmáns, sobre a que se constrúe a democracia española (Míguez, 2014; Del Río, 2013, De la Cuesta e Odriozola, 2018; Rodrigo e Ledesma, 2006).

A comprensión desta lei de amnistía como política de desmemoria por antonomasia, segue a vertebrar os límites da actuación dentro do Estado español na actualidade, polo que a análise deste lei, e por tanto do período transicional, está presente nunha boa parte dos estudos sobre políticas de memoria actuais. A modo de exemplo, no ámbito das ciencias xurídicas, resaltamos os postulados de Javier Chinchón (2012) considerando a Transición, en base á vixencia desa lei de amnistía, como un modelo de esquecemento do pasado absoluto. Ou dende a antropoloxía social na interpretación de Marina Montoto (2019) como unha lei que inauguraría o proceso que culmina na denominada querela arxentina interposta por vítimas e asociacións memorialistas a partir do 2010.

[31] Este debate arredor da Transición refléxase tamén no libro colectivo *Memoria del olvido*, reeditado en 2024 e publicado por primeira vez en 2004. Destacamos os textos de Navarro (2024), describindo a Transición como amnésica, Monedero (2024) que describe a construción da democracia dende a Transición e por tanto en oposición á República e poñendo en relación o caso español co contexto europeo. E por último León (2024), coa súa análise da xeración de mozos e mozas que viviu a Transición.

[32] Sen ningunha tese doutoral sobre a represión franquista ata os anos 90, exceptuando algunhas investigacións sobre o tema que saen á luz a partir de 1982, sendo, iso si, moi minoritarias (Espinosa, 2007).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

As achegas historiográficas centradas no estudo das accións memorialistas que, como esta querela, sitúan no espazo público ese pasado traumático negado, son de especial relevancia na presente investigación. Unha investigación que, como xa sinalamos, ten como obxecto de estudo precisamente estas accións da memoria durante a Transición. Abordaremos, pois, o estado da cuestión sobre o estudo das accións memorialistas no Estado español, con especial énfase no período transicional.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1.2.ESTADO DA CUESTIÓN

Definiuse o obxecto de estudo deste traballo como o daquelas accións que se realizaron no espazo público durante a Transición, e en concreto no período entre 1976 e 1986, relacionadas coa memoria traumática do golpe de estado do 36, do franquismo e de todas aquelas violencias derivadas destas, coma por exemplo o cuestión dos refuxiados ou da guerrilla. Un fenómeno para o que empregaremos o termo "accións da memoria" e no que se enmarcarían, entre outras, homenaxes como as descrita ao inicio do anterior apartado, nun cemiterio coa presenza de familiares, das vítimas sobreviventes, de militancia política e da reivindicación da memoria como elementos protagonistas.

É obxectivo das seguintes páxinas deterse na atención da historiografía a este fenómeno, para o que decidimos dividir o noso obxecto de estudo en dúas dimensións de análise directamente relacionadas coa natureza do actor impulsor. Por un lado aquelas accións colectivas realizadas por actores da sociedade civil, sexan estes familiares das vítimas, asociacións ou organizacións políticas. Por outra banda as accións levadas a cabo por actores institucionais, xa sexa o propio estado central, as comunidades autónomas ou os concellos. En base a estas dimensións realizarase unha revisión bibliográfica que achegue luz sobre as cuestións xa analizadas, as preguntas por responder e os baleiros existentes na devandita literatura. Como é habitual nas revisións historiográficas esta estruturarase en relación ás distintas etapas de produción das obras, ao terse identificado unha ligazón entre o momento de realización das mesmas e a definición dos temas e enfoques que conteñen.

1.2.1. Historiografía das accións memorialistas da sociedade civil

A conformación dunha liña investigadora centrada no estudo das accións da memoria xorde en íntima relación co propio movemento memorialista, que a partir dos anos 2000 colle forza no Estado español. Esta relación materialízase nunha evolución en paralelo do movemento e das achegas historiográficas. Deste xeito, os primeiros estudos sobre esta temática sitúan o foco de análise precisamente no sucedido de xeito coetáneo, con unicamente pequenas referencias ao acontecido nos anos 70 e 80. Cuestión que varía nunha segunda serie de estudos, á vez que tamén o fan as demandas dos movementos de memoria que trala bloqueo do Estado español a aplicar os parámetros de xustiza cuestionarán, dun xeito cada vez máis explícito, a visión consensual da Transición. Todo o cal, como vimos, tamén foi obxecto de debate dentro da historiografía. Será neste contexto no que emerxan unha nova serie de investigacións centradas na análise das accións memorialistas na Transición. Preguntándose, por tanto, se se recordaba, e como se facía, cando o relato dominante era a necesidade de esquecer un pasado doloroso para poder mirar ao futuro. Revisaremos, por tanto, este corpus teórico, partindo dos primeiros estudos que tiveron o foco de análise no movemento memorialista dos 2000.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1.2.1.1.A historiografía do movemento memorialista do novo milenio

1.2.1.1.1. Priaranza como o inicio de todo

As primeiras análises deron a luz arredor dos anos 2005 e 2006 coincidindo co salto á esfera institucional das demandas das asociacións memorialistas. Isto é, ás portas da aprobación da chamada popularmente como "lei de memoria histórica"[33] primeira en ser promulgada a nivel estatal trala aprobación meses antes da norma catalá[34]. Estes estudos, destacando os realizados polos historiadores Ángel del Río (2005) e Sergio Gálvez (2006), centráronse en determinadas dimensións de análise que configuraron un prisma concreto dende onde analizar o proceso. En primeiro lugar a identificación dun mesmo punto de inicio: a exhumación no ano 2000 dunha fosa común en Priaranza del Bierzo (León). Considerada a primeira exhumación levada a cabo por un neto de vítimas, Emilio Silva, quen impulsaría a Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica (en diante ARMH). Esta asociación, á súa vez, consideraríase a precursora de ducias de asociacións ao longo de todo o estado creadas ao abeiro do camiño marcado por esta, polo seu impacto mediático e tamén simbólico. En segundo lugar, a caracterización como un movemento composto principalmente polos chamados "netos da guerra" que non interiorizaron o terror e que conformaron a súa conciencia política nos anos da Transición mediante a militancia en organizacións sociais, políticas e sindicais de esquerda. Moitos deles terían sufrido unha etapa de desencanto durante os gobernos de Felipe González, co cal o proceso de recuperación de memoria histórica suporía "a revelación dunha identidade política perdida, razón pola que se uniron de xeito coherente e afectivo contra as inxustizas que cometeron cos avós, vítimas do fascismo" (Del Río, 2005, p. 137) . Por outra banda definíronse os obxectivos do movemento partindo dun obxectivo xeral, o de "demostrar física, xurídica e historicamente o plan de exterminio perpetrado polos sublevados" (Gálvez, 2006, p.12) concedéndolle especial atención á restitución da dignidade humana dos familiares e descendentes das vítimas así como dos propios superviventes. Algo que se interconectaría coa promoción das exhumacións de fosas comúns, ao que lle daría o peso de "símbolo"[35].

Pero a cuestión que máis nos interesa sobre estas primeiras achegas, tendo en conta o noso obxecto de estudo, é a análise do que describiron como orixe do fenómeno memorialista actual, isto é, o acontecido na Transición. Así, aínda que abordado dun xeito superficial, nelas identificamos o necesario punto de partida sobre o que se conformaron as investigacións futuras, incluída a nosa. Así, facían referencia a existencia nos anos 70 de iniciativas de reparación das vítimas e "represaliados polo franquismo" e das primeiras exhumacións de fosas comúns por parte de familiares, puntualizando xa o descoñecemento do seu alcance ao producirse de xeito "semiclandestino". Tamén se mencionaron certos antecedentes ao asociacionismo memorialista dos 2000, como a Associació d´Expresos Politics de Catalunya (1976). Subliñando o intenso traballo, apenas coñecido, realizado por estas asociacións (Gálvez, 2006, p.34). Pero, por outra parte, estes antecedentes asociacionistas comparáronse coa aparición da ARMH no 2000, que, ao contrario do acontecido na Transición, deu lugar a

[33] Lei 52/2007 do 26 de decembro pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas en favor de quen padeceu persecución ou violencia durante a guerra civil e a ditadura.
[34] Lei 13/2007, do 31 de outubro, do Memorial Democràtic do goberno de Catalunya.
[35] No concreto algúns dos obxectivos máis relevantes serían a promoción de iniciativas institucionais para a busca do recoñecemento e da reparación das vítimas, a anulación dos procedementos xudiciais realizados durante a ditadura, a busca dunha solución definitiva á cuestión das fosas comúns, eliminación da nomenclatura e simboloxía franquista do espazo público e a creación dun arquivo sobre a guerra civil e a ditadura (Gálvez, 2006).

múltiples asociacións de carácter local, comarcal, provincial ou autonómico, "independentes unhas doutras, pero articuladas por obxectivos comúns e o intercambio de experiencias" (Del Río, 2005, p. 5). De todos modos, esta atención a asociacións memorialistas nos anos 70 resulta unha excepción á norma, sendo o máis habitual nese tipo de estudos restrinxir a referencia ás exhumacións[36].

Por outro lado, ambos autores identificaron unha interrupción abrupta destas iniciativas tras o intento de golpe de estado do 23 de febreiro de 1981, iniciándose un período de silencio exemplificado na baixa repercusión do cincuenta aniversario do inicio da guerra civil en 1986. Unha premisa que, como veremos, repítese nos estudos posteriores. Este etapa de silencio finalizaría a finais dos anos 90 nun proceso de emerxencia dunha "sensibilidade social" que non tería existido nas décadas anteriores, pese ás incesantes peticións de reparación das vítimas. Así, a aparición desta sensibilidade social entenderíase, por un lado na ofensiva do PP como axente discursivo dunha revisión da historia sobre a "guerra civil" e o franquismo e por outro na nova estratexia do PSOE (facendo visible ás vítimas e vinculando o franquismo co PP). Pero ademais resulta preciso entender esta emerxencia polo papel activo dos grandes medios de comunicación que terían patrocinado a estratexia do PSOE, en especial o grupo PRISA. Todo o cal conformaría o caldo de cultivo idóneo para o xurdimento dos movementos sociais da memoria dos 2000 (Gálvez, 2006, Del Río, 2005).

Ademais das análises dos historiadores Gálvez e Del Río, pioneiros en abordar o estudo destas accións da memoria dende a historiografía, convén sinalar a produción bibliográfica levada a cabo a través da revista *Hispania Nova* que editou o dossier *Generaciones y memoria de la represión franquista: un balance de los movimientos por la memoria*. Neste publicáronse algunhas achegas de interese sobre o fenómeno memorialista (Fernández de Mata, 2006; Ramblado Minero, 2007; Ferrándiz, 2007, Fouce, 2007), ademais de artigos escritos por participantes das propias asociacións, e que por tanto poderíamos considerar máis achegados a fontes que a estudos académicos.

Precisamente cun carácter híbrido, ao estar escrito por un activista memorialista, Emilio Silva, e un politólogo, Ariel Jerez, convén ter en conta a análise asinada por ambos sobre os movementos sociais da memoria contemporáneos, onde facían referencia á existencia dun intento de loita pola xustiza e contra a impunidade que se tería pechado co 23F. Os autores centraban tamén a atención nas exhumacións, denominándoo como un novo movemento social "que se inicia na ribeira Navarra e La Rioja e se estende a Soria, e vai salpicando municipios ao longo e ancho do Estado"(Jerez e Silva, 2008, p.3)[37]. Neste mesmo senso Francisco Espinosa (2006) dedicou un espazo considerable á descrición das primeiras exhumacións de carácter público feitas trala ditadura[38], na que resaltamos a análise do caso de Torremejía (Badajoz). Unha exhumación que foi referenciada en numerosas ocasións pola súa forza

[36] Outro dos poucos estudos que se deteñen na análise preliminar deste asociacionismo, aínda non sendo o movemento memorialista o obxecto principal do mesmo esta asinado por Javier Rodrigo e Jose Luis Ledesma (2006), definíndoas como "asociacións de carácter reivindicativo, integrados na súa maioría, ademais de por ex combatentes, ex presos políticos ou antigos guerrilleiros e enlaces do maquis, por persoas cuxo nexo común era non compartir a cosmovisión do "nunca máis"- entendida como repartición equitativa de culpas retroactivas- pero pertencentes, sobre todo, á xeración de fillos da guerra, cunha perspectiva de "activismo pola memoria" enclavada eminentemente nunha estratexia de "loita política"" (Rodrigo e Ledesma, 2006, p. 250).

[37] Aínda que tamén se fan eco dalgunhas accións realizadas máis alá das exhumacións como sería o "escrache" a un xefe falanxista local en Calahorra en 1981 ou a creación do Tribunal Cívico Internacional Contra los Crímenes del Franquismo impulsado polo PC (m-l) en 1979.

[38] F. Espinosa baséase nos datos doutro historiador Cayetano Ibarra, que se atoparía, neses intres en plena indagación sobre o proceso. Polo de agora non atopamos ningún estudo publicado por este autor sobre este tema.

paradigmática, ao identificarse nela diversas lóxicas imperantes durante o período[39]. De todos os xeitos, e tanto para a análise do acontecido na Transición como para o que acontecía de xeito contemporáneo, debemos ter en conta certos aspectos sobre esta primeira etapa de análise:

- Fraxilidade da investigación: na meirande parte dos casos carecíase dunha investigación sólida ou ampla detrás. Debemos ter en conta que se trataba dun momento no que a historiografía centraba a súa análise na propia violencia golpista e franquista e no que o estudo destas accións convivía no presente cos propios protagonistas dos mesmos, dando lugar a relacións complexas.
- Pouca ou ningunha atención ao acontecido antes dos 2000: aínda que nestas liñas resaltamos as referencias a certas accións na Transición, ese "Priaranza como inicio de todo" manifesta unha idea dominante que consideraba este "movemento social" como algo novo. Deste modo, as poucas veces que se tiña en conta o acontecido na Transición líase en termos de antecedentes do actual, o que á súa vez poñía o foco de atención principalmente nas exhumacións, actividade central tamén do movemento nos 2000.

A literatura sobre este fenómeno verase reforzada no que consideramos unha segunda etapa bibliográfica, en estreita relación coa evolución discursiva que sofren os denominados movementos memorialistas a partir do ano 2010.

1.2.1.1.2.A impunidade do franquismo no centro do discurso

Esta segunda etapa de análise tivo unhas características en boa medida definidas polos cambios sufridos nas asociacións memorialistas, que batían de fronte contra unha determinada resposta do Estado español. Esta resposta está conformada por varias derivadas, por un lado a realizada dende o ámbito lexislativo e executivo, e por outra banda a xudicial, nun proceso que desembocou finalmente na transformación do movemento memorialista nun movemento social que reivindicou a aplicación, ao caso español, da xustiza universal e que, polo tanto, se configurou como un movemento contra a impunidade do franquismo (Ferrándiz, 2010).

Este proceso iniciouse ao detectarse graves limitacións na xa citada lei de memoria histórica do 2007[40], polo que xa a partir de decembro de 2006 os colectivos memorialistas dirixiron as súas demandas cara o sistema xudicial nacional, en concreto cara o Xulgado Central nº5 da Audiencia Nacional "solicitándolle que se declarara competente para investigar e xulgar presuntos delitos de detención ilegal" (Ferrándiz, 2010, p. 167). Declaración que se produce nun auto de outubro de 2008 cando o xuíz Baltasar Garzón se declara competente para investigar feitos que considera crimes asimilables á categoría de lesa humanidade. E, polo tanto, extraendo o caso español da excepcionalidade na que estivera inmerso durante décadas. Este avance paralízase poucas semanas despois, en virtude do recurso interposto polo fiscal xefe da Audiencia Nacional, Javier Zaragoza e o auto da sala do penal de decembro dese mesmo ano. A argumentación para considerar que no se podían investigar estes crimes pivotou precisamente sobre a lei de amnistía de 1977. Cuestión fundamental para a comprensión desta

[39] O alcalde da localidade, Benito Benitez Trinidad, de condición humilde, a petición dun grupo de veciños, leva ao pleno o acordo para exhumación do fosa común de trinta e tres persoas asasinadas no 36. A exhumación realízase e o alcalde é levado a xuízo (embargándolle o único ben que tiña, unha vaca) acusado de malversación de fondos e ter actuado sen permiso sanitario. Finalmente é absolto.

[40] Entre elas o tratamento aos desaparecidos, que non aborda directamente o problema das fosas comúns ou a declaración de ilexitimidade (non nulidade) dos tribunais franquistas.

evolución no discurso dos colectivos memorialistas, que finalmente identificaron como impunidade a falta de vontade do estado para recoller as súas demandas. E que continuou materializándose nos seguintes episodios deste proceso, coa admisión a trámite do Tribunal Supremo dunha querela interposta polo sindicato de corte falanxista Manos Limpias e por Falange Española y de las JONS, acusando ao xuíz Garzón de prevaricación por terse considerado competente para investigar os crimes franquistas.

Un feito que tivo a súa repercusión directa nas propias accións das asociacións memorialistas que organizaron manifestacións en diversas cidades do estado en maio do 2010 no "acto público de reaparición das vítimas do franquismo máis masivo dende o inicio do ciclo máis recente de exhumacións de fosas comúns da Guerra Civil no ano 2000" (Ferrándiz, 2010, p.183). Estas manifestacións apoiaron a decisión de Garzón de encadrar os crimes franquistas no marco dos crimes contra a humanidade. Unha tipificación "que poñía en cuestión acordos políticos de envergadura como a Transición española, a Lei de Amnistía ou as propias políticas públicas da memoria como a lei 52/2007" (Ferrándiz, 2010, pp.188-189).

Deste modo, finalmente dirixíronse as actuacións cara fóra do Estado español ao detectarse xa ese peche de camiños que consolidarían os autos da Audiencia Nacional e se liquidaría mediante a sentencia do Tribunal Supremo do 2012 no que se resolvía a cuestión reafirmando a imposibilidade de xulgar os crimes do franquismo (Ferrándiz, 2016). É entón cando o discurso vinculado á xustiza universal alcanza a súa máxima intensidade coa presentación da denominada "querela arxentina". Unha querela que continúa o seu traxecto ata día de hoxe e que tamén deu lugar a respostas do Estado español que semellan reafirmar a súa actitude contraria á posibilidade de que os crimes franquistas poidan ser xulgados (Morgade e González-Cacheda, 2020). Todo o cal segue a consolidar esa evolución do movemento memorialista á que vimos facendo referencia, na que a crítica ao proceso transicional e a denuncia aberta da impunidade do réxime franquista constitúen os piares fundamentais. Esta evolución é estudada por diversos autores de xeito coetáneo, entre os que destacamos a Francisco Ferrándiz (Ferrándiz, 2016; Ferrándiz 2014; Del Río e Talego, 2014, Jerez, 2013).

Xustamente neste contexto de crítica aberta á Transición por parte dos movementos memorialistas, a historiografía sobre a Transición vai sufrir un proceso similar, evolucionando dende as teses que defendían o seu carácter modélico cara aquelas outras nas que se fala xa do "mito da transición" e da sacralización do "consenso" (Prada, 2019; Baby, 2018; Rodríguez, 2015)[41]. Deste modo, nos últimos vinte anos, fóronse consolidando novos enfoques historiográficos que analizan este pasado arredor de novos elementos que non teñen acomodo naquela visión mitificada da Transición, como por exemplo o papel da violencia política ou, o que nos interesa de xeito especial, as reivindicacións arredor da memoria traumática do 36.

O estudo das accións da memoria na Transición produciuse nun continuo crescendo, dende as achegas onde soamente se falaba delas como antecedente do actual movemento da memoria histórica, ata desembocar nas primeiras investigacións que centran nelas o seu foco de análise, dando nacemento ao que demos en denominar "historiografía das accións da memoria na Transición". Marije Histrova (2007)[42] inaugura ese grupo de estudos, elaborados

[41]Enriquecendo, por tanto, un estudo da Transición que se tería iniciado dende a interpretación dun deseño de laboratorio onde as elites dominaron exclusivamente o proceso, e no que terían emerxido interpretacións que pola contra valoraban o proceso en base ao empurre da mobilización social, entre os anos 80 e 90. O enriquecemento desta historiografía se consolidaría neste novo milenio, coa aparición de grupos de investigación e revistas especializadas que van analizando o proceso dun xeito máis complexo (Prada, 2019).


[42] Este traballo será citado polo antropólogo Francisco Ferrándiz (2014) no seu estudo sobre as exhumacións contemporáneas, nas que vai identificar diversos ciclos de exhumacións dende o 36, cun deles nos anos 70 e 80. Precisamente esta autora formará

principalmente na segunda década dos 2000, onde na análise das exhumacións de vítimas do franquismo amósase un interese nuclear polo acontecido nos anos 70 e 80.

1.2.1.2. A historiografía das accións memorialistas na Transición. "Trala morte de Franco".

Resulta cando menos curioso que a primeira investigación no ámbito académico sobre o acontecido nos anos 70 e 80 en torno ás exhumacións de vítimas do franquismo, se realice fóra de España. Marije Hristova escribiu en 2007 a tesina en Historia Contemporánea na Universidade de Groninga, titulada *Memoria, olvido y la apertura de fosas comunes de la guerra civil en 1978-1981 e 2000-2006*[43]. Pioneira ao constituír o período da Transición unha parte central do obxecto de estudo e non un aspecto tanxencial. Exceptuando o de Hristova (2007), que podemos considerar a punta de lanza deste tipo de estudos, comprobaremos como o criterio cronolóxico para a revisión do estado da cuestión segue sendo válido nesta etapa, que se delimitou maioritariamente a partir da segunda década do século XXI. E, en concreto, entre o ano 2015 e o 2020.

Gráfico 3. Evolución analítica da historiografía das accións da memoria na Transición



Fonte: elaboración propia

parte, a partir de 2013, do equipo liderado por Ferrándiz que, en base a diversos proxectos de I+D+i, acadados dende finais da primeira década do século XXI , ven estudando as exhumacións deste século como ferramentas de verdade, xustiza e reparación "que están transformando de maneira radical os modos de xestión do pasado traumático" . A partir de diversos proxectos que foron consolidando este equipo de traballo, este ven realizando unha ampla produción científica en torno á análise das exhumacións contemporáneas en perspectiva transnacional e atendendo especialmente ao peso das técnicas forenses e o discurso e prácticas dos dereitos humanos nelas. Entre o grande equipo transversal de profesionais que o conforman destacamos dúas novas investigadoras que realizarán senllos estudos do noso interese, Marije Hristova e Zoé de Kerangat.

[43] Cuestión que por outra banda non será unha novidade, como xa acontecera cos hispanistas, Heine ou Fraser. Hristova escribe baixo a coordinación de A. De Baets e tendo como segundo lector a Julio Aróstegui da UCM.

Poderiamos dividir os estudos en dous grandes grupos, por un lado aqueles que analizan o acontecido nos anos 70 e 80 pero que en certa medida o seu foco de análise tamén se sitúa no movemento social dos 2000. E aqueloutros que centran xa a súa análise no acontecido unicamente na época da Transición como sintetizamos no Gráfico 3.

1.2.1.2.1..A Transición incorpórase á análise, a comparación cos 2000

A comparación ou a análise da evolución das accións exhumatorias entre aquelas executadas nos anos 70 e aqueloutras realizadas nos 2000 foi o marco no que se moveron diversos estudos inaugurados coa investigación de Hristova (2007)[44]. A nivel terminolóxico diferenciamos aqueles que os consideraron dous movementos sociais (Hristova, 2007) ou aqueloutros que o entenderon como unha evolución do mesmo movemento dende a Transición aos anos 2000 (Marco, 2015; López-López, 2015). Pese a estes dous puntos de vista, na práctica ambos postulados trataron de atender ás diferenzas e similitudes entre os dous momentos.

A delimitación temporal do fenómeno realízase tamén con algunhas variacións segundo os autores. Mentres Hristova (2007) marca o inicio en 1978, outros anteceden o inicio a 1975 (Marco, 2015) ou incluso aos últimos anos da ditadura. En concreto a 1965 coa fundación por un grupo de expresos políticos da Asociación de Expresos y Represaliados Políticos Antifranquistas (López-López, 2015)[45].

> Aínda que o movemento inspírase e se volve sobre o local, trátase dun movemento que se estendeu por gran parte de España. Ademais foron actos extensísimos. Os funerais e actos conmemorativos atraían a miles de persoas non soamente aos familiares directos, senón a xente comprometida de toda a zona (Hristova, 2007, p. 44).

Unha extensión territorial que sitúa ao movemento con especial forza en La Rioja, Navarra e Extremadura, pero que tamén se estuda para Castela e León (Colmenares, 2021) ou Andalucía, coa exhumación de Villanueva de la Concepción, en Málaga (Barranquero e Prieto, 2018). Analízase, pois como un movemento espontáneo, eminentemente rural, de abaixo á arriba, que sen coordinación, xurdiría en distintos puntos da xeografía española coa exhumación de centos de corpos da violencia franquista (Marco, 2015, p.4). O que contrastaría co sistema bottom-up (arriba a abaixo) que caracterizaría ao movemento nos 2000 conseguindo a súa expansión territorial a través da creación dunha asociación estatal. Para o cal se atendería á diferenza entre os actos multitudinarios das inhumacións na Transición e o carácter privado destes actos nos 2000 (Hristova, 2007, p. 70)[46].

[44] Destacamos o carácter investigador da achega de Hristova (2007) que, aínda que cun carácter preliminar extrae as súas conclusións tralo estudo de diversas fontes entre as que destacan as publicacións dos anos 80 de Gregorio Herrero Balsa e Antonio Hernández García (investigadores pero tamén participantes nas exhumacións), o documental *No se os puede dejar solos*, e a entrevista a María Rosario Gutiérrez (participante na exhumación de Alfaro, La Rioja). Marco (2015) e López-López (2015) pola contra, nas súas achegas analizan o fenómeno cun carácter máis reflexivo e con menor labor investigadora detrás.

[45] A visión deste autor é especialmente interesante, ao entender o movemento memorialista nunha evolución continuada dende este momento. Continuando coas primeiras exhumacións en 1977 e a vitoria da esquerda nas eleccións municipais do 79, que impulsaría numerosas exhumacións. E, aínda que como tamén sinalarían os demais estudos, estas se freasen co 23F, durante os anos oitenta e noventa seguirían xurdindo asociacións e iniciativas relacionadas coa memoria histórica Un crecemento paulatino do movemento, que se iría fortalecendo co emprego do termo "desaparecidos" e o inicio das novas exhumacións dos 2000 entre outros factores (López-López, 2015).

[46] Resulta curioso que aínda comprendéndose unha maior magnitude do fenómeno nos anos 2000, en canto á participación de persoas nos actos, xa se considere que as accións dos anos 70 80 tiñan maior capacidade de mobilización.

En canto á composición xeracional do movemento, apúntase ao que Paloma Aguilar denomina como xeración dos 60 (isto é a dos "fillos da guerra"). Unha xeración que viviu a súa adolescencia nesa década e que polo tanto, constrúe o seu ideario político nos "25 anos de paz" e o discurso lexitimador do franquismo "que se volvía sobre a paz e a reconciliación e con isto, a importancia de que os españois *nunca máis* se enfrontasen nunha contenda fratricida" (Hristova, 2007, p. 34). Esa xeración, protagonista do proceso de Transición (Gálvez, 2006), sería tamén a que comporía os líderes locais que foron impulsores do ciclo de exhumacións. Deste modo, os participantes no movemento nos anos 70 e 80 estarían empapados desta idea do nunca máis reconciliadora que nacera na ditadura. Aínda así, nela se incluirían certos matices, o que, á súa vez, os achegaría a ese outro nunca máis antifascista europeo que analizamos no apartado anterior. Así, para alcanzar a ansiada reconciliación pedíase coñecer a verdade (con diversas intensidades segundo cal fose o participante concreto). Algo que se podía palpar no simbolismo que acompañaba ás exhumacións, con referencias ao fascismo (como asasino) e á liberdade, á paz, á democracia ou á xustiza como valores polos que foron asasinados.

Polo que, en definitiva, aínda que se puidese enmarcar dentro da estratexia da reconciliación este sería un discurso diferente, e que chocaría ao definido dende as elites e difundido a través dos medios de comunicación (Hristova, 2007). De xeito que non sería casual a falta de repercusión mediática destas exhumacións, só cubertas (salvo excepcións) por prensa local e medios de comunicación alternativos. Isto comprenderíase dende a existencia dun pacto latente para non tratar certos temas do pasado entre elites políticas e medios de comunicación (Marco, 2015; Hristova, 2007). Entre estas elites incluiríanse algúns partidos de esquerda que verían con preocupación e distancia as exhumacións temendo que "unha superinflación de memoria sobre o pasado podería descarrilar o proceso pacífico cara a democracia" (Marco, 2015, p.5)[47]. A todo o cal se uniría o desinterese por un movemento que acontecía no rural e que se contraporía cunha idea de modernidade urbana coa vista posta nun futuro prometedor (Marco, 2015). Ao que habería que sumar as barreiras máis explícitas postas ás labores de exhumacións, como as trabas administrativas dos gobernos civís. Tendo en conta todo o anterior, e ante a pregunta de por que ese primeiro ciclo de exhumacións non implicou unha concienciación nacional, alúdese a esa reclusión local e a escasa repercusión na prensa nacional, así como ao nulo apoio oficial (Colmenares, 2021).

> Polo tanto, non houbo colectivo memorizador que recollera o discurso sobre a xustiza histórica que se lle debía a esa xente enterrada en fosas común. É moi difícil organizar unha presión social dende abaixo, sen apoio dos medios de comunicación (Hristova, 2007p. 74).

Pero tamén é case omnipresente nas diversas achegas a alusión ao 23F como momento paralizante, polo medo a un novo baño de sangue que "de forma consciente e inconsciente marcou as políticas dos anos vindeiros e freou as iniciativas relacionadas coa memoria, particularmente aquelas relacionadas coas fosas" (Marco, 2015, p. 7). Unicamente López-López (2015) ofrece unha visión decisivamente diferente ao non facer explícito ese parón ao que aluden a meirande parte dos autores, e considerar un movemento que evoluciona dende os 60 ata o acontecido nos 2000.

Para concluír, cremos relevante facer certas observacións arredor das limitacións máis salientables destas primeiras análises sobre a Transición:

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[47] Enténdense aquí os partidos de esquerda dentro dese pacto de consenso. Polo que se referirían aos PSOE e PCE.

- Conceptuar "as accións da memoria": como xa acontecía anteriormente, estes autores non se deteñen na análise dos termos a empregar para definir o fenómeno. No caso de existir marco teórico, este se centra no termo memoria (Hristova, 2007). Polo tanto, dáse de novo por feito que sería un movemento social, empréganse termos achegados ás teorías dos movementos sociais como os de "ciclos de exhumacións" (ciclos de protesta) pero sen chegar a construír un marco teórico sobre o mesmo.
- Delimitacións temporais: as delimitacións temporais realízanse seguindo unha tradición (dende xa os primeiros estudos sobre o movemento dos 2000) pouco apoiada en datos. Tendo como referente 1975 pola morte de Franco e 1981 polo golpe de estado.
- As exhumacións no foco de atención. A propia Hristova (2007) diferencia o movemento nos 70 e nos 2000 en tanto neste último período "reclámase o recoñecemento dos feitos polo goberno, denunciase a representación franquista daquela parte da historia no aspecto urbano, como nos nomes das rúas, as estatuas e as lápidas conmemorativas e pídese o perdón oficial". (Hristova, 2007, p. 72). Entendendo, polo tanto, que isto non se produciu nos anos da Transición. As demais achegas simplemente centran a súa análise en procesos exhumatorios, o que á súa vez produce que se delimite territorialmente o fenómeno en certas provincias do estado. Cuestións ambas que, pensamos, cometen o risco de realizar extrapolacións erróneas sobre as características clave deste fenómeno, coas exhumacións, por tanto, como únicas accións ou protagonistas indiscutibles deste período. E chegando á conclusión de que que non houbo accións que reclamasen un espazo propio, ou que denunciasen, por exemplo a simboloxía franquista.

1.2.1.2.2.A Transición no centro do debate, recordar o que non se podía recordar

Nestas estudos o contexto histórico da Transición e as características que tradicionalmente a teñen definido, isto é o Pacto do Silencio e a Reconciliación, sitúanse no centro do debate. Deste modo preguntanse como se pode conxugar a existencia duns pactos fundacionais, entendidos estes coma o desexo conxunto da sociedade española por esquecer, coa proliferación de accións memorialistas, que precisamente recordaban o que non se "quería" recordar. Trátanse de achegas, por tanto, que, seguindo as novas correntes historiográficas, poñen en cuestión ese consenso nado na sociedade española, que decidira mirar a un futuro democrático asumindo ter que esquecer o pasado traumático. Para esta análise recórrese a diversos obxectos de estudo. Así, aínda que a meirande parte seguen a centrarse nas exhumacións, comezan a desenvolverse outras investigacións cunha perspectiva máis ampla. En base a isto diferenciamos dous grupos de investigacións. Un primeiro, o máis numeroso, no que as exhumacións seguen a ser o obxecto principal de estudo. E un segundo grupo nas que o abano se abre, descubrindo un panorama moito máis extenso de accións memorialistas.

Corpos contra o esquecemento: as exhumacións de fosas comúns

Como xa tratamos con detalle, os estudos nos que se analiza a evolución do movemento memorialista ata a actualidade busca na Transición o mesmo tipo de accións que considera principais nos anos 2000: as exhumacións, facéndoo principalmente nas rexións de

La Rioja, Navarra, Extremadura e, en menor medida, nas Castelas. Esta liña de investigación continúa nos artigos centrados unicamente no período da Transición e publicados principalmente na segunda metade dos anos 20 deste século XXI, nos que emerxe un novo concepto para referirse a este fenómeno: "as exhumacións *tempranas*" (Ardoiz, Fernández e Ijalba, 2020; Jiménez, 2019; Layana e Gastón, 2019; Aguilar, 2019).[48]

Ademais dos estudos de exhumacións nos territorios xa mencionados, coas investigacións de Zoe de Kerangat , Lidia Mateo, Paloma Aguilar e Guillermo León, inclúese a análise de exhumacións en novas rexións, como por exemplo Murcia, co estudo sobre a exhumación da maior fosa común coñecida nesta comunidade, polo politólogo Juan E. Serrano (2016). Unha investigación que abre a porta á posibilidade de que o ámbito territorial das exhumacións fose, en realidade, de maior amplitude do considerado ata ese momento. Tamén se levan a cabo análises comparativos entre territorios coma os realizados entre Extremadura e Navarra lográndose definir fenómenos con particularidades diferenciais, como o cariz disperso territorialmente e apoiado por gobernos municipais de esquerda para o caso estremeño e a coordinación e organización das familias e do clero para o caso navarro (Aguilar, 2017; Ardoiz, Fernández e Ijalba, 2020).

En canto ao período que abarcan as exhumacións existen tamén variacións na delimitación temporal, sendo habitual a consideración dun período que nacería trala morte de Franco, cun auxe das exhumacións entre 1978 e 1979 para ir languidecendo despois de 1980 (Aguilar 2017, 2018). Esta cuestión é fundamental posto que modula aquela afirmación sobre o efecto disuasorio do 23 F tendo en conta que xa no ano anterior o ritmo de exhumacións comezara a frearse (Aguilar, 2018). Os vectores de análise deste grupo de achegas basculan entre tres preguntas: por que aparecen as exhumacións nese momento preciso, como se desenvolven e finalmente que relación teñen co discurso da reconciliación e do esquecemento.

Levadas a cabo sen ningún tipo de intervención técnica, impulsadas e coordinadas principalmente polos familiares das vítimas, estas exhumacións afrontáronse a un contexto hostil marcado pola ausencia das políticas de memoria (Aguilar e Ferrándiz, 2016). Así, resulta vital a configuración dunha comunidade afectiva que, de posuír unha experiencia común traumática, pasan a construír unha "memoria colectiva" (Serrano, 2016, p.155). Co desexo de devolver a dignidade ás vítimas a través do enterro dos seus restos (Kerangat, 2017), pero transcendendo o espazo privado co obxectivo de sensibilizar sobre os feitos que provocaron a morte dos seus familiares. E coa pretensión de cambiar unha serie de políticas para evitar que a traxedia se repetise (Aguilar, 2017)[49]. Configurando, por tanto, "procesos de autorreparación organizados ante a inacción estatal, a indiferenza xudicial e a presenza dunha maioría de elites políticas que non estaban dispostas a mirar cara o pasado." (Aguilar, 2017,p.3).

Dentro desta comunidade resulta salientable deternos na definición do perfil de certos participantes que actuaron como impulsores e líderes. Atopariámonos principalmente ante familiares, como o caso de Pedro Martínez, fillo dun dos fusilados na fosa común de Murcia (Serrano, 2016), de Felisa Castejada, irmán de dous dos enterrados na fosa común de Casas de

[48] Incluímos neste grupo de achegas a investigación de Mateo e Kerangat (2018) que inclúe a análise doutra acción, a proxección do documental Rocío, por ser central nela o proceso exhumatorio.

[49] Para Serrano, 2016 a experiencia da fosa común de Murcia non se producía "no resto do país" onde os familiares de republicanos atopábanse "illados entre si debido a atmosfera da posguerra, dominada pola celebración da vitoria da Cruzada" (Serrano, 2016, p. 153). Realmente isto era na meirande parte dos casos pero existían tamén moitos casos (non sabemos aínda medir o alcance) de familias que estaban unidas coma neste caso. Tamén o autor sinala á propia caracterización da violencia golpista na rexión (en contraposición con outras zonas do estado na que as tropas franquistas realizaron execucións e abriron fosas de maneira desordenada e dispersa, en Murcia centralizouse nunha única fosa común que permitiu aos familiares formar un grupo circunstancial).

Don Pedro, en Badajoz (Mateo e Keragant, 2018) e de Josefina Campos, líder fundamental na vaga exhumatoria de Navarra (Aguilar, 2018). Pero ademais tamén se identifica outro grupo promotor, o clero navarro, que iniciaba nos setenta unha reflexión conxunta sobre a necesidade de pedir perdón e na que destaca a acción de párrocos como Javier Vesperinas, impulsor da exhumación de Marcilla en 1978, primeira que se produce tanto en Navarra como en Extremadura e La Rioja (Aguilar, 2019; Aguilar, 2018). A natureza especial do acontecido nesta rexión, cunha gran coordinación entre localidades, participación conxunta de familiares de diversas fosas, papel do clero e incluso de investigadores, como Jose María Jimeno Jurio, provoca que, xa os propios participantes, a denominen dun xeito distintivo: "Operación Retorno" (Aguilar, 2019).

En canto á motivación dos participantes para decidirse a actuar, é salientable a análise da súa propia traxectoria biográfica, que axudaría na busca de certos factores explicativos (Serrano, 2016). Coma no caso de Pedro Martínez, fillo dun fusilado en Murcia, cunha difícil infancia tralo asasinato do pai, quen consideraba que non se fixera xustiza e denunciaba a posición dos partidos "de esquerda e de centro". Cincuenta anos despois dos feitos "din que non interesa levantar pantasmas e ensombrecer a vida cotiá dos españois" (Serrano, 2016,p. 157-159) Afiliado ao PSOE no 77, dábase de baixa en 1983. O seu activismo político así como as habilidades adquiridas nos seus postos de traballo foi un capital social do que se beneficiou a comunidade á hora de realizar os trámites e contactos para a exhumación. Por exemplo ao compartir información co PSOE dunha localidade de Jaén onde se realizara unha exhumación e da que imitaron os procedementos e o ton comunicativo. Esta imitación de procedementos funciona en moitos dos casos analizados e con especial relevancia no caso das exhumacións de La Rioja e Navarra, nas que a rede creada entre localidades lle conferiu estrutura[50]. Así, as primeiras, denominadas como accións pioneiras, producirían un efecto contaxio que explicaría en gran medida a propagación das exhumacións na rexión nun curto período de tempo (Ardoiz, Fernández e Ijalba, 2020 ; Aguilar, 2017). Aínda que, máis alá do caso navarro, considérase o carácter disperso, local e heteroxéneo desta mobilización exhumatoria. Trala revisión bibliográfica puidemos identificar certas características comúns que se repiten nos diversos casos de estudo como a existencia de homenaxes clandestinas na posguerra[51] ou diversos elementos que conforman a celebración das exhumacións ou homenaxes. Así, sería habitual a vinculación cos ritos relixiosos, como a vertebración das accións arredor do Día de Todos os Santos, ou a celebración dun funeral católico. Cuestión que estaría intimamente relacionada coa relevancia social do rito do dó, que fora negado durante décadas (Keragant, 2017).

Por outra banda as cerimonias de reinhumación adoitaban converterse en actos multitudinarios, coa inauguración de monumentos ou lápidas como un dos xeitos principais de homenaxear ás vítimas (Aguilar, 2018). Tamén era común que apareceran certos elementos simbólicos de marcado carácter político como as bandeiras do PCE (Serrano, 2016; Mateo e Kerangat, 2018), as republicanas (incluso despois de que o PCE decidira non exhibilas) (Keragant, 2017), coroas de flores coas cores da república, os gritos de liberdade, os puños en alto, a entoación de himnos (Mateo e Kerangat, 2018), a conexión cos últimos fusilados do

[50]Precisamente, esta rede constitúe unha das diferenzas identificadas entre o caso navarro e o estremeño e terá un notable efecto no número, concentración e carácter das exhumacións realizadas en ambos territorios. Así mentres en Extremadura as exhumacións se produciran ao longo de cinco anos, sen terse observado un fenómeno de contaxio, no caso navarro a coordinación entre localidades xunto co papel do clero estará na base da concentración das exhumacións no ano 79. Onde tamén será relevante atender á magnitude e características específicas do proceso represivo do 36 (moitas vítimas en localidades veciñas (Ardoiz, Fernández e Ijalba, 2020).

[51] Así, resulta habitual a existencia de homenaxes ou reunións xa na posguerra, cando os familiares se xuntaban e creaban comunidade arredor das fosas, comunmente en torno á celebración do Día de Todos os Santos, incluso coa realización xa de certas medidas reparadoras (Serrano, 2016).

USC UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA

franquismo (Serrano, 2016) ou a participación de cargos políticos e alcaldes de esquerdas (Aguilar e León, 2022; Serrano, 2016). Paradoxalmente toda esta simboloxía tiña lugar á vez que dende os propios participantes se reclamaba o carácter apolítico das accións (Aguilar, 2019; Aguilar, 2017; Serrano, 2016)[52]. Este apoliticismo en ocasións era requirido polas administracións públicas que debían conceder o permiso, coma no caso do Goberno Civil de Badajoz ao dar a autorización para a exhumación de Casas de Don Pedro ameazando co encarceramento dos participantes se non se facía dese xeito. A pesar das ameazas, tamén neste último caso, a simboloxía política emerxía, intuíndose, incluso, nos propios lemas elixidos para os monólitos ou placas (Mateo e Kerangat, 2018, Aguilar, 2019). Como na exhumación de Murcia, onde a frase elixida «Caídos por la libertad. Que la ofrenda de vuestras vidas sea la semilla de paz y convivencia. Siempre en el recuerdo de familiares y compañeros» é "altamente ilustrativa do emprego por parte dos familiares da gramática da reconciliación acorde co "aire dos tempos" da Transición, ao mesmo tempo que contén unha réplica simbólica e implícita ao franquismo" (Serrano, 2016, p. 175). Deste modo, os familiares non percibirían aos fusilados como vítimas senón como persoas comprometidas cuns ideais democráticos que terminaron por ser ratificados polo cambio de réxime (Serrano, 2016)[53].

Esta convivencia, que semella contraditoria, entre o apoliticismo e a politización é entendida de modos diversos segundo os autores, pero en conxunto van conformando unha determinada óptica dende onde comprender o proceso. Así Serrano (2016) seguindo a perspectiva da escola de mobilización de recursos, comprende esta posición apolítica como un "eufemismo da despolitización". Isto é, "un recurso discursivo consistente en enfatizar o carácter privado, humanitario, histórico ou técnico de reivindicacións polos impulsores dunha acción colectiva, á par que negan o seu carácter partidista, político ou ideolóxico" (Serrano, 2016, pp.151-152). Dende este concepto podería analizarse que dicían, que pedían e como o facían:

> Os familiares adaptaron de maneira estratéxica os seus discursos á gramática da reconciliación dominante no espazo público da época ante a Administración e os medios de comunicación, para así aumentar as probabilidades de levar a bo porto as súas reivindicacións (Serrano, 2016, p. 151).

Aludiríanse a "certas autocensuras feitas durante as exhumacións" que serían parte dun "movemento estratéxico para asegurarse de que a exhumación e o enterro serían realmente aprobados". Buscábase pois, "ser discretos para alcanzar obxectivos no contexto do discurso do silencio" (Keragant, 2017, p. 112). Deste modo, estas exhumacións serían parte da construción de contradiscursos locais ao "Pacto de silencio", o que abriría a porta a novas interpretacións do que foi a Transición española. Uns contradiscursos que obrigarían á elite a encontrar maneiras de asegurarse discretamente de que estes non se propagaran implementando novos mecanismos de contención e silencio (Keragant, 2017, p. 113). Por exemplo mediante a escasa ou nula atención dos medios de comunicación ou xerando certa clima incómodo de medo e inseguridade, despregando instrumentos coercitivos como as ameazas e a censura (Mateo e Keragant, 2018).

Esta última cuestión, aporta un matiz realmente interesante, ao incidir na relevancia que tiveron os mecanismos de contención que se empregaron durante as accións colectivas para que


[52] Faino por exemplo Pedro Martínez nas súas comunicacións antes do acto de reinhumación en Murcia (Serrano, 2016) ou Javier Vesperinas na exhumación de Marcilla, en Navarra (Aguilar, 2019).

[53] Esa ausencia detectada por Serrano da palabra vítima nos documentos consultados da época, vincularíase co debate sobre a emerxencia da figura da vítima e a posible permanencia do mártir que avanzamos no capítulo anterior e que tentaremos desenvolver na nosa investigación.

estas non excedesen os límites discursivos da Transición. Neste senso é preciso mencionar, por pioneiras, as teses de Andrea Davis (2015), quen no seu estudo sobre as accións memorialistas en Santa Coloma de Gramanet, que trataremos con detalle no seguinte apartado, cuestiona a explicación de que a atmosfera de "apertura e posibilidade" se rompera simplemente pola explosión da forza bruta co 23F. Deste modo a tese de Davis reforza a interpretación pola cal esa atmosfera, na que era posible recordar e confrontar co legado da ditadura a nivel local, frustrouse pola actuación constante, restritiva e coercitiva de certos actores, principalmente pequenos grupos de militantes falanxistas e autoridades civís afíns, coa colaboración de medios e elites políticas que deslexitimaban a narrativa popular de conquista e defensa da democracia. Así,

> como narrativa de elite, consolidouse a lexitimación da democracia española, desencantouse e dividiuse aos activistas de base e desmobilizouse as redes locais onde se articulaban as memorias colectivas. O silencio non estivo na raíz da Transición, senón foi unha consecuencia da súa negociación e execución de elite (Davis, 2015, p. 686)[54].

Gráfico 4. Interpretación narrativa das accións da memoria baseadas nas diversas achegas



Fonte: elaboración propia.

Enlazando as ideas destes autores poderíamos dicir que o "eufemismo da despolitización" executaríase despois de ter comprobado cales eran os límites discursivos do sistema. E estes límites terían sido definidos tralo despregamento de instrumentos coercitivos de maior ou menor intensidade, como se pode observar no Gráfico 4. Isto exemplificaríase no caso da exhumación de Casas de Don Pedro, onde foron habituais as ameazas aos participantes, na censura á película documental *Rocío*, onde se denunciaban asasinatos golpistas con nomes e apelidos de verdugos e que terminaría cun xuízo aos creadores do documental (Mateo e Kerangat, 2018) ou nos atentados de extrema dereita sufridos no concello de Santa Coloma de Gramanet ao intentar eliminar a simboloxía franquista (Davis, 2015).

[54] Para que a Transición sexa aínda a día de hoxe considerada maioritariamente como unha época marcada polo silencio, Davis (2015) identifica varias razóns, por un lado o carácter local das iniciativas populares que fixo que foran a miúdo ignoradas pola historiografía, e polo outro a preeminencia de estudos centrados na alta política que seguen entendendo a decisión de non enfrontarse ao pasado como o resultado dun amplo consenso.

Para atender a estes instrumentos coercitivos, os diversos autores despregan unha serie de conceptos de especial relevancia. Poderíamos falar de medidas coercitivas tanto a nivel macro como micro. Identificando no nivel macro os mecanismos legais que censuraron o documental de *Rocío*[55] ou a invisibilidade das accións exhumatorias nos medios de comunicación de masas, e identificando no micro o medo e as ameazas sufridas polos acusados no xuízo do documental ou aquelas sufridas polas familias que exhumaron en Casas de Don Pedro. Neste mesmo ámbito, seguindo a teoría de Christian Metc, interpretaríanse diversos tipos de censura como método coercitivo: a censura por lei (ditadas por mandato xudicial), a censura económica (na falta de financiación das accións exhumatorias que tiña que ser asumida polas familias) e a censura ideolóxica, por exemplo mediante a obriga exercida polas autoridades de non amosar símbolos políticos nas homenaxes e o seu control a través da presenza do alcalde franquista ou a policía (Mateo e Kerangat, 2018).

Por outra banda teorízase coas diversas violencias á hora de determinar eses límites impostos ás accións. Neste sentido identifícase a violencia exercida pola extrema dereita. Unha violencia, moi presente durante a Transición, e que tamén se tería exercido sobre as accións da memoria, como por exemplo sobre os alcaldes que cambiaban nomes de rúas ou sobre as revistas que publicaban noticias relacionadas coas exhumacións (por exemplo *Punto y Hora de Euskalherria*, *Interviú* ou *Cuadernos para el Diálogo*). E tamén, e con gran virilidade, contra aqueles familiares que tentaban exhumar o resto dos seus familiares das fosas e homenaxealas (Aguilar e León, 2022) . Por outro lado, estaría a violencia xudicial, isto é, aquela que se exercía xudicializando procesos co obxectivo último de que operase o medo e o efecto exemplarizante. Coma no caso da exhumación de Torremejía (Badajoz) cuxo primeiro alcalde democrático foi obxecto dunha causa penal por axudar aos veciños da súa localidade a trasladar os restos dos fusilados polos franquistas dende a fosa común do cemiterio da vila (Aguilar e León, 2022, p. 2)[56]. Ademais este xuízo foi motivado por dúas denuncias interpostas por dous actores moi relevantes a nivel sociopolítico e institucional (o gobernador civil da provincia e o xefe local de Sanidade e concelleiro da UCD)[57].

Así pois existían uns límites impostos baixo os que se permitía certa memoria. O documental non podía acusar publicamente aos perpetradores, as exhumacións debían evitar os símbolos políticos de esquerda, unha institución democrática como o concello de Torremejía non podía involucrarse na recuperación dos corpos dos seus veciños, e todo debía suceder á marxe de repercusión mediática. En definitiva, semellaba que "as accións estaban permitidas sempre que non politizaran a memoria, o que podería ter contradito un discurso de reconciliación arraigado na distribución equitativa da culpa política na guerra" (Mateo e Kerangat, 2018, p.16). Neste xogo dispar entre o apoliticismo e a aparición dunha mensaxe política, no contexto dun discurso hexemónico baseado no esquecemento, será relevante

[55] Uns límites que se evidencia na sentencia do tribunal no que se di: "Si bien es cierto que el objetivo aparente de Rocío es exclusivamente un documental (…) sobre el Rocío peregrinación, rápidamente da paso a un recordatorio inapropiado y desafortunado de los eventos que tuvieron lugar antes y después del 18 de julio de 1936, donde se ridiculiza a uno de los bandos en lucha, olvidando que las guerras civiles, como luchas fratricidas que son, dejan tras de sí un reguero de sangre y circunstancias -algunas heroicas y otras reprobables- que deben ser sepultadas y olvidado si deseamos que los supervivientes y las generaciones posteriores a la guerra convivan en paz, armonía y conciliación. en este caso, no lo es apropiado avivar las brasas de esa lucha para despertar rencores y odios amortiguados por el paso del tiempo, sin entorpecer relatos rigurosamente históricos e imparciales no destinados a la gente común." (Del Río, 2013).

[56] Tamén se identifican outros casos coma o xuízo ao que se tivo que afrontar o autor de Hoja del Lunes pola reportaxe sobre a matanza de Badajoz (Aguilar e León, 2022, p. 8).

[57] As denuncias baseábanse na falta de permiso sanitario e o uso de empregados municipais. Aínda que o efecto era disuasorio, o indignante do caso fixo que familiares se volcasen en apoio ao alcalde e funcionasen "como un verdadeiro movemento social" acudindo en masa as sesións do xuízo, pagando a fianza do rexedor " (Aguilar e León, 2022).

atender a análise da actuación de dous actores clave. Por un lado os partidos políticos e pola outra os medios de comunicación.

Deste modo, en canto ao papel que xogaban os partidos políticos de esquerda ante unhas accións exhumatorias que en numerosas ocasións desenterraban os corpos de antigos militantes, poderíanse distinguir dúas posturas contrapostas[58]. No caso das direccións dos partidos de esquerda hexemónicos (PSOE e PCE), estes terían considerado que fomentar as exhumacións poría en perigo o pacto tácito de reconciliación e perdón pactado cos reformistas franquistas (Aguilar e Ferrándiz, 2016). Esta postura exemplificaríase no documento do Comité Provincial da Federación Socialista de Navarra (PSOE) no que se asesoraba aos grupos locais a manterse afastados das exhumacións e homenaxes para evitar ser tachado de vingativo (Aguilar, 2017). A posición destes partidos, tamén do sindicato UGT, entenderíase ao analizar a súa composición, posto que os dirixentes do novo PSOE nos anos 70 e 80 eran "savia nova", non sufriran exilio, represión nin tiñan familiares asasinados, pertencendo en numerosas ocasións a familias conservadoras, polo que non tería funcionado neles as motivacións persoais para esta acción política (Aguilar, 2019).

Outra cousa ben diferente sería a acción de militantes de base e cargos públicos locais de PSOE e PCE que habitualmente participaron das accións exhumatorias, incluso impulsándoas dende as alcaldías. Estes si eran, en moitos casos, descendentes de asasinados. E a súa actuación por libre, podería terse debido á escasa implantación territorial destes partidos, polo que estes escoitarían "as instrucións dos órganos estatais do seu partido como un eco afastado"(Aguilar, 2017, p.4). Influía por tanto, tamén nestes a traxectoria biográfica dos participantes, sendo en moitos casos, membros tamén da propia comunidade que exhumaba (Serrano, 2016). En calquera caso, e para os lugares nos que estes militantes actuaban dende o seu cargo público, o seu papel adoitaba ser determinante, similar ao do clero para o caso navarro, onde a súa labor de apoio e coordinación tería propiciado a participación masiva nos funerais e homenaxes, axudando, en definitiva a superar o medo e minguando a probabilidade de resistencia por parte da dereita (Aguilar, 2018). En ambos casos, pois, incídese na relevancia que tiña para os familiares ter certo amparo de institucións sociais relevantes. Tamén apuntan á participación directa doutros partidos de esquerda, "minoritarios", criminalizados pola súa acción directa nestas accións como Convención Republicana de los Pueblos de España (Aguilar e Ferrándiz, 2016) ou Organización Revolucionaria de Trabajadores (ORT) (Aguilar e León, 2022)[59].

O papel dos medios de comunicación é outro dos vectores comúns de análise deste grupo de achegas (Aguilar, 2018; Kerangat, 2017; Aguilar e Ferrándiz, 2016; Serrano, 2016). Se falamos dos máis relevantes e de tirada estatal, ese papel basearíase principalmente en ignorar estas accións, alcanzando unicamente certa repercusión nos medios locais ou rexionais, onde tamén se reproduciría maioritariamente o discurso da reconciliación, léndoas precisamente como resultado do seu triunfo (Serrano, 2016). As excepcións a este tratamento identificaríanse no xornal vasco *Punto y Hora de Euskalherria* e a revista *Interviú* (Aguilar, 2019; Mateo e Kerangat, 2918; Aguilar e Ferrándiz, 2016, Aguilar e León, 2022). Unha publicación controvertida, afastada do medio de comunicación convencional e que ofreceu unha ampla

[58] Temos que ter en conta que as accións impulsadas principalmente por cargos públicos, como as alcaldías, estarían englobadas dentro das accións institucionais, aínda que a fronteira entre unha e outra será bastante complicada de establecer, sobre todo cando as demandas para a realización da acción sexa feita por familiares ou a sociedade civil organizada dalgún xeito.

[59] Este partido formulaba xa antes das eleccións do 79 certas cuestións de xustiza para as vítimas que se amplificou a, por exemplo, a promoción da exhumación de Torremejía, tras alcanzar a alcaldía nese ano 79 (Aguilar e León, 2022, p. 14). Tamén organiza, xunto outras formacións minoritarias, unha homenaxe ás vítimas da matanza da praza de touros de Badajoz en agosto de 1979, Aguilar e León (2022) atribúen a pouca asistencia a esta homenaxe ao "clima non propicio para este tipo de actos".

cobertura das exhumacións, abundando redactores que foran exiliados ou presos políticos[60]. Polo tanto, poderíase identificar aquelas motivacións persoais dos participantes das propias accións de memoria (Serrano, 2016). Por outro lado, en numerosas ocasións foron os propios veciños impulsores os que avisaron á revista da exhumación que se ía realizar. Feito que amosaría como a constante cobertura de *Interviú* chegou a convertela nun recurso privilexiado para quen buscaba a exposición xornalística dos seus esforzos de reivindicación da memoria. Era por tanto *Interviú* un axente de memoria na España da Transición, a máis disposta a expor sistematicamente os trapos sucios do pasado en público (Aguilar e Ferrándiz, 2016, p. 16). En definitiva, a ausencia de cobertura dos grandes medios de comunicación tería como resultado que esta memoria xurdida das exhumacións quedase excluída do réxime hexemónico da verdade, evitándose así que puidese ser un proceso amplo, coordinado e visible, en oposición o que será o movemento da memoria nos 2000 (Mateo e Kerangat, 2018, p. 15)

Como sinalabamos ao comezo deste apartado, estes estudos buscaban, en menor ou maior medida, comprender como enlazaba a existencia destas accións, que recordaban ás vítimas da violencia franquista, cun consenso social de esquecemento colectivo do pasado traumático. Paloma Aguilar (2017) que, como vimos, era unha expoñente fundamental da corrente que entendía que existira ese consenso, matizaba esta versión en 2017, tralos seus primeiros estudos sobre este fenómeno. Así, estes estudos implicarían desafíos á literatura existente sobre as políticas de memoria en xeral e a Transición española en particular, pois que estas exhumacións se realizasen, e como se realizaban:

> Cuestiona un pouco a idea dunha sociedade civil débil, ou polo menos obríganos a repensar como se definiu e mediu convencionalmente esta variable. Parece que hai iniciativas sociais moi importantes que non foron captadas pola recompilación de datos, só manifestacións e folgas (Aguilar, 2017, p.3).

Pero a pesar de que estas accións da memoria desafiaron as dinámicas dominantes, a nivel nacional non terían chegado a ameazar a estabilización do réxime democrático (Aguilar, 2017, p.3). O que si acadarían sería a interpelación ao relato hexemónico da Transición segundo o cal os perpetradores da "guerra civil" e as vítimas do franquismo terían aceptado deixar de lado as súas reivindicacións porque entenderon que calquera proposta de revisión do pasado podía resucitar vellas *rencillas* e acabar desencadeando unha nova "guerra civil". Pola contra, a autora consideraría evidente que unha cantidade significativa de familiares dos vencidos non se resignara a pasar páxina converténdose nun "incómodo recordatorio da parte máis sinistra da historia recente" (Aguilar, 2018, p.323).

Ademais, no artigo conxunto que asina con Francisco Ferrándiz (2016) e preguntándose polo escaso impacto social das reportaxes de *Interviú*, moito menos moderadas na linguaxe que o artigo de Emilio Silva, que tería desatado o recente ciclo de exhumacións[61], conclúen que "durante a Transición, a incipiente democracia española non estaba preparada para mirar ao pasado dunha maneira tan sinxela". Aluden á acusación de "perigosos radicais" para aqueles que se atrevían a falar abertamente sobre os temas máis espiñosos do pasado, aluden tamén á violencia política, ao golpe de estado e, en definitiva, aos temores dunha repetición do pasado como elementos clave para comprender por que se foi "redebuxando un velo de silencio" sobre

[60] Paloma Aguilar e Francisco Ferrándiz (2016,) no seu estudo ""Memory, media and spectacle: Interviú's portrayal of Civil War exhumations in the early years of Spanish democracy", contabilizan un total de 28 reportaxes sobre a represión franquista entre o ano 1976 e 1984, na que a metade delas relataban exhumacións, destacando a labor do autor Alberto Reig Tapia como primeiro en publicar sobre esta cuestión e a presenza de redactores que foran exiliados ou presos políticos entre os que cubriron estas reportaxes.

[61] Silva, E.: "Mi abuelo también fue un desaparecido", *La Crónica de León,* 08/10/2008.

o que os políticos priorizaron "estratexias orientadas ao futuro" con cada vez máis escaso interese para obras sociais como as exhumacións (Aguilar e Ferrándiz, 2016, p.21). Así, a ese clima de intransixencia, medo e incerteza "que en ocasións eran dirixidas contra quen se atrevían a poñer en cuestión a versión da contenda promovida pola ditadura e a remover uns osos perforados por balas que amosan que una parte da historia permanecía enterrada" se sumaría un ritmo de maduración pausado da sociedade civil (Aguilar e León, 2022, p. 8).

Fronte a esta postura, que consideraba preciso repensar o relato sobre a Transición incluíndo certos matices, atopámonos postulados moito máis radicais que negan abertamente a existencia dun pacto social. Deste modo a propia presencia destas acción de memoria desvelaría o carácter de mito dese Pacto de Esquecemento. Non podendo haber un consenso social no "non recordo" se atendemos a existencia de accións colectivas que precisamente buscaban o recordo (Mateo e Kerangat, 2018). Mediante dous casos de estudo, a exhumación de Casas de Don Pedro e a censura do documental *Rocío*, identifícanse os mecanismos estruturais de poder que impediron a visibilidade efectiva desta memoria, concluíndo que lonxe do consenso, este pacto, mitificado durante décadas, constituíu unha imposición, dentro dun contexto máis amplo onde os pactos fundacionais da democracia, en moitos casos e para diversos axentes, foron a única opción dispoñible.

> Moitos activistas de base aceptaron o Pacto do Esquecemento, especialmente aqueles líderes de esquerda cuxos partidos políticos foron legalizados durante a Transición e que aceptaran os termos da nova democracia, pero para a maioría da xente a oposición nunca foi realmente unha opción (Mateo e Kerangat, 2018, p. 4).

Por iso, baixo esta óptica, a maioría das exhumacións do período de Transición foi unha forma discreta de loita política e unha práctica de memoria que actuou como unha forma sutil de resistencia ao Pacto do Esquecemento. Amosando tanto resistencia como conformidade, con recordos emerxentes, pero confinados dentro do que se percibía como os límites aceptables (Mateo e Kerangat, 2018,p. 14). Esta tese nos retrotrae ao analizado no apartado anterior, ao recoñecer unha premisa similar a esta nos estudos que analizaban "movementos de memoria" noutros países, entendo a estes como configuradores potenciais de narrativas que cuestionaban as oficiais e que, por tanto, desafiaban ao estado (Xu e Lan, 2010).

Por outra banda, nada permitiría concluír que a gramática da reconciliación dominante na Transición fose realmente interiorizada polos familiares. Polo que "o feito de que os actores proclamasen que as súas reivindicacións eran "apolíticas" non debería facernos esquecer que estas foron formuladas nun contexto político concreto por actores movidos por razóns privadas, pero non por iso menos políticas" (Serrano, 2016, p.30). No caso murciano, o contraste entre o discurso apolítico empregado polos familiares á hora de dirixirse a autoridades e medios de comunicación contrastaba cos símbolos de esquerda presentes no funeral e nos argumentos de tipo ideolóxico escritos nas súas cartas. Isto evidenciaría que "os familiares murcianos souberon xogar ao xogo da Transición sen necesariamente crer na lexitimidade das súas regras", máis ben estes entenderían que existiu unha ventá de oportunidade ante a indefinición político-administrativa das autoridades locais e rexionais que se pecharía co 23 F (Serrano, 2016, p. 31).

Para rematar, despois deste percorrido polos elementos que consideramos máis relevantes deste grupo de achegas historiográficas, debemos pór sobre a mesa diversas cuestións de interese:

- En primeiro termo, como acontecía nos estudos fóra do Estado español, estes acoden a teóricos da mobilización social e a acción colectiva para a análise deste fenómeno

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

(Aguilar, 2017; Serrano, 2016;Aguilar e León, 2022). Neste senso consideramos que a atención a esta conceptualización tería que afondarse.

- Existencia de investigación. Unha das características comúns a este grupo de investigacións, é precisamente que se trata de investigacións, que existe un traballo de campo do que adoecían gran parte das achegas ata este momento. Deste modo, será habitual o uso como fontes históricas da fonte oral extraída de entrevistas a participantes e actores implicados nos procesos exhumatorios (Serrano, 2016; Kerangat, 2017; Ardoiz, Fernández e Ijalba, 2020; Aguilar e Ferrándiz, 2016; Aguilar, 20187, 2018; Aguilar e León, 2022), a documentación que gardaron eses participantes, cartas, discursos e fotografías principalmente (Serrano, 2016; Kerangat,2017; Ardoiz, Fernández e Ijalba, 2020; Aguilar, 2017) ou a revisión de prensa (Serrano, 2016; Kerangat, 2017, Aguilar e León, 2022).
- Non é menos relevante a atención a certos traballos previos, non exactamente de carácter académico, que son tratados como unha fonte máis. Falariamos por exemplo do libro de investigación de Jesús Aguirre (2007) *Aquí nunca pasó nada*, analizado por Kerangat (2017) ou as memorias dunha das impulsoras das exhumacións en Navarra, Josefina Campos tituladas *Operación Retorno* (2008)) , constituíndo o primeiro libro en sacalas do esquecemento (Aguilar, 2019). En torno á documentación oficial, a situación é desigual, sendo habitual a súa inexistencia. Sería preciso preguntarse se esta ausencia de fontes oficiais sobre estes fenómenos ten que ver co carácter informal das exhumacións realizadas (Kerangat,2017; Ardoiz, Fernández e Ijalba, 2020;) ou se pola contra debería existir documentación á que non se logra acceder. Cuestión que se corroboraría, no caso da exhumación de Murcia que a pesar de contar cos permisos administrativos pertinentes resultou imposible localizalos (Serrano, 2016) .
- Comezan a amosarse algunhas referenciais a outro tipo de accións memorialistas, coma o caso dos cambios de simboloxía franquista (Aguilar, 2017, 2018), o traballo divulgativo de Jose María Jimeno Jurio como un dos primeiros (senón o primeiro) investigador da "represión" en Navarra (Aguilar, 2019) ou a rodaxe e proxección do documental *Rocío* (Mateo e Kerangat, 2018). Tamén se mencionaba a creación de novos lugares de memoria como os mausoleos (Aguilar, 2018) ou os actos no cincuenta aniversario do golpe (1986) por exemplo na vila navarra de Sartaguda, con máis número vítimas en proporción coa súa poboación, onde participara a esquerda abertzale, considerada como o cume da politización que comezara nos anos anteriores (Aguilar, 2019, p. 15).


En definitiva, trala lectura de fondo destes análises sería relevante preguntarse se realmente estes participantes adoptaban por convicción o discurso da reconciliación e a non vinganza (Hristova, 2007), ou o facían para poder ter éxito nas súas reivindicacións(Serrano, 2016). Ao que engadiríamos outra reflexión acerca de se foi este un proceso voluntario ou ata que punto operou o medo, as ameazas ou a censura nese proceso de adaptación discursiva (Mateo e Kerangat, 2018). Cuestións, todas elas sobre as que tamén afondaron o seguinte grupo de achegas, aquelas que poñen xa o foco de atención noutro tipo de accións da memoria.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Máis alá das exhumacións: as outras accións da memoria.

Abordaremos agora a revisión daquelas investigacións que abriron o abano das accións memorialistas máis alá das exhumacións. Unha perspectiva novidosa, que non fora considerada na meirande parte dos estudos ata o momento, centrados, como vimos, nas accións exhumatorias. Unha lóxica que, pensamos, construíra un determinado corpus de análise das accións memorialistas, coas exhumacións en primeiro e case único plano.

Gráfico 5. Evolución no estudo das accións da memoria no Estado español



Fonte: elaboración propia.

Por iso resulta tan transcendental a serie de investigacións que trataremos no presente apartado e que se despegan desta perspectiva dominante, último paso do Gráfico 5. Estamos falando principalmente dos estudos da profesora e investigadora na Arkansas State University, Andrea Davis, interesada nas culturas de memoria e os movementos sociais urbanos para a transformación das narrativas sobre a guerra civil e o franquismo, dos diversos traballos do historiador Ricard Conesa, xunto a súa tese centrada na análise da memoria no espazo público de Barcelona (2022), e da investigación doutoral de Sergio Murillo presentada en 2020 e que analiza as iniciativas da memoria en Aragón.


Nas achegas dos dous primeiros autores resulta prioritario atender a unha cuestión, común a ambas e diferencial do revisado ata o momento: o seu contexto territorial. Tanto Davis como Conesa sitúan a súa investigación en Catalunya, un espazo de ampla mobilización social, cun sólido asociacionismo, desenvolto tamén arredor da reivindicación da memoria. Aínda que non será este o único espazo onde tivo lugar tal proceso, a magnitude e amplitude da mobilización social en xeral, e das accións memorialistas en particular, fai que resulte natural que a aparición destes estudos sobre o fenómeno do memorialismo, máis alá das exhumacións, se sitúen precisamente neste territorio.

Andrea Davis (2015) denomina o seu *estudo Enforcing the Transition: The Demobilization of Collective Memory in Spain, 1979-1982*, ofrecéndonos así xa no propio título o que será a idea forza do mesmo: unha visión crítica coa lectura tradicional da Transición, situando no

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

centro do debate a existencia de mecanismos desmobilizadores empregados para lograr o "consenso social", e en concreto o pacto para non confrontar o pasado.

Gráfico 6. Evolución da liña argumental sobre o "Pacto de Esquecemento" segundo as diversas correntes historiográficas



Fonte: elaboración propia.

Considerámola así, a precursora da liña argumental analizada no apartado anterior, que define a existencia de mecanismos desmobilizadores durante a Transición, o que finalmente revisaría como se acadou aquel tan manido "silencio" (Davis, 2015; Serrano, 2016; Mateo e Kerangat, 2018). Situaríase nesa última fase na interpretación historiográfica do Pacto de Esquecemento, á que xa aludimos no apartado deste traballo "Xenealoxías" e que se pode observar no Gráfico 6.

Para analizar a reactivación dos procesos colectivos do recordo durante a Transición, e sobre todo, como estes se desactivaron, Davis analiza un caso de estudo paradigmático, o da cidade de Santa Coloma de Gramenet (Barcelona) no que se poden identificar dous tipos diferentes de accións, as comunmente realizadas en zonas urbanas e as realizada en zonas rurais. Esta conexión establécese entre Santa Coloma e Villarobledo (Albacete) a través de Rosario Padilla, veciña de Santa Coloma, emigrada tralo fusilamento do seu marido e que iniciaba unha mobilización para reclamar a súa pensión de viuvez. Esta mobilización acabou converténdose nunha verdadeira experiencia colectiva con máis de catrocentas peticións de viúvas e veteranos republicanos neste concello. Ademais a súa loita terminaba nun proceso colectivo de homenaxe na propia vila de orixe, coa construción dun monumento na fosa común financiada por subscrición popular. Deste xeito achegámonos a un novo tipo de accións de memoria nos que non se realizaba a exhumación da fosa pero si había un proceso de dignificación colectiva[62]. Este tipo de accións, que non implicaba a exhumación dos corpos, e que é o que se desenvolve de xeito maioritario en Catalunya, revelaba a súa importancia no estudo do período da Transición, algo impensable ata este momento coas exhumacións no foco principal.

Neste senso convén citar os estudos de Daniel Palacios (2021, 2022) quen analizando as actuacións nas fosas dende os 70 ao tempo presente rompe tamén coas exhumacións como centro da investigación[63]. Especialmente salientable, neste senso, é a análise da simboloxía e

[62] Interesante atender a como Davis (2015, p. 669) considera as exhumacións así como as dignificacións de fosas como accións que se desenvolven maioritariamente en entornos rurais, como acontece en Extremadura, Navarra ou Burgos.
[63] Palacios (2021, 2022) analiza prácticas monumentais en arredor de seiscentas fosas comúns no conxunto do Estado español durante os anos 70.

discurso presente nestas dignificacións colectivas. Así "As referencias á "Libertad" e a "Democracia" revelaríanse como algunhas das frases máis frecuentes, xunto con aquelas que explicitaban a condición inxusta do asasinato ou a súa excepcionalidade" (Palacios, 2020, p. 139). Esta cuestión, novidosa ata este momento nos estudos das accións de memoria na Transición, parécenos de vital importancia, porque alude directamente aos significados e significantes da comunidade memorialista. De modo que estas prácticas monumentais estarían decidindo, por parte da comunidade de vivos, como entender o pasado ao nomear a través da sepultura aos asasinados: resignificando especialmente a súa morte, asociada nas décadas anteriores a unha criminalización en tanto que "rojos" (Palacios, 2020, p.139).

Outro elemento novidoso en torno a esa nova vida comunitaria arredor da fosa e os seus significados, sería a atención posta ás intervencións, é dicir, ao que se falaba nas homenaxes realizadas en data sinaladas (Palacios nomea o 18 de xullo, datas específicas dos asasinatos ou o 14 de abril). Nelas era común proceder á lectura das biografías dalgunhas das persoas asasinadas, recollendo a súa militancia, valores, contribución á construción do proxecto republicano, ou o seu compromiso cos ideais que os levaron a non secundar o golpe de estado e polo tanto a ser asasinados[64]. Deste modo, a través destas reflexións conxuntas das comunidades arredor da fosa, desenvolveríase o concepto de martiroloxio, isto é, a idea de que os asasinados morreron testemuñando a defensa dalgún tipo de ideal, o que atravesaría a historia chegando a ser empregada en conflitos actuais. Isto poderiámolo ver para o caso catalán no que a violencia exercida polos golpistas e franquistas, con, por exemplo, o asasinato de Companys, empregouse a nivel simbólico no marco político da Transición e de demanda de autonomía.

En definitiva, este proceso iría levando a unha toma de conciencia do sistema narrativo imperante, no que as fosas comúns eran as representacións gráficas do marco de terror golpista. As comunidades buscarían, por tanto, a subversión deste sistema desenvolvendo eles mesmos actividades simbólicas, co monumento e a homenaxe no centro[65].

A este novo campo de estudo, centrado nun novo fenómeno de acción colectiva baseado na homenaxe na fosa pero non na súa exhumación, sumouse a análise da loita colectiva pola retirada de símbolos franquistas no espazo público (Davis, 2015; Conesa, 2018). Así esta loita podería definirse como un espazo de confrontación co legado da ditadura e as súas narrativas, vinculado a accións comunmente realizadas en capitais industriais onde non sería anecdótico o contraataque violento de grupos de extrema dereita como Falange Negra Exterminadora e Fuerza Nueva, baixo a conivencia máis ou menos explícita de autoridades civís, policiais e xudiciais (Davis, 2015).

O caso de estudo de Santa Coloma de Gramenet sería un exemplo de concello que fronte a actuación democratizadora da simboloxía no espazo público, impulsada por movementos sociais e executada polas corporacións municipais saíntes das eleccións municipais de 1979, veríase abafado pola presenza de grupos de extrema dereita, con actos violentos, ameazas de

[64] Palacios (2020) inclúe o exemplo dunha fosa e homenaxe en Dos Hermanas , Andalucía, outra novidade, esta vez no marco territorial de análise.

[65] Ademais dos puntos novidosos tratados en liñas anteriores, Palacios (2021) tamén desenvolve aspectos xa desenvolvidos noutros estudos anteriormente revisados, entre outros a análise da composición dos colectivos que actúan nas fosas, o papel do PSOE e do PCE, a actuación represiva de grupos de extrema dereita e tamén do propio Estado como condicionantes para que actuase a autocensura en torno a como se podían expresar, a autoorganización como método de levar a cabo os proxectos monumentais, ou a visibilidade mediática como factor determinante para o cambio de paradigma e a modificación substancial do discurso que se produce nos 2000 (coa atención dos partidos de esquerda ante a súa crise de lexitimidade, entre outros elementos a ter en conta).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

morte e incluso a realización de atentados e incendios[66]. A contestación popular a estes feitos, cun marcado carácter antifascista e de defensa da orde democrática foi fortemente criminalizada coa posta en marcha dunha gran maquinaria mediática que buscaba a desacreditación da esquerda e en definitiva da narrativa antifascista que non encaixaba co discurso que se estaba construíndo. En canto o papel dos partidos políticos de esquerda, que xa consideramos como vector de análise chave para comprender o proceso transicional, neste caso identifícanse tamén as interaccións e finalmente ruptura entre as cúpulas e direccións do partido socialista e comunista (negociados na Transición) e a militancia de esquerdas, os movementos sociais e os grupos políticos á marxe das institucións, defensoras dun discurso antifascista (Davis, 2015)[67]. Deste modo, os municipios de esquerda, abandonados polos líderes da esquerda institucional, víanse obrigados a enfrontarse a símbolos, autoridades e militantes falanxistas sen apoio nin protección nacional. Os medios de comunicación, cada vez máis preocupados en repetir a idea do consenso nacional, pasaron cada vez máis por alto os conflitos que xurdiron cando os actores locais quixeron abordar directamente estes legados franquistas (Davis, 2015, p. 679).

Podemos captar xa de xeito evidente, a relevancia de certos actores institucionais na configuración das accións de memoria. Materializados neste caso na relevancia das corporacións municipais saídas das primeiras eleccións democráticas da Transición, en 1979. Aínda que, como sinalabamos ao inicio deste estado da cuestión, decidimos realizar unha división na análise das accións levadas a cabo pola sociedade civil e aquelas impulsadas polas institucións, ás veces será complicado marcar unha división diáfana entre ambas, sendo habitual que se produza un diálogo entre ambos , actuando as institucións en base a un impulso dende a mobilización social. Isto, que xa vemos con nitidez no caso de Santa Coloma de Gramenet tamén se detectará nos casos de estudo de Barcelona onde o proceder das asociacións memorialistas precipitará a actuación de institucións locais e tamén rexionais, é dicir, do concello de Barcelona e da Generalitat de Catalunya (Conesa, 2013, 2018, 2021, 2022). Destacar iso si, unha diferenza notable na perspectiva en que se abordan estes dous estudos de caso. Mentres Davis (2015) tiña no centro da súa análise os mecanismos desmobilizadores da acción memorialista, Conesa (2013, 2018, 2021) centrarase nas propias accións de memoria, tratándose dun dous poucos académicos que analizan o que acontece en Catalunya durante a Transición neste ámbito.

Un espazo, Catalunya, no que, como xa apuntabamos, tivo lugar unha gran actividade memorialista, coas asociacións como axentes clave do proceso. Así, poderíase correr o risco de caer:

> nunha sorte de adamismo memorial se se continuase a tendencia de analizar as políticas de memoria en España e en Catalunya unicamente a partir de principios da década dos 2000 invisibilizando deste xeito a enorme labor que levaron a cabo unhas asociacións que, co seu compromiso cidadán evitaron que os seus compañeiros e compañeiras de loita caesen no esquecemento, xerando toda unha serie de espazos para dotar de significado a súa loita antifascista (Conesa, 2021, p.136).

[66] Unha cuestión que se manifesta explicitamente en Catalunya mediante a chamada Marcha Azul, unha marcha autorizada polo goberno civil, no que se acudía baixo parafernalia falanxista aos concellos onde se tivera retirado o monumento aos caídos do exército franquista. Entre eles, Santa Coloma de Gramenet. Alí as peticións de protección do consistorio foron desoídas reiteradamente polas autoridades competentes evidenciando unha posición que protexía precisamente aos radicais de extrema dereita.

[67] Isto tería o seu traslado en Santa Coloma, nos conflitos entre os grupos populares que se manifestan contra o fascismo e o alcalde, que intentaba manter unha posición máis tibia, agardando os permisos pertinentes para as manifestacións contra os falanxistas ou xustificando a imposibilidade de ruptura pola correlación de forzas existente.

Atendendo a esta afirmación, resulta xa clave a diferenza das asociacións que xorden en Catalunya con aqueloutras comisións de veciños que se desenvolvían en zonas de La Rioja e Navarra. Aquí a cuestión do apoliticismo (sexa con convencemento ou non) será residual posto que os colectivos estarán conformados nunha gran parte por militantes de esquerda cunha visión claramente antifascista e antifranquista (Davis, 2015; Conesa, 2021). Elementos que estarán tamén presentes na parte de Aragón máis apegada a Catalunya (Murillo, 2020).

Deste modo, podemos atender a un escenario rico e heteroxéneo de asociacións creadas por expresos políticos, antigos deportados, familiares de vítimas ou militares da República que saen á luz trala morte de Franco e que van xogar un papel determinante na loita entre narrativas, compartindo o afán por conservar, difundir e homenaxear a memoria de quen se enfrontara ao fascismo en España e en Europa e sufrira as súas consecuencias (Conesa, 2021, p.126). Entre elas destaca a Associació Pro-memòria als Immolats per la Llibertat de Catalunya (en diante APMILC), que en 1977 emprende un camiño perseverante para lograr a actuación do concello e a Generalitat na dignificación do fossar da Pedrera convertido no principal espazo conmemorativo ligado á memoria das vítimas da ditadura franquista en Catalunya[68].

A resignificación de lugares e a instalación de placas conmemorativas foron algunhas das tarefas máis relevantes levadas a cabo polas diversas asociacións. Entre as que tamén destacaría L'Associació Catalana d'Expresos Polítics del Franquisme (en diante ACEPF)[69]. Un dos seus obxectivos fundamentais era alcanzar a amnistía e lograr dereitos materiais para os presos e expresos pero tamén acadar a toma de conciencia da cidadanía sobre os crimes cometidos polo franquismo e lograr o recoñecemento da loita deses presos e en definitiva da resistencia antifranquista, falando xa directamente de "recuperación de memoria histórica" (Conesa,, 2018, 2021). Ademais impulsou numerosas accións memorialistas destacando a erección do monumento de homenaxe aos brigadistas internacionais, escenario dunha loita entre a narrativa que se lle quería dar ao monumento (antifascista) e a que se promulgou dende as autoridades políticas (reconciliación e equiparación de bandos) (Conesa, 2018)[70].

As homenaxes aos brigadistas, iniciadas no cincuenta aniversario do inicio da guerra evidencia a coordinación entre asociacións, materializada neste caso na Coordinadora Catalana para el Homenaje a las Brigadas Internacionales[71]. Esta actuación conxunta entre asociacións ten o seu expoñente máximo na constitución da Comisión de Grupos Discriminados, formada por a APMILC, a ACEPF, a Amical de Mauthausen, a Asociación de Aviadores de la República, a Asociación de Militares de la República e a Asociación de Ex exiliados políticos (Conesa, 2013, 2018, 2021). Achamos clave a análise desta Comisión que despoxa calquera dúbida sobre os obxectivos e o carácter da maior parte do asociacionismo memorialista en Catalunya. Así, trala súa constitución, o 27 de maio de 1982 emitiron unha carta conxunta dirixida ao president da Generalitat Jordi Pujol e ao president do Parlament catalán, Heribert Barrera, na que ante "a situación de desatención ás demandas e reivindicacións das asociacións de familiares de vítimas do franquismo, veteranos de guerra e a loita antifranquista" (Conesa, 2018, p.110) enumeran nove reivindicacións entre as que cómpre destacar a petición de

[68] Fosa común onde están soterradas arredor de 4000 vítimas en Barcelona. Dende os anos 70 realizábanse homenaxes anuais de miles de persoas. Tamén se producían homenaxes e concentracións noutros dous lugares de memoria prominentes en Catalunya, a tumba de Companys e o foso do castelo de Montjuïc (Conesa, 2013) .

[69] Sucesora das comisións de solidariedade cos presos políticos. Acada a legalización en 1979 celebrándoo cun gran acto de homenaxe á resistencia antifranquista en 1980.

[70] Inaugurado finalmente en 1988.

[71] Nela participan doce asociacións entre elas a ACEPF, Amical de Antiguos Guerrilleros Españoles en Francia ou a Liga de Mutilados y Viudas de Guerra. Existiu unha comisión similar tamén a nivel estatal denominada Comisión Pro-homenaje del 50 aniversario de la lucha contra el fascismo (Conesa, 2018).

amnistía das condenas ditadas polos consellos de guerra a persoas e grupos cuxo único delito fora manterse leais á República, a declaración de improcedente do consello de guerra e condena a Lluís Companys, a equiparación de dereitos dos ex-deportados cos que tiñan os ex deportados doutros países de Europa, a rehabilitación da memoria dos inmolados e de todas as vítimas do franquismo ou a creación dunha comisión parlamentaria para que as súas peticións tivesen un seguimento. Demandaban por tanto, unha verdadeira política pública de memoria (Conesa, 2021).

Isto último evidencia, sen lugar a dúbidas, que Catalunya parece gardar un carácter diferencial na actuación memorialista. A potencia e cariz das súas demandas, o volume de homenaxes, encontros internacionais, monumentos, retirada de símbolos e, en definitiva, actores colectivos que visibilizaron a memoria das vítimas no espazo público, sitúanos fronte a unhas accións memorialistas cunhas características propias e diferenciais do que, por agora, se descoñece a nivel historiográfico sobre o resto do Estado español.

Pero, aínda nesta situación de gran actividade do mundo asociativo memorialista, a posición da memoria das vítimas en Catalunya atopábase nunha posición de intensa vulnerabilidade, dentro dun contexto que compartía co resto de accións de memoria noutras partes do Estado español: a presión exercida por un relato hexemónico da guerra civil, o da reconciliación, que marcaría o discurso das institucións (Conesa, 2018, p. 122-123). Tamén as do propio concello de Barcelona e o da Generalitat de Catalunya, e que se evidencia na análise dos discursos emitidos nas homenaxes en lugares de memoria, coa "responsabilidade colectiva" e o "perdón mutuo" na base dos mesmos. Así a reconciliación nacional afastábase de aquelo que defendera a esquerda con anterioridade e acababa por significar equiparación de culpas e esquecemento. Tamén nas actuacións realizadas en monumentos, tanto na remodelación dos franquistas coma nos erixidos de novo, negando o significado da loita contra o fascismo que defendía as asociacións, exemplificado por exemplo nos cambios nas inscricións dos monumentos aos "caídos por España", pasando a ocupar espazos residuais e pouco transitados, dedicados "a todas as vítimas da guerra civil" (Conesa, 2018, p. 101- 104) ou nos intentos repetidos de igualar vítimas do franquismo coas da retagarda republicana. Esta posición oficial foi criticada frontalmente pola maioría de colectivos memorialistas, como se pode ler na carta da Comisión de Grupos Discriminados citada anteriormente que sinalaba "a reconciliación non será real e a guerra civil non será superada mentres non exista unha igualdade de trato entre todos os cidadáns de Catalunya" (Conesa, 2018, p.111).

En 2022 Ricard Conesa presenta a súa tese doutoral, na que profunda nas súas liñas de investigación desenvolvendo un estudo pormenorizado das lóxicas e procesos sociais e políticos que se manifestaron na cidade de Barcelona en torno á memoria da "guerra civil e da represión franquista". Podemos dicir que a tese de Conesa atende a un proceso máis amplo, no que analiza a actuación dos diversos axentes implicados na simboloxía no espazo urbano de Barcelona, dende o propio réxime franquista e os nostálxicos con este, ás diversas institucións. Máis tamén dedica boa parte da investigación á análise da actuación das asociacións memorialistas, e en xeral da oposición antifranquista como impulsor fundamental para comprender a configuración do rexistro da guerra e da represión franquista no espazo público barcelonés, tanto na existencia do pulso pola eliminación do nomenclátor de guerra, por exemplo como na configuración dos novos lugares de recordo das vítimas do franquismo, e en especial de Lluís Compannys e ante a ausencia dun contexto de desenvolvemento de políticas de memoria pública. Así, finalmente a configuración do rexistro da guerra e da represión franquista no espazo público de Barcelona quedaría condicionada pola acción do asociacionismo memorialista, a historia da

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

"reconciliación nacional" e o modelo de desenvolvemento urbano da cidade (Conesa, 2022, pp. 461- 465).

Finalmente quixéramos destacar certas cuestións que tralo análise do estudos centrados en Catalunya pensamos relevantes en relación coas accións de memoria que teñen lugar neste territorio:

- En primeiro lugar a relevancia do traballo en rede das asociacións e os seus contactos internacionais (e polo tanto do exilio) para poder acadar os seus obxectivos.
- En segundo lugar a presenza de terminoloxía memorialista, por exemplo atendendo ao propio nome da Associació Pro-memoria als immolats por la llibertat de Catalunya ou na reivindicación da Associació de Expresos de "recuperación da memoria histórica".
- En terceiro lugar, será habitual que as accións memorialistas entren no contexto da actualidade política, por exemplo, co proceso do estatut e a súa vinculación coa loita da vítima por antonomasia do imaxinario catalán: o president Lluís Companys.
- E por último, e relacionado con isto último, a inclusión de novas datas simbólicas, máis alá das relixiosas. Deste modo o 15 de outubro, data de fusilamento do President Companys, constitúese como a data de celebración ritual de homenaxe a todas as vítimas do franquismo. E á vez, con gran forza para a cuestión identitaria catalá.

Seguindo esta corrente de investigación que vai "máis alá das exhumacións", a investigación doutoral sobre Aragón titulada *Memoria de la guerra y dignificación de las víctimas en Aragón: 1975-1990* (Murillo, 2020) aproxímanos a un novo caso de estudo que precisamente seguiría dúas dinámicas diferenciadas. Esta división do proceso memorialista relaciónase coa proximidade territorial á La Rioja e Navarra por un lado e Catalunya polo outro[72]. Ademais Murillo estuda as iniciativas de memoria diferenciando entre os actores que as impulsan, o que se bautiza como "axentes de memoria". Así clasifícanse segundo as realizase a sociedade civil ou as institucións, denominándoas nese caso "políticas de memoria"[73]. Deste modo, as realizadas pola sociedade civil serían "iniciativas dende abaixo" e aquelas realizadas polas administracións públicas "iniciativas dende arriba" (Murillo, 2020).

En canto ás da sociedade civil o caso aragonés permitiría diferenciar tres actores principais ou axentes de memoria. En primeiro lugar os familiares, organizados en Juntas ou Comisiones Gestoras, moi habituais na zona de influencia de Navarra e La Rioja, realizando maioritariamente exhumacións[74]. Era común que recibisen axuda da administración municipal e de agrupacións políticas locais ou sindicatos o que axudou á creación de redes de contacto e apoio[75]. En canto aos espazos resultado destas intervencións articulábanse en torno a datas moi específicas, políticas ou relixiosas, como o 14 de abril, o 1 de maio ou o Día de Todos los

[72] Deste modo Murillo (2020) entende que as comarcas de Tarazona, Borja e Cinco Villas, influenciadas polas temperáns iniciativas emprendidas polos familiares de vítimas do franquismo en La Rioja e Navarra terían por obxecto as exhumacións de restos impulsadas por comisións de familiares, mentres que no Aragón oriental, máis próximo a Catalunya, operarían dinámicas con maior presencia asociativa e institucional a través principalmente dos concellos, tendo unha cronoloxía máis tardía, e buscando na maioría dos casos, o recoñecemento simbólico das vítimas a través da construción de monólitos ou homenaxes sen que iso tivese que implicar a exhumación.

[73] Neste apartado deterémonos nos elementos que consideramos máis relevantes do seu estudo das iniciativas da sociedade civil, deixando a mención da análise das políticas de memoria para o noso seguinte apartado (Accións institucionais).

[74] De vinte iniciativas identificadas polo autor, dez serían exhumacións, seis dignificacións de fosas e catro homenaxes. (p.57). En canto aos participantes, habitualmente estes estaban marcados pola represión da posguerra, a dor parental e o compromiso coa transmisión activa sobre o que sucedeu (análises coincidentes con outros xa analizados en liñas anteriores)

[75] Mediante a cesión gratuíta do terreo onde inhumar os corpos, por exemplo, no caso das administracións. Coa participación activa dos militantes no caso das agrupacións sindicais ou políticas. Resalta o autor, na liña doutros estudos xa analizados, que estes actuasen "de maneira local e por iniciativas individuais e non como un obxectivo político que viñese dende os cadros dirixentes".

Santos. Trala análise das diversas iniciativas, diferenciaríanse dous tipos de intervencións segundo a súa natureza política. En primeiro lugar unha serie de accións, menos numerosas, as cales se denomina homenaxe de duelo individual ou familiar, que "non buscaban quebrar o marco simbólico e narrativo da equiparación polo que transitaba a Transición"[76]. Aínda así, converteríanse en actos políticos *revanchistas* aos ollos dos sectores máis conservadores das localidades, ao ter construído, sen pretendelo, unha versión compartida da violencia que atacaba ao *status quo* do franquismo. Polo que ao igual que noutros estudos identificaríanse unha serie de accións hostís contra eles como as ameazas, as prohibicións ou as presenzas incómodas (Serrano, 2016, Mateo e Kerangat, 2018, Davis, 2015).

Baixo este mesmo clima hostil realizaríanse outro tipo de accións, máis abundantes, levadas a cabo coa presenza de narrativa e simboloxía republicana ou de esquerdas, no que se producían intervencións de exiliados que sostiñan un discurso netamente antifranquista. Nel resaltábase o papel militante dos asasinados e a dignificación da súa ideoloxía con simboloxía como a bandeira republicana ou o canto da Internacional. Así, a experiencia individual pasaba tamén a formar parte da esfera do social, do político e convertíase en capital simbólico para facer política no presente. En definitiva, estas iniciativas non se realizarían, por tanto, baixo ese marco da equiparación de ambos bandos, ao contrario, enmarcaríanse nunha narrativa oposta ao da reconciliación (Murillo, 2020, p.112-118)[77].

Ademais das familias, o caso aragonés permite identificar outro axente de memoria, as asociacións, resaltando a labor daquelas que, como xa se anticipou, gardaban unha ampla relación e influencia con Catalunya, onde tiñan a súa sede central. Falaríamos da Asociación de Antiguos Guerrilleros Españoles en Francia (AAGEF) e a Amical de Mauthausen[78], ambas fundadas en Francia anos antes da morte de Franco, e cunha "vontade de quebrar o silencio en torno á represión franquista e a reivindicación da memoria dos asasinados no espazo público co obxectivo de conseguir recoñecemento social" (Murillo, 2020, p. 133)[79].

No caso da AAGEF os seus participantes "fan propio o marco da reconciliación nacional, se ben rexeitan o discurso da equiparación. Así consideran que a reconciliación e a concordia só se alcanzarán cando desapareza o silencio e o medo" (Murillo, 2020, p. 147). En canto a Amical de Mathausen, ao representar non só a excombatentes, senón tamén a civís que foran depurados sen estar necesariamente ideoloxizados, incorpora ao discurso o carácter de "vítimas" (p. 155). Estas asociacións, por outra banda, contaron co apoio e a presenza de diversas administracións, especialmente naquelas accións realizadas pola Amical de Mauthausen, identificándose entre as razóns, a vitoria do PSOE en 1982, ou que as actividades de difusión formuladas por estas asociacións suscitaban menos incomodidade política que a exhumación de corpos. A implicación das administracións atraería, á súa vez, o interese dos medios de comunicación, elemento que sería clave para superar o carácter local que tiveran as iniciativas dos familiares.

Os últimos axentes da memoria identificado son as agrupacións políticas, un elemento novidoso na análise das accións da memoria posto que non se refiren a aqueles militantes de

[76] Sendo dós familiares e individuais inconclusos durante o franquismo, o que se evidenciaría na falta de publicidade pública en medios de comunicación, ou ao non invitar a autoridades aos actos.
[77] Algo que si identificaría nas iniciativas levadas a cabo polas administracións públicas (Murillo, 2020, p.112-118).
[78] A primeira delas, conformada por excombatentes, dirixía o seu traballo á dignificación de fosas, á realización de homenaxes de antigos militantes e ao recoñecemento dalgúns dos seus dereitos eliminados pola ditadura. A Amical, pola súa banda, xa a temos definido en liñas anteriores.
[79] Identifícanse 12 actividades durante os anos 80 en Aragón (principalmente entre 1985 e 1986) destacando a organización de homenaxes públicas, exposicións e construción de monólitos, e que eran comprendidas baixo o marco das campañas que paralelamente ditas asociacións ían realizando en Catalunya.

esquerdas xa analizados e que funcionaban practicamente á marxe das directrices dos seus partidos senón que se atende a existencia doutras organizacións que incorporan entre os seus obxectivos a apertura de procesos xudiciais contra os crimes do franquismo. Estámonos referindo principalmente a Convención Republicana, unha agrupación política ligada ao Partido Comunista de España (marxista-leninista). Pola súa maneira de actuar, atoparíase a medio camiño entre a asociación e o partido político, logrando presentar unha serie de retos ás administracións públicas, considerándoa a organización que posuía unha estratexia máis planificada e ambiciosa, ao incluír no seu proxecto un proceso nacional de xustiza e de exhumacións. Esta organización foi a máis duramente castigada polas forzas da orde pública, chegando a ser ilegalizada (de xeito altamente cuestionable) e sufrindo a detención dalgúns dos seus membros. Isto supuxo un verdadeiro problema para levar a cabo con éxito as actividades formuladas, entre elas as relacionadas coa memoria histórica articuladas en torno á creación do Tribunal Internacional contra os crimes do franquismo, a reivindicación do 14 de abril e os homenaxes aos mártires de Jaca, en Aragón (Murillo, 2020, p.163)[80].

Outra das cuestións de análise de interese é a identificación de diferenzas no tipo de iniciativas de memoria que se desenvolveron na Transición, vinculadas cos diferentes tipo de violencia que se exerceron tralo golpe de estado[81]. Así, naqueles espazos nos que a tipoloxía represiva coincidía co "terror quente" que se articulou nos primeiros días tralo golpe, e na que houbo por tanto unha preeminencia de fosas en cunetas, realizaranse máis exhumacións, correspondéndose con Navarra, La Rioja e zonas de Aragón próximas. E por outra banda as zonas que permaneceron máis tempo en zona republicana, como foi Catalunya e a zona occidental de Aragón, motivaría a proliferación de asociacións de excombatentes (Murillo, 2020, p.138). Cuestión á que xa se tiña aludindo en certo modo ao comprender a relevancia da magnitude de vítimas dunha fosa común coa posibilidade de que nela se levasen a cabo accións exhumatorias (Serrano, 2016)

Por último debe mencionarse á investigación incipiente de Elisabeth Ripoll que en setembro de 2023 comunicaba algúns dos seus primeiros achados sobre o que ela denominou "a recuperación da memoria democrática na Transición". Así trala análise das primeiras iniciativas que se desenvolveron no espazo xeográfico da illa de Mallorca conclúe que estas circunscribíronse a figuras históricas do período republicano (con especial relevancia ás homenaxes a Emili Darde, alcalde de Palma, e a comunista Aurora Picornell) e non tanto ao conxunto de vítimas represaliadas (Ripoll, 2023, p.1). Identifica tamén o papel relevante das organizacións políticas, e non tanto das familias, así como a importancia da difusión e investigación en diversas publicacións xa dende os setenta. Tamén detecta a autora o papel dos concellos na actuación sobre os monumentos e as rúas franquistas.


A inclusión tanto dos concellos, como da divulgación, xunto cunhas homenaxes descritas que van ter grandes similitudes co acontecido en Galicia, sitúan esta investigación introdutoria dentro do noso campo de investigación.

[80] Esta actuación das administracións públicas, reprimindo unha organización que propoñía un proceso xudicial, e que polo tanto entendíase que estaba á marxe do consenso da Transición, conxugábase con outras liñas de actuación menos represivas, por exemplo tolerando as homenaxes e dignificación de fosas comúns ou incluso colaborando coas vítimas do nazismo representadas pola Amical.

[81] Cuestión á que tamén apuntaba Serrano (2016) no seu estudo sobre a exhumación en Murcia. E pola que será relevante preguntarse.

USC UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA

Gráfico 7. Aproximación a unha tipoloxía baseada nas recentes investigacións. Accións e actores



Fonte: elaboración propia.

Recapitulando o analizado, poderíamos sinalar que a gran relevancia deste grupo de investigacións resulta nesa apertura do abano de accións da memoria máis alá dos xa manidos actos exhumatorios, o que nos permitiría establecer unha aproximación tipolóxica de accións memorialistas e distinguir tamén algúns dos seus actores máis relevantes (Gráfico 7).

Deste xeito, ademais das exhumacións, poderíanse distinguir aquelas accións de dignificacións de fosas que non tiñan por que contraer a súa exhumación, os actos de homenaxes a persoas represaliadas destacadas, as actuacións tendentes á eliminación da simboloxía franquista e finalmente as actuacións que pretendían, nalgún grado, reivindicar procesos de xustiza ou reparación das vítimas. En canto aos "axentes da memoria" ou actores identificaríamos as comisións de familiares, as asociacións, as agrupacións políticas e os movementos sociais ou veciñais.

Finalmente, podemos apreciar como se vai consolidando a corrente interpretativa á que vimos facendo referencia, é dicir, aquela que entende que existiu un contexto marcado polo marco da reconciliación, baseado á súa vez en retóricas reaccionarias que relegaban e reprimían as narrativas antifranquistas, isto é, aquelas que atesouraban o recordo da "represión franquista"[82]. Concluíndo que este marco non foi asumido por todos, houbo outra memoria, outros discursos entre eles aqueles que reclamaron políticas de memoria (Murillo, 2020, Serrano, 2016, Davis, 2015, Mateo e Kerangat, 2018).

[82] Emprega para iso as teses de Hirschman que califica de "retóricas reaccionarias", aquelas que celebran o status quo e baséanse nas "teses do risco" polo cal o cambio desexado implica riscos non asumibles. Neste sentido, no Estado español durante a transición, ese risco inasumible era o de proxectos de futuro diferentes e interpretacións do pasado que puxeran en perigo o "progreso natural". Esas retóricas reaccionarias, polo tanto, articularíanse en base ao hipotético "mal carácter español", as "paixóns", os "odios", o "perigo a reabrir vellas feridas" e os eloxios á moderación. Polo que estas narrativas continuarían a Guerra Civil con outros medios. (Murillo, 2020, p.45-46).

> Consideramos que durante a Transición non houbo unha amnesia colectiva. Tampouco consideramos que se poida afirmar que a sociedade española "echó al olvido" o recordo da Guerra Civil de forma xeneralizada. Consideramos que o que existiu foi un marco político e cultural de "reconciliación" dende o que se interpretou a Guerra Civil como unha "guerra inevitable da que todos fomos culpables". Esta interpretación da guerra equiparadora, sancionaba publicamente calquera outro tipo de interpretación e contribuíu a manter na "memoria comunicativa" e en contextos militantes, familiares ou locais, a reivindicación dos valores socialistas ou republicanos dos asasinados polo franquismo ou das iniciativas emprendidas "dende abaixo", encamiñadas á reivindicación de procesos de verdade, xustiza ou reparación" (Murillo, 2020, p. 270).

Activistas da memoria, pioneiros escarvando nun pasado anulado

O numeroso proceso de exhumacións realizado en La Rioja e Navarra, de xeito colectivo e contaxioso, coa participación de actores relevantes e cun amplo efecto social fixeron del un fenómeno atractivo para o estudo, como xa vimos. Nese sentido, sería acaído preguntarse sobre a influencia que puido ter neste feito xa non só a magnitude do fenómeno, senón a existencia previa de diversas fontes documentais. E non nos referimos só ás testemuñas orais ou aos documentos atesourados polas familias senón tamén as referencias concretas que se podían atopar xa publicadas. Como por exemplo as memorias de Josefina Campos (2008) sobre a Operación Retorno, nas que relata a súa experiencia como participante e impulsora. Esta obra, en formato diario, convértese nunha fonte histórica en si mesma. Tamén se debe destacar a investigación de Vicente Aguirre (2007), *Aquí nunca pasó nada*, un extenso traballo no que realiza unha radiografía exhaustiva da violencia golpista que se desatou en La Rioja dende 1936, poboación a poboación pero que ademais inclúe unha descrición pormenorizada das accións exhumatorias e de homenaxe levadas a cabo nos anos 70[83].

Por todo o anterior, cabe preguntarse como de determinante é o traballo de Aguirre e Campos para a configuración de toda a investigación histórica que se desenvolveu sobre Navarra e La Rioja, e se esta podería terse producido en igual profundidade sen eles. Ou indo máis alá, se poderíamos pensar nestas publicacións como parte dos factores explicativos de que se producisen investigacións recentes sobre as accións de memoria nestes territorios, e que destas carezan outros espazos nos que non existiron publicacións como a de Campos ou Aguirre. Sexa como for, o que resulta evidente é o carácter de pioneiros destes dous estudos.

Tamén polo seu carácter pioneiro debemos facer referencia ás publicacións do Goberno de Navarra baixo a coordinación dos historiadores Cesar Layana e Jose Miguel Gastón (2019) por tratarse dunha investigación historiográfica sobre o fenómeno exhumatorio de vítimas en Navarra e, ao mesmo tempo, configurarse como parte dunha política de memoria. Nela analizábanse as diversas etapas do fenómeno identificando unha primeira etapa no que tiveran

[83] Primeiro en cada localidade a medida que vai describindo a violencia exercida tralo 36, incluíndo información moi detallada (con testemuñas orais, entrevistas realizadas naqueles momentos polo propio autor, etc) sobre exhumacións, funerais, e en definitiva o proceso mobilizador dos 70. En segundo lugar Aguirre destina un capítulo específico para tratar o tema das exhumacións, aportando testemuñas dalgúns dos protagonistas: os párrocos máis activos nas mesmas (Victorino Aranguren, Javier Vesperinas, Vicente Ilzarbe, entre outros). Deste xeito, da obra de Aguirre se pode extraer unha ampla radiografía sobre o proceso mobilizador en torno ás exhumacións que se desenvolve en La Rioja.

USC UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA

lugar as bautizadas como "exhumacións temperáns", isto é as realizadas entre 1939 e 1980 (Jiménez, 2019)[84]. Exhumacións, á súa vez, homenaxeadas mediante unha exposición no seu corenta aniversario[85].

Contrariamente á ampla proliferación de estudos académicos sobre o caso navarro e rioxano, resulta difícil atopar análises historiográficas sobre o acontecido en Catalunya, coa excepción da labor do historiador Ricard Conesa. O que resulta curioso por tratarse, como vimos, dun espazo de prolíficas e abundantes accións da memoria iniciadas xa nos anos 70 e 80. Ademais, ofrece un pano diferente dende onde observar o período de "recuperación da memoria" durante a Transición, lonxe do predominio das exhumacións, presentando un amplo espectro de accións reivindicativas. Así o apunta Conesa (2013, 2018, 2021, 2022) e así podemos estudalo acudindo as obras editadas polas propias asociacións memorialistas. A modo de exemplo teriamos os libros sobre as asociacións creadas en torno á Liga de Mutilados (Trabal, 1986; Vega, 1981)[86], ou á Amical de Mauthausen (Toran, 2008)[87]. Ademais destes libros escritos ou editados polas propias asociacións, o Memorial Democratic de Catalunya[88] iniciou en datas recentes a colección de libros *Entitas memorialistes de Catalunya* que, a día de hoxe, leva editados tres volumes sobre tres das asociacións memorialistas máis importantes de Catalunya, as tres nacidas entre os anos 60 e 70 cunha importante traxectoria de accións reivindicativas durante décadas como son a Associació Pro-memòria als Immolats per la Llibertat a Catalunya, a Agrupació de Supervivents de la Lleva del Biberó e a Associació Catalana d´Expresos Polítics del Franquisme (Bernal e Carbalán, 2017; Caralt, 2017 e Lorenzo,2020, respectivamente)[89]. Estes terán un carácter máis académico, levadas a cabo por historiadores, e mediante uso de numerosas fontes históricas.

Polo tanto a reivindicación das accións memorialistas dos anos 70 e 80, están sendo a día de hoxe recuperadas dun certo "esquecemento". O que á súa vez vai rachando con aquela consideración, asumida tamén dende o ámbito académico, de Priaranza como "inicio de todo", Algo que tivo os seus efectos anuladores de todo o acontecido con anterioridade e reducionista do que ocorreu arredor das fosas comúns (Palacios, 2021) en particular, pero tamén das actuacións memorialistas en sentido máis amplo.

> As prácticas monumentais (...) é fácil comprender que sobreviviran durante décadas, pese a que non existise unha política pública seria ao respecto, un gran

[84] Dáse conta das exhumacións realizadas en Navarra entre 1939 e 2019 dividindo o fenómeno en tres etapas diferenciadas, sendo a primeira delas a comprendida entre 1939 e 1980, e analizada por Jimi Jiménez membro da Sociedad de Ciencias Aranzadi. Jiménez inclúe as testemuñas dos protagonistas, tanta a súa propia voz, como documentos, apuntamentos, recordatorios, homilías, etc.

[85] Tivo lugar en Pamplona entre marzo e maio de 2019 no que se conmemoraba o 40 aniversario destas exhumacións. Unha conmemoración que tivo outros actos como as homenaxes no Parque da Memoria de Sartaguda ou o propio libro catálogo. inclúe un mapa do estado no que se recolle o proceso de exhumacións coñecido en todo o país distinguido por comunidades autónomas. Así salientamos a falta de información sobre exhumacións en cinco comunidades: Madrid, Cantabria, Aragón, Catalunya e tamén Galicia. Os datos son extraídos de : Sociedad de Ciencias de Aranzadi, ARMH, Arqueontra, Asociación Soriana Recuerdo y Dinidad, UNED-Mapas de la memoria, El Periódico de Extremadura, Unviersidad de Oviedo, AFOHSA, Ministerio de Presidencia (Layana e Gastón, 2019, p.16)

[86] Onde podemos estudar a súa evolución, as interaccións entre a asociación no exilio e as creadas no interior, así como as diverxencias entre as asociacións catalá e madrileña ou os intentos de constituír unha federación. Tanto para atender á traxectoria da Liga de Mutilados e Inválidos de la Guerra de España 1936-1939 en Francia, fundada en 1945 en Toulouse e reconstituída no 79 en Burdeos como ao que acontece dentro do estado, onde xa dende os sesenta existiran intentos de reconstituíla coa xeración de diversas asociacións que actúan de forma diferenciada (Madrid, Barcelona, Valencia, Bilbao...) e no que cabe destacar os múltiples conflitos entre diferentes ligas, en especial entre a madrileña e o resto (acusada de intentos centralizadores).

[87] Editado tamén pola propia asociación no que se narra o inicio da súa actividade na clandestinidade

[88] Organismo de carácter público da Generalitat de Catalunya que ten como misión a recuperación, conmemoración e fomento da memoria democrática en Catalunya (1931-1980)(http://memoria.gencat.cat/ca/institucio/)

[89] Pódense consultar en http://justicia.gencat.cat/ca/ambits/memoria/Recursos/publicacions/colleccions/

> proxecto nacional ou un aliñamento político claro e unificado. Trátase de iniciativas que partiron da sociedade civil, de familiares, de autoridades locais e progresivamente foron asumidos polos gobernos rexionais. Iniciativas que non levan a "pechar feridas" como se presume (...). Pola contra, trátase de iniciativas que dan un lugar na historia, que combaten o esquecemento e que traen ao presente, no monumento a través dos corpos, a necesidade de incidir na sociedade actual e construír un futuro baixo unha lóxica de débeda histórica de aqueles que foron asasinados para establecer o estado hexemónico no que vivimos hoxe (Palacios, 2021, p. 208).

Atenderase, pois, agora ás investigacións realizadas en torno as accións institucionais da memoria, levadas a cabo nun contexto no que precisamente non existiu unha política pública da memoria.

1.2.2.Historiografía das accións institucionais da memoria

Chegados a este punto, xa puidemos decatarnos de que nun mesmo proceso ou acción de memoria puido identificarse a participación de diversas institucións. Habitualmente como executoras de proxectos impulsados por colectivos, é dicir pola sociedade civil. E moi vinculado coa ausencia dunha política pública da memoria que aglutinase e dirixise o proceso de relación co pasado, no momento xusto dunha transición á democracia, e polo tanto, cando unha nova oportunidade abría a porta a diversas posibilidades (Palacios, 2021). Por iso, consideramos importante realizar esta diferenciación entre accións da sociedade civil e accións das institucións, para atender a estas actuacións disgregadas, habitualmente locais, que en certo modo, e como veremos, chocaban cunha posición nacional de peche de portas a unha posible lexislación que dialogase e reparase ás vítimas do pasado traumático. Revisaremos neste apartado, pois, as achegas centradas nas accións de memoria que desenvolveron, ou nas que se involucraron, as institucións durante a Transición, e nas que, polo tanto, eran estas as que desenvolvían, dun xeito ou doutro, unha narrativa sensiblemente ou diametralmente diferente á dominante. Isto é, demandando algún tipo de reparación das vítimas ou defendendo unha posición máis ou menos abertamente antifascista.

Anteriormente detivémonos na reflexión sobre a diversidade terminolóxica empregada para falar das "accións de memoria" da sociedade civil. En canto ás accións institucionais o máis habitual na literatura será o uso dunha única expresión, o de "políticas de memoria" entendidas como aquelas actuacións das administracións públicas dirixidas a establecer un determinado tratamento da memoria traumática.

Previamente á identificación dunha historiografía das accións institucionais da memoria na Transición teríamos que apuntar a todas aquelas achegas historiográficas, xa analizadas no apartado anterior, que xorden nos primeiros anos 2000 e que entendían a actuación das institucións en diálogo co traballo da sociedade civil. Deste modo analizan a relación entre os "movementos da memoria" e as institucións, entendendo que os primeiros buscaban coas súas accións a actuación das segundas. Así o fai Galvez Biesca (2006) cun apartado dedicado ás iniciativas institucionais, como a condena ao franquismo do parlamento do 2002 e que se producirían trala exhumación de Priaranza e o eco masivo nos medios de comunicación. Captamos tamén este diálogo, con especial claridade en Ferrándiz (2014) ao considerar que trala iniciativa da sociedade civil de abrir fosas comúns e a partir da súa visibilidade crecente e presenza pública de asociacións e colectivos de vítimas, algunhas administracións decidían

USC DE COMPOSTELA

iniciar diversas políticas de memoria, como a creación de comisións, direccións xerais ou memoriais. Deste modo a Lei de Memoria Histórica do 2007 e o conxunto de políticas públicas de memoria no nivel das CCAA, son froito da reaparición dos cadáveres no espazo público, e polo tanto, da acción primeira do movemento memorialista (Ferrándiz, 2014, p.33)[90].

En canto ás achegas sobre o acontecido nos anos da Transición, cabe resaltar a investigación de Conesa (2018, 2022) ao estudar como foi a actuación do concello de Barcelona e da Generalitat ante a presión das asociacións memorialistas, avanzando xa a relevancia que vai ter a nivel simbólico a reivindicación dos mártires (principalmente Companys) para avalar as demandas políticas contemporáneas desas mesmas institucións (por exemplo na campaña do Estatut). Tamén serían interesantes neste sentido os estudos recentes de Aguilar (2018, 2017) nos que resalta a actuación de alcaldes socialistas e comunistas en 1979 quitando placas de igrexas, borrando inscricións nas Cruces de los Caídos, cambiando nomes de rúas e construíndo panteóns para as vítimas do franquismo, algo no que profunda para o caso de Torremejía, describindo o papel executor da exhumación da corporación municipal e tamén a actuación coercitiva das altas institucións do estado (Aguilar e León, 2022). Polo tanto, trala revisión desta primeira etapa historiográfica arredor das actuacións institucionais poderíamos ter en conta certas premisas fundamentais:

- A participación en accións de memoria de institucións locais foi bastante habitual (por exemplo nas exhumacións en Extremadura).
- A participación das institucións estaba condicionada en gran medida á presión exercida por asociacións ou colectivos memorialistas, (o que se puido comprobar para o caso barcelonés).
- O "pacto de esquecemento", de existir nas elites políticas do estado, chocaba en certa medida coa actuación dende o local, incluso das propias institucións municipais.

Revisaremos agora unha segunda etapa historiográfica, que desenvolve análises centradas nas accións institucionais na Transición. Partiremos dos estudos que o fan dende un nivel macro para rematar no micro.

1.2.2.1.As políticas da memoria no nivel macro: máis alá da lei de amnistía

Evidentemente, a lei de amnistía de 1977, polas súas consecuencias, podería considerarse como a política de memoria (ou desmemoria) fundamental a nivel macro dos anos da Transición, por ser a garante dunha determinada forma de afrontarse co pasado. Pero, existiron, e se estudaron, outras políticas da memoria a nivel estatal como as políticas conmemorativas, que modularon esa nova memoria da Transición baseada no esquecemento (Sevillano, 2008)[91] ou certas políticas de reparación, relevantes polas súas posibles consecuencias na construción do sistema democrático (Aguilar, 1996, 2008).

De especial relevancia é a achega de Magdalini Fytili (2016) por ser das primeiras en abordar o acontecido máis alá dos primeiros anos da Transición. Na súa tese doutoral analiza a

[90] Trala decepción polo contido desta primeira lexislación memorialista, desembócase noutro novo diálogo, esta vez no ámbito xudicial, que produciu, á súa vez, a percepción por parte de organizacións e colectivos de que existe impunidade dos perpetradores franquistas. Esta constatación de que era imposible conseguir os obxectivos de xustiza, verdade e reparación no marco estatal será un punto de inflexión que xerará unha viraxe de rumbo cara a lexislación universal.

[91] Como foron os cambios nos días de conmemoración da vitoria franquista por cuestións "de consenso", como por exemplo o "Día de las Fuerzas Armadas" substituíndo ao "Día de la Victoria".

xestión da memoria colectiva da guerra civil polos diferentes gobernos e partidos políticos dende a transición á democracia ata os anos 2000 de xeito comparado entre España e Grecia. A tese pretende responder á pregunta sobre por que en países comparables a nivel político e histórico a memoria sobre a guerra civil xestionouse de xeitos tan diferentes. E nese senso a autora indaga na influencia que a reconciliación puido ter nestas dúas formas diferentes de xestionar o pasado. Emprega para iso diversas categorías analíticas como as conmemoracións da guerra civil, as políticas oficias de memoria, o uso público e a instrumentalización do pasado ou as representacións da guerra civil na prensa. Deste modo os seus resultados apuntan a existencia de dous modelos diferentes de xestión do pasado. Por unha banda no caso español antepúxose o acordo e unha nova narrativa a pesar das diferenzas existentes, mentres que no caso grego a construción dunha memoria compartida estivo precedida por un diálogo aberto onde ningunha memoria se viu excluída. Fytili apunta a como no caso español, onde se priorizou unha versión única compartida, a reconciliación resultou máis aparente que definitiva, ao neutralizar as memorias antagónicas sen a existencia de ningún recoñecemento previo. O estudo, que se divide en diversas etapas, denomina como período de esquecemento ou de exclusión da memoria de esquerdas ao período comprendido entre 1977 e 1982. De especial interese resulta a análise das reinstitucionalización dos aniversarios como o 1 de abril en Día das Forzas Armadas ou o 20 de novembro como Día dos Caídos pola Patria. Tamén salienta a argumentación arredor de como a reinterpretación política da guerra civil en torno a un fratricidio, con culpas igualadas, contribuíu ao esquecemento. O seguinte período entre 1982 e 1996 denomínase como o da memoria en suspensión, marcada polo predominancia do goberno socialista. Neste senso resalta o artigo publicado por Fytili en 2017 no que centra análise nesta etapa[92], que Espinosa (2006) tiña identificado como a da "Supensión da memoria", pola falta de interese do PSOE en ser relacionado coa República. Cuestión que estuda a autora, empregando como elementos de análise a relación conflitiva cos símbolos republicanos ou a reafirmación da narrativa hexemónica franquista que tería suposto o comunicado do goberno a tenor do cincuenta aniversario da guerra, e que, ao mesmo tempo, confronta coas homenaxes a vítimas realizadas nese ano por diversas organizacións de esquerda, incluídas agrupacións locais do PSOE[93]. Nas razóns explicativas desta postura a autora afástase da premisa dominante que o xustificaría polo medo a unha sublevación militar, apuntando a unha estratexia de rendibilidade electoral, así como tamén ao seu xiro cara políticas de corte neoliberal.

> Rescatar a memoria dos vencidos podería resultar non só unha forma de facer xustiza co pasado, senón tamén de reivindicar no presente as utopías ou experiencias revolucionarias que fracasaron no pasado (Fytili, 2017, p.65-66).

O PSOE non estaría en construír unha cultura de esquerdas posto que non tiña xa ningún tipo de aspiración anticapitalista. Polo tanto, podería distinguirse xa certo consenso arredor dunha política no macro baseada nese discurso da reconciliación, que, en definitiva, evitaba xestionar o pasado, simplemente corroborábase o relato dunha traxedia colectiva que era mellor non lembrar.

Resulta destacable a ausencia dunha investigación polo miúdo do proceso de políticas públicas da memoria a nivel estatal durante todo o período e que poida abordar con profundidade esta cuestión. Por outra banda, emerxeu unha corrente de análise historiográfico centrado no que acontecía na Transición a nivel municipal, focalizada na existencia de iniciativas locais mentres dende as altas esferas perfilábase esa política baseada no

[92] Mediante un estudo comparativo entre este goberno e o grego (1981-1989) (Fytili, 2017).
[93] "Homenaxe ás vítimas do franquismo" organizada por entre outros PCE, o PCE-ml, loa CNT, Euskadiko Ezkerra e Comisiones Obreras. Ou Homenaxe á II República dos concelleiros do PSOE e de Herri Batasuna

esquecemento. Estudos que en boa medida tentan responder a certas preguntas de interese en canto ao cariz destas acción, isto é se funcionaban como continuadoras da lóxica e o discurso hexemónico da Transición ou se pola contra cuestionaban dalgún xeito este marco imperante.

1.2.2.2.. As accións institucionais no micro e meso. Cuestionando o pacto, resistencias que recordan.

En canto ás políticas de memoria no micro e meso (comunidades autónomas), os estudos que puidemos localizar céntranse especialmente no que neste sentido era potestade das institucións municipais, isto é, os cambios no simboloxía dos espazos públicos, tendo en conta ademais que non existía ningunha lexislación sobre isto en esferas superiores. A literatura ao respecto non é moi numerosa e está focalizada sobre todo no caso catalán, especialmente en Lleida e Barcelona, e en datas máis recentes no vasco e no aragonés. Previamente, existían algúns estudos introdutorios nos que se analizaba a toponimia e os monumentos franquistas, e os cambios acontecidos na Transición, dende unha óptica xeral. Neste senso analizáronse as actuacións nas estatuas de Franco identificando tres opcións: a súa conservación, a retirada cara outro lugar menos visible e a retirada definitiva (De Andrés, 2004). Na determinación dunha ou doutra distínguense diversos factores como o papel clave dos concellos de esquerda, a actuación da extrema dereita como paralizante das actuacións postas en marcha e o factor dos nacionalismos periféricos como clave para comprender a maior retirada de estatuas nas comunidades con esta realidade, isto é o País Vasco e Catalunya. Así, Galicia identifícase entre as comunidades autónomas, como Andalucía ou a Comunidade Valenciana cunha identidade definida pero nas que o nacionalismo español non perdeu en ningún momento a súa forza . Se botamos a vista atrás, a todo este estado da cuestión, podemos comprobar como esta análise configúrase como a primeira en abordar casos de estudo en Galicia, en concreto examínanse os feitos arredor das estatuas de Ferrol, Ponteareas e Narón (De Andrés, 2004).

A relevancia da cuestión identitaria tamén a analiza Montserrat Duch (2004) no seu estudo sobre a toponimia franquista e a súa eliminación sinalando que "onde non mediou ningún sentimento identitario nin vontade de normalización lingüística, como si ocorreu nos casos de País Vasco, Catalunya, País Valenciano e Baleares, o impulso "radical" cara a substitución no nome das rúas foi moitísimo menor" (p.285). Deste xeito incide no caso catalán onde os nomes das rúas foran elementos catalizadores e representativos da cultura política democrática e antifranquista durante a Transición, atendendo á extensa campaña popular xeneralizada a todo o país baixo o lema "Volem noms populars als carrers". E que se traducira na revisión toponímica de vilas e cidades dende as primeiras eleccións democráticas do 79 por decisión de amplas maiorías de progreso que asinaran o acordo: PSC, PSUC e CiU. Pola contra, a autora destaca tamén a Galicia entre as comunidades onde a persistencia da toponimia franquista fora máis habitual[94].

Pero máis alá destes estudos introdutorios, nos últimos anos téñense desenvolvido estudos de caso centrados en boa medida na modificación da simboloxía franquista, que van evidenciando certas características comúns[95]. Por un lado, como xa se constataba en achegas

[94] Neste mesmo senso Luis Castro (2008) destaca o "escaso alcance que tivo a Transición no cambio dos rueiros, más alá dalgunhas rúas e prazas nas grandes cidades. En xeral, as denominacións referidas a personaxes e xestas do franquismo persistiron inmutables na maior parte das cidades e vilas españolas" (p.221).

[95] Destacamos os estudos de Mir e Ramón (2014) e Sagués e Creus (2012) para o concellos da provincia de Lleida; Remesar e Ricart (2014) para o concello de Barcelona; Murillo (2020) para a comunidade autónoma de Aragón. Por outra banda Del Arco (2022) non se circunscribe a un territorio concreto, analizando casos de todo o territorio estatal.

analizadas anteriormente, identifícase como factor explicativo destas actuacións a existencia de gobernos municipais de esquerda (Del Arco, 2022; Murillo, 2020) . Por outro lado determinarase unha tipoloxía de formas de actuación sobre a simboloxía, dende a erradicación dos monumentos franquistas, á recuperación de monumentos eliminados polo franquismo, ata a inclusión de simboloxía republicana (Mir e Ramón, 2014; Sagués e Creus, 2012; Remesar e Ricart, 2014; Del Arco, 2022). De especial interese é ter en conta as solucións adoptadas de xeito recorrente, como a retirada dos monumentos franquistas a zonas menos visibles da cidade, a recuperación da nomenclatura tradicional (Sagués e Creus, 2012; Murillo, 2020) ou a colocación dos monumentos de homenaxe ás vítimas do franquismo en lugares non centrais como os cemiterios ou os propios lugares de violencia (Alonso, 2017). Ademais. aténdese á modificación dos monumentos franquistas cun sentido acorde coa lóxica da "reconciliación". Isto é, empregando solucións equidistantes que incluían a "todas as vítimas da guerra" " (Conesa, 2022; Del Arco, 2022; Espinosa, 2006; Mir e Ramón, 2014; Murillo, 2020). Deste xeito quedaría no aire a pregunta sobre se estas actuacións foron unha operación de restitución ou se pola contra as autoridades locais tenderon a eludir o compromiso mediante tímidas accións para eliminar algúns símbolos e nomes de clara significación franquista (Mir e Ramón, 2014)[96].

Aínda que este grupo de achegas centradas na modificación da simboloxía constitúe o campo máis prolífico da historiografía das accións institucionais de memoria na Transición, tamén emerxen novos estudos que amplían o ratio de acción. Faino, por exemplo, Alonso Carballés (2017) ao incluír na súa monografía sobre os monumentos á vítimas da guerra en Euskadi, as homenaxes a vítimas do franquismo realizadas entre 1986 e 1989 no cincuenta aniversario da guerra. Un aniversario que aínda que estivera marcado pola inexistencia de políticas de memoria do goberno socialista si fixera posible "unha significativa presenza da guerra e das súas consecuencias no espazo público grazas ás decenas de coloquios, congresos e actos académicos, organizados por universidades, fundacións, gobernos autonómicos e concellos" (p. 26)[97]. En canto a esa actuación de gobernos autonómicos cabe destacar a reflexión de Andrés Alberto Scagliola (2008) quen entende que nas institucións catalás tamén se levaría a cabo unha "política de memoria para a reconciliación". Posto que, aínda que os presidentes da Generalitat participaron nas homenaxes a Companys, xa dende 1978 con Tarradellas, faríano cun perfil moi baixo e baseándose no discurso da "reconciliación".

Por outra banda merece unha mención individualizada, polo seu carácter global no estudo e caracterización das accións de memoria institucionais, a tese do historiador Sergio Murillo. Como xa sinalabamos anteriormente, Murillo (2020) realiza a súa investigación doutoral sobre as que denomina "iniciativas de memoria" levadas a cabo entre 1975 e 1990, distinguindo entre actores sociais e institucionais[98]. Nela estuda as políticas de memoria postas en marcha por

[96] Neste sentido poderían encadrarse os conflitos que teñen lugar arredor dos monumentos franquistas, coa actuación de grupos de esquerda ou veciñais que intentan danar os símbolos franquistas, así como a presenza "resistente" de grupos de extrema dereita homenaxeando a memoria franquista. Del Arco (2022) exemplifícao, entre outros casos, co atentado do GRUPO en xullo de 1976 contra o monumento ao caudillo en Ferrol.

[97] En Euskadi destaca a creación da "Asociación de Niños Evacuados del 37", así como as iniciativas, institucionais e populares, destinadas a recuperar a dimensión histórica e social de Guernika, paradigma do que a guerra supuxera para a sociedade vasca. Actos que se produciron en 1987, no seu cincuenta aniversario. Ademais a mobilización institucional foi amplamente recuperado polo mundo abertzale (Alonso, 2017, p.27). Entre as accións estarían a do levantamento de monumentos de homenaxe destacando o realizado por Eduardo Chillida, inaugurado en 1989. Previamente sinala o caso do monumento funerario no cemiterio de Oiartzun en 1977.

[98] Previamente, xa tiña publicado arredor das políticas de memoria realizados nos concellos aragoneses de Mallén e Magallón durante a Transición, diferenciando entre as iniciativas dos familiares, con marcado carácter antifranquista, e as accións levadas a cabo polos gobernos municipais, coma os cambios nos rueiros nos que "o paradigma antifascista desaparece", sen que se recuperen os nomes republicanos as rúas e se opte por cuestións tradicionais ou do folklore (Murillo, 2017).

USC UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA


concellos, deputacións e goberno de Aragón, diferenciando as construcións de monólitos, os cambios na toponimia urbana, a retirada da simboloxía franquista e a realización de homenaxes ou exposicións[99]. Para o autor estas serían "iniciativas dende arriba", en contraposición coas levadas a cabo pola sociedade civil. Estas políticas enmarcaríanse na narrativa da "reconciliación", evitando por tanto na medida do posible:

> Ferir a susceptibilidade dos representantes dos grupos políticos conservadores e dos veciños que representaban (...). Máis alá da dificultosa retirada de simboloxía franquista que se produciu, evitouse a nomenclatura relacionada coa tradición democrática e da República e os monumentos dedicados aos que loitaron "pola paz e a liberdade" non sobrepasaron os cemiterios. Pola contra a maioría de monumentos públicos realizados empregaron a narrativa da "equiparación e se dedicaron "a todos os mortos na guerra" (Murillo, 2020, p.183-184).

Tamén resulta salientable o estudo da posición da dereita e da prensa local, sendo constantes as acusacións de *revanchismo* ante calquera medida tomada para a eliminación do espazo público de simboloxía franquista (Murillo, 2020, p.196). O autor identifica unha actitude moi belicosa cando o que se pretendía era a súa retirada e non a súa modificación.

> A maioría dos argumentos esgrimidos pola dereita foron a acusación de "revanchismo", a posta en valor da "lexitimidade do exercicio" do franquismo e o dano moral ás familiares das persoas homenaxeadas (...) Debemos recordar que a retirada desta simboloxía era un ataque directo á "cultura da vitoria" do franquismo (Murillo, 2020, p. 246).

Gráfico 8. Principais conclusións estudos accións institucionais nos concellos



Fonte: elaboración propia.

Finalmente despois desta revisión historiográfica, poderíamos concluír que se terían identificado certos xeitos de actuación comúns nas accións institucionais que se sintetizan no Gráfico 8. En definitiva, a análise da bibliografía ao respecto do que demos en chamar "accións institucionais" pon enriba da mesa certas cuestións de interese:

[99] Estuda dezaseis iniciativas das que tres son exhumacións, unha consiste na dignificación dunha fosa e o resto son homenaxes, cambios de nomes franquistas das rúas, retirada de cruces dos caídos e placas de Igrexa ou construción de monólitos.

- A ausencia de estudos que aborden as actuacións institucionais dun xeito global e profundo. A excepción da tese de Murillo (2020), os diversos estudos que vimos de analizar céntranse en cuestións concretas e cando se ten certa pretensión de comprensión global este realízase con pouca profundidade, atendendo a cuestións "paradigmáticas" como por exemplo as accións no cincuenta aniversario de 1936, que, de todos os xeitos, seguen unha lóxica descritiva superficial.
- Baixo número de investigacións. Como se pode observar atendendo á propia análise realizada nas presentes páxinas, existe unha gran diferenza entre a cantidade de estudos centrados nas accións da sociedade civil e estas. Desta forma as limitacións detectadas nestas fanse moito máis palpables neste caso onde o estudo compartiméntase tanto territorialmente como a nivel tipolóxico, de xeito que o máis habitual será abordalas como estudos sobre os cambios nas simboloxías urbanas, xa non como actuacións institucionais da memoria.
- Por último, cabería preguntarse se estas accións institucionais, que Murillo (2020) considera enmarcadas no discurso hexemónico da Transición, seguen claramente esta dinámica, ou, se, como sostiñan algúns autores para as exhumacións, as actuacións dos concellos tamén manterían este discurso formal por consideralo o único xeito de ver posibilitados os seus obxectivos, tras comprobar as amezas da extrema dereita ou a oposición violenta dos grupos conservadores nos propios plenos municipais.

1.2.3. As accións da memoria en Galicia

Despois desta revisión historiográfica resulta evidente como as accións da memoria na Transición estudadas ata o momento se concentran en catro territorios: La Rioja, Navarra, Extremadura e Catalunya, polo que deberemos preguntarnos pola existencia de estudos sobre o acontecido en Galicia en relación coa memoria do pasado traumático.

Seguindo a lóxica establecida anteriormente, detémonos primeiro nos estudos que puideran ter analizado isto para épocas recentes, é dicir, a partir dos anos 2000, concluíndo que se trata de artigos eminentemente de carácter reflexivo, como o asinado polo historiador Víctor Santidrián (2007) no que reflexiona sobre o "fenómeno da recuperación da memoria histórica" en especial sobre o caso galego, atendendo aos usos públicos da memoria, coa vista posta na declaración de Ano da memoria, no 2006, sendo Galicia a primeira comunidade autónoma en facelo[100]. Por outra banda, no libro *Memoria de guerra e cultura de paz no século XX* que ten como editor ao historiador Lourenzo Fernández Prieto (2012) destacamos a análise do que dan en chamar "recuperación cívica das memorias" deténdose na "experiencia galega", onde Carlos Méixome (2012) analiza o fenómeno na comarca do Valmiñor. Este apunta a unha recuperación de memoria que se produciu dende o mesmo momento en que se executou a violencia, aludindo ás cruces na "volta dos nove" como o exemplo paradigmático do que foi a reivindicación da memoria das vítimas durante a ditadura. Estas cruces, aparecían durante a noite recordando as nove persoas asasinadas nese lugar. Por tanto aludíase a unhas accións da memoria clandestinas levadas a cabo durante a ditadura e que tiveron a súa continuidade trala Transición, salientado a relevancia simbólica das fosas de San Xián (Méixome, 2022).

[100] O autor describe o proceso polo cal se aproba unha proposta non de lei, o 28 de decembro de 2006 sobre a conmemoración do Día de Galicia Mártir e a rehabilitación e recoñecemento de Alexandre Bóveda, figura que como veremos, é fundamental para comprender a mobilización da memoria neste espazo.

Para atopar algunha referencia a que acontece en Galicia nos anos da Transición fixarémonos en dúas referencias. Comezaremos coa disertación de Lorenzo Fernández (2009) onde identifica unha fase de recuperación da memoria entre 1975 e 1996, que se produce dentro das familias pero con certas repercusións na esfera pública[101]. Entre elas destaca os traballos dos investigadores Carlos Fernández, Bernardo Maiz, Harmut Heine e Carlos Reigosa, e do xornalista Víctor Freixanes. Así como a colección *Documentos para a Historia Contemporánea de Galicia*, de Ediciós do Castro, capitaneada por Isaac Díaz Pardo que "durante os anos oitenta publicou ducias de testemuñas de protagonistas da represión e o exilio ata constituír un amplo corpus de gran utilidade para os historiadores" (Lourenzo, 2009, p. 140).

Ademais, a medida que vai narrando as iniciativas que se desenvolveron a finais dos anos 90 e principios dos 2000 apunta a un dato de especial interese para nós. A realización de certos actos de homenaxes similares, levados a cabo polos concellos e co levantamento de monólitos en 1976. En concreto sinala o caso coruñés cando os exiliados do PSOE retornados colocaron unha placa no cemiterio civil en recordo dos fusilados e anos máis tarde o alcalde socialista homenaxeou ao rexedor fusilado no 36. Ademais sinala que ese tipo de actos realizáronse noutras cidades galegas cos primeiros gobernos municipais democráticos de 1979 (Lourenzo, 2009, pp.140-141).

Ás pistas deixadas nesta achega, súmanse á segunda referencia de interese para o caso galego. O artigo de Dionísio Pereira publicado na revista *Luces* en 2016, o cal poderiamos considerar o máis próximo a un antecedente da presente investigación. O autor pon sobre a mesa diversas accións que evidenciarían a existencia dende 1980 dun proceso de recuperación e vindicación da memoria das vítimas[102]. Deste modo, alude á exhumación en 1981 de Celso Pérez, alcalde de Gomesende, por iniciativa dos seus familiares no cemiterio de Sorga (A Bola). Tamén á publicación de literatura testemuñal sobre as persecucións, nomeando a Ramón de Valenzuela e Silvio Santiago. Así como á aparición de reportaxes históricas, citando a de Francisco Cerecedo sobre a desfeita de Tui publicada en 1979 na revista *Historia 16* e a publicación de Harmut Heine sobre a guerrilla galega. Máis no ámbito da universidade, salienta Pereira, o máis habitual resultou a inacción. "Publicouse, si, mais quen o fixo resultou ser maiormente alguén que daba testemuño de apesaradas vivencias ou enarboraba a militancia antifranquista, con recurso a pequenas editoriais" (Pereira, 2016). Resalta pois o autor a labor de *Interviú,* e as dificultades ás que se enfrontou por iso, e en concreto, para o caso galego co secuestro da revista en 1978 a tenor dun artigo sobre a presunta implicación de Antonio Rosón na represión no leste de Lugo. No relativo a colectivos, Dionísio Pereira refírese á Asociación Cultural Alexandre Bóveda (A Coruña) ou o Galo (Compostela) que "con cautela iniciaron a transmisión daquela magoada memoria tras a morte de Franco". En canto ao eido municipal considera "houbo avances canto á simboloxía fascista, pois corporacións de esquerdas, primeiro no Ferrol, en 1981, e despois con maior pulo en Compostela no mandato de Xerardo Estévez, comezan a esfarelar o espazo simbólico franquista"[103].

Este artigo constitúe a achega que máis datos aporta arredor do que aconteceu en Galicia nos anos 70 e 80 aproximándonos a unha certa tipoloxía e evidenciando que "algo existiu". A

[101] Aparición en libros e películas, numerosas publicacións xornalísticas ou históricas xa presentes dende primeiros anos da Transición, así como o traballo xa existente de exiliados e hispanistas (Fernández, 2009).

[102] Pereira, D. "Contra a nostalxia, memoria". *Luzes,* 28, marzo de 2016, pp. 22-29.

[103] Nos anos noventa continuarían as medidas, tanto nas rúas das vilas (en Pontevedra en 1999, por exemplo), as iniciativas editoriais como O Fardel da Memoria de *A Nosa Terra*, e novas asociacións como a Fundación 10 de marzo ou Amigos da República, e no eido académico o nacemento de Histagra en 1996 coas primeiras teses de doutoramento centradas na represión. Por outra banda apunta a existencia xa a finais dos noventa (e por tanto antes da "exhumación de Priaranza") dun terzo dos colectivos que logo estarían activos na década seguinte.

práctica soidade deste artigo de Pereira, evidencia, ao mesmo tempo, o baleiro historiográfico en torno ao estudo das accións da memoria na Transición en Galicia. E é que, como vimos sostendo, as análises que existen sobre este proceso no Estado español concéntranse nuns determinados territorios, quedando Galicia excluída, por tanto dunha análise historiográfica detallada.

Deste modo, ás carencias detectadas nos estudos sobre as accións da memoria entre os anos 70 e 80 que vimos analizando ao longo deste capítulo, sumamos a práctica ausencia de estudos pormenorizados sobre o acontecido no caso galego. Todo isto evidencia, por tanto, da necesidade do presente estudo, na súa intención de realizar unha investigación sistemática do acontecido en Galicia arredor das accións memorialistas a partir da morte de Franco, que nos situaría ante un estudo inédito ata o momento. Aquel que afronte as accións da memoria na súa globalidade, como fenómeno diverso pero que, ao mesmo tempo, pretenderemos analizar de xeito interrelacionado, como parte dunha mesma dinámica social e política.

1.2.4.A necesidade da presente investigación ao fío da revisión da literatura

Non cabe dúbida de que se escribiu e investigou sobre as accións que levaron ao espazo público o conflito existente e non resolto no Estado español arredor do tratamento da memoria do pasado traumático. Pero unha vez revisada e analizada a literatura existente, puidemos detectar diversas deficiencias, baleiros e ausencias que nos marcan o rumbo a seguir, aqueles aspectos clave que deben ser abordados na presente investigación.

Primeiramente convén resaltar o que poderíamos denominar como "egocentrismo temporal". O fenómeno en estudo, é dicir, as accións que sitúan a memoria do pasado traumático no espazo público, foi maiormente analizado no mesmo período en que se inician as investigacións. Isto é, nos anos 2000 e en relación co chamado "boom memorialista" que sitúa nunha posición mediática central as demandas arredor da rehabilitación das vítimas do franquismo. De modo que se tendeu a considerar que antes non houbera practicamente nada, resultando habitual a descrición da sociedade durante a Transición como débil ou "non preparada" para abordar ese pasado. Aínda así, esta tendencia a centrarse principalmente no que aconteceu nos últimos vinte anos está sendo revertida coa proliferación de estudos que atenden ao sucedido nos anos 70 e 80. Estudos que, por outra parte, se centran principalmente, nun tipo concreto de accións, as exhumacións. O que podería deberse á procura dun predecesor do fenómeno actual.

Desta forma consideramos que se podería estar producindo certo nesgo ao extraer conclusións sobre o cariz, a intensidade ou a delimitación territorial do fenómeno, soamente tendo en conta unha das súas manifestacións. Isto, como tamén xa comprobamos, ten as súas excepcións, materializadas principalmente nos estudos sobre o caso catalán e aragonés. Todo isto concrétase nunha das eivas máis importantes detectadas mediante a elaboración deste estado de cuestión: a práctica ausencia de estudos que aborden este fenómeno dun xeito global. E isto sería aplicable tanto para o período iniciado nos 2000, como para o período da Transición. En canto a este último, como vimos de ver, nos últimos tempos ten proliferado unha corrente historiográfica propia, en grande medida centrada nas exhumacións pero coa emerxencia xa de investigacións que atenden a outras iniciativas memoriais. Porén, aínda que con intentos por universalizar as conclusións, estas achegas seguen a ter certas limitacións ao non comprender

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

a análise das accións da memoria dun xeito global[104]. Investigación que non existe tampouco para o caso galego do que só se atopan aproximacións ben encamiñadas pero que non foron aínda secundadas cun estudo profundo. Todo o cal se materializa nas escasas liñas que forman parte do estado da cuestión para o territorio galego.

En resumo, resulta máis que evidente a necesidade de analizar que aconteceu co tratamento da memoria traumática na Transición, partindo dun profundo baleiro historiográfico en dous sentidos. En primeiro lugar en canto a un análise integral deste tratamento da memoria no conxunto do estado, existindo, como diciamos, estudos parciais tanto a nivel de accións memoriais estudadas como no alcance territorial. En segundo lugar, en canto ao territorio da comunidade galega da que, ata o momento, non existe ningunha investigación sobre o acontecido.

En conclusión, convén xa desprenderse do peso que supuxo a comprensión do fenómeno dende o presente, dende o acontecido nestes últimos vinte anos no Estado español. É necesario atender as accións da memoria nos anos 70 e 80 despoxándonos das posibles predisposicións terminolóxicas e analíticas que comporta entendelo dende as accións da memoria do tempo presente. Resulta, por tanto, vital comprendelo como o fenómeno novidoso que foi, pois antes del as accións só tiveran cabida na clandestinidade e na intimidade.

Partindo deste obxecto convén, para finalizar, poñer en orde todos aqueles asuntos que fomos distinguindo nesta revisión:

- ✓ <u>De que estamos falando? A multiplicidade terminolóxica</u>

Movemento social de recuperación da memoria histórica, movementos memorialistas, políticas de memoria, iniciativas populares de memoria... Como puidemos comprobar ao longo deste capítulo, serán diversas as formas de denominar ao fenómeno en estudo, habitualmente sen unha construción teórica sólida detrás da elección. Algo ao que se lle suma que non sempre se estea falando exactamente do mesmo. Así, é habitual que o fenómeno sexa estudado nas súas diversas vertentes de forma separada e inconexa, xa sexan estas as exhumacións, as accións levadas a cabo polas administracións ou as actividades das asociacións, por exemplo. É preciso preguntarse sobre se estas accións conformaron un movemento social ou se pola contra unicamente se trataron de accións cun cariz disperso. Estas cuestións abordarémolas no Marco conceptual, onde decidiremos e xustificaremos a elección dos termos a empregar.

- ✓ <u>O tipo de violencia exercida tralo golpe e o cariz das accións durante a Transición</u>

Diversos foron os autores que apuntaron a unha relación entre o tipo de violencia que se exerceu tralo golpe de estado cos tipos de accións memorialistas que logo se desenvolveron, e incluso con que puidesen existir estas. Por exemplo, vinculando as fosas comúns multitudinarias coa realización de exhumacións.

- ✓ <u>Diferencias entre as accións no ámbito rural e no urbano</u>

Algúns autores establecen unha diferenciación entre as accións que se realizan no ámbito rural, relacionadas con exhumacións e dignificacións de fosas, e no urbano, nos que a mobilización social tería un marcado carácter antifascista no que se demandaría a eliminación

[104]A excepción a esta tendencia sería a investigación doutoral de Sergio Murillo, que aborda o fenómeno na súa globalidade para a comunidade autónoma de Aragón .

de simboloxía franquista. Cabería, pois preguntarse se existe esa diferenciación na tipoloxía das accións.

- ✓ O discurso antifascista Vs o discurso da reconciliación

Como vimos de ver, a análise do discurso que enarborarán os participantes nas accións memorialistas, e en relación con isto o propio cariz das súas demandas, constitúen vectores de análise de diversos autores. Polo que é relevante definir diversos interrogantes arredor deles, por exemplo en canto a se os familiares defendían un discurso cun maior grado de antifascismo mentres as accións das institucións vinculábanse máis coa idea da reconciliación. Ou en canto á existencia dunha asimilación das narrativas hexemónicas fronte a un uso oportuno destas para lograr os seus obxectivos.

- ✓ A atención mediática: como de determinante foi na evolución do proceso?

Resulta unha constante na meirande parte dos estudos que vimos de analizar, a análise do papel dos medios de comunicación na configuración e evolución do proceso memorialista dos anos 70 e 80. Algo que tamén habitualmente realizábase en comparación co acontecido nos 2000. A diferencia entre a ampla actuación dos medios de comunicación neste período e a ausencia de difusión durante os anos 70 e 80 abriu a porta a formulación de diversos interrogantes sobre a potencialidade deste actor como factor de éxito para as demandas memorialistas. O que á súa vez abriría á porta ao cuestionamento sobre diferenzas tanxibles, de profundidade, entre as características do proceso memorialista (discurso, composición dos participantes, etc) nos 70 e nos 2000 máis alá desa diferente atención mediática do fenómeno. Por outra banda deberá abordarse non só a práctica ausencia de cobertura das accións memorialistas, senón tamén observar o discurso que seguen as poucas referencias xornalísticas que existen.

- ✓ As medidas coercitivas fronte as accións: como influíron na evolución das accións?

As respostas violentas, restritivas, de censura e ou punitivas ante o desenvolvemento de diversas accións memorialistas por parte dun heteroxéneo grupo de actores (dende grupos de extrema dereita a administracións públicas) podería constituír outro dos factores clave de análise destas accións, das súas características e limites discursivos, incluso para abordar a posible parálise ou pouco alcance das mesmas.

- ✓ 23F como momento clave para a extinción das accións


Sobre todo nos primeiros estudos, resultaba habitual atender a unha suposta parálise do proceso, principalmente exhumatorio, tralo golpe de estado de 1981. Sería pertinente preguntarse sobre esta afirmación e se se revalida trala análise das fontes históricas, se existiu, por tanto, un parón nas accións da memoria debido aos efectos disuasorios que tería ocasionado o 23F.

- ✓ A posición dos partidos de esquerda ante as accións

Outra das constantes de análise arredor das accións de memoria na Transición xira en torno ao papel dos partidos de esquerda, ás diferenzas entre a actuación de PSOE e PCE e outros partidos da esquerda ou dos nacionalismos "periféricos" ou ás diverxencias entre as direccións do PSOE e PCE e os seus militantes. Cuestións, por tanto, que deben estar sobre a mesa na análise que se pretende realizar no presente traballo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Gráfico 9. Características comúns nas accións estudadas pola historiografía



Fonte: elaboración propia.

✓ Elementos de análise

Como aglutinamos no Gráfico 9 poderíamos destacar unha serie de elementos de análise ou características das accións da memoria que predominaron na historiografía analizada, entre as que destacan a actuación das redes, a relevancia da traxectoria vital dos participantes ou a predominancias dos ritos católicos.

✓ Recordando o que non se quería recordar?

Finalmente resulta practicamente unha constante entre os estudos que atenden ás accións memorialistas durante a Transición, deterse na cuestión de fondo arredor da existencia ou non dese suposto pacto social polo cal os españois terían acordado non recordar o pasado en miras dun futuro en democracia.

Despois desta revisión do estado da cuestión, pairan interrogantes a redor da existencia dese pacto, e sobre cales eran as premisas e obxectivos daqueles que buscaban o recordo do pasado traumático. A través da revisión da literatura, emerxe a cuestión sobre cal foi o grado no que as accións se contrapuxeron á idea dunha reconciliación baseada no esquecemento dun pasado que non debía volver.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- ✓ Algúns dos elementos ausentes

Para finalizar consideramos relevante atender a identificación de certos aspectos ausentes das achegas historiográficas analizadas, e aos que cremos, sería relevante prestar atención. Por unha banda sería pertinente preguntarse se o caso español pode seguir a considerarse singular no contexto internacional, concretamente no da emerxencia dunha "globalización da memoria". Nesta dirección sería oportuno indagar sobre se existiu a denuncia dos perpetradores ou a reivindicación do recoñecemento das vítimas tal como era habitual nas prácticas de memoria a nivel global.

Por outra banda consideramos acaído indagar sobre a opinión pública en torno a este tema e a como os axentes memorialistas conseguiron o obxectivo de mobilizar ao seu favor as simpatías maioritarias da poboación, incluíndo as dos propios familiares de vítimas en moitas ocasións.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1.3.MARCO CONCEPTUAL

Dende o inicio deste traballo empregamos uns determinados conceptos para nomear ao noso obxecto de estudo. Así, falamos de accións da memoria que levaron ao espazo público a memoria traumática da violencia exterminadora desatada tralo golpe de estado do 36. Uns conceptos concretos, e non outros, que decidimos empregar e que, polo tanto, cómpre xustificar axeitadamente.

Trala revisión das xenealoxías, debates e literatura existentes sobre o fenómeno en estudo quedou patente a súa multiplicidade terminolóxica. O "movemento social de recuperación da memoria histórica", "as políticas de memoria", as "iniciativas", os "movementos memorialistas" ou os "ciclos exhumatorios", son algúns dos conceptos máis empregados nas diferentes publicacións revisadas. A elección dun destes conceptos, habitualmente careceu dunha armazón teórica detrás que a sustentase. Ao que se sumaría a case práctica ausencia de investigacións integrais, isto é, que aglutinasen o fenómeno en estudo como o imos facer no presente traballo[105]. Deste modo conceptos tales como "ciclos exhumatorios" ou "movementos memorialistas" fan referencia unicamente a partes do obxecto en análise. Cuestión que á súa vez, bebe dese egocentrismo temporal, ao que xa nos referimos, e que parte da comprensión do acontecido practicamente de xeito exclusivo a partir dos anos 2000. Punto de partida da meirande parte da literatura e, en certo sentido, punto de partida tamén da presente tese, ao iniciarse coa formulación da pregunta:

Se as vítimas e familiares do golpe de estado e do franquismo reivindican os seus dereitos nos anos 2000, que aconteceu ao morrer o propio ditador Francisco Franco?

Esta primeira pregunta desembocou no que se conformou finalmente como cuestión central desta tese e que abre o abano máis alá do que fixeran vítimas, familiares e incluso a sociedade civil e que podería formularse do seguinte xeito:

Ten cabida a memoria do golpe de estado, da guerra e do franquismo cando se produce o proceso transicional dende ese propio franquismo cara un sistema parlamentario?

Deste modo, definiuse o obxecto de estudo, como todo aquilo que levase á esfera pública a memoria dese pasado incómodo. Usar as verbas "memoria da guerra civil" ou "da represión franquista", empregar o termo "movemento social", foron decisións que se debían abordar e que fai precisa unha revisión teórica que atenda aos debates sobre a natureza da violencia pero tamén aqueles referidos ás propias accións colectivas e ás políticas públicas. Unha inmersión conceptual que nos leva, non só á selección dos termos, senón que configura unha óptica concreta dende onde construír a nosa análise e comprender o noso obxecto de estudo. Fundamental pois, para a lectura crítica de fontes, fundamental, en definitiva, para a elaboración das respostas ás nosas preguntas de investigación.

1.3.1.En torno á memoria traumática e á violencia exterminadora

Definir o fenómeno en estudo como *as accións que levan ao espazo público a memoria traumática da violencia xenocida desatada tralo golpe de estado de 1936*, constitúe un

[105] A excepción a este tendencia, como tamén sinalabamos estaría na investigación doutoral de Sergio Murillo (2020), que atende a "iniciativas relacionadas coa dignificación das vítimas da guerra civil" realizadas tanto por institucións como pola sociedade civil. E polo tanto tendo ese carácter integral ao que facíamos referencia.

exercicio de deconstrución, ao despoxarnos así de certos termos que veñen acompañando dende hai moito ao noso obxecto de estudo. Por un lado o concepto "recuperación da memoria histórica" que substituiremos pola "memoria traumática". Por outro lado o da "guerra civil" ou da "represión franquista", decantándonos polo concepto "violencia xenocida" ou "xenocidio".

Estas cuestións non son meras puntualizacións gramaticais senón que cada unha delas, e elas no seu conxunto, nos sitúan ante unha determinada óptica dende a que realizar a lectura crítica das fontes, o que constitúe tamén un exercicio de construción. Este exercicio queremos facelo evitando preconcepcións que naceron, precisamente, dende o relato hexemónico elaborado polo propio executor da violencia, que a denominou "guerra civil fratricida" fixando así un determinado tratamento dese pasado e, en definitiva, unha determinada memoria. En consecuencia, desvélase indispensable deterse na análise das correntes historiográficas que nos últimos anos veñen avogando por un novo relato, que abandone a "guerra civil" e a "represión franquista" como prisma mediante o que investigar ese pasado.

1.3.1.1.A imposible recuperación dunha memoria histórica

Comezaremos por atender ao concepto "recuperación da memoria histórica", empregado masivamente polos colectivos que, a partir principalmente da primeira década dos 2000, reivindican a rehabilitación das vítimas do franquismo e que actúan de xeito protagonista na exhumación de fosas comúns. A posición central deste movemento na historiografía fixo que para deterse no acontecido arredor da memoria das vítimas nos anos da Transición, se pensase en termos de antecedentes deste movemento. Polo que o concepto "memoria histórica" seguía a pairar arredor deste fenómeno.

Pero, como xa anticipamos, a nosa decisión será a de prescindir do seu uso. Esta decisión baséase en dúas xustificacións principais. Por un lado, na identificación da dificultade teórica do termo "memoria histórica", no que conviven significantes contrarios e que se pode resumir no título deste apartado "a imposible recuperación dunha memoria histórica". Por outro lado ante a necesidade detectada de empregar expresións que relacionen o acontecido no Estado español co contexto europeo no que está inmerso. Todo isto ao tempo que intentamos desprendernos desa mirada dende os 2000 para interpretar o que aconteceu nos anos 70 e 80.

O estudo e debates arredor da memoria e da historia e, á súa vez, da "memoria histórica" vén de lonxe, e como xa avanzabamos no apartado 1.1, constitúe unha das vertentes fundamentais arredor da construción das novas correntes historiográficas. Deste modo, poderíase dicir que a memoria comprende o acto de recordar, e que por un lado se recorda dende un determinado presente (Egilior, 2020) en función duns determinados obxectivos e expectativas (Jelin, 2002), e que por outro lado, o recordo non se conforma simplemente como o episodio que foi senón como a experiencia que se tivo do mesmo (Ricoeur, 2003). A conexión da memoria individual coa existencia dunha memoria grupal ou colectiva entrou no debate académico da man de Halbwachs (2004) que defendía a existencia duns marcos sociais que influirían na construción dos recordos, para finalmente na súa obra póstuma publicada en 1950 dar forma, á noción da memoria colectiva, diferente á suma das memorias individuais[106].

[106] Aparece xa esa conexión en *Os marcos sociais da memoria* (2004) publicado por primeira vez en 1925 e amplía na obra póstuma "A memoria colectiva" publicada por primeira vez en 1950, edición que consultamos de 1997.

Así pois, nas seguintes décadas comezaron a emerxer no debate académico termos como "memoria colectiva", pero tamén "memoria social", "memoria cultural" e finalmente "memoria histórica". Precisamente este último concepto sorprende pola súa aparente contradición ao compendiar conceptos diferenciados como son a memoria e a historia. Precisamente o debate arredor da diferenciación entre a historia e a memoria ten resultado un elemento central na historiografía das últimas décadas. Como xa vimos en apartados anteriores, da visión positivista que diferenciaba e incompatilizaba ambos conceptos, ao definir a historia como ciencia e a memoria como elemento subxectivo, transitaríase a posicións nas que a memoria pasaba a ser concibida como fonte histórica e, por tanto, como parte da historia[107].

Tendo en conta todo o anterior, parece canto menos pouco intuitivo o concepto "memoria histórica", por ese carácter antitético da expresión, pero tamén por terse definido de xeitos moi diferentes ata chegar á que hoxe en día poderíamos revelar como hexemónica. Así, se imos á orixe, os seus primeiros usos remóntanse os anos 20 do século XX, cando se emprega entendida como a memoria colectiva sobre certos acontecementos históricos. Charles Blondé, Jean Nogué e finalmente Maurice Halbwachs desenvolven este termo que faría, por tanto, referencia á lista de feitos históricos cuxo recordo se conservaba a nivel nacional (Erice, 2008). Pero xa o propio Halbwachs (1997) consideraba que se trataba dun concepto pouco apropiado ao confundir eses dous conceptos diferentes, dende a comprensión de que a historia só comezaba cando remataba a tradición e con ela a memoria social. A confusión conceptual prosegue con significantes contrapostos. Mentres Pierre Nora considera a memoria histórica como sinónimo de historia e por tanto oposta á memoria colectiva, Marie Claire Lavabre (1994, 2006a) entende esa contraposición coa memoria colectiva noutro sentido, sendo a memoria histórica a narración de certos feitos transcendentais da historia que teñen unha utilidade para o presente, entrando en xogo a instrumentalización política.

> A memoria histórica é unha forma de historia dotada de finalidade, guiada por un "interese" que non é o do coñecemento senón o do exemplo, o da lexitimidade, o da polémica, o da conmemoración, o da identidade (Lavabre, 2006b, p.44).

En paralelo a isto, e sobre todo a partir dos anos 70 e 80, detéctase un clima de inflexión historiográfica provocada polas correntes postmodernas e construtivistas que favoreceron a aparición da preocupación pola memoria, e en definitiva o *boom* memorialista que xa describimos en apartados anteriores. É neste contexto onde xorde a última concepción de memoria histórica, hexemónica na actualidade, e ben diferente ás que vimos sinalando, que a entende como un deber democrático en defensa dos dereitos humanos (Erice, 2008; Velasco, 2017). Deste xeito, con memoria histórica estaríase falando máis de reparación e rehabilitación, de reivindicación de verdade e xustiza que de memoria. Unha concepción que bebería da tradición iniciada por Walter Benjamin e que atendía ao papel emancipatorio da memoria en contraposición coa historia. Así, fronte a unha historia escrita polos vencedores, aos vencidos, aos oprimidos só lle quedaba a memoria, que se empregaría na revolución entendida como a loita en favor dun pasado oprimido (Erice, 2008).

O legado desta noción materialízase nos anos 90 do século XX en Lationamérica facendo referencia á historia das vítimas por oposición á dos verdugos, coa pretensión de recuperar o seu testemuño, e en definitiva a verdade, para poder construír a memoria colectiva (Yusta, 2014; Gaborit, 2006). A modo de exemplo, poderiamos fixarnos no caso guatemalteco e o

[107] Posicións enmarcadas dentro da corrente construtivista que nas súas posicións máis extremas chega a dubidar da existencia dunha verdade histórica.

Proyecto Interdiocesano de Recuperación da Memoria Histórica do ano 1998 (Izquierdo, 2017b) que pretendía "preservar a memoria histórica sobre a violencia política, as gravísimas violacións aos dereitos humanos das persoas e comunidades indíxenas" ocorridas nos anos 80 no país centroamericano[108]. E será precisamente destas concepcións latinoamericanas de "memoria históricas" de onde se toma prestado o termo a partir dos anos 2000 cando no Estado español se comeza a empregar de xeito masivo para referirse á demanda de rehabilitación das vítimas do franquismo[109].

Pero máis alá do valor do termo no seu uso público, na esfera social, que é irrenunciable, cunha importante función no deber de memoria, cómpre preguntarse ata que punto pode ser útil empregalo a nivel académico (Ruiz, 2014)[110]. A expresión "recuperación da memoria histórica", é confusa xa non só pola combinación de dúas palabras de significado oposto que crean un novo significado, é dicir por tratarse dun oxímoron, senón por incluír nela a acción de "recuperar" unha memoria. O que resulta contraditorio co propio concepto de memoria que, dende o presente, constrúe e reconstrúe un determinado pasado en función tamén duns determinados intereses (Erice, 2008; Rodrigo, 2007; Egilior, 2020). Deste modo, se se constrúe e se reconstrúe, dificilmente pode existir algo que se poida "recuperar".

A todo o anterior, aportaremos unha última argumentación que fai desaconsellable o seu uso, e por tanto descarta a posibilidade de denominar ao noso obxecto de estudo como "accións de recuperación da memoria histórica": a ausencia do uso maioritario deste termo durante o espazo temporal da nosa investigación. Se esta expresión non se empregaba nos anos 70 e 80, decidimos prescindir do seu uso ao aportar significantes que non estaban aínda presentes e que poderían distorcer a análise, ao tempo que se seguiría mantendo o protagonismo do acontecido nos 2000[111].

Por iso buscamos outro xeito de atender á construción narrativa dos recordos sobre o acontecido tralo golpe de estado de 1936. A selección de novos conceptos baséase na propia comprensión tanto do fenómeno violento que se inicia en xullo do 36 como das construcións discursivas e memorialistas que se desenvolveron a raíz do mesmo.

1.3.1.2. Que memoria e que pasado

Se desbotamos o uso da expresión "recuperación da memoria histórica" é preciso preguntarse como denominar a esas accións que poñen enriba da mesa, dalgún xeito, os recordos, lembranzas, a dor que emanaba do acontecido tralo golpe de estado. Pero antes de tentar aproximarnos a un concepto axeitado para falar da memoria dese pasado, consideramos preciso atender ao pasado en si mesmo. Resulta fundamental definir que é o que se quere

[108] Ver informe "Guatemala. Nunca más" (1998) Oficina de Derechos Humanos del Arzobispado de Guatemala. Ver online: https://www.corteidh.or.cr/tablas/9590.pdf

[109] No caso español, aínda que xa nos anos 70 e 80 pode rescatarse o uso do termo "memoria histórica", por exemplo no xornal El País, era esta a antiga concepción do termo, isto é como recordo colectivo dos anos da ditadura, que ademais debía ser clausurado. (Yusta, 2018)

[110] Aínda que cada vez con máis forza o seu uso público está disminuindo, incluíndose novos termos como o de "memoria democrática . Véxase a Lei 20/2022, de 19 de outubro, de Memoria Democrática promulgada polo Estado español, que aínda que segue a empregar o concepto "memoria histórica" no seu desenvolvemento, inclúe o da "memoria democrática" para dar título á norma.

[111] Aínda que a ausencia dun uso maioritario do termo "memoria histórica" non sería razón suficiente para prescindir do seu uso, resulta nun factor que se suma a outros xa sinalados para inclinarnos na busca doutro concepto a empregar no presente traballo.

recordar ou, dito doutra forma, sobre que pasado doloroso se elaboran as narrativas. Para acadalo, pensamos, é preciso acudir á orixe: á propia definición do que aconteceu a partir daquel verán de 1936.

1.3.1.2.1.Que pasado: deconstruíndo a guerra civil e a represión franquista

Como é ben sabido resulta aínda hoxe hexemónico, a nivel social pero tamén no académico, o emprego do termo "guerra civil española" e "represión franquista" para referirse ao fenómeno violento que ten lugar a partir de xullo de 1936 no Estado español e que por tanto daría resposta á pregunta *que foi ese pasado*. Como xa anticipamos en capítulos anteriores, o uso deste termo estendeuse principalmente a partir dos anos 60, establecendo un xiro radical na comprensión do conflito. Anteriormente, para o aparello do réxime este era lido en termos de Guerra Santa ou Guerra de Liberación[112]. Por outra banda, no caso dos correspondentes de guerra, estes empregaran maioritariamente o termo "guerra de España", o que, á súa vez, para os coetáneos dentro do estado resumíase na "guerra".

A nivel historiográfico foron os hispanistas que nos anos 60 publicaron as súas obras sobre o conflito os que estenderon, dun xeito xeneralizado, o uso do termo "guerra civil" en contraposición con aquela guerra de liberación que se proclamaba dende o réxime. Un termo, o de "guerra civil" que, por outra banda como recorda Rafael Cruz, ata ese momento non se comprendía en termos de enfrontamento violento de gran intensidade, sendo utilizado na rutina política para referirse a confrontacións ou fracturas na comunidade política[113]. Este "bautismo" dos hispanistas resulta tan relevante por ter propiciado un cambio tamén na propia interpretación do réxime, que finalmente asimila o concepto, mediante a creación do Centro de Estudios de la Guerra Civil, delimitando a nova versión oficial. E é que "as institucións franquistas tiveron reflexos suficientes para adaptar a nova linguaxe e tratar de impulsar unha historiografía oficial sobre a guerra" (Sánchez, 2006, p. 101). O novo contexto dos anos 60, marcado pola relaxación dos ancoraxes valorativas sobre os que se construíra a versión anterior do conflito, resultou o momento preciso para contradicir esta interpretación e construír unha nova representación da historia. O valor da "guerra" e a "salvación", substituíuse pola "paz", a "estabilidade" e o "progreso". O cambio operado na interpretación xeral do acontecemento foi enorme, identificándose agora nun erro colectivo, considerando a todos "españois" e recoñecéndose ambos bandos (Sánchez, 2006, p. 112).

O réxime asimilaba así uns conceptos construídos precisamente para oporse á interpretación franquista, tanto dende a historiografía hispanista, como dende a oposición comunista. Vexamos nese senso ás referencias tamén a "guerra civil" que se redactaron na declaración pola reconciliación nacional do PCE de 1956[114]. O lema compartido pasou a ser o "Nunca Máis". Un nunca máis que trala morte de Franco moldeou activamente as condutas de todos os axentes colectivos e individuais con capacidade de influencia, independentemente da cor ideolóxica" (Sánchez, 2006, p. 115). Deste xeito, a historiografía do acontecido dentro do

[112] A interpretación do réxime consideraba 1936 como unha "cruzada" dirixida a extirpar aos inimigos da comunidade. Estes eran identificados con estranxeiros ou españois contaminados por ideas estranxeiras contrarias á relixión e a orde. "A guerra non se debía a problemas políticos, sociais ou económicos, senón que fora un combate entre definición sobre a vida e o mundo incompatibles entre si, e iso dividía aos contendientes en termos morais, entre españois bos e malos." (Sánchez, 2006, p. 104)

[113] Gómez, J. "Rafael Cruz: En 1936 no se hablaba de guerra civil , sino de cruzada de liberación", *La Voz de Galicia,* 07/01/2017.

[114] "Declaración del Partido Comunista de España. Por la reconciliación nacional, por una solución democrática y pacífica del problema español". Xuño de 1956.

Estado español naceu e se desenvolveu asimilando estes conceptos. Pero, por outra parte, foi tamén no eido historiográfico onde xurdiron os primeiros debates sobre a súa idoneidade, podendo falar de dous paradigmas en disputa, o paradigma "da represión franquista" e o paradigma da "postrepresión".

Un novo paradigma, este último, que dalgún xeito rompe co relato hexemónico na produción académica sobre a violencia do franquismo que, aínda denunciando o carácter represor do réxime, viña convalidando ese discurso do consenso e reconciliación (Míguez, 2017), e que por tanto levaba, dun xeito implícito e moitas veces explícito, o significado do acontecido no senso dun enfrontamento fratricida entre dúas partes que reprimían e exercían unha violencia que se podía comparar. A cuestión clave que aquí nos ocupa é atender ao debate sobre como romper con ese relato hexemónico, é dicir como se constrúe un paradigma da postrepresión que se fixa, cunha nova ollada, na natureza da violencia exercida polos golpistas e franquistas a partir dese verán de 1936. Como antecedente deste novo paradigma deberiamos sinalar aquelas obras historiográficas desenvolvidas nos primeiros anos do novo milenio e que empregan novas denominacións en estreita relación tamén co desenvolvemento do novo discurso do movemento memorialista enfocando na xustiza universal, os dereitos humanos e, en definitiva, os crimes de lesa humanidade. Así, a comezos dos anos 2000 emerxen as primeiras publicacións que empregan novos termos dun xeito nominativo, isto é como un xeito de enfatizar a magnitude do crime cometido. Deste xeito o termo "xenocidio" comeza a empregarse como un sinónimo de "gran matanza" (Espinosa, 2002; Espinosa, 2010; Moreno, 2008; Salvador, 2008; Sevillano, 2004).

Pero será tamén nesta primeira década dos 2000 cando se inicie un proceso ben diferente, xa vinculado coa construción dese novo paradigma interpretativo no que o emprego do termo "xenocidio" obedeza a unha profunda construción conceptual, no que destacamos o monográfico de Antonio Míguez Macho (2009) dedicado de xeito central a análise da violencia golpista e a argumentación sobre a idoneidade de considerala un xenocidio. Estes postulados críticos que entendían a existencia dunha violencia institucionalizada e preventiva que o separaba da conceptualización tradicional de "guerra civil" produciron a reacción de quen defendían as denominacións tradicionais, daqueles que mantiñan a vixencia da "guerra civil" e a comprensión do fenómeno como o dunha "matanza fratricida" opoñéndose frontalmente ao uso destes novos termos.

Convén ter en conta que no desenvolvemento desta postura reaccionaria co uso do termo xenocidio identificamos dúas correntes diferenciadas. Por un lado aquela que simplemente defende acerrimamente as denominacións tradicionais (Ponce e Sáncez, 2012), por outra aquela que comprende as limitacións dos conceptos "guerra civil" e "represión franquista" pero non considera as novas acepcións como válidas (Gil, 2012; Rodrigo, 2012; Prada, 2012). Neste senso haberá quen centre a súa crítica no uso do termo nominativo, e que por tanto utilizarao como forma de salientar a gravidade dos crimes cometidos polos franquistas, o que escondería certa carga moral (Rodrigo, 2012)[115]. Por iso mesmo cómpre subliñar a diferenza fundamental entre os que realizaron un uso nominativo (e superlativo) do xenocidio, desa gran matanza, e os que elaboran unha construción conceptual, é dicir contribúen no desenvolvemento dun novo paradigma dende onde comprender, estudar e analizar en profundidade a violencia executada tralo golpe de estado de xullo de 1936. Tal é a diferenza entre ambas posturas que algúns dos que empregaron o termo xenocidio primeiramente a comezos dos 2000 con esa función

[115] Unha expresión dese debate no Dossier de Hispania Nova *De Genocidios, Holocaustos, Exterminios… Sobre los procesos represivos en España durante la Guerra Civil y la Dictadura*. Coordinadores: Aróstegui, J. , Marco, J, e Gómez, G. (2012).

nominativa, serán críticos co desenvolvemento terminolóxico da violencia golpista como violencia de cariz xenocida.

Máis alá desta necesaria puntualización, e a modo de síntese, poderíamos sinalar que a crítica ao emprego do "xenocidio" pivotou principalmente en torno a certos elementos da definición que non encaixarían co caso español. Uns elementos da definición oficial ou normativa que non soamente producirían debate no caso español, senón que constitúen puntos de fricción a escala global nos denominados "genocide studies" coa discusión arredor dos límites da definición de xenocidio (Marco, 2012). Un destes elementos a debate o conforma a imposibilidade de que un xenocidio se produza mediante crimes nos que a eliminación dun grupo aconteza por razóns políticas. Deste modo, unha serie de historiadores critican a adaptación do termo xenocidio ao contexto español por nel producirse asasinatos de natureza política e non, como se establece na definición oficial de xenocidio da ONU, por cuestións étnicas, raciais ou relixiosas (Rodrigo, 2012; Gil, 2012; Marco, 2012; Ponce e Sánchez, 2012)[116].

Neste sentido cómpre recordar o xa explicado no apartado Xenealoxías, cando nos detíñamos na orixe e desenvolvemento do termo xenocidio. Deste xeito, sinalabamos como existira unha primeira definición na que si se incluía a referencia ao posible exterminio dun grupo "político", cuestión que se suprimiu en desenvolvementos posteriores en estreita relación coa construción teórica do xenocidio xudeu como crime incomparable, así como co contexto xeopolítico da Guerra Fría. Deste modo, preguntámonos ata que punto esta supresión das razóns políticas pode invalidar o carácter explicativo do termo xenocidio para o caso español. Tamén se preguntan isto aqueles autores que critican esta rixidez baseada nunha definición sacralizada do concepto de xenocidio como a desenvolveu na última versión Raphael Lemkin da que, semella, non se puidese extraer nin incluír unha palabra.

Dende o noso punto de vista isto adoece dun carácter contrario ao que deben ser as ciencias sociais, onde os conceptos, por ser abstractos, por ser construídos para explicar realidades, poden evolucionar co tempo e, en definitiva, deben ser ferramentas analíticas que poidan ser empregadas en diferentes contextos. Así que, que nun determinado momento baixo o influxo de poderosas lóxicas xeopolíticas, se decidise eliminar do concepto oficial as razóns políticas, non é razón suficiente para invalidar esta posibilidade. Resulta inoperativo, e incluso ridículo, que se a razón é política, en vez de racial ou relixiosa sexa suficiente para que aos perpetradores dun exterminio non se lles poida denominar xenocidas e aos seus crimes catalogar como xenocidio. Por conseguinte, a cuestión central que converte a un crime en xenocidio é a exterminación total ou simbólica dun grupo ao que se considera inferior, ao que dalgún xeito se lle extrae a humanidade. Deste modo, e como foi analizado para numerosos xenocidios ao redor do mundo, a definición, a delimitación dun grupo a fai o propio perpetrador, o vitimario (Míguez, 2014). Dende esta perspectiva, cando é o perpetrador quen define ao grupo, cando é o xenocida quen considera que un conxunto de persoas é digno de ser exterminadas, vólvese tremendamente complexo considerar que poidan existir unhas características étnicas, raciais ou relixiosas *per se*, obxectivas. Porque a homoxeneidade do grupo é construída polos propios perpetradores (Izquierdo, 2017b). Neste sentido, aínda se fai máis irrelevante, e incluso contraditorio, a polémica sobre as "razóns políticas".

Os golpistas realizaron unha definición precisa do grupo a exterminar seguindo dúas lóxicas fundamentais: a lóxica imperialista e a lóxica da guerra santa (Izquierdo, 2017b). A

[116] Cuestión que tamén será a base daqueles que se opoñan frontalmente á definición de xenocidio defendendo as concepcións clásicas de guerra civil fratricida (Ponce e Sánchez, 2012). Un concepto só é operativo se é limitado.

lóxica imperialista civilizatoria distinguía entre amigo e inimigo ao definir a este último como unha forma de vida inferior ou incompleta. A deshumanización, apoiándose en argumentos pseucientíficos, foi o elemento discursivo clave para racionalizar os asasinatos masivos. Se non son humanos, pode comprenderse que deban ser eliminados. Lóxica que seguiron os nazis na súa expansión militar por Europa, e que seguen os golpistas no Estado español, e en concreto "os africanistas", cunha marcada identidade colonialista, complementada con xustificacións de tivo científico ao aludir a un suposto "xene *rojo*". Por outra banda, a lóxica da Guerra Santa alude a súa autodefinición como Cruzada. Deste xeito, a ideoloxía ultracatólica en España tería definido ao inimigo en termos absolutos, cunha xustificación da necesaria eliminación non só de individuos concretos, senón do exterminio de estirpes enteiras. Estas lóxicas, con moitos anos de historia, actualizáronse no contexto concreto de 1936 posto que nese momento non había nin unha "etnia" diferenciada, como ocorría habitualmente nas lóxicas imperialistas, nin relixiosa, como acontecía nas lóxicas de guerra santa. Deste modo, a lóxica exterminadora dirixiuse non contra minorías (o habitual nun xenocidio) senón contra grandes sectores da poboación, e non en relación con categorías sociais concretas senón en torno da condición cidadá mesma (Sánchez, 2017a, 2017b). Esta postura segue a ser criticada dende unha parte da historiografía que non considera que os golpistas tivesen unha definición concreta e suficientemente precisa do grupo a exterminar (Prada, 2012).

Pero, ademais da propia definición do grupo que se exterminaría, outro dos vectores fundamentais do debate sobre a existencia dun xenocidio confórmase en torno a existencia ou non do exterminio do grupo. Para que exista un exterminio, e finalmente un xenocidio, debe existir a intención de eliminar ao conxunto do grupo sobre o que se exerce a violencia, cuestión que para algúns autores non pretenderían os franquistas. Para argumentalo reparan nas persoas pertencentes a este que non foron asasinadas, como por exemplo os prisioneiros que foron empregados para a reconstrución de infraestruturas, aqueles que foron excarcerados ou aos que lle aplicou unha redención da pena, isto é aquelas persoas que terían sido "salvadas". A isto se lle sumaría o non asasinato masivo de nenos e mulleres, que probaría que non se tiña a intención de eliminar a un colectivo no seu conxunto (Eiroa, 2012; Martínez, 2012; Marco, 2012; Ponce e Sánchez, 2012).

Pero estas argumentacións esquecen elementos clave do que se consideran as características básicas dun xenocidio, onde os instrumentos para o exterminio non se limitan ao asasinato, isto é a eliminación física dos membros do grupo. Así, a humillación, a reclusión en campos de concentración, o traballo escravo ou o fenómeno dos bebés roubados, isto é, a separación masiva de nenos das súas familias, serían outros dos instrumentos que tendería ao exterminio dun grupo e que forman parte, precisamente, da definición do xenocidio das Nacións Unidas[117] (Sánchez Recio, 2012; Míguez, 2014). Deste modo, si se pode considerar que existiu unha vontade de exterminio do grupo, materializado na preparación dun plan de exterminación, moi lonxe, por tanto, de obedecer a unha represión reactiva clásica nun conflito bélico (Elorza, 2012).

Ademais, como xa anticipabamos, o exterminio non implica unicamente o asasinato, isto é, a eliminación física das persoas, senón que inclúe tamén a eliminación simbólica do grupo. Unha cuestión que se fai evidente atendendo a análise da sociedade española trala execución da violencia masiva. Unha sociedade meridianamente diferente á que existía antes do golpe de estado. Así, lonxe do que tradicionalmente se entendía como o bando republicano, composto

[117] O fenómeno dos menos roubados obedece a unha lóxica de extirpación do grupo, contemplado na definición do xenocidio estipulada na Convención da ONU para a Prevención e Sanción o delito do Xenocidio de 1948, como o traslado pola forza de nenos ou bebes do grupo a outro grupo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

por exacerbados militantes de esquerdas, o grupo que os golpistas definen como exterminable, é un amplo grupo de persoas que dalgún xeito exercían unha cidadanía activa. E esta cidadanía foi a que efectivamente, desapareceu tralo proceso de violencia masiva golpista e franquista[118]. Tendo, neste senso, éxito o seu programa de exterminio. Un programa que pretendía garantir a supervivencia futura do réxime. A pluralidade das vítimas da violencia dos golpistas é un reflexo da pluralidade da sociedade española de 1936, homes pero tamén aquelas mulleres que participaban na esfera pública, e que por tanto se escapaban do espazo que os sublevados lle conferían as mesmas, hai militantes de organizacións e partidos de esquerda, pero tamén as hai de centro e incluso de dereitas. Hai mestres, xornaleiros pero tamén intelectuais. Hai persoas con identidades sexuais, relixiosas ou sociais que saían dos estreitos marxes da ideoloxía dos sublevados , "o golpe non se executaría contra a esquerda, senón contra a pluralidade política e a participación democrática" (Míguez, 2017,pp.174-175)

Por outra parte, como xa adiantabamos, algúns critican que o uso para o caso español estea máis vinculado á reivindicación que ao seu potencial explicativo[119]. Deste modo entenderíase que, tanto dende o movemento memorialista como dende o mundo académico, a súa utilización estaría influída polo interese en exaltar a gravidade dos crimes acometidos, e polo tanto coa intención última de xulgar o acontecido (Rodrigo, 2012;Eiroa, 2012; Martínez 2012; Ponce e Sánchez, 2012). Estes usos públicos do xenocidio, que van máis alá do caso español, que o convertería nun escudo para construír a identidade das vítimas ao mesmo tempo que un arma poderosa contra o inimigo, serían razóns suficientes, segundo estes autores, para desaconsellar a súa utilización dende o campo das ciencias sociais (Marco, 2012).

Pero precisamente estas argumentacións, sobre termos "manchados" por usos públicos e políticos nos retrotraerían precisamente aos termos "guerra civil" e "represión franquista". Uns conceptos que foron construídos durante a ditadura dos perpetradores dos crimes e que, polo tanto, afastaríanse moito da neutralidade que se lles tenta conferir. Posto que ao empregar estes conceptos para definir o acontecido, se están extraendo vectores explicativos fundamentais á vez que se inclúen certas características clave. Por un lado extráese a existencia dunha limpeza política que buscaba rexenerar a sociedade (Izquierdo, 2017b), á vez que se inclúe unha descrición baseada en dúas represións, a franquista e a republicana, e dun conflito "guerracivilista" entre dous bandos de irmáns, todo o cal confírelle un cariz paritario que iguala as responsabilidades e os feitos (Vidal, 2012), e convencional, ao ser a guerra civil un acontecemento clásico nas sociedades. En definitiva, deste modo elimínase da definición do conflito a especificidade que ten a execución dunha violencia masiva desatada contra os civís, que non tería acontecido nunha guerra civil ao uso, onde o habitual sería unha violencia política selectiva e breve (Sánchez, 2017).


En definitiva, a insistencia en denominalo "guerra civil", incluso a delimitación dunha determinada cronoloxía baseada no relato dos golpistas, isto é entre 1936 e 1939, busca afastar os feitos do contexto europeo, dos fascismos, da entreguerra e finalmente da Segunda Guerra Mundial. Por iso para nós resulta indispensable superar os termos "guerra civil" e "represión franquista". Nese camiño, a día de hoxe, o concepto que consideramos máis útil e aséptico é o da violencia xenocida, que describe unha realidade, como se sabe que aconteceu, contrapoñéndose a uns termos viciados, nados nun contexto determinado, marcado pola vixencia do poder dos vitimarios. E cremos que este é un dos puntos onde máis útil se volve a concepción de xenocidio. Ao comprender un proceso en continuo dende o golpe de estado do

[118] Sen iso significar que non existisen resistencias dende por exemplo os grupos guerrilleiros.
[119] E en relación coa potencia da palabra xenocidio, como "o maior crime contra a humanidade", mediante a visibilidade hexemónica do xenocidio xudeu.

36 ata o acontecido nos anos 70 e 80, momento no que se estaría desenvolvendo a última etapa do xenocidio: o da súa negación (Míguez, 2018).

George Stanton (1998) definiu os oito estadios para a identificación dun xenocidio do que a negación da súa perpetración sería o octavo deses estadios[120]. Polo seu alto valor explicativo consideramos axeitado atender a como estes estadios se foron producindo no caso español (Míguez, 2009,2012, 2014).

Gráfico 10. Os oito estadios do xenocidio



Fonte: elaboración propia en base a Staton (1998) e Míguez (2009, 2012).

A partir do golpe de estado de xullo de 1936 os sublevados contra o goberno iniciaron nas partes do Estado español que controlaron, isto é na retagarda, un proceso sistemático de exterminio contra os que consideraban os seus inimigos. Un fenómeno diferente ao proceso violento entre dúas frontes bélicas que acabaría en abril de 1939 coa vitoria dos sublevados e o establecemento dunha ditadura. Esta violencia masiva, que non remataría coa fin da guerra constituiría o sétimo dos oitos estadios, aos que precederían aqueles que definen a un inimigo da patria que debía ser eliminado para acabar coa enfermidade que tiña provocado na nación (Míguez, 2017).

Como vemos no Gráfico 10 o primeiro estadio que se desenvolvería para poder falar da perpetración dun xenocidio sería a clasificación, isto é a distinción entre un nós e un outros que no Estado español se desenvolvería nas décadas anteriores a 1936, moi vinculado co estamento militar, coa existencia das lóxicas colonialistas e de guerra santa (Sánchez, 2017), e que iría desenvolvendo unha teoría da conspiración na que os golpistas se desvelarían como os salvadores da patria (Míguez, 2012). O segundo estadio sería a simbolización, isto é a delimitación de nomes ou símbolos que definan a eses "outros", e que compendiaríase nos "*rojos*" e todas as acepcións derivadas: "bolcheviques", "masóns", etc. A esta fase seguiría a da deshumanización. Isto é, despois de realizar esa separación, que illa do nós social a uns determinados suxeitos, despois de ter nomes simples e simbólicos mediante os que denominalos, estase xa no camiño da deshumanización deste grupo. O carácter subhumano que se desprende de numerosas declaracións dos golpistas e franquistas ao referirse aos "*rojos",* a

[120] Posteriormente aludiría a dez estadios (Clasificación, Simbolización, Discriminación, Deshumanización, Organización, Polarización, Preparación, Persecución, Exterminio e Negación) que simplemente ampliarían a definición pero non modificarían o seu significado. Nos documentos da fundación Genocide Watch http://www.genocidewatch.net/wp-content/uploads/2012/06/The-Ten-Stages-of-Genocide-handout.pdf

xustificación da súa inferioridade e inmoralidade pola existencia dun xene *rojo*, e a consecución dos roubos de bebés como forma de tentar romper a reprodución dese grupo, conforman elementos de peso para poder distinguir este estadio no caso español. E nesta delimitación dunha definición que deshumaniza maniféstase claramente a pouca relevancia de que exista de forma obxectiva un grupo, como xa sinalabamos anteriormente. O relevante é a súa construción, "*de rojos*", "de ratas", "de subhumanos" por parte dos xenocidas.

> Aqueles que exerceron e/ou auspiciaron a violencia construíron un entramado de xustificación ad hoc no mesmo contexto temporal no que a violencia estaba tendo lugar. Cando os conspiradores deron o Golpe de Estado o seu obxectivo non era soamente alcanzar o poder, senón tamén eliminar a un grupo social ao que consideraban inimigo. Un grupo que naturalmente non existía como tal máis que na ideoloxía dos verdugos, xa que agrupaba baixo unha mesma etiqueta de *rojos-masones* e aínda xudeus, a unha pluralidade enorme de suxeitos coas máis variadas identidades sociais. Este proxecto de reorganización social a gran escala é o que permite considerar as prácticas de violencia dos sublevados e do franquismo como prácticas xenocidas, xa que pon o foco na construción do outro para a destrución realizada polos perpetrados e non na suposta identidade obxectivable das vítimas (Míguez, 2017, p. 165)[121]

Unha vez definido ese inimigo, que ao non ser humano, pode comprenderse de xeito racional como elemento a eliminar, veñen as fases de preparación desa eliminación, a organización que se desenvolvería co control efectivo do exército e a configuración de milicias que respondían de xeito centralizado ás ordes emanadas da cúspide organizativa do golpe, isto é dos militares, maioritariamente de rango intermedio que se rebelan contra os seus superiores (Lourenzo e Míguez, 2019). A polarización ideolóxica dos grupos e a preparación final do exterminio, que se materializa no caso que nos ocupa coas tan ben coñecidas listas da morte que por localidades delimitaban cales serían as persoas a exterminar. Sendo este, o exterminio, o penúltimo estadio, que se manifesta na execución de miles de persoas non combatentes, nas retagardas e na posguerra por esa condición de inimigos, dos outros. As vítimas pasaron por distintos sitios de violencia, dende os espazos de reclusión como os cárceres ou os campos de concentración, espazos de execución, como o lugares de fusilamento ordinario e os múltiples lugares onde tiveron lugar os coñecidos como "paseos" e finalmente os espazos de enterramento, cemiterios e fosas comúns anónimas, moitas delas descoñecidas aínda a día de hoxe. Todo o cal configura finalmente o que foi o maior proceso de desaparición de persoas da historia do Estado español e que segue a ser, a día de hoxe, dos de maior magnitude a nivel global.

Aínda así, resulta obvio que o proceso de exterminio físico de persoas non pode durar eternamente, e que se produciu unha evolución no quefacer dos sublevados virando do asasinato masivo a outras técnicas de control social, que finalmente ían dirixidas ao mesmo obxectivo: a eliminación do grupo que consideraban inimigo, que como xa sinalamos poderiámolo definir como o da cidadanía. Un proceso que ten unha fin, e que non ten por que ser a consecución dunha eliminación física completa do grupo (véxase o caso dos xenocidos latinoamericanos ou daqueles que se deteñen por obriga coma o nazi) (Míguez, 2017).

[121] Míguez (2017) apoiase nas reconceptualizacións do xenocidio de: Chalk, F. e Jonassohn, K. (1990) *The History and Sociology of Genocide. Analysis and Case Studies,* New Haven, Yale University Press. Fein, H.(1993). *Genocide: A Sociological Perspective,* London, Sage. Kiernan, B. (2007). *Blood and soil : a world history of genocide and extermination from Sparta to Darfur*, New Haven, Yale University Press.E Feierstein, D. (2007). *El genocidio como práctica social. Entre el nazismo y la experiencia argentina,* Buenos Aires, Fondo de Cultura Económica.


Por último, como anticipabamos en liñas anteriores, a derradeira fase do xenocidio sería o da negación. Isto é, cando os perpetradores negarían o seu propio crime mediante a construción dun relato alternativo. Este proceso iníciase no Estado español durante a ditadura, estreitamente vinculada coa fin da Segunda Guerra Mundial e a condena global aos fascismos, cando se pasa de exaltar a Santa Cruzada (que por tanto obedecería a aquela lóxica de guerra santa) a construír o relato dunha guerra civil fratricida na que as culpas polo acontecido recaerían en dous bandos, que soamente mediante o perdón e o esquecemento poderían convivir en paz, como vimos en páxinas anteriores. Este discurso consolídase durante a Transición e lexitímase coa lei de amnistía de 1977 que equipara os crimes de franquistas e antifranquistas, negando por tanto a existencia dunha violencia masiva, diferenciada e exterminadora perpetrada polos sublevados a partir de xullo de 1936.

Chegamos así a cuadratura do círculo. Se este marco teórico o iniciabamos poñendo en cuestión os conceptos "guerra civil" e "represión franquista", se continuamos deténdonos na emerxencia de novas denominacións que se axustarían dun xeito máis fidedigno ao acontecido e que conformarían os bases dun nova paradigma explicativo, acabamos identificando no proceso xenocida e precisamente nesa etapa negacionista a razón precisamente de denominalo "guerra civil" e "represión franquista". E é que soamente dende a comprensión do fenómeno violento como un xenocidio, podemos entender por que se describe o acontecido como unha guerra civil. Soamente comprendendo a vontade de ocultar, de negar o crime (característica fundamental de calquera xenocidio) se pode comprender que "guerra civil" e "represión franquista" fosen os termos elixidos. Termos que enmascaran a realidade, termos, en definitiva, negacionistas.

Débese puntualizar que o seu emprego por unha gran número de historiadores, incluídos aqueles pioneiros do estudo destes feitos como o foron os que publicaron as primeiras obras nos anos 70 e 80, non obedecían a unha intención negacionista. Pero aínda así, consideramos que perpetuar agora o uso destes conceptos non axuda ao esclarecemento final dos feitos. Consideramos que están demasiado contaminados por ser parte dunha construción narrativa que realizaron os propios xenocidas. Por tanto, é urxente dar paso a outras concepcións. E é así como comprendemos que o termo xenocidio é o que mellor se pode aproximar a unha explicación global. Entendendo o xenocidio máis alá de definicións ríxidas, aberto pois non só ao grupos étnicos, raciais ou relixiosos, senón comprendido dende a óptica de que son os vitimarios os que definen e constrúen o grupo a exterminar. A intencionalidade destrutiva e aniquiladora, que non deixa lugar a dúbidas, debe facernos afrontar este termo. E despoxarnos dunha vez por todas do paradigma explicativo elaborado polos perpetradores da violencia. Isto é, o paradigma da guerra civil, e incluso o da represión franquista (nado no seo do antifranquismo pero paradoxalmente influenciado polas lóxicas discursivas do propio franquismo).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Gráfico 11. Elementos clave para un novo relato



Fonte: elaboración propia.

En definitiva, consideramos que se precisa da exploración dun novo relato, que sitúe ao golpe de estado no centro e que atenda á ultima fase do proceso violento, que é precisamente aquela que se inicia na ditadura, se apuntala na Transición e na que aínda nos atopamos. Cando aínda se nega a natureza da violencia, cando aínda se nega a necesidade da construción dun novo relato que se desprenda das herdanzas que intoxican a comprensión científica do fenómeno.

Valoramos, pois, que debe ser a través desta perspectiva dende onde se comprendan os feitos que analizaremos na devandita tese. Nunha Transición que foi o espazo temporal da consolidación do relato negacionista. Cando o xenocidio entra nesa última fase que lle nega á memoria colectiva a verdade do ocorrido, construíndo por un lado ese pasado de guerra fratricida, que separou aos irmáns e no que ambos bandos eran culpables, e por outro lado o dunha experiencia política republicana anterior que propiciara ese fatal desenlace. Dous relatos do pasado que a súa vez establecían a necesidade de non rememoralos excesivamente, pois iso só traería máis fatalidade, dando ao traste co proceso democrático que se iniciaba. Unha necesidade de "esquecer" que esconde un proceso de impunidade e que non soamente ocultaba a verdadeira natureza da violencia exercida senón que perpetuaba un dos obxectivos dese xenocidio: a eliminación da cidadanía activa que os vitimarios definen como grupo a exterminar. E para iso, ademais da eliminación física, desenvólvese o exterminio do que esas persoas atesouraban: os valores e a experiencia republicana. Polo tanto, situariámonos ante unha memoria magoada en dous sentidos, co pasado negado da violencia xenocida pero tamén co pasado anulado do republicanismo anterior, o que se quería exterminar. Unha memoria que, en definitiva, ocultaba o trauma. A memoria, por tanto, dun pasado traumático.

Chegamos así a outro dos conceptos clave de análise neste marco conceptual, a memoria. E convén preguntarnos como denominar á memoria ou memorias que se desenvolven nos anos 70 e 80 nese contexto de estadio negacionista. Anticipamos que a elección do termo "memoria

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

traumática" afastaranos daquela suposta excepcionalidade ibérica e nos achegará ao contexto dos fascismos europeos e, en definitiva, da entrada do trauma social na memoria e na historia.

1.3.1.2.2.Que memoria

Decidimos empregar o termo "memoria traumática" seguindo a lóxica de procurar devolver o caso español ao espazo temporal e histórico no que se produciu, isto é ao contexto do período de entreguerras, dos fascismos e da IIGM. Deste xeito primeiramente fixarémonos nos debates arredor da existencia do trauma no colectivo, dos efectos dos traumas nas memorias colectivas, para finalmente atender a dende onde podemos comprender a existencia dunha memoria traumática no caso español. E aínda máis alá, para atender á posible configuración dunha memoria negacionista. Se ambas existen á vez, e que sinerxías, conflitos e fricciónss se producen entre elas, cando na Transición se configura o relato guerracivilista negacionista, pero tamén cando o trauma emerxe no espazo público, no colectivo, por primeira vez. O estudo destes procesos, estará implícito no desenvolvemento da presente tese, ao atender aos discursos que vertebran as accións memorialistas nos colectivos e tamén nas institucións.

Volvendo sobre as anteriores liñas, poderiamos dicir que imos partir da definición do acontecido como un xenocidio de corte fascista, cuestión que o afastaría da excepción española e o achegaría o contexto da IIGM. A posguerra deste conflito, e sobre todo o *boom* memorialista que emerxeu en Occidente nas décadas dos oitenta e noventa, foi o espazo no que se desenvolveu o concepto de trauma colectivo. Un concepto que á súa vez se enmarca dentro da nova historiografía dos pasados recentes, que se desenvolveu tamén a finais do século XX e que modificou de xeito notable a óptica dende onde se estuda a historia. Comprendeuse entón a urxencia de estudar eses pasados recentes, polo seu compoñente traumático, despoxando ao historiador da neutralidade que lle conferiría, supostamente, non ter sido coetáneo dos feitos estudados (Traverso, 2011).

É neste espazo conceptual onde debemos buscar o modo de denominar a esa memoria que se amosa nos anos 70 e 80 no Estado español e se materializa nas accións colectivas e institucionais que estudaremos. Por iso o primeiro chanzo será atender á xenealoxía do "trauma", un concepto importado da psicanálise, que é adoptado pola historiografía e as ciencias sociais de xeito que o seu uso vai mudando e adaptándose ás diferentes correntes e debates, da existencia dun pasado traumático, aos efectos dese pasado na memoria colectiva, ata a propia configuración dunha memoria que sería en si mesma traumática.

Xenealoxía do trauma colectivo: do físico ao psicolóxico

Antes mesmo da importación da noción de trauma na historiografía, historiadores de referencia como Rousso (1990) foran perfilando a existencia de certos acontecementos colectivos que poderían ter un efecto especial a longo prazo nas comunidades, en concreto este autor o identifica nos efectos do réxime de Vichy na sociedade francesa, identificando na década dos 70 a fase do "espertar" dunha memoria que fora previamente reprimida. Unha memoria colectiva ferida a causa do que poderían considerarse traumatismos colectivos. Así o expresa tamén Paul Ricoeur (2004) quen vai asimilando certas nocións extraídas da psicanálise freudiana. Foi, pois, deste campo de coñecemento dende onde a historiografía adopta o

USC DE COMPOSTELA

concepto de trauma. Pero a orixe do termo provén, á súa vez, da medicina, en referencia unicamente ás lesións orgánicas. A transición cara á psicoloxía correu á cargo do médico John Erichsen quen considerou o seu uso para aqueles sobreviventes de accidentes de ferrocarril que experimentaban un terror por estes vehículos, identificando o problema nun golpe na súa espina dorsal. A súa adaptación final, onde o concepto enténdese unicamente a nivel mental, estivo liderada por Sigmond Freud entre outros autores como J.M. Charcot, P. Janet, A. Binet ou J. Breuer quen define o trauma como unha lesión da mente causada por un *shock* emocional, súbito e inesperado. O seu uso institucionalízase finalmente en 1980 co concepto "estrés postraumático" (PTSD) sendo recoñecido oficialmente pola American Psychiatric Association. Deste xeito entendíase que tras un evento que causaba sorpresa ou terror, podía aparecer unha desorde da memoria, isto é, unha disociación co evento que impediría recordalo.

Por outra parte, a vinculación do trauma co colectivo viña de lonxe, e podería dicirse que se inicia no mesmo momento no que se adopta no campo da psicanálise, estando presente xa nas obras de Freud nas que este alude á relación entre a psicoloxía individual e a colectiva e a existencia de experiencias que poden ser traumáticas globalmente para un colectivo (Mudrovcic, 2003; Sanfelippo, 2011a). Aínda así, o seu desenvolvemento na historiografía, , produciríase a finais do século XX, en estreita relación con certos eventos colectivos que pola súa magnitude consideráronse potencialmente traumáticos.

Despois da revisión historiográfica e conceptual que vimos realizando na presente tese, non é de estrañar que sexa no marco do Holocausto onde se elabore esa importación conceptual, tanto do termo "trauma" como dunha serie de concepcións relacionadas, como o duelo, o acting-out, a repetición ou a represión da memoria. Categorías todas elas consideradas fundamentais para dilucidar a relación que se establece entre o presente e o pasado no espazo colectivo. No ámbito destas teorizacións é obrigado citar ao historiador Dominick LaCapra (2005, 2016), autor da máis profunda importación conceptual do trauma ao eido historiográfico. Este autor analiza como pode existir un trauma colectivo e como este produce efectos a longo prazo na sociedade, pero ademais tamén atende a como debe funcionar a escritura da historia na aceptación dese trauma. Un espazo de debate novidoso que nace a carón da emerxencia da Historiografía dos Pasados Recentes, na que o historiador xa non é o ente neutral que mira a un pasado máis ou menos remoto. Senón que é un observador dun pasado do que puido ser testemuña ou non pero que, en definitiva, por ser traumático é "un pasado que non pasa", que ten os seus efectos obsesivos, represores, repetitivos, en definitiva traumáticos, na sociedade presente, a mesma que escribe sobre ese acontecemento que xerou o trauma.

Así pois, nas últimas décadas vense desenvolvendo esa nova historiografía que inclúe os termos trauma e traumático en relación a fenómenos coma guerras, masacres, ditaduras, xenocidios ou outras situacións extremas que pola súa intensidade producen unha pegada na colectividade ameazando o mantemento do lazo social e que son vividos polos seus contemporáneos como momentos de profundas roturas e discontinuidades, provocando, en definitiva, trastornos diversos no funcionamento social (Jelin, 2002; Franco e Levin, 2007; Lvovich, 2005; Heart e DeBruyn, 1998;). A normalización do seu uso, por outra banda, non evitou que se producise un debate en torno aos problemas e limitacións que podería traer aparellado, como a revitimización das vítimas ou, en estreita relación con esta revitimización, a potencial evasión das responsabilidades sociais polos crimes cometidos. E é que, a contra do que acontece na psiquiatría onde se tenta desvitimizar á vítima, nas producións memorísticas téndese á vitimización, ao ser un instrumento para esixir xustiza e reclamar a reparación (tanto

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

histórica, xudicial como económica)[122]. Pero esta, que tamén tende a establecerse como unha revitimización da comunidade no seu conxunto, podería invisibilizar a trama de apoios, complicidades, aceptacións pasivas ou oportunistas de distintos sectores da sociedade civil que puideran ter contribuído dalgún xeito ao sometemento dun réxime exterminador (Sanfelippo, 2011b; Mudrovcic, 2005;Traverso, 2011). Desviaríase polo tanto así, a atención das responsabilidades que a sociedade no seu conxunto debería asumir.

Por outra banda, outro dos problemas do uso deste concepto no social sería a diferenciación entre o suceso e o efecto dese suceso no individuo. Deste modo, para os estudosos do trauma no individual, non existiría un suceso traumático en si mesmo, senón que este se volvería traumático cando desenvolvese uns efectos nocivos no individuo. Se isto se leva ao debate historiográfico sobre a noción de trauma, entraríamos nun espazo canto menos escorregadizo, posto que poderíamos preguntarnos se existen sucesos que constitúen traumas en si mesmos, e que se identificarían nese uso do termo como sinónimo de suceso dramático, violento, súbito e en definitiva relacionado con crimes contra os dereitos humanos, ou se os traumas se desenvolven a posteriori, cando teñen efectos nocivos na colectividade no tempo presente (Denhan, 2008).

Sexa como sexa, máis alá desta apreciación teórica, consideramos que para o caso que nos ocupa, podemos afirmar que nos atopamos ante un suceso traumático en si mesmo, ao telo identificado xa como un xenocidio, e identificamos tamén efectos traumáticos na colectividade a medio e longo prazo. Cuestións que se manifestan nunha memoria colectiva danada. A esta decidimos denominala memoria traumática ao ter unha relación indisociable co evento traumático, co trauma colectivo. Pero, como veremos a continuación, máis alá do termo trauma colectivo, a idoneidade do uso da expresión "memoria traumática", non estivo tampouco exento de debate na historiografía.

A existencia dunha memoria ou memorias traumáticas

Se un trauma individual produce uns efectos no individuo, un trauma colectivo causa efectos na comunidade na que ten lugar. Se entendemos a que entre os efectos individuais máis comúns do trauma se atoparían certos desordes na memoria, resulta cando menos interesante acometer a translación disto ao ámbito colectivo, e polo tanto falar dos efectos dos traumas nas memorias colectivas. Considerar que existe un dano, un trauma na memoria colectiva causada por un acontecemento dramático, é a base do concepto de memoria traumática e de que decidamos empregalo na presente investigación.

E se falamos de memorias colectivas, volvemos ao inmenso campo de teorización sobre as memorias, ao que xa nos vimos aproximando no presente traballo, aludindo pois a procesos de significación e resignificación, onde o suxeito constrúe un sentido do pasado materializado nun relato comunicable. Pero nese relato, que é memoria, poden existir certas vivencias que non son integradas narrativamente. Acontecementos traumáticos que comportarían gretas na capacidade narrativa, "ocos na memoria" (Jelin, 2002) naquel sentido xa tratado da incapacidade de narrar o innarrable, o horror. Esa incapacidade de dar sentido a esa barbarie, de incorporala á memoria, produciría diversos síntomas que indicarían a presenza do traumático, como os esquecementos, os baleiros ou as negacións. Chegados a este punto cabería preguntarse por que

[122] O que á vez vincúlase coa orixe da noción de trauma no individual cando esta empregábase para dar validez ás demandas xudiciais dos accidentados do ferrocarril, por exemplo.

se produce esa incapacidade de trasladar o acontecemento traumático á memoria, volvéndose ela tamén traumática.

Ao igual que acontecía no trauma individual, o trauma colectivo podería definirse como os efectos, as feridas emocionais e psicolóxicas acumulativas que ten un acontecemento violento, extremadamente dramático e masivo, nunha colectividade (Heart e DeBruyn, 1998; Loriga, 2017). E como acontecía co trauma individual, estes efectos percibiríanse en como se xestionan os recordos do acontecemento. Se se recordan compulsivamente, se se esquecen, se se reprimen ou se se silencian. Pero o núcleo do debate conceptual arredor desa memoria colectiva traumática está na identificación doutros factores, máis alá desas feridas emocionais, que inflúen na configuración da memoria traumática no colectivo. Factores esóxenos entre os que se distinguirían as estratexias políticas dos diversos actores sociais ou as cuestións e preguntas que son introducidas polas novas xeracións (Jelin, 2002).

Esta cuestión, é fundamental, posto que comprende xa non só a memoria traumática como aquela condicionada polo *shock* do acontecemento, da violencia inusitada, que se interpretaba case en exclusiva dende a perspectiva dos que a sufriron, das vítimas. Dende este enfoque tamén se tería en conta a existencia doutros elementos influentes que modelan esa memoria traumatizada, como o serían as propias lóxicas dos diversos actores sociais involucrados, entre eles os propios perpetradores da violencia, a orixe do trauma.

> Abordar a memoria involucra referirse a recordos e esquecementos, narrativas e actos, silencios e xestos. (...) Esta perspectiva permite tomar as memorias colectivas non só como datos "dados" senón tamén centrar a atención sobre os procesos da súa construción. Isto implica dar lugar a distintos actores sociais (inclusive aos marxinados e excluídos) e ás disputas e negociacións de sentidos do pasado en escenarios diversos (Jelin, 2002, p. 53)

Dende esta perspectiva, que a configuración das memorias, a aparición no público dos recordos sobre pasados traumáticos ou negativos, se relacione con intereses e oportunidades políticas, é o punto de crítica daqueles autores que non consideran axeitado o uso do concepto memoria traumática. Posto que esta, nese traslado directo da noción do trauma individual ao colectivo, soamente referiríase a problemas no inconsciente colectivo e deixarían fóra todas estas cuestións externas. Deste modo o concepto nin captaría nin esclarecería as forzas que contribúen na construción e descomposición das memorias colectivas (Kansteiner, 2007)[123].

Dende o noso punto de vista, sería preciso cuestionar que nun trauma individual non actúen factores externos. Isto entenderíase, por exemplo, se pensamos no trauma dunha muller que sofre violencia machista por parte da súa parella. Os efectos dese trauma na muller, poderían ser diferentes se a nivel social esa violencia é aceptada ou se pola contra é condenada. Por outra banda, e como xa sinalamos con anterioridade, consideramos que os conceptos poden e deben adaptarse para ser útiles na comprensión dos diferentes fenómenos. Deste modo aos factores que poderíamos considerar endóxenos, que se asemellan máis aos que foron estudados para a memoria traumática individual, engadiremos a existencia de factores esóxenos que tamén

[123] Existen conceptos alternativos ao da memoria traumática, empregados por diversos autores, como por exemplo o da memoria negativa, acuñado por Rousso, que se definiría como unha memoria aceptada, públicamente acreditada por un grupo pertinente de membros e que se refire a un acontecemento ou unha situación que se fundamenta nun afecto negativo representado como indeleble e considerado como ameazante da existencia da sociedade ou que viola certos presupostos culturais básicos, ou a postmemoria definida por Hirsch (2012) como aquela xurdida das ruturas específicas implícitas no trauma histórico colectivo, a relación da xeración de despois co trauma persoal, colectivo e cultural da xeración anterior, recordan a través dos relatos, imaxes e comportamentos en medio dos que creceron. Nesta posmemoria cando se cualifican como traumáticos pasados que antes non se cualificaran así (como pode ser o xenocidio xudeu,as guerras mundiais ou a guerra civil).

modelan e constrúen as memorias traumáticas. Doutra volta, como xa facíamos co xenocidio, consideramos máis conveniente a opción de adaptar os termos que a súa invalidación taxativa que, cremos, só obedecería a unha postura ríxida e por iso tamén inoperante nas ciencias sociais.

Por tanto, dende esta óptica máis global, os recordos dos feitos traumáticos, a memoria viva dos superviventes serán lembrados de xeito hexemónico nun escenario colectivo se se controlan os medios para explicar estas vivencias e puntos de vista ou se conflúe, nun momento determinado, cos obxectivos sociais e políticos doutros grupos sociais importantes, como por exemplo elites políticas ou partidos. En definitiva "os feitos pasados só poderán ser recordados nun escenario colectivo se encaixan nun esquema de intereses contemporáneos" (Kansteiner, 2007, p.36).

Dende este punto de vista, coa inclusión das lóxicas políticas na construción das memorias, tamén das traumáticas, comprenderiamos esa convivencia de diversas memorias, que se mesturan e interactúan no espazo social. Co que resulta relevante preguntarse en que medida se producen estes fenómenos no caso español, que intereses contemporáneos, que obxectivos sociais ou políticos poden entrar en xogo para que o recordo do trauma aflore, se reprima, ou se negue. Comprenderiamos así, en definitiva, todos estes xogos como partes dunha memoria traumática.

Como xa sinalamos en capítulos anteriores, o interese pola memoria dende a historiografía estivo amplamente ligado a acontecementos traumáticos recentes que facían preciso atender á memoria, á testemuña dos sobreviventes. Por iso, poderiamos dicir que foi a memoria traumática a primeira en ser estudada historicamente. Nese devir da nova "historiografía dos pasados recentes", tamén chamada "historiografía do tempo presente", o estudo e conceptualización da memoria traumática elaborouse dende diversos acontecementos traumáticos, co Holocausto como punto inicial, pero percorrendo xa un longo camiño, que transcorre dende o trauma dos pobos orixinarios americanos (Denhan, 2008, Heart e DeBruyn, 1998), ao xurdido dos procesos xenocidas latinoamericanos (Jelin, 2002, Levin, 2020). Nestas publicacións xa non só estaríamos falando do estudo dos propios acontecementos traumáticos, senón tamén da análise dos seus efectos, isto é, da análise das memorias traumáticas (Ruiz, 2019).

A memoria traumática no caso español

O uso dos termos "pasado traumático" e "memoria traumática", para falar do caso español non é novo, ten os seus precedentes na obra de Paloma Aguilar (1996) que incluía o concepto "memoria traumática da guerra civil española" para aludir a como os recordos traumáticos e a vontade de non repetición tería propiciado unha Transición baseada no consenso e a negociación pero tamén no esquecemento. O seu uso xeneralizado estenderase en relación coa evolución na propia comprensión do proceso violento acontecido tralo golpe como crimes contra os dereitos humanos, desenvolvida principalmente a partir dos anos 2000 e moi vinculada tamén coas reivindicacións do movemento memorialista.

Así o pasado traumático emerxe na obra colectiva coordinada por Julio Aróstegui e Françcois Godicheau (2006), falando xa de trauma histórico dos anos 30 "que carecía de precedentes comparables en toda a historia contemporánea española" (p. 16), poñéndoo por tanto en relación cun fenómeno a nivel europeo. Aínda así, para falar de memoria, na obra manterase a alusión predominante de "memoria histórica". Deste modo falaríase da existencia

non dunha memoria histórica colectiva única senón de múltiples memorias históricas particulares, diferenciadas en grupos e diferentes tamén polos seus contidos principais. Dentro destas "a memoria dos feitos traumáticos" sería un xénero particular entre elas, e inasimilable a calquera outra (Aróstegui, 2006, p. 59). Desta forma aínda que predomina o uso de "memoria histórica" xa se introduce tamén, a modo nominativo o de "memorias traumáticas" (p.65). Por outra banda convén salientar a determinación do acontecido como "guerra civil" que como ocorría cos xenocidios noutras latitudes, tamén propiciaría ese trauma (Aróstegui, 2006).

Finalmente o emprego do termo "memoria traumática" para referirse á memoria do acontecido detéctase no senso de considerar que existe unha forma de afrontar o pasado que fai unha sociedade, negando, esquecendo ou reprimindo o recordo dese pasado (Ferrándiz, 2014; Ferrándiz e Baer, 2011). Dende estes postulados a Transición non sería froito da memoria traumática por consenso e negociación, senón por silencio ou represión. Máis recentemente Egilior (2020, 2022) emprega o termo "memoria traumática" para o caso español na súa tese e en publicacións posteriores como xeito de distinguila da memoria ordinaria e para englobar os recordos de pasados vinculados con traxedias que xerarían esa memoria traumática que integra o sufrimento compartido. Pero máis alá destes usos predominantemente nominativos, neste traballo empregaremos o termo memoria traumática, dando un paso máis, e en estreita relación coa armazón teórica que vimos desenvolvendo. Así, a memoria traumática o é dun xenocidio onde, ademais das propias feridas, medos e terrores dos sobreviventes, estarían reflectidas todas aquelas dinámicas que son tamén efectos do exterminio, como a construción do negacionismo.

Recapitulando, temos comprendido o pasado do golpe de estado de 1936 coma o inicio dunha violencia masiva e xenocida que, enmarcada na corrente historiográfica dos pasados recentes, imos considerar un pasado traumático. Á súa vez, partindo da concepción de que existe unha relación entre o trauma e os seus efectos futuros na colectividade que o sufriu, comprenderemos que partimos da comprensión de que esta violencia xenocida produciu uns efectos a longo prazo na memoria ou memorias colectivas dentro do Estado español. O que finalmente daremos en chamar a memoria traumática do xenocidio golpista. Como xa se sinalaba en liñas anteriores, considerabamos que, entre os efectos que produciría o evento traumático na colectividade, tamén estarían aqueles elementos esóxenos que identificabamos como as lóxicas de poder de actores políticos e sociais. Para o caso español, identificamos estas nas lóxicas negacionistas que se articulan tralo exterminio e que moldearon unha determinada perspectiva dende onde ler o acontecido. Por tanto, a memoria traumática se moldea co terror e co medo causado polos fusilamentos masivos, polos encarceramentos, polas rapas, polas humillacións sufridas, pero tamén se moldea dende o poder coa emerxencia finalmente dunha culpabilidade compartida (Izquierdo, 2017b).

> O exercicio de negación do pasado da transición está construído cunha única fin: garantir a impunidade dos verdugos. A mesma fin que ten todo discurso de negación sobre un xenocicio (...) Quen convalida o borrón e conta nova non é só o verdugo senón o que sente que o seu pai foi verdugo ou que o pai do seu amigo foi verdugo, ou máis probablemente, que puideron selo. Esta sensación dunha culpabilidade colectiva é a herdanza máis duradeira do xenocidio e ten como consecuencia un temor reverencial á fixación de responsabilidades (Míguez, 2018, p. 526).

Entendemos pois, que a memoria ou memorias que se constrúen no estadio negacionista do xenocidio son tamén parte dunha memoria traumática. Comprendendo esa memoria, pois, configurada nas intersecións de todas estas cuestións, da negación do acontecido, na construción dun pasado guerracivilista, da anulación do pasado anterior ao golpe, isto é a

memoria colectiva da II República, pero tamén na convivencia da memoria das vítimas, primeiro no ámbito familiar e despois no público[124]. Consideraremos, en definitiva, a memoria traumática como o conxunto de interaccións entre a construción do relato oficial e as memorias subalternas, das vítimas, que darían lugar a un constructo multiforma que emerxe dese choque entre o trauma do vivido, o medo e o terror, así como a negación oficial e asunción do propio relato dos perpetradores. Cada unha destas partes, e todas no seu conxunto serían memoria traumática.

Referímonos á memoria traumática como toda aquela que xorde das múltiples interaccións sociais e políticas tralo trauma colectivo. Deste modo podemos atender a este concepto en plural, como memorias traumáticas, ao referirnos a un conxunto de memorias e suxeitos que recordan e que o fan dende lugares diferentes. Neste senso as memorias traumáticas van ser diversas como o así serán tamén as súas manifestacións. Comprendémola nas súas feridas, con medo a recordar, que reprime e é silenciada, e dende aí xera as súas narrativas. Máis tamén se pode entender como memoria traumática aquela que sae ao colectivo, construíndo narrativas de recoñecemento e reivindicación das vítimas e da causa republicana e antifascista. De tal xeito comprendemos que, aínda que dende o orgullo e a resistencia, estas memorias tamén están traumatizadas, ao construírse de xeito indisociable co trauma vivido.

Deste modo as memorias traumáticas sono en plural, comprendéndoas como múltiples e diversas. Aínda que tamén sería pertinente poder diferenciar as súas diversas manifestacións incluíndo conceptos como os de memorias resistentes ou memorias orgullosas (Cabana e Nogueira, 2014).

1.3.1.3.En conclusión: a memoria traumática do xenocidio golpista

Ata aquí tentamos achegarnos aos puntos que consideramos máis relevantes do debate en torno as terminoloxías para referirse ao que habitualmente se denominou "recuperación da memoria histórica", isto é a reivindicación daquelas memorias colectivas alleas ao discurso oficial nalgún grado, e vinculadas co que tradicionalmente se deu en chamar como "guerra civil española" e "represión franquista". Despois desta análise, podemos concluír que, así como a violencia xenocida e masiva sería un axeitado punto de partida para referirse ao episodio de violencia masiva que se inicia tralo golpe de estado de xullo de 1936, a memoria traumática sería o termo máis acaído para referirnos tanto a aquela reivindicación da "recuperación da memoria histórica" como, en sentido máis amplo, para atender a todo o fenómeno memorístico que ten lugar na sociedade española en relación cos recordos desa violencia xenocida.

A memoria traumática, non será unicamente a memoria das vítimas que emerxe nos anos 2000 coa apertura de fosas comúns, non será unicamente a memoria magoada dos fillos e viúvas dos fusilados que nos anos 70 decidiron por primeira vez homenaxear aos seus mortos de xeito público. A memoria traumática debe comprenderse nos efectos dos que silencian ou negan. Na memoria traumática, ou memorias traumáticas, tamén actuaron os discursos oficiais e as lóxicas de poder. Non será soamente o trauma nese sentido primitivo de represión ou repetición do recordo. Será tamén o trauma de quen negou a violencia, verase tamén na influencia da construción dunha versión alternativa baseada nun fratricidio colectivo e nunha precisa reconciliación. O trauma, e a memoria traumática, tamén serán a asunción desta versión polas

[124] E sería relevante preguntarse ata que punto es óptica foi asumida ou interiorizada tamén polas vítimas, cuestións que podería estudarse mediante a análise desas manifestacións memorialistas que son obxecto da presente tese.

propias vítimas ou polos sectores opositores do réxime franquista. As palabras, as reivindicacións, en definitiva a lectura que se faga do trauma dende as propias homenaxes das vítimas, os silencios, a asimilación dos rancores ou da guerra entre irmáns, tamén, será trauma. Como tamén estará traumatizada a memoria daqueles que, dende as marxes, denuncien ao fascismo e os seus crimes de xeito aberto, cuestionando a versión oficial.

A memoria estará traumatizada ao ter sido terxiversada, negada, aplacada ou silenciada. Polo tanto volvemos a onde comezamos, á definición da violencia franquista como xenocidio, a súa etapa final como a da construción dun relato negacionista, isto é dunha memoria negacionista. Esta etapa final tivo lugar, principalmente, durante a Transición, período histórico da nosa investigación, espazo no que xa non só se ocultou un pasado senón que se transformou ese pasado nunha realidade nova (Míguez, 2020). Este "novo pasado" construído en termos de guerra civil, de erro colectivo que, por iso, só puido ser narrado dende a equidistancia. Estes serían os supostos que conformarían o meta-relato da reconciliación que subxace a todas as narracións e interpretacións sobre a guerra que proliferaron dende os anos sesenta. O discurso dunha loita fratricida presidida por extremos antagónicos e corresponsables da violencia. Un réxime de memoria que negou as posibles interpretacións e relatos da guerra, dende a ditadura, a través da Transición e ata a actualidade (Sánchez, 2017).

Nas presentes páxinas, por tanto, xustificouse a elección dos termos "memoria traumática" e "violencia exterminadora" ou "violencia xenocida" para describir os diversos procesos que finalmente forman parte do noso obxecto de estudo, procurando romper cos conceptos tradicionais. E procurámolo virando o temón cara o contexto europeo, que fala de memorias traumáticas trala IIGM, de pasados que foron traumáticos, de fascismos e non franquismos, de violencia estatal masiva e non de "represión franquista". É preciso afastarse pois dunha posición dialectal e analítica que non fixo máis que separar o caso español do seu redor.

Para finalizar é preciso facer unha puntualización, posto que, como veremos, atenderemos as accións que trouxeron aos anos 70 e 80 os recordos traumáticos non só dos primeiros anos tralo golpe, e polo tanto no período no que se practica esa violencia masiva e xenocida que vimos describindo. Nesta investigación decidimos tamén incorporar por un lado aquelas actuacións que trouxeron ao espazo público outras das prácticas violentas realizadas polo réxime franquista e que perduraron ata a súa fin, como os últimos fusilados ou asasinados polo franquismo meses antes da morte do ditador, que traían con elas as reminiscencias desa capacidade exterminadora do réxime. E por outro lado incorporamos tamén aquelas accións que situaban no espazo público a memoria da II República, isto é aquilo que os golpistas buscaban exterminar coa execución da violencia.

Establecido xa o concepto de "memoria traumática da violencia golpista e exterminadora", cómpre agora achegarnos ao propio elemento en estudo, isto é as actuacións que levaron esa memoria ao espazo público. A nivel conceptual as teorías da acción colectiva ocuparán un espazo central para a análise das accións da memoria, ademais para completar a análise introduciremos algúns elementos procedentes dos instrumentos de análise da elaboración de políticas públicas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1.3.2. En torno ás teorías da acción colectiva

Dous procesos marcaron a configuración da acción colectiva tal como se desenvolve a finais dos anos 70, isto é no espazo cronolóxico da presente investigación. Dous procesos que nos remiten a modificacións políticas, culturais e sociais que xa analizamos en apartados anteriores ao atender á emerxencia da figura da vítima e a reivindicación da súa memoria e que teñen, tamén para o desenvolvemento da acción colectiva, unha relevancia capital.

O primeiro destes procesos sería aquel marcado polo tránsito dende o Antigo Réxime ao Estado-nación moderno e que acaba producindo a primeira gran modificación estrutural da acción colectiva, no momento no que os monarcas debían compartir a honra cos soldados descoñecidos, cando os súbditos pasaron a ser considerados cidadáns, cando, en definitiva se modificaron as concepcións dos roles sociais. Unha transformación da morfoloxía social, política e tamén económica determinada pola despersonalización do poder, o desenvolvemento do capitalismo e a configuración das novas institucións. Neste contexto as vellas formas de protesta, de ámbito local ou parroquial e dirixidas, por tanto, aos que ostentaban o poder máis achegados, volvíanse ineficaces, xurdindo así novas respostas ao *como*, *onde* e cara *quen* realizar as protestas. Xa non se podía tratar unicamente de queixas dirixidas ao patrón, xa non se podían limitar á confiscación de grans ou á ocupación dos campos.

As accións colectivas sufriron, pois, un profundo cambio, ampliando considerablemente o seu ámbito territorial, cun protagonismo cada vez maior de accións no plano nacional e tendo lugar en espazos públicos. Abrollaron así novas formas de protesta como as marchas, os boicots, as ocupacións ou as asembleas onde se difundían programas, consignas e símbolos de pertenza ao grupo (Tarrow, 2004; Tilly e Wood, 2010). Elementos todos eles que se mantiveron no tempo, formando parte das accións colectivas que se desenvolveron no século XX, e en concreto no período histórico da nosa investigación (Della Porta e Diani, 2011).

O segundo momento clave na configuración da acción colectiva contemporánea tamén vai estar moi vinculado á evolución do capitalismo e da estrutura política e cultural, cando ás formas e repertorios de actuación que nacen co estado-nación, e se manteñen durante séculos, se lle suma a introdución de novas reivindicacións e obxectivos. Prodúcese xa no século XX, na Europa e os EEUU da posguerra, coa crise de credibilidade institucional, o individualismo e o sistema neocorporativista como pano de fondo, nun proceso no que a hexemonía das vellas reivindicacións materiais e de carácter redistributivo do movemento obreiro e campesiño da paso a novas temáticas vinculadas cos valores emerxentes do postmaterialismo (Mees, 1998; Pichardo, 1997).

O feminismo, a sexualidade, o ecoloxismo, a defensa dos dereitos humanos ou o pacifismo son algunhas das temáticas que emerxen con esta nova acción colectiva que emulsiona principalmente co movemento estudantil de maio de 68 e coas accións de defensa dos dereitos civís da comunidade afroamericana en EEUU. Este fenómeno bautizarase, dende a teoría da acción colectiva, coma a dos "novos momentos sociais" , coa transversalidade, a emerxencia de reivindicacións de carácter identitario e cultural, os repertorios non violentos e a xerarquía difusa como algunhas das súas características comúns (Johnston et al, 1994; Vallés, 2007). E se falamos da emerxencia do pacifismo, de antibelicismo ou da defensa dos dereitos humanos, falamos tamén da emerxencia da figura da vítima, da reivindicación dos seus dereitos e tamén, e en definitiva, aludimos ao xurdimento da memoria como ferramenta histórica, tamén política e social, que se produce neses anos 60 e 70.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A conexión de todos estes elementos contextuais co noso obxecto de estudo semella obvia. Por iso, chegados a este punto, cómpre preguntarse pola denominación precisa para o suxeito desta investigación. No Estado da Cuestión puidemos comprobar como as actuacións de netos e familiares de vítimas que se multiplicaron no Estado español a inicios dos anos 2000 foi nomeado de formas diversas pero seguindo unha pauta xeral marcada pola súa identificación cos movementos sociais. O mesmo aconteceu cando o foco de análise retrocedeu varias décadas, para o estudo do que ocorrera durante a Transición, falando de "primeiro movemento social", "primeiro ciclo", ou "antecedentes do movemento social".

Pero para acometer a decisión final sobre como definir o fenómeno en estudo consideramos preciso acudir á teoría da acción colectiva, e comezar, pois, por intentar aproximarnos a que é exactamente a acción colectiva. Unha cuestión complexa posto que non existe un consenso conceptual arredor do seu estudo nas ciencias sociais, o que se explicaría en base a grande pluralidade de obxectivos, configuracións organizativas, actividades e repertorios que dan forma aos actores que participan do proceso político, xunto coa tamén ampla variedade de enfoques que centran a análise nunha ou noutra dimensión desa acción colectiva (González-Cacheda, 2021). Por iso, para comezar a aproximación a unha definición apropiada, resulta útil atender á contraposición con outro fenómeno, o do comportamento colectivo, que aludiría a unha acción conxunta de certos actores individuais. Neste comportamento colectivo non tería por que haber unha identidade como colectivo que actúa, simplemente estaríase falando da agregación de intereses individuais, habitualmente de xeito espontáneo e illado. En contraposición con este fenómeno, a acción colectiva definiríase non como a suma de accións individuais senón a acción conxunta de individuos para a defensa duns intereses comúns. Aquí pois evidénciase a diferenza fundamental, e á vez, a característica básica de calquera acción colectiva: ese interese compartido, eses obxectivos comúns (Revilla, 1994; Tarrow, 2004).


> Para que se poida falar dun interese colectivo e do desenvolvemento dunhas expectativas é preciso referirse a un proceso de identificación no cal se articula un proxecto social que da sentido ás preferencias e expectativas colectivas e individuais (Revilla, 1994, pp.3-4).

Para falar de acción colectiva, xunto a esta identidade colectiva, e en estreita relación con ela, debería existir a solidariedade, definida como "a capacidade dos actores de recoñecerse a si mesmos e de ser recoñecidos como parte dunha unidade social" (Melucci e Massolo, 1991, p.360). Así, a acción colectiva vólvese "o principal recurso, e con frecuencia o único, do que dispón a maioría da xente para enfrontarse a adversarios mellor equipados" (Tarrow, 2004, p.19). Sendo a acción colectiva o obxecto directo, diversos investigadores centraron a súa análise no suxeito que a realiza, isto é o actor que leva a cabo a acción colectiva. Deste modo pode aludirse a existencia dunha ampla variedade deles, entre os que destacan as organizacións non gobernamentais, os grupos de presión, os partidos políticos, os sindicatos, os advocacy groups e os movementos sociais. De modo que cada un deles darían lugar a accións colectivas con características diferenciadas (González-Cacheda, 2021; Revilla, 1994).

Debe repararse nesta cuestión para comprender cal é, en concreto, o noso obxecto de estudo e, polo tanto, cal será a denominación acaída para o mesmo. Como xa indicamos, nesta investigación estudaremos as diversas manifestacións nas que a memoria do pasado traumático da violencia xenocida aparece no espazo público. Polo tanto, o noso obxecto de estudo principal son as accións, e non tanto os suxeitos que as levarán a cabo. Previamente distinguíamos xa dous tipos de actores diferentes que poñen en marcha estas iniciativas, por un lado a sociedade civil e por outra as institucións. Por tanto, para as accións realizadas dende a sociedade civil, o termo axeitado será o de accións colectivas. Isto non excluirá o estudo ou análise dos suxeitos

que as levan a cabo. De modo que trala investigación poderemos aproximarnos a unha resposta a quen é ou son eses suxeitos.

Gráfico 12. Elementos clave /estrutura da / na acción colectiva



Fonte: Elaboración propia.

En definitiva, e como se pode observar no Gráfico 12, o noso obxecto de estudo en canto as accións da sociedade civil o conformaría a propia acción colectiva, como resposta ao "que". Por outra banda, se nos preguntásemos "quen" realiza a acción colectiva atopariamonos con diversos posibles actores, entre os que se encontran os grupos de interese, os partidos políticos ou o propio movemento social (Vallés, 2007). Para falar deste suxeito, o movemento social, deberíanse cumprir certos parámetros. Por un lado a existencia dunha organización en rede e dunha identidade común, é dicir un sentimento de pertenza ao grupo (Diani, 2015; Gamson, 1991), e por outra banda a existencia dun carácter contencioso na acción colectiva. Este carácter contencioso prodúcese cando os suxeitos son actores que non teñen acceso regular as institucións, que actúan en nome a reivindicacións non aceptadas, e que deste xeito constitúen unha ameaza fundamental para outros, desafiándoos (Tarrow, 2004, p. 19-20).

Se seguimos a ler o Gráfico 12 repararemos nas preguntas "por que" e "como" se levan a cabo as acción colectivas. Estas respóndense a través de certas categorías analíticas que foron desenvoltas por diferentes historiadores e sociólogos nas últimas décadas pensando principalmente nos movementos sociais. Aínda así, máis alá de quen realiza a acción, consideramos que estas categorías poden ser de gran utilidade para o desenvolvemento da presente tese, isto é para a análise das accións da memoria, sexa quen sexa o suxeito que a realice e inclusive das accións institucionais. Entre as categorías analíticas que seleccionamos como de especial interese estarían os marcos, os repertorios de acción, os ciclos e a estrutura de oportunidades políticas. Vexamos polo miúdo cada unha delas.

1.3.2.1. O marco e os repertorios da acción colectiva

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Para poder responder á pregunta do por que ten lugar unha acción colectiva, por que un grupo de familiares de asasinados deciden unirse para levar a cabo un acto de memoria, por

exemplo, debemos atender á elaboración simbólica esencial para producir as súas motivacións e incentivos. Isto é ao marco motivacional da acción colectiva. Estar convencidos da oportunidade para mobilizarse e da factibilidade e lexitimidade da acción resulta fundamental para superar a imposibilidade de coñecer os resultados e os custos asociados a esa acción. Este marco motivacional conforma a derradeira fase na configuración do marco dunha acción colectiva, ao tratarse do paso anterior a acción, é dicir, cando se decide actuar (Della Porta e Diani, 2011; Snow e Benford, 1992). Entendendo os marcos como o conxunto de esquemas que permiten aos individuos localizar, percibir, identificar e etiquetar feitos dentro do seu espazo vital e do mundo en xeral, os marcos da acción colectiva serían aqueles conxuntos de crenzas e significados orientados especialmente a esta acción (Gamson, 1985; Benford e Snow, 2000).

O marco motivacional, en estreita conexión coa identidade colectiva, diciamos que se trataba da fase anterior á acción. Pero antes deberon terse configurando dous marcos fundamentais, o de diagnose e o de prognose. A primeira fase no encadre dunha acción colectiva sería o marco de diagnose, é dicir aquel conxunto de significantes que identifican e delimitan a existencia dun problema, isto é encadran unha inxustiza (Gamson,1992), identificando as vítimas e amplificando a súa vitimización (Benford e Snow, 2000). Proceso pois, que podemos exemplificar nas argumentacións dos colectivos xitanos que denunciaban os crimes cometidos contra o colectivo polos nazis así como a inxustiza sufrida e mantida no tempo ao terse negado ou esquecido tal crime, ou na percepción dun abandono dos resistentes e deportados da IIGM por parte do propio estado francés.

Neste marco de diagnose, xunto coa cuestión da identificación das vítimas, semella de especial estudo o enmarque do adversario, isto é a identificación de quen é o culpable desa inxustiza, sendo habitual que xurdan controversias en torno a quen culpar ou que resulte dificultoso identificar quen é o culpable (Benford e Snow, 2000). Atendendo á construción discursiva da culpa compartida que nace na ditadura e se consolida na Transición, resultará apropiado preguntarnos sobre a definición do culpable que se formulará durante as accións colectivas que estudaremos.

Por último, a seguinte fase conformaríana a elaboración dun marco de prognose, mediante o cal se definan as posibles solucións ao problema así como as estratexias que se levarán a cabo para acadalas, é dicir os repertorios de acción. É importante ter en conta que estes non poden ser considerados meros instrumentos, senón que estarán dotados en si mesmos dun amplo valor simbólico, amplamente vinculado, á súa vez, coa propia cultura da acción colectiva e valores dos activistas (Della Porta e Diani, 2011). Que acción se realiza, como e onde, falarannos en si mesmo das súas reivindicacións e obxectivos.

Podemos distinguir tres tipos de repertorios de acción modernos nados, como sinalamos en liñas anteriores, cando a acción colectiva se constitúe a carón do nacemento do estado-nación. Todos eles terán certas doses de tres ingredientes, desafío a autoridade, solidariedade e incertidume. Por un lado teríamos as accións violentas, as máis sinxelas de executar sen grandes cotas de coordinación ou control. En circunstancias normais queda limitada a pequenos grupos dispostos a causar danos e ser reprimidos pero se volve máis habitual durante os cambios de réxime ou cando un movemento social perdeu parte dos seus apoios. Ademais a violencia tende a aparecer como produto da interacción entre os que protestan e as forzas do orde. Unha cuestión que a súa vez, está directamente relacionada coa natureza do propio sistema político, do seu carácter autoritario ou democrático. Nun ciclo de acción colectiva as accións violentas teñen o efecto polarizador entre os descontentos e as autoridades "no que a xente vese obrigada a tomar

USC DE COMPOSTELA


partido, os aliados abandonan, os observadores se retiran e o aparello represivo do Estado entra en acción" (Tarrow, 2004, p. 185).

As accións disruptivas, pola súa banda, son as accións que emerxen como novidosas e innovadoras, e por iso teñen a capacidade de sorprender aos observadores e desorientar as elites. Se estas accións se repiten e acaban formando parte do repertorio clásico de acción que diversos suxeitos empregan en diferentes momentos ao longo do tempo, estas accións pasarían a converterse en convencionais. Os casos máis coñecidos serían os da folga ou os da manifestación. A repetición periódica deste tipo de accións conforma o seu principal atractivo xa que será máis sinxelo que a xente recorra a unha forma de acción que xa sabe usar (Tarrow, 2004, p. 188). A acción directa non violenta e a ocupación pacífica sumáronse á manifestación e a folga para conformar o repertorio de acción colectiva clásico do século XX. Un repertorio baseado en rutinas pacíficas e ordenadas que non rompen leis nin violan ningún espazo (Tarrow, 2004, p. 195). Poderemos preguntarnos pola natureza dos repertorios de acción que se desenvolven no noso fenómeno en estudo, nun período de transición dun réxime ditatorial, e polo tanto altamente represivo. Polo tanto, a elección de repertorios de acción violentos, disruptivos ou convencionais, terá ampla relación coa natureza da propia acción colectiva, coas súas motivacións, coas diagnoses e prognoses, en definitiva, coa definición da inxustiza que sofren, e tamén, dos obxectivos que perseguen.

Na análise do discurso resulta útil achegarnos á construción teórica do "cultural package" ou "paquete cultural". Comprendido este como a estrutura que daría forma a cultura dun asunto político, isto é o conxunto de elementos necesarios para construír un discurso político sobre un asunto determinado (Gamson e Lasch, 1983). Deste xeito poderíamos identificar tres tipos diferentes de paquetes segundo o tipo de actor que participa no debate público. Por un lado teríamos o paquete oficial, mantido polos funcionarios públicos e por aqueles partidos que apoian unha determinada política oficial. O que, no noso contexto de estudo, indiscutiblemente nos situaría ante "o relato negacionista da reconciliación", sostida dende os poderes hexemónicos durante a Transición. Por outra banda definiríamos os paquetes opositores e os disidentes, os cales poden ser similares entre si ou radicalmente diferentes e que se definirían como opostos á política oficial, coa proposición dunha alternativa (Chihu e López, 2004). Na presente investigación trataremos de ver o encaixe dos discursos das accións colectivas da memoria nestes conceptos. Se é que podemos considerar que se encadran en paquetes opositores ou disidentes, ou se pola contra se manteñen nos parámetros do paquete oficial. Neste mesmo senso interesa o concepto do "contraenmarcado" que se conformaría como o discurso que enarboran os antagonistas do marco da acción colectiva (Snow et al, 1986; Hunt, Benford e Snow, 1994).

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Gráfico 13. A estrutura dun paquete cultural



Fonte: elaboración propia en base a Gamson e Lasch, 1983; Chihu e López, 2004.

Para iso é útil atender ao conxunto de dispositivos simbólicos (symbolic devices) que forman parte dos paquetes culturais, e que polo tanto seméllannos útiles metodoloxicamente (Gráfico 13). Así, para analizar a interpretación do problema atenderíamos ás "metáforas" , é dicir o uso de figuras retóricas ou caricaturas para a explicación dun fenómeno, aos "exemplos" que implicarían o emprego doutros eventos históricos, pasados ou presentes, para enmarcar o suxeito que se pretende explicar. Tamén salientaríanse as "consignas", isto é os lemas ou frases que suxiren o marco, as "representacións" como as caracterizacións sinxelas do suxeito e as "imaxes visuais" que estarían constituídas polo conxunto de símbolos ou imaxes que representaría graficamente ese suxeito.

Pola súa banda os dispositivos de xustificación terían o obxectivo de delimitar argumentos que apoien a interpretación do problema que se realizou cos cinco dispositivos anteriores. Deste modo mediante as "raíces" explicaríase a causa dese problema, as "consecuencias" sinalarían que ocorrería segundo a decisión política que se adoptase e a "apelación a principios" serían aqueles argumentos relacionados con certos principios morais que finalmente darían lexitimidade á interpretación do problema (Gamson e Lasch, 1983; Chihu e López, 2004). En conxunto estes oito dispositivos, como dicíamos, serán útiles á hora de identificar, plasmar e analizar a existencia e consistencia dos marcos que moven ás accións colectivas da memoria. En capítulos anteriores puidemos xa deternos en certos aspectos clave do que sería o "paquete oficial" da guerra civil e da reconciliación desenvolto nos últimos anos do franquismo e durante a Transición. Será, por tanto, interesante tentar identificar se se producen paquetes opositores ou disidentes que puideran definir o problema da "guerra civil" e dos "represaliados" de xeito diferente e en que grado estes poderían estar na base das accións colectivas da memoria.

Para terminar, e en contraposición cos marcos de cada acción colectiva específica, que se limitarían aos intereses dun grupo en particular, salientaríase o concepto de "marco mestre" ou

"reitor". Este posuiría un alcance interpretativo maior, e sería culturalmente resoante co seu entorno histórico. Estas calidades farían posible que del bebesen diversas accións colectivas, que adaptarían ese marco mestre aos seus marcos específicos (Benford e Snow, 2000). Nun contexto de ampla mobilización social como finais dos anos 70 no Estado español, coa emerxencia de múltiples movementos políticos, sindicais e sociais, cómpre ter en conta a posibilidade de terse configurado algún tipo de marco mestre onde se moveran as diversas accións e que quizais podería identificarse co chamado xenericamente como "antifranquismo". A consistencia dese marco mestre, podería facilitar a súa vez a emerxencia dun contexto de maior mobilización social e por tanto, dun ciclo de acción colectiva.

1.3.2.2..Ciclos de acción colectiva e a estrutura das oportunidades políticas

> Cando emprego o termo "ciclo de protesta", refírome a unha fase de intensificación dos conflitos e a confrontación no sistema social, que inclúe unha rápida difusión da acción colectiva dos sectores máis mobilizados aos menos mobilizados; un ritmo de innovación acelerado nas formas de confrontación, marcos novos ou transformados para a acción colectiva; unha combinación de participación organizada e non organizada; e unhas secuencias de interacción intensificada entre disidentes e autoridades que poden terminar na reforma, a represión e, ás veces, nunha revolución (Tarrow, 2004; p. 263-264).

Estas palabras, escritas nos anos noventa por Sidney Tarrow, referencia indispensable no estudo dos movementos sociais e da acción colectiva, describen dun xeito conciso o significado dun ciclo de protesta. Aínda que o termo clásico que empregan e replican numerosos estudos posteriores é o de ciclo de protesta, consideramos que falar de "ciclos de acción colectiva" resulta máis acaído e mellor adaptado ao noso obxecto de estudo, ao considerar que "a protesta" cíñese a unha única manifestación da acción colectiva. Deste modo, nun ciclo de acción colectiva, a loita de poder, tanto nas institucións como fóra delas, e por tanto as oportunidades políticas do sistema, convértense en elementos centrais.

O ciclo iniciaríase coa apertura das oportunidades políticas, evolucionaría e amplificaríase coa difusión desas oportunidades e terminaría co peche das mesmas (Tarrow, 2004). Esta centralidade da estrutura de oportunidades políticas para comprender os ciclos de acción colectiva resulta de especial relevancia para o noso obxecto de estudo. Esta importancia se comprende claramente ao atender a formulación inicial desta investigación cando identificabamos a morte de Franco e a transición á democracia, como un potencial escenario para o desenvolvemento das accións en estudo. É dicir, as interpretamos como oportunidades políticas para a acción.

Volvemos pois, á pregunta que plasmamos no Gráfico 13: *Por que ocorre a acción colectiva?* ou dito doutra forma , "por qué a xente corrente bótase en ocasións á rúa, arriscando a súa vida e a súa seguridade para reclamar os seus dereitos e atacar a outros?"(Tarrow, 2004, p. 148). Un interrogante que tamén tentan responder aqueles que teorizan sobre a estrutura de oportunidades políticas. Esta conceptualización prodúcese ao entender que o descontento por si só non implica necesariamente unha acción. E que, por tanto, as variables dun sistema político inflúen nas características da acción colectiva e explican, en certo sentido, o seu xurdimento, os niveles de mobilización, os repertorios de acción colectiva e finalmente as súas posibilidades de éxito (Della Porta e Diani, 2011).

USC DE COMPOSTELA

> Unha ollada superficial á historia moderna amosa que as explosións de acción colectiva non poden atribuirse ao nivel de necesidade da xente nin á desorganización das súas sociedades. Estas condicións previas son máis constantes que os movementos que supostamente xeran. O que varía ampliamente co tempo e o lugar son as oportunidades políticas e os movementos sociais están máis intimamente relacionados cos incentivos que estas ofrecen para a acción colectiva que coas estruturas sociais ou económicas subxacentes (Tarrow, 20014, p. 147-148).

Esta reflexión ubícanos ante o noso caso de estudo, cando as accións de memoria, que antes eran clandestinas, pasan ao espazo público no contexto de reforma que se inicia a partir de 1976. Un contexto de reforma, de modificación do acceso á participación política, que se establece como o cambio máis relevante para que teña lugar a acción colectiva. A apertura adquire maior importancia cando se produce de xeito parcial dende un sistema, posto que esa parcialidade, e as expectativas de superala, poden animar máis a acción colectiva.

Táboa 1. Estrutura das oportunidades políticas

ESTRUTURA DE OPORTUNIDADES POLÍTICAS	
ELEMENTOS CAMBIANTES	ELEMENTOS ESTABLES
Apertura do acceso á participación	Forza do estado
Alienamentos inestables	Formas de represión
Aliados influíntes	Natureza dos partidos políticos
Elites divididas	

Fonte: Elaboración propia baseada en Tarrow (2004).

Como se salienta na Táboa 1, ao aumento da participación política, se lle sumarían tres cambios máis que influirían positivamente para que se produza a acción colectiva. A inestabilidade nos alineamentos políticos, isto é no sistema de partidos, contar con aliados influíntes e a división das elites. Precisamente para este último elemento, Tarrow (2004) emprega o exemplo da Transición española "onde os desacordos entre duros e moderados abriron un espazo para os movementos de oposición" (p.161). Ademais destes elementos cambiantes, no estudo das oportunidades políticas aténdese a elementos estruturais que tamén teñen a súa influencia para o desenvolvemento da acción colectiva, como son a fortaleza do estado, as formas de represión ou a natureza dos partidos políticos (Tarrow, 2004, p. 148). Todo o cal nos levaría a un contexto concreto onde se materializarían as condicións máis vantaxosas para a acción: a democracia. E é que existe consenso en considerar unha relación directa entre un contexto democrático e maiores probabilidades para o xurdimento ou desenvolvemento de movementos sociais e accións colectivas (Della Porta e Diani, 2011).


Por outra parte estas oportunidades políticas serán especialmente intensas nun contexto dinámico, isto é cando se producen variacións que poden modificar a natureza autoritaria dun réxime. En definitiva, nun contexto de transición ou de democratización. Deste modo identifícanse certos factores democratizadores que inflúen de xeito relevante na configuración da acción colectiva (Tilly, 2010, 2000). Entre estes factores cómpre destacar o desenvolvemento da cidadanía, a consolidación de dereitos como o de reunión, asociación ou expresión colectiva, que facilitaría espazos para a acción, o aumento das consultas vinculantes, que influirían na percepción de que se poden acadar as reivindicacións, e a creación de institucións complementarias, como os partidos políticos ou os sindicatos, que poderían

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

funcionar como aliados. Todos os anteriores son elementos que poderemos identificar claramente no contexto da Transición.

Ademais a conexión entre a democratización e a acción colectiva pode comprenderse dun xeito bidireccional no que a democratización, a apertura de condicións favorables, inflúe na intensificación da acción colectiva, ao mesmo tempo que a propia acción colectiva pode influír e condicionar o comportamento das institucións e por tanto empurrar cara a demoratización. Por iso, a apertura de ciclos de acción colectiva habitualmente vincúlase con procesos de transición cara sistemas de natureza democrática ou con certos elementos tendentes á democratización, onde destaca a acción dos denominados "madrugadores" ou "catalizadores da protesta", é dicir, daqueles que inician a acción colectiva ao percibir esas oportunidades. Coa súa actuación, crean ou reforzan a inestabilidade da elite e demostran a vulnerabilidade das autoridades, facilitando a acción aos que veñen detrás. Desatarían así un efecto expansivo da acción colectiva, que se iría extendendo a meirande parte dos grupos sociais, incluso aqueles menos propensos ás reivindicacións, ata chegar ao momento de maior intensificación da acción colectiva e polo tanto o momento máis álxido do ciclo (Della Porta e Diani, 2011; Tarrow, 2004).

Gráfico 14. Posibles escenarios na fin do ciclo de acción colectiva nun contexto de democratización



Fonte: Elaboración propia.

A esta fase expansiva lle seguirían as fases de ocaso do ciclo, isto é cando a acción se desactiva parcial ou completamente. Nun contexo como o que interesa para o noso obxecto de estudo, é dicir de democratización, nos situaríamos ante tres posibles escenarios, expresados visualmente no Gráfico 14. Por un lado, se as autoridades canalizan as demandas e reivindicacións, as accións colectivas situaríanse nun estado de latencia ou desaparición ao ver conseguidos total ou parcialmente os seus obxectivos. Por outro lado, os suxeitos que realizan a acción poden decidir cambiar a súa estratexia tratando de penetrar nas institucións, para vehicular así as súas demandas a través delas, o que podería producirse mediante a creación dun novo partido político ou mediante a absorción dos activistas en partidos políticos xa existentes. Como por exemplo ocorreu nos movementos estudantís dos 60, aos que xa aludimos en diversas ocacións, e que tralos conflitos na rúa coa policía pasan a constituír organizacións políticas e incorporarse a sindicatos e ao Partido Comunista, ou como tamén aconteceu co movemento ecoloxista en Europa occidental, que pasa dunha intensa radicalidade nas súas accións a xogar na area institucional coa creación do "partido dos verdes".

Como último dos posibles escenarios, e ante a frustración de non ver conseguidos os obxectivos dun xeito parcial ou total, a acción colectiva podería tender á radicalización, isto é ao emprego de repertorios violentos, podendo producirse un escenario mixto cun pulso entre

USC DE SANTIAGO

aqueles actores que tenderían á radicalización e os que o farían á institucionalización (Della Porta e Diani, 2011). Veremos en que se traduce isto para o noso caso de estudo e se trala investigación podemos identificar algúns destes escenarios. Pero resulta xa claro de xeito previo que se falamos de institucionalización, isto é de demandas previamente defendidas dende espazos colectivos e que pasan á esfera máis institucional, falamos potencialmente desas accións que definíamos como accións institucionais. Isto é aquelas relacionadas coa memoria traumática levadas a cabo dende as institucións e que configuran a segunda parte do noso obxecto de estudo.


1.3.3. En torno aos instrumentos de análise da elaboración de políticas públicas

Na oportunidade política que se forma nun proceso democratizador como o é a transición dun réxime ditatorial cara unha democracia, configúranse altas probabilidades para que as demandas e reivindicacións das accións colectivas, é dicir os marcos opositores ou disidentes, transfíranse, dalgún xeito, cara o ámbito institucional. Un proceso que podería ter lugar, como xa dixemos, coa entrada no xogo institucional de novos actores políticos, en torno ao noso obxecto de estudo, por exemplo co caso dos militantes e activistas de esquerda que formaron parte por primeira vez en 1979 de moitos dos gobernos municipais saídos das urnas. Así, estaríase ante un contexto propicio para a transferencia da acción colectiva cara espazos institucionais cando os actores, que ata ese momento realizaban a súa actividade na rúa, isto é, en forma de acción colectiva, entran na esfera institucional. Isto podería ocorrer de dúas formas. En primeiro lugar, nun escenario onde os participantes da acción colectiva pasan a formar parte dos actores que elaboran as políticas públicas, defendendo total ou parcialmente nas institucións as demandas que antes defendían na rúa. En segundo lugar, baixo a tendencia a que certas demandas da cidadanía se absorvan no espazo institucional, tras un proceso no que a acción colectiva tivera empurrado "dende fóra" para obter unha resposta dos poderes públicos. Neste caso, os actores que a promoven permanecerían no espazo social, mantendo dalgún xeito o conflito, pero sendo capaces de influír nas políticas públicas que tramitarían algún dos seus obxectivos (Granada, 2012). Por outra banda, resultaría plausible pensar nun escenario combinado entre as dúas anteriores, cando tanto os activistas que agora son representantes públicos como os que se manteñen fóra do ámbito institucional, promoven este tipo de accións.

Atopariamonos, por tanto, ante actuacións que xa non teñen como suxeito único a sociedade civil, sendo máis preciso denominalas políticas públicas, accións institucionais, ou para o noso caso concreto, políticas de memoria. E é que, como xa vimos no Estado da Cuestión, é palpable a conexión entre as accións da memoria na sociedade civil e as accións institucionais se atendemos a como as reivindicacións memorialistas na sociedade civil inflúen e condicionan unha resposta institucional. Deste modo, accións colectivas e políticas públicas deben comprenderse nun espazo dinámico e interrelacionado.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Gráfico 15. Representación do proceso político



Fonte: elaboración propia baseada na figura I.3.1. de Vallés (2007).

Como pode verse no Gráfico 15, habitualmente comprendeuse a importancia das accións colectivas na fase da formación da axenda política, isto é como un input no sistema político. Deste modo as súas demandas e reivindicacións procesaríanse e contrastaríanse cos valores e ideoloxías dominantes na sociedade para dar lugar a unha decisión ou política pública. O proceso retroalimentaríase, coa posible reacción de determinados actores sociais ao resultado (output), isto é a decisión ou política pública. O máis habitual dende a teoría das políticas públicas foi considerar esta influencia das accións colectivas na primeira fase do ciclo da política pública, é dicir na definición do que serán os problemas público. Pero esta influencia pode trasceder a esta primeira fase e estar presente en todo o ciclo dunha política pública, isto é, tamén cando se executan e avalian as políticas gubermamentais.

Dende esta perspectiva comprenderíamos a acción colectiva nunha relación constante co Estado e coas institucións, ao implicar conflito e negociación co poder e co formalmente instituído, nun proceso que implica a influencia proactiva, cando as demandas da acción colectiva logran acceder aos canles institucionais, e tamén a influencia reactiva, expresando o descontento e executando accións de veto ás accións institucionais (Granada, 2012; López, 2012).

Queda clara a relación entre a acción colectiva co proceso de conformación da axenda pública e a posibilidade da institucionalización das reivindicacións sociais, pero este procedemento non é lineal nin automático. A definición dun problema público e a súa elección como asunto de interese para ser tratado polas institucións terá que ver con diversos factores que potencien a súa forza, entre eles a aptidude organizativa dos implicados, a proximidade a grupos organizados e partidos, os factores emocionais (alimentados polos medios de comunicación) ou a magnitude da poboación implicada (Vallés, 2007).

Deste modo comprendemos a axenda pública como o resultado daqueles problemas que as institucións consideran importantes e sobre as que finalmente tomarán unha decisión gobernamental, isto é, deseñaranse unhas determinadas políticas públicas. Así, no proceso de inclusión dun asunto na axenda pública influirán numerosos factores que se deben ter en conta e sobre os cales existe unha extensa produción académica. Isto é, deberase responder a por que algúns asuntos son atendidos, e con que prioridade, e cales son enviados ao esquecemento (Alzate e Romo, 2017).

Neste senso destacamos as teorías que abordan o seu por que. Desta forma debería terse en conta que grado de participación política existe e cales son os tempos e formas de participación, o que determinaría, en último termo, o conxunto de actores que teñen a autoridade e a

USC DE COMPOSTELA


capacidade para levar un asunto a un proceso de políticas públicas (Casar e Maldonado, 2010). De modo que a axenda pública se construiría a partir dos intereses en xogo dos actores, das crenzas e dos demais marcos de restrición para a acción, tanto formais como informais (Alzate e Romo, 2017). É dicir, debe atenderse a como unha demanda social para pasar a conformar un problema público debe confrontar cos valores e ideoloxía dominante así como coas representancións de intereses dos actores involucrados (Lakoff, 2007).

Seguindo esta dirección existe unha perspectiva teórica denominada "agenda setting" que atende ao poder que teñen os medios de comunicación de masas para presentar certas cuestións con frecuencia e de forma destacada co resultado de que grandes segmentos do público cheguen a percibir estas cuestións como máis importantes que outras (Coleman, McCombs, Shaw e Weaver, 2009). Neste sentido a mobilización da opinión pública ou a axenda mediática explicaría como a cidadanía, que é considerada como público, "recorren ás pistas de relevancia que ofrecen os medios de comunicación de masas para organizar a súa propia axenda e decidir cales son os temas importantes na consideración pública" (Alzate e Romo, 2017, p.20).

Aínda que non se pode comprender como un factor único e de traslación directa, consideramos este concepto de interese, xunto ao sistema de crenzas e a actitude dos principais actores políticos e de poder para atender a como un asunto entra na axenda pública, e é considerada importante na sociedade. Así mesmo, que a inclusión do tema na axenda de goberno non implique problemas na estabilidade do sistema é outro dos factores que consideramos clave, e que nos poden axudar na análise do noso caso de estudo. E é que, en definitiva, o proceso de fixación da axenda involucra o uso do poder individual e colectivo. O seu estudo é, á súa vez, parte da análise das limitacións da democracia (Dorantes, 2008).

Tomando en consideración todo o anterior, poderemos aproximarnos ao proceso mediante o cal a memoria traumática entrou na axenda pública e en que plano de priorización o fixo. Interesa, en especial, como influíu no tratamento da memoria no eido institucional, o discurso da reconciliación, entendido como o sistema de crenzas dominante, construído polas elites políticas, as mesmas que asinan finalmente os pactos da Transición, garante á súa vez da estabilidade do sistema político en construción. O que se interrelacionaría co papel dos principais actores, entre eles os medios de comunicación de masas, as institucións en proceso de reforma e os novos partidos políticos, tanto os que entran no novo pacto como os que quedan fóra del.

Gráfico 16. Factores que inflúen na definición dun problema público e da súa incursión na axenda pública



Fonte: elaboración propia.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En conclusión e como se pode ver no Gráfico 16 tanto na definición dun problema público, como no traslado deste problema á axenda pública (se se fai e como se fai) van influír diversos factores entre os que destacan a existencia dun sistema de crenzas dominante e o papel dos medios de comunicación de masas.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1.4.METODOLOXÍA: UNIDADES DE ÁNALISE, OBXECTIVOS, PREGUNTAS DE INVESTIGACIÓN E TRABALLO DE CAMPO

Unha vez revisado o Estado da cuestión, no que se ten detectado un baleiro bibliográfico arredor das accións da memoria en Galicia na Transición (1976-1986), e onde o estado da literatura para outras rexións do estado evidencia a escaseza de investigacións de amplo espectro, faise palpable a necesidade da presente investigación. Así, e unha vez temos definido terminoloxicamente o obxecto de estudo, este capítulo pretende abordar a descrición das unidades de análise, a delimitación dos obxectivos e preguntas de investigación, para finalmente describir o traballo de campo que se levou a cabo.

1.4.1.Unidades de análise

Definimos o obxecto de estudo como as accións que levaron ao espazo público a memoria traumática da violencia exterminadora desatada tralo golpe de estado do 36. Convén agora deterse na determinación das súas unidades de análise, isto é, o marco espacial e o temporal. Ante a ausencia de investigacións que aborden o estudo do acontecido en Galicia, nin na súa globalidade, nin nas súas diversas partes, isto é, na análise de exhumacións, homenaxes ou modificacións da simboloxía dos espazos públicos, consideramos de interese seleccionar este espazo territorial como unidade de análise. Para iso, esta investigación levou a cabo o traballo de campo nas catro provincias que conforman a comunidade autónoma galega, isto é A Coruña, Pontevedra, Ourense e Lugo.

En canto ao marco temporal, convén aproximarnos ao período denominado Transición, un termo que se usa con certa vaguidade. Resulta difícil delimitar un único marco cronolóxico deste período, atopándonos ante diversas cronoloxías segundo o autor e literatura consultadas. Pódese establecer un rango temporal entre 1976 e 1981 que se iniciaría trala morte do ditador, e finalizaría co golpe de estado do 23F. Pero segundo outras clasificacións este período ampliaríase ata o ano 1982, coa vitoria do PSOE nas eleccións xerais, e inclusive ata o ano 86, marcado polo referendo da OTAN.

Por iso, máis alá do período que inclúa o termo Transición, para acoutar temporalmente a investigación, consideramos tomar como referencia a primeira década do sistema parlamentario español. Dende que se inicia a súa construción a partir do réxime franquista en 1976 e estendéndose ata 1986, ano, ademais, de marcado carácter simbólico arredor da temática memorialista, por tratarse do cincuenta aniversario do golpe de estado. Momento, por outra banda, clave a tenor do comunicado emitido polo goberno socialista, onde se referiu por primeira vez á "guerra civil", expoñendo un discurso continuador coa denominada "ideoloxía da reconciliación". Trataríase, pois, do ano no que se tería catapultado a hexemonía desta narrativa. De todos xeitos, e co obxectivo de facilitar e simplificar a lectura da presente investigación, empregaremos de xeito xeral o termo Transición, para referirnos ao noso marco temporal, isto é o período comprendido entre 1976-1986.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1.4.2.Obxectivos

Obxectivo principal

- ✓ Determinar se existiron e definir, no seu caso, as características das accións colectivas e institucionais que en Galicia levaran ao espazo público a memoria traumática da violencia golpista e franquista ou da experiencia republicana anterior, durante o período comprendido entre 1976 e 1986.

Obxectivos específicos

- ✓ Determinar a existencia e, de ser o caso, analizar as accións de memoria levadas a cabo por actores da sociedade civil, xa sexan estes colectivos de familiares, veciños, investigadores, asociacións, sindicatos ou partidos políticos en Galicia entre 1976 e 1986.
- ✓ Determinar a existencia e, de ser o caso, analizar as accións de memoria levadas a cabo por institucións, xa sexan estes administracións municipais, autonómicas ou central en Galicia entre 1976 e 1986.
- ✓ Realizar unha base de datos pormenorizada das accións de memoria detectadas para o noso período de estudo.
- ✓ Definir características comúns e diferenzas entre as accións de memoria coa fin de establecer unha tipoloxía que recolla os repertorios de acción en base aos seus obxectivos e discurso.
- ✓ Definir as características dos actores sociais e institucionais que protagonizan as accións de memoria.
- ✓ Analizar a resposta institucional e social ás accións da memoria estudadas e a posible existencia de mecanismos que procurasen evitar ou desincentivar a mobilización memorialista.

1.4.3.Preguntas de investigación

As preguntas de investigación concrétanse tendo en conta dous aspectos diferenciados. Por un lado ás cuestións que xa foron postas enriba da mesa por outros autores na literatura sobre o obxecto de estudo, e por outro lado novas cuestións que interpretamos como chave á hora de executar unha análise efectiva. Todo o cal formulamos do seguinte modo:

- ✓ Puido haber un fenómeno de memoria durante a Transición máis extenso do que se establece tradicionalmente? De ser así, en que medida se podería ter oposto á narrativa dominante baseada no non-recordo?
- ✓ Podemos establecer e describir cales son os principais suxeitos participantes e organizadores destas accións?
- ✓ Podemos establecer un perfil dos participantes nas accións? Como de relevante era nese perfil a súa traxectoria vital e polo tanto a súa condición de vítima ou familiar de vítimas? Como de relevante o seu activismo político ou sindical?
- ✓ Que discursos mantiñan esas accións de memoria? O recordo que chegaba e se construía no presente replicaba a narrativa da reconciliación ou emitía un discurso, e por tanto unha memoria diferente, oposta nalgún grado á oficial? Existen diferencias no cariz dos discursos segundo as accións ás que nos refiramos, actores implicados e tipoloxía das mesmas?

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- ✓ Como se constrúe a memoria da violencia golpista no momento presente (isto é anos 70 e 80)? Acomódanse dentro da versión da transición equiparadora? Ou existen espazos nos que se reivindica outra memoria? Outro recordo?
- ✓ Relacionábase dalgún xeito esa memoria do pasado coa oposición antifranquista e as ideas republicanas? Como influíron e funcionaron as identidades políticas neste proceso?
- ✓ Como se construía a definición dos asasinados: en torno á vítimas, heroes ou mártires?
- ✓ Existiron medidas coercitivas ou restritivas que intentasen bloquear a realización destas accións ou puideran ter influído dalgún xeito no seu alcance, dimensións ou discurso? Se foi así, cales?

Estas serían, pois, as nosas preguntas de partida, e sobre as que construiríamos a presente investigación. Chegados a este punto convén describir cal foi o traballo de campo realizado.

1.4.4. Traballo de campo e fontes

1.4.4.1. Unha aproximación ao noso obxecto de estudo e a sistematización do traballo de campo

Á hora de iniciar esta investigación, trala constatación do baleiro historiográfico que afectaba ao obxecto de estudo, poderíase dicir que se partía practicamente da nada. Por iso o primeiro que debíamos facer era preguntarnos cal sería o xeito idóneo de alcanzar a entrever que acontecera nos anos 70 e 80 en Galicia e como establecer cales serían as fontes que se deberían consultar. Para logralo púxose en marcha unha fase inicial, precisa para identificar as fontes principais e establecer un método sistemático de busca e análise das mesmas. Nesta fase realizáronse as primeiras indagacións en varios sentidos, o que daría por conformar a armazón metodolóxica final.

Como sabemos, as asociacións de memoria expandíranse territorialmente de xeito notable dende finais dos 90 e principios dos 2000, manténdose activas unha gran parte delas ao inicio da nosa investigación, no ano 2016. Polo que parecíanos lóxico comezar a investigación tentado pescudar arredor delas. Para iso, partindo do coñecemento de asociacións activas en Catalunya que tiñan iniciando a súa andadura nos anos 70 e 80, preguntámonos sobre a posibilidade de que tivese acontecido algo similar no caso galego.

Para realizar esta primeira indagación consultamos diversos rexistros. En primeiro termo os rexistros de asociacións do Ministerio do Interior e no da Xunta de Galicia, ambos online. Nestes soamente se puido acceder a asociacións que seguen actualmente en activo, polo que se comprobou xa como a meirande parte das asociacións memorialistas en Galicia estaban datadas a partir de finais dos 90 e non había rastro algún de asociacións de memoria que foran creadas nos anos 70 e 80.

Polo tanto o seguinte paso consistiuno a comprobación de se houbera asociacións memorialistas extintas na actualidade, creadas no período de estudo. Buscabamos, por tanto, un fenómeno similar ao que coñecíamos para outras partes do territorio estatal. Para iso tentamos acceder ao arquivo das asociacións creadas nos anos 70, a través da documentación existente no Arquivo do Reino de Galicia. Deste modo, contactamos por primeira vez con este arquivo, que respondeu enviándonos por correo electrónico as descricións de expedientes de libros de

asociacións posteriores a 1975, sen atopar ningunha referencia a asociacións relacionadas directamente coa "memoria", a defensa de vítimas, exiliados ou presos políticos[125]. Daquela, tras comprobar que non se albiscaban asociacións de memoria traballando en Galicia nos anos 70 e 80, bifurcamos a nosa estratexia en varios sensos, que finalmente conformarían os piares fundamentais do noso traballo de campo:

- Establecemento de contactos no ámbito memorialista

Resultaba lóxico pensar que as asociacións que traballaban na actualidade no eido da recuperación da memoria histórica, puidesen ter información do ocorrido na Transición no mesmo eido de acción. Por iso, decidimos contactar coas asociacións de memoria activas en Galicia en 2016. Así, a través dese Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia e da información do arquivo de Nomes e voces, contactouse de xeito telefónico e por correo electrónico con ducias de asociacións repartidas polo territorio galego. As respostas foron variadas. Dalgunhas non se obtivo resposta, doutras esta foi negativa, descoñecendo nalgúns casos por completo o ocorrido na súa localidade ou comarca antes de comezar a súa andaina, ou ofrecendo vagas referencias a posibles accións sen poder datalas con certa exactitude. Pero outras moitas asociacións redirixíronnos a persoas que participaron ou que poderían ter información ao respecto. Iniciamos así o noso contacto cun nutrido grupo de persoas, tanto telefonicamente como por correo electrónico, para finalmente realizar entrevistas de xeito presencial ou telefónico.

- Busca en arquivos preliminar

En paralelo ao anterior vaise iniciando a busca en arquivos. Visitamos en primeiro termo aqueles máis recoñecidos a nivel galego para a busca de documentación histórica: os arquivos da Fundación 10 de marzo e da Fundación Luis Tilve, así como o arquivo do Reino de Galicia.

- Revisión de prensa

Nas primeiras fases da investigación iniciouse tamén a revisión da prensa, tanto nacional como galega, a través da consulta directa das publicacións en papel nas universidades galegas e a busca na Biblioteca Virtual da Prensa Histórica. A prensa actuou, xa dende estas primeiras indagacións, como unha punta de lanza, pois nela atopamos unha gran parte dos fíos dos que logo seguir tirando, configurándose como unha das fontes primordiais desta investigación.

- Elaboración dun borrador de base de datos

As primeiras descubertas inician tamén outro dos piares fundamentais do noso traballo de campo, a elaboración dunha base de datos na que ir referenciando e catalogando as accións de memoria identificadas para o período de estudo, mediante un arquivo de folla de cálculo. Nesta primeira fase a base de datos conformábase nun formato borrador, posto que as categorías definidas perfeccionáronse posteriormente.

Deste xeito a investigación comezou a fluír de modo que as descubertas nunha das liñas de investigación, era retroalimentada a través dalgunha das outras. Así, se atopabamos algunha

[125] Temos que precisar que nesta busca, consideramos asociacións de memoria, polo que buscaremos no nome da mesma algún dato referente a termos relacionados coa memoria, seguindo a lóxica das asociacións actuais pero tamén das creadas en Catalunya nos anos 70. A posteriori, e trala nosa investigación, entenderemos como, para o caso galego, si habería asociacionismo que tiña actividade relacionada coa memoria, aínda que baixo o paraugas dos ateneos e as asociacións culturais e non de asociacións "propiamente" de memoria. Aínda así nese primeiro rexistro tomamos nota de asociacións políticas e culturais que consideramos poderían ser de interese (polo seu nome, relacionadas coa republicanismo, por exemplo). Máis tarde pretendemos acceder a estes arquivos e non se nos deixa. Soamente poderíamos dicirlle o nome ao técnico para que nos facilitara soamente o dunha asociación (Cambios restritivos no funcionamento do arquivo do Reino de Galicia).

acción na revisión de prensa, buscabamos en arquivos na procura dalgún rastro, e intentabamos contactar con persoas da zona que puideran ter participado ou puideran coñecer a alguén que o fixese. Mediante este proceso foise configurando un método de traballo que seguimos a desenvolver nas posteriores etapas da investigación.

Por outra banda, tamén foi nesta primeira fase cando detectamos as primeiras dificultades. Convén destacar entre elas á relativa á linguaxe, é dicir, á forma de denominar ao fenómeno en estudo e as dificultades que isto levou consigo á hora de indagar e procurar fontes. Como xa tratamos no apartado anterior, decidimos realizar unha construción teórica do noso obxecto de estudo, delimitando os termos e conceptos que empregaríamos na presente investigación. A decisión de realizar este exercicio foi froito da detección de dous problemas. Por un lado comprobamos as limitacións que o uso do termo contemporáneo "movemento social de recuperación da memoria histórica" tiña para definir axeitadamente o noso obxecto de estudo. E por outro atendemos ás dificultades que dito termo traia aparellado á hora de realizar a investigación. Estes problemas identificáronse xa nesta fase inicial cando para pescudar sobre o fenómeno en estudo, para afondar por primeira vez no que puidera ter acontecido nos anos 70 e 80, decidimos empregar os conceptos "movemento de memoria histórica", "antecedentes ao movemento de memoria histórica" ou incluso "homenaxes a vítimas do franquismo".


As barreiras materializábanse de xeito diferente segundo a fonte. No caso das testemuñas o emprego destes termos habitualmente provocaban respostas que comezaron a ser recorrentes e que negaban taxativamente a existencia destas accións como o *"daquela non se estaba a esas cousas, estabamos a outras"* ou *"había aínda moito medo".* Tamén producía que ás que viñeran á súa mente fosen exclusivamente as accións que tiveran lugar xa nos anos 2000. No caso da fonte documental a busca en arquivos entorpecíase cando tiñamos que describir o que buscabamos ante os técnicos que debían asesorarnos, máis tamén na propia busca que puideramos realizar directamente a través de palabras chave nas súas bases de datos. Similar situación acontecía coa revisión de publicacións periódicas, onde ademais iríamos detectando como, por exemplo nas novas relacionadas con homenaxes a vítimas do franquismo, non se atoparía tal concepto e si outros como "homenaxes a fusilados" ou a "mártires de la libertad". En definitiva, os resultados comezaron a evidenciar a necesidade de delimitar estratexias que rompesen con estas dinámicas que negaban a propia existencia do fenómeno en estudo, para o que era preciso empregar termos que nos puideran aproximar dun xeito máis directo ao que buscabamos.

Sistematización do traballo de campo

Despois desta fase inicial de prospección, na que aprehender os mellores métodos para realizar unha investigación o máis sistemática posible e na que emendar erros nas técnicas empregadas, vaise configurando o noso método de traballo principal que funcionou do seguinte xeito:

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA


Gráfico 17: exemplificación do funcionamento do traballo de campo



Fonte: elaboración propia.

Partimos de dous tipos de buscas, as que chamaremos *buscas sistemáticas* e as *buscas enlazadas*. As buscas sistemáticas serían aquelas que se tentaron realizar sempre do mesmo xeito. Para o caso da prensa, o emprego dunha serie común de palabras clave ou para o caso da fonte documental a busca do mesmo tipo de documentación nos diversos arquivos visitados. As buscas enlazadas, por outra banda, serían aquelas que se realizaron despois de ter detectado unha acción de memoria concreta. Como por exemplo no caso de que a revisión sistemática da prensa nos levase a un acontecemento memorialista nun concello determinado, acudiamos aos seus arquivos municipais, revisabamos a prensa atendendo a novas palabras clave relacionadas con ese acontecemento, e buscabamos a forma de contactar e realizar entrevistas a participantes nesa acción, xa fosen protagonistas ou participantes secundarios (Gráfico 17).

Gráfico 18: Piares clave do traballo de campo



Fonte: elaboración propia

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Mediante este traballo de campo foise conformando unha ampla base de datos na que se describían as accións en base a tres eixos: cronolóxico (data), espacial (concello no que ten lugar), e tipolóxico (en base a actores protagonistas das accións e características). Deste modo podemos definir xa as patas fundamentais do traballo de campo, que como xa describimos foron explotadas en paralelo, retroalimentándose unha doutras: a fonte oral, a documental e a hemerográfica (Gráfico 18).

Para unha recollida e análise de datos estandarizada establecemos un procedemento común consistente nas seguintes fases:

- Elaboración de inventarios para cada fonte histórica.
- Realización de copias ou gravacións para gardar no noso arquivo.
- Rexistro na base de datos de accións de memoria nos que figuraba a data da acción, o tipo, participantes, e a referencia á fonte/fontes da que fora subtraída a información.
- Informe final.

É o momento de atender de xeito pormenorizado a cada unha das fontes, fixándonos no método de procura empregado e nas dificultades e limitacións que se presentaron. Para finalmente realizar unha valoración arredor da súa relevancia para a presente investigación.

1.4.4.2. Análise da fonte hemerográfica

Debido en grande medida ás dificultades das que falaremos e que atopamos para poder acceder á fonte documental, a prensa constituíuse como a fonte de referencia da investigación, funcionando como unha panca de empurre para o descubrimento, identificación e catalogación das accións de memoria que posteriormente se complementaron a través das outras fontes, como expresamos no Gráfico 17. Aínda que este constituíu o proceder nun amplo número de casos, a fonte hemerográfica tamén funcionou como fonte secundaria, isto é, unha vez a acción foi descuberta con outro tipo de fonte (documental ou oral), complementouse a información ao respecto coa busca mediante palabras clave específicas na prensa. E aínda que non sempre o resultado foi positivo, o método se executou de xeito sistemático.

Método de procura

Para describir de xeito xeral o traballo coa fonte hemerográfica convén sinalar as estratexias principais levadas a cabo, que foron diversas e que ofreceron, polo tanto, diversos resultados. En primeiro lugar realizouse unha estratexia de procura na prensa estatal con carácter prospectivo, en busca da confirmación do que xa sinalaban moitos dos estudos sobre accións da memoria revisados con anterioridade. Deste modo, como método indagatorio efectuouse unha busca sistemática na hemeroteca dixital de *El País* entre o ano de inicio da publicación, 1976 ata o 23 de febreiro de 1981. Os resultados foron escasos, identificando unicamente un número reducido de novas arredor das homenaxes a Alexandre Bóveda e a Moncho Reboiras. Por outra banda levamos a cabo unha revisión da revista *Interviú,* por tratarse dunha das poucas publicacións que se fixo eco de exhumacións de fosas comúns e outros

episodios relacionados coa represión franquista noutras partes do estado. A busca comprendeu o período entre 1976 e 1986 e efectuouse de forma presencial na biblioteca da Universidade de Vigo, sen obter grandes resultados para o caso galego, coa única reportaxe relevante sobre o pasado represor da familia do presidente Antonio Rosón e que deu coa incautación da revista en 1977. Ademais realizamos revisión a través das palabras clave dos fondos dixitalizados na Biblioteca Virtual da Prensa Histórica, entre 1976 e 1986 con escasos resultados.

Unha vez realizada esta indagación con carácter prospectivo, iniciamos unha segunda estratexia constituínte na revisión sistemática da prensa galega. Revisouse a prensa xeralista máis relevante: *La Voz de Galicia*, *Faro de Vigo*, *Diario de Pontevedra*, *El Progreso* e *La Región*. Así como aquelas publicacións de carácter progresista ou nacionalista de maior tirada: *A Nosa Terra*, *Man Común* e *Teima*. Para iso, puxemos en marcha diferentes medidas, que variaron segundo os medios de traballo á nosa disposición, e que distinguimos como "Métodos de Busca Manual" e "Métodos de Busca por Palabra Clave". A máis produtiva foi a busca por palabra clave, que soamente se puido realizar das publicacións que tiñan dixitalizados os seus fondos e postos a disposición de público e investigadores.

- Métodos de busca manual[126]

Para os xornais que non dispoñían de fondos dixitalizados, realizamos procuras manuais. Para iso empregouse a procura por datas de referencia dentro do período de estudo, isto é, datas nas que consideramos máis probable que se tivese producido algún tipo de acción, así como busca en datas nas que xa sabíamos que se tiveran realizado. A busca manual comportou as dificultades propias deste tipo de traballo. A primeira delas tivo que ver coa posibilidade de acceder á consulta dos fondos. Para o caso de *El Diario de Pontevedra* a consulta foi máis sinxela por vivir en Pontevedra e poder acceder a través da Biblioteca Pública e dos fondos gardados no propio arquivo do xornal. Para o caso de *El Progreso* e *La Región* o acceso aos fondos tivo adheridas máis dificultades, non dispoñendo deles nin sequera completos na biblioteca da USC, e implicando custosos desprazamentos. Outra dificultade está relacionada cos soportes para a consulta, como por exemplo en medios tan desfasados como o microfilm. Ao que finalmente se sumou a lentitude que supuxo buscar nun número tan grande de exemplares. Reducilo a datas de referencia, ademais dos problemas relativos á información que se podía perder no camiño, non evitaba que seguise constituíndo un inmanexable volume de información. Ademais, como fomos comprobando a través da busca por palabra clave, as referencias a noticias ou acontecementos que nos interesaban, polo xeral non se atopaban nos titulares, sendo común que se encontrasen no corpo da noticia (nas novas locais que engloban diversas cuestións, por exemplo), ou en novas moi pequenas (dende notas necrolóxicas a pequenos anuncios por palabra). Por iso a busca mediante a revisión de todo un xornal, páxina a páxina, facíase moi dificultoso, tanto pola extensión, e por tanto, polo tempo preciso de traballo, como por poder comportar facilmente a perda de información significativa ao non ser detectada polo ollo humano. Poder realizar unha revisión completa e axeitada destes xornais para evitar estes problemas, está fóra do alcance desta investigación por dous motivos fundamentais. En primeiro lugar a necesidade de desprazamento a outras localidades, e en segundo lugar a imposibilidade de dispor de tempo suficiente para realizar unha busca que, para


[126] Fonte hemerográfrica na que se realizou a busca manual: *Diario de Pontevedra, El Progreso, La Región, Man Común, Teima, Interviú.*

ser completa, debería implicar a lectura de todo o texto do xornal. Atendendo xa a estas dificultades pode comprenderse a relevancia que tivo a busca por palabra clave.

- Métodos de busca por palabra clave[127]

Nos últimos anos tense producido unha importante dixitalización de fondos hemerográficos que viu a aportar eficiencia e calidade ao traballo de campo. Esta dixitalización foi levada a cabo principalmente polos propios xornais que puxeron a disposición dos usuarios a hemeroteca con opción de busca por palabra clave[128]. Convén salientar a relevancia do xornal *La Voz de Galicia*, que se converteu na publicación con maiores resultados brindados para o obxecto de estudo. Nisto influíu o bo funcionamento da hemeroteca dixital, que permite buscas concretas e posúe unha gran sensibilidade na detección de palabras. Pero tamén viu condicionado pola propia potencia dun xornal con amplas edicións locais que facilitaron a localización e investigación de accións ao longo de todo o territorio. Dende A Coruña e Ferrol, a Viveiro, A Guarda ou O Barco de Valdeorras. Por outra banda tamén consideramos importante atender ao procedemento polo que se foron seleccionando as palabras clave que se empregaron sistematicamente para este método de busca. Como se pode ver no Anexo 1 a selección de palabras clave sufriu modificacións a medida que avanzaba o noso traballo de campo.

Gráfico 19: Universo de palabras clave máis importantes



Fonte: elaboración propia.

Deste modo fóronse considerando e seleccionando as palabras das que máis resultados se ían obtendo, desbotando aqueloutras que resultaban irrelevantes, á vez que a lectura e transcrición das noticias, nos ía nutrindo dun determinado vocabulario dende o que se narraban as accións da memoria e, por tanto, de novas palabras significativas para a procura. Deste xeito foise configurando o abano de palabras chave principais, que nos ofreceron miles de resultados dende onde fomos seleccionando as noticias relevantes (Gráfico 19).

Por último é preciso sinalar que, ademais destes métodos de busca, puidemos acceder á fonte hemerográfica dun xeito secundario, isto é, a través da busca en arquivos, por exemplo

[127] Fonte hemerográfica na que se realizou a busca por palabra clave: *La Voz de Galicia, Faro de Vigo, A Nosa Terra, El País, Teima, La Hoja del Lunes.*

[128] Principalmente a través das súas páxinas web e mediante o pago dunha subscrición. Pero tamén existen outras modalidades de interese como a inserción destes en arquivos históricos dixitais.

no arquivo da Fundación Tilve, 10 de marzo e Penzol ou a través dos recortes de prensa gardados por testemuñas nos seus arquivos persoais.

Dificultades e limitacións

Para rematar é preciso atender a cales foron as principais dificultades á hora de traballar coa fonte hemerográfica. Distinguiremos dous tipos de dificultades, por unha banda aquelas que atopamos no proceso de busca das fontes, e por outra aquelas limitacións que se materializaron na propia lectura da fonte.

As dificultades no proceso de busca proviron fundamental da propia reprodución das accións de memoria nas páxinas dos xornais. Así, ao ser habitual que as referencias a estas accións se atopasen lonxe dos titulares ou das páxinas centrais das publicacións, o método de busca manual resultou difícil de executar con precisión. De todos modos, tamén se detectaron limitacións nas procuras por palabra chave. En primeiro lugar, temos que afrontar o risco de ter cometido erros na selección de palabras, isto é debemos contar coa posibilidade de ter pasado por alto verbas significativas. E, en segundo lugar pola propia tecnoloxía de busca, que se basea na detección de palabras sobre a dixitalización de xornais antigos. Polo tanto este método ten certo marxe de erro, é dicir, non logra detectar todas as palabras. De tal forma, estes obstáculos repercutiron á súa vez no resultado desta procura, sendo posible que noticias, e por tanto accións da memoria, non fosen axeitadamente localizadas. E isto, en definitiva, viu a limitar o resultado da presente investigación.

Ademais detectamos outro tipo de deficiencias e irregularidades que afectaron tanto á cantidade de accións de memoria que puidemos recompilar como á calidade da análise realizada. Falamos, pois, de limitacións que afectan directamente á fonte hemerográfica, isto é ao tipo de información que nos brinda. Unha destas limitacións ten que ver coa cobertura que os medios realizaban das accións da memoria. Como xa sinalabamos con anterioridade, é recoñecida a inexistencia ou baixa cobertura que os medios xeneralistas deron as accións de memoria durante os anos 70 e 80. Neste espazo temporal as publicacións periódicas de alcance estatal deron unha cobertura practicamente nula para estas accións, coa excepción da revista *Interviú*. E aínda que se ten detectado unha maior presenza destas accións en prensa rexional e local ao longo do estado, para o caso do noso estudo, é preciso facer varias puntualizacións sobre o carácter e alcance desta cobertura.

En primeiro termo, nos medios xeneralistas o tratamento principalmente se enmarcou nas edicións locais, sendo practicamente imposible atopar novas destas accións en portada ou seccións centrais. En segundo lugar, e tendo detectada a repetición de certos redactores na cobertura deste tipo de accións, consideramos a posibilidade de que sexa o interese concreto dun xornalista o que empurrase a que unha acción aparecese finalmente nunha crónica. Isto podería, por tanto, producir que accións doutras localidades onde non houbese ese redactor interesado carecesen de cobertura e, polo tanto, non puidesen chegar ata nós.

Por outra banda, e fixándonos no propio tratamento das accións de memoria no texto das noticias, resulta salientable atender a como puido influír o discurso ideolóxico maioritario do xornal á hora de redactar estas crónicas. En concreto, referímonos a cuestións tales como o tratamento da transición á democracia ou o relato sobre a "guerra entre irmáns" e a non repetición. Deste modo consideramos preciso preguntarnos se as cuestións máis incómodas, que puidesen ser tratadas, por exemplo, nos discursos dados polos participantes nas homenaxes,

USC DE SANTIAGO

plasmaríanse nestas crónica ou, polo contra, foron dalgún xeito censurados. En definitiva, poderíamos falar dun nesgo na información ofrecida na prensa porque simplemente as cuestións máis espiñentas para estes medios, quedasen fóra da redacción da noticia?

Se isto fose así, tería repercusións obvias na nosa propia lectura das fontes. A modo de exemplo, se se produciu esa "censura" na transcrición do que dixo un orador nunha homenaxe, resultaría evidente concluír que se vai a producir unha limitación na análise que fagamos do discurso dos participantes nesa acción de memoria. Así, en liñas xerais, deberiamos ter en conta a liña editorial das diversas publicacións para facer unha lectura axeitada.

Por outra banda, detectamos outras potenciais limitacións, que virían marcadas polo perfil dos participantes nas accións. De tal forma, consideramos que poderían ser máis visibles na prensa as accións de memoria organizadas ou coa participación activa de persoas habituadas á mobilización política e sindical. Estas estarían dotadas das habilidades previas necesarias para traballar na difusión efectiva da acción, por exemplo mediante o envío de notas de prensa. Que fosen estes participantes os que se puxesen en contacto cos medios de comunicación, e que finalmente isto conducise a que a acción da memoria tivese cobertura, podería producir un desequilibrio con aquelas outras accións nas que os participantes non levasen a cabo estas estratexias de "publicidade" por non ter ese capital político anterior.

Deste modo poderíamos falar da existencia dunha serie de factores de éxito que poderían ter influído na cobertura efectiva de determinadas accións e que poderían ter invisibilizado outras. Entre estes factores estaría a existencia dunha edición local do xornal na localidade da acción, a presenza dun redactor interesado no tema, ou o perfil dos propios participantes.

En definitiva, e como resultado de todo o anterior, falaremos de dúas limitacións concretas que afrontar na lectura da fonte hemerográfica. Por un lado a alta probabilidade de que accións da memoria existentes no noso período de estudo non foran cubertas pola prensa, e polo tanto, quedaran á marxe do noso coñecemento. E por outro lado as limitacións que teremos no coñecemento profundo do discurso ou obxectivos das accións debido á propia redacción das crónicas.

Valor da fonte hemerográfica

Pese as limitacións sinaladas esta fonte resultou fundamental á hora de ir elaborando a cartografía das accións da memoria en Galicia. Por un lado, por ser unha ferramenta fundamental para o rexistro das accións, isto é para o seu descubrimento, pero tamén por ternos ofrecido información de calidade. Sobre todo cando se trataba de crónicas cunha certa extensión, nas que puidemos identificar participantes, tanto persoais como colectivos, discurso enarborado e actuación do estado e das forzas de orde nelas.


1.4.4.3. Análise da fonte documental

A busca da fonte documental realizouse partindo dun obxectivo principal, buscar o rastro documental de accións da memoria en Galicia entre 1976 e 1986. Partíamos de entender que as administracións tiñan que ter sido produtoras de documentación relacionada con estas accións nun contexto marcado pola permanencia do forte control social exercido por parte do

USC DE COMPOSTELA

réxime franquista e postfranquista, e atendendo tamén a crónicas e testemuñas que evidenciaban a participación das forzas da orde como vixiantes ou represoras dalgunhas das accións da memoria que se ían documentando. Deste modo os gobernos civís, o ministerio de Gobernación, a Policía e a Guardia Civil, polas súas competencias en seguridade e, en definitiva, como executoras da represión, tiñan que ser suxeitos claves na procura documental. Pero ademais, tendo identificadas accións da memoria levadas a cabo dende as propias institucións, denominadas tamén "políticas de memoria", convíña achegarnos á produción documental dos seus impulsores, que maioritariamente resultaron ser as institucións municipais.

Gráfico 20: Tipoloxía de produtores de documentación




Fonte: elaboración propia.

Por outra banda, ademais da documentación xerada polas administracións do estado, era lóxico pensar que, para as accións da memoria da sociedade civil, os propios colectivos organizadores ou participantes xerarían documentación relacionada, como convites, copias dos discursos, fotografías ou incluso actas das reunións. Así, en definitiva identificáronse dous tipos de produtores de documentación, as administracións por un lado, e os colectivos ou asociacións implicadas nas accións polo outro (Gráfico 20).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Gráfico 21: Tipoloxía de arquivos consultados



Fonte: elaboración propia.

Con estes puntos de partida comezamos a tarefa de pescudar onde se atoparían os fondos que nos interesaban, e polo tanto comezaron tamén a agromar as notables dificultades ás que nos enfrontamos ao longo deste traballo de campo. E que se iniciaron precisamente aquí, na disxuntiva de dilucidar onde se atoparían os documentos que buscabamos. Finalmente logramos identificar tres tipos de arquivos, como se plasma no Gráfico 21, os administrativos, os arquivos de fundacións e organizacións políticas ou sociais e os arquivos persoais, isto é, de testemuñas que conservaban documentación nos seus propios domicilios.

1.4.4.3.1.Análise da documentación xerada pola administración

Como sinalabamos diferenciamos dous suxeitos produtores de documentación dentro da administración, por un lado a do estado, materializada principalmente nos gobernos civís, o ministerio de Gobernación e os corpos de seguridade, e polo outro a xerada pola administración municipal. A súa natureza diferenciada fai preciso unha análise tamén diferenciada.

Documentación da administración xeral do estado

A procura en arquivos iniciouse co obxectivo de achar o rastro documental das accións de memoria que deixaron tanto as institucións encargadas de autorizar ou denegar a celebración de accións colectivas, isto é os gobernos civís, como o que deixaron as forzas da orde durante a súa vixilancia ou represión.

Para detectar esta documentación acudiuse aos arquivos históricos provinciais, que, en principio, deberían atesourar a documentación dos antigos gobernos civís. Ao mesmo tempo

que se consultaron tamén dous arquivos estatais, en concreto ao Archivo General de la Administración (AGA) e Archivo General del Ministerio del Interior (AGMI). Esta busca produciu froitos ben diferentes, e evidenciou unha situación anárquica en torno á conservación e consulta dos fondos xerados por ditas administracións.

Iniciamos a labor no Arquivo do Reino de Galicia (A Coruña), isto é o arquivo histórico que garda os fondos do Goberno Civil da Coruña. Como foi o primeiro en ser visitado, resultou moi proveitoso á hora de identificar as claves sobre onde e que buscar de xeito sistemático nos fondos dos gobernos civís e que se resumen nos seguintes puntos:

- Autorización/denegación de celebración de manifestacións.
- Autorización /denegación de celebración de reunións: onde atopamos os documentos máis valiosos, como por exemplo a relativa á homenaxe a Liste e demais fusilados no cemiterio de Boisaca en 1977.
- Autorización/denegación de celebración de actos sociais: como a documentación sobre a homenaxe a Castelao en Rianxo en 1975.
- Informes políticos, con notas sobre Convención Republicana, por exemplo.

Con esta información baixo o brazo, extrapolamos a actuación para as outras tres provincias galegas, atopándonos cunha pregunta de dificultosa resposta: onde estaban os fondos do goberno civil de Pontevedra e Ourense? Poderiamos sinalar que para ambos casos a situación que se nos presentou evidenciou un conflito en torno á transferencia de fondos dende as subdelegacións do goberno (as administracións sucesoras dos gobernos civís) cara os arquivos históricos, así como unha situación precaria en torno á conservación e posible consulta destes.

No Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra remítennos á Subdelegación do Goberno, considerando que os fondos solicitados non foran transferidos por esta entidade[129]. Isto iniciou un longo proceso na Subdelegación que finalmente non logrou acadar resultados positivos. As dificultades comezaron xa coa negativa a poder acceder directamente aos fondos coa única vía de consulta aberta consistente en realizar unha petición de información sobre acontecementos concretos que serían buscados polo persoal. Deste xeito enviamos unha primeira instancia, na que optamos por solicitar información sobre acontecementos dos que tiñamos a seguridade de que o Goberno Civil xerara documentación[130]. Tras meses de espera e ante a ausencia dunha resposta por escrito, propiciamos unha reunión coa responsable, na que se nos informou de que non existía a documentación que solicitabamos. Finalmente, tras insistir fervorosamente na necesidade da consulta, se nos responde con tres cuestións, de xeito vago e incluso contraditorio, que cómpre ter en conta:

1º. Teríase producido unha destrución da documentación: nos anos oitenta e tras un escape de auga no arquivo, pero sen existir ningunha documentación que corroborase esta afirmación.

2º Non existen evidencias de traslados de documentación: non se conservaban documentos sobre traslados de fondos a outros arquivos que se sabía que se produciran, por exemplo ao arquivo histórico provincial[131].

3º Existencia dun alto volume de documentación non catalogada: fíxose referencia á existencia de 10.000 atados sen referenciar. Ante esta afirmación e a pregunta sobre se neses

[129] Isto é os expedientes de permisos para a celebración de manifestacións, reunións, actos socias ou informes policiais, entre 1976 e 1986.

[130] A modo de exemplo sinalaríamos a homenaxe a Alexandre Bóveda en 1976 prohibida polo goberno civil en 1976, do que tiñamos coñecemento por fonte hemerográfica.

[131] E que se coñece porque no arquivo histórico si que tiñan documentación que confirmaba esa transferencia.

atados podería estar a documentación que se solicitaba, a responsable considerou que podería ser posible, aínda que sostiña que sobre a conflitividade social só gardarían documentación a partir de 1993.

Esta inseguridade sobre o que existe no arquivo, volveu evidenciarse nas respostas por escrito que recibimos despois desta visita, tanto da instancia que facemos a título persoal como da instancia que realizamos posteriormente a través do grupo Histagra. Nelas sostiñan que:

> No consta que la documentación solicitada se encuentre entre los fondos documentales. En las series documentales que han podido ser descritas y clasificadas, no se tiene constancia de documentación anterior a 1993 en relación con el tema indicado[132].

A clave, pois, estaría na frase "series documentales que han podido ser descritas y clasificadas". Esta afirmación deixaba a porta aberta a esa outra documentación da que se nos falou de xeito informal, nos baixos do edificio da Subdelegación e que non estaba descrita nin rexistrada. Falamos duns 10.000 supostos atados. Finalmente grazas a axuda doutra investigadora, que conseguiu o acceso, puidemos consultar diversa documentación do Goberno Civil de Pontevedra, como se referencia ao final desta tese.

Conclusións semellantes foron extraídas dos intentos para acceder aos fondos do Goberno Civil de Ourense. Acudimos ao arquivo histórico ourensán coa esperanza de que existise documentación similar á que atesouraba o arquivo do Reino de Galicia en base á descrición do seu cadro de clasificación[133]. Pero ao consultar os fondos, comprobamos que esta documentación non se atopa entre eles. Dende o arquivo entendíase que esta non fora transferida dende a Subdelegación do Goberno de Ourense. Ao ser cuestionados por isto, dende esta institución, ao igual que acontecera co caso pontevedrés, a resposta tamén foi confusa, mantendo que a documentación fora transferida ao arquivo, aínda que con evidentes flocos soltos sen aclarar[134]. Ante esta situación, na que a Subdelegación sostiña que os arquivos foran transferidos ao arquivo histórico, volvemos contactar con este para que dese unha resposta clara e por escrito sobre dita transferencia. Mantémonos a día de hoxe á espera de resposta, tendo insistido por escrito en varias ocasións.

En conclusión, a ausencia dun criterio específico para a transferencia de documentación aos arquivos históricos, xunto coa opacidade e restricións no funcionamento das administracións competentes, nos sitúa nunha posición precaria, na que a consulta de documentación se convirte nun complexo labirinto no que se entremestura unha tupida burocracia e unha desorde xeneralizada. Pola contra si é posible a consulta seguindo canles normais da documentación no Arquivo Histórico Provincial de Lugo.

Ante esta situación e baixo estas complexas condicións acudimos ao Archivo General de la Administración (AGA) sito na cidade de Alcalá de Henares. Para o traballo de campo no

---

[132] Carta enviada ao Grupo Histagra. Remitente: Secretaria General da Subdelegación de Goberno de Pontevedra. 28/11/2019.

[133] Localizándose o espazo onde poderían atoparse os expedientes de solicitudes de permiso: dentro da "Administración periférica do estado" existía unha entrada baixo o epígrafe "Seguridade e Interior" que comprendía á súa vez "Gobierno Civil de Ourense 1901-1984 "

[134] Afirmación rodeada de informacións contraditorias. Así sostiñan que se producira unha transferencia de documentación ao arquivo histórico e que nas súas dependencias soamente dispoñían dese tipo de documentación a partir do ano 1993-1994 (Resulta curioso que se trate do mesmo ano, 1993, que tamén se esgrimía na Subdelegación de Pontevedra). Pero por outro lado, facilitáronnos a lectura dun documento de transferencia asinado en 1991 e que apuntaba a un traslado de documentación soamente ata o ano 1980. Aínda así, no escrito oficial que finalmente se nos entregou, indicaban que a documentación para o rango temporal entre 1976 e 1986 fora transferido ao arquivo histórico. Cuestión, que como sabemos non resulta exacto xa que o xustificante de transferencia soamente abranguía ata o 1980 (este escrito non foi compartido con nós). De todos os xeitos estes tampouco foran localizados no arquivo histórico.

mesmo esbozamos dúas estratexias principais. Por un lado aprehender e aprender dun arquivo inmenso e moi profundo, para poder detectar onde se podería atopar a información que nos interesaba. E por outro lado comprobar a posibilidade de que se achase aquí a información que nos faltaba dos gobernos civís. Sobre este último aspecto, o resultado foi infrutuoso. Os únicos documentos dos gobernos civís que se atopaban no arquivo eran memorias dos mesmos enviados ao Ministerio de Presidencia pero sen ser pertinentes para o noso obxecto de estudo[135]. Así, ante a nosa insistencia en localizar a documentación dos gobernos civís, o persoal deste arquivo nos remitiu á consulta nos arquivos provinciais e no arquivo do Ministerio do Interior.

En canto á revisión dos demais fondos, comprobamos como a documentación que podería ser de interese estaba repartida en dous, no do Gabinete de enlace do Ministerio de Información y Turismo e no do Ministerio de Gobernación[136]. No primeiro, mediante o asesoramento do persoal, e valéndonos de catálogos que permitían busca por palabra clave, localizamos algunha documentación de interese, principalmente transcrición de notas informativas[137]. O segundo fondo de interese constituíuno o relativo ao Ministerio de Gobernación, o actual Ministerio de Interior. Puntualizar que se trataba dun catálogo inmenso, que practicamente na súa totalidade terminaba nos anos 60 ou inicios dos 70. Nel destacamos dous subfondos de interese. En primeiro lugar aquel que comprendía os expedientes de cambios de nomes de rúas. Estes eran enviados polos gobernos civís á Dirección Xeral no Ministerio de Gobernación, que autorizaba ou non os cambios en nomes de rúas[138]. Por outra banda existía un conxunto de fondos titulados "Informes de la Guardia Civil sobre actividades políticas y sindicales", que abranguían soamente ata o ano 1977, procedentes do Servizo de Información de la Guardia Civil. Tratábanse na súa maior parte de comunicacións dende as comandancias e tercios cara a Dirección General de la Guardia Civil, en concreto da 2ª sección del Estado Mayor, no que se informaba sobre todo tipo de accións reivindicativas e da que obtemos información de proveito.

Por tanto da investigación realizada neste arquivo extraemos conclusións de interese. En primeiro lugar, identificamos un novo tipo de documentación a buscar para o período de estudo en Galicia: os expedientes do servizo de información da Guardia Civil. E, en segundo lugar, identificamos a importancia do AGMI ao que se nos remitiu en numerosas ocasións para poder consultar documentación da Guardia Civil, así como toda aquela xerada pola Dirección General de la Policía e polos gobernos civís.

O acceso a este arquivo (AGMI) resultou extremadamente dificultoso, senso só posible o acceso a documentación mediante peticións por carta sobre sucesos determinados, que tras un longo espazo temporal deu finalmente con varias respostas positivas, coa recepción no

[135] Localizouse para o período de estudo e marco espacial a memoria de Pontevedra de 1976.

[136] Convén destacar que este arquivo contaba cun procedemento moi estandarizado, que constaba de varias fases para o acceso á documentación (asesoramento polos técnicos, busca , petición de caixas, traslado á sala de consulta a través do persoal, no caso de precisar copias solicitalas mediante impreso).

[137] Como xa sinalamos en apartados anteriores, tralo o traballo simultáneo en diversos tipos de fontes (documental, pero tamén prensa e oral), fomos realizando unha selección das palabras clave máis relevantes á hora de aproximarnos ao noso obxecto de estudo, cando era posible realizar buscas por palabra clave. Mediante o traballo neste arquivo iríase perfilando e perfeccionando esta selección entre as que destacarían as máis xenéricas: homenaje, monumento, inauguración, exhumación, fusilados, guerra, golpe, cambio de calles; así como aquelas específicas sobre casos concretos: Camposancos, Boveda, Castelao, Pontevedra, Boisaca, Tui, etc. As notas informativas as constituían transcricións de noticias de xornais ou emitidas por axencias (Cifra, Europa Press, etc)

[138] De especial relevancia por vir acompañado, na súa maior parte, dos documentos que adxuntaban os concellos, isto é informe do pleno, expedientes, etc. Este procedemento modificouse no ano 1979, cando xa non sería preciso realizar esa comunicación/autorización pero aínda así, algúns concellos seguían a realizar o procedemento.

domicilio dun documento de interese[139]. Trátase do recurso de alzada contra a denegación de permiso para a realización da homenaxe a Alexandre Bóveda en Pontevedra en 1976 localizada na Sección de Recursos de la Secretaría General Técnica[140]. Tras este resultado, e en sucesivas peticións se segue solicitando documentación relacionada con accións da memoria concretas que se envían en diversos listados coa esperanza de que poidan ser localizados máis documentos de interese[141].

Dificultades e limitacións da documentación administrativa central

A procura, revisión e análise desta fonte documental, situounos ante unha serie de dificultades e limitacións que influíron de xeito transcendental no alcance dos resultados desta tese. Poderíamos atender a estas en diversos sentidos:

- Dificultades de localización, acceso e consulta dos fondos

Como xa se sinalou existiron dificultades para a procura xa nunha primeira fase, é dicir, para identificar onde se atopaban os documentos que se pretendían consultar. Así constatouse unha barreira de entrada infranqueable para a localización dos fondos do Goberno Civil de Ourense e as considerables barreiras no caso de Pontevedra. Ao ter a seguridade de que esta administración foi produtora de documentación relevante, fomos conscientes da perda que supuxo para a investigación non poder acceder á mesma[142].

Por outra banda tamén topamos cunha importante barreira para a consulta de fondos localizados. Como é o caso dos fondos do Ministerio de Gobernación, Policía e Guardia Civil conservados no AGMI. A imposibilidade de poder acudir persoalmente ao mesmo limitou de xeito determinante a nosa investigación, sen poder sequera medir o alcance do que poderíamos ter descuberto.

- Procedementos arbitrarios no acceso a fondos

Para os fondos que si puidemos consultar, e en concreto no caso do arquivo do Reino de Galicia, padecemos un procedemento de acceso extremadamente arbitrario e endurecido xornada a xornada. Entre as que destacan as variacións no procedemento de petición da documentación. Inicialmente esta petición podía realizarse na mesma visita ao arquivo para posteriormente terse que solicitar obrigatoriamente días antes da consulta. Tamén no procedemento de revisión en sala da documentación, se primeiramente as caixas se colocaban no mostrador, recolléndoas unha a unha para levalas á mesa de traballo, posteriormente unicamente se podía traballar cun atado de cada vez. Ambas cuestións retardaban decisivamente o proceso, o que á súa vez xeraba

[139] Tras solicitudes diversas e finalmente cunha solicitude dende o propio Grupo Histagra nos que se realizaban amplos listados de accións concretas, con nomes de participantes, e concellos determinados. A posibilidade de acceder á sala de investigadores, e por tanto poder acceder dun xeito máis directo á documentación desbotouse de xeito rápido polo persoal do mesmo.

[140] Para a documentación non atopada remítese aos arquivos provinciais ou ao AGA. Destacar que foran estes arquivos, previamente, os que á súa vez nos tiñan remitido a el.

[141] Realízanse novas solicitudes en 2022, con peticións sucesivas por parte do arquivo de facer máis curtas e fraccionadas as solicitudes, nun proceso de espera dilatado, argumentando que non se trataría dun arquivo histórico, senón dun "arquivo administrativo", e polo tanto sen capacidade para resolver con máis axilidade as nosas solicitudes. Atópanse algúns expedientes persoais de persoas que foron entrevistadas, e intenta accederse a eles, intermediando o seu permiso persoal. Pero sen extraer información de interese para o noso obxecto de estudo.

[142] Debido a ter consultado o fondo do Goberno Civil da Coruña e acadar rastro documental de accións da memoria, tanto dalgunhas xa catalogadas con anterioridade, como de novas accións, así como contar con información sobre a participación do goberno civil de Pontevedra como órgano de control e censura da homenaxe a Bóveda en agosto de 1976 ou as homenaxes a Baena e demais vítimas do fascismo en Vigo en 1978.

unha sensación de frustración e incomodidade ao detectar un comportamento obstaculizador da labor investigadora. Tamén convén destacar as dificultades derivadas da realización das copias da documentación. Posto que ademais de ter variado o proceso de copia, restrinxíndoo finalmente aos mecanismos de reprodución do arquivo, se a copia era realizada en papel o documento reproducíase de xeito intacto, e pola contra se a copia era dixital aparecía información censurada[143]. En conclusión, as variacións no procedemento, que parecían atender a un endurecemento das condicións para o acceso á documentación, xerou grandes limitacións á hora de desenvolver con garantías o traballo investigador.

- Dificultades polos procedementos de filtrado nos arquivos visitados

Así, en dous dos arquivos visitados presencialmente, o Arquivo do Reino de Galicia e o Archivo General de la Administración, enfrontámonos ante unha consulta moi restritiva baseada no filtrado de documentación por parte do persoal remitíndose á lei de 1968 de segredos oficiais ou á lei de patrimonio histórico español de 1985 para o referente á protección de datos persoais[144].

Este filtrado producíase en dous sentidos, por un lado mediante a existencia de carpetas vermellas pechadas baixo apelativos como "Segredo oficial", "Non" ou "Datos persoais" e polo outro a través da criba previa realizada polo persoal, que apartaba documentación antes de poder ser revisada. É dicir, existía un procedemento estandarizado para a consulta que obrigaba a que, tras recoller as caixas do lugar de almacenamento e antes de chegar á nosa mesa de traballo, as caixas foran revisadas e filtradas por técnicos do arquivo. Ademais non éramos informados dos documentos filtrados. Esta situación, por tanto, configúrase como a de maior indefensión e tamén de maiores repercusións para a análise final da investigación. Posto que serán documentos dos que non podemos saber sequera se se conservan ou existen.

Intuímos que este filtrado sen aviso, ocorreu en ambos arquivos pero temos a confirmación do procedemento para o caso do arquivo do Reino de Galicia, posto que tras preguntar ao respecto se nos confirmou que existía documentación que se apartaba facendo cumprir o que dicía a lei sobre protección de datos persoais, sen, como dicíamos, ser avisados desta criba. Agora ben, se atendemos ao propio texto da lei, esta sinala que non poderán ser publicamente consultados sen que medie o consentimento expreso dos afectados ou sen que transcorreran vinte cinco anos para "documentos que contengan datos personales de carácter policial, procesal, clínico o de cualquier otra índole que puedan afectar a la seguridad de las personas, a su honor, a la intimidad de su vida privada y familiar y a su propia imagen". Pero estes argumentos non son esgrimidos polo persoal do arquivo, que simplemente fala de protección de DNI e nomes[145]. Algo que resulta absurdo posto que na documentación á que si accedemos, consultamos centos de datos persoais que podemos transcribir sen problema. Pero ademais, e

[143] Censura nas copias: ao inicio das visitas pedimos as copias dixitalizadas por ser máis cómodas para traballar con elas, pero ao non poder ser levadas no momento, e debido á distancia que nos separa do arquivo dende o noso domicilio, en posteriores visitas optamos por pedir as copias en papel (que xa podía levar no momento). Será nesta visita cando ao ver o resultado das copias dixitalizadas comprobemos que nelas aparecerán todos os nomes tachados (alegando datos persoais), algo que dificulta enormemente o noso traballo, polo que a partir deste momento solicitamos as copias en papel onde non se censura. O absurdo de censurar as copias, parécenos inmensa, posto que nós accedemos a ver os documentos (que nos deixan) completos, polo que podemos ver e transcribir datos persoais. Simplemente parece unha obstaculización levada ao absurdo da nosa labor.

[144] Lei 9/1968, de 5 de abril, sobre secretos oficiales. Recuperado de: BOE-A-1968-444 Ley 9/1968, de 5 de abril, sobre secretos oficiales. Lei 16/1985, de 25 de junio, del Patrimonio Histórico Español. Recuperado de: BOE-A-1985-12534 Ley 16/1985, de 25 de junio, del Patrimonio Histórico Español.

[145] Puntualizar que os técnicos que filtran non falarán nunca con nós e a comunicación farase a través de auxiliares de sala, para o caso do arquivo do Reino de Galicia.

no caso de que, efectivamente, estivesen protexendo o que se indica na lei, cabería preguntarse: como consideran que a nosa consulta pode afectar á seguridade das persoas? Ou ao seu honor ou intimidade? Por que non se nos da a oportunidade de conseguir o consentimento dos afectados?

No AGA, puidemos acceder á documentación que estaba pechada nesas carpetas vermellas baixo o apelativo, "Datos persoais", por terse cumprido o período de vinte cinco anos. A análise da información nos remitiu precisamente a un seguimento da intimidade das persoas por parte das forzas da orde. Polo que semella que a quen se protexe con estas leis non é ás vítimas dese seguimento, senón a quen a exerceu. Por outra banda e conversando en *petit comité* cun dos auxiliares de sala do arquivo do Reino de Galicia sinalounos que o que non se quería que víramos eran os informes policiais. Cuestión que podería ser certa a tenor dos poucos informes policiais que puidemos finalmente consultar[146]. Estaríamos, pois, ante un procedemento sen garantías para a cidadá, dotado dun alto grado de arbitrariedade de quen exerce a restrición, e polo tanto cun marcado carácter antidemocrático.

En definitiva as limitacións extraíbles deste acceso dificultoso aos fondos documentais delatan a existencia de numerosa documentación non conservada, non localizada ou filtrada. Ademais trala análise dos fondos que si puidemos revisar e da documentación de interese localizada neles, puidemos extraer diversas conclusións que nos remiten tamén a limitacións no alcance dos resultados da investigación:

En primeiro lugar a ausencia de documentos dentro dos fondos consultados. No arquivo do Reino de Galicia, e tralo traballo de análise da documentación das caixas e atados do fondo do Goberno Civil , identificouse, como xa sinalamos, unha tipoloxía de documentación de especial interese, que serían os expedientes de autorizacións/denegacións de celebración de manifestacións, reunións e actos sociais. Ao analizala con detalle puidemos extraer dúas conclusións. Por un lado, e tras corroborar a enorme diferenza de volume das carpetas que habitualmente compendiaban o mesmo período de tempo (un mes), consideramos que non estaban todos os expedientes que o Goberno Civil da Coruña tería producido nese período de tempo[147]. Por outro lado, trala análise de cada expediente comprobamos como a documentación que se gardaba era moi variable. Sendo minoría aqueles nos que se conservaban todos os pasos do procedemento, e que habitualmente coincidían con accións sen carácter político. Ademais, para o caso de expedientes sobre accións da memoria non localizamos ningún expediente completo, unicamente as solicitudes de permiso por parte dos organizadores.

Tanto para un caso como para outro, dado o procedemento de filtrado efectuado, e que este se executaba antes de que puidésemos acceder á documentación, preguntámonos se os expedientes xa se atopaban incompletos ou se, pola contra, foran cribados polo persoal do arquivo antes de chegar as nosas mans. Resúltanos imposible poder coñecer esta información, pero resulta cando menos sospeitoso que precisamente os informes producidos pola administración, habitualmente da policía, fosen os máis comunmente ausentes nos expedientes consultados.

En canto aos fondos do Ministerio de Gobernación, e en concreto para o subfondo "informes de la Guardia Civil sobre actividades políticas y sindicales", revisados no AGA, e

[146] E que terían que formar parte dos expedientes para a realización de actos sociais ou reunións que consultamos.

[147] Incluso constatamos a ausencia de carpetas para algúns meses. As carpetas nalgúns casos estarían compostas por documentos para centos de actividades, mentres que para outros meses, existirían un número irrisoriamente inferior. Consideramos que esta diferenza non pode ser debida unicamente a que nun mes concreto se producisen poucas actividades, posto que trala revisión completa da documentación detectamos que esta xerábase mediante un procedemento estandarizado.

tras consultar todas as caixas que formaban parte do fondo, e que remataban arredor do ano 77, evidenciouse a ausencia dun elevado número de documentación que tería sido producido pola Dirección General de Guardia Civil. Atopámonos ante centos de informes sobre todo tipo de actos de carácter político, dende paros ou folgas a lanzamento de pasquíns, homenaxes a represaliados como Miguel Hernández ou García Lorca ou o seguimento a exiliados retornados. Todos eles gardados sen ningunha orde concreta, sendo moi abundante a documentación para algúns anos, episodios e rexións e non para moitísimos outros.

A revisión destes fondos e a análise exhaustiva dos informes para centos de actos diferentes, convéncenos da necesaria existencia no seu día de expedientes para unha boa parte das accións da memoria que xa tiñamos rexistradas por outras fontes. De modo que xorde o seguinte interrogante: onde está a documentación xerada pola administración para unha boa parte das accións da memoria realizadas en Galicia entre 1976 e 1986?

A situación arquivística caótica no Estado español fai que resulte imposible poder responder con seguridade a esta pregunta[148].

A documentación da administración xeral do estado atópase disgregada en arquivos, sen haber unha pauta clara e homoxénea da súa transferencia a estes. Achámonos ante numerosa documentación que está perdida, sen poder saber se foi eliminada, se está arquivada pero sen permiso de acceso, isto é baixo algunha das restricións normativas vixentes, ou incluso se existe pero sen estar catalogada ou referenciada axeitadamente, perdida nos baixos dalgún organismo, en deficientes condicións para a súa conservación.

En definitiva, podemos concluír que non existe unha custodia ou control efectivo sobre a documentación xerada polos organismos estatais para o período de estudo. O que produce unha das limitacións máis relevantes para a nosa investigación, sen poder definir claramente cal era a actitude das administracións cara estes actos, ou poder medir o alcance da súa catalogación como subversivo ou perigoso[149].

Por último, ademais das dificultades e limitacións que se detectaron no proceso de busca da documentación, tamén cómpre salientar aqueles problemas de lectura que se derivan directamente da propia fonte. En primeiro lugar procedentes do carácter e condición do suxeito que xera a documentación, isto é as forzas da orde e os gobernos civís. Deste modo sería probable que os informes puidesen basearse en datos erróneos ou que ofrecesen interpretacións afastadas da realidade, consecuencia do carácter obsesivo do réxime. Por outra banda, para aqueles documentos que eran presentados ante as administracións pero eran elaborados por participantes das accións, por exemplo no caso de solicitudes de permiso, teríamos que considerar a presión e autocensura á que poderían ter estado sometidos estes ao redactalas. Pensemos que o seu obxectivo último sería lograr que fosen permitidas, e por tanto poderían evitar as connotacións máis reivindicativas ou de carácter máis marcadamente político.

Por último cabería preguntarse ata que punto, o carácter e forma de traballo dun gobernador civil, dun comandante da Guardia Civil ou dun xefe de policía determinado, podería influír no procedemento e no resultado dos documentos elaborados, sendo máis concisos ou menos estritos dependendo de quen estivese en cada momento nese posto.

[148] A resposta, nos diversos arquivos, ante este interrogante adoitaba ser similar, uns remitían a outros. Se preguntamos no arquivo do Ministeiro do Interior remítennos aos gobernos cívis, ou ao AGA, este, á súa vez, remite ao primeiro, e así sucesivamente.

[149] Igual situación se produce no caso do arquivo histórico de Lugo, en canto ao caos e desorde da documentación dentro dos atados. Non así o trato e acceso aos documentos que foi correcto.

Valor da fonte documental da administración central

Pese ás limitacións descritas no apartado anterior, esta fonte posúe un valor fundamental para a presente investigación, que se resume nas seguintes cuestións:

- Identificación da documentación relevante para investigacións deste tipo

Táboa 2. Documentación chave da administración xeral

DOCUMENTACIÓN CLAVE	
Produtor	Documentación
Goberno Civil	Expedientes para a autorización ou denegación de celebración de manifestacións, reunións e actos sociais
Dirección General de la Guardia Civil	Expedientes informativos enviados por Comandancias e Tercios
Dirección General de Seguridad / Jefaturas Superiores de Policía	Notas informativas sobre persoas ou colectivos, actos e incidencias.

Fonte: elaboración propia.

Do traballo nos diversos arquivos extraeuse a determinación dunha tipoloxía de documentación que se considera chave para o noso obxecto de estudo e que pode ser útil para continuar a investigación máis alá da presente tese ou tamén para levar a cabo investigacións de índole similar (Táboa 2).

- Identificación dos procedementos seguidos pola administración

Trala revisión de fondos de gobernos civís ou da Dirección General de la Guardia Civil comprobouse como existiu un rastro documental para calquera acción, por pequena que esta fose, como solicitar o uso dun terreo para unha festa ou realizar un seguimento trala localización dun pasquín "subversivo". Así, para o caso dos expedientes de permisos de actos sociais, reunións ou manifestacións detectouse que obedecía a un procedemento estandarizado para practicamente calquera actividade de carácter colectivo, descubrindo cal sería o estado dun expediente completo. Así, este constaría de:

- Solicitude de autorización redactada polos organizadores.
- Informes do Goberno Civil, habitualmente solicitando información sobre a procedencia política dos organizadores á Dirección General de Seguridad.
- Informes policiais derivados desta petición.
- Comunicacións sobre a autorización ou denegación para a celebración da acción.

Por outra banda para o fondo do Ministerio de Gobernación consultado no AGA, conseguiuse identificar cal era o procedemento seguido na elaboración dos informes da Dirección General de la Guardia Civil. De modo que a esta se enviaban informes dos tercios e comandancias de diversos puntos do territorio.

Ao analizar este tipo de expedientes para actos non relacionados co noso obxecto de estudo, ou relacionados pero doutras partes do estado, puidemos extraer dúas conclusións. Por un lado, temos a certeza de que deberon existir expedientes deste tipo para un bo número das accións da

memoria en Galicia. Por outro lado, de ser o caso de telos localizados, estes nos terían ofrecido información moi diversa, dende informes realizados por infiltrados, descrición do operativo para as vixilancias nos actos, ata expedientes sobre a vida dos organizadores.

- Análise de información relevante

Aínda que, con todas estas grandes limitacións, a localización e análise de documentos de interese para o noso obxecto de estudo, situounos ante información de interese que soamente se puido detectar mediante este tipo de fonte, como é a identidade das persoas organizadoras e a descrición que realizaban estas ante as autoridades (obxectivos que facían públicos) .

- O carácter totalitario, obsesivo e incluso paranoico do réxime

Constatado ao revisar documentación na que se daba conta de xeito detallado de cuestións que poderían parecer banais, como un comentario escoitado na rúa contrario á ditadura ou o feito de que se considere "propaganda altamente perigosa" a un anaco de papel escrito a bolígrafo "Abajo la dictadura"[150].

- Valor potencial da fonte

Comprobar o nivel de detalle de expedientes e informes non relacionados co noso obxecto de estudo, nos retrotrae a relevancia que podería ter esta, se lográsemos acceder a documentos que consideramos, tiveron que existir. Identificar este valor potencial resulta fundamental para investigacións futuras.

Documentación da administración local

Como xa indicamos, o traballo de campo realizado para esta investigación funcionou en paralelo para as diversas fontes históricas. Deste modo, a medida que avanzaba o traballo coa fonte hemerográfica íase presentando un rico panorama en accións municipais ao redor, principalmente, da eliminación da simboloxía franquista nos espazos públicos ou da homenaxe a persoeiros ou vítimas republicanas. Facíase, por tanto, urxente a consulta dos fondos municipais, para o que empregamos os seguintes criterios de escolma dos arquivos a visitar:

1)Revisar a documentación nos arquivos das oito principais vilas galegas (A Coruña, Santiago de Compostela, Ferrol, Vigo, Pontevedra, Vilagarcía de Arousa, Ourense e Lugo).

2)Revisar a documentación municipal en concellos seleccionados seguindo a evidencia de terse producido algunha acción de memoria neles durante o primeiro mandato democrático (ao que se chegaba a través doutras fontes). Estas foron seis (Redondela, Soutomaior, O Barco de Valdeorras, A Guarda, Moaña, Corcubión)

Desta maneira, e seguindo a mesma pauta de actuación levada a cabo nos arquivos provinciais, as primeiras incursións nos arquivos municipais realizáronse dun modo exploratorio, para comprender que tipo de información podería ser significativa neles. Isto

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[150] Sobre todo evidenciado no fondo do Ministerio de Gobernación que puidemos consultar no AGA.

aconteceu tanto en Pontevedra como en Redondela, as dúas primeiras vilas nas que iniciamos o traballo de campo e que foron determinantes para a estandarización do procedemento.

No caso do arquivo de Pontevedra, a perspectiva exploratoria conxugouse coa busca concreta das accións de memoria que xa coñecíamos nese momento, as homenaxes a Alexandre Bóveda e os posteriores monumentos a Bóveda e Castelao. O técnico do arquivo, ademais de realizar diversas procuras nas bases de datos coa obtención de referencias concretas dos expedientes sobre os devanditos monumentos, orientounos cara a consulta dos libros de actas dos plenos. A importancia deste documento reforzouse na visita ao arquivo de Redondela, ao que acudimos seguindo o rastro de accións previamente identificadas e que resultou clave para definir definitivamente o procedemento de busca.

O caso do arquivo municipal de Redondela é especialmente relevante por configurarse como un paradigmático exemplo sobre como debería funcionar un arquivo histórico. Así, ademais de contar cun amplo número de documentación perfectamente catalogada e localizada, tiña dixitalizadas partes relevantes dos seus fondos, entre eles os propios libros de actas dos plenos[151]. Como diciamos nel puidemos consolidar a relevancia dos libros de actas dos plenos como documentos fundamentais de análise ao terse identificado referencias as accións da memoria cun alto grao de detalle, pero tamén puidemos detectar a existencia doutros documentos secundarios de interese como son os expedientes adxuntos ás actas dos plenos, os libros de actas das comisións de goberno ou as actas das reunións das comisións informativas de cultura[152]. Documentos que, por outra parte, non sempre estarían dispoñibles nos arquivos municipais[153].

Táboa 3: Documentación municipal clave

Documentación clave	
Documento	Comentario
Libros de actas de plenos	Consulta dos libros entre 1979 e 1986. Na busca dalgunha acción concreta realizáronse consultas en anos anteriores. *En Compostela incompletos *En Vigo a consulta dos últimos anos realízase en Secretaría.
Libros de actas comisións de goberno	Consultadas para cuestións concretas[154].
Expedientes adxuntos a plenos	Para cuestións concretas, a súa procura será desigual.
Actas comisións de cultura	Para os arquivos onde dispoñan deles.
Outros documentos	Derivados da busca dunha acción concreta.

Fonte: elaboración propia.

[151] Unha dixitalización que se executou baixo o paraugas do proxecto da Deputación de Pontevedra, atopo.gal, un arquivo dixital que ven a modernizar e facilitar enormemente o traballo dos investigadores na provincia. Aínda así, está nunha fase inicial, na que poucos concellos teñen aínda vertida a súa documentación.

[152] Aínda así, ao revisar a documentación que existe sobre a Comisión de Cultura (que será a que organizará os actos que nos interesan), resulta incompleta, polo que tentamos completala a través do contacto co responsable da mesma durante aqueles anos: Xosé González Martínez, así como ao actual responsable do mesmo, Xurxo Martínez González. Pese a súa inestimable axuda, non foi posible localizar máis documentación

[153] Ademais a ampla catalogación dos fondos do arquivo de Redondela permitiunos indagar noutros fondos que poderían ser de interese, como documentación sobre os feridos da guerra civil ou fotografías de diversos actos na localidade que finalmente non ofreceron resultados destacables.

[154] Puntualizar que os libros de actas das comisións de goberno, consultarémolos en busca de accións concretas que xa teñamos referenciadas por outras fontes ou documentos ou para buscar as subscricións ao monumento da Guarda, que sabemos a través da súa comisión organizadora enviou solicitudes a numerosos concellos. A consulta do total das actas da comisión de goberno ademais de ser inmanexable, non ofrece a penas información de interese. Só é relevante seguindo pistas.

Con esta información baixo o brazo, continuamos as nosas incursións en diversos arquivos municipais perfilando xa un procedemento estandarizado de traballo que incluía a consulta sistemática dos libros de actas dos plenos entre abril de 1979, cando se constitúen as primeiras corporacións democráticas, e 1986[155]. Un documento cun amplo potencial, que serviu de enlace para a descuberta doutros documentos secundarios, como xa sinalamos e que podemos consultar na Táboa 3.

Convén facer referencia ao proceso de dixitalización dos fondos municipais, que aínda estando nunha fase moi preliminar e evidenciando un estado moi desigual segundo o concello, facilitou e mellorou a calidade do traballo investigador. Así, ademais do caso de Redondela, destacamos o Concello de Ferrol, que conxugaba unha ampla dixitalización co efectivo asesoramento do arquiveiro, todo o cal permitiunos consultar os fondos unicamente online[156]. Ademais distinguimos concellos que aínda non tendo os documentos dixitalizados na súa totalidade si incluíron as referencias aos arquivos dixitais, como é o caso do arquivo municipal de Vilagarcía, ao que acudimos precisamente grazas á ferramenta dixital Atopo.gal[157]. Así, a través da busca mediante palabras claves, neste caso "fusilados", localizamos un expediente do arquivo municipal de Vilagarcía, non escaneado, pero si descrito, de solicitude de subvención para o monumento aos fusilados no cemiterio de Sestás (A Guarda). Deste modo acudimos ao arquivo para a consulta deste documento. Aquí, como no resto de casos nos que se visite o arquivo municipal seguindo unha pista previa, incluímos a consulta sistemática dos libros de actas dos plenos. O que nos ofreceu novos rexistros de interese.

Tamén debemos facer referencia á busca noutra entidade de orde provincial, a deputación de Ourense, á que chegamos seguindo tamén as referencias a accións de memoria previamente identificadas.

Dificultades da documentación local

É importante sinalar, que en xeral contouse cun acceso rápido e sinxelo aos fondos, co asesoramento do persoal dos arquivos[158]. Aínda así detectáronse significativas dificultades e limitacións que afectaron á lectura das fontes e que, polo tanto, convén delimitar. En canto á procura da documentación, a petición de consulta dos libros de actas dos plenos comportou a carta de presentación nos distintos arquivos visitados, resultando na forma máis áxil de poder acceder á documentación en pequenos concellos nos que non existía un arquivo como tal e a busca dependía do persoal do departamento de secretaría[159]. Unha vez concluído o traballo de campo podemos afirmar que a busca resultou positiva en todos os arquivos visitados, incluídos os pequenos concellos sen arquivo público, a excepción dun, que precisamente non se corresponde co dunha pequena vila, isto é, a do concello de Santiago de

[155] Sen menoscabar que en busca dalgunha acción concreta, realizásemos buscas en libros de actas anteriores (ata 1976).
[156] Información dixitalizada e dispoñible en Galiciana, arquivo dixital de Galicia.
[157] Arquivo dixital da Deputación de Pontevedra no que se poden consultar tanto documentos dixitalizados como referencias do Museo de Pontevedra, do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación, de arquivos municipais e doutras institucións públicas ou privadas da provincia de Pontevedra.
[158] Resaltar que o procedemento estandarizado para visitar os arquivos consiste na realización dun escrito (instancia xeral) solicitando o acceso. Coa posterior obtención do permiso, no que os arquiveiros nos solicitarán información para poder ir axilizando aínda máis a nosa visita con buscas previas de documentación, coas copias realizadas mediante fotografía no propio arquivo, habitualmente. Por outra banda obtención de certificado electrónico, e polo tanto poder realizar os trámites deste xeito axilizou para nós eses labores previos.
[159] Este sería o caso dos concellos da Guarda, de Soutomaior e do Barco de Valdeorras no que a colaboración do persoal responsable foi clave para poder levarse a cabo con éxito.

Compostela[160]. Un arquivo con serias deficiencias na súa xestión evidenciadas no deficiente estado de conservación dos libros de actas dos plenos, en primeiro lugar por carecer de catalogación, é dicir non tiñan sinaturas de identificación, en segundo lugar por estar incompletos, ao faltar os libros de diversos anos[161]. Pero quizais o máis grave desta situación atinxe ao estado dos propios documentos, posto que as actas consultadas non estaban asinadas polos membros da corporación municipal. O que nos levou a pensar que nos acharíamos ante borradores de actas e non ás actas definitivas[162]. Ademais, non se conservaban ou localizaban expedientes de pleno, ou actas de comisións. Unha cuestión que é comprensible para arquivos de concellos de pequeno tamaño pero moito menos habitual nas cidades[163].

A situación de precariedade extrema do arquivo do Santiago de Compostela, que comporta limitacións para levar a cabo a nosa investigación do mellor xeito posible, reprodúcese en pequenas doses nunha gran parte dos arquivos visitados, habitualmente por falta de recursos, tanto materiais como persoais. Estas dificultades para atopar os documentos de interese, xa sexan os libros de actas ou outros documentos secundarios influíron nos resultados que extraemos desta investigación. Ademais consideramos preciso identificar cales son as limitacións que se extraen dos propios documentos e que poden ter influído de xeito notable na lectura global que realicemos. Así, ao revisar actas de plenos de catorce concellos diferentes podemos distinguir diversos elementos que poden distorsionar a nosa lectura de fonte.

En primeiro termo, existiron diversos casos nos que non achamos determinada información, pese a que en teoría debía estar plasmada nas actas dos plenos, como as mocións do concelleiro de Santiago, Luís Pasín, ou da aprobación dunha subvención para o monumento da Guarda nas actas das comisións do goberno deste concello[164]. Isto nos retrotrae a posible influencia no documento final de quen o redacta ou elabora. Deste modo, ter en conta o papel do secretario resulta fundamental para ler a documentación e tamén para ser conscientes dos seus límites, en diversos sensos:

- Formato de redacción: que se traten de actas mecanografiadas ou manuscritas, a existencia ou ausencia dun índice de cada acta que facilite a busca de información, empregar cores diferentes para os títulos dos puntos. Todo o cal pode influír na calidade da nosa lectura.
- Redaccións desorbitadamente extensas ou extremadamente sintéticas: que dificulten a lectura, tanto á hora de localizar a información relevante entre información banal, como á hora de poder extraer detalles de interese nos casos de descricións moi concisas[165]. A isto sumamos á arbitrariedade que detectamos en diversos secretarios municipais á hora de tomar acta, estendéndose no detalle de determinadas intervencións (habitualmente as dos partidos da dereita) e resumindo ao máximo outras, normalmente as de partidos políticos de signo contrario.

[160] A única excepción foi o concello de As Pontes, á que se lle envía solicitude para o acceso e da que non se obtén resposta.
[161] Faltaban os anos 1984 e 1985 e outros libros entre xaneiro e novembro de 1980 e marzo de 1982 e febreiro de 1983. Cuestión descoñecida ata ese momento polo persoal do arquivo, concluíndo finalmente que deberían atoparse en secretaría.
[162] A resposta do persoal do arquivo volveu a ser o descoñecemento.
[163] O arquivo de Ourense atopábase no momento da nosa visita nunha situación de tránsito. Partindo unha situación máis precaria, con moi pouca información catalogada, o novo persoal do arquivo levaba ano e medio realizando grandes cantidades de indexación de información. Aínda que nos confirman como aínda continúa a haber moita non catalogada. Nese sentido, revisamos os libros de actas dos plenos pero, pese a ese traballo comprometido e atento do arquiveiro, non será posible revisar libros de actas de comisión de cultura ou expedientes adxuntos aos plenos, pois non se conservan ou aínda non estaban indexados.
[164] Temos constancia por outras fontes (hemerográfica e oral) de que estes acontecementos tiveron lugar.
[165] Por exemplo na Coruña, con transcrición de plenos con extensións de 100 páxinas.

- Censura ou autocensura das actas: que se comprobou ao ler as crónicas dos xornais de plenos onde se describen situacións que quedaron fóra da acta. O que tamén se deu en sentido oposto, ao localizarse nas actas información que se "censura" das crónicas, por exemplo en canto aos contidos de mocións de alto contido político.
- A tradución das mocións e intervencións en galego. Aínda que en maio do 1979 o Consejo de Ministros aprobaba o Real Decreto que permitía o uso "de las distintas lenguas españolas en las actuaciones de las Corporaciones Locales" e que permitía o uso nas actas municipais sempre que estivese acompañada da redacción en galego. Existiron notables dificultades que propiciaron que as actas durante os primeiros anos estivesen maioritariamente escritas en castelán. A modo explicativo das dificultades para que estas puideran estar escritas en galego é o caso de Soutomaior onde finalmente é o propio alcalde quen traduce ás actas para que tamén poidan estar escritas en galego. Polo tanto en xeral o secretario traducía as intervencións dos edís que o facían en galego e non elaboraba esa outra versión permitida en neste idioma. Deste modo na análise desta fonte, afrontarémonos á dificultade de atender en numerosas ocasións, a traducións das intervencións.
- En definitiva, a influencia da ideoloxía dos produtores do documento, tanto do secretario, como da corporación municipal que finalmente debía aprobar a acta.

Este último punto, fundamental para o noso obxecto de estudo, exemplifícase no conflito arredor da moción sobre eliminación de rúas franquistas do concelleiro Gustavo Docampo no Barco de Valdeorras. Primeiramente, ao presentar a moción, esta non se transcribiu e tampouco se someteu a deliberación pola corporación. Finalmente foi tratada meses despois tras presentar o concelleiro un recurso que foi tomado en consideración. Cuestionado por este feito, o propio Gustavo Docampo recorda o perfil do secretario, un excombatente, que se xubilou por esas datas e foi substituído por unha rapaza nova, na que "o cambio é notable" e podería ter influído na toma en consideración do seu recurso. Ese cambio na persoa que exercía de secretario puido ter sido fundamental para que finalmente puidésemos localizar a moción do concelleiro nas actas.

Valor da documentación municipal

Finalmente, e pese as limitacións referenciadas nos apartados anteriores, o valor para esta investigación da documentación municipal é maiúscula. Primeiramente por ser un documento que sempre imos atopar nos arquivos, e que polo tanto nos ofrece un gran potencial comparativo. Por outra banda nelas quedaron reflectidas as mocións dos concelleiros, aínda que estas finalmente non se aprobasen, o que nos ofreceu un amplo abano de información, máis alá das iniciativas aprobadas. Por último, aínda que as actas variaron moito segundo o concello do que se tratase, e tamén do secretario que tomase acta, tanto en volume de transcrición como en calidade desta transcrición, tívose acceso aos debates que xurdían ante unha determinada iniciativa. Polo que constitúe unha documentación dun amplo valor explicativo, ofrecendo unha perspectiva bastante completa das argumentacións que se sostiñan arredor do discurso da Transición, do nunca máis e en definitiva da memoria traumática durante o período de estudo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1.4.4.3.2.Análise da documentación xerada por colectivos e participantes

Ademais da documentación xerada polas administracións, xa funcionasen estas como controladoras das accións ou como suxeitos das mesmas, identificouse outro tipo de produtores de documentación: os participantes e colectivos da sociedade civil. Ademais da documentación de control ou a meramente administrativa, resultaba notorio que as accións da memoria impulsadas ou organizadas dende a sociedade civil, deberían ter deixado outro tipo de rastro documental, o xerado polos seus propios protagonistas.

Así, mediante a visita a arquivos de fundacións e organizacións sociais como o arquivo Luis Tilve, o 10 de marzo ou o da Fundación Penzol[166], xunto coa cesión de documentación dos arquivos persoais de diversos testemuños como Dionísio Pereira, Jose María Monterroso ou Gustavo Docampo, demos en recompilar unha serie de documentación de índole diversa, entre a que destacaríamos:

- Panfletos e boletíns nos que se divulgaban os actos.
- Convites a actos.
- Correspondencia de participantes ou organizadores.
- Fotos realizadas durante os actos.
- Notas persoais / discursos de participantes.
- Documentos internos de colectivos.

As principais dificultades na procura deste tipo de fonte parten dun mesmo problema: non existe unha forma estandarizada de achegarse a elas. Á procura realizada nos arquivos históricos máis relevantes do territorio galego, sumámoslle a indagación a través de persoas que tivesen participado nos actos. Posto que entendíamos que eles poderían atesourar documentación ao respecto. Isto ofreceunos un resultado moi desigual, no que finalmente lograr acceder a documentación viu determinado por factores esóxenos. Por exemplo, que se tivese producido unha cesión de arquivos persoais cara arquivos históricos por parte de familiares ou que lográsemos acceder a documentación gardada en arquivos persoais, para o que antes tíñanse que cumprir certos fitos como que lográsemos acceder a persoas que puidesen atesourala, que finalmente a tivesen conservado e que, por último, decidisen compartila con nós[167].

Polo tanto consideramos que un elevado número de documentación deste tipo non foi posible localizar, aínda que temos a seguridade de que tivo que existir. Entre ela, e a modo de

[166] En canto á Fundación 10 de marzo, e asesorados polo persoal do arquivo, ao que se lle informa do noso obxecto de estudo, interésanos en especial o arquivo persoal de Santiago Álvarez que custodian. No tocante á Fundación Luis Tilve, ademais da revisión de publicacións sindicais como Galicia Socialista, boletíns da CNT ou Acción Sindical, de onde se extrae algunha información de interese, o persoal do arquivo contacta con persoas que puideran recordar algo sobre o que buscamos (accións memoria). Deste xeito nos fan entrega dun listado de pistas que posteriormente seguiríamos, entre as que se encontrarían os actos de homenaxe a Jaime Quintanilla en Ferrol, a rúa a Heraclio Botana en Vigo ou as homenaxes a Bóveda e Castelao. O arquivo da Fundación Penzol que será visitado nas últimas etapas da nosa investigación e polo tanto será seguindo xa diversos fíos de investigación. A revisión deste arquivo sería un consello ofrecido por diversos estudosos da época ou testemuñas orais consultadas. Grazas á gran axuda do persoal do arquivo e mediante a busca no catálogo a través da súa web, puidemos identificar previamente a acudir ao arquivo diversas referencias que poderían ter documentos do noso interese. A visita, non puido ser máis proveitosa. A documentación se extrae de dous arquivos, posto que en realidade no edificio da Casa da Cultura de Vigo, atópase o arquivo da Fundación Penzol e outros arquivos como o de Fernández del Riego. Neste caso a tipoloxía documental é ampla e diversa, ao tratarse en grande medida de fondos doados por persoeiros ou familiares destes, dispónse dun nutrido grupo de documentos (dende recortes de prensa, a borradores de discursos, invitacións a actos e un longo etc). Destacar entre eles a documentación provinte da doazón da familia Álvarez Basso, con documentos persoais de valiosísima importancia de Darío Álvarez Blázquez.

[167] De especial relevancia constitúeo a transferencia do arquivo persoal de Darío Álvarez Blázquez, consultado na Casa da Cultura en Vigo (Fundación Penzol).

exemplo, citaremos, pola súa relevancia no panorama memorialista galego, a documentación xerada arredor do monumento na fosa común de Sestás (A Guarda). Para este caso de estudo, logramos localizar importante documentación, pero fomos conscientes da existencia de moita outra, como as actas das reunións do colectivo que se formou para levar a cabo a homenaxe, e que finalmente non se conseguiu localizar[168].

A estas notables dificultades durante a procura da fonte, que ofreceu, por tanto, un resultado dispar e condicionado, en grande medida, por ese factor sorte, sumaránselle as propias dun tipo de fonte que era elaborada polos propios participantes. Entre as que destacan a posible autocensura de aspectos considerados negativos, que ou ben non se deixaban por escrito ou ben non se terían conservado.

Pero pese a estes problemas, atopámonos ante documentos dun incalculable valor para a fin desta tese ao ofrecernos de primeira man a versión dos propios participantes, no momento mesmo de terse producido a acción e, polo tanto, cando aínda non influíra neles os efectos negativos ou deformadores do paso do tempo.

1.4.4.3.3.Análise da bibliografía de época / testemuños / memorias

Por último, en canto a fonte documental, debemos facer referencia á tipoloxía documental relacionada coa bibliografía de época e as memorias, entre as que destacan os seguintes documentos:

- Memorias e literatura testemuñal: nos anos 60 e 70 comezaron a agromar diversas publicacións que narraban dun ou doutro xeito as memorias da violencia tralo golpe de estado. Por un lado identificamos novelas nas que o escritor empregaba transuntos para contar a súas propias vivencias, e por outra banda contaríamos coas primeiras memorias ou autobiografías. Estas habitualmente contaban con menor calidade literaria pero eran dunha gran relevancia testemuñal. Por último atenderíamos a memorias publicadas décadas despois, xa nos 2000, pero nas que se narraban vivencias deses anos 70 e 80 relacionadas dalgún xeito co obxecto de estudo.
- Reportaxes/artigos de opinión en prensa: ademais da información meramente hemerográfica que extraemos dos xornais, tamén recompilamos unha boa escolma de reportaxes nas se difunden os feitos acontecidos no 36. O seu rexistro, así como a análise do seu discurso, resultou dun interese fundamental nesta investigación.
- Libros de investigación sobre a guerra civil, o golpe de estado e feitos derivados: no mesmo senso que o anterior, pola súa relevancia divulgativa, e polo tanto, por levar ao espazo público a memoria da violencia golpista, analizáronse as primeiras publicacións que plasmaron os resultados de investigacións pioneiras sobre o golpe de estado e/ou a guerra civil.
- Boletíns de organizacións políticas: tamén revisamos e rexistramos aqueles documentos de organizacións políticas ou sindicais nos que se

[168] Tamén poderíamos citar o caso da placa de homenaxe aos fusilados no cemiterio de San Amaro (A Coruña). referenciado en prensa en múltiples ocasións, e logrando entrevistar a unha das persoas organizadoras, pero sen acadar ningún rastro documental, por non conservarse ou estar localizada no momento da entrevista.

divulgaba tanto información sobre accións de memoria, como aqueles nos que se difundía información sobre o acontecido no 36 e o franquismo.

Os atrancos aos que nos enfrontamos ao revisar a bibliografía da época, teñen que ver , coa dificultade da súa procura derivados de estar descatalogada e da escaseza de material deste tipo nos arquivos. Pese a isto o valor deste material resultou fundamental, en dous sensos. Por un lado por permitirnos analizar con detalle o discurso empregado nestes anos por participantes, familiares, militantes de esquerdas ou investigadores. É dicir, como se falaba, dende que termos e con que obxectivos sobre a "guerra civil". Por outro lado o rexistro das publicacións máis relevantes que se teñen realizado neste período permitiunos achegarnos á comprensión de como era a incipiente divulgación da memoria do 36 nos primeiros anos do sistema político monárquico así como comprender aspectos subxectivos sobre as motivacións de participantes e organizadores.

1.4.4.4. Análise da fonte oral

Como xa se pode concluír despois da análise da fonte documental e da fonte hemerográfica, a busca de fontes históricas que puideran testemuñar a existencia das accións de memoria resultou unha tarefa complexa, por razóns que poderiamos resumir nos seguintes puntos:

- Dificultade para atopar a documentación que puideran ter xerado este tipo de accións nos arquivos históricos e nos das diferentes institucións.
- Desequilibrio no coñecemento que provoca que unha acción teña repercusión en prensa, ou que esta se logre localizar e outra non.
- Baleiros de información sobre aspectos que non quedaron reflectidos nin nas crónicas da prensa nin nos documentos oficiais.

Todo isto determina a necesidade de contar con fontes orais que poidan vir a suplir as carencias que xeran os outros dous tipos de fontes. A historia oral ofrece unha nova perspectiva ao estudo histórico, traendo á investigación testemuñas e información que doutro xeito quedarían excluídas. Como xa sinalaban diversos autores e como puidemos reflexionar no apartado "Xenealoxías e debates" e para o obxecto de estudo que nos ocupa, isto ten unha relevancia especial por tratarse de accións que quedaron á marxe da historia oficial, con reducida presenza nos medios de comunicación e un dificultoso seguimento a nivel documental. Así entre os obxectivos que guiaron a busca e tratamento de fontes orais, teríamos:

- Ampliación do coñecemento de actos xa rexistrados; como sinalabamos esta fonte aporta información única sobre os acontecementos estudados. A descrición de situacións, os pormenores da organización de accións, as relacións entre participantes, a carga sentimental ou emocional dos feitos, poden aprehenderse a través dos testemuños dos seus protagonistas.
- Coñecemento das persoas participantes: o que puido aproximarnos a elaboración dun perfil do participante.
- Localización de novos actos, ademais da profundación en actos xa coñecidos, a fonte oral serviu para rexistrar novas accións inéditas ata ese momento.

O proceso de obtención desta fonte oral podería dividirse en dúas estratexias diferentes, e complementarias:

USC DE COMPOSTELA

1)Busca dun perfil de persoas: este método de procura baseouse na identificación dun perfil de entrevistados que deberíamos localizar, e que se basearía nas seguintes características: persoas que puidesen ter participado, impulsado ou organizado accións de memoria, ou simplemente puidesen ser coñecedoras da existencia dalgunha destas accións por desenvolver actividades no eido político, sindical, cultural ou investigador no período de estudo. A busca deste perfil realizouse de dúas maneiras:

- A través de asociacións memorialistas, que previamente foron contactadas mediante o arquivo Nomes e voces. Normalmente resultaba no enlace con persoas membros destas asociacións ou con outras situadas na súa órbita.
- A través da referencia ofrecida por persoas xa entrevistadas, que os identificaban como relevantes para a nosa investigación. Así, co devir das entrevistas, uns contactos nos referenciaban a outras persoas a modo de cadea.

2)Busca de persoas concretas: cando a través doutra fonte se detectaba a identidade de participantes nas accións, iniciábase o procedemento para lograr contactar con estes. Este procedemento desenvolvíase en diversas frontes:

- A través de contactos previos xa establecidos: xa fosen persoas de referencia de colectivos ou persoas entrevistadas previamente.
- A través do arquivo de Nomes e voces: resultou un procedemento habitual recorrer a este arquivo que dispón dunha ampla base de datos.
- A través do que poderíamos denominar "Busca fría": é dicir, cando non atopamos forma de contactar a través das dúas estratexias anteriores realizamos a busca en internet, habitualmente contactando a través das redes sociais, en concreto Facebook, sendo a plataforma de máis uso en persoas do perfil do potencial entrevistado[169].

Tralo contactos previos, o procedemento para efectuar a entrevista iniciábase co desprazamento á localidade de residencia da persoa. Habitualmente e sempre que fose posible a entrevista se realizou no seu propio domicilio, o que a situaba nun espazo cómodo e de confianza para o entrevistado[170]. Como método común para documentalas, empregamos, previa autorización, a gravación e a posterior transcrición. En fases máis avanzadas da tese, cando o contacto acadouse en momentos nos que era complexo o desprazamento, a entrevista realizouse vía telefónica. Traballar con esta fonte constituíu un reto que afrontamos mediante unha aprendizaxe baseada no ensaio-erro, no que a medida que realizabamos as entrevistas, íamos perfeccionando as estratexias máis eficaces para achegarnos aos recordos que pretendíamos rescatar. Levouse a cabo coa axuda dun guión pero nun formato aberto ou semiaberto, isto é, a modo de conversa. Pese ao seu carácter flexible, no Anexo 2 sintetizamos algunhas das cuestións fundamentais que poderiamos dividir en tres eixos clave. En primeiro lugar e habitualmente de modo inicial se procuraba o coñecemento da traxectoria vital da persoa entrevistada así, intentado centrar esta nos anos da Transición. Máis, se a persoa fora familiar de asasinado, esta historia de vida tendía a comezar no momento do asasinato. O segundo eixo temático da conversa centrábase nas propias accións da memoria. No caso de que chegásemos a esta persoa coñecendo a súa implicación nunha acción dirixíamos a conversa cara

[169] Facebook tamén foi empregado noutro tipo de busca fría. Grazas a ser a rede social máis empregada no noso target de entrevistado, e por existir diversos grupos de interese afíns ao obxecto de estudo: "Galiza na transición" entre outros, puidemos contactar con persoas que participaron neses anos na mobilización política, levándonos a obter documentación de interese.

[170] Nas ocasións nas que así foi requirido polas circunstancias, a entrevista levouse a cabo vía telefónica ou videoconferencia.

esta acción, intentado obter a maior información posible sobre a mesma. Posteriormente continuábase indagando sobre a súa participación noutras posibles accións. No caso de que non se coñecese previamente a súa implicación directa, as preguntas ían dirixidas a tentar espertar a súa lembranza, falando de diversas posibilidades, como actos en cemiterios, rúas que se cambiaban de nome, etc. Finalmente pretendíase coñecer as motivacións para a actividade desta persoa, así como a súa relación co pasado traumático e o lugar da memoria traumática no seu contexto vital[171].

Debemos destacar dúas cuestións que axudaron de xeito fundamental ao bo desenvolvemento das entrevistas:

- A configuración mental sobre a memoria histórica.

No mesmo senso que nas outras fontes analizadas, tamén aquí resultou fundamental fuxir de denominacións relacionadas co movemento memorialista de finais dos 90 e 2000. Preguntar empregando termos "modernos" de memoria histórica como "homenaxes a vítimas do franquismo", retrotraía sistematicamente ao entrevistado ao acontecido no período máis achegado, negando que nos anos 70 e 80 puidesen ter ocorrido accións similares. Neste sentido resultaba habitual que a resposta pivotara en torno a que "nese momento estaban a outras cousas", en referencia ás loitas polos dereitos políticos e sociais. Polo que as preguntas debían abordar directamente accións que xa coñecíamos por outras fontes ou exemplos xerais cuestionados do seguinte xeito: "Levábanse flores ao cemiterio?" ou "Cambiouse algunha rúa de nome?", dependendo do entrevistado e localidade de referencia.

Neste caso a resposta podía cambiar de xeito radical, pasando da negativa absoluta ao agromo de recordos sobre accións de memoria. Como é lóxico enseguida fomos conscientes de que as nosas preguntas debían deseñarse afastadas do uso da expresión "memoria histórica" que se vinculaba inseparablemente co ocorrido a partir dos 2000. Algo que resulta un paradoxo, precisamente porque moitas das accións que fomos detectando ocorridas durante a Transición, en pouco se diferenciaban das realizadas trinta anos despois. En resumo, á hora de deseñar e levar a cabo unha entrevista debíamos terse en conta a configuración mental dos entrevistados sobre o que é unha acción de memoria histórica, tentando traspasar a fronteira mental configurada nos últimos anos.

- O apoio documental

Debe terse en conta que nas entrevistas indagábase sobre acontecementos que tiveron lugar arredor de cincuenta ou corenta anos atrás. Ademais, algunhas das nosas fontes, debido á súa idade avanzada podían comezar a ter xa certos problemas de memoria. A isto se lle sumou a pouca consideración que habitualmente estas persoas lle daban aos acontecementos que investigamos. A nivel xeral, aínda que tivesen participado nas accións, non as conservaran na memoria con prioridade, como si ocorrería con outros feitos relacionados coa mobilización política e social deses anos. Por iso mesmo resultou útil poder acudir ás entrevistas con outro tipo de fontes, que axudasen no proceso de lembranza, por exemplo fotografías ou crónicas xornalísticas dos actos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[171] As entrevistas, a dispoñibilidade dos entrevistados,o seu perfil, a situación na que se facía, o tempo disponible, fixo que este guión sufrise notables alteracións.

O resultado do traballo coa fonte oral arroxou un resultado de 48 entrevistas realizadas. Pódese consultar o listado completo no apartado Fontes. Ademais a análise da fonte oral completouse mediante a revisión de 18 entrevistas do fondo de Nomes e Voces. Estas foron seleccionadas de dous xeitos diferentes. Por un lado nas fases iniciais da investigación realizouse un cribado por palabra clave no arquivo, atendendo a aquelas nas que se tivese atendido á "Transición". A isto sumáronse aquelas entrevistas que consultamos a raíz das pescudas realizadas mediante outras fontes, sendo na súa meirande parte fillos e fillas de asasinados.

Deste traballo podemos extraer a descrición dun perfil común de entrevistado que resumiríamos de xeito xeneralizado como o dun home, que se atoparía na vintena ou trintena no momento dos feitos, activo na mobilización política antifranquista nos derradeiros anos do réxime e durante a Transición, con altas probabilidades de ser militante dalgunha organización de corte comunista, nalgúns casos familiares das vítimas homenaxeadas, noutros casos membros dos colectivos organizadores ou representantes institucionais. Ademais, unha boa parte deles seguían activos na esfera memorialista no momento de realizarse a entrevista. Baixo este perfil xeral, puidemos diferenciar os seguintes subperfís específicos:

- Activistas: é dicir participantes nas accións organizadas por asociacións ou colectivos da sociedade civil.
- Familiares: isto é persoas entrevistas polo seu papel como familiar dunha persoa homenaxeada, con papel relevante na organización da acción.
- Representantes públicos: aqueles que participaron dende as institucións. Xa fosen alcaldes ou concelleiros. Tamén detectaríamos a participación de empregados públicos, máis alá dos cargos electos.
- Investigadores: aquelas persoas que destacaran na súa participación como investigadores e divulgadores.
- Testemuñas alleas á participación directa: isto é persoas que nos ofreceron información de interese, pero non son testemuñas directas das accións.

Convén sinalar que será común que os participantes dispoñan dun perfil mixto, no que actúen tanto como representantes públicos como activistas, ou investigadores e activistas, por exemplo.

Dificultades da fonte oral

Como xa vimos perfilando, a análise da fonte oral, afrontou diversas limitacións, en primeiro lugar aquelas relacionadas coas dificultades na propia procura da fonte, entre elas destacamos:

- Selección dun tipo concreto de entrevistados

Debemos ter en conta que houbo un perfil de participante máis accesible pola súa permanencia na actualidade en círculos de mobilización social ou política, inclusive en concreto no mundo memorialista. Este feito, polo tanto, puido causar certa distorsión á hora de poder analizar un perfil de participante ou de delimitar a súa percepción sobre o pasado. Posto que disporemos dos testemuños máis activos e conscientes politicamente. Deste modo quedaría parcialmente á

USC UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA

marxe un perfil de participante que sería menos activo socialmente xa naquel momento, por exemplo no caso de familiares de vítimas, ou que se desvincularon das organizacións políticas ou sociais co paso dos anos.

- Baixa representación das mulleres

Aínda que temos constancia da participación de mulleres, acadar o seu contacto e poder ser entrevistadas resultou complexo, podendo evidenciarse un notable desequilibrio en torno á fonte oral feminina. Nesta cuestión distinguimos diversos factores que, pensamos, poden estar influíndo: por un lado a menor posición de liderado e en xeral participación das mulleres no ámbito político e social nos anos 70 e 80, algo que segue ocorrendo na actualidade cunha menor participación das mulleres no ámbito memorialista. Por outra banda a posible desvinculación de mulleres que coa maternidade terminaron por apartarse da vida pública e polo tanto resultaría máis complexo dar con elas.

- Falecemento de persoas de interese

Acudir ás fontes entre corenta e cincuenta anos despois dos feitos, tivo efectos tan nocivos como a propia indisposición ou falecemento de persoas chave que tería sido de interese poder entrevistar. É o caso, por exemplo de -nome completo- Mariquiña (filla de Otero Villaverde, anarquista e fusilado no 36), moi activa na loita pola reparación da figura do pai ou de Constantino Trillo, secretario da Convención Republicana de los Pueblos.

Comentario aparte merecen aquelas dificultades que xurdiron da propia natureza humana da fonte oral. Por un lado esa fraxilidade da memoria, de volver a lembranzas de feitos acontecidos décadas atrás, ao que se lle suman as propias dinámicas mentais nas construcións dos recordos. Por outro lado a confusión relativa á concepción da memoria histórica. Como sinalabamos isto resultou nunha barreira de entrada que non sempre se logrou superar.

E por último convén deterse no que poderíamos denominar como "o recordo residual" destes feitos. É dicir, consideramos que, un amplo número de entrevistados, tenderon a priorizar na súa memoria outros acontecementos da mobilización social e política do período, que describiron cun amplo nivel de detalle. Contrariamente, para os feitos do noso interese, as descricións resultaron, en xeral, moito máis vagas ou imprecisas. Teríamos a dúbida de se esa irrelevancia das accións de memoria se iniciou xa daquela ou se estas foron relegadas posteriormente a eses espazos. O que, pensamos, podería estar relacionado co fenómeno que demos en chamar do "socialización do recordo". Isto é, resulta manifesto entender que a estas persoas, ao longo das décadas, lle terían preguntado ou terían conversado sobre a súa participación nas folgas do naval, ou sobre as súas vivencias durante o 23 F, por exemplo. Volveron a eses recordos, rememoráronos e, polo tanto, foron construíndo os seus relatos deles. Pola contra, posiblemente nunca antes da nosa entrevista se lles preguntara, ou simplemente nunca volveran conscientemente a esas outras lembranzas, as das accións da memoria. Pero ademais, tamén consideramos a posible influencia nesta "irrelevancia", da posterior configuración política e social sobre a Transición e o pacto do esquecemento, un relato repetido e asimilado inconscientemente por estas persoas. Relato no que non caberían as accións de memoria.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Valor da fonte oral para a presente investigación

Como xa se sinalou en liñas anteriores, o carácter das accións da memoria na Transición, omitidas en grande medida na fonte hemerográfica e coa dificultade de seguir o seu rastro documental, sitúa á fonte oral nunha posición predominante na investigación, ao lograr captar a versión de primeira man dos propios participantes.

As testemuñas orais configuraron un universo propio dentro da nosa investigación. Ese que ofreceu a memoria, coas lembranzas que só quedan nela e tamén as súas imperfeccións. Poderíamos sintetizar esa relevancia nos seguintes puntos:

- Descrición de situacións e detalles que non se van atopar na fonte hemerográfica ou documental.
- Coñecemento da versión dos participantes; pese ás limitacións que sinalamos, a testemuña oral resultou practicamente a única forma de achegarse directamente á versión dos participantes, e a poder cuestionar e afondar sobre a mesma mediante as nosas preguntas.
- Rexistro de accións de memoria que non tiñamos referenciado: en diversas ocasións descubrimos accións de memoria, a través do recordo de entrevistados.
- Información de interese máis alá do noso obxecto de estudo: as entrevistas realizadas, de longa duración, nas que conversamos de xeito pausado, ofrecéronnos un relato moito máis amplo que o referido ás propias accións da memoria. Coa descrición pormenorizada da súa traxectoria vital, moitas veces tamén a dos seus familiares, a das vítimas, descricións sobre o seu trauma e a violencia sufrida, etc. Esta cuestión, ademais de fundamental para a comprensión global do fenómeno en estudo, pensamos que podería ser útil para investigacións vindeiras.

Finaliza así, a revisión das fontes históricas empregadas nesta investigación, tendo identificadas as limitacións máis significativas así como o valor das mesmas para o obxectivo da presente tese. Na seguinte táboa detémonos na síntese das principais limitacións detectadas e que tratamos polo miúdo no presente capítulo.

Táboa 4: Principais limitacións das fontes empregadas

PROBLEMAS E LIMITACIÓNS DAS FONTES EMPREGADAS		
	Na procura da fonte	Na información que achega
FONTE HEMEROGRÁFICA	Busca manual de publicacións enteiras inmanexable.	Deficiente cobertura das accións da memoria na prensa durante os anos 70 e 80.
	Posibles erros na escolma de palabras chave	Ausencia de cobertura de accións por: -non ter edición local -non ter xornalista interesado -perfil participante
	Erros "informáticos" na detección das palabras chave coa ferramenta dispoñible (xa fose PDF leíble ou hemeroteca dixital)	Forma determinada de narrar os feitos: relato da Transición (discurso do "nunca máis").
FONTE DOCUMENTAL DA ADMINISTRACIÓN CENTRAL	Fondos non localizados nos arquivos	Para as solicitudes de permiso, os participantes evitarían dotar de connotacións políticas aos mesmos

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

	Imposibilidade de acceder a fondos (Archivo General del Ministerio Interior, por exemplo)	Para informes da administración, poderían estar errados nas súas conclusións motivados por erros nas investigacións ou polo carácter paranoico do réxime
	Ausencia manifesta de documentación dentro dos fondos consultados	Diferencias no nivel de detalle ou control das accións dependendo da persoa que estivese en postos de mando.
	Filtrado sistemático de documentación antes das revisións	
	Procedementos arbitrarios no acceso á consulta	
FONTE DOCUMENTAL MUNICIPAL	Diferenzas no grao de conservación dos documentos nos diversos arquivos municipais (por exemplo sen actas de comisións de cultura ou expedientes de pleno para moitos deles)	Non se localizan referencias a accións que sabemos que existiron. A súa non localización pode vir causada por erro consciente ou inconsciente dos redactores dos documentos (ideoloxía, etc)
	Diferenzas no grao de dixitalización dos fondos municipais que logrará que se localicen fondos e que evidenciará a posible existencia doutros non referenciados	Redacción das actas ilexibles
		Redaccións desorbitadamente extensas ou extremadamente sintéticas.
		Censura ou autocensura das actas.
		Ideoloxía dos produtores do documento, tanto do secretario, como da corporación municipal que finalmente debe aprobar a acta.
FONTE DOCUMENTAL DE PARTICIPANTES	Dificultade de atopala que dependerá moito da conservación da mesma por persoas a título individual	Subxectividade da fonte (eliminación aspectos negativos)
FONTE BIBLIOGRAFÍA DA ÉPOCA	Publicacións descatalogadas ou non conservadas	Subxectividade da fonte.
FONTE ORAL	Acceso a un único perfil de participantes	Fraxilidade da memoria
	Cuestión de xénero	Conceptos relacionados coa "memoria histórica"
	Falecementos ou indisposicións	Irrelevancia do recordo
		Construción do recordo

Fonte: elaboración propia.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CAPÍTULO 2. ANTECEDENTES: AS ACCIÓNS DA MEMORIA NA DITADURA

2.1.ENTRE A CLANDESTINIDADE E O EXILIO

> Era o 18 de setembro do 1971. A sá de exposición do Museo Carlos Maside, no Castro, estaba ateigada de xente. Ó seguinte día, silencio. Nada tiña pasado, nada ocurrira. Eran tempos, cando máis, de susurros[172].

Estas palabras son de Marino Dónega, secretario do Museo Carlos Maside no prólogo ao libro *A miña amizade con Castelao* de Ramón Otero Pedrayo, publicado en 1986[173]. Nesta obra transcribíase a conferencia que tivera lugar quince anos antes, en 1971, na que, en "susurros", o vello intelectual disertaba sobre Daniel Alfonso Rodríguez Castelao coñecido, como é ben sabido, simplemente como Castelao. Decidimos comezar precisamente con este feito, que poderiamos considerar anecdótico, porque nel podemos detectar algún dos elementos centrais desta investigación.

Primeiramente no temporal, ao conectar dous dos momentos fundamentais deste estudo. O "antes", a ditadura, ese espazo marcado polo "silencio" e eses "susurros" que describe o secretario do museo no prólogo escrito xustamente en 1986, é dicir, no "despois", o derradeiro ano do período de estudo desta investigación, cando se cumprían 100 anos do nacemento de Castelao e cincuenta do "inicio da guerra civil".

En segundo lugar eliximos esta conferencia polos elementos aos que nos achega. Por unha banda a conferencia ten lugar no museo Carlos Maside, exemplificador da relevancia dos espazos culturais como axentes da memoria traumática durante a Transición. Por outra banda a conferencia é publicada por Ediciós do Castro, unha editorial que foi fundamental na divulgación da violencia franquista neste período a través de testemuñas e investigacións que dende 1981 foron conformando a colección *Documentos para a Historia Contemporánea*. Esta editorial estivo comandada por Isaac Díaz Pardo, pintor, ceramista, intelectual galeguista e fillo de Camilo Díaz Baliño[174], asasinado o 14 de agosto de 1936[175].

[172] Dónega, M. (1986). Presencia de Castelao. En Pedrayo, O. (1986). *A miña amizade con Castelao.* Ediciós o Castro, p. 5
[173] Ramón Otero Pedrayo (5/03/1888- 10/04/1976). Intelectual galeguista, membro da xeración Nós. Deputado polo Partido Galeguista nas cortes republicanas.
[174] Camilo Díaz Baliño (14/07-/1889- 14/08/1936) Escenógrafo e deseñador gráfico, moi vinculado ao movemento galeguista.
[175] Base de datos "Nomes e Voces". http://vitimas.nomesevoces.net/gl/ficha/6507/. E http://consellodacultura.gal/album-de-galicia/detalle.php?persoa=5129

Imaxe 1. Fotografías da conferencia de Ramón Otero Pedrayo, Sada, 1971



Fonte: Otero Pedrayo (1986*). A miña amizade con Castelao.* Ediciós do Castro.
Nota: Imaxe 1: Ramón Otero Pedrayo con Luís Seoane, José Rey Romero e Isaac Díaz Pardo. Imaxe 2: Ramón Otero Pedrayo durante a súa conferencia.

Precisamente podemos observar a Isaac Díaz Pardo ao lado de Otero Pedrayo nunha das fotografías que se inclúen na publicación da conferencia e que inmortalizan aquel acto *semiclandestino* de 1971 (Imaxe 1). E falamos de semiclandestinidade, porque pese a que Marino Dónega o describa "entre susurros" este foi anunciado e relatado na prensa da época[176], nun momento, os anos 70, nos que se evidenciaba esa certa permisividade do réxime á realización de actos culturais, tamén en lingua galega, toda vez que seguía a manter intacta a necesidade imprescindible de negar a violencia acometida. E así chegamos ao último elemento clave deste feito e razón de que a elixamos como acción que inaugura este capítulo: o propio Castelao. Un home sen o que sería imposible comprender o acontecido en Galicia arredor da memoria traumática. A súa relevancia vertébrase en dous sensos contrarios.

En primeiro lugar por ser figura protagonista dunha parte moi relevante das accións da memoria traumática que se realizaron en Galicia no noso período de estudo. Un protagonismo que nun primeiro momento podería resultar curioso, se sinalamos que Castelao non foi asasinado, non foi fusilado, nin encarcerado, tampouco foi un desaparecido. Pero falar del é falar da violencia xenocida franquista. Caricaturista, pintor, dramaturgo, escritor, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao (Rianxo, 1886, Buenos Aires, 1950) foi un home prolífico en numerosas artes chegando a ser considerada a figura máis relevante da cultura galega do século XX. Pero, por riba de todo, Castelao configurouse como o símbolo principal do nacionalismo galego. Deputado das Cortes republicanas polo Partido Galeguista durante a II República, exiliouse a América tralo golpe de estado de 1936. E aí está a súa vinculación indisociable coa violencia franquista, primeiramente como refuxiado e exiliado e posteriormente no seu papel como difusor e divulgador desa violencia. En especial a través dos seus álbums de guerra, estampas que se configuran como a principal denuncia internacional da violencia fascista en Galicia. Castelao faleceu en 1950, vinte anos antes de que Otero Pedrayo, fronte a un numeroso público, realizase o seu esbozo biográfico. Neste esbozo atopamos dúas negacións. A primeira delas arredor da súa labor política, resultando practicamente inexistentes as referencias a ela.

> E despois chegou o movimiento político i entón xa non hai que falar de como foi o movimiento político, que non quería entrar en política[177].

Deste modo Otero Pedrayo non quere aludir ao ámbito no que Castelao se configurou como o referente fundamental. A segunda negación refírese á propia violencia golpista, descrita

[176] "Conferencia de Otero Pedrayo sobor Castelao, no Museo Carlos Maside", *La Voz de Galicia*, 17/09/1971, p.13
[177] Pedrayo, O. (1986). *A miña amizade con Castelao.* Ediciós o Castro, p. 46.

simplemente como "erupción terrible". A única referencia a este feito foi o recordo de Pedrayo sobre unhas palabras premonitorias de Castelao nunha despedida entre os dous amigos días antes do 17 de xullo:

> E falamos un anaquiño antes de salir o tren, e me dixo: Mira Ramón-eu calei preocupado toda a noite, xa vira como estaba Madrid máis ou menos- eu non volverei a Galiza, eu non volverei a ver a miña nai, vai a vir unha guerra terrible e perderemos nós, perderemos os de esquerda[178].

Esta única mención á razón do seu "desterro", como chamou ao exilio que marcou a vida de Castelao, evidencian aquelo que diciamos en liñas anteriores, a imposibilidade de recordar, a imposibilidade da lembranza pública, de falar do trauma que continuaba vixente en 1971.

> Por eso Castelao cando morreu tivo esa extraordinaria apoteosis que foi a súa consagración. Os galegos traballadores, os galegos enérxicos, os galegos donos da hora e donos do traballo de pronto se sentiron sin nada, quedaron como os pitiños cando morre a nai, quedaron soios, e decían pro como é esto, eles mesmos eran os menos en entender, cómo estamos así, si este home nin tiña diñeiro, nin tiña empresas, nin tiña bancos, nin tiña coche nin tiña barcos, porque nos deixa así? E que Castelao era as alas da terra, de presunción eterna dentro de todos e do seu drama[179].

Finalmente transcribimos estas palabras, as derradeiras da conferencia de Otero Pedrayo porque, cremos, evidencian a relevancia simbólica de Castelao, nesa sorte de santificación, de "patriarca bíblico" que está na base mesma da súa relevancia e de que, como veremos, se desenvolvan tantas accións de homenaxe por todo o territorio galego, iniciadas xa durante a ditadura, e que resultaron fundamentais durante o período en estudo. Unha relevancia simbólica similar á que o propio Castelao, durante os seus derradeiros vinte anos de vida, construíu na figura do seu amigo Alexandre Bóveda, fusilado o 17 de agosto de 1936.

E así chegamos a ese outro senso do que falabamos ao inicio, e que fai de Castelao un elemento tan importante na presente investigación. Porque ademais do seu rol como figura homenaxeada en moitas das accións da memoria que estudaremos, el foi tamén axente de memoria. Así, dende os anos 40 en América, a labor de Castelao resulta fundamental para comprender a emerxencia das primeiras homenaxes ás vítimas en Galicia. Primeiro pola publicacións das súas icónicas estampas, denuncia aberta do cariz e magnitude da violencia exercida polos golpistas, máis tarde na configuración de Bóveda como o mártir de Galicia, cuestións ambas que analizaremos polo miúdo en posteriores epígrafes deste capítulo. Pero para comprender o que pasa nese "fóra", no exilio, e que chega a Galicia cando o réxime agoniza, debemos comprender primeiro o que pasa dentro, cando o réxime aperta e esmaga calquera mostra pública de dó, de memoria dos asasinados. Porque a violencia non soamente fixo desaparecer aos considerados inimigos, non só fixo desaparecer os seus corpos, tamén tentou por todos os medios, facer desaparecer a súa memoria, negar a súa existencia. É por iso que o dó polos desaparecidos, só se puido manifestar na clandestinidade.

> Debía de ser media noite ou, se tal, máis tarde. El detivo o coche na zona de Baredo. Mandounos mirar para o chan, conforme puñamos pé a terra. Un luar

USC

[178] *Íbidem*, p.49.
[179] *Íbidem*, p.55.

> moi potente deixounos ver, na area da gavia, nove cruces recén trazadas cun dedo ou cun garabato[180].

Tamén eran principios dos setenta, concretamente no ano seguinte á conferencia de Otero Pedrayo, cando un grupo de amigos cean distendidamente na casa dun deles, no concello de Baiona, no extremo sur da costa da provincia de Pontevedra. Nun momento dado chegou o tema da "represión franquista" e o anfitrión fainos montar no coche, "deben ver algo insólito". Ese *algo insólito* constitúe unha das homenaxes clandestinas máis relevantes do territorio galego, referenciada en numerosos estudos, tanto naqueles nos que se da conta da violencia exercida no Baixo Miño, como naquelas outras que analizan as accións de resistencia durante a ditadura (Méixome, 2022, p. 343; Cabana, 2013, p. 99).

A madrugada do 16 de outubro de 1936 escoitáronse uns disparos procedentes de Baredo, na estrada entre Camposancos e Baiona, a poucos quilómetros desta vila e á beira mesma do mar. Dise que mariñeiros que faenaban na zona escoitáronos dende as súas embarcacións. Os asasinados eran nove persoas da comarca que foron sacados do frontón da rúa María Berdiales, en Vigo, torturados e fusilados nesa curva de Baredo. Os verdugos conformábano un grupo de falanxistas e gardas civís, comandados polo Cabo Pena. No 2014, nun documental do director Antonio Caeiro, recolléronse diversas testemuñas da veciñanza que dan conta do trauma que supuxo este feito para a comunidade[181].

A historia desta matanza narrouse como o da vinganza persoal pola morte o día anterior dun falanxista mentres perseguía a dúas persoas fuxidas que tamén foron finalmente asasinadas. Unha inxustiza cometida contra nove inocentes, procedentes da mesma bisbarra onde se cometeu o crime e se enterraron os cadáveres. Algo, por outra banda, pouco común no proceder da violencia xenocida, que habitualmente afastaba os corpos dos seus lugares de orixe. Na memoria da comunidade quedou o recordo do gran funeral do falanxista e da dó muda das nove familias dos asasinados (Cabana, 2013, p.99). Un dó mudo que se traduciu nas nove cruces que trinta anos despois, puido ver cos seus propios ollos o escritor e político Xosé Luís Méndez Ferrín no mesmo lugar do asasinato. Describiuno nun artigo datado no 2005, nel lembraba esa noite de 1972 na que descubriu as nove liñas verticais marcadas no chan de terra ao lado da estrada, atravesadas todas elas por unha mesma liña horizontal. Ao artigo titulouno *Na Volta dos Nove*. O novo topónimo que dende aquela tráxica noite do 36 deu nome á curva de Baredo.

[180] Méndez Ferrín, X.L. "Na Volta dos Nove". *Faro de Vigo,* 14/10/2005. https://www.farodevigo.es/opinion/2005/10/14/na-volta-nove-18279095.html
[181] Caeiro, A. (2014). *A Volta dos Nove.* O Faiado Producción.

Imaxe 2. Generoso Valverde fotografado na Volta das Nove sinalando as cruces



Fonte: Méixome (2022), p. 335

As cruces marcadas, segundo a fonte oral, por primeira vez días despois do crime, apareceron e reapareceron durante décadas, ata que se cambiou o trazado da estrada nos anos oitenta. Na Imaxe 2, dos anos cincuenta, podemos ver a Generoso Valverde, fillo dunha das vítimas, fotografarse coas cruces mentres as sinala co dedo índice. As cruces, actuaron deste xeito como un punto de memoria sobre o acto violento mesmo, evitando que ese lugar se perdese, como aconteceu ao longo de todo o estado coas numerosas marcas que memorizaron os lugares das matanzas ou dos soterramentos. O que o investigador Daniel Palacios (2021, p. 196) deu en chamar "marcar o lugar" configurándose como unha acción protomonumental, ao producirse nese momento inmediato á represión. Téñense documentado cruces en árbores e pedras no chan, á beira das fosas comúns (Palacios, 2020, p. 195) pero ata o momento este sería o único caso coñecido no que as cruces se marcasen na propia terra.

Durante as longas décadas da ditadura, as autoridades franquistas tentaron descubrir quen as facía unha e outra vez, tanto que cando as inclemencias do tempo ou os propios golpistas as borraban, as cruces, ao pouco, volvían aparecer. Non lograron dar cos autores. Algúns rumores apuntaban a unha muller que alcumaron "María das Cruces", e á que tachaban de tola, outros ás mulleres leiteiras de Baredo que as riscaban cada mañá, camiño de Baiona, ou aos propios familiares das vítimas. Tamén había que mantiña que era un acto anónimo pero colectivo, e a responsabilidade coas cruces e o compromiso cos nove asasinados concerniu a todo a pobo (Méixome, 2022, p. 345).

O que resulta máis relevante deste caso, case paradigmático, é a conxunción de varios elementos que acabaron por *marcar* os crimes na memoria colectiva da comunidade. Non houbo negación posible ante a aparición entre misteriosa e mística das nove cruces, unhas cruces que denunciaban a inxustiza e as atrocidades cometidas, todo o cal gravou ben fondo, como as cruces na terra, a maldade do cabo Pena, a heroicidade dos fuxidos e a inocencia das nove vítimas. As nove cruces teimudas, aparecendo unha e outra vez, o novo topónimo, "a volta dos nove", e o relato que en murmurios a veciñanza mantivo vivo, visualizaba a memoria traumatizada da veciñanza, que tamén, en certo modo, era subversiva ao afastarse do discurso

oficial do réxime coa finalidade última de recriminar un crime que non se podía verbalizar en voz alta (Méixome, 2022, p. 343).

> A produción de mitos para renovar os universos simbólicos propios das comunidades rurais foi un dos mecanismos mediante os que a poboación converteu a memoria nun espazo de resistencia (Cabana, 2013b, p.99).

Todo o anterior converte ao acontecido na Volta dos Nove nunha acción de memoria. Porén, houbo moitos outros lugares de violencia onde "ninguén debuxou pequenas cruces, nin houbo lápidas con nome, nin se levaron flores nin nada perceptible" (Cabana, 2013b, p. 99). Pero tamén houbo moitos outros nos que de xeito similar ao acontecido na Volta dos Nove, a veciñanza, clandestinamente, case sempre con flores, levou a cabo accións da memoria, actos de resistencia.

2.1.1.No interior: a resistencia dunha dó inacabada[182]

Sidney Tarrow (2004) falaba de "transcricións ocultas" para referirse a todas aquelas accións colectivas clandestinas que manifestan unha disidencia de maneira discreta e que precisamente por ser deste xeito son máis dificilmente reprimidas que aquelas de tipo convencional ou disruptivo. Durante a ditadura podemos identificar numerosas mostras de transcricións ocultas que ao longo de todo o territorio e que dun modo máis ou menos aberto, dunha forma máis ou menos directa, aludían coa súa propia existencia á inxustiza cometida coas vítimas, ao tempo que amosaban disidencia co réxime franquista. A inxustiza fora a súa propia morte, pero tamén o tratamento que sufriran os cadáveres, mutilados, desaparecidos, arroxados a fosas comúns lonxe das súas familias, en definitiva sen posibilidade de ser velados. Ese agravio, reflexouse nos relatos orais durante a ditadura que expulsaban da comunidade aos perpetradores, pero tamén se fixo palpable nas mostras clandestinas de homenaxe, que levaban a cabo o velo prohibido. Estaríamos falando dun feito a medio camiño entre "a memoria tolleita", aquela que tralo acontecemento e como resultado do *shock* postraumático, da continua violencia exercida e buscando a protección familiar silencia os recordos, e aquela outra memoria denominada "memoria orgullosa". Unha memoria, esta última, que buscaría a rememoración aberta e continuada do acontecemento e que tería un compoñente reivindicativo como vítimas de dito suceso traumático (Cabana e Nogueira, 2014, p.16).

Así, aínda que no período franquista predominase esa memoria tolleita producíronse certas accións clandestinas nas que se poderían distinguir certos escintileos de memoria orgullosa, que pese a situación adversa, e mediante a lóxica das transcricións ocultas, reivindicaba a condición de vítimas do feito traumático, e que revelaba en si mesmo certa oposición ao discurso oficial do réxime, podendo identificalas tamén cunha "memoria subversiva". Así, estas mostras públicas de recordo dos asasinatos formarían parte á vez dunhas manifestacións que se poderían encadrar no que Ana Cabana (2006) deu en chamar "resistencia civil". Unha resistencia que iría moito máis alá da relacionada coas accións da guerrilla, e que incluiría todas aquelas actitudes e aptitudes da comunidade en relación coa obediencia ao réxime. Estas poderían ser de diversos tipos, como por exemplo a resistencia aberta, mediante motíns ou a negativa ao pago de taxas, ou a resistencia institucionalizada, canalizada a través dos estreitos marxes das institucións

[182] Son accións clandestinas de resistencia, que de xeito maioritariamente anónimo se espallaban, xa dende os anos 40 por diversos espazos ou lugares de violencia e que mudarán ao longo dos corenta anos de ditadura. É importante deixar claro que isto é un estudo preliminar, como antecedentes do fenómeno en estudo, polo que non tivo unha investigación propia, soamente se recompilou a través de fontes investigadoras.

franquistas. De especial relevancia para nós sería a denominada resistencia simbólica que, de xeito máis sibilino, evidenciaba esa disidencia nun réxime tan preocupado polo simbólico. Esta resistencia simbólica manifestaríase de diversas formas, por exemplo nos romances. Entre eles salientamos aqueles que divulgaban os feitos traumáticos coma "o romance do comandante Moreno"[183], ou mediante a transmisión oral, con relatos que a comunidade transmitiu nos que se sinalaba e rexeitaba aos perpetradores e heroificaba ás vítimas, como na Volta dos Nove.

Neste ámbito, no das transcricións ocultas, no da resistencia simbólica, incluiríamos tamén os ataques anónimos contra a propia simboloxía fascista, coma o que se realizou en 1942 no Monumento aos Caídos levantado en Pontevedra e que "mutilou as frechas que adornaban o monumento e roubou as cordas que suxeitaban as bandeiras", como recollía o xornal *El Pueblo Gallego* e publica o investigador Pepe Álvarez (2022, p. 426) . A persecución (infrutuosa) dos autores "escoria canallesca de maleantes y malnacidos" segundo o Gobernador e Xefe Provincial Francisco Rodríguez Acosta amosa a relevancia que tiñan para o réxime as mostras clandestinas de disidencia. Mención aparte merecen aquelas transcricións ocultas que, como na Volta dos Nove, se relacionan directamente cos lugares nos que se exerceu a violencia xenocida e que, por tanto, divulgan os feitos traumáticos nos anos nos que a negación constituía unha parte fundamental da construción e estabilidade do réxime fascista.

2.1.1.1.Flores e marcas nos lugares de violencia: as protohomenaxes clandestinas, as primeiras accións da memoria

As flores forman parte do dó dos seres humanos dende a antigüidade. Un último adeus que lle foi negado aos familiares das vítimas da violencia golpista e franquista. Primeiro porque facelos desaparecer implicaba que non houbese corpo nin tumba á que acudir. Así, tanto neste caso como nos que si se recuperaba o corpo, imposibilitábase o ritual público de dó, paso preciso para asumir a perda. O que constituía, en si mesmo, un castigo, un elemento máis do plan xenocida[184]. Aínda así, nesa prohibición tácita da ditadura, foron emerxendo accións clandestinas de memoria, que rachaban o impedimento do loito. Deste modo en lugares de violencia, tanto de morte como de enterramento, producíronse algunhas das accións clandestinas máis relevantes, moi relacionadas con ese dó incompleto e que continuarán como lugares de homenaxe durante a Transición. Como espazo temporal destas salientaríamos tanto o 1 de novembro, Día dos Defuntos, como as datas das execucións, de modo que se seguían as propias tradicións do rito católico que establecen os cabodanos e o 1 de novembro como días de recordo dos mortos.

Precisamente na conxunción destes dous elementos, o lugar de violencia e o 1 de novembro, xunto cun terceiro elemento, a resistencia e o compoñente reivindicativo, é dende onde debemos ler o acontecido en Pontevedra en 1944. Aconteceu nun dos lugares nos que se realizaron os fusilamentos tras consello de guerra, concretamente no dique de Monte Porreiro e nun dos espazos nos que se realizaban execucións extraxudiciais, na "Volta do Couto", a gabia da estrada de Ourense á altura de Tenorio (Cotobade). En ambas localizacións apareceron dúas coroas de flores, de similares características, ambas cunha mensaxe en branco sobre un crespón

[183] "O romance do comandante Romero", no concello de Fonsagrada, conta a historia deste comandante e homes ao seu cargo que tras volver da fronte de Asturias foron asasinados por un grupo de falanxistas. En Cabana (2006, p. 417).

[184] No libro anónimo *O que fixeron en Galicia. 1936* do que falaremos en apartados posteriores, crónica do acontecido en Galicia tralo golpe, sinálase como despois dos asasinatos era habitual que os gardas se apostasen nos cemiterios para que non se puidesen pór flores. (p.90)

negro que rezaba "Honor a nuestros mártires"[185]. Este feito foi investigado pola Guardia Civil e a Policía. Pola súa banda a xustiza militar abriu a causa 467/44 contra "autores desconocidos de un delito de propaganda subversiva". O único que se descubriu foi a florería onde se encargaron as coroas e detalles xenéricos do home que as recollera (Álvarez, 2022, pp. 426-427). Que este feito se considerara "propaganda subversiva" volve poñernos sobre a pista do compoñente de certa disidencia que tiñan este tipo de accións. Especialmente esta na que se incluía xa a consideración de "mártires" para os asasinados. Cuestión que non será casual, e vertebrará as accións da memoria no período de estudo.

> Para un réxime case obsesionado polo simbólico, a ruptura dos marcos simbólicos por el establecidos suporía unha agresión, un motivo de conflito, un eido de resistencia (Cabana, 2006, p. 412).

Esta acción, xunto coas cruces na Volta dos Nove, revélase ante nós como a primeira acción da memoria coñecida, producíndose a principios dos anos 40, tamén como unha das que máis abertamente estableceu o seu cariz reivindicativo, con esa alusión directa aos "mártires". Pero, como xa adiantabamos, existiron múltiples espazos nos que se desenvolveron actuacións semellantes, ou como demos en chamalas "protohomenaxes da memoria". Un primeiro paso preciso para o desenvolvemento de accións de memoria en épocas posteriores, que coas marcas ou as flores evitaban que o lugar "desaparecese" e que en si mesmas, máis alá dun acto de dó, constitúen un "acto político, de oposición activa dun corpo que recorda a unha orde social, política e económica instaurada a través da violencia" (Palacios, 2020, p.195) Cómpre deternos nun deses espazos en concreto, na fosa común do cemiterio de Sestás, no concello da Guarda, situándonos ante un lugar e ante unhas accións que van traspasar o contexto da ditadura e da clandestinidade. Alí, no muro exterior deste cemiterio, tivo lugar unha das accións memorialistas máis relevantes do período en estudo, que, á súa vez, non se poderá comprender sen fixarnos previamente no que aconteceu alí tralo golpe de estado e durante os anos da ditadura, cando as flores marcaron para sempre o recordo do crime cometido: o fusilamento e enterramento dun numeroso grupo de presos do achegado campo de concentración de Camposancos, á beira mesma do río Miño.

O desenvolvemento dunha complexa rede de campos de concentración, oficialmente dende 1937 e baixo a coordinación da Inspección de Campos de Concentración de Prisioneros conformou unha parte fundamental do plan de exterminio que se executou tralo golpe de estado de 1936. A súa análise resulta clave para a comprensión da violencia franquista como xenocida ao terse aplicado nestes campos todo un conxunto de prácticas vexatorias e deshumanizadoras, tendentes ao exterminio, ou físico, cos asasinatos, ou mediante a reeducación, que despoxaba ás persoas retidas da súa propia identidade co obxectivo final de moldealos nos valores da identidade nacional-católica. Así aconteceu tamén no impoñente edificio que noutrora fora colexio xesuíta, construído na desembocadura mesma do río Miño, no lugar de Camposancos, na Guarda, que xa dende os momentos posteriores ao golpe funcionou como lugar de reclusión para os veciños do concello[186], e que coa destrución da Fronte de Asturias pasou a converterse en campo de concentración, principalmente das persoas que se capturaban na costa cántabra. E é que a toma de Asturias e Cantabria, a finais do 37 marcou o inicio dunha fase nova na que os golpistas debían xestionar miles de prisioneiros, calculándose en algo máis de trescentos os campos levantados na zona controlada polos sublevados, entre eles este de Camposancos (Hernández, 2019, p.72; Rodríguez, 2008, p. 248). O campo situábase na comarca do Baixo Miño, o espazo galego no que máis tarde conseguiron impoñerse os golpistas. Ao facelo,

[185] No caso de Monte Porreiro baixo a coroa depositarase unha cruz de madeira.
[186] Este colexio actúa como prisión na primeira fase do proceso de construción do sistema penitenciario sublevado.

exerceuse contra os seus habitantes unha violencia masiva moi vinculada, como dicíamos, ao propio colexio xesuíta. Alí se retiveron ás primeiras persoas da vila en ser asasinadas aplicando a coñecida como "lista moura" e enterradas, tamén, no mesmo cemiterio de Sestás. Un dos veciños, Manuel Domínguez relatou o *shock* que produciron na comunidade estes primeiros asasinatos (Laruelo, 1999, p.78). Esta cuestión, pensamos, pode ser clave para comprender a estreita relación que estableceu a veciñanza coas persoas que chegaron nos seguintes anos ao campo de concentración. O acordo entre as mulleres da aldea para lavarlle a roupa, a entrega furtiva de comida ou a acollida nas súas casas das esposas ou familiares que acudían a visitalos foron conformando esa relación de axuda e solidariedade. Neste mesmo senso, tamén debeu constituír un trauma para a veciñanza os fusilamentos masivos que se desenvolvían no campo, coñecido como a "porta do inferno" ao instalarse nel o Tribunal Militar Nº1 de Asturias, do que se documentan un total de trinta e un consellos de guerra, con resultado de cento corenta e tres cadeas perpetuas e cento cincuenta e seis penas de morte executadas (Laruelo, 1999, p.175). Tras uns dos primeiros xuízos deste tribunal, no verán de 1938, executábanse as penas de morte fronte o muro do cemiterio de Sestás. E alí mesmo, a poucos quilómetros do campo, enterráronse os corpos.

O cemiterio e os seus redores, que dous anos antes foran lugar de violencia co fusilamento e soterramento das persoas da vila asasinadas, convertíase de novo en lugar de violencia. Esta vez de persoas que non eran membros da comunidade, maioritariamente de orixe asturiana, que se facían desaparecer a centos de quilómetros dos seus fogares e das súas familias. Cuestión esta última que non impediu que fose precisamente arredor delas e dos seus cadáveres onde se constituíra un dos espazo de memoria máis relevantes do país. Esta conversión da fosas de Sestás en lugar de memoria comezou xusto despois de ser lugar de violencia. No mesmo momento en que a propietaria da finca onde se situaba a fosa tomou a decisión de manter intacto o lugar.

> La dueña de la finca nunca volvió a sembrar en aquel lugar y lo conservó lo mejor que pudo, advirtiendo a sus herederos que deberían respetar aquellas tumbas. Las zarzas se apoderaron del terreno, pero siempre había alguien, a escondidas, que llevaba un ramo de flores[187].

Estas son palabras de Manuel Domínguez, un dos actores clave das accións da memoria que se levaron a cabo neste lugar durante a Transición, e coas que recordaba o coidado que tivera a propietaria da finca durante décadas[188]. Preservar a fosa ante o paso do tempo, posibles vendas ou edificacións, foi tamén un fenómeno habitual arredor das fosas comúns no territorio estatal, sinalando a modo de exemplo o valado que a veciñanza realizou arredor da fosa de Oviedo en 1967 (Palacios, 2021). Por outra banda, a testemuña de Manuel ponnos sobre a pista dun feito crucial, e que corroboran as fontes orais consultadas, naquela fosa cuberta de silveiras "sempre houbo flores"[189]. As flores en Sestás, lanzadas clandestinamente por membros da comunidade, convértese, pois, nunha nova protohomenaxe, transcrición oculta ou resistencia civil que, como vimos para outros casos, posiblemente fose perseguida como acto subversivo polas autoridades franquistas. Volver ás fosas era en si mesmo "un primeiro e subversivo momento de toma de conciencia en tanto que dominado, e de oposición consciente e explícita co corpo mesmo fronte ao Estado e ao seu monopolio da violencia" (Palacios, 2021. P. 196).

[187]Fernando Ramos (15 de agosto de 1986): "A Guarda, sella la Guerra Civil con un monumento a los asturianos fusilados". *La Voz de Galicia,* Vigo. p. 17.

[188] Na noticia fálase de Manuel Rodríguez, pero consideramos polos datos extraídos do conxunto da investigación, que se trata de Manuel Domínguez, un dos precursos das accións da memoria nesta fosa.

[189] Entrevista a José Antonio Uris Guisantes, realizada por Iria Morgade (A Guarda, 6 de febreiro de 2018).

Un xesto que, co paso dos anos, foi crecendo en intensidade ata converterse nunha reunión clandestina de homenaxe aos fusilados ao pé da fosa, entre as silveiras, despois de saltar o muro, á tardiña ou de madrugada, para evitar o arresto pola Guardia Civil ou a presenza de persoas que os puidesen delatar. Pois a violencia exercida dende o estado resulta unha constante das accións coñecidas ata este momento, como acontecía nas fosas comúns do Monte de Estepar (Burgos) onde as mulleres que ían visitar a fosa o Día de Todos os Santos debían sortear os piquetes da Guardia Civil. Ou o das Mulleres de Negro de La Barranca (La Rioja), a maior fosa común desta comunidade a onde chegaban fillas, nais e irmás cargadas de flores tendo que facer fronte á represión militar (Palacios, 2021, p.196-197). En todas estas accións volve aparecer a data do 1 de novembro, Día dos Defuntos.

Jose Antonio Uris Guisantes, boticario da vila da Guarda e un dos participantes nestas homenaxes clandestinas, recorda as accións que el sitúa arredor de 1974:

> Víñamos o 1 de novembro, o cemiterio antes tiña un muro, entón nos saltábamos o muro, para vir aquí (...) as silvas e os fentos eran así desta altura (...)Nos xuntábamos. E falabamos e algunhas veces íamos tomar un vaso de viño para seguir dándolle voltas en certos bares nos que sabíamos que podíamos falar"[190].

Tamén queda constancia destas homenaxes o 1 de novembro na crónica sobre a fosa en prensa publicada en 1984 na que se sinala:

> O 1 de Novembro, un ano máis, como cada xornada de Todos os Santos, os comunistas da Guarda, os nacionalistas, os republicanos, en suma os antifascistas lembran aos "asturianos[191].

Esta descrición dos participantes en canto a súa afiliación política vincula estas homenaxes co xerme da mobilización veciñal e política da vila, sendo relevante comprender a difusa fronteira entre o persoal e o militante que producía ese dó sobre as fosas comúns onde "ambos colectivos non poden diferenciarse claramente, sendo moitos familiares militantes ou véndose mutuamente recoñecidos no xogo de identificación recíproca como sometidos por unha orde ditatorial común a todos eles" (Palacios, 2020, p. 137). Esta inclusión ou vinculación das organizacións políticas nas accións da memoria seguirá a desenvolverse durante os anos da Transición como analizaremos nos seguintes capítulos. Pero ata aquí, o que sen dúbida consideramos relevante ter en conta para o caso de Sestás, é a ausencia de relación familiar entre os participantes nas accións e as persoas homenaxeadas, á vez que, pensamos, se puido ter desenvolto unha relación máis complexa co seu centro neurálxico nese lugar de violencia, onde foran asasinadas tanto as persoas da comunidade tralo golpe como, anos máis tarde, ese grupo de presos. Todo o cal nos induce a pensar que as flores sobre as silveiras, que as reunións de madrugada fronte ao paredón, van máis ala dunha homenaxe aos que estaban enterrados alí, configurándose como un lugar de homenaxe a *todos* os asasinados polos golpistas.

Debe salientarse o carácter único destas homenaxes en Sestás, primeiras que coñecemos en Galicia arredor das vítimas nun campo de concentración. Pola contra, a relación de solidariedade entre a veciñanza e as persoas presas non foi un fenómeno exclusivo deste campo. Podemos identificar outros efectos desta solidariedade, por exemplo no caso da antiga fábrica de salgadura de Rianxo. Aínda que as mostras colectivas de homenaxe no campo que se estableceu nesta fábrica entre 1937 e 1939 producíronse décadas despois, aquí tamén a axuda das veciñas, en concreto de Belarmina Ordóñez, acabou por desembocar nunha acción

[190] *Ibidem*.
[191] "Vaise adecentar o cemiterio civil", *A Nosa Terra*, nº 258, 22/11/1984.

reparatoria moi relevante: a exhumación do corpo dun dos presos. Ás agachadas, coa colaboración do párroco, Belarmina axudou ao irmán do preso Andrés de la Torre Fernández, ao que ela acompañara ata a morte, e que soterrara no cemiterio coa colaboración da familia de Rafael Dieste, na súa exhumación clandestina. Ocorreu nos anos 40, o irmán, de viaxe en Galicia, soamente quería levarlle os restos á súa nai, en Asturias. Conseguiuno grazas á colaboración desta veciña[192]. Exhumacións deste tipo, producíronse en numerosas fosas comúns ao longo de toda a xeografía, pero polo seu carácter clandestino, resulta a día de hoxe imposible aproximarse a un número, ou en todo caso queda fóra do cometido destas páxinas. Pero resulta relevante destacar un caso, o dunha exhumación, que se relaciona de xeito estreito con outro tipo de acción que emerxe nos dificultosos anos da ditadura: os funerais "incómodos".

2.1.1.2.Os funerais "incómodos": memorias que emerxen

José Comesaña Pérez, veciño do Alcabre (Vigo) era albanel e nese outubro de 1936 tiña vinte e cinco anos[193]. Xunto con dous irmáns e tres veciños máis foi asasinado na madrugada do día 6. Os seus corpos foron abandonados en diversos puntos do concello de Gondomar, en lugares públicos, á beira de camiños. Nese mesmo día, nun carro de bois, para ser vistos pola veciñanza, foron trasladados ao cemiterio de Mañufe onde grazas á negociación do mestre e presidente da comisión do cemiterio, Rogelio de la Grananja non foron soterrados nunha fosa común e se lle abriron seis fosas individuais. A negociación consistiu en quedarse cos zapatos dos finados[194]. Foi tamén grazas a Rogelio e á súa muller, Eva Bacelar, que as familias coñeceron o lugar do soterramento. Así o contaba un dos fillos de José, Telmo Comesaña:

> Este home señalou onde estaba cada quen e alí pois íamos todos os domingos e collíamos o tranvía de Baiona, que daquela había dende Vigo a Baiona e Gondomar, e íbamos estas catro familias...[195]

Durante anos as familias de cinco dos asasinados visitaban a fosa en Mañufe, onde Telmo lembra a un dos seus tíos, collido da súa man, derrubarse na entrada do cemiterio. El salvárase porque fuxira[196]. Os asasinados non o consideraran preciso, repetindo a frase "se nós non fixemos nada" que tantas vítimas pronunciaron antes de ser eliminadas. O pequeno Telmo, con aproximadamente cinco anos de idade, queda coa lembranza da familia que os axudou, tanto a saber onde estaban os corpos dos seus familiares, como uns anos despois, a exhumalos. Esta figura de colaboración e axuda materializouse noutros casos coñecidos como na fosa común de Murcia onde o sepultureiro axudou ás familias durante as décadas nas que os seus parentes estiveron soterrados alí (Serrano, 2016).

> Foi o noso valedor, foi o que deu as posibilidades de sacar os restos dalí, non sei no ano 43 creo que foi (…) aquela familia cando despois que se rescataron os restos e se trouxeron para Alcabre[197]

[192] Fajardo, M. "Belarmina, la enfermera del vestido rojo", *Faro de Vigo*, 21/10/2003.
[193] Base de datos "Nomes e Voces". http://vitimas.nomesevoces.net/gl/ficha/11625/.
[194] Información extraída da entrevista a Telmo Comesaña Pampillón (Vigo, 18 de maio de 2021) e completada con Méixome, C. (9 de outubro de 2017*) A volta da Matanza*. http://pedogalinheiro.blogspot.com/2017/10/a-volta-da-matanza.html
[195] Entrevista realizada a Telmo Comesaña por Iria Morgade (Vigo, 18 de maio de 2021).
[196] A súa muller fora torturada na súa ausencia, embaraza de oito meses.
[197] Entrevista realizada a Telmo Comesaña por Iria Morgade (Vigo, 18 de maio de 2021).

Esa exhumación, e en concreto a posterior inhumación no cemiterio de Alcabre, non foi clandestina ao modo do caso anterior, cando Belarmina e o irmán do asasinado desenterraron os restos e os esconderon entre as roupas. Neste caso, as autoridades coñeceron o traslado, exercendo unha presión manifestada na negativa a tocar as campás a defunto do cura da igrexa, e un detalle que recorda ben Telmo, un rapaz daquela:

> Recordo tamén que na igrexa, no cemiterio de Alcabre, na igrexa, alí estaba a Guardia Civil e o que non permitiu foi que a xente chorara fóra, coa culata dos fusís foinos apartando para dentro da igrexa[198].

A imaxe das forzas da orde oprimindo coas armas aos asistentes repítese nas lembranzas doutra testemuña, noutro enterro, arredor de vinte anos despois en Compostela. Desta volta a condución do cadáver foi arroupada por unha multitude nunca antes vista na cidade nas décadas de vida do réxime. Estamos a falar do enterro civil ao compostelán José Pasín Romero en xullo de 1960. Tralo golpe de estado, José Pasín salvouse da morte cunha fuxida que durou tres anos polas aldeas dos arredores grazas á esa solidariedade da veciñanza á que aludiamos, mentres dous dos seus fillos foron asasinados en setembro e decembro de 1936. Obreirista, sindicalista, e edil no Concello de Compostela José Pasín era considerado unha autoridade moral. O seu enterro converteuse nunha grande manifestación, marcada polo recordo a un republicano e sindicalista, e polo carácter laico do enterro. Todo o cal fai que consideremos esta acción un acto de memoria en si mesmo. E que como calquera outra acción da memoria sería considerada como potencialmente subversiva polo réxime. Cuestión que se exemplifica de diversas formas. Primeiramente nesas metralletas que apuntaban mentres se desfilaba co cadaleito, como describe Luís Pasín:

> No día do seu enterro quen o saca é un anarquista, que era discípulo seu naqueles anos, que era Fandiño Ricart, estaban os de Negueira, estaban os Caamaño e está Julio, o médico. Entonces na salida estaba a Brigadilla, estaba a policía coas metralletas, venga venga! Sacarlo xa rapidamente e metelo no coche[199].

Esta lectura subversiva do acto pode verse tamén nos intentos das autoridades compostelás por evitar a natureza que finalmente tivo o enterro. Neste senso e co fin de cumprir as últimas vontades do pai, a familia botou un pulso ao réxime en varios sensos. Primeiramente para que fose enterrado xunto aos seus fillos fusilados no 36, no cemiterio de Boisaca, cuestión que non foi permitida, en segundo lugar para lograr que o enterro fose civil, chegando a iniciar os trámites para enterralo no cemiterio coruñés de San Amaro, e coa presión e insistencia en Compostela de ser enterrado "con todos os honores" e seguindo o rito católico. Tales foron esas presións que o propio fillo de José, Luís Pasín Noya, foi retido na comisaría coa fin de que cambiasen de parecer. Finalmente, ante a insistencia da familia, e tendo en conta ese carácter de autoridade moral de José Pasín, o enterro foi permitido, levándose a cabo no cemiterio de Bonaval, pechado naquel momento e no que se enterraban previamente a persoas protestantes.

> A resposta aquel día, que era un lunes, foi por parte do pueblo de Santiago... con dicirche que daquela non había moitos coches, pero desde a Espiñeira e chegabas ao hotel Compostela e seguían desfilando os coches. A manifestación foi impresionante (...) E abriuse o cementerio, e todo o mundo se enterou empezou a pensar, pero que é isto dun enterro civil, isto é imposible non? Sobre todo as novas xeracións ... sonaba a chino(...) aquilo foi un desfile

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

198 *Ibidem*

199 Entrevista a Luís Pasín Liñares realizada por Antonio Míguez, nº 2192. Arquivo Nomes e Voces.

> impresionante á tumba do meu avó (...) A manifestación foi impresionante, cerraron talleres, parte do comercio... era unha persoa moi querida."[200]

Esta descrición, de acto multitudinario que realiza o neto, Luís Pasín Liñares, que como veremos foi unha persoa fundamental para comprender as accións da memoria en Compostela durante a Transición, tamén se relata de maneira sucinta na nova en prensa do día seguinte. Unha crónica relevante en todo caso, tendo en conta que non fora permitida a publicación da nota necrolóxica da súa morte (si na cidade da Coruña, segundo narra Luís Pasín).

> La conducción del cadáver al cementerio de Santo Domingo en la tarde del pasado lunes, ha puesto de manifiesto el gran número de amistades con que contaba el finado[201].

Un eufemismo, o dese gran número de amizades, que como vemos garda unha verdade sensiblemente diferente. En definitiva, tratouse dun acto que traía ao presente o pasado da violencia exercida contra José Pasín e a súa familia tralo golpe de estado de 1936.

Imaxe 3. Luís Pasín Noya e Luís Pasín Liñares xunto a tumba de José Pasín Romero, Bonaval, 1961



Fonte: Estévez (2021). Cuberta.


En definitiva, poderiamos dicir que o recordo desa violencia durante a ditadura foi transferido (de xeito limitado e con diferenzas segundo a década á que nos refiramos) nas testemuñas duns e doutros, nos silencios e nas resistencias, nos relatos colectivos ou nas conversas que se producían nas comunidades arredor das fosas cando "os familiares podían compartir o loito e expresar recordos inaudibles no espazo público"(Serrano, 2016, p.155). Isto conformaría o que demos en chamar "a socialización do ocorrido" que se produciría por tanto, en espazos culturais e sociais. Por exemplo, nas conversas propiciadas en ambientes xerados en conferencias como a que relatabamos de Otero Pedrayo, onde se reunían descendentes de asasinados, entre eles Isaac Díaz Pardo, ou tamén noutros espazos aínda

USC

[200] *Ibidem*
[201] "Necrología", *La Voz de Galicia*, 13/07/1960, p. 2.

máis íntimos, coma o caso da cea en Baiona de Méndez Ferrín no que acabaron descubrindo a verdade sobre a Volta dos nove.

Gráfico 22. As accións da memoria clandestinas: resistencia simbólica no contexto do postexterminio



Fonte: elaboración propia.

Este coñecemento, esta "socialización" ou en resumidas contas, esta divulgación do violencia xenocida amosouse tamén nos libros que se publicaron no exilio e que de xeito clandestino chegaron ao interior. Tanto é así que foron varias as fontes orais que nos relataron a relevancia que tivo para eles, mozos daquela, a chegada ás súas mans de libros censurados no Estado español, coñecendo así por primeira vez o acontecido tralo golpe de estado do 36. De novo, doutra volta, o exilio, volve aparecer como motor fundamental para comprender as accións da memoria, abordaremos a continuación esta cuestión, non sen antes atender a unha breve sistematización da tipoloxía de accións de memoria clandestinas que identificamos no interior durante os anos da ditadura (Gráfico 22).

2.1.2.No exterior: a memoria traumática no exilio e a construción do mártir[202]

Falamos xa de funerais incómodos, dos recordos traumáticos que se poderían ter compartido neles, considerándoos como un tipo de acción de memoria na clandestinidade. Anticipamos tamén a relevancia que os libros procedentes do exilio podían ter como fontes dunha información negada dentro de Galicia. E será na confluencia destes dous elementos, funerais e libros, onde destaque un feito que nos vai conectar directamente co que aconteceu no exilio a partir do mesmo ano 36 e que a modo de búmerang volveu a Galicia, e se desenvolveu

[202] Para o concepto exiliado seguimos a definición do historiador X. M. Núñez Seixas (2006) que sinala "o exiliado non pode voltar, e nun comezo non te máis remedio que saír. A permanecnia implica un risco inminente para a súa integridade física, e mais para a da súa familia. E a razón dese risco é fundamentalmente a súa actividade pública directa ou indirectamente comprometida, no eido político, sindical, cultural ou profesional, con principios diametralmente opostos ao do réxime ou bando imperante no seu lugar de orixe" (p.15). Concepción que a diferenciaría do refuxiado, quen tras uns primeiros meses de fuxida, podería volver ao estado do que escapou.

principalmente a partir dos anos 70. Referímonos ao enterro de Ramón Beade Méndez. Un funeral incómodo, que se produciu en xullo de 1956 na vila de Betanzos.

Pasaran xa vinte anos dende aqueloutro xullo no que o golpe de estado cambiara a vida de moitos dos asistentes ao funeral. Entre elas a do propio finado, Ramón Beade, natural da parroquia de Tiobre (Betanzos, A Coruña), e que ata o 36 mobilizarase en diversas frontes sindicais e políticas[203]. A partir daquel verán a súa vida cambiou drasticamente ao converterse durante os seguintes once anos nun fuxido. Faleceu cando levaba menos dunha década en liberdade vixiada trala amnistía de 1947, arrastrando aínda secuelas da súa longa fuxida. Ao seu enterro acudiron persoas de diversos puntos da Mariña, posiblemente moitos dos veciños e veciñas que o axudaran mentres estivera escondido, converténdose nunha "grande manifestación cívica" (Torres, 2006, p. 275). Días máis tarde a familia intentou poñer na lápida a súa traxectoria política como deputado nas Cortes do Estado e rexedor da vila. Para evitalo o alcalde, Tomás Dapena, ameazou, pistola en man, ao fillo deste, Manuel Beade Dopico[204]. O que amosa o seu carácter de funeral incómodo para as autoridades ao tratarse dunha persoa sobre a que se executou unha violencia constante durante os derradeiros vinte anos da súa vida Un violencia que continuou no seu propio lugar de enterramento.

Ademais de atender a este caso, por tratarse dun deses "funerais incómodos" que durante a ditadura expresaron certo disentimento, o interese no mesmo radica noutra razón fundamental: o pequeno libriño de vinte catro páxinas que Ramón terminara de escribir un ano antes da súa morte, en xullo de 1955. Nel denunciaba a violencia que exerceran os golpistas sobre os seus conveciños. Distribuíuse por Betanzos nos anos 60 na máis estrita clandestinidade. Parece ser que os primeiros exemplares foran interceptados pola Guardia Civil polo que debía terse moito coidado á hora de posuír algún. Así o fixo o militante comunista Ricardo García Gondell, quen durante décadas mantivo o seu escondido entre as tellas do seu faiado, segundo lle contou ao investigador betanceiro Xesús Torres Alonso (2004, p.347).

Imaxe 4. Andrés Beade no banquete social do Centro Betanzos, 1961




Fonte: (Torres, 2004).
Nota: Beade o segundo pola dereita.

[203] Por exemplo na Federación Agraria do Partido xudicial de Betanzos, da que fora presidente, ou como concelleiro, deputado a Cortes e tamén alcalde deste concello polo Partido Socialista.
[204] En prólogo á reedición: Xesús Alonso Montero, p. 11 e Victor Santidrián, p.19: Betanzos hornra a sus mártires. Edición facsimilar.

No libro, en realidade, non atoparemos rastro algún do nome do autor. O enderezo que figura na contracapa é o de Andrés Beade Dopico, fillo de Ramón e emigrante na Arxentina dende 1953 (Torres, 2004; 2006)[205]. Así mesmo, a introdución está asinada pola Comisión en la Argentina de Homenaje a los mártires de Betanzos y su distrito, e datada o 20 de xullo de 1958 en Bos Aires[206]. Precisamente o título da publicación será *Betanzos honra a sus mártires. Comité de Homenaje a los mártires de Betanzos y su distrito. Julio de 1955. Betanzos, La Coruña, España*. Todo o cal nos sitúa fronte a un fenómeno clave neste estudo: a participación das sociedades de emigrados e dos exiliados nas primeiras accións da memoria traumática públicas que, precisamente por iso, soamente se podían desenvolver fóra do Estado español.

Imaxe 5. Cuberta do libriño de Beade. Edición facsímile, 2001



Tradicionalmente a historiografía española ten invisibilizado o fenómeno do exilio galego. Así, mentres se estudou e conceptualizou a existencia dun exilio vasco e catalán de seu, que se manifestou a través da creación de colectivos propios cun forte arraigo no continente europeo, principalmente en Francia, pero tamén en México, o exilio galego mantívose no esquecemento dos estudosos. O historiador Xosé M. Núñez Seixas (2011, pp. 91-92) identifica certos factores relevantes para comprender esta desatención do fenómeno e que a súa vez son trazos distintivos do mesmo. Por un lado o baixo número de exiliados galegos en proporción cos procedentes doutros territorios e, sobre todo, o baixo número en comparación co alto número de emigrados de orixe galega. Ao isto sumaríase a súa escasa tendencia a crear organizacións propias, que polo tanto os poderían facer visibles como colectivo exiliado. Aínda que como veremos, a excepción a isto a atoparemos nos exiliados galeguistas que si conformaron institucións propias

[205] Hai que comprender a relevancia do fillo de Ramón, Andrés Beade na colectividade betanceira en Bos Aires, colaborando na revista Betanzos, formando parte da directiva da sociedade de emigrados "Centro Betanzos" no que se agruparon trala guerra civil as diversas sociedades brigantinas que convivían en Arxentina. Precisamente será o representante desta ante a Federación de Sociedades Gallegas na que ingresa en 1962 (Torres, 2004).

[206] Torres (2004; 2006) sostén que foi o fillo quen impulsou a súa publicación e que precisamente é el a única testemuña de que o libro o escribiu el. Pódese ler na obra "Los gallegos en la Argentina" de Alberto Vilanova no que indica que o libriño "se debe a los entonces directivos Srs. Angel García Golpe y Andrés Beade".

(coa creación do Consello de Galiza en 1944, entre outras)[207]. Máis si que é certo que a tendencia maioritaria, e da que tamén tomaron parte os galeguistas, foi á participación e integración nas sociedades de emigrados que xa existían previamente ao golpe de estado do 36[208]. Deste modo, podemos falar dun fenómeno existente, o do exilio galego, que actuou dun xeito diferencial e que resulta de especial interese para o noso obxecto de estudo. Posto que sen atender á participación deste colectivo nas sociedades de emigrados, sería imposible comprender á existencia das accións colectivas da memoria que no seu seo se desenvolveron dende o mesmo ano 1941.

En Galicia, como xa sinalamos, non houbo guerra, soamente unha brutal violencia exercida sobre a poboación que provocou un éxodo en diferentes tempos[209]. Este éxodo, non se produciu cara Francia, a diferenza do que si fixo a poboación do resto do estado, senón que se dirixiu principalmente ao outro lado do Océano, servíndose das redes migratorias que levaban funcionando décadas, nos que tanto o papel das redes microsociais de carácter privado como as colectividades organizadas tiveron un papel central. Neste senso poden identificarse diversos modelos de interacción entre a colectividade de inmigrantes e o colectivo exiliados. Entre eles interésanos aquel que conforman Uruguai, EEUU e Arxentina, países onde xa existía un mesto tecido asociativo previo no que os simpatizantes coa causa republicana desempeñaban un claro papel director. Todo o cal os converteu no centro político do exilio galego (Núñez Seixas, 2011, p. 100). Foi en concreto Arxentina, e a súa capital Bos Aires, o espazo fundamental do noso estudo ao terse producido alí as principais iniciativas de memoria que se coñecen ata este momento[210]. Entre elas, as desenvolvidas polo Centro Betanzos[211].

O fillo de Ramón Beade era un membro destacado desta asociación, que en 1958 constituíu a Comisión de Homenaje a los Mártires de Betanzos. Esta comisión, ademais de, como xa sinalabamos, asinar o libriño de Beade publicado nese 1958, tamén foi a encargada de executar o que foi a obra imperecedoira máis relevante de dita comisión: a colocación dunha placa de homenaxe en 1959 na sede social do Centro Betanzos.

Aínda así con anterioridade, tres anos antes, o 24 de agosto de 1956, case á vez que se enterraba o corpo de Ramón Beade en Betanzos, a asociación organizou a *Omenaxe aos mártires betanceiros asesiñados pola tiranía franquista*. No acto interpretarase o himno galego, dixera unhas verbas preliminares o presidente, José Luís Faricha, e pechara o acto Ramón

[207] Tamén en menor medida os comunistas (Alianza Nazonal Galega, Bloque Repubricán Nazonal Galego, Frente Libertador Gallego) e anarquistas (Agrupación de Libertarios Gallegos) (Núñez, 2006, p.32)

[208] Cuestión por tanto moi diferente ao que acontece, por exemplo, cos exiliados cataláns en Francia, e que desembocará en asociacións de memoria creadas nos anos 60 no exilio e que influirán, tamén de xeito decisivo, na conformación dun amplo asociacionismo catalán da memoria nos anos da Transición. Queda pendente analizar como este feito puido influír na diferente tendencia entre o acontecido en Catalunya e en Galicia.

[209] Para atender ás características detalladas do exilio galego ver Núñez Seixas (2006).

[210] Ademais teríamos outros tres modelos, aquel non que non existía comunidade enterior (Venezuela ou Francia), aqueloutro no que a colectividade galega estaba xa organizada dende a década dos vinte pero as elites dirixentes de signo progresista eran máis febles que as conservadoras, por exemplo Cuba. E por outra banda o modelo que conformarían México, Brasil e Chile no que o grao de organización societaria da colectividade galega era baixo pero o perfil social dos inmigrantes era alto, polo que van predominar os exiliados con institucións propias(Núñez Seixas, 2011,p.100).

[211] Asociación nada trala fusión en 1944 das sociedade de emigrados Hijos de Betanzos (1905) e de o Centro Social Betanzos (1930). O Centro Betanzos, tentaba aglutinar xa no só a emigrantes deste concello senón que tentaba expandir a súa influencia a diversas zonas das comarcas lindeiras así como impulsaba dende os anos 40 a creación dun Centro Coruñés nese esforzo xeral por tentar fusionar as sociedades en centros provinciais(Torres, 2004; Ganza, 2011). O Centro Betanzos realizou unha actividade comprometida coa democracia republicana e co galeguismo, neste senso fan presidente de honra a Castelao en 1948.

Suárez Picallo[212] recordando aos que foran "Seus Compañeiros de loita e de espranza" (Torres, 2004, p. 349-350)[213].

Imaxe 6. Placa aos mártires de Betanzos



Fonte: fotografía realizada por Dionísio Pereira. Na sede do Centro Cultural de Betanzos (Bos Aires, abril 2023).

Como se pode ver na Imaxe 6 a placa consta dun listado das vítimas betanceiras enmarcada polo escudo da II República, baixo o lema "Betanzos honra a sus mártires caídos en defensa de la República. 1936-1959".[214] No acto de inauguración o ex Comandante de Estado Mayor del Ejército Republicano Español" José López Gento, emitiu un discurso do que debemos salientar o que será un elemento fundamental nas accións de memoria no exilio: a identificación das vítimas da violencia xenocida cos "mártires":

> A semejanza de Guernica y otras ciudades heroicas, Betanzos puede mostrar a las generaciones futuras el sacrificio de sus treinta y tres mártires, que fueron sañudamente eliminados por el delito de amar intensamente la libertad y la dignidad de su pueblo (…) todos los que en esta placa de bronce perpetúan sus gloriosos nombres, serán faro luminoso y ejemplo inolvidable que servirá a los

[212] Deputado galego e membro do Consello de Galiza e delegado de Chile ao primeiro Congreso da Emigración Galega.
[213] Posiblemente esta fora a homenaxe á que se refire Ramón Beade no seu libriño cando di"la noticia de que el "Centro de Betanzos" de Buenos Aires proyecta celebrar en el próximo agosto, un solemne acto de homenaje en memoria de los mártires brigantinos, inmolados por la barbarie falangista, viene a reparar una injusticia" (p.5). Santidrián na mesma edición facsímil considera que a publicación do libro de Beade ata 1958 debeuse á paralización da sociedade por problemas internos ata 1958 (p.14)
[214] En Betanzos dispónse dunha réplica. Información recompilada grazas a Manuel Pazos Gómez.

> betanceros para conquistar definitivamente la libertad de su pueblo y la felicidad de sus hermanos[215].

Por outra banda José López Gento achéganos ao que é tamén obxectivo da cerimonia: un acto de reparación e xustiza, coa idea de que no futuro se puidera desenvolver en Galicia:

> Este acto, lleno de emocionado sentido de reparación y justicia, es un claro anticipo de lo que habrá de suceder pronto en Betanzos. En la plaza principal de la antigua Brigantium se alzará, majestuoso y monumental, el mausoleo que recogerá las cenizas de estos y de otros mártires del ideal, orgullo de nuestra tierra y ejemplo que todos reverenciamos (Betanzos, nº57, p. 25)[216].

Un ano despois, en agosto de 1960, celebrouse outro acto "de homenaxe aos mártires de Betanzos" na sede do Centro Betanzos no que o Doutor Vilanova pronunciaba unha conferencia. Identificamos ao doutor con Alberto Vilanova Rodríguez erudito e intelectual ourensán tamén arrestado tralo golpe e que en 1954 viaxara a Arxentina onde permaneceu durante tres décadas[217]. Na súa vida neste país ademais de seguir a desenvolver unha importante labor intelectual e cultural estivo moi apegado ás sociedades de emigrados e aos círculos do exilio galego. Neste contexto tiña lugar a súa conferencia, onde puxo en relación a placa ao betanceiro e participante na revolución de 1846, Antolín Faraldo[218], situada tamén no vestíbulo do centro, e aquela na que se "incriben los nombres de decenas de betanceros fusilados desde 1936", considerando ambas "testimonio vivo de dos épocas históricas de las luchas del pueblo britangino, de la ciudadanía gallega en defensa de las libertades democráticas de un pueblo que apenas tuvo tiempo de conocerlas en miles de años de su existencia" [219].

Nestas palabras volve reflexarse a relevancia da figura do mártir para identificar aos asasinados a partir de 1936, así, Vilanova sinalaba "el que entierra mártires, siembra ideales, o como diría Castelao "NON ENTERRAN CADAVRES, ENTERRAN SEMENTE"[220] . Con esta frase referíase a unha das estampas presentes no álbum de guerra *Galicia Mártir* na que varios homes arrastran cadáveres cara unha fosa. Esta mesma estampa estaba presente na cuberta do libriño de Ramón Beade (Imaxe 5).

A conexión entre o álbum de guerra de Castelao, publicado un ano despois do golpe de estado, e estas homenaxes, datadas entre finais dos anos cincuenta e principios dos sesenta, resulta fundamental para comprender o fenómeno das accións da memoria traumática que nacen no exilio galego e que influíron nas accións de memoria que se desenvolveron en Galicia nos anos setenta e oitenta.

Ata aquí referímonos as accións da memoria que o Centro Betanzos realizou nos anos cincuenta e sesenta, pero resulta moi probable que esta organización comezase a realizar homenaxes con anterioridade. Deste modo coñecemos a súa actividade previa, promocionando

---

[215] "Homenaje a nuestros mártires", Revista *Betanzos*, nº57, 1960, p. 25.
[216] Tamén se fala dese "Mausoleo brigantino" na presentación do libriño de Beade asinado pola "Comisión de homenaje en Argentina a los mártires de Betanzos y su distrito", p. 4. Datado o 20 de xullo de 1958.
[217] Alberto Vilanova (1910-1985), ourensán, gran erudito, ensaísta e profesor de Historia, gaña o Premio Nacional de Historia en 1936. Tralo golpe de estado é arrestado no mosteiro de Oseira. Finalmente sobrevive en Galicia como profesor de escolas privadas participando na pouca vida cultural que quedaba. A través da realización de diversos estudos e serlle concedidos tamén diversos premios inicia relación coas sociedades ourensás e galegas de Arxentina, a onde viaxa finalmente no 54. http://www.albertovilanova.com/Hablan/cita/104/ACOLEITIVIDADEGALEGAHOMAXEOUDOUTORALBERTOVILANOVA1967
[218] Condenado en rebeldía por participar na revolución, exiliado en Portugal, finalmente pérdeselle a pista tras conseguir amnistía, ata a súa morte en Granada (1822-1853).
[219] "Ecos sociales. Homenaje a los mártires". Revista *Betanzos,* 1960, nº57, pp. 30-31.
[220] *Íbidem.*

e participando de diversas iniciativas en prol da unidade e en defensa da democracia fronte ao réxime franquista. Entres estas iniciativas destaca a Federación de Sociedades Gallegas e a Comisión Intersocietaria das Sociedades Galegas ambas cun papel determinante nas accións da memoria.

A actividade destas dúas organizacións foi o resultado dun proceso de interacción entre os inmigrantes galegos e os exiliados que foron chegando a Bos Aires nas décadas posteriores ao golpe (Torres, 2004, p.360; Ganza, 2011, p.12). E é que as elites dirixentes dos inmigrantes tenderon a posuír unha orientación política comprometida, o que produciu unha intensa colaboración, non exenta de tensións, entre emigrados e exiliados[221]. Así, coa súa chegada ten lugar un proceso de reorganización e reartellamento societario da colectividade inmigrante baseado na concentración das asociacións micro, que tradicionalmente dominaran o tecido societario. Isto ocorreu principalmente en dous sentidos, por unha banda na converxencia cara esta Federación de Sociedades Gallegas (FSG) (maioritariamente apoiada por comunistas e socialistas, pero na que tamén participaron os galeguistas) e por outra banda, na fusión de microsociedades a través da creación de centros provinciais, esforzos maioritariamente dos exiliados de tendencia galeguista[222] (Núñez Seixas, 2011, pp. 101-102). Neste proceso situamos a ese Centro Betanzos, que xoga principalmente nos pulos por integrar sociedades de tipo micro no seu seo seguindo a estratexia galeguista pero que tamén se relaciona estreitamente coa FSG, á que se une nos anos 60[223].

Ademais deste complexo proceso de integración de inmigrantes e exiliados, en paralelo, se desenvolveu unha estratexia capitaneada polos exiliados galeguistas: a constitución de institucións propias co obxectivo de preservar certa especificidade[224]. Entre estas destacan o Consello de Galiza, a Irmandade Galega e tamén a Comisión Intersocietaria anteriormente citada. Nesta última, como diciamos, participaba tanto o Centro Betanzos, como a propia Federación (FSG), o cal exemplifica ese proceso complexo e multidireccional que compoñen as relacións entre inmigrantes e exiliados das diferentes correntes ideolóxicas[225]. Situámonos así no contexto onde emerxeron as primeiras homenaxes aos asasinados, así como unha figura simbólica fundamental para comprender estas accións da memoria traumática: o mártir.

---

[221] Para atender con detalle ás tensión, conflitos e dinámicas de colaboración entre inmigrantes e exiliados en Arxentina, ver Núñez Seixas (2011).

[222] Creación do Centro Ourensán (1941), Centro Pontevedrés (1942), Centro Lucense (1942) e Centro Coruñes (1950). Considerábanse pasos intermedios para a constitución dunha grande entidade galega (en eidos político e cultural, e que o Centro Galego quedase so para o mutualismo). Esta estratexia de agrupamento "puxo a mal os sectores galeguistas agrupados arredor da Irmandade Galega e do Consello de Galiza cos dirixentes esquerdistas e republicanos da FSG e mesmo con galeguistas porteños como Eduardo Blanco Amor (Núñez Seixas, 2011, pp.102).

[223] Tamén leva a cabo unha intensa relación con outras entidades galegas o que o levará a organizar eventos conxuntos, cuestión que por outra banda será moi habitual na interrelación das múltiples sociedades galegas que convivían na capital arxentina (Ganza 2011, p.13).

[224] En canto ás tensión entre inmigrantes e exiliados, así como entre as diversas sociedades, a modo de exemplo poderíamos atender á posición de Eduardo Blanco Amor, dirixente destacado do FSG, emigrante antes do golpe, e de difícil encadre ideolóxico, que defendía que as liñas xerais da política galega fosen deseñados polas elites da colectividade inmigrante e non polos exiliados "bos exiliados eran só aqueles, como Luís Seoane, Arturo Cuadrado ou Manuel García Gerpe, que na súa opinión non traian con eles as regueifas do desterro, senón que "se han acercado a las masas emigradas para pedir un puesto de atención y de cordialidad en sus filas" (Núñez, 2011, p. 103-104). Tamén mantiña unha posición crítica cos galeguistas por inmiscírense nas eleccións da FSG e provocar enfrontamentos, xunto coa competencia aberta que realizaban ao FSG mediante a creación dos centros provinciais (Núñez, 2011, p. 106).

[225] "Tratábase ao noso entender dunha simbiose constante entre emigrantes e exiliados, con ritmos cambiantes, na que os exiliados adoptaron hábitos dos emigrantes, e os emigrantes adoptáronos" pola súa vez, dos exiliados. Seguía ademais habendo galeguistas que, quer por teren unha sensibilidade política de esquerda, quer por fidelidade cara á FSG, seguiron vencellados a esta última organización e non de maneira preferente ao Consello de Galiza" (Núñez Seixas, 2011, p. 115).

2.1.2.1.O mártir pola liberdade

> Campesinos, marineros, esclavos,
> Han asesinado la esperanza de vuestra liberación.
> El era el virtuoso, el entregado,
> El dirigente, el organizador,
> El era el cálido manejador de números,
> El que os daba la conciencia económica de vuestra
> [opresión.
> Los montes y el mar traerán la saudade de las cifras
> [de vuestra esclavitud.
> Escuchad, oíd los tiros, camaradas,
> Que han roto una bella vida nuestra en esperanza.
> Crispad, levantad vuestros puños que la derrota hizo
> [impotentes
> Para que en venganza un día caigan como mazos.
> Por otras tierras de España se abre una generosa nueva
> vida.
> Mujeres, hombres, niños, campesinos, marineros,
> Todos de Galicia, todos hermanos,
> Escuchad los tiros, que en un patio, camaradas,
> [lo han muerto[226].

Este versos do poema titulado *A Alejandro Bóveda, fusilado* foron escritos por Luís Seoane baixo o pseudónimo de Comrado Alen. Bóveda e Seoane compartiran militancia no Partido Galeguista, participando tamén na campaña en prol do estatuto de autonomía referendado poucas semanas antes do golpe de estado. Alexandre Bóveda cun papel protagonista na súa redacción, foi fusilado, como xa dixemos, o 17 de agosto no monte da Caeira en Poio (Pontevedra). Luís Seoane logrou esconderse e fuxiu a través de Lisboa cara Bos Aires en setembro dese ano 36. Pode que comezase a escribir o poema ao que pertencen as estrofas anteriores durante o seu tempo como fuxido, ou pode que o fixese xa a miles de quilómetros de distancia, onde se publicou por primeira vez, precisamente no órgano de difusión da FSG[227]. Foi alí, alén mar e no marco destes colectivos, onde a figura de Bóveda configurouse como o do mártir ou protomártir da loita polas liberdades.

A primeira mostra desta configuración paradoxalmente deixouna en papel o propio Alexandre Bóveda na carta que escribiu ao seu irmán a noite do seu fusilamento.

> Eu morro tranquilo; confío en que serei recibido onde todos queremos xuntarnos e fágoo con ledicia e confiando en Deus iste sacrificio. Quixen facer ben, traballei por Pontevedra, por Galicia e pola República, e o trabucado xuízo dos homes (que eu perdoo e todos debemos perdoar) condéname[228].

Nestas palabras podemos detectar o comportamento prototípico dun mártir, que asume a seu sacrificio, e como xa fixera Xesucristo, e como correspondería a unha persoa devota como o era Alexandre Bóveda, perdoa aos seus verdugos[229]. Por outra banda, o poema de Luís

[226] Conrado, A. (1996). A Alejandro Bóveda, Fusilado. En Alonso, X. (ed.). *Coroa poética para un mártir*,(pp.13-14). Edicións Xerais.
[227] Xesús Alonso Montero (1996) sinala que o poema se publicou por primeira vez en *Galicia,* o órgano da Federación de Sociedades Gallegas de Buenos Aires, (nº 429, 20 de decembro de 1936) (p.87)
[228] Extracto da carta de despedida de Alexandre Bóveda. 17 de agosto de 1936.
[229] Ao igual que na súa intervención no Consello de Guerra.

Seoane, contén grandes similitudes coa anunciación da morte de Xesucristo ("el virtuoso, el entregado, el dirixente..."), entendendo o que fixo por Galicia, e a súa morte, como un sacrificio que debería levar á acción aos demais: "levantad vuestros puños que la derrota hizo impotentes". Esta equiparación continúa en diversas composicións datadas a finais dos anos 30 e na década dos 40 no exilio latinoamericano[230]. Neste senso, resaltamos os seguintes versos seleccionados do poema de Antón Zapata García no que Compostela é Xerusalén*:*

> Asesiñados todos no CAMIÑO
> da REDENZÓN das LUCES REDIVIDAS,
> dos sagros baluartes
> da Sancta COMPOSTELA
> ¡Nova XERASUAM tremente en palmas.

E no que Bóveda identifícase de xeito directo con Xesucristo:

> Ti fóste-lo Moisés que abreu as fontes
> das riquezas da Nosa Nai Galega (...)
> ¡Ti fostes, bó Lexandro, o Xesucristo
> diante o Abrente das luces do Dereito
> ensinando os Camiños da Verdade (...) mais, como Xesucristo,
> no tirste camposanto...
> ¡¡terá Rexurimento!!...
> ¡¡Santo!!...¡¡Santo!...¡¡¡Santo!!!...[231]

A "martirización" de Bóveda conformouse en paralelo a un proceso moito máis amplo, no que o conxunto das vítimas da violencia golpista e xenocida vanse considerar "mártires" que morreron pola liberdade e a democracia. Así, xa en abril de 1937 a publicación de refuxiados galegos en Barcelona, *Nova Galiza. Boletín quincenal dos escritores antifeixistas*[232] facía referencia a unha terra "martirizada" polos verdugos[233]. Neste boletín foi recorrente a aparición das estampas de Castelao do álbum *Galicia Mártir* que dende a súa publicación no 37 e durante as seguintes décadas foron reproducidas en infinidade de ocasións. Estas conforman un elemento fundamental para a comprensión das accións da memoria traumática por diversas razóns que pasamos a expoñer.

Por un lado por constituír a primeira acción divulgativa da memoria. *Galicia Mártir*, como xa adiantamos, constitúe o primeiro dos tres álbums de guerra que entre o 37 e o 38 publicou Castelao e que se configuran como unha denuncia internacional da violencia exercida polos golpistas en Galicia. Estes álbums conformaron un valioso vehículo para que centos de galegos e galegas, fosen coñecedores do acontecido, nunhas estampas crúas nas que evidencian algúns dos elementos fundamentais da violencia golpista, coma os fusilamentos masivos ou as agresións sexuais.

---

[230] Recompilados na escolma que Xesús Alonso Montero publica en Galicia en 1996. Alonso, X. (eds). *Coroa poética para un mártir.* Edicións Xerais, pp.16-18.

[231] Zapata, G. (1996). Poema. En Alonso, X. (eds). *Coroa poética para un mártir, (*pp.16-18). Edicións Xerais.

[232] Editada pola Imprente President Macià (do Goberno da Generalitat de Catalunya). Nel escriben algúns dos galeguistas máis recoñecidos (poetas, dirixentes, historiadores como Arturo Cuadrado, Suárez Picallo, Rafael Dieste, Castelao... Significativo tamén neste boletín a publicación de listados de fusilados a través dunha sección permanente titulada "Loito na nosa terra". Un loito que como vimos era negado en Galicia. Por outra banda as referencias a Alexandre Bóveda eran habituais, iniciadas xa nese primeiro número do boletín coa publicación da carta "A morte de Alexandro Bóveda. Carta dun testigo" datada en La Habana á altura do 19 de xaneiro de 1937. A autoría parece corresponderlle ao exiliado Xerardo Álvarez Gallego, cuñado de Bóveda, e dirixida a Castelao (Díeguez, 2009, p. 343).

[233] No artigo "Aos patriotas irlandeses. Manifesto dos diputados galeguistas", nº1, 5 de abril de 1937 (recompilado por Xosé Lois García, con escolma, limiar e notas, en 1977).

Neste sentido cómpre realizar un inciso para atender a outra das publicacións fundamentais para a difusión desta violencia e que posúe un forte nexo coas estampas de Castelao. Falamos da obra publicada en París e Bos Aires no 38 editada baixo diversos títulos e asinada co pseudónimo de "Hernán Quijano" [234], quen en realidade podería ter sido Luís Seoane. Nesta narración, ao igual que anos máis tarde faría Ramón Beade para Betanzos, descríbense algúns dos feitos máis sinalados da violencia exercida polos golpistas en Galicia. A pesar de enmarcarse no contexto da propaganda, a día de hoxe segue a sorprender pola súa rigorosidade[235]. Ademais, se nos detemos na lectura desta obra, revélase un feito fundamental: a ausencia do discurso que logo converterase en dominante, aquel baseado na "guerra entre irmáns" e no "fratricidio". Aquí falábase abertamente de fascismo e terror fascista, e de como este terror foi preciso para aniquilar as posibilidades de revoltas futuras: "foi necesaria aquela monstruosidade do terror desencadeado fría e sistematicamente para que os militares puidesen sosterse"[236].

Pero sinalabamos que esta obra tiña tamén un forte nexo coas estampas de Castelao. Esta cuestión se evidencia de xeito palpable na edición publicada en Bos Aires titulada precisamente: *Galicia Mártir: episodios del terror blanco en las provincias gallegas* levando na súa cuberta unha das ilustracións do álbum de Castelao. Nela unha vella reza ante un cruceiro "Queiman, rouban e asesinan no teu nome". Ás referencias "relixiosas" son recorrentes nos álbums de guerra situándonos ante outro dos elementos clave para comprender a relevancia desta estampas. Así, ademais da súa importancia como obra divulgativa da violencia golpista, fundamental na retagarda e no exilio, nos esforzos dos refuxiados por conseguir apoios internacionais para loitar contra o réxime golpista, as estampas constitúen a referencia fundamental para a equiparación do acontecido en Galicia como un "martirio", isto é, para a equiparación das vítimas con "mártires". Esta equiparación comeza xa co propio título do primeiro álbum *Galicia Mártir* e que o autor desenvolveu no segundo *Atila en Galicia* (xullo 1937) no que el mesmo expresou: "Moitas veces os mártires crean mundos que os herois nin tansiquera son capaces de concebir. E na miña Terra complirase a vontade dos mártires"[237].


O mártir, como o entendemos na cultural occidental, bebe directamente da relixión xudeocristiá que ten como figura fundamental a Xesucristro como primeiro mártir, ao que seguirían todos aqueles que sufriron a persecución polos romanos. O potencial mobilizador desta figura reflíctese nos primeiros momentos desta relixión cando máis adeptos se unían a unha crenza tan duramente perseguida. Neste contexto proliferaron todo un conxunto de obras escritas sobre os sufrimentos persoais dos mártires (Mateo, 2016, pp. 20-21) . No capítulo 50 de *Apoloxía contra os xentís en defensa dos cristiáns*, texto atribuído a Tertuliano no século II dise: "segando sementádesnos: máis somos canto derramades máis sangue; que o sangue dos cristiáns é semente" (p.329)[238].

O papel dos mártires no impulso da relixión cristiá fai que esta vinculación do sangue dos mártires como semente da súa relixión manteña a súa vixencia nos seguintes séculos e sufra

[234] En París a versión en francés levou o nome: *La Galice sous la botte de Franco. Épisodes e la terreur blanche dans les provinces de Galice, rapportés par ceux qui le ont vecús*, en castelán incluiríase a frase *Lo que han hecho en Galicia.* Información extraída do limiar de Carlos Pereira, na edición de *A Nosa Terra*, publicado en Galicia en 1998.
[235] Con só pequenos erros, entendibles no contexto na que tivo que ser recompilada a información.
[236] Isto repetirase en diversas publicacións posteriores como o propio libriño do Centro Betanzos, de Ramón Beade, onde se fala de "barbarie falangista" (p.5) ou de "sucesos sedicions fascistas de 1936" (p.1).
[237] Consultados os volumes editados pola editorial Galaxia. *Galiza mártir*, Castelao, Valencia, febrero de 1937 (Galaxia, 2018). *Atila en Galicia*, Castelao, Valencia, xullo de 1937, *Milicianos*, Castelao, Nova York, agosto 1938 (Galaxia, 2018).
[238] Consultamos a edición recuperada da web da Universidat d´Alacant. https://sirio.ua.es/libros/BEducacion/apologia/ima0329.htm.

ademais un proceso de secularización. Este proceso acontece cando fóra do ámbito relixioso, e no contexto da construción do estado moderno, se comprenda o potencial mobilizador desta figura tan arraigada no imaxinario católico e, polo tanto, dominante na sociedade.

Gráfico 23. Elementos fundamentais para a narrativa do martirio



Fonte: elaboración propia

Na construción destes mártires modernos é onde podemos encadrar o fenómeno de identificación dos asasinados tralo golpe de estado do 36 con esta figura, podendo detectar os elementos fundamentais para que se poida definir a existencia dese martirio (Gráfico 23). Por unha banda a existencia dunha persoa morta, o mártir. Este sabe que profesar a súa fe ou seguir os seus ideais pode producirlle a morte pero opta por facelo igualmente. Por outra banda atoparíanse os seguidores, que explican a morte do mártir por ter defendido as súas crenzas fronte a unhas autoridades que impoñen unhas determinadas leis. E por último a existencia desas autoridades, dese poder dominante ou perseguidor. A conxugación desta triada pode producir narrativas haxiográficas, coa capacidade de dar soporte simbólico a identidades sociais moi diversas (López, 2015, p.6).

Mentres a vítima non ten outra opción e se enfronta á morte como un espectador pasivo, mentres o heroe realiza accións extraordinarias que pode ser que conduzan a perder a vida, o mártir "forma parte dunha narrativa redentora" (Fields e Owens, 2004, p.17-20)[239]. O que poderíamos considerar como o cuarto elemento fundamental para o martirio. Esa busca da redención.

> A creación de relatos de martirio implica a existencia dun grupo social que di representar a causa do mártir e que recoñece a súa disposición para facer posible esta interpretación. Esta narración debe reelaborar tanto os feitos da vida do

[239] A persoa que sofre un evento traumático poderá ser considerado vítima, heroe ou mártir segundo a narrativa que o empregue. O mesmo suceso e persoa, segundo o momento e o actor que o conte poderá ser unha cousa ou outra.


> mártir como as circunstancias da súa morte para que constitúan unha De imitatione Christi (López, 2015, p. 12).

Unha imitación de Cristo que resulta evidente no noso caso, con Alexandre Bóveda, e coa redención materializada nas liberdades e a democracia. Como xa se pode intuír, a narrativa do martirio desenvólvese no exilio galego principalmente dende a ideoloxía galeguista, o que fai que a redención se entenda como a liberdade do pobo galego. O que por outra banda, enlazaría cun proceso que emerxera cos provincialistas ao identificar o martirio nos militares fusilados en Carral en 1846 (Beramendi, 2007, p.137). Así, ademais dos mártires da violencia golpista partiríase dun proceso previo de dominación e opresión do pobo galego que tería dado lugar a outros mártires.

Pero tampouco debemos esquecer que o emprego desta narrativa supera o espazo nacionalista galego, e se levou a cabo tamén no republicanismo español, identificando aos mártires coa defensa da República[240]. Se a todo isto xuntamos as lóxicas complexas e bidireccionais entre estruturas de exiliados das diversas correntes ideolóxicas, daranos como resultado ese amalgama difusa de identificación co martirio, que transitaría entre á liberación do pobo galego e a liberación do pobo español representada na II República.

En definitiva, e máis alá destas cuestións de detalle, a asunción da narrativa do martirio polos exiliados galegos, xa sexan ou non galeguistas, non é unha excepción, formando parte dun proceso máis amplo, enmarcado no contexto de xurdimento ou reconstitución dos estados nacionais modernos. Existen infinidade de casos, salientaremos dous, por un lado aquel que ten lugar nun país xa citado no capítulos anterior, Francia, en relación co fenómeno que se desenvolve trala ocupación alemá. Así, a modo de exemplo, podemos fixarnos no denominado *Mémorial des martyrs de la déportation*, construído en París en 1962 a iniciativa da asociación Réseau du Souvenir. Deste modo os franceses superviventes convertíanse en mártires da patria francesa, o cal non é tampouco un caso illado coa emerxencia deses mártires seculares trala IGM, e que desenvolven esa nova iconografía política na que se herda a figura do mártir da tradición xudeocristiá, convivindo con novas figuras como o da vítima (Kosellek, 2011).

Táboa 5. Comparativa das sementes que son mártires (Castelao e Diego Rivera)

	
La sangre de los mártires revolucionarios fertilizando la tierra. Diego Rivera. 1927.	Non enterran cadavres; enterran semente. Castelao. 1937.

Fonte: elaboración propia.


[240] E tamén, por suposto, dende a construción simbólica do franquismo, que promulgará a existencia dos caídos ou "mártires por España". Nesta caso xa non falaríamos de mártires seculares, ao estar "corroborados" pola Igrexa Católica.

Por outro lado, destacamos o caso da revolución mexicana e os seus mártires. Estes foron representados polo artista Diego Rivera na Capela de Chapingo, no mural titulado *La sangre de los mártires revolucionarios fertilizando la tierra*. Resulta palpable o parecido deste mural, pintado en 1927, coa estampa que Castelao pintou dez anos despois (Táboa 5). En ambas, o mártires, son sementes que fecundan a terra, como o foran os mártires cristiáns na Antigüidade e como deixara escrito Tertuliano. Unha metáfora moi potente, por tanto, do efecto mobilizador do mártir, que era semente para o futuro. En definitiva, o martirio conforma un dispositivo cultural:

> que resalta dous conxuntos diferentes de problemas sociais: a supervivencia dun grupo marxinado e o papel da espiritualidade como mecanismo de resistencia e de creación de identidades, que xeralmente asume formas políticas en tanto cuestiona ao estado e estrutúrase como dispositivo crítico do actuar do mesmo (López, 2915, p.15).

O martirio como dispositivo cultural do marco das accións da memoria, desenvolveuse con forza no exilio pero paralelamente estivera tamén presente no interior, na clandestinidade, como detectabamos co crespón negro colocado nas cunetas de Pontevedra en 1940. E estivo tamén moi presente nas accións da memoria que se desenvolveron publicamente en Galicia nos anos da Transición.

Táboa 6. A derradeira lección do mestre (Castelao) e A lamentación (Anton Van Dyck)



Fonte: Galicia Mártir, 1937 e Museo del Prado (https://www.museodelprado.es/coleccion/obra-de-arte/la-lamentacion/428bc8a8-8336-4aa7-800b-69fccd834254)

Todo o cal nos fala dunha conexión exilio-interior, fundamental para comprender o proceso memorialista en Galicia. Nese senso, salienta a construción do protomartir en Alexandre Bóveda, e que Castelao simbolizou noutra das estampas máis icónicas do seu álbum, titulada *A derradeira lección do mestre*, onde un home que, seguindo a diversos autores, poderiamos identificar no rostro con Bóveda, vestido como un mestre de escola, xace no chan sobre un

charco de sangue. Á súa beira un neno parece consolar a un máis cativo, que axeonllado, chora (Diéguez, 2009). Así, a figura do morto e a dos que choran ao seu lado, recordan, como se pode observar na Táboa 6 ao encadre da lamentación do corpo de Cristo, e por tanto, a esa representación do mártir por excelencia, Xesucristo[241].

Precisamente un cadro con esta ilustración encabezou o acto de inauguración do busto de Alexandre Bóveda en 1945 no Centro Ourensán de Bos Aires, con Castelao como principal orador, e organizado pola FSG. Catro anos antes desa inauguración realizarase a primeira homenaxe pública aos "mártires". O que a converte na primeira acción da memoria traumática nun espazo público e colectivo documentada neste traballo.

2.1.2.2. As primeiras homenaxes en memoria dos asasinados: mártires no exilio

En Pontevedra, a compañeira de Alexandre Bóveda, Amalia Álvarez, sorprendíase ante as flores que de xeito anónimo aparecían sobre a tumba en San Amaro cada 17 de agosto. Ese día, no cabodano do seu asasinato Amalia continuaba a rezar pola súa memoria na igrexa de San Francisco e incluso, no 38 atrevíase a publicar unha nota necrolóxica no *Diario de Pontevedra* para anunciar as misas de novenario que farían para recordalo (Diéguez, 2009, p. 347-348)[242]. Mentres isto sucedía en Pontevedra, en Bos Aires, concretamente arredor do ano 1941 desenvolvíanse as primeiras iniciativas para non esquecer e que, por tanto poderíamos definir de xeito claro como accións de memoria traumática.

Aínda que a figura de Alexandre Bóveda é central nese proceso descubrimos a existencia dunha acción de memoria anterior a aquelas que polo de agora se teñen documentado para homenaxear a figura de Bóveda. Produciuse tamén en Bos Aires, en febreiro de 1941 e tivo como obxecto a lembranza dos asasinados do concello de Ordes (A Coruña).

Imaxe 7. Placa en homenaxe a asasinados en Ordes, 1941



Fonte: fotografía facilitada por Manuel Pazos Gómez.

[241] "A derradeira lección do mestre, 1945, Castelao". *Galicia Aberta.* :http://emigracion.xunta.gal/es/comunidad-ga/patrimonio-centro-gallego/pintura/derradeira-leccion-mestre

[242] Recordos dos fillos de ambos, Amalia e Xosé Luís Bóveda Álvarez.

> Cayeron en defensa de la libertad de España y de los derechos del hombre en la guerra de 1936-1939 asesinados por la "Falange" del traidor Franco por el "delito" de pensar y desear para todos un mundo mejor.

Esta é a frase que figura na placa de bronce colocada na sede da Asociación Unión Partido Judicial de Órdenes (Imaxe 7). Nela, e baixo o título *Homenaje a los mártires de Ordenes* esculpiuse un listado de dezaseis nomes e apelidos no que se sinalaba tamén a profesión e a veciñanza dos finados[243]. Eran campesiños, mestres, xastres… A meirande parte deses nomes volveron aparecer nunha homenaxe que se realizou varias décadas despois, en concreto en febreiro de 1987, no mesmo lugar onde foran asasinados e enterrados, o cemiterio de Boisaca (Compostela). Estes dous feitos, a homenaxe do ano 41 e a do 87 sitúan á memoria da violencia masiva exercida sobre os veciños deste concello, no inicio e na fin desta investigación. Sobre estas mesmas vítimas realizouse a primeira homenaxe pública aos asasinados documentada e a última acción de memoria do período en estudo, ao xerminarse en 1986, e finalmente realizarse en febreiro de 1987.

O 8 de febreiro de 1937, tralo consello de guerra que tivera lugar semanas antes en Compostela, foron fusiladas no cemiterio de Boisaca once das persoas cuxos nomes podemos ler na placa, todos veciños de Ordes[244]. Os outros catro nomes que nela figuran curiosamente non son deste concello pero a súa relación podería entenderse por ser de lugares próximos ou ter sido tamén fusilados ou enterrados no cemiterio de Boisaca[245]. Catro anos despois deste asasinato masivo, o 8 de febreiro de 1941, na asemblea da sociedade Unión del Partido Judicial de Órdenes, acordábase a realización da homenaxe[246]. Segundo as fontes consultadas o liderado desta iniciativa correspondeu ao exiliado Manuel García Gerpe quen nun artigo tería explicado como se desenvolveu o proxecto mediante pequenas doazóns económicas dos exiliados e emigrados en Bos Aires[247]. Nese momento había pouco que Manuel García Gerpe (Ordes, 1908) fora reclamado por esta mesma sociedade Unión del Partido Judicial de Órdenes dende Santo Domingo chegando a Arxentina en agosto de 1940[248]. García Gerpe viña de pasar por

---

[243] Fotografía da placa e información facilitada por Manuel Pazos Gómez. Na placa sinálase "que cayeron en Ordenes", polo que tamén se inclúen a veciños doutros concellos (Vilarmaior, Frades, Oroso e Mesia) que , entendemos foron asasinados en Ordes)

[244] Manuel del Río Pampin (Ordes), José del Río Pampín (Ordes), José García Fernández (Ordes), Andrés Nogareda (Ordes), Manuel Moure Rey (Ordes), José Vázquez Mandayo (Ordes), José Pérez San Martín (Ordes), Benito Vilariño Liste (Ordes), José Iglesias Vilariño*, Ángel Jesus Caamaño (Ordes), Paulino Pérez García (Ordes) . Datos corroborados mediante o emprego da Base de datos Nomes e Voces, excepto o marcado con asterisco que non figura.

[245] Manuel del Río Mandayo (tamén veciño de Ordes "Posto en busca e captura a finais outubro de 1936, pero segundo a memoria familiar xa morto antes nas inmediacións do cemiterio de Boisaca", Arturo Briones de Frades foi executado o 28 de novembro e enterrado en Boisaca, José Mosquera Rodríguez (Mesia-Curtis) no arquivo de nomes e voces figura como desaparecido, foi sentenciado a pena de morte pero se entende que xa fora paseado antes en Mesía.
Información extraída de Base de datos Nomes e Voces.
Manuel Moar Cao (Vilarmaior), non aparece na Base de datos Nomes e Voces. Figura na seguinte web como vítima. https://aldeiasdeordes.wordpress.com/2018/12/03/a-republica-socialista-de-vila-maior/
Manuel Picón Moure (na placa pon de Oroso, en arquivo Santiago de Compostela, detido pero non asasinado)
Posiblemente no exilio pensaban que todos foran asasinados. Relacionados ou con Boisaca, ou de lugares moi achegados a Ordes. Ter en conta as novas confusas que nese momento, soamente catro anos despois, poderían producirse.

[246] Este acto describíase no órgano de difusión da FSG, *Galicia,* o 15 de marzo de 1941. Información completada grazas ao artigo publicado no 2013 en rede pola Federación de Sociedades Gallegas, no que se describe o proceso de restauración da placa, que a día de hoxe estaría cedida pola asociación de Ordes, na sede da Federación. http://www.fsgallegas.org.ar/descubren-placa-que-recuerda-a-las-victimas-de-ordenes-durante-la-dictadura-franquista/#.ZEEX73ZBxD9

[247] Infórmanos disto Manuel Pazos, historiador de Ordes que ten estudado a figura de Manuel García Gerpe así como a sociedade Unión del Partido Judicial de Órdenes. O artigo, polo de agora, non conseguimos recuperalo.

[248] A sociedade Unión del Partido Judicial de Órdenes fora creada nos anos vinte ao abeiro da FSG. http://arquivo.consellodacultura.gal/index.php/asociaci-n-uni-n-del-partido-judicial-de-rdenes-2

unha experiencia traumática, confinado durante nove meses no campo de concentración de Septfonds, en Francia[249]. Esta vivencia propiciou a escrita do libro *Alambradas: mis nueve meses por los campos de concentración de Francia* que publicou en 1941, pouco tempo despois da súa chegada a Arxentina.

Este libro é relevante por dúas cuestións fundamentais. Por unha banda por ser en si mesmo un fito fundamental de acción memorial. Como veremos ao longo desta tese doutoral, e dentro do que daremos en chamar "accións divulgativas" incluiremos as obras pertencentes ao xénero da literatura testemuñal. Isto é, unha obra de ficción na que se inclúe boa parte da experiencia biográfica do autor ou autora. Neste sentido, Manuel García Gerpe, é pioneiro, en primeiro lugar por ser a primeira obra de literatura testemuñal da que temos constancia escrita por un galego, nese tan temperán 1941, e por outra banda por ser, a nivel xeral unha das primeiras obras que narran a experiencia en campos de concentración en Europa (Simón, 2013, p.3). Ademais, ao tempo que tiña un carácter divulgativo e de denuncia ante a comunidade internacional, o autor homenaxeaba no texto ao grupo de republicanos exiliados que atravesaron unha vivencia similar (Simón, 2013, p.4): "¡Loor a esos centenares de héroes anónimos que murieron fuera de su patria, por la libertad de España!".

García identificaba así na súa obra ás persoas violentadas con "heroes pola liberdade da súa patria", figura moi similar, máis tamén con diferencias, a do "mártir". Como adiantabamos foi el quen, tamén ao pouco tempo da súa chegada a Bos Aires, promoveu a primeira homenaxe a asasinados polo golpismo en chan arxentino. Feito que se suma ao listado de méritos para consideralo un axente memorialista pioneiro.

Esta homenaxe postúlase como a primeira dunha serie de iniciativas arredor da memoria e a reivindicación dos asasinados polo fascismo representados na figura de mártires. A conexión entre elas resulta palpable, fraguándose no ambiente social e político dos exiliados ao que xa nos referimos e que nos amosa unha rede de interconexión entre organizacións de inmigrantes galegos e as novas entidades creadas polos exiliados. Como xa sinalamos, unha das organizacións máis relevantes neste senso era a FSG fundada en 1921 que trala golpe centrouse na axuda aos refuxiados (Fasano, 2009, p2). Esta conformouse como a principal organización onde se inserían os exiliados a súa chegada, polo que nela coincidiron persoas de diversas organizacións políticas. Dende a Izquierda Republicana, onde militaba Manuel García Gerpe, ao Partido Comunista Español ou ao Partido Galeguista con Castelao, Luís Seoane ou Antón Alonso Ríos como principais expoñentes (Fasano, 2009, p.3). Este último traballou con Manuel García Gerpe no Ateneo Curros Enríquez, creado ao abeiro desta FSG en 1943, e no seu órgano de difusión, *Galicia,* outro dos espazos que máis ocuparon os exiliados á súa chegada (Fasano, 2009, p. 5).

É significativa, esta conexión entre Alonso Ríos, procedente do agrarismo e do Partido Galeguista, e García Gerpe, militante de Izquierda Republicana, evidenciando as interconexións entre exiliados galegos. Estas materializaranse nas iniciativas de homenaxe aos asasinados pola violencia golpista que se iniciaron con esa homenaxe aos "mártires de Ordes" do 41 e que se institucionalizou a finais dese ano, ao abeiro da organización galeguista Irmandade Galega, presidida por Antón Alonso Ríos e liderada por Castelao. Esta entidade estableceu nos seus

García Gerpe foi recibido cunha homenaxe pública organizada por outra sociedade do concello de Ordes Sociedad Hijos de Órdenes (Fasano, 2013, p. 186). Era habitual que as sociedades de emigrados, nomeadamente a FSG, realizasen homenaxes de benvida aos exiliados e refuxiados, que chegaban a Arxentina (Fasano, 2013, p.185).

[249] Fuxira a Francia trala fin da guerra, durante a cal traballara no corpo xurídico militar da República.

estatutos como un dos seus obxectivos principais o de render homenaxe aos mártires galegos. Para o cal instauran o 17 de agosto como Día dos Mártires Galegos [250].

> Nun día como ise do año 1936, as forzas negras da reaución nemigas da liberdade de Galicia e treidoras a República Hespañola, fusilaron ao mártir máisimo da Patria Galega: Alexandre Bóveda (...) ningunha data máis axeitada que isa, pra nela lembrar e honrar a os milleiros de galegos que foron fusilados pol-o soio "delito" de querer a Autonomía de Galicia e de ser leailes a República Española[251].

Chégase así pois ao cénit desa identificación dos asasinados cos mártires e de Bóveda como o primeiro mártir, ou o protomártir, instituíndose o día do seu asasinato como data oficial para o recordo dos asasinados pola violencia golpista. Esta conmemoración tivo lugar xa no ano 42, daquela coa celebración dunha conferencia sobre Bóveda na que estiveron presentes delegados de diversas entidades galeguistas no exilio[252] e coa celebración dun funeral cívico a Alexandre Bóveda na véspera do Día dos Mártires, o 16 de agosto.

Como xa vimos sostendo, a homenaxe e a equiparación con mártires, seguía unha lóxica relacionada con obxectivos futuros. Así, nun momento no que se pensaba que a ditadura duraría pouco, estas iniciativas, desenvolvidas para non esquecer o sucedido poderían lerse como "un medio para tensionar á colectividade galega exiliada ou emigrada, a afortalar a organización do nacionalismo alén mar" (Diéguez, 2015, p.127).

Convén salientar o acto que se realiza anos máis tarde, o 17 de agosto de 1945 podendo consideralo o momento cumio para a definitiva "sacralización" de Bóveda cando se descubre un busto seu, presidido polo cadro *A derradeira lección do mestre* e co acompañamento dos discursos de Núñez Búa, Alonso Ríos, Louis Guede, Blanco Amor e por suposto Castelao. Curiosamente este acto non foi organizado por institucións unicamente galeguistas, senón pola FSG o que nos sitúa xa ante a relevancia de figuras como a de Bóveda, máis alá do nacionalismo galego e que tamén nos volve a situar ante as sinerxías entre as colectividades e os esforzos pola unión[253].

---

[250] Así no semanario *A Nosa Terra*, que se publica no exilio por primeira vez un 28 de xuño do 42, isto é no aniversario do plebiscito do estatuto de autonomía do 36, dase conta da constitución desta Irmandade, sinalando que entre os seus obxectivos: "Acórdase adicar o 17 de agosto á lembranza dos asasinados no 1936, intitulando a celebración como "Día dos Mártires Galegos". (*A Nosa Terra*, nº425). Na publicación fálase do 19 de agosto, pero podemos considerar que se trata dunha errata. Posto que o día que fusilan a Alexandre Bóveda foi o 17 de agosto.

[251] *A Nosa Terra*, nº426, 25 de xullo de 1942.

A Nosa Terra foi creada en 1907 como voceiro de Solidaridad Gallega. Entre 1916 e 1932 converteuse en voceiro das Irmandades da Fala. Entre 1932 e 1936 será o voceiro do Partido Galeguista. Como veremos volverase a editar nos anos 70 e será fundamental para a divulgación da memoria do 36.

[252] Segundo a memoria da Irmandade Galega dese ano 42 na que ademais se sinala que a data de homenaxe foi instaurada por indicación do presidente (presidente: Alonso Ríos; Presidente de honra: Castelao). Así o puido consultar Uxío-Breogán Diéguez (2009) no documento que lle cede Núñez Seixas.

[253] As homenaxes no exilio non estaban exentas de conflitividade no propio seno dos colectivos. Cuestión que se exemplifica na polémica do Centro Betanzos en 1958. Nese ano, na asamblea ordinaria do 29 de marzo xerouse unha forte discusión acerca da pertinencia ou non de celebrar, como xa se fixera noutras ocasión, o Día dos Mártires de Betanzos. O debate acabou derivando nunha discusión sobre a propia definición política da institución. Neste senso Suárez do Pazo criticaría a postura do candidato a presidente da comisión directiva, Luis Picado, dubidando do seu republicanismo. Finalmente Luis Picado foi elixido presidente e coas súas accións tendeu a reafirmar o republicanismo, entre elas a da conformación da Comisión de Homenaje a los Mártires de Betanzos, que como xa vimos, publicaría o libro de Beade e realizaría a placa de homenaxe (Ganza, 2011, p. 18).

Imaxe 8. Placa de homenaxe FSG, 1949



Fonte: realizada por Dionísio Pereira na sede da FSG (Buenos Aires, abril de 2023).

Así a Federación asinaba unha placa de bronce, colocada nese centro provincial ourensán no que cualificaba a Bóveda como o "mártir de las libertades gallegas" (Diéguez, 2009, p. 356). Pouco despois, en 1949, a FSG colocou tamén unha placa na súa sede que rezaba "La Federación de Sociedades Gallegas a los mártires de la libertad de nuestra patria" (Imaxe 8).

A referencialidade de Bóveda como mito fundamental do nacionalismo galego de posguerra, evidénciase nos discursos do propio Castelao, que durante estas celebracións anuais (do 17 de agosto e tamén do 25 de xullo) vai elaborando e reelaborando o seu pensamento ata perfilar algunhas das súas ideas máis recoñecidas, presentes en discursos como *Alba de Groria*, ou en partes do seu libro *Sempre en Galiza*:

> A miña imaxinación veu unha fogueira en cada cimeterio, como outros tantos clamores de xustiza. Pero no de Pontevedra veu unha labarada que chegaba até o ceo. Era o lume do esprito de Bóveda que non figura na Santa Compaña dos inmortaes, porque non pertence á Hestora senón á Tradición, en arume de Lenda. Bóveda terá que ser nun mañán próisimo ou lonxano a bandeira da nosa Redención[254].

Dous anos despois do falecemento de Castelao, en 1952, as conmemoracións arredor do recordo dos asasinados tomaron un novo pulo coa creación da Comisión Intersocietaria de Sociedades Gallegas para a Conmemoración das Datas Patrióticas onde participaban tanto os centros provinciais e a Irmandade Galega (creados por tanto ao abeiro do galeguismo), como a FSG. Ademais, tamén se integraban o Centro Corcubión e o xa nomeado nestas liñas Centro Betanzos. Precisamente foi Antón Suárez do Pazo, membro do Centro Betanzos, quen presidira

[254] Fragmento do discurso realizado o día 25 de xullo de 1947 no exilio, en Castelao, A.R. (2004): *Sempre en Galiza*, (P. 521). Editorial Galaxia.

esta Comisión que tiña como un dos seus obxectivos fundamentais a realización de homenaxes aos mártires. Celebráronse así, xa nese mesmo ano e no marco do que se denominaron "Xornadas Patrióticas Galegas", homenaxes arredor do 28 de xuño (estatuto), 7 de xaneiro (data da morte de Castelao) e o xa establecido como Día dos Mártires, o 17 de agosto[255].

A relevancia simbólica destas datas foi un dos elementos que, xurdindo no exilio, volveron a Galicia como un búmerang nos anos da Transición. Outro deses elementos foi a referencialidade de certas persoas asasinadas, homenaxeadas en diversas iniciativas memorialistas durante a Transición. A modo de exemplo, no primeiro número de *A Nosa Terra* en Bos Aires, no ano 42, baixo o título *A voz dos nosos mártires*, foran nomeadas xunto a Alexandre Bóveda, a Víctor Casas, Anxel Casal, Johan Carballeira, Xaime Quintanilla e Emilio Martínez Garrido. Nomes que o 17 de agosto de 1952 volveron aparecer no discurso de Súarez do Pazo ao referirse á elección da data:

> Pero a imposibilidade de os lembrar individualmente fixo necesario simbolizar a todol-os nosos mártires na figura de quén pol-a súa persoalidade representativa poidera encarnar en si mesmo a isa longa ringleira de nomes que dimpois de Bóveda se chamaron Ánxel Casal, Xaime Quintanilla, Xoan Antón Suárez Picallo, Víctor Casas, Díaz Baliño, Xoan Carballeira, Arturo Noguerol, Súarez Ferrín, Andrés Rey Blatar…. E tantos centos e miles de irmáns galegos que non é posíbel noemar n-un discurso (Diéguez, 2009, p. 370).

A homenaxe que tivo lugar no Centro Ourensán tivo unha gran asistencia de público. Ademais da interpretación do himno galego soou o Negra Sombra. Entre os oradores destacamos ao exiliado Ramón de Valenzuela quen décadas máis tarde, en 1976, formou parte do grupo de persoas participantes nunha das primeiras homenaxes públicas a Alexandre Bóveda en Galicia. O que doutra volta nos pon sobre a pista da relevante conexión entre o exilio e o interior.

Imaxe 9. Placa de Sociedad Unión del Partido de Lalín aos asasinados, 1954



Fonte: fotografía realizada por Dionísio Pereira (sede do FSG, Bos Aires, abril de 2023).

[255] Diéguez (2009, pp.356-357) accede á documentación de ditas xornadas, do que extraemos as citas.

Nos seguintes anos seguiron a realizarse homenaxes deste tipo[256]. Coma por exemplo a que tivo lugar en 1954 en memoria dos asasinados no concello de Lalín, Silleda e Carbia (actual Vila de Cruces) organizada pola Sociedad Unión del Partido de Lalín de Buenos Aires, colocándose a placa de bronce que "rinde homenaje a los hijos del partido de Lalín que cayeron en defensa de la libertad de la República Española y los derechos humanos" (Imaxe 9)[257].

Gráfico 24. Cronoloxía das principais accións da memoria no exilio



Fonte: elaboración propia.

E deste modo, como se pode observar no Gráfico 24, volvemos a onde comezamos, a ese ano 1959 cando se inauguraba, que coñezamos, a derradeira das placas de homenaxes á memoria dos asasinados no 36: a placa de Betanzos[258]. Unha homenaxe que forman parte dun proceso que durou décadas no que se desenvolveron as primeiras iniciativas da memoria traumática. Delas herdaranse datas simbólicas como o 17 de agosto, mártires como Alexandre

[256] Diéguez (2009) sostén que se realizarán de xeito estable desde o mesmo ano 1942.

[257] É salientable deste caso a ausencia dos "mártires" na linguaxe da placa, aínda que o 17 de agosto aparece como a data de celebración da asemblea na que se acordou realizar a homenaxe, e por tanto baixo a efeméride do martiriloxio. Actualmente permanece na sede da Federación de Sociedades Gallegas de Buenos Aires. Facilitada por Dionísio Pereira. Na súa visita á sede tamén puido fotografiar unha placa procedente do Centro Republicano Español datada en 1954.

[258] Aínda que neste capítulo aproximativo ás iniciativas da memoria no exilio, nos centramos no caso arxentino. Coñécense iniciativas noutros países. Coma México, onde por exemplo en 1943 se publica o "Cancioneiro da loita galega" con referencias aos mártires e heroes asasinados a partir do 36.

USC UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA

Bóveda, Emilio Garrido ou Xaime Quintanilla, e a referencialidade de persoeiros como o propio Castelao. Porque Castelao, autor daquelas estampas que fixeron memoria, impulsor da definición de Bóveda como protomártir galego e do 17 de agosto como diada para o recordo e a denuncia da violencia, foi, á súa vez, o protagonista de boa parte das iniciativas que a cabalo entre a ditadura e proceso transicional tiveron lugar en Galicia a partir de 1975. Cumpríanse vinte e cinco anos da súa morte e a memoria petaba ás portas.

2.2. 1975: NA AGONÍA DE FRANCO E DOS ÚLTIMOS FUSILADOS, A MEMORIA DE CASTELAO

> A tremenda experiencia da guerra feríu a sua sensibilidade (*de Castelao*) humanísima e expresóu a sua mágoa a través do seu arte. Tres álbumes recollen o testemuño desa mágoa. Neles non hai humor. Non podía habelo. Hai só a presencia arrepiante da violencia fratricida ou o estremecedor estoicismo dos que saben loitar e morrer por un ideal. Nesta obra, Castelao expresa o patetismo da traxedia humana con forza goyesca[259].

Este parágrafo, forma parte da conferencia que Ramón Piñeiro realizou o 7 de xaneiro de 1975 en Pontevedra baixo o título *Lembrando a Castelao*, postulándose como a primeira dunha serie de conferencias celebradas por todo o país a tenor do vinte cinco aniversario do seu falecemento. Esta lembranza, esta memoria de Castelao, tivo o seu punto cume na homenaxe que se realizou en setembro dese mesmo ano na súa vila natal, Rianxo. O conxunto destas accións de memoria dun persoeiro tan amplamente relacionado coa reivindicación e a memoria da violencia franquista, situaranos ante un contexto determinado, ás portas da morte do ditador Francisco Franco e do inicio dun proceso transicional.

Se atendemos á breve referencia á guerra que realizou Ramón Piñeiro no discurso referenciado no parágrafo anterior, salientarase unha cuestión clave: a súa descrición como unha "guerra fratricida", como unha "traxedia humana". Denominacións, descricións, bastante afastadas daquelas outras que falaban do fascismo e que se desenvolveran nun exilio onde Castelao fora un personaxe clave. Esta nova lectura dos seus álbums, na que se engade un termo, "fratricida" que non se pode identificar na obra de Castelao, bebe dun contexto determinado, no que a propia oposición antifranquista é partícipe desa lectura do acontecido como "guerra civil e fratricida", e que se pode exemplificar na Política de Reconciliación Nacional do PCE (1956).

2.2.1. A mobilización social e política nos últimos anos do réxime en Galicia, a memoria que agromaba

Entre todas as conferencias e actos que se desenvolveron en Galicia, para iniciar este apartado seleccionamos a de Ramón Piñeiro en Pontevedra debido a relevancia do propio conferenciante. Ramón Piñeiro López constitúe un personaxe fundamental para comprender a evolución do nacionalismo galego no interior tralo golpe de estado de 36 e, relacionado con

[259] Documento "Lembrando a Castelao" (Conferencia pronunciada en Pontevedra, a cargo a Asociación de Amigos da Cultura"). Arquivo Fundación Penzol, Fondo Ramón Piñeiro. CA-0361/002/002.

este, a labor memorialista. Así, mentres no exilio os galeguistas puxaban pola creación e consolidación de organizacións propias que mantiveran viva a oposición ao réxime e o seu papel nunha futura república federal, no interior, como tamén ocorreu coa meirande parte das demais organizacións anarquistas, socialistas e republicanas, a desaparición do Partido Galeguista foi practicamente total. Unicamente o PCE logrou manterse e latexar con forza primeiro na resistencia armada e posteriormente a través dos movementos obreiros e sociais.

Ramón Piñeiro, membro do PG, saíu da cadea en 1949 e a partir dese momento dedicouse en exclusiva as actividades político-culturais da man de Domingo García Sabadell, tomando o liderado do galeguismo no interior e promovendo unha decisión crucial: o abandono da loita no eido político para centrarse na promoción do galeguismo a través da cultura.

> A partir dese momento os remanentes do nacionalismo histórico en Galicia abandonarán calquera acción política organizada e dedicarán todas as súas enerxías o labor cultural para transmitir a lembranza e o discurso do galeguismo ás seguintes xeracións coa esperanza de "galeguizar" todo o posible as forzas políticas democráticas que rexurdisen no futuro. Tal é a esencia do piñeirismo, doutrina asemade de resistencia e de renuncia, que domina sen contestación o reducido universo galeguista durante tres lustros (Beramendi, 2008, p.1081).

Neste senso, en 1950 fundábase a Editorial Galaxia, espazo desa vertente culturalista "e memorialista" que dominaría o galeguismo durante tres décadas. Convén salientar, un nome ao que xa fixemos referencia ao inicio deste traballo, Ramón Otero Pedrayo, presente na órbita deste grupo e quen dende a súa cátedra na Universidade de Santiago de Compostela (USC) actuou como un difusor da sensibilidade galeguista na mocidade. Pero xa entre finais dos anos 50 e principios dos 60, coincidindo co gran cambio de época do franquismo dende o réxime da posguerra ao "desarrollismo", os esforzos do piñeirismo por manter o traballo galeguista só no cultural, comezaron a chocar coas ideas que ía desenvolvendo unha nova xeración de mozos e mozas nacionalistas. Algúns deles foran adoutrinados no propio *piñeirismo* e outros formáranse moi á esquerda da órbita Galaxia, no denominado grupo Brais Pinto, que apareceu a finais dos 50 en Madrid, influenciados polos movementos de nova esquerda marxista presentes na capital do estado e que defendían a vontade de crear un partido político nacionalista (Beramendi, 2008, p.1083).

A pugna entre "os vellos" e os "novos" evidenciase no Consello da Mocidade, refundado en Compostela a principios dos 60 e onde primeiramente participan unha amálgama heteroxénea, entre os que estaban quen defendía a necesidade de creación dunha organización política. No abeiro deste grupo, pensamos que se pode desenvolver a homenaxe a Alexandre Bóveda na clandestinidade que tivo lugar en 1966 e á que aluden os xornais *El País*, *A Nosa Terra* e *La Voz de Galicia* con posterioridade[260]. Finalmente as tensións entre ambos sectores finalizaron co control da organización polos piñeiristas e a expulsión do outro sector. O que deu

[260] As noticias que aluden a unha homenaxe a Bóveda no 66 teñen que ver coa prohibición da homenaxe no 76. Posiblemente esta alusión formase parte das declaracións feitas polos organizadores. González Martín, G.: "Prohibido el homenaje al nacionalista gallego Alexandre Bóveda". *El País,* 14/08/1976. No que se di: "solamente recibió otro homenaje desde que murió fusilado. Aquél se produjo en 1966, a cargo de la Mocedade Galeguista Universitaria". Comprendemos que se refiren a este Consello da Mocidade. En "Homaxes in Memorian ao nacionalista Alexandre Bóveda", *A Nosa Terra,* nº120*,* 22-28 agosto 1980, pp.4 no que se di "as homenaxes a Alexandre Bóveda que empezaron clandestinamente no ano 1966".En "Presentado recurso contra a denegación do homaxe a Alexandre Boveda", *La Voz de Galicia,* 25/08/1976, p.27 que sinalaba: "saliéntase, ademais, que no ano 1966 se fixo unha homenaxe pola Mocedade Galeguista Universataria e grupos da oposición con colocación dunha bandeira galega, coroas e fores e rezos tamén diante da tumba do líder nacionalista galego sen que houbera incidente algún, anque naquela ocasión non estivo presente forza policial alguna"

lugar, á súa vez, á fundación do partido Unión do Pobo Galego (UPG) o 25 de xullo de 1964[261]. Ante esta nova situación o *piñeirismo* considerou unha muda da súa estratexia promovendo a a conformación, para o futuro, dun sistema de partidos que fose galego. Para iso comezarían co xermolo de dous partidos, un de base socialdemócrata e outra democristiá. Iniciaron soamente o primeiro, co Partido Socialista Galego (PSG)[262], conformado xa en agosto do ano anterior, 1963.

Pero a profunda mutación ideolóxica do galeguismo estaba xa en marcha, e produciuse tamén neste PSG que evolucionou lonxe da socialdemocracia europea, basculando cara o marxismo e a perspectiva colonialista da man desa nova xeración de mozos e mozas inseridos na efervescencia mobilizadora da oposición antifranquista que medraba exponencialmente nos anos 60 e 70. Esta evolución, como diciamos tivo lugar en estreita relación co "desarrollismo" franquista, a partir, por tanto, do crecemento industrial que se produciu entre 1960 e 1973, ao abeiro do que se desenvolveu unha nova clase obreira industrial[263], que se manifestaba e protestaba ante as pésimas condicións laborais e de vida que tiñan que afrontar (Rodríguez, 2015, p.38).

Dese modo, vaise evidenciar a existencia dun profundo conflito laboral e a emerxencia dun novo movemento obreiro, que conformou a nova oposición ao réxime, de persoas que maioritariamente non viviran a guerra e que se postulaban nun antifranquismo difuso, lonxe do antifascismo dos anos trinta, pero diferente tamén do máis facilmente domable movemento estudantil. Neste espazo saberase mover o PCE, introducíndose como cabalo de troia, na armazón organizativa tolerada polo réxime a través principalmente dos delegados sindicais, coas denominadas comisións obreiras. Esta inmersión de militantes do PCE fixose tamén no ámbito estudantil ou no veciñal, ao entendelos tamén como espazos de oposición ao réxime, todo o cal converteu a este partido na principal forza da oposición á ditadura (Andrade, 2012, p. 55). Esta estratexia tamén a tentaron levar a cabo outros partidos como a recentemente creada UPG, nos primeiros anos coa penetración en medios universitarios e asociacións culturais, posteriormente desenvolvendo sindicatos (estudantil, labrego, do ensino e obreiro). Tamén o podemos observar no PSG que, por exemplo conformou principalmente a asociación cultural O Facho, da Coruña, (Beramendi, 2008, p.1083-1085), que como veremos foi un dos actores clave das accións da memoria na cidade herculina.

Neste proceso de mobilización social e política de oposición ao réxime, 1972 foi un ano determinante, en concreto en Galicia, onde as folgas e mobilizacións sucederíanse nun fenómeno no que deben salientarse dous espazos clave: Ferrol e Vigo, no marco das negociacións dos convenios colectivos e coa posición clave de Comisións Obreiras (CCOO) tralas eleccións sindicais de 1971. A primeira mecha dese incendio metafórico que se expande durante todo este ano produciuse en Ferrol, cidade naval tanto no civil como no militar. Ferrol era daquela un dos centros do desenvolvemento industrial naval, impulsado polo estado dende o s. XVIII, á vez que constituía un enclave estratéxico militar sendo a cabeza militar marítima do Cantábrico (Grandío, 2019, p. 122). Neste ano 72 iniciouse cun grave conflito arredor do convenio colectivo da empresa nacional Bazán, que ademais de en Ferrol tiña factorías en Cádiz e Cartaxena. As discrepancias xurdiron entre a factoría de Ferrol, con forte presencia de CCOO

[261] Destacamos entre os seus militantes neste momento: Luís Soto, Celso Emilio Ferreiro, X.L. Méndez Ferrín ou María Xosé Queizán (Beramendi, 2008).

[262] Destacamos entre os seus militantes neste momento: Franciso Ferández del Riego, Cesáreo Saco, e os mozos Jose Luís Rodríguez Pardo, Manuel Caamaño e X.M. Beiras (Beramendi, 2008).

[263] As folgas de 1962 foron o primeiro movemento de protesta desta nova etapa histórica. Desencadeadas en resposta á conxelación salarial imposta polo Plan de Estabilización de 1959 (Rodríguez, 2015, p. 38).

e as outras dúas factorías, nas que a presenza do Sindicato Vertical era moito maior e que aceptaron o convenio proposto polo empresa en Madrid[264]. O 11 de febreiro iniciábanse unhas protestas que tiñan o seu punto álxido un mes máis tarde, cando Amador Rey e Daniel Niebla eran asasinados pola policía franquista nunha manifestación á que se uniran os traballadores da empresa Astano. Nas seguintes horas toda a cidade de Ferrol paralizouse, empresas, comercios, servizos incluídos as liñas de teléfono. Ante o gran número de manifestantes, a Policía Armada ficou acuartelada durante hora e media. Así, dun conflito sindical, da falta de unanimidade na firma dun convenio, pasarase a unha situación próxima ao estado de guerra co control polos obreiros da cidade (Grandío, 2019, p.132). A indignación por estas mortes estendeuse por todo o territorio galego, con manifestacións e folgas que foron respondidas mediante unha forte represión estatal, cunha altísima presenza e acción da Policía e do Exército e posteriormente levando a consello de guerra e ante o Tribunal de Orde Público a un bo número dos obreiros participantes nas protestas (Gómez, 2022; Grandío, 2019, p.133). Meses máis tarde, en Vigo desenvolveuse outro dos conflitos máis relevantes deste período anterior á morte do ditador, a folga xeral de setembro do 72 que naceu co antecedente en mente de marzo, coa reivindicación da xornada de corenta e catro horas semanais e tralo despido de varios dos traballadores mobilizados. Como xa acontecera en Ferrol, saldado coa morte de dúas persoas, na folga xeral de Vigo na que chegaron a pararse arredor de trinta mil traballadores, a resposta estatal baseouse nunha forte represión policial (Míguez, 2024, pp. 279-280).

Imaxe 10. Placa en homenaxe a Amador Rey e Daniel Niebla, 1972



Fonte: fotografía realizada por Dionísio Pereira (Sede do FSG, Bos Aires, Abril 2023).


Os estilos máis duros de control policial necesariamente elevan o custo da acción colectiva polo que poderían diminuír a disposición dos actores a participar nunha protesta, pero unha

[264] A representación dos obreiros, co apoio maioritario destes, propoñían a firma dun convenio por factoría, conscientes do desequilibrio de forzas. Finalmente a empresa asina en Madrid un convenio coas dúas outras factorías que tamén debería ser de cumprimento en Ferrol (Gómez, 2022).

represión considerada ilexítima, como podería ser aquela que deu como resultado as mortes de Amador e Daniel, pode crear un sentido de inxustiza que aumente os riscos percibidos da inacción (Della Porta e Diani, 2011, p. 257). Así, Amador e Daniel convertéronse en dous novos mártires pola liberdade, cuestión que se fai visible na placa que, ao modo do que se fixera cos asasinados do 36, descubríase en Bos Aires, un mes despois da súa morte, en abril de 1972 na sede da FSG (Imaxe 10).

A súa potencia memorialista evidenciouse nos seguintes anos coa institución do Día da Clase Obreira Galega, o 10 de marzo, isto é, a data do seu asasinato. Neste mesmo senso, aínda que sen ocorrer no contexto dunha protesta, o asasinato do estudante Chema Fuentes en Compostela, en decembro dese mesmo ano 1972, propiciou tamén novas manifestacións estudantís. Resulta significativa a referencia a Chema Fuentes no voceiro da UPG, *Terra e Tempo*, ao identificalo cos asasinados do 36[265]. Así mesmo é destacable a lembranza ás vítimas do 36 e en especial a Alexandre Bóveda, que se produciu a tenor do acto do Día das Letras que celebraron os "vellos" galeguistas nese ano 72 nos xardíns ourensáns do Posío. O acto, que dedicaban a Valentín Lamas Carballal, convertíase nun "reecontro de moitos galeguistas, silenciados (e atemorizados) pola barbarie franquista. Algúns dos reunidos no devandito acto tiveran grande relevancia no marco da II República, militantes do Partido Galeguista, caso de Eleuterio, "Leuter", Salgado e Ramón Otero Pedrayo" (Diéguez, 2009, p. 462). Este último será quen no seu discurso recorde a Alexandre Bóveda[266].

Imaxe 11. "Os mártires serán santos"




Fonte: álbum *Galicia Mártir* (Castelao), cuberta do libro Álvarez, G. (1972) *Vida, paixón e morte de Alexandre Bóveda,* Edicións Nós.

[265] *Terra e tempo*, Decembro 1972. En Diéguez (2009): "En xulio do 1936 foi asasinado Alexandre Bóveda, segredario do Partido Galeguista; foi asasinado Xaime Quintanilla, alcalde socialista de Ferrol, foi asasinado Ánxel Casal, alcalde galeguista de Santiago… foi asasinado Benigno de Maceda, a testa máis lúcida do comunismo galego (nacionalista); foi asasinado Xohán Xesús González, pioneiro do socialismo galego de direución galega. Encheron as cunetas a centos, a milleiros, os militantes republicáns, socialistas, comunistas, anarquistas, agraristas, galeguistas, e de tódolos partidos que formaron o Frente Popular…"

[266] Segundo sostén Diéguez (2009) isto recórdao o fillo de Alexandre Bóveda, Xosé Luís Boveda (p.462).

Foi tamén neste ano 72 no que se publicou por primeira vez o libro *Vida, paixón e morte de Alexandre Bóveda*, un relato biográfico do galeguista, escrito polo seu cuñado Xerardo Álvarez Gallego en Bos Aires. Tanto o título, como a portada, na que se ilustra a estampa de Castelao do álbum *Galicia Mártir* (Imaxe 11) titulada *Os mártires serán santos*, nos retrotraen de novo a esa vinculación da figura de Bóveda como a dun Xesucristo secular. Esta biografía, moi estendida nos seguintes anos tanto no exilio como nos círculos políticos no interior, serviu como mecanismo para a difusión da violencia golpista. As fontes orais consultadas son as que o citan de maneira directa. No primeiro caso a fonte, emigrada en París, e que daquela era un adolescente que se movía nos círculos políticos do exilio, recibiu o libro como un agasallo en 1975. Doutra banda, outra fonte oral, moi activa tamén na mobilización política durante a Transición, resáltanos o carácter transcendental na súa formación militante. Foi a través deste libro como as novas xeracións coñecían a figura de Bóveda e o seu fusilamento, e como, por extensión, achegábanse, en moitos casos por primeira vez, ao pasado traumático da violencia golpista. Este caso exemplifica o que supuxeron tanto a literatura testemuñal como as reportaxes, publicacións ou conferencias que se realizaron neses anos, primeiro no exilio, e máis tarde en Galicia. Estas serviron como mecanismo de difusión e concienciación. Levaron ao espazo público os feitos do pasado traumático. "Abriunos os ollos", testemuña unha das fontes orais en referencia á biografía de Bóveda[267]. En base a isto, consideramos relevante considerar estas publicacións, as súas presentacións ou as conferencias relacionadas como accións da memoria en si mesmas, clasificándoas baixo o tipo "accións divulgativas", unha morfoloxía de actuacións da memoria moi relevantes, como veremos, no período do estudo.

Gráfico 25. As primeiras obras divulgativas da violencia xenocida



Fonte: elaboración propia.

[267] Entrevistas: a Xurxo Pérez realizada por Iria Morgade (Vigo, 22 de novembro de 2016) a Enrique Acuña realizada por Iria Morgade (telefónica, xaneiro de 2017) e Jose Antonio Uris Guisantes realizada por Iria Morgade (A Guarda, 6 de febreiro de 2018).

O ano 1972 estivo atravesado por múltiples paros e folgas, tanto a nivel galego como estatal. O informe presentado por Santiago Carrillo e Dolores Ibarruri no VIII Congreso do PCE, describía esta situación e subliñaba tamén a importancia desa folga xeral de Vigo. Pero como xa se adiantaba neste informe e se corroboraba na resolución política final do congreso, o partido evidenciou aquí un fundamental cambio na súa estratexia. Fronte ao defendido ata ese momento, coa folga nacional como instrumento principal para acabar co réxime franquista, propoñía agora mediante o *Pacto para la Libertad* a instauración dun goberno provisional de ampla coalición; a amnistía, o restablecemento das liberdades políticas e a convocatoria de eleccións constituíntes que decidisen sobre o réxime político-social español[268]. Abríase, pois unha vía á reforma, fronte á ruptura, na principal organización política da oposición antifranquista (Andrade, 2012, p. 59). Case nun proceso paralelo, un practicamente desaparecido PSOE celebraba o seu XII Congreso no que o exiliado Rodolfo Llopis perdía o control do partido que pasaba ao grupo sevillano encabezado por Felipe González. Un cambio na orientación do partido, que pese aos postulados teóricos máis radicais, desenvolvería tamén nos seguintes anos a estratexia das parcelas da liberdade, doutra volta unha vía de cambio de réxime aberta á reforma (Rodríguez, 2015, p. 125). Nese mesmo ano, nun espazo ideolóxico ben diferente, a UPG e o PSG asinaban o seu primeiro texto en conxunto, *Por unha Galiza ceibe e socialista* iniciando unha relación a medio camiño entre a colaboración e a competencia.

As conferencias sobre Castelao desenvolvidas tres anos máis tarde, en 1975, organizadas e participadas por diversas asociacións culturais e civís, conformaron un ambiente diverso no que convivían os vellos piñeiristas con algúns dos membros máis destacados desa nova xeración de galeguistas. Na homenaxe a Castelao celebrada en Rianxo en setembro de 1975, xustamente o mesmo día no que se executaban aos que serían denominados como "os últimos fusilados do franquismo" crearase tamén un estraño microclima no que participaron, por un lado, representantes do réxime franquista e, polo outro, organizacións sindicais, obreiras e políticas da oposición antifranquista. É hora de atender con detalle a estas accións da memoria levadas a cabo no derradeiro ano de vida do ditador, cando se comezaba a visualizar unha estrutura de oportunidade política.

2.2.2. "Lembrando a Castelao", as asociacións culturais como axentes da memoria

As lembranzas públicas de Castelao en Galicia iniciáronse antes de 1975. E incluíron formas moi diversas nos intentos por sortear a censura. A modo de exemplo, contamos coa testemuña de Lola Varela Salgado que nos vai falar, ademais, desa mobilización cultural e política da mocidade entre finais dos 60 e a década dos 70. Neste caso a través da súa participación nun grupo de estudantes e obreiros próximo ao PCE e liderados polo integrante de Voces Ceibes, Xerardo Moscoso en Pontevedra:

> Xerardo Moscoso plantexou facer unha obra de teatro e, polo rural, escollendo unha obra de Castelao *Os vellos non deben namorarse.* A historia en si non ten nada de especial, como todo o mundo pode saber, pero era o feito de falar de Castelao. Antes de representar a obra se falaba un pouquiño de Castelao, e ademais era unha obra en galego! E isto xa era rompedor (…) Só polo feito de

[268] Informe del Comité Central presentado al Octavo Congreso del P.C. De España. Santiago Carrillo e Dolores Ibarruri. "Hacia la libertad". p.44. Resolución política, 13 de outubro de 1972, Mundo Obrero. Ano XLII, nº 16, p.4-8. Recuperado de: https://www.filosofia.org/hem/dep/pce/mo97216.htm

> ir representar unha obra en galego de Castelao, xa eramos mirados regular polos lugares. Pero esa era a intención[269].

De tal forma, a finais dos sesenta, aproveitando as festas e en ocasións coa complicidade dalgúns dos curas das diferentes parroquias nos arredores de Pontevedra, ese grupo de simpatizantes comunistas levaban á veciñanza a figura de Castelao a través da representación da súa obra de teatro. O que á súa vez era un pretexto para introducirse na comunidade. En Cambados, ao tempo que se estaba representando a obra, un rapaz, que logo sería militante da CNT, subiu á igrexa e colocou alí a bandeira galega, permanecendo durante varios días[270].

Ademais desta lembranza de Castelao, que tiña como público a veciñanza do rural, moita dela posiblemente descoñecedora da súa figura, en liñas anteriores fixámonos noutro espazo para a memoria de Castelao, acontecida antes do ano 75 e nun contexto ben diferente. Correra a cargo de Otero Pedrayo no Museo Galego de Arte Contemporánea Carlos Maside[271]. Este, xunto ao propio Otero Pedrayo, formaban parte dese grupo de "vellos" galeguistas, do entorno Galaxia centrados na promoción do galeguismo a través da cultura, con especial interese no influxo ás novas xeracións.

A estas novas xeracións pertencían os mozos e mozas que en 1961 conformaron a asociación cultural O Galo, a primeira das ducias de asociacións similares creadas por todo o territorio galego nas décadas dos 60 e 70. Esta asociación foi a organizadora dun ciclo de conferencias sobre Castelao en 1973 (Santamarina, 2012, p. 28), antecedente dun proceso que eclosionou finalmente en 1975, no vinte e cinco aniversario do pasamento de Castelao, cando se desenvolveron ducias de conferencias espalladas por boa parte do territorio galego, co asociacionismo cultural como protagonista indiscutible.

2.2.2.1. A emerxencia do asociacionismo cultural como vector de memoria: as conferencias e mesas redondas de Castelao

O mesmo día que se cumprían vinte e cinco anos da morte de Castelao, Ramón Piñeiro ofrecía unha conferencia en Pontevedra. Esta conferencia estaba organizada pola Asociación Amigos da Cultura de Pontevedra, fundada en 1968 por un grupo de rapaces de Pontevedra. Este era a segunda vez que intentaban constituír a asociación. A primeira, en 1963 o permiso para a legalización fora denegado. Daquela elixiran denominarse Os Novos, en referencia a como Ramón Piñeiro e os vellos nacionalistas se referían a esa nova xeración (Rodríguez, 2012, p. 64). Esta, aínda que influenciada polo galeguismo dos superviventes do golpe de estado, decidira iniciar un camiño afastado da vía única do culturalismo. Unha dirección que se reflexou no impulso destas asociacións culturais espalladas por boa parte do territorio galego.

> As agrupacións culturais daquela se formaron como unha saída para a xente que tiña inquietudes digamos, galeguistas ou patrióticas, culturais e incluso políticas que non tiña outra canle, entón así se fundaron estas asociación O Galo a primeira en Compostela, e o Facho a segunda na Coruña, e logo moitas máis Francisco Lanza en Ribadeo, etc. Hai moitas, lémbrome da Auriense, Abrente de Ribadavia, bueno…infinidade[272].

[269] Entrevista a Lola Varela Salgado realizada por Iria Morgade (Vilar, Cerdedo, 26 de maio de 2022).
[270] *Ibidem.*
[271] Museo inaugurado trala morte do pintor homónimo en 1958.
[272] Entrevista a J.M. Monterroso, membro de O Facho, 16 de outubro de 2016 por Iria Morgade.

Así o expresaba o integrante da asociación cultural O Facho, Jose María Monterroso. Estas convertéranse no único medio legal nos anos sesenta e boa parte dos setenta para organizarse, sobre todo a partir da lei de asociacións de 1964, agochando toda unha serie de dinámicas políticas, que se ían facendo máis palpables co paso dos anos, e co funcionamento no seu seo deses rapaces que pasarían a ser tamén militantes de organizacións políticas clandestinas. UPG e PSG de xeito maioritario, pero tamén doutros partidos de esquerda como o PCE. Recordemos que o traballo dentro do movementos sociais e, polo tanto, dentro tamén das asociacións, conforma unha parte importante da estratexia dos partidos da oposición na clandestinidade (Beramendi, 2008, p. 1084)[273].

Trala constitución pioneira da asociación O Galo, en Santiago de Compostela (1961), en 1963, fundouse a asociación cultural O Facho, na Coruña, a segunda asociación deste tipo en ser creada en Galicia. Noutros traballos tense salientado a labor destas asociacións culturais en varios sensos, por un lado no formativo, coa organización de cursos de lingua galega, economía ou historia de Galicia, e polo outro no senso divulgativo coa realización de conferencias, certames, concertos ou obras de teatro cun obxectivo fundamental da recuperación ou posta en valor da cultura galega. Pero estas asociacións foron tamén fundamentais para comprender o memorialismo na Transición en Galicia, actuando como axentes de memoria. Poderíamos dicir que esta misión comezou, en boa medida, na lembranza a Castelao.

Ramón Piñeiro foi un dos protagonistas desas conferencias e mesas redondas que se realizaron en diversas vilas e cidades de Galicia en 1975. Desta primeira de Pontevedra contamos co discurso mecanografado en vinte páxinas que pivotou principalmente arredor dos temas da obra de Castelao, todos eles suavizados, como xa puidemos comprobar no fragmento no que fai a única alusión ao acontecido tralo golpe de estado. Este discurso foi publicado pola editorial SEPT, en galego, catalán e euskera nese ano 1975[274], pero ademais foi o mesmo texto que pronunciou Piñeiro noutra conferencia realizada ese mesmo ano. Neste caso situámonos ante outro tipo de acto, posto que desta volta non estaba organizada por unha asociación cultural senón polo Club de Dirigentes de Empresa de la Cámara de Comercio, da Coruña. Esta organización, para nada sospeitosa de "revolucionaria" organizou en xaneiro dese mesmo ano un ciclo de conferencias no que ademais da de Piñeiro (o día 17), se celebraron a de Fernando Mon *O compromiso human de Castelao a través do seu arte (*o 10) e o de Sebastián Martínez (presidente da Real Academia Galega) *Valores espresivos da obra de Castelao* (o día 31)[275]. Os tres textos foron tamén publicados pola entidade[276]. En prensa salientábase o feito de que as conferencias se realizasen en galego[277].

En contraste con este ciclo de conferencias, amparado pola Cámara de Comercio, cun corte institucional e politicamente correcto, temos aquelas outras conferencias e mesas redondas, nas

[273] A Asociación Amigos de Pontevedra, presidida nos primeiros anos por Tuco Cerviño, Barral Andrade e Baltar Feijóo.
[274] Anotado en letras manuscritas: Documento *Lembrando a Castelao* (Conferencia pronunciada en Pontevedra, a cargo a Asociación de Amigos da Cultura"). Arquivo Fundación Penzol, Fondo Ramón Piñeiro. CA-0361/002/002. E libro: Piñeiro (1975). *Lembrando a Castelao*. EDITORIAL SEPT.
[275] Arquivo do Reino de Galicia. Fondo Goberno Civil. *sin* 31.121. (documentación das solicitudes de permiso ao gobernador civil).
[276] Documento publidado por Club Dirigentes de Empresa. Arquivo Fundación Penzol, Fondo Ramón Piñeiro. *Sin* CA-0400/016.
[277] "Conferencia de Don Fernando Mon Rodríguez sobre Castelao", *La Voz de Galicia*, 10/01/1975, p.23; "Conferencia de Fernando Mon ayer en la Cámara de Comercio", *La Voz de Galicia*, 11/01/1975, p.26.; "Castelao: Hombre de profunda raíz moral, reflejada en su obra, para consigo mismo y con su país", *La Voz de Galicia*, 18/01/1975, p.27; Anuncio breve conferencia, *La Voz de Galicia*, 31/01/1975, p.25; "En Castelao priva el valor expresivo", *La Voz de Galicia*, 1/02/1975, p.20.

que tamén participou Ramón Piñeiro, pero nas que cremos, había máis posibilidades de que se manifestasen cuestións afastadas da lembranza permitida polo réxime.

Neste senso é preciso recordar como, a raíz do falecemento de Castelao en 1950 a Dirección General de Prensa emitira as seguintes instrucións dirixidas aos xornais, e nas que se establecían os límites do seu recordo:

> Se elogiarán únicamente del fallecido sus características de humorista, literato y caricaturista. Se podrá destacar su personalidad política, siempre y cuando se mencione que aquella fue errada y que se espera de la misericordia de Dios el perdón de sus pecados. De su actividad literaria no se hará mención alguna del libro "Sempre en Galiza" ni de los álbumes de dibujos de la guerra civil[278].

Se atendemos ás transcricións das conferencias de Otero Pedrayo ou de Ramón Piñeiro, así como ás referencias a Castelao en prensa nese ano 1975 semella que estas instrucións seguían vixentes. Por iso, os espazos propiciados polas asociacións culturais, menos formais, nos que ademais dos vellos galeguistas como Piñeiro tamén participaban "os novos", semella un espazo proclive para que se puidese filtrar o "outro recordo". Esta mesma percepción, consideramos, tamén a compartían as autoridades a tenor pola súa actuación ante as conferencias, pivotando entre a permisividade e a prohibición dos actos[279].

Debemos recordar que para a organización de calquera acto social (incluso un torneo de fútbol) debía solicitarse permiso ante o Gobernador Civil. Habitualmente este pedía informes á Policía ou a Guardia Civil sobre os participantes no acto. Coma ocorre, por exemplo, na mesa redonda a celebrar o 10 de xaneiro na Coruña organizada pola asociación cultural O Facho. Nela participaban ademais de Ramón Piñeiro e Marino Dónega, Ramón López-Suevos e Salvador García Bolaño, é dicir *os novos*[280]. Destes últimos, a Jefatura Superior de Policía sinalaba no informe dirixido ao Gobernador:

> Don RAMON LOPEZ-SUEVOS FERNANDEZ, (...) quien políticamente está catalogado como desafecto al Movimiento Nacional, el cual residiendo en Madrid en 1969, formó parte del comité Anti-imperialista Gallego, de carácter marxista-maoista; y Don SALVADOR GARCIA-BODAÑO ZUNZUNEGUI (...)fue sancionado por su Autoridad con 15.000 ptas de multa, al dar lectura y recitar poemas no autorizados en un acto celebrado en Perlío-Fene de esta provincia[281].

En resposta á solicitude do Gobernador Civil da Coruña sobre a pertinencia de autorizar o acto, o devandito informe consideraba:

> Se informa que a la vista del guión que acompaña a la solicitud, que, sin duda deliberadamente, huye del aspecto político de la vida de Castelao, no existe inconveniente alguno siempre que dicho aspecto no sea planteado en la Mesa redonda, no obstante V.E. resolverá lo que mejor estime pertinente[282].


[278] López-Ocón, Guijarro e Pedrazuela (2018) "Aulas abiertas. Profesores viajeros y renovación de la enseñanza secundaria en los países lationamericanos", p.350, Dykinson.
[279] Recordemos, que as asociacións culturais estarán protagonizadas pola mocidade galeguista, pero terán como respaldo a grupo veterano, a modo de exemplo a asociación de Ourense que tiña como presidente de honra a Ramón Otero Pedrayo.
[280] Piñeiro disertaría sobre "O pensamento de Castelao", Dónega sobre "aspectos da obra literaria de Castelao", López-Suevos sobre "A economía galega na obra de Castelao" e García-Bodaño "Castelao artista gráfico. En "Mesa redonda sobor de Castealo, oargaizada por "O Facho", con entrada pública", en La Voz de Galicia, 10 de xaneiro de 1975, p.9.
[281] Arquivo do Reino de Galicia. Fondo do Goberno Civil. *sin* 31.121
[282] Ídem.

Finalmente o Gobernador Civil permitiu o acto, o que non aconteceu coa mesa redonda organizada pola Asociación Cultural de Vigo para unha semana máis tarde que contaría practicamente cos mesmos conferenciantes. Desta volta non dispoñemos dos documentos do Goberno Civil, pero é posible intuír cal puido ser a razón da denegación: comprobar como a vertente política de Castelao si estivo presente na Coruña. Así quedou reflexado en prensa, con referencias expresas a súa obra *Sempre en Galiza*[283].

Esta evidencia do acontecido na Coruña, cun guión que non amosaba a vertente política de Castelao e a constatación en prensa de que esta estivera presente, abre a porta a considerar que isto foi un procedemento habitual. Deste modo, os solicitantes ocultaban este cariz no permiso trasladado aos gobernos civís, aínda que finalmente foran obxecto de tertulia. Estas estratexias das asociacións sonnos relatadas por un dos integrantes a asociación O Facho:

> Sempre estaba o famoso vixilante, que lle chamábamos social, policía social que era o que estaba aí en todos os eventos, aparecía un señoriño que todo o mundo se daba conta quen era para tomar nota do que se dicía etc, etc, incluso como había que mandar todo tipo de acto a petición ao goberno civil correspondente. O goberno segundo o guión que se lle presentaba do acto aprobábao ou non o aprobaba, permitíao ou non o permitía, pois ocorría incluso que esta xente empezou a pillar certa picaresca, pois puñan un guión e logo facían outra cousa, entendes? Se iban por outros camiños. E logo aí estaban as multas, estaba o señoriño precisamente para comprobar se eles se axustaban o autorizado ou non[284].

Imaxe 12. Fotografía da mesa redonda sobre Castelao. A Coruña, 10 de xaneiro de 1975



Fonte: *La Voz de Galicia*, 11/01/1975, p. 26

[283] "Mesa redonda encol de Castelao". La voz de Galicia. 11 de xaneiro de 1975, p. 26

[284] Entrevista a J.M. Monterroso realizada por Iria Morgade (A Coruña, 16 de outubro de 2016). Neste caso Monterroso falaba en xeral das actividades que realizaban as asociación e non desta conferencia. Pero como se podo extraer da lectura da súa testemuña, esta encaixaba perfectamente. Monterroso sinala como a partir de 1976 estas actuacións represoras das autoridades disminuíron, aínda que non desapareceron.

A mesa redonda da Asociación Cultural de Vigo, finalmente prohibida, tería contado case cos mesmos conferenciantes que a mesa celebrada días antes na Coruña, de novo Ramón Piñeiro e López Suevos, acompañados agora por Francisco Rodríguez[285], o que, cremos, evidencia unha certa coordinación entre asociacións[286].

Esta coordinación, estas "xiras de conferencias" desenvoltas por todo o país, visualízanse tamén nas que impartiu o catedrático de instituto e militante do PCE Xesús Alonso Montero. A mesma conferencia tivo lugar en vilas como Ourense, Ribadavia e tamén A Coruña[287]. En Ourense servira como clausura dun ciclo de homenaxe a Castelao no que tamén participaran Eduardo Blanco Amor ou Ramón de Valenzuela[288]. Nesta caso convocara o Ateneo Ourensán, de corte moderado, onde confluía a intelectualidade dos vellos galeguistas, da esquerda moderada e tamén comunista, sendo "reflexo da estratexia de confluencia do PCE". Nos seus locais realizáranse reunións da Junta Democrática, logo Táboa Democrática (Vazquez-Monxardín, 2012, p.74). Tamén fora permitida a mesma conferencia en Ribadavia, convocada pola Asociación Abrente. Tanto a de Ribadavia , como a de Ourense e a publicación previa da conferencia como prólogo ao álbum *Nós* na editorial Júcar, foron as garantías que ofreceu o presidente da asociación Centro social, cultural y recreativo Rutis, (Culleredo) na súa solicitude de permiso[289]. Neste caso o aviso da prohibición chegou poucos minutos antes da hora sinalada para a conferencia, cando xa se atopaba nas inmediacións un "numeroso público que esperaba"[290]. Esta prohibición amosa a ambigüidade ou arbitrariedade na toma de decisións sobre a autorización dos actos.

Para atopar a causa de que a mesma conferencia fose aprobada ou denegada, poderiamos fixarnos en varios factores explicativos. Por unha banda esa espionaxe previa dos actos xa realizados que podían advertir sobre elementos perigosos nas mesmas, por outra as diferenzas de criterios dos gobernadores civís de cada provincia, así como tamén a consideración que se tiña dende o réxime da organización convocadora, que bascularía á decisión cara a autorización ou a prohibición.

Falamos de prohibición aínda que para o réxime e para prensa, o termo máis habitual era "suspensión". Así aparece tamén para o caso da prohibición da conferencia do mesmo orador en Sada, para o 1 de marzo, organizada pola Sociedad Recreativa, Cultural y Deportiva de Sada. No arquivo do Reino de Galicia, soamente se conserva a comunicación do Gobernador, e non informes previos como os antes sinalados da Dirección General de Seguridad (Jefatura de Policía), no que poderíamos albiscar os motivos concretos desta prohibición. Nela simplemente se sinala que se acorda "no haber lugar a la petición formulada". Unha petición realizada por Juan Fernández Arévalo, en calidade de presidente da asociación e que tamén incluía unha exposición do álbum *Nós*[291].

Neste caso os seguintes acontecementos poden arroxar algo de luz sobre os condicionantes que puideron influír nesta prohibición. E é que poucos días despois da prohibición, a mesma asociación volveu a realizar peticións para os actos. Desta volta, realizáronse por separado, un

[285] "Suspendida la mesa redonda sobre Castelao que iba a celebrarse en Vigo". *La Voz de Galicia*, 18/01/1975, p.17.
[286] Como iremos vendo, o mundo vinculado coa oposición antifranquista e en concreto co galeguismo e a oposición política organizada van estar vehiculadas por un número reducido de persoas. Así é que as iremos atopando de diversas formas, unha e outra vez, durante todo o período en estudo.
[287] "Conferencia del profesor Alonso Montero sobre Castelao", *La Voz de Galicia*, 26/01/1975, p.10.
[288] *La Voz de Galicia*, 26 de xaneiro de 1975. En Vazquez-Monxardín, (2012) p.74.
[289] Arquivo do Reino de Galicia. Fondo do Goberno Civil. *sin* 31.121.
[290] "Conferencia del profesor Alonso Montero sobre Castelao". *La Voz de Galicia*, 26/01/1975, p.10.
[291] Arquivo do Reino de Galicia. Fondo do Goberno Civil. *sin 31.122.*

para a conferencia e outra para a exposición[292], cunha única diferenza clave: o orador e o tema da conferencia. Mentres a primeira estaría impartida por Xesús Alonso Montero, como dixemos, baixo o título *Unha leutura do álbum "Nos",* cun guión que incluía epígrafes como "arte e cosmovisión de clase" "levantamentos lagregos" ou "os dous exios da mostra: os asoballados e os asoballadores". Esta segunda conferencia, programada para o 23 de marzo, cambiaba de protagonista. Desta volta sería Marino Dónega, "de la Real Academia Gallega que versará sobre el tema "Castelao artista grafico" [293]. No guión que se anexaba os epígrafes vinculábanse a temas "artísticos", sen aspectos que puideran encubrir cuestións políticas ("a línea, expresión anímica do artista, Castelao ilustrador, decorador, figurinista e grabador", por exemplo)[294]. Como se reflicte en prensa, houbo unha gran asistencia de público na exposición[295]. Pola súa banda, Marino Dónega nunha entrevista trala conferencia e a raíz da pregunta "Houbo apertura este ano con motivo das actividades encol de Castelao?", responde:

> Digamos que a porta quedou entreaberta. Con todo destacareille que en Galicia – e non é por nada- distinguise a Cruña pola súa elegante requintada tradición liberal[296].

Existiron moitas outras iniciativas arredor da figura de Castelao durante este ano, toleradas en diversos grados polo réxime. Resaltamos polo seu carácter diferencial a obra de teatro que representou o grupo dramático da Agrupación Cultural Francisco Lanza denominada *Alfonso R. Castelao, Vida e obra*[297]. Ou a conferencia organizada polos Asociación de Antiguos Alumnos de la Escuela Profesional de Comercio de La Coruña[298], baixo o título *Biografía del Agrarista*, tolerada polas autoridades a pesar de que no informe da Dirección General de Seguridad se informaba negativamente do conferenciante Juan Antonio Durán Iglesias quen daquela xa tiña escritas diversas obras sobre Castelao e o agrarismo[299]. Salientábase nos informes a súa implicación durante os meses de marzo e abril de 1965 en actividades estudantís da USC polas cales xa aparecía no boletín informativo da Comisaría Xeral de Investigación Social de Madrid baixo a catalogación de "estudiante activista"[300] . Por outro lado, na solicitude de permiso anexionábase un amplo guión sobre o contido da conferencia. Resulta curioso comprobar como dos once puntos que ten, todos están amplamente descritos exceptuando os dous derradeiros, xustamente os que se refiren á ditadura de Primo de Rivera e aqueloutro cun título tan suxestivo como "Despedida: la nueva impaciencia"[301].

Nesta relación entre mocidade, asociacións culturais e tamén movemento estudantil podemos situar a mesa redonda que se realizou na facultade de Económicas da USC. Facultade, por outro lado, que salientou dentro do movemento estudantil compostelán. A organización do

---

[292] A celebrar entre o 8 e o 23 de marzo. Na solicitude de permiso adxúntase libriño conmemorativo da exposición na que se explica que a exposición expuxérase previamente na Galería Sargadelos de Barcelona, adxunto discursos de Salvador Espriu (en catalán) e Díaz Pardo (en galego), cunha mostra das estampas. Arquivo do Reino de Galicia. Fondo do Goberno Civil. *sin 31.165.*

[293] Arquivo do Reino de Galicia. Fondo do Goberno Civil. *sin 31.165.*
"Marino Dónega hablará de Castelao artista gráfico". *La Voz de Galicia*, 23/03/1975, p.23. e *La Voz de Galicia*, 19/03/1975, p.25. "En Castelao todo e preciso claro e coherente", *La Voz de Galicia*, 25/03/1975, p.42.

[294] *Íbidem.*

[295] Nota breve. *La Voz de Galicia*, 16/03/1975, p.30.

[296] En Castelao todo e preciso claro e coherente", *La Voz de Galicia,* 25/03/1975, p.42.

[297] Sabemos dela a través do libriño publicitario que se conserva no Arquivo Histórico Provincial de Lugo, no medio das autorizacións de actos. Fondo Goberno Civil, *sin* 13.357. Arquivo Histórico Provincial de Lugo.

[298] "Duran hablará de Castelao", La Voz de Galicia, 27 de febrero de 1975, p.21.

[299] Debe terse en conta que non vai ser habitual que os expedientes que se recuperen nos fondos dos gobernos cívis contén con estes informes (habitualmente só se conservaría a solicitude) pero todo fai pensar que no seu día existiron.

[300] Arquivo do Reino de Galicia, Fondo do Goberno Civil. *sin 31.122*

[301] *Íbidem.*

acto, á súa vez, corría a cargo de dúas asociacións culturais. O que volve a poñernos sobre a pista desa colaboración estreita entre asociacións. Neste caso foron a asociación O Galo, e a asociación O Eixo, ambas de Compostela. Na mesa participaría de novo Ramón Piñeiro, esta vez xunto a Camilo Nogueira, Francisco Rodríguez e María Xosé Queizán, integrantes desa mocidade galeguista á que nos referiamos. Esta é a primeira vez que situamos a unha muller nunha posición pública notoria no ámbito da nosa investigación. Nas asociacións culturais a participación de mulleres era abundante, aínda, que como é habitual non en postos directivos ou de liderado.

A autorización desta mesa redonda deixase ao "arbitrio del Excmo. Sr. Rector Manifício de dicha Universidad".[302] Finalmente tivo lugar tras un primeiro aprazamento[303] e nela falouse do pensamento político de Castelao, debatendo sobre o seu antiimperialismo[304]. Esta pode ser a causa da sanción económica que as autoridades impuxeron a O Eixo e a Francisco Rodríguez a raíz dunha das súas intervencións durante a súa conferencia *Castelao e a língoa*[305].

Tamén foi autorizada a entrega de premios de redacción e debuxo *Alfonso Castelao* organizada pola sociedade recreativa Casino Progreso de Franza en Mugardos, que se consultaba coa Delegación da Coruña do Ministerio de Educación sinalando non ter inconvenientes en que se autorizase o acto ao "estar controlados por el profesorado de los Colegios Nacionales"[306]. Tamén salienta a exhaustividade do Goberno Civil á hora de valorar a autorización da conferencia organizada por un grupo de veciños de Cedeira a cargo do debuxante no *Ideal Gallego* Siro López. Primeiramente o Gobernador pediu informes sobre os solicitantes ao comandante do posto da Guardia Civil de Cedeira, quen "hace constar que todos los solicitantes observan buena conducta en todos los órdenes careciendo de antecedentes políticos sociales en contra del Régimen y se les considera afectos a la Causa Nacional y acreedores a la gracia que solicitan". Posteriormente, sendo autorizado o acto, pediu ao alcalde que acudise ao mesmo "en calidad de Delegado Gubernativo" e informase sobre o resultado do mesmo. O informe deste último foi favorable, respondendo que este se realizara sen incidencias e coa asistencia de cincuenta persoas[307].

Diferente sorte correría a mesa redonda que a asociación cultural Tramallo (Pontedeume) tiña previsto celebrar o 15 de novembro deste ano 75 nos locais do Colegio Nacional "Couceiro Freijomil". Asinaba como presidente Antonio Regueira Vázquez, ofrecendo o listado de participantes entre os que se atopan Xosé Manuel Beiras Torrado, daquela xa dirixente do PSG, Manuel Espiña Gamallo, sacerdote promotor do uso da lingua galega e o avogado Alfonso Álvarez Gándara. A descrición na solicitude dos participantes limitábase a falar de "escritor" para o primeiro, "canónigo e profesor" para os segundo e "avogado" para o terceiro. Pero os informes da Jefatura Superior de Policía da Coruña realizaron unha descrición moito máis detallada deste último, o avogado Alfonso Álvarez Gándara.

Non sabemos se existiron tamén informes similares para os outros dous conferenciantes, pois non se conservaron no expediente, pero trala análise do informe de Álvarez Gándara,

[302] Arquivo do Reino de Galicia, Fondo do Goberno Civil, *sin* 31.121

[303] A mesa redonda estaba prevista para o día 31 de xaneiro pero aprázase por "motivos técnicos" como así atestetemuñan os escritos ante o Gobernador Civil (*sin* 31.121) e a nota de prensa publicada en *La Voz de Galicia*, 31/01/1975 "Aprazada a mesa redonda encol de Castelao que ía celebrarse hoxe en Santiago" p.9.

[304] "Mesa redonda en torno al pensamiento de Castelao", *La Voz de Galicia*, 7-2-75, p.29.

[305] Este último dato recóllese do artigo publicado en *A Nosa Terra*, en 1980 no que describe a actividade das asociacións culturais: Valcárcel, M. "Da Historia das asociación culturais galegas", *A Nosa Terra*, nº91, do 25 ao 31 de xaneiro de 1980, p.18.

[306] Arquivo do Reino de Galicia, Fondo do Goberno Civil, *sin* 31.166

[307] Arquivo do Reino de Galicia, Fondo do Goberno Civil, *sin* 31.076

resulta racional que o Gobernador Civil, seguindo as lóxicas do réxime franquista, decidise prohibir o acto. Así se sinalaba xa nunha pequena nota adxunta cun clip ao resto de documentos "No se autoriza"[308]. Tamén era recollida en prensa nunha pequena nota na que se daba conta da "suspensión da mesa redonda" incidindo en que "desde la fundación de la Agrupación Cultural "Tramallo", hace cinco meses, ha solicitado el celebrar tres mesas redondas siendo todas suspendidas por orden gubernativa"[309]. De novo, a orde gobernativa debeu vir pouco tempo antes de celebrarse o acto, tendo en conta que días antes se anunciaba a súa celebración no mesmo xornal[310].

Pero cabe preguntarse pola identidade de Alfonso Álvarez Gándara, cuxo expediente propiciou a prohibición dos actos[311]. Para aproximarnos á súa figura atenderemos en primeiro termo ao propio informe da Jefatura de Policía da Coruña asinada o 11 de novembro de 1975. Como era habitual a "nota informativa" comezaba cunha "conceptuación" de Álvarez Gándara onde se describía como "galleguista y filocomunista" para a continuación pasar a describir as súas actuacións como avogado en Vigo dende 1971. Entre elas destacábase a "defensa de elementos complicados en actividades subversivas, y en promover acciones judiciales contra funcionarios del Cuerpo General de Policía" [312], alentando aos activistas dos conflitos laborais acontecidos en Vigo en setembro de 1972, ou pertencendo á "Junta Democrática". Pero de especial interese para nós son as referencias a outras dúas cuestións. Por unha banda a súa consideración como un dos socios fundadores da Asociación Cultural de Vigo, que para a xefatura de Policía era unha asociación "de marcado matiz galleguista" onde Álvarez Gándara pronunciara "diversas conferencias con una marcada intención de oposición al régimen". Esta consideración da asociación e os seus membros reforza a hipótese que mantíñamos máis arriba, ao considerar clave cal era a organización convocadora para acadar a autorización ou non de actos. Por último, o derradeiro aspecto que consideramos importante salientar do devandito informe fai referencia a uns feitos que aconteceran dez anos antes:

> Se sabe que en 1965, cuando se hallaba en Madrid, tomó parte activa en algaradas estudiantiles, invocando el recuerdo de su abuelo fusilado en Tuy en 1936. [313]

O avó fusilado de Alfonso Álvarez Gándara era Darío Álvarez Limeses, médico forense titular do concello de Tui dende 1905 sendo parte activa no desenvolvemento cultural da vila. Tamén fundou o semanario *La Opinión* dende onde cargaba contra o caciquismo[314]. Tralo triunfo do golpe de estado en Tui, última cabeceira de comarca en ser tomada polos golpistas en Galicia, foi xulgado por rebelión militar e condenado a morte. Fusilárono o 30 de outubro de 1936 na alameda de Tui, con 58 anos[315]. Que de entre os dez feitos que se relataban no


[308] Arquivo do Reino de Galicia, Fondo do Goberno Civil. *sin 31.118*
[309] Leira Sande: "Suspendida una mesa redonda sobre Castelao en Puentedeume", *La Voz de Galicia,*15/11/1975, p. 9.
[310] "El día 15, mesa redonda sobre Castelao", *La Voz de Galicia*, 9/11/1975, p.7.
[311] En abril dese mesmo ano 75 Alfonso Álvarez Gándara aparecía como conferenciante en Lugo dun acto inserido no ciclo de homenaxe a Castelao organizado polo Colegio de Doctores y Licenciados en Ciencias y Letras de Lugo. A conferencia levaba o título *A ideoloxía de Castelao* e fora autorizada polo gobernador civil. Na comunicación este advertía que a conferencia debía "ajustarse al texto remitido", sendo directamente responsables de que que se realizase nos termos indicados tanto o conferenciante como o decano da organización convocadora. No expediente que se consulta no Arquivo Histórico Provincial de Lugo, non se conserva ese "texto" que debeu adxuntarse na solicitude. Fondo Goberno Civil de Lugo, sin 13.357, Arquivo Histórico Provincial de Lugo .
[312] Por iso quizais non "goza de prestigio entre sus compañeros, que lo consideran individuo oportunista y perturbador que aprovecha todas las ocasiones para manifestar su oposición al Régimen". Arquivo do Reino de Galicia, Fondo do Goberno Civil. *sin 31.118*
[313] Arquivo do Reino de Galicia, Fondo do Goberno Civil. *sin 31.118*
[314] Claudio González Pérez, (2007): *Xosé María Álvarez Blázquez. 1915-1985*. A Coruña, Toxosoutos., p.20
[315] Base de datos Nomes e Voces. http://vitimas.nomesevoces.net/gl/ficha/14857/

informe policial e que falaban da actuación subversiva de Alfonso Álvarez, se atope esa referencia expresa á "invocación" da lembranza do avó asasinado, fálanos da relevancia que o réxime daba a este aspecto. Nesa continuidade (que xa tratamos en anteriores capítulos) da imposibilidade de recordar o acontecido, de lembrar aos asasinados. Unha cuestión, polo tanto, que seguía viva en 1975.

2.2.2.2. A familia Álvarez Limeses: axentes da memoria

Este recordo de Darío Álvarez Limeses que fai o seu neto na súa etapa de estudante en Madrid, non foi único nin casual. Alfonso Álvarez Gándara formaba parte dunha familia fundamental para comprender non só a intelectualidade galeguista e de oposición ao réxime durante os anos da ditadura e a Transición, senón tamén para comprender as actividades memorialistas neste período, onde os membros desta familia actuarían como axentes de memoria. Ademais das actuacións posteriores a este ano 1975 e que iremos analizando nas seguintes páxinas, esta traxectoria memorialista era xa palpable neste ano 75 onde se facían visibles xa diversas actuacións memoriais de interese desta familia.

Gráfico 26. Árbore xenealóxica reducida da familia Álvarez



Fonte: elaboración propia.
Nota: soamente se inclúen as persoas relevantes para o noso obxecto de estudo, sen incluír irmáns, fillos ou parellas.

Por un lado, en 1972 publicárase a obra *Vida, paixón e morte de Alexandre Bóveda*, da que xa falamos e que fora escrita por Xerardo Álvarez Gallego, irmán de Amalia Álvarez Gallego, a compañeira do propio Bóveda, e, como se pode ver no Gráfico 26, era sobriño do médico asasinado en Tui. A súa relevancia memorial para a mocidade da oposición antifranquista xa foi relatada en anteriores parágrafos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tamén tivo unha especial transcendencia o relato que nese mesmo 1975 publicouse dentro do Estado español, na revista *Historia y Vida*. No número 83 desta publicación, pioneira no ámbito da divulgación histórica, incluíanse os relatos gañadores do "Concurso sobre la guerra civil", entre eles, cun 2ª premio atopamos o titulado *Historias de la retaguardia nacionalista* asinado por Darío Álvarez Blázquez. É dicir, polo que era fillo do Darío asasinado no 36 e pai de Álfonso Álvarez Gándara. Neste relato sobre o acontecido en Tui tralo golpe de estado dende a súa propia experiencia, Darío comezaba referíndose á morte do seu pai:

> Tuy fue la ciudad más castigada de toda la retaguardia gallega durante la guerra civil. Entre los fusilados se contó mi padre- Darío Alvarez Limeses-, médico y periodista de un cierto relieve en el ámbito ciudadano y provincial. Y con él otro médico también prestigioso: el doctor Alejo Diz Jurado, y cuatro convecinos más. Entre ellos un padre y un hijo que murieron abrazados en la madrugada del 31 de octubre de 1936. Habían venido sucediénose los fusilamientos y "paseos" y siguieron después hasta bien entrada el año 1938[316].

No relato, o autor salientaba que estes crimes cometéranse como "castigo" por ter resistido ao golpe, sendo a último cidade galega que se "unió al Movimiento". Ademais incidía no feito de que a resistencia fixérase sen que se exercese "la menor violencia física sobre nadie". O relato profundizaba na historia de Josefa García Segret, á que o propio Darío axudara como médico para simular un embarazo durante o seu aprisionamento, e deste xeito evitar a pena de morte. Historia sobre a que volveremos en anos posteriores polo protagonismo como divulgadora da propia Josefa. O autor, médico tamén daquela substituíndo ao seu pai asasinado, tiña xa participado na efervescencia política da II República, como tamén o fixera o seu irmán Xosé María. Ambos formaban parte das Mocidades Galeguistas, isto é as xuventudes do PG. Ademais do asasinato de Alexandre Bóveda e do seu pai Darío Alvarez Limeses, a familia fora golpeada pola violencia golpista de diversa formas, así os fillos do asasinado sufriron persecución durante os anos seguintes con multas, prisión, desterros e suspensión de empregos, entre eles, o irmán máis vello, Celso Álvarez Blázquez que morreu por unha tuberculose provocada pola fame en 1940[317].

A súa vinculación política, porén, continuou, amosándose publicamente xa nos anos 60 e 70. O seu activismo memorialista fíxose especialmente a través da escrita, como no anterior relato, pero tamén con accións públicas de carácter colectivo, ás que atenderemos no seguinte capítulo situando nun lugar de especial relevancia primeiramente a sobriños e fillos de Darío Álvarez Limeses, e seguidamente á seguinte xeración, a dos seus netos. Como Alfonso Álvarez Gándara, que na súa mocidade en Madrid, recordaba publicamente ao seu avó asasinado.

A denuncia do acontecido no 36 tamén se evidenciou na polémica que rodeou a pai e fillo uns anos antes. Coñecémola a través da carta que Álvaro Cunqueiro lle escribía en 1967 a Darío Álvarez. Na carta Cunqueiro, que daquela era director do *Faro de Vigo*, explicáballe por que non ía publicar un artigo sobre Miguel Hernández asinado polo seu fillo Alfonso con motivo do vinte e cinco aniversario do falecemento do poeta. Convén atender á mesma:

> Querido Darío:
>
> Sinto moito a cousa, pro non quero,-non é que non poida, é que non quero-, pubricar o artigo de Alfonso. Eu teño moita estima persoal por Alfonso, pro non teño ningunha polas súas ideas políticas, nin pólas dos seus amigos de oxe. E

[316] Álvarez, D.: "Historias de la retaguardia nacionalista*", Historia y vida*, nº83, Febreiro 1975. En Arquivo Penzol. Fondo Álvarez Basso, *sin. 25.*

[317] González, C.: (2007): *Xosé María Álvarez Blázquez. 1915-1985*. A Coruña, Toxosoutos., p.44.

> non quero colaborar. Nos xa falamos niste derradeiro ano tres veces de Miguel Hernandez, como poeta. E como poeta, Alfonso pode falar o que queira do Poeta, pro como político do político, pois non.
>
> Unha aperta do teu invariabel amigo."[318]

Trala lectura desta carta convén achegarnos ao contido deste artigo censurado. E isto puido realizarse grazas a que este foi publicado dez anos máis tarde, en maio do 76 noutra rotativa, *La Voz de Galicia*, onde se sinalaba que o autor en 1967 remitirao a "no menos de quince diarios y revistas", sendo imposible conseguir a súa publicación naquel momento. No texto denunciábase a ausencia dunha homenaxe nacional ao poeta nese vinte e cinco aniversario da súa morte. Miguel Hernández falecera en 1942 en prisión, a causa das terribles condicións na mesma, padecendo primeiro bronquite, despois tifus e posteriormente tuberculose: "Estaba esperando un coro de poetas o una peregrinacion mental a Orihuela. Esperaba un homenaje de desagravio, porque a Miguel Hernández se le debe"[319]. O autor denunciaba o silencio arredor do falecemento do poeta:

> O se murió demasiado tarde, demasiado después que Federico, cuando ya se habían callado todos los altavoces. En medio de tanto dolor legítimo, hay algo que hace dudar de la seriedad del duelo y esto es que, pasando los Pirineos, tantos mantengan luto por Federico y casi nadie se haya acordado de ponerse una corbata negra por don Antonio o un botón en la solapa por Miguel. Sobre Hernández recayó un manto de silencio, pero fueron todos, unos y otros, los que callaron demasiado acerca de él. Por eso pienso que el acto de desagravio se lo debemos todos. (...)[320].

Despois de atender ao artigo, chama máis a atención a negativa de Álvaro Cunqueiro a publicar o artigo por non querer que se falase "do Miguel político". Despois de lelo podemos comprobar que non existe esa descrición do Miguel Hernández político, máis alá do que é implícito en todo o artigo, a crítica ao réxime de xeito indirecto. Quizais, o soneto que lle dedicou ao final do mesmo, sexa o máis "político" do asunto:

> Tu voz está, Miguel, bajo las cosas;
> En la entraña de cobre de la tierra,
> En el vientre de España, quedó escrita.
> Tu nombre está en la cumbre de las rosas,
> donde llueve tu sangre en pie de guerra,
> abierta, como flor de dinamita[321].

O artigo de Álfonso Gándara publicouse finalmente en 1976 con motivo da homenaxe que se pretendía dedicar ao poeta[322]. 1976 foi un ano clave no estudo que nos ocupa, cando trala

---

[318] Arquivo Penzol. Fondo Álvarez Basso, *sin. 9.* Carta na que de xeito manuscrito posteriormente inclúese a información "Alvaro Cunqueiro, se refiere en esta carta al artículo que había escrito, en 1967, Alfonso Alvarez Gandara con motivo del 25 aniversario de la muerte del poeta Miguel Hernández".

[319] Álvarez, A. :"Se llama polvo, aunque Miguel se llame", *La Voz de Galicia*, Suplemento Los Domingos de La Voz, 9/5/1975.

[320] *Íbidem*.

Álvarez Gándara sinalaba cal sería a homenaxe que non quererría:" No deseaba ver a las brigadas internacionales de la poesía despositar en su tumba un ramo de claveles rojos. Yo no lanzaría un rebalo de somalén que convocara a la "España real" a desafiar a la "España oficial", para que unos y otros, peregrinos y policías, se pusieran a forcejear irrespetuosamente sobre el espacio bajo la grama en que descansa Miguel, porque creo que cada cosa tiene su momento y a cada ideología le basta con un solo símbolo. Creo que se debe respetar a los muertos y que Miguel Hernández tiene derecho a sentirse desmovilizado".

[321] Álvarez, A. :"Se llama polvo, aunque Miguel se llame", *La Voz de Galicia*, Suplemento Los Domingos de La Voz, 9/5/1975.

[322] *Íbidem.*


USC DE COMPOSTELA

morte de Francisco Franco, as homenaxes públicas ás vítimas da violencia xenocida sucedéronse por todo o territorio do estado. A homenaxe, que se organizaba pola Asamblea Democrática de Orihuela no mes de maio dese ano nomeouse nos catro idiomas do estado *Homenaxe dos pobos de España a Miguel Hernández* e acadou resonancia en todo o Estado español. Nel numerosos artistas plásticos pintaron murais en Orihuela, de onde o poeta era orixinario, e cantautores, grupos teatrais e conferenciantes trataron de estender a homenaxe por toda a provincia (Moreno e Perea, 2010, p. 14). Pese a que os actos centrais foron prohibidos polo Goberno Civil[323], e pese ao gran despregue policial para impedilo, tres mil persoas manifestáronse nos lugares onde se ían producir os actos, nos arredores do campo de fútbol de Altabix e no barrio de San Antón, sendo duramente reprimidas con cargas policiais e detencións[324] .

A estes actos acudiran en autobuses persoas procedentes de Barcelona, Valencia e "outros lugares". É posible pensar que entre eles tamén estivese o propio Alfonso Álvarez Gándara, ou algún outro integrante dalgunha das asociacións culturais ás que nos vimos referindo no presente texto. Esta suposición nace ao atender ás adhesións a este acto, onde figuraban, entre outras[325], practicamente a totalidade destas asociacións culturais, isto é ademais da Asociación Cultural de Vigo, á que pertencía Alfonso Álvarez, a Asociación Amigos da Cultura de Pontevedra, a Asociación Cultural Abrente (Ribadavia), a Asociación Cultural o Galo, a Asociación Cultural O Eixo e a Asociación O Facho. Se atendemos ao total de colectivos adheridos, poderemos comprobar como o peso dos colectivos galegos é bastante relevante, completado cun amplo número de colectivos procedentes de Catalunya e da actual Comunitat Valenciana.

[323] "Se suspenden varios actos del homenaje a Miguel Hernández", El País, 22-5-1976
[324] "Manifestación de 3.000 personas en Elche", *La Voz de Galicia*, 25/05/1975, p.16 e "Gran despliegue policial en Elche para evitar el homenaje a Miguel Hernández", *El País*, 25/05/1976.
[325] Club Auriense (Ourense), Club Valle Inclán (Lugo), Librería Curros Enriquez, (Vigo), Ateneo de Moraña, Aula de Cultura de San Antón.

Gráfico 27. O asociacionismo cultural. Asociacións organizadoras de conferencias de Castelao



Fonte: elaboración propia.
Nota: En negro as asociacións que tiveron un papel destacado nas accións da memoria a partir de 1976.

Rematamos así un epígrafe no que, de inicio a fin, o asociacionismo cultural resultou clave. Como se pode ver no Gráfico 27, onde situamos as principais asociacións que participaron nas conferencias a Castelao nese ano 1975, atópanse algunhas das que foron axentes de memoria nos anos seguintes. Algo que se pode entrever con esta adhesión a unha homenaxe tan crucial como a realizada no 76 a Miguel Hernández en Valencia.

En Galicia, tamén foi no 76 cando se realizou a primeira homenaxe pública fóra do exilio a Alexandre Bóveda, como en Orihuela o acto central se prohibiu. Ademais desta homenaxe, celebrada o 17 de agosto, seguindo a estela do Día dos Mártires Galegos, tamén no 76 tivo lugar outra homenaxe pioneira. Nela falou Darío Álvarez Blázquez, e nela lembrouse publicamente aos asasinados na mesma alameda onde se realizara o acto, en Tui, entre eles Darío Álvarez Limeses. Invocábase así ao avó de Alfonso Álvarez Gándara.

Pero antes destas dúas homenaxes, á Boveda e aos fusilados na alameda de Tui, en Rianxo tivo lugar un estraño, paradoxal e multitudinario acto de homenaxe a quen podemos considerar o primeiro axente da memoria pública da violencia xenocida, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. Produciuse con Franco aínda vivo, e no mesmo día no que se cumpría a pena de morte ao vigués Humberto Baena.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

2.2.3. "O primeiro retorno de Castelao". A homenaxe en Rianxo en setembro de 1975

> Posiblemente ha sido esta una de las semanas más tensas e intensas del año, con todas las noticias que el lector conoce perfectamente, especialmente las relacionadas con la punición del terrorismo. Nuevos sucesos y nuevas noticias nos amenazan con prolongar excesivamente este tiempo de grandes inquietudes, de sobresaltos y congojas. El país mira los sucesos entre atónito e incrédulo y se pregunta como es posible que nos estén sucediendo tantas cosas en tan corto espacio de tiempo. El Gobierno y el Régimen atraviesan una de sus más negras etapas, con los sucesos interiores y con el hostigamiento exterior[326].

Este parágrafo forma parte do artigo publicado o 21 de setembro de 1975 baixo o título *Una semana tensa* referido, entre outras cuestións, ás once penas de morte que o réxime ditara nas semanas anteriores e que produciran unha gran conmoción interna e internacional. No artigo aludíase en concreto á solicitude de clemencia dos bispos españois, que se sumaban ás numerosas peticións de indulto dende dentro do estado pero tamén, e con especial importancia, dende a esfera internacional. E se esa semana que finalizaba fora cualificada como unha das máis tensas do ano, a semana que entraba o sería aínda máis. Seis días despois, na mañá do sábado 27 de setembro executaríanse as penas de morte de cinco dos condenados, os que con posterioridade serían coñecidos popularmente como "os últimos fusilados do franquismo". O réxime non cedía. O seu asasinato desataría unha gran ola de protesta.

O domingo previo a estes acontecementos, na mesma páxina de xornal que o artigo arriba mencionado, o crego galeguista Manuel Espiña anunciaba un evento que tería lugar o sábado seguinte, 27 de setembro[327]. Daquela aínda non se sabía que coincidiría co día das execucións.

> O sábado vindeiro temos os galegos unha cita en Rianxo. Teremos a sorte de facerlle un homenaxe máis o noso imorrente Castelao. Pero un homenaxe moi especial que lle confire a meirande forza de convocación, xa que se trata de lle descobrir e adicar o primeiro moimento na sua terra galega e precisamente no recantiño de Galicia onde foi nado: na fermosa Rianxo[328].

Inmerso pois neste ambiente convulso, no mesmo día en que o réxime mataba unha vez máis, producíase a primeira homenaxe pública a Castelao en Galicia. Sen ter en conta que o mesmo día da celebración asasinábanse a cinco persoas, entre elas o vigués Humberto Baena, sería difícil comprender as diversas lóxicas e dinámicas que xogaron nesta homenaxe. Nela conxugáronse tres dos elementos básicos das accións da memoria analizadas ata este momento: as asociacións culturais, os colectivos exiliados e emigrantes e a propia figura de Castelao, axente memorialista en si mesmo.

Para analizar a homenaxe contamos principalmente con documentación do Goberno Civil da Coruña, numerosas referencias en prensa e o relato do proceso por dous dos integrantes da comisión organizadora en Galicia. Por un lado, mediante a entrevista realizada a Jose María Monterroso Devesa, secretario da comisión, e por outra banda a través do relato de Manuel Dourado Deira, quen en 2014 e valéndose da numerosa documentación producida pola comisión, e facilitada por Monterroso, publicaba o libro *O primeiro retorno de Castelao*[329].

---

[326] Calvo, P.: "Una semana tensa. Análisis político", *La Voz de Galicia*, 21/09/1975, p. 26

[327] O mesmo Manuel Espiña que ía participar, en novembro dese ano, na conferencia da Asociación Tramallo que fora prohibida.

[328] Espino, M. "Un momento a noventa homes galegos. Outeiro de San Xusto", *La Voz de Galicia*, 21/09/1975, p. 26

[329] Do relato de Dourado extraeremos tanto valoracións e reflexións propias como a transcrición de documentación de interese. Dourado, M. (2014). *O primeiro retorno de Castelao.* Axouxere Editora.

A descrición desta homenaxe debe comezar coa súa orixe, que nos retrotrae varios anos antes e nos fai viaxar de novo alén mar, neste caso a Montevideo (Uruguai) onde o colectivo de emigrantes galegos, Patronato da Cultura Galega de Montevideo, impulsaba a creación dun busto de Castelao que tería como destino Rianxo, a súa vila natal[330]. Fernando Pereira, secretario do Patronato falaba así da orixe da homenaxe[331]:

> Na revista "Chan", no vinte cabodano da morte de Castelao, saiu unha chamada para que se fixera un homenaxe a Castelao na súa vila. Ise foi o punto de partida do traballo do Patronato[332].

Podemos situar o inicio dos trámites entre 1972 e 1973 cando contactaron coas autoridades franquistas solicitando permiso para a doazón do busto a Rianxo. Así, nunha carta datada o 19 de marzo de 1973 o Patronato escribía ao Ministro de Información y Turismo, Alfredo Sánchez Bello, solicitando que tivera a ben autorizar esta doazón "atendiendo de esta forma el deseo de numerosas asociaciones culturales, de dentro y de fuera de Galicia, además de eminentes personalidades". Na carta explicaban tamén que non obtiveran resposta da petición feita ao propio concello de Rianxo[333]. O ministro respondíalle amablemente derivándoo ao Ministerio de Gobernación, ao que se dirixiron o 23 de abril de 1974, sen que coñezamos a resposta[334]. Este ir e vir entre ministerios e autoridades produciuse, polo menos, durante tres anos:

> Dixéronme tódalas xestións que fixeran con varios ministros de dous ou tres Gobernos de España nestes anos derradeiros. Cómo lle deran todos moi boas espranzas, pero, denantes de ter a desexada autorización, chegaba un novo cambeo de Goberno e tiñan que comenzar outra vez[335].

Esta testemuña é do xa nomeado Manuel Espiña Gamallo, sacerdote e teólogo, quen traballou durante décadas na galeguización da liturxia católica, labor polo que foi amplamente recoñecido. En 1973 viaxou a América convidado polos Centros Galegos de Bos Aires e Montevideo, onde lle informaron sobre as xestións arredor do busto de Castelao. Dende ese momento comprometeuse con esa labor[336]. Así, un ano despois, en 1974, xunto ao emigrante recentemente retornado Jose María Monterroso Devesa (e que en anos posteriores, como xa se indicou, formou parte da asociación cultural O Facho) foi oficialmente comisionado polo Patronato para realizar os trámites dende Galicia[337]. Para acadar a autorización das institucións franquistas, que se entrevía xa complicada, Monterroso e Espiña consideraron axeitado implicar a Agustín Sixto Seco, presidente do Padroado Rosalía de Castro, unha institución tolerada polo

---

[330] O Patronato da Cultura Galega de Montevideo foi fundada en 1964, tendo como obxectivos a defensa da cultura e do idioma galego. Máis información: http://arquivo.consellodacultura.gal/index.php/patronato-da-cultura-galega-de-montevideo-2

[331] Por outra banda o que sería secretario da Comisión que organiza o acto dende Galicia , José María Monterroso, previamente a esta decisión, sitúa un antecedente en 1956 cando emigrado Antón Crestar Faraldo encomendara ao escultor José Escudero Couceiro a realización de dúas esculturas de Castelao, unha agasallada á Casa de Galicia de Uruguai e outro ao Centro Gallego que finalmente irá a parar á sede do Patronato da Cultura Galega. En prólogo de Monterroso en: Dourado, M. (2014) *O primeiro retorno de Castelao*. Axouxere Editora, p. 11

[332] Entrevista a Fernando Pereira pola delegación de Santiago de Compostela de La Voz de Galicia: "O de Rianxo foi un acto positivo", *La Voz de Galicia,* 1/10/1975, p.8

[333] Este dato é o que nos fai pensar que os trámites deberon iniciarse antes do 1973.

[334] Dourado, M. (2014). *O primeiro retorno de Castelao*. Axouxere Editora, p. 32-33

[335] Espiña, M. ."Homaxe de Galicia a Castelao", *La Voz de Galicia*, 5/10/1975, p. 33.


[336] "Evocación e lembranza de Manuel Espiña Gamallo", *Cuadernos de Estudos Xerais*, nº 5, 13 de xaneiro de 2016. Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo , p. 17.

[337] Non queda claro o Patronato finalmente conseguiu autorización, aínda que nos inclinamos porque non fose así, atendendo á testemuña de Manuel Espiña quen sinala que esa solicitude de que fosen os comisionados para a homenaxe en Galicia "chegou cunha carta dos de Montevideo e máis con xerocopias das respostas das autoridades españolas" (Espiña, M. " Homaxe de Galicia a Castelao", *La Voz de Galicia*, 5/10/1975, p. 33). Posiblemente estas respostas das autoridades españolas serían as que logo Manuel Dourado transcribiu e que vimos de referenciar. Dourado, M. (2014) *O primeiro retorno de Castelao*. Axouxere Editora,, p. 32.

réxime franquista, que estudaba a obra de Rosalía e Murguía e que organizaba cada 25 de xullo unha misa en galego, único acto nesta lingua autorizado[338]. Esta relación cordial coas autoridades, situábano pois, nunha boa posición para negociar a autorización da homenaxe a Castelao[339].

Deste modo empregando como canle oficial o Padroado Rosalía de Castro, que en reunión plenaria aceptaba a encomenda, constituíse a Comisión Pro Homaxe Castelao integrada por Agustín Sixto Seco como presidente, Jose María Monterroso como secretario, o crego Manuel Espiña e por último o contacto na propia vila de Rianxo, o mestre galeguista Manuel Dourado Deira[340]. Posteriormente, e principalmente con valor simbólico, á comisión organizadora fóronse sumando unha serie de personalidades e representantes de institucións e colectivos, pero estas catro persoas, conformarían o verdadeiro núcleo organizativo.

Gráfico 28. Liñas de actuación da Comisión pro-homaxe



Fonte: elaboración propia.

En canto á actividade desta comisión, poderíamos dividila en tres liñas de acción interrelacionadas (Gráfico 28): a busca de apoios e adhesións, a acción coordinada co Patronato de Montevideo e por último, e que resulta fundamental para comprender o quefacer da comisión na súa globalidade, a tramitación dos permisos gobernativos. Así, na procura de facilidades para a súa realización, poderíamos comprender a busca de complicidades noutros colectivos e personalidades destacadas da cultura galega e española, seguindo a lóxica de que, acadando unha gran relevancia social, fose máis complicada a súa prohibición. Así o explicaría o presidente Sixto Seco:

> Entón e para deixar ben sentado en nome de quen iamos proseguir coa afervoada tarefa de delicadas xestións, pareceunos a todos moi oportuno consultar as opinións de Galicia enteira, e como non se podía facer un inquérito ideal aos tres millóns de galegos do país de mar en mar, consideramos doado dirixirnos

338 https://rosalia.gal/quen-somos/afundacion/

339 En xaneiro de 1975 organizarían diversos actos de homenaxe a Castelao cunha exposición filatélica e bibliográfica. En "Hoxe inauguración da mostra filatélica e bibriográfica homaxe a Castelao", *La Voz de Galicia,* 5/01/1975, p.12.

340 Entrevista a Jose María Monterroso realizada por Iria Morgade (A Coruña, 23 de outubro de 2016).
Discurso de Agustín Sixto na homenaxe no que fala desta xuntanza extraordinaria do Padroado (gravación escoitada en cd incluido en Dourado (2014). *O primeiro retorno de Castelao.* Nas seguintes liñas se citarán novamente estas gravacións*).*

> ás entidades culturais e personalidades intelectuais máis representativas de Galicia solicitando o seu parecer[341].

Atendendo á correspondencia gardada polos membros da Comisión podemos comprobar como estas xestións comezaron xa a finais do ano 74, con resposta afirmativa da meirande parte delas[342]. Sixto sinalaba unicamente a existencia de "dúas e concretas negacións por consideracións persoales"[343], que moi probablemente se referisen a Domingo García-Sabell e Ramón Piñeiro. Este último explicaba:

> Quero tamén dicirlles que a miña adhesión íntima ao que Castelao simboliza impídeme participar nun acto que, inevitablemente, terá implicacións que Castelao refugaría. Porque, en vida del fomos amigos e porque en vida e en morte compartimos o mesmo ideal, síntome moralmente obrigado a ser fiel á súa memoria da maneira que considero máis verdadeira[344].

A esta mensaxe o propio Monterroso contestaba:

> Respeto profundamente as súas razóns, que, no cerne, eu comparto, e que houbese defendido, se non fose por un compromiso cos amigos de Montevideo, e máis co Dr. Sixto, que botou sobre min, coa súa confianza, esta laboura dabondo incómoda, tendo en conta o pouco tempo de que disponemos. Sobre todo, coido non traicionar as miñas ideas individuales, colaborando nesta organización, que tamén ten a súa banda positiva, como é a de facer pasar ás autoridades -eso si, cedendo un anaco- por un recoñecemento do que nunca quixeron recoñecer: ¿Deica que punto este "colaboracioniasmo" é rexeitable? Iso xa non o sei.

Esta breve conversa que fala dunha "incomodidade" de Monterroso versa sobre o que foi unha das cuestións centrais arredor da celebración desta homenaxe: o papel nela das autoridades franquistas. As implicacións e consecuencias desta, precipitáronse días antes da homenaxe, cando as asociacións culturais decidiron retirar o seu apoio, rompendo en certo modo co seu carácter diverso e plural e evidenciando a existencia de profundas discrepancias, que poden lerse máis alá do acto, ás portas dunha Transición onde a oposición antifranquista dividíase entre aquela que seguiría a apostar pola ruptura e aqueloutra que defendería a reforma e, por tanto, aceptaría a colaboración cos antigos integrantes do réxime.

Pero volvendo á homenaxe, e para comprender como se chega a este punto, debemos atender ao camiño percorrido pola comisión dende finais de 1974. Así, ademais da correspondencia a estes dous persoeiros do galeguismo, consérvanse cartas de diversas persoas que aceptaron o convite ao acto ou a súa adhesión, como Victoria Armesto, escritora e xornalista e que posteriormente en 1977 encabezaría a lista electoral da Coruña por Alianza Popular (AP) e que terá un papel relevante na contramemoria dos anos posteriores. Tamén se anexionaban ao acto Ramón Domínguez Baltar, médico compostelán que asistiu a membros da guerrilla e a quen unía unha estreita relación coa familia Castelao, o escritor Celso Emilio Ferreiro, Basilio Losada Catro, profesor na Universidad Autonóma de Barcelona, Valentín Paz Andrade, Eduardo Blanco Amor, Xaime Seixas Subirá, coñecido como o padre Seixas, Isaac Díaz Pardo ou Camilo José Cela. Tamén se conservan algunhas das cartas enviadas a

[341] Discurso de Agustín Sixto Seco no acto de homenaxe a Castelao, Rianxo, 27 de setembro de 1875. Transcrición da gravación.
[342] Correspondencia publicada no libro de Manuel Dourado (2014).
[343] Discurso de Agustín Sixto Seco no acto de homenaxe a Castelao, Rianxo, 27 de setembro de 1875. Transcrición da gravación.
[344] Dourado, M. (2014) *O primeiro retorno de Castelao*. Axouxere Editora, p. 104. Carta datada o 16 de decembro do 1974. Salientar que estes fragmentos das cartas se extraen do que a súa vez transcribe. Non accedemos ás cartas orixinais.

representantes de institucións como as da Real Academia Galega, da University of Puerto Rico, o Padroado da Cultura Galega de México ou a dalgunhas agrupacións culturais como Amigos da Cultura de Pontevedra ou O Eixo de Compostela[345].

Xa soamente atendendo a estas adhesións pode intuírse o seu carácter diverso: "era unha comisión formada por xente moi variopinta, xente incluso da dereita galeguista, pero era importante porque estaba todo dios aí" sinala Monterroso[346].

Táboa 7. Comisión Pro-Homaxe Castelao, 23 de setembro de 1975

COMISIÓN ORGANIZADORA	
Agustín Sixto Seco (Presidente)	Presidente do Padroado Rosalía de Castro
Jose María Monterroso (Secretario)	Representante do Patronato da Cultura Galega de Montevideo
Victoria Armesto	Xornalista
Ramón Baltar Domínguez	Médico
Eduardo Blanco Amor	Escritor
Manoel Caamaño Suárez	Presidente Agrupación Cultural "O Facho"
Camilo José Cela	Académico
Rafael Dieste	Académico da Real Academia Galega
Manoel Dourado Deira	Mestre de Rianxo
Manoel Espiña Gamallo	Crego
Óscar Fernández Refoxo	Agrupación Cultural "O Galo"
Celestino Fernández de la Vega	Escritor
Celso Emilio Ferreiro	Poeta
Isaac Díaz Pardo	Artista
Xosé Filgueira Valverde	Director do Instituto Padre Sarmiento
Xosé Fontenla Rodríguez	Agrupación Amigos da Cultura de Pontevedra
Álvaro Gil Varela	Mecenas da cultura galega
Xosé Manoel González Pérez	Asociación Cultural "O Eixo"
Eduardo Gutiérrez	Agrupación Cultural Francisco Lanza
Siro López Lorenzo	Debuxante
Basilio Losada	Profesor
Emilio Losada Martínez	Concellal de Rianxo
Ramón Otero Pedrayo	Patriarca das letras galegas
Juan Manuel Pérez López	Presidente da Federación Mundial de Sociedades Gallegas
Xermán Rañó	Rianxo
José Rubio Rey	Teniente-alcalde de Rianxo
Xaime Seixas Subirá	Coengo
Alfonso Zulueta de Haz	Notario

Fonte: *La Voz de Galicia* (23-9-1975, p.9); Dourado (2014, p.16,)[347].

É ben certo, que se atendemos aos membros activos da comisión, estes basculaban cara a dereita, exceptuando o propio Monterroso, que nos seguintes anos sería membro destacado da agrupación cultural O Facho e militante do PSG. Pero tamén o é, como podemos comprobar se atendemos á composición final da comisión, ilustrada na Táboa 7, que este tiña un carácter

[345] Dourado, M. (2014) *O primeiro retorno de Castelao*. Axouxere Editora, pp.99-121. Ademais (p.122)inclúen un listado de adhesións realizadas por telegrama.
[346] Entrevista a José María Monterroso realizada por Iria Morgade (A Coruña, 23 de outubro de 2016).
[347] Ter en conta que esta escrito posiblemente por Monterroso, de aí a galeguización dalgúns nomes, nótese tamén que os nomes, exceptuando os dous primeiros están incluídos en orde alfabética.

plural. O cal se complementaba coas adhesións que se realizaron nos últimos días[348]. Desta composición da comisión, publicada en prensa o 23 de setembro dese 1975, debemos atender a dous aspectos que son de especial relevancia nesta análise. Por unha banda a inclusión de cinco das principais asociacións culturais do país (sinaladas en azul na Táboa 7), e que poucos días despois a abandonaron, e por outra a inclusión de dous membros da corporación municipal de Rianxo, Emilio Losada Martínez, e José Rubio Rey (sinalados no Gráfico en laranxa). A participación destes últimos na comisión e a retirada da mesma polas agrupacións culturais son dous feitos amplamente relacionados e que teñen a súa orixe na complexa relación dos organizadores coas autoridades franquistas.

E é que como diciamos, acadar os permisos gobernativos que fixeron posible o acto, constituíu un dos obxectivos principais da Comisión Pro-homaxe e, en concreto do seu presidente Agustín Sixto Seco. Así, os contactos co Gobernador Civil da Coruña e co alcalde de Rianxo iniciáranse xa no último trimestre de 1974, case un ano antes de que se realizase a solicitude oficial ante o Goberno Civil[349]. Atender a estas comunicacións, que duraron arredor dun ano, fainos intuír a posibilidade de que procesos similares tivesen lugar tamén noutros actos memorialistas, tanto dos que vimos de referenciar en epígrafes anteriores, como os que iremos sinalando ao longo desta investigación[350]. Por iso cómpre preguntarse, se era habitual esta comunicación coas autoridades. Ou se se producía precisamente por ser Agustín Sixto unha persoa ben conectada coas cúpulas de poder. Cuestión que, por outra banda, resultara fundamental para que fose elixido como presidente da comisión.

A todo o anterior súmase neste caso a posible existencia dunha relación persoal previa entre Sixto e o Gobernador Civil, Miquel Vaquerte. Deste modo Manuel Dourado describía un "ton de amizade" nas cartas do Gobernador[351] A primeira misiva da que temos constancia escríbea Sixto o 20 de novembro de 1974, nela expresaba o desexo da realización do acto e de contar co apoio do Gobernador, ao que seguiu a carta do 29 de novembro dirixida ao alcalde de Rianxo "para darlle sentido e constancia oficial ás conversas previas con el, obter o seu apoio e convencer á Corporación que preside para que, non só non sexa hostil á celebración, como o viña sendo, senón que dera a súa aprobación, apoio e patrocinio oficiais"[352]. Tamén lle pedía que lle sinalase dous ou tres nomes de rianxeiros idóneos para integrar a comisión.

A seguinte comunicación co Gobernador produciuse o 28 de decembro, á volta da viaxe de Agustín Sixto a América a onde fora contactar coas comunidades galegas a propósito da homenaxe. Segundo Dourado, "o gobernador chamouno por teléfono para saber como estaban

[348] Adhesións por telegrama e/ ou citadas no acto: Xunta Sindical de Ferrol, Manuel Fraga Solar (vicepresidente da Deputación da Coruña), Constantino Lobo Montero (Presidente do Centro Galego de Madrid), X.M. Díaz (Ferrol), Amador Dopico (A Coruña), Luz Pozo Garza e Tomás Berros (Grupo Nordés), Compoñentes do Grupo Teatro Perlío (Ferrol), José Luís Meilán (A Coruña), Isidoro Millán (Pontevedra), Equipo de Estudos Galegos (A Coruña), Fernández Sánchez (A Coruña), Pillado Ribadulla (Director de *La Voz de Galicia)*, Domingo Quiroga (A Coruña), Grupo de Mozos de Teixeiro, Mercedes e Lois Moscoso (Santiago de Compostela), Illa Couto (Vigo), Antonio Fraguas e Xan Espiño (Carballiño), Equipo de futbol galego (A Coruña), Luís Meigán (Madrid), Conxunto de mozos de Vigo, Ateneo de Ourense, Cargos sindicais de García Rodríguez, cregos da zona de Cullerededo, Familia Villasouto, Uxío Torres, Grupos de cidadáns de Ferrol (ensino, comercio, profesións liberais, "mulleres de casa"). Fonte: Dourado (2014, p.122), gravación do acto (as adhesións non están completas posto que na gravación se sinala "etc, etc"

[349] Nesta relación coas autoridades a tenor da homenaxe, tamén se entremestura outro asunto relacionado, a petición que o colexio de Rianxo levara o nome de Castelao, así, nunha carta do 31 de decembro Sixto expresa "creemos que sería por tu parte ocasión de conseguir un cordial gesto de reconciliación a nivel rianxeiro si animas ese hecho" (Dourado, 2014, p.38).

[350] E para os que unicamente contamos coa documentación oficial do goberno civil rescatada nos arquivos.

[351] Non esquezamos que Dourado escribiu o seu relato décadas despois, pero atendendo á documentación que Monterroso lle cedera sobre a organización do acto. É a través da súa testemuña, e das transcricións das cartas e notas que realiza, como nos acheguemos a esa relación entre o Goberno Civil e a Comisión que tivo lugar entre finais do 74 e boa parte do 75.

[352] Dourado, M. (2014) *O primeiro retorno de Castelao*. Axouxere Editora, p.p. 37-38.

as cousas nese mundo galaico-americano respecto dese asunto"[353]. Sixto informoulle entón do cambio de data, que non podería ser o 7 de xaneiro, o cabodano, como estaba previsto, posto que aínda non estaba listo o busto de Castelao, pospoñéndoa ao verán seguinte[354]. Deste xeito, engadía, tamén poderían acudir ao acto entidades culturais e personalidades intelectuais de Galicia e da Federación Mundial de Sociedades Galegas, que terían máis tempo para organizar a viaxe. Aínda que por Dourado sabemos que as cartas e chamadas telefónicas continuaron nos seguintes meses, fixámonos agora no que aconteceu seis meses despois, en xuño do 75 e a raíz da chegada do busto en bronce de Castelao ao porto de Vigo.

Ante a petición dos de Montevideo de que se realizase un recibimento popular á chegada da estatua "pra, desa maneira, ir preparando o ambente do vindeiro 27 de setembro" , Sixto atallou a cuestión, dotándoo dun carácter moito máis íntimo. Sería recibido por membros da Comisión para levarse posteriormente á casa de Castelao onde quedaría agardando ao permiso para a colocación. En torno a esta chegada unicamente enviarían unha nota de prensa "tan discreta e "axeitada" como o Gobernador nos pediu"[355] Ademais nesta comunicación cos de Montevideo Sixto aludía á boa disposición do Gobernador quen a súa vez estaría sufrindo "presións fortísimas en contra da homaxe". Falaba pois dunha serie de dificultades que tiñan sucedido arredor da figura de Castelao e concluía:

> Lamento de veras non poder ser máis optimista. Mais, as cousas non están agora equí para festas. Eu sigo loitando; non sei con que éisito. Pero as forzas non me han fallar[356].

Corroboramos este clima adverso se atendemos ao relato de Dourado sobre o recibimento do busto. Fora recollido por el mesmo e Monterroso no porto de Vigo, a onde chegara entre a equipaxe dun emigrante retornado. Dourado descríbeo como un acto clandestino vivido dende o terror de poder ser descubertos pola Policía:

> Cando, por fin, nos vimos na explanada correndo a todo o que nos permitían os folgos, asaltounos outra angustia: E se non nos cabe no maleteiro? Non era moita a distancia ata o coche, pero pareceunos infinita, Compréndese que a miña muller estivese feita un monllo de nervios (...) Arrancamos, pero o coche comezou a cabecear ameazando con parar e deixarnos alí, coa terrorífica perspectiva de que a policía nos descubrira e secuestrara a Castelao e a nós nos metera no cárcere[357].

Por outra banda, na mesma carta de Sixto ao Patronato da Cultura Galega de Montevideo, pedíalle que lle enviasen o discurso que farían durante a homenaxe, o que tamén pediría ao representante do Centro Gallego de Bos Aires. Dourado entendía que isto se realizara para que fosen revisados previamente polas autoridades. Revisións previas do carácter e desenvolvemento da homenaxe que se evidencian tamén nunha moi relevante carta do Gobernador Civil asinada o 8 de setembro, onde lle daba instrucións a Sixto Seco sobre como debería realizar a petición oficial de autorización:

> Para la debida constancia civil, debes dirigir una instancia en tu calidad de Presidente del Padroado Rosalía de Castro, solicitando autorización para el

[353] *Íbidem* p. 40.
[354] Nun primeiro momento pensárase no 7 de xaneiro (data do falecemento de Castelao e de que, polo tanto, se cumprisen 25 anos)
[355] Dourado, M. (2014) *O primeiro retorno de Castelao*. Axouxere Editora, p.21
"O domingo chega a Vigo o busto de Castelao donado polo Patronato da Cultura Galega de Montevideo", La Voz de Galicia, 27/06/1975, p.12
[356] Dourado, M. (2014) *O primeiro retorno de Castelao*. Axouxere Editora, p.22.
[357] *Íbidem*, pp. 26-27.

> homenaje a Castelao (...) en la instancia pones el guión del acto, aunque me lo hayas adelantado ya de palabra. En la Comisión del Homenaje deben figurar dos o tres concejales de Rianjo, designados por la Corporación y entiendo, además que el Alcalde Accidental debe tener un lugar en la Presidencia del acto. Es otra competencia indeclinable de la Corporación Municipal, designar el lugar en donde debe colocarse el busto[358].

Sixto Seco seguiu as instrucións do Gobernador escribindo unha petición oficial o día 11 de setembro de 1975. Desta solicitude deben salientarse dúas cuestións. Por unha banda ao describirse a comisión engadíase "integrada por representantes de las Entidades Culturales de Galicia y las oficiales Municipales y Provinciales que V.E. se dignase a designar". Polo tanto cumpría a instrución do Gobernador, que falaba da necesaria designación de "dos o tres concejales de Rianjo na Comisión". Aínda así, no guión do acto que Sixto incluíu nesta petición non aparecía un feito que logo ocorreu durante o acto: o pronunciamento dun discurso do alcalde accidental de Rianxo[359].

Finalmente o 18 de setembro, o Gobernador autorizou o acto, como se pode ler na minuta que a Guardia Civil dirixía ao alcalde da vila rianxeira[360]. Tanto o gobernador como o alcalde, falecido días antes da homenaxe, eran persoas segundo Dourado, que ofrecían certa complicidade. En palabras de Sixto na propia homenaxe:

> Eu non sería bennacido se non deixara constancia clara aquí da favorable pero dificultosa acollida que as nosas propostas tiveron desde o primeiro intre por parte do gobernador da Coruña, autoridad á que preceptivamente tiñamos que dirixirnos e máis ao difunto alcalde de Rianxo don Martín Gómez (…) Uns e outros traballamos cordialmente para ir desfacendo tópicos para ir arrombando prexuízos e ir limpando de connotacións alleas a santísima figura de Castelao[361].

Se nos fixamos en Miguel Vaquer Salort, Gobernador Civil da Coruña entre 1972 e 1976, del transcendeu a decisión de que se tocase o himno galego no acto en honra de Francisco Franco na súa visita a Galicia un mes antes da homenaxe, en agosto de 1975. Á vez que puidemos comprobar como executaba prohibicións de diversas conferencias sobre Castelao nese mesmo ano 75 [362]. De Martín Gómez Rodríguez, alcalde de Rianxo, coñecemos o seu pasado republicano, sendo suspendido do seu traballo como mestre tralo golpe de estado do 36. Esta "boa disposición" de ambos non tería eximido ao proceso de dificultades, segundo relataba Dourado:

> Resaltar o ambiente político, e tamén social, en certo modo e en determinados redutos franquistas, cuxa hostilidade había que sortear con moita habilidade e sutileza. E o Dr. Sixto Seco reunía esas e outras calidades e sabía moi ben con que bois araba; é dicir, con quen trataba e o que podía acontecer se non se actuaba coa máxima prudencia, sutileza e disimulación, adaptando os acontecementos "axeitadamente", como pedía o Gobernador. Sobreenténdese, non si? E o Gobernador, aínda que na intención estaba da nosa parte, na situación política non lle quedaba outro remedio que actuar coa máxima prudencia e incluso inhibíndose de calquera manifestación pública en favor da homenaxe a Castelao incluído o silencio ou desviando a mirada "cara a outra

[358] *Ibidem,* p.41.
[359] Arquivo do Reino de Galicia. Fondo do Goberno Civil, *sin 31.076.*
[360] *Íbidem.*
[361] Discurso de Agustín Sixto Seco no acto de homenaxe a Castelao, Rianxo, 27 de setembro de 1875. Transcrición da gravación.
[362] "Miquel Vaquer. Un servidor público", 13 de marzo de 2015, ABC, p.90

> parte" para evitar, non só a súa destitución, senón mesmo a súa enorme responsabilidade. ¿Alguén pode imaxinar o que lle pasaría ao Gobernador se os xerifaltes de Madrid descubriran que era "infiel e traidor aos principios do Glorioso Movimiento?[363].

Consideramos que Manuel Dourado podía estar esaxerando nas consideracións arredor do propio gobernador, que practicamente describe como un infiltrado nas institucións franquistas. O que é evidente é esa boa relación entre a comisión e as autoridades, que se manifestaría, con todas as súas consecuencias, na nota de prensa que dous días antes da homenaxe emitía a propia Comisión. E así, situariámonos ante outro dos elementos fundamentais a analizar nesta homenaxe: as discrepancias entre os participantes. Estas derivarían na retirada do apoio das agrupacións culturais, así como nas críticas que se producirían nos días posteriores ao acto, incluso dende a entidade doadora do busto, o Patronato da Cultura Galega de Montevideo.

O descolgue das asociacións culturais produciuse na mesma semana da homenaxe, nos dous días anteriores, o 25 e 26 de setembro. Esta negativa a participar no acto das agrupacións culturais que previamente tiñan aceptado figurar como membros da comisión organizadora, foi, por un lado, enviado por carta á comisión e, polo outro, comunicado publicamente en notas de prensa. O propio Sixto Seco, no discurso que pronunciaba na homenaxe aludía a esa marcha: "incluso era afervoada a adhesión dos grupos culturais que agora fixeron pública manifestación da retirada do seu beneplácito que nós tamén respetamos"[364].

Para tentar arroxar luz sobre este asunto, debemos primeiramente atender ás dúas comunicacións da Comisión que se publicaban tamén nesa semana da homenaxe na prensa. En primeiro lugar aquela no que se podían consultar os membros da comisión, entre os que xa aparecían os concelleiros de Rianxo[365]. En segundo lugar, a nota que convocaba a todo o pobo de Galicia e as súas entidades culturais e na que tamén se expresaba:

> O feito de que nos fora concedido o preceptivo permiso pra a celebración dos actos programados, o que honra ás autoridades que o concederon, demostra a inequívoca persoalidade do esgrevio Castelao[366].

Deste modo, interpretamos que tanto a inclusión dos concelleiros na comisión (que recordamos fora unha das instrucións do Gobernador Civil) como o agradecemento público ás autoridades conformaron as dúas das razóns que forzaron o cambio de parecer das agrupacións culturais. O mesmo día da publicación desta última nota, o 25 de setembro, databa a carta dirixida á comisión remitida pola asociación cultural O Eixo, a primeira en facer pública a retirada do apoio á homenaxe:

> En relación co acto a celebrar na vila de Rianxo en homenaxe a Castelao o día 27, a Asociación Cultural O Eixo comunícalle que, dadas as especiais características do devandito acto, que amostran unha utilización da figura de Castelao contraria á súa doutrina, ten decidido retirar a súa participación no mesmo[367].

[363] Dourado, M. (2014) *O primeiro retorno de Castelao*. Axouxere Editora, p.21.
[364] Discurso de Agustín Sixto Seco no acto de homenaxe a Castelao, Rianxo, 27 de setembro de 1875. Transcrición da gravación.
[365] Anuncio, *La Voz de Galicia,* 23/09/1975.
[366] "Nota da comisión organizadora. Homaxe a Castelao", *La Voz de Galicia*, 25/09/1975, p.12
[367] Dourado, M. (2014) *O primeiro retorno de Castelao*. Axouxere Editora, p. 114.


Ao día seguinte, a retirada da asociación fíxose pública mediante un comunicado publicado en prensa[368]. Estamos no día anterior á homenaxe, e xunto ao Eixo, tamén emitían similares comunicados as outras agrupacións culturais, aludindo ás "características especiais" ou "carácter especial" da homenaxe. Debemos atender a que nos textos publicados en prensa non se explican esas "especiais características" que si aparecen na carta que remite o Eixo á comisión, onde falaban dunha "utilización da figura de Castelao". Por outra banda, tamén na misiva da Agrupación Cultural O Facho, asinada polo seu secretario Xaquín Vilar Calvo e remitida á comisión o mesmo día 26, explicábase a súa postura, decidida tras unha reunión da Xunta Directiva[369]:

> Non vemos a necesidade de agradecer, e menos públicamente, un permiso que se concedeu con todos os requisitos que as leises vixentes demandan. E cuia concesión, por outra banda, non ten que demostrar nada. A personalidade de Castelao si que é inequívoca na súa actitude de compromiso cos nosos dereitos nacionais sin adscripción a ningunha ideoloxía determinada. Prégolle, xa que logo (…) se nos considera excluídos da Comisión[370].

Deste modo entre as razóns da retirada aludíanse aos dous feitos clave que vimos sinalando: por unha banda á composición da comisión que "non podemos menos que cualificala de desafortunada e inoportuna". E que consideramos, fai referencia á inclusión dos concelleiros. E por outra banda o agradecemento que se realizara publicamente ás autoridades. Como o Facho e o Eixo tamén acordaron retirarse da Comisión a Asociación da Amigos da Cultura de Pontevedra e a asociación Francisco Lanza de Ribadeo[371]. Deste modo, das cinco agrupacións participantes na comisión organizadora soamente quedaría unha, a asociación O Galo. Neste caso a súa participación quedou tamén envolta na dúbida se nos fixamos na nota de prensa publicada o mesmo día da homenaxe na que un grupo de socios deste colectivo manifestaban o seu desacordo coa homenaxe, denunciando que non foran convocados para emitir o seu parecer respecto á conveniencia ou non de participar no acto, reiterando esas "especiais características"[372]. O Eixo e este grupo de socios de O Galo, empregaban a mesma expresión. Por outra banda, a asociación Cultural de Vigo, que non formaba parte da Comisión, expresaba tamén na mesma páxina do xornal "su disconformidad por el carácter dado al homenaje a Castelao"[373]. Todo isto nos fai pensar, doutra volta nunha certa coordinación entre as asociacións.

[368] "A agrupación "O Eixo" de Santiago nega a súa participación no homenaxe a Castelao", *La Voz de Galicia,* 26/9/1975, p.11.
[369] "O Facho non mandou ningunha representación a Rianxo. Había acordado de retirarse da "Comisión Pro Homaxe a Castelao", *La Voz de Galicia*, 30/09/1975, p.38.
[370] Dourado, M. (2014) *O primeiro retorno de Castelao*. Axouxere Editora, pp. 88-89.
[371] "Unas dos mil personas rindieron homenaje a Castelao en Rianxo", *La Voz de Galicia*, 28/9/1975, p.14
[372] "Un grupo de socios de "O Galo" de Santiago, manifestan su desacuerdo con el homenaje a Castelao", *La Voz de Galicia,* 27/09/1975, p.11
[373] "La Asociación Cultural de Vigo, disconforme con el homenaje", *La Voz de Galicia*, 27/09/1975, p.11

Gráfico 29. Retirada apoio homenaxe Castelao (25-26 de setembro de 1975)



Fonte: elaboración propia.

Podemos pois, considerar probado que esta retirada das asociacións culturais, obedeceu á discrepancia coa actuación e comportamento público da comisión organizadora. En definitiva, a ter aceptado a participación do Concello de Rianxo e facer pública a boa relación coas autoridades. Todo o cal podería interpretarse en contradición co pensamento de Castelao e tamén, co quefacer das propias asociacións, que como xa sinalamos, estaban integradas por militantes e simpatizantes principalmente da UPG e o PSG. Por outro lado, sería pecar de inxenuos non comprender que para que un acto en homenaxe a un exiliado tan significado como Castelao, puidese producirse, é dicir puidese permitirse, este debería contar coa complicidade e incluso a asimilación da homenaxe por parte das autoridades franquistas. Por outra parte, esta posible apropiación da figura de Castelao continuou a ser motivo de conflito nos próximos anos, coa controvertida chegada dos seus restos dende Arxentina no centro do debate á vez que o seu álbum *Galicia Mártir* era censurado. Porén, para comprender a polémica arredor desta homenaxe, que superou ás asociacións culturais, implicando incluso ao colectivo que doara o busto, debemos fixarnos non só nestas "características especias" internas da homenaxe, senón que debemos atender as "especiais características" do contexto que se vivía no Estado español na semana da homenaxe, que, á súa vez, facían aínda máis incómoda, a participación das autoridades franquistas na mesma.

O que aconteceu o 27 de setembro co fusilamento de cinco persoas acusadas de terrorismo pode lerse como o resultado de todo un proceso que se iniciaba en datas similares a cando principiara a xestación da homenaxe, isto é arredor de 1973. Así, trala morte de Carrero Blanco nun atentado en decembro do 73, o novo goberno encabezado por Arias Navarro, comezaba unha senda reformista que nin os propios reformistas dentro do réxime de Franco, nin moito menos os denominados "inmobilistas", apoiaron. Así as medidas lixeiramente aperturistas de quen fora alcumado "o carnicerito de Málaga" por ter sido o organizador da violencia xenocida na cidade en 1937, foron contrarrestadas dende dentro co bloqueo da lei de asociacións políticas ou co xurdimento da Confederación Nacional de Ex Combatientes (Rodríguez, 2015, p.82; Gallego, 2008, p.97). Mentres que por outra banda o réxime tiña que facer fronte ao "ano das folgas", como foi considerado 1974, con máis de dúas mil, e á constitución das organizacións na clandestinidade da oposición antifranquista, a Junta Democrática primeiro e a Plataforma despois (Rodríguez, 2015, p.44).

O ano 1975 e en concreto ese mes de setembro, coa posta enriba da mesa de once condenas a morte, supoñían o fin dese intento reformista e a volta con forza á mensaxe do "espíritu do 18 de julio" que se evidenciou, non só na execución de cinco persoas na mañá dese sábado 27 de setembro, senón tamén na manifestación que se organizou o 1 de outubro coas derradeiras palabras en público do ditador, onde reiterou a retórica do 36, ante as protestas internacionais polos asasinatos (Gallego, 2008, p. 195).

> Todo obedece a una conspiración masónica izquierdista en la clase política en contubernio con la subversión comunista-terrorista en lo social, que si a nosotros nos honra, a ellos les envilece. Estas manifestaciones demuestran, por otra parte, que el pueblo español no es un pueblo muerto, al que se puede engañar. Está despierto y vela sus razones y confía que la valía de las fuerzas guardadoras del orden público y suprema garantía de la unidad de las fuerzas de Tierra, Mar y Aire respaldando la voluntad de la nación, permiten al pueblo español descansar tranquilo. Evidentemente el ser español ha vuelto a ser hoy algo en el mundo. Arriba España[374].

O venres 26 de setembro o Consejo de Ministros indultaba a seis dos once condenados a morte, e por tanto, confirmaba a pena dos restantes cinco, acusados de pertencer á FRAP e a ETA e duns delitos de sangue non esclarecidos nun proceso xudicial sen garantías. Na mañá do 27 de setembro Juan Paredes, Txiqui, foi fusilado nos arredores do cemiterio de Collserol, a Ángel Otaegui o asasinaron sen testemuñas na tapia da prisión de Burgos, e a Ramón García Sanz, Jose Luís Sánchez Bravo e José Humberto Baena fusiláronos nos terreos militares de Hoyo de Manzanares, en Madrid.[375]

Durante esa semana previa, á vez que as asociacións culturais decidían non participar na homenaxe a Castelao, sucedéronse as protestas e folgas dentro do estado, como as vividas en San Sebastián e Barcelona, que se alongaron despois dos fusilamentos[376]. Pero, e sobre todo, resaltou o nivel alcanzado polas protestas internacionais, que tras un traballo previo dende organizacións como a ONU, e diversos estados, incluso coa petición de indulto polo Papa, seguiran as manifestacións de repulsa e contra o réxime franquista que se desenvolveron xa dende o mesmo día das execucións. Símbolo destas protestas foi o incendio da embaixada de España en Lisboa que tivo lugar ese mesmo día 27.

Mentres todo isto acontecía, nunha pequena vila mariñeira de Galicia, tiña lugar unha homenaxe a Castelao, o home que tivera denunciado nos seus álbums de guerra a violencia xenocida do 36, onde coincidían persoeiros que tamén foran vítimas desa violencia como Luís Seoane, organizacións da oposición antifranquista como CCOO e autoridades do réxime, como o xa citado alcalde da vila, o Vicepresidente da Diputación da Coruña, Fraga Solar, ou homes do poder como Corzo Diéguez ou Gómez Franqueira[377].

> Nos botaron en cara que se fixo o 27 de setembro o día que mataron aos do GRAPO, a Baena e compañía, e entón dicían que o noso acto era unha frivolidade. Primeiro non sabiamos que ía coincidir a data, porque xa estaba armado de meses atrás, viña xente de América incluso, e logo o argumento principal, que foi o que esgrimín eu sempre foi un acto patriótico contra a ditadura no fondo, e sobreguendo a unha personaxe como Castelao, case era unha homenaxe aos que estaban matando nese momento, é dicir, era

[374] "Homenaje de adhesión al jefe del estado, en Madrid", *La Voz de Galicia,* 02/10/1975, p.15.
[375] Rozas, R. "27 de septiembre: los últimos fusilados del franquismo". *El Plural,* 27/09/2021.
[376] "Diversos paros en Guipúzcoa, Vizcaya y Barcelona", *La Voz de Galicia*, 30/09/1975, p.40.
[377] Antelo,X. (2022). "Poderes locales en el mundo rural gallego en la Transición Democrática", Studia Historica. Historia Contemporánea, 40, pp. 135-162.

> perfectamente compatible, non era unha festa...(...) Consideraron que eso que nada, que era unha festa que se facía no momento en que estaban matando a esas persoas. Pero o que che digo, era unha festa, por unha parte, unha festa patriótica, pero era un acto de reivindicación[378].

Así fala Jose María Monterroso das críticas ao acto relacionadas con esa coincidencia co día dos fusilamentos[379]. Por outra banda Dourado reflexiona sobre os cambios que naqueles que concederan o permiso, e en xeral nos mandos franquistas, podería ter este contexto de radicalización e violencia do réxime. De modo que as execucións de Burgos, "envelenara moitísimo o ambiente", "por iso, o día da colocación do busto todos temíamos unha violenta suspensión do acto con imprevisibles consecuencias"[380]. O acto non se suspendeu, aínda que si aconteceron feitos non previstos na súa planificación. É momento de atender ao mesmo.

Nuco Losada, rianxeiro, que posteriormente sería coñecido polas súas esculturas, tiña daquela trinta anos. E nesa tarde chuviosa de primeiros de outono atendía a dúas tarefas fundamentais. Por unha banda recollía as bandeiras galegas que algunhas persoas lle pasaban para ser gardadas na casa, situada enfronte do lugar de colocación da escultura. Pola outra banda Nuco vixiaba o magnetófono de cinta Sony TC200 que colocara no balcón. Estaba semioculto, deixando fóra soamente os micrófonos. Nuco aludía a unhas "circunstancias políticas", para que a gravación se fixese así, "cunha certa inseguridade". O feito é que grazas a ela, puidemos escoitar a meirande parte dos discursos que se produciron na tarde do 27 de setembro, nunha gravación que ademais, nos trouxo ao presente outros sons daquel día[381].

Un neno, que aínda non sabe falar, farfalla preto dos micrófonos. Faino durante boa parte da gravación, aínda que só de cando en vez, a súa voz superponse á voz máis afastada de quen fala nese momento. Tamén é case constante o son da chuvia, que ese día, como sinalan as testemuñas, foi abundante. Mentres, o murmurio dos presentes acrecéntase ou practicamente desaparece, quizais en relación do interese que esperta quen fala nese momento. Ademais detectamos dous sons de maior interese, por un lado os aplausos, que emerxen en instantes moi concretos do acto, e os berros de protesta que evidencian un dos momentos que consideramos de maior interese da xornada. Esta iníciase, como dicíamos, ás seis da tarde, rodeada dunha mesta capa de chuvia:

> Caia auga a cántaros. Para a presidencia, tiñamos montado unha plataforma de madeira cuberta con un enorme toldo bastante consistente. Inda así, o toldo, co peso da auga, pandeaba perigosamente. De xeito que estábamos temendo que todo o tremiñado se viñera abaixo e todos os persoeiros deviñeran como sopas amén de recibir golpes que os deixaran malferidos.(…) . A multitude de paraugas abertos daba un aspecto un tanto sombrío, pero a xente aguantou impertérrita[382].

A oratoria dese día comezou coa lectura das adhesións, seguido da presentación de Agustín Sixto Seco, tralo que Ramón Otero Pedrayo descubriu o busto, tapado cunha bandeira de Galicia. Otero Pedrayo, delicado de saúde, substituía á irmá de Castelao, tamén débil, que nun

[378] Entrevista a José María Monterroso realizada por Iria Morgade (A Coruña, 23 de outubro de 2016).
[379] Atendendo a noticia publicada o 1 de xullo de 1975 entendemos que a data foi elixida facendoo coincidir coas reunións preparatorias do Congreso da Emigración Gallega que se realizaría en 1976 e para o que estarían en Galicia numerosos representantes dos emigrados. ("Existe el propósito de trasladar los restos de Castelao a Galicia", *La Voz de Galicia*, 1/07/1975, p. 13 / "Aprobado el reglamento del Congreso Mundial de la Emigración Gallega", *La Voz de Galicia*, 28/09/1975, p.13.
[380] Dourado, M. (2014) *O primeiro retorno de Castelao*. Axouxere Editora, p. 35.
[381] Gravación incluída no libro "O primeiro retorno de Castelao " (Dourado, 2014) nun cd adxunto. Nuco Losada Romero sinala que ao saber que Dourado estaba realizando o libro, ofreceulle a gravación que conservaba dende 1975 (p.135-136).
[382] Dourado, M. (2014) *O primeiro retorno de Castelao*. Axouxere Editora, p. 43.

primeiro momento tivera esa encomenda[383]. Finalmente foi Pedrayo quen clausurou o acto xusto antes da interpretación do himno galego pola agrupación coral Cantigas e Agarimos. Como era habitual nel, partindo dunhas breves anotacións, ás que tivemos acceso, desenvolveu un discurso sentimental e emotivo similar ao xa analizado ao inicio deste capítulo e que desenvolvera na conferencia de 1972.

Imaxe 13. Sobre da Comisión Pro Homaxe da carta-convite a Otero Pedrayo con selo da mesma



Fonte: Arquivo Penzol.


En canto ao contido do discurso de Otero Pedrayo, tamén nas palabras de Agustín Sixto e nas do secretario do Padroado da Cultura de Montevideo, Fernando Pereira, o máis salientable constitúeo o que non se dixo. Isto é, a total ausencia dunha referencia ao Castelao exiliado, ou ao Castelao político. Por iso mesmo resaltaron as palabras do presidente do Centro Gallego de Bos Aires e da Federación Mundial de Sociedades Gallegas, Juan Manuel Pérez López quen en diversas partes do seu discurso incluíu referencias máis políticas, por exemplo cando se referiu a que "endexamais as brañas galegas apacenten a vaca que muxen en Madrid", tralo que se viu interrompido por un aplauso espontáneo, que continuou tras engadir "Porque Castelao soubo defender como ninguén o galego, afirmando que por galego é español e non por español galego". Polo tanto, nesta intervención si se facía unha referencia explícita ao Castelao político incluíndo tamén unha mención ao acontecido xusto antes do golpe, cando:

> Rianxo viuno partir un día para defender nas Cortes Españolas o proxecto de lei que contribuiría a mellorar as condicións de vida dos seus paisanos, hasta hoxe non volveu ao seu benquerido Rianxo pero el viveu, morreu e estuvo sempre en Galiza[384].

Tras isto chegou o discurso do alcalde de Rianxo. Sen dúbida o momento máis interesante da xornada.

[383] Agustín Sixto Seco era o médico persoal de Otero Pedrayo. Carta na que se convida a participar, datada o 19 de setembro. Arquivo da Fundación Penzol, Fondo Ramón Otero Pedrayo, *sin* CA-0734/001.
[384] Discurso de Juan Manuel Pérez López no acto de homenaxe a Castelao, Rianxo, 27 de setembro de 1875. Transcrición da gravación.

Gráfico 30. Desenvolvemento da homenaxe



Fonte: elaboración propia

Dicíamos que en canto á gravación do acto, distinguíamos dous sons de especial relevancia, por unha banda eses aplausos espontáneos nos momentos de maior calado político das disertacións. Pero ademais consideramos moi importantes os sons que se escoitan dende o inicio do discurso do alcalde accidental de Rianxo, Jose Luís Fernández Iglesias. Tras unha breve intervención do presentador, no que o facía recibidor do busto en "nome do seu pobo", o alcalde comezaba a falar, en nome do pobo de Rianxo, "nesta noble terra". De súpeto, escoitase unha voz, no público, que berra un "Fóra!". Ante o que o alcalde, impertérrito, continúa a súa oratoria: "asentada ao mar da Ría de Arousa amostramos ledicia deste homenaxe". Doutra volta aproveitando a fin da frase volve escoitarse outro "Fóra!" seguido doutras palabras que non somos quen de descifrar. Segundo Manuel Dourado, "estourou un estridente balbordo de "Fóra! Fascista! Bichicoma! Enchufado! Lambecús, Espía! e outros que non me atrevo a transcribir por digniade humana"[385]. O alcalde continuou vacilante pero sen deterse. Neste intre podemos apreciar o que semella un cántico, ao lonxe. O balbordo aumenta, os micrófonos emiten un sonoro pitido e o alcalde continúa, nun discurso vacilante no que mestura a Rosalía, a Valle Inclán e a Paio Gómez Charino. Por veces detense, para seguir. O público fala entre si, ao mesmo que un balbordo afastado se diferencia na distancia, e el continúa ata o final, cun "Viva Galicia!" e uns tímidos aplausos.

Como se pode intuír na gravación, cando o alcalde comezou a falar, produciuse un importante feito entre os asistentes ao público, que coñecemos grazas á crónica en prensa. Nese momento un grupo formado por unhas cento cincuenta persoas abandonaron o recinto manifestándose pola rúa principal de Rianxo ata a Alameda entre cantos e berros, entoando o himno galego antes de disolverse[386]. A esta descrición cómpre engadir o escrito no pasquín *Loita,* de CCOO, onde se fala da formación de "dúas manifestacións que recorreron o pobo

[385] Dourado, M. (2014) *O primeiro retorno de Castelao*. Axouxere Editora, p.74.
Dourado sinala que foi ao final do discurso, na gravación non se escoita polo que non podemos confirmar se foi así, ou se Dourado refíresese aos que si podemos escoitar na gravación e que se emiten sobre todo ao inicio do discurso.
[386] Álvarez, L. "Unas dos mil personas rindieron homenaje a Castelao en Rianxo", *La Voz de Galicia*, 28/9/1975, p.14

cantando o "Venceremos nós" e berrando: ¡Viva a Xunta Democrática!" e "¡Abaixo as penas de morte"[387]. Ademais desa referencia ás penas de morte que se executaran esa mesma mañá, cómpre deterse no canto do "Venceremos nós" que, previamente á formación desas manifestacións, xa se escoitara no lugar da homenaxe, xusto antes de que comezasen as intervencións[388].

O "Venceremos nós" provén da orixinal "We shall overcome" popularizada nos sesenta por Joan Baez en EEUU, e que o galeguismo cultural dos sesenta fai súa mediante a tradución de Xosé Luís Franco Grande. Esta versión, xunto ao himno galego, foi a protagonista dos sucesos que se viviron en 1969 na misa a Rosalía de Castro en Bonaval cando a policía cargou contra os participantes e xulgou ao galeguista culturalista Xaime Isla Couto. Todo o cal fixo que se convertera nunha das cancións protesta en galego máis relevantes[389].

A presenza deste cántico na homenaxe a Castelao, a creación de dúas manifestacións que abandonaron o acto, fálanos, pois, da participación de organizacións políticas e sindicais. Así, porén catro das asociacións culturais declinaran participar, terían estado presentes no acto representantes das asociacións culturais O Galo, o Ateneo Ourensano e a asociación Auriense[390]. En canto ás organizacións sindicais, fixeron pública a súa participación representantes sindicais de Astano[391], a Junta Sindical de Bazán[392] e cargos sindicais da Central Térmica das Pontes[393]. Tamén coñecemos a participación de CCOO a través do seu propio órgano difusor[394].

As mostras públicas de apoio que puidemos recompilar complétanse con aquelas máis xenéricas, por exemplo as que falan dun grupos de douscentos mozos de Vigo[395], dun grupo de cidadáns de Ferrol, entre os que estarían empregados do comercio, profesionais liberais e amas de casa[396], ou aquel asinado por un grupo de profesionais entre os que estarían os avogados Rafael Bárez Vázquez ou Carlos Etcheverría[397].

Todo o anterior evidencia a intensidade que adquiriu a homenaxe, con dous mil asistentes que portaban bandeiras galegas, tamén outras pancartas, como aquela branca e azul na que se podía ler "A xuventude de Ferrol con Castelao" [398], que entoaban cantos políticos, e entre os que emerxían dous grupos que abandonaban o acto en repulsa pola presencia e participación do alcalde franquista[399]. Unha acción de protesta que, á súa vez, foi respondida polas forzas da orde que acabaron detendo, polo menos, a dúas persoas. Segundo a prensa, trataríase dunha

[387] "Rianxo. Homenaxe a Castelao" *Loita*, Agosto-Septiembre 1975, p.5.
[388] Álvarez , L. "Unas dos mil personas rindieron homenaje a Castelao en Rianxo", *La Voz de Galicia,* 28/9/1975, p.14
[389] Agís, M. (2019*). Xaime Isla Couto. Entre a Galiza Ceibe e o Venceremos Nós. Os feitos acaecidos na Misa de Rosalía de 1969*. Fundación Isla Couto, SEPT.
[390] "El Ateneo Ourensano se suma al homenaje a Castelao", *La Voz de Galicia*, 27/9/1975.
[391] "Adhesión dos cargos sindicales de Astano a o homaxe a Castelao, hoxe, en Rianxo", *La Voz de Galicia*, 27/09/1975, p.10.
[392] "Telegrama de la Junta Sindical de Bazán a la comisión organizadora del homenaje a Castelao", *La Voz de Galicia,* 27/09/1975, p.11.
[393] " Carta de cargos sindicales de la Central Término de Puentes sobre el homenaje a Castelao", *La Voz de Galicia,* 27/9/75, p.11. Ademais de publicarse as notas de prensa destas organizacións sindicais en prensa, coñecemos da súa participación a través da gravación do acto, e dos listados que ofrece Dourado (2014).
[394] "Rianxo. Homenaxe a Castelao" *Loita*, Agosto-Septiembre 1975, p.5
[395] "La Asociación Cultural de Vigo, disconforme con el homenaje", *La Voz de Galicia*, 27/09/1975, p.11: "por otra parte unos docientos jóvenes bigueses nos envían una carta en la que se adhieren al homenaje".
[396] "Carta de ferrolanos sobre el homenaje a Castelao", *La Voz de Galicia*, 27/09/1975, p.11.
[397] "Nuevas adhesiones al homenaje a Castelao", *La Voz de Galicia*, 27-9-1975, p.27.
[398] Álvarez, L. "Unas dos mil personas rindieron homenaje a Castelao en Rianxo", *La Voz de Galicia*, 28/9/1975, p.14.
[399] Noutra orde de cousas tamén asistiron á homenaxe de personaxes destacados para o imaxinario cultural e político galego entre eles : Filgueira Valverde, Paz Andrade, Luis Seoane, P. Isorna, Tachola. En "Acto de homenaje a Castelao y descubrimiento de un busto donado por el Patronato de Cultura Gallega de Montevideo", *La Voz de Galicia*, 27/09/1975.

profesora de instituto de Pontevedra e un mozo de Ferrol, arrestados no cuartel da Guardia Civil, e deixándoos saír "poco después"[400].

Casualidades que ofrece o destino fixeron que Nuco Losada o home que gravou o acto dende o balcón dunha casa achegada, coñecera anos despois, mentres traballaba embarcado nun buque holandés, a un dos detidos:

> Un día, tempo despois, a bordo dun barco mercante holandés, atopeime con Manuel, que nós coñeciamos polo nome de Manolo "o de Ferrol". Esta persoa, sen eu buscar a conversa, comentoume que o día da inauguración do busto de Castelao en Rianxo, el estaba alí, e a policía levouno ao cuartel da Guardia Civil, onde o meteron no cárcere. Segundo el, non o pasou nada ben alí dentro[401].

Poderemos corroborar pois, ese "carácter especial" do acto, no controvertido do seu desenvolvemento, que rematou con persoas detidas, e que se produciu á vez que en diversas cidades do mundo se protestaba polas execucións do réxime franquista. Así, as reflexións sobre a súa idoneidade continuaron nos días seguintes, como dicíamos, con valoracións procedentes de Fernando Pereira, representante do Patronato da Cultura Gallega de Montevideo. Este describiu o acto rodeado dun clima que non consideraban o máis axeitado e sen o carácter popular que eles desexaban[402]. Isto enlazaría coas diferenzas que emerxeran cando pediran un recibimento popular na chegada do busto a Galicia. Trala análise de todos estes feitos, resúltanos un tanto sorprendente esta sorpresa dos organizadores emigrados sobre o acto, ao ter sido eles os que comezaran coas solicitudes ante ás autoridades franquistas e cando elixiran, eles mesmos, quen debería encargarse de realizar os trámites en Galicia, isto é, persoeiros de corte moderado.


Aínda que pode entreverse xa que as diferenzas entre Comisión e Patronato comezaran xa meses antes da homenaxe, as desavinzas entre ambas constatáronse coa publicación desta entrevista a Fernando Pereira un mes despois, na que emitía esa valoración tan crítica co desenvolvemento da homenaxe e sen mención algunha á comisión organizadora[403]. Todo o cal foi duramente criticado por estes. Fixérono Manuel Espiña en prensa[404] e J.M. Monterroso, en carta dirixida ao propio Pereira no que falaba do seu descoñecemento dos feitos que logo apareceron en prensa, como as manifestacións, os detidos ou o canto do "Venceremos Nós" e a súa molestia por esa total ausencia de referencia ao traballo da Comisión:

> E inda máis: dixeches que as cousas non saíran como se planearan… E logo, ¿Qué máis querías?¿Non che pareceu dabondo o detalle da bandeira galega que era o Cabalo-de-Troia do voso proiecto? (…). Pesia o mal sabor de boca que deixaron as execucións, pesa o tempo que desluciu, pesia os abandonos de última hora de 4 das 5 agrupacións (compensandos con creces coas adhesión máis diversas); pesie a ese (quérome convencer) despiste teu…. Coido que non fixen, nin fixo a Comisión o parvo: eu, pola miña banda, estou íntimamente satisfeito do modesto, pro ilusionado labor desenrolado fundamentalmente por Castelao, é dicir, pola Terra! E isto págame de todo o demais[405].

[400] Álvarez Pousa, L. "Unas dos mil personas rindieron homenaje a Castelao en Rianxo", *La Voz de Galicia*, 28/9/1975, p.14
[401] Dourado, M. (2014) *O primeiro retorno de Castelao*. Axouxere Editora, p.136.
[402] "O de Rianxo foi un acto positivo", *La Voz de Galicia*, 1/10/1975, p.8.
[403] Tamén emitiría similares valoracións nunha entrevista emitida en RTVE, o 29 de setembro, como se pode entrever da carta de Monterroso transcrita no libro de Dourado (2014).
[404] Espiña, M. "Homaxe de Galicia a Castelao", *La Voz de Galicia,* 5/10/1975, p.33.
[405] Dourado, M. (2014) *O primeiro retorno de Castelao*. Axouxere Editora, pp. 126-127.

Pereira, pola súa banda, ao ser preguntado sobre a resposta do pobo galego á homenaxe sentenciou: "En xeral o pobo respostóu favorablemente. Os politizados, estaban divididos. Coido que dentro do homaxe a Castelao, houbo dous actos, non un".[406] Para CCOO pola súa parte "resultou, pois, unha xornada nacional galega con algunhas deficiencias, pro que ofrécenos un balance craramente positivo"[407] As críticas estarían tamén noutros sectores da esquerda nacionalista, como así sinalaron Manuel Dourado e Jose María Monterroso.

Imaxe 14. Fotografía do busto colocado en Rianxo



Fonte: *La Voz de Galicia*, 30/9/75, p.10.

A escultura , realizada a partir do molde que o escultor Escudero Couceiro elaborara vinte anos antes, fixérase en bronce grazas á colaboración dos galegos emigrados en Uruguay que segundo Pereira, nunha campaña popular sen precedentes facían chegar "anacos de bronce, grifos, todo pra que o monumento fose unha realidade. O único que se pagóu foi a fundición"[408] A partir dese 27 de setembro de 1975 formou parte do espazo público de Rianxo, converténdose en lugar común para homenaxear a Castelao. A forza simbólica e aglutinadora da súa figura para a esquerda e, sobre todo, para o nacionalismo galego fixo que esta acción de homenaxe fose a primeira de moitas outras nos seguintes anos. Realizaranse dende diferentes escenarios, organizados tanto por partidos políticos como por círculos culturais de todo o país.

Ese referencialismo da figura de Castelao dende a esquerda e o nacionalismo galego chocou cos esforzos do conservadurismo folclórico por sacar rédito político da súa apropiación materializada no traslado dos seus restos dende Arxentina en 1984 e que se xestou dende 1978 e moi vinculado co proceso de construción da autonomía[409]. Pouco tempo antes, en xaneiro de

[406] "O de Rianxo foi un acto positivo", *La Voz de Galicia*, 1/10/1975, p.8.
[407] "Rianxo. Homenaxe a Castelao" *Loita*, Agosto-Septiembre 1975, p.5.
[408] "O de Rianxo foi un acto positivo", *La Voz de Galicia,* 1/10/1975, p.8
[409] Numerosa presenza na prensa. Un exemplo: "Volverán a Galicia, los restos de Castelao", *El País,* 24-05-1978. En https://elpais.com/diario/1978/05/24/cultura/264808805_850215.html . Sobre a polémica en torno ao traslado: *A Nosa Terra.*

1977 os inspectores do Cuerpo General de Policía secuestraban o caderno de estampas *Galicia Mártir*[410].

A convivencia da censura da súa figura, nas súas partes máis "incómodas" ao tempo que se empregaba como lexitimadora do proceso transicional, tivo quizais, a súa primeira expresión nesta homenaxe de setembro do 75. Dous meses despois, Arias Navarro informaba en televisión do falecemento de Francisco Franco. A partir dese momento abriuse un escenario de oportunidade política na que os diversos actores memorialistas movéronse para facer pública e colectiva, por primeira vez en Galicia lonxe da clandestinidade, a súa lembranza dos asasinados do 36.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[410] "Secuestrado el libro Galicia Mártir de Castelao", *Arriba,* 18/01/1977. http://linz.march.es/Documento.asp?Reg=r-40132

CAPÍTULO 3. O PRIMEIRO CICLO DA MEMORIA TRAUMÁTICA (1976-1979)

> Al cumplirse el cuarenta aniversario de su fusilamiento, como mártires de sus ideales, ruegan la asistencia al primer funeral que se celebrará en la iglesia parroquial de San Marcos de Corcubión el diez de diciembre a las seis de la tarde, para rendir homenaje a estos hijos de Corcubión y Cee que fueron olvidados en estos cuarenta años[411].

O texto escrito arriba forma parte da nota necrolóxica de once persoas, todas elas eran veciñas dos concellos limítrofes de Cee e Corcubión. Oito foran executadas na Coruña o 9 de decembro de 1936 tras sentenza a pena de morte en xuízo militar. O irmán dunha delas, tamén presente na nota, morrería dous anos despois en prisión. Os outros dous nomes, xustamente aqueles que encabezan o listado de fusilados son os de Mercedes Romero Abella, mestra, e José Miñones Bernárdez, deputado provincial. A primeira fora asasinada en novembro do 36 tras sufrir unha agresión sexual. Ao segundo fusilárono en decembro, tamén na Coruña, trala celebración dun xuízo sumarísimo[412].

A nota necrolóxica, baixo o título *Ellos amaban el pueblo*, asinouse corenta anos despois, o 8 de decembro de 1976 en Corcubión, e publicouse ese mesmo día en prensa. Sinalan as fontes que a iniciativa tívoa Rafael Mouzo Lago, quen sería alcalde de Corcubión dous anos máis tarde e Ovidio Mejuto, fillo dunha das vítimas[413]. Baixo este mesmo lema encabezouse outra nota necrolóxica publicada dez meses despois seguido da listaxe de seis fusilados en 1936, boa parte deles representantes públicos na Coruña como o alcalde Alfredo Suárez Ferrín[414] . Entre a publicación dunha e doutra nota, isto é, entre 1976 e 1977 apareceron nos xornais un número crecente de necroloxías como estas. Lembrábase así, por primeira vez publicamente, aos que, como dicía a nota de Corcubión, foran "olvidados durante cuarenta años". E por tanto trala negación e ocultación vivida ata ese momento que, por suposto, incluíra tamén a imposibilidade de publicar estes recordatorios públicos dos mortos.

---

411 Nota necrolóxica*, La Voz de Galicia,* 8/12/1976, p.35.

412 Revisión dos nomes empregando a Base de datos Arquivo Nomes e Voces, na orde de aparición da necroloxía: (1)Mercedes Romero Abella (asasinada 19 de novembro do 36) , (2)José Miñones Bernárndez (executado pero o 2 de decembro) , (3) Teófilo Mejuto Leis (executado 9 de decembro), (4) Vicente Mejuto Leis (morto na cadea 22 de marzo do 38), (5) Norberto Recamán Casal (executado 9 de decembro do 36 na Coruña) ,(6) José Lago Fernández (executado 9 de decembro), (7)Perfecto Trasmonte Costa (executado 9 de decembro) , (8) Jesús Chouzas Figueiras (executado 9 de decembro) , (9)Florentino Canosa Barreiro (executado 9 de decembro) , (10) Manuel García Castiñeira (s) (executado 9 de decembro) , (11) Domingo López Domínguez (executado 9 de decembro) .

413 Información facilitada por Dionísio Pereira, 2022. Aínda que conseguiron que fora publicado non así que estivera escrita en galego.

414 Manuel Guzman García (diputado a cortes), Alfredo Suárez Ferrín (alcalde), Joaquín Martín Martínez (secretario do concello), Francisco Prego Campos (funcionario do concello), Ramón Maseda Reinante (oficial do Ministerio da Mariña e presidente da Agrupación Socialista da Coruña – na nota necrolóxica non se especifica), Francisco Mazariegos Martínez (presidente do Sindicato de Banca- na nota necrolóxica non se especifica). En *La Voz de Galicia, 0*1/09/1977, p.50.

> En los periódicos españoles aparecen ahora, cada día con más frecuencia, esquelas de víctimas de la guerra civil, en la zona que se llamó nacional durante la contienda. En su mayor parte se trata de españoles que fueron objeto de los dramáticos "paseos" y de los que no se tenía noticia explícita por razones obvias.[415]

Esta descrición, recollida nunha noticia asinada en Madrid en setembro do 76, está moi lonxe de corresponder coa realidade. Nin na meirande parte dos casos as notas necrolóxicas lembraban ás vítimas dos "paseos", mencionamos xa algúns casos nos que mediara un xuízo militar, nin moito menos a cuestión fora "que no se tenía noticia explícita". Este pequeno fragmento constitúe un exemplo paradigmático do que foi o paquete cultural oficial durante os anos de estudo fronte a memoria, un relato que manipulaba conscientemente o pasado e fronte ao cal apareceu un marco incómodo, aquel que situaba estes feitos negados no colectivo.

Esta aparición pública dos asasinados no 36 en formato necroloxías é unha pequena mostra dun fenómeno moito máis amplo que se iniciou tamén nese ano 76. Comezaba o primeiro ciclo de acción colectiva da memoria traumática. Este ciclo inseriuse nun proceso de mobilización social e política ao que cómpre achegarse para desentrañar con maior profundidade este primeiro espazo de recordo colectivo ás vítimas da violencia franquista.

3.1. A CONSTRUCIÓN DO NOVO SISTEMA POLÍTICO (1976-1979)

3.1.1. O ciclo de mobilización social fronte ás oportunidades políticas da reforma

O ciclo de acción colectiva da memoria traumática iniciouse no 76, desenvolveuse con forza no 77 para languidecer en 1978. As eleccións municipais da primavera do 79 foron o punto de inicio dunha nova fase no fenómeno memorialista no Estado español, cun proceso de institucionalización das accións memoriais. Mentres nesa nova fase as institucións foron un importante axente de memoria, neste primeiro ciclo de acción colectiva, familiares, colectivos, asociacións culturais e organizacións políticas constituíron os principais axentes. É preciso preguntarnos por que estes actores se mobilizaron e baixo que características, para o que debemos, en primeiro lugar, atender ao contexto, o dun ciclo de acción colectiva que ía impregnando cada vez a máis sectores, ao tempo que se acrecentaba tamén a percepción das oportunidades políticas.

Entre a morte de Carrero Blanco e a de Francisco Franco, viña xerminando no Estado español un ambiente proclive á mobilización social que se acelerou de xeito exponencial tras esta segunda morte no que poderíamos denominar o desenvolvemento dun ciclo de acción colectiva entre 1974 e 1978 (Cruz, 2015, p.178)[416]. Foron diversos os ingredientes que propiciaron este escenario de oportunidades políticas. Por un lado debe apuntarse á posición de debilidade do goberno de Arias Navarro, que intentara unha senda reformista non avalada polos considerados reformistas dentro do réxime franquista e moito menos para os que se agrupaban en torno ao chamado *bunker*, e á debilidade física cada vez máis evidente do ditador Francisco Franco. Por outro ao aumento da conflitividade laboral e á construción dunha trama de oposición política ao réxime. En 1975 o impacto, a nivel interno máis tamén internacional, dos

[415] "Esquelas de víctimas de la guerra civil", *La Voz de Galicia*, 15/09/1976, p.11.

[416] Rafael Cruz (2015) empregará o concepto "ciclo de protesta" seguindo a teoría desenvolta por Sidney Tarro. Como xa sinalabamos no marco conceptual, consideramos máis axeitado empregar o termo "ciclo de acción colectiva", posto que os repertorios de acción serán máis amplos que o da protesta.

fusilamentos do 27 de setembro e a morte dous meses despois do ditador, multiplicaron a percepción de oportunidade política que empregaron numerosos actores para facer oír as súas reivindicacións e demandas.

En 1976, e sobre todo a partir do verán, outros factores incrementaron aínda máis esta percepción. Por unha banda aumentou a sensación de inxustiza, fundamental para o desencadeamento da acción colectiva, ante a actuación represiva do goberno. Esta agravárase tralo asasinato de Carrero Blanco, co seu momento de apoxeo nos chamados "sucesos de Vitoria", unha forte intervención policial nas mobilizacións que se estaban desenvolvendo nesta cidade e que en marzo de 1976 causaron varias mortes. Así nun contexto de incerteza sobre o devir da ditadura, a violencia estatal ocasionou un efecto contrario á intención do goberno, promovendo maiores cotas de protesta (Cruz, 2015, p. 180). Neste caso, o enterro dos obreiros asasinados supuxo "unha das manifestacións fúnebres máis concorridas e cheas de significado político de todo o ciclo" (Cruz, 2015, p 189).

Por outra banda, e en paralelo a esta acción represiva do goberno, que continuou nos seguintes meses e anos, producíronse diversas medidas de apertura política. Concretamente nos últimos momentos do goberno de Arias Navarro e no inicio do de Adolfo Suárez, en xullo do 76, inseridos nese proceso do réxime franquista que entendía o reformismo coma o único mecanismo que tiña para poder sobrevivir (Gallego, 2008, p.277). Estas medidas reformistas por un lado aumentaron a percepción de posibilidade de cambio, e incluso de ruptura (isto con moitas comiñas posto que xa parte da oposición organizada na Platajunta falara de "ruptura pactada") e por outro lado ían facendo posible maiores cotas de participación política. O que se materializou na lei de reunión e de asociacións políticas de xuño do 76, e na lei de amnistía parcial de agosto dese mesmo ano. Nesta percepción de maiores oportunidades para a participación, debe engadirse a aprobación da lei de reforma política polas cortes franquistas en setembro do 76.

Foi neste contexto, onde comezou o que se deu en chamar "inverno quente", cun forte aumento das accións colectivas en todo o Estado español. Primeiramente polo agravamento das mobilizacións de corte sindical con máis dun millón de traballadores participando en distintos conflitos de extensión e duración variable. Isto produciu que quizais como en ningún outro momento "se estivese tan preto dunha situación de folga xeral: masiva, prolongada, de saída incerta (Rodríguez, 2015, p. 31)". Pero ademais destas accións sindicais as mobilizacións colectivas estendéronse nun efecto bola de neve implicando cada vez a un número máis amplo de sectores sociais.

O ciclo de acción colectiva, que se produciu no Estado español dende o 74 pero con maior intensidade, como acabamos de describir, dende o 76 envolveu a boa parte dos sectores sociais e políticos. Para Cruz (2015, p.178) este ciclo de acción colectiva estivo vertebrado polo movemento social pola amnistía, sendo "o núcleo do ciclo":

> O conxunto de actuacións de protesta pola amnistía en boa parte da xeografía española dende novembro de 1975 ata mediados de outubro de 1977 constituíu non só o movemento social con maior participación, variedade de accións, intensidade e repercusións políticas do ciclo de protesta, senón da historia dos movementos sociais na España do século XX (Cruz, 2015, p. 190).

Aos "madrugadores" da acción colectiva, obreiros, veciños de cidades e amas de casa, se lle sumarían estudantes e grupos de cidadáns de diversa índole a favor da amnistía, nun proceso de expansión no que se irían engadindo outras protestas como as antinucleares ou as feministas, por exemplo (Cruz, 2015, p. 182). Neste proceso expansivo, ademais de estenderse a acción

colectiva a numerosos sectores sociais e unha gran diversidade de reivindicacións, tamén se produciu unha ampliación dos repertorios de acción, nun contexto desta certa apertura política. Entre elas destacaríamos a manifestación, as tractoradas ou as ocupacións. Neste senso cómpre salientar a lexislación aprobada polas cortes franquistas en xuño do 76 que abría a porta a realización de reunións en espazos públicos. Aínda que como veremos, esta lei, nestes primeiros anos tivo unha aplicación desigual, moi restritiva de certas manifestacións e actos e amplamente relacionada coa interpretación do gobernador civil correspondente.

> O que agora remata foi o ano das manifestacións populares, das primeiras tomas colectivas de posición, da lenta pro imparable saída a rúa dun pobo con fartura de silencio e moitas ganas de sacar da gorxa as palabras que ningún Goberno quere oír[417].

Así se facía balance do ano 76 na revista *Teima* referíndose a este proceso expansivo de mobilización social no que distinguiremos unha serie de accións colectivas que podemos agrupar polo conflito no que nacen, polas súas reivindicacións e formas de protesta. Fixarémonos en concreto no que acontece no marco espacial da nosa investigación, Galicia, distinguindo os seguintes tipos de mobilización:

Mobilizacións pro-amnistía e proautonomía.

Despois da aprobación da citada lei de reunión incrementáronse os intentos de manifestación pública proamnistía que xa se viñeran realizando durante todo o ano 76 . A iso sumouse tamén a reacción á promulgación da lei de amnistía parcial. De modo que estas dúas normas acrecentaron o movemento, non satisfeito coa amnistía e acelerado polas "oportunidades" que traía aparellada esta lei de reunión. Así e todo resultou habitual que esta normativa non amparase precisamente as manifestacións proamnistía. Por exemplo a de Ferrol de xullo deste ano, que se saldou con nove persoas detidas[418] ou a de Santiago de Compostela en decembro e que foi intervida cun amplo dispositivo policial que rematou con varios detidos e feridos por impactos de balas de goma[419]. A denegación e represión das manifestacións, por tanto, era un feito que pese á lei a que aludíamos, repetíase con frecuencia. Tamén no caso da prohibición da manifestación pro-amnistía en Vigo proxectada para o 19 de setembro do 76. Para prohibila o Gobernador Civil de Pontevedra, quen admitía o cumprimento de todos os requisitos formais da solicitude, apuntaba a que "los fines de la manifestación no puedan aceptarse, pues de hacerlo se podría vulnerar el principio de independencia judicial reconocido en nuestras leyes", aludindo, pois, a esa lei de amnistía acabada de aprobar[420]. Como veremos, estas non foron as únicas mobilizacións en ser prohibidas durante este ciclo de acción colectiva, entre as que atoparemos tamén accións da memoria traumática.

En definitiva, poderiamos soster que as accións pro-amnistía vertebraron boa parte da mobilización durante o ciclo, sendo a amnistía xeral e a laboral, unha reivindicación presente en boa parte das accións colectivas. Neste senso resultou habitual que nas manifestacións se incluísen varias reivindicacións, como no caso da gran manifestación de febreiro do 76 en Barcelona baixo o lema "libertad, amnistía y estatuto de autonomía". Deste modo a

[417] "1976:Galicia saíu a rúa", *Teima*, nº3,3-30 de decembro de 1976, p.3

[418] "Nueve personas a disposición del juzgado en el Ferrol", *La Voz de Galicia*, 11/07/1976, p.31.

[419] "Manifestaciones el domingo, en Santiago, para pedir amnistía general", *La Voz de Galicia*, 16/11/1976, P.37. Tamén poderiamos nomear as manifestacións de 28 de decembro do 76, en Ferrol e na Coruña que sufriron unha gran represión policial. ("Manifestaciones pro-amnistía", *La Voz de Galicia*, 29/12/1976, p. 21)

[420] "Denegado el permiso para una manifestación pro-amnistía, en Vigo", *La Voz de Galicia*, 14/09/1976, p. 43. Na noticia exprésase a solidaridade de comisión labregas de Galicia e da agrupación cultural O Galo.

reivindicación de amnistía e a de autonomía foron comúns en diversas mobilizacións. En Galicia destacaríamos as realizadas a tenor do 25 de xullo no ano 76 ou para o caso da autonomía a convocada en outubro do 77 na Coruña encabezada pola consigna "contra el paro, la carestía de la vida y por un régimen provisional de autonomía para Galicia"[421] e finalmente, como colofón destas manifestacións, a do 4 de decembro de 1977 nas principais cidades galegas. En Vigo a manifestación congregou a trescentas mil persoas, na Coruña, a cen mil, considerándose a maior mobilización popular da historia de Galicia[422]. Nela os partidos políticos tiveron un papel protagonista, ao ser convocada pola asemblea de parlamentarios de Galicia (o xerme do que logo sería a Xunta, formada polos deputados en Madrid de Galicia, e por tanto formada por UCD, PSOE e CD) xunto con PCG, POG e PSG. Os parlamentarios na mobilización collidos da man foi unha das imaxes icónicas da manifestación[423]. Este punto evidencia algunhas das lóxicas secundarias que se desenvolveron durante este ciclo, onde o alto grado de mobilización social era aproveitado por diversos actores, entre eles os procedentes do sistema franquista, como os representantes de UCD ou CD, que intentaban así, captar e apropiarse da mobilización para adaptalos aos seus intereses concretos.

Mobilizacións de corte laboral

Seguindo a estela do conflito laboral nado a finais dos anos 60 e principios dos 70 (relatado con detalle no Capítulo 2), as reivindicacións e protestas dos traballadores continuaron durante esta etapa nos principais polos industriais do país, Ferrol e Vigo, pero tamén estendéndose cara outros ámbitos laborais.

Mobilizacións agrarias

Principalmente aquelas relacionadas coa negativa ao pago da cota empresarial da Seguridade Social Agraria e as chamadas "guerras agrarias" que reclamaban mellores prezos para o leite e a carne de vacún. Nestas mobilizacións foi extremadamente importante a actuación do sindicato labrego Comisións Labregas (vinculada á UPG) e Comisiones Campesinas (ao PCE). Nestas mobilizacións podemos identificar unha importante incorporación de repertorios de acción. Así, entre os xa habituais como a negativa a cumprir os pagos das cotas ou o envío de cartas as autoridades, incluíronse repertorios de acción colectiva como as manifestacións e mitins masivos e as denominadas "tractoradas", isto é a ocupación de rúas e estradas con tractores (Cabana e Lareno, 2009, p. 111-119). A modo de exemplo destacaríamos a tractorada que colapsou numerosas estradas entre o 3 e o 5 de decembro do 77 ou a manifestación de setembro do 77 en Lugo, coa participación de catro mil persoas.

Mobilizacións socioambientais /medioambientais

Emprégase esta denominación para atender a aquelas accións colectivas vinculadas principalmente a conflitos relacionados coa instalación de industrias contaminantes como as celulosas[424], centrais nucleares ou construción de infraestruturas como embalses ou a autopista

[421] "Unas 7.000 personas participaron en la manifestación convocada por CC.OO.", *La Voz de Galicia*, 1/10/1977, p.1, 47, 49
[422] "El domingo, Galicia pidió en la calle su autonomía", *La Voz de Galicia*, 6/12/1977, p. 45
[423] Documental *Galicia na Transición* (Faro de Vigo, 2006).
[424] Ademais da máis coñecida mobilización en contra da celulosa de Pontevedra (xa nos anos 60). En Ponteareas durante o ciclo de acción colectiva: "Manifestación en Puenteareas contra la fabrica de celulosa*", La Voz de Galicia*, 11/01/1976, p.17

do Atlántico. Habitualmente o conflito entre as comunidades da zona obedecía aos problemas por expropiacións e usurpacións de terras ou pola incomunicación das propias comunidades. Entre elas destacamos a oposición á construción da mina das Encrobas, á autopista do Atlántico ou a planta nuclear en Xove, así como as protestas polos efectos do embalse de Portodemouros.

No caso da construción da autopista a conflitividade foi en aumento durante os anos 77 e 78, cando o descontento nas diversas parroquias a través do eixo atlántico comezou a coordinarse a través dunha plataforma (Quivén, 2019, p.14). Esta mobilización é un exemplo moi gráfico e claro dese ciclo de acción colectiva a nivel galego. Tamén neste senso destacamos a mobilización arredor do embalse de Portodemouro. A mobilización centrábase en denunciar as dificultades de comunicación entre as súas beiras. Debe terse en conta que a construción xa se rematara anos atrás, de xeito que a protesta no ano 77 pode lerse no sentido desta percepción de maiores cotas de liberdade para a participación.

Se nos fixamos nos repertorios de acción, entre os máis empregados estarían as accións directas como a ocupación de instalacións e a paralización de obras. Aínda así, sobre todo a partir do 76, tamén se empregaría a manifestación nas cidades máis próximas aos conflitos, ampliando deste modo a súa capacidade de mobilización. Destaca deste xeito a manifestación realizada en agosto do 76 na Coruña en contra da mina das Encrobas (Lanero, 2016, p.172), onde participaron máis de catro mil persoas[425], a realizada contra a autopista en Pontevedra o 4 de setembro do 77 cunha afluencia de arredor de sete mil persoas [426] ou a que tivo lugar en Portodemouros un mes máis tarde coa asistencia de seis mil persoas[427].

Mobilizacións con demandas de servizos públicos.

Baixo esta denominación facemos referencia á multiplicidade de mobilizacións con demandas diversas pero vertebradas pola defensa ou reivindicación dalgún servizo público, por exemplo a educación pública ou o acceso á vivenda. A modo de exemplo as manifestacións pro-vivendas sociais en Vigo en outubro do 76, tamén cunha ampla presenza e represión policial[428].

Pese a existir a percepción de maiores cotas de participación política, resultou tamén habitual a represión das mobilizacións. Neste senso salientamos o caso da mobilización sociambiental arredor da central nuclear que quería instalarse en Xove (Viveiro). O Gobernador Civil de Lugo decidiu non autorizar unha manifestación que ía celebrarse o 30 de xaneiro do 77[429]. O argumento esgrimido resulta un exemplo claro da ampla marxe de manobra que escondía a lei de reunión. Así no seu artigo 6 incluía unha serie de supostos nos que as reunións e manifestacións podían ser prohibidas. Entre estes estaría aquel do que se valeu o Ggobernador de Lugo para prohibir esta manifestación, isto é "cuando existan fundados motivos para estimar

[425] "La Policía Armada disolvió inesperadamente la manifestación autorizada de los vecinos de Encrobas", *La Voz de Galicia*, 31 /08/1976, p.30
[426] Unas 7000 personas se manifestaron contra la Autopista del Atlántico", *La Voz de Galicia*, 06/09/1977, p.45
[427] "Unas seis mil personas se manifestaron pacíficamente, el domingo, en Portodemouros", *La Voz de Galicia,* 18/10/1977, p.47).
[428] "Nueva manifestación ayer en Vigo", *La Voz de Galicia,* 3/10/1976, p.31
[429] Arquivo Histórico Provincial de Lugo, Fondo Goberno Civil, *sin* 20211001.

que, de celebrarse, la reunión podría dar lugar a la comisión de actos tipificados como delitos en las Leyes penales"[430].

3.1.2. O desenvolvemento dos piares do novo sistema

O ciclo de mobilización desenvolveuse en estreita relación cos acontecementos que marcaron a construción do novo sistema político. Así a estratexia reformista do franquismo, a morte do ditador, xunto coas leis de apertura xa referidas (a de reunión e asociación política), configurou unha estrutura de oportunidade política que os actores aproveitaron para mobilizarse. Pero a esta fase de incerteza e certa expansión, sucedeulle aqueloutra na que a mobilización foi languidecendo. E fíxoo en estreita relación coa configuración dos piares do novo sistema político, materializados na lei de amnistía, os Pactos da Moncloa de outubro de 1977 e a Constitución Española aprobada tras referendo a finais do ano 78.

Atenderemos brevemente a este proceso de configuración do novo sistema político. Este iniciouse coa aprobación da lei de reforma política que permitiu transformar as cortes franquistas para transitar cara un sistema democrático[431]. Este proxecto estaba liderado por Adolfo Suárez quen presidía o goberno dende o verán do 76. A súa estrea como Presidente tivera lugar no discurso televisivo emitida pola TVE a inicios de xullo. Nel expresaba o seu desexo de concordia e conciliación de todos os españois, fronte ás mensaxes nostálxicas do 18 de xullo que defendían os sectores do denominado *Bunker* (Contreras e Cebrián, 2015). Baixo o seu liderado a lei someteuse a referendo en decembro de 1976. Os chamados a participar dos diferentes partidos políticos transitarían entre o voto polo si, o voto en contra e a abstención. Fixémonos que o sistema de partidos estaba aínda en construción. Deste modo xa estaba constituída a federación de partidos Alianza Popular (AP), entre os que se atopaba a Reforma Política de Manuel Fraga Iribarne quen ata había pouco tempo ocupara o cargo de Ministro de Gobernación. Xunto a AP resalta o apoio á lei do PSOE que nese momento xa estaba dirixida pola nova xeración de socialistas tras impoñerse aos exiliados no Congreso de Suresnes. A nivel galego o PSOE apenas existía en 1975 pero a difusión dese novo PSOE nos medios de comunicación, xunto as crises do PSG, alimentaron un crecemento vertixinoso (Beramendi, 2008, p. 1095). O PCE ou o PT, pola súa banda, chamaban a abstención. Non así os partidos políticos do nacionalismo galego, UPG, PSG e tamén o Movemento Comunista de Galicia que defenderían a ruptura fronte a reforma. O MCG nacía en xaneiro de 1976 a partir do Movimiento Comunista Español, que a partir dese momento defenderá o combate das nacionalidades oprimidas (Hervella, 2005, p.167).

O PCE conformou a súa sección galega en 1968 e é que a presión da ditadura non fixera senón consolidar "e intensificar a deriva cara o autonomismo que se iniciara entre os demócratas españois durante o bienio 1934-1936". Deste modo o Partido Comunista de Galicia (PCG) asumía o himno, a bandeira, e a autonomía. O Movemento Comunista de Galicia, pola súa banda ía un paso máis alá defendendo o dereito de autodeterminación (Beramendi, 2008, p. 1089).

Debe terse en conta que neste ano 76 xa estaban operativas as dúas principais plataformas da oposición en Galicia. Unha que optaba pola negociación e o pacto e a outra que avogaba

[430] BOE» núm. 130, de 31 de mayo de 1976, páginas 10437 a 10440. https://www.boe.es/buscar/doc.php?id=BOE-A-1976-10540

[431] Real Decreto-Ley 12/1977 de 8 de febrero sobre el derecho de asociación política. En BOE, 10/02/1977, Nº35. https://www.boe.es/boe/dias/1977/02/10/pdfs/A03223-03223.pdf

pola ruptura. A Xunta Democrática de Galicia integrada polo PCG, CCOO, PSP e o PT entre outros fusionouse coa Plataforma de Converxencia Democrática liderada polo PSOE que na súa sección galega sería coñecida como Táboa Democrática, operativa dende xullo de 1976. Nesta Táboa integrábanse nove organizacións políticas e sindicais da oposición non nacionalista (Prada, 2004, p. 243). Plataforma que finalmente acabaría aceptando a transición pactada e que se conformaba con recuperar o estatuto de autonomía de 1936 (Beramendi, 2008, p. 1091).

Pola súa banda o nacionalismo de esquerdas galego aglutinábase arredor do Consello de Forzas Políticas de Galicia (CFPG) creada en xaneiro dese ano 76 baixo a premisa de Galicia como suxeito de soberanía independente, de acordo co principio de autodeterminación e co concepto de Galicia-nación. Formaban parte del inicialmente a UPG, o PSG, o Partido Galego Social Demócrata (PGSD) , ao que meses despois se uniu o MCG e Partido Carlista de Galicia (PCga), este último con papel político residual. Este consello asinou as Bases Constitucionais para participación da Nación Galega nun Pacto Federal e de Governo Galego Provisorio e as Medidas Económicas para un Programa de Governo Provisorio Galego. O Consello defendía a tese da ruptura e por iso mantívose á marxe das negociacións que nese ano 76 comezaron entre a oposición e o réxime. As diferenzas no seu seno orixináronse precisamente na estratexia a desenvolver fronte a estas negociacións, entendendo o PSG, MCG e PCga que se debía acudir para defender as Bases, mentres a UPG consideraba que non se debía nin sequera comparecer. Tamén xurdiron diverxencias relacionadas coa estratexia de control da UPG e a súa rixidez tácita. O consello desapareceu un mes antes do referendo, en novembro do 76 (Beramendi, 2008, pp. 1095-1098).

Táboa 8. Resultados electorais do referendo lei de reforma política, 1976. Galicia

TERRITORIO	ELECTORES	VOTAN	%PARTICIPACIÓN	%ABSTENCIÓN	VOTOS A FAVOR	% A FAVOR
A CORUÑA	705129	497838	70,60 %	29,40%	475473	95,51%
LUGO	295833	208386	70,44%	29,56%	197342	94,70%
OURENSE	307281	196544	63,96%	36,04%	190235	96,79%
PONTEVEDRA	529598	380784	71,90%	28,10%	362279	95,14%
GALICIA	1837841	1283552	69,84%	30,16%	1225329	95,46%

Fonte: elaboración propia en base aos datos extraídos de Junta Electoral Central.
https://www.juntaelectoralcentral.es/cs/jec/documentos/Referendum_1976_Resultados.pdf

A nivel estatal o resultado do referendo da lei de reforma política arroxou un resultado amplamente a favor da reforma, cun 97,36% votos a favor e a participación do 77,8% do electores a nivel estatal. No caso galego os resultados foron similares (Táboa 8), cunha abstención que roldou o 30% en todas as provinciais, e un voto afirmativo arredor do 95%. Na conformación dunha opinión pública favorable a esta lei de reforma e ao novo presidente debe atenderse ao papel que tivo a TVE. O reformismo franquista soubo ver o potencial dos medios de comunicación para crear un espazo público favorable á reforma. O emprego de técnicas publicitarias na canle pública, a única canle de televisión existente neses momentos, conseguiron sintetizar o contido da reforma e asociala simbolicamente á imaxe televisiva dun presidente carismático que pasou, en poucos meses, a ser o líder indiscutible da Transición. Esta asociación simbólica permitiulle a Súarez "aproveitarse de todo o rédito político da

operación e anunciar a súa candidatura ás primeiras eleccións democráticas celebradas o 15 de xuño de 1977" (Bellido, 2016, p. 13).

O resultado destas eleccións consolidaron o seu liderado da Transición, sendo o seu partido acabado de crear, Unión del Centro Democrático (UCD) a organización política máis votada, co 34,95% dos votos e 168 deputados, aínda que sen obter a esperada maioría absoluta. En canto á esquerda, recordemos que o PCE lograba presentarse ás eleccións trala súa legalización en abril dese ano 77, constituíndose como un dos fitos fundamentais da Transición. Este legalización pode lerse como un paso determinante na aceptación das regras de xogo do novo sistema, o que á súa vez vai configurar ao PCE como un actor fundamental para o éxito do proceso transicional tal e como tivo lugar. Neste contexto enténdese a súa legalización en abril deste ano 1977 como o resultado das coaccións ideolóxicas sufridas para poder obtela, entre as que destacaban a neutralización da súa identidade republicana, escenificado na aceptación da bandeira bicolor (Andrade, 2012, p. 47). Neste senso tralo fracaso da estratexia da ruptura e os intentos de folga política dos anos anteriores e ante a estratexia negociadora do líder comunista Santiago Carrillo co goberno de Adolfo Suárez, moitos militantes decidiron abandonar o partido.

Así mesmo, as organizacións de esquerda que se mantiveron nunha posición de ruptura co réxime tiveron que esperar máis tempo para ser legalizados. Aconteceu, por exemplo, coa UPG, partido que se tivo que presentar ás eleccións a través da fronte denominada Bloque Nacional Popular Galego (BNPG).

En canto aos resultados da esquerda nas eleccións estes amosaron certas tendencias de interese. Por unha banda o papel do PSOE cun 30,5% dos votos, configurándose como líder da oposición ao goberno de Suárez. Por outra banda a intranscendencia do PCE que só acadou o 10,81% dos apoios. E no caso galego resalta o fracaso estrepitoso do nacionalismo de esquerdas que non conseguiron representación parlamentaria. Recordemos que CFPG que aglutinaba ás organizacións nacionalistas e outras afíns, desaparecera meses antes. Dende a súa desintegración ata as primeiras eleccións, en xuño do 77, as crises e escisións foran conformando un diverso abano de grupos e partidos políticos do nacionalismo que finalmente se presentaron dispersos a estas primeiras eleccións xerais ao parlamento do Estado. Por unha banda a xa referido BNPG, e por outra o PSG que se presentaba en solitario despois do fracaso de avogar por unha alianza electoral federalista (Beramendi, 2008, p. 1098). O BNPG candidatura que acadou maiores apoios, aínda así non chegou a un 6% de votos en Galicia e non logrou acadar acta parlamentaria en ningunha das catro provincias[432].

Coa validación social lograda tralas eleccións, o goberno encabezado por Adolfo Suárez liderou o proceso a través do cal se configuraron os que se poderían considerar piares fundamentais do novo sistema. Por unha banda os denominados Pactos da Moncloa, unha serie de acordos en materia económica e política que buscaban dar estabilidade ao proceso transicional e establecían as bases xurídicas e económicas básicas do novo sistema. E por outra banda a lei de amnistía de outubro de 1977. A demanda de amnistía, que vertebrara a mobilización social e política nos anos anteriores, fíxose norma en outubro de 1977, nun texto legal diferente ao esperado por unha parte da cidadanía. Finalmente a norma funcionou como unha lei de punto e final, amnistiando aos opositores antifranquistas, máis tamén aos

[432] Resultados eleccións Galicia: UCD (17 deputados, 48, 26% dos votos), PSOE (6 deputados, 17,35% dos votos), CD (4 deputados, 14,22% dos votos). Base de datos Ministerio de Interior. https://infoelectoral.interior.gob.es/es/elecciones-celebradas/resultados-electorales/


perpetrados da violencia franquista[433], contravindo deste modo o que dende o dereito internacional establécese como preciso para atender nun proceso transicional dende un réxime que violou os dereitos humanos. Incumpríanse así, os estándares de xustiza, verdade e reparación. Esta lei promulgouse en paralelo a maior eclosión mobilizadora da memoria traumática en Galicia, como veremos.

Por último a aprobación da nova constitución en decembro de 1978 xunto co inicio do desenvolvemento do estado das autonomías virían a conformar os dous derradeiros elementos que vertebraron a configuración do novo sistema político. O proxecto fora elaborado por un relatorio de sete deputados, que pasarían a coñecerse como os "pais da Constitución" e entre os que había representantes de UCD, AP, PSOE, PSUC e a coalición Pacte Democràtic per Catalunya. A elaboración e aprobación da constitución, conformou unha parte fundamental do relato mitificado da Transición, baseado no seu carácter fundacional da democracia ao terse acadado o consenso tras séculos de conflito, onde a guerra civil era o antecedente directo.

Os resultados do referendo arroxaron un resultado positivo. O 90,8% dos votantes fixérono de xeito afirmativo. Máis se nos fixamos na participación soamente acudiu ás urnas o 54,47% do censo. En Galicia o resultado foi semellante, cunha participación do 50,2% dos chamados a facelo[434].

3.2. A MEMORIA TRAUMÁTICA NO CICLO DE MOBILIZACIÓN E NA ESTRUTURA DE OPORTUNIDADES (1976-1978)

Gráfico 31. Tipoloxía de accións dentro do Ciclo de acción colectiva



Fonte: elaboración propia.

O ciclo de acción colectiva vertebrada por conflitos e mobilizacións de índole política, socioambiental, agraria e laboral, foi o contexto no que se desenvolveu o primeiro ciclo de

[433] Lei 46/1977 do 15 de outubro de 1977. https://www.boe.es/eli/es/l/1977/10/15/46.
[434] Resultados extraídos da Base de datos do Ministerio do Interior. https://infoelectoral.interior.gob.es/es/elecciones-celebradas/resultados-electorales/

acción da memoria traumática (Gráfico 31). Un ciclo, que polo de agora, ten pasado desapercibido para a historiografía.

> La actividad sindical en el período de tiempo a que hace referencia esta memoria (1976) ha girado sobre las incidencias que los cambios sociopolíticos y económicos se han venido operando en la vida nacional. Por ello, y sin tratar de agotar en esta síntese la enorme variedad de hechos en que se han plasmado aquellas repercusiones, podemos apuntar a modo de resumen las que se han caracterizado por su especial intensidad, reiteración y amplitud: la conflictividad laboral, convenios colectivos, alteraciones laborales y la dinámica de los grupos sindicales en una adaptación al devenir político del país, saliendo paulatinamente de la clandestinidad[435].

Este fragmento foi extraído da memoria anual do Goberno Civil de Pontevedra, no seu "estudio Socio-económico sindical". Como dicíamos, en 1976 o ciclo de acción colectiva que viña operando no Estado español colleu un pulo ascendente. Sobre todo a partir do verán, podemos inserir nel o ciclo de acción colectiva da memoria traumática que se incrementou, á vez que tamén o fixo a mobilización social e política noutros ámbitos. Deste modo, foi en verán do 76 cando en Galicia vaiamos a identificar as primeiras accións colectivas da memoria traumática e que sufriron un notable incremento no seguinte ano, 1977, á vez que, como acabamos de ver, fóronse desenvolvendo en Galicia numerosos conflitos político-sociais.

As mobilizacións memoriais estiveron fortemente vencelladas aos cabodanos dos asasinatos o que explica a cronoloxía concreta desta. Así, se nos fixamos no exercicio da violencia golpista e xenocida en Galicia, esta vaise concentrar principalmente nos meses seguintes ao golpe. Isto é, principalmente entre agosto e decembro do 36. Deste modo, as primeiras accións que se realizaron en 1976 producíronse entre agosto e outubro. Do mesmo xeito, no 77, un ano de especial actividade memorialista, as homenaxes tiveron lugar principalmente no verán e no outono e por tanto, de novo, en estreita vinculación coas datas dos aniversarios.

Como diciamos, o escenario de estrutura política que identificamos máis significativo para o fenómeno en estudo sería a lei 17/1976, reguladora do dereito de reunión. Na norma definíanse as reunións públicas como "reuniones públicas ya se celebren en lugar cerrado o mediante el estacionamiento o la circulación por lugares abiertos al uso público, en forma de manifestación, marcha, séquito, cortejo o cualquier otra modalidad similar" [436]. Polo tanto esta lei abría a porta á participación política de xeito legal, o que sería aproveitado por todos aqueles axentes activos na mobilización social e política. Deste modo pode lerse como unha das razóns do aumento significativo das mobilizacións a partir do verán deste ano 76. Aínda así moitas das accións previstas foron prohibidas. Esta potestade correspondíalle ao gobernador civil correspondente, como así se estipulaba no artigo 4 da devandita lei.

O gobernador podía non permitir a reunión apelando a algunha das motivacións que se desenvolven no artigo 6 desta lei. Entre estas estarían a presunción de que a reunión podería dar lugar á comisión de delitos, que houbese entre os organizadores condenados por algunha cuestión relacionada precisamente coa participación en reunións, ou que a fin desta reunión fose considerada ilícita ou indeterminada. Estas cuestións, redactadas dun xeito tan xeral, son

[435] Arquivo da Subdelegación de Pontevedra. Fondo Goberno Civil, *sin* ASGP 721.
[436] BOE» núm. 130, de 31 de mayo de 1976, páginas 10437 a 10440. https://www.boe.es/buscar/doc.php?id=BOE-A-1976-10540

proclives a ser usadas con arbitrariedade, resultando moi susceptibles de ser empregadas para a prohibición das accións que non fosen de interese ou agrado para o goberno.

Ademais resultou habitual que os gobernadores recorresen a outra xustificación para a prohibición. Unha argumentación que resultaba menos polémica e que ao mesmo tempo podía evitar posibles impugnacións. Tratábase de apuntar a que solicitude de permiso incumpría algún dos requisitos formais, como por exemplo os prazos temporais estipulados ou a inclusión de todos os datos persoais dos solicitantes e participantes[437].

Por outra banda, dous meses despois da aprobación desta lei, promulgouse o Real Decreto-Lei 10/1976 do 30 de xullo sobre amnistía parcial, que aínda que non evitou que o movemento pro-amnistía continuase, aumentou a percepción de que era posible acadar a amnistía total e tamén de que o réxime amosaba certa permisividade. Neste escenario produciuse a volta de exiliados políticos que tivo lugar, de maneira masiva, a partir deste momento.

Por último, en febreiro do 77 aprobouse a lei de asociacións políticas posibilitando a legalización dos partidos políticos nos seguintes meses e anos[438]. Resulta de interese para o noso obxecto de estudo este contexto de legalización debido ao protagonismo das organizacións políticas na promoción de accións de memoria. Así, un escenario de maior permisividade abriu a porta á participación pública destas organizacións. Nas accións da memoria desenvoltas con forza a partir do verán do 77 atoparémolas como participantes, e tamén como organizadoras das mesmas.

En definitiva, atopámonos nun contexto de percepción de posibilidade ante certos avances democratizadores. O que nos sitúa ante as teses de Charles Tilly (2010, 1000), para quen os espazos de oportunidade política tiñan lugar preferentemente en réximes autoritarios que estaban nun proceso democratizador.

A partir do 76 e nunha dinámica expansiva coincidente co escenario de apertura política, as accións da memoria incrementáronse en paralelo ao momento de escalada do ciclo de acción colectiva xeral. Un ciclo que fixo tremer a comunidade política franquista e desembocou na creación dun réxime político distinto ao anterior, ao confluír a protesta na rúa cun proceso de conflito e negociación entre dirixentes políticos (Cruz, 2015, p. 179).

O ciclo de memoria traumática (76-78) cristalizou de forma diferente nos diversos espazos do Estado español. Así, a aquela homenaxe prohibida a Miguel Hernández en Orihuela, en maio do 76 poderíamos sumar, a modo de exemplo, as homenaxes ao presidente catalán fusilado Lluís Companys que en outubro do 76 posuíu por primeira vez un carácter público, ao igual que a homenaxe que nese mesmo inverno tivo lugar no Fossar da Pedrera, a maior fosa común de Catalunya (Conesa, 2013). É tamén o ano 76 o espazo temporal clave para comprender o fenómeno do asociacionismo memorialista catalán, cando iniciaba a súa actividade a Associació Pro-memoria als Immolats per la Llibertat a Catalunya (Bernal, 2017) ou a Asociación de Antiguos Aviadores de la República[439]. Xa en 1977, mentres en Galicia podemos identificar ese auxe das accións de homenaxe, en Navarra e La Rioja iniciábase o ciclo de exhumacións de fosas comúns, que funcionou mediante un efecto contaxio involucrando a ducias de vilas nestas rexións.

[437] Por exemplo incumprir o prazo estipulado para realizar a solicitude, incluir os datos persoais completos dos solicitantes e participantes, incluir un guión do que se ía facer ou apuntar a existencia dun servizo de orde.

[438] Real Decreto-ley 12/1977, de 8 de febrero, sobre el derecho de asociación política, BOE, nº 35, 10 de febreiro de 1977. https://www.boe.es/boe/dias/1977/02/10/pdfs/A03223-03223.pdf

[439] Quinta, A: "Reunión de 300 aviadores republicanos en Barcelona", *El País*, 29/05/1976. https://elpais.com/diario/1976/05/29/espana/202168817_850215.html

En resumo, e atendendo ao gráfico presente no Anexo 3, podemos acoutar o primeiro ciclo da memoria en Galicia entre 1976 e 1978. No 78 as accións colectivas, tamén as memoriais, sofren un acusado descenso en número e intensidade, o que analizamos con detalle ao final do capítulo. Este foi un ciclo memorial de "acción colectiva" posto que nel van salientar as actuacións que tiveron ese carácter colectivo e no que os actores protagonistas foron principalmente colectivos, agrupacións, familiares, en definitiva axentes da "sociedade civil". Por iso podemos visualizalo como parte dese ciclo xeral, tamén presente neste gráfico do Anexo 3 de acción colectiva en Galicia, e en xeral no Estado español.

Neste primeiro ciclo de acción colectiva da memoria as homenaxes foron o repertorio de acción predominante. Podendo falar do "ciclo das homenaxes". Dentro delas, ademais das necroloxías, salientarán os actos de recibimento aos exiliados e as homenaxes ante as tumbas ou lugares de violencia dos asasinados. Nestas últimas estivo presente a ofrenda floral como núcleo do acto. Máis tamén foi habitual que estas incluísen funerais ou misas, sendo ás veces complexo poder diferenciar se só se tratou dun oficio relixioso ou se este tivo un carácter colectivo.

Durante esta primeira etapa da memoria estiveron presentes outros tipo de repertorios como "as accións divulgativas", en forma de publicacións de libros, presentación ou conferencias, e que seguiron a estela daquelas ás que nos aproximamos no Capítulo 2. Así mesmo, detectouse a realización de "conmemoracións", principalmente de datas relacionadas con fitos históricos da II República, como a súa proclamación o 14 de abril ou o plebiscito do estatuto de autonomía o 28 de xuño. Por último, iniciaríanse as accións que denominamos como de "modificación da simboloxía", que neste ciclo tiveron un carácter disruptivo e ilegal e que, trala súa institucionalización, foron dominantes na segunda etapa (Capítulo 4).

3.3. AS HOMENAXES: O REPERTORIO DOMINANTE

Adiantamos ao inicio deste capítulo a emerxencia das necroloxías das vítimas a partir de 1976, constituíndo unha primeira mostra pública de homenaxe. A estas adoitaban seguir outro tipo de accións, dun cariz máis colectivo, como as misas, as concentracións nos cemiterios ou as ofrendas florais. E, por tanto, como parte dunha acción colectiva que se iniciou no ano 76 e que colleu unha forza inusitada na segunda metade do ano 1977. Estes actos tiveron nestes primeiros anos un carácter disruptivo, ao ser a primeira vez que a xente se atrevía a homenaxear ás vítimas en público. E así, aínda que seguindo os usos e tradicións, a ofrenda floral adquiriu un carácter innovador e en boa medida transgresor.

Dentro do que demos en chamar "homenaxes" imos considerar unha distinción que nos ofrece tres subtipoloxías. Dúas delas defínense en base a homenaxe pública a unha persoa ou persoas vítimas, pero que tiñan unha diferenza fundamental, se foron vítimas con causa de morte, ou se estas lograran fuxir e exiliarse. Deste modo, distinguiremos entre as homenaxes que se realizan aos asasinados por esta violencia e aqueloutras homenaxes públicas a persoas que, con maior énfase a partir do ano 76 e 77 volvían ao Estado español procedentes do exilio. A estas homenaxes denominarémolas "os recibimentos dos exiliados"[440].

Antes de profundar no seu estudo resulta importante principiar pola análise das necroloxías, as que poderiamos definir como unha das probas simbólicas do inicio deste ciclo. Cando o

[440] Dicimos de xeito público posto que será habitual que os exiliados tiveran volto ao Estado español de xeito máis ou menos clandestino nos anteriores anos.

recordo do acontecido traspasaba as fronteiras do íntimo, do familiar e do clandestino. E así, de súpeto, dende agosto do 76, nun continuo goteo, as páxinas de necroloxías dos xornais sufriron unha metamorfose e, ao lado das notas habituais de mortes acontecidas nos días anteriores e tamén dos mortos considerados lexítimos polo réxime franquista, aparecían agora incómodas lembranzas dun terror ata o momento impronunciable. En boa parte das súas características poden distinguirse as características xerais das accións da memoria durante este ciclo da acción colectiva.

3.3.1. As necroloxías como primeira lembranza pública (76-78)

> Antonio Blanco Solla, ex-alcalde de Marín y demás compañeros fusilados por defender la libertad y la democracia el 31 de diciembre de 1936. 41 aniversario de su muerte, los compañeros de la agrupación socialista de Marín del PSOE ruegan a todas aquellas personas y en especial al pueblo de Marín la asistencia al acto de homenaje que se celebrará, mediante colocación de un ramo de flores, ante la tumba simbólica, hoy día 31, a las trece horas en el cementerio de San Mauro[441].

As necroloxías en moitas das ocasións anunciaban un funeral, misa ou ofrenda floral na honra das vítimas, converténdose deste xeito no preludio dunha acción colectiva da memoria[442]. Así poderíamos fixarnos nesta nota necrolóxica de Antonio Blanco Solla, alcalde de Marín fusilado tras xuízo sumarísimo en decembro do 36 e "demás compañeros fusilados" que funcionou como xeito de publicitar a homenaxe póstuma que se realizou no cemiterio de San Amaro, en Pontevedra.

Por outra banda, aínda que as necrolóxicas non anunciasen directamente ningún acto e, incluso aínda que non teñamos constancia de que no ano da súa publicación se realizase algún, a meirande parte das vítimas presentes nelas foron tamén homenaxeadas noutras accións memorialistas durante o período de estudo. Por exemplo os irmáns Domínguez Pacheco e Manuel Noya Gil, vítimas da Guarda, que constituíron figuras moi importantes do fenómeno memorialista que se desenvolveu arredor dos fusilados no campo de concentración de Camposancos[443]. Ou a necroloxía a José Villaverde Velo publicada pola súa familia, quen se converteu nos anos seguintes en axente de memoria.

A medio camiño entre ambas casos teríamos a necroloxía aos "once de Anguieiro", en Cangas, publicada en agosto de 1977. Trátase dunha sucinta nota que reza "os vosos familiares, camaradas e amigos non vos esquecen". Esta nota grupal, ás once persoas asasinadas tras unha brutal malleira no lugar de Anguieiro foi asinada polo PCG, PSOE, PSPG e PSG de Cangas. As mesmas organizacións políticas que días antes presentaran ante o Gobernador Civil unha solicitude para realizar unha homenaxe na súa memoria. Esta foi finalmente prohibida[444].

Todo o anterior nos evidencia o potencial das notas necrolóxicas para distinguir algúns dos trazos principais deste primeiro ciclo de acción memorial. Deste modo, a través da análise de vinte tres notas publicadas en *La Voz de Galicia* e *Faro de Vigo* entre 1976 e 1978 (detalladas

---

[441] *La Voz de Galicia,* 31/12/1977, p. 39. Ademais a nota tivo que publicarse noutro xornal polo recorte que nos cede Queta Molas e no que o texto está colocado de xeito diferente.

[442] É preciso aclarar como será complicado establecer unha fronteira entre a "acción memorial en si mesma" e o funeral, que ao fin e ao cabo non deixaba de ser unha lembranza colectiva do finado..

[443] *Faro de Vigo,* 10/08/1977, p. 30

[444] Arquivo da Subdelegación de Pontevedra, Fondo Goberno Civil, AGSP 904.

no Anexo 4)[445] aproximámonos a unha serie de características relevantes. Débese puntualizar que o fenómeno da publicación de necroloxías non foi exclusiva deste primeiro ciclo, e continuou nos seguintes anos, aínda que cunha notable diminución. Nestas páxinas nos centramos naquelas circunscritas a este período que se inicia en agosto do 76 e por tanto en pleno proceso que culminaría coa aprobación da lei de reforma política de Adolfo Suárez. Se nos fixamos no cadro en anexos que recolle o total de necroloxías podemos ver como mentres en 1976 e 1977 existiron un bo número de necroloxías recuperadas, para o ano 1978 só se localizaron dúas, o que evidencia xa ese fin do ciclo memorial que anunciamos.

O carácter das vítimas "lembradas"

En canto ás vítimas que foron homenaxeadas nas necroloxías distinguimos dous perfís diferentes. Por unha banda aquelas *vítimas anónimas*, ou pouco coñecidas a nivel social ou sen cargo público no momento da súa morte, e por outra banda as que poderíamos catalogar como *persoeiros*, pola certa relevancia social ou política que posuían. Este sería o caso de Alexandre Bóveda, do que se publicaron diversas notas necrolóxicas na data da súa execución. Rescatamos a realizada polo "segredario do grupo galeguista de Vilarmaior" no 76, e ao ano seguinte a asinada pola asociación cultural coruñesa acabada de fundar baixo o seu nome. A súa homenaxe que, como tratamos no capítulo anterior nacera no exilio, levouse a cabo tamén en Galicia, en concreto en Pontevedra, por primeira vez en agosto dese ano 76 e, como pasou semanas despois co intento de acto en Cangas, esta foi prohibida polo Gobernador Civil. Tamén foron persoeiros destacados, os protagonistas de notas necrolóxicas publicadas no 77 como Enrique Blein, alcalde de Vigo en 1931, ou o alcalde da Coruña no 36 Alfredo Suárez Ferrín.


Por outra banda consideramos relevante destacar aquelas lembranzas que englobaban a varias vítimas dun mesmo acto de violencia. Deste modo identificamos un bo número de accións memoriais, comezando por estas notas necrolóxicas, nas que se facían visibles a vítimas que foran asasinadas de xeito grupal. Deste modo o que se recordaba era, á vez, ás vítimas individuais e ao grupo no seu conxunto. Neste recordo, consideramos moi relevante o impacto que tivera o crime na comunidade. É dicir, o trauma que este causara. Un maior número de vítimas, e por tanto de familias implicadas, ou un algo grado de violencia empregado na execución no crime, afondarían a percepción de inxustiza na comunidade.

Nesta situación identificamos o caso dos fusilados o 12 de novembro en Pontevedra. Visualmente impactan as tres necroloxías que ocupan boa parte dunha páxina do xornal de *La Voz de Galicia* do once de novembro de 1976[446]. Tamén aquela dos fusilados de Corcubión, a dos once de Aguieiro en Cangas ou a dos executados en Santiago de Compostela do "Comité da Defensa da República". A nota necrolóxica desta última, de decembro de 1977 anunciaba a homenaxe de asistencia masiva que tería lugar no cemiterio de Boisaca.

[445] Esta recompilación non ten unha vocación de incluír todas as realizadas. Sabemos doutros por fontes orais como a nota necrolóxica publicada entre o 77 e o 78 dunha longa lista de asasinados polas agrupacións socialistas da ría de Ferrol. Polo momento sen constancia documental.

[446] Dúas delas xa foran publicadas en *Faro de Vigo*.

Gráfico 32. Carácter das necroloxías



Fonte: elaboración propia en base aos datos recompilados no Anexo 4.
Nota: incluímos tamén como grupal aquelas que se focalizan nunha persoa (que denominamos nominal) pero que inclúen referencia ás demais vítimas ou aos que foron fusilados coa "vítima principal". O gráfico faise en base ao número de necroloxías recuperadas, pode haber máis dunha á mesma persoa ou grupo de persoas.

Se nos detemos nas propias notas necrolóxicas, poderemos ver esa alta presenza de lembranzas en grupo, tanto nestes casos de crimes colectivos como naqueloutros nos que se agrupaban vítimas dunha mesma localidade, aínda que fosen asasinadas en momentos diferentes, ou polas súas características, por exemplo, na súa condición de representantes públicos, como por exemplo na nota colectiva onde, entre outros, homenaxeábase ao alcalde da Coruña. Por outra banda tamén resultou habitual a presenza dunha referencia a outras vítimas ou outros fusilados nunha necroloxía nominal. Deste modo, poderíamos comprobar como atendendo ao total das 24 notas consultadas, case a metade tiñan ese carácter colectivo (Gráfico 32).

Os axentes de memoria implicados

Unha boa parte das notas necrolóxicas estaban asinadas cun xeral "amigos y familia", algunhas delas coa súa identidade. Pero tamén podemos identificar outros autores de interese, como as agrupacións culturais, para Alexandre Bóveda, ou os colectivos e partidos políticos, para os membros do "Comité de Defensa da República" ou para "os once de Anguieiro". O caso da nota coa que iniciabamos este capítulo ilustra o carácter dual que en diversas ocasións teñen estes axentes. Así o recordo aos fusilados de Corcubión fora impulsada polo que só dous anos despois converteríase en alcalde da vila, militante do Partido do Traballo de Galicia (PTG), pero tamén polo familiar dunha das vítimas, en concreto polo fillo de Teófilo Mejuto Leis. O que exemplifica a relación ás veces dificilmente separable entre militancia política e activismo memorialista, podendo incluso coincidir na mesma persoa a súa condición de familiar e militante político. Neste caso tamén temos a homenaxe de Boisaca, coa publicación da nota necrolóxica por parte do Partido Comunista, nun acto no que foron tamén protagonistas, ademais de colectivos políticos, os propios familiares das vítimas.

Así mesmo debe terse en conta que o Partido Comunista, asinaba esta necroloxía en decembro do 77, cuestión que non podería ter feito no 76, cando aínda non fora legalizado. Neste sentido convén recordar que nos atopamos no contexto de legalización dos partidos

políticos que se produce durante este ano 77. Foi a partir de agosto cando as necroloxías antes asinadas, ademais de por familiares, por uns xerais "camaradas ou compañeiros", pasaron a ser firmadas tamén por organizacións políticas. A primeira delas a dos "once de Anguieiro". Xustamente dous meses despois das eleccións xerais de xuño do 77.

A conversión dos lugares de violencia en lugares de memoria

Nos textos das necroloxías evidenciase a relevancia que tivo nas accións memoriais os espazos onde se exercera a violencia. Deste modo foi recorrente que nelas se especificase o lugar no que morreron as vítimas. Este punto, xunto coa especificación de que esta morte ocorrera de "madrugada" son elementos clave para que se poidan identificar "a simple vista" como vítimas desa violencia xenocida. Nalgúns casos estes son os únicos indicios de que se tratase de vítimas da violencia franquista, posto que se evitaba recorrer a termos máis explícitos. Neste senso teríamos a necroloxía dun dos fusilados do 12 de novembro, Amancio Caamaño Cimadevila onde se describe como "muerto en la Caeira (Pontevedra) en la trágica madrugada del 12 de noviembre de 1936"[447]. Xunto á Caeira, os arredores do cemiterio de Sestás (A Guarda), a praia de Alcabre (Vigo) , Aguieiro (Cangas) ou Punta Herminia (A Coruña) foron algúns dos lugares recorrentes nas notas analizadas e á vez coinciden cos lugares de violencia masiva nas diferentes localidades.

Os "mortos", os "mártires" e a "reconciliación".

Por último, fixándonos neste conxunto de vinte e tres notas necrolóxicas, publicadas entre o 17 de agosto de 1976 e o 31 de decembro de 1978, das que un 21% anunciaban algún tipo de acto público de homenaxe (funeral ou ofrenda floral como se pode ver no Anexo 4), consideramos relevante deternos na súa linguaxe, que evidencia o carácter, os obxectivos e a finalidade en definitiva, neste primeiro ciclo de acción memorial. Esta lectura debe facerse con prudencia, tendo en conta a falta de coordinación ou dunha rede que operara e que puidera dotar de uniformidade a este fenómeno.

Tendo esta precaución, podemos falar dunha relación dicotómica entre dúas linguaxes, que co tempo foron converxendo. Esta dicotomía estableceriámola entre aquelas mensaxes nas que a retórica sexa, seguindo a estela do exilio, a dos "mártires pola liberdade" e aqueloutras mensaxes nas que se eviten estas denominacións e se fale, por exemplo, de "mortos" en vez de "fusilados" incluíndo xa parte da dialéctica da "reconciliación". Así, mentres a nota ás vítimas de Corcubión falaba de "mártires de la libertad" e "fusilados", poucos días antes outra nota necrolóxica, esta encabezada por "José Miñones Bernárdez (Pepe Miñores) evitaba a mención de "fusilados". Nela simplemente se falaba de "aquellos fallecimientos", desexando que "no vuelvan a repertirse la causa de estos, lográndose para siempre la Paz y el Entendimiento entre todos los Hombres de Buena Voluntad"[448]. Neste mesmo senso, na necroloxía en homenaxe ao mozo Federico Rivadulla Rivero[449], alcumado "Iquiño" fusilado na Coruña en decembro do 36 suplicábase:

> A todos los hombres con buenos sentimientos humanos, a que laboren por una Patria Justa, de Reconciliación y Amor, en la que puedan vivir felices todos los

[447] *La Voz de Galicia*, 12/11/1977, p.41
[448] *La Voz de Galicia*, 23/11/1976, p.49.
[449] Executado o 9 de outubro de 1937. Seguindo a información en Base de datos Nomes e voces tiña 19 anos (na nota pon 17). Na necroloxía tamén inclúen como segundo apelido Rivero mentres que aquí figura Gómez.


> españoles y así evitar que semejantes tristes y luctuosos hechos puedan volver a producirse[450].

A presenza da narrativa da reconciliación nas necroloxías é signo do que tamén aconteceu a nivel xeral nas accións memoriais neste primeiro ciclo. E sería apropiado preguntarnos por que se realizaba, se era por convicción ou se, pola contra, tratábase dunha estratexia para acadar o éxito, considerando que expresarse desta forma podería facilitar que as accións propostas puidesen desenvolverse, cuestión que foi analizada para outras accións memoriais noutros puntos do Estado español (Serrano, 2016, p. 151; Kerangat, 2017, p. 112). No caso que nos ocupa a estratexia iría encamiñada a que a necroloxía finalmente fose publicada. Resulta evidente que en 1976 existía un filtro nas publicacións, como tamén acontecería no caso de acadar un permiso para un acto público. Así, que unha nota fose redactada seguindo as marxes do discurso oficial, poderíamos sospeitar que axudaba a que esta fose publicada. Do seguinte xeito falaban da aparición das necroloxías na noticia de *La Voz de Galicia* citada ao principio deste apartado:

> El tono de las esquelas de víctimas de la guerra civil tiene una nota positiva: no son en absoluto vindicativas y constituyen un patético llamamiento en favor da la reconciliación de los españoles para que nunca pueda repertirse en tierra patria una contienda fratricida[451].

Deste modo, consideramos que, nestes primeiros discursos memorialistas, habería unha contraposición entre aqueles que falaban de mártires pola liberdade e aqueles que invocaban á reconciliación e tendían a usar a eufemística expresión "foron mortos". Resultará interesante comprobar se isto continúa así, ou se, co tempo, estes dous discursos acaban por complementarse e, se o fan, de que modo.

Gráfico 33. "Mártires Vs Mortos". O discurso nas necrolóxicas



Fonte: elaboración propia[452].

[450] *La Voz de Galicia*, 7/12/1976, p.55
[451] "Esquelas de víctimas de la guerra civil", *La Voz de Galicia,* 15/09/1976, p.11.
[452] Incluímos no gráfico os máis claros e específicos, existiron outros mais sucintos como o de Luis Pando ou os de Anguieiro (fusilado) e os da Guarda "foron mortos" nos que resulta máis complexo poder identificalos "nun" ou "noutro lado".

En definitiva, neste momento, como se pode ver no Gráfico 33 e pese as vantaxes que podería ter seguir o discurso hexemónico, identificamos necroloxías que falan de fusilados e mártires. Como por exemplo na nota en recordo de José Villaverde. Nela plasmábase un poema que lle dedicara un preso en setembro do 36 e que, anos máis tarde, se recitou na súa homenaxe en Pontevedra: "la sangre de tu martirio / y tantos martirios más/ a la conciencia del mundo/ un día despertarán..."[453].

É importante ter en conta como ese martirio era por defender a liberdade, pero tamén por defender a patria, un patriotismo que se desprende de frases que encabezan algunhas das necroloxías grupais "Ellos amaban al pueblo" ou "Ellos querían a su pueblo, Galicia y España"[454]. Esa defensa da liberdade e da democracia para España sería tamén a razón do fusilamento dos representantes públicos da Coruña, como reza a súa necroloxía, na que ademais sinalábase como se lle ía render homenaxe despois de que foran esquecidos "durante tantos años"[455]. Deste xeito, á reivindicación das vítimas como mártires, sumaríamos a denuncia do esquecemento, isto é da negación, que é tamén recorrente nas necroloxías estudadas.

Estas accións, que saían dos marxes do discurso oficial, debían lidar con dúas acusacións que farían comprensible a decisión daqueles, que xa non necesariamente por convicción, manteríanse dentro dos límites deste relato. As acusacións repetíronse ao longo dos seguintes anos e concretáronse na recriminación de *revanchismo* e de reabrir vellas feridas. Así lle ocorreu a Isabel Ríos, compañeira de Manuel Calvelo, ambos militantes do Partido Comunista e condenados a morte. Finalmente a condena de Isabel Ríos conmutouse por pena de cárcere, onde estivo ata 1943. Trala imposibilidade de vivir no estado polo acoso constante das autoridades franquistas exiliouse a Bos Aires, onde participou na FSG, e máis tarde instalouse en Perú[456]. Dende alí asinou a carta o director publicada en *La Voz de Galicia* en marzo do 79 onde respondía a unha misiva publicada meses antes baixo as iniciais A.S.H. Este anónimo sentírase ofendido pola necroloxía que Isabel publicara no mesmo xornal no 42 cabodano da execución de Manuel Calvelo, isto é en decembro de 1978[457]. Un espazo temporal, polo tanto, no que o novo sistema político reformado tiña xa promulgada a súa constitución e a lei de punto e final de outubro do 77.

Este home anónimo dicía, baixo o título *Viejas heridas*, que "el recuerdo más parezca un auténtico revanchismo y abrir viejas heridas nunca cicatrizadas" . O autor traía a colación Paracuellos sinalando que nese outro bando non houbera *revanchismos*, de xeito que incluso os fillos podían hoxe militar en "partidos opuestos". Queixábase tamén de que non se cumprira o desexo de "muchos padres" de "que se olvidaran, o por lo menos paliaran, tantas penas y tristezas sufridos por todos" e finalizaba pedindo "paz a los hombres de buena voluntad"[458].

Por tanto, resulta evidente como esta persoa reproducía a lóxica que sería dominante durante estes anos e que perdurou no tempo, aquela que censuraba as accións memoriais baixo a acusación de *revanchismo.* Isabel Ríos respondeu na carta ao director datada en marzo do 79:

> La interpretación de señor A.S.H. me deja atónita. Todos los días en todos los diarios de nuestra tierra, se publican esquelas de familiares, que recuerdan y

[453] Cuestión que ponnos sobre aviso da emerxencia do martirio como descritor dos executados dende o propio momento no que se viña realizando (isto é, antes de desenvolverse no exilio. En *La Voz de Galicia*, 24/09/1977, p.19.
[454] Ademais das xa referenciadas anteriormente aquela publicada en: 23/11/76, *La Voz de Galicia*, p.49 en lembranza dos fusilados de Corcubión.
[455] *La Voz de Galicia*, 1/9/1977, p.50
[456] http://consellodacultura.gal/album-de-galicia/detalle.php?persoa=3354.
[457] *La Voz de Galicia,* 31/12/1978, p.58.
[458] Cartas al director: Viejas Heridas. A.S.H. *La Voz de Galicia,* 07/01/1979, p.51.

> honran a sus muertos. Con frecuencia se citan las causas de su muerte y se resaltan los méritos del difunto. Todos recordamos, entre otras muchas cosas, aquello de "muerto glorisiosamente por Dios y por la Patria"¿Se ha apenado, preocupado, o disgustado el señor A.S.H. por tales expresiones de glorificación y les ha adjudicado intenciones revanchistas? ¿Por qué mi esquela, que no hace más que recordar a un ser querido, indicando las circunstancias, ciertas, de su fallecimiento, le causa tal desasosiego? Tal vez el señor A.S.H. consideraría más adecuado el uso de una mentirilla piadosa y que en lugar de fusilado, dijéramos muerto por hemorragia cerebral, como consta en su partida de defunción, pero yo no podría manchar su memoria con una falsedad; ni podría ocultar hechos que, en ciertas circunstancias tales como éstas de las que estamos tratando, honran a las víctimas, pues honor merecen aquéllos que, con valentía y conscientemente, lucharon y murieron por un mundo mejor.[459]

Para rematar, tras indicarlle que o "revanchismo" é "la preocupación de conciencias culpables", explicaba por que non podía esquecer: "Pero en lo referente a su deseo de "olvido y cicatrización de penas sufridas por tantos", lo considero imposible; nuestras penas están en nuestro corazón y morirán cuando éste deje de latir"[460]. A necroloxía, xunto con esta contundente carta ao director, son as primeiras accións públicas memorialistas que coñezamos de Isabel Ríos, quen oito anos despois, xa estando en Galicia, participou en diversas iniciativas como autora do libro de memorias *Testimonios de la guerra civil* publicada en Edicións O Castro e participante no ciclo de conferencias sobre a guerra civil que organizou o concello de Redondela, cuestións que se estudarán en seguintes capítulos deste traballo.

3.3.2. O recibimento aos exiliados

> MENSAJE NUM. 555
> MADRID 6 DE AGOSTO DE 1976
> DE DIRECTOR GENERAL DE POLÍTICA INTERIOR A GOBERNADOR CIVIL DE PONTEVEDRA
> D.G.P.O. 48/76
> TEXTO.-
> SEÑALO A V.E. LA CONVENIENCIA DE NO PROCEDER A AUTORIZAR MANIFESTACIONES SOBRE EL TEMA AMNISTÍA, NI HOMENAJES A BENEFICIADOS O PRETENDIDAMENTE EXCLUIDOS. SI CIRCUNSTANCIAS PARTICULARES ACONSEJAREN LA AUTORIZACIÓN DE ALGUNO DE LOS ACTOS ANTEDICHOS, DEBE V.E. CONSULTAR A ESTA DIRECCION.
> SALUDOLE.-
> ENRIQUE SANCHEZ DE LEON PEREZ[461]

Catro días antes desta mensaxe, do Director General de Política Interior ao Gobernador Civil de Pontevedra, publicárase no Boletín Oficial do Estado a lei de amnistía. O movemento social pro-amnistía que se viña desenvolvendo con gran forza sobre todo a partir dese mesmo ano 76, recruábase despois desta lei restritiva. Interesa especialmente deste comunicado, que posiblemente se replicase para os demais gobernadores civís do estado, a orde de restrición da, tamén acabada de estrear lei de reunión. Facíase para todas aquelas manifestacións relacionadas

[459] "Cartas al director": Respuesta sobre viejas heridas. Ríos, Isabel. *La Voz de Galicia,* 21/03/1979, p.51
[460] *Íbidem.*
[461] Arquivo Subdelegación de Pontevedra, Fondo Goberno Civil, *sin.* 3278.

coa amnistía. Pero ademais incluía outro tipo de acción, máis alá das manifestacións pro-amnistía que, pese ás prohibicións reiteradas dos gobernos civís, serían recorrentes nese outono do 76. Referímonos a eses "homenajes a beneficados o pretendidamente excluídos".

Santiago Álvarez Gómez foi un deses beneficiados pola amnistía promulgada en agosto do 76. E foi tamén, unha das persoas obxecto dun clamoroso recibimento que o goberno quería evitar. Concelleiro do Partido Comunista en Villamartin, en xullo do 36 estaba en Madrid, dende onde organizou as Milicias Populares Gallegas xunto a Castelao. Durante a contenda participou na defensa da República dende diversos postos e destacamentos, a meirande parte vinculados co PCE. En 1939 tomou o camiño do exilio, aínda que poucos anos despois regresou ao Estado español clandestinamente onde o detiveron no verán de 1945 e, tras sufrir torturas, ingresou en prisión ata o 1954 cando foi indultado e expulsado a Cuba. Pero os seus regresos ao Estado español, e en concreto a Galicia, foron habituais nos anos seguintes, organizando na clandestinidade a fundación da sección rexional do partido, o PCG. Esa presenza clandestina de Santiago Álvarez é recordada por dúas fontes orais. Primeiramente Dionísio Pereira, que investigando sobre Jose Pasín Romero, visitou a Luís Pasin en Santiago de Compostela en 1974 e cre recordar que alí estaba tamén Santiago Álvarez[462]. O que iría no senso do testemuño do propio Pasín que, sen aludir a unha data determinada (máis alá de que Franco aínda esta vivo), explicaba:

> Pasouno moi mal, estivo nun zulo durante moitos anos, aislado... E como o partido non tiña... moita economía...entón pois Santiago vivía na nosa casa. (…). Santiago tiña unha crises polas noites, espertaban sudando...estando aquí en Santiago, tiñas unhas crises enormes, das torturas (…) Cando chegou a Galicia fúmolo a buscar... chegou no tren desde Madrid, e chegou a Coruña, e alí fumos a buscalo, Aneiros e máis eu, e iamos a ver se hai posibilidade de que haxa algunha vixiancia. Na chegada sempre había a policía... aínda que estamos falando xa dun período de xa case... de....digamos a morte de Franco estaba xa aí as portas, no mes ese ou o mes antes. E fumos a Coruña buscalo, e logo fomos a Sada, a casa de Isaac. (…) el estaba en Galicia, Santiago logo andaba dunha casa a outra...hasta que se legalizou o partido, non? Porque Santiago era unha das pezas... un obxectivo para caza e captura. Sabían que andaba por aquí[463].

Ese halo místico do home escondido que organiza o comunismo en Galicia acompañouno durante anos, ata que en xuño de 1976 foi detido en Madrid[464]. Lola Varela, na directiva do PCG en Compostela, explica que actuou como aval nese regreso:

> O avogado do PCE Jose Luis Núñez, galego de Vigo pero que residía en Madrid e traballaba no famoso bufete de avogados laboralistas que sufriu un atentado fascista no 77, estaba preparando a documentación para conseguir a entrada de Santiago Álvarez en España, e coincidindo que eu estaba en Madrid nalgunha reunión do PC de xente universitaria ou feminista, non lembro ben, pediume que asinara como aval o regreso de Santiago. Fíxeno e, aos poucos días cando cheguei a Santiago, xa pasara a policía pola miña casa preguntando por min e que xa volverían, pero daquela non volveron[465].

[462] Entrevista a Dionísio Pereira realizada por Iria Morgade (Vilar, Cerdedo, 26 de maio de 2022).
[463] Entrevista a Luís Pasín Liñares realizada por Iria Morgade (Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2022).
[464] "El dirigente comunista Santiago Alvarez, detenido ayer", *El País*, 4 de xuño de 1976. https://elpais.com/diario/1976/06/04/espana/202687205_850215.html
[465] Entrevista a Lola Varela por Iria Morgade (telefónica, 26 de xuño de 2023).

Algunhas fontes apuntan a que esta podería ter sido unha manobra do PCE para que ao regresar, Álvarez fose detido e logo se beneficiase da amnistía que se promulgou dous meses despois, e que efectivamente puxo a Santiago Álvarez en liberdade, sendo fotografado xa a saída da cárcere de Carabanchel. Así, isto entraría dentro da estratexia do PCE para xustificar a súa postura contraria á ruptura, se finalmente conseguían ser legalizados. A liberdade de Álvarez grazas á amnistía amosaría que a situación no estado ía mudando. Os seguintes feitos que teñen lugar tras a saída do cárcere de Álvarez entrarían tamén nas marxes desta hipótese. O PCG organizou un recibimento público en Vigo para o día 10 de agosto á súa chegada en tren a Galicia dende Madrid. Pero resulta moi posible que realmente Santiago Álvarez xa levara varios días en Vigo. Todo o recibimento estivo envolto dun ambiente de certo misterio e confusión. Deste modo, aínda que primeiramente saía publicado en prensa que o aministiado chegaría á cidade o día 6 de agosto, esta información corrixiuse posteriormente, considerando a data da chegada o 10 de agosto[466]. O mesmo día que aparece na petición que Jose María Mella Márquez[467], facía formalmente ante o Gobernador Civil. A todo o anterior habería que sumar a hipótese que se publicou en prensa. Esta sinalaba que Santiago Álvarez chegara realmente a Vigo días antes, como se rumoreaba, e que a xornada do recibimento, montárase no tren TER en Redondela para apearse en Vigo[468]. Este feito faría aínda máis evidente esa relevancia que o PCE quería conferir á liberación de Santiago Álvarez e ao seu recibimento, tendo escenificado esta ata tal extremo.

Se atendemos á crónica en prensa, podemos fixarnos doutra volta na relevancia dada á cuestión da amnistía a través das palabras que se recollían do propio Álvarez:

> Gracias a vosa loita pola amnistía estou hoxe aquí (...) Quérovos pedir que, xa que esta concentración non está autorizada nos separemos agora. Gracias polo recibimento e pídovos que sigades loitando pola amnistía total, xa que hai ainda presos na cadea, sobre todo vascos. Loitado pola libertade do pobo e de tódolos partidos políticos, que se abra un período constituínte e pola autonomía de Galicia. Viva Galicia[469].

Estas últimas palabras pronunciounas xa fóra da estación, na breve marcha de dúas mil persoas que o acompañou na saída polas rúas máis próximas. Segundo a crónica en prensa, cantouse o himno galego co puño en alto, e nela estaban presentes, ademais da militancia do PCE, outros "grupos políticos". Segundo o informe da sección de investigación social da comisaría de Vigo, asinada ao día seguinte, na plataforma da estación predominaban:

> Los jovenes de alrededor de 15 y 16 años, hasta llegar a juntar cerca de un millar de concurrentes, entre los que se podía ver la casi totalidad de los elementos controlados por estos servicios como miembros de los distintos partidos y organizaciones políticas de la oposición ilegal[470].

---

[466] En: "Es posible que mañana llegue a Vigo, Santiago Álvarez", *La Voz de Galicia*, 05/08/1976, p.32 e "Santiago Álvarez llegará a Vigo el martes", *La Voz de Galicia,* 06/08/1976, p.26.

[467] Precisamente no propio expediente do arquivo da Subdelegación de Pontevedra, adxúntase unha comunicación de Jose María Mella co gobernador semanas antes, o 26 de xullo de 1976, en torno ao acordo dunha entrevista co propio gobernador para falar sobre a amnistía, tendo xa participado como orador na Festa Popular Galega, e a raíz da manifestación pro-amnistía. En Arquivo Subdelegación de Pontevedra, Fondo Goberno Civil, *sin* ASGP 3278.

[468] "Un millar de personas recibieron a Santiago Álvarez, en Vigo", *La Voz de Galicia*, 11/08/1976, p.31. Tamén segue este mesmo sentido, aínda que sen incluír ningunha interpretación, o informe da Comisaría de Vigo, na sección de Investigación Social, que realiza sobre o acto e no que sostén, o viaxeiro viña no tren procedente de Bilbao e non o de Madrid. En: Arquivo Subdelegación de Pontevedra, Fondo Goberno Civil, *sin* ASGP 3278.

[469] "Un millar de personas recibieron a Santiago Álvarez, en Vigo", *La Voz de Galicia*, 11/08/1976, p.31.

[470] Arquivo Subdelegación de Pontevedra, Fondo Goberno Civil, *sin* ASGP 3278.

Ademais, neste informe sostense que moitas das persoas eran descoñecidas polo que consideraban que non eran residentes na cidade. Entre as mensaxes que tanto a prensa como o informe policial reproducían do acto destacan as referencias á liberdade, a amnistía e ao PCG. Segundo este informe, pasaran quince minutos do inicio da concentración, cando, a instancias da Policía Armada o acto se disolveu.

Tratárase dunha concentración non autorizada, como así anunciara en prensa o propio Gobernador Civil. Para facelo xustificábase en terse realizada fóra dos dez días previos de prazo estipulados na lei. Tamén consideraba a interrupción ao tránsito de viaxeiros que podería supor na plataforma do tren. Pero ademais o Gobernador considerábaa desaxeitada por exhibir pancartas co texto "Amnistía total" ao tempo que o goberno, disposto polo rei, xa acordara "la concesión amplia de dicha gracia"[471]. É no expediente deste acto onde atopamos a comunicación da Dirección General de Política Interior cara o Gobernador Civil onde se ordenaba a prohibición de actos a "beneficiados ou pretendidamente excluídos da amnistía". Se nos fixamos no contexto global, nese verán do 76 o goberno de Adolfo Suárez botaba a andar, retomando o proxecto reformista do réxime que, ata ese momento, fracasara. Nese senso realizábase unha reestruturación dos gobernadores civís de cara a manter esa senda reformista con solidez dentro do réxime. Ocorreu con data do 10 de agosto en Lugo e tamén na Coruña, onde se destituía a Miguez Vaquer, o gobernador da homenaxe a Castelao. En Pontevedra, pola contra, esperouse dous meses máis, e non se executou ata o 18 de outubro (Ponce, 2019, pp. 69-79). Polo tanto ata ese momento, continuaba á fronte do Goberno Civil Benito Sáez González-Elipe, ex combatente da División Azul e un dos principais dirixentes da Falange Española durante os anos corenta.

Existen dúas visións contrapostas en relación con estas destitucións, en concreto para o caso do Gobernador de Pontevedra. Así fronte á visión xeral exposta por Ponce (2019, p. 70) pola cal foran eliminados os gobernadores de ideoloxía máis extrema ou reticentes a abrir a man contraporíamos a descrición publicada na revista *Teima* no mesmo ano 76, onde se falaba precisamente do carácter "liberal" do gobernador Sáez González-Elipe, que en setembro deste ano autorizara a manifestación contra a pena de morte en Vigo. Segundo esta publicación este foi o motivo este polo cal se substituíu en outubro[472]. Así denunciábase a actitude altamente restritiva do seu substituto, Gervasio Martínez-Villaseñor García quen prohibiu un gran número de reunións, actos e manifestacións nos primeiros meses no posto[473].

Deste modo, para o caso pontevedrés queda aberta á resposta a esta cuestión, tendo en conta ademais, que para o caso que nos ocupa o recibimento ao exiliado Santiago Álvarez, o gobernador tiña pouca marxe de manobra, ao ter un mandato superior directo para a súa prohibición. Deterémonos na análise deste Goberno Civil en liñas posteriores en relación con outras accións memoriais.

Volvendo ao recibimento de Álvarez, na comunicación de prohibición do gobernador tamén se facía expresa a prohibición da cena que se organizara para xusto despois no restaurante Danubio Azul, onde se presentaría publicamente o comité executivo do PCG. Recordemos que nestes momentos o PCE aínda era un partido ilegal. Aínda así, ao lugar terían chegado arredor de catrocentas persoas. Xunto a elas acudiron efectivos da Guardia Civil e os servizos de información da Policía[474].

[471] Arquivo Subdelegación de Pontevedra, Fondo Goberno Civil, *sin* ASGP 3278.
[472] "Pontevedra: gobernadores veñen e van", *Teima,* nº0, novembro 1976, p.23.
[473] "Pontevedra: prohibir é un placer", *Teima*, nº6, 20-27 de xaneiro de 1977, p13.
[474] Arquivo Subdelegación de Pontevedra, Fondo Goberno Civil, *sin* ASGP 3278.

No acto de recibimento no estación, a policía practicamente non intervira pese ao seu carácter ilegal. Semellase que, máis que impedir a realización do acto, o obxectivo principal era a realización dun seguimento exhaustivo de Santiago Álvarez. Misión que, polo menos nesa noite, non lograron:

> La gran cantidad de vehiculos que se juntaron en el lugar originó una breve interrupción de tráfico, lo que causó que no puideran ser seguidos Santiago Álvarez y los acompañantes que no serían más de treinta"[475] (...) Hasta el momento no se haya logrado averigular el lugar donde se aloja, manteniéndose alerta en estos servicios para su localización[476].

O informe dos servicios de información, ademais, fai unha lectura da repercusión do acto, considerando que, pese a presenza de miles de persoas na estación de tren de Vigo, non tivera un gran impacto nin nos medios informativos nin no ambiente cidadán[477]. Nunha rolda de prensa convocada ao día seguinte, Santiago Álvarez falaría como secretario do PCG, nela referíase a un outono de loita polas reivindicacións dos traballadores, falaba da ruptura democrática, e tamén do presente e do futuro dun partido que comezaba a facer públicos os seus dirixentes e que en outubro repartía os carnés de partido[478]. Nos seguintes meses Álvarez moveuse por Galicia en reunións clandestinas, públicas e mixtas.

> El era como o meu abueliño, e el me trataba como unha neta... unha cousa así, unha relación moi curiosa, moitas reunións que estaba con el i unha vez que veu, pois nos dedicamos a pasealo por reunións, congresos... e por exemplo en Pontevedra, organizamos para... as xuventudes, que xa tiñamos bastante xente, unha reunión clandestina nun colexio de monxas de Placeres, que a todo esto a igrexa, a parte progre, colaborou co PCE que non te podes imaxinar, con outros partidos tamén, pero co PCE...[479].

A fonte oral consultada, daquela unha moza universitaria participante no comité do PCG en Compostela, recalca a emoción que supoñía para eles coñecer a aquel vello home, que pasara tantos anos en prisión, "un home do 36". Era un momento de ilusión na militancia do PCE, todo o cal cambiaría soamente un ano despois.

Ademais do caso de Santiago Álvarez, especial por esa entrada e saída en prisión e polo seu peso político, tamén no ano 76 se produciron outros recibimentos de exiliados. Neste sentido resaltaría o de Arturo Cuadrado, exiliado na Arxentina, e que participara no asociacionismo dos exiliados cun papel protagonista no órgano de difusión *Galicia* da FSG. En Compostela tivo lugar unha comida-homenaxe organizada por "un grupo de amigos" en outono dese ano 76[480]. Varios anos despois, en 1980, Cuadrado impartiu unha conferencia no Ateneo de Ourense onde "recordó a tres orensanos desaparecidos a raíz de la guerra civil, Cándido Ferández Mazas, Manuel del Valle y Ricardo Fernández Armesto"[481]. Actuando por tanto primeiro como obxecto dun acto de memoria e posteriormente como suxeito neste acto de divulgación memorialista.

---

[475] Entre eles identifican a Manuel Amor Deus, Rafael Pillado Lista, ou Waldino Varela Martínez. En Arquivo Subdelegación de Pontevedra, Fondo Goberno Civil, *sin* ASGP 3278.
[476] Arquivo Subdelegación de Pontevedra, Fondo Goberno Civil, *sin* ASGP 3278.
[477] *Íbidem.*
[478] "El PCG celebrará primero un pleno y luego un congreso, y es posible que en octubre extienda carnets a sus afiliados*", La Voz de Galicia*, 12/08/1976, p.27.
[479] Entrevista a Lola Varela realizada por Iria Morgade (Cerdedo, 26 de maio de 2022).
[480] "Homenaxe a Arturo Cuadrado". *La Voz de Galicia*, 15/10/1976, p.30.
[481] "Arturo Cuadrado recordó en el Ateneo a tres orensanos desaparecidos durante la guerra", *La Voz de Galicia*, 03/06/1976, p.23.

Tamén regresou a Galicia Luís Soto, un dos fundadores da UPG. No exilio mexicano dende o 39, participou en maio do 77 na conferencia sobre Castelao organizada polo Círculo Orensano de Vigo[482]. Uns días máis tarde, a Radio de Lugo facíase eco do regreso doutro exiliado, Alfonso Quintana Peña, tamén dende México, anunciando tamén a posibilidade de que participase no mitin do PSOE do día 31 de xuño no Pavillón dos Deportes[483].

Pero sen dúbida o outro gran recibimento a un exiliado foi o que se produciu en novembro de 1977, tendo como protagonista a Enrique Líster.

Imaxe 15. Fotografía do recibimento a Enrique Líster en Compostela, 1977



Fonte: *La Voz de Galicia.*

Enrique Líster regresou ao Estado español tras ser legalizado o partido que lideraba: o Partido Comunista Obrero Español (PCOE) e unhas semanas despois da promulgación da lei de amnistía de 1977. Líster fundara este partido en 1973 despois de abandonar o PCE pola súa diverxencia coas teses eurocomunistas. Nestes momentos situábase nunha posición moi crítica coa estratexia negociadora do PCE.

Por ter sido unha figura destacada tanto como oficial militar do exército da República durante a guerra, como polo seu papel destacado dentro do PCE e tamén como membro do exército da URSS durante a IIGM, a súa volta foi unha noticia destacada, como así o indica a presenza do anuncio da súa arribada a Santiago de Compostela o 13 de novembro de 1977 na portada de *La Voz de Galicia* [484].

Tras unha controvertida chegada ao Estado español, no que acusaba ao líder do PCE, Santiago Carrillo, de tentar evitala[485], Líster viaxaba a Galicia onde era recibido cun acto

[482] Archivo General de la Administración, Gabinete de enlace, notas informativas *sin* 30998 (G-1319) "Retorna a Galicia exiliado desde 1939", *Cifra*, 23/05/1977.

[483] Arquivo Histórico de Lugo, Fondo Goberno Civil. *sin* AHPL 13.594. (Informe: resumo informativo correspondente ás emisoras Radio Lugo, Radio Popular de Lugo e Radio Monforte entre o 21 e o 29 de xullo do 77 da delegación provincial do Ministerio de Información y Turismo, dirixido ao Gobernador Civil

[484] "Lister llegará a Galicia el domingo", *La Voz de Galicia,* 09/11/1977, portada.

[485] "Tanto mi marido como el PCOE hemos llegado a la conclusión de que entre el presidente Suárez y Santiago Carrillo hay un mutuo acuerdo para que Lister no regrese a España. Carrillo ve a mi marido como un enemigo que vendría a luchar contra él y a favor de la clase obrera" en entrevista á compañeira de Líster á súa chegada a Compostela un mes antes que o seu marido. En: A. Pousa, Luis: "Con Carmen López, esposa de Líster", *La Voz de Galicia*, 02/10/1977, p.36. E o propio Líster en roda

masivo o domingo 13 de novembro[486]. Nos días previos á súa chegada a Santiago de Compostela anunciárase a súa participación nunha conferencia na Facultade de Económicas, pero non se divulgara o que acontecería esa mesma mañá dominical: o recibimento por miles de persoas na carballeira de Santa Susana.

Na crónica do día seguinte a portada do diario *La Voz de Galicia* resaltaba da súa chegada que Líster probara o Ribeiro, aínda que é ben certo que en páxinas interiores, dábase conta dese recibimento e dunha posterior rolda de prensa[487]. Nesta cifraban a presenza de público en catro mil persoas, mentres os organizadores do acto[488] situábano en cinco mil asistentes de todas as idades aínda que con moita xente maior "e de todas as cores"[489]. Foi presentado polo avogado compostelán Manuel Rodríguez, e ademais das constantes críticas á posición do PCE nas negociacións co goberno e cos acabados de aprobar Pactos da Moncloa, soaron os aplausos por primeira vez cando "afirmó que aún quedan exiliados sin volver y partidos políticos sin legalizar como ese tan combatido y querido en Galicia, la UPG"[490].

Ao día seguinte, Lister visitou o cemiterio onde descansaban os restos mortais dos seus pais e irmáns, "excepto los de su hermano Constante"[491]. O seu irmán Constante, xacía nunha fosa común no cemiterio de Boisaca, en Compostela, onde tan só un par de meses antes as súas irmás, xunto a outros familiares, organizaran unha homenaxe. Esta conformou unha das accións de memoria máis relevantes do período, que trataremos no apartado seguinte, pero antes debemos achegarnos a unha acción memorial que poderíamos situar a medio camiño entre os "recibimentos a exiliados" e as "accións de homenaxe".

Neste caso o homenaxeado era un exiliado tralos sucesos do 10 de marzo do 72, que regresaba enfermo no ano 1976 e morría aos poucos días. O enterro podería considerarse como as accións denominadas "funerais incómodos" cunha asistencia de nove mil persoas[492].

> La carretera general que conduce a Mugardos (...) ofrecía un insólito aspecto: abarrotado de personas con claveles rojos. Estaban delante de la casa de un familiar de Paco Filgueira, donde yacía éste muerto".

Ao enterro de Paco Filgueiras, membro de CCOO e o PCG acudiron miles de persoas "jóvenes, mayores, hombres y mujeres, trabajadores en su mayor parte; amigos, vecinos, compañeros y camaradas de Paco". A crónica en prensa describía con detalle o alto número de persoas que abarrotaron o funeral. Tamén foi multitudinaria a homenaxe no cabodano do falecemento, o 2 de setembro de 1977. Esta acción, segundo a solicitude ante o Goberno Civil da Coruña realizado polo PCG, consistiría nunha ofrenda floral no cemiterio de San Julián, en Mugardos[493]. O gobernador requiriu un informe policial sobre "a personalidade" dos

---

de prensa á súa chegada a Galicia: "Que fue de aquel Santiago Álvarez de la guerra? Yo viviré miserablemente pero lo más precioso del hombre es su dignidad. Tu y Carrillo podeis sacarme los cargos, pero mi dignidad de comunsita no me la podréis quitar", En: "Más de cuatro mil personas aplaudieron en Santiago a Enrique Líster", *La Voz de Galicia*, 15/11/1977, p.21

[486] Sen poder recuperar documentación sobre posibles permisos para a súa celebración, accedemos aos detalles do mesmo a través dos anuncios e crónicas publicadas en prensa "Líster llegará el domingo a Santiago", *La Voz de Galicia*, 09/11/1977, p.16

[487] En portada: "Lister prueba el Ribeiro", *La Voz de Galicia,* 15/11/1977. En páxinas interiores: "Más de cuatro mil personas aplaudieron en Santiago a Enrique Líster", *La Voz de Galicia,* 15/11/1977, p.21.

[488] Non identificados, pero que poderíamos intuír que foron integrantes do seu partido, fundado en anos anteriores, entre eles as súas irmás.

[489] Segundo a crónica había pancartas de PSG e da sección do PCE (VIII-IX Congreso), e bandeiras republicanas. No palco, bandeira do PCOE, republicana e galega. En: "Más de cuatro mil personas aplaudieron en Santiago a Enrique Líster", *La Voz de Galicia,* 15/11/1977, p.21

[490] "Más de cuatro mil personas aplaudieron en Santiago a Enrique Líster", *La Voz de Galicia*, 15/11/1977, p.21.

[491] *Íbidem.*

[492] "Unas nueve mil personas asistieron al sepelio de Francisco Filgueira", *La Voz de Galicia,* 04/09/1976, p. 15

[493] Arquivo do Reino de Galicia, Fondo Goberno Civil, *sin 30998 (G-1319)*

solicitantes. Entre eles Fernando Miramontes Vázquez a quen se lle atribuía ser un dos promotores da "asociación de expresos políticos y personas afectadas por actividades políticas-sociales de La Coruña y que solicitaba su legalización gubernativa"[494]. Asociación que constitúe unha das organizacións incipientes en Galicia relacionada de xeito máis estreito co campo memorial, tendo un gran desenvolvemento noutros territorios como Catalunya. A homenaxe a Paco Filgueira foi permitida e nela houbo referencias á situación política do momento, é dicir, a loita pola democracia e unha constitución xusta[495].

En conclusión, a decisión de incluír estes "recibimentos a exiliados" como accións memoriais responde á carga implícita dos propios personaxes. A súa chegada despois de décadas, co golpe de estado do 36 como punto temporal clave, a súa condición de exiliados, e a narración do seu pasado, consideramos que son en si mesmos elementos suficientes para considerar que a través destes actos colectivos de benvida, a memoria traumática estaba presente. Aínda así, resulta importante ter en conta que agrupamos baixo a denominación "acción da memoria" a un heteroxéneo grupo de actuacións nos que o nivel e intensidade en que a memoria traumática se visualizaba variou notablemente.

3.3.3. As homenaxes ás vítimas da violencia golpista: accións disruptivas entre a ilegalidade e a legalidade

Despois deste breve apartado no que incluímos tamén como accións memoriais de homenaxe, os recibimentos aos exiliados entre o 76 e o 77, imos afondar xa no núcleo central deste ciclo de acción colectiva da memoria: as homenaxes ás vítimas mortais da violencia golpista[496]. Como xa apuntamos no Capítulo 2 nos derradeiros anos do réxime franquista víñanse celebrando actos semiclandestinos en certos lugares de violencia como o cemiterio de Sestás, na Guarda. Estes actos, que na súa orixe tiñan ese carácter clandestino, foron adquirindo un ton público entre os anos 74 e 76. Neste senso cómpre salientar os que coñecemos a través das fontes orais, como as homenaxes realizadas o 14 de abril no cemiterio San Amaro da Coruña, onde existían numerosas fosas comúns de fusilados. Xa durante a ditadura o aniversario da proclamación da II República era unha data de celebracións clandestinas na cidade herculina, que no 76 traduciuse nun acto público. Así o conta Carlos Etchevarria, avogado laboralista, fillo dun exiliado e axente memorialista na Coruña en anos posteriores:

> Pero claro muere Franco y dijimos, como eso ya de celebrarlo en un pisito, de eso nada! Estaba todavía el Arias Navarro eh, pero ya nos habíamos quitado la máscara de desconocido. Y en el año 76 ya fui al primer catorce de abril, telefoneo a la gente de mi partido (Partido Socialista Popular), a la que no era de mi partido pero habíamos coincidido por ejemplo en la plataforma democrática y lo celebramos ya entonces al aire libre, en el cementerio civil. Ahí fue la primera reunión que tuvimos todos los demócratas que veníamos de la oposición en la clandestinidad (…) Para decir estamos aquí, tenemos una continuidad...[497]

[494] *Ibidem.*

[495] "Unhas 1.500 personas rindieron homenaje a Paco Filgueiras en el cementerio de Mugardos*", La Voz de Galicia*, 03/09/1977, p.22.

[496] Debemos ter en conta que neste momento non será común o emprego do termo "vítima" pero non será útil para englobar todas aquelas persoas que sufriron a violencia xenocida (xa fosen asasinadas ou exiliadas) e que será homenaxeadas a partir do ano 76, de xeito público.

[497] Entrevista a Carlos Etchevarria realizada por Iria Morgade (A Coruña, 27 de decembro de 2021).

Ademais destes actos, aos que nos achegamos a través das lembranzas das persoas entrevistas, producíronse, como vimos sostendo, diversas accións memoriais cun carácter público e colectivo que marcan o inicio deste ciclo de acción memorial[498]. No verán de 1976, cando se cumprían corenta anos do golpe de estado, ao tempo que Santiago Álvarez era recibido en Vigo, a poucos quilómetros, en Pontevedra fraguábase a realización da primeira gran acción colectiva da memoria traumática que identificamos en Galicia e unha das primeiras a nivel estatal, a homenaxe a Alexandre Bóveda[499]. Menos dun mes despois, en Vigo, recordábase a Humberto Baena, fusilado o ano anterior. Xunto a estas dúas homenaxes, nos que a propia figura dos asasinados posuía unha potencia especial, moi vinculada co do martiriloxio, no ano 76 producíase un acto de lembranza na Alameda de Tui que polas súas características podemos considerar na vangarda do que máis tarde serían considerados os homenaxes ás vítimas do franquismo. Era outubro de 1976, cumpríanse corenta anos do asasinato, entre outros, do médico Darío Álvarez Limeses. Comezaremos pola súa descrición.

3.3.3.1. A homenaxe aos fusilados na Alameda de Tui, 30 de outubro de 1976

As homenaxes de Bóveda e de Baena, ocorridas en agosto e setembro de 1976 transcenderon as marxes dun acto memorial de diversos xeitos. Alexandre Bóveda, configurouse como o símbolo dos asasinados , " dos mártires", pero tamén como símbolo do nacionalismo galego, os actos, tanto o do 76 como os posteriores posuíron un gran significado político no presente, nas reivindicacións do nacionalismo de esquerda galeguista que emerxía neses anos 70.

Por outra banda en 1976 a homenaxe que se lle ía realizar a Alexandre Bóveda fronte a súa tumba foi prohibida polo Goberno Civil. De xeito que, o que finalmente se produciu foi unha discreta ofrenda floral, e unha manifestación que, de xeito ilegal e disruptivo, concentrouse polas rúas do centro da vila de Pontevedra. Humberto Baena, pola súa banda, non foi vítima daquela violencia do contexto 1936-1945 senón unha das últimas vítimas da violencia do réxime franquista, no ano 1975. A dor dos familias, o recordo e a súa lembranza era recente. Só pasara un ano dende o seu asasinato cando comezaron a realizarse homenaxes e manifestacións na súa memoria. A primeira, en 1976, consistiu na celebración do funeral, que non fora posible oficiar despois da súa execución, todo envolto aínda no medo que sentía a familia, que como diría a súa irmá anos despois, vivía nese momento amedrentada polas forzas da orde[500].

Se exceptuamos estas accións, por tanto cunhas características diferenciais que fan que vaian moito máis alá do recordo do propio asasinato, poderíase considerar a homenaxe realizada o 30 de outubro do 76 en Tui coma a primeira acción colectiva de memoria pública que se realizou en Galicia en lembranza de persoas fusiladas pola violencia golpista de 1936. Dende esta perspectiva podería comprenderse a frase que encabezaba a crónica do acto memorial en

[498] En Ferreiro, B., "La ciudad que viví", *La Opinión de A Coruña*, 24/04/2005: "Sobre el año 1978, una serie de personas empezamos a conmemorar el 14 de abril para recordar la proclamación de la II República en el cementerio civil".

[499] Previamente á homenaxe a Bóveda do 17 de agosto, en Sada realízaselle unha homenaxe ao exiliado e falecido Ramón Suárez Picallo. Este acto, organizado por integrantes dos colectivos exiliados, en concreto da Irmandade Galega de Buenos Aires e do Centro Galego da capital arxentina, volve poñernos sobre a pista da relevancia deste colectivo como dinamizador memorialista, actuando agora xa dende Galicia, con esa volta de exiliados que se produce de xeito extensivo nese ano 76. En: "Descubrimento dunha placa na casa en que naceu Suarez Picallo", *La Voz de Galicia*, 09/08/1976, p. 42 (sinálase que a placa tentarase poñer no primeiro cabodano (1965) pero non fora posible).

[500] Conferencia de Flor Baena presentada por Lourenzo Fernández Prieto (Facultade de Xeografía e Historia da USC, 29 de setembro de 2021).

Tui, "por primeira vez en Galicia, hoxe na vila de Tui celebróuse unha manifestación popular en lembranza de galegos fusilados no ano 1936"[501]. Tamén o comprende así Xosé María Álvarez Cáccamo, neto dun dos fusilados que consultado en 2017 sobre este acto, ofrécenos as súas lembranzas sobre o mesmo considerándoa "a primeira homenaxe da memoria histórica de Galicia"[502]. Ese día centos de persoas se reunían en memoria das seis persoas xulgadas por rebelión militar co resultado de sentenza a pena de morte, executada o 30 de outubro de 1936, Manuel Domínguez León, José Felipe Muñoz, Serafín Fernandez Costas, Julio Fernández Fernández, Alejo Diz Jurado e Darío Álvarez Limeses[503]. Era un día chuvioso de finais de outubro, pasaran xusto corenta anos das execucións, e nesta vila da raia húmida producíase un feito inusitado.

> El primero de noviembre de 1976 llovía sobre Tuy. Era una de esas tardes húmedas y grises, tan profundamente gallegas, que nos traen con el olor a tierra mojada algo de la esencia y el humo de nuestro propio pueblo. Unas ciento cincuenta personas, en grupos discretamente compactos, caminábamos por las solitarias calles de la tarde tudense, arropados por una cortina de agua. El espectáculo era infrecuente y la policía nos vigilaba con cierto asombro. Si uno se fijaba con atención podría descubrir que entre aquel centenar largo de personas destacaban varios miembros de la familia Álvarez-Blázquez, escritores, algún que otro periodista, gente conocida de los partidos políticos nacionalistas y de izquierda... Alguna de estas personas que pasaban ahora delante del seminario habían asistido poco antes a un acto religioso en la catedral, en tanto el resto aguardaba fuera. La silenciosa manifestación, que iba dejando tras de sí un tenue murmullo, descendió hasta la Alameda y se detuvo en una especie de explanada, ante unos bancos de piedra. Sobresalió entonces la figura de un hombre de algo más de sesenta años, pelo canoso, y unas gafas que ocultaban unos ojos tremendamente tristes. Era el doctor Darío Alvarez Blázquez. Alguién colocó flores, un papel con unas palabras y cintas con los colores nacionales de Galicia[504].

Na alameda de Tui, hoxe un espazo axardinado que mira directamente ao río Miño dende as alturas, foran executados os seis homes recordados naquela tarde. Os seus fusilamentos cumpriran unha función exemplarizante posto que fora tamén a alameda un espazo clave da resistencia de Tui, a última vila en Galicia en ser dominada polos golpistas[505]. Era pois aquel o lugar de violencia, a partir dese momento tamén lugar de memoria.

Esta homenaxe ten unhas características propias e diferenciais, pero ao mesmo tempo poderíamos considerala impulsora do que aconteceu no outono do seguinte ano, cando falemos de case unha decena de homenaxes recuperadas en Galicia. Para analizar esta acción da memoria dividiremos a atención en dúas partes. Por unha banda o desenvolvemento do acto, e pola outra os organizadores e participantes do mesmo. En canto ao desenvolvemento do acto, axudámonos das tres crónicas publicadas en prensa e dos recordos das fontes orais consultadas pertencentes a familia Álvarez Blázquez. Deste xeito consideramos que este acto funcionou a

[501] Ramos, F. "Funeral por seis tudenses fusilados no ano 1936", *La Región de Orense,* 31/10/1976.
[502] Entrevista a Xosé María Álvarez Cácamo, 10 de abril de 2017, por Iria Morgade.
[503] Manuel Domínguez León, natural de Tui, secretario da organización local de Izquierda Republicana, segundo as fontes consultadas chegara había pouco da emigración en Argentina, 32 anos, José Felipe Muñoz, oficial de Correos e natural de Ávila, de 22 anos, Serafín Fernández Costas, 47 anos, contratista e propietario dunha fábrica de cerámicas, tamén era natural de Tui, como o seu fillo, Julio Fernández Fernández, de 23 anos e contratista de obras. Pola súa banda Alejo Diz Jurado, tamén de Tui e de 50 anos de idade, era médico, como Darío Álvarez Limeses, natural de Pontevedra pero veciño de Tui, e 58 anos de idade. Base de datos de Nomes e Voces.
[504] Ramos,F. "Tuy, aquel verano del 36", *Hoja del Lunes*, 28/01/1980, p.12.
[505] Claudio González Perez, (2007): *Xosé María Álvarez Blázquez. 1915-1985*. A Coruña, Toxosoutos. pp. 40-47.

redor de tres momentos centrais. En primeiro lugar, ás cinco da tarde na catedral de Tui celebrouse o funeral polos asasinados no corenta cabodano. Esta misa, oficiada en lingua galega, coa importante carga simbólica que isto suporía, estivo acompañada polos cantos da coral Ondas do Mar de Vigo. Mentres tiña lugar o funeral, no exterior, congregábanse máis persoas[506]. Finalizado o acto relixioso algúns dos asistentes emprenderon unha marcha polas rúas de Tui "manifestáronse pacificamente i en silencio polo centro da vila hastra a Alameda de Tui, e se concentraron no sitio exacto onde foron os fusilamentos"[507]. Esta manifestación polas rúas da vila convértese nunha acción distintiva en si mesa. Por último distinguiríamos o acto que consideramos central: a homenaxe no lugar de violencia.

A transcendencia deste momento evidénciase tamén nas palabras do neto do asasinado, Xosé María Álvarez Cáccamo, que consideraba o obxectivo da homenaxe "colocar unha coroa de flores no lugar onde foran fusilados"[508]. Alí depositouse unha bandeira galega, un ramo de cen caraveis vermellos e "un cartel con unha inscripción sobor da fecha conmemorativa"[509]. Desta inscrición non temos, polo de agora, máis datos que a referencia a esta nunha das crónicas. A continuación falou Darío Álvarez Blázquez.

Fillo de Darío Álvarez Limeses, tiña vinte e seis anos cando o pai fora asasinado, tendo que estar fuxido durante horas para evitar tamén o seu propio asasinato. Era xa un home de sesenta e seis anos nesa tarde chuviosa na Alameda de Tui. Segundo o recordo do seu sobriño Xosé María Álvarez Cáccamo, foi el o único dos fillos de Darío Álvarez Limeses que baixou ata ese lugar, o resto dos irmáns quedaran no centro da vila. Era un momento moi doloroso, segundo recorda Xosé María, quen garda na memoria a escena dos seus tíos, Darío Álvarez e Carmen Gándara, fundidos nunha aperta diante do lugar dos fusilamentos. Recorda tamén os choros, as bágoas, a emoción das persoas que se congregaron alí, sinalando os buracos no muro, as balas daquela noite do 30 de outubro do 36[510].

Despois da intervención de Darío gardouse un minuto de silencio e cantouse o himno galego[511]. Antes de disolverse os participantes terían berrado "Viva Galicia ceibe"[512]. Tanto na prensa como nas lembranzas familiares, incidiuse na presenza de moita policía que, así e todo, teríase mantido a unha distancia, sen chegar a intervir[513]. Esta homenaxe non contaba co permiso das autoridades, pero non porque se tivera prohibido, como acontecera coa homenaxe de Bóveda dous meses antes, senón porque non se tería pedido ningunha autorización. Así o sinalaba o xornalista Fernando Ramos nunha segunda crónica que realizou sobre aquel acto catro anos despois, no marco dunha reportaxe máis ampla á que nos referiremos máis adiante: "por supuesto aquella manifestación no contaba -ni falta que hacía- con permiso gubernativo,

---

[506] Extraído das crónicas: Ramos, F. "Funeral por seis tudenses fusilados no ano 1936", *La Región de Orense*, 31/10/1976; Ramos,F. "Tuy, aquel verano del 36", *Hoja del Lunes*, 28/01/1980, p.12 e "O acto do día 30 de outono en Tui", *La Voz de Galicia*, 04/11/1976, p.25.

[507] As crónicas de Fernando Ramos relatan que a manifestación produciuse dende a catedral cara a Alameda, onde tivo lugar "a homenaxe" para rematar neste punto. Segundo a crónica de *La Voz de Galicia* esta teríase producido unha vez terminou ese acto "os asistentes desfiaron caminando "seréamente, silandeiramente polas rúas da cidade, como habería que marchar coa mesma serea esperanza e fe polos roterios da libertade, según as breves palabras dun dos asistentes". Consideramos que o máis axeitado, atendendo á propia vila de Tui é que dende a catedral se fora nesa "manifestación" ata a Alameda (situada a 650 metros aproximadamente). De todos os xeitos non se pode descartar que tamén se fora en manifestación, ou dunha forma conxunta de volta ao centro da vila, unha vez terminado o acto.

[508] Entrevista a Xosé María Álvarez Blázquez realizada por Iria Morgade Valcárcel (San Simón, 16 de Xullo 2023).

[509] Ramos, F. "Funeral por seis tudenses fusilados no ano 1936", *La Región de Orense*, 31/10/1976

[510] Entrevista a Xosé María Álvarez Cácamo realizada por Iria Morgade (San Simón, 16 de xullo de 2023).

[511] Ramos, F. "Funeral por seis tudenses fusilados no ano 1936", *La Región de Orense*, 31/10/1976. E nas lembranzas de Xosé María Álvarez Cácamo (entrevistado pola autora).

[512] Ramos, F. "Funeral por seis tudenses fusilados no ano 1936", *La Región de Orense*, 31/10/1976.

[513] *Íbidm.* E nas lembras de Xosé María Álvarez Cácamo (entrevistado pola autora).

porque ni siquiera se había solicitado"[514]. Isto explicaría a ausencia de documentación administrativa atopada sobre este acto. Tamén explicaría a ausencia de referencias á celebración desta segunda parte da homenaxe na necroloxía publicada días antes no *Faro de Vigo* onde soamente se anunciaba a misa na catedral de Tui[515].

Esta nota necrolóxica constitúe o único anuncio da homenaxe, que precisamente obviaba a parte na que se facía a ofrenda floral e o discurso no lugar de violencia. De todos os xeitos esta nota evidencia dúas cuestións fundamentais sobre esta homenaxe. Por un lado este convite público podería explicar a alta participación na homenaxe. As crónicas describían unha asistencia de arredor de trescentas persoas[516] "da provincia e doutras provincias galegas"[517]. "Ademais de familiares dos asesiñados, atopabanse presentes representantes de diversas organizacións políticas e colexios profesionales de Galicia"[518]. Segundo lembra Xosé María Álvarez Cáccamo a homenaxe tivera gran transcendencia na vila, con comercios que "ata baixaran as persianas". Tamén lembra a presenza de Carlos Príncipe, líder daquela da Liga Revolucionaria Comunista (LRC), portando a bandeira da organización, de Xosé Luís Méndez Ferrín e doutra persoas "da política municipal de Vigo".

Nas últimas fases desta investigación tamén damos coa testemuña dunha muller. Daquela era estudante de secundaria, e se movía en círculos de mocidade próxima ao PCG. Lembra como foran en grupo directamente á ofrenda na alameda, cuestión que lle impresionara moito. Por outra banda non recorda o funeral, de xeito que se abre a porta a esa distinción entre un e outro acto, e tamén a que, pese a non ser anunciado en prensa, a xente coñecía con anterioridade que se ía celebrar a homenaxe no lugar de violencia[519].

Por outra banda, atendendo a nota necrolóxica pode dilucidarse o papel das familias dos asasinados como organizadores.

> Mortos na Alameda de Tui as sete da mañá do día 30 de outono do 1936. Os seus familiares agradecen a constante lembranza dos seus nomes mantida no corazón de tantos amigos que non esquenceron nunca a traiectoria das súas vidas, e invitan a asistir a unha misa pola súa memoria, acompañada polo coro "Ondas do Mar de Vigo", que terá lugar o sábado día 30, ás cinco do serán na S.I. Catedral de Tui[520].

Así anunciaban o acto relixioso o día anterior á acción memorial. Incluíanse nela os nomes dos seis fusilados, e identificábanse cun plural "os familiares". Pero se atendemos as demais fontes dispoñibles, unha das familias sobresae como a organizadora principal do acto. Estamos a falar da familia Álvarez Blázquez.

No Capítulo 2 referímonos a un mozo universitario que nunha das protestas estudantís en Madrid, recordara ao seu avó fusilado. Fixérao publicamente, nos anos sesenta, transgredindo as normas negacionistas do réxime franquista, o que lle valera que constase como proba de cargo do seu carácter perigoso e subversivo. Este era Alfonso Álvarez Gándara. El mesmo e o seu curmán Xosé María Álvarez Cáccamo, relátannos os recordos que gardaban desta

[514] Ramos,F. "Tuy, aquel verano del 36", *Hoja del Lunes*, 28/01/1980, p.12
[515] Necroloxía, *Faro de Vigo*, 29/10/1976, p.28.
[516] Na crónica posterior de Fernando Ramos en 1980 fala de cen persoas. Pola súa banda Xosé María Álvarez Cácamo lembraba arredor de trinta persoas, ao ser informado de que as crónicas falaban de moitas máis, considera que podería terlle fallado a memoria.
[517] "O acto do día 30 de outono en Tui", *La Voz de Galicia*,4/11/1976, p.25.
[518] Ramos, F. "Funeral por seis tudenses fusilados no ano 1936", *La Región de Orense,* 31/10/1976.
[519] Entrevista realizada a Helena Pousa realizada por Iria Morgade (Goián, Novembro de 2023).
[520] Nota necrolóxica, *Faro de Vigo*, 29/10/1976, p. 28.

homenaxe e sobre como se podería ter organizado[521]. Ambos recordaban o papel protagonista da súa familia e posiblemente tamén da familia de Serafín Fernández Costas, coa que seguiran tendo relación despois dos asasinatos.

> Eu debo supoñer que o protagonismo estaría en dúas familias, a familia de Serafín Fernández Costas, que fora contratista de obras, e que foi fusilado en razón deste mesmo Consello de Guerra xunto co seu fillo, Serafín era sesaxenario e o seu fillo que era aparellador que era Xulio Fernández Fernández, creo, Aí a perda xa ves que foi dobre, pai e fillo. E bueno, foi a familia coa que mantivemos máis contacto. Non sei por que razóns, quizais porque permaneceron en Tui e nós en Vigo, os outros non sei se seguiron en Tui... non sei que foi das outras familias, non tiñan relación coa nosa, tampouco antes desta traxedia, e supoño que estas dúas familias, a familia Álvarez e a familia Fernández, seguramente tomaran a iniciativa de mover isto[522].

Pero aínda que ou Alfonso Álvarez non o lembra en 2017 ou non soubo do contacto, o seu pai e o seu tío si mantiveron contacto e unha estreita relación de amizade con outra familia. A do outro médico asasinado, Alejo Diz Jurado. Damos conta desa conexión primeiramente coa carta que Emilio Diz, o fillo de Alejo, enviou a Emilio Álvarez Blázquez e os seus irmáns. Na carta non consta unha data concreta pero sobreenténdese que estaría escrita entre os anos 40 e 60. Nela fala da perda de contacto entre ambas familias e da necesidade que ten de saber deles. El está fóra de Galicia, facendo o servicio militar e laiase do difícil da súa situación, cun precario estado de saúde, e moita tristura por todo o acontecido[523].

O seguinte contacto que figura está datada o 7 de agosto de 1977 en Barcelona, isto é case un ano despois da homenaxe. Nesta ocasión está dirixida a Darío Álvarez Blázquez e a súa muller, Carmen Gándara Fernández, e dela entrevese unha relación de amizade, a existencia de máis correspondencia entre eles e a visita de Darío e Carmen a Emilio, en Barcelona. Esta carta posiblemente foi gardada pola relevancia do que nela vai escrita. "Al día siguiente de marcharos ya pensaba escribir, sobre ciertos temas de la guerra de los que hablamos, pero no me fué posible entonces", expresa Emilio Diz. Este consideraba que tras a charla que tiveran sobre o que lle acontecera aos seus pais, debería deixar por escrito e transmitirlle todo o que recordaba. Dende o golpe de estado ata o xuízo do seu pai[524]. Entende Emilio que o que relata tamén o sabía Darío pero que "es posible que se te hayan borrado en el recuerdo, pues estabas sometido a una enorme tensión, luchando por tu vida, por la de tu padre y por la de algunos otros". E finaliza cun "La historia dira algun dia las victimas que ocasionó y la cifra nos aterrirozará, mejor dicho aterrorizará a las generaciones que no la vivieron"[525]. Esta conversa, esta indagación de Darío sobre o que recordaba Emilio, fálanos do seu afán por coñecer todos os detalles sobre o acontecido, tema o que volveremos máis adiante.

Polo contido da carta non podemos saber se Emilio Diz participou na homenaxe do 76, aínda que fose dende a distancia, pero é posible que, polo menos, soubese dela. Tampouco tempos constancia de como e en que consistiu a participación da familia de Serafín Fernández Costas. Aínda así resulta claro como o peso da organización correría a cargo da familia Álvarez Blázquez, en concreto dos fillos da vítima. Todos estaban presentes na misa aínda que como xa

[521] Entrevista a Xosé María Álvarez Cácamo realizada por Iria Morgade (telefónica, 10 de abril de 2017), e entrevista a Alfonso Álvarez Gándara realizada por Iria Morgade (Vigo, 19 de maio de 2017).
[522] Entrevista a Alfonso Álvarez Gándara realizada por Iria Morgade (Vigo, 19 de maio de 2017).
[523] Carta recuperada en Arquivo Fundación Penzol, Fondo Emilio Álvarez Blázquez.
[524] Nela repítense os nomes dos verdugos máis relevantes da vila de Tui como o capitán Peñarredonda. O que entraría xa dentro doutra investigación.
[525] Arquivo Fundación Penzol, Fondo Familia Álvarez Basso.

sinalamos non terían baixado ao lugar do fusilamento. Ademais de Darío, Emilio adquiriu tamén protagonismo ao publicar un pequeno texto en prensa a continuación da crónica do acto[526].

> Pasaron coarenta anos e aínda parece que foi onte cando a os nosos ouvidos de adolescentes chegaba o estrondo da descarga que estaba segando a vida lumiosa, baril, honesta, do noso pai no paraxe lírico da Alameda (...) Corenta anos pasaron e o longo de tanto tempo tivemos ocasión de preguntarnos cada día, cada hora, por qué mataron a os nosos pais, cal foi o delito cometido, dónde estaba gardada a balanza que tiña que pesar os seus pecados para que estos foran tan grandes que borraran unha longa vida de desprendego e da sua letra torta firmaron as denuncias da morte, probes seres pechados pra sempre na negra sombra das noites sin noite (...) Coarenta anos despois da sua morte o tempo non fixo sinón erguer baixo a sua memoria un pedestal de reverente respeto e amor[527].

Salientamos estes fragmentos do escrito de Emilio Álvarez, primeiramente por esa descrición dos verdugos "como seres pechados na negra sombra", parafraseando a Rosalía de Castro, e que polo tanto mantén ocultas as súas identidades. En segundo lugar por ser en si mesmo un acto memorial: o tempo non fixo que se "esqueceran" senón ao revés, "erguer baixo a súa memoria un pedestal de respecto e amor". E por último, e en relación con isto, interesa esa referencia ao tempo que pasou, dende que Emilio era un adolescente e as preguntas que se fixeron arredor do seu asasinato. Esta familia, ao contrario da negación e silencio protector que predominou noutras, verbalizou dun xeito bastante aberto o que aconteceu. Recordemos que, ademais do asasinato do pai, os fillos sufriron unha longa persecución durante o franquismo.

> (Aquelas vivencias) estaban permanentemente (...) (tamén) publicamente, no dunha maneira rebuscada, pero si dunha maneira estremadamente natural nós falábamos dese tema, ou dos temas desa gama, todo o que se podía falar, e un pouco máis tamén[528].

O papel principal dos membros desta familia na homenaxe recaeu en Darío Álvarez Blázquez, quen, como se traslada nas crónicas e recordan as testemuñas, dixo unhas palabras no lugar de violencia, fronte ao muro onde foran fusilados, xusto despois de depositar as flores. El, como única persoa que fala na homenaxe, evidencia esta acción organizativa da familia, unha familia que pola súa relevancia no mundo intelectual e galeguista, polo seu valor simbólico, tería un gran poder de convocatoria.

Por outra banda, o nome de Darío Álvarez Blázquez, non nos é descoñecido no marco desta investigación, referenciámolo como autor do texto *Historias de la retaguardia* que acadara o premio da revista *Historia y vida* en 1975. Esta acción divulgativa marcou o inicio dun camiño que consolidou a esta persoa como un relevante actor memorialista.

Tui é considerada a última vila en ser controlada polos golpistas naquel verán de 1936. Precisamente foi nesta mesma vila, onde corenta anos despois, homenaxeouse publicamente aos fusilados. Podemos pois, considerar esta acción memorial de outubro de 1976, como a precursora do que será o momento cumio do ciclo memorialista que tivo lugar xustamente un ano despois. O seu carácter organizativo, que partiu dos familiares, é un dos vectores chave da homenaxe. Así o salientaba Alfonso Álvarez Gándara, "a homenaxe foi co carácter de familias

[526] Esta crónica, pola linguaxe empregada, pensamos que podería ser un escrito tamén facilitado pola propia familia.
[527] Álvarez Blázquez, E.. "Coarenta anos despois", *La Voz de Galicia*, 4/11/1976, p.25
[528] Entrevista a Alfonso Álvarez Gándara realizada por Iria Morgade (Vigo, 19 de maio de 2017).


afectadas por aquelo, que ata ese momento non tiveran a oportunidade de realizar un acto público e aínda menos colectivo"[529].

Meses antes do acto en Tui, en agosto do 76 Darío Álvarez participara na homenaxe prohibida a Alexandre Bóveda. Sería conveniente dilucidar o posible efecto contaxio para a celebración da homenaxe ao seu pai e demais fusilados na Alameda tudense, como se estudou no caso doutras accións memoriais no Estado español (Serrano, 2016). Ao ano seguinte, en agosto do 77, Darío Álvarez volvería participar como orador na homenaxe unitaria a Bóveda. Atendamos, pois agora a estas dúas homenaxes á vítima-persoeiro máis relevante.

3.3.3.2. A homenaxe a Alexandre Bóveda, Pontevedra (1976-1978) : "Aos fusilados non os esquecemos"

A homenaxe a Alexandre Bóveda, polo seu cariz político e social e pola súa lonxevidade (celebrado sen interrupción ata a actualidade), pode considerarse coma un dos actos da memoria traumática máis relevantes de Galicia[530]. 1976 foi o ano no que se iniciou a tradición do acto colectivo anual en Pontevedra, lugar onde Alexandre Bóveda residía e a redor dunha data clave, a do seu asasinato o 17 de agosto de 1936, seguindo así, polo tanto, a tradición establecida no exilio. Nesta primeira celebración en Pontevedra, poderiamos distinguir tres accións ou repertorios de acción diversos segundo a súa natureza, tamén coa participación de diferentes actores sociais e políticos.

Gráfico 34. Primeiras accións memorialistas a Alexandre Bóveda, agosto de 1976



Fonte: elaboración propia.

Por unha banda teríamos a mesa redonda sobre Alexandre Bóveda que convocara a órbita da plataforma Táboa Democrática de Galicia, creada só un mes antes por impulso, como mencionamos do PCG[531]. A mesa redonda tivera lugar o día 16 no Colexio Médico de

[529] Entrevista a Alfonso Álvarez Gándara realizada por Iria Morgade (Vigo, 19 de maio de 2017).
[530] A redor desta homenaxe xerminará unha importante mobilización en recordo e reivindicación da memoria da violencia da guerra civil e do franquismo. Xerme pois, dalgúns dos actuais colectivos memorialistas, como é o caso da propia Fundación Alexandre Bóveda.
[531] A referencia directa a que este acto estaría organizado por un grupo de persoas vinculado á Taboa en: "Prohibido el homenaje al nacionalista gallego Alexandre Bóveda", *El País*, 14/08/1976. https://elpais.com/diario/1976/08/14/espana/208821620_850215.html.

Pontevedra coa intervención do avogado Gonzalo Adrio, presidente do PSP, Ramón de Valenzuela, integrante do PCG, Alfredo Conde Cid e Indalecio Tizón Covelo, este último membro do colectivo emigrante. Conde e Tizón anos despois ocuparían postos de representación pública polo PSG-PSOE[532]. Pero ademais de integrantes dos partidos políticos organizadores do acto, algúns dos oradores foran tamén vítimas da violencia golpista ou familiares destas[533].

Gonzalo Adrio era tío de Germán Adrio Mañá e irmán de José Adrio Barreiro, ambos executados o 12 de novembro do 36[534]. Ademais era coñecida a súa amizade coa familia Bóveda. Esta foi a primeira de moitas accións memorialistas nas que Gonzalo Adrio Barreiro participou cun papel destacado, proseguindo no ano seguinte. Pola súa banda no Capítulo 2 referímonos a Ramón de Valenzuela quen no exilio fora membro da Irmandade Galega promotora do Día dos Mártires en Bos Aires, participando como orador nalgunha das homenaxes. Así o fixo público no acto "indicando que en los países de América, allí donde hay gallegos tal día como hoy celebran actos en memoria de los mártires de Galicia, personificados en la figura de Alejandro Boveda"[535].

O salón de actos do Colexio de Médicos, onde tivo lugar a mesa redonda, "fue insuficiente para acoger a la cantidad de público que acudió". Nel non faltaron as alusións aos mártires, "en memoria de Alejandro Boveda y todos los mártires de Galicia". Tampouco a alusión ao outro acto ao aire libre que fora prohibido e do que falaremos a continuación[536]. Interesante tamén o título do poema que recitaba un dos oradores *Negáronnolo todo, Alexandre*[537]. Nunha das crónicas do acto tamén se incluía a referencia a unha controversia que se producira ao final das intervencións, xustamente cando estaba previsto gardar un minuto de silencio e cantar o himno galego. Nese momento un dos asistentes intentou intervir, o que foi impedido dende a mesa presidencial. A isto respondeu un grupo de mozos asistentes ao berro de "que deixen falar!". Este balbordo atallouse dende a mesa comezando a cantar o himno galego. Finalmente, unha vez no exterior da sala, volveron escoitarse diversos gritos, que nos poñen sobre a pista da presenza de militancia da UPG e da ANPG: "Viva Galiza Ceibe!", "Autonomía non, autodeterminación" e "otros de exaltación a la ANPG"[538].

Este intento de intervencións, e a alusión a actos ao aire libre prohibidos, enténdese na súa globalidade no contexto da prohibición expresa que o Gobernador Civil de Pontevedra emitira en relación con outro acto de homenaxe a Bóveda. Este ía ter lugar ao día seguinte, o propio 17 de agosto no cemiterio de San Mauro. A mesa redonda, considerámola, como se pode ver no Gráfico 34 unha acción disruptiva, posto que aínda que, en si mesma, unha mesa redonda como repertorio de acción non poida considerarse algo novidoso, si que o era primeiramente

En *La Voz de Galicia* enumeran a CCOO, PSOE, PCG, PSPG, USO e UXT como os organizadores do acto. En: "Ayer se celebró en Pontevedra un acto en memoria de Alejandro Boveda", *La Voz de Galicia*, 17/08/1976, p.27.

[532] "Homenaje a Alejandro Bóveda, en el Colegio Médico Provincial", *Diario de Pontevedra*, 17 agosto de 1976. Alfredo Conde, anos despois sería deputado no parlamento de Galicia polo PSG-PSOE e Indalecio Tizón Covelo quen como emigrado formou parte da Federación Mundial de Sociedades Gallegas, á que xa fixemos referencia, membro da Comisión Redactora do Estatuto de Autonomía en 1979.

[533] En nota informativa do Goberno Civil sobre os seus antecedentes destacan a consideración de Valenzuela como "comunista y galleguista", de Alfredo Conde como galleguitsa, e de Adrio como máximo dirixente do Partido Socialista Popular xunto a Gonzalo Velasco (solicitante do acto) en Pontevedra. En: Arquivo Subdelegación de Pontevedra, Fondo Goberno Civil, *sin* ASGP, 3278.

[534] Base de datos Nomes e voces. http://vitimas.nomesevoces.net/gl/buscar/?buscar=jose+adrio http://vitimas.nomesevoces.net/gl/buscar/?buscar=germ%C3%A1n+adrio

[535] "Ayer se celebró en Pontevedra un acto en memoria de Alejandro Boveda", *La Voz de Galicia*, 17/08/1976, p.27.

[536] *Ibidem.*

[537] Orador Alfredo Conde. En: "Sobre el homenaje a Bóveda", *El Pueblo Gallego*, 18/08/1976, p.14.

[538] *Ibidem*.

polo contexto, onde ata había pouco estaban prohibidas, así como polo obxecto da mesma, versando sobre unha vítima da violencia xenocida. Nese sentido recordar ese "negáronnolo todo" recitado no acto.

Ao contrario do acontecido con esta mesa redonda, autorizada e polo tanto legal (pese a que se prohibía expresamente a posibilidade dun coloquio[539]), a homenaxe organizada para o día seguinte, 17 de agosto, recibiu unha resposta negativa do Gobernador Civil de Pontevedra que, recordemos, nese momento era Benito Sáez González-Elipe.

Para coñecer en que ía consistir o acto achegámonos á solicitude que se presentou ante o Gobernador Civil datada o 7 de agosto[540]. A homenaxe popular tería lugar no cemiterio de San Mauro ás oito da tarde, onde se realizaría un responso diante da tumba, colocaríase a bandeira galega e coroas de flores e recitaríanse poemas na voz dos poetas Salvador García Bodaño, Manuel María e Lois Diéguez. Entre os oradores do acto estarían o "vello nacionalista" Xaime Isla, Francisco Rodríguez, da UPG, e Xesús Vega Buxán do Movemento Comunista de Galicia (MCG), entre outros[541]. Encabezaba a solicitude ante o Goberno Civil Xosé Luís Fontenla Rodríguez (PGSD), un dos promotores do CFPG. A procedencia dos organizadores do acto, xa nos sitúa ante unha diferenza clave entre o acto de homenaxe a Bóveda realizado o día anterior, polos integrantes da Táboa Democrática, e este outro, vinculado ao CFPG[542]. Mentres a primeira plataforma estaba no camiño da aceptación da reforma sen ruptura, o consello como vimos, estaba conformado por organizacións políticas que non entraría no pacto do novo sistema[543].

O Goberno Civil comunicou a decisión de prohibir a homenaxe catro días despois de terse solicitado o permiso, o día 7 de agosto, e por tanto en prazo legal para a súa solicitude[544]. Poderiamos distinguir dous tipos de argumentos que apoiaron esta decisión[545]. Por un banda os

---

[539] Asinan a solicitude: Gonzalo Velasco Garrido, Jose Luis Calvo Portela, Jose Luis López de Guereñu Polan, Pilar Lavia Villanueva, Luis Tilve Santos e Manuel Cajio Barroso. En nota informativa sobre os antecedentes destes destaca Velasco Garrido como vogal nacional do Partido Socialista Popular, e Guereñu e Villanueva como asistentes á cea pro-amnistía celebrada en "La Parada" (Combarro), Tilve Santos como secretario do "Ateneo de Pontevedra". En Arquivo Subdelegación de Pontevedra, Fondo Goberno Civil, *sin* ASGP, 3278.
Tamén se atende a este imposibilidad de realizar un coloquio cando se producen as intervencións non previstas, en "Sobre el homenaje a Bóveda", *El Pueblo Gallego,* 18/08/1976, p.14.

[540] A data está especificada no escrito interno do Gobernador Civil, 20 de setembro de 1976, En Arquivo Subdelegación de Pontevedra, Fondo Goberno Civil, *sin* ASGP 3278 e En Arquivo Ministerio do Interior. Sección de Recursos de la Secretaría General Técnica. Expediente 2123/76.
Accedemos ao contido da solicitude de permiso a través da descrición desta solicitude que se realizou na noticia: "Solicitude dun homenaxe público a Alexandre Bóveda, en Pontevedra", *La Voz de Galicia,* 11/08/1976, p. 29.

[541] Outros oradores: Xosé Manteiga Pedrares, Carlos Martínez Alonso

[542] A referencia directa a que este acto estaría organizado por persoas que se moven na órbita do Consello, por exemplo en: "Prohibido el homenaje al nacionalista gallego Alexandre Bóveda", *El País*, 14/08/1976. https://elpais.com/diario/1976/08/14/espana/208821620_850215.html.

[543] A referencia directa a que este acto estaría organizado por un grupo de persoas vinculado á Taboa en: "Prohibido el homenaje al nacionalista gallego Alexandre Bóveda", *El País,* 14/08/1976. https://elpais.com/diario/1976/08/14/espana/208821620_850215.html.
En *La Voz de Galicia* enumeran a CCOO, PSOE, PCG, PSPG, USO e UXT como os organizadores do acto. En: "Ayer se celebró en Pontevedra un acto en memoria de Alejandro Boveda", *La Voz de Galicia*, 17/08/1976, p.27.

[544] Como non o sería a que se realizaría días despois para a mesa redonda, que non estaría en prazo, pero aínda así (incumprindo un requisito formal da lei) se procedería a autorizar.

[545] Para realizar a reconstrución dos feitos e xa que non dispoñemos nin da resolución desta prohibición, nin da súa comunicación ao solicitante, accedemos ás razóns esgrimidas, públicas e internas, a través de varios documentos clave. Por unha banda mediante as noticias publicadas en prensa, primeiramente aquela na que os organizadores denunciaban esta prohibición e en segundo lugar a nota de prensa do propio Goberno Civil: "Non foi autorizado o homenaxe publico a Alexandre Boveda en Pontevedra", *La Voz de Galicia*, 14/08/1976, p.27 / "Nota del Gobierno Civil de Pontevedra sobre la no autorización de un acto en memoria de Alejandro Bóveda", *La Voz de Galicia*, 15/08/1976, p.34.
Por outra banda podemos analizar os feitos a través da documentación do expediente do recurso de alzada que os organizadores interpuxeron trala denegación do permiso. Arquivo Ministerio do Interior. Sección de Recursos de la Secretaría General

que se baseaban en cuestións de forma, seguindo o artigo 5 da xa citada lei 17/1976. Así na solicitude non se terían especificado os domicilios dos solicitantes, nin o temario dos oradores. Tratábanse de cuestións de forma que poderían ter sido solucionadas. Este razoamento foi esgrimido polos solicitantes no recurso de alzada que interpuxeron posteriormente. Este feito, á súa vez, o incumprimento dos requisitos formais establecidos na lei, foi a xustificación do Ministerio de Gobernación para a desestimación do recurso de alzada en decembro dese ano 76[546].

Pero existían outros argumentos, non presentes no documento que desestimaba o recurso asinado polo xefe de servizo da Dirección General de Política Interior, e que foron de especial interese. En primeiro lugar, aquel argumento que o Goberno civil facía público en prensa e que, entendemos, estaba presente na comunicación formal da prohibición enviada aos organizadores[547]. Así a nota da oficina de prensa do Goberno Civil aludía as causas da "non autorización" do seguinte xeito:

> La falta de algunos requisitos en el escrito de solicitud que lo invalidan, pero sobre todo el respeto debido a la paz del lugar, que se vería perturbada por la intervención de nueve oradores y las molestias que ocasionarían a los visitantes ajenos al acto[548].

Para os organizadores esta "perturbación" da paz no cemiterio invalidaríase sostendo que a homenaxe realizaríase en "horas en que normalmente se atopa pechado o cemiterio ao público e a contar co debido coñecemento do acto a autoridade eclesiástica correspondente"[549]. Ademais, o Goberno Civil sostiña que a familia de Bóveda opoñíase á realización do acto[550]. Como resposta a isto último interpretamos a nota de prensa "acratoria" que publicou a familia en diversos medios:

> Sobor de unha nota de Prensa pubricada nos xornaes destes días, a familia de Alexandre Bóveda quere deixar craro que non se opón a ningún sito pra lembrar a súa memoria (...) O seu único e lexítimo desexo, puramente personal e afectivo, ter noticias previas dos aitos a levar a cabo. A todos cantos honran o recordo de que somos sangue, noso fondo agradecemento, pos pra nós supón unha obriga que non ten de ser espricada[551].

Por último detectamos outro argumento para esta prohibición que non atopamos referida no espazo público, que, por tanto, posiblemente non fose transmitida na comunicación do Goberno Civil nin cos solicitantes nin coa prensa. Esta argumentación figura no escrito que o

Técnica. Expediente 2123/76 e Expediente do recurso de alzada da prohibición en Arquivo Subdelegación de Pontevedra, Fondo Goberno Civil, *sin* ASGP 3278

[546] En Arquivo Ministerio do Interior. Sección de Recursos de la Secretaría General Técnica. Expediente 2123/76 e Expediente do recurso de alzada da prohibición en Arquivo Subdelegación de Pontevedra, Fondo Goberno Civil, *sin* ASGP 3278.

[547] Puntualizar que esta documentación (tanto a solicitude do acto como a resolución de prohibición) non será localizado nos diversos arquivos, soamente localízanse as comunicacións entre Ministerio de Gobernación e Goberno Civil en decembro do 76 a tenor do recurso de alzada interposto polos organizadores, en concreto por Xosé Luís Fontenla.

[548] "Nota del Gobierno Civil de Pontevedra sobre la no autorización de un acto en memoria de Alejandro Bóveda", *La Voz de Galicia,* 15/08/1976, p.34.

[549] "Non foi autorizado o homenaxe publico a Alexandre Boveda en Pontevedra", *La Voz de Galicia*, 14/08/1976, p.27.

[550] "Nota del Gobierno Civil de Pontevedra sobre la no autorización de un acto en memoria de Alejandro Bóveda", *La Voz de Galicia*, 15/08/1976, p.34.

[551] "Nota acraratoria da familia de Alexandre Bóveda", *Diario de Pontevedra,* 17/08/1976. E "Aclaración de la familia de Alejandro Bóveda*", La Voz de Galicia*, 17/08/1976, p.27. Tamén na nota de prensa posterior da AN-PG "os que xa tiñan desmentido públicamente a nota sobor de que se oponían a celebración de actos en honra do lider galeguista", en " Unas doscientas personas participaron en una manifestación no autorizada, en Pontevedra", *La Voz de Galicia*, 18/07/1976, p.16. E por último en ""Sobre el homenaje a Bóveda", *El Pueblo Gallego*, 18/08/1976, p.14.

Gobernador Civil de Pontevedra dirixía ao Ministerio de Gobernación esgrimindo ás razóns polas que decidira prohibir o acto:

> Sospechando este Centro, el matiz político y no religioso del acto, y el llevarse a cabo en lugar sagrado, creyó conveniente su denegación[552].

Ese matiz político, que deduciría o Gobernador Civil atendendo aos informes que, a bo seguro, se terían realizado sobre os organizadores e oradores ocultouse da argumentación pública[553].

Pese a prohibición, notificada o 11 de agosto, nos seguintes días publicáronse notas de prensa de diversas organizacións políticas apoiando a celebración do acto. Entre elas a da ANPG chamando aos "militantes e simpatizantes e a todo o pobo galego, pra que se unan arredor da memoria de Bóveda, na defensa dunha Galicia ceibe e popular"[554] ou a do CFPG, quen facía un "chamamento a todos os patriotas galegas pra que acudan a devandita manifestación"[555]. Estes comunicados, e en especial o do PSG, amósannos que parecía existir un acordo para levar a cabo a homenaxe igualmente. Así este partido expresaba "a súa vontade de levar adiante o homaxe na memoria de Alexandre Bóveda" e así o titulaba *El País* "Insisten en celebrar el homenaje a Alexandre Bóveda" [556]. Estas notas de prensa propiciaron que o Gobernador Civil puxera as mesmas en coñecemento do Ministerio de Información y Turismo, entendendo neste sentido a alta presenza policial que o 17 de agosto había en diversos puntos e horas da cidade de Pontevedra[557].

O acto, como dicíamos, ía realizarse as oito da tarde no cemiterio de San Amaro, como así comunicaban estas notas das organización políticas. A realidade foi sensiblemente diferente. A reunión na tumba de Bóveda realizouse finalmente pola mañá, a unha da tarde[558]. Nela reuníronse as organizacións convocadoras da homenaxe, pero desta volta nun papel secundario. O papel protagonista foi recaer nos familiares do asasinado[559]. Así o describía a nota de prensa da ANPG:

> Un fato de nacionalistas, acompañando a familia do expresado, reuníanse no cimiterio de San Amaro, en Pontevedra, para rezar unha oración e colocar unha lápida asegún os desexos no seu día manifestados por Alexandre, así como moitos ramos de flores coas colores da bandeira de Galicia. O acto emocionante


---

[552] En Arquivo Ministerio do Interior. Sección de Recursos de la Secretaría General Técnica. Expediente 2123/76.
[553] O recurso de alzada é presentado por Xosé Luís Fontenla Rodríguez. A mesma persoa que fixera a solicitude.
[554] A "AN-PG" apoia o homaxe a Alexandre Boveda", *La Voz de Galicia*, 13/08/1976, p. 26.
[555] "O Consello de Forzas Políticas Galegas (CFPG) apoia a homaxe a Alexandre Bóveda", *La Voz de Galicia*, 12/08/1976, p.21. Interesante como aquí se fala dunha "manifestación", mentres no anuncio da solicitude falábase dun "reposno na tumba de Bóveda". Na documentación do gobernó civil fálase de "manifestación de homenaje" aínda que cando se cita a solicitude soamente se fala de "homenaje".
[556] "Nota do comité local de Pontevedra do PSG", *La Voz de Galicia*, 14/08/1976, p.15. e en "Insisten en celebrar el homenaje a Alexandre Bóveda". *El País*. 15/08/1976. https://elpais.com/diario/1976/08/15/espana/208908008_850215.html
[557] Así o describe o propio gobernador no seu informe ante o recurso de alzada "pese ao anterior (ser notificada a prohibición, en los *Diarios de Pontevedra* y *La Voz de Galicia* del día 13 de agosto aparecen comunicados de organizaciones ilegales, sumándose al acto, por cuyo motivo en escrito del 16 este Gobierno Civil lo puso en conocimiento de la Delegación Provincial de Información y Turismo. En Arquivo Ministerio do Interior. Sección de Recursos de la Secretaría General Técnica. Expediente 2123/76 e en Arquivo Subdelegación de Pontevedra, Fondo Goberno Civil, ASGP 3278.
[558] "Flores y un responso en la tumba de Bóveda"; *El Pueblo Gallego,* 18/08/1976. Excepto na crónica de *Diario de Pontevedra* que sitúa esta homenaxe a primeira hora da tarde: "Ofrenda floral sobre la tumba de Alejnadro Bóveda", *Diario de Pontevedra*, 18/08/1976.
[559] "Flores y un responso en la tumba de Bóveda"; *El Pueblo Gallego,* 18/08/1976, e "Presentado recurso contra a denegación do homaxe a Alexandre Boveda", *La Voz de Galicia*, 25/08/1976, p.27

> estivo presidido pola viuda do mártir doña Amalia Alvarez Gallego i esteron presentes os fillos do homenaxeado[560].

Amalia, colocou a primeira coroa de flores, seguido das que depositaron familiares, amigos e tamén organizacións políticas, como as nomeadas ANPG e CFPG[561]. A presenza policial, xa nesta ofrenda, continuou pola tarde ante a convocatoria dunha manifestación polo centro de Pontevedra, practicamente á mesma hora na que ía celebrarse o acto prohibido no cemiterio[562]. Esta acción disruptiva e ilegal foi anunciada a través de pasquíns lanzados pola cidade, nuns días de moito movemento ao coincidir coas festas patronais da Peregrina[563]. Así podía lerse nun panfleto das Mocedades do PSG que anunciaba a concentración na praza da Ferrería para ás sete e media do serán[564]. Noutro folleto do mesmo ano destas Mocedades e tamén asinada polo partido, o PSG, cómpre destacar a denominación da morte de Bóveda como un "asasinato" sendo "acribillado polas balas feixistas", incluíndo tamén no texto toda a simboloxía do mártir que é indisociable da figura de Bóveda: "morreu coa dignidade rexa dos mártires e co corazón posto na Galicia que tanto quixo e defendeu"[565]. En ambos pasquíns a figura de Bóveda inclúese nos lemas finais, onde se expresan as reivindicacións básicas desta organización: "Con Alexandre Bóveda pola libertade de Galicia! Poder galego, Galicia Socialista, Pacto Federal"[566]. Este lanzamento de pasquíns podería encaixar coa lembranza difusa dunha das nosas fontes orais, veciño de Pontevedra, un mozo daquela, que recordaba o lanzamento de pasquíns diante do instituto Valle-Inclán, isto é , na Alameda de Pontevedra[567].

Imaxe 16. Pasquín das Mocedades Galeguistas do PSG no corenta aniversario



Nesto dezasete de agosto cúmplese o corenta cabodano do asesinato do nacionalista galego, ALEXANDRE BOVEDA IGLESIAS. Colaborador directo e amigo - entrañabel de Castelao, traballóu arreo dende moi - novińo pola sua - Terra e os seus - homes.

Foi acgredario de Orgaización do Partido Galeguista e a él cúbrese o estudo do Róxime fiscal de Galicia, que habería logo de trascender ao Estatuto autonómico.

Morréu ás 33 anos acribillado polas balas feixistas o 17.8.1936 ao pé dun cabballo na frage da Cadira (Pontevedra).

Foi a súa responsabilidade política traballar pola Democracia, por un Estado federal, e por facer respetar a vontade coleitiva do noso pobo que votara -no plebiscito do 28 de xuño do 1936- polo autogoberno galego!

Foi o seu "crime", tencionar liberar ás clases populares das inxustizcias sociáis, dos caciques, e do centralismo que, como unha plaga, atura a Nación Galega dende hai séculos.

Foron as súas "ideas condenables", facer unha Galicia farturenta, ceibe, dona de sí, onde o reparto dos bens - fora máis xusto e onde o noso pobo recobrara a confianza nacional da súa - propia personalidade e cultura coleitiva.

Morreu co dignidade rexa dos mártires e co corazón posto na Galicia que tanto quixo e defendéu.

Galicia, Agosto 1936-1976.

CON ALEXANDRE BOVEDA POLA LIBERTADE DE GALICIA!

PODER GALEGO. GALICIA SOCIALISTA. PACTO FEDERAL.

- PARTIDO SOCIALISTA GALEGO (PSG)
- MOCEDADES

Fonte: J.M. Monterroso.

[560] " Unas doscientas personas participaron en una manifestación no autorizada, en Pontevedra", *La Voz de Galicia*, 18/07/1976, p.16.

[561] "Presentado recurso contra a denegación do homaxe a Alexandre Boveda", *La Voz de Galicia*, 25/08/1976, p.27. E en "Ofrenda floral sobre la tumba de Alejnadro Bóveda", *Diario de Pontevedra*, 18/08/1976.

[562] A presenza policial na ofrenda no cemiterio pode lerse en: "Flores y un responso en la tumba de Bóveda"; *El Pueblo Gallego,* 18/08/1976 e entrevese en "Presentado recurso contra a denegación do homaxe a Alexandre Boveda", La Voz de Galicia, 25/08/1976, p.27, cando fala da homenaxe do 66 e indica "anque naquela ocasión non estivo presente forza policial alguna".

[563] " Unas doscientas personas participaron en una manifestación no autorizada, en Pontevedra", La Voz de Galicia, 18/07/1976, p.16.

[564] Pasquín incluido no estudo de Uxío Díeguez (2009, p.381) sobre a recuperación da memoria de Bóveda.

[565] Pasquín facilitado por J.M. Monterroso, vivía na Coruña. Por iso entendemos que poderían ser os pasquíns que confeccionou esta Mocedade na cidade herculina, ou podería ser unha das que se repartiu por Pontevedra para a difusión da figura de Bóveda. Descoñecemos o dato concreto.

[566] Pasquín PSG e Mocedades do PSG facilitado por J.M. Monterroso.

[567] Entrevista realizada a Xosé Luís Calvo, por Iria Morgade (Pontevedra, 2019).

Antes de que deran as sete e media, hora da convocatoria, as forzas da Policía Armada ataviados cos seus casos ocuparon diversos puntos da praza convidado ao público presente a disolverse[568]. Ante esta situación, duascentas persoas se congregaron na rúa General Mola, a pouca distancia da praza da Ferrería, iniciando dende ese punto unha manifestación que percorreu a zona de entrada das Palmeiras (na Alameda) ata a escalinata principal do edificio da Deputación[569]. Recordemos que a cidade estaba en festas e xustamente nese punto estábase celebrando unha proba ciclista. Tras "proferir diversos gritos" nas escalinatas, os manifestantes volverían dirixirse cara General Mola e a rúa Michelena. Nesta rúa un "Land-Rover de las fuerzas armadas haciendo sonar su sirena, hizo acto de presencia". Antes de que a policía cargase, os manifestantes teríanse disolvido sen ter que intervir. Tamén se aclara como quizais este cambio no guión colleu á policía algo desprevida ao producirse concentracións simultáneas en puntos diferentes a onde tiñan establecido a vixilancia, razón última de que non houbese cargas policiais. Segundo esta crónica, os convocadores serían o PSG, o MCG e a ANPG. E durante a marcha os lemas que se terían escoitado serían "Abaixo a represión", "Autodeterminación", "Pacto Federal" e "Galicia Ceibe", baixo a presenza dunha bandeira de Galicia [570].

A presenza policial, aínda que sen chegar a cargar, foi altamente restritiva, obrigando aos manifestantes a dispersarse a cada pouco, "se escucharon las sirenas de la Policía, que hasta el momento no había intervenido, disolviéndose los manifestantes por distintos puntos"[571]. Similar crónica se publicaba no diario de tirada nacional *El País*, incluíndo algunhas cuestións de especial interese. Por unha banda, segundo esta crónica produciuse un reparto de "propaganda" polos manifestantes ao chegar ao lugar da proba ciclista, quizais o pasquín analizado en liñas anteriores. Tamén se aludía nesta crónica á razón da convocatoria, sendo a "respuesta a la negativa dada por las autoridades al permiso solicitado para celebrar un homenaje a Alexandre Bóveda" e por último a inclusión doutro berro que terían proferido os manifestantes, e como parte do marco cultural da acción adquire un importante significante, así ademais dos referidos á amnistía e a autodeterminación tamén se tería escoitado: "Os fusilados non os esquecemos"[572].

Atopámonos ante a única evidencia sobre unha acción disruptiva e ilegal coma esta na que a reivindicación fose tan abertamente memorialista como ese *non esquecer aos fusilados*. Un lema, que por outra banda, parece sufrir certa censura nos medios locais, os cales evitaron nas súas crónicas referirse a ela. A preeminencia da reivindicación memorialista pálpase tamén no artigo, asinado por un dos principais actores destas accións, o PSG, o mesmo 17 de agosto, no que se reivindicaba a figura de Bóveda como "o mártir galego" entendendo que rachar coa "brétema mesta que envolve a súa baril persoa" sería a "millor homaxe que podemos facer, non soio a el senón tamén a todos os demáis mártires galegos, moitos dos cales foron mortos ou tiveron que marchar a outras terras por mor dunha guerra inxusta"[573]. Doutra volta neste artigo atopamos outra referencia a semente, "a súa semente caiu no chan e hoxe xa anda a agromar traendo unha chea de froito". O que polo tanto amosa implicitamente esa vontade de configurar o día 17 como conmemorativo de "todos os mártires", en definitiva, de todas as vítimas do

[568] " Unas doscientas personas participaron en una manifestación no autorizada, en Pontevedra", *La Voz de Galicia*, 18/07/1976, p.16.
[569] *Íbidem.*
[570] *Íbidem.*
[571] "Flores y un reponso en la tumba de Bóveda", *El Pueblo Gallego*, 18/08/1976, p.11.
[572] González, G. "Coronas con la bandera de Galicia para Alexandre Bóveda", *El País*, 18/08/1976. https://elpais.com/diario/1976/08/18/espana/209167209_850215.html Nota: nesta crónica tamén se inclúe como convocante as Xuventudes Socialistas, sen poder corroboralo por outro medio.
[573] "Un mártir galego. Alexandre Bóveda"PSG. *La Voz de Galicia*. 18/08/1976.

exterminio franquista. Isto vólvese máis evidente no seguinte ano, cando o Goberno Civil permitiu unha homenaxe no cemiterio de San Mauro. Na solicitude estimábanse en cento cincuenta persoas os asistentes ao acto, finalmente os diversos medios situárona entre dúas mil cincocentas e cinco mil persoas. Era 1977, período que consideramos o momento álxido deste ciclo de acción colectiva memorial en Galicia.

> O ano pasado so nos permitiron depositar unhas frores no panteón e tamén unha oración. Quixemos percorrer as rúas berrando pola autodeterminación e "fusilados, non vos esquencemos", pro non nos deixaron[574].

Esta frase pronunciouna Darío Álvarez Blázquez, un dos oradores na homenaxe multitudinaria do 17 de agosto de 1977, nela facía referencia ao que vimos de relatar, o acontecido no ano anterior marcado pola prohibición da celebración do acto. De novo aparecía esa referencia a un lema de vital relevancia, que reivindicaba a memoria xa non só de Bóveda, nin dos "mártires", senón dos "fusilados". Pasara xusto un ano dende que se permitira unha mesa redonda a Bóveda nun lugar pechado e con evidentes limitacións, un ano dende a prohibición expresa da homenaxe no cemiterio de San Amaro ao tempo que se acababan celebrando concentracións que desafiaban esa prohibición, manifestando a súa vontade de memoria, rodeados de Jeeps da Policía Armada.

No verán do 77 por primeira vez realizouse unha homenaxe legal e multitudinaria a Alexandre Bóveda, nun lugar público como o eran os arredores do cemiterio de San Mauro, tendo ademais como vocación a universalidade do recordo de todas as vítimas. Así, seguindo a estela do exilio, volvía representarse a Bóveda como primeiro mártir, como símbolo de todas as vítimas, empregando unha linguaxe híbrida coa inclusión das "vítimas", pero co predominio dos "mártires" e os "fusilados". Estas tendencias sitúan esta acción no marco do memorialismo europeo, coas vítimas do nazismo que son vítimas e á vez resistentes e heroes, garantes da democracia e dos valores democráticos, e do que comezaba a acontecer no Estado español, coas súas características propias, un negacionismo de corenta anos e as dificultades que estamos vendo para facer visible o discurso memorialista.

Neste último senso teríamos o caso do presidente fusilado da Generalitat de Catalunya, Lluis Companys, símbolo tamén das vítimas desa violencia, a quen comezaba a homenaxear de xeito público en 1976. Así, en Barcelona prohibíase o acto ante a tumba do President que Esquerra Republicana de Catalunya solicitara en "conmemoración del 36 aniversario del fusilamiento del segundo presidente de la Generalitat de Catalunya"[575] e tamén alí desafiaran a prohibición (Conesa, 2013, p.12). Ao igual que acontecía en Galicia para Bóveda, Lluís Companys era o símbolo das vítimas, "o martir per Catalunya", como así titulaba o xornal *Avui* na súa editorial do 15 de outubro do 77.

No caso catalán foi 1978 o ano das grandes homenaxes multitudinarias o 15 de outubro arredor da tumba de Companys e do Fossar da Pedrera[576], homenaxeándose a todos os que perderan a vida pola liberdade de Catalunya[577].

Así, volvendo a homenaxe a Bóveda en 1977, pola súa magnitude e pola vocación de universalidade da súa figura, pode traernos reminiscencias da homenaxe a Castelao en Rianxo.

---

[574] "Unas dos mil quinientas personas de toda Galicia rindieron homenaje a Alexandre Bóveda", *La Voz de Galicia,* 18/08/1977, p.19

[575] "Ha sido denegado un acto ante la tumba del presidente Companys", *La Vanguardia*, 15/10/1976, p.27.

[576] *Avui,* 13/10/1976.

[577] Unha análise comparada do caso catalán e galego tería, consideramos, posibilidades relevantes, cuestión que por outra banda queda fóra dos obxectivos deste texto.

De todos xeitos, as diferenzas son claves, neste caso a preeminencia e o protagonismo do acto tivéronos os partidos e organizacións da oposición política, maioritariamente da esquerda e nacionalista, sen practicamente presenza de grupos políticos da dereita nin de cargos institucionais. E moito menos sen o protagonismo que adquiriran na homenaxe a Castelao e que precisamente estaba no cénit do conflito[578].

Neste caso, pois, a iniciativa era dos partidos políticos de esquerda que seguían os pasos dados na homenaxe prohibida do ano anterior. Daquela a homenaxe aglutinara a persoas relacionadas co CFPG. Se atendemos agora á solicitude do 77, dúas cousas nos chaman a atención. En primeiro lugar que neste caso a solicitude semella a iniciativa do PSG, sendo o seu solicitante formal ante o Goberno Civil Alfonso Rivas Fraga. Xa tres días antes da petición en prensa anunciábase a homenaxe reproducindo a nota de prensa na que o partido convocaba a "tódolos patriotas galegos pra asistir á homaxe que organizóu pró día 17"[579]. Nela o PSG insistía no desexo de que "tódolos galegos poidan celebrar dende a legalidad unha homaxe a Alexandre Bóveda"[580].

Esta referencia á legalidade que se quería acadar para a celebración do acto, explícase se atendemos con detalle ao texto da solicitude, no que se intentaban resolver os motivos que formalmente propiciaran a anterior prohibición. Isto, en último termo, consideramos que nos fala dunha certa continuidade entre os organizadores dun e doutro ano. Deste xeito, nesta nova petición incluíanse todos os datos formais do solicitante e describíase o acto con detalle. Resalta especialmente a propia aclaración mediante un "otrosi digo", sobre o lugar onde se realizarían os discursos dos oradores que farían unha "semblanza humana y contenido de la obra" de Bóveda[581]. Así, pese a que en liñas anteriores sinalábase que as oratorias terían lugar dentro do cemiterio, rectificábase para sinalar que estas realizaríanse fóra do "recinto sagrado", no mesmo lugar onde se faría unha concentración, xunto a capela de San Mauro, na que se estimaban participarían cento cincuenta persoas. No escrito insistíase en que as intervencións estarían unicamente destinadas a esa "semblanza" do homenaxeado, ademais facíase constar que se trataba "de un acto totalmente apartidario". Por último referíanse ao permiso expreso dos familiares "el acto se celebra con motivo del 41 aniversario de la muerte del Sr. Bóveda, contando con autorización de sus familiares, como lo evidencia el hecho de la partición en dicho acto de su hijo". Deste modo tentaríanse evitar as argumentacións da prohibición do ano anterior: a celebración nun lugar sagrado, o non permiso dos familiares, e por último un suposto carácter "marcadamente político"[582].

Pero o carácter apartidario, lonxe de ser unha declaración de apolitismo, sería máis acertado lelo no desexo do PSG de que "tódolos galegos" puidesen homenaxear a Bóveda, como así

[578] Existen algunhas contradicións segundo a crónica. Para *La Voz de Galicia* non estivo presente "nadie de la derecha política, ni de los partidos que tiene representación parlamentaria, a excepción del PSOE" (En "Unas dos mil quinientas personas de toda Galicia rindieron homenaje a Alexandre Bóveda", 18/08/1977, p.19). Segundo *El País* "Aunque UCD no se sumó estaban presentes, a título personal, dos parlamentarios centristas, así como un senador del PSOE" (En González, G. "La oposición gallega homenajeó ayer a Alexandre Bóveda, 18/08/1977)), e para *Diario de Pontevedra* FE de las JONS "*"que según manifestó un portavoz quisieron sumarse al homenaje" (*En "Más de tres mil personas en el homenaje póstumo a Alejandro Bóveda", 18/08/1977 *).* Pero que en ningún momento se pode considerar que formou parte das organizacións convocantes, máis que por ese desexo expresado no Diario. Polo tanto, evidenciándose unha contradición entre as fontes analizadas, polo momento non poderíamos afirmar se realmente houbo presenza da dereita na homenaxe, algo que, sen dúbida, e sobre todo no caso da Falanxe resultaría moi relevante e dun preciso análise en pormenorizado. O que é evidente é que a súa presenza sería en todo caso anecdótica.

[579] "Organizado polo PSG. O día 17, homaxe a Bóveda, en Pontevedra", *La Voz de Galicia*, 03/08/1977, p.15.

[580] *Ibidem.*

[581] Arquivo Subdelegación de Pontevedra, Fondo Goberno Civil, *sin* ASGP 904.

[582] *Ibidem*.

expresaba na súa nota. E en especial vaise entender no cariz que finalmente ten a homenaxe, como un acto unitario de doce organizacións políticas.

Gonzalo Adrio, participante na mesa redonda do 76 e quen actuará como presentador nesta homenaxe do 77, recorda nas súas memorias como tiveran lugar diversas xuntanzas no seu despacho coas distintas forzas políticas, "de las que guardo un gran recuerdo" para preparar o acto[583]. O acordo asinouse tres días despois da solicitude, nunha reunión en Santiago de Compostela, baixo a premisa de que Bóveda estaría por riba de calquera vinculación partidaria, na defensa dos intereses de Galicia[584].

Táboa 9. Organizacións convocadoras da homenaxe do 17 de agosto de 1977

ORGANIZACIÓNS CONVOCADORAS DA HOMENAXE	
ACORDO UNITARIO 9 DE AGOSTO[585]	Asamblea Nacional Popular Galega (ANPG) Asamblea Popular Galega (APG) Federación Socialista Galega (PSOE) Liga Comunista Revolucionaria (LCR) Movemento Comunsita de Galicia (MCG) Organización Revolucionaria de Trabajadores (ORT) Partido Carlista de Galicia Partido Comunista de Galicia (PCG) Partido Socialista Galego (PSG) Partido Socialista Popular Galego (PSPG) Partido del Trabajo de España (PT) Unión do Pobo Galego (UPG)
INCLUÍDOS COMO CONVOCADORES DO ACTO	Partido Popular Galego (PPG) Partido Galego Social Demócrata (PGSD) Partido Comunista Obreiro Español (PCOE) Partido Socialista Obrero Español (Histórico)

Fonte: elaboración propia en base ás fontes consultadas.

Esta conversión nunha homenaxe unitaria fíxose pública o día 10 de agosto. Nesta predominaban as organizacións da esquerda nacionalista, pero tamén participaban partidos comunistas, galeguistas de dereita, ou outras fóra xa de ambos rexistros coma o PCga[586].

O contexto mudara, dende aquel primeiro intento de homenaxe dos partidos que conformaban o CFPG en 1976. Menos dun ano despois da súa formación esta plataforma desaparecera, principalmente debido as tensións e diferenzas tácticas dos partidos integrantes, en maior medida entre o PSG e a UPG. Dende a súa desintegración ata as primeiras eleccións, en xuño do 77, isto é dous meses antes da homenaxe, as crises e escisións foran conformando un diverso abano de grupos e partidos políticos do nacionalismo que finalmente se presentaron dispersos ás eleccións xerais ao parlamento do Estado.

583 Adrio, G. (2004): *Sin odio, sin rencor, pero el recuerdo vivo.* Edicios do Castro, p.278.

584 Por exemplo en Nevares, Damaso: "La actualidad de Alexandre Bóveda", *El Pueblo Gallego*, 16/07/1977, p.3: "Aniversario que prácticamente todos los grupos políticos gallegos se aprestan a conmemorar de forma unitaria, porque el significado de su vida se sitúa por encima de cualquier vinculación partidaria, en la defensa incondicional de Galicia".

585 Por orden alfabético como figura na nota de prensa publicada en *La Voz de Galicia*: "Doce fuerzas políticas gallegas acordaron conmemorar la muerte de Bóveda, en Pontevedra", 10/08/1977, p.32

586 Resúltanos curioso que na crónica de *La Voz de Galicia* fálase de que é a primeira vez que se unen para a homenaxe: "Por primera vez desde haciá años, toda la izquierda participó en el acto unitario" Non sabemos se está mal redactado e ao que se refire é que había anos que en xeral a oposición non acudía unida a un acto. Ou se se refiren a un posible acto anos anteriores, do que por agora non temos noticias, máis que o de 1966 que non semellaba acto unitario dos partidos. En "Unas dos mil quinientas personas de toda Galicia rindieron homenaje a Alexandre Bóveda", *La Voz de Galicia*, 18/08/1977, p.19.

Esta homenaxe unitaria a Alexandre Bóveda pode entenderse no *shock* que produciron os resultados destas eleccións. O fracaso estrepitoso da esquerda nacionalista que acudira esfarelada e que non alcanzara a conseguir ningún representante, e o triunfo electoral do partido que, en definitiva era herdeiro do réxime franquista, a UCD. Na Táboa 9 podemos consultar o total das doce organizacións políticas que asinaban o acordo no que, ademais de expresar esa vontade de unidade facendo un chamamento ao "pobo galego pra participar na concentración", incluíase outra mensaxe de transcendental importancia:

> As forzas firmantes queremos que este acto sirva tamén pra rendir homenaxe a Benigno Álvarez, Manolo Ponte, Daniel e Amador, Moncho Reboiras e de demais caídos na loita en defensa do pobo galego e dos seus dereitos nacionais[587].

Desta declaración de intencións resaltan dúas cuestións. Por unha banda a introdución do termo "dereitos nacionais" que nos volve retrotraer á relevancia das vítimas como símbolos para o presente. Por outra banda a inclusión deste listado de vítimas, que podería lerse en termos da chegada a un consenso entre as organizacións políticas para que todas sentisen que eran "as súas vítimas", pero tamén nun intento por amosar as diferentes formas de exercer a violencia do réxime franquista.

Táboa 10. As outras vítimas na homenaxe



Fonte: Base de datos Nomes e Voces, blog Ordes Stories, Mundo Obrero, Fundación Moncho Reboiras.

A conmemoración das mortes de Daniel e Amador, asasinados pola policía na folga de Ferrol de 1972, iniciouse nos seguintes anos, con minutos de silencio nas factorías de Ferrol e concentracións no cemiterio de Catabois e no lugar das mortes[588]. Pouco a pouco o 10 de marzo foi adquirindo maior carga simbólica, ao estilo do 1 de maio, cunha vinculación directa coa petición de amnistía, e altamente vinculado á CCOO, ata adquirir a denominación de Día da

[587] : "Doce fuerzas políticas gallegas acordaron conmemorar la muerte de Bóveda, en Pontevedra", *La Voz de Galicia,* 10/08/1977, p.32

[588] "Misa por los dos trabajadores muertos en los sucesos de Ferrol", *La Voz de Galicia*, 11/03/1973, p.15.

Clase Obreira Galega en 1979 (Gómez, 2022, p. 34)[589]. Tres anos antes, en marzo de 1976 tivera lugar un funeral, e unha congregación no cemiterio que a prensa cifraba en arredor de dúas mil persoas[590]. E no 77, meses antes desta homenaxe a Bóveda, tivera lugar no cemiterio de Catabois un acto de memoria en lembranza destas dúas vítimas dun xeito público e masivo, coa asistencia de entre dúas e tres mil persoas, que colocaran caraveis vermellos sobre as súas tumbas. Nela o protagonismo era do PCG e CCOO que como diciamos patrimonializaban estas vítimas, co discurso do secretario xeral do sindicato Manuel Amor. Son especialmente relevantes as palabras que na crónica publicada en prensa, se transcribían do mesmo, no que facía un chamamento "pra facer un esforzo e que nosos peitos non anide espíritu de revancha, si de xusticia. Temos que conseguir as libertades pra todos sin esclusións, que non haxa máis represalias. Todos queremos paz, e tranquilidade". O orador terminara dando as grazas aos asistentes e pedindo que chegase a "deseada reconciliación nacional"[591]. Dos elementos do discurso da reconciliación que eran parte xa do discurso do comunismo dende aquela Declaración pola Reconciliación Nacional de 1956, destaca a apelación a "non revancha", presente tamén naquela declaración e que enarboraron posteriormente as forzas franquistas[592]. Por outra banda, estaban presentes tamén nas accións memoriais arredor de Amador e Daniel a reivindicación do non esquecemento, por exemplo na pancarta que colocaron un grupo de estudantes no cruce das Pías " Non nos esquecemos de Amador e Daniel"[593].

Outro dos homenaxeados xunto a Bóveda neste 17 de agosto de 1977 foi Moncho Reboiras, militante da UPG asasinado tamén en Ferrol no verán do 75, momento no que se converteu nun novo "mártir". No seu enterro :

> "Asistiu a xente toda da aldea porque o que sabían é que morrera Pepe, o fillo da Generosa. Había unha vixilancia policial discreta. O cadaleito foi acompañado andando e percorreu a aldea até o cemiterio", di Manolo Reboiras, que recorda que asistiron algúns compañeiros da zona, entre eles Carlos Rodríguez Otero, (...) levaba un enorme ramo "feito con hortensias e caraeis para que compuxeran unha estreleira", conta Nati Rodríguez. Os dous seguiron levando flores á súa tumba todas as semanas. "Nós e máis xente, até que os pais nos dixeron que non levaramos nada, que andaban vixiando quen ía"[594].

A partir do ano seguinte á súa morte, como tamén pasara co fusilado en setembro do 75 Humberto Baena, realizáronse homenaxes anuais na súa memoria[595]. Así, no primeiro cabodano tivo lugar no cemiterio de Imo, en Padrón, de onde era Reboiras, un acto na súa lembranza. Seguindo a mesma estrutura que o acontecido no caso de Baena, posterior a este acto produciuse

---

589 En realidade o 34 fai referencia ao parágrafo, xa que é un artigo que se consulta en liña. Recuperado de: https://journals.openedition.org/ccec/14014#bodyftn51 E en: "Dia de los trabajadores gallegos", *La Voz de Galicia,* 10/03/1979, p.52.
Homenaxe en 1978 cando o recordo dos sucesos de 1972 tiveron como momentos centrais os recordos e ofrendas florais en lembranza de Amador e Daniel. En "Ferrol: Más de dos mil personas conmemoraron el VI aniversario de marzo de 1972", La Voz de Galicia, 11/03/1978.

590 "Varios trabajadores hicieron uso de la palabra en el cementerio de Catabois", *La Voz de Galicia,* 11/03/1976, p.13.

591 "Ferrol: silencio y emoción en la jornada de recuerdo a Niebla y Rey", *La Voz de Galicia*, pp.29-30. Tamén en "Os traballadores lembraron os seus mortos", *Teima*, nº15, 24.31 de marzo de 1977, p. 5.

592 Nesta declaración ao falar da celebración do 18 de xullo sinalábase: "nuestra celebración, a su vez, significaba la reiteración de nuestra confianza en el restablecimiento de la democracia, la no aceptación de una derrota injusta, el legítimo orgullo de haber resistido heroicamente cerca de tres años a fuerzas superiormente armadas y –¿por qué no decirlo?– cierto ánimo de revancha.".

593 "Ferrol: silencio y emoción en la jornada de recuerdo a Niebla y Rey", *La Voz de Galicia*, pp.29-30.

594 Martínez, X. e Pereiro, X.M. (2021).*Reboiras, o camiño da rebeldía.* Aira, pp. 201-202.

595 En 1976, publicouse en prensa unha sinxela nota necrolóxica "os teus compañeiros non te esquecen". En Nota necrolóxica, *La Voz de Galicia*, 12/08/1976, p.29. e que se repite o ano seguinte, desta volta coas cualificacións "patriota revolucionario" e "militante da UPG". Nota en *La Voz de Galicia*, 12/08/1977, p. 50. No 78: *La Voz de Galicia*, 12/08/1978, p.13.

unha manifestación polas rúas de Padrón, prohibida polo Gobernador Civil, e que resultou con nove persoas multadas e dúas detidas[596]. Entre eles Anselmo López, que nese momento era secretario xeral do PSP, sancionado con vinte mil pesetas por ser "principal instigador y animador" dos actos[597].

Aínda que as homenaxes de maior impacto tiveron lugar nos anos oitenta, xa no 1977, isto é no segundo aniversario do seu asasinato, a UPG convocara na localidade de Imo (Padrón) a homenaxe a Moncho Reboiras, depositando sobre a súa tumba numerosos ramos de flores. Segundo a crónica recuperada acudiron ao mesmo máis de cincocentas persoas. Do desenvolvemento do acto destaca de novo a presenza da terminoloxía do martiriloxio nas palabras de Xosé María Brañas, "na miña terra cumpliráse a vontade dos mártires"[598] . Ademais neste segundo aniversario tamén se fixeran visibles na vila pancartas co lema "Non te esquencemos" e reunións e flores arredor do lugar onde Reboiras fora abaido a tiros en Ferrol[599]. O espazo da morte, o lugar de violencia, tamén foi lugar de homenaxe ao seguinte ano, en 1978[600].

Menos coñecidos eran os outros nomes, Manolo Ponte e Benigno Álvarez. O primeiro, Manuel Ponte Pedreira, coñecido como "o xastre", fora xulgado en Compostela por traizón co resultado de sentenza a cadea perpetua, participando en varios intentos de fuga. Ao saír do cárcere incorporouse á guerrilla chegando a ser un destacado líder en Galicia. Morreu cercado pola Guardia Civil na súa aldea de Fontao en 1947[601]. O segundo, Benigno Álvarez, do PCE e presidente da Federación Provincial Agraria, fuxido na serra de San Mamede, foi xulgado en Ourense e declarado en rebeldía. A súa morte durante a fuxida, sen rexistro documental, rematou co seu corpo exposto polas vilas e aldeas da man da Guardia Civil en 1937[602]. Aínda que comunista e membro do PCE posuía tamén unha ideoloxía achegada ao galeguismo, o que o situaban nunha posición de enlace para as negociacións e relacións cos galeguistas. O que tamén podería explicar a súa posición como unha figura destacada nesta homenaxe do 17 de agosto, nun acto onde a meirande parte das organizacións eran de cariz comunista, nacionalista, ou ambas. Atopamos pois un diverso abano de vítimas entre os nomes daqueles que acompañaban simbolicamente a Alexandre Bóveda na homenaxe deste ano 77.

Ademais, xa no acordo incluíanse cales serían os lemas que figurarían nas pancartas presentes na homenaxe. Deste xeito, como dispositivo simbólico na estrutura do marco desta acción colectiva apareceron dúas consignas. En primeiro lugar "Mártires galegos, sementes de liberdade", que seguindo a estela da construción realizada no exilio, identifica ás vítimas cos mártires pola liberdade de Galicia, un exemplo para o futuro. Esta cuestión ten un fondo calado nesta acción colectiva, cando era á vez acción memorialista, e entraba tamén na trama política dun momento no que se facía un chamamento á unidade da esquerda, establecéndose incluso un referente na Fronte Popular.

---

596 "Nueve personas, multadas por el Gobierno Civil de La Coruña", *La Voz de Galicia*, 17/09/1976, p. 29.
597 "El PSP de Orense protesta por una sanción impuesta a su secretario por el gobernador civil de La Coruña", *La Voz de Galicia*, 23/09/1976, p.18. e "Confirmada una multa gubernativa a un dirigente del PSPG", *La Voz de Galicia,* 08/02/1977, p.46.
598 "UPG recordó en el cementerio de Imo (Padrón), al muerte de Moncho Reboiras", *La Voz de Galicia,* 13/08/1977, p. 18.. Tamén se da conta doutra homenaxe da organización LCR no mesmo lugar.
599 "Ferrol: segundo aniversario de la muerte de Moncho Reboiras", La Voz de Galicia, 13/08/1977, p. 42.
600 "Ferrol: actos en recuerdo de Moncho Reboiras", *La Voz de Galicia,* 13/08/1978, p.18
601 Base de datos Nomes e voces. http://vitimas.nomesevoces.net/gl/buscar/?buscar=manuel+ponte+pedreira
602 Prol, S. (2008). *Benigno Alvarez. Un comunista na Galiza dos anos 30.* A Nosa Terra. E en Proxecto Nomes e Voces: http://vitimas.nomesevoces.net/gl/ficha/10513/

Neste mesmo senso, o segundo lema que se acordaba empregar era a frase de Castelao "Galicia deixará de loitar pola súa liberdade cando a conquira". Así mesmo, poderían amosarse bandeiras de Galicia e os símbolos dos partidos presentes no acto. Pola contra, deberían evitarse "otro tipo de pancartas que aludan a temas que puideran ser conflictivos en base a posibles alusiones a problemas de actualidad política"[603].

No momento no que se publicaba a nota de prensa conxunta, non se tiña aínda resposta do Gobernador Civil, pese a que pola documentación interna que puidemos consultar este xa tiña decidido o sentido da autorización. Así, en comunicación do día 9 de agosto ao Comisario Jefe Provincial del Cuerpo General de Policía, o gobernador informaba de que se autorizaría "por silencio administrativo"[604].

A noticia da autorización fíxose pública na véspera da homenaxe, nunha nova en prensa na que ademais se informaba sobre a recepción de diversas notificacións de organizacións políticas que se adherían ao acto, como o da Agupación Socialista de Vigo[605], as Xuventudes Comunistas[606] ou organizacións culturais como o Patronato do Pedrón de Ouro[607].

Días antes da homenaxe, faino o PCOE liderado por Enrique Líster, quen neste momento aínda se atopaba no exilio[608].

> Nós como comunistas revolucionarios apoiamos este acto unitario, e queremos que sirva de lembranza a tódolos militantes, nacionalistas comunistas, socialistas e de outras ideoloxías que opuxeron resistencia activa o feixismo e que caeron na defensa dos dereitos nacionales e sociales da nosa patria[609].

O comunicado era entregado nas dependencias de *La Voz de Galicia* en Santiago de Compostela pola irmá de Líster, que participaría tamén na propia homenaxe cun ramo de caraveis vermellos[610]. Este feito, que ata podería semellar anecdótico non o é se comprendemos, no mesmo senso que o fixeron os estudosos do movemento memorialista en Navarra e La Rioja, o posible efecto contaxio que esta homenaxe podería ter producido en Aurora Liste. Ela, soamente un mes despois, organizou unha homenaxe semellante no cemiterio de Boisaca, en Compostela (ver 3.3.3.3.).

O mesmo día 17 de agosto, no transcurso do acto a Bóveda fíxose pública a lista das organizacións convocadoras que finalmente sumaron un total de dezaseis partidos políticos[611]. Por outra banda, no acto tamén se leron telegramas e cartas de adhesión de persoeiros como Pablo Piñeiro Vázquez, alcalde de Caldas de Reis pola Fronte Popular no 36, condenado por auxilio á rebelión, fuxido e exiliado finalmente en Arxentina[612], ou dos deputados e senadores do PSOE que se desculpaban por non participar presencialmente na homenaxe (un dato que non

---

603 "Doce fuerzas políticas gallegas acordaron conmemorar la muerte de Bóveda, en Pontevedra", *La Voz de Galicia,* 10/08/1977, p.32.
604 Arquivo Subdelegación de Pontevedra, Fondo Goberno Civil, *sin* ASGP 904.
605 "Asamblea de la Agrupación Socialista de Vigo", *El Pueblo Gallego,* 14707/1977, p.11.
606 "Autorizado el acto en memoria de Alexandre Bóveda", *La Voz de Galicia*, 16/07/1977, p.15.
607 "Pedrón de Ouro", *El Pueblo Gallego*, 19/07/1977, p.15.
608 As adhesións públicas ao acto eran variadas, coñecemos algunhas delas polas súas publicacións en prensa e tamén por terse recitado no propio acto.
609 "O Partido Comunista Obreiro Español sumase ao homaxe a Alexandre Boveda", *La Voz de Galicia,* 12/08/1977, p.22.
610 Entendemos que estas declaracións fainas a irmá Aurora Liste, que vai a homenaxe o día 17 en Pontevedra, aínda que na nova non se especifica. En: "O Partido Comunista Obreiro Español sumase ao homaxe a Alexandre Boveda", *La Voz de Galicia,* 12/08/1977, p.22.
611 Engadíanse ao acordó inicial: PCOE, a organización democristiá do vello galeguista Xaime Illa, o Partido Popular Galego (PPG) ou o PGSD, onde precisamente militaba o solicitante do acto no 76, Xosé Luís Fontenla.
612 Base de datos Nomes e Voces. http://vitimas.nomesevoces.net/gl/ficha/509

é fútil e ao que volveremos ao analizar a posición do PSOE nas accións memoriais) así como notas de adhesión de diferentes localidades da rexión[613].

Retrotraéndonos aos preparativos do acto, ademais da reunión do día 9 en Compostela, na xornada anterior á homenaxe, esta vez en Pontevedra, producirase outra reunión de interese entre as organizacións convocadoras. Nela ultimáronse os detalles, e en concreto quen serían os oradores. Quizais tratábase da xuntanza que Adrio lembraba na súa autobiografía[614]. Dende o día 6 de agosto e ata o último anuncio no mesmo día da homenaxe, os oradores fóranse modificando. Os únicos que se mantiveron ata o final foron o propio Gonzalo Adrio, o fillo de Bóveda, Xosé Luís Bóveda, e Darío Álvarez Blázquez. As modificacións na listaxe de oradores incluían a eliminación de dous deles, Jose María Mella Márquez, ao que xa nos referimos como solicitante do recibimento a Santiago Álvarez en Vigo no anterior ano, e polo tanto achegado á PCG, e Claudio López Garrido, militante do PSG. Ambos completaban o conxunto de oradores que figuraban na solicitude ante as autoridades, e días despois desaparecían do listado final[615].

O día anterior ao acto, e polo tanto antes da reunión das organizacións políticas convocadoras, xa figuraba en prensa un novo nome, que como poderemos recordar, pertencía a un persoeiro destacado no exilio galego, Ramón de Valenzuela. Ademais, na citada reunión sairían catro novos nomes que virían a completar o conxunto de participantes no acto e que actuarían como representantes unitarios da convocatoria. Comprendemos esta selección dos oradores como parte do xogo de poder subxacente entre as diversas organizacións, logrando situar un ou outro discurso no acto.

A vocación unitaria e de esforzos polo consenso pode verse nas palabras de Gonzalo Adrio, quen actuou como presentador do acto, e sinalaba que non se faría referencia aos nomes dos oradores, exceptuando o fillo de Bóveda posto que "os que falamos por conseguinte, facémolo en nome de tódalas organizacións pra darlle ao acto o carácter unitario que ten"[616]. Pero a vinculación política de cada orador fíxose evidente na prensa. De xeito que Francisco Javier Yuste Grijalba representaría ao PSOE[617], Gonzalo Adrio ao PSPG, Xesús do Campo vinculábase co MCG e Francisco Carballo coa ANPG[618].

Se nos fixamos na actuación policial do acto, podemos deternos na comunicación do mesmo día 17 onde o Gobernador Civil solicitaba ao Comandante Jefe da Policía Armada de Vigo que se "desplace una Sección anti-disturbios, de esa localidad a esta capital a las 17 horas del día de la fecha, al objeto de una posible prestación de servicio y que regresaría a su destino en el mismo día de hoy"[619] . Finalmente as forzas da orde non chegaron a intervir, manténdose nas aforas do cemiterio cun "jeep" da Policía Armada e outra da Guardia Civil[620]. Tampouco

[613] As cartas de adhesión dos deputados do PSOE e do alcalde no 36 de Caldas de Reis serían lidas polo orador Javier Yuste o resto por Gonzalo Adrio. (En"Homenaje a Alexandre Boveda en Pontevedra", *Faro de Vigo,* 18/08/1977, p.9.),

[614] "Esta tarde, homenaje a Alexandre Bóveda en el cementerio de San Mauro de Pontevedra", *La Voz de Galicia*, 17/07/1977, p.30.

[615] Solicitude do día 6 de agosto ante o gobernó civil en: Arquivo Subdelegación de Pontevedra, Fondo Goberno Civil, *sin* ASGP 904, os oradores (Gonzalo Adrio, Darío Álvarez, Xosé Luís Bóveda, Jose María Mella, e Claudio López). Jose María Mella Marquez non volve aparecer na documentación analizada, si o fai Claudio López Garrido en "Autorizado el acto en memoria de Alexandre Bóveda", *La Voz de Galicia,* 16707/1977, p.15.

[616] "Unas dos mil quinientas personas de toda Galicia rindieron homenaje a Alexandre Bóveda", *La Voz de Galicia,* 18/08/1977, p.19.

[617] "Esta tarde, homenaje a Alexandre Bóveda en el cementerio de San Mauro de Pontevedra", *La Voz de Galicia,* 17/07/1977, p.30.

[618] Quedarían sen vinculación partidaria Uxío Novoneyra, descrito como poeta e Darío Álvarez como "cuñado" de Bóveda. En "Unas dos mil quinientas personas de toda Galicia rindieron homenaje a Alexandre Bóveda", *La Voz de Galicia,* 18/08/1977, p.19.

[619] Arquivo Subdelegación de Pontevedra, Fondo Goberno Civil, *sin* ASGP 904.

[620] "Ayer en el cementerio de San Mauro", *La Voz de Galicia*, 18/07/1977, p. 20.

semella que interviñeran nas accións que se realizaron no centro de Pontevedra unha vez finalizada a homenaxe.

Volvendo as memorias de Adrio, este describe unha cuestión de interese ocorrida cando el mesmo solicitara o permiso da homenaxe ante o Gobernador. O que, en primeiro lugar podería parecer unha contradición co feito documental, posto que na solicitude ante o Goberno Civil que se puido consultar aparece Alfonso Rivas (PSG) como solicitante. Pero comprendemos que esta solicitude de Adrio produciuse fóra das vías administrativas, como un contacto informal, quizais por algún tipo de relación persoal co Gobernador, que permitiría a negociación para a concesión do permiso. Algo que nos volve retraer ao caso da homenaxe a Castelao, e aquela intensa comunicación que durou meses entre os organizadores e o Gobernador da Coruña. Neste caso Adrio lembra como o Gobernador explicáralle a súa idea de enviar ás forzas da orde ao acto.

> Le rogué que no lo hiciera pues sería contraproducente, que yo respondía que no habría ningún incidente, como así fue. Me dijo que mandaría alguna fuerza pero que no estaría a la vista. Más tarde el Gobernador me felicitó y yo le contesté que si había garantizado el orden era por conocer a todos y saber que todas las fuerzas políticas constituíamos una oposición responsable[621].

A acción de memoria realizada o 17 de agosto de 1977 na praza da capela de San Mauro e no interior do seu cemiterio ten unha importancia transcendental no conxunto desta investigación doutoral. Era a primeira vez que se realizaba unha homenaxe a Bóveda en Galicia, no cemiterio onde repousaban os seus restos mortais, a primeira vez que se facía memoria baixo a conformidade das autoridades, revestida de silencio administrativo, e posiblemente tamén a primeira vez que se lograba congregar a tanta xente[622].

USC

[621] Adrio, G. (2004). *Sin odio, sin rencor, pero el recuerdo vivió.* Ediciós do Castro, p. 278.
[622] A única homenaxe anterior a de Tui, pero polas crónicas entendemos que foi menor , tratarémola en seguintes apartados.

Imaxe 17. Fotografías do acto de homenaxe en San Mauro, 17 de agosto de 1977



Fonte: *La Voz de Galicia.*

Esa relevancia pode apreciarse nos pequenos detalles, como cando nunha das crónicas en prensa aludíase aos numerosos mozos "que aún no habiendo nacido en aquella noche fatídica de 1936 vendían "posters" de Alexandre Bóveda, para recaudar fondos necesarios para seguir la obra del maestro"[623]. Esta anécdota é, en si mesma, proba do significado da figura de Bóveda, pero tamén da dun acto que era un exercicio colectivo de memoria, para as vítimas e familiares que sentiran no seu propio corpo a violencia do 36, pero tamén para aquelas novas xeracións ás que esa memoria traumática lles fora negada.

Lemos esta homenaxe en dous sentidos, como un acto de memoria, no sentido do recordo e homenaxe ás vítimas, máis tamén de memoria comprendida como un valioso exemplo para o tempo presente. Isto queda moi ben reflectido na crónica que asinou Victor Freixanes:

> El acto tenía fundamentalmente dos dimensiones: por una parte, se trataba de rendir homenaje en la figura del líder galleguista a todos los muertos, condenados o paseados, víctimas de la guerra civil en el bando republicano. En Galicia no hubo frentes de guerra, sino una intensa represión interna, y la figura de Alexandre Bóveda, (...) es un ejemplo de las intensas acciones de retaguardia. (...)El segundo aspecto a subrayar es la propia convocatoria del acto suscrito unitariamente por la gran mayoría de los partidos políticos de la izquierda gallega sin exclusiones importantes, desde el P.S.O.E. a la U.P.G. El hecho es significativo quizá de una actitud que no había cristalizado, sin embargo, ni

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

623 "Ayer en el cementerio de San Mauro", *La Voz de Galicia,* 18/07/1977, p. 20.

> siquiera el pasado 25 de junio cuando se trataba de celebrar en Compostela el día Da Patria Galega. La personalidad histórica de Alexandre Bóveda, que se distinguía por una capacidad de organización y que fue inspirador de las líneas económicas del P.G. e incluso del Estatuto, consiguió en esta ocasión unir a la dividida izquierda gallega bajo un cielo lluvioso de agosto.[624]

Estas dúas dimensións, a homenaxe ás vítimas e a convocatoria unitaria da esquerda galega, poderían comprenderse nun mesmo plano, atendendo a que todo memorialismo ofrece sempre unha lectura para o presente. Así, na figura de Bóveda estaría a reivindicación da memoria, a denuncia da negación do seu asasinato e estaría tamén a súa exemplaridade para o presente, sendo "bandeira de unidade"[625], no sentido daquel memorialismo europeo da IIGM e os principios da "non repetición".

Unha filosofía que defendeu Xosé Luís Bóveda Álvarez na súa intervención. El, como fillo de Bóveda foi o único, que seguindo as instrucións de Gonzalo Adrio, presentouse co seu nome e foi aplaudido ao final. O resto do tempo reinou o silencio e procurouse que as demais persoas falasen dende unha representación coral e, por tanto, case anónima[626]. Pasaban as seis da tarde, e miles de persoas congregábanse na explanada da capela de San Mauro, a uns metros da entrada ao cemiterio[627]. As cifras de asistencia basculan entre as dúas mil cincocentas e as cinco mil persoas[628]. O carácter de acto de unidade a nivel nacional tamén podería entreverse na orixe desas persoas, segundo as crónicas, non só eran de Pontevedra senón que procedían de diversos puntos de Galicia[629]. Atopándose entre eles os principais líderes dos partidos, así como moitos escritores e artistas[630]. Entre o público, distinguíanse as pancartas que foran acordadas días antes, "Mártires galegos, sementes de liberdade" e "Galicia deixará de loitar pola súa liberdade cando a conquira". Pero tamén a que rezaba: "Amnistía total. Volta dos esilados". Eran, así mesmo, numerosas as bandeiras e símbolos dos diferentes partidos políticos, así como as bandeiras galegas, ademais, tamén se vía algunha republicana, comunista e incluso a icurriña[631].

O acto desenvolveuse primeiramente no exterior do cemiterio, segundo se describía na solicitude, na explanada ao lado da capela de San Mauro, a poucos metros da entrada do camposanto. Para o mesmo dispúxose un palco onde falaron os oito oradores, concluíndo o fillo de Bóveda, que rematou cun "Viva Galicia Ceibe!" que foi aclamado pola multitude durante máis dun minuto, rompendo pois ese silencio que ata a súa intervención fora predominante, como así pedira o primeiro dos participantes, Gonzalo Adrio[632]. Antes de marchar cara o

---

[624] Freixanes, V. "Pontevedra: homenaje al líder nacionalista gallego Alexandre Bóveda", *Informaciones,* 18/08/1977

[625] Moi cristalino na crónica de *El País* : Bóveda como "bandera de unidad". "La figura de Bóveda ha conseguido que se celebre el primer acto unitario de la oposición gallega después de las elecciones." En: González, G. "La oposición gallega homenajeó ayer a Alexandre Bóveda", *El País*, 18/08/1977. https://elpais.com/diario/1977/08/18/espana/240703214_850215.html

[626] Conxunto de oradores: Gonzalo Adrio, Darío Álvarez, Xosé Luís Bóveda, Xesús Docampo, Ramón de Valenzuela, Uxío Novoneyra, Francisco Carballo Calero, Javier Yuste.

[627] A descrición da homenaxe construímola a través da análise das diversas crónicas do acto, das fontes hemerográficas (*La Voz de Galicia, Faro de Vigo, Diario de Pontevedra, El País, Informaciones*). Incluíremos unicamente en citas aquelas cuestións concretas que extraemos dunha das crónicas ou que é contraditoria coas demais.

[628] Dúas mil cincocentas (*La Voz de Galicia*: "Unas dos mil quinientas personas de toda Galicia rindieron homenaje a Alexandre Bóveda", 18/08/1977, p.19.) , máis de tres mil (*Diario de Pontevedra*: "Más de tres mil personas en el homenaje póstumo a Alejandro Bóveda", 18/08/1977; *El País*: González, G. "La oposición gallega homenajeó ayer a Alexandre Bóveda, 18/08/1977)) , catro mil (*Faro de Vigo*: "Homenaje a Alexandre Boveda en Pontevedra", *Faro de Vigo*, 18/08/1977, p.9) e cinco mil (*Informaciones*: Freixanes, V. "Pontevedra: homenaje al líder nacionalista gallego Alexandre Bóveda", 18/08/1977).

[629] En: "Más de tres mil personas en el homenaje póstumo a Alejandro Bóveda", *Diario de Pontevedra*, 18/08/1977; "Homenaje a Alexandre Boveda en Pontevedra", *Faro de Vigo*, 18/08/1977, p.9. Nota: incluída na sección España; González, G. "La oposición gallega homenajeó ayer a Alexandre Bóveda", *El País,* 18/08/1977.


[630] Ademais segundo a crónica de *La Voz de Galicia* faltarían os líderes de UPG e PPG.

[631] "Unas dos mil quinientas personas de toda Galicia rindieron homenaje a Alexandre Bóveda*", La Voz de Galicia,* 18/08/1977, p.19.

[632] "Homenaje a Alexandre Boveda en Pontevedra", *Faro de Vigo,* 18/08/1977, p.9.

cemiterio cantouse o himno galego, finalizándoo con outro berro a prol da liberdade de Galicia que tamén foi contestado "clamorosamente"[633].


Gráfico 35. Desenvolvemento da homenaxe a Alexandre Bóveda, 17 de agosto de 1977



Fonte: elaboración propia.

Finalizado o acto no exterior, comezou a ofrenda floral. Deste xeito, a meirande parte dos participantes entraron no cemiterio, marchando cara o panteón onde estaban os restos mortais de Alexandre Bóveda[634]. O protagonismo da familia de Bóveda, coa intervención principal do fillo, acentuouse á hora da ofrenda floral.

Imaxe 18. Deseño da lápida realizada por Alexandre Bóveda



Fonte: Alonso (2004), p. 82.

[633] "Homenaje a Alexandre Boveda en Pontevedra", *Faro de Vigo,* 18/08/1977, p.9. Antes de cantar o himno subiría de novo ao palco Gonzalo Adrio para ler telegramas de apoio.
[634] *Diario de Pontevedra* fai referencia a que os restos foran trasladados a un novo panteón, o que podería explicar a cuestión da nova placa (que el mesmo fixera) e que se tería colocado finalmente neste ano. Pero é información sen contrastar e sen detallar, polo de agora.

Fronte ao panteón, Amalia Álvarez ensinou á multitude a lápida que o propio Bóveda deseñara antes de ser asasinado (Imaxe 18). Xa o ano anterior, a prensa fixérase eco da intención da familia de colocar unha reprodución dese deseño que Bóveda bosquexara na mesma madrugada do seu fusilamento[635]. Este apareceu publicado en 1982 na biografía de Bóveda escrita por Xosé María Álvarez Blázquez, a cal foi secuestrada pola propia empresa editora, o Banco Noroeste[636].

Na homenaxe do 77, e antes de ser colocada na súa tumba, a lápida era izada por Amalia ante un panteón repleto por miles de persoas. Así mesmo colocouse unha coroa de flores coas cintas das cores da bandeira galega[637]. A esta seguírona as flores e coroas das diversas forzas políticas participantes. Entre elas, unha das coroas tiña a seguinte inscrición "Alexandre Bóveda, non te esquecemos", unha mensaxe habitual nun proceso de dó pero que neste caso adquire unhas connotacións especiais[638]. Sorprende tamén a mención en prensa ao ramo de caraveis vermellos que Aurora Liste depositou na tumba de Bóveda e que podería entenderse como o antecedente necesario para a acción que ela levou a cabo un mes despois[639].

As alusións á memoria, e ao non esquecemento, marcaron sen dúbida a homenaxe. Á linguaxe empregada e ás reivindicacións que se escoitaron ese día accedemos unicamente a través da crónica de *La Voz de Galicia*. Cabe puntualizar como este foi o único xornal onde os discursos se reproduciron entre comiñas, isto é, foron extraídos de xeito textual do que dixeron os participantes. Nos demais casos realizáronse resumos das intervencións que hai que ler axeitadamente. Así, por exemplo, se atendemos ao manifestado por Ramón Valenzuela, se seguimos o redactado en *Faro de Vigo*, este simplemente aludiu "a la muerte de Alexandre Bóveda". Pero se lemos o que terían sido as súas palabras textuais:

> Ramón de Valenzuela, del PCG, mencionó el "asesinato con premeditación levada hastra os últimos extremos" y se refirió a otros veinticinco mil más[640].

Este pequeno fragmento suxírenos unha determinada forma dende onde ler o acontecido, moi semellante ao que era habitual no exilio. O que tamén estaría presente noutros discursos, como o de Xesús Docampo, que falaba dun asasinato polo feixismo, e de que "a lembranza de Alexandre Bóveda merece en toda xusticia permanecer enteira e nidia"[641]. Nos discursos que puidemos analizar deste día non predominou, por tanto, a linguaxe da reconciliación, que si resultou predominante noutros contextos memorialistas, sobre todo co devir dos anos. Isto exemplifícase, por exemplo, na descrición do acontecido como un "asasinato fascista". E aínda que predominaba a figuración de Bóveda como mártir, e como símbolo dos demais mártires que loitaron pola liberdade, tamén identificamos nesta homenaxe outros termos como o de vítimas.

---

635 Non queda meridianamente claro se finalmente se colocou a orixinal, unha réplica ou quedou pendente"de que la familia hará una reproducción para colocarla en el panteón familiar " en " Ofrenda floral sobre la tumba de Alejnadro Bóveda", *Diario de Pontevedra,* 18/08/1976. E "La familia tiene el propósito de colocar en el panteón donde descansan los restos de Bóveda la reproducción de una placa hecha por él mismo, en la que se podía leer: Alexandre Bóveda, 17-8-36" en González, G. "Coronas con la bandera de Galicia para Alexandre Bóveda", *El País,* 18/08/1976. https://elpais.com/diario/1976/08/18/espana/209167209_850215.html

636 Achegámonos ao deseño a través da reprodución presente no libro de Xesús Alonso Montero (2009): *Cartas de republicanos galegos condenados a morte (1936-1939).* Edicións Xerais, p.82.

637 "Homenaje a Alexandre Boveda en Pontevedra", *Faro de Vigo*, 18/08/1977, p.9

638 *Íbidem.*

639 "Ayer en el cementerio de San Mauro", *La Voz de Galicia*, 18/07/1977, p. 20.

640 "Unas dos mil quinientas personas de toda Galicia rindieron homenaje a Alexandre Bóveda", *La Voz de Galicia,* 18/08/1977, p.19.

641 *Íbidem.*

Darío Álvarez Blázquez, fillo do tamén asasinado Darío Álvarez Limeses e quen case un ano antes participara nun acto de homenaxe aos fusilados na Alameda de Tui, na súa intervención pedía a construción en Pontevedra dun monumento a Bóveda en representación de todos os mártires galegos[642]. Como veremos, van pasar case dez anos ata que este monumento sexa unha realidade.

Tamén tardou anos en materializarse de xeito formal o que neste ano 77 constituíu unha acción disruptiva e ilegal enmarcada dentro dun repertorio de acción moi relevante: o da modificación da simboloxía. Esta tivo lugar despois da homenaxe, xa no centro de Pontevedra, onde arredor das oito e media da tarde unhas duascentas persoas se congregaron na praza da Ferrería, que dende o golpe levaba o nome de Plaza del Generalísimo Franco. A acción consistiu na eliminación simbólica do nome desta praza. Así, enriba do rótulo colocouse un novo letreiro que rezaba Plaza de Alexandre Bóveda e aos seus pés colocouse un coroa de follas de carballo. Na crónica que recollía este acto, puntualizábase que estas follas eran o símbolo do PSG, polo que poderíamos considerar a súa iniciativa na acción, como crónicas posteriores confirmarán. Por último cantouse o "Venceremos Nós" e o "Himno Galego", remarcando así, a simboloxía de oposición ao réxime[643].

O ano seguinte, 1978, cando xa as homenaxes memorialistas sufriran unha notable redución, repetiuse a homenaxe e tamén o cambio na placa do Generalísimo, non así o seu carácter unitario. Pese ao amago de unión que supuxera a homenaxe a Bóveda do 77, a división na esquerda nacionalista retornou no seguinte ano, á vez que se constituíu en abril do 78 a pre-autonomía galega na forma dunha Xunta de Galicia provisional presidida polo franquista Antonio Rosón. Este, como veremos con detalle, reivindicou a autonomía o 28 de xuño de 1978, no aniversario do referendo de autonomía de 1936 e proclamou o Día de Galicia, no 25 de xullo, ata ese momento coñecido como Día da Patria Galega. Nese contexto, cos partidos da esquerda nacional vivindo isto como unha usurpación dos símbolos para acadar unha autonomía descafeinada, celebrouse unha homenaxe a Bóveda que se dividiu en dous actos.

A homenaxe convocada polo PSG levou por primeira vez, en Galicia a denominación "Día da Galicia Mártir".

> Pro, os verdugos fracasaron. Pois que non foron quen de maior fazaña que apreixar riquezas trampeadas co crime sobre das suas conciencias. E o Bóveda, morto, trunfou. Velaí o nacionalismo galego, a medrar e ase afiuzar arreo. Comprenderase que fagamos memoria cada 17 de agosto da rincleira de irmans mortos por Galicia. Semente da que somos froito. Pra todos eles- con Alexandre Bóveda á cabeza o reconocemento da nosa débeda neste Día da Galicia Mártir a promesa da fidelidade á súa manda. Lograremos a permanencia da Nación Galega e acadaremos a xusticia pra o pobo galego ao que pertencemos[644].

O fragmento transcrito na anterior parágrafo corresponde ao manifesto do PSG asinado o 17 de agosto de 1978 e que posiblemente fose o que se difundiría na propia homenaxe realizada

[642] "Más de tres mil personas en el homenaje póstumo a Alejandro Bóveda", *Diario de Pontevedra,* 18/08/1977; "Unas dos mil quinientas personas de toda Galicia rindieron homenaje a Alexandre Bóveda", *La Voz de Galicia*, 18/08/1977, p.19.;
[643] "Ayer en el cementerio de San Mauro", *La Voz de Galicia*, 18/07/1977, p. 20. Tamén presente mención a esta acción en Freixanes, V. "Pontevedra: homenaje al líder nacionalista gallego Alexandre Bóveda", *Informaciones*, 18/08/1977. En *Diario de Pontevedra* faise referencia existencia dun mítin na alameda "en la que intervinieron diferentes oradores que glosaron la vida y la obra de Alejandro Bóveda". Polo de agora non temos máis información ao respecto. En: "Más de tres mil personas en el homenaje póstumo a Alejandro Bóveda", *Diario de Pontevedra*, 18/08/1977
[644] Documento PSG (17 de agosto de 1978) cedido por J.M. Monterroso.

ese mesmo día[645]. A decisión para a realización da homenaxe baixo esta denominación acordouse na comisión executiva do PSG, atendendo ao debuxo de Castelao no *Galicia Mártir, A derradeira lección do mestre*[646]. Conectábase así coas celebracións memoriais nadas no exilio (ver Capítulo 2).

Imaxe 19. Colocación do rótulo da Plaza de Alexandre Bóveda, Pontevedra



Fonte: *A Nosa Terra,* nº27, 31 de agosto a 7 de setembro de 1978, p. 20[647].

A homenaxe dividiuse en dous momentos diferentes. Primeiramente realizouse unha ofrenda floral no camposanto de San Mauro e posteriormente, un acto público na praza da Ferrería no que interveu o fillo de Bóveda e tres militantes do PSG. Entre eles Claudio López Garrido, quen volveu aludir os mártires galegos que convocan "a todos los nacionalistas a luchar por la liberación de Galicia" [648]. O acto rematou co himno galego como tamén o fixo a outra homenaxe celebrada ese mesmo día, organizada polo BNPG, no mesmo camposanto de San Mauro[649]. Desta volta interveu Francisco Carballo e Pilar Allegue quen destacaba "a entrega militante de Alexandre Bóveda, Castelao e Moncho Reboiras, significándoos como exemplos a seguir na loita de liberación da nosa Patria"[650].

Sobre a participación nestes actos, a fonte hemerográfica alude a un total de duascentas persoas na homenaxe do BNPG[651], e arredor de mil no acto do PSG no que "aparecían militantes

[645] González, G. "Homenaje a Alexandre Bóveda en Pontevedra", *El País,* 18/08/1978. https://elpais.com/diario/1978/08/18/espana/272239215_850215.html
[646] "El PSG recordará a Bóveda", *La Voz de Galicia*, 01/08/1978, p.21.
[647] Non podemos saber se a fotografía corresponde a ese ano 78 posto que a colocación xa se fixera tamén en 1977.
[648] Claudio López Garrido, Alfonso Rivas Fraga e Mario Orxales Pita. En: "El "Partido Socialista Galego" quiere tributar un homenaje a Alexandre Bóveda", *La Voz de Galicia,* 02/08/1978, p.29. "Los actos de ayer en recuerdo de Alexandre Bóveda", Diario de Pontevedra, 18/08/1978.
González, G. "Homenaje a Alexandre Bóveda en Pontevedra", *El País,* 18/08/1978. https://elpais.com/diario/1978/08/18/espana/272239215_850215.html
[649] Interesante a presenza da poesía nestes actos. Segundo crónica de *El Pais*, na homenaxe de PSG leríase un poema de Manuel María.
[650] "Los actos de ayer en recuerdo de Alexandre Bóveda", *Diario de Pontevedra*, 18/08/1978.
[651] *Ibidem.*

de partidos que no se habían sumado formalmente a la convocatoria"[652]. Entendemos que estes tentaran mobilizar de xeito masivo a militantes e simpatizantes, como así testemuña a carta de convite dirixida a Francisco Fernández del Riego na que a secretaria de organización da sección territorial de Vigo do PSG, Pilar Cereixo enfatizaba: "é sumamente importante a concurrencia masiva dos membros do PSG, así como das personas que podamos movilizar, a estes actos. Agardando que non falles e que fagas o posible porque asistan tamén familiares, amigos, simpatizantes..."[653].

O simbolismo de Bóveda, faise evidente na colocación do letreiro, no acto do PSG na Ferrería (Imaxe 19). Ao igual que se fixera no ano anterior, e converténdose no preludio do proceso que se desenvolveu a partir do ano seguinte, trala constitución dos primeiros concellos democráticos. Referímonos ao novo ciclo que se abriu a partir de 1979, onde o actor predominante foron as institucións, absorbendo as demandas de colectivos e, en definitiva, da sociedade civil.

Por tanto, o ciclo de accións institucionais que se iniciaron ao ano seguinte, en 1979, foi precedido de accións de modificación da simboloxía coma esta, na que o PSG tivo un importante protagonismo. Deste modo, foi neste ano 1978 cando fixo públicas demandas neste sentido en diversas vilas e cidades galegas. Así, na Coruña, en Fene e en Narón os comités locais do PSG dirixíanse ao pleno municipal para solicitar que se lle dedicase unha rúa ou praza a Alexandre Bóveda[654]. Precisamente en Ferrol o PSG xa sinalaba que se "quere lembrar de xeito especial a figura de Xaime Quintanilla, nacionalista galego, socialista e alcalde desta cidade"[655]. Como analizaremos con detalle ao final deste capítulo o PSG no caso da cidade da Coruña foi un paso máis alá nese ano 1978 propoñendo un cambio integral do rueiro a través do libro *As rúas da Cruña*[656].

O Día de Galicia Mártir inaugurado en 1978, continuou celebrándose nos seguintes anos, co liderado do PSG como continuador daquela tradición memorialista establecida no exilio co Día dos Mártires Galegos. Esa vocación fíxose aínda máis palpable ao ano seguinte, en 1979, cando, ademais da ofrenda floral fronte á tumba de Alexandre Bóveda, se depositaron flores na fosa común do cemiterio de San Mauro. Daquela, á homenaxe adheríranse tamén outros partidos e falaba o alcalde galeguista da cidade da Coruña, Domingos Merino. Abríase outra etapa, onde as homenaxes populares que foran dominantes no primeiro ciclo daban paso á emerxencia das accións institucionais, iniciativas dos concellos gobernados pola esquerda tralas eleccións de maio do 79[657] (Capítulo 4).

---

[652] González, G. "Homenaje a Alexandre Bóveda en Pontevedra", El País, 18/08/1978. https://elpais.com/diario/1978/08/18/espana/272239215_850215.html

[653] Arquivo Francisco Fernández del Riego, CA-074/001/051. Nota: esta carta sabemos que está dirixida a este destinataria pero parece unha carta xenérica, enviada á militancia, sendo encabezada por un xenérico "Compañeiro" e datada o 10 de agosto do 1978.

[654] "Una calle para Bóveda", *La Voz de Galicia*, 13/08/1978, p. 61 e "Una calle para Alexandre Bóveda", *La Voz de Galicia,* 19/08/1978, p.45

[655] *Ibidem.*

[656] Neste senso a AN-PG fai unha solicitude similar na cidade de Ourense, o MCG, o PS-PSOE, e outros colectivos como o Sindicato Galego de Traballadores da Hostelería, fan pública a través de notas de prensa, do seu recordo e homenaxe a Bóveda, pero sen participar formalmente, que saibamos, en ningunha homenaxe. En: "Cabodano de Alexandre Bóveda" *La Voz de Galicia,* 16/08/1978, p.45 (PARA O MCG); "Alexandre Bóveda", La Voz de Galicia, 17/08/1978, p. 53 (para o sindicato) , "El nombre de Bóveda a una calle", *El Pueblo Gallego,* 22/09/1978,p. 18 (ANPG) e "Ejecutiva del PSdeG-PSOE rendirá homenaje a Bóveda", *El Pueblo Gallego,* 18/08/1978, p. 20.

[657] "Hoy, actos en memoria de Alexandre Bóveda y cuantos dieron su vida por los mismos ideales", *Diario de Pontevedra*, 17 agosto 1979 e "Homenaje a la memoria de Alexandre Bóveda, ayer en San Mauro". *Diario de Pontevedra*. 18/08/1979.


En resumo, a homenaxe de Bóveda, dende a disrupción e a ilegalidade do ano 76, conformouse nunha importante acción memorial en 1977 coa asistencia de miles de persoas no camposanto de San Amaro. A homenaxe chegaba nese ano a outros cemiterios, estamos ante o momento álxido do ciclo da memoria traumática.

3.3.3.3. O momento álxido do ciclo: 1977

> Recordó por sus nombres a los socialistas fusilados, mientras el público aplaudía a cada uno de ellos. Soto diría, entre otras cosas, que las ideas no se matan y que cada uno de los desaparecidos habían sido semiente que habría de fructificar, de modo que siempre vivirá un socialismo para oponerse a cualquiera que quiera seguir explotando al hombre o restablecer una dictadura[658].

Este parágrafo é parte dunha crónica asinada por Fernando Ramos, o mesmo xornalista que tamén elaborara o artigo da homenaxe en Tui. A súa cobertura dos actos de memoria revela o peso de certos xornalistas para que a difusión memorialista se producise nos medios de comunicación xeralistas. Nesta describíase outra homenaxe que tivera lugar en Vigo o 27 de agosto de 1977, en concreto no cemiterio de Pereiró. Pasaran só dez días dende o acto unitario e multitudinario de homenaxe a Alexandre Bóveda en Pontevedra e se iniciaba un goteo de homenaxes que percorrerían boa parte do territorio galego. Todas elas posuíron uns elementos comúns que as configuran como unha tipoloxía definida de acción de memoria.

Gráfico 36. Elementos comúns nas homenaxes, 1977



Fonte: elaboración propia.

Plasmados no Gráfico 36, identificamos certos elementos que estiveron presentes na meirande parte das homenaxes que se realizaron durante este ano en Galicia. O cemiterio como espazo de celebración, as ofrendas florais como forma e o recoñecemento a "todas as vítimas" como lema. Así aconteceu no cemiterio de Pereiró, onde no corenta e un aniversario do fusilamento do alcalde de Vigo, Emilio Martínez Garrido e sobre a súa tumba, colocáronse rosas vermellas coas bandeiras republicana e galega, rendendo "memoria a todos los

658 Ramos, F. "Homenaje en Pereiró a los socialistas fusilados hace cuarenta y un años", *Faro de Vigo,* 28/08/1977, p.17.

compañeros fusilados o caídos por sus ideales y a todos los demócratas inmolados por el fascismo", como expresaba diante da lápida un membro do comité executivo do PSOE[659].

Convocado para as catro e media, a homenaxe consistiu nunha concentración na entrada do cemiterio, onde tomaron a palabra representantes da UGT, as Xuventudes Socialistas, e do comité local de Vigo, daquela Manuel Soto, quen anos máis tarde sería o primeiro alcalde democrático da cidade[660]. Tralas súas alocucións cantouse o himno galego e a Internacional, para posteriormente, en silencio, entrar no cemiterio e dirixirse á tumba de Martínez Garrido, onde tivo lugar a ofrenda floral. Tras gardar un minuto de silencio e escoitarse vivas ao socialismo e á liberdade, algúns dos asistentes depositaron flores tamén na tumba de Humberto Baena e na fosa común do cemiterio civil[661]. No acto tamén estivo presente a mensaxe do martirio, exemplificado nas palabras de Manuel Soto nas que identificaba aos fusilados con sementes.

Se nos fixamos pois nesta descrición, nas accións que se foron desenvolvendo, podemos comprobar como seguiu practicamente a mesma estrutura que a homenaxe a Bóveda realizada días antes, cos discursos na entrada do cemiterio, a posterior ofrenda floral, o himno galego e esa vocación de homenaxear a todas as vítimas. Cuestión que se materializa nesa sorte de procesión cara a tumba de Baena e a fosa común.

Imaxe 20. Fotografía da homenaxe a socialistas fusilados en Vigo, 27 de agosto do 77



Los congregados ante el nicho de don Emilio Martínez Garrido, último alcade republicano de Vigo, guardan un minuto de silencio, tras haber depositado los ramos de rosas y claveles. (Foto CAMESELLE)

Fonte: *Faro de Vigo*, 28/08/1977, p.17

No acto estiveron presentes familiares como así se describe na fonte hemerográfica. Ademais da referencia expresa á presenza da filla de Martínez Garrido, a descrición dunha escena na que algunhas persoas, " especialmente las mujeres y las de edad, no pudieron contener

659 Ramos, F. "Homenaje en Pereiró a los socialistas fusilados hace cuarenta y un años", *Faro de Vigo,* 28/08/1977, p.17.
660 UGT: Juan José Montal; Juventudes Socialistas: Benigno Cardelle.
661 Ramos, F. "Homenaje en Pereiró a los socialistas fusilados hace cuarenta y un años", *Faro de Vigo,* 28/08/1977, p.17; "Homenaje a los socialistas fusilados en Vigo hace cuarenta años", *La Voz de Galicia,* 30/08/1977, p.36.

las lágrimas"[662] , nos falaría da presenza de amigos e familiares das vítimas. A convocatoria correspondeulle á Agrupación Socialista de Vigo da Federación Socialista Gallega del PSOE. O acto congregou a arredor de duascentas persoas[663]. E aínda que se nota esa vocación de universalidade nunha homenaxe aos "caídos pola liberdade", a ofrenda estaba moi dirixida aos socialistas, así o expresaban na nota de prensa, e así se titulaba nas dúas crónicas recuperadas, como "homenaxe aos socialistas fusilados". E é que o 27 de agosto de 1936, ademais de ser fusilado o alcalde de Vigo, Martínez Garrido tamén o foron os principais dirixentes socialistas da cidade. No xuízo que os condenara a morte tamén fora castigado con cadea perpetua Pastor Rodríguez Iglesias, presente nesta homenaxe do ano 77[664].

Seguindo un patrón moi similar, sendo convocados tamén polas agrupacións locais do PSOE, coñecemos a celebración de outras dúas homenaxes que tiveron lugar en puntos contrapostos da xeografía galega. A primeira delas na vila da costa cantábrica de Viveiro e outra na Ría de Pontevedra, en concreto en Marín. De alí era a Agrupación Socialista que convocou mediante unha nota necrolóxica a "todas aquellas personas y en especial al pueblo de Marín a la asistencia al acto de homenaje póstumo" a Antonio Blanco Solla, exalcalde de Marín e demais compañeiros fusilados "por defender la libertad y la democracia"[665]. O acto, que consistiría tamén na colocación dun ramo de flores ante a "tumba simbólica", tivo lugar o 31 de decembro de 1977 no cemiterio de San Mauro, en Pontevedra. Cumpríanse corenta e un anos da execución de Blanco Solla, que era alcalde de Marín polo PSOE no 36 e outros cinco veciños da vila, executados tras xuízo por rebelión militar en Pontevedra[666].

[662] Texto citado: Ramos, F. "Homenaje en Pereiró a los socialistas fusilados hace cuarenta y un años", *Faro de Vigo*, 28/08/1977, p.17.. Referencia á emoción en: "Homenaje a los socialistas fusilados en Vigo hace cuarenta años", *La Voz de Galicia*, 30/08/1977, p.36.

[663] "Aniversario del fusilamiento de socialistas", *Faro de Vigo*, 27/08/1977, p. 22.

[664] Base de datos Nomes e voces. http://vitimas.nomesevoces.net/gl/ficha/4927/ e Mosquera, J. "El día que se fusiló a la cúpula socialista", *Faro de Vigo*, 27/08/2011. https://www.farodevigo.es/gran-vigo/2011/08/27/dia-fusilo-cupula-socialista-17728877.html

[665] Nota Necrolóxica, *La Voz de Galicia,* 31/12/1977, p.39.

[666] Ese día foron fusilados os veciños de Marín: Antonio Blanco Solla, alcalde da vila, 39 anos. Albino Agraso Santamaría, zapateiro, veciño de Seixo. 37 anos, Armando Iglesias Pérez, mariñeiro, 34 anos, Bernardino de la Torre Fernández, , albanel e membro de UGT, 26 anos, Demetrio Lorenzo Ordoñez, , xornaleiro, 34 anos e Santiago Ramos Ramos, canteiro, UGT, 22 anos. Base de datos Nomes e Voces.

Imaxe 21. Fotografía da homenaxe dos fusilados de Marín no cemiterio de San Mauro, 1977



Fonte: facilitada por Enriqueta Ramona Otero Farta.

Na fotografía (Imaxe 21)[667] aparece a seguinte lenda: "Asistencia de socialistas no corenta aniversario do asasinato do alcalde Antonio Blanco Solla. Decembro 1976". Isto, de ser certo, nos falaría da existencia dunha homenaxe o ano anterior, o que a situaría na vangarda deste tipo de actos[668]. En canto ás persoas presentes na fotografía podemos identificar á esquerda a José Emilio Esperón Rodríguez, que anos máis tarde sería alcalde de Marín (1981-1984), Eduardo Otero Molas, xulgado na mesma causa que os fusilados e preso en San Simón, e outros familiares dos asasinados como a filla de Albino Agraso Santamaría. A imaxe foi tomada diante do panteón da familia Josefina Arruti e Bibiano Fernández Osorio-Tafall[669].

Este dato é moi relevante posto que este panteón converteuse nun "símbolo de solidariedade" ao ser depositados nel os restos de moitas das persoas executadas no 36, entre eles o propio Antonio Blanco ou Víctor Casas, fusilado o 12 de novembro en Pontevedra. A razón disto atopámola na figura de Josefina Arruti Viaño, compañeira no 36 do que fora alcalde de Pontevedra, Bibiano Fernández Osorio-Tafall e que en 1936 era Subsecretario de Gobernación, en Madrid. O golpe colleuno na capital, e de alí fuxiu ao exilio, mentres Josefina, de vacacións cos seus fillos en Galicia, foi primeiramente apresada durante dezaoito meses e posteriormente sufriu persecución e acoso polo réxime franquista. Josefina é recordada pola súa solidariedade ao dar acubillo aos restos mortais das vítimas no seu panteón familiar no cemiterio

[667] Facilitada por Queta Molas, como se coñece na vila, en realidade o seu nome completo é Enriqueta Ramona Otero Farto. O seu pai tiña de segundo apelido Molas, polo que era coñecido, alcume pois que pasou á súa filla. Eduardo Otero Molas estivo preso en San Simón. Base de datos Nomes e Voces. http://vitimas.nomesevoces.net/gl/buscar/?buscar=eduardo+otero+molas

[668] Dispoñemos unicamente desta fonte hemerográfica e da fotografía, xunto cos recordos transmitidos a dúas fontes orais Queta Molas e Constantino Iglesias.

[669] Entrevista a Constantino Iglesias García realizada por Iria Morgade (Pontevedra, 4 de outubro de 2023). Constantino apunta a que este grupo de fusilados foi trasladado ao panteón tempo despois, cada un na súa caixa de zinc.

de San Amaro[670]. De aí, pois, que nese fin de ano do 77 estas persoas se fotografasen fronte a este panteón como podemos ver na Imaxe 21.

Un mes antes da homenaxe dos asasinados de Marín en novembro do 77, a Agrupación local do PSOE en Viveiro organizaba un acto que "será un homenaje a todas las personas que fallecieron desde 1936 al 1939 por sus ideales democráticos", convidando a "los familiares, amigos, organizaciones políticas y sindicales, asociaciones y público en general"[671]. Neste caso a homenaxe non se realizaría nun cemiterio. A razón desta variación atopámola na propia forma na que fora executada a violencia no 36. Deste modo, cando as persoas asasinadas foron arroxadas a fosas comúns descoñecidas ou tiradas ao mar ou ao río, o que pasaría a constituírse como lugar de memoria serían estes espazos ou aqueles onde se executaron. Isto é os lugares de violencia ou de morte.

Este é o caso da homenaxe organizada polos socialistas de Viveiro, que se celebraba no limítrofe concello de Vicedo, en concreto na ponte do Barqueiro que unía as dúas beiras do río Sor[672]. Alí fusilábase e dende alí tamén se arroxaban os cadáveres[673]. O acto, doutra volta, consistiría en depositar "una cruz y una corona de flores"[674]. Neste caso elixiuse unha data que xa temos identificada como de vital importancia nas accións memorialistas, o 1 de novembro, Día de Todos os Santos no rito católico. Unha data que doutra volta pode comprenderse ao atender ás características da violencia exercida, onde a diferenza do ocorrido naquela na mediara un xuízo, probablemente non se coñecese a día exacto do asasinato. A veciñanza da vila do Barqueiro recorda a existencia desa cruz e tamén a súa desaparición a raíz dunhas obras nas inmediacións da ponte[675]. Non se localiza ningunha documentación que dea conta de celebracións de homenaxes nos seguintes anos, ata o 2001. A partir deste ano as agrupacións socialistas da Mariña desenvolveron diversas accións de recordo aos fusilados na mesma ponte, no mesmo lugar de violencia[676].

Recapitulando, podemos observar como estas últimas tres homenaxes descritas foron organizadas polas agrupacións locais do PSOE. Cabería preguntarse se existía algún tipo de consigna a nivel galego ou estatal ou se, pola contra, facíanse á marxe das directrices xerais, como así acontecía no caso da participación de militantes do PSOE nas exhumacións de Navarra e La Rioja (Aguilar e Ferrándiz, 2016). Cuestións, polo tanto, de vital importancia para comprender a postura estratéxica dun partido que, poucos anos despois, pasaría a gobernar o país.

---

[670] Biografía de Josefina Arruti Viaño, na web "Do gris ao violeta", Recuperado de: https://www.dogrisaovioleta.gal/biografia/represaliadas-e-resistentes/josefina-arruti-viano/ . Tamén en : Fajardo, M. (2015), Un cesto de mazás. Memoria das vítimas do 36 e do tempo que veu. Consorcio Editorial Galego, p. 57. Outras das persoas enterradas no panteón: Paulo Novás e Víctor Casas entre moitos outros.

[671] "Homenaje del "PSOE" a los fallecidos por un ideal democrático", La Voz de Galicia, 01/11/1977, p.45.

[672] Para documentar este feito contamos só co anuncio que se publicaba no xornal *La Voz de Galicia* o mesmo día da homenaxe, non se localiza crónica do acto.

[673] "Execucións na Ponte do Barqueiro". Web Memorias Vivas. Grupo de investigación Hispona. Recuperado de: https://memoriasvivas.es/archivos/pri_memoria/execucions-na-ponte-do-barqueiro-2

[674] "Homenaje del "PSOE" a los fallecidos por un ideal democrático", La Voz de Galicia, 01/11/1977, p.45.

[675] Conversa coa veciñanza de Barqueiro en agosto de 2024 a raíz dunhas xornadas de memoria organizadas pola Asociación Noroeste. Aínda que ao falar sobre este tema as persoas presentes recordaron a cruz, ningunha recordaba a propia celebración do acto ou que existise memoria na comunidade sobre a mesma.

[676] "El PSOE mariñano realizó una ofrenda floral a los fusilados de la Guerra Civil", *La Voz de Galicia,* 15/07/2001, p.2 e colocación de placa en 2013: "PP y PSOE de Mañón rinden tributo al exalcade Castaño Galdo, fusilado en 1937", *La Voz de Galicia*, 27/03/2013, nesta última nova sinalan como na ponte "durante años se congregaban los socialistas de A Mariña para evocar a sus compañeros ajusticiados durante y después de la contienda". https://www.lavozdegalicia.es/noticia/ferrol/2013/03/27/pp-psoe-manon-rinden-tributo-exalcalde-castano-galdo-fusilado-1937/0003_201303F27C9991.htm

Como no caso de Viveiro, en Cangas tamén ía ter lugar un acto de homenaxe nun lugar da violencia extrema do 36. Sería o 27 de agosto, o mesmo día en que se realizaba a homenaxe aos "socialistas fusilados" no cemiterio de Pereiró. O caso de Cangas conta cuns elementos que o distinguen dos anteriores e que o converten nunha acción de especial interese. Por unha banda polo carácter político e unitario da convocatoria, asinada polo PCG, PSOE, PSPG e PSG, na que de novo volve a reminiscencia do acto de homenaxe a Bóveda en Pontevedra, que tivera lugar soamente dez días antes. A outra característica diferencial é a súa prohibición polo Goberno Civil de Pontevedra. Esta sería a única prohibición dun acto de memoria neste ano 77 da que teñamos constancia. O que fai formularnos un interrogante en canto a se esta homenaxe se realizou igualmente pese a prohibición gobernativa. E aínda máis, poderíamos preguntarnos sobre o posible efecto que esta prohibición puido ter en futuras accións memoriais.

A única fonte coa que contamos para testemuñar esta homenaxe é o propio expediente da prohibición. En prensa soamente se detecta a nota necrolóxica en memoria dos asasinados publicada o mesmo día 27, pero nela non se anunciaba ningún acto. Porén estaba asinada precisamente polos mesmos partidos que facían a solicitude ante o Goberno Civil. Na nota incluíase o nome das once persoas torturadas e fondeadas na ría de Vigo sobre a frase "os vosos familiares, camaradas e amigos non vos esquecen"[677]. Algúns dos corpos saíron a flote días despois, feito que confirmaría ás familias o lugar onde estaban os restos, para, posiblemente, ser novamente fondeados pola Guardia Civil[678].

A homenaxe, como se sinala na solicitude ante o Gobernador Civil de Pontevedra, consistiría na marcha dende a Alameda de Cangas ata o lugar de Salgueirón. Faríase "en completo silencio y en manifestación pacífica". Pensamos que este pode ter sido o lugar dende onde saíu o barco que trasladou os cadáveres o medio da ría ou incluso o lugar a onde chegaron os cinco que saíran a flote días despois. Polo momento non se puido confirmar este extremo. O que si sabemos é que este foi o lugar elixido para realizar a ofrenda floral que consistiría en arroxar unha coroa de flores ao mar[679].

A solicitude estaba asinada o 24 de agosto, isto é, tres días antes da homenaxe e este foi o argumento que esgrimiu o Gobernador Civil para prohibir o acto, aludindo a xa citada lei de reunión 17/1976 que estipulaba unha antelación de dez días. Ademais o Gobernador sinalaba "que por otra parte, tampoco se especifica en la solicitud la duración prevista del acto, ni el itinerario a seguir, todo lo cual hace que tenga que prohibirse el acto"[680]. Existiron casos nos que estes pequenos incumprimentos de forma non impediron que os actos se realizasen, polo que poderíamos entrever falta de vontade por parte do Gobernador[681]. Aínda así este sinalaba que "sin perjuicio de que una vez subsanados los defectos apuntados y observados los requisitos

[677] Nota necrolóxica, *La Voz de Galicia,* 27/08/1977, p.54.
[678] En https://ailladosratos.org/es/los-martires-de-anguieiro/.
[679] Asinan a solictude "miembros y representantes de los partidos políticos", o Partido Comunista de Galicia, a Federación Socialista Gallega del PSOE, o Partido Socialista Popular de Galicia e o Partido Socialista Gallego: Antonio González Molanes (PCG) , Jesús Bernarndez Solla (PSOE), José Oliveira Avendaño (PSG) e Francisco Javier Gallego Souto (PSPG). En Arquivo Subdelegación de Pontevedra, Fondo Goberno Civil, *sin* ASGP 904.
Entre os asinantes da solicitude atopábase José Oliveira Avendaño, que tralo final da guerra fuxe a Francia onde estivo retido en diversos campos e nun batallón de traballadores. Oliveira que fora cabo primeiro da Mariña é finalmente pasaportado a Cangas en 1940 sendo clasificado polo réxime como indiferente pero depurado da Mariña. Dende 1975 formaba parte do Partido Socialista Galego. Arquivo Nomes e Voces: http://vitimas.nomesevoces.net/gl/ficha/21612/ . E información adicional en: https://ailladosratos.org/jose-oliveira-avendano-oliveira/
[680] Arquivo Subdelegación de Pontevedra, Fondo Goberno Civil, *sin* ASGP 904.
[681] Durante a investigación puidemos revisar numerosa documentación nos fondos dos gobernos cívis, en torno aos expedientes para a celebración de actos, a meirande parte sen ter que ver co obxecto de estudo, pero a observación destes expedientes nos serviu para poder comprobar como se producían procedementos neste sentido, en torno á enmenda de solicitudes que estaban incompletas para que finalmente se puidera realizar o acto.

legales, pueda entrarse sobre el fondo de la petición"[682]. Non atopamos indicios de que esta se tivera realizado transgredindo a prohibición ou en días posteriores, tras ter rectificado os erros da solicitude, ou incluso nos anos seguintes. Pero o feito de terse organizado, e sobre todo de terse prohibido, nos fala dun contexto concreto, cando en 1977 as posibilidades de realizar este tipo de actos tiñan que facer fronte a certos impedimentos. Un deles era a arbitrariedade da que dispoñían os gobernadores civís.

Así mesmo, puidemos consultar a comunicación que enviaba o Gobernador Civil ao Comandante de puesto de la Guardia Civil de Cangas informando da suspensión desta manifestación " que ha solicitado Antonio González Molanes sobre homenaje a once hombres muertos en 1936"[683]. Esta prohibición volve situarnos ante un contexto aínda restritivo das liberdades, no mesmo senso que o faría a autocensura que se pode discernir na diferenza nas descrición das vítimas que facían os actores memoriais segundo o obxectivo do texto. Así no escrito ante o Gobernador Civil, os definían como "once hombres de esta villa muertos el día 27-8-1976"[684], mentres que na nota necrolóxica refírense a estes directamente como "fusilados"[685].

Neste primeiro ciclo da memoria, semella que unha boa parte dos actos non solicitaron permiso gobernativo, ao non ter localizado ningunha documentación ao respecto, aínda que como describimos no capítulo sobre a Metodoloxía, o estado de conservación dos fondos dos Gobernos Civís pode tamén estar detrás deste ausencia. Si solicitaron permiso en Cangas, nas homenaxes de Bóveda en Pontevedra, tanto do 76 como do 77, e tamén para unha homenaxe que tivo lugar entre dous pequenos concellos coruñeses[686].

Neste caso a documentación que se puido recuperar do fondo do Goberno Civil da Coruña é aínda máis deficitaria, posto que soamente se conserva a solicitude da homenaxe e non a resolución do gobernador. Encabézaa o avogado coruñés Rafael Barez Vázquez como representante do Partido Comunista. O acto estipulábase para o día 29 de outubro consistente en dúas concentracións con ofrendas florais no cemiterio de Grandal, no concello de Vilarmaior, e no cemiterio do convento de Monfero dándose homenaxe "a los comunistas gallegos fallecidos". No acto dirixirían a palabra aos asistentes tres persoas identificadas tamén como militantes do Partido Comunista e veciñas do concello de Ferrol[687] Os organizadores, como estipulaba a lei, arbitrarían "el correspondiente servicio de orden"[688]. O escrito estaba asinado o 26 de outubro, isto é tres días antes do acto, incumprindo, polo tanto, o sinalado na lei de reunión vixente. Por outra banda a frase final da solicitude, pedindo ao Gobernador Civil que "tenga por formulada la comunicación que antecede a los efectos legales oportunos", esvaece en certa forma o feito de que o obxectivo dos organizadores fose solicitar o permiso, esperando unha resposta, ou se se podería interpretar simplemente como unha comunicación a un acto que tiñan pensado celebrar igualmente.

Se nos fixamos na descrición da homenaxe, poderemos comprobar como simplemente se fala dun acto en honra dos "comunistas gallegos fallecidos", sen que figure nin sequera a data na que faleceron. Este feito fai que poidamos abrir a hipótese de que se tratase da mesma

[682] Arquivo Subdelegación de Pontevedra, Fondo Goberno Civil, *sin* ASGP 904.
[683] *Íbidem*.
[684] *Íbidem.*
[685] Nota necrolóxica, *La Voz de Galicia,* 27/08/1977, p.54.
[686] De xeito similar á homenaxe en Cangas, só dispoñemos da información extraída do Goberno Civil.
[687]Jesús Bescos Couceiro, Jose Cabado e Jose Varela.
[688] Arquivo Reino de Galicia, Fondo Goberno Civil, *sin* G-2149.

homenaxe ou da homenaxe orixinaria descrita por Bernardo Maiz[689]. El relata un acto que se produciría dous anos despois, en 1979. A celebración sería moi similar, cunha homenaxe en Pazos, Monfero, aos sete guerrilleiros mortos en outubro de 1949. Posteriormente "un grupo nos achegamos ao cimiterio de Grandal cunhas flores". Coinciden as datas, outubro, e coinciden as accións, así na solicitude se tería indicado a convocatoria no cemiterio de Monfero ás cinco da tarde e no de Vilarmaior ás sete desa mesma tarde. Non podemos asegurar se estamos a falar da mesma homenaxe ou se a lembrada por Maiz foi unha repetición da mesma que se tería realizado en 1979. Ademais, Maiz recordaría o papel do que sería alcalde de Vilarmaior xa nese ano 79, Juan Varela, quen lle tería dado "moita información sobre os "escapados" do 36 e dos últimos anos da guerrilla". Sobre este alcalde volveremos en posteriores páxinas deste traballo. O que si está claro é a quen se homenaxeaba neste acto da memoria do 77: aos sete membros da guerrilla que foran asasinados o 31 de outubro 1949 tralo enfrontamento coa Guardia Civil no lugar de Pazos, no concello de Monfero[690]. Este suceso deu en coñecerse como "A Batalla de Monfero", e constituíu un golpe decisivo para desmantelar a IV Agrupación do Exército Guerrilleiro en Galicia, nunha ofensiva das forzas do réxime que se produciu durante ese ano 1949[691].

> A batalla de Monfero non tardaría en acadar a categoría de símbolo na memoria popular e na propia épica da resistencia antifascista. O alcance do despregue das forzas da orde, a intensidade do combate, o número de vítimas mortais ou a represión que golpeou as xentes da zona ficou gravada durante décadas, na zona pero tamén no propio relato dos compañeiros de loita dos guerrilleiros asasinados que deixaron testemuña dos feitos nos seus órganos de prensa e en diferente propaganda elaborada nos anos seguintes[692].

Esta relevancia memorial do suceso[693], explicaría tamén que a organización do acto non correspondese a veciños do lugar senón a persoas activas na resistencia antifranquista, neste caso xa como militantes do PCG da Coruña e Ferrol. Ademais semella que, neste caso, a organización, polo menos a nivel formal, foi en exclusiva deste partido, algo que soamente atoparíamos como parecido no caso do recibimento de Santiago Álvarez. Nos demais casos nos que o PCG participou en homenaxes fíxoo como parte dunha convocatoria na que actuaban máis partidos[694]. Así foi nas dúas homenaxes que tiveron lugar neste ano 77 no cemiterio de

[689] Entrevistas a Bernado Maiz realizadas por Iria Morgade (Electrónica, febreiro de 2021).

[690] Segundo Bernardo Maiz, os guerrilleiros foron enterrados no cemiterio do convento de Monfero, e logo fíxose a ofrenda floral en Vilarmaior.

[691] Un grupo de guerrilleiros desprazárase a Vilarmaior comandado por Adolfo Allegue, coñecido como Riqueche, quen era precisamente de Grandal en Vilarmaior a onde acoden en busca de cartos e polas posibilidades de que varios dos integrantes do grupo foran desa zona de Vilarmaior. As dificultades para conseguir a cantidade económica precisa fai que se despracen a Monfero o 29 de outubro. O enfrontamenteo tería lugar no anoitecer do día 30 de outubro e alongaríase ate media tarde do día seguinte, nunha vivenda a onde acudiran a cobrar a sanción económica, deronse conta de que estaban cercados ao saír. O combate remata con sete guerrilleiros mortos: Riqueche, Xosé Temblás Paz, Xosé Chao Rouco, Antonio López Arias, Xoán Freire Barcia. Roxelio Alonsa Carral e Xosé Remuiñán Barreiros. Información extraída de: Torna, C. "Os sete mártires de Pazos", *Nós Diario*, 31/10/2019. https://www.nosdiario.gal/articulo/memoria/os-sete-martires-de-pazos/20191029123432085993.html

[692] Torna, C. "Os sete mártires de Pazos", *Nós Diario*, 31/10/2019. https://www.nosdiario.gal/articulo/memoria/os-sete-martires-de-pazos/20191029123432085993.html

[693] Localizamos a referencia a unha homenaxe e colocación de monumento en memoria do guerrilleiro Ramón Rodríguez Varela (Curuxas) en Melide pero non acadamos máis información. A referencia data do ano 85: Carballo, F.: "A resistencia: O Curuxas", *A Nosa Terra,* nº265, 14 de marzo de 1985.

[694] Debemos ter en conta que no caso de Vilarmaior contamos soamente co rastro documental da solicitude da homenaxe ante o Gobernador Civil e non a convocatoria en prensa, polo que non poderiamos facer esta comparación entre o acto de Vilarmaior (organizado en exclusiva polo PCG) e os de Boisaca posto que como veremos a implicación dos diversos partidos recupérase das noticias de prensa, que no caso de Vilarmaior non temos.


Boisaca, en Santiago de Compostela. Polas súas características convértense nas homenaxes que consideramos máis destacadas deste momento de auxe memorialista.

> En todo el pasado, durante todos estos 41 años, largos, los familiares, amigos y camaradas políticos de los referidos, no pudimos ni siquiera manifestar el mínimo sentimiento de recuerdo. De bien nacidos es rendirlo a nuestros muertos un recuerdo y merecido homenaje, lo que significa juramento solemne de fidelidad a las personas y a las ideas que representaron[695].

As anteriores palabras foron escritas o 8 de setembro de 1977. Asinábaas Aurora Liste Forján que días antes, como xa relatamos, acudira a Pontevedra. Alí rendérase homenaxe a Alexandre Bóveda, e ela, coma moitos outros, participara na ofrenda floral depositando na súa tumba un ramo de caraveis vermellos. Agora, unhas semanas despois, Aurora encabezaba a organización deste acto de homenaxe ás persoas fusiladas e enterradas na fosa común do cemiterio de Boisaca o 12 de setembro de 1936, entre elas o seu irmán Faustino. O anterior parágrafo pertence á solicitude que Aurora Liste enviou ao Gobernador Civil da Coruña, na que argumentaba con detalle as razóns para celebrar a homenaxe. Esta é a solicitude onde con máis profundidade e de forma máis aberta se expresaban os desexos e as xustificacións da homenaxe, falándose de "fusilamiento" e tamén desa negación do recordo sufrida ata ese momento.

Aurora Liste redactaba a solicitude actuando ela mesma como organizadora, pero facendo expresa xa a participación de "distintos partidos y grupos políticos"[696]. O acto era descrito como unha "reunión de amigos, familiares y camaradas" na explanada do cemiterio ao que seguiría unha marcha pacífica ata a fosa onde se faría unha ofrenda floral[697]. É pertinente sinalar que na solicitude podemos observar como a palabra reunión aparece por riba doutra palabra tachada, que cremos que se trataría da verba "concentración"[698]. Entendemos que, ou a propia Aurora ou algunha outra persoa, puido considerar máis prudente facer esta substitución. Aínda así, esta solicitude caracterízase por ser a máis aberta das que temos analizado ata o momento. Se nos fixamos nas crónicas en prensa do acto, faise expreso o feito de que a organización corría a cargo dos familiares dos fusilados, pero sendo unicamente explícito o nome de Aurora e da súa irmá Manuela. A preeminencia destas dúas mulleres ven marcada por diferentes elementos aos que é preciso atender.

Gráfico 37. Irmáns Liste e destino vital



Fonte: elaboración propia en base a documentación. Base de datos Nomes e Voces, Web Cultura Galega.

695 Arquivo Reino de Galicia, Fondo Goberno Civil, *sin* G-2145.
696 *Ibidem.*
697 *Ibidem.*
698 *Ibidem.*

Aurora era a irmá máis nova do matrimonio formado por Manuel Liste e Joseja Forján, vivían na parroquia de Calo, en Teo, e en 1936, con dezanove anos, Aurora foi familiar de vítimas, pero tamén vítima en si mesma. Tamén Manuela, de vinte catro anos de idade. Ambas foron torturadas nas visitas que os golpistas realizaban á súa casa en busca dos seus irmáns, Eduardo e Manuel, fuxidos no monte. Aurora, cun carácter de liderado, xunto coa súa irmá, actuaron como enlace dos fuxidos e tamén como apoio dos presos[699]. Outros dos seus irmáns, Constante e Faustino foran detidos (Gráfico 37). Os irmáns Liste eran líderes do Sindicato de Oficios Varios de Teo. Constante foi sacado do cárcere do Pazo de Raxoi e feito desaparecer en outubro dese ano, nunca se atopou o cadáver. Faustino foi un dos fusilados o 12 de setembro de 1936 despois dun xuízo por rebelión no que o condenaran a pena de morte[700]. Pero, sen dúbida, o irmán máis coñecido das irmás Liste foi Jesús Liste, coñecido como Enrique Líster, quen dende poucos días despois do golpe, participou no exército republicano chegando a ter un papel moi destacado nel[701]. Líster volverá do exilio dous meses despois desta homenaxe, como fundador e líder do PCOE. Aurora, como xa relatamos, actuara como voceira do partido en diversos comunicados en prensa mentres o seu irmán estaba no exilio, como naquel no que daba o seu apoio á homenaxe a Bóveda. O papel na resistencia de Aurora Liste foi continuo, dende á súa militancia na clandestinidade no PCE ata a súa participación, como leiteira, nas protestas pola cota empresarial[702]. Con ese carácter activista non é de estrañar o seu liderado en 1977 da primeira homenaxe ao seu irmán Faustino e os outros cinco fusilados o 12 de setembro, que segundo o anuncio do acto, terían sido os primeiros fusilados que se produciron en Santiago de Compostela[703].

O 6 de setembro Aurora Liste realizaba unha "improvisada rueda informativa en Rajoy"[704] na que facía públicas as intencións de convocar un acto unitario de todas as forzas políticas e recordaba o acontecido :"Tuveran o xuicio o día sete e estiveron en capela hastra o 12 que os fusilaron en Boisaca. Cando chegamos coa comida como todos os días, xa estaban mortos"[705].

A rolda de prensa tivo lugar no concello de Santiago de Compostela a onde Aurora acudira para tratar de descubrir os nomes dos cinco homes que foran fusilados o 12 de setembro do 36. Aurora mencionaba os nomes que si coñecía, ademais do irmán, o de José Touris e Juan Jesús González (Xoán Xesús), polo que se entende que buscaba coñecer o nome de outras dúas persoas fusiladas ese día, dando a pista da procedencia dos fusilados[706]. Atendendo á solicitude dirixida ao Gobernador Civil que asinou dous días despois, Aurora conseguiu dar coa identidade das dúas persoas que faltaban. Tratábase de Serafín Mariño Santos e Jose Pose Miguens, ambos procedentes de Padrón[707]. Así, completábase o listado dos cinco fusilados aos que se lle quería

---

[699] Esta información de que actuara como enlace de fuxidos, é logo desmentida por ela mesma nunha entrevista en *Teima,* á que aludiremos.

[700] Base de datos Nomes e Voces.

[701] En realidade o seu nome é Jesús Liste. Seguimos a fonte oral de Florencio Buján Liñares, quen nas longas tardes na lareira da casa dos Liste escoitara ao propio Enrique falar dese cambio. Do nome dicía que "un revolucionario coma el non podía chamarse "Jesús", en canto ao apelido, pola súa militancia houbera xa problemas, persecucións, e deciciu poner Líster, para non involucrar a súa familia.

[702] Ferreiro, L. (2018). "Aurora e Manuela Liste Jorján. Leiteira e labrega. O compromiso e a solidariedade sen cancelas". *Cultura Galega.* http://culturagalega.gal/album/detalle.php?id=1116

[703] "41 aniversario", *Faro de Vigo*, 07/09/1977, p.22.

[704] "Una hermana de Enrique Líster se interesó por los nombres de los fusilados el 12 de setiembre de 1936", *La Voz de Galicia*, 07/09/1977, p.18.

[705] *Íbidem.*

[706] Un era de Compostela, dous de Padrón e dous procedían de Calo.

[707] Na solicitude de Aurora Liste está mal escrito o apelido de Jose Pose, escribindo Migans en vez de Miguens.
Información dos fusilados extraída da Base de datos Nomes e Voces, corroborando a súa execución do día 12 de setembro. Todos tras xuízo con condena a pena de morte:

render homenaxe o día 12 de setembro, aínda que, tamén neste caso, a vocación de universalidade estaba presente. Así, se expresaba en prensa describindo o acto como "de homenaje a los cinco fusilados en esa misma fecha del año 1936 y a todos los muertos o desaparecidos en Galicia a lo largo de las jornadas que siguieron al 18 de julio"[708].

É significativo como nestas noticias, nos comunicados e nas intervencións transcritas do acto non imos atopar ningunha referencia á "guerra civil". E si a denominación de "fascistas" para referirse aos golpistas. O que nos fala, doutra volta, dunha determinada lectura do acontecido, aínda non permeabilizada de todo, polas lóxicas do discurso da Transición. O que tamén se destila do manifesto lido no acto que deu comezo ás oito da tarde do 12 de setembro de 1977 na explanada do cemiterio de Boisaca. Escoitaban arredor de mil persoas "entre familiares, amigos y militantes de quince fuerzas políticas de Galicia que se sumaron al acto"[709]:

> Durante todo este tempo estivo prohibido lembrar o significado daquelas mortes e rendirlles homenaxe. Hoxe, gracias a eles mesmos e tódolos que loitaron e caeron pola libertade, podemos xuntarnos equí, convocados polos seus familiares e compañeiros, para rendirlles un homenaxe de lembranza e solidariedade coa súa loita, loita que hoxe nos sirve de estímulo e acicate pra seguir combatindo polas máis amplias libertades e polos dereitos do pobo galego. Compañeiros, non vos esquencemos. A loita continúa[710].

Estas palabras foron lidas polo "avogado compostelano" Manuel Rodríguez, "en nombre de los familiares y la comisión organizadora". Este tema é relevante pois nos fala xa non só da organización por parte das irmás Liste senón que se visualiza a existencia dunha comisión organizadora e da presenza de familiares das vítimas, en plural. Rodríguez iniciaba a súa intervención nomeando os partidos que apoiaban o acto, identificadas na crónica como "las fuerzas políticas de la izquierda gallega". Atendendo aos listados que se publicaron en prensa, tanto no anuncio como na crónica, podemos contar un total de quince forzas políticas nas que coinciden boa parte das organizacións participantes na homenaxe a Bóveda celebrado o mes anterior[711]. Con pequenas variacións referidas a organizacións de menor implantación ou interese no panorama político galego, participaron no acto, como tamén fora no de Bóveda, os

-Faustino Liste Forján (Teo) xulgado por rebelión, condena a pena de morte. PCE, Lider, xunto aos seus irmáns, da Sociedade de oficios varios de Teo.

-José Touris Castro. Natural de Teo (A Coruña) Veciñanza: Biduído, Ames. Xulgado en Compostela por agresión á forza armada co resultado de sentenza a pena de morte.

-Jesús González Fernández "Xoan Xesús". Natural de Cuntis (Pontevedra). Veciñanza: Santiago de Compostela. Socialista, Mestre e xornalista galeguista. Morto o 12 de setembro de 1936. Xulgado en Compostela por traizón co resultado de sentenza a pena de morte.

-Serafín Mariño Santos Natural de Padrón (A Coruña). Veciñanza: Padrón (A Coruña). Xulgado en Compostela por traizón co resultado de sentenza a pena de morte.

-Jose Pose Miguens. Natural de Padrón (A Coruña) Veciñanza: Padrón (A Coruña). CNT, Do Sindicato de Oficios Varios de Padrón. Xulgado en Compostela por rebelión co resultado de sentenza a pena de morte.

[708] "Mañana, en Boisaca (Santiago), homenaje a cinco fusilados en 1936", *La Voz de Galicia*, 11/09/1977, p.17.

[709] "Boisaca: más de mil personas en el homenaje a cinco fusilados", *La Voz de Galicia,* 13/09/1977, p.41.

[710] "Boisaca: más de mil personas en el homenaje a cinco fusilados", *La Voz de Galicia*, 13/09/1977, p.41.

[711] Partidos que se referencian no acto segundo crónica de *La Voz de Galicia*: APG, LCR, MCG, PCG, PCAG, PCOE, PSOE, PSG, PTE, XCG, PSPG, MGR, OCE (BR) – Organización Comunista de España (Bandera Roja)-, CGXR -sen identificar- e UPG (liña proletaria). No anuncio do día anterior tamén en *La Voz de Galicia* o listado de partidos variaba sensiblemente sen incluír o XCG, PSPG, MGR, CGXR. Ademais a UPG retira o seu apoio tras ser manifestado o apoio da UPG (liña proletaria). Como vemos na crónica tampouco se sinalaría durante o acto o da ANPG (controlado pola UPG). En: En "Boisaca: más de mil personas en el homenaje a cinco fusilados", *La Voz de Galicia*, 13/09/1977, p.41.

Pola súa banda na crónica de *Faro de Vigo* manteñen no listado a ANGP e a UPG, e non inclúen a XCG, PSPG e a MGR. En: "Homenaje póstumo a cinco fusilados", *Faro de Vigo,* 13/09/1977, p.7.

Pola súa banda a controversia da UPG trátase ampliamente na noticia que anuncia a homenaxe en *La Voz de Galicia* o día anterior, ocupando unha das dúas columnas que se lle adican ao acto. En: "Mañana en Boisaca (Santiago) homenaje a cinco fusilados en 1936", *La Voz de Galicia,* 11/09/1977, p.17.

principais partidos políticos da esquerda, PCG, PSOE, MCG, e da esquerda nacionalista, o PSG e a UPG. Neste senso a UPG, na dinámica de escisións e loitas internas retiraba finalmente o seu apoio ao terse incluído como organización participante a súa escisión UPG (liña proletaria)[712].

Nesta mesma dirección é tamén destacable atender a diferenza entre o papel das organizacións no acto de Bóveda como convocadores, e neste acto, no que daban o apoio a quen levaba o protagonismo, as familias. Así, trala lectura dos partidos que apoiaban líase o comunicado, ao que pertence o parágrafo transcrito nas liñas anteriores e do que, consideramos, eran autores os familiares[713]. Este rol secundario dos partidos políticos nótase tamén na propia dinámica do acto. Así, despois da lectura do comunicado, interviña Luís García Abella quen fora procesado no mesmo xuízo pero con condena a cadea perpetua[714].

> Muy emocionado, recordó sus últimos momentos con los fusilados: "éramos, dijo, comunistas, sindicalistas sin tacha que loitábamos por Galicia" Se refirió también a la entereza con que afrontaron la muerte sus cinco compañeros y pidió la unión de todas las fuerzas políticas para luchar por la amnistía total, el reconocimiento y legalización de todos los partidos y la vuelta de los exiliados.[715]

De novo convén destacar esta presenza pública do trauma de xeito tan directo, e o impacto que iso podía ter en quen escoitaba e tamén en quen podía verbalizalo por primeira vez. Convén destacar que a presenza de persoas sobreviventes é tamén un elemento recorrente nas homenaxes, como tamén o fora no cemiterio de Pereiró, onde falara Pastor Díaz Iglesias ou en Marín coa presenza de Eduardo Otero Molas.

Finalmente foi a quenda de Aurora Liste. As poucas palabras transcritas en prensa sitúannos ante uns determinados elementos coincidentes con caracteres de diversos discursos memorialistas[716]. Por un lado, nas frases soltas reproducidas en *La Voz de Galicia* é especialmente salientable a reivindicación dunha democracia que aínda non é plena, así como a petición de xustiza: "queremos paz e xustiza"[717] Esta é unha das poucas veces na que podemos recoñecer un discurso deste tipo, incluíndo a palabra "xustiza" no período de estudo. Por outra banda, se acudimos á crónica publicada en *Faro de Vigo*, como ben sendo habitual máis sintetizada, con menos palabras textuais, a orientación do discurso varía sensiblemente. Así, neste caso na loita polas liberdades que preconizaba diría "unha lucha sin pensar en venganzas"[718]. Esta referencia a "non vinganza" viría marcada pola resposta ao establecido

[712] Partidos que participan neste acto e non o fixeran no de Bóveda: MGR, OCE (BR), CGXR.

[713] En torno a este manifesto, existe unha pequena diferenza entre o escrito na crónica de *Faro de Vigo*, salientando a sinatura deste polas organizacións políticas, e por tanto dotándoos de maior protagonismo, e o escrito en *La Voz de Galicia,* onde simplemente se fai referencia á lectura dun manifesto. Deste modo consideramos que, debido ao papel organizador da homenaxe das irmás Liste e doutros familiares (dos que descoñecemos a identidade), este comunicado pertencería aos organizadores, sendo apoiado polas organizacións que tiñan ese papel de solidariedade co acto. En: "Boisaca: más de mil personas en el homenaje a cinco fusilados", *La Voz de Galicia,* 13/09/1977, p.41.

[714] Luís García Abella: Home de 19 anos, Ferreiro/a. Natural de Ames (A Coruña). Veciñanza: Bugallido, Ames (A Coruña). Xulgado en Compostela por agresión á autoridade co resultado de sentenza a cadea perpetua. Base de datos Nomes e Voces. Na crónica *La Voz de Galicia* sinálase que foi condenado xunto a eles. En *Faro de Vigo* sinalan que a pena de morte foi conmutada por cadea perpetua.

[715] Ademais García Abella facía referencia expresa a Enrique Líster, "hermano de uno de los fusilados". En "Boisaca: más de mil personas en el homenaje a cinco fusilados", *La Voz de Galicia,* 13/09/1977, p.41.

[716] En *La Voz de Galicia* e *Faro de Vigo* referénciana como Aurora Lister, apelido que adoptou o seu irmán nado como Jesús Liste e coñecido como Enrique Líster. Pero Aurora na solicitude que fai ante o Goberno Civil asina como Aurora Liste.

[717]Palabras de Aurora Liste: "Seguimos loitando pola mesma causa./ Non se pode falar de democracia cando hai presos e esliados./ Que lle den o pasaporte e a libertade a todos. Queremos paz e xustiza" En: "Boisaca: más de mil personas en el homenaje a cinco fusilados", *La Voz de Galicia,* 13/09/1977, p.41.

[718] "Homenaje póstumo a cinco fusilados en 1936", *Faro de Vigo*, 13/09/1977, p.7

dende o discurso oficial, que tentaría desvirtuar calquera intento memorialista baixo esta premisa. Entendelo como unha resposta a un contraenmarcado vai ser unha cuestión que se analizará con detalle en posteriores capítulos, onde puido estudarse o diálogo entre ambos discursos (Ver Capítulo 4).

Finalmente trala intervención de Aurora, os asistentes trasladáronse ao interior do cemiterio ao lugar onde "descansan Faustino Líster y sus compañeros, presidido por una fotografía del primero de ellos"[719]. Primeiramente Aurora e Manuela colocaron sobre a fotografía as bandeiras comunista e de Galicia e un ramo de flores[720]. Para posteriormente comezar a ofrenda floral na que participaron representantes de grupos políticos, familiares e particulares, como un home, "de bastante edad, que al colocar su ramo de flores dijo "Son de un viejo luchador y un viejo republicano"[721]. O acto, seguindo a dinámica memorialista, rematou coa entoación do himno galego, e neste caso tamén "La Internacional"[722]. Algo lóxico se pensamos no peso organizativo e participante de persoas de ideoloxía comunista e socialista. Tamén na simboloxía, con bandeiras republicanas, galegas "y otras del PCE, PCG, PSPG, PSG, MGR, etc"[723].

Soamente tres meses despois, o cemiterio de Boisaca volveu ser o escenario dunha nova homenaxe de características moi similares. Neste caso formalmente a convocatoria e organización foi dos partidos políticos, pero trala investigación cómpre salientar o papel dun dos militantes, que ademais da súa vinculación política, o unía cunha das vítimas unha forte vinculación familiar. Trátase de Luís Pasín.

Acudiron a ela arredor de mil persoas[724], víanse bandeiras galegas, republicanas e de diversos partidos políticos, cantouse o himno galego e finalizou coa ofrenda floral ante o lugar de enterramento. Tamén podemos identificar a súa vocación de universalidade con todas as vítimas, "en recuerdo de todos los "paseados" y desaparecidos"[725], nunha homenaxe ás dez persoas fusiladas ese mesmo día de 1936. Segundo a convocatoria estas pertencerían ao "Comité de Defensa da República" e entre eles atoparíase Modesto Pasín Noya, fillo de Jose Pasín Romero. Razón pola cal, recordemos, este quería ser enterrado no cemiterio de Boisaca (Capítulo 2). Modesto era tío de Luís Pasín Liñares, o axente memorialista clave desta homenaxe[726].

---

719 *Ibidem.*

720 Na crónica de *La Voz de Galicia* recóllense o que deberían ser as declaración dunha das irmás, sen quedar claro de cal "Quedei con seis fillos que cabían debaixo dun cesto".

721 "Homenaje póstumo a cinco fusilados en 1936", *Faro de Vigo,* 13/09/1977, p.7

722 *Ibidem.*

723 "Boisaca: más de mil personas en el homenaje a cinco fusilados", *La Voz de Galicia,* 13/09/1977, p.41.

724 Cifra extraída da fonte hemerográfica, unha das fontes orais, Ricardo Gurriarán recorda moitas menos, arredor dun cento.

725 "Homenaje a los diez miembros del comité de defensa de la república, fusilados en 1936", *La Voz de Galicia,* 03/12/1977, p.35.

726 Os dez homenaxeados son citados unicamente nunha das referencias ao suceso da prensa concretamente á noticia en *La Voz de Galicia* do 03/1271977, corroboramos e corriximos os nomes mediante a Base de datos Nomes e Voces.

"José Maroño Calvo". 28 anos, Tipógrafo. Natural e veciño de Santiago de Compostela (A Coruña). JJ.SS., Traballador do diario "El Compostelano".

"Manuel Maroño Calvo". 37 anos, Tipógrafo. Natural e veciño de Santiago de Compostela. PSOE, Traballador na imprenta do Seminario. Directivo do comite local do PSOE.

-Fernando Domínguez Caamaño", 29 anos, Empregado. Natural da Coruña. Veciñanza: Santiago de Compostela. IR, Representante de IR no Comité da Defensa de República.


"Luís Martínez Nouche": 33 anos, Funcionario. Natural e veciño de Santiago de Compostela. Inspector xefe de arbitrios.

"Francisco Ponte Ces". 34 anos, Zapateiro. Natural de Lousame (A Coruña). Veciñanza: Santiago de Compostela. CNT, Do Sindicato de constructores de calzado de Compostela.

-"Rafael Frade Peña", Home de 22 anos, Estudante. Natural e veciño de Santiago de Compostela. Partido Federal. Morto o 03 de decembro de 1936.

Como diciamos, a diferenza da acción de setembro esta fora convocada polas organizacións políticas. Atendendo ás informacións en prensa, falaríamos dun total aproximado de dez partidos políticos da esquerda que asinaban o manifesto lido na homenaxe[727]. Entre elas predominaban aqueles de corte comunista, fronte ao que acontecía na homenaxe de Bóveda de agosto, onde destacaban os nacionalistas. Así, neste caso, podemos considerar o liderado claro do PCG. Esta constatación basease en diversas cuestións.

Imaxe 22. Nota necrolóxica do PCG



NA MEMORIA DOS MEMBROS DO COMITE DA DEFENSA DA REPUBLICA DE SANTIAGO FUSILADOS O TRES DE NADAL DE 1936, E DE TODOS OS MORTOS POLA DEMOCRACIA E A LIBERTADE EN SANTIAGO E COMARCA DO ANO 1936 O ANO 1939.

PARTIDO COMUNISTA DE GALICIA

A OFRENDA FLORAL TERA LUGAR O SABADO TRES DE NADAL AS CATRO E MEDIA DA TARDE NO CEMENTERIO DE BOISACA.

SANTIAGO, 2 de Nadal de 1977

Fonte: Nota necrolóxica, 02/12/1977, *La Voz de Galicia*, p. 45

Por unha banda así anunciaba o propio PCG na nota necrolóxica publicada o día 2 de decembro. Como podemos ver na Imaxe 22, a diferenza do que acontecera con outras convocatorias unitarias, nas que as notas eran asinadas polo total de partidos, neste caso estaba firmada unicamente polo PCG. Por outra banda, así o consideramos despois da análise das fontes orais coas que contamos. Primeiramente a de Dionísio Pereira, que lembra ter asistido a esta homenaxe, e en segundo lugar a do propio Luís Pasín, por tanto un dos organizadores do mesmo. Pese a que o seu nome non aparece nas fontes hemerográficas, ponnos sobre a pista da súa relevancia como organizador Dionísio Pereira, quen durante eses anos comezaba a ter moito trato con Pasín debido a investigación que iniciara sobre o seu avó. Pereira acudiu ao cemiterio e identificao a el e ao PCG como organizadores clave desta homenaxe en Boisaca, xunto co tamén histórico dirixente comunista Evaristo Mujico[728]. Este si que foi referenciado en prensa, en concreto no anuncio da homenaxe, transcribindo as súas palabras textuais: "con eles (os dez

"Rafael Pardo Carmona". 37 anos, Mestre. Natural e veciño de Santiago de Compostela. IR. Xulgado en Compostela por traizón co resultado de sentenza a pena de morte. (B.N.V.)

Luis Rastrollo González. "28 anos, Mestre. Veciñanza: Santiago de Compostela. POUM, Natural de Llerena-Badaxoz. Estudante de Mediciña.

"José Germán Fernández". 40 anos. Natural de Ribadavia. Veciñanza: Santiago de Compostela. Alcalde accidental de Compostela.

Modesto Pasín Noya. 32 anos, Empregado. Natural de Pontevedra Veciñanza: Santiago de Compostela (A Coruña). PCE.

Todos foron xulgado en Compostela por traizón co resultado de sentenza a pena de morte e executados o 3 de decembro de 1936.

Base de datos Nomes e Voces.

[727] Falamos de aproximado posto que o listado de convocandores varía segundo a noticia á que fagamos referencia. Así os que están presentes en todas as informacións serían: PCG, MCG, PSPG, LCR, PSOE, POG (Partido Obreiro Galego, escisión da— liderada por Camilo Nogueira).

A este listado se engaden no anuncio publicado en *Faro de Vigo*: XSPG (SEN SABER) e PET (en: "Homenaje a los miembros del comité de defensa de la república", 03/12/1977, *Faro de Vigo*, p. 28) Nas crónicas do acto inclúense tamén as siglas do partido comunista de Enrique Líster (PCOE) (En: " "Homenaje a fusilados en 1936", 04/12/1977, *Faro de Vigo,* p. 6. E en "Quinientas personas rindieron homenaje a los diez republicanos fusilados en 1936", *La Voz de Galicia*, 04/12/1977, p.36). Ademais nesta última crónica inclúese a referencia a un comunicado de adhesión da ORT. En total deste xeito daría un total de once partidos políticos. Pode puntualizarse o caso do PSG, que mentres é indicado nos anuncios do acto, non aparece na enumeración das crónicas do acto. Non sabemos se por omisión dos redactores das mesmas ou porque se tivera descolgado.

[728] Tamén identifica a Mujico o propio Luís Pasín (Entrevista realizada pola autora).

fusilados) non podemos deixar de lembrar a tódolos fusilados, paseados e desaparecidos naquelas datas"[729]

Luís Pasín Liñares tiña daquela pouco máis de corenta anos e era membro do comité local do PCG. Na entrevista realizada en 2022 Luís Pasín recordaba a homenaxe do 1977 como "a primeira que fixeran" pois, debemos puntualizar, este home foi un axente memorialista relevante nos seguintes anos sendo promotor de diversas accións. El identifica o comité do PCG como organizador do acto engadindo:

> Neste primeiro homenaxe fixémolo ca Aurora Liste e máis , bueno, outro sobriño. E despois xente de Santiago, xente que todavía había aínda moito... respecto...Entón pois fixemos o primeiro homenaxe e fixémolo alí onde está o busto do meu avó, alí no cemiterio, porque ao lado...esa foi a fila onde foron todos os fusilados, do Comité de Defensa da República, e entón fixemos...a homenaxe consistiu nun acto dunhas palabras... o problema que tiveron moitas familias, con respecto ...do levantamento de Franco e dos seus xenerales. E unha palabra, ás accións que fixo o fascismo aquí...a preparación da IIGM, que fomos un campo de experiencia para o que viña detrás... E puxemos unha placa alí, alí quedou a primeira placa.

Deste relato de Luís Pasín interésannos diversas cuestións. En primeiro lugar a referencia á participación de Aurora Liste. Debemos ter en conta que pouco tempo antes producírase a homenaxe liderada por ela, pero Pasín na entrevista fala dunha homenaxe, que polas características que describe, correspóndese con esta de decembro do 77[730]. Deste xeito, consideramos que tamén nesta, Aurora Liste podería ter xogado un papel relevante. Isto confirmaríase coa referencia en prensa á presenza de bandeiras do PCOE "portadas, éstas por las dos hermanas de Enrique Líster"[731]. Ademais o propio PCOE figuraba como un dos convocadores, polo que é posible, que doutra volta, as irmás Liste fosen participantes destacadas desta homenaxe[732].

Por outra banda, Pasín relata brevemente como aconteceu o acto, facendo referencia a diversas intervencións e deslizando a presenza dos familiares. Se atendemos ás crónicas do acto podemos comprobar, que, seguindo un guión moi similar ao que xa vimos identificando noutras homenaxes, as familias, doutra volta, tiveron un papel destacado. Deste modo, tamén na explanada do exterior do cemiterio, trala intervención do avogado Baltasar García Amigo quen tería lido "una larga relación de fusilados", dous familiares leron as cartas de dúas das vítimas escritas no cárcere antes de ser asasinadas[733]. Dábase conta da emoción nesta lectura, na que escoitaban entre cincocentas e mil persoas. A gran afluencia está presente nas lembranzas de Dionísio Pereira que destaca que "nese momento había sede, de saber, de coñecer y de honrar"[734]. Tralo comunicado dos partidos políticos e o canto do himno galego os asistentes terían entrado no cemiterio para facer a ofrenda floral silenciosa, "depositando ante la tumba

[729] "Homenaje a los diez miembros del comité de defensa de la república, fusilados en 1936", *La Voz de Galicia,* 03/12/1977, p. 35.
[730] Debemos ter en conta que no momento de realizar a entrevista, en xullo de 2022, Pasín conta xa cunha idade avanzada e un fráxil estado de saúde. Cuestionado por esta homenaxe e pola de setembro deste mesmo ano, non semella recordar esta última e focaliza a súa descrición, un tanto difusa, na de decembro do 77, ofrecéndonos por outra banda, unha valiosísima información. Ademais sostén que Aurora Liste formaba parte do PCG cando dende 1973 xa militaba no PCOE.
[731] "Quinientas personas rindieron homenaje a los diez republicanos fusilados en 1936", *La Voz de Galicia,* 04/12/1977, p.36.
[732] Por outra banda, na referencia ao sobriño é posible que se referise a Eduardo Liste, fillo de Constate Liste, o irmán desaparecido en outubro do 36 e que foi criado polas irmás Liste. http://culturagalega.gal/album/detalle.php?id=1116
[733] "Quinientas personas rindieron homenaje a los diez republicanos fusilados en 1936", *La Voz de Galicia,* 04/12/1977, p.36.
[734] Entrevista a Dionísio Pereira realizada por Iria Morgade (Vilar, Cerdedo, 5 de maio de 2022).

de los fusilados una corona de claveles rojos, con una cinta con los colores de la bandera gallega, y una bandera republicana, así como numerosos ramos de flores".[735]

Debemos deternos no lugar no que se realiza esa ofrenda floral no interior do cemiterio. Recordemos que na anterior homenaxe, Aurora Liste describira que a ofrenda se faría na fosa común onde estaba enterrados os asasinados. Nesta nova homenaxe de decembro debemos atender á información que dispoñemos para poder tentar dilucidar que espazo e como se atopaba este no momento dos feitos.

Nas lembranzas das fontes orais e na crónica en prensa inclúense diversas cuestións sobre este espazo que cremos importante resaltar[736]. Por unha banda, a crónica do acto refírese a unha "tumba de los fusilados". Dionísio Pereira recorda atoparse ante o lugar da fosa común, na entrada do cemiterio, na zona dereita, nunha esquina contra o valo. Ao igual que Ricardo Gurriarán, tamén asistente á homenaxe[737]. Por outro lado, se atendemos ás lembranzas de Luís Pasín, este identifica o lugar da homenaxe como achegado ao lugar onde esta o busto do seu avó, do que xa falamos, e que fora trasladado dende Bonaval a Boisaca. Este lugar era onde, segundo o seu recordo, os fusilaran.

Para procurar coñecer o lugar onde estaban enterrados os corpos nese ano 77 consultamos unha última fonte oral, a da filla de Luís Rastrollo, Rosa María[738]. Na entrevista realizada no marco do proxecto Nomes e voces, se refería a diversas visitas ao cemiterio nos anos seguintes ao fusilamento. Rosa María relataba como, tralo asasinato, a súa nai se escapaba de noite ao cemiterio, e se acurrucaba enriba do lugar onde estaba enterrado, onde "aún no habían puesto la lápida". Posteriormente, ao referirse ás súas visitas ao cemiterio na súa mocidade, que debemos situar entre os anos corenta e cincuenta, Rosa María relata como alí se xuntaba cos fillos dos outros fusilados. E describe como todos estaban enterrados uns a continuación dos outros. E por tanto, nunha fosa común, aínda que sen explicitar este nome. Porén, nese relato Rosa María tamén indica como ía limpar a lápida do seu pai. Posteriormente os corpos foron trasladados, o do seu pai ao cemiterio de Bonaval. Non temos información sobre en que ano aconteceu este extremo.

Por tanto, neste ano 77 os corpos tiñan que estar no lugar que describe Rosa María, e se é así, existía, polo menos, unha lápida, é dicir, unha sinalización da fosa. Preguntados ao respecto, as nosas fontes orais non recordan este extremo. E é posible, que debido á gran asistencia de público, nin sequera puideran tela visto, se esta seguía aí. Posto que tamén debemos ter en conta como Rosa María, nos anos cincuenta marchou a vivir a Ponferrada, e polo tanto, a tumba que antes ía limpar, podía agora atoparse descoidada e incluso oculta. Nese espazo, por tanto, fíxose a ofrenda floral.

[735] "Quinientas personas rindieron homenaje a los diez republicanos fusilados en 1936", *La Voz de Galicia,* 04/12/1977, p.36.
[736] É importante ter en conta que sobre esta fosa existe aínda información fragmentada. Polo que non puidemos apoiarnos en investigacións recentes sobre a mesma.
[737] Entrevista a Dionísio Pereira realizada por Iria Morgade (Vilar, Cerdedo, 5 de maio de 2022). Entrevista a Ricardo Gurriarán por Iria Morgade (Telefónica, decembro de 2024).
Esta zona sería a que na actualidade está sinalizada como lugar de memoria, ao estar presente nelas diversas placas memorialistas (todas posteriores ao período en estudo).
[738] Entrevista a Rosa María Rastrollo García por Antonio Míguez e Andrés Domínguez. Fondo Nomes e Voces, *sin* 2003.

Imaxe 23. Placa memorialista en Boisaca.



Fonte: fotografías realizada por Iria Morgade seguindo as indicacións de Luís Pasín.

Por outro lado, Luís Pasín fai referencia á colocación dunha placa, "a primeira placa". Esta mención ven a confirmar outra pista atopaba nunha noticia de 1987. Nela dábase conta da homenaxe que se realizara en Boisaca na "fosa común" onde foran enterrados os veciños asasinados de Ordes, aqueles que por outra parte, tiveran xa a súa primeira homenaxe no exilio (Ver Capítulo 2). Nesta noticia falábase da previsión de levantar un monólito nese lugar "donde, desde los años 70, hay una placa conmemorativa de este luctuoso suceso"[739]. Os intentos por descubrir a que placa se referían nesta nova foran infrutuosos tras revisar o camposanto de Boisaca e non atopar ningunha placa dos anos setenta no lugar de memoria que existe actualmente. E tras tampouco acadar rastro documental desta nos diversos arquivos. Pero a existencia dunha placa volveu aparecer ante nós a través da fonte oral de Luís Pasín, identificando a súa colocación nesta homenaxe de decembro do 77. E el mesmo ofrécenos as indicacións para atopala: estaba sobre a tumba dun dos seus tíos, na parcela 1392. Como se pode ver na Imaxe 23 localizamos a placa, efectivamente, na tumba onde están depositados os restos mortais de varios familiares, e ao carón mesmo da tumba de Luís Pasín Romero. Entre os familiares enterrados na tumba está o propio Modesto Pasín Noya, isto é, un dos asasinados o 3 de decembro do 36, e homenaxeado no 77.

Semella pouco probable que os restos mortais e a placa estiveran no 77 nesa tumba, ao analizar as fontes. Tanto a referencia nunha noticia do 87 a unha placa na fosa común dos anos 70, como as palabras do propio Pasín e a descrición en prensa do desenvolvemento do acto, fronte a esta tumba dos fusilados. A devandita placa reza "Recuerdo y honra a quien por defensa de la libertad ofrendaron su vida que les fue sesgada en la represión de 1936-1939" (Imaxe 23).

739 "Emotivo homenaje en Boisaca a catorce vecinos de Ordes fusilados en 1937", *La Voz de Galicia,* 15/02/1987, p.38.

Cuestionado sobre este feito, as fontes orais pensan que é posible que placa se colocase no muro da fosa, aínda que non o poden confirmar taxativamente.

Por tanto teríamos diversos lugares de interese nos arredores do cemiterio de Boisaca. Por unha banda o lugar de violencia, onde foron fusilados. Na entrevista que lle facían en *La Voz de Galicia* a José Carnero Valenzuela, xulgado canda os fusilados falaba de como xa estivera "no sitio onde foron fusilados, na parte de fóra dos muros de Boisaca"[740]. É posible, por tanto que alí se realizasen os discursos, que se sitúan no exterior do cemiterio. Por outra banda, teríamos o lugar de enterramento. Como avanzabamos consideramos que o máis probable é que existise unha fosa común, que foi sinalizada polos familiares durante a ditadura. Posteriormente, máis alá dos anos 70 os restos destes fusilados foron exhumados e os restos trasladados a tumbas ou panteóns familiares. Dende esta interpretación o máis lóxico é pensar que neste ano 77 as persoas situáronse tanto no lugar de fusilamento como no de enterramento, fronte a esa fosa.

Un lugar de enterramento, unha fosa, na que tamén estaría enterradas vítimas doutras execucións, como as de setembro de 1936 homenaxeadas tamén neste ano 77. Aquí, neste muro se tería colocado a placa que posteriormente se trasladaría á tumba da familia Pasín.

Xa que logo, esta placa instalada no cemiterio no 77 tería sido a primeira placa en homenaxe ás vítimas do 36 que se tería colocado de xeito público e non clandestino. Por iso, a súa relevancia é crucial. Por outra banda, a falta de información sobre esta colocación nos fala tamén de como, aínda que sen ser na clandestinidade, este acto de memoria pasou paradoxalmente á desmemoria, un fenómeno que se identificará en numerosas ocasións ao longo desta investigación[741]. Ninguén, excepto o propio Pasín, semellaba recordalo con claridade.

Para finalizar, debemos fixarnos nunha frase que se tería pronunciado durante o acto e que, desta volta, si a identificaría co discurso oficial da Transición. Expresábaa Baltasar García Amigo:

> Es momento de que perdonemos y olvidemos y nos esforccemos para que no haya en España otra lucha fratricida[742]

Convén preguntarnos, pois, se na homenaxe realizada dous meses antes, aínda que sen aparecer en prensa, este discurso tamén estaría presente, ou se existe unha diferenza entre ambas, que podería explicarse en base ao liderado do acto, que nesta segunda homenaxe fora do PCG pero que na de setembro correspondéralle a familiares, e en todo caso, a militantes do PCOE, contrario, pois, as teses do carrillismo e por tanto da reconciliación. Neste senso, nos conflitos entre os partidos de esquerda en relación co posicionamento aberto á reforma do PCE, podería entenderse o que nos relata Dionísio Pereira:

> Fora cun vello do POUM, que vivía... saíndo de Santiago (…) era informante do POUM. E me acordo que era bastante chistoso, pero daquela xa estaba maior... el era troskista, era un home de case 90 anos, se lle ocorreu levar unhas caretas destas de...de entroido, unha con Carillo e outra con Felipe González, alí ao cementerio ... el era troskista, e Carrillo caíalle fatal... (…) E me acordo

[740] "Homenaje a los diez miembros del comité de defensa de la república, fusilados en 1936", *La Voz de Galicia,* 03/12/1977, p.35.
[741] "Notei unha sensación de clandestiniddade", recorda Ricardo Gurriarán (Entrevista realizada por Iria Morgade, decembro de 2024).
[742] "Quinientas personas rindieron homenaje a los diez republicanos fusilados en 1936", *La Voz de Galicia,* 04/12/1977, p.36.

> que eu estiven todo o acto intentando que non sacara as caretas... Porque había unha cantidade de xente do PCE por alí... e ía molestar a xente...[743]

Por outra banda, en canto ao discurso, convén aclarar que a definición dos fusilados como pertencentes a un "Comité de Defensa de la República" foi establecida polos golpistas nos procesos militares. Non existira, por tanto, un comité como tal, senón que o alcalde en funcións chamara a representantes dos partidos e sindicatos ao Concello de Compostela no contexto do golpe, despois de que chegaran as primeiras novas o 17 de xullo pola tarde-noite. Ademais, nesa representación os comunistas conformaban unha minoría moi minoritaria, algo lóxico tendo en conta a súa representatividade antes do golpe. A diferenza entre os feitos e a construción do relato posterior por parte, neste caso do partido comunista, evidencia un fenómeno de "apropiación da memoria" ou máis ben, de apropiación do relato construído polos golpistas por parte de determinados actores sociais e políticos.

Por último, cabe destacar que esta homenaxe aos membros dese "Comité de Defensa da República" en Boisaca, non fora a primeira, meses antes, o 25 de xullo, día da Patria Galega, a agrupación local do FSG (PSOE) organizara un "acto de desagravio por los luchadores contra la dictadura y el fascismo"[744]. Unhas trescentas persoas terían acudido ao cemiterio colocándose "doce rosas rojas en la fosa común que acogió los cuerpos de los fusilados pertenecientes al comité de defensa de la ciudad", facendo doutra volta extensible o recordo "a todos los que durante los últimos cuarenta años habían luchado contra la dictadura y el fascismo y en favor de la democracia"[745]. Coñecemos este feito a través dunha única noticia, que nos ofrece dous elementos de interese. Por unha banda a constatación da existencia dunha fosa común onde se realizaban homenaxes, e por outra a actuación de novo dunha agrupación local do PSOE nunha homenaxe, que se suma as xa mencionadas de Vigo e Viveiro.

Como diciamos 1977 configúrase como o ano no que se produciu un incremento notable das accións memoriais, converténdose no pico do ciclo. Por iso, e dada a complexidade de identificar as accións durante esta investigación, consideramos moi probable a existencia doutras homenaxes que, polo momento, descoñecemos, atendendo por exemplo á prohibición da homenaxe de Cangas, da que soamente contamos co expediente do Goberno Civil. E a que esta aparición de documentación en arquivos, nunha boa parte dos casos obedece á sorte e non a unha busca nunha documentación gardada de xeito sistemático. Tamén é posible que existan homenaxes que non detectamos como accións memoriais, aínda que así foran. Neste senso cómpre nomear o caso da homenaxe ás cigarreiras na cidade da Coruña. Unha sucinta noticia do 27 de setembro deste ano 77 da conta dunha homenaxe "de sentimiento a las cigarreras y tabaqueros coruñeses fallecidos desde 1936, y cuantos, por diversas causas, fueron víctimas de la lucha por la libertad".

A referencia a 1936, clave en numerosas ocasións para descubrir unha acción deste tipo, xunto a constancia de que as cigarreiras foron violentadas despois do golpe, irían no camiño de confirmar esta hipótese. Investigacións incipientes tratan o tema de como na Real Fábrica de Tabacos da Palloza houbo unha profunda depuración tralo golpe de estado, pero a necesidade de contar con cigarros para atender as tropas sublevadas fixo que pronto se reiniciasen os traballos. O que si cesaron foron as actividades sindicais e reivindicativas[746]. O acoso e violencia exercida sobre as cigarreiras tamén se evidenciou na incautación da casa comunal que

[743] Entrevista a Dionísio Pereira realizada por Iria Morgade (Vilar, Cerdedo, 5 de maio de 2022).
[744] "El PSOE organizó ayer un acto de desagravio en el cementerio de Boisaca", *La Voz de Galicia,* 26/07/1977, p.33.
[745] *Ibidem.*
[746] "As cigarreiras da Real Fábrica de Tabacos da Palloza", A Coruña das mulleres, web da asociación Alexandre Bóveda. https://acorunhadasmulleres.gal/as-cigarreiras-da-real-fabrica-de-tabacos-da-palloza/ .

crearan pouco tempo antes do golpe. A homenaxe segundo a nova, consistira nunha ofrenda floral no cemiterio a onde acudiu "el secretario general de la Federación Tabaquera Española, Severino Chacón, acompañado de "antiguas "chaconeras", familiares y amigos de éstas"[747]. E aquí atopamos outro dato de interese. Severino Chacón tamén fora vítima da violencia tralo golpe, tendo que ocultarse durante ano e medio e logrando, despois, fuxir ao exilio[748]. Precisamente foi Severino quen días antes facía público nunha entrevista aparecida no mesmo xornal a súa intención de loitar pola recuperación da casa comunal e tamén anunciaba a realización da homenaxe que ía ter lugar o 25 de setembro, empregando a mesma descrición que días despois apareceu na crónica do acto, á que acompaña unha foto grupal[749].

Imaxe 24. O muro da fosa común de Sestás, estado antes da rehabilitación




Fonte: foto cedida por J.A. Uris Guisantes

Tamén temos constancia da homenaxe no cemiterio de Sestás, que segundo as fontes consultadas se viña realizando dende 1974 e que, de seguro, trala morte de Franco terían un cariz máis público. Aínda que o desenvolvemento da acción memorial máis relevante que se fixo sobre esta fosa común tivo lugar nos anos 80 xa durante este primeiro ciclo as accións de homenaxe sobre a fosa posuían un carácter público e colectivo, como as que se producían cada 1 de novembro e 25 de xullo e da que é proba o escrito na parede da fosa (Imaxe 24). Así, en 1978 incluíase a primeira inscrición *A memoria dos 56 homes que moran nesta fosa común. Eiqui non enterraron soio cadavres enterraron sementes que hoxe frorecen*. De novo, como xa analizamos no Capítulo 2 vinculada co memorialismo, volvía aparecer a frase de Castelao. Esta estampa adaptada ao caso concreto de Camposancos, evidencia a forza simbólica que tiña xa a

[747] "Ofrenda floral a las cigarreras", *La Voz de Galicia*, 27/09/1977, p.40.
[748] Natural da Estrada. Directivo da "Unión Tabacalera" e da Sección de Tabacos da UGT. Estivo agochado un ano na Coruña, antes de fuxir por mar cara a zona republicana. Xulgado en Ferrol co resultado de declaración en rebeldía. Exiliado despois da guerra. Base de datos Nomes e Voces
[749] "Severino Chacón, con 92 años, sigue en la brecha", *La Voz de Galicia*, 21/09/1977, p.27. E en "Ofrenda floral a las cigarreras", *La Voz de Galicia,* 27/09/1977, p.40.

obra deste autor, e en especial ese *Galicia Mártir*, cadernos de historias da represión que ademais pasou a constituír un referente simbólico fundamental para a denuncia da violencia golpista. Na mesma fotografía podemos observar tamén unha frase datada o 25 de xullo de 1981: *Os defensores da liberdade do pobo e aos que morreron por ela*. No centro unha coroa de flores, que polo tanto, podería evidenciar a existencia de ofrendas florais arredor da fosa.

Gráfico 38. Evolución das homenaxes entre 1976 e 1978



Fonte: elaboración propia en base aos datos analizados[750].

Este ano 1977 supón o momento álxido do ciclo de acción colectiva da memoria que identificamos entre 1976 e 1978 (Gráfico 38). A meirande parte das homenaxes realizáronse na segunda metade do ano, en concreto a partir de agosto, coincidindo, por tanto, coas datas nas que en 1936 se exerceu unha violencia masiva contra a poboación. A excepción conformaríaa as homenaxes a Amador e Daniel no mes de marzo, precisamente vítimas doutro tipo de violencia, doutro contexto temporal e histórico. Tamén incluímos as homenaxes que se realizaron a Humberto Baena, ambas pola súa relevancia e expansión, precisan un apartado propio.

3.3.3.4. Baena, as primeiras homenaxes á "última vítima" (1976- 1978)

En setembro de 1976 polas rúas de Vigo repartiuse un pasquín que anunciaba a homenaxe que tería lugar no cemiterio de Pereiró en memoria de Humberto Baena. Na mensaxe convén destacar a conexión que se facía entre os "5 heroes" asasinados o 27 de setembro do ano anterior cos "centos de antifeixistas caidos dende fai cuase 40 anos". E este constitúe un elemento clave para atender á razón pola cal estas accións de recordo ás vítimas da violencia do réxime franquista nos seus derradeiros anos de vida, poida incluírse nese traballo de

[750] Incluídos homenaxes aos últimos asasinados (Baena, Reboiras, Amador e Daniel) e as homenaxes anuais en San Amaro e Camposancos (incluídos por defecto no mes de novembro por ser o Día dos Defuntos e un por ano aínda que non de todos os anos temos a constatación da data exacta celebración, ademais pode ser posible que houbera máis dunha homenaxe por ano- Excepto Camposancos do 78 que se inclúe en xullo por ter a constatación a través do mural). Cando son varios actos de organizacións políticas diversas arredor da mesma figura homenaxeada e no mesmo día inclúese como unha. Inclúese tamén a homenaxe en Cangas aínda que non temos a constatación final da súa celebración máis si da intención de facela.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

investigación. Así, se nos fixamos na natureza da violencia que deu lugar ás vítimas no 36 e anos seguintes, e a que se proferiu contra as vítimas dos anos 70, poden comprenderse notables diferenzas. Pero no caso que nos ocupa, non nos interesa tanto atender a esa violencia diferenciada, como ao obxecto que a memoria desas vítimas tiña no presente do período estudado. Deste modo, nunha especie de continuidade discursiva, Baena ou Reboiras eran tratados como os últimos mártires dun proceso que nacera no 36. A reivindicación do non esquecemento e da memoria, do exemplo para o tempo presente, son algúns dos elementos principais que están na xustificación de que incluamos estas accións, en memoria e reivindicación das últimas vítimas do franquismo, pese aos seus elementos diferenciais, baseados principalmente nunha maior carga política, como parte do noso obxecto de estudo.

Ademais das homenaxes a Moncho Reboiras e a Amador e Daniel, é importante atender aos actos que tiveron lugar arredor do asasinato de Humberto Baena.

En 1975, mentres en Rianxo tiña lugar a homenaxe a Castelao, producíanse as últimas cinco execucións do réxime franquista, dous militantes de ETA, Juan Paredes e Ángel Otaegui, e tres do FRAP, Ramón García, Jose Luís Sánchez e Humberto Baena. Este último tiña vinte cinco anos cando o executaron en Hoyo de Manzanares (Madrid). Era de Vigo e pertencía ao Partido Comunista de España (marxista-leninista). Este foi o partido impulsor do Frente Revolucionario Antifascista e Patriota (FRAP), organización obxecto dunha forte represión policial que culminou nestas execucións.

A existencia do propia PCE (m-l) enmárcase no ecosistema heteroxéneo de organizacións políticas que refutaron a reforma política, entre eles os partidos nacionalistas como a UPG e o PSG, tamén os movementos libertarios. Na esfera comunista non nacionalista, este ecosistema estivo conformado por un número crecente de organizacións nadas ao abeiro da confrontación coa liña oficial do PCE e a Política de Reconciliación Nacional que abrazou definitivamente no VI Congreso (Pérez, 2013, p. 249). Este é o punto de inicio do xurdimento do que se deu en chamar *esquerda revolucionaria* ou *extrema esquerda*, crítica coa asunción da tese da transición pacífica e das teses revisionistas do Partido Comunista da URSS. Primeiramente, nos anos cincuenta, a través das frontes revolucionarias e posteriormente, principalmente nos anos 60 a través das doutrinas marxistas-leninistas, maoístas e trostkistas, entre outras. Neste sentido o PCE (m-l) conformouse a través do grupo liderado por Benita Ganuza (Elena Ódena) e Julio Manuel Fernández (Raul Marco) que adoptou o marxismo-leninsmo-pensamento Mao Zedon e que se escindiu do PCE en 1964, criticando duramente a dirección do PCE, e en concreto a Santiago Carrillo a quen acusaban de abandonar definitivamente os principios ideolóxicos marxistas adoptando unha política oportunista cuxa máximo expresión era o intento de pactar con sectores das clases dominantes para conseguir as liberdades democráticas (Hermida, 1997, p. 305). En novembro de 1973 constituíuse formalmente o FRAP, acordando pasar a loita armada na primavera de 1975. Isto trouxo como consecuencia unha notable acción represiva policial, con numerosas detencións e torturas de membros da organización (Pérez, 2013, p. 257). Todo o cal culminou nas execucións do 27 de setembro, no asasinato do vigués Humberto Baena.

A irmá de Humberto Baena, Flor Baena recorda o estado de medo e ameazas na que se atopaba a súa familia durante os anos 75 e 76 dende o mesmo momento da execución e trala decisión do pai de intentar recompilar probas para demostrar a inocencia do fillo, acusado de matar a un policía nunha manifestación en Madrid. Entre as accións coactivas que Flor identifica executadas polo estado, atoparíase o incendio da súa casa, que fora provocado precisamente queimando libros e poesía do propio irmán, ou a morte con arma de fogo do seu

USC DE COMPOSTELA

can. Lembra tamén como, nos seguintes meses, non se atrevía a saudar aos amigos de Humberto para que non os ficharan, pois sabían que estaban sendo vixiados[751].

As dificultades inícianse dende o mesmo momento dos intentos por recuperar o cadáver e trasladalo a Vigo, ao cemiterio de Pereiró. Primeiramente esta petición foi negada, inhumándose os restos no cemiterio de Hoyo de Manzanares. Un xeito de evitar as concentracións que se poderían formar no camposanto de Vigo. Finalmente trasladárono sen acordar unha data clara coa familia. Á chegada o cemiterio, segundo lembra Flor, este estaba tomado pola policía sen deixar entrar á familia. Por outra parte o estado de medo no que esta se atopaba fixo tamén que decidisen non avisar do traslado, coa intención de que non se desenvolvese ningunha acción popular. Isto podería ir no senso da información publicada en prensa o 30 de setembro no que segundo "fuentes próximas a sus familiares" a intención da súa familia sería "dejar transcurrir algún tiempo"[752].

Na prensa este feito, que tivera lugar en outubro do ano 75, describiuse de xeito conciso, facendo referencia a que no cemiterio esperaban un representantes do xulgado e un irmán e unha tía do falecido. Non se deixaba constancia desa presenza policial que si recordaba a familia. Por outra banda na noticia falábase da chegada o cemiterio de "algunos compañeros suyos de trabajo y amigos" depositando flores[753]. Cinco días despois do traslado celebrouse un funeral ao que acudiron "numerosas personas que abarrotaron el templo ocupando también el exterior del atrio". O acto estivera presidido polo pai, os seus irmáns e as súas tías[754].

Ao ano seguinte do seu asasinato, e polo tanto cando se comezaban a producir as primeiras accións memoriais dos fusilados polo golpismo do 36, iniciáronse tamén as accións de recordo e reivindicación da figura de Baena. Un ano, 1976 no que a familia sufría constante presión policial, vixiada e fustrigada por policía e servizos secretos para que non investigasen. Deste xeito debemos distinguir as accións convocadas pola familia e aquelas convocadas por organizacións políticas. Así, en primeiro lugar teríamos a celebración dun funeral á que asisten os pais e irmáns acompañados de arredor de catrocentas persoas, na igrexa de Santa Cristina de Lavadores, en Vigo. Ao finalizar o funeral organizouse "una pequeña manifestación integrada por jóvenes-la mayoría de las personas asistentes al acto eran mayores- en la que se gritaron "slogans" alusivos a Baena y Txiki". Nesta manifestación tamén se terían lanzado pasquíns relativos á conmemoración do primeiro aniversario do fusilamento onde se recollía a dedicatoria escrita no cárcere por Juan Paredes nunha fotos dos seus irmáns pequenos[755]. Esta dedicatoria dicía "Mañana, cuando yo muera, no me vengáis a llorar. Nunca estaré bajo tierra, soy viento de libertad"[756]

A intervención da policía varía segundo as diversas informacións publicadas. Nunha delas descríbese como á saída da igrexa, un grupo de mozos foron disoltos pola forza pública tras gritar frases en recordo de Baena[757]. Á mesma hora, teríanse producido outras concentracións e manifestacións en diversas zonas da cidade, identificadas, desta volta, con organizacións políticas. Así o FRAP lanzara unha convocatoria de concentración no cemiterio de Pereiró, isto

[751] Conferencia de Flor Baena presentada por Lourenzo Fernández Prieto (Facultade de Xeografía e Historia da USC, 29 de setembro de 2021).
[752] "Los familiares de Francisco Baena, proyectan trasladar su cadáver a Vigo, en fecha aún no determinada", La Voz de Galicia, 30/09/1977, p. 47
[753] "Enterrado en Vigo el cadáver de José Humberto Baena", La Voz de Galicia, 10/10/1975, p.14.
[754] "Funeral por el alma de José Humberto Baena", La Voz de Galicia, 14/10/1975, p.44.
[755] "Funerales por Jose Humberto Baena", La Voz de Galicia, 28/09/1976, p.46.
[756] Recollido en Fundación Sancho El Sabio. Recuperado en: https://www.euskalmemoriadigitala.eus/handle/10357/48434
[757] "Funerales por Jose Humberto Baena", La Voz de Galicia, 28/09/1976, p.46. ; "Violentas manifestaciones en varios puntos de Vigo", El Pueblo Gallego, 28/09/1976, p. 20.

é, onde estaba enterrado. E onde tamén existía unha notable presenza policial, que "se estacionó ante la tapia del cementerio impidiendo que se formasen grupos". Ante esta situación, dende ese lugar lanzouse unha convocatoria alternativa para a Praza de América. Alí media hora despois, agrupáronse ao redor de cincuenta persoas gritando consignas entre as que estaba "Baena, o pobo non te esquece" [758]. Tamén se documentan concentracións noutras zonas como na Gran Vía onde se interrompeu o tráfico e se romperon os vidros do Banco Pastor e do Corte Inglés ou no barrio do Calvario onde se tería repartido "propaganda alusiva a las ejecuciones del 27 de septiembre". De novo a Policía realizou cargas para dispersar aos manifestantes incluíndo a detención dalgunhas persoas[759].

Estas concentracións eran a resposta á prohibición da manifestación contra a pena de morte que se quixera convocar para ese mesmo día 27 de setembro. Así nolo conta un militante do FRAP que prefire manterse no anonimato[760].

Finalmente a manifestación foi permitida para dous días despois, o 30 de setembro. Esta fonte recorda como durante a mesma non puidera portar insignias do FRAP, aínda ilegal e sometida a unha forte persecución. Tralos propios fusilamentos do 75, a organización recuncara e perdera moita capacidade operativa, o que en xuño do 76 desembocou na súa renuncia á loita armada e no lanzamento doutro proxecto, a Convención Republicana de Los Pueblos de España (Pérez, 2013, p.280).

Volvendo á manifestación, esta é considerada a primeira en contra da pena de morte que se realizou en Galicia, e tamén unha das manifestacións máis numerosas que se recordaban en Vigo[761]. Nela, ademais da reivindicación contra a pena de morte e polas liberdades políticas incluíanse importantes elementos memoriais. Estes evidenciaranse xa nos días previos, marcado en primeiro lugar pola decisión da data na que se quería celebrar: o día 27 de setembro, no aniversario dos fusilamentos. En segundo lugar o carácter memorial se reflexa no itinerario planificado para a manifestación, que comezaría na Praza de América e remataría no cemiterio de Pereiró[762].

Precisamente estes elementos foron nos que se apoiou o Gobernador Civil de Pontevedra para denegar a autorización da manifestación nese día 27. Finalmente permitiuse para o día 30 coa condición de afastar o itinerario do cemiterio[763]. E, por tanto, querendo así eliminar os elementos memoriais.

Estes esforzos das autoridades gobernativas pola eliminación da reivindicación memorial non conseguiu suprimir o seu carácter. Así, ademais de lemas relativos a abolición da pena de morte, os manifestantes tamén portaban pancartas contra o esquecemento "Txiki, Baena, hermanos, no os olvidamos", "Rey, Niebla, Reboiras, no os olvidamos", "Ferrol, o pobo non esquence", así como un gran retrato de Humberto Baena[764]. Ademais, durante o itinerario:

> El abogado laboralista Angel Fernando Randulfe, por medio de un megáfono se dirigió a los manifestantes, y entre otras cosas dijo: "Hace muchos años

[758] "Varios comandos cortaron el grafico en la plaza de America, de Vigo", *La Voz de Galicia*, 28/09/1976, p.46
[759] *Ibidem.*
[760] Entrevista anónima realizada por Iria Morgade (Vigo, 21 de xullo de 2022).
[761] "Manifestación en Vigo contra la pena de muerte", *La Voz de Galicia,* 1/10/1976, p. 28.
[762] Arquivo Subdelegación de Pontevedra, Fondo Goberno Civil, *sin* ASGP 3278.
[763] *Ibidem.*
[764] "Manifestación en Vigo contra la pena de muerte", *La Voz de Galicia,* 01/10/1976, p. 28.

> intentaron aplacar al pueblo y aquí está el pueblo, el pueblo quiere imponer la avolición de la pena de muerte"[765].

O anterior parágrafo é parte do informe policial asinado polo Comisario e incluído no expediente da manifestación, aberto trala solicitude de permiso polos organizadores do acto. Entre as persoas promotoras da manifestación que asinaron esta solicitude había algunhas xa fichadas polos servizos policiais como "membros do LCR", "desafectos al régimen", "galleguistas" ou de "tendencia abiertamente progresista"[766]. Trala manifestación cinco organizacións políticas, entre elas o PSG, o MCG e a LCR, celebraron unha rolda de prensa identificándose como as solicitantes da manifestación[767].

Imaxe 25. Fotografía da manifestación



Fonte: *Teima,* nº0, Novembro 1976, p.23.

A rolda de prensa foi obxecto de polémica entre o Gobernador Civil e os medios de comunicación que a cubriron (*El Pueblo Gallego* e *La Voz de Galicia*) aos que enviou un escrito no que pedía a súa rectificación á vista de que, formalmente, os asinantes da solicitude non fixeran constar a súa adscrición ideolóxica a ningún partido[768]. O Gobernador Civil tentaba eliminar o carácter político dunha manifestación que, segundo o informe policial acudiran cinco mil persoas, entre sete mil e doce mil segundo a prensa ou quince mil segundo estipulaban os promotores[769]. Cremos que este intento en van do Gobernador pode estar suscitado polos problemas que finalmente lle causou a autorización dunha manifestación que logrou un gran impacto social.

---

[765] Arquivo Subdelegación de Pontevedra, Fondo Goberno Civil, *sin* ASGP 3278.

[766] Primer asinante: Francisco Javier Mañon Lage, seguido de Antonio Bouzas Álvarez, Aureliano García González-Llanos, León Barros Suárez, José Lodeiro Fernández, Benito Ledo Cabido e Rodrigo Alonso Seoane. En Arquivo Subdelegación de Pontevedra, Fondo Goberno Civil, *sin* ASGP 3278.

[767] Partidos solicitantes de la manifestación: Partido Socialista Galego, Movimento Comunista Galego, Liga Comunista Revolucionaria, Organización Comunista Información Obreira, Organización Comunista de España Bandera Roja. En: "Manifestación en Vigo contra la pena de muerte", *La Voz de Galicia,* 01/10/1976, p. 28.

Aa nosa fonte oral, militante do FRAP naqueles momentos, recorda o PCG entre os convocadores, aínda que se atendemos ao descrito nas crónicas podemos ver como este non sería promotor da manifestación senón "adherido" como tamén o PSPG, a ORT e PT. En: PCG, PS, PG, ORT e PT: "Manifestación en Vigo contra la pena de muerte", *La Voz de Galicia,* 01/10/1976, p. 28. E : PCG, PT, ORT e PSPG en: "7000 vigueses, se manifestaron contra la pena de muerte", *El Pueblo Gallego*, 01/10/1976, p.13.

[768] Arquivo Subdelegación de Pontevedra, Fondo Goberno Civil, *sin* ASGP 3278.

[769] *Ibidem.*

"7000 vigueses, se manifestaron contra la pena de muerte", *El Pueblo Gallego*, 01/10/1976, p.13. "Manifestación en Vigo contra la pena de muerte", *La Voz de Galicia*, 01/10/1976, p. 28.

Benito Sáez e González-Elipe, fora nomeado Gobernador Civil de Pontevedra en xuño deste ano 1976, poucas semanas antes da designación como presidente do goberno de Adolfo Suárez. Nese momento iniciábase unha reestruturación dos gobernadores civís. No caso de Pontevedra esta non aconteceu ata varios meses despois, en concreto ata outubro deste ano 1976, xustamente despois de que se tivese producido esta manifestación multitudinaria en Vigo en contra da pena de morte. Segundo a crónica publicada en *Teima* en novembro do 76 esta teríase producido a raíz desta autorización. Así, aínda que era coñecido o seu pasado falanxista na crónica sostense:

> Disque o dimitiron por liberal. Máis, concretamente, por certas diferencias de criterio co mesmo ministro de Gobernación: Martín Villa. O motivo: cicáis a manifestación que se celebróu en Vigo pra protestar pola pena de morte o pasado día 30 de setembro. Foi a primeira manifestación autorizada que se celebróu na España do 18 de xullo contra a pena de morte[770]

Segundo esta publicación a manifestación "bordou todolos canles legais". Nela reivindicaríase a liberdade do pobo galego, "en contra dos fusilamentos, en contra do terrorismo fascista, pola disolución dos corpos represivos, pola liberdade do pobo vasco..."[771]. A actuación do Gobernador Civil durante os seus meses de mandato tamén incluíu a legalización da meirande parte "das asociacións de veciños que agardaban luz verde dende había unha chea de tempo" . Así pese a algunhas medidas represivas (sen ir máis lonxe a prohibición da manifestación de Bóveda en agosto), para o autor da noticia este Gobernador fora cesado, porque gañara sona de "liberal":

> No Ministerio de Gobernación, en Madrid, consideraron, nembargantes, que o liberalismo ben podía ser febleza e que os tempos non estaban pra deixar tan ceibe o adival do carro. Asegún poidemos saber houbo mesmo palabras duras entre o ministro e o gobernador arredor, precisamente, da manifestación do día 30. Dende Madrid, concretamente, e quizaves avisados por certos sectores da dereita provincial, pedían esplicacións de por qué non se tomaron medidas (sancións, multas) contra dos organizadores da manifestación antedida, pois non se axustaron ás reglas do xogo (os berros, consginas e verbas permitidas). Parez que o gobernador non quixo tomar esas decisións, o que lle costóu o cargo"[772].

Para o substituto, Gervasio Martíñez Villaseñor, o semanario ofrecía unha visión moito máis crítica, definíndoo como home de man dura no seu posto anterior de delegado do Sindicato de Vigo e cunha amizade estreita co ministro Martín Villa. A súa actividade como Gobernador estivo marcada pola forte represión exercida contra os veciños de Salcedo nunha manifestación polo paso da autopista, e polas prohibicións dun gran número de actos e conferencias. Esta tendencia confirmábase, en meses posteriores, cando se publicaba unha ampla reportaxe na que se incluían unha lista de trinta e tres accións entre reunións, manifestación e coloquios entre outros que foran prohibidas entre outubro do 76 e xaneiro do 77[773]. Non se citaba ningún relacionado co noso obxecto de estudo, pero é importante recordar que nesas mesmas datas tería lugar a homenaxe en Tui, que non pedira permiso.


Atendendo a esta información poderíase comprender que os organizadores das homenaxes decidisen non solicitar permiso tendo en conta a sona de que ía gañando o novo gobernador[774].

---

[770] "Pontevedra: gobernadores veñen e van", *Teima*, nº0, novembro 1976, p.23.
[771] *Íbidem.*
[772] *Íbidem.*
[773] "Pontevedra: prohibir é un placer", *Teima,* nº6, 20-27 de xaneiro de 1977, p13
[774] *Íbidem.*

Recordemos que en outubro do 76 nos atopamos en pleno auxe do que se deu en chamar o "inverno quente", cando a mobilización popular alcanzou unha amplitude inédita na que se avogaba pola ruptura, e que tivo como resposta a represión exercida dende o goberno (Baby, 2018, 261).

Imaxe 26. Cartel que se colocaba nos autobuses, 1976



Fonte: cedido por fonte anónima, militantes FRAP.

Inserido neste proceso de mobilización social e política, a manifestación da pena de morte contou con certos elementos cerimoniais presentes nas accións da memoria, como o minuto de silencio ou a entoación do himno galego. En torno a esta manifestación contamos co recordado por varias fontes orais, presentes nesta manifestación e nas posteriores accións de recordo a Humberto Baena. Deste xeito nos ceden algúns dos pasquíns e carteis que conservaban. Do ano 76 identifican o cartel da Imaxe 26, que se colocaba na parte traseira dos autobuses urbanos, chamados popularmente "os Vitrasa". Así como o pasquín que anunciaba a concentración convocada pola PCE-ml no cemiterio de Pereiró, que como vimos fora impedida pola Policía Armada.

Ao ano seguinte, en 1977, en pleno auxe do ciclo memorialista, producíronse de novo accións memoriais en recordo de Humberto Baena, que como no ano anterior, estaban moi ligadas ás reivindicacións das organizacións políticas, neste caso a UPG (liña proletaria) e o FRAP que terían convocado unha ofrenda floral para as sete da tarde no cemiterio de Pereiró[775]. Xa dende as seis da tarde se foran achegando persoas ante a tumba de Baena "que depositaron ramos de flores con cintas representando las banderas gallega, republicana y roja"[776] . Trala ofrenda tomou a palabra:

> Un trabajador de Barreras que se presentó como amigo personal de Baena, de quien recordó su actitud, denunciando también a las direcciones de los que

[775] "Concentración ante la tumba de Xosé Humberto Baena, en el cementerio de Vigo", La Voz de Galicia, 28/09/1977, p.17. e en "500 personas en el acto dedicado a Baena", Faro de Vigo, 28/09/1977, p.18

[776] "Concentración ante la tumba de Xosé Humberto Baena, en el cementerio de Vigo", La Voz de Galicia, 28/09/1977, p.17.

> llamó partidos reformistas de izquierda, por su inhibición ante este segundo aniversario del fusilamiento de Xosé Humberto[777].

Como resulta habitual neste tipo de actos rematouse co himno galego e "gritos de Viva Galicia ceibe y Viva el comunismo". Tamén se indica na crónica o despregamento de bandeiras, unha republicana coas siglas do FRAP e outra galega coas iniciais do MCG. Ademais o orador sinalaría a non participación de outros partidos como o PCG. Por outra banda tampouco se evidencian referencias á participación da familia, que irían a confirmar coo aínda perduraba o medo instaurado na familia. Noutra orde de cousas, xusto antes do acto, convén sinalar como un grupo de persoas pertencentes á UPG e "independentes" terían depositado flores na tumba de José Luis Quintas Figueroa, sindicalista e guerrilleiro, que falecera no ano anterior tras vinte anos en prisión[778].

Imaxe 27. Pasquín convocatoria concentración. FRAP



Fonte: cedido por fonte anónima, militantes FRAP.

Neste acto non tería intervido a policía. Unha hora despois o FRAP distribuía unha convocatoria chamando a manifestarse na rúa Jose Antonio, que foi finalmente seguida por "varios centenares de personas, que concentrándose al comienzo de la calle, subieron por ella agrupados interrumpiendo el tráfico y coreando consignas". Esta convocatoria pode consultarse na Imaxe 27, onde se inclúe a reivindicación da mesma, a "anulación dos consellos de guerra do Goloso", isto é por tanto, unha reivindicación de xustiza memorialista[779]. Por outra banda, na nota necrolóxica publicada o 29 de setembro referíanse a Xosé Humberto Baena e Xosé Luís Sánchez Bravo como os "loitadores pola libertade". Nunha terminoloxía, polo tanto, moi similar á empregada para referirse aos fusilados no 36[780].

[777] *Íbidem.*
[778] *Íbidem*.
[779] Producíronse durante horas diversos altercados en distintas zonas da cidade, incluído o lanzamento de cócteles Molotof, o que se saldou con dous detidos. En "Concentración ante la tumba de Xosé Humberto Baena, en el cementerio de Vigo", *La Voz de Galicia*, 28/09/1977, p.17.
[780] Nota necrolóxica, *La Voz de Galicia*, 29/09/1977, p.46.

Esta referencia compartida aos últimos fusilados polo franquismo e aos que poderíamos denominar como "os primeiros" faise visible no ano seguinte, 1978, cando a convocatoria da conmemoración do aniversario do fusilamento se realizou baixo a denominación de "Campaña prorehabilitación de las víctimas del franquismo" e que merece un apartado propio.

3.4.A ACCIÓN MEMORIAL DA CONVENCIÓN REPUBLICANA DE LOS PUEBLOS DE ESPAÑA

Aínda que, como vimos, na convocatoria da homenaxe a Humberto Baena en setembro do 77 aínda asinaba o FRAP este atopábase xa en pleno proceso de disolución. O PCE (m-l), nun intento por dar maior amplitude a táctica frontista, impulsaba na súa II Conferencia Nacional, en xuño de 1976, a creación da Convención Republicana de los Pueblos de España (CRPE). Mediante esta pretendíase conseguir un movemento unitario pola república, a independencia nacional e o dereito de autodeterminación (Pérez, 2013,p. 284).

En modo de plataforma, coa intención de chegar as masas, a Convención tivo unha actividade amplamente ligada coa acción memorial. Como xa se indicou no Estado da Cuestión, diversos autores estudaron as súas actuacións en Catalunya e Aragón, principalmente entre 1976 e 1978. A nivel estatal, destacou a iniciativa da Convención de crear o Tribunal Cívico Internacional Contra los Crímenes del Franquismo, cuestión que coincidiu no tempo coa Campaña prorehabilitación das vítimas do franquismo que se lanzaba en Vigo en setembro de 1978.

A agrupación da CRPE en Galicia, denominada "CRdeG" constituíuse uns meses antes, o 2 de febreiro de 1978 en Vigo e conformouse o Consello Xeral con secretaría en Constantino Trillo e Xan Rodríguez[781]. Neste primeiro acto constitutivo, ao que acudía o secretario permanente a nivel estatal, Jose Luís del Campo, acordouse a celebración dunha manifestación na Coruña o día 18 en apoio á súa legalización, que finalmente foi prohibida. Por nota informativa do Jefe Superior de Policía ao Gobernador Civil sabemos da súa celebración e da asistencia dun "reducido número de persoas, todas ellas jóvenes de ambos sexos (...)"[782].

Neste mesmo período, mentres a agrupación daba os seus primeiros pasos en Galicia, acordes coa estratexia de implantación que seguía o partido a nivel estatal, os seus intentos de legalización eran denegados[783]. O estado continuaba cunha estratexia de fustrigamento da organización, considerada herdeira do FRAP, que se desenvolvía nun continuo proceso de detención dos seus membros e de denegación sistemática dos actos que pretendesen realizar. Neste sentido recuperamos a orde de prohibición sistemática dos actos do CRPE emitida polo Director Xeral de Política Interior aos gobernadores civís en marzo deste ano 78[784] .

Nese mesmo mes de marzo, anunciouse a celebración dos primeiros mitins da organización en Santiago de Compostela, Ferrol e Vigo[785]. Temos constancia da celebración da primeira delas, pese a ser prohibida, na Facultade de Económicas de Compostela, catalogada como o

[781] "La "CRdeG" celebrará una jornada de apoyo a su legalización", *La Voz de Galicia,* 16/02/1978, p.20
[782] Arquivo Reino de Galicia, Fondo Goberno Civil, *sin* Caixa 34286, g-4607.
[783] En: "Denegada la legalización de la Convención Republicana de los Pueblos de España", 30/12/1977, *La Voz de Galicia,* p.16. e "La UPG no ha sido legalizada por haberla declarado ilícita el Fiscal General", *La Voz de Galicia*, 30/12/1977, p.17.
[784] Arquivo Histórico Provincial de Lugo, Fondo Goberno Civil, *sin* 13.593.
[785] "Mitin de la Convención Republicana de Galicia", *La Voz de Galicia*, 02/03/1978, p. 19.

primeiro mitin da organización en Galicia, ao que asistiron arredor de duascentas persoas[786]. Nela, entre outros, participaba Constantino Trillo Varela, secretario de organización da filial galega[787], que días máis tarde tivo que afrontar unha multa de 250.000 pesetas[788]. Trillo remitía un escrito á prensa no que cualificaba esta multa como "atentado contra las verdaderas libertades democráticas"[789].

Trillo era profesor na Coruña, e alí tiña a sede provisional a agrupación, pero o peso das actuacións tiñan lugar en Vigo. Nesta cidade convocaron unha manifestación para o 14 de abril, pedindo permiso ante o Gobernador Civil de Pontevedra[790]. Seguindo as directrices do Ministerio de Gobernación, a solicitude foi denegada. A o mesmo tempo en Vigo e na Coruña detíñanse a militantes da organización que pegaban carteis ou repartían propaganda anunciando a manifestación[791]. Tanto as convocatorias para a celebración de actos o 14 de abril como as prohibicións sistemáticas e as detencións de militantes non constituíron un caso illado, tendo lugar en todo o Estado español. En rolda de prensa en Barcelona a dirección da organización sinalaba como as prohibicións atinxiran a arredor de cen actos por todo o estado[792].

Recordemos que xa dende a clandestinidade se viñan realizando conmemoracións do 14 de abril con carácter discreto en cemiterios e tamén en restaurantes por militantes da esquerda. As manifestacións convocadas por organizacións da "extrema esquerda" eran accións dun maior nivel disruptivo. A preocupación das autoridades por este tipo de actos era recorrente e visualizouse xa en 1977 nos comunicados internos entre o Director General de Política Interior e os gobernadores civís, avisando da posibilidade das accións "subversivas" e indicándose a prohibición de calquera reunión pública ata o día 16. Tamén se indicaba a necesaria montaxe de grupos policiais nocturnos, o despregamento policial no día 14 e 15 así como a constitución de grupos de policía secreta entre outras moitas medidas[793]. Pese a isto, as accións tiveron lugar igualmente, con abundantes cargas policiais e detencións nas principais cidades de Galicia (Ferrol, Vigo, A Coruña, Santiago) onde a ORT, PTE e o propio FRAP convocaran e realizaron diversas concentracións[794].

No 78 estas conmemoracións foron convocadas principalmente pola CRPE. En comunicación interna dende Madrid tamén se informaba aos gobernadores civís sobre as intencións desta organización e a orde de non autorizar ningunha acción[795]. A policía tivera

[786] Xa en días anteriores ao mítin o Jefe Superior de Policía da Coruña informaba ao gobernador civil do reparto de pasquíns informando do mitin e a aparición de carteis informando do que era catalogado nos mesmos como "primer mitin republicano después de la Guerra en Santiago". En Arquivo Reino de Galicia, Fondo Goberno Civil, *sin* Caixa 34286, g-4607.

[787] "Santiago: 200 personas en el mitin de la "Convención Republicana de Galicia", *La Voz de Galicia,* 03/03/1978, p. 16.

[788] "El gobernador civil de La Coruña impuso una multa de 250.000 pesetas al profesor Constantino Trillo", *La Voz de Galicia,* 11/03/1978, p.20

[789] O acto ademais contaba co permiso da autoridade académica, polo que entende Trillo se vulneraba a autonomía universitaria. En "El gobernador civil de La Coruña impuso una multa de 250.000 pesetas al profesor Constantino Trillo", *La Voz de Galicia,* 11/03/1978, p.20

[790] "Conmemoracion", *La Voz de Galicia, 04*/04/1978, p.62

[791] Non logramos acceder á documentación do Goberno Civil, pero así se publicaba en prensa o día 13 de abril. "Detenidos tres militantes de la Convención Republicana de Galicia", *La Voz de Galicia,* 13/04/1978, p.20. "Vigo: continúan detenidos los tres militantes de la "Convención Republicana de Galicia", *La Voz de Galicia,* 14/04/1978, p.20. "Detenidos en La Coruña cinco miembros de la Convención Republicana de Galicia", *La Voz de Galicia,* 14/04/1978, p.26.

[792] "Prohibidos los actos de la izquierda extraparlamentaria conmemorativos del 14 de abril", *La Voz de Galicia,* 14/04/1978, p.24.

[793] Arquivo Histórico Provincial de Lugo, Fondo Goberno Civil, *sin 13.593-1.*

[794] "Galicia: mitines, manifestaciones y banderas en el 46 aniversario de la Segunda República", *La Voz de Galicia,* 15/04/1977, p.31.

[795] En Arquivo Histórico Provincial de Lugo, Fondo Goberno Civil, *sin 13.593-1.* E en Arquivo Reino de Galicia, Fondo Goberno Civil, *sin* Caixa G-4530, 34209. Tamén se estipulaba que se a solicitude a facía ARDE, para reunión e local pechado, deberían informar para tomar unha decisión. Polo tanto facíase unha excepción coa mesma.

localizado en días anteriores pasquíns repartidos en Santiago de Compostela e na Coruña e "propaganda mural" en Ferrol chamando a unha manifestación para o 14 de abril ás oito da tarde na praza Jose Antonio, en Vigo. Na propaganda estipulábase como obxectivo da manifestación solicitar "a implatanción dun goberno provisional republicano", como así se describía nas notas informativas do Xefe Superior de Policía da Coruña[796]. Precisamente neste expediente inclúese unha copia dun dos pasquíns, nos que podemos analizar un discurso ben afastado do que se estaba consolidando como oficial:

> A sublevación fascista co apoio do nazifascismo e do capitalismo internacionáis necesitou tres anos e un millón de mortos pra impoñerse. Pero os 40 anos de ditadura fascista aberta non soio non resolveron ningún dos problemas de fondo do noso pobo senón que os agravaron. O 14 de Abril, dende 1939, foi e sigue sendo unha fecha clave na loita do noso pobo contra o fascismo, a corrupción, o imperialismo e pola libertade. Por iso, durante estos 40 anos de asoballamento e terror fascista, o 14 de abril foi i é unha fecha símbolo arredor da cual se aglutinaron tódalas forzas revolucionarias e consecuentemente republicáns[797].

O día anterior á convocatoria, o Director General de Seguridad enviaba mensaxe a todos os gobernadores civís para que se mantivesen alerta ante a existencia de convocatorias de manifestacións non autorizadas esixindo se adoptaran as medidas pertinentes e comunicándose isto a todas as xefaturas de policía[798]. Mentres en Madrid temos constancia da celebración dunha manifestación de tres mil persoas convocadas pola Convención, non atopamos probas de que finalmente se tivese realizado a manifestación de Vigo[799]. Así en prensa falábase de detencións realizadas durante eses días na cidade olívica e do despregamento policial que fixo imposible a celebración doutra manifestación, tamén convocada pola Convención Republicana para as nove da noite na Coruña[800]. Por outro lado, tanto na Coruña, como en Vigo e Santiago de Compostela producíronse diversos conflitos ao tentar despregar bandeiras republicanas e propaganda en pro da república de CRPE, pero tamén do MCG, da Unión de Xuventudes Maoístas, ou da Asociación Galega da Muller. A represión policial acabou con diversas detencións. Ademais en Santiago de Compostela, despois da celebración dun mitin republicano no Pazo de Fonseca, ao redor de catrocentos mozos concentráronse na Praza das Platerías, onde se produciu un enfrontamento con grupos de extrema dereita, Fuerza Nueva segundo crónica en prensa e "Unión de Juventudes Patrióticas" segundo o informe policial[801]. Así estes últimos terían despregado a bandeira "rojigualda", "los presentes-algunos de los cuales llevaba cadenas-se vieron sorprendidos por algo más de cien jóvenes con banderas republicanas que despois de forcejeos e intercambios de golpes consiguieron colocar sus enseñas en lugar de las anteriores"[802]. Diversas organizacións xuvenís da esquerda fixeron público un comunicado de protesta pola retirada de diversas bandeiras republicanas pola Policía. Ademais de militantes de Convención Republicana, tamén se identificaron entre as persoas detidas membros do MCG[803] .

[796] Arquivo Reino de Galicia, Fondo Goberno Civil, *sin* Caixa G-4530, 34209.
[797] *Íbidem.*
[798] *Íbidem.*.
[799] "Con motivo del aniversario de la República. Jornada de violencia en Madrid", *El Pueblo Gallego,* 15/04/1978, p.1.
[800] "Galicia: 16 detenidos en La Coruña y Vigo, con motivo del 14 de abril", *La Voz de Galicia*, 15/0471978, p.14. Arquivo Reino de Galicia, Fondo Goberno Civil, *sin* Caixa G-4530, 34209.
[801] Arquivo Reino de Galicia, Fondo Goberno Civil, *sin* Caixa G-4530, 34209.
[802] ". En "Galicia: 16 detenidos en La Coruña y Vigo, con motivo del 14 de abril", *La Voz de Galicia*, 15/0471978, p.14.
[803] *Íbidem.*

A Convención era considerada herdeira dunha banda terrorista, que ademais convocaba actos conmemorando a II República e reivindicaba cuestións que ían en contra dos pactos acabados de aprobar, instauradores dun novo réxime. Pola contra, o colectivo Acción Republicana Democrática Española (ARDE), de carácter máis moderado e recentemente legalizado, tamén convocaba accións que si eran permitidas[804]. Quedaban poucos meses para a ratificación da nova Constitución, e a forte presión policial exercida sobre esta organización evidenciaba a exclusión e acoso que sufrían quen quedaba fóra das marxes do pacto constitucional. Se atendemos ao propio parágrafo transcrito en liñas anteriores, vemos como a descrición que ofrecía a Convención Republicana sobre o acontecido no 36 afastábase enormemente da descrición que conformou o discurso oficial baseado na guerra fratricida.

Baixo esta perspectiva crítica, a CRPE iniciaba o que sería un dos seus núcleos vertebradores: a acción memorial, onde o seu máximo expoñente foi o impulso do Tribunal Cívico Internacional contra os Crimes do Franquismo, que como as demais actividades levadas a cabo por esta organización sufriu un constante acoso policial. Esta presión conseguiu acabar coas pretensións deste proxecto meses despois de iniciarse. Xunto a este Tribunal, e en estreita relación con este, iniciouse tamén a denominada "Campaña pro rehabilitación de las vítimas del franquismo", impulsada polo *Comité 27 de septiembre*, en coincidencia co aniversario dos fusilamentos do 75.

> El llamado "Comité 27 de setiembre", anuncia la iniciación de una campaña prorehabilitación de las víctimas del fascismo. Ha sido presentada una solicitud en el Gobierno Civil de Pontevedra, suscrita por Constantino Trillo Varela, en la que se pide autorización para llevar a cabo una manifestación pública el próximo día 27 (...). Según la solicitud, el objeto de la manfiestación es la rehabilitación de las víctimas del fascismo. Indica el solicitante que asistirá unas dos mil personas y que el servicio de orden estará cubierto por un centenar[805].

Nesta noticia, publicada o 17 de setembro, asegurábase que varios partidos políticos e centrais sindicais anunciaran o seu apoio a esta campaña de rehabilitación. Tamén se sinalaba como o comité tiña o obxectivo de celebrar unha concentración na tumba de Baena. Como secretario da organización Trillo impulsaba esta manifestación que, a tenor da investigación realizada, finalmente non se produciu.

Aínda que non se puido localizar o expediente do Goberno Civil de Pontevedra, a falta de noticias publicadas sobre a mesma, son evidencia suficiente para apoiar a hipótese da non celebración, pois todo parece indicar que, de terse producido, a manifestación tería sido cuberta polos medios de comunicación. Apoiamos esta hipótese en dous feitos, por unha banda na publicación do anuncio da campaña, como transcribimos en liñas anteriores, e por outra banda na aparición en prensa de crónicas doutras concentracións en homenaxe a Baena realizadas neses mesmos días.

Pero aínda que finalmente a campaña non se chegase a producir a soa proposta desta iniciativa sitúanos ante un feito de especial relevancia, ao estarse falando abertamente dun acto de restitución das vítimas do fascismo. Atendendo ao boletín da Convención, podemos ver que esta campaña tivo un alcance estatal e que estaba amplamente vinculada coa creación do tribunal. Ambos procesos nacían pois, da *Comisión 27 de septiembre*. Así, esta data definíase como unha xornada:

[804] "Prohibidos los actos de la izquierda extraparlamentaria conmemorativos del 14 de abril", *La Voz de Galicia*, 14/04/1978, p.24.
[805] "Creado en Vigo el "Comité 27 de septiembre", *La Voz de Galicia,* 17/09/1978, p.61.

> de todas las vítimas del fascismo y de todos aquellos que sufrieron y sufren los golpes de la reacción por el sólo hecho de luchar por los intereses populares, es también un día de unidad para todos los verdaderos demócratas y republicanos[806].

O que de xeito inequívoco definía aos últimos fusilados como representantes de todas as vítimas do franquismo, aquí descrito como "fascismo". Así mesmo reivindicaban:

> La iniciación de un amplio proceso al franquismo, por la denuncia y condena de sus crímenes y por la rehabilitación moral y material de todas sus víctimas. Represaliados, expresos políticos, familiares y amigos de asesinados, abogados, militantes de cualquier partido demócrata y antifascista, intelectuales.... todo el pueblo en definitiva, debemos contribuir a este gran proceso, aportando nuestra palabra, nuestro testimonio, nuestros recuerdos....Porque denunciar y condenar públicamente los desmanes y brutalidades del fascismo es contribuir a la lucha por acabar definitivamente con él[807].

A necesidade dun proceso de xustiza argumentábase en base a unha petición de memoria: non esquecer que os culpables e responsables do pasado o eran tamén do presente, que estes seguían gobernando, "dispuestos ya a vestirse ese traje hecho a su medida que llaman "constitución""[808]. O proceso de xustiza poríase en marcha a nivel de todo o estado recollendo:

> Todo lo que pasó ayer y todo lo que pasa hoy, para culminar en un verdadero Tribunal Público 27 de septiermbre, que diga con claridad, punto por punto, crimen a crimen y nombre a nombre, lo que ha sido y todavía sigue siendo el fascismo en España[809].

No V pleno dos días 23 y 24 de setembro celebrado en Madrid, a CRPE acordou a creación da *Comisión 27 de septiembre* como comisión promotora do Tribunal Internacional que xulgase e condenase os crimes cometidos polo franquismo contra o pobo nos últimos corenta anos. En torno a este Tribunal debería levantarse un amplo movemento de masas por todo o país que estaría formado por personalidades e forzas políticas e sociais democráticas e progresistas, tanto españolas como doutros países, "donde la causa antifascista del pueblo español encontró siempre grandes amigos"[810].

Describíanse tamén as tarefas deste tribunal que "se ocuparía de investigar y denunciar no sólo los grandes procesos y crímenes del franquismo, sino también, y esto se considera de gran trascendencia, todo tipo de injusticias, vejaciones, brutalidades, etc....". Nese sentido o pleno facía un chamamento a todo o pobo a dirixirse a este tribunal con denuncias concretas, documentos, etc que puidesen materializar e dar base ás súas actuacións[811]. Tamén enumerábanse os seus obxectivos:

> - la elevación de la moral del pueblo, todavía condicionada por la represión fascista prolongada bajo nuevas formas.

[806] "Tribunal 27 de septiembre. Rehabilitación de todas las vítimas del fascismo", asinado por Manuel Blanco Chivite, *Convención Republicana, Órgano de la Convención Republicana de los Pueblos de España*, Septiembre 1978, Nº7, pp.1-2.
[807] *Ibidem.*
[808] *Ibidem.*
[809] *Ibidem.*
[810] "Comisión 27 de septiembre", periódico *CONVENCIÓN REPUBLICANA, órgano de la Convención Republicana de los Pueblos de España,* número extraordinario, Septiembre 1978, sobre el V Pleno del Consejo General de la C.R.P.E. celebrado en Madrid el 23 y 24 de septiembre de 1978.
[811] *Ibidem.*

> - alcanzar la rehabilitación moral y material de todas las víctimas del fascismo, como exigen el espíritu democrática y el sentido de justicia más elementales
> - un medio conducente a reforzar la unidad popular antifascista y por la conquista de la democracia en nuestro país.[812]

Obxectivos que poderían encadrarse naqueles defendidos noutros países europeos no marco do memorialismo arredor do acontecido durante a IIGM. Neste sentido, nun número extraordinario do órgano de difusión do CRPE do que forman parte os anteriores fragmentos, describíase o acontecido, as vítimas e as medidas que se debían tomar dun modo totalmente diferente ao que se consolidou como narrativa dominante.

> Desde 1936 hasta nuestros días cientos de miles de demócratas españoles han caído muertos en los campos de batalla contra la sublevación fascista, en los campos de concentración, en las cárceles y ante los pelotones de ejecución, en las calles y en los campos de España, o han sido asesinados en mazmorras, torturados hasta morir. Miles de hombres y mujeres han sido y son heridos por las criminales intervenciones de la guardia civil y la policía armada (...), decenas de miles de personas han pasado por los tribunales políticos y militares (...) y durante todos estos años han estado tratando de ocultar estos hechos, prohibiendo hablar de ello, intentado que no se supieran las llagas, las heridas, las injusticias y los crímenes[813].

Este tribunal conformouse oficialmente nos meses seguintes, o 11 de outubro a CRPE anunciou a posta en marcha de "los denominados tribunales cívicos y populares encargados del juicio de los crímenes del franquismo"[814]. En novembro presentouse publicamente no cemiterio de Paterna, en Valencia, precisamente durante unha homenaxe a fusilados e enterrados neste camposanto. Pretendíase a investigación e a condena moral e pública dos crimes e inxustizas do franquismo, coa intención de que esta se convertese en lei por iniciativa de dous parlamentarios, Rossend Audet e Lluís María Xirinacs, que apoiaban publicamente ao tribunal. Xirinacs presentárase a senador como independente e Audet como parte da Entesa dels Catalans. Así mesmo o tribunal recalou fóra do Estado español, logrando o interese de membros da ONU e a adhesión de parlamentarios suízos[815].

Poucos días despois da súa presentación oficial, o 28 de novembro, durante a reunión constituínte na que se aprobaban as bases do Tribunal en Madrid, a Policía Armada irrompeu na xuntanza e detivo aos membros do tribunal acusados de reunión ilegal[816]. A presión policial continuou nos seguintes meses con detencións noutras partes do estado durante os intentos de expansión territorial do mesmo[817].

---

[812] *Ibidem.*

[813] "Hacia la creación de un tribunal "27 de septiembre" que juzgue los crímenes del fascismo", *periódico CONVENCIÓN REPUBLICANA, órgano de la Convención Republicana de los Pueblos de España*, número extraordinario, Septiembre 1978, sobre el V Pleno del Consejo General de la C.R.P.E. celebrado en Madrid el 23 y 24 de septiembre de 1978.

[814] "Convención Republicana crea "tribunales cívicos", *El País,* 12/10/1978. https://elpais.com/diario/1978/10/12/espana/276994827_850215.html?event_log=oklogin

[815] Campelo, P. "El Tribunal Internacional contra el franquismo trató de frenar una transición basada en el olvido", *Público,* 02/12/2013. https://www.publico.es/politica/tribunal-internacional-franquismo-trato-frenar.html

[816] "Detenidos diecinueve miembros de Convención Republicana", *El País*, 29/11/1978. https://elpais.com/diario/1978/11/29/espana/281142018_850215.html e en "Los promotores del Tribunal contra los crímenes del franquismo" en libertad", *El País*, 02/12/1978. https://elpais.com/diario/1978/12/02/espana/281401224_850215.html. E en "Detenidos 24 miembros de la Promotora del Tribuanl de Crímenes Franquistas", *La Voz de Galicia*, 29/11/1978, p.12.

[817] Campelo, P. "El Tribunal Internacional contra el franquismo trató de frenar una transición basada en el olvido", *Público,* 02/12/2013. https://www.publico.es/politica/tribunal-internacional-franquismo-trato-frenar.html

O Tribunal, que contou cunha sección en Francia, e que editou o Boletín Informativo do Tribunal Internacional Crímenes Franquismo, cunha versión tamén en francés, continuou funcionando nos seguintes anos, pero ante a constante presión política e policial, acabou relegado a un grupo promotor de homenaxes ás vítimas do franquismo (Murillo, 2020, p.177). Sería interesante abrir unha liña de investigación que analizase con detalle esta iniciativa que, pese a este presión policial, continuou viva nos seguintes anos, a modo de exemplo, coa publicación deste boletín, con actividade a nivel do estado, e coa apertura da sección en Euskadi. Tamén se seguiron realizando a nivel internacional reunións de diferente calado e importantes adhesións de persoeiros como Simone de Beauvoir[818].

Neste senso, ademais da creación deste tribunal, no V Pleno do CRPE dábase apoio "incondicional a los actos de homenaje a las víctimas del franquismo, en torno a la fecha del 27 de septiembre, así como las convocatorias que han de promoverse en fechas y lugares de significado antifascista para los pueblos de España"[819]. Polo que enmarcados neste amplo proceso entendemos a creación da *Comisión 27 de septiembre* en Galicia e no intento de manifestación pola rehabilitación das vítimas en Vigo. Dous dos integrantes desta comisión cóntannos en entrevista que con esta comisión "buscaban reivindicarse como antifascistas, non como terroristas, que era o que sempre se repetía"[820] Pero, como adiantabamos, se atendemos ás crónicas do que aconteceu o 27 de setembro, non atopamos evidencias de que esta manifestación, que discorrería polas rúas de Vigo en reivindicación da rehabilitación das vítimas, se tivese producido. O máis probable é que fora prohibida, como tamén fixera o Goberno Civil de Madrid que "decidió ayer suspender todos los actos organizados por familiares y compañeros de los condenados a muerte para conmemorar esta fecha"[821].

Deste modo, deste ano 78 temos constancia da existencia de dúas concentracións en Vigo. A primeira delas teríase realizado o 26 de setembro, a media tarde, convocado pola *Comisión 27 de setembro,* coa asistencia de medio cento de persoas. Tería consistido na realización dunha ofrenda floral ante a tumba de Baena no cemiterio de Pereiró. A ela tería asistido unha irmá de Baena e nela interveu un membro do PCE (m-l)[822]. É importante ter en conta a participación da familia nesta homenaxe, o que se completaría coa entrevista que concedía o pai días antes e que se publicaba no órgano de difusión do CRPE, baixo o título *O povo non olvida*:

> No puede haber democracia mientras sigan en sus puestos los mismos jueces que condenaron a muerte a tantos hombres del pueblo, mientras permanezcan en sus puestos los mismos policías que torturaron y masacraron a los antifascistas que lucharon por una auténtica democracia[823].

Ao día seguinte produciuse outra ofrenda floral, esta vez convocada polo Partido Galego del Proletariado (PGP), isto é a escisión da UPG anteriormente chamada UPG liña proletaria. Tamén de ideoloxía marxista leninista pero de carácter independentista, convocaba unha

[818] Grazas á doazón de Adolfo Barranco, integrante do PCE (m-l) contamos cos boletíns nº2, 3 e 5 da edición en castelán (entre febrero e novembro de 1979) e as edición en francés (nº1,2 e 5, entre 1978 e febreiro de 1980). Tamén é doante dos periódicos da CRPE.

[819] "Comisión 27 de septiembre", *periódico CONVENCIÓN REPUBLICANA, órgano de la Convención Republicana de los Pueblos de España*, número extraordinario, Septiembre 1978, sobre el V Pleno del Consejo General de la C.R.P.E. celebrado en Madrid el 23 y 24 de septiembre de 1978.

[820] Dous militantes de Vigo do FRAP que prefiren manterse no anonimato. Entrevista realizada por Iria Morgade (Vigo, 21 de xullo de 2022).

[821] "Relativa normalidad en el tercer aniversario de los fusilamientos de Hoyo de Manzaranres", *La Voz de Galicia*, 28/09/1978, p.14.

[822] "Recuerdo a Humberto Baena", *Diario 16,* 27/09/1978. Cedido por integrante PCE (m-l).

[823] "O povo non olvida", *Convención Republicana, Órgano de la Convención Republicana de los Pueblos de España,* Septiembre 1978, Nº7, p.6

concentración ante a tumba de Baena na que tomou a palabra un dos membros do partido, o poeta Xosé Luís Méndez Ferrín[824]. Horas máis tarde, ante a convocatoria por este partido dunha manifestación no centro de Vigo, producíronse varios altercados entre manifestantes e policía.

Nos seguintes anos, as conmemoracións do fusilamento de Humberto Baena foron tamén de intensidade baixa, ata que no ano 85 se intensificou esta conmemoración cunha homenaxe a "todas as vítimas do franquismo" (Ver Capítulo 4).

Imaxe 28. Foto homenaxe a Humberto Baena no cemiterio de Pereiró, sen data exacta



Fonte: *A Nosa Terra,* nº278, 10 de outubro de 1985, p. 13.

En resumo, é relevante entender todo isto como una acto memorial cun significado que vai moito máis alá do estudado ata este momento, e que polo tanto confronta en certo sentido co anterior. Mentres as outras accións memoriais centrábanse principalmente na homenaxe ao mortos, adozadas con críticas de baixa ou media intensidade, neste espazo a reivindicación de xustiza e reparación alcanza unhas cotas non identificadas antes. É tamén indicado, entendela en estreita relación con esta reclamación de xustiza difundida a nivel internacional, a través do Tribunal. Falábase de "vítimas", un concepto que como vemos non era o máis habitual nas accións memoriais realizadas nestes anos, onde o termo "fusilados" ou simplemente "mortos" eran os máis comúns.

Aínda que neste primeiro ciclo de acción memorial as homenaxes foron o repertorio de acción dominante, tiveron lugar tamén outro tipo de accións memoriais, nos que ademais de organizacións políticas e dos familiares, actuaron outros axentes memorialistas, aos que xa nos temos referido con anterioridade: as asociacións.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[824] "Acto del P.O.G. en memoria de Baena", *Faro de Vigo,* 28/09/1978, p.16 e ""Relativa normalidad en el tercer aniversario de los fusilamientos de Hoyo de Manzaranres", *La Voz de Galicia,* 28/09/1978, p.14.

3.5. AS PRECURSORAS DO ASOCIACIONISMO MEMORIALISTA

No ciclo que identificamos entre 1976 e 1978 o maior protagonismo estivo no repertorio de acción que se denominou "as homenaxes", e que se realizaron entre 1976 e 1977 principalmente, aínda que tamén salientamos as accións memoriais arredor da Convención Republicana por ter un significado discursivo diferente canalizado á necesidade de facer xustiza. Unha demanda que foi residual en todo o período estudado. Pero tamén se debe apuntar a un fenómeno que comezou neste primeiro ciclo da memoria: o do asociacionismo memorialista. A diferenza do acontecido noutros territorios do estado, como en Catalunya co desenvolvemento dun tupido tecido memorialista, en Galicia estes primeiros intentos non chegaron a callar, o que si aconteceu nos anos 200 coa emerxencia dun alto número de asociacións da memoria.

Neste primeiro ciclo se nos fixamos no asociacionismo, primeiramente debemos mencionar as asociacións de tipo político e cultural, que entre as súas actuacións desenvolveron accións memorialistas. Atendíamos a elas xa en 1975 no referente á difusión da figura de Castelao. Durante estes anos seguiron a desenvolver accións divulgativas:

> Hoxe é un feito unanimemente recoñecido o papel dinamizador que cumpriu o movimento cultural galego do desenrolo da loita político-social na Galicia dos últimos anos. E dentro deste movimento as AA.CC. de significado galeguista, espalladas por todo o noso país, cumpriron un papel de motor fundamental (...) as AA.CC foron un punto de contacto orixinal coa realidade do noso país para moitos rapaces e rapazas, estudantes xeralmente en moitos casos procedentes da burguesía galega, rapaces que obtiveron así unha conciéncia política, patriótica e que tiveron na loita cultural a súa primeira escola de formación política[825].

Como sinalaba Marcos Valcárcel no artigo asinado en 1980 ao que pertencen as anteriores liñas, nese momento era recoñecido o papel na loita cultural das asociacións nada ao abeiro da lei de asociacións do 64 e baixo as cales nacían "alternativas políticas: UPG. SOG, Consello de Forzas Políticas Galegas...".

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[825] Valcárcel, M. "Da Historia das asociación culturais galegas", *A Nosa Terra*, nº91, do 25 ao 31 de xaneiro de 1980, p.18

Imaxe 29. Cuberta de *Teima* sobre as asociacións



Fonte: *Teima,* nº24, 26 de maio- 2 de xuño de 1977.

De forma similar describíase este fenómeno de xeito contemporáneo na revista *Teima,* en marzo de 1977:

> Haberá que escribir algún día con vagar a historia e máilas consecuencias do traballo das Asociacións Culturáis en Galicia, dende os primeiros anos setenta para acó. Cando as reivindicacións políticas, económicas, nacionáis de Galicia eran arreo esmagadas dende o Poder, a alternativa cultural foi a única vía posíbel e que tentaba de alumea-las inquedanzas sobor de todo das xeracións máis novas. "O Galo" e "O Eixo" en Santiago, "O Facho" na Coruña, "Asociación Cultural" en Vigo, "Auriense" en Ourense, "Abrente" en Ribadavia, "Amigos da Cultura" en Pontevedra, "Valle Inclán" en Lugo, "Francisco Lanza" en Ourense, "Avantar" no Carballiño, "Os Cigurros"… son nomes fundamentais na historia do espallamento da nosa cultura nos últimos anos. Centos de mozos descubriron Galicia nos últimos tempos da man das Asociacións Culturáis[826].

Na revista, con cuberta dedicada a este tema (Imaxe 29), publicábase un detallado informe sobre a situación das asociacións culturais e de veciños, o seu retraso con respecto ao fenómeno noutras zonas do estado, pero tamén a súa áxil expansión polas cidades e vilas galegas.

Pero aínda que o papel do asociacionismo no devir cultural e político foi atendido en diversas tribunas dende os anos oitenta ata hoxe, non aconteceu o mesmo co seu rol como vector de memoria. Un fenómeno que se volve evidente se atendemos á actividade destas asociacións. Del tal forma, vai ser común que entre as súas actividades formativas aparecese a historia de Galicia. Así acontecía na asociación cultural O Eixo, de Compostela, con cursos arredor da *Historia de Galicia hoxe,* por exemplo[827]. Tamén continuou moi presente a exaltación de Castelao, por exemplo na conferencia organizada pola Gaiteira Sociedad Recreativa, na Coruña, en xullo do 76. Neste caso podemos apreciar diferenzas co acontecido un ano antes, cando

[826] *Teima,* nº14, 17-24 de marzal de 1977, p. 33.
[827] Convirían indagar sobre dous folletos que editaba O Eixo entre o 76 e o 77 sobre "Historia de Galícia" e "O ensino en Galícia" "que se ben contiñan algún erros científicos na súa elaboración tiñan a valentía de afrontar temas que parecían vedados nas cátedras universitarias". En Valcárcel, M. "Da Historia das asociación culturais galegas", *A Nosa Terra*, nº91, do 25 ao 31 de xaneiro de 1980, p.18.

moitas das conferencias eran prohibidas se se intuía que podía versar sobre cuestións políticas. Neste caso, autorizábase aínda que na solicitude ante o Goberno Civil figuraba como un dos temas a tratar a actividade política de Castelao e a pesar tamén de que nos informes policiais describían ao solicitante, Emilio González como "masón y exiliado"[828]. Nese mesmo ano, en novembro, tamén sobre Castelao tiña lugar unha conferencia a cargo de Neira Vilas. O permiso ante o Gobernador Civil fora solicitado por Isaac Díaz Pardo, en calidade de director do museo Maside que, como xa se indicou, constituíu un espazo no que se desenvolveron numerosas accións memorialistas[829]. Tamén recoñecemos accións memorialistas en asociacións culturais xa citadas no presente traballo, como a Asociación Cultural de Vigo, que ofrecía actividades para a difusión da historia da II República e do golpe no período de estudo,[830] entre moitas outras[831]. Salientar a actuación como axente memorialista da Asociación Amigos da Cultura de Pontevedra que convocou un concurso de Economía e Socioloxía de Galicia baixo o nome *Alexandre Bóveda*[832].

Ademais, detectamos a presenza de novas asociacións culturais que entre os seus ámbitos de actuación incluían o memorialismo. Así, destacamos o colectivo Iniciativas de Cultura Popular, vinculado ao mundo do galeguismo, e en concreto a APG[833] e que tiña unha vocación "frentista" ao lanzar convite de participación a partidos políticos, asociacións culturais e asociacións de veciños[834]. En 1977 realizaban diversas accións que poderiamos encadrar neste sentido memorialista como a conferencia "en homaxe a Alenxadre Bóveda, Moncho Reboiras e os mortos perante os pasados anos", a súa intención de confeccionar un mural de Bóveda na praza de Pontevedra (non autorizado, consideramos que polo concello)[835] ou a reivindicación do pazo de Meirás como parte do patrimonio artístico galego[836]. Por outra banda, no mesmo ano 76 nacía na Coruña a Asociación cultural Alexandre Bóveda, que xa o seu propio nome era unha reivindicación memorialista[837].

Un punto a parte merecen aqueles intentos de replicar o asociacionismo memorialista que se desenvolveron en diversos espazos do estado durante o período en estudo. Neste senso, durante este primeiro ciclo de memoria debe mencionarse o caso da Liga de Mutilados. En anos posteriores trataremos o caso da Asociación de Expresos (1981) e da Amical de Mauthausen

[828] Arquivo Reino de Galicia, Fondo Goberno Civil, *sin* 33.131. E en prensa: "Castelao está vivo en parte porque fue el precursor del Estatuto Gallego", *La Voz de Galicia*, 10/07/76, p.16. Anuncio conferencia en *La Voz de Galicia*, 08/07/76, p.25.
[829] Arquivo Reino de Galicia, Fondo Goberno Civil, *sin* 31.129.
[830] Como a conferencia sobre a xeración Nós, en novembro do 76. Arquivo Subdelegación de Pontevedra, Fondo Goberno Civil, *sin* ASGP 904.
[831] Outras conferencias: conferencia de Alfonso Bozzo sobre o libro publicado "Los partidos políticos y la autonomía de Galicia, 1931-1936", que ía ter lugar en marzo do 76 e que tras denegárselle permiso, finalmente se autoriza para o 8 de abril. Organizado por Aula Cultural S.A. (En "Arquivo Reino de Galicia, Fondo do Goberno Civil, *sin* 31.094 e en "Aplazada la presentación en La Coruña del libro de Alfonso Bozzo*", La Voz de Galicia*, 23/03/1976, p.45), o ciclo de conferencias sobre a autonomía organizado polo Ateneo da Coruña en novembro do 77 (Arquivo Reino de Galicia, Fondo Goberno Civil, *sin* G. 1376).
[832] "Alexandre Bóveda, in memoriam", *Teima,* nº5, 13-20 de xaneiro de 1977, p.6.
[833] Escisión da ANPG fundada en 1976.
[834] "Iniciativas de Cultura Popular lanzará un boletín informativo", *La Voz de Galicia*, 25708/1977, p.23. e "Iniciativas de Cultura Popular", una idea de la APG", *La Voz de Galicia*, 17/06/1977, p.34.
[835] "Hoy, solicitarán, por última vez, el permiso del alcalde para confeccionar un mural en la plaza de Pontevedra", La Voz de Galicia, 08/09/1977, p.33.
[836] "todos aquellos objetos y bienes incluibles dentro del patrimonio artístico de Galicia y que hoy están en manos privadas, han de pasar a pertenecer a todo el pueblo, bien transportándolos a museos o casas de cultura bien falictiando el acceso libre para ser visitados", En "Reivindicado el pazo de Meirás, como parte del patrimonio artístico gallego", La Voz de Galicia, 23/09/1977, p. 19.
[837] No 77 solicita permiso para unha conferencia sobre as Irmandades da Fala. Arquivo Reino de Galicia, Fondo Goberno Civil, *sin* 31.108.

(1983). Por tanto, podemos xa entrever como este fenómeno, o do asociacionismo memorialista e os intentos de implantación en Galicia percorreron practicamente todo o período de estudo.

A Liga de Mutilados e Inválidos de la Guerra de España comezou a súa curta andaina en Galicia nun momento de conflito aberto entre as ligas existentes no Estado español e no estranxeiro, á vez que se intentaba consolidar unha federación. A primeira Liga de Mutilados, nacía en Valencia en 1938 na procura da defensa e rehabilitación dos feridos do exército republicano. Tras o triunfo dos golpistas, a comisión executiva da Liga, exiliábase en Francia, e tras un parón durante a ocupación nazi, proseguía as súas actividades trala fin da IIGM, aprobando os seus estatutos en 1947 coas funcións básicas na rehabilitación económica física e social dos seus asociados, que se calculaban nese momento en aproximadamente tres mil participantes[838]. En paralelo á andaina da Liga en Francia, principalmente a partir de finais dos anos sesenta comezaron os intentos no interior de reconstituírse. Así o testemuña a solicitude e posterior denegación da súa legalización polo Ministerio de Gobernación en 1969[839]. As reivindicacións dos combatentes do exército republicano, e as solicitudes de igualdade de trato cos combatentes franquistas, foron públicas, pois, dende os anos sesenta, e máis intensamente xa nos setenta, con intentos de reunións co goberno, comparecencias públicas e concentracións nas que reclamaban os seus dereitos[840]. Destacaríamos neste senso, a rolda de prensa que tivo lugar en Madrid en xaneiro de 1976. Nela a Comisión Nacional "organizadora de la Liga de Mutilados e Inválidos de la Guerra de España" daba conta do traballo realizado durante oito anos por reivindicar os dereitos dos mutilados[841]. Isto culminaría coa súa legalización en outubro de 1977 e a celebración do seu II Congreso en abril de 1978.

Precisamente na celebración deste congreso evidenciáronse os conflitos entre as diversas Ligas, principalmente con aquela constituída no exilio, francés. As controversias fixéronse palpables á hora de definir o seu antifascismo. Pero a celebración deste congreso, amosou outros motivos de desentendemento, como o feito de que os de Madrid consideraran este congreso como o segundo congreso despois do de Valencia do 38, invisibilizando así a vida da Liga no exilio. A isto sumaríase a escasa comunicación coa liga francesa para a súa participación neste congreso. Todo o cal evidenciou unha rotura que viña, pois, de anos atrás.

Ademais destas dúas ligas, nos últimos anos tamén se constituíran outras ligas tanto no territorio estatal como por exemplo no exilio mexicano. En Catalunya a Lliga Catalana tiña actividade dende 1976, cando unha comisión xestora presentaba os seus estatutos ante o Goberno civil de Barcelona. Neles deixaba claro o seu carácter apolítico e democrático e o seu propósito de federase con outras asociacións semellantes que naceran no resto do estado[842]. En xullo do 77 a Liga convocaba unha manifestación polas rúas de Barcelona, na que por primeira vez facíanse visibles no espazo público[843]. Ocorría con posterioridade a aprobación do Real Decreto no que, na teoría, recoñecíanse os dereitos dos mutilados e inválidos do exército

[838] Centro Documental da Memoria Histórica. http://pares.mcu.es/ParesBusquedas/servlets/Control_servlet?accion=3&&txt_tipo_busqueda=dl&txt_busqueda=&txt_correo=S&txt_id_desc_ud=117023

[839] "Se deniega el reconocimiento de la Liga de Mutilados e Inválidos de la Guerra", *Agencia Europa Press,* 19/08/1969. En Archivo Linz de la Transición española. https://www.march.es/es/coleccion/archivo-linz-transicion-espanola/ficha/--linz:R-6809

[840] Orosa, J.L.: "Mutilados republicanos: serán ayudados", *Informaciones Políticas*, 07/06/1975.

[841] "Los mutilados del ejercito republicano piden el reconocimiento de sus derechos", *ABC,* 09/01/1976.

[842] Nos seus estatutos deixan aberta a porta a que poidan asociarse mutilados e inválidos do "bando nacional". En ""La Asociación de Mutilados Republicanos presenta sus estatutos", *La Vanguardia Española,* 15/10/1976, p.27.

[843] "Los mutilados republicanos reclaman igualdad de trato", *La Vanguardia Española,* 15/07/1977, p.28.

republicano pero que non funcionaba axeitadamente. Isto supuxera unha gran frustración para os obxectivos da Liga[844].

Tanto a liga catalá como a valenciana foron convidadas ao Congreso que citamos arriba pero, ao igual que a Liga Francesa, mantiveron unha postura crítica coas pretensións centrípetas da liga madrileña (Trabal,1986, p. 124). Finalmente entre 1980 e 1982 constituíuse a Federación de Ligas á marxe da de Madrid co protagonismo das ligas catalana, valenciana, as asociacións de viúvas de Asturias e de Vizcaya e a liga francesa (Trabal,1986, p. 126-145).[845]

No medio deste conflito en torno á federación, á marxe da manobra das diversas ligas e as pretensións centralizadoras da madrileña, xurdiu a liga en Galicia. Os primeiros signos da súa existencia manifestáronse trala legalización da asociación en Madrid, en outubro de 1977 o que nos fai comprendela baixo a súa orbita de influencia. Así nunha pequena nota en prensa atendíase á posibilidade de crear unha liga galega que "pueda, dentro de la española, analizar los problemas específicos de los mutilados de guerra de la zona republicana existentes en Galicia"[846]. En novembro dese ano funcionaba xa un centro de información con visos a celebrar unha asemblea da que sairía unha "federación gallega de la Liga de Mutilados e Inválidos de la Guerra de España"[847]. Finalmente esta anunciábase para o 3 de xuño de 1978, isto é un par de meses despois do Congreso en Madrid do que vimos falando. Tivo lugar na antiga casa sindical de Santiago de Compostela e entre os temas a tratar estaban cuestións internas como a estruturación da Liga en federacións, nacionais e rexionais, a elaboración de estatutos ou as relacións con partidos e sindicatos. Máis tamén abordáronse as reivindicacións para os mutilados, como acadar asistencia médico-farmacéutica ou o recoñecemento xurídico-económica das viúvas[848]. Na asemblea tamén se elixiu á "Junta Nacional de Galicia". Na rolda de prensa que anunciaba a asemblea estivo presente un membro da "Junta Nacional", Argimiro Valderrama, o que nos corrobora na lectura deste intento de Liga galega na órbita da madrileña. Pero a ausencia de crónicas sobre a asemblea ou noticias posteriores sobre esta liga galega parecen evidenciar un intento malogrado. Así, tampouco atopamos información sobre ela na investigación sobre as ligas feitas a nivel estatal. Mentres a liga vasca e a andaluza son citadas como simpatizantes da madrileña non existe referencia algunha á galega (Trabal, 1986). Tampouco na configuración da Federación de ligas posterior realizada a iniciativa das asociacións francesa e catalá principalmente.

Deste modo as referencias á liga galega que se localizan nos anos posteriores, parécena ilustrar simplemente como unha delegación rexional. Isto é, sen mencionar xa esa "Federación Gallega" no nome.[849] Así no comunicado de novembro do 78, no que se facía un chamamento para que as posibles afectadas polo decreto lei sobre viúvas de excombatentes se puxesen en contacto con eles, autodenominábanse como "delegación regional gallega de la Liga de Mutilados"[850]. Nese mesmo mes anunciábase outra reunión na Coruña, en concreto na sede do

[844] Piulachs, secretario da Liga en Cataluña, que oito meses despois de entrado en vigor o Decreto do 5 de marzo de 1976, soamente unha terceira parte dos mutilados republicanos en Cataluña tiveran recibido o título de beneficiario da pensión". En *Sitios de Gerona*, 16/07/1977.

[845] Información extraída da obra editada pola Federación española de Liga de Mutilados en : Trabal, A. (1986) *Breve historial de la liga de mutilados e invalidos de la guerra de Espana 1936-1939 en Francia,* Federacion Espanola Liga de Mutilados.

[846] "Se estudia la posibilidad de crear una "Liga de Mutilados del Ejército Republicano", *La Voz de Galicia,* 27/10/1977, p.29

[847] "Organiza su asamblea constituyente la Federación Gallega de la Liga de Mutilados e Inválidos de Guerra", *La Voz de Galicia,* 03/11/1977, p.21. e en "La Liga de Mutilados e invalidos de la guerra de España", *El pueblo gallego*, 19/11/1977, p.14.

[848] "El 3 de junio, asamblea regional de la Liga de Mutilados de la Guerra Civil, en Santiago", *La Voz de Galicia*, 31/05/1978, p.45.

[849] "Viudas de guerra", *La Voz de Galicia*, 18/11/1978, p. 53.

[850] *Ibidem.*

PSOE (o que podería vinculala á órbita deste partido), convocada pola "Liga de Mutilados e Inválidos de la Guerra de España"[851]. Posteriormente tamén temos noticias dunha asemblea prevista para o dez de outubro de 1981 na casa sindical de Compostela na que "se dará cuenta de las gestiones realizadas por la "comisión nacional" en relación con los expedientes"[852]. Polo tanto, agrupando todas estas novas, poderíamos definila máis como unha delegación informativa-administrativa, que como unha organización en si mesma.

Ata aquí o breve percorrido da liga a nivel galego, coas derradeiras referencias atopadas en 1981[853]. Mentres que a nivel estatal as actividades destas continuaron nos seguintes anos. Á marxe disto, tamén convén sinalar como, tanto a liga catalá como no anuncio da asemblea en Galicia, deixábase aberta a porta á participación dos mutilados da zona nacional[854]. Cuestións que nos falaría dunha determinada visión achegada ao discurso oficial da reconciliación. En canto ás súas reivindicacións, como xa se puido intuír, vinculábanse de xeito directo ás leis de reparación que a finais dos anos setenta lexislaron arredor dos dereitos tanto a pensión como a asistencia sociosanitaria das vítimas, todas elas con importantes limitacións ás que faremos referencia no seguinte capítulo e que tamén explican como, pese á promulgación paulatina destas leis, asociacións como as ligas continuaron existindo e esixindo a ampliación dos dereitos.


Estes son os feitos que puidemos investigar ao redor do asociacionismo memorialista neste primeiro ciclo de acción colectiva en Galicia. As iniciativas, como dicíamos, continuarían nos seguintes anos, xa inmersos noutras dinámicas memorialistas, cando as institucións emerxeron como actor clave. Antes de analizar este novo ciclo, convén deternos na análise dalgunhas das accións divulgativas que tiveron lugar nesta primeira etapa. Así, ademais das accións divulgativas levadas a cabo polas asociacións culturais, deberemos sumar todos aqueles actos e publicacións que dun xeito ou doutro realizaban difusión duns feitos ata o momento negados.

3.6. A PRIMEIRA DIVULGACIÓN DA VIOLENCIA FRANQUISTA: ENTRE A HISTORIA E A MEMORIA

Entendemos como accións divulgativas da memoria aquelas que tiveron como obxectivo a difusión no espazo público dos relatos do acontecido no golpe de estado, da violencia desatada tras del, así como tamén da historia negada da II República. Isto é, na difusión dunha interpretación alternativa dos feitos que non puidera ter cabida nos anos anteriores. Como xa adiantabamos, incluiríamos entre estas accións as actuacións das asociacións culturais, coa organización de conferencias e xornadas, por exemplo, pero existirían moitas outras.

[851] "Mutilados", *La Voz de Galicia*, 30/11/1978, p.61.
[852] "Asamblea de la Liga de Inválidos y mutilados de guerra", *La Voz de Galicia*, 19/19/1981,n p.25.
[853] Debemos considerar unha posible limitación nesta análise realizada das ligas a nivel estatal tendo en conta que para boa parte dela contamos coa obra de Antonio Trabal, que é, por tanto, de parte.
[854] "El 3 de junio, asamblea regional de la Liga de Mutilados de la Guerra Civil, en Santiago*", La Voz de Galicia*, 31/05/1978, p.45.

Gráfico 39. Tipoloxía de accións memorialistas divulgativas en base a exemplos desta primeira etapa



Fonte: elaboración propia.

No Gráfico 39 elaboramos unha tipoloxía de accións divulgativas, identificadas neste primeiro ciclo da memoria e que seguiron a desenvolverse nos seguintes anos. Por unha banda o que demos en chamar "Actos públicos" que incluíron conferencias, xornadas e charlas, tanto aquelas organizadas por asociacións culturais como aquelas que de igual modo serviron como axentes difusores. Entre elas, a modo de exemplo teríamos as organizadas por partidos políticos, como a conferencia sobre "Historia das Organizacións labregas en Galicia" da ANPG[855]. Por outra banda identificamos como accións divulgativas todas aquelas publicacións que, a través dos seus lectores e lectoras, levaban o relato ao espazo público. Moitos destes lectores foron fontes orais desta investigación, e explicaron como de relevante foran esas lecturas para a súa conformación persoal e como de impactante resultara para elas coñecer feitos que, pola súa idade e debido á negación imperante, descoñecían.

Dentro destas accións identificamos tres subtipos. En primeiro lugar a Literatura Testemuñal, isto é os libros de narrativa que, a través da ficción relatan as vivencias de persoas que sufriran a violencia tralo golpe. En segundo lugar as "Testemuñas", biografías e autobiografías que describen experiencias similares, pero desta volta con nomes e apelidos reais. E noutra orde de cousas teríamos os ensaios ou investigacións, que comezaron a publicarse a partir do 76 nun crescendo alentado pola editorial Ediciós O Castro. Neste primeiro ciclo apareceu un título de especial interese para Galicia pero publicado en Madrid pola editorial Cambio 16, *Las dos caras de Galicia bajo el franquismo* de Xavier Costa[856]. E por último

[855] Arquivo Histórico Provincial de Lugo, Fondo Goberno Civil, *sin* 13.363. Ou outras conferencias sobre a figura de Castelao Conferencia sobre Castelao a cargo de Filgueira Valverde en Santiago de Compostela. Arquivo Reino de Galicia, Fondo Goberno Civil, *sin* 31.923.

[856] Outras publicacións de interese: "Discursos parlamentarios (1931-1933) onde se recollían discursos de Castelao, Otero Pedrayo, Suárez Picallo e Vilar Ponte nas Cortes da II República. Editado por Ediciós do Castro. (Noticia *en La Voz de Galicia*, 05/10/1978, p.22

referímonos ás reportaxes en medios de comunicación, tanto xeneralistas como alternativas que, tamén de xeito tímido, iniciáronse neste primeiro ciclo da memoria.

3.6.1. Cando nos libros falaban os fuxidos: a literatura testemuñal e as biografías

> Especialmente tráxicos, narrados cun dramatismo que arrepía, son os sucesos que transcurren no cárcel de Valmaior, nos cales aparece a figura sinistra dun asesino que coa súa insolencia e o desprecio da dignidade humana se convirte no símbolo da barbarie e o horror daqueles anos[857].

Estas liñas foron extraídas da solapa da novela *O silencio redimido* (1976) de Silvio Santiago, editada por Galaxia, a primeira obra de ficción publicada en Galicia "ambientada na guerra civil". Así se anunciaba:

> La novela es la primera que trata el problema de la guerra en Galicia contada por un autor del bando republicano. Silvio Santiago fue perseguido en 1936 y tuvo que huír varias veces (...) Su autor murió hace un año sin poder publicar esta novela por la temática que trata.[858]

E é que este tema entrou tardiamente na nosa narrativa, e o fixo por medio de tres exiliados (Vilavedra, 2011, p. 63). Xunto con *O silencio redimido*, outras dúas obras publicadas primeiramente no exilio: *Non agardei por ninguén* de Ramón de Valenzuela (1957) reeditada pola editorial Akal en 1976[859], e *O señor afranio ou como rispei das gadoupas da morte* de Antón Alonso Ríos, publicado en 1979 pola editorial Castrelos, con prólogo de Xosé María Álvarez Blázquez.

As obras de Silvio Santiago e de Ramón de Valenzuela foron as precursoras deste xénero que se foi afianzando nos seguintes anos, e tamén as pioneiras, ao seren as primeiras novelas publicadas en Galicia coas vivencias de persoas violentadas trala golpe como núcleo da acción. Os estudosos da narrativa arredor da "guerra civil", falan da predominancia posterior deste xénero, da literatura testemuñal fronte ás biografías ou diarios (Vilavedra, 2011, p 65)

Así, aínda que os autores foran vítimas da violencia, os tres fuxidos e exiliados en América decidiron contar parte das súas vivencias a través dun personaxe imaxinario, un "trasunto dos autores"[860]. Recordemos que Ramón de Valenzuela foi un importante axente memorial xa no exilio e na súa volta a Galicia participando nas homenaxes a Alexandre Bóveda.

Pese a entenderse como predominante este xénero, é ben certo que temos diversos exemplos de libros testemuñais publicados en Galicia durante o período en estudo. Referímonos xa a *Vida, paixón e morte de Alexandre Bóveda*, publicado no exilio e repartido na clandestinidade en territorio galego. Cómpre destacar, tamén o libro autobiográfico *Fuxidos: Memorias de un republicano gallego perseguido por el franquismo*, editado en Caracas, en 1976. Moi posiblemente os exemplares circulasen tamén nese ano por Galicia. Unha das nosas fontes orais relata o "impacto bestial" que tivera a publicación, ata o punto de que os exemplares eran mercados pola órbita franquista para intentar facelo desaparecer[861]. O autor é Juan Noya

[857] Silvio Santiago García(1989): *O silencio redimido*. Vigo, Editorial Galaxia narrativa.
[858] "En Navidad saldrá la primera novela de la guerra en Galicia", *La Voz de Galicia*, 17/11/1976, p. 21.
[859] Noticia da publicación en Akal: "Nuevos libros", *La Voz de Galicia*, 09/09/1976, p.16
[860] De todos os xeitos Antón Alonso Ríos fala do señor Afranio, que sería o nome e personaxe ficticio que emprega o propio autor para fuxir da violencia golpista.
[861] Non sabemos se se refería a esta primeira edición ou a publicada xa en Galicia nos anos 90.

Gil, impulsor da homenaxe na fosa común de Camposancos, na Guarda. Recordemos que xa no segundo capítulo falabamos das homenaxes clandestinas nesta fosa durante a ditadura que tornaron de cariz trala morte de Franco. Nesta mutación tivo un papel relevante este home, Juan Noya Gil, quen decidiu mercar os terreos onde se atopaba a fosa ao fillo da propietaria, aquela que mantivera virxe a finca durante décadas, para evitar, desta volta que, coa ampliación do cemiterio, os restos das vítimas foran a parar ao osario común. É relevante comprender o papel de Noya Gil, a quen poderíamos denominar como *líder* das accións colectivas que se xestaron a partir dese momento. Ese liderado confirmouse anos máis tarde, anos despois da súa morte, cando no 2006 realizouse unha homenaxe arredor do campo de concentración e dos fusilados da fosa común. Nesa homenaxe, antes da ofrenda floral na fosa, lembrouse o papel de Juan Noya Gil. E é que este non só mercara os terreos nun intento por protexer os restos dos prisioneiros, tamén impulsou a creación dunha Comisión Pro-Fosa Común que tivo como desenlace a creación dun monumento na propia fosa. O propio Juan Noya, como conta nesta libro, fora tamén unha vítima, en concreto un daqueles "fuxidos", finalmente exiliado en América. Ademais de describir a súa fuxida Noya tamén explica a violencia exercida contra o seu irmán, asasinado brutalmente, e contra os seus cuñados, que non puideron chegar a ser "fuxidos".

Se nos fixamos nas obras mencionadas ata este momento, todas eran historias de vida de vítimas que lograban fuxir, isto é, de perseguidos (exiliadas ou escapadas). Cuestión lóxica se temos en conta que a meirande parte foron escritas polas propias vítimas. Queda así, un gran oco narrativo: o das historias de vida dos asasinados. En canto á literatura testemuñal, realizamos unha análise preliminar do tratamento dos verdugos atendendo ao *Silencio redimido*. De tal forma poderíamos soster que a identidade dos verdugos, permaneceu nun segundo plano. Así o lirismo envolvía nun ton místico e un carácter inhumano aos perpetradores, profundando de novo na maldade e a barbarie como causantes dos sucesos. Sería preciso profundar na análise das demais obras, e comprobar se existe diferenza entre as obras literarias e as autobiográficas.

Saíndo da narrativa, e a modo de apunte, poderíamos nomear dúas obras de teatro que se presentaron en Galicia en 1977. Por unha banda a do dramaturgo Euloxio R. Ruibal, *O cabodano,* na que se recreaba "un drama familiar do drama colectivo deste país en 1936"[862]. Ou a obra representada no teatro Rosalía de Castro da Coruña en 1977, *¿Valió la pena?*. Do autor Martín Vigil,, baixo a dirección de Angel García Moreno, e que reflexionaba sobre as mortes da guerra e a Transición[863].

3.6.2. As publicacións xeralistas: as historias de fuxidos de Darío Álvarez Blázquez e os verdugos de Fernando Ramos

Aínda que habitualmente as accións divulgativas da memoria traumática foron publicadas en espazos á marxe das grandes grupos de comunicación, o relato que Darío Álvarez Blázquez publicou en 1977 no xornal *La Voz de Galicia*, podería comprenderse como unha excepción a este proceso. Ao que se lle sumaba un contexto xornalístico proclive no ámbito estatal, co grande éxito de *Interviú* e *Cambio 16,* publicacións que dedicaban espazos destacados ao golpe e a "guerra civil" (Aguilar e Ferrándiz, 2016, p. 16).

[862] "Escolma/TEIMA", *Teima,* nº28, 23-30 de xuño de 1977, p.33. "A nai e a filla teñen agachado ó fillo republicano no faiado da casa e obrígano a vestir, cada cabodano, o unifrome do pai morto na guerra, héroe do bando dos vecedores".
[863] Patiño, R. "¿Valió la pena?", *La Voz de Galicia*, 13/08/1977, p.25

Había menos dun ano que Darío Álvarez Blázquez fora o protagonista da homenaxe pública ao seu pai e demais asasinados xunto a el na Alameda de Tui. Álvarez Blázquez posuía unha dobre condición de vítima, primeiramente como familiar dun asasinado, pero tamén como persoa sobre a que se exerceu directamente a violencia. En 1936 traballaba como médico na vila de Tui, ao igual que o seu pai. E coma a el, un grupo de falanxistas detivérono tras tomar Tui. A sorte do fillo foi diferente grazas á amizade cun dos integrantes deste grupo e que posibilitou a súa fuxida e agocho durante unhas horas que se resolveron cruciais. Deste xeito Darío considerábase a si mesmo e a súa muller, Carmen Gándara, como os primeiros dos fuxidos no relato que publicaba entre abril e xullo de 1977 titulado precisamente *Historias de Fuxidos*[864]. Nel escribía con detalle, en primeira persoa, o acontecido tralo golpe de estado en Tui[865]. Primeiramente as súas vivencias familiares, como a detención súa e do seu pai, o exilio do seu curmán ou o asasinato do seu curmán político, Alexandre Bóveda. Máis tamén atendía a ducias de historias de veciños e amigos que acudiron a el para pedirlle axuda na súa condición de médico: mulleres de asasinados, fuxidos, encarcerados, etc. Pola súa fácil lectura, polos detalles que ofrece, pola claridade coa que expón os sucesos e evidencia o trauma sufrido pola poboación e tamén polos obxectivos que persegue co relato, consideramos este *Historias de fuxidos* unha das accións divulgativas máis relevantes do período de estudo.

> Ademáis contouse todo ou cuáseque todo pola banda o polo bando do vencedor. Agora empeza a outra banda a decir vagorosamente algunha cousa e fai falla sabelas todas pra adeprender todos. Falouse da guerra nas trincheiras e nos campos de batalla, no mar e no ár e das súas consecuencias: o exilio, as cárceres, as guerrillas. Pero pouco da guerra na retaguarda, onde tamén houbo unha guerra xorda pero máis cruel e asañada que a da loita aberta a peito descoberto. E non se falou rén ou cuáseque rén da súa correspondente consecuencia: os fuxidos. Eses homes que pasaron o seu calvario no monte ou antre catro paredes, ou aterrados nunha cova debaixo do chan. Iso é o que vou contar eu.[866]


Pero como adiantabamos, Álvarez conta moito máis que historias sobre os fuxidos, desmontando por exemplo, o relato oficial escrito en diversos libros de historia do réxime como *Historia de la Cruzada Española* de Joaquín Arrarás, que cita en diversas ocasións, para desmentir, por exemplo, os supostos crimes que os obreiros terían feito en Tui contra o clero.

[864] Álvarez Blázquez, D. "Historias de fuxidos", *La Voz de Galicia*, 17/04/1977 a 17/07/1977.

[865] No relato tamén realiza diversos flashbacks nos que describe os signos da expansión da Falange antes do golpe que non tiveran valorado na súa importancia.

[866] Álvarez, D. "Historias de Fuxidos", *La Voz de Galicia,* 17/04/1977.

Imaxe 30. Apuntamentos no libro "Historia de la Cruzada Española". Familia Álvarez Limeses



30

"Historia de la Cruzada"
Joaquín Arrarás ¡Falso!

TÚY EN PODER DEL FRENTE POPULAR

El último reducto que quedaba a la revolución en la provincia de Pontevedra era la ciudad de Túy, de gran importancia, no sólo por su historia y por ser sede de un antiquísimo Obispado, sino por su proximidad a Portugal, de la que es limítrofe.

Se encuentra Túy en el sudoeste de la provincia, y es cabeza de un partido judicial que consta de siete municipios, que son La Guardia, Oya, Porriño, Rosal, Salceda de Caselas, Touriño, y el de Túy, ciudad. Su censo es de 55.000 habitantes. El terreno montañoso está bañado por el Miño, que sirve de frontera entre España y Portugal y que atraviesa un hermoso puente. Por Túy pasan dos ferrocarriles: uno que se interna en la nación vecina y otro que une a Orense con el primero.

La ciudad cuenta unos 12.000 habitantes. Su historia es antiquísima, y entre sus monumentos sobresale la Catedral, que pertenece al período gótico primitivo, alzada sobre los cimientos de una fortaleza de la Edad Media. Otros templos muy antiguos y bellos son los conventos de Dominicos y Franciscanos

En esta ciudad, profundamente religiosa, con arreglo a su

sargento jefe del puesto de la Guardia civil, Julio López, dinse un plazo de un cuarto de hora para que los reclutantes se sometieran. Y sin incidentes se proclamó el estado de guerra.

también el sargento de la Guardia civil y otros vecinos, entre los que se encontraba un sacerdote.

La requisa de domicilios sirvió de pretexto para vergonzosos robos. Los atropellos culminaron en los pueblos próximos; en Badiño, el párroco señor Fariñas fué preso y atado a la pata de una mesa, mientras sus aprehensores se entregaban en la misma a un copioso festín. Para mayor escarnio le arrojaron los huesos de la comida, como si se tratase de un perro.

Falso

Fué invadido el Palacio Episcopal, en el que se hicieron requisas y despojos, y el Prelado tuvo que soportar la befa de las turbas, que, sin embargo, no atentaron contra su vida.

En esta situación permaneció la histórica ciudad hasta el día 26 de julio. Los extremistas se creían ya dueños absolutos de vidas y haciendas, y no pensaban en que su anarquía pudiera tener fin. El día 25 los sorprendió la noticia de la salida de Pontevedra de una batería del 15 Regimiento ligero, al mando del capitán don Manuel Casal Castro. Esta batería, reforzada en Porriño con un destacamento del Regimiento de Zaragoza, procedente de Orense y provisto de morteros y ametralladoras, quedó al mando del teniente coronel de Artillería don Antonio Durán Salgado.

A la altura de Godiño chocó la tropa con una línea de trincheras que habían abierto los revolucionarios de Túy, entablándose una verdadera batalla, en la que la artillería llegó a hacer sesenta y cuatro disparos. Vencida la resistencia, se avanzó hasta Guillarey, con tal lentitud, que se hizo de noche sin que se pudiera dar vista a Túy: la carretera estaba minada y volado el puente sobre el río Oure,

FUERZAS DE PONTEVEDRA Y ORENSE LIBERAN TÚY

Fonte: Arquivo Fundación Penzol. Doazón Álvarez Basso.

Precisamente puidemos consultar unha fotocopia deste libro no seu capítulo correspondente a Tui, *Tuy en poder del Frente Popular*, con anotacións que supoñemos do propio Darío onde apuntaba a man un: "¡Falso!", como se pode ver na Imaxe 30. Esta contraposición da historia oficial co seu propio relato e que se repite en diversos momentos, fai palpable un dos obxectivos do texto: desmontar o discurso hexemónico.

En resumo, de *Historias de fuxidos* debemos destacar dúas cuestións diferenciadas. Por unha banda a importante carga emocional do texto. Isto faise palpable non por ter excesivos adornos narrativos senón pola sinxela e a crueza do que relata, coma neste fragmento sobre o seu curmán Xerardo Álvarez xunto ao corpo de Alexandre Bóveda.

> E despois de que o enterramos nunha caixa de pino sin pintar díxome (Obella – un dos amigos que estaba nese momento alí) díxome: ¡Fuxe, Xerardo!¡Mataránte!¡Matarános a todos!... "Había que fuxir- segue decindo Xerardo- ¿Cómo?¡Como fora!Dramáticamente. Algún día contaránse casos que parecerán de novela. ¡Fuxir! ¡Lonxe! ¡Pra sempre! Endexamais voltar a bicar ós pais. Deixar a casa, os irmáns, a vida feita, a groria de vivir na Terra... Morrer de saudade un pouco cada día, deica chegar a hora de pechar os ollos pra sempre"....Si. Así vive il agora, no eisilio, morrendo de saudade un pouco cada día. Il é un dos meus fuxidos. O noso fuxido (...) "Cando se reciben as suas cartas, na casa gárdanas pra darmas pola noite, para que poida chorar a cachón. E despois quede dormido soñano que estou no Instituto de Pontevedra, na súa casa, cando eu era un "Ravachol" (apodo cariñoso que lle puxo o seu curmán)[867].

Esta carga emotiva tamén alcanza altas doses no relato da muller dun fuxido que quedara embarazada e pedía axuda a Darío para abortar, pois senón, descubrirían o agocho do seu home na casa. El dáballe a idea de que fixese pensar á xente que estaba con outro. Ela segue o consello, sendo renegada pola comunidade como unha "calquera". Pero a historia tornou aínda máis tráxica meses despois, xa co bebe na casa. O pai foi descuberto precisamente cando, dende o chan, para non ser visto, mecía ao fillo no berce. Asasinárono. Darío relata como corenta anos despois, nai e fillo foron visitalo, e todos, xuntos, choraron por aquela traxedia. Neste punto é relevante deternos na reflexión sobre o momento no que estes relatos, tan traumáticos, foron publicados e foron lidos, quizais por ese home xa con corenta anos, marcado polo traumático asasinato do pai agochado, por moitas outras vítimas de Tui e da comarca e, en definitiva, por

867 Álvarez Blázquez, D. "Non me matedes, capítulo VII. Historias de fuxidos", *La Voz de Galicia*, 19/06/1977.

unha sociedade que vivira coa negación do trauma e que agora, no relato aberto de Darío Álvarez podía encontrar a súa historia. Estábamos en 1977 e así o describía o propio autor no último capítulo da serie:

> A miña fonda gratitude a todos cantos por escrito ou personalmente me demostraron e me están a demostrar día a día o seu interés por istes artigos, así como a súa emoción, sentimentos que eu xa sei que penden moito máis do seu propio dramatismo que dos meus méritos de escritor[868].

A outra cuestión a salientar deste texto é a necesaria investigación que tivo que realizar o autor para poder dar forma a un relato cohesionado sobre o acontecido. Sobre esta investigación temos varios indicios, como as lembranzas do seu sobriño Xosé María Álvarez Cáccamo quen sostén que foi Darío quen pescudou cal fora o lugar exacto onde os seis fusilados foran asasinados na Alameda para poder facer a homenaxe no mesmo lugar. Tamén se extrae da carta de Emilio Diz en agosto do 77 no que lle narraba o que recordaba daqueles días, así como as referencias as buscas de documentación que describe o propio Darío Álvarez no relato. Ademais, esta investigación e o texto resultante sitúannos ante un acontecemento moi relevante, e que nos posiciona precisamente no espazo que puido ocupar a verdade na Transición e o papel neste proceso dos propios vitimarios.

O caso do falanxista e as cartas "da verdade"

> Antra tanto agromaron en Tui muitas camisas novas que se lanzaron ao monte e fixeron o que contei e que non contei e que rebasaron aos poucos falanxistas vellos que se viron sorprendidos pola ferocidade dos novos. O fenómeno foi conocidamente repetido en cáseque tódolos pobos (...) Pero ístes camisas novas de Tui non sabían nada das fichas dos outros e ao ver que eu non fora presa cando as primeiras dilixencias dos de Pontevedra deixarome en paz. Os vellos marcharon prao frente antre solprendidos e asoballados, repito. Un deles renegóu logo de todo e de todos pero foi tomando nota día por día das mortes e dos que as facían e ten un fichero mui completo e supoño, mui longo. Cando a revista "Historia y Vida" de Barcelona premióume un traballo sobre doutras peripecias da guerra, semellantes a estas, empezóume a mandar copias díse fichero hastra chegar a perto de cen coartelas, con todos ístes nomes e tódolos detalles, algúns arrepiantes, dos "paseos". E tamén os nomes dos personaxes de Tui e das suas intrigas que levaron á morte aos fusilados. Non hai unha soia noticia ou un soio dato, que non coincidan cós que eu xa sabía. Pero sí muitos que eu non sabía[869].

Nesta descrición da ascensión súbita do fascismo en Galicia, realizada no derradeiro capítulo da serie, Darío Álvarez colócanos ante unha circunstancia inusitada, a recepción de cen cuartillas cos detalles sobre os asasinatos. Con esta referencia de Darío a pregunta emerxía soa, era preciso pescudar quen era a persoa que as remitía. Trala nosa investigación puidemos desentrañar este enigma así como descubrir que aconteceu tras este ano 77 e cal foi o destino destas cuartillas.

USC UNIDADE DE COMPOSTELA

868 Álvarez Blázquez, D., "X. A letra menuda. Historias de fuxidos". *La Voz de Galicia,* 10/07/1977.
869 *Ibidem.*

> Tui, 31 de xaneiro de 1975
> Estimado (...)
> Lín a interviú que che fixeron con motivo do prémio gañado.
> Decateime de quen eran os indivíduos a quen te referias; morto un no agochado e outro condeado a morte, conmutada despois a pena, e que hoxe ainda vive. Estes son, Guillerme Vicente de Santiago e Xoán Noya Gil.
> Dado que algun dia pensas publicar algun libro, segundo tes manifestado, adxúntoche certos datos referentes ao moi funesto Pablo (Bugarín); dados fidedignos tirados do meu Diário, comenzando a escreber a partir do 18 de xullo de 1936, e que aínda continuo facéndoo actualmente.
> Coñezo perfeitamente como se levou a cabo o asasinato de Manuel Noya Gil, lugar, e quen o asasinaron, asi como os martírios a que o someteron na casa forestal de Burgueira-Oia, denantes de ser asasinado á beira do mar, a 300 metros do mosteiro.
> Os asasinos foron: Alberte Varela Spuch, de alcume Pipo, Manuel Pastor Fernández, Indálecio Pérez Rodríguez, este garda civil.
> Os maos tratos foron ordenados polo funesto alférez Méndez Núñez e un dos que máis o maltratou foi Antonio Puig Gaite, hoxe conselleiro nacional.
> Queda teu affmo s.s.q.e.e.t.m.
> Servando Lago Montes.[870]

A identidade do falanxista arrepentido ao que se refería Darío Álvarez é Servando Lago Montes, que como manifestaba nesta carta, decidía comunicarse con el para irlle narrando a información da que era portador. Acontecía despois de que Servando lera a entrevista que lle fixeran a Darío en prensa trala obtención do premio polo relato *Historias de la retaguardia* en 1975. Falaba Servando dun libro que Darío tiña intención de realizar, que finalmente podería terse materializado nas *Historias de Fuxidos*. Se existía o proxecto dun libro, este quedou sen publicar, ao falecer Darío no ano 1979.

Pero volvamos á carta, coma ela, puidemos acceder a un total de oito misivas datadas entre o 31 de xaneiro de 1975 e o 18 de febreiro dese mesmo ano[871]. En cada unha delas Servando Lago relataba un asasinato, principalmente dos executados seguindo o método do "paseo". O primeiro deles, como podemos ver na transcrición, é o de Manuel Noya Gil, irmán de Juan Noya Gil, unha vítima cunha gran relevancia no memorialismo[872]. Na descrición do que lle aconteceu, salienta a identificación dos verdugos con nomes, apelidos, alcumes e incluso a súa adscrición. A excepción a esta dinámica de relato dos asasinatos estarían en dúas das cartas. Nelas a atención de Lago se centra precisamente en dous verdugos, Pablo Bugarín Domínguez e Jose Peñarredonda, dúas das persoas responsables da violencia exercida en Tui. Se volvemos a vista a transcrición da carta vemos como está en galego, aínda que realmente se trata dunha tradución que se realizou anos despois, concretamente en 1997, cando *A Nosa Terra* decidía

[870] "Confesións dun falanxista (I).Un paseador revela en várias cartas os crimes cometidos en Tui en 1936", *A Nosa Terra,* 06/03/1997, nº768, p.27.
[871] En:
-"Confesións dun falanxista (I).Un paseador revela en várias cartas os crimes cometidos en Tui en 1936", *A Nosa Terra*, 06/03/1997, nº768, p.27.
-"Confesións dun falanxista (II). As cartas de Tui revelan aspectos da planificación represiva no 1936", *A Nosa Terra,* 13/03/1997, nº769, p.26.
[872] Asasinatos relatados nas cartas: Manuel Noya Gil, Enrique Jaso González, Manuel Multa Fernández, Juan Abramo Dios, José e Emilio Costas Fernández, apodados Platilleros, e Edelmiro González.

publicalas. É así como temos acceso ás mesmas, mediante a reportaxe titulada *Cartas dun falanxista nas que narra os seus crimes no 36*:

> O coñecido falanxista tudense Servando Lago Montes, *Caganacaixa,* revelou as circunstancias e acusou con nomes e apelidos aos responsábeis do terror en Tui e bisbarra en 1936 nun extracto do seu Diário que enviou a unha persoa que prefire o anonimato[873].

Puidemos pescudar que esta persoa anónima foi Alfonso Álvarez Cáccamo, sobriño de Darío Álvarez Blázquez[874]. E trataríanse así das mesmas cartas que Darío Álvarez recibira e referenciaba no *Historias de fuxidos* como as cuartillas que lle enviara un falanxista arrepentido[875]. Por el, por tanto, sabemos que falaríamos de arredor de cen cuartillas, das que soamente se recuperaron, polo momento, fragmentos breves de oito cartas, publicadas en 1997[876]. Pero a través da doazón que a familia Álvarez Basso realizou ao Arquivo da Fundación Penzol[877] puidemos achegarnos a outra carta de Servando Lago ao propio Darío Álvarez en 1978. Esta, foi catalogada pola familia como "carta do falanxista arrepentido"[878]. E amósanos varias cuestións. Por unha banda que a relación entre Darío e Servando continuou dalgún xeito máis alá do ano 1975, cando se databan as primeiras cartas. Por outra banda nesta última misiva Servando Lago informaba a Darío sobre unha visita incómoda que tivera recentemente. Estamos en maio de 1978, e a Servando visítano dous xornalistas de *Faro de Vigo* e *Interviu* preguntándolle polo asasinato de Darío Álvarez Limeses e a responsabilidade de Pablo Bugarín Domínguez.

Precisamente na doazón da familia Álvarez Basso atópase un sobre baleiro titulado "reportaje de Fernando Ramos para "Interviu" que no llegó a ser publicado por causa del proceso que seguía la familia Rosón entonces". Entendendo que non hai equivocación neste dato, poderíamos considerar a hipótese de que se ía publicar unha reportaxe en Interviú sobre a violencia do 36 en Tui, pero que debido á censura sobre a reportaxe do pasado como verdugos da familia Rosón, a quen pertencía Antonio Rosón, acabado de nomearse presidente da Xunta, esta reportaxe quedaría sen ser publicada no 78.

Ademais, é moi posible que esta sexa a mesma reportaxe que anos despois, en 1980 publicouse en *La Hoja del Lunes* de Vigo e que tivo importantes repercusións. Nese mesmo sobre da doazón pero con outra caligrafía, alguén da familia escribira "estaba vacio. La familia Rosón lo había denunciado (a Fernando Ramos) por su artículo *Tuy aquel verano de 1936*, publicado el 28/1/1980 en la Hoja del Lunes". Nesta segunda nota no mesmo sobre, que como dicíamos, non conservaba nada no seu interior, existe un erro, a denuncia a Fernando Ramos sobre esta reportaxe non foi da familia Rosón, senón da familia de Pablo Bugarín, a quen o xornalista sinalou como un dos principais verdugos de Tui.

Nesta reportaxe o xornalista Fernando Ramos relataba o acontecido en Tui dende que se producira o golpe de estado, explicando o que sucedera durante o tempo que permanecera leal á república, como se organizara a resistencia e como despois se desenvolvera o que el chamaba

---

873 "Confesións dun falanxista (I).Un paseador revela en várias cartas os crimes cometidos en Tui en 1936", *A Nosa Terra,* 06/03/1997, nº768, p.28.
874 Conversa con Xosé María Álvarez Cáccamo e Carlos Méixome (San Simón, 16 de xullo de 2023).
875 Estas afirmacións extráense da análise das cartas, atendendo ás referencias tanto a un premio gañado polo receptor da carta como ao que o propio Darío relataba sobre unhas "coartelas" dun falanxista arrepentido nas Historias de fuxidos do 1977.
876 Tamén podería ser que as cartas fosen máis longas, e só se transcribise a reportaxe un fragmento.
877 Isto é os netos de Darío Álvarez Blázquez, fillos de Darío Álvarez Gándara.
878 Arquivo da Fundación Penzol. Doazón Álvarez Basso.

"a revancha". Isto é, a violencia masiva exercida polos golpistas trala toma da vila[879]. Debemos apuntar que Fernando Ramos era un dos xornalistas de Vigo máis recoñecidos nestes anos pola esfera da esquerda, militante do PCE, segundo as fontes consultadas e autor de moitas das crónicas sobre accións memoriais empregadas neste traballo.

Durante o seu relato Ramos citaba varias fontes. Unha delas era o propio falanxista arrepentido, Servando Lago:

> Es muy difícil ir a Tuy sin encontrarse con Servando Lago Montes, un falangista arrepentido, cuyo testimonio también ha sido decisivo a la hora de recomponer lo ocurrido en Tuy aquel verado de 1936. El contenido de su archivo personal, caso de ser revelado, haría temblar. Servando presume de tener las manos limpias de sangre y de que siempre gozó de la amistad de los que entonces fuero sus enemigos (...) se jacta de que sus antiguos camaradas le respeten y tengan miedo "porque saben lo que sé de ellos y que puedo hablar en cualquier momento". Es más, siempre lleva encima un viejo papel. Es una lista confeccionada por el mismo, con letra muy versallesca. Aquí está el "politburó". Estos son los que tuvieron algo que ver con las escuadras del amanecer. Los que mataron o los que ordenaron matar"[880]

Na reportaxe incluíase tamén unha foto de Servando asinada por "Cameselle", isto é Victor Cameselle, fotografo de *Faro de Vigo*. Na foto aparece de perfil, non posa, quizais non se estaba decatando. Con estas probas, consideramos que se trata do mesmo encontro que Lago relataba na carta a Darío Álvarez no 1978 no que precisamente contaba como aqueles dous xornalistas intentaran sacarlle unha foto, ao que el se negara. Así o corrobora o dato apuntado polo propio Fernando Ramos quen sitúa a entrevista con Lago en abril do 78. A súa testemuña é empregada, por exemplo, para explicar os asasinatos de Darío Álvarez Limeses e Alejo Diz Jurado, os médicos da vila:

> Años más tarde se lo confesará al ex falangista Servando Lago Montes el cacique del pueblo Pablo Bugarín. El primero le recordaba la inutilidad e injusticia de aquellas muertes. Bugarín replica que los ajusticiamientos eran "pura pantalla" y el sistema de conseguir adeptos a la "causa"[881].

A reportaxe reservaba un apartado para dedicalo precisamente a explicación de quen era Pablo Bugarín, "el cacique del pueblo" para o que se valía, pois, da testemuña de Servando Lago. Este sostiña que "Bugarín podía decidir sobre la vida y la muerte del pueblo". Tamén se describía a Rosendo Bugarín, primeiro xefe da Falange Local e alcalde. Ramos explicaba como:

> en el archivo de Lago aparecen nombres importantes, incluso repescados hoy por partidos neodemocráticos y de cierta influencia en la vida provincial. El malogrado periodista Cuco Cerecedo ofreció a Lago hasta cincuenta mil pesetas por los documentos, pero Servando no aceptó[882].

Refírese a Francisco Cerecedo, e ao artigo que publicou a revista *Historia 16* en 1977, *Cuando la sangre llegó al río. La guerra civil en Tui,* da que fora informante Darío Álvarez

[879] Ramos, F. "Tuy, aquel verano del 26", *Hoja del Lunes,* 28/01/1980, pp.12-13. Recuperado en Arquivo Fundación Penzol, Doazón Álvarez Basso.
[880] Ramos, F. "Tuy, aquel verano del 26", *Hoja del Lunes*, 28/01/1980, p.12
[881] Ramos, F. "Tuy, aquel verano del 26", *Hoja del Lunes,* 28/01/1980, p.13
[882] Ramos, F. "Tuy, aquel verano del 26", *Hoja del Lunes,* 28/01/1980, pp.12-13.

Blázquez[883]. Darío tamén participou como informante desta reportaxe de Fernando Ramos, así o narraba este:

> Al llegar a este punto de la narración, el periodista debe detenerse y recordar con cariño y respeto a un hombre excepcional, desgraciadamente desaparecido cuando escribe estas líneas. Durante varias noches, en su chalet de Coruxo- que siempre tenía las puertas abiertas- conversé con el querido Doctor Darío Álvarez Blázquez sobre el tema que nos ocupa y otros del presente y de nuestra reciente historia. Tuve el privilegio de contar no sólo con su confianza y generoso afecto, sino de que me permitiera acceder a su valiosísimo archivo documental[884].

Precisamente o xornalista sinalaba que estas veladas tiveran lugar tamén en abril de 1978, o que viría a coincidir co momento no que Servando Lago fora abordado polos xornalistas en Tui[885]. Na reportaxe tamén se incluía unha foto con Darío, desta volta ao lado do xornalista e asinada tamén por Cameselle en abril do 78.

En definitiva, semella claro que esta reportaxe elaborouse en 1978 por Fernando Ramos e Víctor Cameselle para *Interviú*, pero que a raíz da polémica pola reportaxe dos Rosón, secuestrada en dúas ocasións, quedara paralizada. Finalmente publicouse dous anos despois, en 1980, en *Hoja del Lunes* de Vigo.

A reportaxe detíñase tamén na análise da sentenza do xuízo contra os sete cidadáns de Tui. Nela o xornalista incluía os nomes e apelidos das persoas que asinaban a sentenza, unha cuestión que o diferencia notablemente doutros artigos e reportaxes publicados durante eses anos, onde os nomes dos verdugos excluíanse sistematicamente[886]. Entre eles o propio *Historias de Fuxidos* de Darío Álvarez quen argumentaba desta forma:

> Direi os nomes, ou os alcuñes e as particularidades personales dos perseguidos e dos mortos, non os dos seus persecutores ou executores, aínda que os conozo todos por unha circunstancia que logo contárei. Pero non quero que os fillos e os netos que non teñen culpas, podan ser aldraxados algunha vez nos seus apellidos, sin xusticia. E porque predico que tódolos apellidos de agora en diante teñen que xuntarse baixo un lema común: a paz. E, de coroa, unha rosa branca[887].

A listaxe dos vitimarios, permaneceu oculta, pese a intención de Servando Lago, que se atendemos ás cartas, ofrecíalle a Darío esa información para o seu libro, e que polo tanto é de supoñer que pretendía que os nomes dos verdugos saísen desa escuridade na que as propias

[883] Cerecedo, F. "Cuando la sangre llegó al río. La guerra civil en Tui". *Historia 16*, novembro 1977. En Arquivo Fundación Penzol, Doazón Álvarez Basso.
[884] Ramos, F. "Tuy, aquel verano del 26", *Hoja del Lunes,* 28/01/1980, p.13.
[885] O xornalista tamén sinala como Darío lle amosa a sentenza do xuízo que unha das familias dos fusilados consegue "que fue transcrita, al parecer, por un soldado desconocido, y que, dada la prisa, contiene algunos errores meconagráficos, que no desvirtúan su contenido".
[886] Resulta curioso que pola contra fale sen dicir o nome dun "conocido farmacéutico pontevedrés, siempre dispuesto a tirar de pistola, aunque fuera por una simple discusión de aparcamiento, como sucedió hace unos años", consideramos que se trata de Antonio Puig Gaite quen a finais dos anos 60, a raíz dun golpe co coche encañona a Xerardo Moscoso (membro de Voces Ceibes e que daquela formaba parte do PCE na clandestinidade) e a Lola Varela. Ela cóntanos coma o levaron a xuízo por este incidente e acabou pagando unha multa simbólica. Fora xefe da Falange e candidato de Alianza Popular ao senado en 1977. (Entrevista a Lola Varela realizada por Iria Morgade (Vilar, Cerdedo, 26 de maio de 2022). Ademais o seu nome, como se pode comprobar, aparece na primeira carta de Servando Lago transcrita en páxinas anteriores coma un dos torturadores de Manuel Noya Gil.
[887] "A rosa branca. Historias de fuxidos-I", *La Voz de Galicia*, 17/04/1977.

vítimas e os seus familiares os mantiñan de xeito consciente[888]. A razón última deste ocultación, era expresado por Darío Álvarez acudindo de novo á metáfora da rosa branca. Para esta expresión metafórica servíase do poema *Cultivo una rosa blanca* , lido na súa mocidade da biblioteca do pai. Nel o poeta cubano José Martí reivindicaba o perdón para os que o danaban.


> Cultivo una rosa blanca,
> en julio como en enero,
> para el amigo sincero
> que me da su mano blanca.
> Y para el cruel que me arranca
> El corazón con que vivo,
> Cardo ni oruga cultivo.
> Cultivo una rosa blanca

Convértese así a rosa branca, como moitas das que foron deixadas sobre os lugares de fusilamento das vítimas, na mellor metáfora para xustificar o soterramento dos verdugos, acudindo ao imaxinario cristián do perdón e a non vinganza. Tamén foi habitual á referencia a unha petición das propias vítimas para que se levase a cabo ese perdón, seguindo a estela do mártir. Así o fixera Alexandre Bóveda, e así tamén sinala Darío Álvarez Blázquez llo tería pedido o seu pai "no azo derradeiro". Pese a isto, as fontes consultadas sosteñen que Darío Álvarez Limeses, no testamento que deixara antes de morrer, falaba do perdón a quen en vida puidera ter ofendido el. Sen existir unha referencia directa a ese perdón aos verdugos. Semella, pois, ese perdón aos verdugos unha interpretación a posteriori que as familias das vítimas, abrazaron, quizais nunha xerminación que duraría anos, adozada polo catolicismo, unha vivencia traumática negada, ao que se sumaría un relato oficial baseado na reconciliación. E aínda que Fernando Ramos, rachou en parte, esa negación, cunha reportaxe na que se incluían nomes e apelidos de verdugos, a forma de iniciar o seu texto fálanos xa desa constante xustificación á que tiñan que facer fronte os axentes memorialistas que nos anos 70 e 80 contraviñan o discurso oficial para colar parte da verdade negada: "Al recordar ahora aquellos tenebrosos días no nos mueve en modo alguno, el ánimo de revancha ni el estéril intento de abrir viejas heridas"[889].

[888] Todos os nomes que escribe Serando Lago nas súas cartas pode comprobarse como non son referenciados no relato de Darío Álvarez, aínda que os coñecera, en concreto Pablo Bugarín, o que sinalan como responsable da morte do pai. Refírese a algún deles polo seu cargo, e explicación secundarias, pero non como executores da violencia.

[889] Ramos, F. "Tuy, aquel verano del 26", *Hoja del Lunes*, 28/01/1980, pp.12-13.

Gráfico 40. Cronoloxía acontecementos arredor das accións memorias Darío Álvarez e familia, e Servando Lago, "o falanxista arrepentido"



Fonte: elaboración propia.

Pese a esta declaración de intencións, Ramos foi denunciado pola familia Bugarín por un delito de inxurias, someténdose a xuízo en 1981. Incluímos o Gráfico 40 onde, debido á complexidade desta trama, se pode observar a sucesión dos feitos. Deste modo, trala publicación do *Historias de la retaguardia* de Darío Álvarez (1975), Servando Lago poríase en contacto con el enviándolle as cuartillas (1975). Pouco tempo despois tiña lugar a homenaxe na Alameda de Tui que narramos en apartados anteriores (1976), e con posterioridade Darío publicaba *Historias de fuxidos* (1977). Ao ano seguinte Fernando Ramos realizaba a reportaxe que nun primeiro momento tiña a intención de publicarse en *Interviú,* pero que coincidindo coa polémica sobre a familia Rosón tivo que pospoñerse. Finalmente publicouse noutro medio en 1980. Un ano despois, Fernando Ramos enfrontouse a un xuízo ao ser denunciado pola familia de Bugarín, a quen describía como verdugo.

A acusación pedía seis anos de desterro, cinco millóns de indemnización e duascentas mil pesetas de multa. Segundo a familia a reportaxe "hacía referencia a Pablo Bugarín, en términos calificados de injuriosos". Nas argumentacións da acusación podemos atopar as premisas fundamentais do discurso oficial:

> La acusación privada que estuvo a cargo del letrado tudense José Aparicio, se refirió al ajusticiamiento del 30 de octubre de 1936 apuntando que se trataba de una de las depuracións políticas llevadas a cabo en la retaguardia de las dos zonas en que quedó dividida España con la guerra. Siguió diciendo que el restablecimiento de la concordia actual parece contar con la oposición de algunos que creen que llegó el momento de revanchismo y buscan culpables a los que achacan las muertes habidas[890].

USC UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA

[890] "Ayer, juicio contra Fernando Ramos, acusado de un delito de injurias", 01/07/1981, *Faro de Vigo*,

O avogado da defensa, Antonio Viana Conde, aludía pola súa parte, á reconciliación considerando:

> En aras de la reconciliación (...) no hay que callarse sino "buscar la verdad que nos haga libres", insistiendo en que el pueblo que no conoce su historia está condenado a repetirla. "El silencio no vale, lo que vale es la verdad y esta verdad nos evitará tropezar nuevamente en la misma piedra[891].

Interesante pois esta contraposición do relato da reconciliación. Mentres que o avogado de Ramos defendía que para lograr a reconciliación precisábase buscar a verdade, o letrado da familia Bugarín identificaba nesa busca a "revancha". Entre as testemuñas que citaba a defensa estaban Alfonso Álvarez Gándara, Jose María Álvarez Blázquez e María Josefa García. Moi relevantes, pola súa implicación nos feitos, isto é, por ser familiares ou vítimas. Finalmente o xornalista foi absolto considerándose na sentenza que non existía no texto un ánimo de calumniar e deshonrar, condición necesaria para ser condenado por ese motivo, e ademais considerando a "misión informativa que social y culturalmente ejerce el periodista"[892].

De todos os xeitos, como xa acontecera noutras partes do estado o feito de ser levado a xuízo por incluír nomes de vitimarios, ou simplemente por realizar una acto de memoria reparativo, coma nos casos xa mencionados dos xuízos aos creadores do documental Rocío, e ao alcalde de Torremejía pola exhumación de veciños asasinados, marcou as marxes que tiña o réxime democrático acabado de estrear, onde a verdade e a xustiza, non tiñan cabida (Mateo e Kerangat, 2018).

Neste sentido debe atenderse a outro exemplo de accións divulgativas que sufriu medidas coercitivas: a reportaxe de *Interviú* sobre o pasado da familia Rosón, censurada en 1978. O xornalista Luis Álvarez Pousa, autor dalgunhas das crónicas das homenaxes memoriais, facíalle unha entrevista ao propio Antonio Rosón en xuño dese ano 1978, cuestionándoo polo "seu pasado" como home do réxime franquista.

> Le recuerdo que en la Galicia de 1936, cuando él permanecía al lado del Ejército franquista, corrió sangre autonomista por las calles, a causa de parecidas reivindicaciones que él curiosamente definede ahora. Cito el fusilamiento de Alexandre Bóveda y el destierro de Castelao, por más conocidos. Cito, en reivindicación nacionalista del año 1975, a Moncho Reboiras. "Son todos ellos- confesó- personalidades fuertes que sirvieron con patriotismo. Su contribución fue decisiva y reconocido por todos. Las guerras civiles son un drama tremendo, que dan lugar a situaciones que, juzgadas años más tarde, descubren injusticias individuales y colectivas, cuando ya son irreparales"[893].

Neste breve fragmento pódense identificar facilmente os elementos básicos do discurso da reconciliación. O drama da guerra civil, e sobre todo, resulta salientable esa referencia a "irreparabilidade" das inxustizas como os asasinatos de Bóveda ou de Reboiras. Volveremos a este caso máis adiante.

Volvendo ao xuízo de Fernando Ramos, neste tamén saía a colación o nome de Servando Lago, que a acusación consideraba "un chiflado" e que se citaba como fonte do xornalista. Neste sentido, a última reviravolta en relación con Servando Lago sitúanos ante unha cuestión crucial: a intención de Lago de publicar o seu diario, e a posibilidade ou non de que funcionase

891 "Ayer, juicio contra Fernando Ramos, acusado de un delito de injurias", 01/07/1981, *Faro de Vigo*,
892 "Absuelto el periodista Fernando Ramos", 11/07/1981, *Faro de Vigo,* p. 17
893 Álvarez Pousa, A. "Sin o se lleva adelante un programa autonomista, abandonaré "UCD" y si lo único que conseguimos es una descentralización de servicios, yo me voy a casa", 06/06/1978, *La Voz de Galicia,* p. 44.

certa censura sobre esta decisión. Para iso debemos poñer enriba da mesa varios feitos fundamentais. En primeiro lugar a publicación en novembro de 1977 da reportaxe póstuma d Francisco Cerecedo. Pois aínda que se publicaba en 1977, despois do falecemento do autor, este a tiña escrita en 1975, pretendendo que se tratase do primeiro capítulo dunha serie que tería comezado a dar forma en 1972. Como narraba nun parágrafo introdutorio da súa reportaxe "en aquellos momentos su proyecto parecía suicida: reconstruir los aspectos menos conocidos de la guerra civil española con los testimonios de sus protagonistas"[894]. Pero como tamén se explicaba neste texto a revista *Historia 16* non puido aparecer entre finais do 74 e en 1975, durante a dirección do Ministerio de Información y Turismo de León Herrera,. Nese momento foi cando Francisco Cerecedo, coñecido como Cuco escribiu o primeiro dos capítulos da serie *Cuando la sangre llegó al Miño.* Cando a revista volveu publicarse, outras reportaxes e traballos foron demorando a saída desta, que quería ser revisada e actualizada polo autor. Finalmente publicouse tal como o autor a deixou no 75. Nesa reportaxe, na que citaba á súa vez a Fernando Ramos, tamén se describía a Pablo Bugarían como cacique de Tui, "simple oficial habilitado del Juzgado de Instrucción, quien durante cerca de sesenta años, impuso su ley personal en la pequeña ciudad" (p. 44). Entre as persoas que colaboraban como entrevistados na reportaxe estaba tamén o propio Darío Álvarez Blázquez.[895] Segundo Fernando Ramos, Francisco Cerecedo teríalle ofrecido a Lago cincuenta mil pesetas polos documentos, sen que este aceptase. Isto contradise coa testemuña do propio Servando Lago[896], do que localizamos diversas cartas ao director publicadas en prensa e que arroxan luz sobre esta trama. Así Lago describía o seu diario, que sería "publicado muy próximamente en España y en el extranjero". Servando Lago xactábase da relevancia que ía ter ese diario: "creo sinceramente que mi "diario" será un "Documento Histórico"". Servando sinalaba que se publicaría tanto na prensa española como estranxeira. Nesta carta finalizaba considerando que era "íntimo amigo de Darío Álvarez Blázquez, aún cuando ideológicamente estamos en terrenos totalmente opuestos. A él le asesinaron al autor de sus días. Yo lo lamento muchísimo.[897]

A publicación no estranxeiro do diario parece ser certa, descríbeo no 97 Xan Carballa, o autor da reportaxe de *A Nosa Terra*. Neste caso sinalábase que as cartas que eles publicaban xa eran coñecidas a través do xornal portugués *Diário de Noticias*. Recuperamos esa referencia a través dun artigo académico sobre as representacións da "guerra civil de Espanha na Galiza" a través da prensa portuguesa:

> Pelas cartas de Servando Lago Montes, un antigo comerciante de Tui, falecido em 1980, cuja fotocópia foi fornecida ao jornalista portugués Viale Moutinho, ficámos a saber episódios trágicos da brutal e boçal perseguiçao falangista-assassínios perpetrados pelas forçcas militares, Guardia Civil e milícias da Falange, isto é, pela repressao franquista en Tui[898].

[894] Cerecedo, F. " Cuando la sangre llegó al Miño: la guerra civil en Tuy", *Historia 16,* Novembro 1977. Recuperado en Arquivo Fundación Penzol, Doazón Álvarez Basso.

[895] Tamén Manuel López, militante da Falange ou Basilio González, señor magistral da catedral de Tui ou o propio Rosendo Bugarían, jefe local de la Falange no 36 e irmán de Pablo Bugarín.

[896] Recuperamos tamén dúas cartas ao director do mesmo personaxe publicadas en *La Voz de Galicia* e *Faro de Vigo,* en 1977, nas que critica a Santiago Carrillo. En: Cartas al director "Un exfranquista antimarxista", *La Voz de Galicia* 23/07/1977, p. 63 e "Anticomunista y anticarrillista", *Faro de Vigo*, 08/09/1978, p. 13.

[897] "Sobre antimarxismo y antifranquismo", *La Voz de Galicia,* 29/07/1977, p.47.

[898] Marques, J. (2003). Representaçoes na imprensa portuguesa da Guerra Civil da Espanha na Galiza. En Agra e Rodríguez (eds). Galiza e Portugal: identidades e fronteiras. Actas do IV Simposio Internacional Luso-Galaico de Filosofía. USC), p. 95 A súa vez cita a: Moutinho, J. V. (1999). No pasarán!: cenas e cenários da Guerra Civil de Espanha. *Editorial Notícias*. (en páxina 182-183).

De todos os xeitos a dúbida sería se o que se publicaba, e ao que tamén accedera o xornalista portugués eran aquelas cartas enviadas a Darío nos anos setenta, ou era o seu diario completo. Pese a esta suposta publicación en Portugal, cabe preguntarse que acontece coas confesións de Lago no Estado español. Esta sería unha das incógnitas por desvelar. Como e onde se ían publicar esas cartas que finalmente non viron a luz ata 1997. E cal foi o motivo.

En canto á publicación de 1997, Alfonso Eiré, director de *A Nosa Terra* naquel momento, recorda como seleccionaran as oito cartas entre outras moitas que lle cederan. Tamén lembra como a doazón fora cousa da familia Álvarez Blázquez e, en concreto de Alfonso Álvarez Gándara, polo tanto fillo de Darío. Ademais Eiré lembraba como no semanario sufriran diversas presións á hora de publicar as cartas. Na segunda parte da reportaxe denunciábanse algunhas queixas e ameazas que chegaban ao xornal en formato telefónico ou por carta. Pero ademais, Eiré relata a presenza de familiares de Servando Lago, quen daquela xa falecera:

> Cando sacamos as cartas de Tui tivemos moitas ameazas. Tuven moitas ameazas, viñeron ao periódico mesmo ao meu despacho a ameazarme familiares, eh? Despois por teléfono e así. Había … nós decidimos, facer esas cousas pero viamos as reaccións que ía ter (...). Os fillos creo que era, non recordo se un xenro… que foran un dos que viñeran ameazarme[899].

Dende esta oposición da familia de Lago poderíase comprender por que en vida non se chegaran a publicar as súas famosas cuartillas. Pero arredor deste tema outros interrogantes quedan aínda no aire. Por unha banda en torno a se os datos que ofrecía nas súas cartas e diarios eran certos, e en concreto a súa propia inocencia que proclamaba repetidamente. En conversas coa familia Álvarez Blázquez consideraban que Servando Lago non era de fiar, chamándolle o "Espión" e crendo que quizais estas cuartillas non fosen senón unha estratexia para acusar a outros e salvarse el no caso de que en España acontecera algún tipo de proceso xudicial[900].

3.6.3. As publicacións alternativas: un oco para a memoria

Ademais da acción divulgativa de intenso calado que supuxo a publicación do relato *Historias de fuxidos* de Darío Álvarez Blázquez en *La Voz de Galicia*, débese resaltar o espazo que ocuparon as accións divulgativas en medios de comunicación alternativos. Neste primeiro ciclo xurdiron as primeiras publicacións nas que tivo cabida a difusión, tanto dos feitos acontecidos a partir do golpe de estado como os anteriores ao golpe, isto é información sobre a II República. Neste sentido, no caso galego, resulta moi relevante a información relacionada co estatuto de autonomía de 1936. O que nos sitúa ante unha das características fundamentais da divulgación nestes anos, o seu carácter "presentista". Isto é a comparación do acontecido antes e durante o golpe co tempo presente. A modo de exemplo, nos artigos sobre o estatuto de autonomía do 36 era habitual que existiran referencias máis ou menos extensas, ao proceso autonómico que se vivía nestes anos setenta e oitenta[901]. E ao revés, como veremos, as referencias a este estatuto do 28 de xuño do 36 foron constantes durante o novo proceso autonómico, visualizándose intensamente en 1978.

[899] Entrevista a Alfonso Eiré realizada por Iria Morgade (Telefónica, 26 de outubro de 2023).

[900] Non sabemos se esta tamén era a opinión de Darío Álvarez Blázquez, o que polo de momento consideramos único interlocutor con este.

[901] Exemplo na noticia sobre a publicación dos discursos dos galeguistas nas cortes españolas durante a II República á que xa nos referimos de *La Voz de Galicia* onde se sinala: "El libro se publica en un momento semejante a aquel de la II República, en que Galicia desea buscar su verdadera identidad" (*La Voz de Galicia,* 05/10/1978, p.22.)

Pero se nos fixamos na difusión, e existindo algunhas excepcións como as *Historias de fuxidos*, esta estivo circunscrita principalmente ás que demos en chamar "publicacións alternativas". Entre elas destacaron *Teima* e *A Nosa Terra*, nacidas en 1976 e 1977. Nelas identificaremos accións divulgativas principalmente a través de reportaxes de investigación e de entrevistas a protagonistas.

Teima foi a primeira publicación integramente en galego que se editou trala morte de Franco. No primeiro número, publicado en novembro de 1976 reivindicou a súa continuación coas precursoras, isto é aquelas outras publicadas antes do golpe en galego como *O tío Marcos da Portela* ou *A Nosa Terra*. Entre os redactores que se presentaban neste número inaugural atopamos a Víctor Freixanes, quen anos despois publicou *O Fresco. Memorias dun fuxido, 1936* e Luís Álvarez Pousa, quen ata ese momento traballara nas delegacións de *La Voz de Galicia* de Ourense e Santiago. En concreto, Álvarez Pousa era o redactor da crónica da homenaxe de Castelao en Rianxo de 1975 e da de Bóveda en Pontevedra en 1977[902].

A publicación do primeiro número de *Teima* foi presentado en diversas vilas. Temos constancia dos actos realizados en Pontevedra e en Vigo, ao ter solicitado autorización ante o Goberno Civil. Neles participaron Víctor Freixanes e, en calidade de director do semanario, Ángel Vence Lois[903]. No número 0 xa se identifica un exemplo dese fenómeno do "presentismo" ao que nos referimos. Este evidenciase no artigo que se dedicaba ao estatuto de autonomía de 1936 no seu corenta aniversario. Así trala descrición do acontecido sinalábase:

> Agora, cando se tenta o restablecimento da democracia no Estado español, rexurde o problema da cuestión nacional galega, como a vasca ou a catalá. Este rexurdimento do problema é constante na época contemporánea cada vez que se trata no cambio de réxime do Estado español, constancia sintomática da esistencial real do problema e da súa non satisfactorio resolución[904].

A primeira gran reportaxe divulgativa de *Teima*, que podemos considerar plenamente memorialista, publicouse no número 2, en decembro do 76. Tratábase dunha entrevista ás irmás Liste, Aurora e Manuela e acontecía algo menos dun ano antes de que elas mesmas promoveran a primeira gran homenaxe aos fusilados no cemiterio de Boisaca. Na conversa as irmás reclamaban que lle deran pasaporte ao seu irmán Enrique Líster, "a el e a todos". Eran os momentos álxidos das reivindicacións proamnistía, e a súa entrevista comezaba abordando esta cuestión, para posteriormente deterse nos primeiros momentos tralo golpe[905]:

> O principio da guerra: daquela era un desastre. Si todo seguira sendo así, millor morrer. Pasamos moito medo. Chegaban a calquera hora, a tódalas horas. Non botábamos un día sin que viñeran xunto a nós e, cando así era, ¡miuda novedade! Unha vez chegaron a decir que me querían sacar a pasear a min", conta Aurora. "Porque tí sempre falaches moito- suliña Manuela, sorrindo-. Eu ainda calaba, pero tí...[906]

[902] Álvarez Pousa, L.: "Unas dos mil personas rindieron homenaje a Castelao en Rianxo", *La Voz de Galicia,28/09/1975,* p.14. Álvarez Pousa, L. : "Unas dos mil quinientas personas de toda Galicia, rindieron homenaje a Alexandre Bóveda", *La Voz de Galicia,* 18/08/1977.

[903] En Pontevedra organizada directamente por eles, en Vigo a través do Círculo Orensano Vigués. Arquivo Subdelegación de Pontevedra, Fondo Goberno Civil, *sin* ASGP 2301

[904] Vilas Nogueira: "O Estatuto: ¿Qué foi e que é?, *Teima*, nº0, Novembro 1976, p.9


[905] De feito no mesmo número outra reportaxe sobre a amnistía e a situación dos presos galegos, "Galicia, a amnistía que non chegou", *Teima,* nº2, 23- 30 de decembro 1987, p.11-12

[906] "Aurora e Manuela. Irmás de Enrique Líster: *Que lle den o pasaporte, a él e a todos", *Teima*, nº2, 23-30 de decembro 1976, p.18-19

Aurora continuaba o seu relato contando como fora vítima dunha brutal malleira, "era o cuatro de outubro, o día que pasearon a Constante". E explicaba tamén como nese momento aínda descoñecían onde estaba o seu irmán. Estas dúas mulleres, que se ían intercalando a narración na reportaxe, contaban abertamente, moi posiblemente por primeira vez dun xeito tan público, como acudían a casa de madrugada darlle tundas. O golpe e a situación posterior descríbena deste xeito:

> Un desastre, un verdadeiro desastre!- din as dúas irmáns-. Desfixeron a nosa familia e non foi máis porque loitamos e fumos tirando. Era como morrer. Si, destes últimos corenta anos, tivéramos que resumir... ¡Ai, entón tiñamos leria pra tempo! (...) O fascismo privounos, coma quen di da vida. Eu aínda non tiña -remata Aurora- vinte anos e ésta vintecatro. Entón xa se acabóu a nosa mocedade a nosa vida, entre a policia, os falanxistas, e todos canto iban chegando logo...[907]

Imaxe 31. Fotografías de Aurora e Manuela Liste, durante a conversa



Fonte: Fotos en *Teima,* nº2, p. 19.
Nota: 1ª fotografía: Aurora Liste, 2ª fotografía: Manuela Liste.


Nos seguintes números do semanario, ata a súa desaparición en agosto de 1977, continuaron a publicarse nas súas páxinas noticias e reportaxes relacionados dun xeito ou doutro cos feitos acontecidos tralo golpe de estado do 36. Entre elas podemos resaltar o artigo no que se describía a divulgación da figura de Castelao aludindo tanto ás accións realizadas no 75 como os atrancos sufridos para difundir o seu papel político:

> Hai que dicir tamén que a súa gama de mensaxes non chegaron aínda ós seus destinatarios naturáis: as xentes deste país. Non abondóu o considerábel esforzó feito dende o ano 1975, con cen mil exemplares dunha breve escolma de testos e dibuxos distribuída gratuitamente por iniciativa do Ateneo de Ourense, con centos de conferencias e mesas redondas, artigos, preparación, en marcha, das obras completas, etc. Segue a haber atrancos e dificultades que superar para recupera-lo legado do gran rianxeiro, dun desterrado por "delitos políticos" que tivo que morrer no seu desterro[908].

[907] "Aurora e Manuela. Irmás de Enrique Líster: *Que lle den o pasaporte, a él e a todos", *Teima,* nº2, 23-30 de decembro 1976, p.18-19
[908] "Castelao, 27 anos despois", *Teima*, nº4, 6-13 de xaneiro de 1977, p.4.

Tamén tivo unha presenza alta a denuncia da situación dos exiliados, por exemplo a través da carta dunha persoa exiliada en Francia[909], da biografía de Basilio Álvarez[910], ou da conversa con Luis Soto[911]. Pero cómpre destacar, polo seu potencial divulgativo, de impacto social, aquelas reportaxes na que o tema central foi o acontecido antes e despois do golpe de estado[912]. Como as reportaxes sobre as eleccións do Fronte Popular, "o triunfo conseguido nas urnas sería matado máis tarde polas armas[913], sobre a prensa na II República nas vilas galegas[914] ou sobre as eleccións republicanas e a relación entre o Heraldo de Galicia e o Partido Galeguista[915].

Imaxe 32. Portada no corenta e un aniversario do golpe de estado. Semanario *Teima*



Fonte: Cuberta de *Teima*, nº31, 14 a 21 de xullo de 1977.

Sen dúbida a reportaxe máis relevante para o noso obxecto de estudo apareceu no número 31, coincidindo co corenta e un aniversario do golpe de estado, a súa relevancia evidenciase xa na propia portada (Imaxe 32). Estábamos en xullo de 1977 e por tanto iniciábase o que sería o momento álxido do ciclo da memoria traumática que vimos identificando nesta segunda metade do ano 77. Así argumentábase dende a editorial a dedicatoria do número "ás vítimas do fascismo":

> A redacción de Teima quere adicar esta semana o seu espacio editorial á lembranza de tódalas vítimas do fascismo no noso país: ós fusilados, ós paseados, os torturados, ós exiliados, ós homes que pasaron longos anos na cadea polo simple feito de defender consecuente e pacíficamente as súas ideas. Pra todos eles, que non mereceron nin merecen a triste honra do nome grabada

909 "Esiliados galegos sen billete de volta", *Teima,* nº8 3-10 de febreiro de 1977, p.7
910 "Palabras quentes e redención", *Teima*, nº8, 3-10 de febreiro de 1977, p. 24.
911 Navaza, X. "Conversa con Luís Soto", *Teima*, nº25, 2-9 de xuño de 1977, p.17-18.
912 Outros exemplos relacionados de xeito máis indirecto: referencia a prisión na illa de San Simón en "O Mar Maior de San Simón", *Teima*, nº 10, 17- 24 de febreiro de 1977, p.25, ou sobre a figura de Alexandre Bóveda: Vilas Nogueira: "Alexandre Bóveda", *Teima* nº 10, 17-24 de febreiro de 1977, p.22.
913 Cameselle, B.: "As elección do Frente Popular", *Teima*, nº11, 24 de febreiro- 3 de marzal, p. 24
914 Magariños, A.: "1931-1936. A prensa nas vilas", *Teima,* nº23, 19-26 de maio de 1977, pp.30-31.
915 Magariños, A.: "Heraldo de Galicia e as elección republicanas", *Teima,* nº29, 30 de xuño- 7 de xullo de 1977, p.32.

> na fachada dunha igrexa ou dun monumento, vaia o noso recordo. Na esperanza de que nunca mais o home volva a ser lobo pró home neste país[916].

A reportaxe titulada *Aquel dazaoito de xullo* é transcendental en varios sentidos. Primeiramente pola descrición do golpe e da guerra lonxe do que logo se consolidaría como discurso e historia oficial: "O conflicto bélico que cubríu de sangue a España durante tres anos, non tivo en Galicia mais ca unha faciana: a represión"[917]. Tamén sobre a resistencia en Galicia, que logo pasaría ao relato dominante como un territorio leal aos golpistas:

> Civís e militares leales á República mantiveron, en condicións moi desiguales, unha desesperada resistencia tentando dende o primeiro intre tomar unha iniciativa que os representantes do goberno de Madrid non souperon, puideron ou quixeron emprender ó seu tempo. Froito derradeiro desa resistencia popular serían, xa nos anos da posguerra, as guerrillas[918].

Ademais da descrición detallada do golpe en Galicia, incluíase tamén un apartado denominado "Museo dos horrores" onde se describía a violencia golpista: "A represión que se desencadenou en Galicia a partires de xullo de 1936 foi definida polos historiadores como unha das máis brutales de entre as que se ten noticia na Península"[919]. Para iso empregábase o libro *Las dos caras de Galicia bajo el franquismo* escrito por Xavier Costa Clavell, e editado nese ano 77 por *Cambio 16*, identificada xa como unha das publicacións que a nivel estatal destacou pola inclusión de reportaxes sobre o golpe e a guerra.

Imaxe 33. Publicidade do libro "Las dos caras de Galicia bajo el franquismo"



Fonte: *La Voz de Galicia*, 26/04/1977, p.6[920].

Este libro tivera certa sona neste ano con anuncios en medios xeralistas (Imaxe 33) e entrevistas co propio autor[921]. No número de *Teima* dedicado ás vítimas, tamén se incluían

[916] Editorial, *Teima* nº31, 14 a 21 de xullo de 1977, p. 3.
[917] "Aquel dezaoito de xullo…", *Teima,* nº31, 14 a 21 de xullo de 1977, p.4.
[918] *Íbidem.*
[919] "Museo dos horrores", *Teima,* nº31, 14 a 21 de xullo de 1977, p.7.
[920] O propio lema empregado "la verdadera historia de Galicia", no que semella denunciar unha "falsa historia" contada a este momento. Que se falase de verdade, non pode resultar baladí.
[921] "Conferencias, feria del libro, xantar típico, pintadas y alguna prohibición. Costa Clavell: no hay grandes figuras gallegas dentro del franquismo", *La Voz de Galicia,* 18/05/1977 p. 30. E "Nuevos Libros", *La Voz de Galicia,* 28/05/1977, p.43.

outras reportaxes relacionadas, como o informe sobre os símbolos golpistas e a súa permanencia, unha análise da prensa durante o golpe, ou a entrevista con Santiago Álvarez na que falaban sobre as súas vivencias naqueles momentos[922]. De especial interese é o texto asinado polo director do semanario, Ánxel Vence no que daba conta da correspondencia que recibiran no semanario:

> Anacos da historia que parecía perdida pra sempre- asoballada polo silencio, o medio e as pistolas-, as primeiras tímidas cartas de letra temblorosa, chegan á nosa redacción pra dar fe de que aínda quedan testigos dunha grande masacre cometida en Galicia no nome da civilización occidental e cristiá[923].

Nas cartas, segundo o director do semanario, falábase de homes "condenados a deixa-la súa vida nas cunetas ou nos valados dos camposantos (...) cartas que agardaron corenta anos de lei orde pra poderen ser escritas sen perigo de hábiles interrogatorios"[924]. Deste modo describíase a pulsión das persoas, vítimas e familiares que "co primeiro vento de liberdade" decidían enviar cartas contando a súa historia a este semanario. Unha cuestión que en primeiro lugar fala da referencialidade deste medio como espazo seguro para facelo, e por outra banda é proba da existencia do desexo de contar, de facer memoria. Moi contrario, por tanto a ese suposto desexo de esquecer (Juliá, 2003) .

Noutra orde de cousa para definir o acontecido Vence fuxía do relato da guerra civil para vinculalo co contexto europeo "cando a pantasma do fascismo ensaiaba nas Españas un sinestro ballet que toda Europa bailaría algúns anos despóis". E defendía con ton un tanto irónico a necesidade de facer memoria, fronte a un relato dominante que esixía o esquecemento:

> Falta somentes a sistematización científica, hastra aséptica, duns feitos convertidos en historia por mor de corenta anos e a propia desaparición física dos seus protagonistas, vítimas e verdugos. Unha sistematización que puidera parecer incoveniente no intre en que se trata de esquecer vellas feridas e abrir unha nova etapa na historia deste País e deste Estado. Certo. A historia recente de Galicia é inapropiada, inconveniente prós novos tempos de *desarrollismo,* tecnocracia e *entente cordiale* baixo a bendición dun sorrinte e multinacional Willy Brandt. Só habería que facer notar un par de detalles: non foron os galegos daquela quen escolleron esta historia, nin nunca, deica agora, tiveron oportunidade de oirlla contar ó bando das vítimas. Permítannos, pois, quen tanto e tan ben aproveinta outras fascías menos inconvenientes do noso país, este pequeno desafogo. Anque só sexa pola aprensión, que a ún lle produce aquel vello, coñecido de Gerge Santayana: "os pobos que esquecen a súa historia están condenados a vivila de novo"[925].

Estamos pois ante unha contraargumentación sinxela, directa e paradigmática, ao que era o discurso que se estaba a consolidar, a necesidade de non "abrir vellas feridas". Así, Vence non falaba de xustiza, comprendendo que escapaba das marxes do posible na reforma, senón de desafogo. Aínda non se aprobara a lei de amnistía que faría imposible un proceso xudicial contra os verdugos, faltaban poucos meses, pero resultaba xa impensable.

Ademais deste papel precursor de *Teima* como axente de accións divulgativas, tamén actuou como promotor dunha acción de homenaxe. Así, á iniciativa de Xosé Lois García, en

[922] Gómez, M.C. : "As rúas do 18 de xullo", pp. 8-9; "Non chegou o sonido das sirenas", p.10; Navaza, X. "Conversa con Santiago Álvarez: Dígocho eu… testigo de excepción", pp. 23-25. En *Teima* nº31, 14 a 21 de xullo de 1977.
[923] Vence, Anxel: "Memoria da historia", *Teima*, nº31, 14 a 21 de xullo de 1977, p.11.
[924] *Ibidem.*
[925] *Ibidem*

abril do 77 a revista propoñía a erección dun monumento en homenaxe a Castelao en Compostela. Para facelo, a proposta de *Teima* era que fosen os propios lectores os que desen forma á acción de homenaxe.

Imaxe 34. Boletín para a homenaxe a Castelao


COMISION ORGANIZADORA DO HOMENAXE A CASTELAO

Desexaría que estivera formada polos seguintes señores:

1 Ramón Piñeiro
2 Xosé M. Beiras Torrado
3 Camilo Nogueira
4 Celso Emilio Ferreiro
5

XEITO DE HOMENAXE

Entendo que o millor xeito de homenaxear a Castelao é:

☐Erguerlle un moimento

☒Outros (especificar) Feitos por toda Galicia pra dalo mellor a coñecer

NOME:

DIRECCION:

Fonte: Boletín cuberto no *Teima*, nº21, p.7

Deste modo, mediante un boletín que se incluiría en todos os números durante dous meses, decidiríanse os compoñentes da comisión que se encargaría de organizala e a forma da homenaxe, abríndoa por tanto máis alá da proposta inicial dun monumento (Imaxe 34)[926]. Así, pretendíase involucrar aos lectores e lectoras do semanario e, por tanto, á sociedade galega, no que podería ser "un interesante exercicio cara á recuperación da nosa memoria colectiva"[927]. Como dicíamos nos seguintes meses publicaron a información sobre a homenaxe e o boletín para emitir o voto[928].

En maio do 77 nas páxinas da revista aparecían xa algunhas das propostas que se tiñan recibido, dende crear un premio literario co seu nome, fundar un Instituto Castelao de Cultura Galega a converter a súa casa de Rianxo nun museo, proposta esta última de Lourenzo Fernández. Entre elas resaltaba unha, que ía no propio título do artigo: "repatria-las súas cinzas a Galicia, enterrándoas na igrexa compostelá de Santo Domingo, idea de Anuncio Maroño e Andrés Martínez, da Coruña[929]. En números posteriores sinálase que esta sería a proposta máis repetida e tamén se ían incluíndo os nomes que levaban máis votos para formar parte da votación, Celso Emilio Ferreiro, Xesús Alonso Montero, Ramón Piñeiro e Xosé Manuel Beiras encabezan o ranking[930]. Situámonos así ante a primeira vez que nos atopemos cunha referencia

[926] Como anécdota, no exemplar que puidemos consultar, alguén tería escrito a man a súa proposta de persoas integrantes desta comisión: Beiras Torrado, Celso Emilio Ferreiro e Camilo Nogueira (Imaxe 34).

[927] "Unha homenaxe a Castelao, por elección e suscripción popular", *Teima*, nº19, 21-28 de abril do 77, p.26.

[928] "Unha homenaxe a Castelao", *Teima,* nº20, 28 de abril- 5 de maio, p.7; *Teima,* nº21,5-12 de maio de 1977, p.7; *Teima,* nº22, 12-19 de maio de 1977, p. 27; *Teima*, nº23, 19-26 de maio de 1977, p.4; *Teima*, nº24, 26 de maio- 2 de xuño de 1977, p.15; *Teima*, nº25,2-9 de xuño de 1977, p.27; *Teima* nº26, 9-16 de xuño de 1977 p.30; *Teima* nº27, 16-23 de xuño de 1977, p.25.; *Teima* nº28, 23-30 de xuño de 1977, p.27.; *Teima*, nº29, 30 de xuño- 7 de xullo de 1977, p.25; *Teima,* nº30, 7-10 de xullo de 1977, p.12.

[929] "¿Repatria-las cinzas dende Buenos Aires?, *Teima*, nº22, 12-19 de maio de 1977, p. 27.

[930] "Repatriación das cinzas a suxerencia máis repetida", *Teima*, nº25,2-9 de xuño de 1977, p.27 ; "Nomes destacados prá Comisión organizadora", *Teima* nº26, 9-16 de xuño de 1977 p.30; "Nomes pra Comisión", *Teima* nº27, 16-23 de xuño de 1977,

a esa repatriación, que non sería das cinzas senón do corpo, e que se convertería nunha das grandes polémicas dos seguintes anos e en estreita relación co proceso autonómico.

A andaina da revista *Teima* finalizou pronto, no seu número 33, en agosto de 1977. Nunha reportaxe en *El País* en setembro do 2007, cando se cumprían 30 anos do seu peche, falaban moitos dos que traballaron na revista, podendo entrever entre os motivos desta cancelación as dificultades derivadas da falta de publicidade e a confrontación con organizacións políticas como a UPG que lle retirara o apoio, imbuído na dinámica de competencia cos partidos da esquerda estatal[931]. Ademais das dificultades derivadas dunha liña editorial moi crítica co poder, no que resaltaba a reportaxe de Víctor Freixanes *A crónica do poder: Quen manda en Galicia?*[932].

Poucos meses despois de que *Teima* deixase de saír á luz, nacía en Santiago de Compostela o semanario *A Nosa Terra* recuperando o nome da histórica publicación. O primeiro número saíu en decembro de 1977 e nos anos vindeiros constituíuse como un axente memorialista fundamental na difusión do acontecido[933].

Neste primeiro ciclo da memoria xa podemos detectar algunhas reportaxes de interese, como a entrevista a Antonio Fraguas Fraguas no que lle preguntaban pola seu pasado como vítima, que "non quere lembrar"[934]:

> Vostede foi duramente represaliado despois da guerra. ¿Cómo foron aqueles momentos? En fin, xa pasou. As persecucións son unha cousa que non me gusta falar deles. Hai xente que lle gusta contar "a min fixéronme tal cousa". A min non. Botáronme fora do Instituto da Estrada, e non puiden proseguir por moito tempo no ensino oficial, peros eses son gaxes do oficio. Non tan graves cando un aínda pode contalos. Agora un cóntao como un testigo da Historia, unha época moi desagradable que queira Deus non se volva a repetir nunca máis[935].

Ao contrario desta entrevista, onde o entrevistado resistíase a falar polo miúdo do acontecido, identifícase a entrevista publicada en dous números e á que se lle dedicaba a cuberta da revista, *Historia dun paseo, "Así salvei a vida"*[936].

p.25.; "Nomes pra Comisión", *Teima* nº28, 23-30 de xuño de 1977, p.27.; "A derradeira semana", *Teima,* nº29, 30 de xuño- 7 de xullo de 1977, p.25.

931 Salgado,D.: "Xornalismo en tempos de crise", *El País,* 07/09/2007. https://elpais.com/diario/2007/09/07/galicia/1189160310_850215.html

932 Freixanes, V.: A crónica do poder: Quen manda en Galicia?" *Teima*, nº15, 24-31 de marzo de 1977, pp-10-13

933 *A Nosa Terra* iniciara o seu percorrido en 1907, primeiramente como voceiro de Solidaridad Gallega e posteriormente das Irmandades da Fala e do Partido Galeguista. Tralo golpe publicouse no exilio arxentino de xeito esporádico.

934 R. Pousa, X: "Antonio Fraguas Fraguas. A mocedade hoxe sinte máis a política", *A Nosa Terra,* nº2, 8 de xuño de 1978, p.7

935 R. Pousa, X: "Antonio Fraguas Fraguas. A mocedade hoxe sinte máis a política", *A Nosa Terra,* nº2, 8 de xuño de 1978, p.7

936 R. Pousa, X: "Historia dun paseo. "Así salvei a vida", *A Nosa Terra*, nº33,13 a 19 de outubro de 1978, pp.10-11.

Imaxe 35. Portada de A Nosa Terra dedicada a *Historia dun paseo*



Fonte: *A Nosa Terra*, nº33, 13 a 15 de outubro de 1977.

O paseado, que finalmente logrou salvarse, era Germán López González, que no momento da publicación da reportaxe tiña 79 anos. Nela explicaba como lograra fuxir e salvar a vida (Imaxe 35). O xornalista encabezaba:

> Conta por primeira vez o romance do seu "paseo" e a súa vida de toupa polas terras do Saviñaou e Sober. Catro anos de clandestinidade e un de presidio entre a morte. Esclusiva pra A NOSA TERRA a persecución e o medo. Por ser "comunista"[937].

Na súa historia, dende o golpe ao seu tempo na cadea, Germán López referíase con nome e apelidos unicamente ao mestre e amigo José López Quintela como traidor que mandou a Guardia Civil para que lle rexistrasen a casa. O que por outra banda vai rectificar na segunda parte da reportaxe ao descubrir que "non era esactamente así"[938]. Non fixo o mesmo ao referirse en xeral á Guardia Civil e ao resto de verdugos, que carecen de nomes propios no seu relato. Ademais desta reportaxe, coa testemuña directa do acontecido, identificamos outros artigos que dun ou doutro xeito difundiron partes da memoria negada[939]. Ademais, a tarefa divulgativa deste semanario continuou nos seguintes anos en estudo, como analizaremos en posteriores capítulos.

Así mesmo foi neste primeiro ciclo cando se publicaron por primeira vez en Galicia os libros de estampas de Castelao *Galicia mártir* e *Atila en Galicia* que ata ese momento só estaban

[937] R. Pousa, X: "Historia dun paseo. "Así salvei a vida" Segunda parte". *A Nosa Terra*, nº35, 27 de outubro ao 2 de novembro de 1978 p. 10.
[938] *Ibidem.*
[939] A modo de exemplo: entrevista a un ex falanxista: "Carlos Alonso del Real, da unidade galega á supersitición galega", *A Nosa Terra*, nº4, 17 a 23 de febrero de 1978, p.7.; Entrevista a Xosé Luís Fontenla (dos promotores homenaxe a Bóveda): "R. Pousa, X. "Fontenla Méndez. Galeguismo na República*", A Nosa Terra,* nº12, 14- 20 de abril de 1978. Nesta entrevista fala sobre a condena a morte de Castelao; Ou a entrevista ficticia a Castelao: "Castelao hoxe "Estamos fartos de ser unha colonia", *A Nosa Terra*, nº8, p. 7, 17 a 23 de marzo de 1978.

editados pola colección "Nós" de Bos Aires. Houbo dúas edicións. A primeira realizouna o MCG, ao considerar as estampas o símbolo perfecto da "tarefa que as forzas nacionáis temos diante: o enfrentamento somente cambióu de táctica"[940]. Así, en outubro do 76 sacaban do prelo clandestinamente catro mil exemplares dos dous álbums, editándoos, por tanto, cos recursos desta organización política[941]. Por outra banda, tamén en 1976 a editorial Akal ,dentro da súa estratexia consistente na publicación da obra completa de Castelao, publicaba o caderno *Galicia Mártir.* En xaneiro de 1977 o libro era secuestrado por "inspectores del Cuerpo General de Policía que se presentaron en el domicilio social de "Akal Ediciones"[942]. Un secuestro, do que polo momento non puidemos identificar máis datos, pero que pode entenderse como parte dun proceso de presión sobre esta editorial, como explicaremos.

Para finalizar este apartado debemos deternos nas editoriais que publicaron as obras, foran estas pertencentes á literatura testemuñal, ás autobiografías ou aos ensaios, pois ademais dos autores, elas foron os axentes memoriais fundamentais para que a acción divulgativa tivera lugar. Primeiramente a editorial Galaxia, que publicaba *O silencio redimido*, e que como xa mencionamos fora fundada polo galeguismo piñeirista, na estratexia deste para desenvolver no interior un nacionalismo galego baseado na difusión da cultura. Esta editorial mercaba en 1979 outra das editoriais citadas por publicar nese mesmo ano *O señor afranio ou como rispei das gadoupas da morte* de Antón Alonso Ríos. Tratábase de Edicións Castrelos, que fora fundada en 1964 por dous integrantes dunha familia á que xa nos temos referido no presente traballo. Tratábanse dos irmáns Xosé María e Emilio Álvarez Blázquez[943]. Isto é ambos irmáns á súa vez de Darío Álvarez Blázquez e fillos do médico fusilado en Tui no 36, Darío Álvarez Limeses. Por tanto a alma máter da editorial eran á súa vez familiares dun asasinado e vítimas da persecución franquista. Tamén era fillo dunha vítima, un dos maiores impulsores de Ediciós do Castro, Isaac Díaz Pardo, quen sobre todo en anos posteriores, configurouse como unha editorial fundamental para a divulgación memorial, principalmente mediante a súa colección *Documentos para historia contemporánea de Galicia.*

Por outra banda, neste primeiro ciclo da memoria destaca a editorial Akal, creada polo galego Ramón Akal en 1972, con sede en Madrid, que baixo as coleccións *Arealonga* e *Arealonguiña*, a cargo de Xesús Alonso Montero, editaron relevantes obras da literatura galega, entre elas o *Non Agardei por ninguén* e a obra de Castelao, incluíndo o *Sempre en Galiza*, ou as estampas secuestradas[944].

En maio do 75 a colección *Arealonguiña* fora presentada nun acto público na libraría Alonso, en Lugo, onde falaran entre outros Xesús Alonso Montero[945]. No público, contabilizado en arredor de oitenta persoas, atopábase un "Delegado Gubernativo"[946]. Grazas ás fontes documentais localizadas podemos constatar a presenza da policía neste acto. Algo

[940] "Galicia mártir" e "Atila en Galicia", pro nadal na casa". *Teima*, nº3,30 de decembro do 76/ 6 de xaneiro do 77, p.4-5.
[941] "El "MCG" responde a la hermana de Castelao", *La Voz de Galicia*, 30/07/1977, p.18. Neste momento salta a polémica en relación con esta publicación coa carta da irmá de Castelao na que denunciaba a falta de permiso dos seus herdeiros para a publicación. Na nota o MCG sinala que é precisamente cando son legalizados, cando sae á luz esa carta. O partido pide desculpas por non ter pedido permiso e argumenta o seu obxectivo de espallar, dende a clandestinidade, a mensaxe de Castelao.
[942] "Secuestrado el libro "Galicia Mártir" de Castelao*, La Voz de Galicia*, 18/01/1977, p.9.
[943] Información extraída da web do proxecto de investigación da UDC, "Edición en Galiza durante a etapa franquista". ediciongalizafranquista.udc.gal/editora/2696
[944]"Ramon Akal: Cuatro años de vida editorial y 320 libros publicados", *La Voz de Galicia*, 09/07/1977, p.30; "Akal, editor, inicia la publicación de la obra completa de Castelao", *La Voz de Galicia*, 03/02/1976, p.6; Casares, C.: "Homenaxe a Castelao", *La Voz de Galicia*, 29/08/1976. Suplemento dominical; Casares, C.: "Sempre en Galiza*", La Voz de Galicia*, 22/08/1976, Suplemento dominical.
[945] Presentaba o acto Jose María Alonso Fernández, participaban ademais dous autores da colección, Francisco Martín Iglesias e Jesús Rabade Paredes (libros sen vinculación co tema en estudo).
[946] Fondo Goberno Civil, *sin* 13.357. Arquivo Histórico Provincial de Lugo.

que, sabemos, era un feito habitual que tiña como obxectivo asegurarse de que se desenvolvía segundo a liña do permitido, e por tanto funcionando como mecanismo de control e tamén de espionaxe. No informe, asinado polo comisario xefe provincial dábase conta tanto dos oradores como do tema das súas disertacións e salientábase que o mencionado por Alonso Montero axustárase ao discurso que previamente lles remitira para lograr a aprobación do acto.

Pese a isto en anos posteriores esta editorial tivo que facer fronte a importantes medidas coercitivas do estado. Así, ademais do secuestro do caderno de Castelao en 1977, na noticia que daba conta deste suceso aludíase a catorce libros máis da editorial secuestrados[947]. Tres meses despois, en abril, o editor, Ramón Akal foi condenado a dous anos de inhabilitación e a unha multa de cincuenta mil pesetas como autor dun delito de escándalo público pola publicación dunha novela erótica, *Fanny Hill, memorias de una mujer galante*[948].

Neste senso tamén tivo sona a incautación da revista *Interviú* pola reportaxe *Los Rosón, azote de Galicia,* mencionada anteriormente a raíz da trama de Tui[949]. Na reportaxe describíase a Antonio Rosón como comandante da zona de Becerreá, en Lugo, organizando a falanxistas e recrutando voluntarios. Para iso empregábanse fontes hemerográficas, que o describían como xefe militar da vila, e fontes orais, que situaban a Antonio Rosón Pérez e ao seu curmán Manuel Pérez Rosón como os principais dirixentes da limpeza na provincia.

O 18 de abril ás 12 da mañá tivo lugar a constitución oficial da Xunta de Galicia, con Antonio Rosón como presidente. No exterior do pazo de Xelmírez, onde nese momento tiña lugar o acto oficial, produciuse unha protesta. Nela podían lerse diversas pancartas con mensaxes en contra desta constitución como "Non é proxecto da UCD. Galicia enteira por unha xunta Obreira" e "Xunta non. Autodeterminación". Pero ademais entre os manifestantes, había tamén quen portaba a reportaxe de *Interviú*[950], que aparecera ese mesmo día nos quioscos[951]. Practicamente en paralelo a isto que acontecía en Santiago de Compostela, os exemplares eran secuestrados pola Policía a primeira hora da tarde dese 18 de abril. Así, segundo fontes da propia publicación: "varios camiones acudieron a primera hora de la tarde a la imprenta donde se tira la revista y retiraron todos los ejemplares existentes en aquellos momentos"[952]. Esta incautación faríase por orde xudicial, do Xulgado nº14 de Madrid[953].

Tras esta incautación dende a revista lanzaron "una edición especial por secuestro" cunha editorial titulada: "todavía atados y bien atados". Esta edición contaba con dezaseis páxinas

[947] "Secuestrado el libro "Galicia Mártir" de Castelao", *La Voz de Galicia*, 18/01/1977, p.9.; Tamén referencia a este secuestro na nova de 1996: "Reunidos los tres álbumes de guerra de Castelao", *El País*, 03/02/1996. https://elpais.com/diario/1996/02/03/cultura/823302003_850215.html

[948] "El editor Ramon Akal, condenado a dos años de inhabilitación y multa de 50.000 pesetas por escándalo público", *La Voz de Galicia,* 22/04/1977, p. 17.; "Yuste Grijalba formuló varias preguntas al Gobierno", *La Voz de Galicia*, 24/11/1978, p.22.

[949] Anteriormente a publicación doutra reportaxe *La saga de los Rosón*, na que, parece ser, transcribíase un panfleto anónimo redactado en Galicia. Por esta reportaxe Antonio Álvarez Solís (exdirector da revista) e Jose Luís Morales, o xornalista,, foron condenados pola sala segunda do Tribunal Supremo, a penas de 20 e 15 meses de cárcel respectivamente e a pagar unha indemnización de 9 millóns de pesetas aos irmáns Luís, Antoino e Juan José Rosón: "Condenados por publicar en "Interviú" el reportaje "La saga de los Rosón", *El País,* 20/05/1983, https://elpais.com/diario/1983/05/20/sociedad/422229610_850215.html Esta reportaxe estaba publicada no número da revista do mes de outubro de 1977 aínda que non chegou a ser distribuída . Así o dicía precisamente o xornalista na reportaxe de abril: " no es la primera vez que intentamos denunciarlos. Sólo que recibimos tal cantidad de presiones en el primer intento- hace unos meses- que nos vimos en la necesidad de abandonar provisionalmente el proyecto"-- Morales, J.L. "Los Rosón, azote de Galicia", *Interviú,* nº101.

[950] Así o atestemuñarían as fotografías do especial de *Interviú* publicado xusto despois da incautación "Por Rosones" (descrito en "Interviú lanza una "edición especial por secuestro", *La Voz de Galicia*, 21/04/1978, p.11.)

[951] "Constituída la "Xunta de Galicia", *La Voz de Galicia,* 19/04/1978, p.14

[952] "Secuestrado el último número de "Interviú" por un reportaje sobre la familia Rosón", La Voz de Galicia, 19/04/1978, p.21

[953] "El nuevo número de Interviú secuestrado estaba dedicado exclusivamente a los Rosón", *La Voz de Galicia,* 22/04/1978, p.12.

onde se explicaba como se elaborara a reportaxe e onde se mencionaba un intento anterior de publicación que fora abandonado tralas presións sufridas. Nela tamén figurarían as fotografías tomadas en Santiago de Compostela con "grupos de manifestantes que exhiben el semanario secuestrado en los momentos en que se constituía la Xunta".[954] Pero este número especial foi incautado[955]. Días despois, na primeira reunión da Xunta de Galicia, Antonio Rosón

> apareció con el número de la revista *Interviú* secuestrado. Según nuestra noticias, abrió la sesión con el tema objeto de querella por parte de su familia. Dijo que los hechos y datos relatados en el reportaje (...) no respondían a la verdad y que en su día lo demostraría (...)[956].

Por outra banda, o 7 de maio publicábase unha extensa declaración de Rosón na que volvía negar calquera implicación[957]. A isto respondían os responsables da revista nunha rolda de prensa convocada días despois, na que denunciaban o secuestro, cuestionaban as explicacións de Roson e presentaban as testemuñas que corroboraban o dito[958]. Entre elas Xavier Costa Clavell, quen o ano anterior, como dicíamos, publicara o libro *Las dos caras de Galicia bajo el franquismo* e que explicaba nesta rolda de prensa "a represión postbélica". Tamén acudían á rolda de prensa, entre outras testemuñas, varios familiares de vítimas[959].

Consideramos pois, que esta serie de feitos resulta crucial. Neste caso non soamente se denunciaba a violencia exterminadora do 36 senón que se acusaba de verdugo a un representante público do "novo sistema" en construción, xustamente acabado de nomear o máis alto representante do pobo galego, presidente da Xunta de Galicia. O ambiente xerado por todo isto foi descrito polo xornalista Luis Álvarez Pousa:

> El Affaire sobre los Rosón fue noticia de calle desde el mismo día en que, con dos ministros de Suárez en la presidencia, se constituyó oficialmente la "Xunta". Mal empezaba su andadura política el órgano de gobierno preautonómico; porque, sea cierto o no lo sea, la imagen de un recientemente estrenado presidente, vapuleada en letra impresa por lo que dicen que fue su pasado, ha creado un aire de ambiente enrarecido y socarrón que no resulta grato a nadie. El secuestro en partida doble, porque el número ordinario de la revista sucedió el dossier "Por Rosones", no aminoró las consecuencias políticas que una polvareda de este calibre siempre trae consigo[960].

Ademais, pese ao secuestro, o número circulaba tanto polos que "lo han podido conseguir a tiempo, o se han valido de las consabidas fotocopias que corrieron a cientos por estos pagos"[961]. Diversas organizacións políticas e sindicais condenaron publicamente o secuestro, entre eles, o Partit Socialista de Catalunya, o PSP, o PCE, Euskadio Eskerra, UGT e CCOO[962]. En Galicia o PSdG (PSOE), MCG ou o PTG[963]. Pero tamén chama a atención no senso contrario o comunicado do PCG onde "defiende al presidente y habla de que existe un intento

[954] "Interviú lanza una "edición especial por secuestro", *La Voz de Galicia*, 21/04/1978, p.11.
[955] "El nuevo número de Interviú secuestrado estaba dedicado exclusivamente a los Rosón", *La Voz de Galicia,* 22/04/1978, p.12.
[956] "Rosón calificó de falso, ante la Xunta, el reportaje de Interviu", *La Voz de Galicia,* 25/04/1978, p.20.
[957] "Antonio Rosón rechazo todas las acusaciones de Interviu", *La Voz de Galicia*, 07/05/1978, p.17.
[958] Días antes xa falara o xornalista que asinaba a reportaxe, Jose Luís Morales: "Mantengo mis acusaciones contra Antonio Rosón y su familia", *La Voz de Galicia*, 07/05/1978, p.18
[959] En concreto Isabel López e Serafín García. En: "Interviu responde a Antonio Rosón", *La Voz de Galicia*, 12/05/1978, p. 20. E tamén en : Canals, E. "Interviu presenta nuevos testimonios contra los Rosón", *El País.* 12/05/1978. https://elpais.com/diario/1978/05/12/espana/263772032_850215.html
[960] Álvarez Pousa, L. "Rosón calificó de falso ante la Xunta el reportalje de Interviu", *La Voz de Galicia,* 25/04/1978, p. 20
[961] *Íbidem.*
[962] "Interpelación al gobierno", *La Voz de Galicia,* 21/0471978, p.11.
[963] "Protestas de partidos gallegos, *La Voz de Galicia,* 22/04/1978, p.12.

de "desestabilizar" el proceso autonómico"[964]. A esta defensa, levada a cabo persoalmente por Santiago Álvarez, seguía outra levada a cabo por Ramón Piñeiro:

> Antonio Rosón é incapaz de facerlle daño a ninguén. Eu fun seu veciño. Ten, claro, enemigos políticos, pero sempre fixeron a salvedade moral. Non matóu nin roubóu; personalmente é unha escelente persoa, e dende hai moitos anos levóu unha liña galeguista dentro do seu marco, claro. (...) Penso que a campaña que se lle fai debe ter orixe político que non conozo. (...) É unha campaña inxusta e desagradable.[965]

Finalmente a reportaxe tralo levantamento do secuestro polo Xulgado de Instrución número 3 de Hospitalet, publicábase no número 107, do 1 ao 7 de xuño de 1978[966]. Aínda así volveu ser secuestrada por orde do xulgado número 13 de Madrid en varios puntos de Galicia, "no obstante numerosos ejemplares de la publicación han circulado en diversas ciudades"[967].

> Ya están aquí. En realidad nunca se fueron. Cambian los nombres y las modas, pero siguen las personas. Son los Rosón, plaga de Galicia, ahora encastillada en puestos tan privilegiados como el Gobierno Civil de Madrid y la presidencia de la Xunta gallega (...) La larga y numerosa familia Rosón no puede eludir su conexión con la tragedia gallega de la guerra civil y de la posguerra. Cuando los años mitigan el terror y va volviendo la serenidad surgen testimonios que es absolutamente preciso recuperar[968].

Na reportaxe, que describía o acontecido na comarca de Becerreá servíase de xornais da época e de testemuñas orais, sobre elas dicía o xornalista:

> La larga lista de depurados es necesariamente incompleta, dadas las dificultades existentes en todo trabajo de reconstrucción histórica relativo a las negras etapas del franquismo. Y más cuando a las personas se les ha quedado el miedo en el cuerpo por todo lo que han pasado y han visto. Por eso a este reportaje podríamos calificarlo, especialmente, como el reportaje del miedo. Terror, después de cuarenta y un años, es el que se evidencia en la mayoría de los represaliados[969].

O xornalista que asinaba a peza, Jose Luís Morales, fora procesado por outros dos seus traballos . Resalta o caso de *Sima Jinámar,* pola que se enfrontou a un consello de guerra[970]. Esta reportaxe fora a primeira publicada na revista na que se falaba abertamente de lugares de violencia e exterminio. Aparecera o ano anterior, en concreto en agosto de 1977, e nela describíase como o propio grupo de investigadores da revista baixaba a sima para acceder ao lugar onde se arroxaran a miles de persoas tralo golpe de estado[971].

Se nos fixamos na reportaxe publicada no número 107[972], sorprende unha mención a cal foi a fonte deste traballo xornalístico:

---

[964] "Amplio movimiento negociador de "UCD" para el reparto de carteras en la Xunta", *La Voz de Galicia,* 09/05/1978, p.14.
[965] "Ramón Piñeiro: "Rosón é incapaz de facerlle daño a ninguén*", La Voz de Galicia*, 13/05/1978, p.18.
[966] "Interviú publica el reportaje sobre los Rosón", *La Voz de Galicia*, 31/05/1978, p.10; "El Juzgado de Hospitalet levantó el secuestro de Interviú", *La Voz de Galicia,* 02/06/1978, p.11.
[967] "Nuevo secuestro de Interviú ante una denuncia presentada por Luís Rosón Perez", *La Voz de Galicia,* 01/06/1978, p.11.
[968] Morales, J.L. "Los Rosón, azote de Galicia", *Interviú*, nº 107, pp.8-12.
[969] *Íbidem*.
[970] "Un redactor de Interviu, procesado veinte veces", *El País,* 16/05/1980. https://elpais.com/diario/1980/05/16/sociedad/327276011_850215.html
[971] Morales, J.L. e Torres, M. "Jinamar, la sima de los "caídos", *Interviú*, nº66, 18-24 de agosto de 1977, pp. 24-28.
[972] Accedemos a ela directamente a través do arquivo da biblioteca da Universidade de Vigo.

> Un colectivo de galleguistas inicia, con los nuevos aires democráticos, la tarea ingente de reconstruir la historia más reciente de su país. Intencionadamente mutilada por el franquismo y por las devociones reconciliciadoras. En los capítulos dedicados a la provincia de Lugo se incorporan unha serie de apellidos sobre los que se hacen gravísimas acusaciones. Un documento elaborado por aquellos historiadores llega hasta Interviu[973].

Na indagación sobre quen eran este grupo de galeguistas, e despois de preguntar sobre esta cuestión ás diversas fontes orais que manexamos e que podían atesourar algún dato de interese, emerxeu unha posibilidade. Resulta posible que esta referencia a un grupo de galeguistas que estarían indagando na historia do franquismo, fosen o grupo de rapaces estudantes en Madrid e que formaban parte da ANPG e en concreto da súa Frente Cultural[974]. Esta sección foi unha das máis activas da ANPG. Así, a finais dos setenta estes terían decidido investigar sobre os crimes do franquismo, funcionando a fronte como un grupo de investigación dos crimes do franquismo. Xosé Ramón Ermida lembra que nel participaban Ramón Muñiz e Francisco Carballo entre outros. A investigación consistiu principalmente na gravación de testemuñas, entre elas a de Camilo Dios e Luis Celeiro. Tamén participaba nela Alfonso Eiré, quen anos máis tarde sería director de *A Nosa Terra*, cuestionado sobre este tema, recorda e puntualiza:

> Hai unha primeira cousa que foi unha célula de xornalismo, antes de existir a ANPG e o Frente Cultural, cando estudábamos en Madrid, decidimos que cando viñeramos para aquí nas vacacións había que facer traballo de campo. E empezamos cun traballo de recollida de testemuñas. En principio era a célula de xornalismo, e despois uníronsenos algúns máis, marcharon algún, porque marcharon da ANPG como Rivas e Pereiro, que traballaban. O primeiro traballo que fixemos foi sobre o galego nos medios de comunicación en Galicia. E despois do segundo ano pois era xa fixemos o grupo decidiu sobre a represión franquista. Aí eramos os de periodismo pero uníronsenos xente de socioloxía, como Ramón Muñiz, que vai outra vez para Madrid, que era sociólogo, como Carlos Basalo, que despois estivo en televisión que despois era documentalista. E empezouse a facer un traballo de campo de recollida, de testemuñas que daquela aínda había moitos vivos. Pasa que había moita xente, que non quería falar por unha cousa. Non é tanto por medo, como di a xente, en principio por desconfianza.[975]

Por tanto Eiré identificaba un primeiro grupo que se tería dedicado a recompilar testemuñas sobre a "represión franquista". Describindo como fora o proceso, apunta ás reticencias da xente que el relaciona coas propias reservas do PCE, moi capilarizadas na xente achegada á guerrilla.

> Pero a desconfianza ven por unha cousa, hai toda a xente relacionada coa guerrilla, había o PCE, había unha directriz tanto da guerrilla como do PCE que era todo o que estivera en contacto con eso non se podía falar, nin ben nin mal[976].

Segundo Eiré, esa investigación iniciouse no 75. No 77, co nacemento de *A Nosa Terra* algúns dos integrantes deixaron a investigación pero outros como Celeiro, Basalo e Muñiz terían continuado, sostendo que finalmente contarían con arredor de duascentas cincuenta e seis horas de gravacións e diverso material documental que polo momento non foi localizado.

---

[973] Morales, J.L.: "Los Rosón, azote de Galicia", *Interviú*, nº107, pp.8-12.

[974] Entrevista a Xosé Ramón Ermida Meilán realizada por Iria Morgade (Telefónica, outubro de 2023). Aínda que Ermida refirese a este grupo da ANPG sostén que a reportaxe de *Interviú* centrouse no recompilado a través da fonte hemerográfica e das fontes orais recollidas na viaxe dos xornalistas a Becerreá.

[975] Entrevista a Alfonso Eiré realizada por Iria Morgade (Telefónica, outubro 2023).

[976] *Ibidem*

En 1979 esta Frente Cultural da ANPG editaba o libro *Historia de Galicia*, da que eran autores Felipe Senén (Prehistoria), Anselmo López Carreira (Medieval), Xosé Fernández Barreiro (Moderno) e Francisco Carballo Calero (Contemporánea), xestado nunha serie de conferencias e mesas redondas que tiveran lugar a partir do ano anterior[977]. A segunda edición deste libro, publicada en maio de 1980 provocou que o ministerio fiscal acusase a Carballo Calero dun delito de calumnia contra a policía. Foi sometido a xuízo oral en xullo de 1981:

> Según el fiscal, en la página 216 del mismo y con el fin de resumir el aspecto opresivo del régimen anterior, con carácter anecdótico, pese a tratarse de un libro rigurosamente histórico, dice literalemnte: "No mes de agosto de 1975, Galicia vivía unha onda de terror. Detencións e rexistros domésticos culminaron o día 12, en que a Policía Española, asasinou a Xosé Ramón Reboiras Noia, un dos dirixentes da UPG"[978].

O xuízo versou sobre o sentido da palabra "asasinar", e sobre se con iso se estaba acusando á policía. Pero o que interesa deste xuízo é a súa mera existencia, e que fai evidente a continuidade do sistema político[979]. Na mesma páxina de xornal no que se daba conta deste xuízo, informábase do xuízo contra Jose Luís Morales e o director de *Interviú* Antonio Álvarez Méndez pola reportaxe sobre os Rosón. [980]

Se a isto sumamos outros casos como o xa referido de Fernando Ramos, ou os procesos xudiciais aos que tivo que facer fronte entre outros Alfonso Eiré como director de *A Nosa Terra,* entre outras acusacións, doutra volta, por considerar asasinado a Moncho Reboiras, evidencian as dificultades ás que estas publicacións tiveron que facer fronte[981]. E tamén son proba dos mecanismos coercitivos existentes (Mateo e Kerangat, 2018; Davis 2015) cos que debían lidar aqueles axentes memoriais que se atrevían a traer ao espazo colectivo a memoria traumática.

Estes últimos feitos que vimos de relatar, a reportaxe aos Rosón no medio do proceso autonómico, nos sitúan ante o derradeira etapa deste capítulo: o ano 1978 como o final deste ciclo de acción da memoria. Un ano no que as accións memoriais diminuíron de forma drástica. E así como en 1976 o xurdimento destas situábanos ante a aparición dunha estrutura de oportunidades políticas coa construción da reforma, 1978 configúrase como o ano no que se consolidaban as institucións do novo sistema. Era o ano da aprobación da constitución, pero tamén, en Galicia, era o ano no que se iniciaba, despois da gran manifestación de decembro de 1977 o proceso autonómico.

3.7. AS CONMEMORACIÓNS DO ESTATUTO DO 36

En 1978 producíronse as primeiras conmemoracións públicas masivas do estatuto de autonomía de 1936. Estas conmemoracións, tiveron unhas características diferenciais que as sitúan como unha tipoloxía especial de accións da memoria ao ser esta a memoria negada, da II República e dun estatuto cuxo proceso en Madrid tiña lugar nos mesmos días en que un grupo de militares

977 "Presentado ayer, en La Terraza, el libro "Historia de Galicia", *La Voz de Galicia*, 21/12/1979, p.32.
978 "Un año de presidio menor y multa de 20.000 pesetas, petición fiscal para el catedrático Francisco Carballo", *La Voz de Galicia*, 01/07/1981, p. 41.
979 Senén, F. "Moncho Reboiras, alegoría para unha terra e un tempo", *Terra e tempo*, revista galega de pensamento nacionalista, nº 149, 2009, p.5.
980 "Un redactor y el exdirector de "Interviú", juzgados por un reportaje sobre la familia Rosón", *La Voz de Galicia*, 01/07/1981, p. 41.
981 "Procesado el director de "A Nosa Terra", *La Voz de Galicia,* 17/07/1982, p.54.

alzábase en Marrocos. Estas conmemoracións, ademais tiveron un cariz colectivo relevante, ao facerse visibles en actos públicos dunha gran asistencia.

Na andaina autonómica, xa dende o mesmo día da constitución da Xunta de Galicia, 1936 estivera moi presente a través da reportaxe de *Interviú* que amosaba o pasado como verdugo do propio presidente. Antonio Rosón, da UCD, accedera ao posto de presidente da Asamblea de Parlamentarios de Galicia constituída en 1977 por designación real coa fin realizar un proxecto de réxime preautonómico. A lentitude coa que camiñou este proceso acelerouse trala manifestación de decembro do 77, e finalmente mediante o Real Decreto do 16 de marzo de 1978 aprobouse a institución do réxime preautonomista que se instaurou o 18 de abril con Rosón como presidente. En xullo dese mesmo ano Rosón realizaba un chamamento para a colaboración de todas as forzas políticas na redacción dun anteproxecto de estatuto (Prada, 2004, p. 18). Pouco tempo antes, o 28 de xuño de 1978 tiveran lugar por todo o país conmemoracións do estatuto de 1936. A memoria se mesturaba nas reivindicacións presentes.

Mentres que para o ano 1977 non se localiza ningunha conmemoración deste tipo, en 1978 e tamén en 1979 producíronse numerosas celebracións do aniversario do estatuto de 1936. O que evidencia a súa vinculación co momento presente. Así, entre o 80 e o 85 desapareceron as referencias ao estatuto do 36, ata o seu cincuentenario en 1986. Por tanto 1978 foi o primeiro ano no que de xeito oficial e público se celebraron conmemoracións polo estatuto do 28 de xuño de 1936.

Na súa celebración resalta a participación da Xunta de Galicia, e o papel organizativo de dous partidos políticos, a UCD e o PCG. Ambos, organizaron de xeito conxunto unha boa parte das conmemoracións que se realizaron este ano, baixo o formato "festa mitin". Así o fixeron en Noia, onde ambos partidos figuran como organizadores dun evento para conmemorar este corenta e dous aniversario ao que se sumaba o obxectivo de apoiar a acabada de constituír Xunta de Galicia:

> Y como quiera en que el momento actual nuestro pueblo disfruta ya de una situación de preautonomía, con una Xunta que comienza a tomar conciencia de la problemática gallega y a la que creemos debe prestarse el mayor apoyo[982].

Ademais interviñeron cantantes e grupos folclóricos e esperábase tamén a posible participación de Ramón Piñeiro e Bouza Brey[983]. Tamén destacou esta festa en Vigo, sendo convocada polo PCG, PPG e UCD no parque de Castrelos, onde arredor de vinte cinco mil persoas acudiron ao acto no que interviñeron Santiago Álvarez, Rivas Fontán e Xaime Isla. Tamén acudiron o alcalde e membros da corporación municipal de Vigo e apoiaron a convocatoria diversos sindicatos e varias asociacións, entre elas o Ateneo de Vigo. No recinto tamén había instalados "stands" de agrupacións políticas, asociacións de veciños e dos traballadores de Ascón. Había música, coa participación da Banda Municipal e diversos grupos folclóricos, tamén a comida, con polbo, empanada e sardiñas.

> Todos los oradores, desde sus respectivos planteamientos políticos, coincidieron en resaltar el significado de la fecha, en relación con el plebiscito del estatuto de autonomía de 1936, así como la necesidad de conseguir uno

[982] Arquivo Reino de Galicia, Fondo Goberno Civil, *sin* 31068.

[983] Á convocatoria tamén se unen Comisiós Mariñeiras de Galicia, a agrupación cultural Atalaya, a CSUT ou o comité local de Noia do PTG. En: "Mañana, en distintos puntos de Galicia, actos conmemorativos del plebiscito del Estatuto", *La Voz de Galicia,* 27/08/1978, p. 48. E en "Rianxo: Vecinos, UCD y PCG festejerán con un homenaje a Castelao el 28 de junio", *La Voz de Galicia,* 28/06/1978, p.20.

> ajustado a la realidad actual de Galicia y capaz de dar respuesto a los problemas de hoy en el marco de la Constitución"[984]

En Ourense a "festa-mítin" foi prohibida polo Goberno Civil de Ourense. Cuestión criticada por once agrupacións políticas e sindicais que pedían á Xunta que conseguise a dimisión do gobernador ao considerar incomprensible a súa actitude, principalmente pola prohibición de actos aos que a propia Xunta se sumara[985]. Tamén houbo unha verbena en Pontevedra, na praza da Ferrería, organizada doutra volta polo PCG e UCD[986]. Na Coruña, pola súa banda, ademais de UCD, PCG e PPG, uniríanse PTG e POG a un mitin no Palacio dos Deportes. En rolda de prensa os convocadores lamentaban a ausencia do PSOE[987]. Este mitin tamén tería unha parte lúdica con Cantigas da Terra.

> Se trata de aprovechar un acontecimiento histórico al que hay que dotarle de una proyección de inmediato futuro, plasmado en la urgente consecución de un Estatuto autonómico para Galicia.[988]

Ademais en Rianxo, organizouse unha homenaxe a Castelao coincidindo con este aniversario. A convocatoria xurdira de diversas personalidades encabezadas por Rafael Dieste, coa oratoria entre outros de Ramón Piñeiro. A este acto tamén se uniron PCG e UCD[989].

A ausencia doutras organizacións políticas na meirande parte destes actos enténdese a través dos comunicados das mesmas. Así o PTG consideraba que "se hacía de forma antidemocrática y a espaldas de las demás fuerzas políticas gallegas"[990]. Tamén o MCG para o caso da festa mítin de Vigo, ou o PSOE que "justifica su no participación por la negativa a compartirla con la UCD y con el nuevo alcalde de Vigo"[991]. E que organizaba actos de seu como o de Pontevedra no que participaban Gonzalo Adrio e Alfonso Álvarez Gándara[992]. Pola súa banda, o MCG emitía un comunicado no que esixía "agora reclamar un pleno recoñecemento dos nosos dereitos nacionais na Constitución. Reclamar que ésta recolla o dereito de autodeterminación, o dereito democratico dun pobo a decidir libremente a súa relación dos outros pobos do estado"[993].

En definitiva, e como xa se puido entrever desta descrición, o verdadeiramente significativo desta conmemoración, foi a coincidencia como organizadores dos partidos UCD e PCG. O que nos situaría ante o que foi a Transición en Galicia, nunha extrapolación do acontecido a nivel estatal. Tamén é salientable a participación daqueles "vellos galeguistas" como Ramón Piñeiro ou Xaime Illa, mentres "os novos" mantiñan unha posición radicalmente crítica coa constitución do novo sistema político. Os partidos do nacionalismo de esquerdas, UPG e PSG

---

[984] "Vigo: unas 25.000 personas tomaron parte en la fiesta del "Día del Estatuto" celebrada en Castrelos", *La Voz de Galicia,* 29/06/1978, p.25

[985] Entre estas agrupacións estarían. MCG, PTG, POG, PPG, PGSD, PCAG, PSOE, PCG, CSUT, CCOO e SGTE. En: "Once agrupaciones políticas y sindicales piden a la "Xunta" que consiga la dimisión del gobernador civil de Orense", *La Voz de Galicia,* 27/06/1978, p.19.

[986] Na noticia falan tamén do PSOE pero pensamos que unha errata posto que no seguinte parágrafo sinálase como o PS DE G-PSOE tiña previsto realizar un acto cultural ás oita da tarde na Caixa Rural Provincial. En: "Fiesta también en Pontevedra", *La Voz de Galicia,* 28/06/1978, p.20

[987] Así, aínda que PSOE e PSG foron convidados a participar declinaran a súa presencia nos actos.

[988] "Esta tarde, mitin unitario en el Palacio de los Deportes de La Coruña", *La Voz de Galicia*, 28/06/1978, p. 20.

[989] "Rianxo: Vecinos, UCD y PCG festejerán con un homenaje a Castelao el 28 de junio", *La Voz de Galicia,* 28/06/1978, p.20 e en "Concentración- homenaje a Castelao, Mañana en Rianxo, *La Voz de Galicia*, 27/06/1978, p.38.

[990] "Vigo: unas 25.000 personas tomaron parte en la fiesta del "Día del Estatuto" celebrada en Castrelos", *La Voz de Galicia,* 29/06/1978, p.25

[991] "Vigo conmemora la fecha con una gran fiesta popular en el parque de Castrelos", *La Voz de Galicia,* 28/06/1978, p.20,

[992] "Fiesta también en Pontevedra", *La Voz de Galicia*, 28/06/1978, p.20 e "Pontevedra: Adrio Bareiro y Alvarez Gándara disertaron sobre "Un estatuto de onte, un estatuto para hoxe", *La Voz de Galicia,* 29/06/1978, p.23.

[993] "Notas y comunicados: Dia del plebiscito", *La Voz de Galicia*, 28/06/1978, p.52

principalmente, mantivéranse á marxe destes actos sendo consecuentes coa súa postura política, que defendía para Galicia un proceso constituínte e non unha volta ao estatuto do 36.

A parte destas accións de partido na rúa, a nivel institucional, foi acordada na Xunta de Galicia que o seu presidente Antonio Rosón dirixírase ao pobo galego a través da RTVE[994]. A súa mensaxe tivo un marcado carácter galeguista, aludindo directamente a Castelao como figura simbólica das arelas de autonomía democrática que o pobo manifestara o 28 de xuño:

> A Xunta de Goberno de Galicia participa na apreciación común de que o 28 de xuño é unha data memorable. Nela, hai 42 anos, Galicia soupo dar axeitada expresión democrática as súas arelas autonomistas votando afirmativamente o plebiscito. (...) Ao conmemorar hoxe aquela data histórica, non soio renovamos a vontade autonomista e democrática que Galicia manifestóu a través de plebiscito, senón que lle rendimos homanaxe a tradición galeguista que o fixo posible[995].

E é que soamente un mes antes, o 22 de maio, a Xunta de Galicia á vez que creaba as súas carteiras acordaba a organización do traslado dos restos de Castelao a Galicia. Para iso, trala proposta por parte do Centro Gallego de Bos Aires, crearíase unha comisión de personalidades galegas para levar a cabo esta misión, entre as que estaría o propio Antonio Rosón e o Conselleiro de Cultura[996]. É importante ter en conta que se consideraba como desexo do propio Castelao que os seus restos foran trasladados a Galicia cando esta acadara a liberdade. Polo tanto, que se repatriasen nese momento podía entenderse como unha estratexia lexitimadora da Xunta de Galicia.

En 1978 a memoria do 36 facíase visible en Galicia en dous sentidos diametralmente opostos. Por unha banda coa publicación da reportaxe sobre o pasado vitimario do acabado de nomear presidente da Xunta que traia a ese presente a cara máis amarga da continuidade dos representantes e cargos públicos da ditadura. E por outra banda a conmemoración do estatuto de 1936 por esta propia Xunta de Galicia e por unha UCD que coa complicidade do PCG apropiábase do legado deste estatuto e das personalidades galeguistas como Castelao, acomodándoas aos marxes do novo réxime. Interesante e sorprendente por ser pouco habitual no futuro será, non tanto a reivindicación de figuras como Castelao senón a reivindicación do estatuto de autonomía do 36.

Esta reivindicación estivera presente no manifesto da Comisión xestora da manifestación pro autonomía, que o 30 de novembro do 77 asinaba un texto no que reivindicaba "a autonomía que debemos considerar como o recoñecemento dun dereito conquistado polo pobo galego no ano 1936 e que nunca pudo exercitar"[997]. É importante ter en conta como as posicións en torno á autonomía poderían dividirse en tres. Primeiramente a posición de AP, soamente disposta a unha lixeira descentralización administrativa, seguidamente a posición do "groso do centro e da esquerda (UCD, PSOE, PSP, PCG e o galeguismo de centro) disposto a aceptar a recuperación do Estatuto de 1936" e en terceiro lugar o nacionalismo de esquerdas, "o único con algunha forza, seguía rexeitando o pacto fundamental en nome da democracia auténtica e

[994] "Rosón se dirigirá hoy al pueblo gallego, a través de TVE y Radio Nacional de España", *La Voz de Galicia*, 28/06/1978, p.20

[995] "A Xunta asumirá a súa responsabilidade, sin concesión ao oportunismo, para facer realidade a vontade colectiva do noso pobo", *La Voz de Galicia,* 29/06/1978, p.23.

[996] "La Xunta se encargará de organizar el traslado a Galicia de los restos mortales de Castelao", *La Voz de Galicia,* 23/05/1978, p.20. E en "Volverán a Galicia, los restos de Castelao", *El País,* 24/05/1978. https://elpais.com/diario/1978/05/24/cultura/264808805_850215.html

[997] Manifesto asinado pola "Comisión xestora manifestación pro autonomía" o 30 de Santos de 1977: "A xornada pro autonomía. Chamamento a todos os galegos". Documento cedido por J.M. Monterroso.

do dereito de autodeterminación" (Beramendi, 2007, p. 1102). En torno á segunda posición, polo tanto, é onde se poden comprender estas conmemoracións do estatuto do 36.

A reivindicación de figuras da II República, moitas delas vítimas, e do pasado da II República, para a consecución de obxectivos políticos do presente, e en definitiva para a lexitimación das novas institucións tamén se producía en Catalunya a través de Francesc Macià, Lluís Companys e, en especial, co regreso como president da Generalitat de Josep Tarradellas.


3.8. UN BALANCE DO PRIMEIRO CICLO DE ACCIÓN COLECTIVA DA MEMORIA

Neste apartado, que se desenvolve de xeito similar para as tres etapas en estudo (1976-1979, 1979-1982, 1982-1986), seguindo os obxectivos da investigación procúrase atender aos elementos máis relevantes para a elaboración dunha análise sistemática do obxecto de estudo. Deste modo, en primeiro lugar describiranse as principais características dos repertorios de acción e dos axentes memorialistas implicados nas diferentes actuacións, en segundo lugar atenderase á definición dos discursos memorialistas para finalmente deternos nos mecanismos de desmobilización que foron despregados para intentar conter as accións da memoria traumática.

3.8.1. O ciclo das homenaxes. Repertorios de acción e axentes memorialistas

Entre 1976 e 1978 consideramos atinado falar dun ciclo da memoria por ter este unhas características diferenciais. Un dos principais riscos distintivos deste período ten que ver co predominio das homenaxes nos lugares de enterramento ou morte. Esta tipoloxía de acción colectiva aparece asociada co dó inacabado e as características dos rituais de despedida. Pero ademais do obxectivo de rematar ese loito inconcluso, estas homenaxes posuían outros trazos que os definen como unha acción colectiva, entre eles o xurdimento de certas reivindicacións. Isto fainos entendelo en diálogo co ciclo de acción colectiva que se produciu a nivel estatal nos anos setenta. Este desenvolveuse en estreita relación coa estrutura de oportunidades políticas que trouxo aparellada a morte de Franco e o inicio do proceso de reforma. A percepción de novas posibilidades que non tiveran cabida antes facía emerxer tamén a memoria traumática en lugares colectivos.

Gráfico 41. Homenaxes e "efecto contaxio"



Fonte: elaboración propia.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Ademais, o denominado "efecto contaxio", estudado para as exhumacións en Navarra ou Murcia (Ardoiz, Fernández e Ijalba, 2020 ; Aguilar, 2017; Serrano, 2016), tamén podería ter funcionado no caso galego. É dicir a emerxencia de homenaxes con características similares estaría conectado con lóxicas de imitación e contaxio entre accións. Isto fíxose palpable en relación con tres homenaxes e, en concreto, na conexión entre os participantes dunhas e doutras homenaxes. Estas relacións entre axentes memoriais poderían ter causado fenómenos de imitación entre accións. O Gráfico 41 amosa como se produciría este contaxio no caso da homenaxe en Tui, atendendo a presenza de Darío Álvarez no acto prohibido a Alexandre Bóveda acontecido en Pontevedra dous meses antes. Así mesmo, a homenaxe aos asasinados en setembro do 36 en Compostela, liderado polas irmás Liste, puido ser "imitado" da homenaxe dese ano a Bóveda en San Amaro no que participara Aurora Liste.

De todo o cal, á súa vez, se desprende a relevancia do capital político e social dos axentes implicados. A familia Álvarez Blázquez formaba parte da elite galeguista á vez que integraba as redes da oposición antifranquista. O mesmo que a familia Liste, activa na resistencia dende a clandestinidade. Mundos conectados que permitían a colaboración, o intercambio de métodos, ideas e formas de organización.

Neste senso téñense identificado certos elementos comúns que estiveron presentes en boa parte das accións de homenaxe, xa non só naquelas levadas a cabo durante este ciclo 1976-1978 senón no conxunto do período en estudo (1976-1986). Estes poden observarse no Gráfico 36. Por unha banda aludíamos ao emprego de lemas que estendían a lembranza a "todas as vítimas", cuestión moi vinculada coa construción dos marcos memorialistas e coa presenza da figura dos mártires. Por outra banda referímonos á predominancia dos lugares de violencia, de morte ou de enterramento como espazos memoriais. Principalmente foi nos cemiterios ou nas fosas comúns situadas cerca destes onde se desenvolveron a maior parte das homenaxes. Cando non foi así, tivo que ver co tipo de violencia infrinxida sobre as vítimas homenaxeadas, como na caso da homenaxe na ponte do Barqueiro.

Esta relación das accións memoriais cun proceso de dó inconcluso, que dalgún xeito se quere reparar, remite ás accións da memoria traumática a este tipo de espazos que, á súa vez, son lugares habitualmente afastados. Neste senso algunhas das homenaxes levaron a acción a lugares moi concorridos, onde a memoria traumática foi máis visible para a comunidade. Salientamos as homenaxes de Bóveda, onde os participantes se trasladaban dende o cemiterio ao centro de Pontevedra, onde se facía visible esa memoria ferida, por exemplo, mediante o lanzamento de pasquíns ou coa modificación do letreiro da praza do Generalísimo. Tamén é especial o caso da homenaxe en Tui de 1976, que se desenvolveu na catedral de Tui, e por tanto no centro da vila, para percorrer despois as rúas ata a alameda. Unha homenaxe que amosou, cunha forza inusitada, a memoria traumática nunha vila que fora especialmente violentada trala toma por parte dos golpistas no 36.

A necesidade de rematar o dó, explica tamén a presenza nas homenaxes de certos elementos moi relacionados co ritual do dó católico: a celebración dun funeral católico ou unha misa, o papel central da ofrenda floral no acto ou a coincidencia no Día de Todos os Santos. Ademais desta data tamén foron habituais para a celebración das homenaxes as dos propios cabodanos dos asasinatos, así como tamén outras de certa significación política como o 1 de maio ou o 25 de xullo. Neste sentido debe resaltarse a inclusión nas homenaxes de certos elementos simbólicos dun marcado carácter político. Entre elas as bandeiras dos diferentes partidos participantes, as coroas de flores coas cores da bandeira galega ou republicana, os berros de liberdade (Galiza Ceibe, principalmente), os puños en alto ou a entoación do himno galego.


USC DE COMPOSTELA

Uns elementos que, con variacións, outros autores xa tiñan identificado para accións da memoria en diversos territorios do estado na Transición (Serrano, 2016; Mateo e Kerangat, 2018; Kerangat, 2017; Aguilar e León, 2022). No mesmo sentido identifícanse mensaxes que poñen en valor a loita pola democracia e a liberdade dos asasinados. Tamén, o seu compromiso e militancia fronte ao golpismo e o fascismo (Palacios, 2021, 2022).

O auxe das accións de homenaxe tivo lugar na segunda metade do ano 77, cando se cumprían corenta e un anos dende os acontecementos e xusto no mesmo momento en que se promulgaba a lei 46/1977[998]. A amnistía, que fora a demanda fundamental na mobilización social deste ciclo, chegaba precisamente en outubro deste ano 77, cunhas características determinadas que son claves nas demandas futuras do movemento memorialista, ao configurarse como unha lei de punto e final, que desbotaba calquera posibilidade de procesamento xudicial dos vitimarios. De seguro esta posibilidade, a de facer xustiza, estaba na mente dalgún dos axentes implicados, como así se fixo visible co caso de Servando Lago, de Tui, e o seu medo a ser procesado, ou nas reivindicacións da Convención Republicana de los Pueblos de España que xustamente un ano despois, no 78, promovía en Vigo a Campaña prorehabilitación das vítimas do franquismo.

Se atendemos as accións memoriais que se realizaron neste último ano e medio do ciclo podemos comprobar como se produciu unha caída importante no seu número (Gráfico 38). Así, mentres en 1977 se celebraron un cantidade considerable de homenaxes por todo o país, en 1978 retraeuse de xeito notable, soamente podendo corroborar a realización das homenaxes a Bóveda, Baena e Reboiras. E ningunha acción detectada para os primeiros meses de 1979.

Gráfico 42. Tipoloxía de homenaxes segundo as vítimas



Fonte: elaboración propia.

Na definición e caracterización das accións e repertorios consideramos pertinente atender o perfil das vítimas (Gráfico 42). Deste modo as accións memoriais relacionadas coas vítimas do 36 e aqueloutras vinculadas coas vítimas dos anos 70 foron sensiblemente diferentes. Aínda que compartiron certos elementos comúns, incluíndo ofrendas florais e oratorias preto das tumbas, nas segundas resultaba máis habitual que se producisen actuacións alegais, ilegais ou

998 Ley 46/1977, de 15 de octubre, de Amnistía, BOE, nº 248, 17 de outubro de 1977. https://www.boe.es/boe/dias/1977/10/17/pdfs/A22765-22766.pdf

dun cariz máis disruptivo, por exemplo co corte de estradas coma no 78 na homenaxes a Moncho Reboiras. Todo o cal evidencia tamén a construción dun marco memorialista diferenciado, cunha reivindicación máis clara das vítimas e unha denuncia aberta do franquismo como fascismo, afastada das lóxicas da reconciliación que se vai detectando en boa parte das homenaxes ás vítimas do 36.

Por outra banda, dentro das homenaxes a vítimas do 36 poderíamos diferenciar entre aquelas nas que se lembraba a unha vítima-persoeiro, é dicir tratábase dunha persoa con certa referencialidade social e política, como por exemplo Alexandre Bóveda. No outro extremo atopariámonos con vítimas-anónimas, como por exemplo no caso da homenaxe dos once de Anguieiro en Cangas. A medio camiño todas aquelas nas que as persoas homenaxeadas tiñan certa relevancia, aínda que fose a nivel local ou comunitario como no caso das accións en memoria do alcalde de Marín. A predominancia das vítimas con algún grado de referencialidade e a invisibilidade das vítimas anónimas resultou unha dinámica que se foi acrecentando durante o período en estudo. Deste modo, neste primeiro ciclo de accións apreciouse unha maior densidade de actuacións nas que as vítimas eran anónimas. Unha cuestión que se podería relacionar co papel das familias no proceso.

As homenaxes constitúen as accións predominantes do período 1976-1978, máis tamén debe destacarse o que denominamos "accións divulgativas e informativas". Seguindo unha dinámica similar a das homenaxes, estas tamén minguaron considerablemente no 78, de xeito que as accións memoriais dunha relevancia diferencial neste ano foron as relacionadas coa conmemoración da II República. Estas foron organizadas principalmente pola Convención Republicana. Tamén deben mencionarse os actos conmemorativos do aniversario do estatuto de autonomía de 1936, moi vinculados co tempo presente, e por tanto en pleno camiño cara a autonomía, sendo organizados conxuntamente polos partidos políticos que defendían máis acerrimamente este proceso, a UCD e o PCG.

Este retroceso das accións memoriais foi parte dun proceso máis amplo, de esgotamento do ciclo de acción colectiva en relación directa coa consolidación do novo réxime cos Pactos da Moncloa, a lei de amnistía e a integración do PCE como fitos fundamentais. Os primeiros meses do ano 79, os últimos antes dunha nova etapa que se iniciou coa constitución dos concellos democráticos, estiveron marcados pola calma, sen accións de memoria detectadas.

Ademais do bosquexo dunha tipoloxía de repertorios de acción en base á súa natureza (Anexo 5), podemos distinguir os repertorios en base ao seu grao de transgresión. Deste xeito poderiamos falar de accións legais e ilegais. Isto é, as permitidas gobernamentalmente e ás que non o eran, como por exemplo a manifestación en memoria de Bóveda en Pontevedra no 76. Tamén poderíamos atender aos repertorios de acción en base ao seu grao de innovación, podendo consideralas convencionais ou disruptivas. Deste modo poderíamos atoparnos ante unha acción que é legal, pero que pola súa innovación, pola súa novidade, ten un carácter disruptivo. Neste senso é importante ter en conta que este carácter disruptivo estará marcado polo ámbito (neste caso a memoria), o tempo e o espazo no que ten lugar. Así, collendo como exemplo a homenaxe a Bóveda que se realiza en Pontevedra en 1977 poderíamos considerar que unha homenaxe nun cemiterio a un finado, ou a un morto nunha guerra non é unha acción innovadora. Pero comprendémola cun carácter disruptivo, pese a ser permitida polas autoridades, por tratarse dunha das primeiras homenaxes realizadas en Galicia a unha vítima da violencia xenocida en corenta anos, cun carácter colectivo e multitudinario. É dicir, configúrase como disruptiva precisamente por quen é ese morto homenaxeado, o contexto que o rodea e o momento no que se realiza.

USC DE COMPOSTELA

Noutra orde de cousas, podemos afirmar de xeito xenérico que durante o desenvolvemento de calquera destes repertorios de acción, xa sexa a reunión arredor dunha fosa ou a lectura e comentario dun libro, vaise propiciar o fenómeno da "socialización do ocorrido". É dicir, as accións memoriais facilitaban que, de xeito colectivo e público, a memoria traumática fora compartida por primeira vez. Seguindo a estela do que acontecía durante a ditadura nos "funerais incómodos" ou nas conferencias que eran permitidas, como a de Otero Pedrayo, estes novos espazos posibilitaban que as vellas xeracións, a das familiares directas pero tamén a dos superviventes puideran expresar publicamente partes do seu trauma, o que á súa vez era recollido polas novas xeracións, descoñecedoras do que acontecera.

Todos eles, a xeración máis vella e a máis nova, en maior ou menor grado, funcionaron como "axentes memorialistas" (Murillo, 2020). Denominamos deste modo a aqueles actores implicados nas accións memoriais, podendo ser os promotores principais ou participantes con cariz secundario. Durante esta primeira etapa memorialista definíronse catro axentes diferentes, cada un dos cales foron determinantes ou protagonistas dun tipo de acción de memoria, os familiares, as organizacións políticas e sindicais, as asociacións (culturais, de veciños ou memoriais) e autores e xornalistas (a prensa e as editoriais).

Podemos afirmar que as primeiras homenaxes públicas, colectivas e non clandestinas que tiveron lugar en Galicia tras a execución da violencia masiva do 36 foron impulsadas principalmente polos familiares das vítimas. Porén, nas homenaxes tamén tiveron un papel destacado os partidos políticos e sindicatos que en ocasións organizaban e na meirande parte dos casos participaban manténdose nun segundo plano. Esta vai ser unha característica diferencial deste primeiro ciclo de acción memorial. Posteriormente, as organizacións políticas foron gañando protagonismo fronte aos familiares. As causas desta evolución, que foi modificando o peso dos actores participantes, podería estar relacionada primeiramente coa actitude destes familiares. A morte de Franco, a incerteza ante o que estaba por vir, e por tanto a estrutura de oportunidades aberta fixeron posible que as familias percibisen que se trataba do momento propicio para levar a cabo estas accións. A mingua na súa participación puido estar ocasionada pola configuración dun sistema político que, en boa medida, lles negou os dereitos ás vítimas e familiares mediante a promulgación da lei de amnistía do 77 pero tamén mediante o desenvolvemento dunha lexislación reparatoria altamente restritiva negando a moitos a condición de vítimas (principalmente ás miles de asasinadas da retagarda e especialmente aos desaparecidos) (ver apartado 4.2.1). Por tanto, enunciamos como hipótese a influencia desta negación para comprender a inactividade futura das familias. Por outro lado, consideramos que o cambio, ou relevo na organización das homenaxes entre familias e organizacións políticas podería estar relacionada co desenvolvemento e crecemento destas últimas, que nos primeiros anos viñan aínda da debilidade que ofrecía a clandestinidade, e que co paso dos anos van ir collendo forza e, por tanto, capacidade organizativa.

Pero ademais, existe outro factor explicativo que é fundamental para comprender a natureza dos axentes memoriais das homenaxes: a súa dualidade. É dicir, unha parte relevante dos organizadores que o facían en nome dunha organización política tiñan unha vinculación familiar coas vítimas ou inclusive o foran elas mesmas, sufrindo persecución ou exilio, principalmente. E este fenómeno tamén se daba ao revés, se nos fixamos na meirande parte das familias implicadas na organización de homenaxes memoriais, estas formaban parte da oposición antifranquista e da militancia política. Exemplos disto serían, por exemplo Aurora Liste, que organizaba como familiar directa a homenaxe de Boisaca en setembro do 77 pero que militaba activamente no PCOE. Ou nun sentido contrario Luís Pasín, quen organizaba a

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

homenaxe, de decembro dese mesmo ano tamén en Boisaca, como militante do PCG nun acto no que se recordaría, entre outros, ao seu tío.

En canto ás asociacións e a prensa, estiveron máis vinculados coas accións divulgativas. No caso das asociacións, culturais estas destacaron na organización de accións divulgativas que denominamos "Actos públicos" que podían ter formato conferencia ou mesa redonda, por exemplo. Neste senso é adecuado atender á relación destas asociacións co tecido mobilizado e, en definitiva, coas organizacións políticas da esquerda. Por outra banda xornalistas e autores foron os axentes memoriais principais das "Publicacións", xa fosen libros, tanto de literatura testemuñal como de memorias, ensaios con vocación explicativa así como as publicacións periódicas en formato xornal ou semanario. Neste sentido cómpre salientar a natureza das editoriais involucradas neste proceso, habitualmente comprometidas coa memoria dende a súa posición política ou inclusive vinculadas a nivel persoal, familiar ou comunitario coas vítimas.

No referido ao papel dos medios de comunicación, a tendencia observada reforza as teses doutros autores tanto a nivel estatal como local. Debe puntualizarse que poderíamos atender a dous tipos de divulgación da memoria traumática. Por unha banda a difusión de feitos acontecidos no 36 ou do pasado negado da II República, pero por outra banda tamén podemos entender a divulgación da memoria traumática en base á publicidade que se facía das accións memoriais que tiñan lugar no tempo presente.

Tanto nun caso como no outro a actitude dos medios vai ser semellante. Por un lado os medios xeralistas tenderán a ignorar a memoria traumática. Isto, analizado por outros investigadores, como se mencionou no Estado da Cuestión, é unha dinámica que tamén se identifica no noso caso de estudo. Unha posición que se fai visible de xeito claro en canto a aqueles contidos que puidesen abordar directamente o pasado traumático. Deste xeito, como tamén acontece no caso estatal con *Interviú* ou vasco con *Punto y hora de Euskalherria* (Aguilar, 2019; Mateo e Kerangat, 2918; Aguilar e Ferrándiz, 2016, Aguilar e León, 2022), corresponderalle aos semanarios *A Nosa Terra* ou *Teima* ser as excepcións dunha tendencia xeral. Cuestión moi vinculada co posicionamento destes medios, críticos co sistema político en construción.

Por outro lado, para o caso da publicidade dada ás accións memoriais que se desenvolveron no período en estudo, resulta evidente que estas tiveron eco nos medios rexionais ou locais como *La Voz de Galicia* ou *Faro de Vigo*. Pero a súa cobertura (habitualmente nas páxinas locais) así como o discurso que se desenvolvía arredor dela, atopábase lonxe de reivindicar a xustiza histórica e si moi vinculada co relato da reconciliación, isto é, léndoas precisamente como resultado do triunfo desa mesma reconciliación (Serrano, 2016). Por outra banda, como tamén concluíron outros autores (Aguilar, 2018; Kerangat, 2017; Aguilar e Ferrándiz, 2016), os medios de tirada estatal tenderon a ignorar estas accións, soamente podendo detectar a cobertura de certas accións como as homenaxes a Bóveda.

Noutra orde de cousas, no desenvolvemento destas primeiras accións da memoria públicas, ademais da nova estrutura de oportunidades xa explicada, debemos mencionar a influencia que puido ter a experiencia do exilio. No Capítulo 2 atendeuse ás primeiras accións da memoria traumática desenvolvidas poucos anos despois do golpe no exilio americano. Foi alí onde principiaron algúns dos rituais memoriais que despois pasaron a formar parte do imaxino do memorialismo en Galicia. Por exemplo, en canto á data memorial por excelencia, o 17 de agosto, os mártires como Alexandre Bóveda, Emilio Garrido ou Xaime Quintanilla, e a referencialidade de persoeiros como o propio Castelao.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Neste traslado das lóxicas do exilio a Galicia debe atenderse a quen foi correa de transmisión, isto é, os exiliados retornados. Estes participaron na eclosión política e social dos anos 70, incluíndo nela o memorialismo. Neste primeiro período fíxose visible o caso de Ramón de Valenzuela, pero como veremos nesta investigación a presenza dos exiliados e dos seus legados no memorialismo en Galicia foi unha constante.

Neste sentido podería tamén bosquexarse un interrogante máis alá das similitudes entre exilio e interior, e atender ás diferenzas, que serán notables e estarán marcadas principalmente pola diverxencia no discurso defendido. Así, as peticións abertas de reparación e xustiza no exilio pasarán a un segundo plano ou directamente obviaranse no interior. Cuestión na que entraría en xogo o propio desenvolvemento do marco político da Transición e a ruptura do galeguismo interior co exiliado.


3.8.2. Os discursos ou marcos memorialistas

Como vimos de estudar, non estamos ante un movemento homoxéneo, polo que tampouco existiu un discurso único. Deste modo decidimos referirnos en plural a discursos ou marcos memorialistas para atender ao conxunto de argumentacións e imaxes que conforman o discurso dos axentes memoriais. Tamén as poderíamos denominar como narrativas do trauma ao ser discursos que describen o trauma confrontándose nalgunha medida co relato oficial. O éxito desta confrontación estará relacionada co modo en que se consiga facer comunicable o seu problema, a inxustiza da que foron vítimas, para á súa vez acadar maior resonancia (Woolford e Woletjszo, 2006, p. 877). Como xa imos intuíndo, isto non dependerá soamente da construción do discurso por parte dos axentes memorialistas. Na resonancia que estes logren alcanzar tamén influirá a posición dos grandes medios de comunicación e, en definitiva dos grandes resortes de poder. Neste sentido faise necesario atender ao que denominamos "contraenmarcado da memoria", isto é aquel discurso que se oporá ao recordo e a memoria do trauma, o que á súa vez formará parte do discurso oficial do novo sistema, do relato da reconciliación.

Debido ao carácter diverso destes marcos memorialistas tamén será diversa a forma na que dialoguen con este relato da reconciliación, basculando entre a negociación e incluso a asimilación, ata a confrontación frontal con este. Todo o cal dependerá, en boa medida da natureza dos axentes implicados. Atenderemos a estas dinámicas en base aos diferentes elementos que conforman o discurso.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Gráfico 43. Principais elementos presentes nos discursos memorialistas (76-78)



Fonte: elaboración propia.

3.8.2.1.A quen se recorda: o mártir pola liberdade

A definición do suxeito que se recorda é unha parte central dos discursos memorialistas. Principalmente vai adoptar a forma de mártir máis tamén en menor medida a de vítima. O mártir da liberdade é unha figura que non se empregou exclusivamente para as vítimas da violencia franquista, enmarcándose no contexto de secularización do termo que viña principalmente do proceso de creación dos estados-nación e que se desenvolveu con forza trala IGM (ver apartado 2.1.2.1.). A inclusión do martiriloxio nas accións memoriais da violencia franquista desenvolveuse no exilio como elemento discursivo clave e principalmente arredor da figura de Alexandre Bóveda. Porén, durante as décadas de permanencia do réxime franquista e dende a clandestinidade, foi común o uso desta figura, exemplificado nas coroas de flores aparecidas en Pontevedra e Cotobade nos anos corenta coa lenda "Honor a nuestros mártires" (ver 2.1.1.).

Esta delimitación dos asasinados como mártires consolidouse durante o período en estudo. O mártir fora exterminado por unha causa, a liberdade, que foi entendida principalmente como a emancipación do pobo galego, máis tamén abranguía un espectro ideolóxico máis amplo, referíndose á liberdade do pobo, ou do republicanismo fronte á opresión de clase. Este mártir converteuse á súa vez nunha semente para o futuro. Un lema que se repetiu de xeito constante nas homenaxes analizadas e que engarza con outro dos elementos básicos dos discursos memorialistas, a comprensión do mártir, e do seu martirio como un exemplo para o futuro. Deste modo as accións memoriais confórmanse tamén como espazos de reivindicacións do tempo presente. Toda a experiencia republicana, a traxectoria vital dos asasinados, a súa loita política ou sindical, a unión e cooperación entre organizacións políticas coa Fronte Popular como referente, por exemplo, eran feitos amentados como símbolos para o presente. Nun contexto de apertura na que se gañan espazos de liberdade de expresión e no que se espreita a posibilidade da construción dun sistema democrático, resulta lóxico que aboiase a comparación

coa II República e co 36, todo o cal propiciaba esas reivindicacións presentes, mirando cara o pasado. Estábamos ante o primeiro momento no que se podían reivindicar ás vítimas, e á vez, o primeiro momento no que existía a oportunidade para saír do sistema franquista que precisamente propiciara esas vítimas.

En canto a este concepto de vítimas, comezouse a introducir paulatinamente nas accións memoriais. Cuestión que vai conectalas co memorialismo a nivel europeo e tamén coa comprensión do fenómeno en termos de xustiza. Se non son simplemente mártires ou heroes e pasan a ser vítimas entenderíase a existencia de culpables desta vitimización.

Por último convén achegarnos a aquilo que conforma o principal obxecto de fricción e diverxencias nos discursos memorialistas: o relato do acontecido tralo golpe de estado e os efectos disto no presente. Deste modo, distinguiríamos por un lado o relato influenciado pola reconciliación, que bebeu, por tanto, do discurso dominante nacido arredor dos vinte cinco anos de paz franquista, e por outro lado o relato construído dende o antifascismo, vinculado coa oposición antifranquista rupturista e, á súa vez, co memorialismo europeo.

3.8.2.2.Que e como se recorda: a reconciliación Vs. o antifascismo

Nas accións memoriais estudadas resultaron recorrentes as denuncias do "esquecemento" sufrido polas vítimas nos últimos corenta anos. Acontecía, por exemplo nas notas necrolóxicas, nas pancartas de Amador e Daniel ou nas verbas de Aurora Liste. Esta mensaxe do "non esquecemento" aos finados aparece con asiduidade nos obituarios, polo que é unha evidencia máis desa vinculación dos discursos memorialistas co rito e imaxinario católico. Pero pese a esa presenza constante do desexo de recordo dos finados no imaxinario colectivo e cultural, no caso que nos ocupa esta reivindicación de non esquecemento e por tanto de memoria, adquire unhas connotacións especiais, relacionadas coa negación desas vítimas durante catro décadas por imposición dos propios verdugos.

Neste sentido é interesante atender a que é o que se quere recordar, como se define e a como se debe facer. É aquí onde entran en xogo as dúas lóxicas contrapostas mencionadas, a da "reconciliación" e a do "antifascismo". Aínda que de xeito natural, unha acción memorial busca o recordo, a memoria fronte o esquecemento, paulatinamente nos discursos memorialistas fóronse introducindo as lóxicas do discurso da reconciliación. É dicir a inclusión da definición do acontecido en termos dunha terrible guerra fratricida, o que á súa vez desemboca no deber de esquecemento, o mirar cara adiante para que "nunca máis" volvera acontecer algo semellante.

A inclusión deste discurso relaciónase significativamente con quen foi o emisor da mensaxe. Deste modo, de xeito paulatino farase visible nos discursos de persoas vinculadas co PCG, ao tempo que será máis difícil detectalo no daquelas persoas relacionados co nacionalismo galego de esquerdas ou coa das organizacións políticas da esquerda que quedaron á marxe do pacto da Transición. Exemplos disto último serían as homenaxes en Vigo a Baena, ou a homenaxe unitaria a Bóveda en Pontevedra, onde se identifica o uso de palabras como "fascismo", "vítimas ou mártires" e non aqueloutras como "guerra civil" ou "reconciliación".

Por outro lado en ambas lecturas se aprecia o uso da expresión "nunca máis", pero comprendida en sentidos contrapostos. Primeiramente o "nunca máis" relacionado co discurso da reconciliación e nado nas celebracións dos 25 anos de paz (1964) que entendía a necesidade de avogar porque "nunca máis" se producise unha contenda fratricida (Hristova, 2007, p. 34),

e que en definitiva precisaría do esquecemento, dun mirar cara o futuro sen levar a vista atrás. Por outro lado o "nunca máis" podería comprenderse achegado ao memorialismo europeo, que pretendía o recordo para acadar garantías de non repetición, do definido, sen titubeos, como fascismo.

Deste xeito, os discursos memorialistas que se van configurar durante o período en estudo vai ir pivotando entre estas dúas lecturas. De modo que o discurso da reconciliación, á vez que se consolide a Transición, vai ir gañando terreo no campo do memorialismo, como lóxica que atravesa todo o discurso oficial do novo sistema. De modo que nas accións memoriais convivirán as lóxicas da reconciliación, e por tanto, da necesidade de esquecemento, coa propia lembranza das vítimas homenaxeadas.

Pese a esta certa bipolaridade na influencia que o discurso da reconciliación infrinxía, podemos entender os discursos memorialistas como un marco diferente e que choca coa definición das elites, difundida a través dos medios de comunicación (Hristova, 2007).

Así mesmo, cómpre cuestionarse sobre a función que puido ter a incursión deste discurso da reconciliación nos marcos memorialistas. Se era unha cuestión de convicción, da asunción do discurso repetido nos medios de comunicación dende os anos sesenta, definido polo propio PCE coa súa "Política de Reconciliación", ou se por outra banda, habería tamén parte de practicidade e conveniencia no seu uso. Así o interpreta quen o denominou como "eufemismo da despolitización" (Serrano, 2016), un movemento estratéxico para asegurarse de que a acción memorial sería permitida, en definitiva manter unha actitude discreta "para alcanzar obxectivos no contexto do discurso do silencio" (Kerangat, 2017, p. 112).


3.8.3. Os mecanismos de contención

As accións memoriais tiveron que facer fronte a diversos mecanismos desmobilizadores e coercitivos. Estes pretendían lograr o "consenso social" do silencio e o non recordo (Davis 2015; Mateo e Kerangat 2018; Serrano, 2016) e foron despregados dende diversas áreas. Así o presentaron diferentes autores no estudo do acontecido noutras partes do estado baixo denominacións diferentes como os instrumentos coercitivos, as censuras por lei, económica ou ideolóxica (Mateo e Kerangat, 2018) ou as violencias da extrema dereita e xudicial (Aguilar e León, 2022).

A existencia destas actuacións detectouse tamén no noso caso de estudo. Para analizalas con detalle e poder avaliar as súas consecuencias decidimos construír unha estrutura conceptual que permitise diferenciar os distintos tipos de mecanismos detectados.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Gráfico 44. Tipoloxía dos mecanismos de contención das accións memorialistas



Fonte: elaboración propia.

En primeiro lugar teríamos os mecanismos discursivos ou dialécticos. A confrontación das accións da memoria co discurso social dominante da reconciliación e a necesidade de esquecemento tivo uns custos que poden lerse xa na oposición dialéctica que estas levantaban. Isto podémolo observar, por exemplo, na carta anónima que criticaba a necroloxía de Isabel Ríos.

As acusacións de *revanchismo* e ansia de vinganza foron un dos custos sociais aos que se tiveron que enfrontar os axentes memorialistas. Isto á súa vez tivo como consecuencia a necesidade constante nos discursos memorialistas de xustificar a ausencia de desexo de vinganza ou *revancha.* O que á súa vez vai ser o compoñente central do contraenmarcado da memoria que se desenvolveu con maior profundidade ante as accións da memoria que tiveron lugar nos seguintes anos (Capítulo 4). Así mesmo, estas acusacións farían comprensible a decisión daqueles, que xa non necesariamente por convicción, manteríanse dentro dos límites deste relato.

Tamén se pode ler como un mecanismo de contención a escasa ou nula cobertura mediática da memoria traumática, isto é os mecanismos mediáticos. Como avanzabamos en anteriores liñas, a lectura dominante dos medios xeralistas deixaba pouco espazo para que as reivindicacións memorialistas puideran ser recoñecidas a nivel social, o que á súa vez axudaría a que estas se espallasen.

Pero ademais teríamos aqueloutros mecanismos que infrinxiron accións de contención directas. Durante estes primeiros anos distinguimos mecanismos institucionais que exerceron a contención en primeiro lugar dende o ámbito xudicial, por exemplo mediante a censura que sufriron os medios de comunicación alternativos, co caso da reportaxe dos Rosón en *Interviú.* Máis tamén, en conexión con isto, o acontecido arredor da reportaxe de Fernando Ramos sobre a violencia golpista en Tui. Primeiramente os mecanismos de contención directa sobre a reportaxe de Rosón posiblemente propiciaron que esta non se publicase en *Interviú,* é dicir, conseguírase o efecto exemplarizante buscado. Posteriormente, coa súa aparición en 1981 na

Hoja del lunes o xornalista enfrontouse a un xuízo por calumnias. Pese a súa final absolución, o feito de ter que pasar por un proceso xudicial, axudaría tamén nese obxectivo de contención e desmobilización.

Os mecanismos institucionais tamén se materializaron dende o eido gobernativo. Distinguimos mecanismos de contención burocrático e policial no control e presión sufridos polas accións memoriais en formato conferencias ou homenaxes. Unha contención dirixida polos gobernadores civís que podían permitir ou prohibir as accións. Para a toma de decisión entraban en xogo os perfís da organización ou/ e das persoas convocadoras, así como tamén a actitude do propio gobernador e o contexto concreto no que este ía ter lugar. En relación con isto e en grande medida por orde do gobernador, outro mecanismo de contención empregado con frecuencia foi a actuación das forzas da orde, que en ocasións interviñan, pero que, tiña, coa súa soa presenza, un efecto altamente intimidatorio. Así, acontecía cando as forzas da orde (Policía ou Guardia Civil) reprimían as homenaxes mediante mecanismos de disolución con algún grado de violencia, máis tamén bastaba a tensión xerada coa súa presenza.

Convén ter en conta que estas actuacións gobernativas e policiais eran continuadoras das despregadas antes de iniciarse a Transición. Tratábase, en numerosas ocasións das mesmas persoas (gobernadores, funcionarios, policías), e dos mesmos métodos e procedementos.

En canto a esta actuación represiva das accións memoriais, debemos salientar a sufrida pola CRPE. A intensidade desta represión tivo que ver, por unha parte co carácter desta organización, herdeira do FRAP e por tanto considerada altamente perigosa polo réxime franquista e, por tanto tamén, polo sistema político en construción. Pero é que ademais a persecución das accións memoriais desta organización estaban relacionadas coas reivindicacións memoriais diferenciais que enunciaba, e que incluían o procesamento dos vitimarios. A campaña que levaron a cabo no 78 foi duramente reprimida polas forzas estatais, o que en definitiva nos amosa como foron as organizacións que quedaron á marxe do pacto as que máis abertamente reclamaron xustiza para as vítimas do franquismo e reivindicaron a necesidade de facer memoria. O que á súa vez tivo a consecuencia de ser máis duramente reprimidas. No caso da Convención e como xa sinalaba Murillo (2020) isto valeulle numerosas detencións e incluso a súa ilegalización.

Resulta idóneo preguntarse polo efecto exemplarizante, a medio e longo prazo, que estas medidas puideron ter para evitar accións memoriais no futuro. A súa promoción estivo reservada a organizacións marxistas da periferia do sistema, que poñían en práctica algúns dos postulados máis recoñecibles do memorialismo europeo da posguerra mundial, o antifascismo, a reivindicación de memoria, de xustiza e de reparación.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CAPÍTULO 4. O MOMENTO DAS INSTITUCIÓNS: ACCIÓNS DA MEMORIA NO PRIMEIRO MANDATO DEMOCRÁTICO DOS CONCELLOS (1979-1983)

En 1979 tralas primeiras eleccións municipais democráticas en máis de catro décadas, deu comezo un novo ciclo da memoria onde os axentes principais foron as propias institucións. Os concellos como axentes memorialistas desenvolveron un repertorio de acción baseado na modificación da simboloxía franquista. Pero deste tipo de acción existiron precedentes durante o primeiro ciclo de acción colectiva (76-78), habitualmente realizados dun xeito ilegal ou alegal.

En Pontevedra, durante as homenaxes a Alexandre Bóveda, xa se mencionou como se modificaba o nome da praza del Generalísimo. Ademais, segundo as fontes orais consultadas esta placa era xa dende, polo menos o ano 76, vítima de diversas agresións, dende lanzamento de pintura a golpes con obxectos contundentes. Neste senso destaca o caso do monumento en homenaxe a Franco que se inaugurou o 14 de maio de 1977 en Cedeira polo concello desta localidade. Un acto xa en pleno proceso transicional, no que estiveron presentes un grupo de xente moza que amosaba a súa oposición e contra o que cargaban as forzas da orde para intentar dispersalo[999]. Pero a oposición a este monumento a Franco, levantado xa despois da súa morte, seguiu facéndose visible. Poucas semanas despois recuperamos a noticia da aparición do monumento "vestido de vermello". "Alguien ató durante la noche y con dos lazos una tela roja alrededor del monumento". En prensa, como xa acontecera coa descrición das persoas que protestaban pola inauguración, dábase conta do suceso quitándolle importancia, considerándoo unha "gamberrada o broma" e non como unha acto de connotacións políticas, "pese al monumento y al color de la tela"[1000].

Os ataques contra este monumento franquista continuaron nos seguintes anos, volvendo saír en prensa, con agresións en 1980 cando se pintou de negro e en 1981 cando a pintura foi de cor verde[1001]. As accións deste tipo sobre simboloxía franquista foron unha cuestión reiterativa durante o período en estudo, frecuentemente vinculado a militantes de partidos da esquerda. Neste senso foron detidos en setembro do 77 once membros do PCE (r) "acusándoos de participar activamente na preparación e realización de atentados contra monumentos ó alzamento militar do 18 de xullo de 1936"[1002].

Neste ano 1981, durante a primeira lexislatura do concello democrático, a Asociación de Vecinos de Cedeira reuníase con Leopolodo Rubido, o alcalde que anos atrás puxera o monólito, e que gañara as eleccións municipais no 79 baixo a Coalición Democrática[1003]. Os representantes da asociación solicitaron "el cambio de nombres de varias de las calles como

[999] Barge, L:"Cedeira: Inaugurados un monolito en memoria de Franco y los jardines que llevan su nombre", *La Voz de Galicia,* 15/05/1977, p. 46.
[1000] Barge, L: "El monolito a Franco, vestido de rojo", *La Voz de Galicia,* 17/08/1977, p.32.
[1001] "Contratados un grupo de parados para trabajos de limpieza y adecentamiento de la villa", *La Voz de Galicia,* 12/06/1980, p.35, e en Pérez: "Pintaron de verde el monolito dedicado a Franco en Cedeira*", La Voz de Galicia*, 27/01/1981, p.42.
[1002] Galicia, a amnistía que non chegou", *Teima,* nº2, decembro 1977, p.11-12.
[1003] Este alcalde mantívose no poder ata 1999.

son José Antonio o Avenida del Generalísimo"[1004]. Tanto o cambio no nome destas rúas como o desmantelamento do monólito de Franco tiveron que esperar. Non foi ata os anos 2000, co cambio de goberno, desta volta liderado polo BNG, cando se cambiou o rueiro, e ata o 2007 cun alcalde do PSOE en que se eliminase o monumento en honra de Franco[1005].

Pero en contraste con esta situación, que aconteceu en moitas vilas de Galicia, onde o poder consistorial non cambiou de mans nese abril de 1979 e, polo tanto, onde a meirande parte dos símbolos franquistas continuaron durante décadas, existiron tamén numerosos concellos nos que, dende este primeiro ano, coa entrada no goberno de novos actores, lexislouse a prol da eliminación nos espazos públicos da exaltación do golpe de estado e do réxime franquista. Foron medidas tomadas en amplo diálogo co tecido social que, en diversas ocasións, era demandante ou promotor destas iniciativas. Neste senso, cómpre atender á proposta de rueiro que en 1978 elaborou o Partido Socialista Galego (PSG). Podemos considerala a primeira proposta en Galicia que denunciaba a simboloxía franquista e propoñía os cambios por un "nomenclátor democrático urbano galego racional e democrático" para a cidade da Coruña[1006].

Imaxe 36. *As Rúas de Cruña*, PSG



Fonte: J.M.Monterroso

Jose María Monterroso, militante do PSG, membro da Asociación cultural O Facho[1007], e un dos principais autores do libro dentro do equipo de Estudos Urbáns do partido, explica como este fora ilustrado polo debuxante Siro, e "nun xesto puramente testemuñal, entregouse a publicación ao tenente de alcalde Pedro García Baquero[1008]. O libro foi presentado publicamente na Aula de Cultura Lume, polo propio Monterroso e Siro López[1009]. Nesta, entre

[1004] Perez: "Cedeira: La Asociación de Vecinos propuso al alcade el cambio de nombre de varias calles", *La Voz de Galicia,* 18/02/1981, p.34.
[1005] "El Concello cedeirés cambiará la denominación de cinco calles de la villa y nombrará una plaza*", La Voz de Galicia,* 23/02/2000, p.48; "Los símbolos franquistas serán retirados de Cedeira", *ABC,* 01/08/2007. https://www.abc.es/espana/galicia/abci-simbolos-franquistas-seran-retirados-cedeira-200708010300-164219652709_noticia.html . Máis información sobre a oposición ás rúas franquistas: "Cedeira conserva todavía un callejero franquista", *La Voz de Galicia,* 17/03/1996, p.46; "Seis ediles de Cedeira piden el cambio del callejero", *La Voz de Galicia*, 28/07/1996, p.56.
[1006] Consultamos o libriño "As rúas de A Cruña". PSG grazas á doazón de J.M. Monterroso.
[1007] Secretario da asociación en 1978, Vicepresidente no 82. Memoria de actividades da Asociación Cultural O Facho. Cedido por J.M.Monterroso.
[1008] Testemuña de J.M.Monterroso, en documentación cedida en outubro de 2016.
[1009] Arquivo Reino de Galicia, Fondo Goberno Civil, *sin* G-2613. En "El Partido Socialista Galego presentó su libro sobre "As Rúas da Cruña", *La Voz de Galicia*, 06/06/1978, p. 26.

outras demandas relacionadas coa normalización lingüística, comentouse como "hai rúas vítimas directas do franquismo como é o caso da Plaza del General Franco onde era a Plaza de la Constitución, ou a de General Mola onde a tradición popular conserva o nome de Calexón do Perete"[1010]

Trala análise do libro, debemos salientar primeiramente a diagnose que se realizaba do estado da toponimia en Galicia, marcada polo sectarismo. Este sectarismo, a nivel oficial, traduciuse nunha dobre vertente: "unha actitude antidemocrática, outra antigalega, que son, no fondo, dous sentidos dunha mesma circunstancia"[1011]. A continuación, no "que facer" destacaba a referencia ao que consideraban un "símbolo", unha acción de memoria que precisamente vimos de referenciar e que tivo lugar na homenaxe de Alexandre Bóveda en Pontevedra. Cando

> militantes da Agrupación local de Pontevedra chantábanlle á placa que poñía "Plaza del Gral. Franco" un plástico que decía "Plaza de Alexandre Bóveda" de certo que estaban a recoller unha vella aspiración popular: a de desbotar unha das mostras máis superficiaes, pro, e por eso mesmo, máis aparentes ou rechamantes do franquismo: o nomenclátor de guerra do réxime. (…) Temos de ter ben claro hoxe, -no camino da recuperación galega e democrática do noso País, da nosa cidade, e entre outras teimas moito máis importantes pro menos doadas de acadar, de momento-, o noso deber de voltar a esa tradición e mesmo de tentar creala, cando non existe[1012].

Ademais incluíanse as reivindicacións de recuperación de dous pazos: o pazo de Cornide o de Meirás. O libro concluía: "non puido escapar a nosa cidade á soberbia que o bando rebelde no 36 grabou nas pedras de todos os currunchos, sen se parar no carácter histórico ou artístico das mesmas…"[1013] Nos seguintes anos este libro foi reivindicado como guía para a modificación do rueiro coruñés, nun proceso no que un dos militantes do partido autor do libro, chegaba á alcaldía en abril de 1979.

Segundo os estudosos da acción colectiva e os movementos sociais, no ocaso dun ciclo de acción colectiva poden producirse diversas situacións, unha delas é a institucionalización da acción colectiva. Isto é, o proceso de recollida das demandas que estaban na sociedade civil polas institucións públicas, que actuarían en consecuencia. Este proceso podería chegar a cumprir os obxectivos da acción colectiva ou podería considerarse incompleto, innecesario ou vivilo como unha frustración, o que desencadearía en novas accións colectivas.

[1010] En "El Partido Socialista Galego presentó su libro sobre "As Rúas da Cruña", *La Voz de Galicia,* 06/06/1978, p. 26
[1011] *As rúas da Cruña,* PSG, 1978, p.14.
[1012] *Ibidem.*
[1013] *Ibidem.*

> "Eles eran inocentes"
> (...).
> O alcalde e a corporación municipal de Corcubión, no 43 cabodáno da súa morte inocente, non os esquencemos[1014].

Estas dúas frases corresponden ao encabezado e a parte final da nota necrolóxica que se publicou en prensa o 9 de decembro de 1979. Entre ambas engadíase un listado de nomes de veciños de Corcubión e Cee asasinados tralo golpe. O mesmo listado de nomes que tres anos antes, en 1976, incluírase noutra necroloxía baixo o título *Ellos amaban al pueblo*[1015]. Con aquela nota introducimos o Capítulo 3 do presente traballo como exemplo das accións da memoria pioneiras que se producían trala morte de Franco, impulsadas pola sociedade civil, neste caso, familiares e veciños dos asasinados. Segundo as nosas fontes orais tratábase de Ovidio Mejuto e Rafael Mouzo.

A necroloxía publicada en 1979, homenaxeando á mesma listaxe de asasinados, posúe unhas diferenzas clave para considerala paradigmática desta nova etapa de estudo (1979-1983) e que bautizamos como "o momento das institucións". Así pois, a nota exemplifica como as institucións foron tomando o testemuño da sociedade civil, levando a iniciativa nas accións memoriais que se desenvolveron a partir da primavera de 1979. E neste fenómeno é fundamental comprender este proceso de "institucionalización" que se viviu na sociedade galega ao entrar nas institucións moitos dos axentes que foran activos mobilizadores nos anos anteriores. Así, veremos como durante estes anos chegan ao poder municipal os que foran protagonistas da acción da sociedade civil. E como os propios colectivos e asociacións foron obxecto dun proceso de institucionalización ao principiar relacións con estas institucións "renovadas" e converterse, en certo modo, en vehículo de transmisión das demandas sociais que finalmente executarían estas institucións.

[1014] Nota necrolóxica, *La Voz de Galicia,* 9/12/1979, p.85.
[1015] Ademais dos once nomes xa presentes na nota de 1976 incluíase un último nome: Victoriano Blanco, veciño de Cee,. Consultado o arquivo de nomes e voces, aparece documentado como paseado en Santa Comba, tras estar agochado. En: http://vitimas.nomesevoces.net/gl/buscar/?buscar=victoriano+blanco

Táboa 11. Comparativa das notas necrolóxicas Corcubión, 1976- 1979

1976

†

ELLOS AMABAN AL PUEBLO

Mercedes Romero Abella (Maestra Nacional) José Miñones Bernárdez (Diputado Provincial)
Teófilo Mejuto Leis, Vicente Mejuto Leis, Norberto Recamán Casal
José Lago Fernández, Perfecto Trasmonte Costa, Jesús Chouzas Figueiras
Florentino Canosa Barreiro, Manuel García Castiñeiras, Domingo López Domínguez

SUS FAMILIARES Y AMIGOS,

AL cumplirse el cuarenta aniversario de su fusilamiento, como mártires de sus ideales, ruegan la asistencia al primer funeral que se celebrará en la iglesia parroquial de San Marcos de Corcubión el diez de diciembre, a las SEIS de la tarde, para rendir homenaje a estos hijos de Corcubión y Cee que fueron olvidados en estos cuarenta años.

CORCUBION, 8 de diciembre de 1976

1979

†

«Eles eran inocentes»

MERCEDES ROMERO ABELLA (Maestra Nacional)
JOSE MIÑONES BERNARDEZ (Diputado en las Cortes de la República)
TEOFILO MEJUTO LEIS, VICENTE MEJUTO LEIS, NORBERTO RECAMAN CASAL, JOSE LAGO FERNANDEZ, PERFECTO TRASMONTE COSTA, JESUS CHOUZAS FIGUEIRAS, FLORENTINO CANOSA BARREIRO, MANUEL GARCIA CASTIÑEIRAS, DOMINGO LOPEZ DOMINGUEZ y VICTORIANO BLANCO

O ALCALDE E A CORPORACION MUNICIPAL DE CORCUBION,

No 43 cabodáno da súa morte inocente, non os esquencemos.

CORCUBION, 9 DE NADAL DE 1979

Fonte: *La Voz de Galicia*, 08/12/1976, p.35; 09/12/1976, p.85

Dentro deste proceso complexo e heteroxéneo atópase esta pequena nota necrolóxica de Corcubión. Moi semellante a do ano 76, ao estar dirixida á memoria das mesmas persoas, encabezada por dúas vítimas referenciais Mecedes Romero Abella e Jose Miñones, pero na que se divisan notables diferenzas que, á súa vez, amosan as transformacións políticas e sociais deste período (Táboa 10). A primeira delas a lingua, as fontes orais indican que a intención en 1976 fora realizala en lingua galega, pero non lles fora permitido. A segunda e a máis notable das diferenzas é o suxeito da nota, é dicir, quen a asina. Tanto no 76 como no 77 eran firmadas por "sus familiares y amigos". En cambio desta volta estaba asinada polo "alcalde e a Corporación municipal de Corcubión".

O alcalde de Corcubión era naquel momento Rafael Mouzo, o mesmo que, segundo as fontes orais consultadas, fora un dos artífices da primeira nota necrolóxica. Proba por tanto, deste proceso de institucionalización onde as accións que antes eran realizadas integramente pola sociedade civil, pasaron a ser capitaneadas polos concellos. Concellos que actuaban, a partir deste momento, grazas ao proceso de renovación que sufriran na primavera de 1979 cando tiveran lugar eleccións democráticas. Deste modo, unha parte considerable dos activistas políticos e sociais accederon ao poder municipal, entre eles Rafael Mouzo, rexedor desta pequena vila costeira polo Partido do Traballo de Galicia (PTG).

Ademais desta nota necrolóxica, que en 1979 definía ao concello da localidade como axente que recordaba ("non os esquencemos"), en Corcubión producíronse a partir deste ano 79, e por tanto a partir da chegada ás institucións locais de persoas alleas á armazón composta pola elite local franquista, unha serie de accións memoriais que o configuraron como un dos concellos que demos en chamar "pioneiros da memoria". Estes actuaron principalmente sobre

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

a simboloxía franquista facendo perceptible un conflito en torno á memoria, ao recordo, e ao discurso da reconciliación e do esquecemento[1016].

Debemos recordar que viñamos dunha primeira etapa, identificada como "o ciclo das homenaxes", cando, trala morte de Franco, apareceran no espazo público diversas mostras de recordo público e de reivindicación dos asasinados. Tras un momento de auxe no ano 77, este proceso fora diminuíndo en intensidade ata practicamente desaparecer neste ano 1979 no que os actos e as flores nos cemiterios foron relevados polos actos e as palabras nos salóns de plenos e os cambios de placas nos rueiros. Así, identificamos unha transformación na meirande parte das accións de memoria que se desenvolveron a partir deste momento, tanto no repertorio como no actor protagonista.

As institucións colleron o testemuño como axente memorialista a partir de 1979 cuestión clave para definir neste traballo unha nova etapa de estudo que se delimita no primeiro mandato democrático dos concellos galegos tras corenta anos de ditadura, isto é entre a primavera de 1979 e a primavera de 1983. Tras unha breve análise contextual, atenderase ás "accións institucionais", apartado central deste capítulo. No seguinte punto analizaranse as accións promovidas pola sociedade civil, detectándose, tras ese momento de diminución das accións memoriais entre o 78 e o 79, certo "rexurdir" a partir de 1981, tanto na realización de homenaxes públicas como na realización de accións divulgativas. Así mesmo, producíronse nesta etapa as únicas exhumacións cun carácter público realizadas durante os dez anos de análise desta tese.

4.1. A INSTITUCIONALIZACIÓN DO NOVO SISTEMA POLÍTICO (1979-1983)

O anterior período, correspondente co capítulo 3 deste traballo (1976-1979) poderíase considerar o da "construción do sistema político", coa convocatoria dos referendos que avalarían o pacto transicional. Destacaban como fitos a aprobación da reforma política que finalmente desembocaría nas primeiras eleccións xerais de 1977, a aprobación da nova carta magna no 78 e finalmente os Pactos da Moncloa que constituíron un piar fundamental do novo sistema. Durante esa etapa os actores precursores das accións da memoria pertencían á sociedade civil, identificando tanto organizacións políticas, asociacións culturais e de veciños ou familiares de vítimas.

Neste segundo período, proliferou outro axente memorial, as institucións, consecuencia da progresiva institucionalización do novo sistema. E é que poderíamos denominar a este como o da "normalización do sistema político", coa celebración das primeiras eleccións locais, xunto co desenvolvemento do segundo mandato de Adolfo Suárez que o consolidaron como líder da Transición. En Galicia, ademais, este foi o período da construción da autonomía.


Para o noso obxecto de estudo as eleccións locais configúranse como un elemento central, ao ser as institucións locais os actores predominantes. De modo que a etapa en estudo se delimita en base a este primeiro mandato democrático, entre maio de 1979 e maio de 1983. Os meses finais deste período marcan tamén a nivel central un cambio substancial, coa fin da etapa da UCD e o inicio dos gobernos do PSOE.

[1016] Aínda que non poidamos facer unha afirmación taxativa, na exploración hemerográfica realizada para esta investigación percibimos unha baixada drástica das notas necrolóxicas realizadas nestes anos con respecto ao "boom" que analizabamos a partir de 1976. Así durante este período, ademais da xa citada da corporación de Corcubión, temos localizado unha nota necrolóxica dedicada a Jose Lopez Bouza "en el cuarenta y siete aniversario de su trágica muerte", asinada pola súa familia. (Nota, *La Voz de Galicia*, 30/08/1983, p.32)

4.1.1.As eleccións locais de 1979

Tralas eleccións municipais de abril de 1979, das oito principais vilas galegas, o centro-esquerda[1017] conseguiu a alcaldía en catro cidades, sinaladas en vermello no Gráfico 45[1018]. Este escenario urbano, cun 50 % de concellos gobernados por organizacións políticas da esquerda rompe a tendencia xeral de Galicia, onde entre a UCD e a coalición liderada por AP, Coalición Democrática (CD), sumaron o 75,7% dos gobernos municipais[1019].

Gráfico 45. As oito principais vilas galegas



Fonte: elaboración propia mediante a información extraída da base de datos do Ministerio do Interior.

Non se cumprían os peores presaxios que nos anteriores anos apuntaban á posibilidade de que a UCD quedase por detrás do PSOE. Entre estes prognósticos estaban os resultados das enquisas do CIS que, en definitiva, abrían a posibilidade a que o goberno central perdese o control que exercía sobre a administración municipal. Na mente de todos estaría o acontecido en 1931 cando a vitoria dos candidatos republicanos nas eleccións municipais resultara na proclamación da II República. A oportunidade de que os resultados nestas eleccións viñesen a deslexitimar o proxecto reformista, sumado ao beneficio que para a UCD supoñía manter nos concellos homes de confianza, permitindo así traballar na confección do partido a nivel local, estaría entre as causas profundas do retraso sufrido na convocatoria destas eleccións (Marina, 2016, p. 249; Antelo, 2022, p. 137).

E é que xa en outubro de 1976 no programa de goberno de Adolfo Suárez, estipulábase que estas terían lugar antes do 30 de xuño de 1977, para posteriormente, no contexto dos Pactos da Moncloa establecerse un pacto "non escrito" entre os partidos para adiala ata despois de terse

[1017] Empregaremos o termos "centro-esquerda" para atender en xeral aos partidos da á centro e esquerda que irían dende o PSOE ao BNGP. E empregaremos o termo "centro-dereita" para referirnos a UCD e CD así como as candidaturas veciñas de corte conservador.
[1018] Consideramos as oito principais vilas galegas as seguintes: A Coruña, Santiago de Compostela, Ferrol, Pontevedra, Vigo, Vilagarcía, Lugo e Ourense.
[1019] Datos extraídos de Márquez (1993, p. 73)

aprobada a futura Constitución. As argumentacións públicas para retrasalas sucedíanse, entre a non coincidencia con outros procesos electorais, a necesidade de tempo para desenvolver un marco normativo específico para estes comicios, ou a conveniencia de que antes se aprobase a carta magna (Marina, 2016, p.242). Durante estes anos as protestas sociais, canalizadas principalmente a través das asociacións de veciños, sucedéronse. Xa dende os primeiros meses de 1977, estas exerceron continuas presións aos alcaldes, en Euskadi e Catalunya con especial forza, o que nalgúns casos acabou desembocando nas dimisións dos rexedores (Marina, 2016, p.251).

Táboa 12. Resultados das eleccións municipais 1979, Galicia

Partido	% voto	Nºconcelleiros
UCD	36,44%	1797
Agrupaciones Electorales Independientes	14.82%	706
PSOE	14,42%	437
CD	13,78%	603
BNPG	7,32%	258
UG	6,4%	139
PCG	4,53%	70
PTG	0,74%	14
PSOE (Histórico)	0,57%	29
MCG	0,36%	5
Candidatura Democrática	0,2%	8
Candidatura Progresista Independiente	0,12%	4

Fonte: elaboración propia mediante a información extraída da base de datos do Ministerio do Interior.

Finalmente, as eleccións tiveron lugar poucas semanas despois do triunfo da UCD nas xerais de marzo de 1979. Na Táboa 12 podemos ver como a UCD obtivo un 36,3% do votos en Galicia, moi por riba do 14,4 % do PSOE[1020]. Dos resultados desta táboa hai que ter en conta dúas consideracións relevantes. Por unha banda o diferente grado de concorrencia electoral dos partidos, isto é o grado de presentación no total de concellos de Galicia. Así, mentres a UCD presentaba candidatos no 93,5% dos municipios e a CD no 66,6% o PSOE facíao na metade deles, exactamente nun 55,1%. Soamente nun 13,7% dos municipios presentábase a coalición Unidade Galega, conformada polo PSG xunto Cun novo Partido Galeguista (PG), que se declaraba herdeiro do partido galeguista histórico, e a organización de corte marxista, Partido Obreiro Galego (POG) procedente dunha escisión do BNPG. Estes obtiñan un 6,4% dos votos (139 concelleiros). Esta nova coalición nacera meses antes coa estratexia de acadar un grupo parlamentario propio nas eleccións xerais de marzo que lle permitise negociar o estatuto de autonomía. O BNPG tamén concorreu obtendo 258 concelleiros. Pola súa banda o PCG presentaba candidatos no 11,8% dos municipios galegos conseguindo 70 concelleiros. Tamén se debe ter en conta a existencia das candidaturas veciñais independentes, chamadas Agrupacións de Electores Independientes (AEI), que obtiñan un peso significativo, cun 15% dos votos.

[1020] A análise dos resultados electorais presente nesta tese doutoral realizouse mediante a información extraída da base de datos do Ministerio do Interior, accesible a través da web: https://infoelectoral.interior.gob.es/es/elecciones-celebradas/resultados-electorales/ e a base de datos do Ministerio de Política Territorial, accesible a través da web: https://mpt.gob.es/politica-territorial/local/sistema_de_informacion_local_-SIL-/alcaldes_y_concejales.html (exceptuando os datos extraídos do estudo de Márquez (1993), debidamente citado.


Táboa 13. Alcaldías obtidas polas candidaturas nas eleccións locais de 1979 en Galicia (n=312)

Candidaturas	Total alcaldías	
	Nº	%
UCD	174	55,8
AEI	62	19,9
CD	34	10,9
PSOE	20	6,4
UG	9	2,9
BNPG	9	2,9
PCG	3	1
PTG	1	0,3

Fonte: elaboración propia en base a Cadro 13 (Márquez, 1993, p.73)

Pero para a observación e análise dos resultados destas eleccións convén achegar máis o lente e deternos nas alcaldías acadadas polos distintos partidos políticos. Así, como se pode ver na Táboa 13, a UCD acadaba o 55,8% das alcaldías. Se a isto sumamos as obtidas polo CD teríamos un 66,7% dos municipios galegos gobernados polos partidos do centro-dereita. Ademais deberíamos ter en conta a porcentaxe de alcaldes de AEI que, nunha gran porcentaxe, estaban conformadas polas elites locais franquistas, isto é, aqueles que viñan de ter participado como candidatos, concelleiros ou alcaldes no réxime anterior. O mesmo acontecía cos integrantes das listas de UCD e CD, con listas engrosadas por esta elite (Márquez, 1993, p.78).

Gráfico 46. Porcentaxe de alcaldías nas eleccións de 1979



Fonte: elaboración propia en base a Cuadro 13 (Márquez, 1993, p.73) e a base de datos do Ministerio de Política Territorial.

Se nos fixamos no PSOE este acadou a alcaldía en vinte municipios, os nacionalistas galegos sumaron un total de dezaoito entre UG e BNPG mentres o PCG só conseguiu ter alcalde en tres concellos galegos e o PTG nun só concello, Corcubión. Son, como vemos unha porcentaxe moi reducida do total de municipios galegos, constituíndo entre os seis partidos o

13,5% do total. Para acadar estas alcaldías o máis habitual foi o establecemento de pactos entre os partidos do centro-esquerda (Márquez, 1993, p.75)[1021]. Polo tanto se comparamos o total de concellos galegos coas oito vilas principais existe unha notable diferenza na proporción de alcaldías gobernadas polo centro-esquerda ou polo centro-dereita (Gráfico 46). Todo o cal evidencia unha situación desigual entre o ámbito urbano e rural en Galicia que forma parte da estrutura social e política deste territorio.


Táboa 14. Municipios onde obteñen representantes as diferentes candidaturas. Eleccións 1979

Candidaturas	Municipios onde obteñen mandatos	% sobre total de municipios
UCD	295	94,5
CD	182	58,3
PSOE	156	50
BNPG	122	39,1
AEI	135	43,3
UG	43	13,8
PTG	7	2,2
PCG	25	8
PSOE-Histórico	11	3,5
MCG	3	1

Fonte: elaboración propia en base aos datos extraídos de Cadro 11 (Márquez, 1993, p. 70).

Pero máis alá de acadar a alcaldía dun concello, tamén é relevante ter en conta a obtención de representación política nestes, é dicir, a obtención dalgún concelleiro. Neste sentido, a modo de exemplo, e como se pode ver na Táboa 14 o PSOE acadou representación no 50% do total de municipios galegos, e o BNPG no 39,1%. Isto situaríanos ante un gran número de municipios en Galicia nos que, por vez primeira en corenta anos, sentaban no salón de plenos e como representantes públicos de pleno dereito persoas alleas ao armazón da elite local franquista.

Gráfico 47. Alcaldes en Galicia tralas eleccións de 1979



Fonte: elaboración propia en base a Cadro 22 (Marquez, 1993, p.100).

[1021] No caso dos partidos de centro-esquerda maioritariamente dependeron de pactos para gobernar mentres que os partidos do centro-dereita principalmente dependeron das súa propias maiorías En datos, os primeiros dependeron nun 72,1% das súas maiorías mentres que no caso dos partidos de centro-esquerda falaríamos soamente dun 26,1% nesta situación. Polo tanto moi maioritariamente acadaran o poder a través de pactos entre os diferentes partidos (Márquez, 1992: 175-178).

Porén a continuidade das elites políticas franquistas no período democrático adquiriu en Galicia unha significación moi acusada, poñendo de manifesto o mantemento de estruturas sociais de poder e as súas prácticas caciquís e clientelares (Márquez, 1993, p. 75)[1022]. Este proceso tivo lugar principalmente a través de dous partidos, UCD e CD, e das AEI[1023]. Para exemplificar este fenómeno fixarémonos nas alcaldías. No Gráfico 47 visualízase como do total de alcaldes elixidos en 1979, o 48,7% foran mandatos ou candidatos nas eleccións censitarias de 1973. É dicir case a metade dos alcaldes foran candidatos ou tiveran postos nos concellos do 73. Se nos fixamos na UCD, CD e os AEI, os alcaldes pertencentes a este elite local censataria roldaba o 55% nos tres casos[1024] (Márquez, 1993, p.100). Estes datos fálanos dunha determinada estratexia tanto da UCD e a CD para a súa construción no nivel local: o emprego da estrutura institucional franquista como base (Antelo, 2022, p. 138). Así mesmo, as AEI configurábanse como un instrumento empregado por moitos dos caciques e notables locais, coñecedores do seu capital político, que así podían despregar o seu discurso personalista e de baixa carga ideolóxica á vez que se valían da rede de favores contraída durante a ditadura (Antelo, 2022, p. 141). Ademais deste elemento de análise, que se refire ás persoas que se presentaron ou tiveron mandatos nos concellos franquistas do 73 e que repetiron nos concellos elixidos democraticamente, deberían sumarse outras variables de interese, como a pertenza a elite franquista noutros postos de relevancia social e política. Así, foi habitual que persoas concelleiras e alcaldes no 79 procederan do sindicalismo vertical do mundo rural. Neste senso as Hermandades Sindicales de Labradores y Ganaderos (HSLG), configuráronse como unha das pedras angulares dos partidos do "reformismo franquista" (Antello, 2022, p. 149). Un "reformismo franquista" que en última instancia non buscaba tanto unha reforma como a continuidade do franquismo, polo que poderíamos falar máis que de partidos ou organizacións do "transformismo franquista" que, mediante un lavado de cara, puideran seguir a articular o poder dun xeito moi semellante.

Emporiso fronte a este proceso de permeabilidade daqueles que ostentaban poder no local durante a ditadura cara os concellos democráticos, tamén se produciu outro fenómeno significativo: o da chegada aos municipios de persoas procedentes da mobilización social, sindical e política da oposición antifranquista. Por exemplo arredor dos novos sindicatos agrarios que ademais da loita e mobilización nas Cámaras Agrarias tamén estiveron presentes na formación de candidaturas políticas de cara a estes eleccións (Antelo, 2022, p. 155). Tamén das persoas participantes no asociacionismo social e político. Todo o cal se reflexa nos casos de estudo, por exemplo en Ferrol, onde o concelleiro de UG e neto do alcalde fusilado no 36, Xaime Quintanilla Rico, era á súa vez presidente do Ateneo Ferrolán.

Poderiamos pois, en certo senso, falar dunha pugna entre a sociedade civil e a elite política franquista, como identificaba Antelo (2022, p.159) para o caso do mundo rural. E aínda que podería ser máis acusado neste, consideramos que resulta extrapolable ao contexto xeral, onde as autoridades do réxime seguían controlando boa parte dos resortes do Estado, empregados para perpetrarse nel, fomentar a apatía e a desmobilización política. Un proceso paralelo ao dunha cidadanía que nos últimos anos fora sumando un maior grao de organización política, mobilizándose en base a demandas concretas das súas comunidades o que, en definitiva, ía fomentando unha cultura política democrática entre os cidadáns. Cuestión que durante esta


[1022] Márquez (1993) denomina a esta elite local: "elites neocensitarias" , isto é aqueles que foran alcaldes, concelleiros ou candidatos elixidos ou propostos nas últimas eleccións franquistas en 1973 ou na súa renovación parcial no 76.

[1023] Datos: o 12,1% dos mandatos elixidos en 1979 proviñan da elite neocensitaria en Galicia. A integración dos candidatos nesa elite franquista: na UCD integráronse o 49,3%, a CD o 27,3% e nas agrupacións de electores independientes o 14,3% (Márquez, 1993, p.82).

[1024] UCD: 55,1% de alcaldes pertencentes a este elite, CD: 55,9% e AEI: 53,2% (Márquez, 1993, p.101).

investigación detectouse nunha parte considerable dos concellos estudados, e como un fenómeno destacable no Grove, Soutomaior e Corcubión, tres concellos onde gañou o centro-esquerda e tres concellos onde os partidos das elites franquistas boicotearon constantemente a acción de goberno[1025].

Gráfico 48. Valoración de Franco segundo os votantes dos diferentes partidos,1979



Fonte: elaboración propia mediante a información extraída do Informe Foessa, cadro, p.605.

Atendendo á configuración social dos partidos e as súas herdanzas, resulta evidente que as accións memoriais non procederon dos partidos que sostiñan a rede política do franquismo. Cuestión que se corrobora atendendo, con prudencia, aos datos do Informe Foessa recollidos no Gráfico 48 e no que se pode ver coma a tendencia sería inversa se nos fixamos na valoración de Franco entre os votantes dos diferentes partidos políticos. Así, mentres para o 90,3% dos votantes do BNPG a valoración resulta moi negativa, para o 43,5% dos votantes do CD resulta moi positiva sen chegar ao 6% os votantes que o considerarían negativo nalgún grado[1026]. É salientable tamén o "efecto escaleira", de xeito que dese 90% de valoracións moi negativas do BNPG, pasaríase a un 81,2% no PCE e a un 56,65% no PSOE. Ademais, entre os votantes deste último partido un 19,1% situábanse de xeito "neutral" nesa valoración sobre Franco.

Consideramos importante ter presente estas cuestións de partida á hora de achegarnos á análise detallada do que aconteceu nos concellos galegos con respecto ao noso obxecto de estudo. De modo que nos poidamos cuestionar sobre os parámetros e premisas baixo as cales

[1025] Con demandas que anularon as eleccións en Corcubión, con boicot das sesións plenarias no Grove e Soutomaior.

[1026] Informe da Fundación Foessa (fundación dependente do Ministerio de Educación Nacional, creada en 1966 coa finalidade de "la promoción y el fomento de estudos e investigaciones sociológicas, cuyo objeto primordial es el conocimiento rigurosa de la situación social y política de España". Os datos empregados neste traballo corresponden ao Informe Sociológico sobre el campo político en España (1975-1981), e en concreto da parte "El legado de Franco y la democracia". Para realizar o informe empréganse datos da enquisa realizada por Richard Gunther, Giacomo Sani e Goldie Sahabad sobre política española e electorado, realizada entre abril e xuño de 1979. Un total de 5439 entrevistas sumadas ás preguntas da enquisa de Data (p. 587).

os alcaldes e concelleiros tomaron a iniciativa de desenvolver accións memoriais, así como os parámetros e premisas que seguían os concelleiros que se opuxeron a estas medidas. Adiantamos xa que foron os concellos gobernados polos partidos do centro-esquerda, tanto nacionalistas españois como galegos, aqueles que conformaron principalmente o axente memorial que actuou a partir de abril de 1979. Así mesmo, sinalabamos que a investidura de alcaldes do centro-esquerda, constituíu unha minoría no total de concellos galegos, pero unha alta porcentaxe no caso do contexto urbano. A chegada ao poder destes foi propiciado, en boa medida, pola firma dun acordo entre os diversos partidos.

A necesidade de establecer pactos estaba presente no debate público antes dos comicios e a nivel estatal, así a UCD na súa pugna pola hexemonía a nivel estatal acusaba ao PSOE da "intención de constituir en los nuevos ayuntamientos pactos frentepopulistas con el PCE y otras fuerzas de izquierda"[1027]. Pero foi nas semanas posteriores as eleccións e xusto antes da investidura dos alcaldes, programadas para o día 19 de abril, cando se negociou e finalmente levou a cabo un pacto que en Galicia se produciu entre PCG, UG, PSOE e BNPG. Nel acordábase unha votación mutua para un total de trinta e tres municipios. Ademais, en tres deles apoiaríase á AEI de carácter progresista (Márquez, 1993, p. 75).

As negociacións, materializadas en tres longas sesións de reunións en Santiago de Compostela, acabaron co acordo o 17 de abril no Hostal dos Reis Católicos. Razón esta pola que pasou a chamarse como "os pactos do Hostal"[1028]. Os catro partidos asinaron un texto ao que daba lectura en rolda de prensa o representante do BNPG Francisco Rodríguez baixo o criterio "de impedir que os axuntamentos galegos fosen copados polas forzas da dereita" e no que se establecían cales serían os candidatos que se votarían solidariamente entre eles nos diversos concellos galegos[1029].

Un dos elementos de maior fricción á hora de acadar o acordo foi a alcaldía da Coruña. O PSOE negábase a que a alcaldía fose para UG, o que finalmente se conseguiu *in extremis,* coa intervención de Alfonso Guerra nesa última reunión, corenta e oito horas antes da constitución dos concellos. Pensemos que precisamente o que acabou sendo alcalde da Coruña representaba ao PSG que nese momento tiña un conflito aberto co PSOE polo nome e, en definitiva, pola hexemonía do socialismo en Galicia[1030]. Por outra banda acadábase un acordo no que entraba o BNPG, o máis crítico no pacto con forzas estatais. Este pacto de investidura correu sortes diversas segundo o concello ao que atendamos, de xeito que, seguindo co caso coruñés, o PSOE e o PG (dentro de UG) romperon finalmente o pacto boicoteando sistematicamente a acción de goberno municipal de Merino. Noutra orde de cousas débese salientar a detección, a través do estudo da fonte hemerográfica, dunha liña editorial crítica con este pacto nos grandes medios

[1027] "Acusaciones mutuas entre UCD y PSOE", *La Voz de Galicia,* 01/04/1979, p.12

[1028] Non se deben confundir cos tamén chamados "pactos do Hostal" sobre o estatuto de autonomía que asinaron os partidos do centro-dereita e algúns do centro-esquerda para a elaboración dun proxecto de estatuto, que finalmente foi revocado.

[1029] Deste xeito votaríase ao candidato do BNPG en Arteixo, Fene, Bueu, Moaña, Pedrafita do Cebreiro e Muros. En Cangas e O Grove votaríase ao PCG, en A Coruña, Narón, As Pontes de García Rodríguez , Cambados, Reiriz de Veiga, Redondela e Santiago. Polo PSOE en A Peroxa, Cee, Láncara, Cabañas, Ares, Ferrol, Saviñao, Marín, Vigo, Vilagarcía de Arousa, Lousame, Pontevedra, Noia e Monforte de Lemos. E darían apoio a candidaturas populares en Porto do Son, Neda e Valdoviño.
Por outra banda na negociación fano por cada partido algún dos concelleiros das principais cidades.
BNPG: Bautista Álvarez, Francisco Rodríguez e Manuela Fraguela Seoane; PCG: Anxel Guerreiro, Julio ´Perez de la Fuente e Anxel Ezama; UG: Carlos Vázquez (POG), Claudio López Garrido (PSG) E Xosé Fernández (PG); PSOE: Indalecio Tizón, Manuel Espárrago Patiño, Xosé Luís Vázquez Fouz e Manuel Soto Ferreiro. Extraído da transcrición do texto do acordo en: "La izquierda pactó la elección de alcaldes en las principales ciudades", *La Voz de Galicia*, 18/04/1979, p.22

[1030] "La izquierda pactó la elección de alcaldes en las principales ciudades", *La Voz de Galicia,* 18/04/1979, p.22; Conde, P. "Se cumplió el pacto imposible", *El País,* 20/04/1979. https://elpais.com/diario/1979/04/20/espana/293407204_850215.html?event_log=oklogin

de comunicación, algo que vai continuar durante os anos de goberno das corporacións saíntes do mesmo.

4.1.2.A construción da autonomía, o estatuto de 1981

En 1979 a memoria do estatuto de 1936 fíxose visible en Galicia. Xa o fixera o ano anterior, en 1978, daquela capitaneado pola acabada de crear Xunta de Galicia, e no contexto do impulso do que se coñecería como "A Comisión dos 16", onde dezaseis representantes dos partidos UCD, AP, PSOE e PCE xunto aos do PG, PTG e POG, único partido soberanista na comisión, elaboraban o primeiro proxecto de estatuto. Este contaba coa postura crítica dos demais partidos de corte soberanista, UPG e PSG principalmente, quen defendían e asinaban en 1977 conxuntamente as *Bases constitucionais para a participación galega nun pacto federal* e tamén do MCG e a Liga Comunista Revolucionaria (LCR). Pero finalmente este "estatuto dos 16" non foi apoiado por Adolfo Suárez, o que se materializou na súa decisión, trala vitoria nas eleccións xerais de marzo do 79, de rebocar ao defensor do proxecto, o presidente preautonómico Antonio Rosón, e impulsar, a partir dese momento, unha nova redacción dun estatuto que confería un grado moito menor de autonomía. Este foi elaborado principalmente pola UCD, aínda que de xeito oficial na comisión participaron tamén AP e PSOE.

A tensión do momento fíxose visible no chamado "cumio dos alcaldes" do 9 de xuño, onde douscentos catorce alcaldes de todos os partidos políticos, incluídos da UCD, e das catro provincias galegas reuníronse en Santiago de Compostela[1031]. Na xuntanza aprobouse por maioría un manifesto no se instaba a acadar un estatuto en igualdade de condicións co de Euskadi e Catalunya e, por tanto, no que non se recortaran competencias co anterior proxecto dos 16 (Prada, 2003, p. 18)[1032]. Pero este recorte confirmouse no proxecto presentado nas Cortes de Madrid o 29 de xuño de 1979, isto é no corenta e tres aniversario do estatuto do 36 e mentres en Galicia as conmemoracións do estatuto republicano impregnábanse dun carácter reivindicativo do presente. Así, mentres uns defendían nesta data o novo proxecto, os críticos con este e defensores do estatuto dos 16 manifestaban o seu descontento. Este descontento tivo un dos seus espazos de manifestación nos concellos, a través, por exemplo, de peches ou intentos de peches nos edificios consistoriais[1033]. Neste contexto, en Ferrol, diversas organizacións políticas e sindicais entre as cales estaba o POG, PCG, CCOO e UGT, convocaban na praza de Armas unha concentración en conmemoración do estatuto do 36 e por "un Estatuto sin recortes", onde os asistentes:

> Decidieron subir al salón de sesiones, donde a esa hora celebraba sesión plenaria la Corporación Municipal ferrolana. En un descanso, entre sesión y sesión, pideron permiso al alcalde Jaime Quintanilla Ulla para dar lectura a un escrito firmado por los grupos convocantes, que aquel concedió.

O manifesto resulta salientable pola inclusión dun elemento memorialista que xa temos identificado no presente traballo e que le o tenente alcalde Fernando Miramontes, do PCG no mesmo salón de plenos do concello ferrolán:

[1031] "Los alcaldes gallegos pidieron un estatuto democrático y progresista", *La Voz de Galicia,* 10/06/1979, Cuberta.

[1032] En posturas diverxentes situaríase o BNPG que seguía defendendo a soberanía da nación galega e polo tanto, os seus alcaldes abstivéronse na votación.

[1033] "Ferrol: cien personas acudieron a la concentración en favor de "un Estatuto sin recortes", *La Voz de Galicia*, 29/06/1979, p. 30

> Se pedía a la Corporación que guardara un minuto de silencio "polos mártires caídos polo estatuto do 1936, entre os que se atopaba o ilustre ferrolano Xaime Quintanilla, pai do actual alcalde".[1034]

Por tanto identificábanse "aos mártires do estatuto" coas vítimas do golpismo franquista, reivindicándose, así, estas vítimas cunha "utilidade presente". As protestas continuaron durante este ano, co momento cénit trala aprobación na Comisión Constitucional do Congreso dun estatuto amplamente recortado. En novembro deste mesmo ano 79 o Congreso dos Deputados aprobou o proxecto de Estatuto, cos votos en contra de toda a oposición e con importantes diverxencias no seo da UCD galega. A isto seguiu unha extensa mobilización en toda Galicia, con importantes manifestacións e concentracións, peches e mitins[1035]. Así, o 4 de decembro de 1979 miles de persoas manifestáronse nas principais vilas e cidades galegas en oposición a este estatuto que degradaba a autonomía galega e semellaba servir de freo para as peticións de autonomía doutros territorios.Cumpríanse tres anos dende que a UCD liderara as manifestacións a favor dun estatuto e agora a poboación saía á rúa, tamén en manifestacións multitudinarias, en oposición ao proxecto elaborado pola mesma UCD. *La Voz de Galicia* que en días anteriores chamara á mobilización titulaba ao día seguinte "Ayer más de cien mil manifestantes en contra del estatuto de autonomía"[1036].

No eido do nacionalismo, o conflito polo estatuto de autonomía evidenciou as diferenzas entre os membros da coalición UG. A rotura desta coalición que se foi producindo con ritmos diferentes nos diversos concellos, amosouse claramente en canto á postura sobre o estatuto. Así, tanto PG como POG entraran na Comisión dos 16 e participaron tamén nos restantes pactos e accións, mentres o PSG conformou en xullo de 1980 a Mesa de Forzas Políticas Galegas xunto a UPG e a ANPG, como instrumento para a oposición frontal ao proceso autonómico (Beramendi, 2008, p. 1104). Ao tempo nacía en marzo de 1980 Realidade Galega unha organización conformada polos piñeiristas coa intención de puxar polo estatuto e que a longo prazo conseguiría que boa parte dos seus membros se situasen en posicións de poder na nova estrutura autonómica. A modo de exemplo pode nomearse ao primeiro presidente da Xunta por AP, Xerardo Fernández Albor.

Ao igual que aquel pacto asinado na primavera do 79 no Hostal dos Reis Católicos polo cal as organizacións políticas da esquerda comprometíanse a apoiar aos diversos candidatos destes partidos tralas primeiras eleccións municipais, coñecerase como "Pacto do Hostal" ao acordo asinado o 29 de setembro de 1980 para o impulso definitivo ao proxecto de estatuto. Este levaba paralizado case un ano nas cortes españolas. Firmaban UCD, AP, PSOE, PCG e PG e del saíu o estatuto de autonomía definitivo. Trala aprobación do texto en Madrid, tivo lugar o referendo, en Nadal de 1980.

O 21 de decembro de 1980, cun 72% de abstención, aprobouse en urnas un estatuto de autonomía do que, entre outras limitacións, eliminárase a disposición transitoria 3ª que evitaba calquera posibilidade de negociación de Galicia sobre competencias futuras. A promulgación definitiva do estatuto retrasouse ata o 6 de abril de 1981 por mor da tensa situación política que seguiu ao golpe de estado do 23F.

O 20 de outubro de 1981 tiveron lugar as primeiras eleccións autonómicas, o que para algúns sería unha data clave no proceso de consolidación democrática e, polo tanto, de fin da

[1034] "Ferrol: cien personas acudieron a la concentración en favor de "un Estatuto sin recortes", *La Voz de Galicia*, 29/06/1979, p. 30

[1035] O 22 de novembro: "Hoy, jornada en defensa de la dignidad nacional de Galicia", *La Voz de Galicia,* 22/11/1979, Cuberta.

[1036] "Ayer más de cien mil manifestantes en contra del estatuto de autonomía", La Voz de Galicia, 05/12/1979, Cuberta. Noticias das manifestacións entre páxina 38 e 42. Exemplo da mobilización do xornal.

Transición en Galicia. Os "galeguistas históricos" entraron no PSOE como independentes, Ramón Piñeiro entre eles. En AP aterraba Fernández Albor que pertencían ao colectivo Realidade Galega. Pola súa banda a UCD chegaba ás eleccións moi débil mentres que o PSOE e AP o facían fortalecidos. Este último focalizou a súa campaña no candidato e en Manuel Fraga así como na transmisión dunha imaxe de partido "galego". Para corroboralo basta con atender ao lema de campaña "Galegos como ti" (Prada, 2003, p.23). Feito que contrasta enormemente co desenvolvemento ideolóxico dos cadros do partido, e que analizaremos con detalle nas seguintes páxinas exemplificado nos concelleiros do partido en diversas localidades galegas.

O resultado ofreceu un resultado positivo para AP que obtivo 26 deputados, duplicando o resultado obtido nas eleccións xerais do 79 e gobernou en solitario co apoio dos parlamentarios de UCD (24 deputados). Na esquerda o PSdeG-PSOE encabezado por Francisco Vázquez obtiña 16 actas. No eido do nacionalismo os resultados foron escasos cun total de 4 deputados divididos entre os 3 do BNPG e un da nova coalición conformada por PSG e Esquerda Galega (EG). Esta última podería considerarse a refundación do POG ampliada con persoas procedentes doutras formacións como PCG, MCG, PTG, PSG ou BNPG (Beramendi, 2008, p. 1111). Tamén conseguiu un deputado o PCG[1037]. Neste dinámica lexitimadora do proceso, a sesión inaugural facíase coincidir co aniversario da aprobación en 1932 do proxecto de estatuto de autonomía pola Asemblea Rexional dos Concellos de Galicia[1038].

En canto ás conmemoracións do estatuto do 36, a partir de 1980 e sobre todo trala aprobación do novo estatuto, estas foron diminuíndo ata practicamente desaparecer. Así, mentres nos dous anos anteriores, producíranse celebracións da efeméride, non vai ser ata o seu cincuentenario, en 1986, cando se volva detectar a reivindicación pública do estatuto republicano. Del tal xeito podemos comprender como a memoria republicana do estatuto de autonomía, isto é esa memoria negada durante o franquismo, estivo ligada practicamente de xeito indivisible ás demandas e reivindicacións contemporáneas. E, en definitiva, ao pasar o contexto de mobilización, tamén remataron as conmemoracións no seu aniversario.

Nesta primeira lexislatura no parlamento galego (1981- 1985) desenvolveuse o réxime autonómico coa aprobación das principais normativas para o seu funcionamento. En canto ao noso obxecto de estudo, foi na segunda metade da lexislatura cando se desenvolveu a principal acción de memoria, o traslado dos restos de Castelao dende Arxentina, que se analizará en detalle no Capítulo 5.

4.1.3. O contexto estatal: a gran mudanza na hexemonía política (da UCD ao PSOE) e o 23F

Durante este período produciuse o auxe e caída de Adolfo Suárez e por tanto da UCD así como o inicio da etapa gobernamental do PSOE. O 1 de marzo de 1979 celebráronse as primeiras eleccións xerais constitucionais que confirmaban o camiño emprendido por Adolfo Suárez cuns resultados moi semellantes aos das eleccións xerais de 1977. A UCD consolidábase como o partido máis votado con 168 escanos (34,84%), pero sen acadar a maioría absoluta. Seguíalle o PSOE (121 escanos,30,4%) e o PCE (23 deputados e o 10,77%). AP, que nestas eleccións presentábase liderando a Coalición Democrática (CD) só conseguía 10 deputados (5, 89%), 6 menos que nas anteriores eleccións ás que acudira en solitario. No ámbito do

[1037] Torre, R. (2011): "Trinta anos do Parlamento de Galicia", Parlamento de Galicia, p.16.
[1038] *Ibidem.*

nacionalismo galego, como xa acontecera no 77, ningunha organización obtivo representación na cámara baixa, como si o facían outros partidos do nacionalismo vasco e catalán e do rexionalismo andaluz, canario e aragonés[1039]. Tras estes resultados, e a investidura de Adolfo Suárez, este emprendeu a xestión, entre outras cuestións, dos procesos autonómicos.

Foi neste último goberno de Adolfo Suárez onde se produciu a "última crise da Transición" (Rodríguez, 2015, p. 237). A construción das autonomías foi un dos elementos clave da xestión do goberno de Suárez que os poderes fácticos, Igrexa, Exército e patronal, non vían con bos ollos. O cuestionamento da figura do que fora (e no relato da Transición sería recordado) unha das principais figuras da Transición rematou co coñecido como 23F, o golpe de estado do 23 de febreiro de 1981.

Dirixido por mandos do exército, co xeneral Armada á cabeza e cunha trama civil que a día de hoxe segue sen estar esclarecida, o 23 de febreiro de 1981 na sesión que investiría presidente a Leopoldo Calvo Sotelo trala dimisión de Adolfo Suárez, un grupo de militares, comandados polo tenente coronel Antonio Tejero entraba na sesión plenaria do parlamento a punta de pistola. Tras dous anos de goberno, Adolfo Suárez arrastraba unha crise interna que acaba coa súa dimisión. Cos tanques na rúa en Valencia por orde do capitán xeneral Jaime Milans del Bosch e tras horas de incerteza, o golpe quedaba finalmente desactivado. A día de hoxe, existen aínda diferentes incógnitas ao redor da organización do golpe e do esclarecemento do papel de todos os actores involucrados. En boa parte pola imposibilidade de acceder á documentación oficial dispoñible, que como xa resulta habitual no Estado español, segue a día de hoxe baixo o cadeado dos secretos oficiais. En concreto resulta preciso definir con claridade cal foi a actuación do rei Juan Carlos I de Borbón, quen tras un dilatado tramo horario dende o inicio do golpe, realizaba unhas declaracións que, segundo a versión oficial, desactivaban o golpe e que o consagraron, a partir dese momento, como o salvagarda da democracia. Un relato que finalmente deu por apuntalar o sistema nado na Transición fronte á posibilidade real de involución que fixo visible e posible este golpe de estado. Consolidouse, por tanto, o relato da reconciliación entre españois fronte a odios pasados, o repregamento do sistema en torno ás institucións que, a partir dese momento, se definiron como inamovibles, entre elas a monarquía.

Este proceso e o medo ao retroceso que xerou, tería propiciado a desactivación das accións da memoria noutras zonas do estado, como así sosteñen diversos investigadores, aos que nos referimos no Estado da cuestión, por exemplo para o caso da ola de exhumacións en Navarra e La Rioja. Así, o golpe de estado estableceuse como un factor explicativo clave para comprender a diminución das accións memoriais a partir de 1981.

No caso que se estuda nesta investigación non se detectou que o 23F puidera ter un poder explicativo da diminución das accións memoriais. Así, como xa explicamos no anterior capítulo, tras un aumento significativo das accións en 1977, xa en 1978 vaise detectar unha forte baixada. Posteriormente, en 1979 distinguimos o auxe dun novo tipo de accións memoriais, impulsadas dende as institucións locais e principalmente dirixidas a modificación de rueiros. Cuestión que non cesou tralo 23F, como veremos no presente capítulo, aínda que si foi empregado como elemento de contención na retórica e discurso antimemorialista.

Tralo 23F e tras un tempo de goberno de Leopoldo Calvo Sotelo, en outubro de 1982 celebráronse as segundas eleccións constitucionais do novo sistema político. O resultado das mesmas ofreceu un panorama totalmente diferente ao que se bosquexara nas anteriores eleccións, produto en boa medida da crise da UCD, quen soamente conseguía 11 actas, ás que

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

[1039] Información extraída da base de datos do Ministerio do Interior.

podemos sumar a escisión encabezada por Adolfo Suárez, Centro Democrático y Social (CDS) con 2 escanos. A crise da UCD manifestábase nestes eleccións na súa máxima expresión tras anos de dificultades e co golpe de estado do 23F, apoiado polos resortes do réxime franquista que nun primeiro momento apoiaran a estratexia transicional deste partido.

Agora, o partido que recolleu o voto conservador foi AP que desta volta coaligado coa escisión da UCD, Partido Demócrata Popular e con Manuel Fraga á cabeza acadaba 107 escanos, converténdose na segunda forza máis votada e en líder da oposición. Foi nestas eleccións cando se produciu a primeira maioría absoluta cos 202 deputados e deputadas do PSOE que practicamente engulía os votos do centro-esquerda. O PCE acadou soamente 4 actas e os partidos nacionalistas e rexionalistas sufriron un importante retroceso (de 27 a 12 deputados en total), soamente manténdose tres organizacións vascas (PNV, Herri Batasuna e Euskadiko Ezkerra - Izquierda para el socialismo) e unha catalá (ERC)[1040].

Iniciábase co novo goberno do PSOE unha nova etapa na Transición, comezaba a hexemonía política do PSOE, era o momento da consolidación do sistema político. Contexto que marca a seguinte etapa memorialista, que se estuda no capítulo 5.

4.2. AS ACCIÓNS INSTITUCIONAIS

Neste apartado desenvolverase a análise do que denominamos as accións da memoria institucionais, ao ser actores institucionais os principais impulsores das mesmas. En concreto foron as institucións locais as que desenvolveron unha estratexia memorialista. A meirande parte das políticas memoriais actuaban no eido simbólico, onde tiñan competencias, concretamente na modificación de nomenclaturas e da simboloxía urbana. Estas intervencións que variaron notablemente segundo o perfil da organización política e das persoas que estaban ao fronte das institucións, foron un oasis de actuación memorialista nun panorama xeral da desmemoria, onde o discurso da reconciliación e da antimemoria foron dominantes. Cuestión que se fai visible nas demais institucións, é dicir o goberno central e a acabada de estrear autonomía galega.

4.2.1.O Estado español e a memoria

A poucos quilómetros de distancia con Galicia, en Portugal, trala revolución dos cravos, levouse a cabo unha política transicional, que xunto a Grecia, converteuno nun dos primeiros países nos que na era posterior á IIGM se esixiron responsabilidades penais aos seus propios axentes represivos polas violacións dos dereitos humanos, aínda que con limitacións temporais e de alcance (Fytili e Cardina, 2023).

Ademais da depuración dos dirixentes e representantes da ditadura salazarista, coordinada a través da Comisión Interministerial de Depuración e Reclasificación, desenvolvéronse diversas iniciativas de memoria:

> relativas ao cambio de nomes de rúas, rehabilitación de figuras da oposición e tamén á creación de lugares de memoria. Igualmente abordouse xa na década de 1990 a cuestión da compensación económica para militantes da oposición

[1040] *Ibidem.*

> por anos de exilio ou clandestinidade. No sentido das políticas da memoria, no discurso oficial as institucións democráticas ligáronse de inmediato á oposición á ditadura (Míguez, 2014, p. 188).

Pola contra, no Estado español a política de estado configurouse arredor da lei de amnistía de outubro de 1977, a cal, como xa se adiantou, funcionou como unha lei de punto e final. Neste senso, cómpre abordar que papel puideron ter as institucións como axentes memoriais no período en estudo. Co goberno en mans da UCD, isto é principalmente nas dos mesmos dirixentes que proviñan da ditadura, as políticas de memoria quedaban relegadas ao ámbito reparatorio:

> O proceso transicional español relegaba pois ao ámbito da reparación as medidas que se puidesen adoptar para dar solución ao problema do paso dun réxime de privación das liberdades a un réxime de preeminencia do dereito (Míguez, 2014, p. 191).

Deste modo, xa dende o mes seguinte á morte de Franco e ata os anos noventa, foise desenvolvendo unha normativa reparadora con importantes limitacións. Iniciábase en decembro do 75 co decreto de revisión de oficio e anulación das sancións administrativas impostas pola lei do 10 de febreiro do 39[1041]. Ao que seguiu en marzo do 76 o inicio do proceso de regulación de pensións para combatentes mutilados que non puideran integrarse no "Cuerpo de Caballeros Mutilados de Guerra por la Patria", pese ao cal, como xa vimos, os colectivos de mutilados, a través das Ligas de Mutilados, seguían a demandar leis que equiparasen os seus dereitos cos dos "mutilados por la patria"[1042]. Catro anos despois, en xuño de 1980 promulgábase a lei que recoñecía o dereito de "mutilados excombatentes de la zona republicana" e tamén das súas familias ao cobro de pensións[1043].

Por outra banda, en 1976 ditábase a amnistía para os funcionarios da administración local, o cal se aplicou dende os propios concellos[1044]. Ademais desenvolveuse a normativa para a concesión de pensións a familiares de "españoles fallecidos como consecuencia de la guerra civil"[1045]. Neste senso a Lei 5/1979 recoñecía pensións, asistencia médico-farmacéutica e asistencia social en favor das viúvas e demais familiares dos "españoles fallecidos como consecuencia o con ocasión de la pasada guerra civil". O que, polo tant,o ampliaba os dereitos máis alá dos que combateran no exército republicano. Pero aínda así, a lei non recoñecía o dereito a familiares de quen fora executado de forma "extraxudicial" nin os que foran vítimas de desaparición forzada, tampouco dos que faleceran no cárcere[1046]. En 1984 aprobábase o recoñecemento de anos traballados a efectos da Seguridade Social para os períodos de prisión

[1041] Decreto 3357/1975, de 5 de diciembre, por el que se declaran revisadas de oficio y anuladas las sanciones administrativas acordadas de conformidad con lo establecido en la Ley de 10 de febrero de 1939, de responsabilidad politica. BOE, 24 de decembro de 1975, nº308. https://www.boe.es/boe/dias/1975/12/24/pdfs/A26649-26649.pdf

[1042] Decreto 670/1976 del 5 de marzo por el que se regulan pensiones a favor de los españoles que habiendo sufrido mutilación a causa de la pasada contienda no puedan integrarse en el Cuerpo de Caballeros Mutilados de Guerra por la Patria. BOE do 7 de abril de 1976, nº84. A06967-06982.pdf (boe.es) . A esta seguiron unha serie de ampliación nos seguintes anos.

[1043] Lei 35/1980 , de 26 de junio, sobre pensiones a los mutilados excombatientes de la zona republicana. BOE do 10 de xullo de 1980. Nº165. A15753-15756.pdf (boe.es)

[1044] Real Decreto 2393/1976, de 1 de octubre, por el que se dictan normas para la aplicación de la amnistía a los funcionarios de Administración Local.BOE, 25 de outubro de 1976, nº 256. https://www.boe.es/boe/dias/1976/10/25/pdfs/A20918-20919.pdf

[1045] Real Decreto-Ley 35/1978 de 16 de noviembre por el que se conceden pensiones a los familires d ellos españoles fallecidos como consecuencia de la guerra 1936-1939. BOE, 18 de noviembre de 1978, nº276. A26245-26246.pdf (boe.es). E Real Decreto-Ley 43/1978, do 21 de decembro por el que se reconocen beneficios económicos a los que sufrieron lesiones y mutilaciones en la guerra civil española. BOE, 22 de diciembre de 1978, nº 305. A28932-28933.pdf (boe.es)

[1046] Ley 5/1979, de 18 de septiembre, sobre reconocimiento de pensiones, asistencia médico-farmacéutica y asistencia social en favor de las viudas, y demás familiares de los españoles fallecidos como consecuencia o con ocasión de la pasada guerra civil" , BOE, 28 de setembro de 1979, nº233. A22605-22606.pdf (boe.es). Ao que seguen diversas medidas que a regulan.

sufridos como "consecuencia dos supostos contemplados na lei de amnistía" o que, como se tratará neste capítulo, foi unha das demandas fundamentais da única asociación memorialista que actuou en Galicia nesta etapa de estudo. A todo isto sumaríanse certas medidas reparatorias que se foron desenvolvendo tamén nalgunhas autonomías pero:

> En todo caso, sobre a súa natureza, o mesmo Tribunal Constitucional aclarou que aínda que legalmente moitas delas se denominaban como "indemnizacións" eran realmente prestacións establecidas gracialmente polo lexislador, de acordo a unha decisión política que había que relacionar coa lexislación sobre a amnistía, pese ao distinto sentido dunha e outra normativa. E é que anos antes, o alto tribunal explicara cal era a finalidade esencial deste tipo de medidas, isto é, que "contribúen moi eficazmente ao obxectivo da reconciliación nacional dentro do novo orde democrático", algo, loable no seu fin, pero substancialmente diferente ao deber de reparar á vítimas de violacións dos seus dereitos humanos (Chinchón, 2008, pp. 348-349).

Partindo pois deste contexto macro, da configuración do sistema transicional dende esta óptica negacionista, tan afastado do que acontecía noutros estados como Portugal ou Grecia, cómpre preguntarse que acontecía nas institucións máis próximas ao cidadanía, que dende finais dos setenta e os oitenta comezaban a gañar unha autonomía da que careceran durante o franquismo, en concreto as institucións locais, democratizadas tralas eleccións de abril de 1979. Cabería preguntarse que ocorreu nelas, cales foron as medidas memorialistas que se levaron a cabo e se entrou, e de que xeito, un discurso alternativo á "reconciliación nacional".

Case en paralelo á investidura dos novos alcaldes saídas desas eleccións o Consello de Ministros deixaba sen efecto diversos procedementos de fiscalización sobre as entidades locais. Entre eles o artigo 306 que se introducira en 1952 no regulamento das corporacións locais, e que obrigaba a respectar "las denominaciones religiosas, patrióticas o tradicionales de calles, plazas, paseos, parques y conjuntos urbanos". De xeito que para introducir calquera modificación nelas debíase requerir "autorización expresa del Ministerio de la Gobernación"[1047]. A través do Real Decreto do 17 de xuño de 1979 os concellos recuperaron en plenitude as súas facultades para impor ou cambiar os nomes das vías públicas[1048]. Así, podería sosterse que ante a ausencia dunha política da memoria a nivel estatal a supresión ou modificación das denominacións relacionadas coa ditadura franquista por parte dos concellos se realizou de xeito moi irregular:

> Tralas eleccións municipais de abril de 1979 hai localidades onde se eliminan de inmediato, noutros casos todas as existentes e moi a miúdo só as máis evidentes ou ostentosas. En moitas outras localidades mantéñense e nalgunhas van desaparecendo lentamente, a miúdo con motivo dos cambios na maioría municipal (Izu, 2010, pp. 295-296)

Durante a Transición en Galicia, ao igual que no resto do Estado español, producíronse cambios na simboloxía dos espazos públicos que, dun xeito desigual, ou ben eliminaban as exaltacións ao franquismo ou tentaban homenaxear a través do nomeamento de rúas a persoeiros que foron silenciados durante os anos da ditadura, principalmente persoas

[1047] Reglamento de Organización, funcionamiento y régimen jurídico de las corporaciones locales aprobado no Decreto de 17 de mayo de 1952. En BOE, Nº 159, do 7 de xuño de 1952. https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1952/159/A02532-02556.pdf

[1048] Real Decreto 1710/1979, de 16 de de junio, por el que se dejan sin efecto procedimientos de fiscalización, intervención y tutela del Ministerio de Administración Territorial sobre Entidades Locales en diversas materias y se dictan normas aclaratorias. BOE nº 168 do 14 de xullo de 1979. https://www.boe.es/boe/dias/1979/07/14/pdfs/A16291-16292.pdf

relacionadas coa II República así como as propias vítimas da violencia franquista. En gran medida estas accións estiveron relacionadas coa entrada nos gobernos municipais de partidos de esquerdas, á falta dunha política transicional a nivel global.

No apartado deste traballo dedicado ao Estado da Cuestión, adiantouse a existencia deste fenómeno. De especial transcendencia foi o caso de Santa Coloma de Gramanet, concello que mediante os seus intentos por retirar os símbolos franquistas do espazo público, serviu para analizar a confrontación dos novos actores co legado da ditadura e as súas narrativas (Davis, 2015). O contraataque dos grupos de extrema dereita, o comportamento das direccións dos partidos de esquerda e da prensa na súa cobertura, coa posterior criminalización dunha resposta popular de marcado carácter antisfascista, foron algúns dos elementos identificados neste caso de estudo.

Nas seguintes liñas deterémonos na análise das accións memorialistas que fixeron autonomamente os acabados de estrear concellos democráticos, grazas a oportunidade política que xerara a chegada ao poder de persoas alleas á elite local franquista, en moitas ocasións procedentes da oposición antifranquista e coa xanela aberta que producía esta eliminación da tutela do quefacer municipal.

4.2.2.A memoria traumática entra nos novos concellos

> Seguidamente hizo uso de la palabra el Concejal Jaime Quintanilla Rico, como Presidente del Ateneo Ferrolano (...):
>
> "Ateneo Ferrolán: Saúdo ao Sr. Alcalde e demais membros da Corporación Municipal e comunícalle: a súa satisfacción polo triunfo conseguindo nesta cidade polas forzas progresistas nos primeiros comicios municipais que non pode non debe pasar desapercibido entre o que están obrigados a posuír un mínimo de conciencia histórica. A Xunta Directiva, como parte representativa do conxunto cidadán que defende cunha cultura progresista, apoia á nova Cámara municipal na súa loita por facer chegar esa cultura a todos os ferrolanos, para construirnos así unha comunidade máis armónica, acorde cos novos tempos que vivemos"[1049].

O anterior fragmento forma parte da acta de constitución do concello de Ferrol en abril de 1979, despois de celebrarse as primeiras eleccións municipais democráticas. Xaime Quintanilla Rico, concelleiro da coalición UG, pronunciouse xusto despois de que o fixera o acabado de nomear alcalde, Jaime Quintanilla Ulla, do PSOE quen, ademais, era o seu pai. Segundo o secretario municipal esta intervención contraviña as normas, como así o expresaba e deixaba en acta. Reflexábase así o que tamén foi unha constante nestes primeiros anos de gobernos municipais: as disputas co funcionariado resistente ao cambio e, en definitiva, a resistencia que exercía o propio réxime anterior ao proceso democratizador.

O que é máis relevante deste caso, é que o concelleiro pronunciaba o seu discurso non en nome da coalición política á que representaba senón como presidente do Ateneo Ferrolán, unha asociación cultural cunha longa bagaxe histórica, nada a finais do século XIX e que despois dos corenta anos de ditadura volvera constituírse en 1976. E isto é clave pois a partir de abril do 79

[1049] Acta da sesión plenaria da constitución da corporación do 19 de abril de 1979. Arquivo Municipal de Ferrol. Nótese que a nota está transcrita en galego, o que non vai ser habitual, sendo o máis común, seguindo a normativa vixente, a súa tradución ao castelán.

moitos das persoas participantes nestas asociacións, activos na vida cultural, social e política, pasaron a ser representantes públicos. En definitiva, chegaron ás institucións e con eles moitas das demandas que anteriormente defendían na "rúa", no espazo colectivo. Entre as que se atopaban algunhas das relacionadas co noso obxecto de estudo: isto é, as accións memorialistas. Neste sentido temos ao propio Ateneo Ferrolán que nos seguintes anos organizou un bo número de accións divulgativas da memoria. Pero a diferenza do ocorrido ata este momento, a partir do 79 as institucións e, en concreto, os concellos, actuaron tamén como axentes memoriais. A presenza da memoria traumática nestes novos concellos en moitos casos manifestouse na primeira sesión de investidura. Así o facía o propio alcalde de Ferrol, Jaime Quintanilla Ulla:

> Por la Presidencia se dió las gracias a cuantos habían depositado en él su confianza y recordó la fecha histórica hace cuarenta y dos años, cuando en Salamanca se había firmado el Decreto de unificación por el cual todos los españoles quedaban obligados a pensar bajo el mismo criterio, hoy cuarenta y dos años después se constituye en Ferrol el Ayuntamiento democrático para pensar en libertad pero sin criterio uniforme. Terminó manifestando que quedaba constituído el primer Ayuntamiento democrático de Ferrol de los ferrolanos[1050].

Jaime Quintanilla era fillo do tamén alcalde de Ferrol Jaime Quintanilla Martínez, fusilado o 17 de agosto de 1936 contra as tapias do cemiterio de Canido, "en mans da Fuerza Pública"[1051]. O papel do fillo foi relevante tanto nas homenaxes ao pai fóra do consistorio, e que analizaremos, como nas accións memoriais que se levaron a cabo dende o propio concello.

Quintanilla non aludiu expresamente ao pai, alcalde asasinado polo franquismo, aínda que verbalizou o momento histórico e fixo referencia ao franquismo con ese xogo de palabras ao mencionar o "Ferrol de los ferrolanos" que se pode contrapor ao "Ferrol del Caudillo"[1052]. O que si aconteceu no caso de Vigo, onde pese a que non figura no libro de actas dos plenos, a través da crónica en prensa puidemos rescatar as seguintes palabras do alcalde, Manuel Soto Ferreiro, tamén polo PSOE:

> En su discurso, el alcalde electo recordó al último alcalde socialista diciendo que las dictaduras sólo son paréntesis que nunca resuelven nada, y que así como un socialista había salido violentamente de la alcaldía, otro socialista viene pacíficamente a ser alcalde de Vigo[1053].

Ademais na sala estaban presentes a neta e o neto político "del último alcalde socialista que tuvo Vigo, hasta que estalló la guerra civil, Emilio Martínez Garrido, así como dos hijas del que fuera concejal, también socialista, Enrique Blein, fusilado durante la guerra"[1054]. Consideramos dun significado simbólico importante a presencia dos familiares destas dúas vítimas, os anteriores representantes municipais democráticos, ambos asasinados tralo golpe de estado. Estamos ante a visibilidade da memoria traumática no interior das institucións. Unhas institucións ás que, como se mencionaba, accedían persoas alleas á elite franquista que ata ese momento as ocupara e que, en boa medida, seguiu a facelo.

Este proceso memorialista desenvolveuse principalmente nos concellos que foron froito do Pacto do Hostal, e por tanto gobernados polo centro-esquerda. Cuestión, por outra banda que non se circunscribiu a Galicia. Pódese identificar unha tendencia clara nos concellos

[1050] Acta da sesión plenaria da constitución da corporación do 19 de abril de 1979. Arquivo Municipal de Ferrol.
[1051] Base de datos Nomes e voces. http://vitimas.nomesevoces.net/gl/ficha/3417/
[1052] Aínda que sería posible que si existise esa referencia e que esta non fose transcrita en acta.
[1053] "El nuevo alcalde vigués estaba emocionado y tenía lágrimas en los ojos", *La Voz de Galicia*, 20/04/1979, p.37.
[1054] *Ibidem.*

gobernados pola esquerda na realización de accións memoriais xa sexa nas exhumacións, como por exemplo o caso estremeño, ou nos cambios na simboloxía do espazo público. Un proceso que se estendeu por todo o Estado pero dun xeito irregular. Son numerosos os casos de vilas catalás que xa baixo o goberno municipal anterior emprenderon estas actuacións, o que en definitiva vai evidenciar unha situación política diferenciada[1055]. Por exemplo en Olesa de Montserrat en marzo do 77 coa eliminación das rúas en homenaxe ao General Mola, e ao Caudillo, ou en Mataró onde en novembro de 1977 eliminábanse os nomes de rúas como Generalísimo Franco, Queipo de Llano, General Mola ou Legión Cóndor[1056]. No caso de Malgrat de Mar describían incluso eses cambios aludindo a que son "nombres relativos a situaciones políticas anteriores" [1057]. Recordemos que nese momento aínda os concellos debían supeditar a súa actuación a instancias superiores.

A partir das eleccións do 79, e da autonomía gañada nos concellos, os casos multiplicáronse. Temos constancia da eliminación de rúas franquistas en boa parte do territorio, dende Rota, na provincia de Cádiz, onde o acordo municipal asinado en xuño do 79 describía que se facía para "borrar recuerdos penosos y cerrar heridas", cun total de once rúas franquistas cambiadas, entre elas Generalísimo Franco ou Queipo de Llano, a San Sebastian de La Gomera, (Tenerife), en setembro dese mesmo ano, pasando por Valencia, Navarra ou Albacete[1058].

A decisión das corporacións nunha parte substancial dos casos tiña que facer fronte á resistencia dos concelleiros dos grupos políticos da dereita, tamén da maquinaria editorial que apoiaba a estes últimos. Por outra banda, existía unha demanda social que puxaba dende abaixo por que eses cambios se materializasen, eliminando aos verdugos dos espazos colectivos. A detección desta demanda, é dicir lograr atopar rastros documentais da mesma, resultou complexo. Entre as dificultades que se presentaron debe salientarse o propio deseño institucional do sistema político en reforma, onde tanto os partidos políticos maioritarios como os grandes medios de comunicación marxinaban estas actuacións, que frecuentemente quedaban fóra dos límites do debatible, baixo o discurso monolítico da necesidade de esquecemento e desa reconciliación que se traducía no "non tocar".

[1055] A través dos expedientes conservados no Arquivo Xeral da Administración no fondo do Ministerio de Gobernación. Antes da reforma do regulamento de entidades locais, estas debían pedir permiso ao Ministerio de Gobernación para realizar os cambios no rueiro. Soamente na provincia de Barcelona consérvase un expediente con cambios anteriores a 1979 que consta dos seguintes casos (nomes castelanizados): Vilanova i la Geltrú, Mataró, Olesa de Montserrat, Sant Quirze de Besora, Barcelona, Canet de Mar, Cubellas, Malgret de Mar, Masnou, Plá del Penedés, San Celoní, San Juan de Torruela, Tiana, Vacarisas e Vilafranca del Penedes.

[1056] Archivo General de la Administración, Fondo Ministerio de Gobernación, *sin* (08)011043.

[1057] *Íbidem.*

[1058] Non se pode facer unha análise xeral dos cambios de rúas a través da análise do fondo do Ministerio de Gobernación do Arquivo Xeral da Administración, posto que estes expedientes chegaban ao ministerio por unha confusión dos concellos que entendían debían seguir pedindo permiso para a realización destes cambios, cuestión que xa non era precisa. Deste modo van ser algún e non todos, os concellos que o fagan e soamente nos primeiros anos, isto é cando descoñecían o cambio na lexislación. Temos identificado cambios en diversos concellos das seguintes provincias: Albacete, Badajoz, Barcelona, Cadiz, Ciudad Real, Córdoba, Girona, Granada, Guipuzcoa, Huelva, Jaen, Logroño, Madrid, Murcia, Navarra, Valencia, Sevilla, Tenerife e Zaragoza. En: Archivo General de la Administración, Fondo do Ministerio de Gobernación, *sin (*08)011043.

Imaxe 37.Fotografía da placa na Porta do Sol, Vigo



Fonte: Gómez, M.C. " As rúas do 18 de xullo", *Teima*, nº31,14-21 de xullo de 1977, p.9.

Ademais do libro da asociación O Facho ou da reunión da asociación de veciños de Cedeira co alcalde que mencionamos en anteriores apartados, podemos atender á demanda social que se identifica nun informe dirixido ao Gobernador Civil de Lugo. Nel, a Delegación Provincial do Ministerio de Información y Turismo resumía noticias de diversas emisoras de radio pola crítica ao réxime ou pola protesta social que incluían. No caso que nos ocupa o día 11 de xullo de 1977 tomábase nota do que sonaba na emisora Radio Lugo:

> Nota sobre cambios de nombres en Plazas y Calles, resaltando que en Lugo, parece que esto marcha lento y se mantienen aún recuerdos de una época que la historia juzgará debidamente. Un ejemplo es la placa que figura en la fachada del Ayuntamiento de Lugo, en el costado que existe al lado de la Farmacio Figueroa. Dicha placa recuerda la derrota del Comunismo habida en la guerra civil española. Creemos que ha llegado la hora de que dicha Placa sea retirada y que no tiene sentido que figure en dicho lugar y sin embargo hay diputados y senadores comunistas que ocupan ya los escaños de las Cortes Españolas[1059].

Non vai ser habitual que atopemos mostras públicas deste tipo de reivindicacións. Os medios xeralistas mantiveron unha postura crítica coas accións de modificación da simboloxía que se manifestou na cobertura dos mesmos, como veremos, con poucas referencias a que os cambios eliminasen rúas franquistas. Deste modo as evidencias destas demandas documéntanse principalmente en publicacións alternativas, coma o caso da revista *Teima* onde, tamén en 1977, aparecía un artigo baixo o título *As rúas do 18 de xullo*:

> A historia vai deixando marcas. As mais cativas, coma testemuñas oficiais, símbolos urbáns, son os nomes das rúas e plazas que viviron esa historia. Escollimos prá nosa mostra, pro sirve calquera cidade galega ou española.

[1059] Arquivo Histórico Provincial de Lugo, Fondo do Goberno Civil de Lugo, *sin* AHPL 13.594 1.

> "Avenida del Generalísimo", "Jose Antonio", "Mártires de la Falange", "Alcázar de Toledo...". O 18 de xullo de 1936 deixou, entre outras cousas, un longo ronsel de apelidos nas rúas, plazas, avenidas, xardíns, moitos dos cales tiñan nomes de vello que foron trocados dende o poder[1060].

Na reportaxe, na que se incluían diversas fotografías coas placas e emblemas franquistas e falanxistas, denunciábase a denominación da Porta do Sol de Vigo como "do Capitán Carreró" (Imaxe 37), quen o 20 de xullo do 36 ordenaba disparar á multitude, citando para a narración dos feitos o xa mencionado *Las dos caras de Galicia bajo el franquismo*, de Costa Clavell. E é que ademais da denuncia das denominacións franquistas o artigo convértese en si mesmo, nunha acción divulgativa, coa descrición do acontecido en Vigo e a denuncia dos verdugos locais.

> Cada un destes homes, e algúns outros que seguramente non recollimos, ten a súa rúa, o seu sitio na vila, mentres que outros foron calados sistemáticamente. Escribe a historia quen a gana. Amáis desto compre engadir, naturalmente, as rúas e plazas principais que levan por España adiante, cáseque todas o mesmo nome: Generalísimo Franco, Jose Antonio, División Azul, Alcázar de Toledo, General Mola, etc. En Vigo como noutros moitos sitios, grandes ou cativos, coas grandes Cruces ós Caídos (a uns caídos non a todos) nos lugares principais de paseo, cos símbolos da falanxe vencedora nas portas de tódalas eirexas... [1061]

Nos parágrafos finais da reportaxe expoñíase unha reflexión que levaba implícita a necesidade ou demanda de cambio, dunhas rúas marcadas polos "recordos amargurados e feridas fondas", descoñecidas para moitos, "a pesares de que os máis vellos contan aínda arrepiados historias daqueles días"[1062].

Os gobernos municipais renovados tralas citadas eleccións do 3 de abril de 1979, isto é principalmente aqueles a onde accederon rexedores que non pertencían á elite franquista, enfrontáronse ás tarefas de democratización no funcionamento dos concellos, abrindo e incentivando a participación da cidadanía e dotando de servizos públicos básicos, ausentes en boa parte deles. En definitiva, intentaron reformar unha estrutura municipal non democrática. Pero ademais, e aínda que teñan pasado desapercibidas para a historiografía ata este momento, os municipios desenvolveron unha importante acción memorial, que poderíamos considerar incluso como un dos asuntos prioritarios. Esta prioridade manifestaríase na celeridade en levalo aos plenos. De tal forma, temos unha mostra significativa de casos nos que a memoria traumática fíxose visible nos primeiros dous meses de goberno, principalmente a través de propostas relacionadas coa modificación da simboloxía nas vilas, na meirande parte dos casos no seu nomenclátor, tanto na eliminación de simboloxía franquista como na inclusión de simboloxía democrática ou relacionada coas vítimas da violencia franquista.

Deberiamos diferenciar diversos supostos, tendo en conta que estas medidas foron promovidas polos partidos do centro-esquerda. En primeiro lugar teriamos aqueles casos nos que os grupos municipais destes partidos presentaron unha moción para a realización dunha acción memorial en concellos gobernados polo centro-dereita, en concreto pola UCD. Esta finalmente podería ser aprobada ou rexeitada polo pleno. E en segundo lugar, e sendo o caso máis habitual teríamos os gobernos en mans destes partidos do centro-esquerda, xa sexa UG, PSOE, BNPG ou PCG (tamén algunha candidatura veciñal como veremos) nos que estas propostas saíron adiante. E por último, situaríamonos ante os casos nos que, aínda estando na alcaldía algún destes partidos, o proceso para a realización dunha acción memorial alongouse

[1060] Gómez, M.C. " As rúas do 18 de xullo", *Teima,* nº31,14-21 de xullo de 1977, pp.8-9.
[1061] *Ídibem.*
[1062] *Ídibem.*


no tempo ou incluso non chegou a saír adiante. Temos documentados diversos casos nos que estas propostas, normalmente relacionadas co cambio do nomenclátor, foron tratadas nos primeiros meses de goberno pero a negociación e aprobación da mesma dilatouse durante anos. Circunstancia na que se fan palpables aqueles equilibrios complexos que se mencionaron en referencia aos pactos municipais. Uns pactos dos que emanaban boa parte destes gobernos e que facían precisa unha negociación entre socios que non sempre saía ben[1063]. Así mesmo, resultou habitual que dende a proposta inicial á final se producisen certos "recortes".

As accións de memoria que se desenvolveron dentro das institucións locais van ser estudadas seguindo unha lóxica temática e cronolóxica. Deste modo é preciso recordar os elementos de análise cos que contamos e que foron explicados con detemento no apartado metodolóxico da presente tese. Desta forma, para atender ao proceso memorialista no local establecemos a análise en base a dous supostos. Por unha banda o estudo das oito principais vilas galegas, que nos ofrece unha óptica xeral do proceso memorialista, de xeito que nel poderemos estudar tanto as accións memoriais como os mecanismos de contención destas accións despregados maioritariamente polos grupos políticos da dereita. E, por outra banda, puxemos a lupa de análise arredor de diversos concellos nos que se localizou algunha acción memorial mediante as fontes históricas consultadas durante este traballo. Seis deles desvélanse como pioneiros no proceso memorialista, ao iniciar nos primeiros anos de goberno unha parte substancial do seu traballo neste campo.

Tralo procesamento dunha cantidade voluminosa de información consideramos propicia a división en bloques temáticos e cronolóxicos. De modo que dividiremos o primeiro mandato democrático nos concellos en dúas partes. A primeira fase, dende 1979 a 1981, está marcada pola actuación dos que denominamos "concellos pioneiros" que van ser pequenas vilas que nos primeiros momentos trala investidura desenvolveron algún tipo de actuación memorial. A segunda etapa, entre o 81 e o 83 vai estar marcada polo acontecido na primavera de 1981, coa antesala no intento de golpe de estado do 23F á vez que se desenvolveron políticas de modificación do rueiro franquista en tres cidades galegas gobernadas polo centro-esquerda.

[1063] Nos concellos gobernados polos PSOE un 65% dos casos o foron en minoría política, (13 de 20), no caso de UG este porcentaxe ascende ao 77,3% tendo soamente dúas alcaldías gobernadas con maioría absoluta das 9 totais, o BNPG soamente consegue unha alcaldía con maioría absoluta de 9, isto é un 88,9%. Por outra banda o PCG con tres alcaldías no territorio galego, faise con dúas en minoría (o 66,7%) e o PTG acadará unha alcaldía en Galicia en minoría (Cadro 13 en Márquez, 1993, p. 73).

Gráfico 49. Políticas de memoria nos concellos, repertorios



Fonte: elaboración propia.


Por outra banda este análise posúe un compoñente temático, ao analizar as políticas de memoria dos concellos en base ao "repertorio" empregado (Gráfico 49). Como se vai ir estudando, a maior parte da actuación municipal sobre a memoria traumática tivo que ver coa simboloxía. Dende o 36, o réxime ditatorial empregou o espazo público para vangloriarse das xestas do golpismo e, en definitiva, co obxectivo na conformación dun imaxinario colectivo glorificador do alzamento, do réxime e da figura de Francisco Franco. Tratábase de por en marcha un ambicioso plan de construción simbólica e iconográfica do novo réxime que comezaba a erixirse, e que servía, á vez, para rematar coa presenza simbólica do réxime republicano, para servir de instrumento de propaganda do novo réxime e para a lexitimación das novas autoridades franquistas así como para definir o espazo público de acordo cos novos esquemas políticos, ideolóxicos e relixiosos (de Andrés, 2006, p.10). O elementos principais desta metamorfose do espazo público foron as estatuas e monumentos en honra de Franco ou aos Caídos por Franco, o nomenclátor franquista e as referencias a este nos propios nomes de cidades e vilas. Sobre estes elementos identifícase a parte máis destacada da actuación memorialista dos concellos en Galicia.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

4.2.3. Período 1979- 1980: Os pioneiros

Neste primeiro período (1979-1980) as accións memoriais nos concellos iniciáronse primeiramente en pequenos concellos, tanto coa denominación de rúas a persoeiros negados, entre eles Castelao, Bóveda ou vítimas locais, como na eliminación de rúas de exaltación franquista.

Gráfico 50. Cronoloxía das modificacións dos rueiros (1979- 1980)



Fonte: elaboración propia.

Nota: a cor gris escura simboliza as eliminacións de rúas franquistas, a cor gris clara simboliza as inclusións de vítimas ou persoeiros da II República nos rueiros.

A excepción a esta regra foron Santiago e Lugo, en mans da UCD que a proposta dos partidos do centro-esquerda, aprobaron nos primeiros meses de goberno medidas que podemos considerar memorialistas. Aínda así, xa dende o inicio, foi habitual que os concellos gobernados pola esquerda, como Vigo ou Ferrol abriran as portas do consistorio á memoria traumática. Nos seguintes apartados analizaremos as accións memoriais presentes no Gráfico 50.

4.2.3.1. As primeiras eliminacións de rúas franquistas

Nos primeiros anos de goberno dos novos concellos emerxeu o que foi o repertorio dominante nas accións institucionais: a eliminación das rúas en honra do réxime franquista e do golpe de estado do 36. En xeral estas primeiras intervencións sobre os rueiros fixéronse en pequenos concellos gobernados por partidos da esquerda onde existían poucas rúas con denominación franquistas de xeito que a política aplicábase sobre un limitado número de vías, ás veces só unha. A excepción a isto constitúeno Santiago de Compostela e Lugo, ambas gobernadas pola dereita da UCD, onde as accións memoriais saíron adiante como iniciativas

dos grupos da esquerda. O desenvolvemento dos acontecementos nestes dous lugares é, á vez, fonte fundamental para comprender o comportamento dos diversos actores políticos implicados no proceso[1064].

4.2.3.1.1. Luís Pasín como actor memorial nas institucións: Santiago de Compostela

Santiago de Compostela confórmase como o primeiro municipio coñecido en Galicia no que se aprobase un cambio de denominación de rúas franquistas. Esta modificación chegaba ao pleno municipal poucos días despois de constituírse, a través dunha moción do PCG onde se volve transcendental atender a quen era o voceiro do grupo comunista, axente memorialista xa analizado na presente investigación: Luís Pasín.

Luís Pasín formou parte como membro do PCG, dos organizadores da homenaxe a cinco persoas fusiladas no cemiterio de Boisaca, entre eles o seu tío, en decembro do 77. Dous anos máis tarde, actuaba como voceiro do grupo municipal do PCG en Compostela e levaba a pleno unha proposta memorial. Seguindo as actas das sesións plenarias esta foi a primeira vez que se referenciaba ao franquismo no novo consistorio. A proposta defendida dende o grupo municipal do PCG tiña no seu núcleo argumental a eliminación dos nomes de rúas que foron impostas polo franquismo[1065]. Unha intervención do PCG que case resulta única. Ao analizar de vagar as demais casuísticas nos concellos galegos foi posible certificar como as mocións sobre este tema habitualmente tiñan a autoría de UG, BNPG e do PSOE. Este comportamento do PCG debe comprenderse enmarcado na estratexia de "reconciliación nacional" da organización que traia aparellada certa complicidade nese "silencio" e "esquecemento" como lóxica dominante. Deste modo a presenza de Luís Pasín no grupo municipal en Compostela consideramos que resultou clave para comprender a presentación da moción memorialista.

> Durante el periodo autoritario anterior, el régimen franquista trató de sustituir en muchos casos y bautizar en otros, los nombres de nuestras calles y plazas más importantes, con nombres de personajes ajenos al pueblo gallego y compostelano tratando de este modo de arrebatarlos sus signos de identidad y glorificando a los que fueron enemigos más declarados de las libertades democráticas. A pesar de ello, el pueblo compostelano mantuvo a su nivel sus denominaciones originales (La Senra, Hórreo, etc) y no olvidan a aquellos que lucharon en su defensa (Ángel Casal, Castelao, Amador y Daniel, etc)[1066].

A proposta incluía a cuestión franquista como elemento central, algo que noutras das mocións e propostas resultou nunha posición secundaria, argumentándose máis efusivamente en base á restitución da toponimia tradicional que en base á eliminación de nomes impostos polo réxime franquista.

A moción estruturábase en torno a tres puntos, que finalmente se votan por separado, con diferentes resultados. Por unha banda á volta aos nomes primitivos das rúas Horreo, Senra, Enseñanza, Virgen de la Cerca e Fuente de San Antonio. Aínda que no texto da moción non se

[1064] Durante os primeiros anos a documentación debía facerse en castelán, de xeito que inclusive as declaración de concelleiros nacionalistas ou mocións que se presentaban en galego se traducisen quedando en castelán nos documentos oficiais do concello. Nestes casos deixaremos nesa lingua as transcricións.

[1065] A concelleira do BNPG Manuel Fraguela, falaba de escritos anteriores do seu grupo municipal e da ANPG, no revisión de actas do pleno non atopamos constancia de que acabase en orde do día do pleno.

[1066] Acta da sesión plenaria do 31 de maio de 1979. Arquivo Municipal de Santiago de Compostela.

indicaba, estas levaban ata ese momento as denominacións General Franco, General Mola, General Aranda, Jose Antonio e Calvo Sotelo respectivamente[1067]. O último punto da moción referíase á galeguización "paulatina" das rúas e prazas con cargo ao presuposto ordinario. Ambos puntos foron aprobados por unanimidade, isto é cos votos afirmativos dos edís das catro candidaturas municipais do centro-esquerda (UG, PSOE, BNPG e PCG) pero tamén dos edís das organizacións do centro-dereita, isto é UCD e CD, cuestión que supón unha feito extraordinario[1068]. Este carácter excepcional responde á dinámica xeral destas formacións políticas nos demais concellos en estudo, onde de forma maioritaria mantiveron unha postura contraria ás medidas memorialistas.

Pero pese a esta modificación temperán de cinco rúas franquistas, Compostela tamén é exemplo do bloqueo das medidas memorialistas, no que se refire ao segundo punto da moción de Pasín, onde se propoñía a eliminación de catro rúas franquistas máis[1069]. Neste caso debían buscarse nomes alternativos, ao non ter nome tradicional anterior, e isto foi o que suscitou maior debate, inclusive entre os partidos do centro-esquerda, e que fixo que finalmente non saíse adiante.

O PCG propoñía a inclusión do nome do alcalde fusilado Ánxel Casal, dos asasinados o 10 de marzo do 72, Amador e Daniel, de Castelao e da Constitución[1070]. Esta última foi a que causou discrepancias entre os partidos da esquerda, en concreto nas organizacións nacionalistas galegas, BNPG e UG[1071]. Aínda que a reacción que máis interese esperta nesta análise é a do voceiro de CD, Clemente González Peón ao oporse a que se cambiase o nome dunha rúa dun personaxe político por outro personaxe político, aludindo tamén ao gasto orzamentario que isto suporía cando catro anos máis tarde se volveran substituír[1072]. Estes elementos da súa argumentación identificámolos como parte do que chamamos contraenmarcado da memoria, isto é, o discurso construído para argumentar a oposición ás accións da memoria.

No debate basculouse entre deixar todo para unha sesión extraordinaria, e que polo tanto "quedase sobre a mesa", ou aprobar xa os puntos nos que había consenso, isto é o primeiro e o terceiro. Finalmente gañaba esta opción. Pola súa parte, a concelleira do BNPG Manuela Fraguela realizaba unhas declaracións interesantes ao identificar o obxectivo de fondo da estratexia de "quedar sobre a mesa" como un xeito de evitar definirse sobre un asunto[1073].

En definitiva, en oposición ao que aconteceu noutros concellos galegos, en Santiago de Compostela diversas rúas franquistas foron eliminadas, volvendo aos nomes tradicionais cos votos favorables de UCD, quedando sobre a mesa o punto 2 que, como vimos, tamén facía referencia á substitución de nomes franquistas pero que implicaba a decisión de novos nomes para estas. Deste xeito, Santiago de Compostela postúlase como a primeira vila que temos

[1067] No texto da proposta da Comisión de Cultura que vai a pleno en novembro do 79. Acta da sesión plenaria do 5 de novembro de 1979. Arquivo Municipal de Santiago de Compostela.
[1068] Resultados eleccións Santiago de Compostela (1979): UCD (10), UG (5),CD (3), PSOE (3), BNPG (2),PCG (2).
Os datos dos resultados das eleccións que se facilitarán na presente investigación foron extraídas da base de datos do Ministerio do Interior consultada na web: https://infoelectoral.interior.gob.es/es/elecciones-celebradas/resultados-electorales/.
Para o caso das alcaldías os datos foron consultados na base de datos do Ministerio de Política Territorial, accesible a través da web: https://mpt.gob.es/politica-territorial/local/sistema_de_informacion_local_-SIL-/alcaldes_y_concejales.html
[1069] As rúas Matías Montero, 18 de julio, Martínez Anido e a praza de Jose Antonio.
[1070] O PSOE considera que a praza Jose Antonio debería levar o nome de Praza Roja que é como se coñece popularmente e deixar a Constitución para outra.
[1071] Así o manifestaba a concelleira do BNPG, tamén os de UG, Emilio González e Agustín Díaz, que propoñían que soamente se sometesen a votación os puntos 1º e 3º e a proposta de cambios entrase nun debate e unha proposta global de revisión xeral das denominacións. O BNPG amosábase abertamente crítico coa denominación Praza da Constitución.
[1072] Acta da sesión plenaria do 31 de maio de 1979. Arquivo Municipal de Santiago de Compostela.
[1073] *Ibidem.*

documentada en acordar en pleno o cambio de rúas con denominación franquista, no temperán maio do 79. Un caso excepcional que amosa unha forma de actuar máis aberta da UCD do que sería habitual e que posibilitaba a recuperación dos nomes tradicionais destas rúas compostelás, pese a que quedaron na rueiro moitas outras con denominacións franquistas, ás que custou moitos anos eliminar do plano municipal.

Aínda así, resulta posible que este cambio non se fixese visible no espazo público de xeito inmediato a tenor de que seis meses despois, o tema dos cambios de rúas volveu ao pleno, desta volta canalizado pola Comisión de Cultura. Na nova proposta volvían a aparecer as rúas franquistas xa modificadas, cuestión que fixeron notar tanto o PCG como o BNPG[1074].

Pese a todo esta aprobación supón un caso excepcional na actitude de UCD e CD ante este tipo de propostas. Consideramos que, nesta excepcionalidade, puido ter influído a celeridade con que a moción chegou ao pleno, menos dun mes despois da constitución dos concellos. Algo que, por tanto, puido ter collido sen unha estratexia estudada a estes dous partidos. Así, podería barallarse a hipótese dunha estratexia central de UCD en torno aos cambios de nome que aínda non estaba definida en maio do 79 pero que logo foi despregada.

4.2.3.1.2. Acción e reacción en Lugo

En Lugo, onde a alcaldía tamén recaera no candidato de UCD, as modificacións do rueiro foron canalizadas a través da Comisión de Cultura. Tamén en Lugo, como en Compostela, era amplo o número de organizacións políticas representadas na corporación municipal cun total de seis grupos. Neste caso existían ademais do partido de goberno, CD, PSOE, BNPG e dous grupos de candidaturas independentes[1075].

A medida memorial estaba incluída nunha máis xeral que foi levada a pleno no mesmo ano 79 e fora acordada por unha Comisión Mixta conformada polas comisións de Cultura e Réxime Interior, onde ademais da modificación dos nomes das rúas e da inclusión de novos nomes incluíase outras intervencións relacionadas coa organización territorial do concello como a toponimia das aldeas ou a creación de novas entidades de poboación[1076]. A proposta de modificación de rúas leuna o edil do BNPG Jose R. Gayoso Neira, o que nos pon sobre a pista sobre o liderado que os grupos da esquerda adquirían nas comisións de cultura, incluso en municipios gobernados pola dereita e que, á súa vez, é un factor explicativo de que as accións da memoria se debatan nestes concellos[1077]. Así, dun total de trinta e catro modificacións de rúas que se propoñían, 27 correspondían con nomes vinculados co golpe de estado do 36 ou co réxime franquista[1078]. Isto profire a esta medida memorialista dun carácter global lonxe das medidas parciais que foron máis habituais nesta primeira etapa (1979-1980).

[1074] Todos os nomes excepto Virgen de la Cerca (Jose Antonio) que é tratado nun punto posterior desta proposta.

[1075] Resultados eleccións Lugo (1979): UCD (8), CD (4), Independientes (4), PSOE (4), Independentes por Lugo (3), BNPG (2), PCG (2).

[1076] O título da proposta era: "Acuerdos sobre trabajos preliminares para formación de los censos de la nación". Acta do pleno do 23 de novembro de 1979. Arquivo Municipal de Lugo, *sin* AM8005.

[1077] Segundo a documentación oficial só había dous concelleiros do BNPG, na acta constitutiva aparecen Manuel Castiñeira e Francisco Arrizado. Nesta acta están Manuel Castiñeira e Jose Ramiro Gayoso. Entendemos que este último sustituíu a Francisco Arrizado.

[1078] Listaxe completa: Alferez Provisional, Calvo Sotelo, Cedrón del Valle, Comandante Manso, 18 de julio, General Mola, Queipo de Llano, General Tella, General Gil Yuste, Generalísimo Franco, Jose Antonio, Jose L. de Arrese, Jose Viador, Muñoz Grandes, Onésimo Redondo, Ortiz Muñoz, Pilar Primo de Rivera, Ruiz de Aloa, Sargento Provisional, Ramón Ferreiro, Teniente Coronel Teijeiro, Serrano Suñer, Carrero Blanco,de los Caídos,General Sanjurjo, General Primo de Rivera, Carlos

A proposta incluía a modificación dos nomes máis simbólicos para o réxime e que se podían atopar na meirande parte das cidades e vilas como General Mola, 18 de julio ou Jose Antonio. Máis tamén abordaba a modificación de nomes vinculados con Lugo, como o xefe da Falange en Lugo, José Cedrón del Valle, o Comandante Manso, dirixente da sublevación na provincia ou Jose Viador, un dos responsables da violencia masiva executada na área luguesa. Así mesmo, na longa listaxe de rúas franquistas a eliminar atopábanse outras menos comúns como aquela dedicada a Queipo de Llano (en Galicia, non así noutras zonas do estado onde a súa actuación violenta fora máis achegada), a Pilar Primo de Rivera, ou a verdugos menos coñecidos como Onésimo Redondo ou o General Tella. Os nomes que substituirían a estes serían nomes de poetas, escritores e pintores como Curros Enríquez, Luis Pimentel, ou o Pintor Villamil. Pero tamén atopamos o de Castelao, que viría a substituír á rúa 18 de julio. Por outra banda, como dicíamos, a proposta da Comisión de Cultura incluía tamén un listado de nomes para rúas novas ou que carecían del, entre elas a de Alexandre Bóveda.

Xa na Comisión a proposta tivera algúns votos en contra nos que é importante deterse. Tanto no caso da modificación da rúa Generalísimo Franco, que chegaba a pleno cos votos contrarios na comisión dos concelleiros da UCD e de CD[1079], como o voto en contra da CD para substituír a rúa Carrero Blanco. Da análise do debate no pleno pode establecerse que o núcleo central da proposta era precisamente esta eliminación do rueiro franquista, así o expresaban os concelleiros do BNPG en palabars de Gayoso Neira que consideraba o obxectivo da proposta a erradicación das rúas de Lugo duns nomes que lles estaban recordando corenta anos de fascismo e de ditadura. Ademais solicitaba que se incluíse no presuposto unha partida para a nova sinalización, evidenciando que non se trataría soamente de que se aprobase no pleno, senón de que a medida se fixese visible nas rúas mediante a substitución das placas.

A oposición a esta medida dos grupos municipais conservadores materializouse nunha estratexia que identificamos en numerosas concellos galegos: propoñer que quedase sobre a mesa. Esta opción someteuse a votación, cos votos a favor dos edís de UCD, CD e un concelleiro da candidatura independente, Manuel Rodríguez Trabada, quen tivo un papel protagonista na resolución deste asunto[1080]. É importante salientar que, pese a que a eliminación de rúas franquistas estaba inserida nunha proposta máis xeral sobre a organización do territorio municipal, este "deixar sobre a mesa" referíase unicamente á parte relacionada co nomenclátor franquista[1081]. Pois ben, con doce votos a favor e dez en contra a proposta de modificación de rúas "deixouse sobre a mesa para un mellor estudo".

A diferenza do acontecido noutros concellos, onde ese "deixar sobre a mesa" comportaba directamente que a medida quedase en suspenso durante meses e incluso anos, en Lugo volveu tratarse no seguinte pleno, para finalmente resolverse en xaneiro de 1980, isto é, soamente tres meses despois de ter sido sometido ao pleno municipal por primeira vez.

Durante estes tres meses o tema foi obxecto de debate plenario en varias ocasións, nun tira e afrouxa ocasionado principalmente pola indefinición da UCD, que xogou co traslado da cuestión as Comisións de Cultura e Régimen Interior. Deste modo o asunto volveu a sesión plenaria para debater unha nova proposta procedente da Comisión de Régimen Interior e Policía

Azcárraga (que aínda que non participou no golpe, si foi cargo do réxime franquista). En Acta do pleno do 23 de novembro de 1979. Arquivo Municipal de Lugo, *sin* AM8005.

[1079] Antonia Calvo Blanco (UCD), Julio Corral Cortiñas (UCD) e José Serafín Pena Souto (CD). En Acta do pleno do 23 de novembro de 1979. Arquivo Municipal de Lugo, *sin* AM8005.

[1080] En cambio outro compañeiro desta candidatura independiente posicionarase a favor xa non só de tratalo senón de aprobar a medida, Ramón Rodríguez Rodríguez.

[1081] Excepto unha das concelleiras de UCD que se manifestaba a favor de tratar xa o tema.

en solitario, recordemos que o anterior fora asinado conxuntamente coa Comisión de Cultura. Nela propoñíase a apertura dun período "de información pública", para que os veciños interesados puidesen formular suxestións e opinións ao respecto. O debate resultou un tanto caótico, desenvolvéndose algúns argumentos que conforman ese contraenmarcado, por exemplo en canto a denunciar o custo da acción ou a necesidade de que se celebrase un referendo entre os veciños[1082].

Neste pleno manifféstase de xeito notorio a postura de CD, abertamente contraria a calquera modificación das rúas[1083]. Máis complexa de definir e describir é a postura de UCD, que pese a votar en contra da proposta de CD de non modificar ningún dos nomes e que, por tanto, daría por terminado o tema, tampouco votaba a favor da proposta que xa tiña o ditame favorable das Comisións de Cultura e Régimen Interior. Recordemos que soamente dúas rúas tiveran votos en contra dos concelleiros deste grupo nas súas reunións. Pero como diciamos, sometida a votación plenaria, a proposta volvía obter soamente oito votos favorables dos partidos do centro-esquerda, PCG, BNPG e PSOE[1084]. Tampouco saía adiante a proposta de abrir un período informativo ao só contar cos votos a favor de UCD, os dous edís da candidatura independente e o PCG[1085]. Neste caso o voto contrario de CD, xunto cos partidos da oposición paralizaría tamén esta vía.

Deste modo o alcalde considerou de novo que o asunto debería tratarse noutra sesión, que tivo lugar soamente dez días despois[1086]. Nesta ocasión o alcalde Jose Novo Freire (UCD) propoñía que a medida volvese á Comisión Mixta coa fin da elaboración dunha nova proposta que acadase o consenso. Esta proposición do alcalde tivo moi mala acollida polos edís da oposición[1087]. O edil nacionalista, Gayoso Neira acusaba a CD e UCD dun "claro boicot". Foi destacable tamén a actuación do PCG que describía o que acontecía como unha "tomadura de pelo". Aínda así os concelleiros da oposición non se opuxeron a esta volta da proposta á comisión, votando en contra unicamente a CD[1088].

Como xa adiantaban os edís da oposición, a revisión do asunto por esta comisión deu como resultado unha proposta practicamente igual á que fora levada a pleno meses antes, o 23 de novembro. Así, nun xiro imprevisto dos acontecementos a resolución definitiva da cuestión viu da man precisamente de Manuel Rodríguez Trabada, edil independente que se manifestara a favor de "deixar o asunto sobre a mesa" para, con posterioridade, votar xunto con CD directamente en contra de realizar calquera modificación.

[1082] Salientable neste senso tamén a intervención edil e presidente da Comisión de Cultura, quen defendía que eles xa foran elixidos democraticamente, lexitimidade suficiente para levar a cabo o cambio sen a consulta, puntualizando tamén como os actuais nomes non os puxera unha corporación democrática

[1083] Manifestado polo edil Jose Torres Pacios quen leu un escrito en nome do seu grupo coa proposta de non modificar ningunha das rúas

[1084] Votos contrarios dos edís de UCD, CD e dous edís da candaditura independente (IND-S), Ramón Gonzláez Rodríguez e Manuel Rodríguez Trabada.

[1085] O PCG nas intervencións abríase a esta posibilidade. En realidade a candidatura independiente a conformaban catro concelleiros, máis entendemos que non acudían ás reunións. Pola súa banda existía outra candidatura independente, CIL (independientes por Lugo) da que non acudía ningún membro dos seus tres edís.

[1086] Acta da sesión plenaria extraordinaria do 19 de decembro de 1979. Arquivo Municipal de Lugo. *Sin AM80005* e Acta da sesión plenaria ordinaria do 28 de decembro de 1979. Arquivo Municipal de Lugo. *Sin AM8005.*

[1087] PSOE e BNPG opuxéronse a esta medida que, segundo eles, levaría ao mesmo resultado, propondo que simplemente se votase rúa por rúa a moción anterior, como xa considerara tamén o secretario municipal. Esta proposta tivo os votos contrarios de PCG UCD, CD e os dous edís da candidatura independente. Polo que non saíu adiante.

[1088] Xunto con concelleiro do PSOE (Lirilo Martínez Foucea). Acta da sesión plenaria ordinaria do 28 de decembro de 1979. Arquivo Municipal de Lugo. *Sin AM8005.*

Situámonos no 18 de xaneiro de 1980, e trala lectura da proposta da Comisión Mixta que non modificaba a xa elaborada anteriormente[1089], Rodríguez Trabada lía unha nova moción asinada por el mesmo e que encabezaba do seguinte xeito:

> La opinión del que suscribe es de que sólamente se deben modificar las calles que actualmente tienen unos nombres que, por una parte, no se ajustan a los tradicionales o por los que eran conocidas, y por otra parte, que ostenten nombres que no dicen nada al pueblo, por ser personas de poco relieve, practicamente desconocidas, o que realmente no han realizado por el Municipio, acción o ayuda de clase alguna, fuera ya de toda implicación política o partidista. Por otro lado, calles que llevan el nombre de personas lucenses, que fueron en otras épocas recordados, no deben sufrir modificación[1090].

A proposta constaba de tres puntos diferenciados. No terceiro incluíanse novos nomes para rúas sen nome[1091]. No segundo incluíase unha relación de vinte dúas rúas ás que deberían modificárselle o nome. Entre elas estarían as rúas aos golpistas Emilio Mola, Queipo de Llano e Gil Yuste ata completar un total de quince denominacións[1092]. Os nomes que se propoñía en ambos casos eran os mesmos que estaban na proposta da comisión mixta, entre eles a de Castelao. Pero a diferenza fundamental, e que foi o obxecto da polémica que se xerou no pleno foi o primeiro punto, aquel no que se incluía un listado de dezanove rúas "que no deben sufrir modificación sino su galleguización". Entre elas atopábanse trece con vinculación franquista[1093].

Polo tanto da proposta orixinaria da comisión, con vinte sete cambios de rúas golpistas ou franquistas, pasábase á modificación de quince, como se pode ver no Anexo 6. O criterio que explicaba o edil no encabezamento da súa proposta, polo cal só se manterían os nomes de persoas vinculadas dun xeito especial con Lugo, resulta incongruente coa proposta. Así, se atendemos ao listado de rúas que se mantiñan, ademais da rúa ao Generalísimo Franco estaban outras como a propia data do golpe de estado, o 18 de julio [1094]. A inconsistencia da proposta fíxoa ver no debate Carlos Dafonte, do PCG, ao entender que se se falaba de suprimir nomes pouco coñecidos, non entendía que se eliminase a Primo de Rivera, e se se trataba de eliminar os que recordasen a guerra civil se mantivese o de Calvo Sotelo[1095]. Pero o groso do debate, máis alá de analizar en detalle a proposta, centrouse no feito mesmo de presentala.

[1089] O listado de nomes franquistas a eliminar era o mesmo e unicamente se producía algunha modificación en canto a cal sería o novo nome. Cambio entre as rúas 18 de julio e General Mola, a primeira pasaría a chamarse Castelao e a segunda Valle Inclán, isto é xustamente ao revés da anterior proposta. E discrepancias entre PSOE e PCG, con BNPG sobre o nome proposto para Generalísimo Franco, Constitución os primeiros, e Alfonso X El Sabio, os segundos. E por último Jose Viador na primeira proposta sería Salvador Madariaga e na nova Lorenzo Varela. Ademais incluíase a Carlos de Azcárraga como rúa a eliminar. En Acta do pleno do 23 de novembro de 1979. Arquivo Municipal de Lugo, sin AM8005 e Acta da sesión extraordinaria do pleno 18 de xaneiro de 1980. Arquivo Municipal de Lugo, sin AM 8005.

[1090] Acta da sesión extraordinaria do pleno do 18 de xaneiro de 1980. Arquivo Municipal de Lugo. Sin AM8005.

[1091] E no que incluían nomes de poetas, xa presentes na outra proposta, como Luís Pimentel ou Curros Enríquez.

[1092] Rúas franquistas que modificaba a proposta de Rodríguez Trabada: General Mola, General Queipo de Llano, Jose Antonio, Jose Luis de Arrese, Jose Viador, Muñoz Grandes, Onésimo Redondo, Ortiz Muño, Pilar Primo de Rivera, Sargento Provisional, Serrano Suñez, Caídos, General Primo de Rivera y General Sanjurjo.

[1093] Doce delas das que figuraban na proposta da comisión mixta. E a maiores inclúe ao golpista García Morato e a Rodríguez Monelo (sen identificar).

[1094] As rúas ou prazas franquistas que manterían o nome serían: Alférez Provisional, Cedrón del Valle, General Tella, Comandante Manso, 18 de julio, Generalísimo Franco, Ruíz de Alcoa, Teniente Coronel Teijeiro, Carrero Blanco, Ramón Ferreiro, Carlos Azcárraga, Calvo Sotelo. Ademais incluíanse dous nomes a maiores de rúas que se debían manter que non figuraban na proposta da comisión: García Morato e Rodríguez Morelo (este último sen poder confirmar a súa vinculación franquitsa). Polo que en total falaríamos de 13 ou 14 rúas franquistas que se mantiñan.

[1095] Na transcrición da proposta de Rodríguez Trabada presente en actas non atopamos esa referencia expresa á guerra civil, non sabemos se é licencia deste edil ou non estaba ben transcrita.

O edil do PSOE, Varela Flores considerábaa unha deslealdade coa comisión, de onde Rodríguez Trabada era membro. Ao que este respondeu subliñando a súa oposición a "moitos dos cambios", e entendendo esta proposta como unha forma de acadar unha "solución definida". Ademais o autor da proposta facía fincapé no que constitúe un elemento central do discurso antimemorialista nas institucións, a existencia doutros temas de importancia que se debía abordar en vez de perder o tempo con este. Por outra banda, Jose Ramiro Gayoso (BNPG) acusaba a UCD de non afrontar a súa resolución e de utilizar a outro concelleiro alleo para levala á pleno, considerándoo unha "dinámica tristísima"[1096]. Por último os edís de CD, votaban a favor da proposta entendéndoa como unha boa solución[1097]. Daban así un xiro á súa actuación que ata o momento fora de oposición total a calquera cambio protagonizando actitudes inapropiadas, como a interrupción da sesión para acceder ao pleno no medio da lectura das propostas.

A votación resultou moi polémica pois a UCD contradiciu a postura que mantivera o seu representante no comisión mixta, onde só votara en contra da eliminación de tres rúas (aínda que estas foran as de máis recoñecida exaltación franquista como a de Franco). Trala aprobación da proposta de Trabada, o concelleiro Vicente Quintas de UCD interveu para explicar o cambio do seu voto. Este manifestou que fora obrigado polo cambio do criterio do seu partido, a quen por disciplina debía obedecer[1098].

Pese a que nas actas do pleno non figura que nin o alcalde, nin a UCD como grupo municipal, explicasen a súa postura, no mesmo día do pleno a prensa publicaba unhas declaracións do rexedor nas que este incidía na necesidade de que permanecesen os nomes en homenaxe "a esos paisanos ilustres y benefactores de la ciudad"[1099]. Ademais, engadía o alcalde que as rúas que eran coñecidas polo seu nome tradicional debían volver a el, como o caso da rúa Jose Antonio. Finalmente fai unha breve referencia a un nome que por "evocar la guerra civil" debe ser cambiado, Sargento Provisional[1100]. Pode detectarse, pois, unha argumentación moi semellante á que encabezaba o edil independente. O que, en definitiva explica as acusacións da oposición de empregar a este edil como cara visible dunha proposta que no fondo, proviña da UCD. Cabería preguntarse se esta modificación de postura do partido, que fai pública, con certo descontento, o edil Vicente Quintas (UCD) no pleno, puido vir causada por unha orde do partido en esferas máis altas[1101].

En resumo, interpretamos que tras remitir de novo a proposta á comisión mixta como unha estratexia dilatadora, e cunha nova proposta igual que a anterior de novo no pleno, a UCD atopábase nunha posición incómoda. Non se opuxera frontalmente a maioría dos cambios na comisión, (aínda que si a algúns de fundamental significado simbólico como Generalísimo Franco[1102]) polo que sería complicado explicar o seu voto en contra no pleno. Deste modo

[1096] Acta da sesión extraordinaria do pleno do 18 de xaneiro de 1980. Arquivo Municipal de Lugo, *sin* AM8005.
[1097] *Íbidem.*
[1098] *Íbidem.*
[1099] "Los concejales de CD se opondrán al cambio de nombre de calles y los de UCD propondrán la denominación tradicional", *La Voz de Galicia*, 18/01/1980, p.31.
[1100] Non así Alferez Provisional que "son todos cuantos hacen el servicio militar en la Milicia Universaria".
[1101] Na mesma noticia tamén se inclúen as declaracións de CD, contraria ás substitucións de nomes. Non se inclúen declaracións da oposición. En "Los concejales de CD se opondrán al cambio de nombre de calles y los de UCD propondrán la denominación tradicional", *La Voz de Galicia,* 18/01/1980, p.31.
[1102] Votos contrarios aos cambios que se terían manifestado na comisión mixta, e que se transcriben na acta do pleno do 18 de xaneiro de 1980: "18 de julio" e "General Mola", cos votos en contra de Julio Corral Cortiñas de UCD, e Manuel Rodríguez Trabada (Independientes); "Generalísimo Franco" na primeira proposta marcábase que votaran en contra Calvo Blanco, Corral Cortiñas (UCD) e Pena Souto (CD) (e o do BNG para que fose Castelao). Nesta nova proposta votan en contra: (na comisión): Calvo, Corral e Quintal (UCD) e Rodríguez Trabada (independente) . Comprendemos que os de CD non deberon ir a comisión posto que non a parecen os seus votos en contra.

optaron por utilizar a este edil ou, canto menos, compenetrarse con el para optar por esta vía intermedia que mantiña o nome do ditador do rueiro lucense[1103]. Ademais, pese a que en actas non figuraba por ningures este aspecto, por sesións posteriores sabemos que esta modificación das rúas levaba implícito que as rúas non se poderían volver cambiar en dez anos. Unha blindaxe pouco frecuente[1104].

O caso analizado revela de xeito nimio o que foi a estratexia maioritaria da UCD ante as medidas memorialistas nos concellos en estudo. Así, mentres a CD tendeu a manter unha postura abertamente contraria ás medidas memorialistas. a UCD desenvolveu estratexias como esta que evitaron amosar unha oposición frontal, pero que supuxeron a paralización ou fracaso dunha parte significativa das accións da memoria traumática[1105].

4.2.3.1.3. Un cambio integral: As Pontes

Xunto con Lugo que, pese ás grandes permanencias de rúas franquistas lograba eliminar un total de quince rúas de exaltación franquista en xaneiro de 1980, o pequeno concello das Pontes constitúe o segundo concello no que identificamos unha modificación numerosa do nomenclátor franquista, podendo considerala integral[1106].

Nesta vila da comarca do Eume, no norte da provincia da Coruña, acadou a alcaldía en 1979 Tomas Coello, o candidato de UG polo PG[1107]. A inestabilidade dos pactos electorais do centro-esquerda e da esquerda tamén se visualizou neste caso, cando soamente dezaseis meses despois o alcalde presentou a súa dimisión aludindo á situación insostible no consistorio. Pese a esta suposta inestabilidade que acusaba o alcalde, o substituto no posto foi tamén un concelleiro de UG, Xaime Vilaboy, quen revalidou o cargo en 1983, na candidatura creada para estes eleccións, Coalición Galega (CG), na que participaban entre outros o PG e outros grupos políticos do centro ou da dereita galeguista. Pero antes desta crise de goberno, que rematou coa dimisión do alcalde, acometeuse por iniciativa de UG o cambio do rueiro de As Pontes, que foi a pleno no temperán febreiro de 1980, converténdoo nun dos primeiros concellos en executar este tipo de actuacións.

Tras figurar na orde do día do pleno ordinario do 8 de febreiro do 80 á iniciativa de UG, volveu tratarse no pleno extraordinario do día 26 onde foi finalmente aprobado cos votos a

[1103] Sen relación coa tema do franquismo, a asociación de veciños do Barrio das Vivendas de Frigsa, proponen que en vez do cambio da súa rúa por Praza da Concordia sexa "Praza do Primeiro de Maio. Apróbase a proposta. Pleno do día 30 de maio de 1980. Arquivo Municipal de Lugo, *sin* AM 8005.

[1104] Así figura na acta da sesión do 1 de decembro de 1980 sobre a denominación dunha rúa co nome de "Anxel Fole": "tienendo en cuenta que las denominaciones señaladas por el Ayuntamiento Pleno en 18 de enero último pasado, básicas para la formación de los Censos Generales de la Nacion, no pueden cambiar en un período de diez años". Arquivo Municipal de Lugo, *sin* AM 8005.

[1105] Consideramos que nas actas existen erros, posto que non coinciden os concelleiros que aparecen no listado de asistentes, cos que logo votan. De todos xeitos comprobamos que os concelleiros que votan a favor de deixalo sobre a mesa pertencen a eses grupos municipais. Faltan concelleiros que en teoría estiveron presentes e non aparecen votando nin a favor nin en contra, tamén aparecen concelleiros que non figuran no listado de asistentes, pero si votan. Por outra banda temos un pequeno problema cos concelleiros de CD que na fonte documental principal empregada figuran con catro concelleiros, igual que na acta de constitución deste consistorio, pero aquí contabilizamos seis concelleiros de CD, ao igual que noutras informacións atopadas na rede.

[1106] A día de hoxe non puidemos acceder as actas municipais deste concello, pese a ter solicitado formalmente a súa consulta. Deste modo analizamos o acontecido neste concello sen poder estudar a documentación oficial. Pola relevancia que, consideramos, ten este caso, decidimos tratalo igualmente recorrendo á que foi a fonte a través da cal descubrimos o acontecido, a hemerográfica. Pese a cal existe unha eiva relevante na profundidade do coñecemento e por tanto da análise sobre o mesmo.

[1107] Quen xa ostentaba a alcaldía dende 1976. Dato curioso e sorprendente. En "El acuerdo entre los partidos de izquierda no se respetó en algunos ayuntamientos", *La Voz de Galicia,* 20/04/1979, p.39.

favor dos edís de UG, BNPG e unha das dúas candidaturas de independentes[1108]. A medida abranguía o cambio de denominación de vinte cinco rúas e prazas así como a inclusión de doce novos nomes para aquelas que carecían de denominación seguindo criterios da toponimia tradicional, da galeguización e da inclusión de persoeiros da cultura[1109]. Entre as vinte cinco rúas que sufrían modificacións atopábanse a avenida del Generalísimo, a avenida de Jose Antonio, a rúa ao ministro franquista Jose Antonio Girón e a de Calvo Sotelo. Ademais incluíanse os nomes de Castelao e Alexandre Bóveda[1110].

Interesa neste caso tamén a oposición do grupo do PSOE, que presentaban unha proposta intermedia (da que polo momento non temos detalles) onde soamente se cambiarían algunhas rúas, e por outra banda a oposición frontal da UCD[1111]. Tamén debe destacarse que a medida se fixo efectiva, sendo substituídas as placas nas rúas e prazas en outubro dese ano 80[1112].


En conclusión, trala análise destas tres primeiras intervencións memorialistas no relativo á eliminación de nomenclatura franquista cómpre salientar que en dous casos o goberno municipal era da dereita da UCD. Unha dinámica excepcional que non se repetiu nos seguintes anos. Barallamos a hipótese de que isto se producise nese cambio de marchas que supuxo a nova constitución dos concellos, ao desenvolverse como iniciativas dos grupos da esquerda, e ante unha UCD incómoda, pero á que lle custaba tomar posición de xeito claro sobre estas cuestións.

Ademais destes dous exemplos, Lugo e As Pontes, onde a intervención do rueiro foi numerosa, tamén se produciu nesta primeira etapa unha importante actuación memorialista en tres pequenos concellos galegos, Redondela, Moaña e Corcubión, onde ademais de ser pioneiros na eliminación de rúas de exaltación franquista, o son pola inclusión no seu espazo público de homenaxes ás vítimas. Neste último caso tamén se atopa O Barco de Valdeorras.

4.2.3.2. As primeiras vítimas no espazo público

Como xa anticipamos no apartado anterior, vai ser común que as modificacións nos rueiros traian aparellada a inclusión de nomes relevantes para a nosa investigación, ao tratarse de vítimas da violencia franquista.

Gráfico 51. Modalidades de inclusión de vítimas no rueiro.



Fonte: elaboración propia.

[1108] "As Pontes: el pleno municipal se ocupará esta tarde del hospital comarcal", *La Voz de Galicia,* 08/02/1980, p.31

[1109] Apuntando ao estudo do historiador pontés Enrique Rivera Rouco. En: "As Pontes: Aprobado el cambio de nombre de veinticinco calles y plazas", *La Voz de Galicia*, 26/02/1980, p. 40.

[1110] "As Pontes: Aprobado el cambio de nombre de veinticinco calles y plazas", *La Voz de Galicia*, 26/02/1980, p. 40.

[1111] *Íbidem.*

[1112] "Los nuevos nombres de las calles", *La Voz de Galicia,* 15/10/1980, p. 80.

Neste senso distinguimos dúas modalidades nas que van aparecer (Gráfico 51). En primeiro lugar como nomes de "reemprazo" ou substitución, é dicir aqueles que coa eliminación das rúas franquistas viñan a substituílas. Deste modo en Lugo e nas Pontes incluíronse rúas en homenaxe a Castelao en substitución de rúas franquistas. E tamén en Lugo incluíronse nomes de dous exiliados, Salvador de Madariaga e Luís Seoane no canto dos falanxistas Jose Viador e Onésimo Redondo respectivamente. Nas Pontes, incluíuse como nome de substitución (máis non dun franquista) a Alexandre Bóveda.

Poderíamos soster que existe un conxunto de novas denominacións que tenden a ser bastante similares entre os diferentes concellos, cunha mostra estable de escritores e poetas galegos, referencias ao novo sistema na súa carta magna e na figura do rei ou na volta á vella toponimia da rúa antes da súa denominación franquista, se é que a tivese. Entre elas tamén vai ser habitual que se inclúan as rúas en honra a Castelao, a Alexandre Bóveda ou a outros persoeiros destacados da cultura galega que tiveron que fuxir tralo golpe de estado.

Pero ademais tamén existiu outra modalidade na que apareceron nomes de vítimas, sen ser substitutivas das franquistas. Neste caso ademais das xa referenciadas a Castelao e Bóveda foi común que emerxesen nomes de vítimas relacionadas coa localidade onde esta medida tiña lugar. No anterior capítulo realizamos unha distinción tipolóxica entre as homenaxes nas que se recordaba a unha vítima "persoeiro" ou a unha vítima "anónima". No caso da acción de memoria institucional consistente na inclusión dos seus nomes na nomenclatura urbana podemos tamén distinguir entre as denominacións de vítimas persoeiros, como Castelao ou Bóveda, e as vítimas anónimas. Máis, como sucedía no caso das homenaxes, existiu un abano gradual de vítimas entre ambos extremos (que ademais foron os máis repetidos), nos que se homenaxeaba a vítimas referenciais a nivel local, destacando o alcalde da localidade que fora violentado tralo golpe de estado[1113].

4.2.3.2.1.A primeira rúa a un alcalde fusilado: O Barco de Valdeorras

A meirande parte dos concellos onde se desenvolveron accións memorialistas estiveron gobernados polo centro-esquerda, coa oposición dos partidos da dereita, UCD e CD, principalmente, pero o caso do Barco tamén foi diferente e tamén aconteceu nas primeiras semanas trala investidura do novo alcalde, o candidato da UCD Eulogio Gavela García. O pleno estaba formado maioritariamente por concelleiros da dereita, aínda que existía representación do PSOE (histórico), do PSOE e do MCG[1114]. E nesta última organización reside a clave de que poidamos falar do Barco de Valdeorras como concello pioneiro na acción memorialista. A actuación do edil do MCG, Gustavo Docampo Paradela, xunto coa actitude positiva do goberno municipal, propiciaron que en xuño de 1979, soamente dous meses despois de constituírse, se aprobase un novo nome para unha das rúas da vila. Tratábase de Abdón Blanco, o alcalde asasinado en 1936.

Para analizar este fenómeno contamos con dous documentos de especial relevancia. Por unha banda a acta do pleno onde se presentou a moción. E por outra o texto íntegro da moción, facilitada polo propio Gustavo Docampo. Non é habitual que poidamos contar con este segundo documento, polo que este caso, se torna de moito interese para poder analizar o fenómeno en

[1113] Nalgúns casos, como veremos, estas vítimas locais tamén viñan a ser nomes de reemprazo de nomenclatura franquista, como o caso de Jaime Quintanilla en Ferrol.
[1114] Resultados eleccións O Barco de Valdeorras (1979): UCD (7), CD (2), PSOE (histórico) (2), PSOE (1), MCG (1).

estudo. Primeiramente porque neste caso evidenciase unha dificultade metodolóxica: nas actas dos plenos o máis habitual resultou que se realizase un resumo das mocións e que, polo tanto, non se transcribise o texto íntegro[1115]. O Barco é relevante neste senso porque podemos corroborar este punto ao ter acceso ao texto da moción e detectar esa censura nas actas. Un fenómeno que se intúe noutros casos de estudo pero que aquí se constata. Así mesmo, é salientable poder contar coas palabras textuais de quen tomaba a iniciativa memorialista, unha circunstancia pouco habitual.

De tal forma, a través da comparativa entre ambos documentos comprobamos como no documento municipal se produciu unha síntese que anulaba o sentido orixinario da moción, ou canto menos suavizaba a relevancia que na mesma tiña a lembranza dos feitos e que se observa no propio título da moción. Deste modo mentres nas actas do pleno fálase dunha "Moción del Concejal Sr. Docampo sobre denominación de una calle", o título orixinal era "Homenaxe a Don Abdón Blanco García, ultimo alcalde democrático deste axuntamento". Se nos fixamos no texto da acta do pleno podemos identificar unicamente unha descrición sintética do que se pide, isto é o cambio do nome dunha rúa. De tal maneira, trala mención das organizacións que subscribían a moción (que ademais do MCG serían as CCOO, a LCR e o PCG) sinalábase:

> Se solicita a la corporación que la actual calle de Jose Antonio Primo de Rivera, de esta villa, pase a denominarse "Avenida del Alcalde Abdón Blanco" en homenaje a D. Abdón Blanco García que era alcalde de este Ayuntamiento en julio de 1936, detenido el día 21 de este mismo mes y fusilado posteriormente[1116].

Fronte a esta sintetizada exposición da moción, ao acceder ao texto completo presentado no concello, atopámonos ante unha detallada exposición de motivos que, é en si mesmo, un texto de reivindicación desa memoria traumatizada. Primeiramente cunha descrición exhaustiva de como foran os días posteriores ao golpe na vila, coa Fronte Popular organizando a resistencia "contra do fascismo amenazante"[1117] e coa posterior chegada dun forte continxente da Guardia civil "pra sofocar ós milicianos que defendía a democracia". A moción proseguía relatando a detención do alcalde Abdón Blanco "por un fato de falanxistas" e o seu asasinato no Cuartel de San Francisco, en Ourense. A segunda parte da moción é, se cabe, aínda máis interesante, ao converterse nunha alegación en contra do esquecemento e pola memoria:

> Pero ese pobo non olvida, non pode olvidar ó home bón e respetuoso que foi Abdón Blanco, un home que intentou, mentras estivo neste Axuntamento, que fose respetada a vida das persoas(...) pese ó tempo transcorrido sigue sendo recordado con agarimo por tantos veciños desta terra valdeorresa[1118].

Identificamos diversas cuestións de interese no discurso memorialista que este texto esgrime. Por unha banda trátase dun texto informativo, que explica como foi tomada a vila polos golpistas incidíndose no carácter antifascista e de defensa da democracia dos veciños do Barco e de Abdón Blanco en particular. A relevancia deste carácter divulgativo é fundamental se comprendemos que podemos atoparnos ante un dos primeiros documentos públicos, dun representante oficial da veciñanza do Barco, no que se mencionen estes feitos. Por outra banda a nivel conceptual emprégase terminoloxía "memorialista". Así fálase dos intentos das autoridades franquistas de "estirpar o pobo da súa memoria colectiva". As referencias ao

[1115] Puidemos identificar algún concello no que si se fai a transcrición directa, pero será o menos frecuente.
[1116] Acta do pleno do día 28 de xuño de 1979. Concello do Barco de Valdeorras.
[1117] "Moción o pleno do Axuntamento do Barco: Homenaxe a Don Abdón Blanco García, ultimo alcalde democrático deste axuntamento". Asinado e selado polo concello o 31 de maio de 1979. Documento cedido por Gustavo Docampo Paradela.
[1118] *Íbidem.*

"olvido" son precisamente para sinalar que ese pobo non esqueceu, fronte ao intento das autoridades franquistas de negar o acontecido, neste caso mediante a negación de Abdón Blanco. "E alí quedou enterrado nas páxinas da historia Angdón Blanco, un demócrata, cuio nome foi proscrito polas autoridades franquistas nun desesperado intento de estirpar ó pobo a súa memoria colectiva"[1119].


Saliéntase, polo tanto, precisamente o "non esquecemento", a reivindicación da memoria dun pobo que segue a recordar a ese home. E precisamente esta moción, esta descrición dos feitos, e este desexo de homenaxealo evidenciarían esa memoria democrática, antifascista que seguía viva pese aos intentos do réxime franquista. Ademais interpretábase que debía ser o "primeiro Axuntamento elixido democraticamente dende fai 42 anos" quen tiña a obriga moral de lembrar e render homenaxe ao "último alcalde democrático desta vila". É polo tanto ofrecía unha lectura da memoria, do esquecemento, en definitiva dese proceso negacionista, afastada do discurso oficial que se apuntalaba nese momento e que, pola contra, identificaremos noutros discursos memorialistas analizados, por exemplo, en Redondela, onde a necesidade de esquecer e a reconciliación constituíron o núcleo argumental.

Tamén é diferente esta moción no referente á lectura do acontecido, dese golpe de estado e da violencia desatada tras del. Se volvemos ao texto podemos comprobar como non se emprega o termo "guerra civil" e si o de resistencia e defensa fronte ao "fascismo ameazante". Non se fala de dous bandos, e si se salienta o carácter democrático e antifascista da vítima. Tamén é ilustrativo que se resalte o seu recordo como "ultimo alcalde democrático", todo o cal vai contrastar co que foi fundacional tamén da Transición, como "primeira democracia" ou primeiro momento democrático do estado fronte a séculos de conflito e guerra. Por último, tamén destaca un elemento que era moi habitual nas accións de homenaxe: a referencia ás demais vítimas e a extensión desta homenaxe a todas elas. "lembrándonos así tamén de tódolos homes e mulleres barquenses que deixaron a súa vida na defensa da libertade". Pero no caso concreto das accións da memoria institucionais e en concreto no caso das inclusións de nomes de vítimas no rueiro non é habitual que poidamos ter rastro documental dese desexo expreso da extensión da lembranza ás demais persoas violentadas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[1119] *Ibidem.*

Gráfico 52. Os discursos memorialistas: elementos dos marcos a prol das accións da memoria



Fonte: elaboración propia.

Por tanto mentres que no caso dos que se opoñían as accións da memoria, detectouse a existencia dun constructo argumental que denominamos discurso antimemorialista ou contraenmarcado da memoria, para o caso dos "defensores" das accións memoriais non podemos falar dun único discurso ou construción argumental e si de "discursos da memoria" en plural. O caso que nos ocupa é clave nisto. O Gráfico 52 amosa este extremo, marcando as diferenzas máis salientables entre discursos coas cores gris e branca.

De modo que poderíamos referirnos a dúas correntes fundamentais neses discursos memorialistas. Cuestión que bosquexabamos no capítulo anterior e que no caso das accións institucionais se pode estudar con detalle ao contar con numerosos discursos e argumentacións tanto dos axentes memorialistas como dos seus opositores. Estas dúas correntes serían a do antifascismo por un lado e a da reconciliación, polo outro. E a parte dos casos nos que o discurso obedeza a unha ou outra corrente, resultará frecuente atoparnos ante discursos híbridos nos que se poidan identificar elementos entremesturados de ambas correntes.

Noutra orde de cousas, a moción de Docampo pretendía homenaxear ao alcalde fusilado e as demais vítimas do Barco mediante a denominación como Abdón Blanco da rúa que ata ese momento levaba o nome de Primo de Rivera. A proposta por tanto era, en si mesma unha duplo acción memorial. Por unha banda eliminaríase a homenaxe a Primo de Rivera, e ao mesmo tempo substituiríase co nome dun dos fusilados, isto é cunha homenaxe a unha vítima. Incluso poderíamos soster que tenta ser unha acción memorial tripla posto que se pretendía realizar un acto público o 21 de xullo, xustamente o 23 cabodano da súa detención.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Fixémonos que a data na que se asinaba a moción, mesmo día en que se recibía no concello, é o 31 de maio, isto é máis dun mes antes de que chegase a pleno. Durante ese tempo intermedio aconteceron dúas cuestións de interese. En primeiro termo a publicación da noticia sobre a moción que expresaba como esta "reivindica la memoria del último alcalde demócrata en la villa don Abdón Blanco, pidiendo para él el nombre de una calle[1120]. Así, na noticia volvía incidirse no recordo do alcalde que "sigue vivo en la villa". Así mesmo, e contrariamente ao que acontecía no texto da moción, en prensa empregábase a linguaxe da reconciliación describíndo o acontecido como un "estallido" da guerra civil.

O segundo feito que se produciu antes do debate da moción en pleno foi o apoio de dous persoeiros barquenses, Lauro Olmo e José Antonio Gurriarán. O primeiro, asentado en Madrid dende neno e Premio Nacional de Teatro quixo manifestar o seu respaldo á iniciativa salientando a "honda concepción democrática" de Abdón Blanco que guiara os seus pasos á fronte da alcaldía "en uno de los momentos más dramáticos de nuestra historia":

> Yo como valdeorrés, me sumo a esta petición, no solo por lo que tiene de espíritu fraterno y de agradecimiento, sino por lo que significa como deseo de superar aquella España dividida en dos. Aquella España que él concebía democrática y en paz. Valdeorreses, nobleza obliga[1121].

Nas declaracións de Olmo podemos distinguir elementos do discurso da reconciliación, nesa superación dunha España dividida. A contra do que acontece coas declaracións de Jose Antonio Gurriarán, subdirector de *Pueblo* e director de *El Socialista*. Olmo, tamén residente en Madrid dende finais dos sesenta traballando como xornalista en RTVE, aludía á reivindicación que el mesmo fixera da figura de Abdón en anos anteriores. Nas declaracións pode identificarse a denuncia do esquecemento e a reivindicación da memoria "revivindo ese pasado digno".

> Consideraba, y considero que precisamente ahora en que Galicia lucha por recuperar su identidad y derechos como pueblo, ha de sacar del forzado olvido a hombres que pertenecen a nuestra historia. Persistir en condenarlos a este olvido sería destruír nuestras raíces y pasado. Por el contrario, hacerles presentes en una calle, plaza o monumento es revivir un pasado digno que como tal, hay que actualizar[1122].

Nun sentido oposto, identificamos a intervención durante o pleno da concelleira da UCD Rosario Teresa García Delicado, que reproducía a lóxica do discurso da reconciliación na súa elaboración do discurso antimemorialista. Así, pese a non dubidar dos méritos de Blanco para ser homenaxeado consideraba que isto fomentaría "una división apasionada entre todos los habitantes de la villa, división que el ayuntamiento deberá evitar a toda costa"[1123].

Ademais da argumentación de García Delicado incluíuse en actas a proposta do concelleiro do PSOE, José García Pérez quen defendía a permanencia da rúa Jose Antonio Primo de Rivera, considerando a solución máis viable que "el ayuntamiento denominase una nueva calle que surja en la Villa, sin nombre con el que se propone la moción"[1124]. Esta proposta foi aprobada no pleno. É salientable que fose precisamente un concelleiro do PSOE quen evitase a eliminación dun nome franquista. En acta queda patente a oposición do propio concelleiro

[1120] "El concejal del MCG pide se deique una calle a Abdon Blanco", *La Región,* maio 1979. Nota: recorte da nova cedido por Gustavo Docampo, sen data.
[1121] "Lauro Olmo y José Antonio Gurriarán apoyan la petición de una calle para Abdón Blanco", *La Región,* 13/06/1979. Recorte da nova cedido por Gustavo Docampo, coa data escrita a bolígrafo.
[1122] *Íbidem.*
[1123] Acta da sesión plenaria do día 28 de xuño de 1979. Concello do Barco de Valdeorras.
[1124] *Íbidem.*

Gustavo Docampo. De todos xeitos foi el mesmo quen semanas máis tarde e ante esta pausa na iniciativa, levou a pleno a proposta consistente en denominar Alcalde Abdón Blanco a unha rúa recentemente construída[1125]. Moción que, desta volta, foi aprobada. Estamos no día anterior ao cabodano, ese 21 de xullo no que Docampo propuxera que se lle fixese unha homenaxe pública. Non sabemos se esta se realizou e en que grado.

A seguinte nova sobre este asunto ten lugar sete anos despois, en 1986, cando este mesmo concelleiro escribía un artigo en prensa titulado *Abdón Blanco, un exemplo de dignidade,* no que se refería á moción:

> Hai sete anos que aquela moción, despois de certas tensións, foi aprobada e aínda non hai ningunha placa que indique o nome desa rúa expresando públicamente ese homenaxe do povo do Barco a quen o representara nos difíceis momentos da sublevación militar de 1936. Esto é algo vergonzoso e inxustificabel, como a persistencia da simboloxía da dictadura en dependencias municipais, nas rúas, plazas e igrexas[1126].

Isto evidencia as especiais características desta acción da memoria. Aínda que pioneira no acordo de nomear unha rúa co nome dunha vítima no temperán 1979, pese a que este acordo se dese nun concello gobernado polo UCD, a visibilidade desta medida foi inexistente. Así, Docampo aproveitaba o cincuenta aniversario do golpe para reivindicar a este alcalde "que non renunciou as súas ideas e que se mantuvo firme no seu papel de representante democrático que iba ser-lle arrebatado "manu militari"[1127] e para denunciar a invisibilidade desa acción memorial.

Por outra parte, este artigo de Docampo en 1986 foi tamén unha acción de memoria divulgativa en si mesma ao narrar o acontecido no Barco antes e despois do golpe, aludindo á memoria doutros vadeorrenses "que escribiron "no seu combate pola liberdade páxinas da nosa historia local que falan por si soas"[1128] como Pedro Quiroga, Eladio Rodríguez ou Gerardo Núñez.

En definitiva, a actuación memorialista de Gustavo Docampo continuou nos seguintes anos, máis alá do primeiro goberno municipal democrático. Así, grazas a este artigo obtemos un matiz relevante en torno a como se desenvolveu finalmente esa acción memorial, aplacada, fóra das paredes do consistorio municipal. Non foi ata o ano 1996 cando se realizou a homenaxe pública que se demandaba no 79. O propio Gustavo Docampo, fonte oral desta investigación, nos explicaba en 2022 por que consideraba el que a moción, con tímidos resultados, saíra adiante nun concello gobernado pola UCD. Isto deberíase á vinculación do pai do actual alcalde coa Fronte Popular, o que lle valera certa amoestación por parte da ditadura.

[1125] Acta da sesión plenaria do 20 de xullo de 1979. Concello do Barco de Valdeorras.

[1126] Docampo, G.: "Abdón Blanco, un exemplo de dignidade", *La Voz de Galicia*, 09/11/1986, p. 38

[1127] No artigo Docampo intentaba situarse no momento do golpe e en como "caería a noticia". Así describía tanto o que facer da poboación, no momento das segas e do sulfato das viñas. E de como o Frente Popular e en especial o PC "contaban con un bó número de simpatizantes e controlaban o axuntamento". Referíase tamén ao ambiente "enrarecido" dos días previos : "O día 12 no curso dunha discusión con militantes de esquerda, morreu o falanxista Castor Pérez – a carreteira de Rubiá leva o seu nome-. Cedistas e falanxistas conspiraban e preparaban venganzas nas casas de algúns señores importantes. Chegaba para eles o momento de axustar contas". e a como Abdón Blanco e o seu tenente alcalde Manuel Blanco Pascual tentaran "algún tipo de organización para defender a vila, cunha enorme vontade revolucionaria pero con poucas armas para facer frente a Guardia Civil, mandada desde A Rúa". Non tardaron en tomar a vila e entre outras deter ao propio alcalde, narra Docampo. O que sigue despois xa é sabido. Foron os anos dos escapados e a resistencia no monte, da represión, do exilio interior e dos xuízos sumarísimos como o que puxo fin a vida de aquel alcalde de 38 anos dunha consecuencia exemplar.
En Docampo, G.: "Abdón Blanco, un exemplo de dignidade", *La Voz de Galicia*, 09/11/1986, p. 38

[1128] Docampo, G.: "Abdón Blanco, un exemplo de dignidade", *La Voz de Galicia*, 09/11/1986, p. 38

> O pai do actual alcalde era fillo do que tamén fora alcalde coa Fronte Popular, Eulogio Gavela Vega, de Izquierda Republicana, renunciando poucas semanas despois da súa elección e finalmente sendo substituído por Abdón Blanco. Gavela Vega sufriu incautación de bens pola Comisión Provincial de Incautación de Bienes, no Centro Documental de la Memoria Histórica figura un expediente ao seu nome no apartado da Masonería[1129].

Este dato é crucial, posto que apunta ao que podemos considerar un dos elementos que unen a boa parte dos axentes memorialistas: o pasado da súa familia. Como o máis coñecido movemento memorialista dos 2000 é protagonizado polos "netos" xa nos referimos aquí á alusión a estes como os "fillos". Ben é certo que non podemos falar do alcalde Eulogio Gavela García como un "axente memorialista", pero si identificamos unha actuación algo diferente a dos demais integrantes do seu partido. Aínda así o propio Docampo lembraba como non quedara nada satisfeito "porque aquelo non era rúa nin era nada"[1130]. Ante a cuestión de por que decidira levar a cabo a iniciativa e por que precisamente en torno a Abdón Blanco, Docampo aseguraba que a iniciativa contaba cun amplo respaldo social polo propio carácter da figura do alcalde. Ademais Docampo iniciara unha relación coas fillas de Blanco, que seguían vivindo na mesma casa do pai.

Convén salientar que tendo como voceiro a Gustavo Docampo a moción estaba asinada por diversos partidos e sindicatos que, en definitiva, evidenciaban a relevancia social da proposta. Docampo salienta na entrevista o carácter moderado de Abdón Blanco, e por tanto de certo consenso entre os diversos sectores sociais para a súa reivindicación, e que se corroboraba co apoio público dos dous persoeiros mencionados en liñas anteriores[1131].

> Eu era consciente de que estaba facendo unha cousa que representaba a sectores relativamente amplos, dentro de que, en fin, eran tempos nos que aínda se facían as cousas con moita cautela. (…) Pero o de Abdón era un caso moi sangrante , non era... se eu llo pedira para Manuel Blanco Pascual por exemplo, que era un fotógrafo eminente que logo apareceu en 2009 enterrado na Cabreira, desenterrámolo aí e démoslle un enterro digno... pero Manuel Blanco Pascual xa era un activista, era un home moi comprometido, do partido comunista, con perfil cultural, artístico e demais pero bueno xa era.... sabes? Abdón era un home de paz, un republicano que puxeran aí porque había que poñer a alguén, un comerciante, un home crente…[1132]

Foi no seguinte mandato democrático cando Docampo, de novo elixido concelleiro, desenvolveu outras iniciativas memorialistas como a proposta para a eliminación das rúas con nomes franquistas. Aínda que este tema xa fora visibilizado neste primeiro goberno municipal, concretamente a raíz da iniciativa do concelleiro de CD Antonio Hervella Martínez cunha proposta relacionada co golpe de estado do 23 de febreiro de 1981: darlle o nome de Constitución a unha das rúas da vila. Así, Docampo nas intervencións explicaba "su oposición a este nombre de Constitución y hace alusión a las calles que llevan aún el nombre que a su criterio no debe haber y propone se inicie un cambio de los nombres de calles en la villa en aquellas que se considera necesario el cambio del que ostentan actualmente"[1133]. Resulta altamente probable que se refira ás franquistas, máis na transcrición do pleno non figura. A

[1129] Entrevista a Gustavo Docampo Paradela realizada por Iria Morgade (O Barco de Valdeorras, 3 de xaneiro de 2022).
[1130] *Íbidem.*
[1131] *Íbidem.*
[1132] *Íbidem.*
[1133] Acta da sesión plenaria do 3 de abril de 1981. Concello do Barco de Valdeorras.

moción sobre a rúa Constitución aprobouse, convivindo a partir dese momento con aquelas dedicadas a Franco e a Primo de Rivera.

4.2.3.2.2.As primeiras rúas a Castelao: Soutomaior e Vigo

Mencionamos xa como resultou común que os nomes de persoeiros relacionadas coa II República ou os nomes de vítimas viñeron a ser "nomes de reemprazo" nos procesos de eliminación de rúas franquistas. Neste sentido os nomes de substitución que máis se van repetir ao longo dos diversos concellos galegos foron os de Castelao e Bóveda. Nestes primeiros anos dos novos gobernos municipais produciuse este feito en Lugo e As Pontes. Pero o primeiro concello en nomear unha rúa da súa localidade co nome de Castelao foi Soutomaior mediante a aprobación dunha moción presentada polo alcalde en maio de 1979, ao que seguiría un acto de homenaxe institucional. A figura do alcalde e a súa vinculación coa mobilización memorialista no exilio conforman un importante vector explicativo desta acción de memoria pioneira.

O 20 de abril de 1979 en Soutomaior proclamábase alcalde Fernando Pereira Caamaño, o candidato da agrupación veciñal Xuntanza Soutomaior-Arcade[1134]. Había poucos anos que retornara a Galicia procedente de Uruguai, concretamente en 1977. Aínda que en anos anteriores tivera realizado unha viaxe a terras galegas de gran importancia. Fernando Pereira, participou na homenaxe a Castelao en setembro de 1975 no papel de representante do Padroado de Cultura Gallega en Montevideo que, recordemos, fora promotor da realización do busto a Castelao e da súa posterior inauguración en Rianxo (ver Capítulo 2). Pereira formaba parte dos emigrados posteriores ao exilio, durante a vaga de migración económica dos

> fillos da represión, do racionamento, das requisas das Xuntas de Abastos, do medo e da pobreza, a maioría deles co servicio militar feito no exército español —do que moitos gardarán unha boa lembranza, por nel teren aprendido algún oficio ou teren completado a súa alfabetización—, e cun certo verniz de adoutrinamento franquista; ou, cando menos, sen memoria do que fora a II República, a mobilización sociopolítica e asociativa anterior a 1936 (Núñez Seixas, 2006, p.50-51).

El, xunto con outros coma Manuel Mera ou Xosé Neira Vilas, constituíu unha excepción a esta dinámica xeral, entrando en contacto coa cultura política dos exiliados e das antigas elites comprometidas da colectividade, recollendo o seu legado e identificándose con el (Núñez Seixas, 2006, p. 50). No seu retorno definitivo a Galicia en 1977 abriu en Vigo a libraría que decidiu bautizar co nome de Alfonso R. Castelao e que acabou converténdose nun punto de referencia da actividade cultural e política. Ao pouco, en Soutomaior, onde residía, comezou a participar na asociación de veciños O fondo da ría, o xermolo da candidatura na que se presentou á alcaldía en 1979.

Esta traxectoria fálanos dun activo da mobilización primeiramente dos exiliados, e posteriormente, xa no retorno, da mobilización política e social dos anos setenta en Galicia, canalizada con especial intensidade a través das asociacións veciñas e culturais. Na actuación de Fernando Pereira apréciase tamén a vinculación existente entre ambos mundos, materializada na participación na homenaxe a Castelao en Rianxo, e na colaboración en

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1134 Acta da sesión plenaria extraordinaria do 20 de abril de 1979. Concello de Soutomaior.

actividades a ambos lados do océano nos anos seguintes[1135]. É pois un exemplo paradigmático do fenómeno polo cal as accións e as demandas xurdidas na sociedade, nesa mobilización social, transitaron cara as institucións da man precisamente de actores que participaran desa mobilización e que a partir do 79 fixérono dende as institucións. É, por tanto, un claro exemplo do proceso de institucionalización das accións memoriais que se produciu en Galicia a partir de 1979.

En definitiva, Fernando Pereira formou parte da homenaxe a Castelao do 75, cun carácter tan público e colectivo. E Fernando Pereira deu forma dende as institucións, a unha das primeiras accións memoriais de cariz institucional. E é que poucas semanas despois da súa elección, levou a pleno unha moción, aprobada por unanimidade, na que co obxectivo de perpetuar a memoria de Castelao, e ante a celebración do trinta aniversario do seu falecemento, o 7 de xaneiro de 1980, se denominase co seu nome o tramo da estrada nacional 550 entre " el campo de la Feria y el Puente de Hierro"[1136]. Ademais nun pleno posterior, consensuouse como se celebraría a inauguración da rúa. Esta converteuse nunha homenaxe da Corporación do pobo de Soutomaior a Castelao, na que falaron o alcalde e concelleiro do BNPG Lois Obelleiro Pión[1137].

O 6 de xaneiro de 1980 tivo lugar a devandita homenaxe que foi recollida pola prensa resaltando que se trataría da primeira rúa en Galicia en homenaxear a Castelao[1138]. No acto, ademais das intervencións do alcalde e do concelleiro, participou a banda de música A artística, que rematou a súa actuación coa interpretación do himno galego, un dos elementos que tiñamos identificado como comúns ás homenaxes memorialistas da etapa anterior. No acto, "eminentemente popular", cunha gran asistencia de público, ía participar a irmá de Castelao que finalmente non o fixo por problemas de saúde[1139].

En relación con este concello debe terse en conta dúas cuestións. En primeiro lugar a convivencia no pleno de tres agrupacións de electores diferentes. Deste modo, ademais da agrupación de electores de corte progresista á que pertencía Pereira, tamén estaban representadas no pleno dúas agrupacións máis, a Candidatura Independiente Pro-Progreso e a Agrupación Independiente Democrática. Unicamente un partido político ocupaba un posto no concello, o BNPG. Por outra banda, e en relación co obxecto do noso estudo, é importante ter en conta que neste concello, coa vila de Arcade como maior núcleo poboacional, non existían rúas con nomes franquistas, precisamente porque é nos anos 70 cando comezan a denominar os rueiros e camiños con denominacións oficiais. Deste xeito, a acción da eliminación da simboloxía franquista do rueiro, non tiña cabida, porque directamente non existía. Así, levouse a cabo unicamente a galeguización da toponimia[1140]. Por tanto as actuacións que se desenvolveron neste pequeno concello da ría de Vigo foron a inclusión de nomes relacionados con vítimas da violencia franquista, coma esta primeira a Castelao[1141].

[1135] Exemplo da súa participación , como conferenciante coa charla titulada "A Galicia de hoxe", nas XXII Xornadas de Cultura Galega" celebradas en Montevideo e organizadas polo Patronato. "Organizadas polo Patronato de Cultura Galega", *La Voz de Galicia*, 06/09/1977, p. 51.

[1136] Acta do Pleno do 25 de maio de 1979. Concello de Soutomaior.

[1137] Na acta do pleno sinálase que existiu unha ampla deliberación máis sen chegar a describila. Acta do Pleno do 29 de decembro de 1979. Concello de Soutomaior.

[1138] En: "Homenaxe a Castelao na vila de Arcade", A Nosa Terra, nº 89, 11-17 de xaneiro de 1980, p.4. e "E a primeira de Galicia, Inaugurada en Arcade "Avenida de Alfonso Castelao", *La Voz de Galicia*, 12/01/1980, p.40.

[1139] Homenaxe a Castelao na vila de Arcade", *A Nosa Terra*, nº 89, 11-17 de xaneiro de 1980, p.4.

[1140] Acta do Pleno do 30 de xuño de 1979. Concello de Soutomaior.

[1141] Tamén doutros nomes como o de Rosalía de Castro, no aniversario do seu nacemento acórdase tamén en pleno a súa homenaxe coa denominación dunha rúa, e a realización dun acto na colocación da placa na mesma. En Acta do pleno do 1 de febreiro de 1980, Concello de Soutomaior.

Tamén na ría de Vigo, e en concreto na cidade de Vigo, tivo lugar outra das primeiras nomenclaturas dunha rúa para Castelao en Galicia. Aconteceu poucos meses despois da homenaxe en Soutomaior, en concreto en maio de 1980. Pero pese a que as medidas memorialistas nas grandes cidades de xeito maioritario desenvolvéronse no segundo período deste mandato, na cidade olívica as propostas comezaron xa a poucos días da investidura. E en relación coa inclusión de varias vítimas, ademais de Castelao.

Vigo foi outro dos grandes concellos galegos onde se puxo en práctica o Pacto do Hostal, polo que os partidos da esquerda e nacionalistas galegos daríanse apoio entre eles para acadar as alcaldías. En abril do 79 era investido alcalde da cidade olívica Manoel Soto Ferreiro, candidato do PSOE, quen no seu discurso de investidura facía referencia ao anterior alcalde democrático da cidade, Emilio Martínez Garrido, asasinado polos golpistas en 1936. Precisamente foi en homenaxe a Martínez Garrido a primeira proposta memorialista do alcalde, que tomaba a forma de moción da alcaldía o 4 de maio dese ano 1979[1142]. Na moción propoñía incluír no rueiro vigués ademais desta vítima, a persoeiros como Castelao, Pablo Iglesias ou Alexandre Bóveda[1143]:

> A rúa para D. Emilio Martínez Garrido honrará a quen foi o derradeiro alcalde elexido democráticamente, héroe dos seus ideais, co que nos, hoxe, engadimos emocionadamente. (…) E para rematar, estimo que o nome de Alexandre Bóveda, un dos homes que máis loitou pola galeguidade nos Eidos do ensino, da cultura e da política, morto pola súa fe, colaborador do Estatuto Galego, talento luminoso que "convocou o día dende a tebra" é digno de figurar no rueiro de Vigo, cidade punteira nas manifestacións e arelas de autonomía[1144].

Esta moción foi tratada no pleno do 30 dese mesmo mes, acordándose remitir a proposta á Comisión de Cultura[1145]. En prensa anunciábase a reunión da Comisión de Cultura do 3 de xuño do 80 na que se acordaba conceder nomes de rúas a, entre outros Darío Álvarez Blázquez, recentemente falecido, axente memorialista fundamental do período en estudo, e a Castelao. Ademais acordábase estudar a futura localización para outros nomes, entre eles Alexandre Bóveda e o alcalde Emilio Martínez Garrido[1146]. As rúas nas que nesa reunión xa tiñan a localización decidida, isto é a Darío Álvarez e Castelao entre outros, foron levadas a pleno nese mesmo mes de xuño aprobándose por unanimidade[1147]. O fillo de Darío, Alfonso Álvarez Gándara, concelleiro nesa primeira lexislatura, ausentouse do pleno durante a deliberación e resolución da proposta[1148]. Poucos meses despois tivo lugar na cidade unha homenaxe a Darío Álvarez Blázquez que entre outras cousas incluía a descuberta da placa na rúa co seu nome[1149].

[1142] Neste pleno non prosperaba a proposta do concelleiro García Fernández de darlle o nome dunha rúa tamén a Moncho Reboiras

[1143] Expediente da Moción da alcaldía asinada o 4 de maio de 1979, Arquivo Municipal de Vigo, *sin* UI 393, EXP 47. Ademais incluía a rúa a Santa Cristina de la Polvorosa unha cidade castelá onde sufrira un accidente de autobús con escolares vigueses.

[1144] Aínda que nesta primeira acta se alude á Comisión de Servicios, da análise completa da documentación deste municipio concluímos que o tema do nomenclátor foi tratado, coma era habitual, pola Comisión Informativa de Cultura. Expediente da Moción da alcaldía asinada o 4 de maio de 1979, Arquivo Municipal de Vigo, *sin* UI 393, EXP 47.

[1145] En prensa: "El pleno del Ayuntamiento de Vigo, a favor de Santiago como capital de Galicia*", La Voz de Galicia,* 31/05/1979, p. 36. Ademais durante o debate no pleno Alfonso Álvarez Gándara, do que falamos en anteriores capítulos, e que era concelleiro por UG, en concreto polo PG, e que solicita se lle de unha rúa ao anarquista Ricardo Mella. En Acta do pleno do 30 de maio de 1979, Arquivo Municipal de Vigo *sin* U.I: 93 EXP. 2

[1146] "Nuevas calles para Castelao, Celso Emilio Ferreiro y Darío Álvarez Blázquez", *La Voz de Galicia,* 03/06/1980, p. 41. e " Nombres para calles de la urbe", *Faro de Vigo,* 03/06/1980, p. 16.; Ademais das rúas que son do noso interese decidíase a ubicación para Rosalía de Castro e Celso Emilio Ferreiro. E quedaban pendentes de ubicación Ricardo Mella e Otero Pedrayo.

[1147] "Nueva denominación para tres calles de la ciudad", *La Voz de Galicia,* 01/07/1980, p. 38.

[1148] Acta do pleno do 30 de xuño de 1980, Arquivo Municipal de Vigo, *sin* U.I. 94. EXP.1.

[1149] "Hoy, homenaje a Darío Álvarez Blázquez", *La Voz de Galicia,* 25/10/1980, p. 35.

Nese mesmo outono a Comisión de Cultura decidía poñer un cruceiro, cunha placa na súa base, en honra a Castelao ao inicio da avenida acabada de bautizar "Alfonso R. Castelao"[1150].

En canto a rúa a Emilio Martínez Garrido, pese a ser unha das promesas do alcalde nos primeiros días trala investidura, tiveron que pasar tres anos ata que se lle homenaxeou cunha rúa da cidade, isto é, ás portas das eleccións municipais de maio de 1983.

4.2.3.2.3. A primeiras rúas ás vítimas locais, homenaxes institucionais en Redondela, Moaña e Corcubión.

Nas localidades de Redondela, Moaña e Corcubión producíronse medidas memorialistas nas que se homenaxeou a vítimas con características moi semellantes. Nos tres casos a proposta ía acompañada dunha iniciativa máis ampla na que tamén se eliminaron rúas con denominacións franquistas e nos tres casos a denominación con nomes de vítimas incluíu algún tipo de homenaxe colectiva na rúa acabada de bautizar. Ambos feitos os sitúan, como se pode ver no Gráfico 50 na vangarda das accións memorialistas das institucións no período en estudo.

Telmo Bernárdez en Redondela

A corporación de Redondela saída destas primeiras eleccións municipais estaba constituída por un amplo número de grupos municipais[1151]. Así a CD e a UCD soamente sumaron seis concelleiros dun total de vinte e un, constituíndose unha maioría formada por cinco grupos do centro-esquerda PCG, PSOE, PTG, BNPG e UG. A esta última coalición pertencía o que foi alcalde Jaime Maximo Rey Barreiro, coñecido tamén como Xaime Rei quen continuou sendo alcalde, aínda que baixo outras siglas, nos seguintes mandatos[1152]. Tres meses despois da súa investidura levou a pleno a primeira acción memorial, sometendo a consideración o cambio de nome de dúas rúas, unha delas franquista. Por unha banda a Plaza de la Batalla de Lepanto, que pasaría a denominarse Alfóndiga. E a Plaza del 18 de Julio, que pasaría a denominarse Plaza de la Constitución de 1812. Pese a presenza dos concelleiros de UCD e CD, algúns dos cales pretenderon que non se procedese a votación, finalmente todos excepto un concelleiro da UCD, votaron a favor do cambio[1153].

Este proceder fálanos xa dunha cuestión clave neste primeiro mandato municipal, a ausencia, en numerosas ocasións, da disciplina de partido[1154]. Non gardar a disciplina de partido evidencia, en definitiva, que estabamos nun momento xerminal dos partidos políticos. A súa implantación territorial e a estrutura era feble nunha boa parte dos casos, o que se proba

[1150] "La Avenida de Castelao se distinguirá con un cruceiro", *La Voz de Galicia,* 19/09/1980, p. 34.
[1151] Resultados eleccións Redondela (1979): UG (5), PCG (4), CD (3), PSOE (3), UCD (3), PTG (2), BNPG (1).
[1152] Accedemos aos nomes dos concelleiros a través da Acta Constitutiva do 17 de abril de 1979, Arquivo Municipal de Redondela.
[1153] Concelleiro da UCD que vota en contra: Edmundo Fernández Estévez. Acta do pleno do 27 de xullo de 1979, Arquivo municipal de Redondela.
[1154]Similar situación produciuse no caso da "Plaza da Batalla de Lepanto", pero nesta ocasións o fenómeno observámolo nos partidos do centro-esquerda. No caso do cambio da Batalla de Lepanto votan a favor 12 concelleiros, entre eles os da UCD e a CD e en contra 7, entre eles tres concelleiros do PCG, os que estaban presentas na sesión, (Raimundo Cal, Manuel Barros e Jose Blanco), un da propia UG Emilio Boullosa, o concelleiro do PTG (Manuel Iglesias e Jorge Martínez) e Luis Veiga do PSOE. Votan a favor por tanto os concelleiros da UCD. Nas actas non figura a argumentación para esta oposición.

na autonomía ou ausencia de cumprimento das directrices na acción de moitos dos concelleiros a nivel local.

No caso de Redondela a redacción das actas é moi sintética, polo que pouca máis información de fondo podemos obter, por exemplo en canto ao cariz dos debates que poderían ter xurdido ou sobre a propia exposición que realizou o alcalde en canto ao cambio de denominación. Así, na acta sinálase como "Hace mas consideraciones sobre la propuesta del cambio de nombre", pero sen detallar cales son esas consideracións.

Foi no mesmo pleno, e xustamente tras a aprobación deste cambio da rúa "18 de julio", cando se tratou a inclusión no rueiro do nome dunha vítima da violencia franquista. A proposta era autoría da Agrupación Local de Acción Republicana Democrática Española (ARDE) quen[1155]:

> Solicita que sea honrada la memoria del que fué médico de la localidad D. Telmo Bernárdez, a quien el pueblo sensible bautizó con el título de "médico de los pobres", dando el nombre de calle de D. Telmo Bernárdez a la actual Calle de Orienta, en la cual residió donde todavía se conserva su casa.

O secretario do concello redactou en actas que "intervienen varios concejales que exponen sus diversas consideraciones". Doutra volta non podemos saber cales son esas diversas consideracións.

Telmo Bernárdez tras pasar unha tempada preso na illa de San Simón pertenceu ao grupo de persoas fusiladas en Pontevedra o 12 de novembro do 36 tras xuízo sumarísimo[1156]. O seu nome xa foi citado neste traballo, pois en novembro de 1976 era homenaxeado cunha nota necrolóxica xunto as demais persoas asasinadas canda el[1157]. Nas actas do pleno non se reflexa ningunha referencia a este feito, unicamente deixando por escrito a súa profesión, médico. A votación da proposta ofreceu un resultado curioso. Non semella estraño que os concelleiros da dereita de CD votasen en contra da medida, pero si resulta salientable o voto a favor dos concelleiros de UCD. Por outra banda, ademais dos edís de CD, tamén se opuxeron os representantes do PSOE e tres dos concelleiros de UG[1158]. É unha magoa non poder acceder a cales foron os termos do debate para poder analizar con máis intensidade esta situación.


[1155] Recordemos que este partido fora creado no exilio en 1960, como resultado da fusión de Izquierda Republicana e Unión Republicana . En 1978 fora un dos convocadores de actos conmemorativos do aniversario da proclamación da República, como sinalamos no capítulo anterior, e que a diferenza do que acontecía co PC (m-l) era tolerado polo estado. En 1979 soamente se presenta ás elección ao Senado. Precisamente na presentación do seu programa electoral na rolda de prensa "se aludió varias veces a la guerra civil diciendo que estaba absolutamente olvidada y se criticó la actitud de la coalición Izquierda Republicana". En "ARDE se presenta a las elecciones como un grupo testimonial", *El País*, 30/01/1979. https://elpais.com/diario/1979/01/30/espana/286498819_850215.html

[1156] Base de datos Nomes e Voces. http://vitimas.nomesevoces.net/gl/ficha/70/

[1157] Nota en *Faro de Vigo*, 11/11/1976, p.31; *La Voz de Galicia*, 12/12/1976, p. 41.

[1158] Voto en contra dos concelleiros do CD (Luís Crespo e Miguel Martínez), dos concelleiros do PSOE (Jose María Varona, Luís Veiga e Francisco Buján) e de tres concelleiros de UG (Lino Braulio Velo, Daniel Rodríguez e Jose Angel Lago)

Gráfico 53. Homenaxes ás vítimas da violencia nos concellos. Posibilidade dunha acción dupla



Fonte: elaboración propia.

Pese aos votos en contra, a medida foi aprobada e posteriormente anunciada en prensa, onde se incluíu unha pequena referencia ao seu pasado traumático cun sucinto: "fue fusilado durante la guerra". A noticia publicouse un ano despois do acordo, en agosto de 1980, a tenor do acto de homenaxe que se ía realizar en Redondela descubrindo a placa da rúa. Deste modo estamos ante unha dobre acción memorialista (Gráfico 53) pois xa non só se incluía na simboloxía pública o nome dunha vítima senón que a corporación organizaba unha homenaxe pública para levar a cabo ese cambio de xeito cerimonioso[1159]. Esta acción dupla non sempre se executou cando se nomeou unha rúa en homenaxe a unha vítima, pero a relevancia dunha acto institucional aumenta o valor memorial da acción. Deste xeito Redondela configúrase como pioneira tanto na eliminación dunha rúa franquista, como na inclusión dunha vítima no rueiro, levando así ao espazo público un nome, ata o momento, negado.

Pero a diferenza doutras pequenas vilas galegas, onde as nomenclaturas franquistas eran poucas, no caso de Redondela, quedaban aínda presentes varias rúas con denominacións franquistas, que durante esta primeira etapa de goberno e tamén tralas eleccións de 1983 seguiron no debate público.

Jose Otero e Manuel Juncal en Moaña

> Moaña tivo unha anormalidade en Galicia e no estado, que se deita en abril do 79 tan socioloxicamente franquista, e de repente nace supernacionalista. Cinco do BNPG, Cinco da UG. E que se explica pola dinámica de oposición antifranquista así como houbo organizacións veciñais, cultural, etc, ese pouso antifranquista e polo tanto de reivindicación do que fora a República e polo tanto de saber o que fora a República, xa estaba aí[1160].

[1159] Xan da Vila: "Una calle de Redondela llevará el nombre del médico Telmo Bernárdez", *La Voz de Galicia,* 21/08/1980, p.32.
[1160] Entrevista con Manuel Pérez Rúa, 16 de decembro de 2021. Por videoconferencia. Iria Morgade.

Moaña, pequena vila mariñeira do norte da ría de Vigo, revélase tamén como un concello pioneiro na eliminación de simboloxía franquista e na homenaxe a vítimas do golpe nesta restitución de concellos democráticos en 1979[1161]. O caso de Moaña é especial principalmente por dous motivos. En primeiro lugar por ser un dos nove concellos galegos nos que a alcaldía recaeu no BNPG, en segundo lugar polo forte enraizamento social do sindicalismo anarquista, que bebía directamente da súa relación con Vigo, onde traballaba boa parte da veciñanza. Se a isto sumamos o desenvolvemento do asociacionismo veciñal, atoparémonos ante os tres principais factores, interrelacionados entre si, que explican o desenvolvemento da acción memorial do municipio.

Realmente quen gañara as eleccións en número de votos fora UG, pero as consecuencias do Pacto do Hostal dan como resultado que finalmente o alcalde de Moaña sexa o candidato do BNPG, Xabier Abalo Costa e o tenente alcalde Manuel Méndez Fraguas, da UG[1162]. Por tanto en abril de 1979 nacía un concello cuxo núcleo central estaba conformado por persoas que proviñan da militancia antifranquista, do movemento asociativo e sindicalista e que convivían no consistorio con membros que tiñan participado na xestión local franquista (Pérez Rúa, 2018, pp.356- 358).

Neste concello tamén se documenta unha das primeiras homenaxes institucionais a vítimas da violencia franquista, en abril de 1980. O punto na orde do día do pleno levaba un sucinto "Denominación de calles" e nel expoñíase unha proposta da Comisión de Cultura y Enseñanza. Esta tiña tres accións intimamente relacionadas pero diferenciadas. Por unha banda o cambio de nome dunha rúa franquista, en concreto tratábase da Avenida del Generalísimo Franco que pasaría a denominarse Ramón Cabanillas[1163].

As outras dúas accións memoriais que se trataron nesta moción tiñan que ver coa inclusión na parroquia de Berducedo de dúas denominacións en rúas que carecían del. Tratábase de dous nomes relacionados intimamente coa violencia exercida tralo golpe, o de Manuel Juncal Paredes e o de Jose Otero Piñeiro. O mestre Manuel Juncal Paredes, natural de Moaña, foi fusilado o 12 de maio de 1937 en Vigo xunto con dous políticos da cidade olívica, José Caldas e Antonio Carballo. Deste fusilamento da conta a Comandancia Militar a través dunha nota en prensa, figurando na Base de datos de Nomes e Voces como un paseo[1164]. Nas actas do pleno describíase a súa persoa unicamente "por su labor y dedicación a la enseñanza" o que o faría merecedor de dar nome a rúa onde estaba a súa casa natal en Berducedo. Jose Piñeiro Otero coñecido como "o cego de Vidal" destacou pola súa implicación sindical. Pénsase que foi na emigración onde comezou os seus primeiros pasos como sindicalista[1165]. Fundador da Xuventude Moderna do seu barrio, organizador das Xuventudes Libertarias e militante do sindicato Fraternidad Marinera e da CNT[1166]. Foi detido o 22 de agosto do 36, acusado de

[1161] Resultados eleccións Moaña (1979): UCD (5), UG (5), BNPG (5), Independientes (1), PSOE (1).

[1162] Isto produciuse posto que UG debía elixir entre a alcaldía de Moaña, onde fora votada como primeira forza nacionalista ou da Coruña, nunha situación inversa.

[1163] Pola súa vinculación con Moaña ao ter pasado unha tempada como secretario do concello, máis tamén pola súa representatividade na cultura e letras galegas. O nome do escritor foi incluído en diversos rueiros nas cidades e vilas galegas durante este período. Acta do pleno do 7 de abril de 1980. Arquivo Municipal de Moaña.

[1164] A información sobre a nota da Comandancia foi facilitada por Xosé Álvarez Castro. A información na Base de datos Nomes e Voces indica que o seu asasinato foi mediante un paseo. Consideramos que podería ser que a Comandancia anunciara a execución pero en realidade non houbera un xuízo. Como Fernandez e Miguez (2018, p.42) sinalan para o caso dos cargos fusilados en Punta Herminia o 24 de agosto do 36, incursos no bando de guerra pero non nun xuízo sumarísimo como si se dicía en prensa. Por outra banda na base de datos da Deputación de Pontevedra sobre representantes públicos aparece como alcalde de Pazos de Borbén, pero semellan datos erróneos.

[1165] Información facilitada por Luís Chapela, escrito biográfico de Jose Otero Piñeiro despois das pesquisas realizadas durante anos polo autor.

[1166] Información extraída de Chapela, L. "O caderno da memoria", 2014. Caderno autoeditado, Moaña.

oposición ao movemento nacional[1167]. Torturado e preso en San Simón logrou fuxir e sobrevivir, crese que axudado polo seu irmán[1168]. Pese a esta historia, doutra volta na acta do pleno resaltan a súa relevancia cun xenérico por "su lucha en defensa de los intereses de los trabajadores". Cabería preguntarse se na realidade da sesión isto tamén aconteceu así, e non houbo ningunha mención ao pasado como vítimas dos protagonistas das rúas, ou se o relato que temos sobre o acontecido no pleno foi alterado pola transcrición da acta, que a diferenza do que acontecía no Barco, é a única fonte documental.

Noutra orde de cousas, no debate que xorde trala exposición da proposta pódense recoñecer algúns dos elementos clave do discurso da reconciliación así como as argumentacións máis recorrentes para oporse a estas medidas. En primeiro lugar detéctanse na intervención do concelleiro da UCD Sergio Regueira quen non se opoñía á asignación de novos nomes a rúas "pero que en cuanto a cambios de denominación debe de actuarse con mucha prudencia por cuanto ello supone gastos y trastorna el comercio y las comunicaciones"[1169]. Pola súa banda Suárez Núñez, concelleiro de PSOE quen "estima que más que cambiar de nombres de personas debiera asignarse denominaciones que no estuvieran sujetos a los vaivenes políticos"[1170]. É importante quedarse con esta intervención polas actuacións posteriores deste mesmo concelleiro.

Pero pese a estas posicións contrarias, sendo sometida a votación, a iniciativa foi aprobada por unanimidade. Deste modo tanto se acordaba o cambio de nome da Avenida del Generalísimo Franco como a adxudicación dos nomes de Manuel Juncal Paredes e José Piñeiro Otero para dúas rúas sen denominación en Berducedo. Isto é tanto votaban os partidos do centro-esquerda como aqueles do centro-dereita. Debemos ter en conta que no concello de Moaña non tiña representación a CD, isto é o grupo municipal que máis abertamente en contra se posicionaba destas accións memoriais, á vez que a UCD, como xa mencionamos, custáballe acometer unha postura de oposición frontal.

Antes de analizar as repercusións que tivo a aprobación desta acción memorial, principalmente en forma de actos no espazo público, convén achegarnos á delimitación do suxeito, dos axentes memoriais fundamentais que interveñen nesta proposta. En primeiro lugar falamos dunha proposición aprobada no pleno do concello a proposta da Comisión de Cultura y Enseñanza municipal, o que polo tanto nos fala da institución en si mesma como suxeito protagonista. Pero ademais, neste caso podemos documentar o implicación doutros axentes memoriais procedentes da sociedade civil.

Como se explicaba no Marco Conceptual é frecuente que as actuacións institucionais sexan impulsadas pola sociedade civil, como parte do proceso en que as preocupacións, necesidades e propostas que nacen no colectivo se traducen en demandas que as institucións son quen de recoller para actuar. Neste proceso é recorrente que os propios integrantes do colectivo pasen a conformarse en intermediarios ante as institucións, por exemplo demandando actuacións, e tamén é habitual que cheguen a converterse en parte das institucións, por exemplo no papel de concelleiros ou alcaldes. Todo o cal revela un proceso con sinerxías entre as institucións, en concreto os concellos, e a sociedade civil organizada. O caso de Moaña é paradigmático neste senso.

[1167] Base de datos Nomes e Voces. http://vitimas.nomesevoces.net/gl/ficha/12216/
[1168] Entrevista a Luís Chapela realizada por Iria Morgade (Moaña, 10 de decembro de 2021).
[1169] Acta do pleno do 7 de abril de 1980, Arquivo Municipal de Moaña.
[1170] *Ibidem.*

Como sinalamos por unha banda actuaba a Comisión de Cultura, da que formaba parte o propio alcalde, e que foi a que levou a pleno a proposta memorial en abril de 1980 e que tamén vai levar a pleno unha proposta integral de denominación do rueiro moañés en 1982. Este papel da Comisión de Cultura non se vai circunscribir ao caso de Moaña, configurándose como un órgano que canalizou as accións relacionadas cos rueiros e en xeral coas accións memoriais que se realizaron nos concellos. En termos xerais poderíamos distinguir diferentes escenarios no proceder destas comisións, por unha banda que a proposta nacera nela elevándoa a pleno para a súa aprobación ou podería ter un percorrido aínda máis longo, sendo primeiramente tratada en pleno como a moción dalgúns concelleiros, derivarse despois á comisión para o seu estudo, para posteriormente volver tratarse en pleno.

Neste caso, a proposta chegaba ao pleno por primeira vez a través da Comisión, o que amosaría a posibilidade de que fose nela onde se fraguase a proposta. Pero, cabe preguntarse se existiron ademais dos órganos municipais, outros axentes que xogasen algún papel determinante nestas iniciativas. E falamos en plural, de iniciativas, pois é posible que en realidade esteamos a falar de dúas propostas diferenciadas. Así, aínda que chegaban ao pleno nunha única proposta, nun único punto da orde do día, poderíamos dividila en dúas. Por unha banda atoparíase a iniciativa do cambio da avenida Generalísimo Franco e por outra banda a inclusión dos nomes das vítimas en Berducedo.

Para tentar dar resposta a estes interrogantes fixámonos en diversas fontes que van perfilando a existencia dunha actuación da veciñanza nesta medida memorial. En primeiro lugar accedemos a este coñecemento a través da análise da acta do pleno, que describe moi sinteticamente unha participación inesperada. Esta produciuse despois da primeira intervención no debate da moción, momento no cal se suspendeu o pleno para dar paso á intervención dos que se describen como "promotores":

> En ese momento y siendo las 19 horas y 25 minutos se interrumpe el Pleno durante dos minutos durante los cuales la Corporación escucha a los promotores de la asignación de nombres de calles en Berducedo[1171].

Grazas a este documento municipal coñecemos a existencia duns promotores alleos ao concello que interviñeron no salón de plenos. Así, neste caso as actas ofrécennos un dato de gran valor pese a que, como xa advertimos, as deste concello caracterízanse por posuír unha redacción moi sintetizada e un tanto arbitraria, habendo intervencións que se transcribían con moito detalle e outras tan resumidas que non plasman os puntos básicos da argumentación[1172]. Tendo en conta este factor e que o pleno estaba suspenso, non sorprende que non exista transcrición da intervención dos "promotores", nin sequera indicándose cal era a identidade dos mesmos. A intervención de persoas alleas aos cargos orgánicos do concello nun pleno obedece a un proceso máis amplo no que o concello, neste primeiro mandato democrático, promovía a participación das asociacións en órganos de decisión. Así, aínda que a lei local o prohibía, facilitaban o acceso veciñal a plenos e comisións permanentes (Pérez Rúa, 2018, p. 367).

[1171] Acta do pleno do 7 de abril de 1980. Arquivo Municipal de Moaña.

[1172] Neste sentido, estas actas tan sintetizadas deberían entenderse dentro dun proceso que puido ter a súa influencia, seguindo a tese doutoral de Manuel Pérez Rúa, coñecemos a polémica que se produciu nos primeiros meses de goberno, polos intentos de realizar as actas dos plenos en galego, é dicir, estas chegaron a facerse en galego, tanto dos plenos como da Comisión Municipal Permanente, pero o Goberno Civil rexeita estas actas por estar escritas en galego polo que a institución provincial non entraría a xulgar a legalidade do acordado ata que non se lle enviase en castelán. (p. 367). Na nosa visita ao arquivo moañés soamente tivemos acceso aos libros de actas escritos en castelán, polo que é posible que as actas en galego se destruísen, e tamén é posible que estas foran menos "sintéticas".

Como diciamos, saber que existiron uns promotores alleos ao concello é xa, en si mesma, unha información moi relevante, pois non vai ser habitual que contemos coa corroboración de que unha acción da memoria proviñese de fóra do concello, isto é, da sociedade civil. Deste xeito, esta iniciativa de Moaña ten ese poder explicativo, o de amosarnos a participación da sociedade civil nunha acción memorial que foi asimilada polas institucións. Na procura da identidade destes promotores consúltanse varias fontes históricas. Estas van coincidir en apuntar cara dous veciños moañeses, Manuel Chapela Corrales, alcumado "Manuel de Edelmiro", e Manuel Rúa Vilariño, alcumado "O Meirán". A investigación foi traballosa ao ser complexa a identificación entre os nomes "oficiais" e os alcumes. Finalmente xuntando as diversas pezas todo apunta a estas dúas persoas[1173].

Unha das pezas vincúlase coa información facilitada polo investigador local Luís Chapela Bermúdez. Este, tralas súas pescudas entre a veciñanza, apunta a que os promotores das rúas ao "Cego Vidal" e a Manuel Juncal, foran os veciños alcumados "Manuel de Edelmiro" e "O Meirán". Este sinalaba como:

> Nas conversas coa xente sobre esta época me saían sempre dúas persoas como por detrás. Nunca aparecían en primeira liña de combate pero sempre estaban en retagarda[1174].

Despois de realizar diversas pescudas entre a xente de máis idade da vila, Chapela conclúe que os dous, ambos mariñeiros, actuaron na clandestinidade axudando tanto a quen precisaba fuxir cara Francia, como as viúvas dos asasinados e en xeral a quen pasaba fame ou penurias[1175]. Un dato que corrobora o historiador Dionisío Pereira en relación co papel de Manolo Rúa quen axudara a "dous antigos cadros de Fraternidad Marinera, Jesús Veiga Fervenza e Cándido Costa Coloret, que tentaran reorganizar clandestinamente o sindicato contra 1945-46, a fuxir a Francia a mediados de 1947, tras as caídas masivas da CNT dese ano. Veiga rematou en Chile e Coloret nos EEUU"[1176].

Por outra banda, o neto de Manolo Rúa Vilariño, Manuel Pérez Rúa, identifica ao seu avó como un dos primeiros xunto con Manuel de Delmiro[1177], entre outros, quen "en democracia reivindicaron varias iniciativas, algunha vez tamén apoiados por Jesús Veiga nas súas visitas familiares"[1178]. Este dato encaixa cos datos obtidos da crónica publicada en *Faro de Vigo* no que se daba conta da inauguración da rúa ao Cego Vidal o 1 de maio do ano 1980 e se poñía nome e apelidos aos promotores desta homenaxe:

> Gracias a la ingente labor desarrollada por el secretario de la Local de Moaña, Manuel Chapela Corrales, y por el compañero Manuel Rúa, secundado por todos los demás compañeros, se pudo conseguir del Municipio, y en especial de

[1173] Realizamos diversas pescudas e contraste con persoas de Moaña, para poder corroborar que os alcumes se corresponden con estes nomes. En canto a que Manuel Rúa sexa "O Meirán", confirmado por Luís Chapela, Manuel Pérez Rúa (o neto) e Dionísio Pereira. En canto a Manuel Chapela e o alcume Manuel Edelmiro ou Manuel de Delmiro, sabíamos que Manuel Chapela participara na acción (noticia *Faro de Vigo* e testemuña de Xabier Abalo) E tamén que o fixera un home apodado "Manuel de Edelmiro" (por testemuña de Luís Chapela). E á vez sabemos que Manuel Chapela e Manolo Rúa eran como irmáns, segundo testemuña de Dionísio Pereira (15 de decembro de 2023). Todo isto confírmase a través da testemuña de Manuel Pérez Rúa.

[1174] Entrevista a Luís Chapela realizada por Iria Morgade (Moaña, 10 de decembro de 2021).

[1175] A irmá de Manolo Meirán, que era chamada "a costureira dos pobres" era a muller que en Moaña confeccionara a bandeira republicana que ondeou trala proclamación da II República, muller que aprendera a escribir e ler nas escolas da CNT. Pola súa manda Edelmiro era natural da parroquia de Berducedo, onde estaban as rúas que darían homenaxe. Como dicíamos en Moaña é forte o sindicalismo anarquista, o que en boa medida explica tamén esta actuación pioneira.

[1176] Entrevista a Dionísio Pereira realizada por Iria Morgade (Electrónica, 15 de decembro de 2023).

[1177] Segundo Pérez Rúa, era Manuel de Delmiro. Segundo Luís Chapela Manuel de Edelmiro.

[1178] Entrevista a Manuel Pérez Rúa realizada por Iria Morgade (Electrónica, 15 de decembro de 2023).

> teniente alcalde de Moaña, que a partir del 1 de Mayo de 1980, haya una calle dedicada al anarcosindicalista, invidente y mártir de la CNT[1179].

Por tanto, doutra volta identifícanse a estes dous moañeses, Manuel Chapela Corrales (Manuel de Edelmiro) e Manuel Rúa Vilariño (o Meirán), vellos militantes da Fraternidad Marinera de Moaña que sobreviviron á represión e que, ademais de axudar aos seus veciños, iniciaron a reconstitución do sindicato entre 1977 e 1978[1180]. Deste modo semella claro o liderado destes dous homes, activos na clandestinidade, e compañeiros do propio Jose Piñeiro en Fraternidade Marinera. Eles terían ese papel de líderes nesta iniciativa da rúa a Piñeiro, seguidos polos demais compañeiros do sindicato, segundo a noticia. Nesta tamén se facía referencia ao papel do tenente alcalde, quen facilitara que a proposta saíse adiante. Esta mención tamén está presente noutro artigo publicado neste ano no voceiro da CNT de Pontevedra, *La Campana* elaborado en boa medida polo anarquista Miguel Cuña Casasbellas tamén actuou nestes anos como axente memorialista:

> La F.L. de Moaña pide a los compañeros de redacción de LA CAMPANA, que incluyamos en nuestras páginas su agradecimiento al actual Teniente de Alcalde del Ayuntamiento de Moaña, miembro de la coalición Unidade Galega, por la recta conducta y ayuda prestada con motivo del acto en recuerdo de nuestro compañero. Conste aquí su petición, sumandonos nosotros a tan justo reconocimiento[1181].

O papel do tenente alcalde Manuel Méndez Fraguas, concelleiro por UG, é corroborado polo propio alcalde de Moaña, Xabier Abalo, quen elabora a petición nosa esta enumeración das persoas implicadas na iniciativa:

> Otero Piñeiro era coñecido como O Cego de Vidal e Juncal Paredes era o pai de doña Socorro. O grupo que fixo a proposta daquela estaba formado por Manuel Chapela, Balbino Barcia (pai), Rotilio Carrera, Manolo Méndez (concelleiro), entre outros[1182].

Deste modo poderíamos soster como hipótese moi probable que a iniciativa efectivamente fose de Manolo Rúa e Manuel Chapela, ambos compañeiros de sindicato de José Piñeiro, persoas activas xa na clandestinidade e que nestes anos 70 comezaban tamén a reorganizar o sindicato en Moaña. A estes dous homes sumaríanselle outros veciños e compañeiros, entre eles o propio tenente alcalde. Cuestión por tanto que nos volve a situar nese acción transversal entre a sociedade civil e aqueles que acababan de chegar ás institucións locais, nesa permeabilidade das demandas cidadáns que se vai desenvolvendo a raíz das eleccións locais do 79. A función da sociedade civil na puxanza para que estas iniciativas se executasen, tamén é expresado por Manuel Pérez Rúa:

> Non era unha liña... era un goberno que chegaba de novo, sen experiencia, que ves dunha loita antifranquista pura e dura, do conflito, non era unha batalla simbólica cultural como é agora, e eles métense ás cuestións de fondo. Hai un cambio no litoral moi grande, un recheo a partir das obras da autopista, hai unhas normas urbanísticas porque se viña dunha especulación urbanística, entón esa batalla leva moitísimo tempo, non? E son batallas claves nese tempo. E o tema da memoria histórica foi máis ben tratado dende fóra, é dicir, dende fóra

[1179] "Orgullo de la CNT, Homenaje a la memoria de José Piñeiro Otero", 02/05/1980, *Faro de Vigo*. Cedido recorte por Luís Chapela Bermúdez.
[1180] Entrevista a Dionísio Pereira realizada por Iria Morgade (Electrónica, 15 de decembro de 2023).
[1181] "Jose Piñeiro. O noso hirman…", *La Campana. Semanario de Información y pensamiento Anarquista*, 5-12/05/1980, p.1.
[1182] Entrevista a Xabier Abalo realizada por Iria Morgade (Electrónica, 15 de decembro de 2023).

> incidíase no goberno, éramos afíns ideoloxicamente dixéramos, entón o goberno toma esas decisións, no? Pois cambiar a rúa Ramón Cabanillas, que bueno, ao final el estivera aquí moi pouco tempo, pero era simbólico. Pasamos a renomear e a resignificar rúas que tiñan ese contido tan, tan contudente como Generalísimo Franco[1183].

Manuel Pérez Rúa, era neto de "O Meirán", isto é do promotor desta acción memorial. O propio Manuel Pérez tivera xa un papel destacado nos anos 70 na súa vila, sendo presidente da Agrupación Cultural Nós, asociación vinculada ao nacionalismo galego e moi achegado ao quefacer do propio concello. Así explica el mesmo como fora aquel proceso, e incluso como coñecera a figura do seu avó[1184]:

> Do franquismo veñen, a lei de asociacionismo do 67, que é a lei de Fraga Irribarne, da lugar a que entre o 66 e o 75 medren por todos lados... se canalizan todas esas xeracións, que eran as nosas, que era forma, como unha tapadeira de empezar a preocuparse por todas esas cousas, da lectura, do cambio, da política, non se sabía... Entón empézase a saber, eu por exemplo descubro, xa en democracia, estando na UPG que meu avó, eu nin idea que fora un sindicalista de acción directa. Era un tempo que hai que entendelo no seu contexto, pasamos da noite ao día[1185].

Chegados a este punto é preciso resaltar pois, non só o acordo plenario de homenaxe a estas dúas vítimas, senón a súa repercusión social coa homenaxe pública ao "cego Vidal" precisamente no día dos traballadores:

> Ante cerca de 200 personas se desarrollaron los actos en conmemoración de nuestro compañero JOSE PIÑEIRO "O cego Vidal", en Moaña (Pontevedra). En dicha villa y en el lugar de Berducedo fue inaugurada una calle que lleva su nombre. En este acto estuvieron presentes compañeros de la Federación Local de Pontevedra y Vigo de la CNT así como todos los cenetistas de la F. Locales de Moaña[1186].

No texto tamén se reivindicaban aos demais compañeiros asasinados no "monte Cruz da Maceira", "muchos de ellos después de sufrir atroces torturas"[1187], nesa vocación de universalidade que acompañou boa parte dos actos ás vítimas homenaxeadas. Ademais destacou o carácter anarquista do acto:

> Con la bandera roja y negra flamentado al viento y entonando "A las barricadas" se llevó a cabo el homenaje a un anarcosindicalista invidente, fallecido por enfermedad contraía a consecuencia de persecución y malos tratos recibidos por su gestión libertaria, que el año 1934 puso en pie de lucha a todo un pueblo[1188]

A pegada do anarquismo en Moaña era potente e entre os sindicalistas máis destacados da vila atopábase precisamente o "cego Vidal", membro da "Fraternidad Marinera" da CNT. Non podemos tampouco pasar por alto nesta crónica, asinada polo compañero del Metal, nº registro

[1183] Entrevista a Manuel Pérez Rúa realizada por Iria Morgade (Videoconferencia, 16 de decembro de 2021).
[1184] Nos seguintes anos, o papel de Manuel Pérez como dinamizador da actividade cultural da vila foi a máis, como veremos, formando parte da Comisión de Cultura do Concello.
[1185]Entrevista a Manuel Pérez Rúa realizada por Iria Morgade (Videoconferencia, 16 de decembro de 2021).
[1186] "Jose Piñeiro. O noso hirman…", *La Campana. Semanario de Información y pensamiento Anarquista*, 5-12/05/1980, p.1.
[1187] Os nomes que se inclúen son: Jose Paz Pena, Manuel Cancelas Corrales, Eugenio Cancelas Corrales, Candido Giraldez Coloret, Jesus Vilariña Santome, Manuel Ríos Cancelas, Jose Saavedra Sartie, Jose Fandiño Pidre, Jose Fervenza Pena, Jose Barreiro. En: "Jose Piñeiro. O noso hirman…", *La Campana. Semanario de Información y pensamiento Anarquista*, 5-12/05/1980, p.1.
[1188] "Orgullo de la CNT, Homenaje a la memoria de José Piñeiro Otero", 02/05/1980, *Faro de Vigo.* Cedido recorte por Luís Chapela Bermúdez.

2343", a referencia ao cego Vidal como "mártir de la CNT"[1189]. Isto é doutra volta o "martirio" como elemento clave na linguaxe das homenaxes[1190].

En definitiva, queda patente a relevancia pública que adquiriu a inclusión do "cego Vidal" no rueiro do concello, pero durante esta investigación sorprendeunos a inexistencia de información sobre a sorte da rúa a Manuel Juncal Paredes. Así, a parte da acta do pleno, non atopabamos ningún outro rastro documental, por exemplo en formato fonte hemerográfica. A incógnita aclarouse grazas as indagacións que realiza, a petición nosa, Luís Chapela pola zona de Berducedo chegando ao seguinte relato dos feitos, do que por agora só podemos considerar unha versión sen contrastar, pero que parece encaixar coa documentación da que dispoñemos:

Manuel Juncal era republicano, máis o seu irmán Gumersindo Juncal Paredes, era falanxista. O fillo de Gumersindo, chamado Cesáreo e apodado "o Pibe" casou coa filla do asasinado, Socorro, é dicir coa súa curmá. Con ela, tamén mestra e moi apreciada pola veciñanza, Chapela intentara falar para que contase a historia do seu pai, máis esta negárase. E nisto residiría a causa última de que non atopemos información da homenaxe realizada a Manuel Juncal. Segundo as fontes consultadas por Chapela, Socorro teríase oposto a acción memorial para non "enfrontar de novo ás familias".

Esta suposta negativa da familia a que puxeran a placa e, en definitiva, a que Manuel Juncal fose homenaxeado publicamente, encaixaría cunha interesante intervención no do edil Juncal de Saa, único representante dunha candidatura independente, e que se identificaba como parente de Manuel Juncal. Así, primeiramente, este agradeceu a lembranza ao seu parente, anunciando que el absteríase na votación por ser familiar. Pero é que ademais manifestou, e así quedou plasmado nas actas, que para este recordo debía contarse co consentimento previo dos familiares[1191]. O manifestado por este concelleiro no pleno, familiar ademais do finado, vai na liña do expresado polas fontes orais recompiladas por Luís Chapela. De tal forma, a ausencia de máis información sobre esa homenaxe pública a Manuel Juncal obedece precisamente a que non existiu tal homenaxe. A oposición da familia, a ausencia dunha lembranza do acontecido na meirande parte das testemuñas consultadas, reflexa á súa vez un proceso de desmemoria sobre unha acción da memoria a unha vítima da violencia franquista.

En canto á eliminación Avenida del Generalísimo e a inclusión de Ramón Cabanillas, o acto de inauguración da rúa tivo lugar dous anos despois e no marco dunha modificación máis ampla do rueiro. Consideramos este un feito relevante por ser o acto que fai visible o cambio. Nel participaron dous representantes do concello, o alcalde Xabier Abalo e o concelleiro de UG e tenente alcalde, Manuel Méndez, e dúas persoas de especial interese polo seu simbolismo. A crónica definíaos do seguinte xeito: Pérez Rúa, "o presidente da coordinadora de agrupacións culturais", e o veciño "Riobó Costa"[1192]. Trataríase, por tanto, de dúas persoas alleas á institución que participarían nun acto institucional. Feito que amosa a relevancia da sociedade civil no desenvolvemento dunha iniciativa que comezara dous anos antes.

Detémonos pois nestas dúas persoas que participaban xunto aos representantes do concello no acto. Por unha banda o que na noticia describe como "o veciño Riobó Costa". Existían en Moaña dous Riobó Costa, irmáns, ambos con presenza na vida pública. Por unha banda o que

[1189] Este compañeiro ofrece unha información relevante sobre a súa vinculación con Piñeiro: el mesmo estivera durante un ano internado con José Piñeiro "en una isla, haciéndole de lazarillo y sé de la valía de ese compañero". Resulta claro que a illa á que fai referencia é San Simón, onde Piñeiro estivera preso, como xa explicamos en liñas anteriores.

[1190] Na propia crónica tamén se sostén "se a memoria non falla" que estaríamos ante o único caso dunha rúa dedicada a un compañeiro da CNT en todo o territorio español.

[1191] Acta do pleno do 7 de abril de 1980, Arquivo Municipal de Moaña.

[1192] "Defensa do idioma. Moaña, *La Voz de Galicia*, 25/05/1982, p.38

era tamén concelleiro nesta primeira lexislatura, Pedro Riobó Costa. Na noticia falaban deste Riobó como veciño, sen facer referencia a súa condición de concelleiro, polo que entendemos que se trataba de Gonzalo Riobó Costa. Os dous irmáns formaran parte da primeira directiva do Ateneo de Moaña, Pedro como tesoureiro e Gonzalo como secretario. O Ateneo de Moaña, nado ao abeiro da lei de asociacións de 1966 formaba parte da rede de ateneos da Rábida, isto é centros fundados pola organización católica Opus Dei para dinamizar a actividade sociocultural e captar membros entre a xuventude (Pérez Rúa, 2018, p. 349). Era pois o Ateneo frecuentado na súa orixe polas clases medias cultas do concello, pero que evoluciona co tempo, inmerso no proceso polo cal as organizacións culturais e veciñais configuráronse como un importante instrumento na loita antifranquista. Deste xeito tanto o comunismo español a través da militancia no PCE e a participación nas CCOO como o comunismo galego, en torno á UPG e o PSG principalmente, vanse introducindo ou influíndo de xeito indirecto nestas organizacións, nun proceso bidireccional. Pensemos nos veciños e veciñas moañesas, moitos deles traballadoras en conserveiras, como Massó, por exemplo, ou na industria viguesa, como Citroen e Barreras, que se organizaban dentro dos seus centros de traballo, e que volvían a Moaña impregnados desa nova visión do que se podía facer.

> O movemento asociativo dos sesenta e algo, e a partir do 72, coa influencia do sindicalismo, moitos e moitas moañeses traballaban en Vigo, nas conserveiras, esteleiros, etc. Ese xérmolo do sindicalismo tamén ten unha retroactividade en Moaña. Traballas na fábrica, eres sindicalista, pero tamén eres veciño en Moaña. Eres da asociación de veciños, eres da APA, todo ese movemento asociativo foi moi imbuído do cambio social a través dos cadros fundamentalmente da ANPG e da BNPG[1193].

Neste caso en Moaña, seguindo a tese doutoral do propio Pérez Rúa, podemos identificar un proceso de "entrismo", isto é de infiltración nas organizacións católicas de cregos afíns ou de espírito obreirista así como de mocidade relacionada co núcleo organizado arredor da UPG. Un proceso que se daba por exemplo na Asociación Cultural de Vigo, con Xosé Ramón Reboiras Noia e Xosé González Martínez, en Cangas con Xabier Abalo, quen no 79 se converte en alcalde de Moaña ou con Lois Ríos Paredes e Luís Pérez Rivas na vila estudada neste apartado (Pérez Rúa, 2018, pp. 73-74).

Volvendo á persoa participante no acto de inauguración da avenida Ramón Cabanillas, Gonzalo Riobó Costa, identificámolo ocupando mesa co Padre Seixas. O padre Seixas, que como vimos fora o primeiro en oficiar unha misa en galego na celebración do recordo a Rosalía de Castro, estaba moi vencellado ao movemento obreiro e á UPG[1194]. A finais dos anos 60 participaba en dúas conferencias organizadas polo Ateneo de Moaña. Xunto a el na mesa, como dicíamos, sentaríanse "dous dinamizadores da vida cultural moañesa", Jesús Moldes Monroy e Gonzalo Riobó Costa[1195].

Por tanto a presenza de Gonzalo Riobó neste acto inaugural en 1980 evidencia o protagonismo da sociedade civil e do asociacionismo moañés arredor destas accións memoriais desenvolvidas dende o concello. O que tamén acontecería no caso da outra persoa participante no acto, que na crónica denominan como "Pérez Rúa", presidente da coordinadora de agrupacións culturais. Fixarnos nesta coordinadora, así como na propia figura de Pérez Rúa,

[1193] Entrevista a Manuel Pérez Rúa realizada por Iria Morgade (Videoconferencia, 16 de decembro de 2021).
[1194] Méndez, M.: o padre Seixas, no Ateneo de Moaña", *La Voz de Galicia*, 11/05/2015. https://www.lavozdegalicia.es/noticia/vigo/moana/2015/05/11/padre-seixas-ateneo-moana/0003_201505V10C13998.htm
[1195] "Moldes Monroy foi director da Coral Polifónica de Bueu, en "Concierto en la iglesia de Bueu", *La Voz de Galicia,* 02/04/1982, p.29.

é clave para achegarnos en profundidade a esta relación "simbiótica" entre o novo concello, o mundo asociativo e en definitiva a mobilización social moañesa. Esta coordinadora de asociacións nacía en íntima relación co concello, e en concreto coa Comisión de Cultura que ía actuar como dinamizadora do asociacionismo cultural. En concreto a través do seu presidente, o propio alcalde Xabier Abalo[1196]. Así, en novembro do 82, convocaba unha reunión coa fin de "afortalar a coordinadora de agrupacións culturais que, durante iste ano, levou a cabo actividades culturais tan importantes para o pobo como o antroido, semán das Letras Galegas"[1197]. Todo o cal evidencia este papel da Comisión de Cultura, e en xeral do concello, como dinamizador do asociacionismo cultural, neste caso a través desta coordinadora[1198]. A colaboración entre concello e asociacións pode exemplificarse na asociación de veciños Breogán, a Sementeira de Domaio ou a agrupación cultural Nós. Colectivos cos que colaboraba o goberno municipal de xeito que sería habitual que as actividades culturais, deportivas ou recreativas foran organizadas polas asociacións pero con financiación do concello, como as realizadas arredor da "Semana de la Juventud"[1199].

En definitiva estamos ante un proceso onde as persoas activas no mundo do antifranquismo, e en especial da mobilización achegada ao nacionalismo galego, tiveron unha influencia directa nas novas institucións. Tanto actuando como concelleiros, como actuando dende fóra, como panca para a execución das súas demandas. Proceso que tiña lugar con especial forza naqueles concellos, como o de Moaña, onde os partidos de esquerda acadaban o poder.

Pero á vez que se daba este movemento, de fóra a dentro, tamén se producía o movemento inverso, coa dinamización, impulso e creación de organizacións afíns impulsadas dende os partidos de goberno. Pero a instrumentalización das asociacións, non foi unha actuación delimitada a esta esfera política, e así, no caso moañés, tense estudado como a conformación dun amplo tecido asociativo vai ir da man das necesidades e demandas dos diferentes partidos políticos. De modo que as asociacións se activarían ou desactivarían segundo as necesidades partidistas. Isto reflectiuse tanto nos procesos de competencia e loita entre as dúas organizacións do nacionalismo galego, BNPG e UG como nos partidos da oposición, coa colocación de concelleiros da UCD en asociacións de veciños e deportivas.

Esta relación estreita entre concello e asociacións culturais, materialízase tamén na propia figura de Manolo Pérez Rúa, que ademais de presidente da Coordinadora de Asociacións Culturais en 1982, fora o primeiro presidente da Agrupación Cultural Nós, nada en 1979 en Moaña co obxectivo de cubrir o baleiro cultural deixado polo Ateneo, que finalizara a súa andaina no 77[1200]. Pérez Rúa ademais, foi contratado posteriormente como coordinador cultural do concello de Moaña, en concreto en xaneiro de 1987[1201], cuestión que desatou unha gran polémica nas páxinas de La Voz de Galicia, ao acusalo de "enchufismo"[1202]. Dende este posto

[1196] Nomeado como presidente da Comisión na nova publicada (García, A. "Moaña: nuevo paso hacia una mejor promoción cultural", *La Voz de Galicia*, 21/11/1982, p. 31.) segundo Pérez Rúa (2018) o presidente desta comisión era Uxío Chapela Figueroa o número 2 do BNPG.

[1197] García, A. "Moaña: nuevo paso hacia una mejor promoción cultural", *La Voz de Galicia*, 21/11/1982, p. 31.

[1198] Existían diversas comisións nas que participaba a veciñanza de Moaña, dende a comisión de fotografía, unha dedicada á arqueoloxía, aos deportes ou á recuperación de festas e actividades que se derivan "de las raíces propias de Moaña. En : García, A. "Moaña: nuevo paso hacia una mejor promoción cultural", *La Voz de Galicia*, 21/11/1982, p. 31.

[1199] "Semana de la juventud en Moaña", *La Voz de Galicia*, 22/11/1981, p.30.

[1200] Páxina web da Agrupación Cultural Nós: "Máis de 40 anos de intensa actividade cultural". https://ailladosratos.org/agrupacion-cultural-nos/

[1201] "García, A. "Manuel Pérez Rúa ha sido nombrado nuevo coordinador cultural del Ayuntamiento Moaña", *La Voz de Galicia*, 11/01/1987, p. 32.

[1202] A súa contratación desatou unha polémica que foi amplamente abordada en *La Voz de Galicia*: García, A: "O Morrazo: presentada una reclamación al acuerdo de contratar un dinamizador cultural en Moaña", *La Voz de Galicia*, 19/11/1986 p.28.

de técnico de cultura promoveu o desenvolvemento do arquivo de recuperación etnográfica, traballo en conxunto coa propia agrupación cultural Nós[1203]. Pérez Rúa explica como a partir de xaneiro do 87, cando comezou a funcionar o departamento de cultura do concello tamén se iniciou un traballo de recuperación da memoria histórica local "máis amplo que non só o da guerra", para o que gravaron e recompilaron entrevistas coas testemuñas.

O papel do técnico de cultura foi de especial importancia non só no concello de Moaña, senón que conformou unha figura determinante en diversos municipios durante estes primeiros anos da andaina democrática, coa inclusión de persoas de confianza, vinculadas co asociacionismo ou a militancia política. Pérez Rúa explica como os propios técnicos de cultura de diversos concellos, entre eles Fene ou Cambados, conformaron un colectivo denominado "Land Rover" en referencia á diversidade de posibilidades ou funcións deste técnico segundo o concello e as políticas marcadas polo mesmo. Eran persoas que viñan do mundo do antifranquismo, nesa pugna por facer fronte ás vellas lóxicas e resistencias exemplificadas por nos secretarios municipais, para o que se creaban postos de confianza nos que incluír persoas da órbita así como fomentando esta participación cidadá de asociacións veciñais e culturais (Pérez Rúa, 2018, p.376).

En definitiva, este papel determinante da relación entre as institucións e o asociacionismo, de persoas como Manuel Pérez Rúa, tanto o avó como o neto, no devir, na configuración e na propia definición das accións de memoria durante este período exemplifícase nese acto público de substitución da placa de Avenida del Generalísimo por Ramón Cabanillas. Así, este caso evidencia como a institucionalización das "plataformas da sociedade civil" que foi xa estudado en sentido amplo como un fenómeno imbricado no proceso de democratización do estado (Antelo, 2022, p. 155), tamén constituíu un elemento destacado para comprender a acción memorial das institucións.

José Miñones en Corcubión

Corcubión foi a primeira vila onde se celebrou un acto público de homenaxe con este carácter institucional a unha vítima a tenor da inauguración dunha rúa, pese a que nas vilas analizadas ata o de agora os acordos plenarios para os nomeamentos tiveron lugar con anterioridade (Gráfico 50). Durante este traballo nos vimos referindo ao caso de Corcubión e as súas notas necrolóxicas. En novembro de 1979 a nota era asinada pola corporación municipal en recordo da veciñanza de Cee e Corcubión asasinada tralo golpe constituíndo a primeira pista do que foi unha importante actuación memorial do concello de Corcubión durante o período en estudo. Rafael Mouzo, quen en 1976 escribira a primeira nota necrolóxica, converteuse en alcalde de Corcubión en abril de 1979 encabezando a lista do PTG.

Neste concello acontecía algo insólito, non existían concelleiros en representación dos partidos da dereita, con edís unicamente de dous grupos municipais, o PTG e UG. A UCD, que impugnara as eleccións de abril por un tema relacionado cos votos por correo e que, por tanto, non aceptara o resultado das urnas, non concorreu á nova convocatoria ao non cumprir os requisitos que esixía a Xunta Electoral. Todo o cal tiña de fondo os conflitos internos na

e en García, A.: "Moaña: continúa la polémica en torno a la contratación de un dinamizador cultural", *La Voz de Galicia*, 22/11/86, p. 30

[1203] Entrevista a Manuel Pérez Rúa realizada por Iria Morgade (Videoconferencia, 16 de decembro de 2021).

organización[1204]. Repetidas as eleccións en outubro dese ano, Mouzo revalidou o cargo cun aumento significativo dos concelleiros[1205].

Nunha entrevista en agosto de 1980 Mouzo conversaba sobre unha acción que a corporación poría en marcha proximamente: denominar como Moncho Reboiras a unha rúa da localidade. Converteríase así na primeira de Galicia. A entrevistadora, a directora do semanario *A Nosa Terra* Margarita Ledo comentaba: "a nivel popular, unha rúa co nome dun comunista patriota que morreu enfrentándose coa represión...". Ao que Mouzo respondía:

> Eu penso que coñezo un pouco ben ao meu pobo, no meu pobo hai galeguistas, nacionalistas que comprenderon que se lle poña unha rúa e haberá outras personas entreaugas que nen saberan quen é Moncho Reboiras e pode tentalas a manipulación que ha de facer a dereita. Máis sei que o pobo tenme confianza e sabe que lle adicamos é porque Moncho Reboiras ten algún significado para Galicia. Foi un home asesiñado polo franquismo no 75 e tamén fun un nacionalista, un sindicalista, un mártir e un héroe[1206].

Na citada entrevista resulta salientable a ausencia de mención ao acordo municipal que permitiría esta denominación e que era máis amplo, posto que nela tamén se eliminaban as rúas franquistas[1207]. Acontecera no segundo punto da orde do día dun pleno de gran transcendencia que tivera lugar o 24 de xullo deste mesmo ano 80[1208].

Isto convérteo nun dos primeiros concellos en Galicia que realizou unha medida global de eliminación de rúas franquistas despois das Pontes e, en menor medida, Compostela e Lugo, (Gráfico 50). Neste caso a repercusión en prensa foi mínima, cunha pequena columna na sección de Santiago de *La Voz de Galicia.*

As rúas ás que se dotaba de nome eran un total de dezasete. Das cales nove non tiñan denominación, entre elas á que finalmente se chamaría Moncho Reboiras. A votación fíxose por rúas, sendo a de Reboiras a única que non foi votada por unanimidade, con catro votos a favor e dous en contra. Por outra banda das oito rúas que modificaban a súa denominación, dúas o facían para simplemente galeguizarse e unha para homenaxear a un benfeitor da vila, Benigno Estévez. As restantes cinco rúas levaban denominacións franquistas, as xa habituais General Franco ou Jose Antonio entre outras[1209]. Nas novas denominacións, ademais da praza a Castelao, que substituiría ao dirixente franquista Blanco Rajoy identificamos dúas persoas de especial relevancia para o cometido último desta investigación.

[1204] "En la UCD de Corcubión, la situación es conflictiva", *La Voz de Galicia*, 22/08/1979, p.14; "En Corcubión, ocho concejales del PTG y tres de UG", *La Voz de Galicia*, 03/10/1979, p.38.; "La conflictiva anulación de elecciones municipales en Corcubión", *La Voz de Galicia*, 13/05/1979, p. 23.; "El PTG dice que es tendenciosa la versión de UCD sobre las elecciones en Corcubión", *La Voz de Galicia*, 01/06/1979, p. 27.

[1205] Resultados eleccións Corcubión (abril 1979): PTG (5), UCD (5), UG (1). Ao obter maior número de votos que a UCD (UG absténse) Rafael Mouzo (PTG) sae elixido alcalde na sesión constitutiva do 19 de abril de 1979. (Acta da sesión do 19 de abril de 1979. Concello De Corcubión). As eleccións repítense en outubro tras prosperar un recurso da UCD.
Resultados eleccións Corcubión (outubro 1979): PTG (8), UG (3).

[1206] Ledo, M. "Rafael Mouzo Lago. Alcalde de Corcubión. "Son un revolucionario nato", *A Nosa Terra*, nº 118, do 8 ao 15 de agosto de 1980, p.7.

[1207] Doutra volta esa falta de relevancia ao feito mesmo da eliminación franquista, neste caso por un semanario afín á esquerda nacionalista, o que resulta máis curioso.

[1208] Exemplo de como continúa a repercusión xa na súa nova instalación en Finisterre e outro novo acto de desagravio: trátase na Deputación Provincial de Lugo en xullo: en: "La Diputación acordó solidarizarse con la Corporación de Finisterre sobre el acto de desagravio al general San Martín", *La Voz de Galicia*, 29/07/1980, p. 37

[1209] En contraposición ao que acontecerá noutros concellos, onde BNPG se opoñía á denominación de Constitución, aquí Mouzo (nese momento do PT, pero que xa nas seguintes eleccións se presentaría polo BNPG) consideraba "que aunque tiene que acatar la actual Constitución, personalmente no la comparte". Pero votábase por unanimidade.

Van ser dous nomes, de dous corcubioneses directamente relacionados coa violencia franquista, aínda que este extremo non se trasladou á descrición que deles se fixo na acta da sesión. Por unha banda trátase do párroco Francisco Sánchez, que substituiría á rúa General Mola. Este párroco intercedera por unha vintena de veciños apresados no 36 evitando que foran fusilados, aínda que isto non se describiu na acta, si se mencionaba que "axudaba aos veciños"[1210]. E por outro lado Pepe "Miñons", que substituía á rúa Calvo Sotelo e que se facía "en memoria del Corcubionés Diputado en Cortes y Delegado de la República para Galicia en el año 36"[1211]. Jose Miñones foi fusilado e encabezaba xunto Mercedes Romero a lista de homenaxeados nas notas necrolóxicas ás que xa aludimos, tanto as asinadas pola veciñanza como a do 79, coa firma da corporación municipal.

Imaxe 38. Descuberta da rúa a Moncho Reboiras en Corcubión



En corcubión na apertura da rua a Moncho.

Fonte: *A Nosa Terra*, nº 161, *Especial Galiza Martir*, agosto 1981, p.12.

Tense documentada a homenaxe a Moncho Reboiras, coa colocación da placa, no aniversario do seu asasinato, nun acto ao que acudía o alcalde "así como dirigentes del BN-PG e del "PSG"[1212] e da que se posúe un importante elemento visual (Imaxe 38). Por outro lado, pero sen repercusión coñecida en prensa, constatamos a existencia dun acto público para a colocación da placa a "Xosé Miñons" ao ano seguinte, aproveitando tamén o aniversario do seu asasinato. Así, en agosto de 1981 tratouse en pleno a seguinte iniciativa do alcalde:

> O Sr. Alcalde manifesta que se debería rendir merecido homaxe o que foi veciño desta vila, D. Xose Miñóns que foi Diputado polo Partido de Corcubión nas Cortes da II República. A Corporación, por uanimidade acorda, como homaxe a Pepe Miñóns, inaugurar oficialmente a rúa que leva o seu nome o 2 de Nadal, día en que se farán diversos actos na súa memoria[1213].

[1210] Matabuena,L: "Francisco Sánchez vela todavía por sus feligreses de Corcubión", *La Voz de Galicia*, 05/09/2007. https://www.lavozdegalicia.es/noticia/pontevedra/pontevedra/2007/09/05/francisco-sanchez-vela-feligreses-corcubion/0003_6113770.htm

[1211] O apelido realmente é Miñones, pero na acta aparece galeguizado. Acta da sesión plenario do 24 de xullo de 1980, Concello de Corcubión.

[1212] "Pequeños incidentes en Vigo, en el aniversario de la muerte de Xosé Ramón Reboiras", *La Voz de Galicia,* 13/8/1980, p.53.

[1213] Acta da sesión extraordinaria do pleno do 14 de agosto de 1981, Concello de Corcubión.

Este é, polo momento, o único documento que probaría a existencia da serie de actos na memoria desta vítima da violencia franquista. Estes teríanse realizado en decembro de 1981 na vila de Corcubión, constituíndo un caso pioneiro na homenaxe pública, e ademais institucional, a unha vítima do franquismo. O carácter de pioneiro enténdese ao comprobar que se trata dun dos tres únicos concellos onde neste primeiro mandato municipal o recordo dunha vítima fora máis alá do nomeamento dunha rúa co seu nome.

A celebración dun acto público de homenaxe foi un caso pouco común, só tendo constancia de dúas situacións semellantes en Redondela, con Temo Bernárdez e en Moaña con José Piñeiro. Así mesmo, este constituiría un claro exemplo de como as accións que se realizaban na sociedade civil, institucionalizábanse, podendo trazar unha liña entre o funeral que tivera lugar en 1976 e que promovía, entre outros, o futuro alcalde Rafael Mouzo e este acto institucional de homenaxe en 1981. Noutra orde de cousas, a ausencia doutras fontes que puidesen completar a información sobre esta acción memorial son proba do proceso de desmemoria ao que nos vimos referindo neste traballo en relación coas accións memoriais que se realizaron nestes primeiros anos do novo sistema democrático.

4.2.3.3. A pugna dos símbolos

Desta aproximación ao acontecido nos primeiros anos de mandato democrático nas cidades e vilas galegas, maniféstase o que vai ser unha constante durante o período en estudo: as principais políticas de memoria levadas a cabo polas institucións locais estiveron vencelladas á eliminación da simboloxía franquista nos espazos públicos. Dentro destas resalta a modificación dos nomes de rúas e prazas, máis tamén se identifican outras actuacións municipais no eido simbólico que é conveniente analizar e que neste primeiro período identificamos en tres vilas, Corcubión, Redondela e Vigo. As dinámicas que se desenvolveron nestes dous casos axúdannos a delimitar os elementos clave do que demos en chamar a "pugna dos símbolos".

4.2.3.3.1.Corcubión, a estatua do General San Martín

En Corcubión, meses antes de acometer a modificación do rueiro franquista, produciuse un conflito vinculado coa simboloxía. Pese a non estar relacionado directamente co franquismo a polémica xurdida ao seu redor vai ter certos elementos de interese que axudan na caracterización do contexto que rodea ás accións da memoria no período en estudo e a relevancia dos símbolos para o relato político e social.

En febreiro de 1980, o alcalde Rafael Mouzo levaba unha proposta a pleno que tivo unha enorme repercusión a nivel nacional: a retirada do monumento ao General San Martín, situada nunha praza da vila, e que foi aprobada por unanimidade[1214]. Recordemos que nesta corporación soamente había concelleiros en representación de PTG e UG. Neste contexto acordouse a eliminación do monumento, argumentado para iso o mal estado do mesmo xunto coa ausencia dunha relación entre o concello e o xeneral, un dos líderes da independencia en Arxentina. Ese mal estado, era froito das pintadas que, dende un ano antes, e a modo de protesta, fixéranse

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[1214] Acta da sesión do pleno do 15 de febrero de 1980, Concello de Corcubión.

sobre a estatua. Aínda así o acordo da retirada desatou unha enorme repercusión que era en prensa da seguinte forma:

> ¿Que razón puede tener la Corporación Municipal de este recoleto pueblo pesquero de dos mil habitantes para derribar el monumento del Libertador de América, el general San Martín? Por más que afanosamente lo intentamos no conseguimos imaginar los motivos de una decisión de tal trascendencia que provoca la indignación del millón largo de gallegos asentados en la Argentina y de la totalidad de los nativos, amén de las consecuencias diplomáticas que pueda acarrear[1215].

A polémica finalmente materializouse nun acto "de desagravio" que tivo lugar na vila costeira en maio dese 1980, identificando a San Martín coa emigración galega a Arxentina, como se se tratase dunha homenaxe a estes emigrantes. Aínda que en realidade o paseo onde estaba situada a estatua, e que levaba tamén o nome do xeneral, fora construído polo filántropo da vila chamado Benigno Lago, precisamente un emigrante retornado.

A estatua ao xeneral arxentino fora colocada no 125 aniversario da súa morte a iniciativa da embaixada arxentina en Madrid e do Instituto Sanmartiñano. Buscábase o punto máis occidental de Europa, que sería o máis achegado a Arxentina, e dese xeito a estatua remataba en Corcubión. Recordemos que San Martín era un heroe da independencia arxentina, un personaxe por tanto, non moi celebrado pola dereita española, caracterizada esta última pola nostalxia do imperialismo español. É xustamente esta dereita a que denunciou efusivamente a retirada do seu busto. Victoria Armesto, pseudónimo de María Victoria Fernández España, deputada nas Cortes por CD, gababa a figura de San Martín exaltando a súa labor como militar español e relatando a súa adhesión ao movemento independentista dende un autonomismo moderado froito do seu espírito monárquico que acabou no que:

> en realidad según las modernas teorías fue realmente algo muy semejante a una guerra civil. Unos españoles nacidos en España o en América luchaban contra otros españoles nacidos en América o en España en una sucesión de batallas de singular crueldad[1216].

Subliñaba a deputada que San Martín, pese a súa rebelión "conservó intacto el amor a España". Esta construción da persoa de San Martín explica en boa medida o carácter do acto que tivo lugar o 3 de maio. A esta adheríranse "diversos centros gallegos de todo el mundo", asistindo "diversas personalidades", entre elas a propia deputada e vicepresidenta do Congreso, Fernández España[1217]. Así mesmo contaba co apoio da Xunta de Galicia, que expresara a súa repulsa pola decisión municipal e trasladaba o acordo municipal á Consellería de Administración local para o seu estudo[1218].

O acto relatouse primeiramente en prensa como un desembarco de persoas alleas á vila, que chegaron con numerosas bandeiras de España[1219]. Unha amalgama de símbolos e mensaxes certamente contraditorios que conferían ao acto dun carácter un tanto esquizofrénico: empregábase o tema da emigración, que pouco tiña que ver co propio xeneral, líder da

[1215] Sabbatiello, M.: "Polémica en torno al busto del Libertador (1), Corcubión. S.Martín contra Benigno Estévez o la lucha del alcalde contra el exalcalde", *La Voz de Galicia*, 23/04/1980, p.44.
[1216] Armesto, V. "Homenaje a San Martín", *La Voz de Galicia*, 3/05/1980, p.42
[1217] "Hoy en Corcubión, homenaje al General San Martín", *La Voz de Galicia*, 03/05/1980, p. 42. Listado de organización que se terían adherido, segundo a nova: Centro Gallego de Buenos Aires, Centro Gallego de Madrid, Centro Gallego de Santander, de Lérida e de Valencia.
[1218] "Unidade Galega de Corcubión acusa al Gobierno de Videla de manipular el tema del monumento a San Martín", *La Voz de Galicia*, 29/04/1980, p.45.
[1219] "Corcubión: un centenera de personas en el homenaje a San Martín", *La Voz de Galicia*, 04/05/1980, p. 47.

independencia americana, á vez que se exaltaban os símbolos da nación española. A repercusión fora tal que no mes anterior ao acto diversos medios oficiais arxentinos manifestáranse contrarios á retirada da estatua. O que aínda ofrece unha viraxe máis nesta historia, tendo en conta que á altura de 1980 Arxentina, atopábase en plena ditadura, e así o salientaba UG de Corcubión nunha nota que se facía pública o 29 de abril, onde consideraba que a retirada do busto estaba sendo manipulada por parte dos representantes e simpatizantes do ditador Videla, e non aceptaba esa manipulación a un "hombre enemigo del colonialismo y del imperialismo por parte de un Gobierno que niega los más elementales derechos humanos"[1220].

Na nota defendíase que o traslado da estatua estaba auspiciado por instalar no seu lugar, un espazo central da vila, unha figura máis unida sentimentalmente ás xentes de Corcubión, en concreto pensábase no xa sinalado emigrante retornado Benigno Lago. Pese a todo, o 3 de maio tiña lugar ese "acto de desagravio" cunha ofrenda floral fronte ao monumento. O liderado correspondeulle á deputada de CD quen "dijo que no se trataba de un acto político, ni de defender a un partido, sino de actuar como gallegos y defender a la mayor comunidad gallega en el extranjero"[1221]. Na primeira crónica publicada ao día seguinte do acto en La Voz de Galicia describíase como fora a acollida na propia vila:

> Mientras se desarrollaba el acto, permanecían cerrados la mayor parte de los establecimientos de la villa, y desde las ventanas próximas, los vecinos seguían los acontecimientos sin participar en los mismos. Tanto en la entrada de la villa como en la zona donde se realizó el acto, sendas pancartas señalaban: "Corcubión xa elixíu o tres de outono" (en relación coa data das eleccións), "Corcubión coa sua Corporación" y "Corcubión non permitirá inxerencias"[1222].

Pese a que nesta primeira crónica mencionábase unha asistencia de cen persoas, o mesmo xornal rectificou en días posteriores cunha reportaxe "especial" que viña a corrixir boa parte do dito na primeira crónica[1223]. Así, en canto ao número de asistentes corrixía o número e sinalando fontes da Guardia Civil aproximábao a catrocentas persoas, a maioría das cales eran corcubioneses ou veciños de localidades próximas[1224]. Datos, por tanto, que se opoñían á primeira crónica, onde se falaba de que os veciños non participaran. Tamén se describía que da Coruña, a comitiva que acompañaba á deputada e tamén ao cronista oficial da cidade Juan Naya, non pasaban da ducia. Isto é, nesta crónica estábase respondendo precisamente a esa sensación que tería deixado o acto de desembarco de persoas alleas á vila para impedir a retirada do monumento. Por outra banda nese novo artigo asinado por un "Servicio Especial" emendábanse informacións relacionadas coa asemblea que o propio alcalde convocara para os veciños nos días anteriores e o peche de comercios que finalmente se producira o día do acto[1225]. Así, nesta nova crónica relatábase como a asemblea tivera moi pouca asistencia e que o peche soamente afectara a tres establecementos, e un deles era da nai do rexedor. Cuestión que semella

[1220] "Unidade Galega de Corcubión acusa al Gobierno de Videla de manipular el tema del monumento a San Martín", *La Voz de Galicia,* 29/04/1980, p.45.
[1221] "Corcubión: un centenera de personas en el homenaje a San Martín", *La Voz de Galicia,* 04/05/1980, p. 47. Tamén en: L. Corral, Xosefina: "O xeneral San Martín como excusa", *A Nosa Terra,* nº 105, do 9 ao 15 de maio de 1980, pp.3-4.
[1222] "Corcubión: un centenera de personas en el homenaje a San Martín", *La Voz de Galicia*, 04/05/1980, p. 47.
[1223] Pola súa parte *A Nosa Terra,* na súa cronica contabilizaba cincuenta asistentes. En L. Corral, Xosefina: "O xeneral San Martín como excusa", *A Nosa Terra*, nº 105, do 9 ao 15 de maio de 1980, pp.3-4.
[1224] "Corcubión: amplio eco del acto de desagravio al General San Martín", *La Voz de Galicia*, 06/05/1980, p. 42. Asinado por "servicio especial".
[1225] "Respecto al número de asistentes a la asamblea abierta convocada por el alcalde de Corubión, señor Mouzo Lago, se había dicho que se reunieron en la alcadía 300 vecinos, pero según las mismas fuentes oficiales, los asistentes fueron unos cincuenta". En: "Corcubión: amplio eco del acto de desagravio al General San Martín", *La Voz de Galicia*, 06/05/1980, p. 42.

responder á nota de prensa do PTG, en relación con este feito e que se fixera pública en días anteriores, e na que interpretaban a actitude da veciñanza durante o acto como un plebiscito de apoio ao concello, ante o ataque de desprestixio que se pretendera levar a cabo[1226]. Por tanto na segunda crónica íase discutindo todo o que o concello entendera como "triunfos" e un respaldo social da súa decisión. Así, tamén se incidía nas pancartas que describía a primeira crónica e que segundo a nova "habían sido colgadas personalmente por el señor Mouzo Lago, ayudándole al alcalde un concejal, un municipal y un ayudante".

Este artigo, publicado tres días despois do acto, resulta paradigmático de como era o tratamento en prensa dos gobernos do centro-esquerda, e máis profusamente da esquerda que quedara fóra do pacto fundacional do novo sistema político. E que se certifica no caso de Corcubión, na existencia destas dúas crónicas. Unha primeira, máis sinxela, e que se limitaba a describir o acontecido. E unha segunda dunha evidente parcialidade, que desacreditaba cuestións descritas polo xornal en días anteriores, pero que ademais realizaba ataques frontais cara a Corporación de Corcubión. A imaxe do alcalde, como un ser mesquiño, que tiña amedrentada á poboación chegaba ao seu punto máximo no seguinte parágrafo:

> Convocado el acto de desagravio -aseguraron fuentes competentes- por la comisión organizadora se esparcieron rumores por el pueblo de que si algún vecino se atrevía a concurrir sería castigado de un modo u otro y que por lo pronto, si estaba en la lista de los solicitantes, tendría escasas posibilidades de conseguir una de las viviendas protegidas que ahora serán acabadas y entregadas. Estas viviendas, como muchos otros proyectos en marcha, son obra de la anterior Corporación[1227].

E aquí chegamos a un dos elementos clave de toda esta polémica: o papel da corporación anterior, a corporación franquista que instalara o monumento ao xeneral. Seguindo as declaracións do ex alcalde, Ramón País Romero, quen por certo fora aclamado durante o acto de desagravio[1228], podemos aproximarnos a unha hipótese sobre as razóns últimas desta campaña mediática e de poder contra a pequena corporación corcubionesa. As súas declaracións foran recollidas días antes nunha reportaxe cun carácter aberto e plural. Na reportaxe distínguense opinións diversas da veciñanza da vila, tamén do propio excalcalde franquista que expresaba:

> De lo que se trata es de atacar y de tirar abajo lo que hice yo y como no pueden derribar el cuartel de la Guardia Civil, ni el edificio de Correos, ni la Casa Consistorial se la toman con el busto de San Martín[1229].

Ademais o exalcalde ante as preguntas da xornalista en relación con certas críticas por non ter homenaxeado axeitadamente a Benigno Lago, que ademais do paseo marítimo construíra a traída de augas, o ex alcalde poñía en dúbida as boas accións do emigrante[1230]. Ese ton duro co filántropo, que aínda así fora nomeado Fillo Predilecto durante o seu mandato, transluce certa tensión ante a súa figura, que nos inclina a pensar que este home, falecido poucos anos antes, non fora moi querido polo réxime franquista. En cambio, a posición dos veciños que se reflexan nesta crónica, semella unánime no aprecio e consideración cara Lago. Franciso Manyeo Lorenzo Lojo, un dos rapaces que era entrevistado, estudante de Historia, ofrecía unha razón

[1226] "Nota del PTG", *La Voz de Galicia,* 04/05/1980, p. 47.
[1227] "Corcubión: amplio eco del acto de desagravio al General San Martín", *La Voz de Galicia*, 06/05/1980, p. 42.
[1228] "El exalcalde fue victoreado varias veces por los cuatrocientos asistentes al acto", En: "Corcubión: amplio eco del acto de desagravio al General San Martín", *La Voz de Galicia,* 06/05/1980, p. 42.
[1229] Sabbatiello, M.: "Polémica en torno al busto del Libertador (II)", "Lo que hay detrás del desplazamiento del monolito a S. Martín es un ataque a lo que hice yo",Ex.alcalde de Corcubión, Ramón País Romero,", *La Voz de Galicia,* 24/04/1980, p. 43.
[1230] *Íbidem.*

para que o busto de San Martín aparecera pintado: "los que pitaron de blanco el busto de San Martín seguro que no sabían lo que significaba. Eso fue sobre todo un ataque al anterior alcalde, que fue injusto con el hombre que construyó el paseo". E en relación coa inauguración do monumento, en 1974, sinalaba:

> La gente del pueblo no se sintió representada. Los que estuvieron presenciándolo recordamos que vinieron varios generales, gente de Madrid y algunos argentinos. Uno de los oradores metió la pata y dijo en su discurso "en esta hermosa plaza de la villa de Betanzos". En ese momento muchos optamos por retirarnos porque sentíamos que el homenaje no tenía nada que ver con nosotros[1231].

Isto coincidía co expresado polos veciños de maior idade da vila, que para sorpresa da xornalista, estaban a favor da retirada. A reportaxe recollía expresións da veciñanza de maior idade como "que o leven os arxetinos aló", ou "para que o queremos se el botou de América a milleiros de españois", reflexións que en definitiva obedecían a ese carácter un tanto esquizofrénico da defensa pola dereita do xeneral San Martín[1232]. Esta reportaxe fora publicada en dúas partes o 23 e o 24 de abril, é dicir, días antes do acto de desagravio. A nosa lectura avoga a que trala súa publicación, produciuse un repregamento na información que se ofrecía en prensa sobre este suceso, que a partir dese momento focalizou a atención no ataque á corporación, obviando a cuestión do benfeitor Benigno Lago Estévez[1233]. O que pola contra, para os veciños, a xulgar por esta reportaxe, estaba no centro do debate[1234].

A presión sobre a corporación foi tal que o alcalde denunciaba recibir numerosas chamadas intimidatorias, entre as cales había tamén ameazas de morte[1235]. O alcalde denunciaba a imposibilidade de replicar ás informacións da prensa diaria, en concreto en *El Ideal Gallego* e *La Voz de Galicia*, que "terxiversaron todo o asunto e negáronse, noutras ocasións, a publicar as réplicas que, amparándome no dereito que todo cidadán ten, enviei aos xornais"[1236]. Mouzo relataba deste xeito o fondo do asunto:

> O pobo sentirase moi ofendido de cando no ano 74 o antigo alcalde Pais Romero, colocou a estatua do xeneral que para Corcubión non fora nada. ¿Que para á historia fora o libertador de América? Non poño en dúbida e respétoo. Ben por aquel entón o pobo calou porque pesaba a represión. Porén dese ano popularmente reivindicase un lugar para don Benigno Lago Estévez[1237].

1231 *Íbidem.*

1232 Outras reflexión dos veciños: "Se nos dixeron que mataba canto galego podía e os tiraba ao mar" / "trouxerono e non nos pediron permiso. ¿Que teñen que facer aquí os arxentinos con ese busto? / "mellor é que o tiren ao mar ou que o collan para facer chatarra, se cadra valerá unhas pesetas" / "ese coxo que non pode andar e que se non tivera de comer, non sería San Martín que lle dera os cartos, e Benigno, se lle ían pedir, seguro que axudaba" / "San Martín non me dá os cartos para a dentadura, e Benigno si que mos tería dado".

1233 O 29 de abril publícase unha nota da familia que quere poñer distancia coa polémica. Será a última referencia a esta cuestión en prensa. ""Corcubión: la familia de Benigno Lago se opone a cualquier homenaje que desuna al pueblo*", La Voz de Galicia*, 29/04/1980, p. 45.

1234 Veciño que dicía: "San Martín non me dá os cartos para a dentadura, e Benigno sí que mos tería dado". E facendo uso da retranca galega algúns defendía á pintada "estaba ben , que estaba pintado de inverno e o puxeron de verán". En: Sabbatiello, M.: "Polémica en torno al busto del Libertador (II)" "Lo que hay detrás del desplazamiento del monolito a S. Martín es un ataque a lo que hice yo",Ex.alcalde de Corcubión, Ramón País Romero,", *La Voz de Galicia,* 24/04/1980, p. 43.

1235 Sabbatiello, M.: "Polémica en torno al busto del Libertador (1), Corcubión. S.Martín contra Benigno Estévez o la lucha del alcalde contra el exalcalde", *La Voz de Galicia,* 23/04/1980, p.44.

1236 L. Corral, Xosefina: "O xeneral San Martín como excusa", *A Nosa Terra*, nº 105, do 9 ao 15 de maio de 1980, pp.3-4.

1237 L. Corral, Xosefina: "O xeneral San Martín como excusa", *A Nosa Terra,* nº 105, do 9 ao 15 de maio de 1980, pp.3-4.

Imaxe 39. Foto do acto de desagravio a General San Martín, 1980



Fonte: *A Nosa Terra*, nº105, do 9 ao 15 de maio de 1980. Fotografía de X.M. Albán.

E así chegamos ao punto nuclear de toda esta complexa polémica na que se mesturan elementos relacionados co poder da simboloxía ou co emprego partidario de personaxes adaptándoos ás necesidades presentes. Consideramos que o que está no fondo da polémica é o conflito entre os resortes do réxime franquista e os novos actores políticos. A continuidade das elites franquistas, materializadas na CD e na UCD, que interpretaban a modificación da estatua como un ataque contra a xestión do concello franquista, precisamente nunha corporación, posiblemente das únicas, na que non había nin un só representante destas elites continuadoras. Comprendíano, por tanto, como unha usurpación do que, a fin de contas, estas elites consideraban súas por dereito.

Por outro lado, estaban os novos actores institucionais, neste caso o grupo municipal PTG, o alcalde e esa nova corporación, onde tamén estaba UG. De modo que se daba outra condición especial, ambas organizacións eran alleas ao pacto da Transición[1238]. Á súa vez estas, valéndose dun sentimento xeneralizado na veciñanza de Corcubión facían un acto simbólico de censura do réxime franquista ao rebocar aquela decisión unilateral de colocar o busto ao xeneral arxentino nesta vila[1239].

[1238] Tendo en conta a diversidade que había a súa vez en UG, PSG non entrara pero poderíamos dicir que o POG e o PG acaban por facelo.

[1239] O alcalde na entrevista publicada en La Voz describe a oposición da veciñanza ao busto : "El responsable de esto fue el exalcalde, elegido a dedo, y que hacía las cosas sin importarle la opinión de los corcubioneses. Desde un comienzo la gente rechazó la estatua porque sentía que era una ofensa para el benefactor de Corcubión, don Benigno Estévez.(…) El pueblo de Corcubión, desde un prinipio entendió que allí debía situarse un busto que lo representara y no el de un desconocido". En

Nunha última viraxe dos acontecementos, a través da análise desta polémica que publicaba en prensa o escritor Darío Xohan Cabana, relaciónase este asunto coa da "eliminación versus permanencia da simboloxía franquista". Así Cabana criticaba abertamente ao PSOE, e ao alcalde de Vigo, que tería entrado na polémica defendendo o carácter progresista de San Martín e anunciando unha homenaxe na súa cidade:

> O alcalde de Corcubión comete o erro de calificar de esquerda cando é sabido que é do PSOEespañol- co moi oportuno monumento que ó mesmo xeneral quere erguer na súa cidade (...) Hai coincidencias que cheiran, señor Soto, e o de xogar con dúas barallas pode ser moi socialdemócrata pero non parece nada decente[1240].

Xohan Cabana aproveitaba para denunciar a permanencia en Vigo do monumento aos caídos "que asesinaron e masacraron a poboación do barrio de Lavadores". Así, poñía este asunto en relación coa simboloxía franquista:

> A mentira organizada, o libelo intereseiro da prensa controlada pola redacción, a demagoxia fascista e a manipulación culumniosa, están intentado que o alcalde de Corcubión apareza como un cafre diante dos galegos, recorrendo mesmo as noxentas argumentacións sobre os emigrantes que tanto deben a América e o agradecemento á súa acollida.(...) pero os galegos bos e xenerosos deben alegrarse de que Corcubión queira honrar a un ilustre fillo do concello, sen deshonrar o ilustre xeneral americano pero poñéndoo no seu lugar. Os galegos bós e xenerosos deben entristecerse, pola contra de que o señor alcalde do Ferrol, fillo dun fusilado, manteña aínda a estatua de Franco sóbor do cavalo na entrada da cidade en vez de quitar o mal cabaleiro e poñer no seu lugar por exemplo ao Roi Xordo. Non, amigo Rafael, non che son de esquerdas tales rexedores[1241].

Tamén describía o carácter precisamente dos opositores á retira do busto. "aqueles que tanto escándalo montan e prefiren non oustante, como é público e notorio, ó xeneral Franco". E continuaba, salientado esa contradición da defensa a ultranza deste personaxe "manda chover, por non dicir outra cousa, que a nefasta patulea reaccionaria faga bandeira do xeneral americano que lles fixo comer terra ós imperialistas españóis"[1242]. Reflexión semellante á do propio Mouzo que nunha entrevista publicada no mesmo semanario sostiña meses despois:

> A San Martin manexouno a dereita polo feito de ser xeral. Non lles importaba a persoalidade de San Martin porque se a coñecera un pouco houberano condenado a morte trés veces. (...) O caso é que a dereita manipulou o acordo da corporación capitaneado por certos persoeiros do Estado e da Xunta de Galicia. Mais non nos puxeron nerviosos en absoluto[1243].

No pleno do 24 de xullo de 1980 o primeiro punto da orde do día daba por finalizada a polémica da estatua do "General San Martín" cunha valoración global da mesma. Así, pese a que o concello considerara a posibilidade de mover a estatua para outra zona da vila, isto finalmente non aconteceu pois con data de 22 de maio e segundo o escrito do Gobernador Civil

---

Sabbatiello, M.: "Polémica en torno al busto del Libertador (1), Corcubión. S.Martín contra Benigno Estévez o la lucha del alcalde contra el exalcalde", *La Voz de Galicia*, 23/04/1980, p.44,

[1240] Cabana, Darío Xohan: "Carta entreaerta: calqueira ocasión é boa…", *A Nosa Terra*, nº 109, do 6 ao 12 de xuño de 1980, p. 6.

[1241] *Íbidem.*

[1242] *Íbidem.*

[1243] Ledo, M. "Rafael Mouzo Lago. Alcalde de Corcubión. "Son un revolucionario nato", *A Nosa Terra*, nº 118, do 8 ao 15 de agosto de 1980, p.7.

comunicouse que se procedía a "retirar el monumento y valorando por último su traslado a Fisterra", onde finalmente se situaría[1244]. Esta comunicación do Gobernador foi descrita na intervención do alcalde onde valorou o tratamento da prensa e mencionou "las amenazas telefónicas recibidas, protagonizadas, según su parecer, por quienes no se resignaron a perder el poder, moviéndose en la oscuridad para desprestigiarnos." Describía tamén a "campaña en contra con el acto de desagravio montado por "Fuerza Nueva" y "Alianza Popular" e chamaba a emitir un voto de censura sobre os diario *La Voz de Galicia* e *El Ideal Gallego* polo boicot sufrido, e solicitando responderlles tamén cun boicot aos mesmos "aconsejando al vecindario que no lea esta prensa"[1245]. Todo o cal se aprobaba por unanimidade.[1246]

Esta polémica arredor do busto de San Martín tivo lugar uns meses antes de que o pleno acordara a eliminación das rúas franquistas e a inclusión de vítimas. Pero os cambios no rueiro non tiveron apenas repercusión pública, contrastando coas numerosas noticias publicadas nas seccións rexionais dos xornais sobre a retirada da estatua nas semanas anteriores[1247].

Nun primeiro momento podería resultar estraña, a indignación pública da dereita fronte á retirada da estatua de San Martín, e a ausencia de espaventos no referente a esta eliminación de rúas franquistas e a inclusión do que era considerado un terrorista. Máis isto non sorprende se pensamos no momento histórico no que nos atopabamos, e en que incluso os vellos franquistas tentaban revestir o seu discurso de linguaxe da nova era, da democracia e dun futuro no que o franquismo xa non estaba ben visto. Aínda como así se describe para outros concellos tamén se detectou unha oposición visible contra a eliminación da simboloxía franquista. Todo o cal, amosa a complexidade e heteroxeneidade no proceder, na defensa e na oposición da retirada de símbolos franquistas. Deste modo, dende ese discurso incómodo na defensa frontal do franquismo, resultaba máis sinxelo a defensa dun xeneral independentista, aínda que no fondo desta defensa estivese precisamente a perda de poder da elite do franquismo.

4.2.3.3.2.Redondela, os símbolos franquistas e o contraenmarcado da memoria

En xullo do 80 a corporación de Redondela debateu unha moción que o secretario municipal titulou en acta "Moción de concejales sobre supresión de signos franquistas". O primeiro que chama atención nesta é a imposibilidade de coñecer quen foron estes concelleiros. Aínda que a través da información da acta iremos delimitando aos posibles autores. O seguinte a salientar é a argumentación da moción plasmada en actas que, desta volta de xeito directo, aludiu á necesidade de eliminar os símbolos da ditadura.

> Para que de una vez para siempre, se borren y cicatricen las heridas, que existen a consecuencia desa cruel guerra civil y posterior etapa de dictadura franquista, proponemos al Ayuntamiento Pleno , que desaparezcan y se borren todos los signos que existen en edificios públicos, fuentes, etc y que de alguna manera representan esa época negra y de terror y muerte y, que aún hoy llevan algunos

[1244] En nova de xuño, aínda goberno da Xunta e arxetino discernían onde levar a estatua: "Quiroga Suárez y el embajador de Argentina estudiaron las consecuencias del traslado del busto del general San Martín", *La Voz de Galicia*, 04/06/1980, p. 38.
[1245] Acta da sesión plenario do 24 de xullo de 1980, Concello de Corcubión.
[1246] Por outra parte a homenaxe a Benigno Lago Estévez seguiu os seus pasos dentro da corporación, como así se desvela do acordo de creación da comisión que se encargaría da súa homenaxe, constituída entre outros polo alcalde, o 16 de maio de 1980, cando aínda resoaban os ecos da polémica. En Acta da sesión plenaria do 16 de maio de 1980, Concello de Corcubión.
[1247] Cambeiro: "Corcubión: La Corporación aprobó el cambio de nombre de varias calles de la villa", *La Voz de Galicia,* 08/08/1980, p.3 e sobre o acto de homenaxe a Reboiras: "Pequenos incidentes en Vigo, en el aniversario de la muerte de Xosé Ramón Reboiras*", La Voz de Galicia*, 13/08/1980, p.53.

> partidos políticos legalizados unos y otros no, pero que aún con ellos tratar de amendetrar esta actual democracia. Tratamos con esta medida de olvidar y no crear venganzas, pues la propia Constitución borró todos estos signos[1248].

É salientable que ademais de defender que a medida trata de "no crear venganzas" tamén se considere unha medida "para olvidar", situándose por tanto na liña do discurso dominante neste contexto transicional no que a máxima era "esquecer para poder vivir en paz". Como estamos vendo imos poder identificar diversas formas de entender ese "esquecer", que transitaba dende aquelas que apoiaban o "non tocar", defendendo a inactividade ante calquera medida, e estas outras que pretendían suprimir os vestixios ou incluso homenaxear pero xustificándoo no "esquecemento".

Por tanto o "esquecemento", foi un elemento presente no discurso antimemorialista, pero paradoxalmente tamén o foi nunha das correntes dos discursos memorialistas. Volvendo á medida, para identificar os autores desta fixámonos nas seguintes cuestións. Por unha banda sabemos que foi asinada por "concejales de diversos grupos municipales". Por outra banda no debate da medida o voceiro do BNPG sinalaba que non subscribía a moción por estar redactada en castelán. Isto por tanto evidencia que entre eles non estaba o BNPG. E finalmente falan a favor da medida Jesús Villar Martínez[1249] e Jose María Varona, do PSG-PSOE

Polo tanto a nosa consideración é que moi probablemente fose unha moción impulsada por algún ou todos os concelleiros do PSdeG-PSOE, sendo probable que tamén fose partícipe o PCG, ao definirse como unha moción de varios grupos municipais. Por outra banda, en prensa identifícase esta proposta co concello, polo que sendo a alcaldía de UG podería ser posible que tamén este grupo participara na mesma. O papel protagonista de PSOE e PCG encaixaría coa propia redacción da moción na que, como dicíamos, alúdense aos ítems claves da reconciliación.

O grupo municipal de CD mediante o seu voceiro Luís Crespo, opúxose frontalmente á moción considerándoa "ofensiva, provocadora, inadecuada y totalmente fuera de lugar"[1250] cunha intervención longa que, consideramos, foi transcrita palabra por palabra. E debemos deternos neste feito en concreto, na transcrición como un dato relevante. Posto que se analizamos as actas municipais escritas polo secretario Bernardo Soto López, pódense identificar notables diferenzas na extensión e detalle das diferentes intervencións, incluso no caso das mocións. Mentres noutros concellos resulta habitual que o texto destas se inclúa íntegro, non así no caso de Redondela e máis en concreto neste punto da orde do día. Pola contra si se transcribe de xeito íntegro a longa intervención deste concelleiro, mentres as demais intervencións e a propia exposición da moción non amosan palabras textuais[1251]. Todo o cal evidenciaría certo nesgo do autor das actas.

[1248] Acta do pleno 28 de xullo de 1980. Arquivo Municipal de Redondela.

[1249] Podemos considerar que Jesús Villar é concelleiro do PSG-PSOE ou do PCG. Non figura no listado de concelleiros na acta constituiva do 19 de abril de 1979 posto que existiu unha substitución posterior de concelleiros. Revisando os concelleiros que continuaban dende a constitución e os novos nomes, poderíamos soster que se trataría dun concelleiro do PSOE ou do PCG. En 1989 forma parte das listas ao parlamento do PSG-PSOE.

Existe outro concelleiro novo nesta acta ao pleno, Emilio González Iglesias que xa no ano 83 forma parte do PSG-PSOE. Polo tanto Emilio González e Jesús Villar substitúen aos concelleiros do PSOE Franciso Buján, e do PCG Raimundo Cal. Sen por agora poder afirmar rotundamente a que partido substituía cada un deles. Aínda que o máis probable sería que Emilio Iglesias fose concelleiro do PSG-PSOE e Jesús Villar do PCG.

Tamén existe outra substitución dun concelleiro de CD, Jose Manuel Varela, neste caso si puidemos constatar que o seu substituto é Juan Rodríguez Rivas.

[1250] Acta do pleno 28 de xullo de 1980, Arquivo Municipal de Redondela.

[1251] O concelleiro do CD fai referencia a que na moción se fala de "cicatrizar feridas" cuestión non transcrita na parte na que se expón a moción.

Nesta oratoria do voceiro de CD detéctanse diversos lugares comúns do discurso opositor ás accións memorialistas, é dicir, o que denominamos o contraenmarcado da memoria:

> Lo que parece destilarse de este escrito (moción) es un profundo rencor que no lo extinguirá, por desgracia, ni los signos, ni nada. Es sumamente extraño y doloroso contemplar que una Corporación, realmente joven, que debiera estar por encima de simbolismos, en el sentido de respetar a quienes usan unos para que aquellos respeten lo que otros portan, se emperra en una cuestión cuyo tratamiento nada beneficia a los intereses del Pueblo. Creemos que en esta cuestión se hace demogogia y se peca de "Fascista"[1252].

Á acusación de rancorosos e movidos por "roces nostálgicos", presentes neste fragmento poderían sumarse outros elementos que no seu conxunto conforman ese contraenmarcado. Entre eles a alusión a que a medida fomentaría o odio entre españois, nunha clara referencia a eses "dous bandos" enfrontados da guerra civil, que debían "cicatrizar" feridas: "Se pretende aumentar las diferencias entre los ciudadanos de este Municipio, crecentar el odio de unos para con los otros, y todo esto con el señuelo de cicatrizar "viejas heridas"[1253]. Tamén a referencia a existencia de problemas por resolver máis relevantes que este:

> Recordemos a esta Corporación que el Pueblo nos ha puesto aquí para solucionar problemas, que hay muchos y graves, que el tiempo que perdemos en dimes y diretes, lo podríamos emplear en resolver, por poner un ejemplo el asunto de la guerra de los depósitos de agua en Chapale (...) que la única forma de que la Corporación marche unida es evitar roces nostálgicos que, no beneficiándonos nada, pueden perjudicarnos mucho[1254].

Así mesmo resulta destacable que unha medida memorialista sexa concibida polos seus propios autores, como o camiño para "esquecer", ao tempo que o seu opositor personificado aquí no voceiro de CD considere que actúan como "jueces de la historia", precisamente nun tempo histórico, o da transición á democracia no que a xustiza estivo ausente, o que se materializou na lei de amnistía á que xa fixemos referencia[1255].

O concelleiro de CD consideraba esta moción moito máis grave que a moción que se tratara no punto anterior, e que era precisamente a do cambio de nomes de rúas franquistas, polo que en vez de ausentarse na votación como fixeran nese caso, decidían votar de xeito negativo[1256]. Trala intervención de Crespo, o seguinte plasmado na acta refírese á finalización da quenda de intervencións e á votación nominal polo que podería entenderse que non existiron máis intervencións despois da de Crespo. Na votación emitíronse os votos en contra dos concelleiros de CD e o único concelleiro da UCD presente no pleno, Fernández Estévez. Deste xeito, con dez votos a favor e ningunha abstención aprobouse a moción por maioría[1257].

[1252] Acta do pleno 28 de xullo de 1980, Arquivo Municipal de Redondela.
[1253] *Íbidem.*
[1254] *Íbidem.*
[1255] *Íbidem.*
[1256] É salientable tamén a súa denuncia de "símbolos que ya han sido borrados" sen pasar por acordo plenario.
[1257] A parte desta fonte documental, non atopamos referencias a estas eliminacións de símbolos franquistas noutras fontes consultadas, polo que non podemos precisar con máis detalle cales eran os símbolos concretos que se ían eliminar, e tampouco se esta eliminación levouse finalmente a cabo.

4.2.3.3.3.Vigo, a placa anticomunista

En Vigo, tres meses despois de constituírse a nova corporación, o PCG solicitou en pleno a eliminación dunha inscrición que figuraba na pedra da fachada da Casa Consistorial na que se proclamaba a España como "vencedora del comunismo" honrando os días 17, 18 e 19 de xullo de 1936 [1258]. O letreiro segundo o PCG "constituye una ofensa para cualquier luchador de la democracia y muy especialmente para los comunistas que hemos contribuido en gran medida a la llegada de la democracia y al fin de la dictadura franquista"[1259]. A retirada foi aprobada por unanimidade. Segundo a nota publicada en prensa esta sería eliminada "en poco tiempo"[1260]. O certo é que non podemos saber canto tempo levou esa eliminación. Se nos fixamos en casos doutras localidades, este tipo de accións, onde se eliminaba simboloxía presente na propia casa consistorial, resultaban máis sinxelas que os cambios de nomes nas rúas, nalgunhas ocasións facéndose sen sequera levarse ao pleno. Máis tamén se deu o caso de que, pese a ser aprobadas en pleno, as eliminacións tardaban moito tempo en executarse ou inclusive nunca se facían.

4.2.3.4. A primeira acción divulgativa no eido municipal

A primeira acción de divulgación da memoria traumática a cargo dunha institución documentámola en Corcubión, menos dun mes despois do acordo para homenaxear a José Miñones. Esta nova actividade sitúa a este concello aínda máis na vangarda da acción memorialista, desta volta no eido da divulgación. A iniciativa da "Universidade Popular de Verán de Corcubión", a primeira universidade deste tipo que se facía en Galicia e que a partir dese momento pasou a ter un carácter anual, correu a cargo do propio concello co liderado do alcalde Rafael Mouzo quen daba unha rolda de prensa en Compostela anunciando a iniciativa que tería lugar entre o 14 e o 19 de setembro de 1981. Mouzo referíase entón ás experiencias vividas en Euskadi onde asistira a unha Universidade Popular e tamén ao encontro pedagóxico celebrado no 1979 en Compostela. Entendía Mouzo aos concellos democráticos coa misión de facer labor cultural "unha revolución cultural pra renovar a mentalidade do pobo[1261].

Coa idea futura de que esta Universidade non durase soamente oito días, e puidese estenderse ao curso enteiro e con carácter gratuíto, as novas rescatadas en prensa, porén, insistían no custo da matrícula, entre duascentas e mil pesetas, e no orzamento que o concello investiría, sete centas mil pesetas. As actividades dividiríanse en diversos bloques, "Obradoiros Infantís", "Escola de Vran", "Escola de País" e "Aulas abertas"[1262] . Entre as múltiples temáticas abordadas atopábanse á historia e a economía, coa presenza entre outros de Xosé Ramón Barreiro Fernández ou Antón Costa[1263]. As xornadas posuían un carácter institucional, que se reflexa na presenza do delegado do goberno en Galicia, Domingo García -Sabell,

[1258] Acta da sesión ordinaria do pleno do 27 de xullo de 1979, Arquivo Municipal da Coruña.
[1259] "Será borrada la inscripción que figura en el palacio municipal", *Faro de Vigo,* 28/07/1979, p.31.
[1260] "Ruego comunista", *La Voz de Galicia,* 28/07/79, p.34.
[1261] A comarca de Corcubión dispondrá de la "I Universidade Popular de Vran" de Galicia, durante el próximo mes", *La Voz de Galicia,* 09/08/1981, p. 31.
[1262] "El ayuntamiento de Corcubión organizará en septiembre la "I Universidade Popular de Vran", *La Voz de Galicia,* 08/08/1981, p. 45.
[1263] Tamén se programaban eventos paralelos como obras de teatro, proxeccións de cine, actuacións musicais e recitais de poesía. Para ver con detalle temáticas e conferenciantes: "A comarca de Corcubión dispondrá de la "I Universidade Popular de Vran" de Galicia, durante el próximo mes", *La Voz de Galicia,* 09/08/1981, p. 31.

encargado de inaugurar a Universidade[1264]. Tres días antes do inicio da mesma, o alcalde levaba a pleno o asunto da Universidade, incidindo na necesidade de que calquera veciño puidese asistir[1265]. Esta intervención do rexedor é a única documentación institucional que localizamos sobre a universidade no pleno do concello, cunha redacción un tanto ambigua[1266], pero que ven a constatar o carácter municipal desta iniciativa que como dicíamos repetiuse ao ano seguinte, tralo "éxito da edición anterior". Nesta ocasión en vez dunha semana, a Universidade duraba quince días, cun presuposto de un millón seiscentas mil pesetas que sufragaba o concello na súa meirande parte[1267]. Dionísio Pereira recorda ter participado como conferenciante cun tema que vincula directamente esta iniciativa divulgativa co noso obxecto de estudo:

> En Corcubión, a comezo dos 80 o Goberno municipal encabezado por Rafael Mouzo do BNG, organizou todos os meses de setembro unha Universidade Popular, na que se desenvolvían distintos actos culturais. Na edición de 1982 (creo que foi a 2ª), fun convidado a dar unha charla sobre o movemento obreiro en Corcubión e a súa desfeita tras o golpe militar. Rafael é fillo de represaliados (pai e nai) e tiña moito interese en que saíra á luz a represión. Na charla, levada a cabo no vello casino a rebentar de xente, tiven de compañeiro de mesa a Méndez Ferrín que leu varios poemas con referencias á represión franquista[1268].

Esta é a única fonte que temos que constata a existencia desta conferencia[1269]. Nas referencias en prensa non se incluíu a publicidade á mesma. Por outra banda mentres que na primeira e segunda edición é posible coñecer o programa con bastante detalle a través da fonte hemerográfica, a partir de 1983 as novas en prensa diminúen ata case desaparecer nos seguintes anos[1270]. Así mesmo, deben terse en conta os ataques que, dende a dereita, sufriu esta iniciativa. Xosé Manuel Beiras Torrado, daquela decano da facultade de Ciencias Económicas da USC, e en calidade do cal presidira no 82 a apertura oficial do curso da universidade popular de Corcubión, nunha carta ao director respondía a xa citada Victoria Armesto quen días antes cualificara a iniciativa de "aulas de aprendizaje de marxismo y subversión social". Así, Beiras describía esta iniciativa no intento de "erguer o nivel cultural da poboación" e relacionaba a quen profería aqueles ataques con quen intentara "subvertir o orde constitucional vixente organizando golpes de Estado e volando, armas en man, o reciente do Parlamento do Estado Español[1271].

En definitiva, incluímos esta Universidade Popular como unha acción divulgativa da memoria traumática ao ter constancia desa conferencia sobre a represión franquista do

---

[1264] "El delegado del Gobierno presidirá en Corcubión la inauguración de la "I Universidade Popular de Vran", *La Voz de Galicia*, 12/09/1981, p.43.

[1265] Acta da sesión plenaria extraordinaria do 11 de setembro de 1981, Concello de Corcubión.

[1266] Anuncios en prensa durante este primeira edición anunciando os diversos actos, en: "Universidade Popular de Vran, en Corcubión", La Voz de Galicia, 19/09/1981, p.27

[1267] "Presentada la II Universidade de Vran", *La Voz de Galicia,* 04/09/1982, p. 42. Outras novas sobre esta segunda edición en: "Mostra de pintores gallegos en el Casino de Corcubión", *La Voz de Galicia,* 16/09/1982, p. 31.; "Universidade de Corcubión", *La Voz de Galicia,* 19/09/1982, p.31.; "Conferencia y cine en Corcubión", 15/09/1982, p.27.; "Película en Corucibón", *La Voz de Galicia,* 22/09/1982, p.27; "Clausura en Corcubión", *La Voz de Galicia,* 23/09/1982, p.23.

[1268] Información facilitada por Dionísio Pereira vía correo electrónico (Maio de 2022).

[1269] En 1982 participaba tamén segundo a prensa Méndez Ferrín. En : "II Universidad Popular de Vran" en Corcubión", *La Voz de Galicia,* 27/10/1982, p.26.

[1270] Na columna publicada o 11 de setembro de 1982, descríbense diversas actividades que terían lugar este ano: dende a arte popular á defensa ecolóxica, pasando pola situación da muller galega, a planificación familiar, as drogas, os medios de comunicación e a ensinanza, a planificación do territorio ou a OTAN. Entre as persoas que estarán presentes María Teresa Navaza, Ramón Varela, Díaz Blasco. Non atopamos referencias á conferencia que sinalan as fontes orais. Máis a columna publicada semella un resumo. En "Corcubión celebrara del 12 al 23 la Universidade Popular de Vrán", *La Voz de Galicia,* 11/09/1983, p.24. Tamén breve anuncio en "Ecología en la Universidade de Vran de Corcubión", *La Voz de Galicia,* 16/09/1983, p.23.

[1271] "La Universidad de verano de Corcubión", *La Voz de Galicia,* 23/10/1982, p. 63.


movemento obreiro. Como vimos, a súa existencia dilúese no tempo, sen ter constancia documental da mesma. O que volve situarnos ante o fenómeno da "desmemoria da memoria".

Por último cómpre destacar o carácter do rexedor de Corcubión como axente memorialista. Rafael Mouzo era fillo de dúas vítimas, o seu pai Manuel Louzo López, mariñeiro e membro da CNT, quen no arquivo de Nomes e Voces figura como xulgado na Coruña por rebelión con resultado de sobresemento[1272], e María del Carmen Lago Canosa, violentada tamén tralo golpe de estado[1273].

4.2.4. Período 1981-1983

Entre 1981 e 1983, por tanto na segunda metade do mandato municipal, tiveron lugar a meirande parte das accións memoriais nos grandes concellos galegos. A dinámica semella clara: os concellos pequenos que actuaron no eido memorialista fixérono de xeito máis rápido que os grandes, aínda que nestes, en Vigo por exemplo, o tema estivera presente no debate municipal dende os primeiros meses de mandato.

Gráfico 54. Cronoloxía das modificacións dos rueiros (1981- 1983)




Fonte: elaboración propia.

[1272] Base de datos Nomes e Voces. http://vitimas.nomesevoces.net/gl/ficha/8453/

[1273] Referencia a esta condición de familiar de vítimas por Dionísio Pereira, quen identifica nomes e apelidos dos pais (febreiro 2024). Tamén apunta a que Rafael Mouzo era fillo dun home "represaliado" Manolo Albán, quen en 1980 como fotógrafo de *A Nosa Terra* acudía ao acto de desagravio da figura de San Martín.

Entre 1979 e 1980 pequenas vilas diseminadas por boa parte da xeografía galega acordaron en pleno municipal a inclusión de nomes de vítimas nos rueiros ou decidiron eliminar denominacións de exaltación franquista do seu espazo público. Pola contra, de xeito maioritario, se nos fixamos nos oito grandes concellos galegos, estas iniciativas producíronse na segunda parte da lexislatura, principalmente a partir de 1981 (Gráfico 54) exceptuando os cambios en Compostela e Lugo xa mencionados.

Gráfico 55. Partidos políticos na alcaldía tralas eleccións de abril de 1979



Fonte: elaboración propia.

Ata este momento incidiuse na importancia da presenza de partidos do centro-esquerda nos gobernos municipais para que as accións memoriais se producisen. Neste senso fixámonos nos resultados nos oito principais concellos galegos (Gráfico 55) onde podemos ver o partido na alcaldía tralas eleccións de abril de 1979. A división que se expón graficamente no anterior recadro é a mesma que se vai a facer visible á hora de analizar as accións memorialistas nestes concellos. Deste modo, teríamos o caso dos concellos gobernados polo centro-dereita, Pontevedra, Santiago de Compostela, Ourense e Lugo, onde pese ás propostas levadas a pleno, estas, en xeral, non foron aprobadas ou o foron con importantes limitacións.

Nunha situación oposta teríamos Vigo, Ferrol e Vilagarcía, onde se levaron a cabo accións de memoria consistentes na substitución de nomes de rúas franquistas e a inclusión de vítimas producida practicamente ao mesmo tempo, entre marzo e maio de 1981. É dicir, na primavera de 1981, nun escenario marcado pola crise do 23F. A ausencia de medidas memorialistas na Coruña estivo amplamente vinculado con este contexto e coas dinámicas de exclusión dos partidos que quedaron á marxe do pacto da Transición.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

4.2.4.1. A primavera de 1981: cambios nos rueiros franquistas no contexto do 23F

4.2.4.1.1.Ferrol del Caudillo na eliminación franquista

Pese a que pouco tempo despois da investidura do alcalde de Ferrol, en xullo de 1979, producírase o primeiro intento para extraer ao "Caudillo" do nome da cidade, na primavera de 1981 a denominación oficial de Ferrol seguía a ter o apelido franquista[1274]. Foi neste momento cando se desenvolveu a medida memorialista máis importante neste concello que atinxiu á modificación da nomenclatura urbana franquista, practicamente na súa totalidade[1275].

Ferrol constituíu un concello pioneiro na eliminación de homenaxes e exaltacións franquistas. Así, postúlase como a primeira das grandes cidades galegas que aprobou un cambio masivo de rúas franquistas. Detectamos as primeiras noticias sobre esta iniciativa a principios de febreiro de 1981, isto é dous meses antes de que finalmente fose tratado en pleno. A proposta proviña da Comisión de Cultura e a idea era que chegase ao órgano plenario do concello a finais dese mesmo mes de febreiro. Recordemos que tiñamos identificado tres supostos en canto ao procedemento seguido nos concellos para a xestión deste tipo de asuntos, un deles era que a moción se levase ao pleno directamente por un grupo de concelleiros e fose aprobada ou rexeitada directamente, a segunda posibilidade era que esta fose derivada á Comisión de Cultura, e a terceira sería que nacese directamente nesta comisión como, consideramos, aconteceu nesta ocasión.

De todos modos, a proposta era unha vella idea da maioría municipal ferrolá e, en concreto, do propio alcalde quen se tería amosado partidario de modificar o nomenclátor dende os primeiros días do seu mandato[1276]. A comezos de febreiro do 81 o tema saltaba a palestra pública mediante diversas informacións en prensa. Nelas salientábase que o cambio afectaría a trinta e seis rúas, e os criterios para facelo serían tres: a restitución das denominacións tradicionais, galeguizar as novas e ordenalas por grupos de proximidade e tema (poetas, escritores, topónimos, etc). Así mesmo, aludíase a unha proposta da Academia Galega para dar o nome de Jaime Quintanilla "muerto en 1936" a unha "avenida importante". Pola contra non existía apenas referencia ao tema que finalmente se desvelou central deste cambio: a supresión dos rueiros franquistas[1277].

O 20 de febreiro a Comisión de Cultura trataba o tema na súa reunión ordinaria. O presidente da Comisión era Xaime Quintanilla Rico, fillo do alcalde e neto do alcalde fusilado no 36. El mesmo entregou unha proposta aos demais membros da comisión para o cambio de denominacións. A proposta, despois da consulta co alcalde, decidía non facerse pública, cousa que era criticada en prensa[1278].

[1274] Resultados eleccións Ferrol (1979): PSOE (8), UCD (7), PCG (5), UG (3), CD (2).

[1275] Debemos ter en conta que Ferrol, polas especiais características que conforman ser a vila natal do ditador, ademais dunha importante sede da Mariña, podería ter máis denominación franquistas do promedio.

[1276] Conde, P. "Suprimidos los nombres franquistas de El Ferrol", *El País,* 04/03/1981. https://elpais.com/diario/1981/03/04/espana/352508423_850215.html?event_log=oklogin

[1277] "Mercado de Caranza, Plan de Urbanismo, muralla del Parque y sumario de Yolanda González, temas del Pleno de mañana", *La Voz de Galicia*, 05/02/1981, p.28.

E "El pleno del martes podría aprobar el mcabio de nombre numerosas calles", *La Voz de Galicia,* 19/02/1981, p. 28.

[1278] "El pleno del martes podría aprobar el mcabio de nombre numerosas calles", *La Voz de Galicia,* 19/02/1981, p. 28.

O seguimento xornalístico do tema durante os seguintes días acrecentouse e de simplemente describir a proposta pasábase a atender con prioridade a oposición que estaba levantando. Estabamos a tres días do golpe de estado do 23-F:

> (...)Creemos que Francisco Franco es un hijo ilustre de la ciudad, que no debe perder unha calle aquí". Añadió que no se oponían a que los nombres de Pablo Iglesias o Jaime Quintanilla fuesen dados a calles ferrolanas, pero precisaron que tales calles habrían de ser de nueva construcción, para no tener que cambiar su denominación. "Si en las próximas elecciones locales ganase la derecha", puntualizó, "a lo mejor volveríamos a cambiar los nombres, y eso no es bueno. Lo mejor es contar con nombres estables"[1279].

Estas declaracións son da voceira da Asociación de Amas de Casa Teresa de Jesús, realizadas despois da reunión que mantivera co alcalde. Nelas tamén criticaba os cartos que costaría o cambio de nomes. "Averiguó el precio de una placa de mármol con letras de bronce para instalar en las bocacalles con las nuevas denominaciones: de diez a quince mil pesetas". O que arroxaría unha cantidade de diñeiro nada despreciable, "a juzgar por las penurias económicas que padece la Hacienda Local"[1280]. Dúas argumentacións, por tanto, identificadas como elementos do discurso antimemorialista, a exaltación franquista e o custo económico. Aínda que o titular da nova concreta que recollía estas declaracións era que a medida contaba con "cierta oposición", na corpo da noticia só se conta coa testemuña desta asociación.

Resulta previsible que a proposta de cambio de rúas se aprobase nesta reunión da Comisión de Cultura que levantara tanta polémica e na que se prevía que a iniciativa formase parte da orde do día do pleno ordinario que se celebraría o 24 de febreiro[1281]. Pero o golpe de estado do 23 de febreiro modificou o devir dos acontecementos. O pleno ordinario que tivo lugar ao día seguinte, mudou drasticamente de orde do día. Mediante a análise do acontecido en Ferrol podemos achegarnos as dinámicas discursivas que proseguiron ao golpe de estado. Isto apreciarase tanto na continuación das accións institucionais da memoria como nas consecuencias de este suceso para o discurso oficial e o posicionamento dos diferentes actores.

O 24 de febreiro, no salón de plenos de Ferrol tivo lugar unha sesión plenaria diferente á que estaba planificada, suspendéndose a xuntanza ordinaria e dando paso a unha moción subscrita por todos os partidos representados na corporación para sometela á consideración do pleno[1282]. No texto considerábase o intento golpista como "o máis grave ataque as institucións democráticas acontecido no noso país", un "ataque claramente involucionista contra a Constitución", chamándose á mobilización do conxunto da poboación. O pleno finalizaba trala lectura da moción e de varios telegramas de apoio ao rei, ao presidente do Congreso e a Junta de Jefes de Estado Mayor.

Previamente producírase unha breve disputa entre o PCG e o PSOE. Así o concelleiro comunista Fernando Blanco, botou en cara que o mesmo luns, 23 de febreiro, a Corporación non tivera adoptado unha postura coherente ao acudir ao Palacio Municipal soamente algúns concelleiros de UCD e PCG "no habiendo de otros grupos entre ellos los Socialistas", consideraba este concelleiro que tería que terse composto unha comisión permanente para ter debidamente informada ao resto da poboación. Pola súa banda o concelleiro do PSOE,

[1279] "La Comisión de Cultura decidirá el cambio de nombre de calles, con cierta oposición", *La Voz de Galicia,* 20/02/1981, p.26.
[1280] *Íbidem.*
[1281] Non se puideron consultar as actas da Comisión de Cultura pois como é habitual nos arquivos municipais estas non foron conservadas.
[1282] Acta do pleno ordinario do 24 de febreiro de 1981, Arquivo Municipal de Ferrol.

Celestino Llano, defendía a actuación do seu grupo ao estar seguindo "minuto a minuto el desarrollo de los acontecimientos", mantendo contactos entre eles e co alcalde, que a súa vez tiña contacto co Goberno Civil", considerando, pois que "la actitud del PSOE no puede considerarse ni calificarse de indiferencia"[1283].

A este tenso pleno seguiu outro extraordinario dous días máis tarde co único punto na orde do día do apoio á celebración dunha manifestación popular "en defensa de la Constitución, de la Libertad y de la Democracia", e que obedecía a unha proposta de carácter nacional, dende os comités de UCD, PSOE, PCE e AP. Neste senso atendemos á postura de UG, e en concreto de María Elisa Montañés Fojo, que falaba en nome do PSG expresando a súa estrañeza e desconformidade ante o procedemento seguido no que só se lles pedía "dicir amén" á proposta sen ter participado na súa elaboración, entendendo isto como unha estratexia de marxinación do seu grupo. Así consideraba que non irían de comparsa pero que sairían igualmente á rúa mediante "mobilizacións populares". A resposta do concelleiro do PCG conforma boa parte do argumentario do PCE:

> A la hora de la democracia sobran palabras, porque cuando se pone en peligro la existencia no encaja ante ella nada de compañeros de viaje, porque ello no es de derecha ni de izquierda, está por encima de los partidos y diferencias ideológicas ante el significado de las libertades democráticas, ya que por encima de todo esa defensa que nos costó mucho conquistar. El PCG apoya la manifestación y apoya al Rey, que fue un elemento decisivo[1284].

As tensións entre PCG e UG facíanse visibles tamén no referido a asistencia ás reunións preparatorias desta convocatoria. Así o concelleiro de UCD botaba máis leña ao lume argumentando que a ausencia dos representantes de UG tería que ver coa actuación precisamente de CCOO e PCG[1285]. As discrepancias entre PCG e UG deben entenderse tamén tendo en conta o carácter mixto de UG, onde ademais do partido de Montañés Fojo, o PSG, tamén se atopaba o PG, o POG e persoas independentes. Entre eles o neto de Jaime Quintanilla, Xaime Quintanilla Rico quen se desmarcaba da postura crítica do PSG, defendendo como el si puidera acudir ás reunións previas dos partidos na Casa Consistorial, non tanto por ter sido convocado senón por atoparse nese momento no lugar. Montañés respondíalle que ela tamén se atopaba no mesmo edificio sen ser convidada. Estas posturas diferenciadas entre os membros da coalición foron aproveitadas polo PCG para doutra volta volver á carga, aludindo a problemas internos dentro da coalición de UG. Finalmente aprobábase a proposta por dezasete votos a favor e dous en contra, que entendemos serían dous dos tres concelleiros de UG, exceptuando a Jaime Quintanilla Rico que, como acabamos de trasladar, no debate mantivérase nunha postura favorable[1286].

A polémica arredor destas manifestacións post 23F excedeu os límites do concello ferrolán, podendo consideralo como un momento decisivo na reconfiguración do sistema de partidos, co protagonismo na pulsión do PSOE e o PCE para excluír, marxinar e, en definitiva, intentar eliminar a competencia dos partidos á súa esquerda e de corte nacionalista galego, maioritariamente. Así podemos comprender as acusacións dos concelleiros de PCG contra os concelleiros do PSG de estar en contra da "unidade". Uns conflitos que adquiren un nivel aínda maior na Coruña e que rematou coa dimisión do alcalde o mesmo día desas manifestacións en apoio á Constitución e á Coroa (ver apartado 4.2.4.2.1.)

[1283] *Ibidem.*
[1284] Acta do pleno extraordinario do 26 de febrero de 1981, Arquivo Municipal de Ferrol.
[1285] *Ibidem.*
[1286] Como xa se sinalou nas actas municipais deste concello non figuran os nomes dos concelleiros nas votacións.

En Madrid, a asistencia á mesma cifrouse en máis de un millón de persoas[1287], en Barcelona barallábanse cifras que roldaban as duascentas cincuenta mil[1288]. No caso de Galicia, os cálculos de afluencia publicados variaban entre os cincuenta mil e as vinte e cinco mil sumando as diversas cidades e vilas galegas onde fora convocada[1289]. Entre elas Santiago de Compostela, Ourense, Lugo ou O Grove. Tamén en Ferrol onde entre dez mil persoas, segundo os convocadores, e seis mil segundo a Policía Local seguían a pancarta unitaria sostida por membros de AP, CCOO, PCG, UCD, PSOE, UGT e PG, baixo lema "Pola liberdade, a Democracia e a Constitución". O alcalde estaba situado na segunda ringleira.

Pero ademais destas manifestacións tamén estaban convocadas para o mesmo día outras baixo o lema "Polas Liberdades Democráticas e Populares". Esta última convocatoria foi asinada polos partidos da esquerda, entre eles o PSG da concelleira ferrolá María Elisa Montañés, xunto con ANPG, UPG, EG[1290], LCR, MCG e as centrais sindicais INTG e o CSG. O obxectivo das mesmas era condenar o golpe de Estado, esixir o castigo dos culpables, a investigación das responsabilidades, e a depuración do aparello do Estado en defensa das liberdades democráticas e populares. Pero os gobernadores civís non autorizaron a súa celebración polo que os convocadores decidiron ir detrás das manifestacións autorizadas[1291]. En grande medida estas foron finalmente disolvidas pola policía, aínda que nalgúns casos deixouse tempo a que se lese un comunicado abertamente crítico coas manifestacións asinadas polos partidos políticos do pacto constitucional. Así, poñían de manifesto que "a única garantía para fortalecer a democracia e salvagardar os direitos nacionais galegos, aquí e agora non pasa por actos de identificación acrítica e emocional co poder estabelecido"[1292].

Por tanto estes partidos mantivéronse críticos co repregamento arredor da Constitución e da Coroa que supuxo o golpe de estado, o que foi empregado polos partidos da esquerda dentro do pacto da Transición, isto é PSOE e PCE, para atacalos e desprestixialos.

É pois evidente, que se trataban de días de notable tensión nos que en prensa se seguían publicando novas arredor da proposta de cambios de rúas que quedara en espera trala suspensión do pleno o día 24. Así, o día 26 de febreiro, isto é o día anterior a estes manifestacións, anunciábase que as rúas poderían cambiar de nome "con el apoyo de los concejales de izquierda"[1293]. Recordemos que o alcalde, independente pero presentado polo PSOE, fora investido co apoio do PCG e UG. Precisamente UG e en concreto o seu fillo Xaime Quintanilla Rico, presidente da Comisión de Cultura parecía liderar esta proposta. Na nova sostíñase que a medida podía ser aprobada no pleno do luns seguinte, isto é o día 2 de marzo, onde, en efecto, finalmente sería debatida.

Ademais aludíase a un suposta polémica ou debate público en torno ao cambio. Este carácter polémico do asunto corrobórase se atendemos ao público asistente ao pleno do día 24, no que, recordemos, íase debater a proposta pero que a tenor do golpe foi finalmente suspenso.

[1287] "Madrid: Más de un millón de manifestantes", *La Voz de Galicia,* 28/02/1981, p. 10.
[1288] "En Barcelona se concentraron unas 250.000 personas", *La Voz de Galicia*, 28/02/1981, p.11.
[1289] "Más de 50.000 personas participaron anoche en las principales manifestaciones que se desarrollaron en Galicia", *La Voz de Galicia*, 28/02/1981, p. 40. E en: "Nen tantos nen tan poucos. Cronica dun 27 anodino*", A Nosa Terra*, nº 145, do 4 ao 10 de marzo de 1981, p.5.
[1290] EG asinaba a primeira convocatoria nalgunhas ciudades. Pero tamén asinaba esta outra. En "Nen tantos nen tan poucos. Cronica dun 27 anodino", *A Nosa Terra*, nº 145, do 4 ao 10 de marzo de 1981, p.5.
[1291] "Hoy se celebrarán manifestaciones en las ciudades más importantes de Galicia en defensa de la democracia y la Constitución", *La Voz de Galicia,* 27/02/1981, p. 37.
[1292] "Nen tantos nen tan poucos. Cronica dun 27 anodino", *A Nosa Terra*, nº 145, do 4 ao 10 de marzo de 1981, p.5.
[1293] "Las calles podrían cambiar de nombre el lunes, con el apoyo de los concejales de izquierda", *La Voz de Galicia,* 26/02/1981, p. 30.

A el acudiran, en perspectiva de que se debatese, "algunos militantes derechistas". Afirmaba o xornal que sería tamén segura a súa presenza no plenario do día 2. Na noticia non se produce unha descrición máis alá desa referencia "militantes derechistas", pero podemos entrever certo carácter ameazante nestes suxeitos a tenor do desexo do voceiro do PCG Fernando Blanco[1294] de que o concello garantise a orde na sala cos medios que tivese dispoñibles e coa fin de evitar que "algún grupo intente alterarlo"[1295]. Tamén foron coñecidas pola opinión pública as chamadas telefónicas ameazantes que Xaime Quintanilla Rico recibira no seu domicilio e que se definían como "groserías", "en alguna ocasión sin más propósito que insultarte desde el anonimato, incluso a su esposa, cuando ha sido ella quien descolgó el teléfono"[1296].

Estas presións sobre a iniciativa municipal deben comprenderse no seu contexto, na semana do golpe de estado, coa violencia directa nas Cortes españolas, e con grupos de nostálxicos ameazando aos concelleiros ferroláns ante a intención de eliminar as rúas franquistas.

Nos días previos ao debate plenario as posicións dos diversos grupos políticos amosábanse dun xeito máis ou menos directo. Por unha banda o PSOE manifestaba o seu apoio á proposta da Comisión de Cultura podendo incluír algunha variación e estimando que "las presiones que parecen pesar sobre la decisión plenaria no influirán en la resultado de la votación". Tanto o voceiro do PSOE como do PCG defendían a medida tanto en canto se trataba da restitución de nomes tradicionais e non de cambios en si mesmos. Ademais incidían no feito de que estes se materializarían en diferentes fases, pouco a pouco, respondendo deste xeito á posición de CD que parapetaba a súa negativa en torno á crise económica e o gasto que suporía a colocación das novas placas solicitando que directamente a moción fose retirada da orde do día sen pasar por votación[1297]. Por outro lado, a UCD sostiña ante a prensa o día 26, e por tanto a varios aínda da celebración do pleno, que non tiña aínda unha decisión tomada ao respecto[1298].

Como se pode ver nas descricións en prensa, a xustificación da medida aludía á defensa da toponimia orixinal, querendo evitar a confrontación directa coa cuestión franquista. Pero pese á construción desta argumentación o ambiente descrito no debate, así como a análise dos cambios das rúas, evidencia por unha banda un obxectivo claro: a eliminación das rúas dedicadas ao franquismo, e por outra banda a oposición agresiva que isto produciu nos sectores franquistas da cidade.

> A Comisión de Cultura, diante do "divorcio" que se está a dar entre o nomenclátor oficial das rúas da cidade e o uso popular, e tentando superar unha etapa xa rematada, ten a honra de propoñer a este Pleno as seguintes modificacións (...). Os criterios seguidos por esta Comisión pra facer os cambios de nomenclatura foron os seguintes:-Voltar ó nome tradicional nas ruas que o tivesen. -Evitar todo espíritu revanchista nas de nova denominación. -Axustarnos a un criterio de restricción modificando aproximadamente un dez por cento[1299].


O 2 de marzo tiña lugar a sesión plenaria do concello ferrolán que no punto 12 da orde do día abordaba a proposta de cambio de rúas na que ademais da defensa da toponimia orixinal

[1294] Axente memorialista mencionado no Capítulo 3.
[1295] "Las calles podrían cambiar de nombre el lunes, con el apoyo de los concejales de izquierda", *La Voz de Galicia,* 26/02/1981, p. 30.
[1296] *Íbidem.*
[1297] *Íbidem.*
[1298] *Íbidem.*
[1299] Acta do pleno extraordinario do 2 de marzo de 1981, Arquivo Municipal de Ferrol

incluíase outra cuestión de interese: a referencia a unha etapa superada. Así, como xa fixera o presidente da Comisión en prensa, xustificábase a mesma librándoa do "revanchismo" [1300]. Esta argumentación é salientable. Apuntamos xa a certos elementos que vertebraban o discurso antimemorialista no período de estudo, entre eles a acusación de *revanchismo.* Isto ten o seu reflexo no discurso daqueles que emprendían algún tipo de acción da memoria, que nunha importante parte dos casos defendían a medida xustificando a súa falta de *revanchismo*, como acontece neste caso incluída como un dos criterios seguidos para os cambios no nomenclátor.

Pese a que os días anteriores a prensa afirmaba que estes atinxirían a arredor de trinta rúas, a proposta que se debateu no pleno de primeiros de marzo modificaba un total de setenta e un rúas, como se pode consultar no Anexo 6. É preciso ter en conta que, do total de rúas a modificar, de dezasete non coñecemos o seu significado, isto é son nomes de persoas que polo de agora non puideron ser identificadas. Ás que se sumarían tres rúas que non están relacionadas co tema en estudo[1301].

Gráfico 56. Acordo de rúas eliminadas en Ferrol, Marzo 1981



Fonte: elaboración propia en base aos datos extraídos da acta municipal (2 de marzo de 1981). Arquivo Municipal de Ferrol.
Nota: neste caso na tipoloxía de cargos institucionais do franquismo tratábanse de tres alcaldes franquistas.

As restantes corenta e unha rúas, de diversos modos, tiñan en común a súa vinculación co golpe de estado do 36. Así vinte cinco levaban nomes de militares golpistas. Entre eles homes da cúpula sublevada como os xenerais Franco, Mola e Aranda ou aqueles que gardaban un vínculo especial con Ferrol, sendo naturais da cidade ou con destino na mesma, como González Llanos ou Constantino Lobo. Por outra banda identificamos dez rúas que catalogamos como do imaxinario golpista. Tanto de homes convertidos en mártires durante a Guerra, como Primo de Rivera, o soldado Lois ou Honorio Cornejo, como aquelas iconas precedentes como Calvo Sotelo ou Canalejas. Tamén destaca o Crucero Baleares, protagonista da "Desbandá" en Málaga, ou títulos que nacen coa sublevación como o de Alferez Provisional.

[1300] "Las calles podrían cambiar de nombre el lunes, con el apoyo de los concejales de izquierda", *La Voz de Galicia*, 26/02/1981, p.30.
[1301] Puentes de García Rodríguez por As Pontes , a inclusión de Parque reina Sofía, en lugar de parque municipal, ou Frutos Saavedra, militar do século XIX.

Incluso había espazo naquel nomenclátor a eliminar para membros destacados da Igrexa Católica, participantes na sublevación como o Cardenal Arriba y Castro, ou da xudicatura coma Conde Pumpido, quen encabezara o proceso contra a tripulación do mercante Mar Cantábrico. Por outra banda a alcaldes franquistas correspondíanlle tres das rúas a eliminar. Deste modo, e tendo en conta que existen dezasete nomes que non puideron ser identificados satisfactoriamente, atopariamos con que máis do 67% das rúas tiñan unha vinculación estreita co golpismo franquista (Gráfico 56).

As propostas de modificación consistían, na meirande parte dos casos, na volta ás denominacións tradicionais pero tamén se incluían nomes de interese como Alexandre Bóveda, que substituiría ao militar golpista Camilo Alonso Vega, o "10 de marzal" que substituiría a un descoñecido Antonio Piñeiro. Castelao tamén sería incluído no nomenclátor.

De modo que estas dúas vítimas referenciais en Galicia, Bóveda e Castelao estarían presentes neste novo rueiro ferrolán. Así mesmo entre os nomes de reemprazo atoparíase o que era a vítima local referencial, o alcalde Jaime Quintanilla Martínez, que como xa mencionamos fora asasinado en 1936, e era pai e neto de dous membros da corporación. O nome viría a substituír a Salgado Torres, que fora alcalde franquista, procurador nas cortes franquistas e membro destacado da Falange.

Trala exposición da moción no pleno, interveu Quintanilla Rico asumindo un papel de liderado. Este defendeu a proposta vertebrando a súa argumentación en tres aspectos. Por unha banda incidiu na confusión que existía entre os nomes que usaba a poboación, os tradicionais, e aqueles que aparecían nas placas, por tanto os franquistas, aínda que Quintanilla non verbaliza este último aspecto. Tamén sostivo que os novos nomes "se ha procurado que sean asépticos, sin matices políticos y que puedan ser aceptados por la mayor parte de la población"[1302]. E por último intentaba facer fronte ao que constitúe un dos elementos básicos do que demos en chamar "discurso da antimemoria": o custo económico da medida[1303]. Tralas súas palabras produciuse un debate, que foi transcrito en actas e tamén cuberto en prensa. A fonte hemerográfica vai ser crucial para poder comprender como era o ambiente que se vivía na sala e que non queda reflectido nas actas.

Cunha postura contraria á aprobación da moción, interviñeron concelleiros dos grupos municipais de CD e de UCD, aos que principalmente replicaba Xaime Quintanilla Rico en defensa da medida [1304]. En representación de CD, tomou a palabra Ramón de Vicente, lendo as alegacións do seu grupo. Trala análise das rúas a eliminar consideraban que se suprimían aos "hijos ilustres de la ciudad" con nomes que pertencían á historia de Ferrol ou de España. E proclamaba: "No hay que olvidar que la historia de los pueblos se enriquece en la memoria de los hijos ilustres[1305].


[1302] Acta do pleno extraordinario do 2 de marzo de 1981, Arquivo Municipal de Ferrol.

[1303] Xaime Quintanilla argumentaba que: "El coste de estas variaciones no tenía una gran importancia ya que a su juicio cada placa podría suponer unas ococientes pesestas y que esto, teniendo en cuenta posibles subvenciones del Servicio de Estadística, el coste para este Ayuntamiento sería mínimo". Ademais cunhas palabras claramente dirixidas "aos seus", fala de nomes que quedaron fora das novas denominacións pero que terán no futuro rúa, como Pablo Iglesias ou Álvaro Cunqueiro.En: Acta do pleno extraordinario do 2 de marzo de 1981,Arquivo Municipal de Ferrol.

[1304] Ademais del a última intervención antes da votación é do concelleiro de PCG, Fernando Miramontes, o único concelleiro máis dos partidos do centro-esquerda que se transcribe nas actas, quen urxe a votar pois "lo que se está sucediendo se parece a una dialéctica entre las derechas e izquierdas y el representante de los primeros, están en la Comisión de Cultura" en: Acta do pleno extraordinario do 2 de marzo de 1981, Arquivo Municipal de Ferrol.

[1305]Referíase en concreto (pero sen citalo con nome e apelidos) a un home "que tanto ha hecho por elevar el nivel de los hijos de la comarca creando miles de puestos de trabajo", ao mando dunha das empresas máis importantes do Sector Naval. Pero

Gráfico 57. O contraenmarcado da memoria: elementos discursivos



Fonte: elaboración propia.

Ademais, o voceiro de CD volvía aludir á crise económica, e por tanto a relacionar esta medida co gasto económico que suporía. A proposta do grupo era, como xa adiantabamos, a retirada da proposta e a creación dunha nova comisión que estudase en detalle unha nomenclatura do rueiro moderna para a cidade que se establecera cando a situación económica fora máis próspera. Na súa argumentación incluía tamén a carta do Colegio de Agentes Comerciales que desenvolvían nela outra das argumentacións que se repetiron en contra desta medida: a confusión que xeraría o cambio de rúas. A seguinte intervención foi a do concelleiro de UCD Antonio Bastida, aludindo á falta de consenso político dunha medida que, entendía, tería que ter pasado pola Comisión Permanente, sementando tamén dúbidas sobre se infrinxía o actual Regulamento de "honores y distinciones", cuestión que finalmente se desbotou. Así o concelleiro preguntaba directamente ao secretario municipal se eran precisos dous tercios para aprobar a proposta e se se debía pedir permiso ao ministerio. Ambas son respondidas de xeito negativo. Este último extremo é significativo porque inclúe así unha nova argumentación da dereita no discurso antimemorialista, que non vai ser a única vez que a atopemos: a da legalidade das políticas, e que vai completar o conxunto de elementos do contraenmarcado detectados a través desta investigación e que plasmamos no Gráfico 57 [1306].

Mentres nesta primeira intervención do concelleiro de CD non se aludira á argumentación do *revanchismo*, a UCD xa na súa primeira intervención incluía a seguinte crítica:

que por agora non puidemos identificar posto que non alude directamente a el con nome e apelidos. Acta do pleno extraordinario do 2 de marzo de 1981, Arquivo Municipal de Ferrol.

[1306] Así, en torno a ese deslizamento de que a medida non era lexítima por non estar en consenso e realizarse dende a comisión de cultura, Quintanilla respondía co feito de que nela estaba representada a UCD tamén cun concelleiro, o que tiña solicitado a baixa na comisión, pois "no le hacía falta ninguna pertenecer a ella". En Acta do pleno extraordinario do 2 de marzo de 1981, Arquivo Municipal de Ferrol.

> Hoy mas que nunca deseamos mantener nuestra característica serenidad de paciente decisión, para evitar que del flujo y reflujo de la marea política que mueve diariamente los aconteceres de la vida ciudadana, puedan producirse en el aire, engañosas salpicaduras de dudosos criterios revanchistas. Estamos aquí para entre todos, tratar de poner al servicio de la democracia algo de lo mucho que todavía necesita, animados de los mejores deseos y afanes, poniendo al servicio de la causa, sin rencores ni apasionamientos- que a nada bueno conducen-, la minúscula influencia personal y política que cada uno pueda tener, para en representación de todos, absolutamente de todos los ciudadanos, procurarles una mejor y pacífica convivencia, enmarcada en unos servicios eficientes de vivienda, saneamiento cultura y seguridad de ciudadana[1307].

A partir dese momento as acusacións de *revanchismo* foron continuas durante o resto de sesión. Neste senso débese salientar a resposta de Quintanilla a estas acusacións que cualificaba de risible e xustificaba que non había revanchismo, posto que non se incluían aos "generales de otro bando" nas novas rúas[1308]. Na súa defensa da falta de revanchismo, Quintanilla entraba de cheo no relato dominante, aquel representado aquí polos concelleiros de UCD e CD, baseado neses dous bandos a superar.

O ambiente no salón de plenos era tenso, caldeado nos días anteriores coas ameazas aos membros da corporación e "pronunciamientos públicos al respecto suscritos por sectores conservadores y de extrema derecha" [1309]. Coa presenza de arredor dun cento de persoas, un grupo de "militantes de extrema derecha" foi obrigado a abandonar a sala por intentar intervir no curso dos debates. Mentres abandonaban a sala, oíronse berros de "Viva Tejero" ao tempo que un dos asistentes fixo o saúdo fascista ante a presidencia da corporación[1310]. É salientable recordar o contexto político do debate, o da ameaza golpista, coa presenza no pleno de persoas partidarias do mesmo. Ademais, nunhas declaracións posteriores das xuventudes da UCD afeaban a decisión unilateral dunha esquerda que amosara certo revanchismo todavía non superado e rechazaban o que cualificaban como "la actitud de grupúsculos nostálgicos, que han tenido que ser desalojados ante las continuas interrupciones de la sesión, que dan clara muestra de la incomprensión democrática de este punto del orden del día"[1311]. Por tanto a organización xuvenil da UCD xustificaba a actuación dos "nostálxicos" en base unha suposta incomprensión democrática da proposta.

Esta actuación de grupos da extrema dereita no pleno, retrotraénos ás declaracións que realizaran días antes os concelleiros da esquerda en relación coas ameazas da extrema dereita e a necesidade de seguridade no pleno[1312]. Non podemos saber cando aconteceu exactamente esa interrupción do pleno e o abandono do salón. Pero se volvemos fixarnos nas actas atoparémonos con que o tema do golpe irrompía no debate da man do concelleiro de UCD Arturo Manuel Otero que consideraba un momento inapropiado para o cambio de rúas:

[1307] Acta do pleno extraordinario do 2 de marzo de 1981, Arquivo Municipal de Ferrol.
[1308] *Íbidem*.
[1309] "Los nombres de "Franco" y "Generalísimo", suprimidos de las calles ferrolanas por decisión del Pleno Municipal", *La Voz de Galicia,* 03/03/1981, p. 61.
[1310] *Íbidem.* E Conde, P. "Suprimidos los nombres franquistas de las calles de El Ferrol", *El País,* 04/03/1981. https://elpais.com/diario/1981/03/04/espana/352508423_850215.html?event_log=oklogin
[1311] "Setenta y una calles estrenarán pronto placa y nombre", *La Voz de Galicia,* 04/03/1981, p.29.
[1312] Tamén a prensa daba cabida nas súas crónicas ás declaracións do partido ultra Fuerza Nuelva "El Ferrol del Caudillo (mal que les pese) no es digno de que sus calles lleven el nombre de ninguno de los hijos ilustrísimos de nuestra ciudad" (transcrito literalmente e no que está claro que existen unha negación de máis que da o sentido contrario ao que querían expresar". En: "Setenta y una calles estrenarán pronto placa y nombre", *La Voz de Galicia,* 04/03/1981, p.29.

> A su juicio el momento actual es grave en el contexto general del Estado y no creeemos que sea el momento más oportuno para proceder al cambio de nombre de calles, lo que introduciría una serie de elementos que podrían aumentar la gravedad del momento, él cree que no es un momento oportuno para crear y aumentar las tensiones existentes[1313].

Tamén se refiría a esta situación o concelleiro de CD Jose Antonio Fernández quen consideraba improcedente e inoportuna esta proposición:

> Improcedente por el gasto económico que acarrea al Ayuntamiento y como consecuencia al Pueblo e inoportuna por el matiz político disgretante que ella encierra, sobre todo, en el momento actual, cuando la situación política no deja lugar a ideologías vagas, sino todo lo contario, es hoy precisamente cuando a nuestro juicio deberían aunarse esfuerzos y evitar en todo momento herir suscebilidades[1314].

Foron diversas as alusións ao golpe dos concelleiros da dereita empregado como un ingrediente máis para intentar cortocircuitar a medida. O que interpretamos nun contexto xeral no que se se utilizou a golpe de estado como condicionante para intentar reprimir determinadas políticas ou debates, baixo o paraugas da non división e da non creación de tensións entre españois innecesaria. En resumo, o golpe de estado foi empregado como factor de repregamento cara os piares do novo sistema, de lexitimación forzada do mesmo.

Por outro lado, resulta chamativo como o concelleiro de CD, Jose Antonio Fernández, na súa intervención despídese dun xeito que non consideramos cuestión valadí. Así, refírese aos concelleiros como "señores concejales del Ayuntamiento de El Ferrol del Caudillo"[1315]. Pese a que houbera unha proposta para eliminar o "del Caudillo" en anos anteriores esta modificación resistiríase aínda un ano máis, ata 1982[1316].

Finalmente a proposta do cambio do rueiro aprobouse por maioría simple, con quince votos a favor dos partidos da esquerda (PSOE, UG e PCG) e oito en contra (UCD e CD)[1317] Atopámonos ante un "acto político" como subliñaba o voceiro do PCG quen a defendía dentro do marco do novo sistema político: "Para ello fuimos elegidos y vamos a hacer esta política porque además está amparada por la Constitución"[1318].

4.2.4.1.2. Vigo, a eliminación dos verdugos

Nesta primavera de 1981 tamén se produciu un cambio significativo de rúas en Vigo, entre elas ao do verdugo do alcalde asasinado no 36, o capitán Antonio Carreró Vergés. Ocorreu nun pleno de abril de 1981 e xunto a el se eliminaron as rúas de quince golpistas

[1313] Acta do pleno extraordinario do 2 de marzo de 1981, Arquivo Municipal de Ferrol.
[1314] Acta do pleno extraordinario do 2 de marzo de 1981, Arquivo Municipal de Ferrol.
[1315] *Íbidem.*.
[1316] Tamén se trata unha cuestión de interese, fala o concelleiro de UCD, Otero Villar, de que os cambios teñen influencias partidistas, referíndose a unha rúa dedicada ao alcalde de Ferrol no século XIX Manuel de Cal. E que el cre que é por influencia de algún concelleiro da Corporación. Precisamente o fillo deste alcalde de Ferrol, Alfonso de Cal, político republicano e alcalde de Valdoviño en diferentes momentos durante a II República. Foi fusilado en 1937 tras xuízo sumarísimo por rebelión militar. O concelleiro e familiar presente, Claudio de Cal, concelleiro do PSOE, quen intervén "afirmando que el no hizo presión alguna sobre el particular y que por otra parte el actual nombre respondía a un ferrolano ilustre." (Acta do pleno extraordinario do 2 de marzo de 1981, Arquivo Municipal de Ferrol).
[1317] Acta do pleno extraordinario do 2 de marzo de 1981, Arquivo Municipal de Ferrol; E "Los nombres de "Franco" y "Generalísimo", suprimidos de las calles ferrolanas por decisión del Pleno Municipal", *La Voz de Galicia,* 03/03/1981, p. 61
[1318] Acta do pleno extraordinario do 2 de marzo de 1981, Arquivo Municipal de Ferrol.

(Anexo 6). Fíxose mediante unha proposta da Comisión de Cultura que, baseándose nun informe do cronista oficial da cidade, Xosé María Álavarez Blázquez, fillo do médico asasinado en Tui Darío Álvarez Limeses, levaba a pleno o asunto da reposición dos nomes orixinais das rúas.

Aínda que a proposta tiña varios puntos, entre eles a corrección de erratas en tres rúas, o núcleo da mesma era a eliminación das rúas franquistas que no total da proposta eran quince de dezanove[1319]. O debate da medida transcrito en actas non é excesivamente extenso, non sabemos se polo propio xeito de tomar nota do secretario do concello de Vigo ou porque nesta cidade non se desenvolveron tanto os argumentos como aconteceu noutros casos. Aquí destacaron as intervencións do concelleiro de CD, Eugenio Pernas Fernández quen xustificaba o voto en contra do seu grupo en base a algúns dos elementos do discurso antimemorialista: o custo económico, a confusión entre a veciñanza e ao que este sumaba un "no existe motivo alguno que justifique el cambio de nombre"[1320]. Pola súa banda a concelleira do BNPG Teresa Conde Pumpido e o concelleiro de UG Alfonso Álvarez Gándara defenderon a proposta de que a sinalización fose en galego[1321].

Foron un total de quince os cambios de nomes vinculados co franquismo que se aprobaron durante este pleno. Na acta transcribiuse un listado no que figuraban os nomes franquistas das rúas xunto as datas nas que foran nomeadas así, comprendidas entre o 1 de outubro do 36 e o 28 de maio do 40, xunto co nome ao que se retornaba. A proposta foi aprobada por quince votos a favor, que corresponderían cos grupos parlamentarios de UG, PCG, PSOE e BNPG[1322]. Ademais en setembro deste mesmo ano 81 modificábase o nome doutras rúas, a meirande parte relacionadas con nomes procedentes de persoeiros do século XIX[1323]. Pero tamén entre elas estaba a rúa dedicada ao Alcázar de Toledo, directamente vinculada a nivel simbólico coa batalla que alí se produciu durante a guerra. Co cambio quedaría soamente como Toledo [1324]. Desta volta, a proposta, tamén da Comisión de Cultura, foi aprobada por unanimidade[1325].

[1319] As eliminación de rúas incluían un total de dezaseis rúas. Quince delas con denominación franquistas e unha sen relación: a de Otero Pedrayo que en abril do 87 puxéraselle a rúa que tiña o nome tradicional de Peinador. No pleno do 20 de setembro deste ano 81 denominouse a outra rúa como Otero Pedrayo. (En: Vázquez Xil, Lalo (1989): "As Rúas de Vigo, orixe, historia, nomes",p.118.)

[1320] Acta do pleno do 30 de abril de 1981, Arquivo Municipal de Vigo. U.I. 94, EXP. 2.

[1321] Aínda que segundo a acta "asiente la Corporación", o listado de rúas que figura na acta aparece en castelán.


[1322] Dificultade de sabelo con total seguridade pola inelixibilidade da letra na acta ao que se suma non ter collido a primeira acta constitutiva onde aparecían os nomes dos concelleiros por grupo.

[1323] Previamente, no pleno do 30 de xuño de 1981 intentábase derrogar o Regulamento de "Honores y Distinciones" así como cambiar nomes a rúas (sen especificar en acta cales), tras un debate (algúns concelleiros entendían que era mellor elaborar un novo antes de derrogalo) quedou o asunto pendente con empate na votación. Arquivo Municipal de Vigo, *sin* UI. 94, EXP 3.

[1324] Acta do pleno do 29 de setembro de 1981, Arquivo Municipal de Vigo, *sin* U.I. 94, EXP 3. Neste mesmo punto do pleno tamén se inclúe o tema da sinalización en galego.

[1325] Dous anos máis tarde nun artigo en prensa sobre as confusións nas rúas de Vigo (malas rotulacións, numeracións equivocadas, etc) tamén se fai mención a estes cambios de rúas "relacionadas con personas vinculadas al grupo vencedor tras la guerra civil". Aínda que neste caso falaban de doce cambios de rúas franquistas, cando temos contabilizado quince neste ano 1981. En "¿Sabe usted dónde vive", *Faro de Vigo,* 23/09/1983, p. 17.

Gráfico 58. Eliminación de rúas franquistas en Vigo, Abril de 1981



Fonte: elaboración propia.

Seguindo o modelo de gráfico empregado para Ferrol, no caso de Vigo, onde os cambios implicaban a un número menor de rúas, podemos dividilas en torno a aqueles nomes de militares golpistas, que obedecen a máis da metade, seguido do imaxinario golpista, entre o que incluímos o heroe local, o falanxista Luís Collazo (Gráfico 58).

4.2.4.1.3.Vilagarcía, un desexo de esquecer

Xunto con Ferrol e Vigo, Vilagarcía foi outra das grandes vilas que na primavera de 1981 acordou a modificación do rueiro en canto a eliminación de rúas con exaltación golpista. Aquí o alcalde investido dous anos antes tamén era do PSOE o que nos fai preguntarnos se puido existir algunha consigna a nivel partido neste senso, se as similitudes no tempo obedecen a certo efecto contaxio ou se pola contra tratouse dunha simple coincidencia[1326]. Neste senso debe terse en conta, o que xa se sinalou, a presenza deste tema no debate público a nivel estatal.

Previamente a súa aprobación, a medida de modificación da nomenclatura urbana no consistorio vilagarcián deu lugar a un amplo debate[1327]. Grazas a documentación conservada no arquivo deste concello puidemos atender a boa parte do procedemento que seguiu a proposta

[1326] O alcalde Francisco Recuna Villaverde no seu discurso de investidura expresaba: "Solamente unhas verbas para facer resaltar a gran importancia de este feito final, resultado dun proceso político, cargada dunha forte emoción ó ver que despois dun longo periodo de tempo nuevamente, e non podía ser de outro xeito, escomenza a xurdir a expresión da mais acusada condición humana que é a sua libertade". En acta do pleno do 19 de abril de 1979, Arquivo Municipal de Vilagarcía, *sin* 30(1).

[1327] Neste concello as actas foron tomadas con moito detalle, ao que se engade a conservación de numerosa documentación de expedientes anexos de xeito que o seu estudo nos permitiu profundar na análise das accións institucionais.

En torno á diferente forma de transcribir as actas segundo un concello: un exemplo tamén evidente desta diferencia na elaboración das actas é a inclusión do galego nas mesmas. Mentres en concellos como este o secretario transcribe no idioma orixinal as intervencións dos que así o fan (polo menos as mocións) no caso de Ferrol eran traducidos ao castelán (sen indicar que se trataba dunha tradución).

Vilagarcía é dun dos poucos arquivos municipais no que ademais das actas dos plenos, consérvanse os expedientes das medidas. Así, ademais do acordo final, cóntase con documentación de todo o proceso, de tal xeito que podemos reconstruír os pasos que seguiu esta acción memorial ata a súa aprobación final.

ata ser aprobada en pleno, o que en definitiva nos axuda a comprender como foi o tratamento deste tipo de medidas.

A proposta chegou ao pleno municipal o 15 de maio de 1981 asinada pola Comisión de Goberno e Réxime Interior. Modificaríanse trinta rúas das cales dez tiñan nomes relacionados co golpe de estado, a guerra e a posterior ditadura. Tratábanse de denominacións de figuras franquistas a nivel estatal e outras relacionadas con Vilagarcía[1328]. Neste caso non existiu un criterio dominante de volta á toponimia orixinal, de modo que os novos nomes foron variados. Algúns deles si volvían aos nomes tradicionais e noutros casos optábase pola inclusión de nomes de "vilagarciáns ilustres". Ademais das dez rúas franquistas modificadas, outras catro serían mudadas por nomes nas que se incluían persoeiros relacionadas coa memoria negada, isto é Alexandre Bóveda, Castelao ou Jose Moreira Casal, vilagarcián e concelleiro do Partido Galeguista desterrado tralo golpe e o exiliado José Núñez Búa.

Na proposta non se facía ningunha referencia ao cambio de rúas franquistas como así acontecera noutros concellos que aludiran ao "nomenclátor de guerra". Neste caso a iniciativa circunscribíase a unha celebración: "la conmemoración del Día das Letras Galegas". Pero ao consultar o expediente municipal completo datado entre 1980 e 1981 faise evidente que o obxectivo primeiro da medida fora precisamente a eliminación da exaltación franquista no rueiro da vila[1329].

Deste modo, pese a que a moción chegaba a pleno como unha proposta da Comisión de Goberno semella claro que esta proviñera orixinariamente da Comisión de Cultura, Ensino e Deportes. Así nunha folla escrita a man, atopada no devandito expediente esta comisión asinaba un texto no que explicaba os motivos do cambio na nomenclatura urbana:

> Debido a unha etapa histórica xa pasada, etapa na que a pluralidade política e ideolóxica estaba perseguida e dominada por unha soia ideoloxía e que por outra banda había un asoballamento sobor do galego e de todas as manifestacións populares, unha serie de ruas e prazas de esta vila foron trocadas nos seus nomes orixinales por outros de persoaxes antidemocráticos e antigalegos, ou de feitos e datas que lembran enfrentamentos pasados.
>
> Debido a esto a C. de C., ensino e dep presenta o Pleno a seguinte proposta de troque de nomes de algunhas rúas e prazas da vila devolvéndolle o seu nome popular, e en outros casos, nomeándoas con personaxes galegos da cultura e que todos os grupos democráticos respectamos[1330].

Pese a que neste texto se expresaba explicitamente que a proposta ía dirixida ao pleno, na parte baixa do folio incluíuse a man outra anotación que a derivaba cara a Comisión de Régimen Interior. Xunto a este texto non se conserva a relación de rúas que se propoñían cambiar, máis resulta evidente que estas serían aquelas relacionadas co franquismo.

A Comisión de Gobierno traballou na proposta dende polo menos maio de 1980, cando solicitaba ao secretario municipal, José Bazaco Barca un informe sobre os nomes das rúas que determinara a Comisión de Cultura[1331]. Analizando o informe do secretario podemos concluír

[1328] En prensa titulábase que foron vinte e nove: "El pleno municipal cambió la denominación de veintinueve calles y plazas del municipio", *La Voz de Galicia*, 17/05/1981, p. 34.
[1329] Expediente nº11, Arquivo Municipal de Vilagarcía de Arousa *sin* UI. 51.
[1330] O escrito finalizaba: "O mesmo tempo respostasmos a peticións populares. Rúa Dr Moreira Casal, feita no homenaxe popular a este insigne médico vilgarcían, ou cumplimos acordos unánimes de este mesmo Pleno Rúa do C.E. Ferreiro- acordado en unha moción presentada por esta mesma C. de Cultura con motivo do seu pasamento. As rúas quedarían así:". Expediente nº11, Arquivo Municipal de Vilagarcía de Arousa *sin* UI. 51.
[1331] Informe asinado o 6 de maio de 1980. En Expediente nº11, Arquivo Municipal de Vilagarcía de Arousa *sin* UI. 51.

que a este se lle pedía que investigase sobre a orixe e o significado de certos nomes de rúas[1332]. No seu informe, ademais de incluír a referencia a cando estas foran nomeadas coas denominacións franquistas, o secretario xustificaba a relevancia dos nomes elixidos, principalmente en base ás obras de mellora urbanística e servizos que grazas a estes gozara a vila de Vilagarcía. Así por exemplo, refírese a Ramón Encinas como gobernador civil, grazas ao cal se conseguira a urbanización total da avenida que levaba o seu nome, sen facer, pola contra, mención algunha á súa participación no exército sublevado. Sobre Jose María Rivero de Aguilar, militar golpista encargado de ordenar o tráfico ferroviario durante a guerra, salientaba o secretario a súa condición de fillo adoptivo da cidade e a súa actuación para a construción da estación de ferrocarril, ocupando diversos cargos, como Director General de Ferrocarriles ou como Subsecretario do Ministerio de Obras Públicas, sendo "un defensor de los intereses villagarcianos de primera magnitud"[1333].

O tema dos nomes franquistas tratouse na reunión da Comisión de Goberno e Réxime Interior do 13 de novembro deste ano 80. Nesta reunión ademais da proposta da Comisión de Cultura, estudouse a inclusión de nomes de rúas a proposta de dous colectivos, unha asociación de veciños e un clube deportivo. Aínda que estas non gardan relación co noso tema de estudo, temis constancia de que estes procedementos se realizaban. Isto é, existían propostas dende fóra das institucións[1334]. Ademais a acta da seguinte reunión da Comisión de Goberno, do 19 de novembro deste ano 80, corrobora como nesta seguíronse a decidir cambios e nomes de rúas. Polo tanto, podemos concluír que a Comisión de Goberno e Réxime Interior elaborou a proposta definitiva de modificación do rueiro que se levou a pleno en maio do 81, en base ás diversas propostas e solicitudes recibidas, entre elas a da Comisión de Cultura, que se centraba na eliminación de rúas franquistas. Así, cando chegou a pleno fixoo como unha proposta "en conmemoración do Día Das Letras Galegas" ao mesturar todas as suxestións anteriores, o que deste xeito eliminaba o protagonismo que tería a eliminación das rúas franquistas se se fixera por separado e coa exposición de motivos que transcribíamos en liñas anteriores.

Como dicíamos, foi na reunión do 13 de novembro cando se abordou na Comisión de Goberno a proposta da de Cultura sobre os nomes franquistas. A votación arroxou cuestións reseñables, entre elas a razón da desaparición na proposta final da eliminación da rúa Jose Antonio" Antes de comezar a votación individual de cada rúa, o concelleiro membro da comisión en representación do CD, Ramón Taboada, manifestou o seu voto en contra aludindo aos trastornos que iso traería aparellado, e a súa incapacidade para "juzgar los nombres que ahora se pretenden cambiar, que será la historia quien dirá la importancia de cada uno[1335]. Deste xeito votou en contra de todas as modificacións propostas[1336].

[1332] Soamente non se inclúe a explicación da rúa á Fontán Lobé (militar golpistas, falanxista, con diversos cargos durante a ditadura) que se eliminará no pleno do 15 de maio do 81 Expediente nº11, Arquivo Municipal de Vilagarcía de Arousa *sin* UI. 51.

[1333] Grazas a este informe coñecemos tamén a razón dun nome "franquista" pouco habitual, o "17 de marzo", como "fecha de fundación de las Falanges Gallegas". Expediente nº11, Arquivo Municipal de Vilagarcía de Arousa, *sin* UI 51.

[1334] Contamos ademais coas solicitudes das asociacións remitidas ao concello, en marzo e setembro de 1980. En Expediente nº11, Arquivo Municipal de Vilagarcía de Arousa, *sin* UI 51.

[1335] Acta da sesión da Comisión de Gobierno y Régimen Interior, do 13 de novembro de 1980. En Expediente nº11, Arquivo Municipal de Vilagarcía de Arousa, *sin* UI 51.

[1336] Trátanse todas as modificacións relacionadas co franquismo que posteriormente irán a pleno exceptuando a rúa a Fontán Lobé, que vai a pleno pero non está na relación de rúas tratadas nesta acta nin na posterior acta da comisión que se conserva,e avenida del Generalísimo da localidade de Carril, que en cambio tamén se modifica no pleno do 81 como se pode ver no Anexo 6. A rúa modificación da Avenida del Generalísimo (da vila de Vilagarcía) incluíuse nunha anotación adicional feita a man na acta(esta é un texto mecanografiado). Non se inclúe tampouco referencia.

Ademais o concelleiro da UCD membro da comisión, Alejandro Castiñeiras votou en contra da modificación da Plaza de Calvo Sotelo e abstívose na de Rivero de Aguilar, General Primo de Rivera e Conde Vallellano. Xustificaba as súas abstencións cun dos elementos do discurso antimemorialista ao advertir que o seu grupo, UCD, "intentará evitar en lo posible el cambio de nombres de calles y de hacerlo ir a los nombres antiguos para que las visicitudes políticas no vuelvan a cambiarlas, por tanto se abstiene en los casos indicados". Se ben é certo que os casos sinalados efectivamente son modificados por outros nomes de persoas, Alexandre Bóveda e Celso Emilio Ferreiro, por exemplo, tamén o é o seu voto en contra da Plaza Calvo Sotelo que pasaría a denominarse cun neutral Praza de Galicia[1337].

Trala análise dos expedientes consideramos probable que dende este novembro do 80 e nos seguintes meses se seguisen sucedendo propostas e negociacións que rematarían na proposta que elaborou a Comisión de Goberno e que foi a pleno en maio do ano seguinte, onde nunha relación de trinta rúas, doce estaban relacionadas con personaxes da órbita golpista e franquista[1338]. E pese á certa ocultación que supuxera diseminar a proposta da modificación do rueiro franquista entre outros cambios de rúas, a memoria traumática aflorou nesta sesión plenaria da corporación municipal[1339]. Primeiramente na exposición da postura do grupo municipal do PSOE, que se transcribiu literalmente en actas. Nela avogábase pola osixenación de toda contaminación "totalitaria", sendo unha cuestión de "estética moral" a de devolver a cidade os seus nomes primitivos, subliñando a relevancia que ten a simboloxía dos pobos. E reivindicábase o esquecemento dunha época negra:

> O desexo non é cambiar uns políticos por outros de siño distinto, senón de darlles as rúas e prazas nomes de institucións democráticas ou de homes ilustres na historia de Galicia e de España.
> O noso desexo é terminar cunha dinámica que quéresenos impoñer, non queremos que se siga falando de vencedores e vencidos. Todos somos hirmáns aínda que non pensemos do mesmo xeito. Non hai revanchismo, nin demagoxia, nin oportunismo político. Soio un forte desexo de que as xeneracións vindeiras sepan quenes foron os homes que deron groria a súa terra e a sua patria.
> Elo, pensamos, honrará a nosa Galicia e a nosa España e permitirá olvidar os tempos negros en que o pensar de distinta maneira era un delito imperdonable[1340].

[1337] Ademais resulta interesante o caso da única rúa que non foi aprobada nesta reunión por non obterse a maioría na votación .Debemos ter en conta que a comisión estaba formada nesta sesión por dous concelleiros do PSOE e un de PCG, UCD e CD. Membros da comisión de "Gobierno y Régimen Interior" presentes nesta sesión: Jose Figueiras Rama (PSOE-Presidente), Faustino Laya Torreiro (PSOE), Alejandro Castiñeiras Santos (UCD), Juan Vázquez García (PCE), Ramón Taboada Soto (CD). Referímonos á rúa en homenaxe a Jose Antonio (Primo de Rivera). E para que esta medida non prosperase fixo falta que ademais do voto en contra do concelleiro de CD e de que o concelleiro de UCD "non opinase", que o propio presidente da comisión, isto é o concelleiro do PSOE Jose Figueiras, se abstivese (pese a que Referímonos á rúa en homenaxe a Jose Antonio (Primo de Rivera). E para que esta medida non prosperase fixo falta que ademais do voto en contra do concelleiro de CD e de que o concelleiro de UCD "non opinase", que o propio presidente da comisión, isto é o concelleiro do PSOE Jose Figueiras, se abstivese). Así, "no habiendo mayoría se pospone para otra reunión". A seguinte acta da comisión coa que contamos non ofrece máis información sobre este tema, pero entendemos que esta tratouse posto que finalmente é aprobada na sesión do pleno de maio do 81, pero en vez de pasar a denominarse Pablo Iglesias adoptou finalmente nome de Castelao. Aínda que Pablo Iglesias tamén se inclúe na relación de novos nomes de rúas aprobadas no pleno.

[1338] "Propuesta de la Comisión de Gobierno y Régimen Interior sobre denominación de calles, plazas y avenidas en el municipio", 13 de maio de 1981. Interesante pois anotáronse nela as votación con aqueles por unanimidade así como aquelas nas que houbo diferentes votos. En Expediente nº11, Arquivo Municipal de Vilagarcía de Arousa, *sin* UI 51.

[1339] As posturas sobre a proposta de PSOE, UCD e CD realízase mediante a lectura de textos que previamente foran presentados no concello, con data do día 15 de maio de 1981, como se pode ver no Expediente nº11, Arquivo Municipal de Vilagarcía de Arousa, *sin* UI 51.

[1340] Acta do pleno extraordinario do 15 de maio de 1981, Arquivo Municipal de Vilagarcía de Arousa, *sin* 30 (2).

Desta intervención, por unha banda interesa a xustificación que se facía da medida respondendo directamente a algúns dos elementos básicos do contraenmarcado, ese "cambiar a uns políticos por outros", e "*o revanchismo*". Por outra banda é transcendente como este discurso do PSOE no que se defendía unha acción da memoria estaba construído en base á necesidade de esquecer. Atópanse así nel as claves discursivas do relato oficial da Transición, a igualdade entre irmás e, en definitiva, a reconciliación[1341].

A seguinte postura en ser exposta en actas con detalle foi a da UCD, na que se volven identificar os compoñentes discursivos do antimemorialismo. No texto lido polo voceiro de UCD explicábase como sería a votación do seu grupo das diferentes rúas. Deste modo absteríanse para o caso da rúa Jose Antonio e votarían en contra do cambio da rúa Generalísimo Franco pois "consideramos que debe respetarse el actual nombre dadas las circunstancias que motivaron su actual nominación". Ademais tamén se opoñían "rotundamente" aos cambios de Rivero de Aguilar, Calvo Sotelo, General Primo de Rivera e Conde Vallellano. Todo o cal xustificaban baseándose no informe do secretario, isto é debido a "cuanto por Villagarcía han hecho todos ellos"[1342]. Pola súa banda o voceiro de CD defendía uns nomes froito dunha realidade histórica que eles respectaban e ao necesario recoñecemento a persoas que coa súa xestión conseguiran melloras para Vilagarcía[1343].

Das denominacións de rúas con connotacións golpistas só dúas foron eliminadas por unanimidade, a do 17 de marzo e a de Ramón Encinas[1344]. As demais obtiveron o voto en contra ou as abstencións dos grupos municipais de CD e UCD.[1345]

Deste xeito Vilagarcía, xunto con Vigo e Ferrol emprendeu nesta primavera do 81 unha renovación dun número significativo de rúas con exaltación franquista. Antes de rematar gustaríanos atender a unha pequena referencia presente na acta do pleno, que contén un dato relevante. Así, antes de pasar á votación que rematou co acordo, o concelleiro do PSOE, Jose Figueiras Ramas, interveu. As súas palabras foron lamentablemente resumidas polo secretario do seguinte xeito: "Interviene el Sr. Figueiras, haciendo una historia del porqué el cambio de nombres de calles, que fue pedido por las Asociaciones en el año 1980"[1346]. Evidenciase así, de

[1341] Na acta non se indica quen é o que fala (simplemente sinálase da "postura" de cada partido. Pola súa banda o PCG só interviña para dar o apoio á medida e incluír unhas puntualizacións relacionadas co uso do galego nas modificacións.

[1342] Nome por nome van explicando o que xa sinalara no seu día o secretario no informe ao que aludimos anteriormente. Así finalizaban a súa exposición recalcando que non se opoñían aos nomes que se propoñían para substituír aos actuais, polo que a súa oposición baseábase "única y exclusivamente a los méritos anteriormente descritos. Acta do pleno do 15 de maio de 1981, Arquivo Municipal de Vilagarcía de Arousa, *sin* 30 (2).

[1343] Acta do pleno do 15 de maio de 1981, Arquivo Municipal de Vilagarcía de Arousa, *sin* 30 (2).

[1344] Xunto a elas outras dezasete rúas foron aprobadas por unanimidade, todas as demais sen relación memorial. Debemos sinalar que a descrición das votación non inclúe a adscrición dos nomes ao seu grupo municipal, polo que nos resulta complexo confirmar as mesmas, tendo en conta que sufriron variacións dende a lista inicial de concelleiros co grupo municipal, co que contamos atendendo á acta constitutiva de abril de 1979.

[1345] No caso das rúas aos Héroes del Alcazar, General Mola, Generalísimo de Carril e Fontán Lobé, votaron en contra os concelleiros de CD . No caso da eliminación da rúa Jose Antonio, votaron en contra estes dous mesmos concelleiros e tamén se abstiveron os concelleiros de UCD. Por último para a avenida Generalísimo Franco, Rivero Aguilar, Calvo Sotelo, General Primo de Rivera e "Conde de Vallellano votaron en contra UCD e CD ao completo.

Os nomes dos concelleiros cos que contamos son do pleno de constitución. Neste caso xa variaran os nomes de concelleiros (tivo que haber modificación) polo que nos resulta complexo confirmar a identidade. Soamente podemos confirmar os concelleiros Casteiñeira e Tourón como membros de UCD. Inclúense ademais outros catro nomes que entendemos, serían concelleiros do mesmo grupo, ata un total de seis (Jimenez, Perez, Farto y Rodríguez Carballido). En Acta do pleno do 15 de maio de 1981, Arquivo Municipal de Vilagarcía de Arousa, s*in* 30 (2).

Todo isto confírmase se atendemos á crónica do pleno publicada en presa, exceptuando o caso das rúas

Héroes del Alcazar, General Mola, Generalísimo de Carril e Fontán Lobé, no que segundo a prensa tamén se abstivo a UCD, pero nas actas descríbense como votos a favor. En "El pleno municipal cambió la denominación de veintinueve calles y plazas del municipio", *La Voz de Galicia*, 17/05/1981, p. 34.


[1346] Acta do pleno do 15 de maio de 1981, Arquivo Municipal de Vilagarcía de Arousa, *sin* 30 (2).

xeito tímido, o papel das asociacións nos cambios de rúas. Como dicíamos as peticións de asociacións que se conservan no arquivo son soamente dúas, xa mencionadas. Pero ante esta referencia tan global, cabería preguntarse se terían existido outras propostas a maiores que incluíran entre elas as denominacións franquistas. O que situaríanos ante o papel das asociacións e da sociedade civil nas accións institucionais da memoria.

Por outra banda, a oposición que xerou esta medida memorialista detéctase nas declaracións públicas deste mesmo concelleiro en semanas posteriores ao acordo, defendendo que esta non fora froito da "demagogia socialista" e que "el 70 por ciento de las calles que se han cambiado de nombre han sido como resultado de un consenso democrático donde lógicamente han tenido voz y voto todos los grupos políticos", nunha noticia na que como resultaba habitual na prensa da época se ofrecía unha visión crítica cos cambios, ao mesmo tempo que se evitaba falar abertamente das denominacións franquistas e da postura contraria dos partidos da dereita[1347].

O pleno daba seis meses para a efectividade dos acordos. Non sabemos se isto se respectou e cando foi o momento no que se cambiaron realmente as placas nas rúas e a veciñanza pasou a denominalas cos novos nomes. Algo tamén común a moitos dos outros casos estudados. Unicamente podemos constatar a intención da agrupación local do PSOE en decembro do 81 para poñer unha placa na nova rúa a Pablo Iglesias para o que solicitaban permiso ante o concello[1348].

Gráfico 59. Rúas a eliminar por acordo plenario. Vilagarcía, Maio de 1981



Fonte: elaboración propia[1349].


[1347] "No hubo demogogia socialista en los cambios de nombres a calles y plazas", *La Voz de Galicia*, 14/06/1981, p.34.

[1348] Solicitude do secretario de relación políticas do Comité Local do PSdG-PSOE ao alcalde para que autorice colocar unha placa na rúa, mediante un acto o 27 de decembro de 1981. Expediente nº51, Arquivo Municipal de Vilagarcía de Arousa, *sin* UI. 16733.

[1349] Existen diversos cargos nos que o nome dunha rúa resulta complexo incluílo nunha soa categoría. Referímonos ao de altos cargos políticos do réxime franquista durante boa parte da ditadura que tamén foron relevantes protagonistas do golpe de estado e da guerra, participando no exército sublevado e ocupando cargos de responsabilidade. Polo tanto, nestes casos inclinámonos por introducilos na categoría "Militar golpista", aínda que as xustificacións que se fagan do seu nomeamento no nomenclátor obedezan a súa faceta como cargo público. Consideramos tamén inmersos este razoamento na lóxica negacionista polo que é importante seguir a salientar a súa participación primeira.

Aínda que a inclusión de dezaoito nomes sen relación coa exaltación franquista introduce unha pequena dificultade á hora de ler os resultados do Gráfico 59 queda de novo claro como a meirande parte dos nomes eliminados teñen que ver cos militares e o imaxinario golpista. Os tres concellos analizados nestes apartado, Ferrol, Vigo e Vilagarcía, xunto con Lugo, foron os que desenvolveron unha eliminación máis numerosa de rúas franquistas.

Gráfico 60. Comparativa das principais eliminacións de rúas de exaltación franquista: Ferrol, Vigo, Vilagarcía e Lugo



Fonte: elaboración propia.

Durante o primeiro ano do mandato municipal as modificacións de rúas franquistas atinxiran ás denominacións dos principais protagonistas do golpe e da posterior ditadura, pola contra na primavera do 81 ampliábase o espectro ao imaxinario golpista, aos altos cargos do réxime ou a xudicatura e igrexa golpista. Isto pode verse no Gráfico 60 onde se observa de xeito visual o acontecido nos tres concellos analizados. Así pese a que a meirande parte das rúas eliminadas estaban relacionadas con militares participantes no golpe de estado e na posterior guerra, tamén se incluían outros nomes relacionados co imaxinario golpista, como o Alcázar de Toledo ou os Caídos. É salientable, aproveitando a panorámica comparada que nos ofrece a gráfica, atender á intensidade da eliminación que se produciu no concello ferrolán.

4.2.4.2. "Queda sobre a mesa": a parálise das medidas memorialistas

> Interviene a continuación D. Manuel Rodríguez Trabada para proponer que de momento se deje todo como está, quedando el asunto sobre la mesa, hasta que la Corporación se ponga a trabajar en cuestiones de verdadero interés, aludiendo también que es necesario estudiar más detenidamente esta cuestión y corregir precisamente errores que se observan en la propuesta de la Comisión[1350].

[1350] Acta do pleno do 23 de novembro de 1979, Arquivo Municipal de Lugo, *sin* AM8005.

Comezamos este apartado con esta intervención dun concelleiro de Lugo, por ser representativa do comportamento dos grupos municipais do centro-dereita cando se propoñían modificacións "polémicas". Detectouse xa nos casos anteriores en propostas dos edís de UCD e CD principalmente. Nos casos que agora nos ocupan as posicións inmobilistas foron as que maioritariamente acadaron o éxito.

Porén, a existencia da proposta, o debate que se xerou no pleno, as diversas posicións tomadas polas organizacións políticas así como o discurso enarborado por uns e outros, sitúan estes "intentos frustrados" como feitos de interese para a nosa análise. Iniciámola co estudo do caso da Coruña, un exemplo paradigmático dos procesos de paralización das accións memorialistas, pese a ser unha cidade gobernada polo centro-esquerda.

4.2.4.2.1.A Coruña, paradigma da paralización

Convén achegarnos ás tentativas de accións memoriais impulsadas polo alcalde da Coruña. Domingos Merino (UG) postúlase como o primeiro rexedor en Galicia en propoñer a eliminación de rúas franquistas, posto que formulou a súa primeira proposta de cambio no mesmo mes no que era investido. A súa dimisión o día das manifestacións do 27 de febreiro de 1981 foi representativa tamén do momento político post 23F, da presión constante da extrema dereita e de como a simboloxía franquista en moitos casos perdurou fronte aos intentos de cambio.

Domingos Merino foi un dos alcaldes progresistas que accederon ao poder nunha cidade galega tralas eleccións municipais do 79. Froito do Pacto do Hostal, o candidato da coalición UG polo PSG, converteuse en rexedor da Coruña co apoio do PSOE, partido a quen sosterían nas alcaldías de Ferrol e Vigo. A alcaldía da Coruña foi froito da máis intensa negociación para lograr a aprobación do pacto, coa necesaria intervención da dirección nacional do PSOE para que os dirixentes do partido a nivel galego accedesen. Un aspecto importante dado o devir dos acontecementos durante o tempo que Merino foi rexedor.

Como tamén fixeran os alcaldes de Vigo e Ferrol, na sesión de investidura o alcalde recordou o momento no que se atopaban:

> Es un día alegre e histórico para La Coruña, para Galicia y para todos los pueblos del Estado, porque, después de 48 años, la voluntad popular vuelve a ser la determinante de la composición de las Corporaciones Municipales. Estamos, pues, asumiendo la responsabilidad histórica de saber dar la respuesta adecuada a los deseos populares libremente expresados en las urnas. Las fuerzas progresistas debemos ser conscientes de esa responsabilidad[1351].

No Concello da Coruña atopamos un dos exemplo máis extremos das paralizacións e obstrucións das medidas memorialistas de eliminación de nomes franquistas. Un proceso, longo e cambiante, que se dilatou dende maio do 79 ata setembro do 82. E cun momento clave na primavera de 1981, mentres nas demais cidades galegas gobernadas polo centro-esquerda tiñan lugar cambios destacados nos rueiros franquistas. Como adiantabamos no caso da Coruña temos constancia de que o tema estaba en axenda dende os primeiros meses do novo mandato democrático, isto é na primavera de 1979, o que como veremos, iría a desembocar nun proceso de modificación do rueiro a inicios de 1981.

[1351] Acta da sesión constitutiva da nova corporación do 19 de abril de 1979, Arquivo Municipal da Coruña.

Imaxe 40. Fotografía pintada realizada ao lado da placa do General Sanjurgo. A Coruña, maio de 1979



Fonte: *La Voz de Galicia,* 25/05/1979, p. 28.

O 25 de maio de 1979, o mesmo día en que o tema formaba parte da orde do día por primeira vez, en prensa aparecía publicada unha fotografía tomada nunha das rúas da cidade (Imaxe 40). Nela ao lado da placa da rúa General Sanjurjo podía lerse unha pintada coa inscrición "RÚA ALEXANDRE BÓVEDA". No texto da nova sinalábase nun ton un tanto ácido como na Coruña eran "más adelantados que nadie", e alguén decidira poñer "el primer rótulo callejero de la democracia"[1352].

A modificación "irregular" das placas das rúas foi unha acción memorial "disruptiva" habitual. Xa se fixo referencia ao acontecido en Pontevedra, nas homenaxes a Alexandre Bóveda cando se colocaba un cartel co seu nome por encima da placa da praza del Generalísimo. Na Coruña temos este outro exemplo de accións de protesta pola continuidade dos nomes franquistas. Dous meses despois deste cambio-protesta da rúa General Sanjurjo, volvía aparecer en prensa o fenómeno do cambio disruptivo dos nomes:

> Muchos grupos, por su cuenta y riesgo, están cambiando, mejor dicho, nominando paralelamente algunas calles de La Coruña, poniendo al lado del letrero original otros con el nombre en gallego o trocando totalmente el nombre.[1353]

Parece claro que existía certo malestar pola permanencia das rúas, tanto en relación cos nomes franquistas como castelanizados. Debemos ter en conta que xa un ano antes, en abril de 1978 o PSG editara o pequeno libro coa proposta de modificación do nomenclátor. Un ano despois, xa dentro das institucións, foron os concelleiros de UG, e en concreto Gonzalo Vázquez Pozo en calidade de tenente alcalde e poñente de Gobernación e Relacións Públicas quen levou ao pleno a proposta[1354]. Nela facíase referencia a unha demanda previa recibida no concello de "distintos estudios y propuestas para galleguizar, restituir y dar nuevos nombres a las calles y plazas de nuestra ciudad" [1355]. Na proposta expoñíase que, fronte a un tema cun claro sentido cultural e matiz político, debían establecerse uns criterios claros de actuación. Deste modo propoñíase abrir un período para que participase o pobo da Coruña a través das "entidades ciudadanas, culturales, recreativas, deportivas, asociaciones de vecinos, partidos

[1352] "Cambio", *La Voz de Galicia,* 25/05/1979, p. 28.
[1353] "Nomenclator", *La Voz de Galicia*, 02/06/1979, p. 28.
[1354] A proposta é transcrita en actas en castelán aínda que se deixa constancia de que esta estaba escrita en lingua galega. Acta da sesión do pleno do 25 de maio de 1979, Arquivo Municipal da Coruña.
[1355] Acta da sesión do pleno do 25 de maio de 1979, Arquivo Municipal da Coruña.

políticos, organizaciones sindicales y ciudadanos en general"[1356]. Tralo período de consulta e recompilación pola Comisión de Gobernación e Relacións Públicas das propostas da cidadanía o asunto volvería someterse a decisión plenaria[1357].

Durante ese período na libraría Nós presentábase a segunda edición do libro de rúas do PSG. José María Monterroso, autor do mesmo, estaba acompañado de Manuel Caamaño Suárez, directivo da empresa cultural Escola Aberta e do que nese momento era Conselleiro de Cultura, Marino Dónega, pertencente ao mundo dos vellos piñeiristas[1358]. Na presentación, Caamaño e Monterroso aludiron á idoneidade da publicación desta segunda edición xusto nese momento. Pois, un ano antes, cando saíra á luz por primeira vez, "no se pretendía que unos ayuntamientos franquistas y en precario, asumiesen la tarea de llevarlo a cabo. Hoy el panorama parece distinto y creemos posible que esta alternativa propuesta por el PSG sea considerada"[1359]. Tamén durante este período o propio concello, en nota enviada polo concelleiro que presentara a proposta, publicaba a convocatoria da Comisión para "conocer los distintos puntos de vista que sobre el particular tiene la ciudad". Así pedíase ás entidades sociais que fixesen a súas aportacións enviándoas ao Departamento de Relacións Públicas[1360].

O ambiente en torno a este tema, nos meses deste verán do 79 era tenso. Mentres na Coruña estábase nese período para recibir achegas, en Valencia a estatua de Franco permanecía no espazo público grazas ás presións da dereita. En Avilés, pola súa banda, os concelleiros de UCD abandonaban a sesión plenaria pola aprobación do cambio da denominación de trinta e dúas rúas e prazas[1361]. No xornal *La Voz de Galicia*, que podemos identificar como un dos instrumentos mediáticos empregados para exercer presión e crear unha opinión pública desfavorable en torno ao novo alcalde, publicaba un artigo de opinión altamente crítico coa medida:

> Ahora que tan de moda está lo de cambiar los nombres de las calles para actualizar la significación provisional de la política en este sentido del nomenclator, me atrevería a proponer que así como en algunos sitios le van a poner el nombre de Carlos Marx a determinadas calles, en otros les pongan nombres de signo contrario a los de calles diferentes. Y para que vean que no hable en plan "facha", que no me va, propongo que al Callejón de la Estacada, que es el más sucio y siniestro callejón imaginable de la Coruña, le pongamos el nombre de Adolfo Hitler...[1362]

O 25 de xaneiro de 1980 ratificábase o acordo da Comisión Municipal Permanente para que a Comisión Informativa de Gobernación e Relacións Públicas constituírase como "Comisión de Homenajes" co obxectivo de atender ao expediente aberto en relación coas suxestións presentadas para realizar o novo nomenclátor[1363]. Dende a fin do prazo para o envío

[1356] Acta da sesión do pleno do 25 de maio de 1979, Arquivo Municipal da Coruña.
[1357] Pese a que maioritariamente foron as comisións de cultura as encargadas de xestionar estes temas, na Coruña sería a Comisión de Gobernación e Relacións Públicas.
[1358] "Presentada la segunda edición de libro "As rúas da Cruña", en librería Nós", *La Voz de Galicia,* 07/06/1979, p. 35.
[1359] *Íbidem*.
[1360] "Mas nomenclátor", *La Voz de Galicia,* 02/06/1979, p.28.
[1361] Somovilla, M.: "Fuerte tensión en el Ayuntamiento de Avilés, al cambiar el nombre de 32 calles", *El País,* 20/07/1979. https://elpais.com/diario/1979/07/20/espana/301269625_850215.html
[1362] Caparrós, L.: "Pluma de medianoche", *La Voz de Galicia*, 24/06/1979, p.19. Tamén crítica en: "Callejeros", *La Voz de Galicia*, 25/05/1979, p. 28.
[1363] Acta da sesión do pleno do 25 de xaneiro de 1980, Arquivo Municipal da Coruña.

de propostas e a creación desta comisión pasaran sete meses, das que non temos máis información e, polo tanto, descoñecemos a causa do retraso[1364].

Á súa vez, entre a creación desta comisión e que o tema volvese a pleno pasaría aínda máis tempo. Entre medias, en novembro de 1980 produciuse unha moción inesperada. Asinada por UCD, PSOE, PCG e CD, esta propoñía que unha avenida do vial do barrio de Elviña, levase o nome de Avenida de la Constitución no segundo aniversario da Constitución Española[1365]. A moción aprobouse cos votos favorables destes partidos, os votos en contra dos dous concelleiros do BNPG e a abstención de catro concelleiros de UG. É relevante a argumentación de quen era polo momento a cara visible para o cambio do nomenclátor, Gonzalo Vázquez Pozo. Este consideraba que a moción debía seguir os trámites ao igual que o resto de modificacións previstas e por tanto pasar pola comisión[1366].

A proposta da homenaxe á Constitución co nome dunha rúa evidencia un proceso complexo e profundo que se estaba producindo na Coruña e, en xeral, na configuración do sistema político de partidos. A presentación conxunta da iniciativa dos partidos da dereita (UCD e CD) con PSOE e o PCG é simbólica dun momento no que as organizacións políticas de centro-esquerda que entraran no pacto constitucional confrontaban con aquelas que mantiñan unha postura crítica coa nova carta magna. Esta situación, vaise agravar nos seguintes meses, como xa se relatou no apartado anterior, co golpe de estado e o factor aglutinante arredor do novo sistema político e de expulsión de quen se mantiña nunha postura crítica. Pero é que ademais, en canto ao propio caso do concello coruñés isto é un sinal da crise que vivía a alcaldía, sendo cada vez máis acosada polos partidos da oposición, e coa crecente falta de apoio de PSOE e PCG.

Dende a creación da Comisión de Homenajes en xaneiro do ano 80 ata que a proposta se elevaba ao pleno municipa,l en decembro dese mesmo ano, producíronse catorce reunións da comisión na que se negociou e estableceu o listado definitivo[1367]. Os edís da dereita representados na comisión tentaron o boicot do proceso non acudindo a diversas convocatorias[1368].

Finalmente o 23 de decembro deste ano 80 convocouse un pleno extraordinario e segredo cun único punto na súa orde do día "Propuesta de galleguización y restitución del nomenclátor"[1369]. Polo momento só se atendería á galeguización, pero adiantando que non pasaría moito tempo ata que os nomes propios dalgunhas rúas fosen debatidas[1370]. Pero pese a celebración do pleno, isto non significou sequera que se chegase a abordar a proposta. A primeira intervención daba por rematada a sesión. Falaba o concelleiro do BNPG Cesar Francisco Pintos quen entendía que este tema non debía ser tratado como segredo como así estipulaba o regulamento de "honores y distinciones" do concello coruñés. Para poder facelo nun pleno público era preciso modificar o regulamento. Deste xeito propoñía que o asunto se retirase da orde do día e que no próximo pleno se modificase o regulamento para que fose tratado publicamente.

[1364] Deste modo trataríase dunha comisión *ad hoc* para atender a este asunto. "Una Comisión Especial de Homenajes estudiará las sugerencias presentadas para realizar un nuevo nomenclátor de las calles", *La Voz de Galicia,* 23/01/1980, p. 27.
[1365] "Pleno Municipal: Nombrada una comisión especial para programar los actos corporativos a lo largo de la Campaña del Referéndum", *La Voz de Galicia*, 29/11/1980, p. 30.
[1366] "Cree pues que no es posible que el acuerdo sea de ejecución inmediata, ya que está sujeto al procedimiento que es conocido". En: Acta da sesión do pleno do 28 de novembro de 1980, Arquivo Municipal da Coruña.
[1367] Sabemos da existencia destas reunións pola intervención de Vázquez Pozo na sesión plenaria do 19 de decembro de 1980.
[1368] Así o denunciaba a posteriori Vázquez Polo durante o debate en pleno do día 19 de decembro de 1980.
[1369] Acta da sesión extraordinaria do 23 de decembro de 1980, Arquivo municipal da Coruña.
[1370] "Galleguización", *La Voz de Galicia,* 21/12/1980, p. 30.

Tras un longo debate e deliberación[1371] acordouse de xeito unánime realizar os trámites precisos na modificación do regulamento[1372]. Dende que a proposta se abordara por primeira vez nun pleno en maio do 79 pasara ano e medio. Era Nadal de 1980 e nos seguintes dous meses o panorama municipal deu un xiro completo.

Os acontecementos precipitáronse xustamente nos días posteriores ao golpe de estado do 23F cando a presión dos partidos centrais no proceso de reforma da Transición (UCD, CD, PSOE e PCE) e dos medios de comunicación aumentou sobre os partidos á esquerda e de corte nacionalista e, na Coruña, sobre o propio alcalde do PSG Domingos Merino. Aínda que xa dende pouco tempo despois de ser elixido emerxeran as críticas[1373]. Así o expresaba a posteriori, no ano 2005, o propio Domingos Merino:

> O acoso empeza dende o momento da toma de posesión. Ademais, a oposición encontrou un tema: a capitalidade, aínda que máis que encontralo buscouno, para dar renda solta á vía da demagoxia. Atopou un filón e enganchouse a el, unha parte do PSOE enganchouse a iso, a presentar como incompatible A Coruña con Galicia[1374].

Ademais do cisma central, o debate da capitalidade entre A Coruña e Santiago de Compostela houbo outros conflitos que minaron a xestión do alcalde:

> Esta actitud obstrucionista de UCD y CD encontró enseguida estrechos colaboradores en la actitud insolidaria de partidos de izquierda centralistas que, como el PSOE, nunca aceptaron la presencia de un nacionalista al frente de la alcaldía. Esta insolidaridad mostrada se tradujo en una situación de continuo golpismo contra la alcaldía, que todos los ciudadanos pueden recordar con solo citar palabras como capitalidad, Virgen del Rosario, corbata, moción de censura de UCD y rueda de prensa del PSOE, UCD y CD pidiendo mi dimisión[1375].

Estas últimas son palabras de Domingos Merino no ano 1981, no comunicado que o 28 de febreiro o aínda alcalde entregaba aos medios[1376]. Unha das críticas esgrimidas era xustamente

---

[1371] Neste sentido o alcalde, ao emanar esta norma dun regulamento do concello e non dunha normativa xeral imposta, consideraba que debería seguirse co pleno ao estar xa convocado, pero non se opuxo a que maioritariamente se decidira a proposta do concelleiro do BNPG. Deste xeito escoitáronse as diversas opinións dos concelleiros. Antonio Carro, do PSOE, entendía o carácter segredo para certas deliberacións sobre homenaxes a persoas concretas, non neste caso, e propoñía que se puidese modificar inmediatamente, isto é sen esperar ao próximo pleno. Pola súa banda o concelleiro de UG (e como xa dixemos cara visible da medida) Gonzalo Vázquez expresaba que tampouco se opoñía pero apremaba a que o cambio no regulamento se fixese no seguinte pleno. O concelleiro de UG (en concreto do Partido Galeguista) Carlos Sabell García consideraba que o tema debía "ser madurado" denunciando a falta de tempo para estudar o tema. A postura deste concelleiro que, a parte de entender que o carácter debía ser segredo, maniféstase contrario a tratar este tema, evidencia tamén en parte a inminente rotura do grupo municipal de UG. Finalmente o secretario confirmaba que para o tratamento como público debía modificarse o regulamento de "Honores y Distinciones" no seu artigo 7. Ao que seguiron unha serie de intervencións de concelleiros preocupados porque deste xeito "o tema quedará arrumbado, tranquilamente otros dos meses", como advertía Gonzalo Vázquez. Tamén o sinalaba o concelleiro do PSOE Antonio Carro quen insistía en facer unha interpretación xenerosa da normativa e modificar nese momento o regulamento, temendo que se non se facía así o asunto demoraríase no tempo.

[1372] Preguntámonos se esta non foi unha estratexia dilatadora do BNPG ou simplemente, como sostiñan na súa intervención tratábase de modificar o carácter caduco e antidemocrático dun pleno "segredo". Para iso debería afondarse no estudo das relación entre UG e BNPG neses momentos. En canto a Antonio Carro, este dimitiu do cargo trala dimisión de Domingos Merino, en marzo de 1981.

[1373] Conde, P. "El nacionalista Domingo Merino dimite como alcalde de La Coruña", *El País,* 27/02/1981, https://elpais.com/diario/1981/02/27/espana/352076438_850215.html

[1374] Pérez, M. "Domingos Merino: a derruba dun alcalde e dun modelo de cidade", *Praza.gal*, 08/02/2017. https://praza.gal/politica/domingos-merino-a-derruba-dun-alcalde-e-dun-modelo-de-cidade

[1375] "Alcalde coruñés: "Declaro mi respeto a la Constitución pero no renuncio al derecho democrático de reformarla", *La Voz de Galicia*, 01/03/1981, p. 28.

[1376] Sabendo que este adoitaba falar en galego é moi posible que este fragmento fose traducido polo xornal onde se publicou, La Voz de Galicia, por outra banda un dos medios que máis oposición lle fixo.

o idioma que falaba, pero estas foran constantes e variadas ao longo do seu mandato[1377]. Co inicio do ano novo as presións foron en aumento coa petición formal de dimisión o 3 de febreiro, pero foi o golpe de estado do 23F e as condicións dadas para asinar unha declaración de rexeitamento no pleno, o que finalmente propiciou que o alcalde tomara a decisión.

Como tamén acontecera en moitos outros municipios, entre eles Ferrol, o día despois do golpe convocouse un pleno extraordinario co obxectivo de facer pública unha declaración do concello en repulsa do acontecido. Tivo lugar o mesmo 24 de febreiro e nel foi onde saltou a polémica. En concreto en torno ao cuarto punto da declaración, no que a corporación tería que manifestar "su más firme respeto y adhesión a la persoa de Su Majestad el Rey , a la Constitución y al Parlamento, como expresiones de la voluntad popular". Ademais do voto en contra dos concelleiros do BNGP, os dous concelleiros de UG pertencentes ao PSG abstivéronse, entre eles o propio alcalde. Ante isto *La Voz de Galicia* titulaba: "El alcalde de La Coruña se abstuvo de manifestar su respecto y adhesión al Rey, a la Constitución y al Parlamento"[1378]. Este foi o motivo para que, á súa vez, os compañeiros de coalición do PG pediran formalmente a súa dimisión. Merino presentábaa ao finalizar o seguinte pleno, no cal se decidía a participación da corporación na manifestación que tería lugar en defensa do sistema político e en contra da tentativa golpista.

Como xa se sinalou, ademais da convocatoria de PSOE, UCD, CD e PCE, baixo o lema "Por la libertad, por la democracia y por la Constitución", os partidos da á esquerda e nacionalista galega convocaron manifestacións que non foron autorizadas en ningunha das cidades nas que se solicitara permiso. A postura do PSG e do alcalde durante o pleno consistiu en dar apoio a ambas convocatorias o que foi duramente criticado por PSOE e PG. Segundo as palabras do alcalde no comunicado de dimisión, esta foi impulsada pola deturpación sufrida por parte destes dous partidos. De modo que a definición dunha postura en torno ao golpe de estado constituíu un conflito dentro da casa consistorial ao igual que acontecera noutras cidades e vilas galegas. No caso da Coruña esta alcanzou cotas máis graves, ao estar inmerso nel o propio alcalde. No comunicado de dimisión, o alcalde terminaba lendo precisamente un artigo da Constitución dedicada á liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto[1379].

Aínda como alcalde en funcións, ao día seguinte, Domingos Merino acudiu á manifestación "oficial", e aí se produciron os últimos feitos a describir. Segundo o xornal *La Voz de Galicia* foi "obligado a abandonar la cabeza de la concentración y a retirarse de la comitiva". A razón serían que "fue insultado y tuvo que abandonar la manifestación. Los hechos fueron consecuencia de su abstención al votar una moción municipal de apoyo al Rey, la Constitución y el Parlamento". Estando na cabeceira da mesma:

> Algunos parlamentarios de UCD preguntaron al servicio de seguridad de la manifestación si el acto era convocado por el partido del alcalde, el PSG. Al no ser así señalaron que Merino o abandonaba el puesto de portador de la pancarta o se retirarían de la manifestación.

Finalmente o alcalde, "tras unos momentos de confusión" deixaba a pancarta e situábase noutra fila. "Transcurrido un largo rato (...) algunos parlamentarios increparon con voces

[1377] A falta dun estudo académico sobre o tema referenciamos o artigo xornalístico: Pérez, M. "Domingos Merino: a derruba dun alcalde e dun modelo de cidade", *Praza.gal,* 08/02/2017. https://praza.gal/politica/domingos-merino-a-derruba-dun-alcalde-e-dun-modelo-de-cidade

[1378] "El alcalde de La Coruña se abstuvo de manifestar su respecto y adhesión al Rey, a la Constitución y al Parlamento", *La Voz de Galicia,* 25/02/1981, p.37.

[1379] "Domingo Merino anunció su dimisión como alcalde de La Coruña", *La Voz de Galicia,* 27/02/1981, p. 38.

airadas al alcalde de La Coruña, tras las cuales Domingo Merino abandonó la comitiva, desplazándose a su despacho del Ayuntamiento"[1380].

Esta actitude dos parlamentarios e membros de UCD, que practicamente é celebrada no artigo de *La Voz de Galicia*, non tería sido a causa do abandono da marcha. Así, segundo o propio Domingo Merino fixérao "como protesta por la discriminación a que se sometió a otras fuerzas políticas"[1381]. Nese sentido teríase retirado da manifestación ao ser informado da disolución da manifestación non autorizada.

Sexa nun extremo ou noutro, a tensión e o conflito que supuxeron os intentos de expulsión do alcalde da manifestación "en defensa da democracia", inclúen certas arestas á versión dulcificada do que supuxo o 23F. Fronte ao relato do 23F como punto de inflexión para o respecto da democracia, poderiamos considerar que o que produciu foi a consolidación do sistema político e de partidos resultante do pacto da Transición[1382]. O acantoamento dos partidos fóra do pacto durante estes días evidenciase na portada do semanario *A Nosa Terra* cun gráfico "Abenzoar a Constitución a costa do golpe"[1383].

Chegados a este punto, teríamos que preguntarnos que aconteceu coa proposta de eliminación do rueiro franquista que aínda non fora aprobada a estas alturas. E é significativo sinalar que, ata este momento, nin sequera as actas do concello tiñan plasmado en que consistiría esa modificación. É dicir descoñecemos que rúas e prazas ían ser mudadas. A seguinte aparición do tema no salón de plenos do concello herculino data de maio deste ano 1981 cando xa fora investido alcalde o ucedista Joaquín López Menéndez , trala rotura dos Pactos do Hostal ao ter acordado PSOE, PCG e PG o apoio ao candidato do PSOE[1384].

Nesta ocasión foi Gonzalo Vázquez Pozo quen, agora dende a oposición, realizou un rogo interesándose polo estado da proposta de modificación do rueiro e instando a que volvese ao pleno na súa próxima sesión[1385]. Semanas despois o exalcalde Domingos Merino levaba ao pleno unha moción asinada polo PSG no que denunciaba a paralización da medida e o incumprimento de acordos para a democratización e galeguización do nomenclátor urbano e comparaba a situación coa de gran número de concellos galegos[1386]. Seguidamente denunciaba a incumprimento do acordo plenario segundo o cal debía terse reformado o regulamento de segredos e reivindicaba a urxencia para facelo[1387]. O texto lido por Merino incluía un calendario de actuación para atallar a paralización, onde tras modificarse o regulamento, a proposta de modificación do rueiro debía incluírse no pleno do 25 de setembro. Este aspecto foi o asunto que máis criticaron os concelleiros dos demais partidos durante o debate. Así os edís do PCG e PG consideraban dificultoso o cumprimento das datas. O debate resultou un tanto árido e moi

[1380] " Más de 50.000 personas participaron anoche en las principales manifestaciones que se desarrollaron en Galicia", *La Voz de Galicia*, 28/02/1981, p. 40.
[1381] "Alcalde coruñés: "Declaro mi respeto a la Constitución pero no renuncio al derecho democrático de reformarla", *La Voz de Galicia,* 01/03/1981, p. 28.
[1382] A partir deste momento, como acontence nas actas municipais, referirémonos aos concelleiros de UG polo partido ao que pertencía, pois esta "coalición" rompíase neste momento.
[1383] *A Nosa Terra*, cuberta, nº 144, do 25 de febreiro ao 3 de marzo de 1981.
[1384] Sae elixido como a lista máis votada, tras non chegar ningún dos candidatos a maioría absoluta. O Pacto do Hostal estaba roto, e o candidato por UG (Gonzalo Pozo) non obtivo o respaldo de PSOE, PG e PCG que votaron polo candidato do PSOE. O pleno foi tenso e con numerosa afluencia de público. En "López Menéndez fue proclamado alcalde de La Coruña por ser cabeza de la lista del grupo mayoritario", *La Voz de Galicia*, 02/04/1981, p.41
[1385] Acta do pleno do 29 de maio de 1981, Arquivo Municipal da Coruña.
[1386] Recordamos que os textos son transcritos en castelán, lingua na que se inclúe nas actas do concello, pero entendemos que a súa lingua orixinal era o galego. Acta do pleno do 31 de xullo de 1981, Arquivo Municipal da Coruña.
[1387] Nunha intervención posterior o concelleiro Gonzalo Vázquez Pozo incide en que o regulamento "fue enviado al Gabinete de Estudios para su modificación y no se volvió a saber de él". Acta do 31 de xullo de 1981, Arquivo Municipal da Coruña.

centrado nos procedementos, pero finalmente a proposta de Merino se aprobou por unanimidade [1388].

O primeiro dos puntos cumpriuse pero non o segundo, isto é que a proposta de modificación do rueiro chegase ao salón de plenos en setembro. Así en novembro volvía elevarse unha queixa polos retrasos. Desta volta facíao Gonzalo Vázquez Pozo, que non entendía como o novo rueiro non estaba na orde do día desa sesión tendo xa un ditame favorable da Comisión de Gobernación, reunido no último mes[1389]. A alcaldía manifestaba a súa intención de que o 15 de decembro, isto é un mes despois, houbese un pleno monográfico sobre o rueiro[1390].

Durante as semanas previas, a proposta fíxose pública. Entre as medidas estaría a galeguización das rúas e prazas e a substitución de nomes como General Mola ou o Teniente General Gómez Zamalloa[1391]. O certo é que a proposta nin se tratou no pleno de finais de novembro, como se filtrara a prensa, nin nese pleno extraordinario do 15 de decembro, que non chegou sequera a producirse[1392].

Nas seguintes semanas mentres dentro do salón municipal Vázquez Pozo seguía a esixir que se tratase o asunto[1393], en prensa proliferaban as críticas a esta medida[1394]. Seis meses despois Domingos Merino volvía ler unha moción do PSG, no que desta volta denunciaba a falta de respectos dos acordos plenarios, boicoteados polo Alcalde e a "Junta de Seguimiento y Control", entre eles a cuestión do nomenclátor. E en relación a isto preguntábase: "¿Por qué no se cumple? ¿A que se teme?"[1395]. A moción, que pretendía axilizar a cuestión declarando de urxencia os temas pendentes e podendo abordalos de xeito inmediato, só contou co apoio de UG, PG, o PCG e o BNPG. Por tanto, do conxunto dos partidos do centro-esquerda asinantes dos caducos Pactos do Hostal faltaba o PSOE.

Ademais da presión exercida dende dentro das institucións, a Agrupación Cultural O Facho presentou ante o alcalde tres escritos diferentes solicitando a acometida da reforma do rueiro "de un modo rigurosamente equitativo y global, siguiendo criterios gallegos y

[1388] En prensa tamén: "El Pleno Municipal aprobó el avance del Plan General de Urbanismo y el anteproyecto del Reglamento de Participación Ciudadana", *La Voz de Galicia,* 01/08/1981, p.35. e en "Esquerda Galega propone un voto de censura al Gobierno Municipal de la nueva mayoría", *La Voz de Galicia,* 30/07/1981, p.29.

[1389] Recordemos que Gonzalo Vázquez non era de PSG, era de UG e do POG que nestas datas falaba en nome de "Esquerda Galega". Acta da sesión do 27 de novembro de 1981, Arquivo Municipal da Coruña.

[1390] Ademais Merino e Vázquez insisten en saber se o que se vai tratar sería soamente o expediente na primeira fase, realizada ata xaneiro do 80, que comportaba a galeguización e democratización de máis de duascentas rúas pero que existía unha segunda fase que reclaman que se faga (Palabras de Vázquez Pozo, sen explicar de que se trataría, pero podemos entender, segundo o expresado noutros plenos, que sería seguir coa "democratización". A Presidencia nesta sesión explica que o que se verá na sesión plenaria será unicamente o expediente feito, e que o outro veríase máis adiante. Acta da sesión do 27 de novembro de 198,. Arquivo Municipal da Coruña.

[1391] Aínda que no xornal publicábase que sería tratado xa no pleno do 28 de novembro, vemos que non é así, e por iso a pregunta de Gonzalo Vázquez. En: "Los nombres de José Antonio, General Mola y pintor Sotomayor desaparecen del nomenclátor coruñés", *La Voz de Galicia*, 13/11/1981, p. 40.

[1392] É curioso porque incluso dende a alcaldía, se anunciara que "a mediados de diciembre próximo se celebrará una sesión plenaria, de carácter monográfico, para tratar el cambio del nomenclátor d elas calles y plazas de La Coruña. En una primera fase se abordará la galleguización y en una segunda etapa, la democratización", en "Próximo pleno monográfico para debatir el nomenclátor", *La Voz de Galicia,* 28/11/1981, p.33,?

[1393] Nunha sesión ordinaria da Comisión Municipal Permanente, o 12 de xaneiro do 82, Vázquez Pozo volvía insistir en que se debía celebrar o pleno do nomenclátor. En "La Permanente municipal aprobó más de 15 millones para obras en la Ciudad Deportiva de Riazor", *La Voz de Galicia,* 13/01/1982, p. 28.

[1394] Como a carta ao director publicada en prensa, "resulta ridículo que quieran cambiar el nombre de Plaza del Marqués de San Martín, dedicada desde hace años a la memoria de todo un caballero y coruñés ejemplar". En: "El nomenclátor coruñés", *La Voz de Galicia,* 01/12/1981, p.63.
Ou a carta protesta que se mofaba dos nomes en galego e se titulaba "contra la reforma del nomenclator de La Coruña". En: Vidal y Díez, A. :"Contra la reforma del nomenclátor de La Coruña", *La Voz de Galicia,* 19/11/1981, p.28.

[1395] Acta do pleno do 15 de xuño de 1982, Arquivo Municipal da Coruña.

democráticos"[1396]. Neste ambiente de certa presión, o 15 de xullo a Comisión de Relacións Públicas acordaba que a galeguización do nomenclátor "así como el cambio de nombre de algunas calles y plazas de la capital" se debatería no próximo pleno[1397]. Finalmente o 30 de xullo de 1982 o asunto chegaba ao órgano plenario tras ser aprobado o novo proxecto do regulamento de Honores[1398]. Interésanos especialmente a intervención de Domingos Merino, quen realizou unha longa disertación na que tratou aspectos clave, que nos axudan a comprender a magnitude deste conflito[1399]. En primeiro lugar queixábase pola tardanza acumulada, con sete plenos nos que se realizaran peticións a través de mocións, preguntas e interpelacións. Por outra banda salientaba o obxectivo último da medida, acabar cun nomenclátor de guerra e pasar a un nomenclátor de paz "reflejo de la voluntad democrática de una mayoría de la población[1400]. Constátase así a relevancia que tiña para el a cuestión da eliminación de nomes franquistas. Ademais na súa exposición falaba de como o traballo que fixera a Comisión dende o ano 79 ao 80 baseárase en grande medida no libro do PSG *As rúas de Cruña*. Así mesmo, facía mención ás aportacións moi estimables de tres asociacións da cidade que participaran enviando propostas. Ademais da agrupación cultural O Facho, nomeaba a asociación galega da lingua e a asociación de veciños da cidade vella. Por outro lado o exalcalde amosábase crítico co ditame da comisión e argumentaba cales eran as súas discrepancias. Primeiramente en canto á galeguización do rueiro, pois non se abarcaba a súa totalidade. En segundo lugar en canto á "reposición de nombres":

> Quiere decir que las calles de La Coruña tenían un nombre tradicional y a raíz del llamado alzamiento nacional fueron sustituidas por otras que mantienen ese estado de guerra (...) Se trata de esas calles que hacen referencia a los personajes del bando ganador en la guerra civil que mantienen sus puestos en las zonas más estratégicas de la ciudad y que están clamando a gritos su sustitución y su cambio por el nombre tradicional y aquí coincide exactamente con el escrito de la asociación de la ciudad vieja[1401].

Así, como xa fixera a asociación, denunciaba que na proposta non se modificada a que podemos considerar a máis icónica das denominacións franquistas, a Plaza del General Franco. O edil do PSG acusaba aos demais concelleiros de non ter memoria histórica. Así na proposta que se levaba a pleno segundo Merino soamente se repoñía o nome de nove rúas "todas ellas evidentemente eludiendo el tocar a ningún ilustre militar y les parece que esto ya es un criterio político que creen es equivocado, porque los militares no tienen porque ser una excepción a la hora de acometer esta democratización del nomenclátor"[1402]. A continuación Merino pasaba a nomear as rúas que non se cambiaban nesta proposta e que consideraba preciso eliminar. Entre elas salientamos a rúa e praza General Mola, a avenida Alférez Provisional, a praza ao militar sublevado o General Sanjurjo, ao teniente general golpista Gómez Zamayoa e tamén a avenida ao alcalde Alfonso Molina, estreitamente vinculado co golpismo, alcalde en 1947[1403]. Por outra banda Merino pasaba a enumerar unha serie de nomes que entendía deberían incluírse no novo rueiro. Entre eles destacamos, ao alcalde da Coruña no momento do golpe e fusilado o 31 de

[1396] "Nomenclátor", *La Voz de Galicia*, 24/07/1982, p. 26.
[1397] "El nuevo nomenclátor de la ciudad, al próximo Pleno del Ayuntamiento", *La Voz de Galicia*, 16/07/1982, p.26.
[1398] "Campos Romay presidirá la ofrenda municipal en el monumento a Curros", *La Voz de Galicia,* 25/07/1982, p. 50.
[1399] É importante sinalar que nas actas municipais non figura a proposta, cuestión diferencial coa meirande parte dos concellos consultados, onde cando se debate unha proposta, a mesma figura transcrita no punto da orde do día correspondente. Neste caso transcríbense directamente as intervencións dos concelleiros.
[1400] Acta do pleno do 30 de xullo de 1982, Arquivo Municipal da Coruña.
[1401] *Íbidem.*
[1402] *Íbidem.*
[1403] *Íbidem.*

agosto de 1936, Alfredo Suárez Ferrín, e o alcalde de Santiago de Compostela, Ánxel Casal, tamén fusilado no 36[1404]. Para finalizar sinalaba a necesidade de que a cidade rendese homenaxe cun monumento a Bóveda e Castelao entre outros "nacionalistas y hombres y mujeres que trabajaron por su tierra"[1405].

Esta longa exposición de Domingos Merino, que poderiamos definir como un alegato memorialista, foi aproveitada por parte dos partidos do goberno municipal, UCD, PSOE e CD para forzar que a proposta se retirase da orde do día, de xeito que as aportacións de Merino se tratasen de volta na comisión. Algo ao que o PSG, xunto cos concelleiros do BNPG, do PCG e de EG se opoñían, entendéndoa como unha estratexia novamente dilatadora[1406]. Margarida Vázquez Veras (BNPG) acusábaos directamente de boicoteo[1407]. Esta concelleira especificaba ademais onde estaba un dos problemas fundamentais do rueiro:

> Hay una serie de trabas a cambiar determinados nombres que se pusieron en la etapa franquista y que van a seguir existiendo en la medida en que hay una clara voluntad política de los grupos municipales que aquí están representados[1408].

Deste modo, aínda coas notables deficiencias da proposta, consideraban que debía aprobarse, entendéndoo como un primeiro paso nun proceso máis longo. Así reflexionaba a concelleira Pura Barrio (UG- EG):

> Aún hoy, paseándose por las calles, por ejemplo los Cantones, se ve un cartel llamándole Avda. de Jose Antonio con un yugo y unas flechas que desde luego es un choque al momento histórico en que se vive[1409].

Pola contra o PSOE, con González Lage á cabeza, o CD con Quesada Zapato e a UCD coa intervención de Rey Pinchel mantíñanse na retirada da orde do día, que finalmente aprobouse tras un empate entre os votos a favor e en contra. O concelleiro de UCD comprometíase aínda así a levar a proposta ao pleno de setembro, o que, como vimos, levantaban a suspicacia dos concelleiros da oposición. Finalmente este último compromiso cumpriuse e a proposta aprobouse no pleno do 24 de setembro de 1982. Como sostiñan os concelleiros da oposición en diversas intervencións ao longo destes anos, esta sería unha primeira fase dun proceso no que se proxectaba unha segunda fase centrada na democratización do rueiro. Aínda así, fixarémonos agora no que se aprobaba posto que houbo cambios substancias co que se propuxera inicialmente[1410].

Primeiramente é importante sinalar a diferenza co proceso de Ferrol, onde o cambio aprobado en marzo de 1981 atinxiu practicamente en exclusiva ao cambio de nomes, e non a galeguización. Pola contra, no caso coruñés a proposta é de ambas as cuestións, galeguización e "democratización", ou "restitución dos nomes tradicionais". O debate e tratamento deste asunto no pleno de setembro foi longo. Tocáballe ao concelleiro de UCD, Jose Manuel Rey Pichel, expoñer unha proposta que presentaba como fusión entre aquela da comisión de decembro de 1980 e a de xullo dese mesmo ano 82 coas rectificacións que foron aprobadas polos grupos municipais de UCD e PSOE. Este último extremo é de especial relevancia posto

[1404] Acta do pleno do 30 de xullo de 1982, Arquivo Municipal da Coruña.
[1405] *Íbidem.*
[1406] Nunha primeira intervención Pura Barrio Val expresa que non se opón a que se retire da orde do día co compromiso de que volvese ao pleno en setembro, máis finalmente vota en contra.
[1407] Acta do pleno do 30 de xullo de 1982, Arquivo Municipal da Coruña.
[1408] *Íbidem.*
[1409] *Íbidem.*
[1410] Podemos analizar este feito soamente de xeito indirecto posto que nas actas do concello non figura a primeira proposta do rueiro, aquela paralizada en decembro do 80.

que as rectificacións que pactaban a UCD e o PSOE consistían no mantemento de certos nomes, entre elas a praza ao General Mola[1411]. Por presión da oposición isto votouse como voto particular, de xeito diferenciado do resto da proposta.

Existiron ademais deste, outros votos particulares, xurdidos das intervencións dos diferentes concelleiros. Entre elas, e de interese para a nosa investigación, destacamos o da concelleira do BNPG Margarida Vázquez, que entre outros, consideraba que a Plaza del General Franco debía substituírse pola "Praciña da Capitanía". O que por tanto corrobora o que xa se dilucidara, que na proposta de novo rueiro non se modificaba a plaza General Franco.

Antes de votar a proposta completa sometéronse a votación por separado estas modificacións. Destacamos deste proceso a actuación do PSOE, que votou xunto con UCD e CD a favor de manter o praza ao General Mola ao tempo que que votaba a favor da proposta da concelleira do BNPG de modificar a praza ao General Franco[1412]. Finalmente aprobouse a proposta, incluíndo estas modificacións e cos votos en contra de CD e UCD[1413]. Por primeira vez en actas dende que o asunto fora abordado por primeira vez en 1979 podemos acceder ao texto.

Nel detéctase un fenómeno curioso e que non foi exclusivo da Coruña, a galeguización de rúas mantendo nelas nomes de persoeiros relacionados co franquismo. Isto é, modificando soamente un "calle" por "rúa", coma no caso de "Ambrosio Feijoo", militar coruñés que tralo golpe de estado presidiu varios consellos de guerra en Galicia e Asturias, do comandante golpista "Barja", do procurador nas cortes franquistas Diego Delicado ou da rúa á División Azul. Ademais atopábanse "galeguizacións" que atinxían ao nome como a avenida do Xeneral Sanjurjo, o Viaducto do Xeneralísimo ou a praza do Xeneral Millán Astray. Aínda así eliminábanse algúns nomes franquistas, restituíndo os antigos, entre os que se atopaba a rúa ao General Mola. Un caso realmente curioso, posto que mentres a praza Xeneral Mola mantíñase no rueiro por acordo entre UCD e PSOE, a rúa pasaba a súa denominación tradicional, Rúa da Fonte de San Andrés. Tamén volvían á denominación tradicional os cantóns grande e pequeno, en lugar dos Cantones de Jose Antonio ou a xa nomeada, Plaza del General Franco que pasaba a ser a praciña da Capitanía.

En definitiva, os cambios de rúas franquistas limitábanse a tres únicos casos: á rúa General Mola, á praza do General Franco e aos cantóns de Jose Antonio. Os concelleiros dos partidos da esquerda nacionalista galega deron o voto positivo á proposta entendéndoa como unha primeira fase á que sucedería unha segunda fase de galeguización e democratización do rueiro. Durante o período da nosa investigación, isto é dende este 1982 ata o ano 1986, podemos corroborar que esta democratización non se produciu[1414]. É máis, a agrupación cultural O Facho, cando xa era alcalde Francisco Vázquez (PSOE), tralas eleccións de maio de 1983, denunciaba o incumprimento deste acordo de setembro do 82 que non se tería executado, quedando "practicamente en letra muerta a tenor de los hechos: nula realización global del

[1411] Ademais propoñían manter calle Pintor Sotomayor, Plaza Marqués de San Martín. E incluir dobre denominación en Calle Teniente General Gómez Zamalloa- Costa da Unión. Plaza de España-Campo da Leña. Acta do 24 de setembro de 1982, Arquivo Municipal da Coruña.

[1412] En canto ao voto do "bilingüismo" so votaron a favor UCD e CD, polo que se rexeitou.

[1413] Doce votos a favor (EG, BN-PG, PSG, PCG, PSOE). Sete votos en contra (UCD e CD). Acta do 24 de setembro de 1982, Arquivo Municipal da Coruña.

[1414] Novas en prensa do acordo municipal: "El nomenclátor, de nuevo al Pleno del viernes", *La Voz de Galicia,* 21/09/1982, p. 27; "El Pleno Municipal aprobó la creación de una orquesta sinfónica", *La Voz de Galicia,* 25/09/1982, p. 26.

mismo" [1415]. Ademais sostiñan como as novas rúas inauguradas dende aquela o facían en castelán[1416].

Funcionou pois a estratexia paralizante da UCD, coa complicidade activa do PSOE, que non cambiou a dirección política deste asunto cando acadou o poder en 1983. Pese a isto, a sociedade civil, representada aquí en diversas asociacións, mantivo a presión dende fóra[1417]. Neste senso aludiuse xa ao protagonismo da asociación cultural O Facho, onde salienta a actuación de Jose María Monterroso, o autor daquela primeira proposta de novo rueiro coruñés.

Entre as accións que esta asociación levou a cabo durante este primeiro mandato municipal cabe destacar o intento de colocación de placas conmemorativas nos espazos públicos de feitos ou figuras salientables da historia. Coñecemos este caso pola solicitude que facían ante o concello para a colocación desas placas e que podemos comprender como, en si mesma, unha medida de presión sobre este, que tiña lugar xa no temperán abril de 1980. Entre as placas destacamos aquela de homenaxe á primeira asemblea para a elaboración do estatuto de autonomía de 1936 ou aquelas en homenaxe a figuras do galeguismo como Pondal ,Curros ou Ánxel Casal. Deste xeito "O Facho tenta compensar en parte a ostentación doutros feitos conmemorativos que xulga aldraxantes para o tradicional talante libera e máis para a dignidade do pobo coruñés"[1418]. E por tanto denunciaba ese "nomenclátor de guerra" aínda vixente na Coruña.

4.2.4.2.2.Redondela: as rúas franquistas quedan sobre a mesa

Pese a que podemos considerar Redondela un dos concellos pioneiros na reivindicación memorialista, tamén no seo desta corporación atopamos exemplos de paralizacións de medidas. No pleno do 28 de xullo de 1980, O concelleiro Jose Blanco Puga (PCG), actuando como alcalde accidental foi o encargado de ler unha moción que compartía con varios concelleiros: a proposta de cambio de denominación de diversas rúas da vila. Pese a non asinar a moción recollida na acta, consideramos probable que nesta iniciativa participasen ademais dos concelleiros do PCG, os concelleiros de UG, grupo á que pertencía o alcalde Xaime Rei, así como os outros grupos municipais que apoiaban o goberno municipal. Recordemos que Redondela formaba parte do Pacto do Hostal[1419].

[1415] "O Facho pide al alcalde coruñés que se cumplan los acuerdos para la galleguización del nomenclátor", *La Voz de Galicia,* 21/10/1983, p. 28.

[1416] A modo de exemplo, en 2008 volve falarse de cambiarlle nome a rúas que se entende que foran modificadas daquela, como as placas dos Cantones de Jose Antonio. En: "La placa de los Cantones de José Antonio ya ha sido retirada", *La Voz de Galicia,* 17/07/2008. https://www.lavozdegalicia.es/noticia/coruna/2008/07/17/placa-cantones-jose-antonio-retirada/0003_6991814.htm

[1417] Como se relata en noticia de *Faro de Vigo* de xullo do 82: "con respecto al tema de la reforma y galleguización del nomenclator urbano coruñés, que se incluye en el orden del día del pleno de viernes, dos entidades culturales- la A.C. "O Facho" y AGAL- han enviado sendos escritos al alcalde, sobre determinados aspectos de la nueva denominación de las calles de la ciudad, coincidinedo ambas en que el cambio debe ser "equitativo, exhaustivo e global". O Facho, después de recordar que en tres ocasiones se dirigió a la Corporación para solicitar la reforma del nomenclator, pide que se acometa "dunha vez por todas, seguindo criterios galegos e democráticos : a nosa capital merece se quere seguir ao frente das iniciativas progresistas en Galicia, como ten estado históricamente". Por su parte a "Associaçom Galega da Lingua (AGAL) considera, entre otras coassa, que los nombres tradicionalies sean recuperados allí donde existieron y que se mantengan los que se conservaron y que se mantengan los nombres históricos coa grafía historica. En "Escritos al alcalde sobre el nomenclator", *Faro de Vigo,* 28/7/82, p.34.

[1418] "O Facho tenta instalar varias placas conmemorativas de feitos históricos coruñeses", *La Voz de Galicia,* 13/04/1980, p.55.

[1419] A través da diversa documentación consultada non puidemos aclarar o nome de todos os edís implicados na moción. Como veremos, se atendemos ás noticias en prensa, aludíase a esta iniciativa como unha proposta do goberno do concello e en concreto ao alcalde Xaime Rei. Ademais consultando actas de anos máis tarde, atopamos a referencia do concelleiro Emilio González

> Hace un año aproximadamente que el Ayuntamiento acordó cambiar la denominación de diversas calles del Municipio. Que siguiendo en esa tarea se pretende a través de esta Moción cambiar el nombre de algunas calles y avenidas para dedicarlas a honorables persona que mucho tiveron que ver con Galicia y que la conciencia popular hoy invoca[1420].

Nesta exposición de motivos resulta interesante a referencia aos antecedentes, isto é á medida que aconteceu pouco tempo despois da investidura do novo alcalde en 1979 (estudada no apartado 4.2.2.3.) entendendo esta nova moción como unha continuación daquela, e por tanto como parte dunha política de modificación do rueiro. As catro rúas ás que se lle quería modificar o nome levaban denominacións franquistas (Calvo Sotelo, Jose Antonio, Generalísimo e General Mola). Pero no texto da moción transcrita en acta non figura ningunha referencia a este feito, soamente se describe o por que dos novos nomes que se lles poría a esas rúas. Cabería preguntarnos se a alusión ao franquismo e a necesidade da súa eliminación non existiu ou se, pola contra, o secretario municipal non tivo a ben transcribir esa parte[1421].

Os novos nomes incluídos, tanto para a substitución dos catro franquistas como ante a inclusión de cinco nomes para rúas sen bautizar homenaxean a persoeiros destacados da cultura e a política galega, entre eles Ramón Cabanillas, que ao igual que en Moaña tamén fora secretario deste concello[1422]. Na intervención do voceiro de CD, Luís Crespo Barros podemos identificar algúns dos lugares comúns do contraenmarcado da memoria: a falta de utilidade da medida e o dispendio económico, por un lado, e o rancor polo outro.

> Hay que ser más constructivos y menos rencorosos**,** pues consideramos que no sería provechoso para el pueblo que las Corporaciones venideras siguieran nuestro desafortunado ejemplo. Y lo peor es que todo esto se hace con cargo al bolsillo de los sufridos ciudadanos, que nos han sentado aquí para que su dinero se utilizase en obras de utilidad y provecho[1423].

Pero baixo esta capa de xustificacións teríamos a cuestión de fondo fundamental, o cariz franquista de quen defende a medida. Recordemos que tanto a UCD como o CD tiñan entre os seus cadros locais unha ampla porcentaxe de persoas procedentes da elite local franquista.

O nivel de tensión na discusión chegou ao punto de que o grupo do CD solicitou ausentarse da sala de plenos cando se procedese á votación, pois non querían entrar "en el fondo de la Moción" e "no se prestan a juegos demagógicos y partidistas". O alcalde denegou ese permiso trala aclaración do secretario da posibilidade de votar abstención, aínda que os edís seguiron insistindo. Tamén seguiu a mesma actitude o concelleiro de UCD, Fernández Estévez, quen solicitaba a ausencia do salón de plenos. Estas actuacións, que poderían lerse como boicoteadoras ou disruptivas e que, como xa vimos noutros concellos, non foron excepcionais,

---

Iglesias, do PSOE, que se adxudicaba a autoría da moción (Segundo diversas noticias en prensa en 1983 pertencía ao PSOE. Non é un edil dos que comezaron ao inicio da lexislatura, por tanto non aparece na acta constitutiva, por iso non puido ser localizada a súa afiliación en base a estas).

[1420] Acta do pleno 28 de xullo de 1980, Arquivo Municipal de Redondela.

[1421] A través da consulta de numerosos arquivos municipais, puidemos detectar formas ben diferentes de redactar as actas. Dende aquelas nas que a transcrición semella ser palabra a palabra, estendendo nunha grande extensión a escrita de cada sesión, ata aqueloutras nas que o secretario realizaba un traballo de síntese máis ou menos profundo. Neste segundo caso atoparíase Redondela de xeito que non podemos acceder a todas as palabras textuais que se pronunciaron na devandita sesión plenaria. Tampouco dispoñemos dos textos que presentarían estes concelleiros ao pleno, isto é o texto da propia moción, ao contrario do que acontece noutros concellos, onde se conservan ditos expedientes.

[1422] A proposta completa: Rúa Rosalía de Castro (substituíndo a Calvo Sotelo), Eduardo Blanco Amor (a Jose Antonio), Castelao (substituíndo a Generalísimo), Mediño (substituíndo a General Mola). E as novas rúas serían en memoria de Pablo Iglesias, Alexandre Bóveda, Ramón Cabanillas, Celso Emilio Ferreiro e Curros Enríquez. Acta do pleno 28 de xullo de 1980, Arquivo Municipal de Redondela.

[1423] Acta do pleno 28 de xullo de 1980, Arquivo Municipal de Redondela.

semellan estar na base da decisión final do alcalde, aprobada por unanimidade, que propoñía deixar a moción sobre a mesa, coa fin de que a Comisión de Cultura emitise un informe sobre a proposta.

Por tanto Redondela, lugar no que se desenvolveron relevantes accións memoriais no período en estudo tamén sufriu a estratexia de "deixar sobre a mesa" as propostas de eliminación de rúas franquistas. Unha estratexia que tendeu a alongar os tempos para as aprobacións das medidas, incluso chegando a supor que o aprazamento fose definitivo. Este é precisamente o caso que nos ocupa, no que finalmente o cambio de denominacións de rúas franquistas non se chegou a realizar durante este primeiro mandato democrático.

Porén, o proceso continuou, coa proposta derivada á Comisión de Cultura. Pero a oposición á medida non se fixo agardar e xa en outono deste ano, isto é, un mes despois do pleno, identifícanse en prensa dúas novas nas que se manifestaban dous actores diferentes de Redondela. En primeiro lugar sinalar aquela procedente dun actor que non sorprende na expresión da súa postura contraria, a jefatura comarcal de Falange Española de las JONS de Redondela que manifestaba a súa dor e tristeza pola moción de cambios de denominación de rúas e tamén denunciaba a supresión de símbolos franquistas, uns símbolos "nuestros, es decir, de los españoles"[1424]. Por outra banda, en relación coa moción sobre o cambio na denominación de rúas, a asociación veciñal Los Ángeles expresaba a súa oposición ao cambio da rúa que afectaba a súa parroquia, é dicir a Avenida del Generalísimo, mediante un escrito dirixido ao alcalde:

> Al mismo tiempo que lamenta la mentalidad tercermundista de algunos ediles, que en vez de entregarse a tareas positivas en beneficio de la comunidad, se dedican a mantener una postura partidista y revanchista, queriendo por todos los medios borrar un trozo de la historia de España[1425].

Esta asociación recorría a un argumentario similar ao empregado polo concelleiro de CD. Neste caso tamén se despregaba o falso dilema ou dicotomía ao denunciar outras tarefas máis relevantes que facer, como se o cambio de nomes impedise esas outras políticas:

> Pide también un poco de cordura y que dediquen sus esfuerzos físicos y mentales para que la Avenida del Generalísimo sea una avenida bien urbanizada y no una mala carretera (...) Considera por consiguiente lesivo para los intereses económicos, sociales, mercantiles y profesionales de todos los vecinos de la zona el cambio de denominación de esta avenida[1426].

Nesta mesma noticia, onde se recollía a testemuña desta asociación de veciños, tamén se ofrecía a versión do concello, que sinalaba coma o proxecto de ampliación da Avenida "se encuentra ya aprobado y solamente falta que los vecinos cedan los metros precisos para poder llevar a cabo la obra". O que reforza esta utilización do "falso dilema". Pola súa banda o Concello e en concreto o alcalde Xaime Rei dirixira escritos a Academia Galega da Lingua, a Asociación de Escritores Galegos, entre outras entidades, solicitándolles apoio para a iniciativa[1427].

Deteñámonos agora no tratamento do tema pola prensa. Nas dúas noticias recompiladas o titular da nova ía dedicado ao mesmo feito: a oposición ao cambio de rúas por parte da

[1424] "Falange Española y los nombres de las calles", *La Voz de Galicia,* 14/10/1980, p.39.
[1425] "Por el acuerdo municipal de cambiar de nombre a varias calles de Redondela la asociación "Los Angeles lamental la mentalidad tercermundista de algunos", *Faro de Vigo*, 23/09/1980, p.44
[1426] *Ídibem.*
[1427] *Ídibem.*

asociación de veciños Los Ángeles. Isto é relevante, posto que enfoca o tratamento do tema cara o conflito e a oposición á medida salientando "el ayuntamiento de Redondela ha recibido una cierta contestación sobre su proyecto de cambiar el nombre de algunas calles de la villa"[1428]. Non coñecemos máis información arredor desta asociación. Tampouco sobre a evolución desta cuestión dos cambios dos nomes das rúas ata varios anos despois. Tanto a postura da asociación veciñal como a busca de apoios en diversas entidades do país por parte do concello evidencia o conflito creado arredor da mesma. O que á súa vez pode estar na raíz deste dilatado espazo de tempo no que non volvemos a identificar máis información. Ata 1982, é dicir dous anos despois, a raíz da moción dun único concelleiro do BNPG:

> Actualmente la nomenclatura municipal deja entrever la existencia de nombres en calles y plazas impuestas por el régimen político franquista. Esto, junto a la deficiencia que supone que determinadas calles carezcan de nombre, lleva a que el Bloque Nacional-Popular Gallego presente la siguinte Moción con lo que se pretende cambiar los nombres que para nosotros no son propios y al mismo tiempo dar nombre a las calles que actualmente carecen de él[1429].

Esta é a exposición de motivos da moción que presentou Jose Carlos Pazos Docampo, asinada o 29 de setembro de 1982[1430]. Propoñíanse vinte novas denominacións, entre elas o cambio de seis rúas franquistas. E precisamente neste punto da orde do día, incluíase o ditame da Comisión de Cultura, que como recordaremos, tiña o mandato dende había anos de tratar o tema que "quedara sobre a mesa". Así a comisión concluía que para tratar o asunto debería ser convocada unha reunión de representantes dos distintos partidos políticos con representación no goberno do Concello para estudiar o tema dado o "carácter consensual que debe rodear tales determinaciones"[1431]. Nesta ocasión o debate que xurdiu no pleno estivo protagonizado en gran medida polos grupos municipais da esquerda[1432]. Por unha banda o BNPG criticaba que se incluíse este ditame e non se tratase directamente a súa moción, así como tamén criticaba que a Comisión de Cultura establecera que o cambio de rúas tivese que realizarse por consenso e non por maioría[1433]. Por outra banda o alcalde amosábase incómodo coa proposta porque "supone cambiar las denominaciones de todas las calles de Redondela"[1434]. Finalmente aprobouse a suxestión do concelleiro do PSOE Emilio González Iglesias, quen se proclamaba autor da moción presentada dous anos antes, e que agora propoñía que a moción do BNPG "quedase sobre a mesa" para ser estudada pola Comisión de Cultura, como acontecera coa súa moción[1435]. A tensión que se pode palpar na transcrición deste debate, os poucos motivos de peso para paralizar de novo a cuestión, indícannos certo conflito entre os grupos municipais da esquerda, que xa neste ano 1982, tiñan ben lonxe o pacto de investidura, con disputas abertas en diversos concellos galegos. Non foi ata cinco anos despois, en 1987, cando se realizou o

[1428] "La Asociación de Vecinos "Los Ángeles" de Chapela se opone a que la Av. Generalísimo se llame Castelao", La Voz de Galicia, 23/09/1980, p.40.
[1429] Acta do pleno de 8 de novembro de 1982. Arquivo Municipal de Redondela.
[1430] Ter en conta que a tradución a bó seguro correu a cargo do secretario municipal do concello, neste ano Luís Regal Pavón.
[1431] Dictame da Comisión de Cultura, asinada o 28 de outubro de 1982. Acta do pleno de 8 de novembro de 1982. Arquivo Municipal de Redondela.
[1432] En canto á dereita, en concreto de novo o concelleiro de CD Luís Crespo Barros, este volveuse referir ao mesmo falso dilema, que "el tiempo debiera de emplearse en asuntos más importantes", negándose tamén a que o seu grupo participase en Comisións para tratar asuntos concretos. Acta do pleno de 8 de novembro de 1982. Arquivo Municipal de Redondela.
[1433] Ademais Pazos entende que non debería ser a Comisión de Cultura o que se pronunciase ao respecto e sí a Comisión de Gobernación, isto é o goberno do concello
[1434] A discusión entre alcalde e concelleiro ven a tenor de que se tivera incluido na orde do día. Pazos aproveita para denunciar que "hace tiempo que no se convocan sesiones ordinarias", e é que precisamente esta sesión do pleno é extraordinaria.
[1435] Acta do pleno do 8 de novembro de 1982, Arquivo Municipal de Redondela.

cambio de nomes de rúas, fóra, por tanto, do noso período de estudo. Aínda así durante o seguinte mandato, en concreto en 1984, este tema volveu levarse a pleno.

O caso de Redondela, con certo carácter poliédrico, é representativo do proceder memorial en boa parte dos concellos estudados, onde vai ser complicado atopar unha política global e si certas actuacións diferenciadas e que incluso poden amosar algunhas contradicións. Redondela, pese a ser pioneira na eliminación dunha rúa franquista e na inclusión dunha vítima, tamén é paradigmática da paralización das medidas, como no caso do nomenclátor franquista vixente na vila ata 1987.

4.2.4.2.3. A parálise da UCD. A permanencia das rúas de triste memoria: Pontevedra, Compostela e Ourense

Dos oito grandes concellos galegos catro foron gobernados por partidos do centro-esquerda e en todos eles promovéronse, en diversos grados, accións memoriais. Nos outros catro concellos, Ourense, Lugo, Pontevedra e Santiago de Compostela, os alcaldes investidos en abril do 79 pertencían á UCD, partido de goberno na administración central, partido tamén, xunto coa CD, onde se resgardaron boa parte das elites locais franquistas. Cabe pois, preguntarse, que aconteceu neles, se a chamada "democratización" do rueiro tivo cabida e de que xeito.

En liñas xerais a resposta é negativa, de modo que as principais incursións do tema memorialista nos consistorios foi realizada polos grupos da oposición, sen acadar o éxito. A excepción tratouse ao inicio deste capítulo, no caso de Compostela e Lugo, onde nos primeiros meses de goberno producíronse modificacións de varias rúas franquistas, a proposta dos edís dos grupos da esquerda. Uns feitos que se poderían supor influídos pola improvisación ou a ausencia dunha posición de partido neses primeiros momentos. Durante o resto do mandato ningunha outra acción memorial prosperou nestes concellos. Tampouco en Pontevedra e en Ourense, onde os intentos foron infrutuosos. Máis a mera existencia dun debate sobre esta cuestión, aínda que finalmente a iniciativa memorialista non se aprobase, reflicte como o tema era parte da axenda pública. Todo o cal desminte a versión ancorada no imaxinario colectivo de que memoria traumática non estaba presente neses primeiros anos do novo sistema.

En canto a Compostela, mencionouse con anterioridade a dúbida sobre a execución do acordo plenario de cambio de rúas a tenor do acontecido no pleno do 5 de novembro de 1979, isto é seis meses máis tarde, cando volveron aparecer as rúas xa modificadas na proposta asinada pola Comisión de Cultura. Tanto o PCG como a BNPG facía notar este feito. Ademais en canto ás demais rúas que quedaran pendentes no anterior pleno propoñíanse novos nomes, diferentes ao da proposta do PCG entre a que destacaba a inclusión dunha nova rúa a eliminar, Alferez Provisional e a ausencia de referencias a do 18 de julio[1436]. Tralo debate volveuse acordar por unanimidade que a proposta volvera á Comisión de Cultura para un maior estudo[1437]. O tema tardou dous anos en regresar a pleno, ata maio de 1981, e fíxoo dun xeito

[1436] Proposta completa: 1º-restablecer os nomes tradicionais das rúas de Enseñanza, Fuente de San Antonio Senra y Horreo. (General Aranda, Calvo Sotelo, General Mola e General Franco).; 2º Avenida Martínez Anido que pase a ser Castelao; 3º-Alferez Provisionail que se denomine Ramón Otero Pedrayo; 4º Plaza de Jose Antonio, substituída por Arzobispo Gelmírez.; 5ºsobre monolito a Rosalía de Castro; 6º topónimos en galego.
Tamén se da conta dun informe da comisión de cultura sobre os antecedentes nos nomes das rúas, un estudo que inclúe referencias a actas municipais da ditadura.

[1437] Acta da sesión plenario do 5 de novembro de 1979, Arquivo Municipal de Santiago de Compostela.

moi parcial, mediante unha proposta da Comisión de Cultura, e capitaneada polo concelleiro de UG Santiago Sayans, na "puesta al día" do rueiro, e coa urxencia de "impone la confección del plano de Santiago de cara al año santo". Pero nesta ocasión a proposta era moito máis reducida, coas únicas modificacións da praza de Jose Antonio[1438] por Castelao, Alferez Provisional por Otero Pedrayo e Martínez Anido pola denominación de Rey Don Juan Carlos[1439]. E por tanto quedaban fóra a do 18 de julio e a do mártir falanxista Matías Montero, que si estiveran na primeira moción de Luís Pasín (PCG).

No debate destacamos as intervencións realizadas polos concelleiros de UCD e CD, Manuel Ariza López e Ramón Martínez Reboredo, ao despregar o argumentario antimemorialista. A estes respondía o edil Santiago Sayans de UG defendéndose dun posible *revanchismo*. Ademais o concelleiro de PCG Francisco A. Candela queixábase de que pese ao cambio da rúa do Hórreo en anos anteriores, nos documentos oficiais do concello seguía figurando co nome de General Franco[1440]. Finalmente o alcalde non declaraba de urxencia o tema de modo "quedaba sobre a mesa". Ademais na súa intervención declaraba como a praza de Jose Antonio non era un nome "despreciable"[1441].

O asunto paralizouse *sinedie.* Desta proposta só se aprobou en meses posteriores a rúa ao rei Juan Carlos, nunha moción de Luís Pasín como concelleiro delegado de turismo na que só se incluía este cambio e se facía sen pasar polo trámite da Comisión de Cultura, motivo polo cal o seu presidente, Santiago Sayans, manifestaba a seu enfado[1442] . A moción foi aprobada por maioría, coa oposición dos edís do BNPG e a abstención de dous edís de UG.[1443]

De todo este desenvolvemento dos acontecementos podemos concluír, primeiramente, que a única medida memorialista do concello foi a aprobación dunha parte da moción do PCG en maio de 1979 mediante a que se lle devolvían os nomes tradicionais a varias importantes rúas de exaltación franquista. Ademais UCD e CD actuaron con persistencia no bloqueo das propostas que emanaban da Comisión de Cultura, comisión que estaba liderada por membros dos partidos do centro-esquerda. Por outra banda debe terse en conta a non execución palpable da moción de Pasín do 79, o cal denunciouse en pleno meses despois da súa aprobación.

En Pontevedra, a proposta de modificación do rueiro elaborada pola Comisión de Cultura non chegou sequera a ser debatido no salón de plenos municipal. A alcaldía recaera no candidato da UCD despois dunha polémica votación nunha corporación onde tiñan representación sete grupos municipais[1444]. José Rivas Fontán foi investido alcalde por ter sido a súa a lista máis votada, tras non acadar ningún dos candidatos a maioría absoluta dos votos, neste caso trece, como así estipulaba a lei. As contas xa estaban votadas e se sabía con antelación que o candidato da UCD contaría cos dez edís do seu grupo municipal e dos de CD, isto é dez votos e o candidato do PSOE sumaría once votos, seguindo os pactos asinados en Compostela polos partidos do centro-esquerda. É dicir, votarían por este candidato PSOE, PCG, BNPG e UG. Ademais os tres concelleiros da candidatura de Independientes votarían ao

[1438] Esta era coñecida como Praza Roxa por ser o lugar predominante nas manifestacións antifranquistas. Finalmente levará este nome, proceso que acontece fóra do noso período de estudo.
[1439] Acta da sesión plenaria do 26 de maio de 1981, Arquivo Municipal de Santiago de Compostela.
[1440] *Ibidem*.
[1441] Esta referencia a Jose Antonio ven a raíz de diversas intervencións que falan da confusión de que existira unha avenida e unha rúa, aínda que a rúa en teoría x afora modificada no acordó de 1979. En acta da sesión plenaria do 26 de maio de 1981. Arquivo Municipal de Santiago de Compostela.
[1442] Acta da sesión plenaria do 24 de setembro de 1981, Arquivo Municipal de Santiago de Compostela.
[1443] Os concelleiros: Aurora Plata e Agustín Díaz.
[1444] Resultados eleccións Pontevedra (1979): UCD (9), UG (6), Independientes (4), PSOE (3), CD (1), BNPG (1), PCG (1).

seu propio candidato ao que se sumaría a abstención deste último. Pero durante a votación producíronse dous votos nulos, de dous concelleiros de UG, os cales non pertencían a ningún dos partidos que formaban parte desta coalición electoral (isto é PG, PSG e POG), en definitiva eran considerados "independentes". O resultado non tería sido diferente se estes dous concelleiros seguiran a disciplina de voto acordada pois ao non acadar a maioría absoluta gobernaría a lista máis votada. Máis a nivel simbólico e para a estabilidade das seguintes investiduras este feito producía un forte impacto. A débil consistencia do Pacto do Hostal, que como xa vimos fendeu na Coruña ao pouco tempo, sumábase a propia actitude dos medios de comunicación. Neste sentido salienta o titular de *La Voz de Galicia*: "UG dio el triunfo a UCD"[1445], que posteriormente tivo que ser desmentido tras diversas queixas, entre elas da propia UG[1446].

En canto á cuestión do rueiro, o tema foi comunicado á prensa polo concelleiro Luis López de Guereñu (PSOE), en outubro do 1980, antes da reunión da comisión que trataría o asunto. Xunto a el formaban parte da comisión catro concelleiros máis, cun edil cada grupo, UCD, UG, PCG e Independientes. Deste modo podemos considerar que existía unha maioría de votos dos partidos do centro-esquerda na comisión. Ademais, semellaba que nesta existían certos consensos de relevancia en canto ao informe que ultimarían durante a devandita reunión, como modificar a praza de Calvo Sotelo ou a de Alféreces Provisionales. Por outra banda unicamente a concelleira da candidatura independente, Margarita Pérez Angulo, opoñíase a que a praza da Ferrería recuperase o seu nome fronte á Plaza del Generalísimo. Recordemos que esta é a mesma praza que dende uns anos atrás se modificaba na homenaxe a Bóveda, incluíndo un letreiro co seu nome. Ademais semellaba haber unanimidade en que a Alameda de Jose Antonio eliminase a referencia falanxista[1447]. López de Guereñu indicou que o criterio seguido era devolver as rúas o seu nome tradicional alí onde o tiveran. E soamente incluír novos nomes "en casos muy concretos y que tengan mucha relación con Galicia como es el caso de Cruz Gallastegui, Castelao o Bóveda". Ademais o edil denunciaba a actuación do secretario municipal, o que explica, en parte, a ausencia de máis información sobre esta proposta. Segundo López de Guereñu este funcionario devolvía as propostas á comisión co pretexto de que se agrupasen para ser tratadas en pleno: "hasta ahora hemos transigido con esas "devoluciones" pero en la reunión que vamos a celebrar se abordará el agilizar este tema, ya que creemos todos los miembros que llegó el momento[1448].

Porén, a parálise foi de longa duración. Trala revisión arquivística deste concello, o que podemos confirmar é a ausencia de mocións, informes ou propostas que se tratasen en pleno ou que se acordasen no concello durante este primeiro mandato. E, é máis, podemos soster que non foi ata 1996 cando finalmente se abordou a modificación das rúas franquistas[1449]. Esta reticencia a abordar a cuestión das rúas franquistas confírmao o propio alcalde José Rivas Fontán en 1982 en relación coa sinalización das rúas que se levaría a cabo na vila do Lérez:

[1445] "UG dio el triunfo a UCD", *La Voz de Galicia,* 20/04/1979, p.36.

[1446] Queixas: "Puntualizaciones de UG sobre las votaciones para la alcaldía de Pontevedra", *La Voz de Galicia,* 21/04/1979, p.29. e en "Cartas al director: "UG y la alcaldía Pontevedra", *La Voz de Galicia,* 21/04/1979, p. 63. Rectificación: "UG no dio el triunfo a UCD en la votación para alcalde de Pontevedra", *La Voz de Galicia,* 21/04/1979, p.27.

[1447] "La Comisión de Cultura del Ayuntamiento estudia el cambio de nombres a calles y plazas de la ciudad", *La Voz de Galicia,* 02/10/1980, p. 26

[1448] *Íbidem.*

[1449] A modificación dalgunhas rúas franquistas, entre elas a Alameda Jose Antonio, General Mola ou División Azul realizarase na sesión plenaria do 25 de abril de 1996. Curiosamente no mesmo pleno pero noutro punto sobre o rueiro inclúese a Praza da Ferrería, indicándose que soamente aparecería ese nome na placa, pero sen mencionar o anterior. Arquivo Municipal de Pontevedra.

> Rivas Fontán manifestó en tal sentido su propósito inmediato de bautizar estas calles, y recordó su oposición al cambio de nombres que fue estudiado por la comisión de Cultura, pero que, sin embargo, nunca fue debatido en sesión plenaria. (...)Ahora-dijo Rivas-con más razón habrá que buscar primero nombres posibles a estas calles fantasmas, en lugar de pretender cambiar nombres que, con toda seguridad, originarían una fuerte controversia"[1450].

En canto a estratexias dilatadoras ou paralizantes, debe engadirse o caso do concello ourensán, alí o BNPG levou a pleno en dúas ocasións unha moción para a modificación do rueiro. Ambas veces "quedou sobre a mesa". A diferenza do que ocorreu en Lugo, onde finalmente se aprobara unha proposta intermedia que eliminaba algúns dos nomes ao mesmo tempo que blindaba outros, en Ourense non se produciu ningún cambio de rúas.

A primeira moción do BNPG foi levada a pleno en maio de 1980, relacionándose co Día das Letras Galegas e denunciando que se daba ese paso debido á demora e a final negativa de varios membros da Comisión de Cultura a tratar o tema. As dificultades para abordar a moción materialízanse na súa lectura que se tivo que facer no punto da orde do día de Rogos e Preguntas, isto é, non fora incluída como tal na orde do día do pleno.

A proposta constaba de dúas partes, primeiramente propoñíase a galeguización do rueiro e en segundo lugar formulábase un cambio de rúas. Este cambio presentábase en dous sentidos, en primeiro lugar na devolución de nomes populares e, en segundo lugar, na "sustitución de nombres de personalidades antidemocráticas por los de gallegos ilustres"[1451]. No texto "a modo de exemplo" incluíanse algunhas rúas a modificar. Por exemplo a rúa de Jose Antonio pasaría a ser a Rúa do Paseo, ou a de General Mola que se chamaría Carlos Maside[1452].

A moción foi desestimada grazas "ao consenso UCD-CD" e pese a que durante o debate se mantiveran abertos a derivala á Comisión de Cultura para un maior estudo ou dividila nas partes das que constaba[1453]. O BNPG insistiu en votala no seu conxunto, para evidenciar se, máis alá de aspectos concretos de rúas, aprobábase o "espírito da moción", sendo un xeito, pensamos, de apremar a unha corporación que levaba tempo bloqueando o asunto a través da Comisión de Cultura[1454]. Ao que o alcalde, Jose López Iglesias, respondía:

> Que en parte estaba de acuerdo con la moción, pero que podría haber grupos políticos que no lo estuviesen en el cambio de denominaciones como las de José Antonio y Calvo Sotelo[1455].

[1450] "Comenzó la rotulación de todas las calles de la ciudad", *La Voz de Galicia,* 19/04/1982, p. 23.

[1451] Aínda que resulta evidente que esta moción tivo que ser lida en galego, é transcrita nas actas en castelán.

[1452] Exemplos que se incluían na moción: Para galeguización: Praza do Ferro e non Plaza del Hierro; Para devolución nomes populares: Rúa do Paseo e non de Jose Antonio o Calvo Sotelo e Rúa do Progreso e non General Franco. Para sustitución por nomes de galegos ilustres: Rúa de Castelao e non de Capitán Ely, e Rúa Carlos Maside e non General Mola. En Acta do pleno do 8 de mao de 1980, Arquivo Municipal de Ourense, *sin* Z12,e7,s2, n4,122.

[1453] "Grazas al consenso UCD-CD, La Corporación municipal no aprueba el cambio de nominación de calles", *La Voz de Galicia*, 09/05/1980, p.27

[1454] Subscribían a moción os grupos do centro-esquerda PSOE e o PCG. Nas actas só aparecen o número de votos e non quen votou. Así sinaláse que houbo trece votos en contra e nove votos a favor. PSOE, PCG e BNPG suman eses nove edís. E UCD e CD sumarían en total catorce. Tendo en conta a non asistencia dalgúns edís e a existencia dun grupo independente con dous concelleiros. O máis probable é supor que así foron as votacións. Cuestión que se corrobora na crónica en prensa: "Grazas al consenso UCD-CD, La Corporación municipal no aprueba el cambio de nominación de calles", *La Voz de Galicia*, 09/05/1980, p.27

[1455] "Grazas al consenso UCD-CD, La Corporación municipal no aprueba el cambio de nominación de calles", *La Voz de Galicia*, 09/05/1980, p.27
É salientable que esta consideración do alcalde non está presente nas actas do pleno.

Ata dous anos máis tarde o tema das rúas non se volveu tratar no pleno municipal. E a seguinte vez que o fixo foi en relación cunha única rúa, a de Calvo Sotelo. Así o portavoz do grupo comunista Manuel J. Peña Rey Bouzas, aproveitando que nela se ían facer obras, pedía que se lle devolvese o seu nome tradicional de "calle del Paseo"[1456]. Esta proposta volveu contar coa oposición de CD e UCD. Trala votación, a edil do BNPG Milagros Freán Francisco pediu que ao igual que a súa postura fora explicada fixeran o mesmo os que se opuxeron a ela. A isto a presidencia respondeu cunha evasiva ao sinalar que a postura xa fora expresada na Comisión de Cultura "no seu día"[1457]. Esta declaración volve ser paradigmática da forma de proceder da UCD, inmobilista, pero resistente a declararse abertamente defensora da permanencia das rúas franquistas, para o que utilizaba diversas estratexias como intentar desviar a atención cara outros grupos políticos, aludir a urxencia doutros temas a tratar, ao custo económico ou simplemente evitar dar moitas explicacións, coma neste caso.

Dous meses máis tarde, de novo ante a conmemoración do Día das Letras Galegas, o grupo municipal do BNPG volvía someter a consideración do pleno a moción sobre galeguización, devolución dos nomes populares e substitución de nomes de personalidades antidemocráticas pola de galegos ilustres ás rúas e prazas de Ourense[1458]. Na moción incidíase:

> Resulta paradógico que cuando se dedican calles a gallegos ilustres, caso de Otero Pedrayo y Castelao, en Ciudades del Estado (Madrid, Cataluña, etc) asistan miembros de esta Corporación que por otra parte aquí no toman esa misma iniciativa en la Corporación de la que forman parte[1459].

Doutra volta a moción foi rexeitada cos votos de UCD e CD[1460]. Durante o debate consideramos relevante unha discusión que se produce entre un edil de CD e outro do de BNPG, podendo consideralo un dos debates máis directos sobre este tema que figuran nas actas municipais dos concellos analizados. Manuel Rodríguez Suárez (CD) queixábase pola consideración de "antidemocráticas" das rúas da cidade considerando que o cualificativo de democrático é debatible e subxectivo. A isto respondía Norberto Tabarés (BNPG) que consideraba a democrática unha actitude obxectiva:

> Por ejemplo en el año 1936 hubo una sublevación-Alzamiento Nacional-contra el régimen constituido. Lo que siguió a eso, no fue democrático. Y pregunta: ¿tales personas fueron democráticas?

Á súa vez Rodríguez Suárez respondíalle que confundía persoas con gobernos, "es preciso juzgar a una forma de gobierno y no a una persona". Á súa vez Tabarés recalcaba como as persoas se lles xulgaba polos seus feitos[1461].

Un ano antes, publicárase un artigo denunciando a falta de memoria do concello ourensán sobre Alexandre Bóveda na súa vila natal. Nel, ademais de anunciar a ofrenda floral que tería lugar no cemiterio de San Amaro, en Pontevedra sinalaba: "na nosa cidade non hai unha rúa, unha praza ou un monumento adicado a Bóveda, que merecía millor que moitos outros, pero si

[1456] Acta da sesión plenaria do 11 de marzo de 1982, Arquivo Municipal de Ourense. Sin Z12 e7s2, n4,124.
[1457] *Íbidem.*
[1458] *Íbidem.*
[1459] *Íbidem.*.
[1460] Segundo consta na acta: 12 votos en contra (UD, CD, y Sr. Carbajales. 10 votos a favor de PSOE, PCG, BN y Sr. Saa. En Acta da sesión plenaria do 13 de maio de 1982, Arquivo Municipal de Ourense, *sin* Z12 e7s2,n4, 124. En prensa identifican dous concelleiros de Independentes que votaron tamén en contra da moción. En "Oposición a la absorción de "Fenosa" y plan contra incendios forestales", *La Voz de Galicia* 14/05/1982, p.44.
[1461] Acta da sesión plenaria do 13 de maio de 1982, Arquivo Municipal de Ourense, *sin* Z12 e7s2,n4, 124.

siguen as placas de rúas con nomes de triste memoria"[1462]. Van ter que pasar moitos anos para que isto ocorra, e para que as rúas de "triste memoria" abandonen definitivamente as rúas ourensás. A polémica continuou e como veremos no seguinte capítulo, manifestarase con dureza e teimosía no segundo mandato municipal.

4.2.4.3.A inclusión das vítimas: entre a memoria e a desmemoria

A modificación dos rueiros franquistas que se produciu nunha parte considerable dos concellos incluíu nomes de reemprazo. Ademais, o proceso expansivo da urbanización das cidades e vilas traía aparellada a apertura de novas vías ás que había que bautizar.

Táboa 15. Inclusión do nome de Castelao e Bóveda no primeiro mandato democrático nos concellos galegos (1979-1983)

Denominación de rúas ou prazas	Concellos
CASTELAO (8)	Soutomaior
	Ferrol
	Vigo
	Santiago de Compostela
	As Pontes
	Corcubión
	Lugo
	Moaña
BÓVEDA (5)	Ferrol
	Vigo
	Vilagarcía de Arousa
	As Pontes
	Santiago de Compostela

Fonte: elaboración propia en base á documentación municipal.

Neste contexto emerxeron os nomes das "vítimas referenciais" de Galicia como persoeiros destacados da cultura e a historia galega que debían ser homenaxeados. Entre poetas e escritores, Castelao e Bóveda constituíronse como algúns dos nomes que máis se repetiron nas localidades galegas estudadas, o que se resume na Táboa 15. Ademais dos acordos que saen adiante, tanto Castelao como Bóveda estaban presentes nas propostas de modificación que foron truncadas. Esta dinámica de colocación destes dous persoeiros-vítimas nos rueiros continuou no segundo mandato municipal.

Debe terse en conta que a decisión de colocar a estas dúas persoas nos rueiros non tiña por que obedecer necesariamente á intención de facer visible a memoria traumática ao ser referentes do galeguismo, máis alá da súa condición de vítimas. Ao que Castelao sumaba a súa vertente artística, a única que durante o franquismo era posible facer visible. Neste sentido, resultou unha dinámica habitual que nos novos rueiros das localidades galegas se incluísen persoas destacadas da cultura e do galeguismo. Persoas que aínda que non directamente relacionadas coa violencia desatada tralo golpe de estado, si poden incluírse no fenómeno de negación desenvolvida a partir dese momento. Rosalía de Castro, Curros Enríquez, Eduardo Blanco Amor, eran persoas incómodas, persoas negadas polo réxime. Persoas que, por outra banda,

[1462] X.P.R.: "Alexandre Bóveda, ourensán e galego de pro, prácticamente descoñecido na súa cidade", *La Voz de Galicia*, 16/08/1981, p. 29.

comezaban a reivindicarse publicamente dende as institucións a partir deste ano 79. Por outra banda, como xa se tratou no anterior apartado, é destacable a presenza nos novos rueiros doutras persoas que foron tamén vítimas da violencia franquista, pero que a súa referencialidade era dun ámbito local. Principalmente tratouse de alcaldes e representantes públicos asasinados ou perseguidos tralo golpe de estado.

4.2.4.3.1.Os alcaldes e representantes públicos en Vigo

No caso de Vigo esta inclusión de vítimas produciuse xustamente ás portas das seguintes eleccións municipais. Aínda que, como xa indicamos, a proposta do alcalde para homenaxear a Bóveda, Castelao e Emilio Martínez Garrido tivera lugar só semanas despois de acceder ao cargo. Alexandre Bóveda acadou unha rúa nun acordo por unanimidade en abril do 82[1463] e un ano máis tarde, en abril do 83, acordábase homenaxear a dúas vítimas viguesas de especial relevancia pública. Por unha banda Enrique Blein Budiño e pola outra o xa citado Emilio Martínez Garrido. A primeira foi aprobada no pleno do 18 de abril do 83, quedando pendente a adxudicación da rúa concreta directamente pola Comisión de Cultura[1464]. A propia xustificación da proposta, ao describilo como "primeiro alcalde da II República" semella constatar que a data non é casual, coincidindo en proximidade co aniversario da II República. Así era descrito en actas:

> A voráxime da guerra civil, na que recibiu persecución e detencións, minaron a súa saúde e finou a súa vida cando aínda podería ter rendido moito máis no seu servicio a Vigo[1465].

A medida foi aprobada coas abstencións de tres concelleiros de UCD e un de CD[1466]. Este último Alberto Durán Núñez xustificaba a súa abstención por tratarse dun familiar de Blein, en concreto o seu "neto político", pero segundo a crónica en prensa era preciso ter presente que tamén se abstivera nun pleno anterior, aquel no que se decidira a rúa a Martínez Garrido[1467]. No caso de Emilio Martínez no pleno xa se acordaba a adxudicación definitiva da rúa tralo ditame favorable da Comisión de Cultura[1468]. Debido ao carácter sintético destas actas, non se pode afirmar se existiu ou non debate sobre a mesma. É posible que ao ser un asunto xa tratado simplemente se pasase á votación, máis como dicíamos as actas deste concello contrastan en brevidade con outros municipios, o que nos fai sospeitar de certa "síntese". Durante a votación abstivéronse Alberto Durán (CD) e García Picher (UCD), e votaron en contra outros dous concelleiros de UCD e CD[1469]. Ademais, tendo en conta o número total de concelleiros da

[1463] Anteriormente en febreiro do 82 fora a pleno pero non fora aprobada por non alcanzar o quorum. Acordo na acta do pleno do 29 de abril de 1982, Arquivo Municipal de Vigo, *sin* U.I. 95,EXP1.

[1464] Acurtamos falando de Comisión de Cultura, pero como xa analizamos en anteriores apartados, en cada concello esta cultura terá un nome e atribucións diferentes. Aquí Comisión de Cultura, Educación y Deportes.

[1465] Acta da sesión do pleno do 18 de abril de 1983, Arquivo Municipal de Vigo, *sin* UI 95 EXP-2.

[1466] Segundo a acta as abstencións son de: Alberto Durán Núñez (CD) (di que o fai por ser neto político de Enrique Blein), o concelleiro Fernández Gestoso, Julio Riera Nieves e Roberto Pérez de UCD. (Acta do pleno do 18 de abril de 1983, Arquivo Municipal de Vigo, *sin* UI 95 EXP-2). Pero segundo a crónica en prensa a estes temos que sumar o concelleiro Jose María García Picher (UCD). En: "La derecha boicoteó la aprobación inicial del plan de edificios a proteger", *La Voz de Galicia,* 19/04/1983, p.29.

[1467] "La derecha boicoteó la aprobación inicial del plan de edificios a proteger", *La Voz de Galicia,* 19/04/1983, p.29.

[1468] No mesmo punto da orde do día, tamén na proposta do alcalde aprobada pola Comisión de Cultura incluíanse outros dous nomes de rúa, ao pintor Urbano Lugrís e ao arquitecto Agustín Pérez Bellas. Foron votados por separado.

[1469] Votan en contra Barros Dacosta e Pernas Fernández. Acta do 3 de marzo de 1983, Arquivo Muncipal de Vigo, *sin* U.I. 95, EXP 2. Ademais o concelleiro Santomé Lozano (non sabemos de que grupo municipal) manifestaba que se ausentaría durante a votación.

corporación houbo dous concelleiros de UCD ou CD que votaron a favor[1470]. Unhas diverxencias que de novo fan evidente a ausencia dunha disciplina de voto practicada con rotundidade nos partidos políticos durante esta primeira etapa democrática. Os restantes dezasete votos foron afirmativos.

O 1 de maio, no Día dos Traballadores, tivo lugar un acto de homenaxe co obxecto de inaugurar as placas de rúas xa aprobadas en pleno, a do fundador do PSOE Pablo Iglesias, e tamén as de dúas vítimas, Emilio Martínez Garrido e Alexandre Bóveda. Pasaran catro anos dende a investidura de Manoel Soto, cando este prometera que a primeira rúa que inaugurase a nova corporación sería a do alcalde fusilado[1471].

> El alcalde de Vigo. Manuel Soto, procedió en la mañana de ayer a inaugurar nuevas calles de la ciudad, una vez finalizada la manifestación sindical de 1º de mayo, a la que asistió como militante de UGT. Las nuevas calles fueron dedicadas a Pablo Iglesias, Martínez Garrido (último alcalde socialista de Vigo, en 1936) y Alexandre Bóveda. En todos los casos numerosos vecinos siguieron los actos, en los que habló el alcalde justificando el porqué de los acuerdos municipales para conceder estos rótulos[1472].

Deste primeiro parágrafo da noticia, destaca o feito de que sexa a súa vinculación socialista, o que o redactor considere máis relevante para describir a Martínez Garrido, e non o feito de que fose o último alcalde democrático da cidade, como así se subliñaba no propio texto da moción. Cuestión que, por tanto, consideramos esconde unha sutil lóxica negacionista. Por outra banda, é salientable o feito de que o acto de homenaxe se realizase o mesmo día 1 de maio e xustamente despois da manifestación, o que lle confire un determinado carácter simbólico. Este feito, coincide co recordo que transmitían diversas fontes orais[1473]. A relevancia deste feito faise patente na presenza dunha filla de Emilio Martínez no acto:

> Soto se emocionó especialmente ante la placa dedicada a Martínez Garrido, que descubrió con la ayuda de una hija de su predecesor en la alcaldía viguesa. En sus palabras, el alcalde recordó la muerte de Martínez Garrido al comezar la guerra civil y recordó que esto le había servido de ejemplo durante la larga noche del 23 de febrero cuando existía una nueva amenaza de golpe de Estado.[1474]

Os cambios de rúas, foron obxecto da presión mediática cara estes novos concellos. Tamén en Vigo, onde *La Voz de Galicia* titulaba "Cuatrocientos millones de pesetas costará a la ciudad el cambio de nombres de algunas calles"[1475], unha noticia que máis ben semellaba ser unha

[1470] O número total de concelleiros eran vinte e sete, pertencía á dereita quince concelleiros, e á esquerda outros quince. Tendo en conta que houbo ausencias no pleno, ao menos dous concelleiros da dereita de UCD ou da CD votaron en contra..

[1471] "Manuel Soto promete una calle a Emilio Martínez Garrido, último alcalde democratico", *Faro de Vigo,* 04/04/1979. "Unánime actitud democrática de la nueva corporación", *Faro de Vigo*, 10/05/1979, p. 17. "A 1.071 millones asciende el patrimonio municipal", *Faro de Vigo,* 01/06/1979, p.19.

[1472] "Alexandre Bóveda, Martínez Garrido y Pablo Iglesias, nombres de nuevas calles de Vigo", *La Voz de Galicia*, 02/05/1983, p. 38.

[1473] Acontecera primeiramente, e antes da revisión sistemática das actas do concello e das fontes hemerográficas, a través dos recordos do vigués Xurxo Pérez quen asistira a actos nos que se modificaran nomes de rúas substituíndo as placas. Entrevista realizada a Xurxo Pérez por Iria Morgade (Vigo, 22 de novembro de 2016).

[1474] "Alexandre Bóveda, Martínez Garrido y Pablo Iglesias, nombres de nuevas calles de Vigo", *La Voz de Galicia,* 02/05/1983, p. 38.

[1475] "Cuatrocientos millones de pesetas costará a la ciudad el cambio de nombres de algunas calles", *La Voz de Galicia,* 15/03/1980, p. 36

columna de opinión e que incluía ese elemento básico do contraenmarcado, o do custo económico[1476].

4.2.4.3.2.Ánxel Casal en Compostela

En 1982, en Compostela votouse unha proposta da Comisión de Cultura para a denominación de novas rúas da cidade que pasarían a levar nomes de personalidades destacadas. Do total de vinte novas inclusións catro son nomes relevantes para a nosa investigación: Castelao, Alexandre Bóveda, Federico García Lorca e o alcalde fusilado de Santiago de Compostela en 1936, Ánxel Casal. O alcalde propón substituír este último nome polo de Portonovo aínda que finalmente tería retirado a emenda a condición de que se buscase outra rúa para a localidade pontevedresa[1477]. A medida aprobouse cos votos en contra dos cinco concelleiros, correspondentes cos grupos municipais de BNPG , PSOE e UG[1478]. Aínda que nin pola información analizada en acta nin pola crónica en prensa podemos atender ás argumentacións para esta oposición, máis alá de manifestarse en contra dunha rúa que ía no listado, en homenaxe ao Papa[1479].

4.2.4.3.3.A desmemoria de Fandiño en Moaña

En setembro de 1980, a Comisión de Cultura y Enseñanza de Moaña presentou ao pleno unha iniciativa relacionada coa nomenclatura urbana[1480]. Nesta ocasión o cambio sería integral, acordándose a numeración dos edificios e quedando pendente a denominación das rúas. Para isto último abríase un período de información pública durante o mes de outubro co obxectivo de que tanto os membros da Corporación como asociacións culturais, de veciños e a veciñanza en xeral formulasen propostas e suxestións de cara a elaboración, por parte da comisión, dunha proposta definitiva[1481].

Este tema non se volveu tratar ata dous anos despois, no fenómeno xa detectado de retraso ou suspensión das medidas memorialistas. E que proban as controversias que xeraban e que

[1476] Tamén en *Faro de Vigo*: Mariño, S. "De calle a rúa", *Faro de Vigo*, 30/05/82, p.24.

[1477] "Más de veinte calles compostelanas recibirán denominaciones vinculadas a la historia de Galicia", La *Voz de Galicia*, 03/11/1982, p.22.
Á proposta da comisión súmanse dúas peticións máis, a da asociación de veciños do Barrio de Vidán para homenaxear á mestra Victoria Míguez, a inauguración desta rúa foi un acontecemento en Compostela. "Setecientas personas tomaron parte en los actos de inauguración de la avenida de la Maestra Victoria Míguez", *La Voz de Galicia,* 22/11/1983, p. 34. E tamén a de darlle unha rúa ao médico Ramón Baltar (Acta da sesión plenaria do 30 de setembro de 1982, Arquivo Municipal de Santiago de Compostela.

[1478] BNPG: Rosa Vila e Manuel Antelo (cambiaran con respecto a 1981), PSOE: Juan Feans Parada e Miguel López Varela e UG: Francisco Torrente. Ademais votouse a emenda de Francisco Torrente sobre inclusión de Cura de Fruime en vez de Juan Pablo II. Votan a favor os mesmos que logo votan en contra da proposta no seu conxunto.

[1479] "Nombres de galleguistas para calles de Vite, Vista Alegre y Conxo", *La Voz de Galicia*, 01/10/1982, p.26. Máis información sobre as inclusión de nomes en Pousa, X.R.: "Más de veinte calles compostelanas recibirán denominaciones vinculadas a la historia de Galicia", *La Voz de Galicia*, 03/11/1982, p.22. Nesta última reportaxe, ampla, na que se describen as vidas dos nomes a incluír, no caso de Casal sinálase sobre o seu pasado traumático "fue detenido el 4 de agosto de 1936 y conducido a la cárcel de Santiago, donde estuvo hasta el día 19, fecha en la que apareció su cadáver en una cuneta de Cacheiras". Esta é a única referencia ao seu pasado traumático que atopamos, tanto en prensa como en actas do pleno. Por outro lado nesta reportaxe descríbese o asunto como se non pasase a pleno aínda, podemos quizais comprendelo como un retraso na súa publicación.

[1480] Segundo a intervención, dous anos despois, do concelleiro Suárez Núñez, no acta do pleno do día 12 de maio de 1982, esta proposta tería partido do grupo de Unidade Galega.

[1481]Acta do pleno do 26 de setembro de 1980, Arquivo Municipal de Moaña.

desembocaban, en numerosas ocasións, na estratexia de "deixalo sobre a mesa". Neste caso a cuestión volveu a un pleno extraordinario con motivo do Día das Letras Galegas do 12 de maio de 1982, xunto con, entre outras cuestións, a galeguización da toponimia[1482]. Temos que ter en conta que, en canto á eliminación de rúas franquistas, despois da eliminación da avenida Generalísimo, soamente quedaba en Moaña a rúa Alférez Provisional, cargo militar creado polo exército franquista durante a guerra debido á falta de oficiais suficientes entre os sublevados. Primeiramente dábase lectura a unha proposta dun concelleiro do PSOE, ausente no pleno. Tratábase do concelleiro Francisco Suárez Núñez, recordemos que se trataba do mesmo que en 1980 en relación coas rúas a Juncal e o cego Vidal sostivera que as denominacións das rúas non deberían estar "sujetos a los vaivenes políticos"[1483]. Dous anos despois, a súa posición parece ter cambiado de xeito radical. Foron, por outra parte, dous anos relevantes en canto a consolidación do sistema político, o que podería falar tamén dun maior grao de seguridade e un menor temor a un escenario violento. Así, no seu escrito expoñía varias propostas adicionais aproveitando o período aberto para propor suxestións á Comisión de Cultura e ao propio pleno. Así "sin menospreciar a los gallegos ilustres, de ayer y de hoy, sean ellos escritores, poetas, políticos o nacionalistas" Súarez propoñía o nome dunha vítima, o do que fora alcalde da vila José Fandiño Pidre ao considerar "honesto acordarse de los hijos de nuestra villa cuando, por circunstancias o facetas de su vida, tuvieron que pagar con su vida, su ideal y honestidad, para que nosotros hoy podamos honrarlo con el nombre de una calle"

> Fué un 31 de diciembre por la tarde del triste año de 1936, cuando lo llevaron a declarar para nunca más volver a ver a su mujer y a los dos hijos de corta edad: (5-2 años). Fué fusilado en el Castro de Vigo conjuntamente con cuatro justos vecinos más, después de dos meses de torturas y martirio. Y todo ello, compañeros, -como me contaba la viuda, mujer de 70 años y ciega- por el delito de ser bueno, honrado y negarse a vestir la camisa azul o fascista. Por todo lo expuesto, le ruego a esta Corporación el voto favorable al nombre de esta calle. "Calle del Alcalde Fandiño" o "Calle del Alcalde Mártir Fandiño"[1484].

O escrito do concelleiro, candidato a alcaldía do PSOE no 79, incluía outras propostas de nomes de rúas, pero ningunha explicada coa extensión e profundidade desta, dedicada ao alcalde Fandiño. Como se pode observar nela describíase tanto o seu percorrido como alcalde, como as circunstancias do seu asasinato. Salienta a referencia á dona do finado, coa que o edil socialista tería falado en datas recentes. José Fandiño fora asasinado tras ser xulgado en Vigo con resultado de sentenza de pena de morte. A súa casa fora embargada, polo que podemos comprender que a violencia exercida sobre a súa familia non parara coa súa morte[1485].

Trala intervención de Suárez Núñez expoñíase o informe da Comisión de Cultura que propoñía os cambios definitivos para as denominacións de rúas, tendo en conta tanto este informe do concelleiro como un informe da Policía Municipal, outras propostas verbais de membros da Comisión de Cultura e tamén o obxectivo de realizar unha contribución municipal ao Día das Letras Galegas. Comezando por este último aspecto, aparecían as rúas a Rosalía de

[1482] Durante esta primeira lexislatura nos concellos gobernados por sensibilidades galeguistas, iniciábase un proceso de normalización lingüística, tanto do que facer do concello (moi lento, posto que excepto no caso de Soutomaior onde é o propio alcalde onde toma o traballo de tradución das actas, en todas as demais o idioma oficial é o castelán) e tamén na toponimia e sinalización dos municipios (unha cuestión que se repite en boa parte dos concellos estudados, e que neste caso de Moaña trátase neste pleno monográfico).

[1483] Acta do pleno do 7 de abril de 1980, Arquivo Municipal de Moaña.

[1484] *Ibidem.*

[1485] Base de datos Nomes e Voces. http://vitimas.nomesevoces.net/gl/buscar/?buscar=jose+fandi%C3%B1o+pidre

Castro, Curros Enríquez e tamén Castelao[1486]. Nesta proposta definitiva da Comisión de Cultura, posuía unha relevancia especial a inclusión de nomes relacionados coa toponimia orixinal e coa valorización dos nomes das parroquias. Pola contra, non se incluían entre os nomes a modificar ao da rúa Alférez Provisional, a única rúa "franquista" que quedaba en Moaña. Tampouco se incluía a petición do concelleiro do PSOE de homenaxear ao alcalde Fandiño. A argumentación ao respecto non queda plasmada en actas, aludíndose simplemente a non entrar "en consideraciones de otro tipo" .

Por outro lado entre as propostas da Comisión de Cultura destacamos a rúa Banco Azul, en homenaxe "a los viejos, como símbolo de su lucha". O banco azul é moi coñecido na vila de Moaña, facendo referencia a un banco que se situaba a beira mesma do mar, lugar de reunión de mariñeiros e patróns, espazo de comunicación, de "coñecer as novas". Tamén funcionara tralo golpe como lugar no que se comunicaba información sobre os asasinados[1487]. Finalmente, de catorce nomes de rúas propostas pola comisión aprobáronse doce cambios. Destacamos o feito de que a rúa que levaría o nome de Banco Azul, por petición do concelleiro Riobó de UG finalmente denominaríase Fontecan.

Polo tanto foron precisamente as rúas ao Alcalde Fandiño e ao Banco Azul, aquelas que non foron incluídas na listaxe definitiva de cambios no rueiro. Perdíase, por tanto, esta oportunidade de homenaxear ao alcalde asasinado polo golpismo en 1936, seguindo a estela que emprendera este concello ao incluír o nome de dúas vítimas moañesas no seu rueiro dous anos antes. Preguntado sobre este feito o que era alcalde neste momento, Xabier Abalo, este non recordaba o debate, e referíase unicamente a cando finalmente foi incluído o nome de Fandiño nas rúas da vila, xa en 2009 a proposta do BNG[1488].

Deste xeito, podemos soster que esta proposta de homenaxe ao alcalde Fandiño en 1982 como tamén a homenaxe a Manuel Juncal en 1980, pasou á desmemoria. Ninguén semella recordar que, máis de vinte anos antes da homenaxe ao alcalde, un concelleiro levara o nome, levara a historia do asasinato de José Fandiño ao pleno municipal[1489]. Tampouco foi incluído nas crónicas sobre a proposta de rúas debatida e aprobada no pleno extraordinario do Día das Letras Galegas de 1982[1490].

[1486] A rúa Almirante Lobo por Castelao. En Moaña con esta denominación de rueiros, tamén coa participación no certame literario Eduardo Blanco Amor impulsado polo concello de Redondela e no que participarían cunha aportación de 25.000 pesetas. Acta do pleno do 31 de outubro de 1980, Arquivo Municipal de Moaña.

[1487] Entrevista a Luís Chapela realizada por Iria Morgade (Telefónica, 6 de decembro de 2023).

[1488] "Moaña honra al último alcalde de la República, José Fandiño Pidre", *La Voz de Galicia*, 15/04/2009. https://www.lavozdegalicia.es/noticia/vigo/2009/04/15/moana-honra-ultimo-alcalde-republica-jose-fandino-pidre/0003_7652932.htm .
Entrevista a Xabier Abalo realizada por Iria Morgade (Telefónica, 13 de decembro de 2021).

[1489] A consulta da crónica en prensa deste pleno axuda a encher os espazos en branco que ofrece a acta do pleno e que confirma o feito de que as intervencións, e incluso as transcricións dos informes non son literais, neste caso en torno á análise da situación do galego que se describía como asoballado, perseguido e reprimido. Cualificativos que non aparecen na transcrición do pleno en acta municipal Así, na crónica ofrécese o encabezamento do informe da comisión de cultura que sostiña "coidamos que é importante unha definición do Pleno da Corporación sobor da situación da represión que se sigue dando por feito de utilizar o idioma galego". Así sostíñase que o "idioma galego está asoballado e reprimido, que resulta un idioma perseguido e en peligro", sendo precisa unha política "que rompa a mecánica secular de postración a que se ve sometido". Así o informe da Comisión pedía a Corporación "denunciar as represións, amenazas, etc que se siguen producendo por utilizar o galego e pronunciamonos pra que non se impida, coarte ou reprima a súa utilización en ningún acto de carácter público, oficial ou privado, que se produzca en Galicia". En: "Defensa do idioma. Moaña", *La Voz de Galicia*, 25/05/1982, p.38

[1490] "Defensa do idioma. Moaña", *La Voz de Galicia*, 25/05/1982, p.38

4.2.4.4. As grandes permanencias franquistas

Pero deste primeiro mandato democrático nos municipios trala ditadura, tamén debemos achegarnos a outro feito de transcendencia que decidimos denominar "as grandes permanencias". Trátase da simboloxía franquista que permaneceu no espazo público, maila que foi obxecto de debate público. Neste fenómeno, que se repetiu en numerosas vilas e cidades galegas e do Estado español, pódense distinguir dúas dinámicas diferentes, a continuidade da simboloxía sen ningunha alteración, o que lle aconteceu á estatua de Franco en Ferrol ou as intervencións que intentaron "resignificar o monumento" axeitándoo ao relato dominante da reconciliación. Este é o caso da Cruz dos Caídos de Vigo.

Para achegarnos á cuestión das cruces en honra aos caídos debemos primeiramente facer unha diferenciación, entre aquelas cruces ou placas que se atopaban en lugares relacionados coa Igrexa, xa sexan templos ou camposantos, e onde os axentes memorialistas intentaron actuar "dende fóra" (e que se abordará no capítulo 5). E aqueloutras cruces que se atopaban en dominio estritamente público, e que no seu día foran colocadas baixo o amparo dos concellos. Neste caso se atopaba a *Cruz de los Caídos* de Vigo.

O monumento en honra aos *Caídos por Dios y por España* situado no monte do Castro, foi inaugurado en 1961. Dous anos despois de que o fixera o Valle de los Caídos, o monumento por antonomasia da ditadura franquista. Dende os anos trinta aos sesenta proliferaron cruces por todo o territorio estatal baixo a dirección dunha comisión especialmente creada para que se cumprise un canon de "nobreza" nos materiais e o deseño. Este proceso debe comprenderse enmarcado na política cultural do réxime franquista, que tiña como obxectivo a cohesión social a través do mito dos mortos. O concepto dos "Caídos" naceu inmerso na construción do estado-nación co seu momento cumio na IGM e o período de entreguerras, entremesturándose co nacemento do fascismo. Neste contexto emerxeu tamén o termo no Estado español, ao que o réxime franquista engadiu o compoñente reaccionario e clerical con ese *por Dios y por España.* Eran eses Caídos o símbolo da nova España, o piar do novo réxime (Del Arco, 2022).

Na Transición, ante a falta dunha política global que afrontase que facer con estas grandes moles, fundamentais no imaxinario franquista, desenvolvéronse dúas estratexias promovidas principalmente polos concellos, a retirada dos monumentos ou a súa resignificación. Ademais por suposto da inactividade, é dicir a permanencia da cruz tal e como estaba. A retirada podería implicar o seu traslado a outro lugar, con frecuencia o cemiterio, por exemplo en Granada no ano 1985 ou a súa eliminación definitiva, identificada por exemplo en Vitoria en 1990 (Del Arco, 2022, p. 290). Durante o período en estudo en Galicia identificamos dúas grandes resignificacións de cruces franquistas, e ningunha retirada completa.

No caso das resignificacións estas producíronse non soamente nas cruces senón que atinxiu a un número amplo de monumentos de exaltación franquista (Mir e Ramón, 2014, p.113). A resignificación consistía maioritariamente na eliminación dos escudos franquistas e a modificación das súas mensaxes, de modo que de homenaxear a eses *Caídos por Dios y por España* pasasen a facelo de "todos os mortos da guerra civil". Tratábase así de "readecuar a simboloxía, avogar pola integración e a reconciliación" (Del Arco, 2022, p. 287)[1491]. Deste modo da cultura da ditadura pasábase a esta nova cultura democrática onde o mito fundacional

[1491] Tamén se produciron outras resignificacións que cambiaban totalmente o sentido do monumento como en Vizcaya, que de honrar aos soldados franquistas pasaba a homenaxear aos gudaris que loitaran "pola liberdade de Euzkadi" (Del Arco, 2022, p. 287).

era esa reconciliación entre españois, entre os dous bandos que agora podían convivir en paz, e que o facían tamén nos propios monumentos franquistas.

4.2.4.4.1.A Cruz dos Caídos de Vigo

> Un artefacto hizo explosión a las cuatro de la madrugada de ayer, domingo, al pie de la Cruz de los Caídos, situada en las inmediaciones del Monte del Castro, frente al nuevo Palacio Municipal. La explosión destrozó una lápida de mármol del monolito sobre la que se encontraba todavía las coronas depositadas la víspera, con ocasión de los actos conmemorativos del primer aniversario del fallecimiento de Francisco Franco[1492].

Como xa se pode dilucidar con este fragmento da noticia situámonos en 1976, xustamente un ano despois da morte de Franco. O que non resulta unha data intranscendente posto que na cruz repousaban aínda as flores que os franquistas deixaran sobre o monumento o día anterior. A función de exaltación tanto da Falange como da sublevación militar e, en definitiva, do réxime franquista, foi fundacional deste monumento. Por iniciativa da sección local da Falange española y de las JONS, o concello de Vigo construíuno asumindo todos os custos da obra. Atópase ademais nun espazo de especial relevancia simbólica, nun lugar de violencia, a poucos metros da fortaleza que se empregara como centro de detención, como espazo de celebración de xuízos militares e inclusive dos fusilamentos. O monumento, inaugurado o 14 de setembro de 1961 polo propio ditador Francisco Franco, incluía o escudo franquista e o falanxista, xunto co da propia cidade[1493].

No ano 79, desta volta aproximado ao aniversario dos últimos fusilados do 75, volvía estoupar un artefacto no monumento franquista que apenas sufría danos[1494]. Daquela, ningún grupo reclamou a autoría do ataque. Un ano máis tarde, un operativo policial desarticulaba unha suposta organización armada, con doce detencións de persoas "presuntamente vinculadas co Partido Galego do Proletariado". A elas atribuíuselle, entre outros delitos, a colocación dos explosivos e o intento de facer voar a Cruz dos Caídos[1495]. Mentres isto acontecía, no monumento seguían a desenvolverse actos de homenaxe ao franquismo, como tamén pasaba ao longo do territorio do estado noutros lugares de exaltación (Del Arco, 2022, pp. 279-280).

Días despois da explosión, o día 3 de outubro dese ano 79 un grupo de persoas vinculadas coa extrema dereita celebraban un "acto de desagravio ante la Cruz de los Caídos"[1496]. Máis alá de ser unha resposta ao atentado, este tipo de actos en conmemoración do Alzamento eran habituais nos distintos lugares de exaltación e en datas sinaladas como o 20 de novembro ou o 18 de xullo. Como en Ferrol, onde as homenaxes tiñan lugar ante a estatua ecuestre de Franco e ao monumento aos Caídos situado na rúa Real[1497]. Ou na Coruña onde a ofrenda en honra ao

---

[1492] "Un artefacto hizo explosión al pie de la Cruz de los Caídos, en Vigo", *La Voz de Galicia*, 23/11/76, p.44.
[1493] Casado, D. : "La Cruz de O Castro. ¿Por qué esta bien que no caiga una cruz de los caídos?, *Contexto,* 18/12/2021. https://ctxt.es/es/20211201/Politica/38162/cruz-o-castro-vigo-memoria-historica.htm
[1494] "Un artefacto explosivo produjo escasos daños en la Cruz de los Caídos de Vigo", *La Voz de Galicia,* 27/09/1979, p.19.
[1495] Outros delitos que se lles atribuían: a tenza ilícita de armas e explosivos, o roubo de dinamita ou a voladora de casetas da autopista do atlántico. Entre estas persoas estaban Jose Luís Nieto e José Cid Cabido". En "Han sido doce las personas detenidas en relación con el "PGP" y la organización armada "LAR", *La Voz de Galicia,* 07/09/1980, pp. 42-43. . E en "Ingresaron en la cárcel de Vigo cinco presos gallegos trasladados desde Segovia", *La Voz de Galicia,* 23/07/1981, p.44
[1496] "Grupos de extrema derecha vigueses pretenden crear una "zona nacional" en la calle del Príncipe", La Voz de Galicia, 04/10/1979, p.21.
[1497] "Ferrol: Misa en el Pilar y ofrenda floral ante la estatua de Franco", *La Voz de Galicia,* 19/07/1978, p.21.

alzamento realizábase na Cruz aos Caídos situada na antiga Maestranza de Artillería, hoxe os Xardíns da Mestranza[1498]. En Vigo ante a Cruz aos Caídos do Castro tamén se celebraron homenaxes en 1981, no mesmo ano no que a cruz era obxecto dun punto da orde do día dentro do salón de plenos municipal[1499]. A Comisión de Cultura, conforme coa moción formulada polo propio alcalde, propoñía colocar unha placa na Cruz, tamén coñecida como "Monumento a los Caídos" coa lenda "a os mortos da Guerra Civil 1936-1939", e co desexo de "que no existan vencedores ni vencidos y no vuelva a haber otra guerra fratricida en este país y que el mismo pueda proseguir la andadura de democracia, libertad y paz"[1500].

Durante o debate da moción só se ten constancia escrita da intervención do alcalde, que quería corrixir unha palabra da inscrición. Así, en vez de mortos "da" guerra civil, consideraba máis oportuno que esta fose "mortos na guerra civil". A súa xustificación era concisa, considerando que así se expresaba de xeito máis correcto o significado do Monumento[1501].

A repercusión pública da medida semella limitada, unicamente tense un artigo de opinión con ton xocoso iniciado cun "en el último pleno municipal de Vigo intentaron no dejar en la ciudad títere con cabeza"[1502]. Na columna describíase como a decisión fora "cambiar la placa que hay al pie de monumento a los caídos por otra más apropiada a los tiempos que corren. La anterior hablaba de los muertos por Dios y por España y nombraba a José Antonio Primo de Rivera; pues bien, la actual rezará unicamente: "Polos mortos da guerra civil 1936-1939"[1503]

A medida, aprobouse por unanimidade no pleno coa puntualización do alcalde, é dicir en vez de "mortos da guerra civil", "mortos na guerra civil" o que finalmente plasmouse na placa. E se lemos con atención, e isto é de especial relevancia, o que se acordaba era a colocación dunha placa, pero en ningún momento o documento municipal indicaba a substitución, a eliminación dunha placa para colocar outra, como si se sostiña en prensa[1504]. Un ano antes, os concelleiros do PCG propuxeran o derribo completo da cruz pero a petición nin sequera fora debatida en pleno coa oposición rotunda do PSOE[1505].

Quedan moitas dúbidas que, polo momento, non se puideron resolver na súa totalidade ao redor das actuacións sobre este monumento que, a día de hoxe, 2024, segue en pé. Pola documentación da época só podemos constatar o acordo de incluír unha placa coa lenda "aos mortos na guerra civil", non tanto así que fose eliminada a demais simboloxía falanxista e franquista.

Para completar a análise deste feitos recorremos á documentación produto do proceso xudicial que iniciou a Asociación Viguesa da Memoria Histórica do 36. Esta asociación recorría a decisión do Goberno Local que non accedera a súa petición de retirar o monumento. Nunha sentenza asinada o 4 de setembro de 2014 obrigábase ao consistorio a esta retirada. Na sentenza

Tamén en Pontedeume en 1979: "Mariño Cea y Jesús Suevos presidieron ayer el acto falangista celebrado en Pontedeume", 19/07/1979, p. 23.

[1498] "Comunidado de Fuerza Nueva", *La Voz de Galicia*, 20/07/1979, p. 24.

[1499] A modo de exemplo, no ano 1980: ""Actos conmemorativos del "20N"", *La Voz de Galicia,* 20/11/1980, p. 27.; 1981: "Falange Española celebra diversos actos con motivo del 18 de julio", *La Voz de Galicia,* 18/07/1981, p.44 .

[1500] Acta do pleno do 30 de xuño de 1981, Arquivo Municipal de Vigo, *sin* U.I. 94, EXP 3.

[1501] Acta do pleno do 30 de xuño de 1981, Arquivo Municipal de Vigo, *sin* U.I. 94, EXP 3.

[1502] Na columna fala tamén da outra medida que se intentara aprobar no pleno (a eliminación do "reglamento de honores") que non se consigue segundo a xornalista por non ter votado o propio alcalde que se "despitou". En Parada, C. : "El alcalde estaba despistado", *La Voz de Galicia*, 07/02/1981, p. 44.

[1503] Parada, C. : "El alcalde estaba despistado", *La Voz de Galicia*, 07/02/1981, p. 44.

[1504] Non transcurso desta investigación no arquivo municipal de Vigo non é localizada máis documentos ou expedientes arredor deste feito.

[1505] Non atopamos información directa de esta proposta do PCG, unicamente o que aparece nas crónicas dos 2000, e tamén na demanda da asociación de memoria viguesa.

incluíase unha afirmación do propio concello que é de especial interese pois nela sostense que todos os símbolos de exaltación do golpe e da ditadura "fueron retirados por los servicios municipales tras la adopción por el Pleno de la primera corporación Municipal democrática del acuerdo alcanzado en su sesión de 30 de junio de 1981". O concello de Vigo defendía que "con esa declaración institucional os representantes do pobo de Vigo, dende o pluralismo político, dende a Constitución, superando as consecuencias da Guerra Civil e o réxime dictatorial posterior, manifestaron a súa vontade de reconciliación e concordia". Pero o xuíz sinalaba que debían terse en conta tres observacións de interese sobre ese acordo para o cal recorría á certificación ofrecida polo propio secretario xeral do pleno do concello en 2014:

> En el acuerdo de 30 de junio de 1981 se decidió por unanimidad colocar una placa en el conocido como "Monumento a los Caídos", con la leyenda siguiente: "Polos mortos na Guerra Civil 1936-1939", pero conforme certifica el Secretario Xeral del Pleno (...) no consta acreditación documental de la colocación de dicha leyenda; ni consta instalada ningunha placa con dicha inscripción ni tampoco consta realizado ningún acto de desagravio en el lugar en el que se emplaza el conjunto monumental en honor a los muertos del bando republicano ni de las víctimas de la represión franquista ni ningún acto público o institucional en dicho lugar que puidera contribuir a modificar el sentido simbólico inherente a todos los Monumentos a los Caídos erigidos durante la Dictadura franquista, sentido contradictorio e incompatible con los valores democráticos y con el propósito de reconciliación con el que se pretendió vincular al Monumento por el acuerdo municipal adoptado en el año 1981[1506].

Ademais sinalábase como a eliminación da simboloxía fascista non fora total, quedando aínda as figuras do mariño e o soldado cos emblemas dos tres exércitos. Tamén a cruz "con la carga simbólica inherente". Pese a que o fallo condenaba ao Concello de Vigo a proceder de xeito inmediato á retira do monumento, tralo recurso de apelación do concello ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, en febreiro de 2015 este revocaba esta decisión e desestimaba o recurso da asociación memorialista de Vigo[1507]. Pero o que aquí interesa é a propia descrición realizada polo primeiro xuíz e o secretario municipal en relación con cal fora exactamente o acordo municipal no 81 e sobre todo, a inexistencia de probas documentais das actuacións sobre o monumento. Resulta de especial transcendencia posto que se atendéramos exclusivamente a xustificación da propia institución municipal este indicaba como a eliminación da simboloxía franquista fora parte do acordo do 81. Pero como se puido comprobar coa propia lectura da acta, o que se acordaba simplemente era a inclusión dunha nova placa. Por tanto, a eliminación que supostamente fixeron os servizos municipais da simboloxía fascista foi en certo modo invisibilizada, sen emanar directamente dunha decisión colexiada da corporación municipal. E dicimos "supostamente" posto que polo de agora non puidemos constatar en que data concreta se fixo esta eliminación.

[1506] Sentencia nº 157/14. 04/09/2014. Xulgado Contencioso Administrativo nº2 de Vigo.
[1507] Sentenza 00054/2015. 10/02/2015. Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Imaxe 41. Placa datada en 1981. Cruz dos Caídos, Vigo



Fonte: fotografías realizadas por María Abal, abril 2024.
Nota: a placa está colocada na parte traseira da cruz e rodeada de arbustos que a fan inaccesible.

A isto debemos sumar outro interrogante. O da propia colocación da placa "aos mortos na guerra civil". Pese a que non existe no Concello, como se sinalaba na sentenza, acreditación documental da colocación, e pese a que despois desta investigación semella descoñecida para moitos dos actores implicados, ao acudir persoalmente a esta Cruz, identificamos nunha parte bastante oculta do monumento a placa datada en 1981 (Imaxe 41), e que nalgún momento estivo *vandalizada,* como figura no artigo da revista dixital *Contexto* de 2021. Neste caso por riba da placa pintouse: "a os mortos do golpe de estado"[1508].

A localización da placa nun lugar semi oculto, a propia mensaxe, igualadora de bandos, constitúen un exemplo prototípico do que foi en grandes liñas, o tratamento da memoria traumática durante o período en estudo, imbuída das lóxicas da reconciliación e, en definitiva, da desmemoria.

4.2.4.4.2.A estatua ecuestre de Franco en Ferrol

A estatua ecuestre de Franco situada na praza de España permaneceu inalterada durante o período en estudo. O monumento, de gran relevancia simbólica, foi unha das sete grandes estatuas de Franco a cabalo que se colocaron ao longo do Estado español (De Andrés, 2004, p.182) e retirouse en 2002 coa escusa da realización dunhas obras[1509]. Pero atopamos unha curiosa alusión a ela no consistorio moito antes, concretamente en 1979. Da lectura das actas municipais non se extrae a intención da eliminación desta enorme estatua do ditador a cabalo, pero o xeito de referirse a esta resulta en certo sentido paradigmática do seu tempo, das cautelas, indirectas, censuras e autocensuras que rodearon a todo aquilo que tivera que ver co franquismo.

[1508] Fotografía publicada en: Casado, D. "La Cruz de O Castro. ¿Por qué está bien que no caiga una cruz de los caídos?", *Contexto,* 18/12/2021. https://ctxt.es/es/20211201/Politica/38162/cruz-o-castro-vigo-memoria-historica.htm
[1509] Pita, R. "La última estatua de Franco en Galicia: de presidir Ferrol a acabar en un contenedor", *La Voz de Galicia*, 18/12/2022. https://www.lavozdegalicia.es/noticia/ferrol/ferrol/2022/06/11/ultima-estatua-franco-galicia-presidir-ferrol-acabar-contenedor/00031654962229270437275.htm

A referencia aparecía xustamente no debate arredor da autorización para a inclusión do monólito de Pablo Iglesias, que levaba a pleno a Comisión de Cultura, pretendendo que se colocase nos xardíns da praza de España[1510]. O concelleiro e tenente alcalde Arturo Otero, da UCD opoñíase a esta localización esgrimindo que se "podía romper con la unidad arquitectónica". Nesta praza estaba situada a estatua en honra a Franco e así comezaba unha especie de debate indirecto, coa intervención do concelleiro Xaime Quintanilla Rico quen sostiña que se propuxera esa praza "porque el otro señor xa estaba allí, ya quedó mirando para el caballo, por eso lo pusimos en la Plaza de España". Podería pois entenderse como unha sorte de provocación para falar desa outra estatua, ou de denunciar a incongruencia de mantela. No debate tomaron a palabra outros concelleiros que ademais de debater sobre outras cuestións simbólicas arredor de Pablo Iglesias, referíronse á cuestión da situación. Así o alcalde Jaime Quintanilla Ulla, analizaba o emprazamento na praza de España "al lado de un monstruo" e o concelleiro do PCG Jose María Millán consideraba que non debía autorizarse un monólito "al lado de un caballo" e "porque nadie diga que se buscan enfrentamientos, en mi opinión personal Pablo Iglesias se merece mucho más que estar frente a un gran caballo"[1511].

Finalmente o asunto quedou sobre a mesa, e non foi ata maio de 1980 cando ao pleno aprobou unha localización definitiva para a estatua de Pablo Iglesias, na praza das Angustias, lonxe da estatua de Franco[1512], e inaugurada o 1 de maio do ano 1981, con presenza do alcalde[1513]. Pero a polémica arredor da estatua de Franco foi máis alá, e segundo o historiador Jose María Cardesín entre 1983 e 1985 a corporación decidira retirar o monumento tomando como o exemplo o caso de Valencia. Na cidade levantina a corporación municipal decidira a retirada da estatua o 27 de abril de 1979 máis, pese á celeridade na toma da decisión, as presións sufridas dende a extrema dereita e o Exército, entre eles o tenente xeneral golpista Milans del Bosch, provocaron que a retirada tardara en consumarse catro anos. Durante este tempo grupos de extrema dereita realizaron ofrendas florais e colocaron bandeiras españolas ante ela[1514].

> El ayuntamiento ferrolano lanzaba la idea de trasladar la estatua de Franco, con la coartada -ya entonces- de un proyecto de construir un aparcamiento subterráneo en la plaza de España. Pero la oposición decidida de un sector de la población, encabezada simbólicamente por parte de la oficialidad de la Marina de Guerra, lo impidió [1515].

Polo momento non dispoñemos de máis documentación sobre estas intencións do consistorio municipal para retirar a estatua nos anos oitenta pero, en definitiva, o seu

---

[1510] Solicitado previamente ante o concello por Elvira Garata, representante de Unión Socialista Gallega- PSOE Histórico.

[1511] Acta da sesión do 27 de decembro de 1979, Arquivo Municipal de Ferrol.

[1512] Segundo a acta no xardín entre as rúas General Mola, Horacio Corenejo e Carretera de Cincunvalación. Acta do pleno do 27 de maio de 1980, Arquivo Municipal de Ferrol.

Esta decisión estivo precedida de diversas presións da organización política para que se tomase unha decisión. Ademais en prensa podemos ver as reunións, e accións desta organización para intentar que se decidise a autorización: "EL PSOE (H) desea instalar con urgencia el monolito a Pablo Iglesias", *La Voz de Galicia,* 11/03/1980, p.24. ; "El PSOE (H) podría instalar en La Coruña el monumento a Pablo Iglesias*", La Voz de Galicia*, 14/03/1980, p. 35. Nesta última nova fálase de que en pleno ante a posibilidade de Praza de España, decidírase colocalo en Esteiro, aínda que non localizamos ese acordo nas actas dos plenos). É posible que no 79 se aprobase que se ía colocar en Esteiro (nunha acta non localizada), e que como alí ía haber unhas obra quedase en *standby*, e que no 80 o PSOE (h) volvese insistir e por iso finalmente se coloca na Praza das Angustias.

Debemos sinalar tamén como na rifa co concello, o PSOE (H) referíase a súa necesidade de dedicar un monólito a Pablo Iglesias "xa que ninguén o fai" e tamén a Xaime Quintanilla Ulla . "USG-PSOE (H) insiste en la necesidad de dedicar un monolito a Pablo Iglesias", *La Voz de Galicia,* 07/02/1980, p.27.

[1513] "Ayer fue inaugurado en Ferrol el monumento a Pablo Iglesias", *La Voz de Galicia,* 02/05/1981, p. 43.

[1514] En (De Andrés, J. 2004, p. 180) e en Muñoz, M. "Una estatua ecuestre de Franco continúa presidiendo la plaza más importante de Valencia", *El País,* 10/06/1981. https://elpais.com/diario/1981/06/10/espana/360972032_850215.html

[1515] Cardesín, J.M. "El poder de las imágenes: Memoria histórica y acción política en la ciudad de Ferrol". https://www.ucm.es/data/cont/docs/297-2013-07-29-2-03.pdf

mantemento evocaríanos aquilo sostido por diversos historiadores en torno ao factor de bloqueo de accións da memoria que tería provocado o golpe de estado do 23F[1516]:

> El fracaso del golpe de estado en febrero de 1981 y la victoria del Partido Socialista en las elecciones generales de 1982 facilitaron las decisiones de este tipo, aunque bien es cierto que el resultado del 23-F moderó los ánimos en no pocos actores, conscientes del riesgo involucionista que se corría en caso de tensar demasiado las cosas. La fuerza de la extrema derecha en aquel momento, que luego, en las urnas, se demostró menor de la esperada, constituía un freno a la adopción de medidas de este tipo. Las nuevas autoridades locales, en no pocos casos, prefirieron evitar el conflicto directo limitando su actuación y posponiendo decisiones que se anunciaban conflictivas. Además, la extrema derecha disponía del respaldo de sus medios de comunicación (De Andrés, 2004, pp. 179- 180).

Como xa avanzamos non identificamos unha diminución significativa das accións memoriais tralo 23F aínda que resulta clara a influencia deste nos discursos contrarios ao memorialismo. Pero que, cremos, en definitiva viña a ser un factor que se sumaba a un contexto de resistencia franquista e de dominio do discurso da reconciliación, e por tanto do esquecemento, que xa era anterior ao intento de golpe.

4.2.4.5. Sen o Caudillo, a eliminación da exaltación franquista no nome de Ferrol

Dende 1938, e por orde do Ministerio do Interior do réxime franquista o nome oficial de Ferrol era "Ferrol del Caudillo"[1517]. No pleno do 31 de xullo de 1979, e como proposta da Comisión de Cultura, tratábase unha proposta para o cambio de nome da cidade, no senso de que esta recuperase o seu nome orixinal, isto é suprimindo ao ditador do mesmo. O debate que se xerou ao redor deste, volve evidenciar algunha das argumentacións básicas das organizacións participantes no mesmo. Primeiramente teríamos a postura defendida polo representante da UCD, Jesús Corzo Sierra, quen consideraba o asunto "sumamente grave y puede dar lugar a interpretaciones de revanchismo", despregando por tanto un dos fundamentos do contraenmarcado[1518]. Ía aínda máis alá o voceiro de CD, Ramón de Vicente Vázquez, quen consideraba que a proposta podía "traumatizar a parte de la población, considera que Francisco Franco fue un hijo ilustre de la ciudad, que los pueblos se enriquecen con sus hijos ilustres". Precisamente a súa solución non sería "ignorar a un hijo ilustre" senón poñer no seu sitio aos demais, como Pablo Iglesias.

De modo que entre os elementos do contraenmarcado da memoria empregados por este concelleiro inclúese ademais das frecuentes acusacións de *revanchismo,* de espertar odio entre españois e de supor un malgasto dos cartos públicos, a exaltación do franquismo. Aínda así, tanto o representante de UCD como o de CD, non construíron a súa argumentación contraria a eliminación "del Caudillo" nunha oposición frontal. A estratexia seguida era a de propor un referendo, como así explicaba o voceiro de UCD: "a fin de que sea el pueblo el que opine y se

[1516] Non detectamos información ao respecto da tese de Cardesín na nosa revisión das actas dos plenos durante o período en estudo.

[1517] Boletín Oficial del Estado, 1/10/1938, p.1548. https://www.boe.es/diario_gazeta/comun/pdf.php?p=1938/10/01/pdfs/BOE-1938-93.pdf&do=1

[1518] Acta do pleno do 31 de xullo de 1979, Arquivo Municipal de Ferrol.

acepte lo que decida la mayoría y entonces no habrá rencores ni odios. Y además así, no habrá grupos ni personas sino que será el pueblo el que decida"[1519].

Esta consulta foi a cuestión sobre a que pivotou, en boa medida, o debate que se xerou no salón de plenos. De modo que os voceiros do resto de grupos, defensores da eliminación do nome, incluían nas súas intervencións, argumentacións contrarias a esa proposta de referendo. O voceiro do PCG, Fernando Miramontes Vázquez, quen dende o 76 formaba parte dunha asociación memorialista[1520], sostiña:

> Este asunto no tiene ningunha gravedad. Lo podemos disentir tranquilamente y dentro de un marco democrático que es lo que aquí nos tiene. Se sorprende de que se haga la propuesta de un referendum sobre un nombre que fue impuesto. Todos tenemos derecho a opinar y vamos a dejar que cada uno exponga su interpretación y aquellas minorías que parecen no estar de acuerdo tuvieron y tendrán la oportunidad de presentarse a las elecciones. Cree que puede favorecer a la reconciliación en el que esa segunda parte del nombre de la ciudad desaparezca y así no nos acordemos más del pasado.

Así, tamén nas argumentacións daqueles que defendían a medida memorialista, podemos identificar os ingredientes básicos do discurso da Transición, do esquecemento e a reconciliación. Ingredientes que son identificables tamén na intervención doutro concelleiro do PCG, Fernando Blanco Aneiros quen acusaba á proposta de referendo da UCD de estar xerando "enfrentamiento en el pueblo". Esta foi, por tanto, a defensa do PCG sobre a medida, no senso precisamente de "esquecer" e na blindaxe desa "reconciliación" aceptada polo PCE a nivel estatal. Todo o cal identificamos como parte tamén dos discursos memorialistas no período en estudo. Pola súa banda o concelleiro David García Díaz (UG):

> Manifiesta que no creen necesario demostrar aquí que el franquismo fue una especie de caballo apocalíptico que cortó el desarrollo de la revolución histórica de los pueblos y hombres de España ni pretenemos fijarnos en las responsabilidades que el propio Franco tuvo en ese proceso. En definitiva, no haremos juicios de valor sobre lo que significaron Franco y el franquismo en la vida política, social, económica y cultural de los pueblos de España porque creemos que este juicio está ya hecho en parte por esos mismos pueblos del Estado Español cuando dijeron no a la Dictadura y si a la Democracia.

Tamén interviña no pleno outro concelleiro de UG Xaime Quintanilla Rico, isto é o fillo do alcalde polo PSOE Jaime Quintanilla Ulla, e por tanto neto do alcalde asasinado en 1936. Faino no senso tamén de remarcar o feito de que o pobo xa decidira elixindo a dezaseis concelleiros da esquerda fronte a nove da dereita. Por tanto a votación do referendo foi refutada mediante votación, pero tamén foi refutado o cambio do nome, pese a esa maioría de concelleiros dos partidos da esquerda favorables ao cambio. A razón estribaría na necesidade de que esta se aprobase coas dúas terceiras partes do pleno[1521]. Unha proporción que por un só concelleiro non alcanzaban os partidos do centro-esquerda sendo preciso o voto favorable dalgún edil do centro-dereita [1522]. A repercusión en prensa deste tema, e polo tanto a análise da

[1519] Acta do pleno do 31 de xullo de 1979, Arquivo Municipal de Ferrol.
[1520] Asociación de Expresos políticos (apartado 4.3.3.1.)
[1521] Para isto en acta faise referencia o Real Decreto 1041/79 no artigo 1 e aos artigos 22 e 30 da Lei de Réxime Local. Pode ser erro, en 1982 falan do RD 1014/1979.
[1522] No pleno non estaban presentes os dezaseis edís que pertencía aos partidos do centro-esquerda, debido á recente renuncia dun concelleiro do PCG, Vicente Couce Ferreiro, que por unha viaxe ao estranxeiro de longa duración renunciaba a súa acta (Acta do pleno do 31 de xullo de 1979, Arquivo Municipal de Ferrol). Aínda así o cálculo do número de concelleiros que conformarían as dúas terceiras partes fíxose en base a un total de vinte catro concelleiros, isto é descontando do total ao concelleiro que renunciara. Deste xeito daban un total de dezaseis concelleiros necesarios para a aprobación da medida,

hemeroteca, ofrece unha visión que completa a descrición desta polémica tanto en canto ao clima vivido no salón do consistorio coma ao acontecido nos días previos ao pleno. Primeiramente e pese a que nas actas municipais informábase de que a medida era unha proposta da Comisión de Cultura, en prensa especificábase como o grupo municipal que tivera a iniciativa fora UG. Por outra banda tamén se daba conta do rebumbio que causara esta nos partidos da dereita. Así, Ramón de Vicente, de CD, tiña consultado o tema aos líderes do partido:

> Concretamente a Manuel Fraga, "porque creemos que se trata de algo importante". Nuestro criterio y el criterio de Manuel Fraga es claro. Creemos que no procede el cambio de denominación. Queramos o no, la figura de Franco pertenece ya a la historia de España y nos parece que no es oportuno ni conveniente revisar esa denominación y mucho menos cambiarla"[1523].

Pola súa banda o grupo da UCD reunírase co comité local do partido, militantes e simpatizantes a mesma mañá do pleno para acordar unha postura conxunta. O voceiro, Jesús Corzo "se limitó a indicar que el asunto era muy importante y que los concejales de UCD tenemos que ser realistas y tratar de acertar lo justo, lo conveniente y lo que el pueblo desea en cada momento"[1524] A relevancia que lle confería o representante da UCD a esta iniciativa materializouse no salón de plenos ao día seguinte:

> Más de doscientas personas, con mayoría de izquierda pero con destacada y sonora presencia de la derecha -señores y jóvenes con banderas nacionales en sus ropas- siguieron los debates en torno al cambio de denominación de la capitalidad de este término municipal y protagonizaron situaciones marcadas por el nerviosismo ante las intervenciones, bien de los hombres de la izquierda bien de los de UCD y CD[1525].

Así, grazas a esta crónica podemos capturar a intensidade do debate. Por exemplo cando o concelleiro de UCD, Jesús Corzo fixo mención ao *revanchismo* con "aplausos de la derecha y abucheos de la izquierda"[1526]. Ou na intervención de Fernando Miramontes, de PCG, ao preguntarse sobre se o Caudillo fixera un referendo para incluír o seu nome na cidade "lo que le valió aplausos de la izquierda y algunas voces de "rojos, rojos", "somos españoles" por parte de la derecha"[1527] Como xa é habitual a crónica tamén serve para contrastar as actas dos plenos e as posibles "censuras" das mesmas. Comezando polo idioma no que se expresan os concelleiros de UG e o PCG, isto é en galego, pese a que nas actas aparezan en castelán. Ademais, pese a que en boa medida as intervencións plasmadas na crónica coincidían coas transcritas na acta, tamén se detectaron algunhas diferenzas de especial interese. Como no referente á intervención do concelleiro do PCG Fernando Miramontes, quen falaba da imposición do nome polo Ministerio de Gobernación en 1938 e aludía a que a decisión actual

sumando soamente quince os dos partidos do centro-esquerda. Pero ademais, se a conta se fixera en base a vinte cinco concelleiros, daría un número non enteiro: 16,67.Polo que teríamos que considerar que se precisasen dezasete concelleiros. Deste modo, na noticia publicada en prensa no mesmo día do pleno falábase da necesidade de dezasete votos a favor, e polo tanto da necesidade dalgún voto a favor dos partidos da dereita para que a medida fose aprobada ("Ferrol: no parece probable que la Corporación Municipal apruebe una propuesta sobre cambio de denominación de la ciudad", *La Voz de Galicia*, 31/07/1979, p. 38. E en: "No será modificada, de momento, la denominación de "El Ferrol del Caudillo", *La Voz de Galicia,* 01/08/1979, p. 18.

[1523] "Ferrol: no parece probable que la Corporación Municipal apruebe una propuesta sobre cambio de denominación de la ciudad", *La Voz de Galicia,* 31/07/1979, p. 38.

[1524] "Ferrol: no parece probable que la Corporación Municipal apruebe una propuesta sobre cambio de denominación de la ciudad", La Voz de Galicia, 31/07/1979, p. 38.

[1525] "No será modificada, de momento, la denominación de "El Ferrol del Caudillo", *La Voz de Galicia,* 01/08/1979, p. 18.

[1526] *Íbidem.*

[1527] *Íbidem.*

non se ía impoñer, "non vai haber un 19 de Xulio nin un millón de mortos"[1528]. É curioso sinalar como os concelleiros do PSOE non interviñeron, tanto se seguimos a acta do pleno como a crónica en prensa.

Tiveron que pasar dous anos para que finalmente a iniciativa resultase aprobada. Aconteceu debido á división na dereita e mediante unha proposta conxunta de UG, PSOE e PCG e tivo lugar poucas semanas despois da vitoria do PSOE nas eleccións xerais de 1982. As circunstancias que se deberon xuntar para que a medida saíse adiante reflexa as dificultades que seguiron imperando para a toma de medidas memorialistas[1529].

A moción, incluída na acta no seu idioma orixinal, o galego, argumentaba de xeito conciso o cambio de nome, "oxendía o nome El Ferrol del Caudillo non é vixente por responder a condicións políticas superadas"[1530]. Nesta ocasión, si temos constancia da defensa da medida polo grupo municipal socialista, quen semellaba levar a iniciativa. Así, ademais do tenente alcalde Celestino Llano, días antes presentaba a proposta ante a prensa o propio alcalde Jaime Quintanilla:

> Señaló que se trataba de una medida más, ya anunciada en la campaña electoral, a la que no debía dársele tanta importancia, "ya que, de hecho, nadie utiliza la expresión de El Ferrol del Caudillo, incluídos los propios organismos oficiales, por lo que tan sólo se intenta poner oficialmente lo que ya es de hecho, y no hay en ello ningún espíritu revanchista"[1531].

Pese a que esta medida fora asinada polos tres grupos, UG, PSOE e PCG a decisión de levala á pleno ese día 18 pode que non fose unha cuestión consensuada. Algo que é recollido na cobertura do tema polo xornal *A Voz de Galicia,* quen, como xa vén sendo habitual, deslizaba unha liña crítica con este tipo de medidas. Así, resaltábase como nin sequera algúns concelleiros do PSOE, tiñan coñecemento da proposta[1532] e recollían as declaracións de Fernando Miramontes, do PCG quen:

> No parecía coincidir con los socialistas en la oportunidad del momento. Fernando Miramontes insistía ayer en el hecho de que la ciudad tiene otros problemas, mientras que esta propuesta podría ser llevada a cabo más adelante, y, sobre todo, después de que el tiempo distanciase la abrumadora victoria socialista en las elecciones legislativas[1533].

Miramontes poñía sobre a mesa o que semella, pode explicar, en parte, o momento no que se levaba a cabo a proposta, a vitoria nas urnas do PSOE a nivel central, que podía actuar como un colchón de apoio para que o PSOE a nivel local fose agora o promotor do cambio. Estabamos en 1982, precisamente trala vitoria do PSOE, e no que unha cidade como Ferrol seguía levando o nome do ditador. Por outra parte, na noticia previa entendíase que o pleno podería ser tenso, e así recuperaban a descrición do que acontecera dous anos antes:

[1528] "No será modificada, de momento, la denominación de "El Ferrol del Caudillo", *La Voz de Galicia,* 01/08/1979, p. 18.
[1529] O Real Decreto 1014/1979 e artigos 22 e 30 da Lei de Réxime Local.
[1530] Acta do pleno do 28 de decembro de 1982, Arquivo Municipal de Ferrol.
[1531] "La Corporación Municipal recuperará hoy el nombre de la ciudad, que volverá a denominarse Ferrol", *La Voz de Galicia*, 28/12/1982, p.20.
[1532] Ademais poderiamos identificar unha estratexia de silencio dos grupos ante a prensa nos días previos posto que "al menos, en la mañana de ayer no querían, o no sabían, comentar nada al respecto, incluído el presidente de la Comisión de Cultura,el concejal Quintanilla Rico, hijo del alcalde de esta ciudad". En "La Corporación Municipal recuperará hoy el nombre de la ciudad, que volverá a denominarse Ferrol", *La Voz de Galicia,* 28/12/1982, p.20.
[1533] "La Corporación Municipal recuperará hoy el nombre de la ciudad, que volverá a denominarse Ferrol", *La Voz de Galicia,* 28/12/1982, p.20.

> La sesión en aquella ocasión, fue seguida por cerca de 250 personas, la mayoría de izquierdas, aunque las actuaciones más sonoras del público procedían de señoras y jóvenes de derechas, ataviados consignos de su ideología política y portadores de banderas de España. En esta ocasión es posible que también se establezca un servicio especial de orden, a cargo de la Policía Municipal, en colaboración con la Policía Nacional, según pudo saber este diario[1534].

O xeito discreto de levar esta iniciativa ao pleno, o establecemento dun servizo especial, así como os antecedentes do proceso vivido en febreiro de 1981 para o cambio de rueiros, que analizamos nas páxinas anteriores, evidencian como de delicado era o asunto, e as reticencias franquistas ás que tiña que facer fronte o Concello. Así, nesa estratexia de discreción á que aludiamos, a moción non foi incluída na orde do día, senón que foi lida por orde da presidencia[1535]. Na quenda de debate da medida a edil de CD María del Carmen Arcos despregou un discurso antimemorialista centrado na exaltación franquista, ao considerar "que Franco será historia y que es hijo de esta Ciudad", tamén acusaba ao alcalde de xa ter tomado a decisión con anterioridade posto que nos Saúdos da Alcadía "omite la referencia del Caudillo".[1536] Nese momento, como se recolle na crónica "hubo una sonora intervención del sector más amplio del público, favorable al cambio de nombre, con abucheos a la concejal de AP y gritos de "Pablo Iglesias también es historia"[1537]. Por outro lado o concelleiro de UCD García Ascaso anunciou que daría liberdade de voto aos seus concelleiros.

Deste xeito aprobouse a moción. Cos dezasete votos a favor dos grupos do centro-esquerda e o voto favorable dun dos concelleiros da UCD. [1538] Ademais producíronse dúas abstencións e os votos en contra de tres concelleiros, presumiblemente os dous do grupo municipal de CD e un de UCD[1539]. Faltaría por dilucidar se esta aprobación fora previamente negociada cos membros da UCD, ou se incluso a negociación traspasou o ámbito local. A medida quedaba aprobada no mesmo día en que o acabado de nomear gobernador da provincia, Domingo Ferreiro visitaba a cidade e no mesmo mes en que Felipe González era investido presidente. Para moitos a chegada do PSOE á Moncloa supuxo o principio da fin da Transición, comezaba o proceso de consolidación do novo sistema e Ferrol quedaba "sen o Caudillo".

[1534] "La Corporación Municipal recuperará hoy el nombre de la ciudad, que volverá a denominarse Ferrol", *La Voz de Galicia,* 28/12/1982, p.20.

[1535] Neste senso, na acta queda por escrito a necesidade de que a corporación declarase de urxencia a moción por estar ausente da orde do día, para que puidese ser tratada. Esta consideración de urxencia aprobouse, pese a postura contraria da concelleira de CD María del Carmen Arcos e do concelleiro de UCD García Ascaso que non consideraban urxente a moción e se amosaban molestos por non ter sido incluída na orde do día e enterarse da mesma pola prensa. O carácter de urxencia aprobase con 22 votos emitidos. Dezaseis a favor e seis en contra.

[1536] Acta do pleno do 28 de decembro de 1982, Arquivo Municipal de Ferrol.

[1537] "Restaurado el topónimo original de la ciudad de Ferrol", *La Voz de Galicia*, 29/12/1982, p. 39.

[1538] P obabilidade que xa se manexaba na noticia de prensa do mesmo día da votación, onde se falaba de Romero Pico, concelleiro de nova incorporación, que non estaba en 1979 e que "no se siente vinculado a aquella postura y tampoco se descarta la posibilidad de que Bastida Pozo, que pidó su baja de la UCD, se pronuncia también a favor de la moción" "La Corporación Municipal recuperará hoy el nombre de la ciudad, que volverá a denominarse Ferrol", *La Voz de Galicia*, 28/12/1982, p.20.

[1539] Na acta municipal no que respecta á votación só se describen o número de votos a favor, en contra e as abstencións, sen indicar a que grupo municipal pertencían, ou incluso o nome dos concelleiros implicados. Deste modo consideramos probable que fose ou Romero Pico ou Bastida Pozo un dos edís que votase a favor.
En: "Restaurado el topónimo original de la ciudad de Ferrol", *La Voz de Galicia*, 29/12/1982, p.39. E no Acta do pleno do 28 de decembro de 1982, Arquivo Municipal de Ferrol.

4.2.5.A memoria traumática no debate público. Un repaso ás posturas dos diferentes partidos

> Se pode non caber entre outras necesidades imprescindíveis, si é urxente que os novos concellos aborden dunha vez a oposta ao día do nomenclátor e particularmente é esta unha obriga para os maioritariamente de esquerdas e/ou nacionalistas: pois que isto demostra que a maioría dos veciños están en contra, entre outras cousas, do "nomenclátor de guerra" aínda vixente. Trátase de desterrar nomes de xentes alleas (Jose Antonio, Mola, etc) ou das que, sendo do país, nada fixeron por el (Franco, Calvo Sotelo) ou si contra él, e que, indefectivelmente, se figuran no nomenclátor non é por seren nosos paisáns, senón polo que todos sabemos: por pertenceren a unha ideoloxía concreta[1540].

Así encabezaba Jose María Monterroso Devesa, membro do PSG e da Asociación O Facho, o artigo que asinaba no primeiro número da revista *Man Común,* en agosto de 1980[1541]. Recordemos que Monterroso fora coautor do libro do PSG *As rúas da Crunha*, a guía para realizar a modificación do rueiro coruñés, libro no que se apoiara Domingos Merino nos seus intentos infrutuosos de modificar a nomenclatura urbana da cidade herculina. Dous anos despois da súa escrita e un ano tralas eleccións municipais, Monterroso facía balance da situación dos rueiros nas cidades e vilas galegas, incluíndo algúns dos titulares que emanaban dese ano de acción e inacción municipal. Todo o cal servíanlle na exposición dun decálogo para a elaboración dun "nomenclátor máis harmónico coa nosa realidade nacional e mais tamén se porá de manifesto outra faciana da libertade de expresión máis importante do que a primeira vista parece". Así, amosábase crítico ante a inacción do goberno coruñés, que como vimos, foi un dos concellos que sufriu maior bloqueo entre aqueles gobernados pola esquerda nacionalista. No decálogo incluía unha reflexión que amosa o enraizamento do discurso da reconciliación, desa dialéctica das cautelas ante o "revanchismo", e a dualidade dos dous bandos:

> Se non trata de, usando dun revanchismo barato que falaría ben mal de quen tal fixera, trocar o nomenclátor por outro de signo político contrário, até que, acaso catro anos despois, novos detentadores do poder puideran se sentir tentandos a un novo trocamento[1542].

Por outra banda Monterroso referíase a outros casos positivos como a primeira rúa a Castelao inaugurada en Arcade "o exemplo dunha vila... que nengunha cidade seguiu". Pese a aseveración de Monterroso sabemos da inclusión de rúas a Castelao en Lugo e nas Pontes a inicios dese mesmo ano 80. Poderíamos considerar que, ao non referirse a elas, implica certo descoñecemento que podería ter a causa simplemente nun despiste do autor ou porque eses acordos municipais non tiveran suficiente repercusión pública ou materialización nas rúas das cidades. Así mesmo, referíase Monterroso á modificación da rúa ao General Franco en Santiago de Compostela que describía como "o que é capaz de facer un goberno de dereitas... civilizado"[1543]. Ao contrario do que acontecía en Ferrol, que mantiña aínda o nome "de el Caudillo" pola oposición de UCD e CD, "non hai quen apee da besta... á direita", facendo un xogo de palabras coa estatua ecuestre que seguía e seguiría moito tempo en pé na cidade.

[1540] Monterroso, J.M.: "Consellos para concellos medoñentos", *Man Común,* nº1, agosto de 1980, p.26.
[1541] Monterroso, J.M.: "Consellos para concellos medoñentos", *Man Común,* nº1, agosto de 1980, pp. 25-27.
[1542] Monterroso, J.M.: "Consellos para concellos medoñentos", *Man Común,* nº1, agosto de 1980, p.26.
[1543] Isto ademais evidencia que, ao menos esta rúa a altura de agosto de 1980 si cambiara realmente a súa denominación.

Imaxe 42. Fotografía da Avenida de Franco en Ourense



Fonte: *ManComún,* nº1, agosto 1980, p. 26.

A fotografía principal da noticia era para Ourense onde a placa da Avenida Franco tachábase para incluír unha nova sinalización co nome tradicional Rúa do Progreso. Na reportaxe Monterroso incluía un subtítulo á imaxe "o que compre faguer: ilegal pero xusto". Unha actuación que, como xa se viu identificando, non se circunscribiu a Ourense, documentándose casos similares en varios concellos galegos e ante o que sería axeitado preguntarse se obedeceu a algunha operación planificada dalgunha organización. Ademais do rueiro, Monterroso detíñase no caso das numerosas placas e inscricións "colocadas ad hoc" e que deberían ter o mesmo tratamento que a nomenclatura:

> Tanta inscrición ou cruz de lembranza a uns caídos dun bando, nun país como o noso en que a represión se asañou especialmente, asoballado como el foi, desde os primeiros días do levantamento militar do 36. Tanto monumento a personaxes de triste memoria... cando lles falta aos verdadeiros persoeiros do ser e a cultura de Galiza. Tanta escola con nomes que nada teñen que ver co ensino integral, senón que o que fixeron foi o impediren a formación en profundidade e libertade dos rapaces galegos. Fica claro, pois, que todo isto compre eliminá-lo[1544].

Cabe salientar o que era o título deste artigo *Consellos para concellos medoñentos ou impotentes*, amosando así unha determinada lectura do que estaba acontecendo nos municipios galegos:

> Á vista do que fan uns -falcatruadas cabais que enroxecen a calquera cunha mínima vergoña- e á vista do que outros non fan -acaso amedoñados a raíz do que a outros terceiros non lles deixan facer... [1545]

Esta reflexión considerámola paradigmática da situación, xa non só do que acontecera ata ese verán de 1980 senón do que acontecería nos seguintes anos. Nas anteriores páxinas a análise detívose no acontecido no primeiro mandato municipal, cando se levaron a cabo as primeiras medidas memorialistas sobre a simboloxía no espazo público. Pero resulta primordial ter en

[1544] Monterroso, J.M.: "Consellos para concellos medoñentos", *Man Común*, nº1, agosto de 1980, p.27.
[1545] *Ibidem.*

conta que o fenómeno non se limitou a estes casos. A reportaxe de Monterroso revela o carácter global do mesmo e o interese político e social deste tema que o sitúa no debate público. Un debate que tamén certifican os intentos emprendidos en moitos outros concellos galegos por parte dos grupos da oposición de que se tomasen medidas memorialistas. Por exemplo en Tui, onde o concelleiro do PCG Martín Reijas manifestaba nunha entrevista:

> En este país "todos tenemos que desagraviar a todos" y creo que el mejor desagravio es aprender la trágica lección de la historia iniciando una etapa en que trabajemos unidos, por los intereses de la comunidad. Como dice muy acertadamente D. Santiago Alvarez, secretario general del PCG en este diario. Hay problemas más importantes que resolver que el del cambio de nombres de las calles. Si nos empeñamos en cambiar los nombres, creo acertado el de "Avenida de los Tudenses de la guerra civil"[1546].

Esta testemuña alén de servir de constatación de que o debate estaba tamén presente no concello de Tui, pon sobre a mesa a postura do PCG. Como sinalaba o concelleiro tudense, o líder comunista Santiago Álvarez xa se tiña pronunciado con anterioridade sobre o tema mediante unhas declaracións en prensa nas que amosaba abertamente a súa postura. Así, á pregunta: "Que piensas en relación con el cambio de nombres de calles, plazas, etc, por los nuevos ayuntamientos?" Santiago Álvarez respondía:

> Creo que hay cosas más importantes que hacer que cambiar el nombre de calles. En general, me pronunciaría en contra de todo lo que puede herir susceptibilidades, reverdecer viejas heridas, pasadas que, con el tiempo y una política prudente, debemos curar entre todos[1547].

Este parágrafo reprodutor da dialéctica da reconciliación e en definitiva do discurso antimemorialista, confirma a estratexia pasiva que en xeral desempeñou o PCG. Este partido, como se puido comprobar ao longo desta análise, e exceptuando o concello compostelán, non tivo nos concellos estudados unha postura propositiva ante o cambio de nomes franquistas, limitándose a apoiar na meirande parte dos casos, as iniciativas doutros grupos. Algo que, por outra banda, tamén evidenciaría o programa de acción do PCE a nivel nacional continuador da "Política de Reconciliación" que elaborara en 1956, e que se manifestaba na aperta ao novo sistema nado na Transición, mediante a asunción da coroa, da bandeira e, en definitiva do discurso da reconciliación, o esquecemento e o "non reabrir feridas".

Esta postura na cuestión memorial do PCG faise notoria no concello do Grove. Aínda que o caso dos rueiros franquistas constituíu a acción da memoria máis tratada neste primeiro mandato democrático, tamén foron obxecto do debate outras manifestacións franquistas no espazo público. Neste senso xa atendemos a casos como o da Cruz dos Caídos de Vigo e da estatua de Franco en Ferrol. No Grove, baixo a alcaldía de Xaquín Álvarez Corbacho, o único deputado do BNPG, Xosé Fuentes, realizou diversas solicitudes memorialistas que finalmente quedaron no baleiro[1548]. Destacamos aquela que foi a pleno en marzo do 80, e foi aprobada por unanimidade, debido a non asistencia dos concelleiros de UCD imbuídos nunha actitude boicoteadora[1549]. A moción do BNPG solicitaba a retirada do Monumento aos Caídos situada

[1546] "Encuesta a Martin Reijas", *Faro de Vigo*, 21/04/1979, p.32.
[1547] "Creo que hay cosas más importantes que hacer que cambiar el nombre de calles", *Faro de Vigo,* 17/04/1979, p.4.
[1548] Entre elas unha moción sobre os nomes das rúas, Fuentes denunciaba en marzo do 80 a imposibilidade de presentar a pleno a súa moción. Sen poder saber ata o momento a que se debía esa imposibilidade de tela presentado posto que os partidos de centro-esquerda tiñan maioría no consistorio (Resultados eleccións O Grove (1979): BNPG (1), PSOE (1), PCG (5), UCD (6.) En: "O Grove: el pleno aprobó la inmediata construcción de una guardería infantil", *La Voz de Galicia*, 09/03/1980, p.31.
[1549] En torno á actitude dos concelleiros de UCD, procedentes por outra parte do concello franquista anterior. En: "Charla con Xaquín Álvarez Corbacho, alcalde de O grove", *La Voz de Galicia*, 13/10/1979, p.17.

na praza co nome orixinario Fonte do Galo e a colocación dun monólito no cemiterio coa inscrición "Por todas las vítimas de la guerra civil 1936-39"[1550]. Pero pese a aprobación da iniciativa, o monumento aos caídos que presidía a entrada á vila continuou no seu lugar ata os anos 2000 cando a veciñanza se mobilizou para reclamar a súa retirada[1551]. Por outra banda tampouco foi retirada durante a alcaldía do PCG a vidreira policromada "co escudo do réxime, existente no axuntamento de O Grove", que tamén fora solicitado polo edil do BNPG e aprobada polo pleno. Non se fai ata 1986, cando o alcalde era Luis Caamaño de AP[1552].

A postura pasiva do PCG ten a súa excepción na moción de Luís Pasín en Compostela ou nas actuacións xunto co PSOE nas alcaldías de Vigo, Ferrol e Vilagarcía. Neste caso é importante ter en conta como estas medidas memorialistas estaban situadas dentro do discurso da reconciliación, desenvolvendo pois un argumentario memorialista acorde con este, e baseado precisamente na necesidade de esquecer.

Aínda así non puidemos detectar nin no PCG nin no PSOE, a existencia de directrices das direccións dos partidos en torno á simboloxía franquista nin a nivel galego nin español como si se detectaron para outros casos. Entre estes, en Cangas, concello gobernado polo PCG, na alcaldía de Jose Chavela, en coalición co PSOE, BNPG e UG, onde se aprobou un acordo que restituía o nome de Pablo Iglesias para unha rúa do concello. Esta acción, proposta do comité local do PSOE, que nese momento só tiña un representante no consistorio, pode lerse nun contexto máis global, se atendemos á comunicación que o senador do PSOE pola provincia de Ourense, Celso Montero, realizaba nese mesmo momento ante a prensa:

> Los socialistas pediremos que se devuelva el nombre de Pablo Iglesias a una de las principales calles de la capital y peticiones semejantes se harán en todos los ayuntamientos de la provincia donde el partido tenga alcaldes o mayoría de concejales socialistas[1553].

É probable por tanto que existise unha estratexia do PSOE a nivel estatal no ano no que se cumpría o centenario da fundación do partido. Unha estratexia global que, en definitiva, non detectamos para o caso da democratización da nomenclatura urbana. Por outro lado no debate desta medida en Cangas, interesan as opinións do edil López Villar, do propio PSOE ou González Molanes, do PCG quen propoñían que Pablo Iglesias substituíse á Avenida del Generalísimo ou a de Jose Antonio. Así mesmo o concelleiro do BNPG Mariano Abalo subliñaba: "no debe demorarse la decisión de sustituir las nominaciones fascistas de algunas calles de la población"[1554].

Esta inclusión da palabra "fascista" nas declaracións de Abalo escapa das marxes do discurso oficial. E é que, tanto BNPG como UG, levaron a cabo unha política diferenciada neste senso. En Marín, como presidente da Comisión de Cultura, o edil do BNPG Luciano Guimeráns convocaba unha rolda de prensa en novembro de 1981 para dar conta dun extenso programa de actividades que dividía en tres apartados globais, ensinanza, deportes e cultura. Dentro deste último anunciaba como se reporían os topónimos galegos e se estudiaría o cambio de rúas e

[1550] "O Grove: el pleno aprobó la inmediata construcción de una guardería infantil", *La Voz de Galicia,* 09/03/1980, p.31.
[1551] "Vecinos de O Grove recogen firmas para que se retire una escultura fascista", *La Voz de Galicia,* 31/05/2000.
[1552] "Gran cantidade de simboloxía franquista permanece aínda intacta". *A Nosa Terra*, nº298, 31 xullo 1986.
[1553] "Se pide el nombre de Pablo Iglesias para calles de algunos municipios", *Faro de Vigo,* 29/04/1979, p. 25.
[1554] Accedemos a esta información a través do expediente consultado no Archivo General de la Administración. Este expediente, do Ministerio de Gobernación garda a documentación relacionada con este cambio de rúa e outras dúas rúas máis (da que non se especifican cales son e que se cambiaran o 5 de xullo deste ano 79). O concello de Cangas pedira autorización ao ministerio para a modificación das rúas, aínda que realmente este trámite xa non era preciso, motivo polo cal atopamos moi poucos expedientes deste estilo. En Fondo 08 (01143), 53-03886, Archivo General de la Administración.

prazas. Na crónica publicada en prensa, como xa resultaba habitual na liña editorial de *La Voz de Galicia*, deslizábase unha mensaxe crítica cos cambios de nomes de rúas:

> Preguntamos si cuando decidan cambiar el nombre de plazas y calles lo van a hacer consultando al pueblo o simplemente por la "brava" como ya se intentó en una ocasión aunque simbólicamente. Y nos contestaron que cuando se lleve a cabo ese cambio será después de un estudio profundo y también después de hacer una consulta real y válida a los interesados[1555].

Interesa tamén a mención a un cambio " por las bravas" que se tería realizado no concello, e que nos pon sobre a pista de cambios simbólicos e disruptivos que xa temos documentados para outros concellos[1556]. Aínda que coa postura contraria da prensa xeralista sexa máis complexo acceder ao argumentario do BNPG e da UG, puidemos detectar un discurso memorialista diferenciado. Así, pese a que impregnado, en diverso grado, da dialéctica da reconciliación, tamén se poden apreciar importantes diferenzas. Por exemplo en torno a ausencia do nomeamento dos "dous bandos" ou da "necesidade de esquecemento". Por outra parte, non debemos pasar por alto o xa expresado por outros autores, en tanto en canto as argumentacións dos axentes memorialistas se enmarquen no discurso oficial máis como unha estratexia para acadar os seus obxectivos que como por formar parte das súas convicción (Serrano, 2016).

En canto ao BNPG podemos considerar a existencia dunha política xeral en relación cos rueiros das cidades e vilas e, en concreto, coa volta á toponimia orixinal. Neste senso abundarían as referencias á democratización das rúas, o que se traduce na eliminación das rúas con significado franquista. No caso de Ourense foron as mocións do BNPG practicamente o único que incomode a este respecto, nuns esforzos infrutuosos ante o bloqueo da UCD e CD. Similares propostas foron detectadas durante esta investigación en Redondela, Soutomaior e tamén en Santiago de Compostela[1557].

Neste último caso a concelleira do BNPG, Manuela Fraguela aludía a un documento programático que se tería presentado en todos os concellos de Galicia onde tiñan representantes[1558]. A través do concello de Soutomaior podemos estudar a moción, presentada neste municipio o 4 de maio do 79:

> Os concelleiros elexidos en toda Galicia do Bloque Nacional Popular Galego (...) según prometemos na nosa pasada campaña electoral imos loitar, dende as corporación municipais onde temos presencia, guiados por uns obxectivos políticos antimonopolistas e anticoloniais de efectiva conquista da soberanía nacional do noso pobo[1559].

A continuación sometían a consideración do pleno unha serie de puntos, entre eles a reforma do réxime local, a eliminación da cota empresarial, ou a defensa do idioma galego que

---

[1555] "Marín: La comisión municipal de cultura presentó un programa de actividades", *La Voz de Galicia,* 22/11/81, p.33.

[1556] Polo momento non atopamos referencia algunha máis sobre se este cambio de rúas acabou por realizarse, tendo en conta que o alcalde da localidade era o candidato do PSOE Jose Manuel Pierres Martínez.

[1557] Durante a nosa investigación intentamos acceder ao arquivo da UPG para poder dilucidar se existiu algún documento político da organización no que atender a esa estratexia común, con mocións presentadas prácticamente de igual xeito nos diversos concellos.

[1558] O caso compostelán como xa avanzamos no apartado da Metodoloxía, resultou o arquivo máis deficitario dos consultados. De xeito que nin sequera o que consultamos son as actas definitivas, posto que non estaban asinadas. Acta da sesión plenaria 31 de maio de 1979, Arquivo Municipal de Santiago de Compostela.

[1559] Acta da sesión plenaria do 4 de maio de 1979, Concello de Soutomaior. A diferenza do que acontecía noutras actas municipais, nesta transcríbese íntegro o texto, polo que podemos atender ás súas partes máis relevantes.

incluía "a urxente restauración dos topónimos do noso municipio ao galego" [1560]. Temos constancia documental da lectura deste mesmo manifesto en Moaña e en Fene[1561].

Ademais a edil nacionalista de Compostela aludía a outros escritos específicos sobre a cuestión da toponimia, presentados o 25 de abril e o 7 de maio do 79. Neste último instouse á restauración dos topónimos ao galego, e no do 25 de abril, a través dun escrito feito polo Frente Cultural da ANPG concretaríase "la petición de cambio de nombres para una serie de plazas". Por tanto, o que xa se foi detectando, a presentación de escritos ou mocións do BNPG arredor do día das letras galegas, atendeu a unha estratexia global do BNPG nese sentido, mediante a que se pretendía a galeguización e democratización dos rueiros.

A intervención da concelleira nacionalista, na que reivindicaba ter solicitado de diversas formas nas semanas anteriores a restauración dos topónimos, viña causada pola moción do partido comunista que presentaba ese día en relación cos rueiros franquistas. Así o BNPG buscaba o recoñecemento de ser os primeiros en pedir os cambios. Isto é, quería facerse patente que eles foran os primeiros. É importante ter isto en conta no senso da certa competencia ou rivalidade entre ambos partidos.

En Monforte con alcaldía da UCD, o BNPG tamén propuxo o cambio de rúas da vila en febreiro do 80, e pese a un momento inicial no que parecía que a medida sairía adiante, abríndose un período de suxestións "entre o público"[1562], finalmente rexeitouse no pleno do 11 de abril. E é máis, a través das comisións de Goberno e Cultura acordouse que para calquera asunto relacionado co nome de rúas da cidade, a petición debería ir asinada polas dúas terceiras partes da cabeza de familia de cada rúa. Un xeito claro de bloquear as medidas, habitual nas alcaldías de UCD[1563]. Aínda así existen algunhas excepcións na posición de bloqueo da UCD, xa o vimos co caso de Compostela, neses primeiros días de goberno, accedendo á modificación de varias vías franquistas. Tamén aconteceu en Carballiño, coa alcaldía en mans do seu candidato, Argimiro Marnotes , onde, ante a conmemoración do Día das Letras Galegas en 1981, dábaselle unha rúa a Rosalía de Castro ao tempo que se eliminaba a de Jose Antonio Primo de Rivera[1564]. Porén, durante un tempo conviviron as novas placas coas anteriores, o que causaba que, en definitiva, a acción non tivese o efecto que nun primeiro momento puidera atribuírselle[1565].

Nesta mesma dirección convén destacar o caso da Deputación de Ourense, cuxos escanos tamén eran ocupados por edís electos nas eleccións municipais. Foi na mesma sesión inaugural da nova deputación cando se retirou "un cuadro de grandes proporciones" na antesala do salón de sesións, que representaba o último parte de guerra dos golpistas[1566]. Esta retirada é anterior


[1560] Acta da sesión plenaria do 4 de maio de 1979, Concello de Soutomaior.
[1561] Perez, M. (2018). *Creación e transformación da cidade litoral: Moaña, 1950-1987. Política, urbanismo, vivenda e sociedade*. Tese doutoral. USC. p.364.
[1562] "Monforte: Purificación Otero Sánchez cubre la concejalía vacante por renuncia de Acacio Saco", *La Voz de Galicia*, 24/02/1980, p.32.
[1563] "Monforte, La Corporación aprobó la supresión de la pista municipal como medio de financiación de las fiestas", *La Voz de Galicia,* 13/04/1980, p. 50.
[1564] Diz, J.L. "Carballiño: dos nombres para una calle", *La Voz de Galicia*, 15/01/1982, p.35.
[1565] Tamén resulta curioso o caso de Cervo, coa alcaldía na UCD: No concello de Cervo as rúas da localidade de San Ciprián foron modificadas, en prensa non se especifican cales para saber se estamos falando de franquistas. Goberna UCD. No pleno do debate un edil de UCD, José López Gonzláez, discute acaloradamente cun concelleiro de CD, Javier Costas quen o acusaba de asfaltar a rúa na que el vivía. López González na defensa das obras en San Ciprián inclúe esta referencia: "Sobre la plaza del lugar de San Ciprián dijo López González que era un entorno de una gran belleza y que la fuente era una herencia política de un alcalde fusilado en el año 1936". En "La Corporación aprobó obras por más de 40 millones de pesetas y cambiar los nombres de calles en San Ciprián", La *Voz de Galicia,* 30/11/1980, p.34.
[1566] "Como estaba previsto, fue elegido Victorino Núñez Rodríguez", *La Voz de Galicia*, 27/04/1979, p. 20.

á mesma constitución da corporación, durante a cal o presidente electo, Victorino Núñez (UCD), pedía tamén izar a bandeira galega[1567]. Sabemos da retirada do cadro pola prensa, o que nos induce a pensar que este tipo de eliminacións de simboloxía das salas dos plenos de deputacións e concellos foi habitual, como así confirman tamén as fontes orais consultadas. Aínda que destas retiradas non quede constancia documental por non provir dun acordo plenario[1568]. A narración deste feito na crónica en *La Voz de Galicia* como un momento inaugural da sesión da Deputación, infrinxindo ao asunto dun ton un tanto cerimonial, contrasta co tratamento que se fai deste feito tamén en prensa, en concreto no *Faro de Vigo* uns días despois. Na crónica describíase a chegada do presidente ao despacho que tiña na sé municipal de Ourense, onde tamén era concelleiro:

> Recibió la visita de una mujer que al leer en un periódico que había sido retirado el retrato del general Franco, se lo pedía para su domicilio. Victorino Núñez Rodríguez tuvo que aclarar a la peticionaria que no había sido retirado retrato alguno sino que lo que había sucedido era que en la antesala del despacho de la presidencia al realizarse hace ya varios días la limpieza de las dependencias del palacio provincial, lo que se quitó fue una reprodución del último parte de la guerra civil española[1569].

Esta posición, moito máis belixerante co franquismo, sitúase máis acertadamente na liña da bloqueo que acometeu Núñez como presidente da Deputación durante os anos seguintes: na parálise da eliminación dos símbolos exteriores da ditadura, isto é, os escudos ou placas na fachada dos edificios públicos.

Gráfico 61. Postura dos principais partidos políticos en relación coas medidas memorialistas



Fonte: elaboración propia.

[1567] Na prensa referenciada en en Acta da sesión constitutiva do 26 de abril de 1979, Arquivo da Deputación de Ourense.
[1568] Aínda que as denominamos "actas", a documentación da Deputación de Ourense ten o formato de certificacións dos acordos por parte do secretario xeral da administración provincial.
[1569] "En su primera sesión extrarodinaria, la municipal permanente estudió asuntos estrictamente financieros", *Faro de Vigo,* 29/04/1979, p. 25.

En definitiva e como se plasma sinteticamente no Gráfico 61, pódense distinguir diferenzas relevantes na posición das principais organizacións políticas representadas nos consistorios galegos. Máis alá da división entre o centro-esquerda e o centro-dereita, a gama de argumentos, actitudes e accións desenvolvidas variaron notablemente. Dende a posición que máis abertamente defendía a simboloxía franquista, representada na CD, principal construtora do contraenmarcado da memoria, á posición do BNPG e UG, organizacións que se mantiveron á marxe do pacto da Transición e que, polo tanto, máis abertamente criticaron as herdanzas do réxime franquista. Neste senso é importante ter en conta a diferenza entre o BNPG, coa acción dominante da UPG, e a coalición UG, onde da posición máis crítica da PSG basculábase á actitude máis conservadora do PG, o que se viu con detalle no caso coruñés.

Por último quixéramos mencionar a posición doutra organización, a Falange, sen representación nos concellos pero que se manifestou sobre a cuestión do nome das rúas. En Lugo, por exemplo en pleno proceso de debate do cambio de rúas, dábase lectura a un escrito da Falange Española de las Jons Auténtica, unha escisión da Falange fundada ese mesmo ano 79, que reivindicaba o falangismo auténtico, desvinculándoo do réxime franquista. Así, ante a proposta de cambio de nomes de rúas do concello de Lugo, e en concreto dos fundadores da Falange, considera que estes nomes deberían cambiarse por outros xerais como Pueblo Español, Independencia Nacional o Concordia en aras de "recuperar su patrimonio histórico, desvinculándose del régimen del General Franco"[1570] Esta escisión da Falange xa actuara con certa autonomía nos anos anteriores, así no Congreso falangista celebrado en maio do 76 en Madrid,[1571] pedía "que desaparezcan de los lugares públicos los emblemas, banderas y retratos de los caídos falangistas, por estimar que no sólo confunden al pueblo español sobre la esencia y la finalidad del nacional-sindicalismo, sino que no está de acuerdo con la variedad de ideologías que configuran el panorama político español"[1572]. Era pois unha corrente que se quería desvincular do réxime franquista por non consideralo falanxista. Esta postura era contraria a mantida pola Falange que na sección local de Redondela en 1980 consideraba "tristísima" a eliminación de símbolos franquistas. Os militantes deste partido foron un dos actores fundamentais no proceso de contención das accións da memoria que se desenvolveu durante o período en estudo. No seguinte apartado achegámonos a este fenómeno.

4.2.6. Actuacións contra a memoria: os elementos de contención

Falamos de elementos de contención ou desmobilización (Davis 2015; Mateo e Kerangat 2018; Serrano, 2016) para referirnos a aquelas estratexias ou dinámicas que servían como xeito de paralizar, bloquear ou simplemente desincentivar accións da memoria. Ao longo do anterior apartado detectamos diversos elementos de contención como as presións e ameazas recibidas polos edís do concello ferrolán ou as campañas desprestixiadoras en prensa, comúns a boa parte dos concellos en estudo. Neste apartado analizaranse as actuacións contra e memoria executados dende a extrema dereita. Neste sentido contamos con dous casos de estudo. Por unha banda o acontecido arredor da *Cruz de los Caídos* da igrexa de Vilarmaior, e o referido ás cartas recibidas polo edil do Barco, Gustavo Docampo.



[1570] Acta da sesión plenaria extraordiaria do 19 de decembro de 1979. Arquivo Municipal de Lugo. *Sin* AM8005.
[1571] Procedentes de Frente Nacional de Alianza Libre (antiguos hedilistas), Centrales Obreras Nacionalsindicalistas y Juventudes Falangistas Unificadas. Foi desautorizado pola junta de mando nacional de Círuclos de Jose Antonio.
[1572] "Piden que desaparezcan los emblemas falangistas", *El País,* 29/05/1976. https://elpais.com/diario/1976/05/29/espana/202168827_850215.html

4.2.6.1. As cartas da extrema dereita no Barco de Valdeorras

Coincidindo coa presentación da moción para o nomeamento dunha rúa en homenaxe ao alcalde fusilado Abdón Blanco, Docampo recibiu varias cartas ameazantes de grupos de ultradereita que incluso foron denunciadas en prensa. Un feito que se circunscribe a un contexto no que era habitual a recepción deste tipo de cartas e de atentados de diversos grados.

Primeiramente incidir no feito de que durante a entrevista que lle realizamos a Docampo no 2022 este non fixo referencia a este suceso. Foi con posterioridade e revisando os documentos que tiña gardados, cando el mesmo nos enviou o recorte de prensa e as cartas recibidas. Feito que nos permite falar de como o tempo e a súa propia memoria foi relegando este suceso a un lugar pouco relevante.

Táboa 16. Sinatura das cartas recibidas por Gustavo Docampo, datadas o 3 de maio de 1979 e o 8 de xuño de 1979

Sinatura da carta do 3 de maio do 79	Sinatura da carta do 8 de xuño do 79
	

Fonte: cartas cedidas por Gustavo Docampo.

Facía poucos días que se constituíra o primeiro concello democrático cando Docampo recibiu a primeira carta, asinada en Ponferrada o 3 de maio deste ano 79, isto é antes da moción de Abdón Blanco:

> Asentada en firme en esta localidad leonesa la A.A.A. o Triple A como los que estais rompiendo a España llamais, le participo que figura usted en la relación que obra en nuestra organización y por lo tanto através de nuestros enlaces vamos sabiendo los pasos y andanzas que todos los relacionados van dando, así como aplaudiramos todos aquellos actos que vayan en pro de nuestra patria, también estamos dispuestos a ir eliminado a todos áquellos que tratan de ir deshonrando a la misma. Las referencias que figuran en la cartulina que le hemos confeccionado figura con muy mal cartel y solo estamos esperando noticias más concretas para poder verlo frente a frente y cuando menos lo espero nos presentaremos a saludarle y no dude, que al recurdo que le ajaremos serán dos balazos que servirán de ejemplo a varios "hijos de puta" que tiene a su alrededor y que no duden, seguirán la misma suerte. Sabemos que andan muy sueltos y nadie les molesta, pero nosotros estamos dispuestos, y así lo haremos, de ir quitando de delante a esta lacra sin escrúpulos y como no cambie de vida, sepa que sus días están contados[1573].

A carta viña asinada coa sinatura que incluímos na Táboa 16, no que podemos ver tres letras maiúsculas "A". A Triple A, ou Alianza Apostólica Anticomunista, foi unha das organizacións terroristas de extrema dereita que actuou durante a Transición no Estado español. O papel do terrorismo de extrema dereita durante a Transición é obxecto de recentes estudos

[1573] Carta íntegra asinada o 3 de maio de 1979 en Ponferrada e dirixida a Gustavo Docampo Paradela. Copia da carta facilitada por Gustavo Docampo Paradela.

que van evidenciando certas liñas a resaltar. Por unha banda cuantifícase a súa mortalidade, con arredor de sesenta vítimas mortais entre 1975 e 1982. Por outra banda o certo grado de conivencia por parte dos resortes do estado cara a actuación destes grupos. O Informe da Oficina de Vítimas do Terrorismo do Goberno Vasco en 2010 sostén que estes "actuaban cun importante nivel de tolerancia, cando non de complicidade, con importantes sectores dos aparellos policiais da época"[1574]. Aínda así nas súas conclusións sosteñen que é dificultoso esclarecer o grao de complicidade, colaboración ou inhibición que puido existir debido a escasa e deficiente investigación policial levada a cabo nunha parte moi importante destas accións violentas[1575]. O núcleo ideolóxico destes grupos configuraríase na necesidade de volver ao réxime anterior. Neste senso a súa propia existencia tería unha dobre utilidade ao réxime en transición, primeiramente como elemento de combate da crecente oposición, pero tamén como elemento comparativo que devolvería ao sistema unha imaxe de réxime moderado e centrista (Preston, 2014).

> O máis lesivo é que exclusiva adxudicación do carácter de extrema dereita a estes grupos acababa por desfigurar a análise do franquismo tardío, ao que por vía indirecta se lle arrebata esta mesma atribución política, na que deben incluírse todas as súas facetas, incluíndo as que se consideraban partidarias dunha modificación da orde dentro do respecto á legalidade e unha activa participación nas súas instancias e goberno (Gallego, 2008, p. 177)

Poderíanse diferenciar tres tipos de actores diferentes na violencia ou terrorismo da extrema dereita. Por unha banda os partidos políticos como Fuerza Nueva, Círculo Español de Amigos de Europa ou outros grupúsculos nazis que serían responsables de arredor dun 25% das accións violentas da extrema dereita esclarecidas, onde se atoparía por exemplo o crime de Atocha. Por outro lado teríamos un abano de individuos máis ou menos illados ou autónomos integrado por nostálxicos do franquismo e seguidores dos grupos anteriores, que serían responsables dun 3% das accións. E por último as organizacións vinculadas cos servizos policiais, creados "para combater a ameaza do separatismo vasco" e responsables confesos do 10% das accións violentas e da maioría das vítimas mortais. Entre eles teríamos o Batallón Vasco Español ou a Triple A (Baby, 2015, p. 130-134).

A Triple A, inspirada na organización homónima arxentina creada en 1974 por policías e militares para a loita encuberta contra a esquerda revolucionaria, adquiriu unha "certa especialización en ataques a órganos de prensa que apoiaban a reforma política"[1576]. Para Xavier Casals non era unha entidade en si mesma senón un nome empregado por diversos grupúsculos autónomos da extrema dereita que se valían da notoriedade adquirida pola banda dende 1977[1577]. Unha posible explicación para a carta dirixida a Docampo, asinada en Ponferrada, onde polo momento non temos atopado información de que operase como tal esta organización, moi vinculada á zona vasca e navarra.

Dos atentados máis graves reivindicados pola Triple A destacamos o atentado en Montejurra de 1976 con dous mortos[1578], ou o do semanario *El Papus* en Barcelona, cunha

[1574] "Informe sobre víctimas del terrorismo practicado por grupos incontrolados, de extrema derecha y el GAL" Gobierno Vasco, p.10.
[1575] *Íbidem, p.94.*
[1576] *Íbidem, p.14.*
[1577] *Íbidem.*
[1578] "El terrorismo desconocido. Atentados terroristas de Extrema Derecha en Navarra (1975- 1985). Informe 2020. Governo de Navarra. p.33. https://www.navarra.es/documents/48192/6482654/DOSSIER+Extrema+Dcha+cast+2020.pdf/67295962-3f50-61c6-aaef-3c7139637f1e?t=1612861301456

vítima mortal, acontecido en setembro de 1977[1579]. Tamén se produciron outros atentados contra medios de comunicación entre eles o que sufriu *Punto y hora de Euskal Herria* e que se vincula directamente co obxecto da nosa investigación. E é que ademais do atentado con bomba sufrido na sede do xornal en outubro do 77, un dos seus colaboradores recibira unhas cartas con ameaza de morte no Nadal do 78[1580]. Tratábase de Jose Jimeno Jurio, un importante axente memorialista e protagonista en boa medida dos antecedentes ao fenómeno que aconteceu en Navarra e La Rioja a partir principalmente de 1977 coas exhumacións que se foron estendendo por unha parte relevante do territorio.

Jose Jimeno Jurio fora xunto a Víctor Manuel Abeloa comandado para investigar e elaborar un listado de fusilados en Navarra por unha corrente de sacerdotes no contexto do curso de Teoloxía para Sacerdotes celebrado en Pamplona en 1974. Entre eles estaba Victorio Aranguren Barbarín, quen xunto a un cento de sacerdotes, dende principios dos setenta interesáranse por esta cuestión "sentindo en carne viva o longo silencio". Así, estes actuaron en si mesmos como un transcendental actor memorialista no fenómeno exhumatorio navarro (Aguirre, 2010, p.940). A iniciativa, baixo a lóxica da restitución de memoria, non prosperou polas trabas que foron xurdindo, entre outras o rexeitamento do Consello do Presbisterio Diocesano no 75. Pero Jimeno Jurio proseguiu pola súa conta o traballo, comezando a publicar os resultados das súas investigación en *Punto y Hora de Euskal Herria*[1581]. Unha revista que ao igual que *Interviú* destacou pola súa difusión de investigacións sobre a violencia golpista. Entre as publicacións de Jimeno, a modo de exemplo, convén nomear aquela sobre a represión do maxisterio[1582], a da fuga de presos do campo de concentración de San Cristobal[1583] ou a última, publicada o 14 de decembro do 78, *Los fusilados en Pamplona (1936-1939), Inscripciones en el Juzgado*, onde se incluía o listado de fusilados ao longo das catro páxinas da reportaxe[1584]. No Nadal do 78, isto é poucos días despois da publicación Jose María Jimeno recibiu unha carta de ameaza de morte asinada pola Triple A. A partir dese momento decidiu interromper as súas publicacións[1585].

O caso de Jimeno, pioneiro en Navarra na investigación sobre o golpe e o exterminio posterior, non é único. Ademais do atentado contra a sede da revista onde este publicaba identificáronse outro tipo de accións violentas da extrema dereita contra quen reivindicaba a memoria traumática. Referímonos á mobilización da extrema dereita contra a desaparición dos símbolos franquistas acontecida en Madrid, coa ameaza de morte asinada pola Triple A e recibida por Enrique Moral, concelleiro de Cultura de Madrid debido á súa iniciativa de cambiar o nome de vinte sete rúas madrileñas, entre elas a avenida do Generalísimo en 1980[1586] ou as

[1579] "Bomba contra "El Papus": un muerto y dieciséis heridos", *La Voz de Galicia,* 21/09/1977, portada e contraportada.
[1580] "Las "Brigadas Juveniles de Navarra" y la "Triple A" reivindican el atentado contra la revista "Punto y Hora", *La Voz de Galicia,* 06/10/1977, p.21.
[1581] "El blog de Fernando Mikelarena. Historia, memoria, ideología y política en Navarra. http://elblogdefernandomikelarena.blogspot.com/2012/03/exhumacion-y-reconocimiento-de.html. E en Cabasés, L. "Verdad, justicia y reparación", *Noticias de Navarra,* 09/09/2018. https://www.noticiasdenavarra.com/sociedad/2018/09/09/justicia-reparacion-2486250.html
[1582] Jimeno, J.M.: "Maestros navarros expurgados en 1936", *Punto y Hora,* 18/05/1978, pp.26-29.
[1583] Jimeno, J.M.: "La gran fuga, gezur handia", *Punto y Hora,* 25/05/1978, pp. 26-30
[1584] Jimeno, J.M.: "Los fusilados de Pamplano (1936-1939). Inscripciones en el juzgado, *Punto y hora,* 14/12/1978, pp. 24-31
[1585] "El blog de Fernando Mikelarena. Historia, memoria, ideología y política en Navarra. http://elblogdefernandomikelarena.blogspot.com/2012/03/exhumacion-y-reconocimiento-de.html. E en Cabasés, L. "Verdad, justicia y reparación", *Noticias de Navarra,* 09/09/2018. https://www.noticiasdenavarra.com/sociedad/2018/09/09/justicia-reparacion-2486250.html
[1586] "El Concejal de Cultura, amenazado de muerte", *El País,* 26/01/1980. https://elpais.com/diario/1980/01/26/madrid/317737457_850215.html

recibidas polo alcalde de Valencia no seu intento de quitar a estatua do General Franco en 1981 (Baby, 2015, pp. 144-145).

Por tanto este foi o contexto no que o concelleiro Gustavo Docampo recibiu as cartas en maio e xuño de 1979. Un ambiente no que a extrema dereita acostumaba ameazar e apremar aos representantes democraticamente elixidos, tamén aos medios de comunicación, nunha estratexia que podería estar inspirada nos modelos neofascistas italianos co obxectivo de desestabilizar a vida política (Baby, 2015, p.145). Neste sentido, seguindo a Casals (2016) non se podería falar dunha estratexia global, a violencia ultra foi de natureza calidoscópica e obedeceu a un gran número de iniciativas autónomas que deron a impresión de converxer, creando así a ilusión dunha táctica conxunta.

Resultou, pois, bastante habitual que a extrema dereita ameazase a apremase aos representantes públicos e aos medios de comunicación co obxectivo de desestabilizar a vida política. A carta de Docampo foi denunciada primeiramente ante a Guardia Civil, como así nos informou el mesmo, e tamén publicamente a través dos medios de comunicación. Na nova publicada en *La Región*, salientábase o feito de que aínda que datada en Ponferrada tiña o cuño de correos do Barco polo que "es posible haya sido escrita y depositada en la misma":

> La valoración de dicha carta, por cuantos conocen el hecho, tiene distintas vertientes, pero todos coinciden en recriminar violencias o amenazas: la convivencia y la democracia tienen que hacerse por distintos caminos de la amenaza[1587].

Ademais na nova incluíase un fragmento do comunicado da propia MCG no que "después de recriminar la impunidad de las "Bandas fascistas" dicen que "a democracia é incompatible ca actuación impune de organización que propugnan a volta o feixismo e que atacan e asesiñan os militantes da esquerda[1588].

En xuño, Docampo volvía a recibir outra carta. Doutra volta asinada en Ponferrada cunha sinatura moi similar á anterior, pero con diferenzas notables (Táboa 16). Incluso na forma de redactar a misiva. Neste caso céntrase nuns feitos que aconteceron arredor dunha manifestación en contra das violacións que se producira en maio no Barco despois da agresión sexual dunha rapaza e atacando a algunhas das mulleres participantes nela[1589].

> Sobre a ameaza, a verdade é que nin o lembraba. Recibina por correos pero non lembro máis, eran tempos de certa intranquilidade, por dicilo así, e claro fixemos unha nota de prensa. Quizás no fondo sempre pensei que viría de alguén do propio Barco que utilizaba aquelas siglas para agocharse. Se tiña que ver co da rúa de Abdón, coincidía no tempo pero... Xa che contei que daquela as broncas máis grandes tíñaas co alcalde (UCD) Eulogio Gavela, que viña de familia republicana, seu pai fora alcalde un breve tempo, o que pasa é que tiña un carácter facilmente irritable e eu... xa ves, era un radical avant la lettre (...) Á segunda das cartas non se lle deu publicidade por facer referencia a outras persoas. Polos datos que dá supuxemos que viña de alguén do Barco, tamén por ter o mataselos de aquí, e que o de Ponferrada sería por despistar[1590].

[1587] "Un concejal del MCG recibe una carta con amenazas. Aparece firmada por una presunta Triple A", *La Región,* 16/05/1979. Recorte e data da nova facilitado por Gustavo Docampo Paradela.

[1588] "Un concejal del MCG recibe una carta con amenazas. Aparece firmada por una presunta Triple A", *La Región,* 16/05/1979. Recorte e data da nova facilitado por Gustavo Docampo Paradela.

[1589] Gustavo Docampo nos pide non desvelar os detalles concretos, que por outra banda, non son relevantes para a nosa investigación.

[1590] Entrevista a Gustavo Docampo realizada por Iria Morgade (Electrónica, maio de 2022).

Ademais das cartas ameazantes, Docampo fixo fronte nestes anos a diversas multas pola súa participación e liderado en manifestacións, e á súa censura dentro do pleno. Como aconteceu en relación cunha suposta agresión do edil a un rapaz. Sete concelleiros asinaban un escrito no que facíanse "eco del sentir del pueblo y expresan firmemente su repulsa a dicho señor"[1591]. Gustavo sostén que en ningún momento agrediu a esa persoa.

A actividade do concelleiro foi intensa nesta primeira lexislatura, así, ademais de liderar na rúa diversas mobilizacións, como esta contra as violacións e polo tanto relacionada co movemento feminista ou a manifestación pola problemática da auga potable no concello (que lle valeu unha multa)[1592], dentro do consistorio desenvolveu, por exemplo, a iniciativa sobre o uso do galego no concello[1593].

4.2.6.2. O desembarco de falanxistas en Vilarmaior

A descuberta deste suceso produciuse no contexto da visita a Vilarmaior na busca de máis información sobre a homenaxe que tivera lugar nos cemiterios de Grandal e de Monfero, xa analizados en capítulos anteriores. Establecemos contacto con varias persoas de interese en Vilarmaior, en concreto dous concelleiros da primeira corporación municipal, en 1979[1594]. Eles non recordaban a homenaxe, cuestión que por outra parte, pode entenderse ao ser organizado por persoas do PCG de Ferrol. Pero na entrevista co veciño e voceiro do grupo municipal de UCD Juan Golpe Núñez, identificamos este outro suceso de interese.

Naquela primeira corporación democrática a alcaldía recaía en Juan Varela Blanco membro dunha candidatura independente de esquerdas, que sumaba cinco concelleiros. Pola súa banda, CD con tres edís e UCD con outros tres, posuían suficientes concelleiros como para aliarse e gobernar. Juan Golpe explica que recibira presións para apoiar ao candidato de AP. Os dirixentes encargados de persuadilo sostiñan que "a alcaldía era súa". Sen embargo, Golpe rexeitaba tal posibilidade entendendo que tiña que gobernar por número de votos o candidato Juan Varela[1595]. Juan Golpe refírese ao alcalde como "o comunista", ao que "deixaron gobernar porque o facía ben", recordando como, por exemplo, apoiaran a súa decisión de "galeguizar os nomes de Vilarmaior"[1596]. Juan Golpe sinalaba outra dato de relevo, o pasado como vítima de Juan Varela[1597]. O noso interese nos sucesos acaecidos neste concello reside no acordo do grupo de esquerda independente de Varela e os concelleiros de UCD para eliminar a placa na que se honraba aos caídos por España colocada na Igrexa de San Pedro de Grandal.

> Nós quixemos quitar os caídos de por Dios y por España porque claro non son de aquí, nin de Vilarmaior son nin moito menos, algún visitante ven e pregúntame José Antonio naceu aquí? Non oh! E quixémola quitar pero había

[1591] O rapaz é Carlos Rodríguez Arias. Acta do 17 de marzo de 1980, Concello do Barco de Valdeorras.
[1592] "El MCG mantiene la convocatoria de manifestación", *La Región,* 25/11/1979; "Desde hace días el agua no es potable", *La Región,* 20/11/1979, "Los organizadores de la manifestación contra las violaciones, consideran que ha sido muy positiva", *La Región,* 03/06/1979. Documento cedidos por Gustavo Docampo.
[1593] Acta do pleno do 28 de xuño de 1979, Concello do Barco de Valdeorras.
[1594] A través de Francisco Rodríguez, quen exhumara ao seu avó da fosa común do cemiterio de Grandal.
[1595] Así UCD votou por eles mesmos na investidura.
[1596] Referencia a que era unha candidatura veciñal de esquerdas: "El alcalde de Vilarmaior internado en la Ciudad Sanitaria de "Juan Canalejo", *La Voz de Galicia,* 17/03/1982, p.33.
[15971597] Varela estivo fuxido varios anos tralo golpe. Finalmente foi xulgado e condenado a varios anos de prisión. En Abalde, M.:" Juan Varela Blanco, dos cárceres de Franco à presidência da câmara municipal de Vilarmaior", Galiza Livre. https://www.galizalivre.com/2019/05/07/juan-varela-blanco-dos-carceres-de-franco-a-presidencia-da-camara-municipal-de-vilarmaior/

> aí un valado, onde ese kiwis viñeron de Ferrol e cantaron aí o cara el sol, frente á placa... e eu xa me acojonei, dixen, noo, deixade a placa. (...) Aquí diante da casa (a casa está ao lado da igrexa) e eu dixen joder, non nos vaiamos meter en conflitos (...) e eu creo que a razón tíñamola nós, quitar a lápida... daquela había...queríamos facer un requisito, e deixar a iglesia limpa...[1598].

Cuestionado sobre en que consistía exactamente ese proxecto, Juan Golpe recorda que a idea era "quitar a placa e facer unha homenaxe a todos os caídos", e sitúa o proxecto arredor dos anos 80 ou 81. Recorda que había medo, estando moi presente aínda o que acontecera no 36, e que ese suceso, coas persoas fronte a placa cantando o *Cara al sol*, resultara moi impresionante para todos.

Das palabras de Golpe podemos inferir proximidade entre as persoas protagonistas dos cánticos falanxistas e a organización política AP. Nunha conversa entre Andrés García[1599], substituto de Juan Varela na última etapa do mandato ao este enfermar, e Juan Golpe referíronse ao dirixente de AP Benito Souto como un home "acérrimo" e á militancia e dirixencia de AP como fanáticos[1600]. Os dous concelleiros daquela corporación recordaban tamén como Benito Souto fora xa concelleiro vinte anos antes ca eles, e por tanto pertencía a esa elite local franquista á que nos referíamos anteriormente[1601].

Imaxe 43. Placa aos "caídos por Dios y por España". Igrexa de Grandal (Vilarmaior)



Fonte: fotografía realizada por Iria Morgade. Decembro 2019.

[1598] Entrevista a Juan Golpe Núñez realizada por Iria Morgade (Vilarmaior, 28 de decembro de 2019).
[1599] Na candidatura independente e militante do PSOE. Nas seguintes eleccións presentouse como candidato do PSOE. En: "AP y PSOE, las únicas candidaturas que se presentan a las municipales", *La Voz de Galicia,* 10/04/1983, p.30.
[1600] Entrevista a Juan Golpe e Francisco García realizada por Iria Morgade (Vilarmaior, 28 de decembro de 2019).
[1601] En conversa entre Juan Golpe e Francisco García, este último explicaba como durante a Transición el descoñecía que no cemiterio de Grandal existían fosas comúns con asasinados, el daquela era novo tiña 28 anos. Mentres Juan, algo máis maior, e fillo do enterrador, si tiña coñecemento deses asasinatos Entrevista a Juan Golpe e Francisco García realizada por Iria Morgade (Vilarmaior, 28 de decembro de 2019).

Neste caso o mecanismo de contención materialízase aquí co desembarco de persoas da extrema dereita cantando o Cara al sol fronte á placa. Finalmente teríase conseguido o propósito, evitar a súa eliminación, ata hoxe, como se pode ver no Imaxe 43[1602].

4.2.7. As medidas reparatorias, a modo de exemplo

Neste apartado atenderemos a dous exemplos de medidas reparatorias que se desenvolveron no período en estudo.

Fixémonos en dous casos moi diferentes pero, á vez, con transcendentais similitudes. Trátase de dúas vítimas, ambas vivían en Ferrol no momento do golpe, a unha delas executana tras consello de guerra o 4 de agosto de 1936, a outra figura como "paseado" no Arquivo nomes e voces, poucas semanas despois. O executado por pena de morte é Antonio Azarola, contralmirante da Armada e xefe do Arsenal Militar de Ferrol, e polo tanto o segundo mando máis importante do Departamento Marítimo do Cantábrico despois do vicealmirante Indalecio Núñez Quijano. Foi detido, procesado, sometido a consello de guerra e fusilado en Ferrol despois de non unirse e oporse á sublevación dalgúns dos seus subordinados (Fernández e Míguez, 2018, pp. 23-41). A identidade do paseado ferrolán é José Ramos Lorenzo. Pouco máis sabemos del que os datos recompilados no Arquivo nomes e voces, funcionario municipal e asasinado o 20 de setembro de 1936[1603]. As familias de ambos, no caso de Azarola a súa filla, e no de Ramos a súa viúva, emprenderon no ano 1979 unha acción similar, para o recoñecemento da amnistía e co obxectivo de acollerse as medidas reparatorias promulgadas durante a Transición.

Da acción emprendida pola filla de Azarola, Carmen Azarola Fernández quedou rexistro na propia causa militar contra o pai, cun escrito datado en setembro de 1979 solicitando que se lle aplicase a amnistía aprobada en xullo do 76, ao facer referencia esta aos militares condenados por delitos de rebelión, sedición ou semellantes por feitos anteriores ao 1 de abril de 1939[1604]. Posteriormente, en 1981 a familia de Azarola realizou outra solicitude en relación coa lei de setembro do 79 que concedía o dereito a cobrar pensións e gozar de asistencia médico-farmaceútica ás viúvas e familiares dos "españoles fallecidos como consecuencia o con ocasión de la pasada guerra civil"[1605] Estas dúas solicitudes foron incluídas nos atados das causas militares e por iso son, a día de hoxe, coñecidas. Ademais, como nos indican Fernández Prieto e Míguez Macho (2018, p. 76) isto "non é algo exclusivo da causa da Azarola senón moi frecuente despois de 1975, estendéndose nalgúns casos até 1990, momento no que se aproba a última das grandes medidas de reparación da democracia española con respecto ás vítimas do franquismo (lei 4/1990 do 29 de xuño).

Uns meses antes de que Carmen Azarola realizase o escrito que figura na causa militar contra o seu pai, outro familiar, Carmen Sardina Rodríguez neste caso viúva de José Ramos,

[1602] Agradecemento á muller de Juan Golpe, que fixo o traballo de recordo con el e intentou buscar máis fontes na vila. Recordemos que sobre o alcalde Juan Varela tamén se referira Bernardo Maiz ao recordar unha homenaxe en Vilarmaior e en Monfero en 1979 aos guerrilleiros. Non sabemos se o asunto se tratou nas actas municipais pois non puidemos acceder ás mesmas, Juan Golpe aseguraba que non se chegara a tratar en pleno.
[1603] Base de datos Nomes e Voces. http://vitimas.nomesevoces.net/gl/buscar/?buscar=jose+ramos+lorenzo
[1604] Aplicando a amnistía cancelábanse os antecedentes e se lles reintegraba o dereito a percibir a pensión, sen dereito a percibir indemnización (indemnización (RDC, 10/1976 e Orden Ministerial de Marina 827/76) (Lourenzo e Míguez, 2018, p. 76).
[1605] Lei 5/1979 reconocimiento de pensiones…

emprendía unha acción semellante. O seu obxectivo era tamén o recoñecemento de servicios a efectos de pensión de viuvez. Aínda que implicitamente podemos entender como estas medidas significaban para as familias moito máis que unha pensión, tendo como obxectivo último liberar aos seus familiares da "culpa" que lle fora outorgada e que xustificara o seu asasinato.

No caso de Jose Ramos coñecemos esta acción a través da documentación municipal. Recordemos que José Ramos figuraba no Arquivo Nomes e Voces como funcionario municipal, e polo tanto ante o concello de Ferrol tiña que realizar a súa viúva a petición. Así aparece na acta do pleno do 29 de maio do 79, onde se aprobaba o recoñecemento de servizos a efectos de pensión de viuvez. O escrito de Carmen Sardina, fora anterior á constitución dos novos concellos, posto que fora tratado na Comisión Municipal Permanente o 23 de xaneiro do 79. Deste modo, é en maio do 79, xa cos novos concellos saídos das urnas en marcha, cando se ratificaba por unanimidade o acordo da Comisión, no senso do recoñecemento de servizos a efectos de pensión de viuvez, para o que se elevaría en trámite regulamentario á Mutualidad Nacional de Previsión de la Administración Local[1606]. Resulta salientable deterse na descrición que se realizaba tanto do finado como da súa morte. Jose Ramos fora vixiante de arbitrios do concello, Carmen Sardina solicitaba a concesión da pensión por "aplicación de amnistía, con previo reconocimiento de los servicios prestados, estando acreditado en el expediente que el Sr. Ramos Lorenzo ingresó en este Ayuntamiento el día 5 de enero de 1934 como Vigilante suplente y que con fecha, 3 de agosto del mismo año, fue designado Vigilante de Arbitrios en propiedad, causando bajo el día 19 de septiembre de 1936 y fallecimiento el día 10 de octubre del mismo año a consecuencia de heridas producidas por arma de fuego"[1607]. Identificamos unha diverxencia entre as datas manexadas no concello, coa morte datada o 10 de outubro, e o que figura no arquivo Nomes e voces, coa data o día seguinte da data da baixa no concello, isto é o 20 de setembro. Esta aceptación do relato dos feitos do anterior réxime xunto coa a ausencia de referencia directa ao seu asasinato, consideramos que é proba desa liña continuadora entre o réxime franquista e o nado na Transición.

Executábase así o que se lexislara a nivel estatal como xa analizamos ao inicio deste capítulo. Nestas medidas reparatorias participaban diversos actores, por unha banda familias e vítimas, que dende fóra puxaban para que se tomasen as medidas, e que se organizaran en diversos puntos do estado en asociacións. Por outra banda o estado, que lexislaba. Volvíano ser as familias no momento de reivindicar a aplicación da medida para os seus familiares, coma nestes dous casos ferroláns. E por último no caso das amnistías a funcionarios municipais, a actuacións dos propios municipios no recoñecemento da mesma.

Estas medidas reparatorias foron habituais nos concellos, coa resolución de peticións de familiares, e son tamén accións memoriais[1608]. Ademais da reparación de funcionarios públicos tamén débense incluír como accións reparatorias aquelas tendentes á esixir a devolución das incautacións franquistas, que se fixo visible durante estes anos nas protestas dos sindicatos para

[1606] Acta do pleno do 29 de maio de 1979, Arquivo Municipal de Ferrol.

[1607] Acta do pleno do 29 de maio de 1979, Arquivo Municipal de Ferrol.
Faise referencia expresa a aplicación do disposto no "Real Decreto 2,3939 del º de octubre de 1976 sobre amnistía y del art. 9 de la Orden del 6 de julio de 1977 que desarrolla el anterior decreto".

[1608] Caso Carballo Calero: Tamén en sesión do 25 de novembro de 1980 (carpeta 4, pdf 3) no que se propón o reintegro en plantilla e xubilzación por idade dun funcianrio en aplicación da amnistía . En nome do Real Decreto Ley 10/1976. Petición de Ricardo Carballo Calero. Reintegralo como auxiliar adiministrativo. Din "por motivos políticos". Vemos que hai un expediente no que se recolle que se pode acoller aos beneficios do Decreto 2393/1976.
Por unanimidade (xa se tratara en Comisión Municipal Permanente): acordar reingreso, efectos legaleos das décadas de servizo, xubilzación forzosa.
Este expediente de reingreso parece que aínda continúa en pleno do 24 de novembro de 1981 (carpeta 5, pdf 8, pax 41) no punto 4 "dar cuenta de expediente de reingreso de D. Ricardo Carballo Calero. (aprobada por unanimidade)

a devolución dos locais sindicais que foran requisadas tralo golpe de estado. Estas tiveron lugar durante o período de análise noutros concellos estudados.

Finalízase así a análise das accións institucionais da memoria que se desenvolveron nesta primeira lexislatura democrática. Emerxía así un actor ou "axente memorialista", protagonista das accións da memoria que se desenvolveron nesta etapa en Galicia. Aínda así, a sociedade civil, que predominara como axente memorialista no que denominamos "primeiro ciclo da acción colectiva da memoria", seguiu estando presente no panorama galego coa realización de diversos repertorios de acción, entre elas as homenaxes e as accións divulgativas. Este é o obxecto de análise do seguinte apartado.

4.3. AS ACCIÓNS DA SOCIEDADE CIVIL

A execución de accións de memoria dende as institucións non constituíu o único xeito en que a memoria anterior ao golpe, ou posterior a el, foi reivindicada publicamente durante este período en estudo (1979-1983).

Podemos identificar diversos repertorios de acción memorial emprendidas pola sociedade civil. Entre eles continuaron as homenaxes, repertorio protagonista do anterior período, e desenvolvéronse diversas accións divulgativas. Por outra banda detectáronse dous fenómenos novidosos en Galicia, o das asociacións memorialistas e o das exhumacións.

4.3.1.As homenaxes

O certo letargo das accións de homenaxe que xa se tivera detectado en 1978 continuou durante este período coincidente co primeiro mandato democrático nos concellos e tamén con certa "consolidación " do réxime da Transición, despois do sobresalto do 23F e co acceso ao goberno central do PSOE en 1983.

Se ben é certo que continuaron as homenaxes cun carácter anual como as de Bóveda en Pontevedra, as do cemiterio de Sestás ou as de San Amaro na Coruña foron poucas as homenaxes novas detectadas durante este período. Non obstante podemos identificar un momento de certa emerxencia durante o ano 1982 para volver a diminuír ao ano seguinte.

En Pontevedra, na ofrenda floral ante a tumba de Bóveda en agosto do 79 destaca a intervención de Domingos Merino, recen investido alcalde da Coruña, simbólica por tanto do momento histórico que se estaba a vivir coa inauguración dos concellos democráticos[1609]. Nese ano o PSG aludía á idea de custear mediante subscrición un monumento a Bóveda, que, como veremos, finalmente inaugurouse en Pontevedra en 1986[1610]. De todos os xeitos a asistencia a estas homenaxes anuais descendeu en número dende os miles que acudían en 1977, ás

[1609] Homenaxe organizada polo PSG pero á que se sumaban PSOE, PCG, POG e PG.
[1610] D.P. : "Hoy, actos en memoria de Alexandre Bóveda y cuantos dieron su vida por los mismos ideales", *Diario de Pontevedra,* 17/08/1979.

duascentas persoas deste ano 79. Como xa acontecera con anterioridade tamén nesta ocasión a ofrenda trasladouse á fosa común onde "reposan los restos de otras vítimas de la represión"[1611]. Fronte á fosa, e tras depositar as flores, un membro do PCG lembrou en alto os nomes dalgunhas destas vítimas[1612].

Nos seguintes anos os actos flutuaron entre a organización conxunta de varios partidos e a separación en diversos actos. No 80, por exemplo o Bloque, o PSG e o PG celebraron cada un as súas sendas ofrendas[1613]. En cambio no 81 Bloque e PSG celebraron un acto conxunto, evidenciando tamén o achegamento entre estas dúas formacións, non así o PG e EG que acometeron homenaxes por separado[1614]. De todos os xeitos nestes anos a tónica xeral foi a escasa afluencia de público, calculada entre setenta e cen persoas e constituída, nun bo número, por persoeiros de relevancia política, social ou intelectual. A modo de exemplo, dispoñemos do convite que o PSG enviaba a Francisco Fernández del Riego en 1981 incidindo no feito de ser unha celebración anual no Día de Galicia Mártir[1615].

A participación protagonista das organizacións políticas é un dos elementos destacados das homenaxes durante esta etapa en estudo. Ademais débese ter en conta o papel das institucións locais que, ao tempo que realizaban accións de memoria, principalmente centradas na modificación da simboloxía, tamén organizaron actos de homenaxe como o caso de Corcubión ou Vigo coas inauguracións públicas das rúas a José Miñones e Emilio Garrido, respectivamente. Así mesmo, foi habitual a presenza de representantes públicos en homenaxes organizados principalmente por organizacións da sociedade civil. Estes feitos van producir que a liña que separa unha acción da memoria da sociedade civil e unha acción das institucións se volva un tanto difusa. Neste senso, en Ferrol producíronse accións de homenaxe que é preciso analizar polo miúdo.

4.3.1.1. As homenaxes a Jaime Quintanilla e ás outras vítimas de Ferrolterra

Jaime Quintanilla, pai, fillo e neto, son personaxes identificados neste traballo pola súa gran relevancia na reivindicación da memoria traumática en Ferrol. O avó no seu papel de vítima, rexedor durante a República e asasinado no 36[1616]. O fillo como alcalde na primeira corporación democrática tralo golpe nunha sorte de herdanza do pai fusilado. E o neto un dos edís máis activos na elaboración da proposta de modificación de nomes de rúas que eliminaba aos verdugos na cidade e homenaxeaba ao avó. O asasinato deste constituíu tamén un dos elementos nucleares de dúas accións que se realizaron en Ferrol no 80 e 81 e que tiveron certa continuidade como acción periódica nos anos posteriores.

[1611] "Acto en homenaje a la memoria de A. Boveda", *Faro de Vigo,* 18/08/1979, p.24.
[1612] D.P.: "Homenaje a la memoria de Alexandre Bóveda, ayer en San Mauro", *Diario de Pontevedra,* 18/08/1979.
[1613] "Homaxes in memorian ao nacionalista Alexandro Boveda", *A Nosa Terra,* nº120, do 22 ao 28 de agosto de 1980, p.4; "El domingo se celebró el "Día de Galicia mártir", con un homenaje a Alejandro Bóveda", *Diario de Pontevedra,* 18/08/1980; "Acto de homenaje a Bóveda en el cementerio", *Diario de Pontevedra,* 16/08/1980.
[1614] En : "EG recordará a Alexandre Bóveda con una ofrenda floral", *La Voz de Galicia,* 16/08/1981, p. 37.; "Celebraciones en memoria de Alexandre Bóveda", *La Voz de Galicia,* 16/08/1981, p.28.; "Ofrendas florales a Alexandre Bóveda en el 45 aniversario de su muerte", *La Voz de Galicia,* 18/08/1981, p.52.
[1615] Arquivo Fundación Francisco Fernández del Riego, *sin* 12699- FR-CA-074/001/056.
[1616] A referencia a ser familiares do alcalde fusilado era bastante habitual en prensa. Exemplo en artigo descrición listas electorais: "Numerosos interventores y apoderados", *La Voz de Galicia*, 1/04/1979. : "Jaime Quintanilla Ulla encabeza la lista por el PSOE y su hijo Xaime Quintanilla Rico, es primerio en la lista por UG. Son hijo y nieto del médico ferrolano Jaime Quintanilla, dirigente del PSOE, fusilado en 1936".

No verán de 1980 temos constancia da primeira homenaxe realizada no cemiterio de Serantes aos "mortos na guerra civil" ou "aos loitadores polo socialismo e a libertade de Galicia"[1617]. En Ferrolterra existiron diversos espazos de violencia e enterramento. O castelo de San Felipe, o cemiterio de Canido e o de Serantes foron algúns dos máis destacados. O cemiterio de Canido, no centro de Ferrol, chegou a súa saturación tralos incesantes fusilamentos e enterramentos. Tralo seu peche moitos dos restos foron trasladados ao cemiterio municipal de Catabois. Entre eles os das quince persoas fusiladas nas inmediacións do castelo de San Felipe, tras ser extraídos do buque Plus Ultra o 17 de agosto do 36[1618]. Grupo no que se atopaba Jaime Quintanilla Martínez. Actualmente o lugar do cemiterio onde repousan os seus restos conta cunha placa co nome dos fusilados, aínda que non puidemos concretar, polo momento, cando foi colocada.

Deste modo Serantes era o cemiterio onde se infrinxira a violencia franquista na zona e que seguía en pé trala eliminación do cemiterio de Canido. Serantes, lugar de violencia, foise configurando como un importante lugar de memoria na contorna.

Co obxectivo de elaborar unha cartografía completa das fosas comúns, os últimos traballos do Proxecto Nomes e Voces describen como neste camposanto se atopa unha das maiores fosas comúns de Galicia sabendo que, como mínimo, estarían enterradas nela setenta e unha persoas. A fosa común, dunha amplísima extensión, atoparíase na actualidade fragmentada en partes, con numerosas cruces e placas colocadas en "diferentes homenaxes en memoria das persoas alí enterradas"[1619].

En 1980 tivo lugar nesta fosa un acto de homenaxe organizado polo PSOE e a UGT, e a el acudiron os alcaldes socialistas de Ferrol e Vigo. Así, aínda que era un acto de partido, tiña certo carácter institucional, coa presenza protagonista de ambos rexedores. Durante o mesmo depositaron coroas de flores na fosa común "en recuerdo de los socialistas muertos durante la Guerra Civil"[1620]. A data elixida foi o 25 de xullo, nun día en que cada organización política planificaba unha serie de actos para a celebración do Día da Patria Galega[1621]. Á ofrenda acudiron arredor de cen persoas, atopándose membros das executivas do PSOE e a UGT, entre elas Francisco Vázquez. Tanto o alcalde de Vigo como Manuel Couce, de UGT, tiveron un recordo especial para o fusilado Jaime Quintanilla.

Á vez que a memoria traumática era protagonista do acto o presente colouse cunha crítica á "desunión de la izquierda" no Día da Patria Galega[1622]. O carácter galeguista do alcalde fusilado xustificaría o sentido presentista que o PSOE quería dar o acto, de reafirmación do "galeguismo" nun partido que nese momento competía co PSG como partido "socialista" de Galicia[1623].

[1617] "Acto socialista en el cementerio de Serantes", *La Voz de Galicia*, 26/07/1980, p.30. e en "PSOE y UGT celebrarán en Ferrol el día de Galicia con un homenaje a los socialistas desaparecidos", *La Voz de Galicia,* 24/07/1980, p.44.

[1618] Información sobre a violencia franquista na comarca de Ferrol e, en concreto nos dous cemiterios citados: Maiz, B. e Suárez, X. M. (2021). O cemiterio de Serantes, outro escenario da Represión (1936-1942). En Burgoa, J.M. e Llorca, G. *Memoria histórica de Serantes* (pp. 295-309). Edicións Embora. E en: Maiz, B. e Suárez, X.M. (2019). O cemiterio de Canido, rexistro da represión (1936-1945), en Burgoa, J.M. e Llorca, G. , *Memoria histórica de Canido*, (pp. 269-287), Edicións Embora.

[1619] Ficha técnica da fosa común do cemiterio de Serantes. Proxecto Nomes e Voces. https://www.nomesevoces.net/gl/lugares/cartografia/fosas/31/fosa-do-cemiterio-de-serantes

[1620] "Acto socialista en recuerdo de los muertos en la guerra civil", *Faro de Vigo*, 26/07/1980, p. 45.

[1621] "PSOE y UGT, acto unitario en Ferrol", *Faro de Vigo*, 24/07/1980, p. 38.

[1622] "Acto socialista en recuerdo de los muertos en la guerra civil", *Faro de Vigo*, 26/07/1980, p. 45.

[1623] Resulta interesante o apelativo que empregaron en prensa para referirse a esta como un "homenaje a los socialistas desaparecidos". Non podemos confirmar se a decisión de empregar o termo "desaparecidos" que non resultaba habitual durante

Imaxe 44. Homenaxe aos "mortos na guerra civil", organizado polo PSOE (Fosa común do cemiterio de Serantes, 1980)



Fonte: *La Voz de Galicia*, 26/07/1980, p.30.

A organización do acto estivo a cargo dos comités locais e comarcais da zona de Ferrol e de Vigo[1624]. Ademais, participaron "varios socialistas de Euskadi, cuyos padres están enterrados en el cementerio de Serantes"[1625]. Estas accións de homenaxe, e por tanto de memoria, ao igual que as outras accións institucionais analizadas en Ferrol, realízanse pese a que ao propio alcalde Jaime Quintanilla Ulla, días antes de ser investido respondía á pregunta "¿Qué significa que después de cuarenta años vuelva a ser un Quintanilla alcalde de Ferrol?", e facíao dun xeito que para o xornal despexaba "cualquier sospecha de revanchismo denunciada durante la campaña electoral por formaciones de derecha"[1626]:

> No vamos a tocar eso. A nada conduce renovar heridas. Siento una profunda satisfacción, pero sin establecer demasiada relación con ambas fechas. Todos los españoles estamos interesados en olvidar ese pasado, y yo también"[1627].

Das súas verbas volve entreverse unha vez máis o que constituíu o discurso que acabou por dominar o tecido político e social no Estado español: non reabrir feridas ante a "guerra fratricida". Unha cuestión que no caso concreto deste alcalde, cunha relevante actividade memorial no período de estudo, nos poría de novo sobre a pista da necesidade que sentían estes actores de defender un discurso que incluíra os *tips* claves do discurso oficial, isto é, o non reabrir feridas e o esquecer o pasado. Cuestións que, como viamos, podían responder máis a unha cuestión de estratexia que de convencemento.

---

o período en estudo, foi do xornalista que escribiu a nova ou do PSOE ao redactar a nota de prensa. Pola forma en redactarse a noticia semella que a foi transcrita literalmente da nota de prensa enviada polo partido. Tamén debe salientarse a inclusión na mesma do termo "mártires", así apelábase á "homaxe aos mártires do socialismo e o galeguismo"
En "Homaxe aos mártires do socialismo e o galeguismo, en Serantes", *La Voz de Galicia*, 24/07/1980, p.28.

[1624] Tamén en: "Con motivo del Día da Patria Galega, esta mañana, tres manifestaciones en la ciudad", *Faro de Vigo,* 25/07/1980, p. 28. E en "El PSOE y la UGT rendirán hoy homenaje en Serantes a los luchadores por el socialismo y la libertad de Galicia", *La Voz de Galicia*, 25/07/1980, p. 26.

[1625] Única referencia deste feito en: "El PSOE y la UGT rendirán hoy homenaje en Serantes a los luchadores por el socialismo y la libertad de Galicia", *La Voz de Galicia*, 25/07/1980, p. 26.

[1626] "Los problemas de la ciudad y so comarca colocan en segundo plano la pugna política", *La Voz de Galicia,* 05/04/1979, p. 36.

[1627] "Quintanilla Ulla: "Pediré la excedencia de forense", *La Voz de Galicia,* 05/04/1979, p. 28.

Ao ano seguinte, 1981, volveu repetirse a homenaxe organizada de novo pola agrupación socialista ferrolán sobre a fosa común. Tamén se producía en conmemoración do 25 de xullo e nel "representantes del PSOE, acompañados del alcalde de Ferrol, depositaron varios ramos de flores sobre la tumba común del cementerio de Serantes, donde reposan los restos de un grupo de militantes socialistas fusilados en 1936". Ao acto non acudía o secretario xeral Francisco Vázquez, segundo a nova por un atasco de tráfico. Interviñeron Carmelo Teijeiro e López Sueiro do PSOE ferrolán. Este último expresaba: "A esperanza non morre e a violencia é impotente"[1628]. Pola súa banda Jaime Quinitanilla levaba a súa intervención cara o presente:

> El recuerdo -añadió- no conduce a mucho. El mejor homenaje que hoy podemos hacer a los compañeros que aquí descansan y en otros muchos cementerios de la comarca, es conseguir una representación digna en el Parlamento Gallego, de manera que con la acción legislativa se consiga lo que ellos tanto quisieron[1629].

En canto ao recordo do seu pai, afirmaba que debía "considerarse como el de cualquier otro militante más socialista, fusilado tras el levantamiento de 1936"[1630]. Tamén se referiu a el o concelleiro de Lugo, Varela Flores quen o definiu como representante de "aquella corriente autonomista dentro do PSOE que hoxe dirixe o PSOE"[1631]. A crónica do acto, única fonte histórica coa que contamos sobre este suceso, refírese á presenza de familiares "de los que allí descansaban". Non se especifican os nomes nin dos fusilados, nin dos familiares, pero si se indica un dato relevante, a petición feita por un dos familiares ao alcalde de "que se levantase un túmulo o sartego, sobre la tumba común, en recuerdo de los militantes desaparecidos" [1632].

Imaxe 45. Placa do PCG situada no cemiterio de Serantes, Ferrol



Fonte: Maiz, B. e Suárez, X. M. (2021). O cemiterio de Serantes, outro escenario da Represión (1936-1942). En Burgoa, J.M. e Llorca, G. *Memoria histórica de Serantes*, p.14.

[1628] "Ofrenda floral de los socialistas gallegos en el cementerio de Serantes (El Ferrol), *La Voz de Galicia*, 26/07/1981, p. 42.
[1629] *Íbidem*.
[1630] *Íbidem*.
[1631] *Íbidem*.
[1632] *Íbidem*.

Cuestión esta interesante, pois como veremos no seguinte capítulo, e quizais como resposta a esta demanda, anos despois o concello de Ferrol inauguraba un monumento noutro cemiterio. Pero ademais, nunha crónica a tenor da homenaxe que tivo lugar en 1982, facíase mención á existencia dunha "pequena placa conmemorativa" que os "comunistas instalaron hace algún tiempo" na fosa común do cemiterio de Serantes. Polo momento non puidemos acadar máis datos sobre esta placa que terían colocado os comunistas, máis alá de poder identificala entre as numerosas placas que se atopan no cemiterio, e que por tanto obedecerían a todas esas mostras de lembranza das persoas fusiladas que se foron facendo ao longo das décadas. A placa asinada polo PCG reza " en homenaxe e lembranza as mulleres e homes mortos po-la libertade do noso pobo" (Imaxe 45).

Esta placa e a propia existencia destas homenaxes que foron adquirindo un carácter periódico arredor do Día da Patria Galega, son signos da relevancia simbólica deste espazo como lugar de memoria da comarca de Ferrol. É máis, durante o acto que se realizou en 1982, os socialistas ampliaban a homenaxe a outros lugares de violencia da comarca, coa participación das agrupacións socialistas de Fene, Ares, Cabanas e Pontedeume[1633]. A crónica en prensa describía como "actos en recuerdo de sus compañeros muertos tanto en la guerra civil como en la represión que siguió a ésta"[1634] que consistirían na colocación de coroas e ramos de flores nas tumbas de "viejos socialistas, distribuidas por distintos cementerios parroquiales de la zona, como, principalmente, en las fosas comunes y anónimas que perpetúan su memoria en los camposantos de la comarca"[1635].

Soamente se cita o inicio da ruta, en Fene, e o final, no cemiterio de Serantes, onde se colocarían flores vermellas na fosa común[1636]. É curioso que non se cita ningún dos seus nomes. Si se denomina con nomes e apelidos aos membros destacados do partido que acudiron á homenaxe, doutra volta auséntase o secretario xeral do PSOE, esta vez sen incluír xustificacións a súa ausencia. Tampouco acode o propio alcalde Jaime Quintanilla, facéndose desta volta unha referencia expresa a súa falta[1637]. Por outro lado, nas intervencións que se realizaron e se transcribiron en prensa destacamos a do presidente do PSOE en Galicia Manuel Couce sobre o "drama del 36":

> "Todos somos responsables-dijo- de algunha maneira, do que acontece, e todos temos que aprender a realidade para correxir o camiño. Pero ten que ser da realidade auténtica de Galicia, aínda difícil, aínda dramática; por isa realidade que foron sacrificados homes que pola súa categoría intelectual, e exemplar honestidade, despertaron a furia dos seus nemigos"[1638].

Nestas mesmas datas unha das agrupación socialistas participantes nesta homenaxe, en concreto a de Fene, denunciaba mediante unha nota de prensa a retirada da coroa de flores que puxeran na Casa Consistorial de Fene en memoria da Corporación Municipal fusilada en 1936 ese mesmo día 25 de xullo, por tanto o día das homenaxes nos cemiterios[1639]. Segundo sinalaban na nota a coroa fora retirada "a los diez minutos de ser colocada". Polo que terían feito tres

[1633] "Los socialistas homenajearon ayer a sus compañeros muertos en 1936", *La Voz de Galicia,* 26/07/1982, p.31.
[1634] *Íbidem*.
[1635] *Íbidem*.
[1636] *Íbidem*.
[1637] Acoden segundo a nota en prensa: Presidente del PSOE Manuel Couce Pereira, presidente do comité local ferrolano: José Plana. Secretarios xerais das agupacións locais, Ángel Lopez Sueiro, e comarcal Carmelo Teijeiro. Da executiva nacional galega Joaquín Campoamor, o deputado provincial e concelleiro de Ferrol Juan González Carballo, e os concelleiros de Ferrol, Claudio de Cal, e de Mugardos: Rosa Gómez Limia.
[1638] "Los socialistas homenajearon ayer a sus compañeros muertos en 1936", La Voz de Galicia, 26/07/1982, p.31
[1639] "El PSOE de Fene pregunta al alcalde sobre la retirada de una corona", La Voz de Galicia, 24/08/1982, p.23.

preguntas na Permanente Municipal "sin que recibiesen respuesta". Na nota esixíase coñecer quen dera a orde de retirar a coroa de loureiro "dado que esta práctica no es coherente con una corporación de izquierdas"[1640]. Non somos quen de dar con máis datos sobre esta polémica, que implicaría por tanto ao grupo socialista e ao goberno local de Fene, do BNPG. Pero a tenor da relación tensa entre ambos partidos durante este ano, recordemos a ruptura dos pactos dos gobernos municipais, puidera estar enmarcada en certo conflito político entre eles, e ao mesmo tempo evidenciaría como a simboloxía e a homenaxe das vítimas constituíu un elemento de apropiación que sería empregado no debate e conflito político.

Tamén no ano 82, e tamén na comarca de Ferrol, tivo lugar outra acción de homenaxe que ademais nos sitúa ante as accións reparadoras que se produciron no período de estudo. Nela tamén participou en certo modo o PSOE, na persoa do seu senador por Ciudad Real, Javier Paulino Pérez, acompañado da súa muller da que descoñecemos o nome. Diversos elementos infiren a esta homenaxe dun carácter diferencial. En primeiro lugar a presenza dun senador de Ciudad Real en Ferrol. Por outra banda a natureza dos demais participantes na acción, todos formaran parte da Armada, así como o lugar onde se realizou, lonxe dos camposantos, no medio da ría entre Ferrol e Mugardos.

Imaxe 46. Homenaxe ao bordo do barco entre Mugardos e Ferrol, Xullo de 1982



El grupo de antiguos marinos de la República en el momento de embarcar en la lancha de Mugardos. En medio de ellos, el senador socialista

Fonte: *La Voz de Galicia,* 04/07/1982, p. 53

Documentamos este acto en base a dúas novas en prensa. Nelas faise especial fincapé no feito de ser "un grupo de ferrolanos que sirvieron en la Armada republicana" e que o facían "como homenaje a todos los muertos durante la guerra civil"[1641]. Para facer a homenaxe empregouse unha das viaxes ordinarias da embarcación da pasaxe entre Ferrol e Mugardos. Existen diversas preguntas que quedan no aire trala análise das dúas crónicas[1642]. Por unha banda o primeiro interrogante sería que fixo que este grupo de doce "septagenarios", decidiran

[1640] *Íbidem*.
[1641] "Ofrenda en la ría a todos los muertos en la guerra civil", *Faro de Vigo,* 04/07/1982, p.33.
[1642] En especial da publicada en La Voz de Galicia, de maior extensión e que incluía tamén a fotografía da Imaxe 49.

realizar este acto consistente en arroxar un ramo de flores ás augas da ría. Na nova descríbese a traxectoria vital de varios deles pero nada se di de como xurdiu a idea da homenaxe. Menos información ofrécese sobre a presencia de Javier Paulino, senador socialista, natural de Murcia. El tamén formaba parte do exército, como aviador durante o golpe de estado, o seu pai, tenente alcalde de Murcia e Gobernador Civil durante a guerra foi fusilado en 1939[1643]. Pero nada fai pensar nalgunha relación con Ferrol, máis alá da vinculación desta cidade coa Mariña e polo tanto co exército e o propio traballo que este desenvolvía como senador, para acadar unha lei de reparación orientada aos militares. Deste xeito Paulino "aprovechó el viaje a Ferrol, para informar a los compañeros de sus gestiones en la Cámara Alta para conseguir la amnistía de los militares leales a la legalidad vigente en 1936". Así o senador explicaba como a solución que se lle dera ás reclamacións dos militares de profesión antes de iniciarse a guerra, considerábaa anticonstitucional, ao igual que a aplicación da lei de amnistía do 77 coa que non se lles recoñecían os seus dereitos. Finalmente o Tribunal Supremo tería ditaminado en sentido contrario, sendo recoñecidos os seus dereitos "al 90 %"[1644]. O que por tanto vinculaba a súa visita coa lexislación reparatoria que neses anos desenvolvíase timidamente no estado, como xa mencionamos.

Poderíamos considerar como hipótese a existencia de certa agrupación de persoas na zona de Ferrol que foran mariños antes do golpe. Temos constancia da aparición de colectivos noutras zonas do estado, como as Ligas de Mutilados, ás que xa nos referimos ou, a modo de exemplo, a asociación de aviadores de la República, fundada en Barcelona en 1976[1645]. Esta organización organizou o 12 de maio de 1980 unha homenaxe ás vítimas da guerra civil en Gandesa, considerándoo un paso preciso para a reconciliación na paz e na concordia[1646]. O chamamento á reconciliación, estaba presente tamén nas palabras que se transcriben do único aviador participante na homenaxe na ría ferrolá, Paulino, quen levaba un "impecable traje gris" onde lucía "su insigna de aviador de la República" encargado de dicir as palabras no momento de arroxar o ramo de flores ao mar, onde de novo poden identificarse os aspectos centrais do relato da guerra fratricida:

> En nombre de todos los combatientes de la República y en calidad de representante de la soberanía popular, rendimos homenaje a los muertos en la lucha fratricida para superar la división entre los españoles y en honra de todos los que luchamos por un ideal en uno y otro bando[1647].

Nas crónicas incluíanse os datos de José Méndez, quen exiliado en Francia pasara por un campo de concentración, ou José Otero, quen estivera preso no castelo de San Felipe e posteriormente nun campo de concentración. Así mesmo relatábanse as dificultades para que estes integrantes do exército conseguisen refacer a súa vida. "Todos contaron sus pequeñas-grandes historias con emoción. "Algunos todavía tienen miedo hoy" decía otro antiguo cabo" [1648].

[1643] Biografía en https://fpabloiglesias.es/entrada-db/paulino-perez-javier/

[1644] La solución dada por el Tribunal Supremo de Justicia Militar, al fin ha sido revocada por el Tribunal Supremo y se les reconoce el 90 por ciento de los haberes". Efectivamente, el Diaro Oficial de Marina del pasado 30 de junio inserta una Orden por la que se dispone el cumplimiento de la sentencia del Tribunal Supremo, estimando el recurso promovido por Angel García Caamaño, auxiliar primero de electricidad y torpedos de la Armada". En : Varela, F. "Los marinos republicanos, homenajeados en Ferrol por sus viejos compañeros", La Voz de Galicia, 04/07/1982, p. 53.

[1645] "Piden permiso para funda la asociación de aviadores de la República", *La Voz de Galicia*, 23/07/1976.

[1646] V.L. "El día 12, homenaje a las víctimas de la guerra civil", *La Vanguardia,* 04/10/1980.

[1647] Varela, F. "Los marinos republicanos, homenajeados en Ferrol por sus viejos compañeros", *La Voz de Galicia,* 04/07/1982, p. 53

[1648] *Ibidem*.

Tamén se aludía nunha das noticias á existencia de ao redor dun cento de militares en Ferrol que estarían nesta situación de depurados do exército e que poderían reclamar agora unha reparación. Ademais describíase como o senador "en viaje prácticamente de recreo con su esposa", fora invitado a unha comida de confraternidade nun restaurante de Meirás, "donde desgranaron sus recuerdos" e tamén o convidaran a esta homenaxe "cita obligada de viejos camaradas desaparecidos" [1649]. Deste xeito, aínda que non se mencione directamente ningunha asociación, semella que conformaban un colectivo.

Volvendo aos actos organizados polas agrupacións socialistas, ademais da zona de Ferrol, certificamos a existencia de actos de homenaxe noutra partes do territorio galego. Así a directiva local e provincial do PSOE de Ourense, o 1 de maio do 82 organizou a ofrenda floral no cemiterio de San Francisco, concretamente ante a tumba de Manuel Suárez Castro, alcalde socialista de Ourense no 36 e fusilado o 27 de xullo de 1937 tras xuízo militar co resultado de pena de morte[1650]. No acto participaron militantes de base, tamén parlamentarios do parlamento español e do galego e concelleiros ourensás, xunto coa UGT[1651].Pero ademais, doutra volta a relevancia memorial do acto defínese en base á participación doutras persoas:

> También participaron viejos socialistas llegados de otros lugares de la provincia, entre ellos la viuda de un ferviente socialista, represaliado y encarcelado en el régimen anterior y que murió en vísperas de las primeras elecciones generales del período democrático. La viuda, llegada desde la localidad lucense de Quiroga, no pudo controlar su emoción en el transcurso del acto de recuerdo a Manuel Suárez (...). Hizo la ofrenda un veterano socialista de la capital y sobre la tumba se depositaron rosas y claveles rojos[1652].

Nos anos posteriores, temos documentados outros actos de homenaxe en diversas localidades galegas entre elas en Vigo, onde resulta posible que a placa de homenaxe no cemiterio de Pereiró pola agrupación socialista fose colocada como mínimo no ano 83.

4.3.1.2.Os "mártires" en San Amaro, A Coruña.

No capítulo anterior citamos as homenaxes arredor do 14 de abril no cemiterio de San Amaro, que segundo as fontes consultadas realizábanse dende 1976[1653]. O cemiterio de San Amaro foi un relevante lugar de morte, coa constancia de numerosas fosas comúns existentes nas súas inmediacións. En 1977 publicábase en prensa unha nota necrolóxica baixo o título "ellos amaban al pueblo" onde se homenaxeaba a seis persoas fusiladas o 31 de agosto de 1936 no Campo da Rata, a pouco máis dun quilómetro do cemiterio de San Amaro. Entre elas estaba o alcalde da Coruña, Alfredo Suárez Ferrín. No texto da nota rendíase "un emocionado homenaje para aquellos seres ejemplares que fueron olvidados durante tantos años", no corenta

[1649] *Íbidem*.
[1650] Base de datos Nomes e Voces. http://vitimas.nomesevoces.net/gl/ficha/10506/ .
[1651] "Menos de 500 personas en los actos del 1 de Mayo", *La Voz de Galicia*, 02/05/1982, p.30.
"División en las celebraciones de hoy", *La Voz de Galicia*, 01/05/1982, p.22.
[1652] "Menos de 500 personas en los actos del 1 de Mayo", *La Voz de Galicia*, 02/05/1982, p.30.
[1653] Entrevista a Carlos Etchevarria realizada por Iria Morgade (A Coruña, 27 de decembro de 2021). E artigo escrito por Benito Ferreiro Rivero en *La Opinión* de A Coruña, 24 de abril de 2005. Facilitado por Dionísio Pereira. No artigo sinala: "Sobre el año 1978, una serie de personas empezamos a conmemorar el 14 de abril para recordar la proclamación de la II República en el cementerio civil".

e un aniversario do seu fusilamento "como mártires de la libertad y del cumplimiento de los deberes que el pueblo les había confiado"[1654].

Imaxe 47. Placa de homenaxe colocada en 1981. Situación actual. San Amaro, A Coruña



Fonte: fotografía realizada por Iria Morgade, 2019.

O termo "mártires de la libertad" cobrou un importante protagonismo en 1980 ao ser a peza central do monólito que se levantou no cemiterio de San Amaro un ano máis tarde. Este monumento constitúe o primeiro en Galicia en memoria das vítimas do franquismo. Como xa vimos sostendo ao longo desta investigación a expresión "mártires" e inclusive "mártires da liberdade" vinculándoa coas vítimas da violencia franquista viña xa de lonxe, do exilio principalmente e continuou en Galicia. A placa de San Amaro (Imaxe 47) é unha proba palpable deste fenómeno.

A primeira referencia a este proxecto data de outubro de 1980 cando nunha sintética nota publicada en prensa anunciábase a convocatoria a todos os artistas escultores a un concurso para realizar bosquexos para un monólito que se levantaría no cemiterio civil á memoria "de los coruñeses muertos en defensa de La Democracia y la Libertad en 1936[1655]. Na nota, asinada por un "grupo de coruñeses", ofrecíase unha persoa de contacto e unha dirección postal a onde enviar os bosquexos neses primeiros quince días de outubro. Deste xeito identificamos a primeira persoa con nomes e apelidos dentro deste "grupo de coruñeses" que confería ao feito un carácter tan anónimo. Tratábase de Manuel Fernández Vidal. A seguinte referencia a este monólito data de varios meses despois, en xullo de 1981, nesta ocasión en forma de nova

[1654] La Voz de Galicia, 01/09/1977, p. 50.
[1655] "Concurso", *La Voz de Galicia*, 01/10/1980, p.5.

xornalística que daba conta da construción do monumento "a los muertos por la libertad". Dese "grupo de coruñeses" redactado na sucinta nota de outubro pasábase a falar agora dunha "comisión organizadora" que iniciaba a subscrición popular coa que levantar o monumento.

> Dicha comisión se entrevistará próximamente con representantes de las Asociaciones de Vecinos y partidos políticos con el fin de que los mismos colaboren a que se una pronta realidad dicho monumento[1656].

Nesta nova xa se ofrecía unha descrición de como sería o monumento, que realizaría un "arquitecto coruñés"[1657], entendemos que o gañador do concurso que convocaran meses antes, e que constaría de dous bloques de cantería abertos en forma de fiestra na súa parte superior e nunha placa con letras en bronce "en texto bilingüe", coa expresión "en memoria de los mártires de la libertad". No mesmo mes de xullo publicábase tamén un anuncio da comisión organizadora na busca de colaboración popular para o levantamento do monumento que, finalmente inaugurábase en novembro dese mesmo ano, en coincidencia co Día dos Defuntos[1658]. Unha data chave nas accións memoriais, como xa se identificou ao longo deste traballo.

Por tanto en novembro de 1981, daba a luz un lugar de memoria que analizamos en base á fonte hemerográfica e tamén á fonte oral. Por unha banda a de Dionísio Pereira, quen recorda ter acudido como participante, por outra banda a de Carlos Etchevarría, un dos organizadores do acto, e por último, a breve referencia que o galeguista coruñés Benito Ferreiro Rivero escribía nun artigo publicado no 2005, titulada *La ciudad que viví* e que tras a descrición da súa experiencia no golpe, salientaba:

> Sobre el año 1978, una serie de personas empezamos a conmemorar el 14 de abril para recordar la proclamación de la II República en el cementerio civil y en torno al año 1980 colocamos una placa en recuerdo a las personas que fueron asesinadas por sus ideales republicanos al comienzo de la Guerra Civil. Una de las personas que acudía a aquellas celebraciones era Pepín García, uno de los famosos hermanos de la lejía[1659].

Aínda que nos días previos só se identificaba unha organización, a Comisión Gestora Pro-Monumento a los muertos en defensa de la Libertad, na nota de convite ao acto aparecían dúas organizacións máis, La Liga de los Derechos Humanos e El Ateneo de la Coruña. As tres asinaron unha nota conxunta convidando "a todos los coruñeses" á inauguración do monumento, ás 12 da mañá do domingo 1 de novembro[1660].


O protagonismo destas organizacións constátase na crónica do acto e, en concreto, nas intervencións descritas. Así, abrían e pechaban a quenda dous membros desta "comisión gestora", Antonio Naya e Manuel Fernández Vidal, respectivamente, este último actuando como Presidente. Representando ao Ateneo falaba Claudio Movilla e como presidente da Liga de Derechos Humanos fixérao Carlos Etchevarría. Ademais destas tres organizacións incluíuse a presenza entre os oradores dun membro do concello coruñés, en concreto do tenente alcalde Fernando González Laxe.

[1656] "Comenzaron las obras del monumento a los muertos por la libertad", *La Voz de Galicia,* 04/07/1981, p. 35.
[1657] Posteriormente indícase que este é Pedro de Llano. En "Monumento a los muertos por la libertad", *La Voz de Galicia*, 03/11/1981, p. 39.
[1658] "La Comisión Organizadora del Monumento en memoria de los muertos en defensa de la libertad y la democracia", *La Voz de Galicia,* 18/07/1981, p.16.
[1659] Ferreiro, B. "La ciudad que viví. El resurgir del republicanismo coruñés", *La Opinión de A Coruña*, 24/04/2005. Facilitado por Dionísio Pereira.
[1660] Nota en *La Voz de Galicia*, 31/10/1981, p.18

A participación do concello coruñés foi alagada días despois pola comisión xestora nunha nota publicada en prensa na que se agradecía "al Alcalde y a toda la Corporación Municipal de Excmo. Ayuntamiento de La Coruña, su valiosa y desinteresada colaboración sin la cual no hubiera sido posible la construcción de dicho Monumento"[1661]. Recordemos que dende principios de 1981, coa rotura do pacto das esquerdas e a dimisión de Domingos Merino, o alcalde era Joaquín López Menéndez, da UCD.

Existen certos indicios que nos fan pensar na posibilidade de que unha boa parte dos integrantes das organizacións promotoras do monumento foran militantes e dirixentes do PSOE, polo menos na súa agrupación local. Así, ademais da participación do tenente alcalde do PSOE, González Laxe, identificamos a Manuel Fernández Vidal, o presidente da comisión xestora do monumento, como membro da agrupación socialista local, en concreto como parte da executiva, no cargo de administración, elixida en xaneiro do 81[1662]. Por outra banda, o outro membro da comisión que interviña no acto era Antonio Naya, quen consideramos pode tratarse do mesmo Antonio Naya que pasou a formar parte desta executiva en agosto do 81, tras unha crise aberta na agrupación local do partido, no cargo de "prensa, propaganda y formación"[1663].

Gráfico 62. Actores relevantes do monumento "Mártires de la libertad", A Coruña, 1981



Fonte: elaboración propia.

Mantendo esta hipótese, pola cal o Antonio Naya da comisión é o mesmo que o dirixente do PSOE coruñés, estaríamos a falar tamén do fillo dunha vítima. Antonio Naya Mariñas "militante socialista desde el año 1932 e hijo de uno de los fundadores del PSOE en La Coruña"[1664], en concreto de Antonio Naya López, paseado o 22 de marzo de 1937 "tras ser conducido ás 2 ao cemiterio municipal"[1665]. Teríamos pois, unha vinculación directa dun dos organizadores do acto cunha vítima. A súa persoa, ademais, fora reivindicada anos antes polo seu fillo Antonio Naya Mariñas nunha extensa carta ao director relacionada cun conflito arredor da recuperación dun local das traballadoras da fábrica de tabacos, "as cigarreras", ás que xa nos

[1661] "La Comisión Gestora", *La Voz de Galicia*, 03/11/1981, p. 24.
[1662] "Nueva ejecutiva del comité local del PSOE", *La Voz de Galicia,* 22/01/1981, p. 29.
[1663] "Constituída la nueva agrupación coruñesa del PSOE", *La Voz de Galicia*, 20/08/1981, p. 35.
[1664] Nunha nova de prensa do 85, cando Antonio Naya anuncia a súa dimisión como presidente da executiva comarcal do PSOE, abandonando tamén a súa militancia por ·desilusión", inclúese esta referencia ao seu pai como fundador do PSOE coruñes. En "El presidente de la Ejecutiva Comarcal del PSdeG-PSOE abandona el partido, por desilusión", *La Voz de Galicia,* 19/04/1985, p.22
[1665] Base de datos Nomes e Voces. http://vitimas.nomesevoces.net/gl/ficha/3523/

referimos con anterioridade. En concreto Naya defendía que o local non podía ser considerado como propiedade das traballadoras deste factoría en sentido amplo, senón daquelas que se coñecían como as "Chaconeras", por estar baixo o liderado de Severino Chacón, da UGT. Neste alegato Antonio Naya finalizaba considerando que acadando a devolución para as chaconeras:

> en la fachada de esta casa debería figurar una placa con los nombres de los que tanto lucharon por ella. Claro está que deseo ver en ella el nombre de mi padre; pero no en primer lugar. Le molestaría. Era enemigo de los protagonismos, era un socialista de los de Pablo Iglesias[1666].

Ademais dese recordo explícito do pai, dese afán xa memorialista, Naya concluía a carta referíndose ao que se debía facer no Campo da Rata onde nese momento proxectábase unha cidade satélite: "deberá colocarse en el centro de aquella plaza un monolito negro, negrísimo, con unas letras blancas, blanquísimas en las que se lea: Por todas las víticmas de lo social 1936-1976"[1667].

A vinculación entre os organizadores e as vítimas tamén está presente no caso de Carlos Etchevarría[1668] quen interviña na homenaxe como presidente da La Liga de Derechos Humanos e que nos anos sucesivos tivo un papel predominante nos actos que se organizaron ante o monumento, representando tamén ao Ateneo da Coruña. Na entrevista realizada a Etchevarría puidemos comprobar a relevancia e impacto persoal que tivo para el o exilio do seu pai Salvador Etcheverría Brañas, quen ocupara relevantes cargos da diplomacia republicana ata o seu falecemento en 1957[1669].

> No saber lo que es la calidez de un padre…A parte de que yo creía que tenía un compromiso con mi padre, y lo sigo creyendo, y lo procuré seguir al dedicarme a defender las mismas ideas[1670].

Carlos comezara a súa militancia en 1969 no Partido Socialista no Interior, posteriormente denominado Partido Socialista Popular e que en 1978 integrouse no PSOE[1671]. Nese ano 69 foi un dos encargados de poñer en marcha o partido en Galicia[1672]. El mesmo conta como foi fundador anos máis tarde desta Liga de los Derechos Humanos, da que pouca información máis dispoñemos ademais da relacionada con esta homenaxe en San Amaro[1673]. Ademais Etcheverría, avogado de profesión, formou parte de asociacións con outros avogados

---

[1666] Aclaración: polo que conta Naya, as chaconeiras non chegaran a estar integradas na UGT, aínda que agora Naya considera que agora deberían facer esa integración (que prometerán durante a guerra) "y que esa agrupación de la UGT serían quienes deberían ahcerse propietarias de lo que construyeron sus madres y sus abuelas". En "Carta al director: Un edificio que es de "las chaconeras" y no de las cigarreras", *La Voz de Galicia*, 14/04/1977, p. 30.

[1667] "Carta al director: Un edificio que es de "las chaconeras" y no de las cigarreras", *La Voz de Galicia*, 14/04/1977, p. 30.

[1668] O pai Carlos Etcheverría. En prensa o apelido escríbeno como Etchevarria. Decidimos empregar a primeira forma.

[1669] Fundador da ORGA e Unión Republicana, membro da Masonería, tras ser detido en dúas ocasións e aproveitando as súas influencias exíliase fuxindo por Portugal. No exilio ocupará diversos cargos da diplomacia republicana. Morre en París en 1957. Información extraída de: Salvador Etcheverría Brañas | Memoria do cárcere A Coruña (memoriadocarcere.com)

[1670] Entrevista a Carlos Etcheverría realizada por Iria Morgade (A Coruña, 27 de decembro de 2021).

[1671] Sobre a súa integración no PSOE Etcheverría non nos indica un ano, este é o que figura na información xeral sobre a integración do partido no PSOE. Entrevista a Carlos Etcheverría realizada por Iria Morgade (A Coruña, 27 de decembro de 2021).

[1672] Entrevista a Carlos Etcheverría realizada por Iria Morgade (A Coruña, 27 de decembro de 2021).

[1673] Polo que conta na entrevista Etcheverría (ao vinculalo a Unamuno) entendemos que viría a ser un "rexurdimento" das "Ligas de Derechos del Hombre" nacidas a principios do século XX. Cunha conexión entre revolución e masonería. En "Antonio Ayala, A. (1990). Revolución, derechos individuales y masonería: las ligas españolas de derechos del hombre (1913-1936). En *Masonería, revolución y reacción* (pp. 123-143). Instituto Alicantino de Cultura Juan Gil-Albert.

progresistas en Galicia como Gonzalo Adrio[1674]. Volvendo á homenaxe e a participación destas organizacións, Etchevarría sostén:

> Claro, eramos la base sobre la cual se nos nos ocurrió la historia esta. Pues primero ennoblecer a aquellos que habían estado apartados, darles un reconocimiento. Existieron, lucharon y eran gente que además de tener ideas de libertad, pues eran justos, y no eran de los que caban trincheras, sino todo lo contrario, tienden manos[1675].

O papel protagonista do PSOE na homenaxe corroboraríase na lembranza de Dionísio Pereira, quen acudiu á homenaxe e recorda a participación moi activa dos "veteranos do PSOE". En definitiva falamos de militantes do PSOE de antes do golpe ou da posguerra e que, en certo modo, tomarían distancia nestes anos posteriores co novo PSOE. Por outra banda tamén tiña unha posición central o Ateneo da Coruña:

> Naquela altura, no Ateneo andabamos mesturados xente republicana, do PCG/CCOO, do PSOE e da chamada extrema esquerda (MCG, LCR,...). Os nacionalistas, non: eles tiñan a Asociación Cultural Alexandre Bóveda, fundada en 1976 e os anarquistas, tampouco[1676].

O Ateneo tivera a súa asemblea constituínte catro anos antes, en novembro de 1977, "cuya finalidad primordial era la difusión, la investigación y creación de la cultura"[1677]. En 1979 contaba xa con 1200 socios sendo presidente Pablo Uriel. Claudio Movilla pertencera xa ao núcleo fundacional sendo vogal da primeira xunta e ocupaba o cargo de vicepresidente en 1979. O Ateneo estaba conformado por oito comisións e dela formaba parte un "amplio sector ideológico de la izquierda"[1678].

[1674] Segundo a testemuña de Etcheverría: "Grupo de Avogados Demócratas", onde estaba Gonzalo Velasco, Gonzalo Adrio, etc.

[1675] Da entrevista puidemos obter poucos datos, pola falta de recordos precisos sobre estas accións memoriais ás que nos referimos.

[1676] Entrevista a Dionísio Pereira realizada por Iria Morgade (Electrónica, xaneiro de 2024).

[1677] Cruz, J. "El Ateneo: 19 meses de existencia", *La Voz de Galicia*, 18/07/1979, p.33

[1678] *Íbidem.* Tamén sobre conflitos co goberno estatal ou sobre algunhas das actividades realizadas, entre elas acto en memoria de Seoane, ou xornada sobre homosexualidade.

Imaxe 48. Fotografía da inauguración do placa en San Amaro, Novembro de 1981



Fonte: Fondo Villaverde Otero. Nomes e Voces.
Nota: O primeiro pola esquerda: Fernández Laxe, a segunda pola esquerda: Pilar Valiño, concelleira do PSOE, o cuarto (con gafas de sol) sería Carlos Etcheverría, a sexta persoa sería Fraternidade Villaverde seguido dela o seu marido (información de Dionísio Pereira). Pola súa parte Etcheverría di varios nomes, que non temos ubicados na imaxe: Cándido Lamai, Pepe Llano, Martínez Fontenla.

A nivel visual, ademais da fotografía que ilustra a crónica en prensa, e que ten unha calidade bastante escasa, dispoñemos dunha fotografía dun incuestionable valor e que se pode observar na Imaxe 48. Nela posaban algúns dos protagonistas daquela homenaxe, boa parte deles puideron ser identificados. Ao estar nela Carlos Etxevarría e González Laxe é coherente pensar que nela tamén se atopen os demais oradores. Ademais unha persoa en concreto resulta de especial interese para esta investigación, trátase de Fratenidad Villaverde, vestida con chaqueta de cadros na imaxe. Fraternidad era filla de Jose Villaverde Velo quen se configurou como o protagonista dunha transcendente acción memorial en Pontevedra en 1982, como se estudará no seguinte apartado.

A partir deste momento inaugural nos defuntos de 1981, a placa converteuse nun lugar de memoria no que se realizaron numerosos actos de homenaxe. Ao ano seguinte, foi o PSOE quen organizou o acto en memoria dos seus "compañeros fallecidos" [1679] ante o monumento. Acto no cal participaron deputados e senadores así como o grupo municipal do Concello da Coruña. O alcalde accidental nese momento, José Manuel Rey Pichel, tamén da UCD, realizaba ese mesmo día dúas ofrendas florais, a primeira no cemiterio de Feáns, na "Cruz de los Olvidados" e no de San Amaro, desta volta na placa aos mártires pola liberdade[1680]. Tamén se realizaron ofrendas no monumento no aniversario da proclamación da II República, en concreto temos constancia da ofrenda realizada o 14 de abril de 1983, anunciada en prensa como a celebración da II República Española de "un grupo de republicanos coruñeses" que "con una ofrenda floral en el Monumento dedicado a los Muertos en defensa de la Libertad"[1681]. O liderado de Carlos

[1679] "Hoy, homenaje del PSOE a los compañeros fallecidos", *La Voz de Galicia,* 30/10/1982, p. 57.
[1680] Por agora non identificamos esta cruz co franquismo. "Ofrendas del Ayuntamiento y Real Academia en los cementerios coruñeses", *La Voz de Galicia,* 02/11/1982, p.20.
[1681] "LII Aniversario de la República Española", *La Voz de Galicia*, 13/04/1983, p.26.; e en "Aniversario de la República", *La Voz de Galicia,* 14/04/1983, p.23.

Etcheverría neste acto revélase ao ser el quen pronunciou unhas palabras "haciendo resaltar que en muchos hombres sigue firme el espíritu político de lealtad a la República"[1682].

Poucas semanas despois, produciuse outra ofrenda floral no monumento nun acto que adquire unha gran relevancia polo actor que o organizaba: "a asociación pro mártires de la libertad"[1683]. A referencia a esta asociación se limita a unha noticia en prensa, sen lograrse durante esta investigación acadar máis datos ou información sobre a mesma[1684]. No acto interviñeron como oradores dúas persoas, por unha banda Manuel Murillo, quen daquela pertencía ao PSOE tras ser secretario xeral do PSOE-Histórico no 76[1685]. E por outra banda José García, "Pepín o da Lexía", quen pertencera ata 1979 a agrupación socialista do PSOE, e era, pois, dos "vellos do PSOE". Nunha carta publicada en febreiro deste ano argumentaba a súa dimisión como presidente da agrupación socialista da Coruña e tamén a baixa de militancia, pola falta de democracia interna ao impoñer nomes nas listas das diversas candidaturas dende "Santiago o Madrid". Entre estes nomes "impostos" sinalaba a Paco Vázquez[1686]. Unha carta pois, na que se fai visible o choque entre os vellos militantes do PSOE de antes do golpe e os novos dirixentes, que encabezados por Felipe González lideraban o partido na Transición.

"Pepín o da Lexía" como era coñecido na Coruña, é unha persoa fundamental para a comprensión da violencia exercida contra a veciñanza da Coruña. Este aparecía, como transcribimos en liñas anteriores, nas lembranzas de Benito Ferreiro como un dos asistentes ás homenaxes no cemiterio coruñés dende o 78. "Pepín" era familiar de vítimas, os seus tres irmáns foran asasinados, e era en si mesmo unha vítima, fuxido e exiliado. A diferenza dos seus irmáns José García logrou escapar, combatendo primeiro no exército republicano e exiliándose trala fin da guerra. El e os seus irmáns eran coñecidos como os da "Lexía", polo negocio que tiña o seu pai. Militantes das Juventudes Socialistas, Bebel, Jaurés e France foron asasinados. Temos constancia documental da participación de José García no acto de homenaxe neste ano 1983 no cemiterio de San Amaro, dirixindo unhas palabras recollidas en prensa. El e Murillo recordaron "el carácter apartidista del acto, y haciendo constar que esos compañeros que dieron la vida por la defensa de las libertades y de la democracia deben estar permanentemente en la memoria de los que continúan la lucha que ellos empezaron[1687].

O acto, celebrado o día previo á conmemoración da Clase Traballadora tivo "gran asistencia de personas de diferentes ideologías (socialistas, cenetistas, comunistas y demócrata-cristianos) que pusieron cada uno una flor ante la lápida que conmemora el sacrificio de estos mártires por la libertad"[1688]. En ningún momento na crónica se fai referencia á guerra ou ao golpe. E si a ese vago "sacrificio pola liberdade". Precisamente dende 1996 vai ser unha placa en memoria de "Jose García García Pepín" a que figure xusto debaixo da placa de homenaxe aos mártires, como así puidemos comprobar na nosa visita do cemiterio (Imaxe 47). Alí mesmo foron depositados os seus restos, o que da conta da relevancia simbólica deste lugar[1689].

[1682] "La Coruña: Celebración del 52 aniversario de la II República", *La Voz de Galicia,* 15/04/1983, p.34.
[1683] "Mañana, ofrenda floral en el cementerio civil", *La Voz de Galicia*, 29/04/1983, p.40.
[1684] Non puidemos descubrir nada máis sobre a asociación "Pro mártires", nin na consulta de documentación, nin na revisión hemerográfica, tampouco a través das lembranzas de diversos protagonistas. O que nos podería facer indicar que ou se tratou dunha asociación efémera ou resultaría nun diamante en bruto na investigación memorial.
[1685] "Los retirados de la clandestinidad", *La Voz de Galicia,* 24/01/1983, contracuberta.
[1686] "Jose García, "Pepín el de la Lejía" dimite como presidente de la Agrupación del PSOE en La Coruña", *La Voz de Galicia,* 10/02/1979, p.31.
[1687] "Acto de recuerdo por los mártires de la libertad", *La Voz de Galicia,* 01/05/1983, p.27.
[1688] *Ibidem*.
[1689] Otero, M. "En memoria de Pepín de la Lejía", *La Opinión*, 18/08/2018. https://www.laopinioncoruna.es/coruna/2018/08/18/memoria-pepin-lejia-23997830.html


Sobre este monumento, tamén falou Mar y luz Villaverde Otero, coñecida como Mariquiña, na entrevista realizada en 2006 dentro do Proxecto Nomes e Voces[1690]. Nunha conversa con outros familiares e o investigador Antonio Míguez sobre o asasinato do seu pai e a historia da súa familia a raíz deste feito, Mar y Luz lembraba o acontecido nunha celebración do 1º de maio no cemiterio. Tería acontecido nos anos oitenta, aínda que sen precisar cando. Ela e a nai atopábanse sentadas diante da tumba do pai, José Villaverde Velo, a quen enterraran na clandestinidade no cemiterio de San Amaro traído dende Oseira, onde fora asasinado. Estando alí achegouse Francisco Vázquez, daquela xa alcalde da Coruña (e polo tanto despois de 1983). Nese momento a súa nai, pediulle que nas remodelacións que se fixeran do cemiterio mantivéranse a salvo as cinzas do seu home. Lembraba Mar y Luz que o alcalde, quen segundo a súa testemuña respectaba a figura do seu pai, fixo construír uns cinceiros para depositar as cinzas.

Nese momento Mar y Luz Villaverde describiu como o alcalde acudía os 1º de maio ao cemiterio para depositar unha flores ante un "monumento"[1691]. Ao tratarse dunha entrevista grupal, Mar y Luz soamente emitiu unhas breves frases ao respecto, sendo interrompida por outra participante que desviou a conversa cara outro tema. Antes da interrupción tamén arroxou outro dato interesante, a participación da súa irmá Fratenidad na construción do monumento. A Fraternidad témola identificada na foto grupal da homenaxe (Imaxe 51). Así Mar y Luz dicía "ese monumento lo empezaron mi hermana Frater y gente...". Lamentablemente, polo falecemento de Mar y Luz non puidemos afondar nesta afirmación e na posible descrición que faría sobre esta importante acción da memoria.

Pero xa con esta pequena referencia, xunto coa fotografía que testemuña o feito e no que aparece Fraternidad, podemos vincular dúas das homenaxes máis relevantes desta segunda etapa en estudo: a homenaxe aos "mártires de la libertad" na Coruña e a homenaxe a "José Villaverde Velo" en Pontevedra.

4.3.1.3.Pontevedra: a homenaxe a Jose Villaverde Velo. Unha familia pola memoria

Imaxe 49. Nota necrolóxica da familia Villaverde, 1977.


«La sangre de tu martirio
y tantos martirios más
a la conciencia del mundo
un día despertarán...»
Prisión, Sept. 1936

41 ANIVERSARIO DE

JOSE VILLAVERDE VELO

Muerto por amar un ideal, tu compañera, hijas, nietas y biznieta, jamás te olvidarán.

24 SEPTIEMBRE 1977

Fonte: *La Voz de Galicia*, 24/09/1977, p.19.

[1690] Entrevista a Mary y Luz Villaverde Otero realizada por Antonio Míguez (30 de novembro de 2006). Proxecto Nomes e voces. Fondo Villaverde Otero, 2185.

[1691] Como se tratará no seguinte capítulo, a partir de 1983 efectivamente o alcalde da Coruña realizou periodicamente ofrendas florais fronte ao monumento.

Esta nota necrolóxica, publicada en 1977 e pertencente, por tanto, ao fenómeno de proliferación deste tipo de accións da memoria que se estudou no Capítulo 3, amosa dúas cuestións de interese. Por unha banda a memoria da familia de José Villaverde sobre o asasinato deste e o seu afán de reivindicación pública. En segundo lugar resalta a inclusión na necroloxía dun poema que un preso anónimo lle dedicara a Villaverde cando este fora extraído da cárcere para a súa execución. Cinco anos despois de ser publicado nas páxinas do xornal, este poema pronunciouse en voz alta nunha homenaxe pública na súa memoria.

José Villaverde, anarcosindicalista da CNT, defensor dos métodos non violentos, e impulsor de publicacións como *Despertad!* o *Solidaridad Obrera* foi asasinado en setembro de 1936, aparecendo o seu cadáver en Oseiro, no concello de Arteixo[1692]. O 8 de maio de 1982 produciuse en Pontevedra un acto de homenaxe con presenza da súa familia. O primeiro interrogante tería que ver coa vila na que ten lugar a homenaxe, Pontevedra, sabendo que o líder anarquista era de Compostela, vivira en Vigo e finalmente na Coruña. As razóns deste feito son relevantes e básicas tamén para comprender a natureza do propia homenaxe, e teñen boa parte da súa orixe na relación dos promotores coa familia Villaverde e, en especial, coa filla do asasinado, Mar y Luz Villaverde Otero.

A homenaxe tivo lugar no marco do nacemento da asociación cultural que levaba o nome de José Villaverde e que se fundaba cun acto inaugural que á vez convertíase nunha homenaxe a esta vítima. Detrás dela atopábanse como integrantes da comisión xestora Luís Muiños, Eugenio Pérez e Miguel Angel Cuña Casasbellas. Este último foi o encargado de presentar o acto e pronunciar as primeiras palabras no mesmo, ao que seguiu a disertación sobre a figura de Villaverde de Dionísio Pereira, quen neses anos estaba inmerso na investigación sobre o movemento obreiro e anarquista en Galicia antes do golpe de estado. Tanto Cuña como Pereira, ambos tamén de ideoloxía anarquista, coñecían dende había anos á familia Villaverde. Nas súas palabras, recollidas para esta investigación, constátase o peso simbólico desta familia. O que tamén se pode extrapolar da entrevista realizada a varias das irmás Villaverde en 2006 no marco do proxecto Nomes e Voces. En definitiva, a familia de Villaverde Velo posuíu unha significación fundamental tanto para a investigación da violencia franquista como para a reivindicación memorialista.

José Villaverde tivo fillos de dous matrimonios diferentes. Para o obxectivo desta investigación, do primeiro destaca a figura de Fraternidad quen, como acabamos de mencionar no apartado anterior, participara na iniciativa do monumento en San Amaro no 81, recordada tamén como a primeira muller que fora a unha manifestación na Coruña. Do segundo matrimonio naceron Olga e Mar y Luz, fillas da tamén anarquista Palmira Otero, e moi cativas cando José foi asasinado. Palmira pertencía a unha familia de importante peso no mundo anarquista, tanto na figura do seu pai como dos seus irmáns. Aínda que con certo hermetismo arredor da morte de José e da súa filiación, a nai lles contaba que este fora asasinado, e as dúas nenas naceran nun ambiente orgulloso da súa orixe "de esquerdas" mantendo unha resistencia constante ao réxime, materializado, por exemplo, en non seguir os ritos católicos. Pero a referencialidade do seu pai, foi descuberta polas súas fillas xa sendo maiores, aproximadamente arredor dos anos 50, cando Mar y Luz decidiu desenterrar unha maleta que fora escondida baixo terra polos seus tíos tralo asasinato do pai. Dentro dela atopou moitos libros e a colección da publicación anarquista *Solidaridad Obrera*, todo o cal, xunto as cartas recibidas do exilio

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[1692] Base de datos Nomes e Voces. http://vitimas.nomesevoces.net/gl/ficha/4380/

anarquista en México, foron perfilando na mente destas mulleres o que fora e significara o seu pai[1693].

Pola súa banda, a maleta constituíu un activo fundamental para a historia de Galicia, e foi cedida a Real Academia Galega en 2011. Un reflexo do papel que tivera previamente Mar y Luz como colaboradora do Proxecto Nomes e voces dende 2006[1694]. Ademais, con anterioridade fixeran uso da maleta diversos investigadores, como Dionísio Pereira quen coñecía á familia Villaverde dende 1974. El mesmo identifica nesta familia a un dos elementos fundamentais para comprender a súa actuación vital tanto no eido político como no investigador. Con só dezanove anos iniciou unha relación de amizade cos Villaverde, en especial con Mar y Luz, que duraría "ata a morte":

> Unha familia moi unida, ampla... e por iso tamén sobreviviron ao franquismo, porque cando uns tiñan problemas outros amañaban… o exemplo vital desta familia a min influíume moitísimo[1695].

Por outra banda Miguel Angel Cuña Casasbellas antes de instalarse en Pontevedra, traballara na Coruña, onde coñeceu a familia e iniciou unha amizade con Mar y Luz e Olga Villaverde[1696]. Deste xeito, e sendo Cuña parte nuclear da asociación propuxo o nome de "José Villaverde". Nos meses de vida que tivo a asociación participaron nela anarquistas da CNT pero tamén grupos de esquerda marxista afastados do PCE, isto é principalmente o PCE (r), o que se visualizou na composición dos asistentes ao acto inaugural de principios de maio de 1982. No convite informábase do carácter que tería o acto en memoria de Villaverde:

> En el desarrollo de dicho acto recordaremos la gran figura de este compañero que, pese al afán de quienes lo asesinaron, sigue vivo en nuestra memoria y corazón[1697].

Tamén se anunciou o acto en prensa, cunha redacción moi similar nos diversos xornais, o que pode indicar a reprodución practicamente literal da nota de prensa elaborada probablemente pola propia asociación[1698]. O nome da asociación explicábase pola evocación da figura dun "anarco-sindicalista fusilado en 1936"[1699]. O acto, previsto para as seis e media da tarde, e que tamén servía para inaugurar o local da asociación situado nun lateral da praza de Barcelos, pode dividirse en tres partes diferenciadas. En primeiro lugar a presentación na que Miguel Ángel Cuña defendía a organización nacente como "una asociación abierta a todos los trabajadores pontevedreses" creando así na cidade "un lugar de encuentro y debate que permita a los individuos no sólo resistir a la devaluación cultural y social que hoy se vive, sino también extender las ideas de libertad, solidaridad e independencia"[1700].

[1693] Entrevista a Mary y Luz Villaverde Otero realizada por Antonio Míguez (30 de novembro de 2006). Proxecto Nomes e voces. Fondo Villaverde Otero, 2185.

[1694] Proxecto Nomes e Voces. https://histagra.usc.es/es/novas/785/fallece-la-colaboradora-de-nomesevocesnet-mariquina-villaverde-otero

[1695] Entrevista a Dionísio Pereira realizada por Iria Morgade (Cerdedo, 26 de maio de 2022).

[1696] Entrevista a Miguel Angel Cuña Casasbellas realizada por Iria Morgade (Pontevedra, 2 de agosto de 2022).


[1697] Documento, convite ao acto. Cedido por Miguel Angel Cuña Casasbellas.

[1698] Anuncio en *Faro de Vigo* ("Hoy comienza su andadura la Asociación Cultura Obrera "José Villaverde"", *Faro de Vigo*, 08/05/1982, p.31.) e *La Voz de Galicia* (máis resumido; "Se inaugura hoy la sociedad cultura obrera José Villaverde", L*a Voz de Galicia*, 08/05/1982, p. 27.

[1699] "Hoy comienza su andadura la Asociación Cultura Obrera "José Villaverde"", *Faro de Vigo,* 08/05/1982, p.31.

[1700] "Inaugurada la Asociación Cultural Obrera "José Villaverde", *Faro de Vigo*, 11/05/1982, p. 27.; "Inaugurada en Pontevedra la sociedad cultural obrera "Jose Villaverde", *Diario de Pontevedra,* 11/05/1982 e "Inaugurada la sociedad "Jose Villaverde", *La Voz de Galicia,* 12/05/1982 (estes dous últimos recortes gardados por Miguel Ángel Cuña).

Imaxe 50. Dionísio Pereira e Miguel Ángel Cuña durante a homenaxe a Villaverde



Fonte: Dionísio Pereira.

A segunda parte do acto a protagonizou Dionísio Pereira, quen daquela formaba parte do colectivo de Historia Xerminal, impartindo unha conferencia baixo o título *La significación de José Villaverde en la clase obrera gallega.* Máis alá da información e análise da traxectoria de Villaverde, para o obxecto deste traballo interésannos especialmente as últimas liñas da súa conferencia, que reflexan tanto a carga emotiva como a memorialista deste acto. Así xusto antes de recitar o poema que o preso anónimo dedicara a Villaverde e que anos antes xa fora incluído na nota necrolóxica da familia, Pereira expresaba:

> Pero hoy no lloramos su desaparición ni la de tantos otros, su lucha, su ejemplo, es algo que día a día nos reconcilia con un género humano que aun no ha encontrado la manera de vivir libre y gozosamente[1701].

Trala súa intervención producíase a parte do acto máis clasicamente memorialista, coa entrega dunha placa á familia Villaverde. Nos anuncios do acto comunicábase que estarían viúva e fillos, máis finalmente, soamente acudiron catro fillas, Mar y Luz, Olga, Carmen e Fraternidad[1702]. Esta última, "Frater" foi a encargada de recoller das mans de Cuña a placa conmemorativa, como así se pode ver nas fotografías (Imaxe 51). As instantáneas deste acto son unha fonte de incalculable valor, por ser das poucas fotografías recuperadas dunha acción memorial durante o período en estudo cunha boa calidade. Así mesmo, constitúen unha boa mostra da carga emocional do acto[1703].

[1701] Papel mecanograd co discurso de Dionísio Pereira, gardado e cedido por Miguel Ángel Cuña Casasbellas.
[1702] Sabémolo grazas a carta de Marquiña cara Miguel Ángel e tamén dan conta disto as fotos consultados do acto. Segundo as lembrazas de Dionísio Pereira Palmira estaba delicada do corazón e tiñan medo que a emoción lle sentase mal.
[1703] Conservadas tanto por Dionísio Pereira como por Miguel Ángel Cuña.

Imaxe 51. Fotografías das fillas de José Villaverde durante a entrega da placa.



Fonte: Dionísio Pereira e Miguel Ángel Cuña[1704].
Nota: Fotografía 1: Fraternidad Villaverde recolle a placa en mans de Miguel Ángel Cuña.
Fotografía 2: De esquerda á dereita, Fraternidad, Carmen Villaverde (de pé), e Mar y Luz (sentada con pano azul).
Fotografía 3: Fraternindad, Mar y Luz, Suso Trillo (segundo home)e o último na esquina dereita de corbata: Francisco Pillado Ribaduña: fora Director de *La Voz de Galicia*. (Información de Dionísio Pereira). E como podemos escoitar na entrevista de Nomes e Voces, amigo da familia Villaverde.
Fotografía 4: aperta entre Fraternidad e outra persoa non identificada.

Revisando as fotografías pode comprobarse como Fraternidad pronunciou unhas palabras trala entrega da placa. Estas constatan a presenza de Carmen Villaverde, a filla maior, e de Mari y Luz e Olga Villaverde. A carga emotiva revélase en boa parte das fotografías, salientando a 1 e 4 (Imaxe 51).

Entre o público asistente, como sinalan as fontes e como tamén se volveu constatar ao revisar as fotografías, atopábanse persoas relacionadas coa CNT e o PCE (r) ademais da familia Villaverde e amigos desta (Imaxe 51)[1705]. As fillas de Villaverde, a diferenza do que acontecera noutras familias violentadas, onde a persoa asasinada practicamente desaparecía das conversas familiares, creceran "adorando ao pai", como reflexionaban Mar y Luz e Olga:

> MAR Y LUZ: Nuestro padre era dios nuestro señor, que lo habían matado. Por sus ideas, y nada más.
>
> OLGA: para mi madre no hubo un hombre más guapo ni mejor del mundo. A nosotras nos educó adorando la figura de nuestro padre[1706].

[1704] Cuña ten as fotos nun álbum no que se describen as mesmas: "Fraternidad Villaverde, en el momento de recibir la placa de homenaje a la memoria de su padre, de manos de Miguel Angel Cuña". Documento cedido por Miguel Ángel Cuña.
[1705] Temos documentadas máis fotografías cedidas tanto por Dionísio como por Miguel A. Cuña. Non se inclúen neste texto por carecer de máis valor que constatar esta composición poliédrica dos asistentes.
[1706] Entrevista a Mar y Luz Villaverde Otero realizada por Antonio Míguez (30 de novembro de 2006). Proxecto Nomes e voces. Fondo Villaverde Otero, 2185.

A través dese papel nuclear que tiña a persoa desaparecida na familia Villaverde, debe entenderse tamén o peso que tivo esta homenaxe realizada por amigos e compañeiros afíns ideoloxicamente ao seu pai. Para comprender isto, e sobre todo, como un exercicio que pode servir para comprender o significado que teñen este tipo de homenaxes nas familias dos asasinados, acudimos a un documento único ata o momento. Trátanse das reflexións da filla Mar y Luz despois da homenaxe, na carta que lle escribiu a Miguel A. Cuña e que este nos cedeu durante a entrevista que lle realizamos. Nela Mar y Luz relata o que pasara cando chegaran a casa e lle entregaran a placa a súa nai Palmira, quen finalmente non acudira á Pontevedra, pois estando delicada do corazón as fillas tiveran medo de que correse risco a súa saúde coa emoción do acto[1707].

> Aparte de mi madre y tía nos estaba esperando mi hermana Frater, porque quería estar presente cuando le entregáramos la placa.
> Que te voy a decir, fué un momento precioso, se la colocamos en un mueble enfrente del sofá donde ella habitualmente está sentada.
> No nos podíamos imaginar que esto pudiera suceder y ya ves, lo habeis hecho posible vosotros. En vida de mi padre tuvo un homenaje en el que le regalaron una pluma, creo que fueron sus compañeros cenetistas, de lo que él hablo en un mitin, pero no nos la devolvieron de la carcel después de su fusilamiento, por lo que no quedó ningún recuerdo visible, ahora si tenemos el vuestro.
> Tanto mi madre como mis hermanas y yo, estamos muy orgullosas (tengo que decirte la realidad de lo que sentimos) del homenaje que le habeis tributado. GRACIAS[1708].

A familia do asasinado, traumatizada durante corenta anos, son vítimas en si mesmas da violencia exercida. O castigo coa imposibilidade do loito público, do dó común, constátase tamén nesa ausencia de obxectos materiais que poidan recordar ao defunto, que poidan, por tanto, facer memoria. Dende esta lectura analizamos a entrega desa placa, dese algo físico que á fin recorde ao seu familiar, e que se fixera ademais cun acto público, colectivo, de reunión de familiares e amigos.

Mar y Luz tamén reflexionaba na carta sobre a relevancia que tivera para ela coñecer información sobre a vida do seu pai, algo que entendemos acontecera durante eses anos da Transición, fronte ao descoñecemento anterior. Todo o cal revela tamén ese fenómeno da "socialización do ocorrido":

> Como no pude conocer a mi padre, durante muchos años en mi pensamiento cree un ser imaginativo, que ahora, al leer sus artículos, escuchar por voca de sus compañeros de prisión, que aún viven y testimonios escritos por personas que convivieron con él tanto durante su estancia en la carcel, como en el momento de su muerte, la imagen que yo cree engrandeció y pensaba que merecía un recuerdo por parte de sus compañeros de lucha, y ese peso que yo tenía se liberó el otro día cuando escuchaba tus palabras y las de Dionisio, por ello me es imposible describir lo que verdaderamente siento. Quiero que les digas a todos los que colaboran o colaboraron sencillamente GRACIAS[1709].

Trala inauguración, a asociación comezou a súa actividade con recitais poéticos, cursos de dereito laboral, coloquios sobre historia ou medio ambiente, proxeccións de cine ou inclusive

[1707] Entrevista Dionísio Pereira realizada por Iria Morgade (Telefónica, 8 de febreiro de 2024).
[1708] Carta de Mar y Luz Villaverde. Datada na Coruña o 10 de maio de 1982.Documento cedido por Miguel A. Cuña.
[1709] *Ibidem.*

unha mesa redonda co título *A tortura en España*[1710]. Entre eles, debemos destacar as xornadas que teñen lugar en novembro e decembro deste ano 82 e que constituíron en si mesmos un momento inaugural na divulgación da historia do movemento obreiro en Galicia e, polo tanto, desa memoria traumática que se negaba. Neste senso o propio Dionísio Pereira constitúe un exemplo de axente memorial divulgador do movemento obreiro a principios dos anos oitenta. El, xunto a Miguel A. Cuña, foron os promotores destas xornadas, que podemos considerar as primeiras realizadas en Galicia. Así, argumentaban a necesidade das mesmas no tríptico que difundía as mesmas:

> Lamentablemente es muy difícil encontrar en el mundo de la cultura de nuestro pais, tanto oral como escrita, alguna referencia al desarrollo y experiencias vividas por el movimiento obrero galaico durante los siglos pasado y actual. (...)Las razones no pueden buscarse tan solo en una penosa tarea de investigación, dada la penuria de fuentes y materiales adecuados para su esclarecimiento (...) hay algo más y ello proviene del talante con que se enfrentan al tema la casi totalidad de los historiadores consagrados a desentrañar la historia de Galicia[1711].

Partindo da relevancia para a historia que entenden, tivo este movemento en Galicia, ao igual que a II República, "queremos iniciar hoy un ciclo que sirva para reivindicar la memoria de un movimiento que aun hoy desconocemos en gran parte, y que pensamos merece ser tenido en cuenta"[1712]. Entre os conferenciantes estaba o propio Pereira, pero tamén Gerard Brey, Alberto Martínez, María del Carmen Pérez ou Manuel González Probados[1713]. Tamén se proxectaban películas e se abría a exposición gráfica *El movimiento Obrero en Galicia Contemporánea*. O ciclo tivo lugar nos locais dos sindicatos, aínda hoxe dedicados a albergar aos sindicatos na cidade de Pontevedra.

[1710] Recortes de prensa e documentación da asociación facilitada por Miguel A. Cuñas Casasbellas. Entre eles o programa de actos para o mes de xullo, entre outros documentos (cartas a conferenciantes, recortes de prensa sobre os actos, cartalería, etc)
[1711] Documento tríptico cedido por Dionísio Pereira
[1712] *Íbidem.*
[1713] *Íbidem*: Xosé Antón Moreno: *Movemento obreiro en Galicia no sexenio revolucionario*; Gerard Brey: *Orígenes del anarcosindicalismo en Galicia*; Alberto Martínez: *El sindicalismo católico en la Galicia contemporánea*; María del Carmen Pérez País: *Prensa obrera en Galicia*; Manuel González Probados: *Socialismo en Galicia durante la 2ª República*; Dionísio Pereira: *Anarcosindicalismo en Galicia durante la 2ª República.*

Imaxe 52. Cartel anunciando o ciclo "Historia del movimiento obrero gallego".



Fonte: Miguel Angel Cuña.

Estamos ante unha importante acción divulgativa, un tipo de accións que analizaremos con detalle no seguinte apartado e que durante o período 1979-1982 incrementouse notablemente[1714]. Este ciclo foi unha das últimas actividades organizadas pola asociación José Villaverde antes da súa desaparición, incapaz de aprobar os seus estatutos por desavinzas entre os participantes da á anarquista e da marxista .[1715] Un dos parágrafos de desacordo era precisamente aquel no que se daba nome á asociación, entendendo que ao bautizala como José Villaverde vinculábanse ideoloxicamente co persoeiro[1716].

4.3.1.4. As homenaxes aos últimos asasinados: Moncho e Baena.

Nestes anos, os actos en memoria dos últimos asasinados foron de pequeno formato, algunhas delas prohibidas. No caso de Humberto Baena, temos constancia da celebración do aniversario do fusilamento en 1979 cunha asistencia de arredor de cincuenta persoas, convocadas por "partidos de extrema izquierda" ante a súa tumba, coa colocación dunha coroa

[1714] Recordemos tamén que un ano antes, en 1981 seguindo as lembranzas do propio Dionísio, este participara na Universidade Popular de Corcubión cunha conferencia tamén sobre o movemento obreiro.
[1715] Entrevista a Dionísio Pereira realizada por Iria Morgade (Electrónica, 7 de febreiro de 2014). Entrevista a Miguel A. Cuña Casasbellas realizada por Iria Morgade (Pontevedra, 2 de agosto de 2022). E artigo de Cuñas, M.: S"OCIEDAD CULTURAL OBRERA "JOSÉ VILLAVERDE. Pontevedra, 1982", *La Campana,* 2ª época, 7º semestre, 25 de xuño de 2001, pp. 6-8
[1716] Documental adicional que serviu para dar forma a esta análise da acción, cedidos por Miguel A. Cuña: texto coa proposta de estatutos; documento presentado ante o Goberno Civil "comunicando" a celebración do acto (importante que non solicitaba permiso) (6 de maio de 1982); recortes prensa: "Inaugurada en Pontevedra la Sociedad Cultura Obrera "Jose Villaverdee", *Diario de Pontevedra,* 11/05/1982; "Inaugurada la Asociación Cultural Obrera "Jose Villaverde", *Faro de Vigo,* 11/05/1982. CRÓNICAS DO ACTO: "Inaugurada la Asociación Cultura Obrera "Jose Villaverde", *La Voz de Galicia,* 11/05/1982, p.27;

de flores e cantando La Internacional e o himno galego[1717]. No seguinte ano podemos identificar aos convocadores da homenaxe no mesmo lugar como diversas organizacións da esquerda[1718]. E incrementouse o número de asistentes, contabilizados en duascentas persoas. Posteriormente ao acto, dous participantes foron detidos tras realizar "saltos en las travesías para interrumpir el tráfico"[1719]. Volvemos a non ter constancia de accións para os dous anos seguintes, 1982 e 1983. A repercusión pública rexurdiu en 1984, e de cara o cincuentenario do golpe de estado, como veremos no seguinte capítulo.

En canto a Moncho Reboiras, o aniversario dividíase entre as conmemoracións na súa vila, Padrón, e en Ferrol, onde fora asasinado. Do ano 81 sabemos da conmemoración no mesmo lugar do asasinato organizado pola UPG[1720].Nos dous seguintes anos, 81 e 82 a concentración foi prohibida. Así o manifestaba publicamente o Gobernador Civil da Coruña en nota de prensa na que facía pública a prohibición da concentración da UPG en Ferrol, "considerando que existen razones fundadas de que de celebrarse dicha concentración puideran producirse alteraciones del orden público", incluíndo na súa argumentación a "apología del terrorismo", advertíndose das responsabilidades que tería a organización convocadora de seguir adiante e incidindo no emprego de todos os medios legais ao alcance do Goberno Civil para impedila[1721]. Ao día seguinte, a UPG e o MCG facían públicos comunicados protestando por esta decisión e un día despois, a UPG anunciaba que mantiña a convocatoria[1722]. Finalmente asistiron arredor de duascentas persoas, coa intervención do seu irmán, Manuel Reboiras Noia[1723].

En 1982 tamén se volvía prohibir esta actuación de homenaxe trala solicitude de autorización presentada por Daniel Antonio Romero Rodríguez, en representación da UPG, informando de que realizaría a homenaxe no mesmo lugar do seu asasinato coa asistencia de arredor de cincocentas persoas. Xustificábase a prohibición e resolvía o Gobernador civil o 4 de agosto de 1982 en base ás mesmas razóns que o ano anterior[1724]. Precisamente no expediente depositado no Goberno Civil, atópase o recorte da noticia no que se da conta da actuación da policía intentando evitar a ofrenda floral[1725]. Ese mesmo ano o colectivo "Asamblea dos nacionalistas galegos", que nese momento estaba realizando esforzos para unirse ao que anos máis tarde conformaría o BNG, convocaba a un acto no cemiterio de Imo en lembranza do "compañeiro Moncho"[1726]. De novo no 83 a UPG volvía convocar actos de homenaxe, coa xa

[1717] "Un grupo de personas conmemoró en Vigo el aniversario de los fusilamientos de miembros del "FRAP" y "ETA", *La Voz de Galicia,* 28/09/1980, p. 61.

[1718] Segundo noticia en prensa: ACPG, GC, MCG, PCE (ml), PST e XUG."Hoy, en el cementerio de Pereiró, acto conmemorativo de los fusilamientos de setiembre de 1975", *La Voz de Galicia,* 27/09/1981, p. 34.

[1719] Trataríase de Sebastián Rodríguez Veloso e José Fernando González Pereira. Segundo: "Detenidos en Vigo dos participantes en una concentración en memoria de los fusilados de 1975", *La Voz de Galicia,* 29/09/1981, p.45.

[1720] "UPG conmemorará el sexto aniversario de la muerte de Moncho Reboiras", *La Voz de Galicia,* 08/08/1981, p. 29. Ademais, o ano anterior, 1980, foron detidas dúas persoas da "Xestora pro-amnistía" mentres pegaban carteis conmemorativos da morte de Moncho Reboiras en Compostela: "Los detenidos de la "Xestora pro-amnistía" pasarán hoy a disposición judicial", *La Voz de Galicia*, 14/08/1980, p.24.

[1721] "Prohibida la concentración de UPG en Ferrol, en memoria de Moncho Reboiras", *La Voz de Galicia,* 09/08/1981, p. 39.

[1722] "UPG mantiene la convocatoria para la concentración de Ferrol en memoria de Moncho Reboiras", *La Voz de Galicia,* 11/08/1981, p. 41.

[1723] "Padrón: doscientas personas, en un acto en memoria de Moncho Reboiras", *La Voz de Galicia,* 11/08/1981, p.22.
Os organizadores foron expedientados: "Segundo expediente gobernativo por la concentración en memoria de Moncho Reboiras en Ferrol", *La Voz de Galicia*, 04/09/1981, p. 42. E "Ferrol: cinco expedientes gubernativos por participar en la concentración en memoria de Moncho Reboiras", *La Voz de Galicia,* 05/09/1981, p.36.

[1724] Arquivo do Reino de Galicia, Fondo Goberno Civil, *sin* 17125.

[1725] Que corresponde coa nova: "La policía impidió en Ferrol la ofrenda floral a Moncho Reboiras*", La Voz de Galicia*, p.38. Tamén en prensa: "Desautorizados los actos por la muerte de Reboiras", *La Voz de Galicia*, 05/08/82, p.42; "Denegado el permiso para el homenaje a Ramón Reboiras", *La Voz de Galicia*, 09/08/82, p.34.

[1726] Arquivo Penzol, *sin CA-0213/002*

tradicional ofrenda ante a casa fronte á que foi asasinado[1727]. Desta volta a documentación da que dispoñemos semella apuntar a que non foi prohibida[1728].

Tamén continuaron as homenaxes en memoria de Amador e Daniel vinculados co Día da clase obreira galega e por tanto na lóxica da reivindicación do tempo presente[1729].

Por tanto, como xa se detectara no anterior capítulo, os actos de homenaxe e recordo das "últimas vítimas do franquismo" posúen unhas características diferenciais e determinadas, relacionadas indivisiblemente co carácter das organizacións onde os asasinados militaban, co pouco tempo dende que as mortes aconteceran e, por tanto, nun contexto diferente de execución da violencia franquista daquela levada a cabo nos anos 30 e 40 principalmente. Aínda así, decidimos que debiamos ter en conta estas accións de memoria por englobar un mesmo proceso, o da reivindicación das vítimas do franquismo, que se fai visible na inclusión de Baena e Reboiras na reivindicación xeral das vítimas do franquismo, como se analizará no seguinte capítulo e tamén nesa outra definición que nese momento era moito máis habitual que a de "vítimas": os mártires. A modo de exemplo pódese atender ao manifesto que Jaime Quintanilla Ulla, alcalde de Ferrol, pronunciaba na manifestación en defensa da autonomía do 4 de decembro de 1979, onde terminaba cun "recuerdo para Castelao, Alexandre Bóveda, Xaime Quintanilla y Moncho Reboiras". Precisamente era ante o portal onde fora asasinado este último onde "varios centenares de personas" se concentraron trala fin da manifestación oficial[1730].

4.3.2. As exhumacións

No mesmo ano 1981 producíronse as dúas únicas exhumacións que temos documentadas en Galicia durante o período en estudo. Debemos matizar que son estas as exhumacións que tiveron un carácter público, e que posiblemente de modo privado, como xa acontecera xusto despois dos asasinatos, producíronse moitas outras extraccións de cadáveres dos lugares de enterramento co obxectivo de proveerlle dunha sepultura digna. O que aquí traemos, son aquelas exhumacións que dalgún xeito tiveron certa resonancia colectiva.

Documentamos soamente dúas exhumacións, unha en Ferrol e outra en Gomesende. Esta escaseza de exhumacións "públicas" en territorio galego contrasta co fenómeno exhumatorio que tivo lugar noutras partes do estado onde as exhumacións conformaban importantes accións colectivas de memoria, como as realizadas en Navarra e La Rioja ou en Extremadura. Entre as hipóteses que poderían explicar esta diferenza poderíamos referirnos as características dos propios enterramentos e das fosas comúns. Así, que os cadáveres estiveran en fosas cun número elevado de corpos, aumentaría a probabilidade de que entre os seus familiares existira máis dun interesado nesa exhumación, e así nun grupo grande o acto tomaría un cariz colectivo e público. En Galicia as fosas comúns non adoitaban conformalas un número tan amplo de cadáveres

[1727] "Aniversario de Moncho Reboiras", *La Voz de Galicia*, 11/08/1983, p. 34; "La UPG recuerda hoy a Moncho Reboiras con una concentración en Ferrol", *La Voz de Galicia*, 12/08/1983, p.18.

[1728] "UPG conmemoró en Ferrol el octavo aniversario de la muerte de Reboiras", *La Voz de Galicia,* 13/08/1983, p.53.

[1729] "Aniverasrio de la muerte de Amador Rey y Daniel Niebla, en Ferrol", *La Voz de Galicia,* 06/03/1979; "Escasa participación, salvo en Ferrol, en las manifestaciones realizadas en el Día da clase obreira galega", *La Voz de Galicia,* 11/03/1980; "CCOO y UGT proponen que la calle "Dez de Marzal" sea inaugurada el próximo día 10", *La Voz de Galicia,* 06/03/1981; "El PSOE y los actos del 10 de febrero", *La Voz de Galicia*, 09/03/1982; "Escasa participación en los actos del Día da clase obreira galega", *La Voz de Galicia,* 11/03/1983.

[1730] O manifesto fora asinado por PSOE, PCG, CCOO e UGT. En: "Ferrol: de siete a ocho mil personas en la demostración autonomista", *La Voz de Galicia*, 05/12/1979, p.41.

como as que había en Navarra e La Rioja cunha dinámica violenta diferente. Aínda que isto non explica na súa totalidade as diferenzas no fenómeno exhumatorio.

Xustamente na zona de Ferrol atopamos algunhas das fosas comúns con máis corpos enterrados. No anterior apartado analizamos as accións de homenaxe que as agrupacións socialistas de Ferrol realizaron na fosa común do cemiterio de Serantes. Tendo constancia da primeira delas en 1980, estas adquiriron un carácter periódico, podendo constatar a súa celebración en xullo de 1981. Nese mesmo verán e, consideramos, nesa mesma fosa, tivo lugar unha exhumación de varias decenas de corpos. Desta non quedou rastro nas crónicas en prensa publicadas sobre estas homenaxes. Polo momento, só se conta cunha única fonte oral que o testemuña[1731].

Para comprender o contexto que envolveu a estas homenaxes e a esta exhumación, debemos ter en conta a transformación política que se vivía na comarca, dende que no 79 saíran elixidos por maioría rexedores da esquerda. Unha cuestión que, por outra banda, bebía dunha tradición que viña de lonxe, sendo esta zona berce do movemento obreiro, tamén da primeira agrupación do PSOE. Esta tradición socialista e comunista, pensamos, é relevante para comprender tamén por que foi este un lugar pioneiro nas accións memoriais. Aínda que como vimos sostendo, a nivel xeral o PSOE non desenvolveu nestes anos unha estratexia memorialista global, si se desenvolveron diversas accións memoriais dende as agrupacións locais do PSOE. Ademais, no caso do Ferrol, o alcalde e fillo do asasinado, aínda que candidato do PSOE, non militaba no partido.

Por outra banda, en Ferrolterra as agrupacións socialistas da comarca tiveron un importante papel como actores que homenaxeaban ás vítimas, sendo tamén en certo modo pioneiros deste proceso a nivel galego, como explicamos. Tamén foi unha terra pioneira en canto ás actuacións institucionais realizadas dende os gobernos municipais, como é o caso de Ferrol (apartado 4.2.).

> Chegamos por fin aos anos oitenta e Don Xaime revolucionou moito o concello de Ferrol, que estaba moi anquilosado. Ten en conta que foi o primeiro rexedor democrático que houbo desde o 36. Entonces empezou a cambiar un montón de cousas do funcionamento, abrindo o concello a cidadanía, dando moito apoio ás asociacións de veciños. (…) entón iso facilitoulle a ese entramado cívico que había de arredor, cun asociacionismo moi potente en todos os sentidos, un asociacionismo moi forte, que desde a cabeza comarcal, é dicir Ferrol, se puideran facer "rojerías" por simplificar moito non? Unha delas foi o das rúas, e outra foi esta, a da exhumación[1732].

Tamén existe certa memoria da publicación dunha nota necrolóxica, que polo de agora non se puido localizar, arredor do mes de xullo do 81 cunha relación de duascentas vítimas en Ferrol, a maioría vinculadas co PSOE[1733].

Neste ambiente circunscríbese a exhumación que se realizou en 1981. Na exhumación do cemiterio de Serantes terían participado activamente o PSOE e o PCE, encargados de realizar a investigación previa, levando a iniciativa o alcalde Jaime Quintanilla Ulla, quen ademais era médico forense, e como tal actuaría durante a escavación, na que tamén participaba o seu fillo Quintanilla Rico. Foi un proceso que durou varios días e no que se contabilizaron arredor de setenta e nove corpos soterrados a maioría sen caixa. A forma de contabilizalos foi a

[1731] A fonte oral é o historiador e participante na exhumación Bernardo Maiz, ao que realizamos diversas entrevistas e contactos entre o ano 2017 e o ano 2024.
[1732] Entrevista a Bernardo Maiz realizada por Iria Morgade (Telefónica, 18 de febreiro de 2024).
[1733] *Ibidem.*

enumeración do óso do coxis, que segundo consideraban, era o que tardaba máis tempo en descompoñerse. Á exhumación asistiron familiares das persoas que sabían ou pensaban que alí poderían estar os restos dos seus familiares. Estes acudían con bolsas ou caixas para gardar os restos e levalos a un novo lugar de enterramento. A identificación dos corpos facíase empregando os obxectos que aínda estaban unidos aos mesmos. Maiz, quen explica como aquel suceso foi para el moi traumático, recorda como unha muller de Mugardos identificou ao seu fillo polos zapatos con solas de goma branca ou outra persoa que recoñeceu ao marido polos botóns de óso que tiña a chaqueta. Identificábanse, por tanto, en base á memoria dos familiares dos defuntos.

A exhumación tería acadado certa repercusión pública pese a que non se tratou dun acto multitudinario. A ela non acudiron máis xente a parte dos propios executores da exhumación, os Quintanilla, dous ou tres enterradores, dous gardas municipais e un crego, xunto con algúns dos familiares das vítimas. "Pouco máis" recorda Bernardo Maiz, a fonte oral desta acción memorial e que tamén estaba presente na exhumación. A súa participación estaría relacionada, por unha banda coa súa relación de amizade coa familia Quintanilla[1734] así como a sona pública que adquirira como investigador sobre a guerra e a guerrilla. Precisamente nese ano estaba a punto de doutorarse coa súa tese centrada no estudo da guerrilla, e segundo a súa lembranza fora consultado como experto para a elaboración do novo rueiro de Ferrol, aprobado en marzo dese mesmo ano 81[1735]. Na exhumación Maiz levara a cabo a tarefa de apuntar nun papel os detalles da exhumación no que figuraban o nome dos identificados e a descrición dos restos. O documento, escrito a man, fora posteriormente pasado a máquina e entregado ao alcalde[1736].

Maiz recorda darlle o documento a Quintanilla e non volverse preocupar máis pois "non lle dera importancia ao que fixera". Ao relatar con nós a historia sorpréndese tamén da pouca precisión en canto a datas e datos que puidera recordar do suceso, para o cal tamén se apoiou nas lembranzas doutras persoas que tamén participaran e ás que consultou sobre o caso. Todo o cal nos sitúa ante unha exhumación, que no seu día fora pública e, de seguro, impresionante para a comunidade, pero que semella ter sufrido o que demos en chamar como "desmemoria da memoria". Un proceso que, a medida que avanzou esta investigación detectouse en máis feitos, nese descoñecemento ou "esquecemento" que recobre as accións memoriais que tiveron lugar durante estes anos 70 e 80[1737]. E que neste caso faise notorio ao non dispor de ningunha outra fonte oral ou documental que poida ampliar a información dispoñible sobre este importante feito.

[1734] Maiz tiña unha relación de amizade familiar cos Quintanilla que nacera coa súa nai. Mercedes Vázquez Domínguez, veciña de Seixo, ao outro lado da ría de Ferrol, estudaba Medicina nos anos trinta. Neses anos Jaime Quintanilla Martínez convidouna a facer prácticas na súa consulta en Ferrol nos veráns. Quintanilla fora o primeiro alcalde democrático da II República, en 1931 e volto a nomear en 1936, aínda que renunciara por ocupacións persoais aos poucos días. A principios de agosto do 36 Mercedes descubriu como "Don Jaime" fora detido e días despois asasinado. A relación de amizade nacía entre Mercedes e o fillo do asasinado cunha idade similar á de Mercedes e tamén médico, Jaime Quintanilla Ulla. Este casou con Blanca Rico, filla doutro asasinado, un garda de asalto de Pontevedra, coñecéranse a través das súas nais, que a súa vez o facían tamén por ser viúvas de asasinados. Deste matrimonio naceron tres fillos, entre eles Blanca, que era da idade de Bernardo Maiz e coa que tivo unha relación de amizade e Xaime, algo máis novo que eles e como xa sinalamos concelleiro por UG na lexislatura do 79.

[1735] El tamén sinala que nese ano 81 aproximadamente fixeran o mesmo en Mugardos e Fene. De Mugardos o que atopo é posterior, do 86.

[1736]Polo de agora, pese aos intentos no arquivo municipal e persoal do propio Maiz, segue sen terse localizado. Información recompilada grazas ás lembranzas de Bernardo Maiz. Entrevista realizada vía telefónica entre o 18 e o 19 de febreiro de 2024. Anteriormente tiñamos falado máis brevemente sobre esta exhumación, pero foi nestas datas cando profundamos o suficiente para poder establecer o anterior relato.

[1737] Queda no aire que nesta exhumación tamén se desenterrara a Amada García, quen estaba soterrada nunha caixa, o que acontecía porque no momento do enterramento alguén "por piedade" avisara á familia que aparecía cunha caixa. Maiz non lembra con seguridade se este corpo fora exhumado nesta mesma exhumación ou noutra diferente.

Dun modo similar poderiamos referirnos á exhumación que tivo lugar no mesmo ano a case douscentos quilómetros de distancia. Unha exhumación familiar que tivo unha repercusión pública ao outro lado do océano, o que nos vai remitir ás dinámicas entre exilio e mobilización. Estamos a falar da exhumación en Gomesende, na provincia de Ourense, do alcalde fusilado Celso Pérez, coñecido como "Celso do Poulo" impulsada pola súa familia, co liderado do seu fillo Arturo Pérez.

Celso de Poulo é unha vítima cunha especial relevancia simbólica. A súa frase, cando o levaban cara o monte Furriolo onde foi fusilado, "non me matedes, que levo sete fillos e todos caben nun cesto", pasou á memoria popular, converténdose, en palabras do poeta Méndez Ferrín, noutro deses mártires nos que en primeira liña Castelao situara como a Bóveda[1738]. Alcalde de Gomesende, pero respectado na bisbarra pola solidariedade que manifestara na axuda á veciñanza, e que os descendentes de Celso aínda sentirían entre a comunidade[1739].

Inicialmente identificamos dous artigos de investigación que ilustran cunha fotografía a sucinta información sobre a exhumación[1740]. Que se fixesen fotografías, poñíanos sobre a pista do cariz público da exhumación, ou que ao menos non tivera un carácter clandestino. E aínda máis a existencia de fotografías, dun acto tan delicado, consideramos, poderían indicar certo matiz reivindicativo.

Para acadar máis información sobre o caso recorremos á entrevista ao fillo do asasinado Arturo Pérez Pereira, xunto ao seu fillo Alberte Pérez Viso que se realizara durante a recompilación de fontes orais do proxecto Nomes e Voces en 2006[1741]. A esta entrevista sumamos a documentación anexa no expediente do proxecto, isto é, as fotografías da exhumación e da posterior reinhumación e un recorte de prensa. Por outra banda accedemos ao artigo que escribiu para a revista *Arraianos* o neto do fusilado Alberto Pérez Viso en 2007, recompilando o que o seu pai Arturo e o seu curmán Carlos Pereira Pérez descubriran durante as últimas décadas. Ademais sumamos a testemuña deste último, Carlos Pereira Pérez que nos atenden en marzo de 2024.

[1738] Méndez Ferrín, X.L. (4 de setembro de 2006), "No Furriolo (2)", Faro de Vigo.
[1739] Veiga, M. "A historia de Celso de Poulo, destacado comerciantee alcalde de Gomesende asesinado no Furriolo", A Nosa Terra, 26/08/1999, p.26.
[1740] Pereira, D. "Contra a nostalxia, memoria". *Luzes*, 28*,* marzo 2016, pp. 22-29.
Pantaleón, X. (2008). *Imagen, memoria e historia; el proyecto Nomes e Voces*. Actas Terceiras Xornadas Archivo y Memoria. Fundación de los Ferrocarriles Españoles.
[1741] Entrevista a Arturo Pérez Pereira realizada por Gustavo Hervella (2006). Fondo Nomes e Voces, nº 2061.

Imaxe 53. Fotografía da exhumación de Celso de Poulo, 1981 (1)



Fonte: Arquivo Nomes e Voces.

Celso Pérez Enríquez, coñecido como Celso de Poulo, foi detido días despois do golpe de estado, levado ao cárcere de Ourense primeiro e trasladado despois ao mosteiro de Celanova. Foi asasinado o 18 de agosto e enterrado nunha fosa común no monte Forriolo un lugar de extremada violencia polas numerosas execucións e enterramentos que nel se fixeron, e tamén un lugar dunha relevancia simbólica fundamental para o posterior memorialismo. Menos de dous meses despois do seu asasinato, unha expedición composta por familiares e amigos do finado lograron localizar a fosa e exhumar por primeira vez o corpo de Celso. Foi enterrado no cemiterio da parroquia de Sorga, previa autorización. Daquela foi expedido o certificado de defunción no que se indicaba que "apareció muerto en el monte Forriolo". Os seus restos permaneceron durante décadas no adro da igrexa do cemiterio de Seroga (A Bola) nunha sinxela caixa de cinc, sen tapa e sen ningún tipo de identificación. A familia de Celso, a súa muller Donilda Pereira e os seus sete fillos, foron violentados durante anos. Finalmente seis dos fillos acabaron nunha emigración forzada pola persecución. Entre eles Arturo, o fillo máis vello, tiña quince anos cando asasinaran ao pai. O seu tío non lle permitira formar parte da expedición para rescatar ao corpo no monte, téndoo que pechar nun cuarto para evitalo[1742].

O 18 de agosto de 1981, corenta e cinco anos despois do asasinato, Arturo formou parte dunha nova expedición para rescatar definitivamente os restos do seu pai. Da comitiva formaban parte xunto a Arturo os familiares Juan Pereira, marido de Amparo, a única filla de Celso e Donilda que non emigrara, e os netos do asasinado Carlos Pereira e Alberto Pérez[1743]. Ademais, participaron o sancristán da parroquia e Francisco Pelado, quen estivera presente no traslado que se fixera no 36 e coñecía onde se tiña que cavar.

> O Francisco, O Pelado, indicounos o sitio exacto no que escavar e, case antes de que acabara de amencer, xa atopáramos a vella caixa de cinc sen tapa e confirmamos que se trataba do avó polo calzado que levaba (unha botas negras que tiñan na tenda á venda que se conservaban impresionantemente novas, de

[1742] Pérez, A. "Celso de Poulo. O asasinato do alcalde de Gomesende". *Caderno Arraiano,* Verán 2007, pp. 25-41.
[1743] Carlos Pereira fillo de Amparo e Juan, Alberto Pérez fillo de Arturo.

> xeito que ías retirando a terra que as cubría e o coiro brillaba intensamente) e tamén o identificamos por unha ponte de ouro que tiña nos dentes[1744].

Estas palabras son de Alberto, quen no 2007 escribía a historia do seu avó a través das lembranzas e investigacións do seu pai e tamén do seu curmán Carlos, fráxiles de saúde naquel momento. Alberto tamén interviña na entrevista que lle realizaba Gustavo Hervella ao seu pai no 2006 e no que falaron da exhumación e compartiron as fotografías que gardaban daquel día. A exhumación, realizada entre a madrugada e as primeiras horas da mañá, remataba en pouco tempo, Carlos lembra que en menos dunha hora deron identificado os restos. Ese mesmo día enterrárono no cemiterio de Poulo, na sepultura propiedade da familia e rodeado das fillas e fillos, netos e a muller, Donilda, que naquel momento tiña noventa e tres anos.

Esta é a descrición sobre o feito, máis convén formular ao seu redor diversas preguntas. En primeiro lugar o por que da exhumación en canto ao momento escollido, ese ano 81, e cales eran os obxectivos que se perseguían. E, en segundo lugar, o como da exhumación, isto é, en canto ao procedemento seguido e a visibilidade que esta tivera. A pertinencia destes interrogantes intensifícanse se atendemos ao recorte de prensa que Arturo e Alberto cederon ao Proxecto Nomes e Voces en 2006, e que a man viña datado en 1981:

> Cuando se cumplían los 45 años del fusilamiento masivo en el monte Farriolo, 19-8-36—19-8-81, fueron trasladados a Poulo, desde el cementerio de Sorga, los restos del ex Diputado orensano y Alcalde del ayuntamiento de Gomesende, don Celso Pérez Enríquez. A pesar de los años transcurridos, nuestro pueblo, recuerda permanentemente a sus Mártires, rindiéndole su homenaje a todos los Héroes, cruelmente asesinados, por el solo delito de defender la Democracia[1745].

A existencia dunha noticia que daba conta do acto, sumado as numerosas fotografías que se sacaron e que posteriormente foron publicadas (en 1999 en *A Nosa Terra* e en 2007 no *caderno Arraiano*), semellaban indicar o carácter público desta exhumación. Por que, senón, facer unha reportaxe gráfica tan extensa, por que, senón, a existencia dese pequeno recorte conservado na casa familiar. Para profundar máis sobre isto procuramos a identificación da noticia, o que finalmente se consegue atendendo á parte final do texto:

> Nuestro Periódico, se asocia a este homenaje, no solo como mártir de nuestro pueblo, sino también porque el Dr. Celso Pérez, era el padre de nuestro Secretario General, don Arturo Pérez Pereira[1746].

Arturo Pérez emigrara anos despois do asasinato do pai, concretamente fixérao a Arxentina, onde ao menos dende 1980 ostentou o cargo de secretario xeral da Federación de Sociedades Gallegas de Argentina[1747]. Como se tratou con detemento no capítulo 2 esta Federación publicaba un xornal titulado *Galicia.* Consideramos, por tanto, que a esta publicación pertencía a noticia da exhumación en Gomesende.

Arturo, persoa inqueda e activa, como a define o seu sobriño Carlos Pereira, fixo varias viaxes de ida e volta a capital arxentina, de xeito que trala exhumación do seu pai, volveu a pasar uns anos a Bos Aires. Viaxes de idas e volta que se constatan ao atopar a Arturo asinando como vicepresidente o acordo do Congreso Mundial da Emigración Gallega que tivo lugar en

---

[1744] Pérez, A. "Celso de Poulo. O asasinato do alcalde de Gomesende". *Caderno Arraiano,* Verán 2007, pp. 25-41.
[1745] "45 años después del asesinato", *Galicia,* sen data.
[1746] *Íbidem.*
[1747] Constatado a través das seguintes novas: "El Centro Gallego de Buenos Aires conmemora su setenta y cinco aniversario", *La Voz de Galicia,* 02/07/1981. p.41.; "Nueva directiva de la Federación de Sociedades Gallegas de la República de Argentina", *La Voz de Galicia,* 18/07/1980, p.46; "La Federación de Sociedades Gallegas en Argentina, cumple este año su setenta aniversario fundacional", *La Voz de Galicia,* 17/04/1981, p.34.

1976[1748]. Recordemos que a homenaxe a Castelao en Rianxo no 75 fixérase coincidir coas reunións preparatorias deste congreso, para o que numerosos emigrantes viaxaran a Galicia.

A relación da Federación coas homenaxes aos "mártires galegos" viña de lonxe, como xa se estudou, e tiña un carácter fundacional, realizándose ao seu abeiro as primeiras homenaxes a vítimas. Homenaxes que continuaron, como se pode extraer do recorte ao que aludimos, no que ao lado da noticia da exhumación dábase conta dunha homenaxe aos "Mártires gallegos" na "casa" da Federación. En definitiva, temos clara unha relación entre Arturo, un dos principais liderados da exhumación, coa dinámica memorialista de vindicación das vítimas a través da figura dos mártires. Quizais foi el mesmo quen informou daquela homenaxe ao xornal da Federación.

Imaxe 54. Fotografía da exhumación de Celso de Poulo, 1981 (2)



Cráneo fendido polos disparos. No centro, Carlos Pereira, fillo de Amparo e neto de Celso. Anicado, Arturo, ante os restos do seu pai.

Fonte: *A Nosa Terra*, nº897, p.27.

Por tanto esta exhumación tivo unha repercusión pública ao outro lado do mar, na emigración, naquel exilio galego que fora o primeiro en reivindicar a memoria traumática. Máis conviña preguntarse como se desenvolveu esta exhumación en Galicia. Para iso, e tras unha infrutuosa busca de fontes hemerográficas que divulgaran o acontecido, demos en completar as pezas do quebracabezas a través da testemuña dun dos participantes na exhumación, Carlos Pereira, o neto de Celso (na Imaxe 54 no centro).

1748 "Conclusiones del Congreso Mundial de Emigración Gallega (IV), *El Pueblo Gallego*, 08/07/1976, p. 15. Arturo aparece asinando a ponencia como vicepresidente, presidente Agustín Romero Lojo, secretario Manuel García Berenguer. Non queda de todo claro se os cargos son do congreso ou da federación.

Imaxe 55. Fotografía da exhumación de Celso de Poulo, 1981 (3).


O 18 de agosto de 1981 o cadáver de C.P.E. trasladouse dende o cemiterio de Sorga ao de Poulo, introducindo a caixa de cinc na que estaba enterrado nunha de castiñeiro. De esquerda a dereita: Juan (xenro), Arturo (fillo), Carmen (nora), Amparo (filla), Neves (neta), Donilda (muller de Celso), Carmen (filla), Antonio (sobriño) Francisco Pelado (veciño), Carlos e Alberto (netos)


De esquerda a dereita: Francisco *O Pelado* (veciño e amigo da casa), Carmen (filla), Neves (neta), Donilda (muller), Amparo (filla), Arturo (fillo), cemiterio de Poulo: 18-08-1981.

Fonte: *Caderno Arraiano,* verán 2007.

Cuestionado arredor da publicidade que se lle podería ter dado a esta exhumación, Carlos Pereira afirma que este tivo un cariz íntimo e familiar. Non terían contado con ningún permiso da igrexa, nin para realizar a exhumación nin para a posterior reinhumación. Ao pequeno grupo de persoas que estiveran presentes no rescate dos restos, e que xa citamos, uniríanse no enterro en Gomesende boa parte da familia, fillas, netos e netas entre eles. Testemuña directa deste feito son as fotografías do Imaxe 55. Eles eran os únicos presentes no acto, segundo recorda Carlos e sen que se tivese realizado ningunha publicidade do mesmo. Cuestionado sobre a realización das fotografías, sinala que as tomaran el e o seu curmán, co obxectivo de "certificar" o que se fixera[1749]. A pregunta fundamental entón é por que a acción de desenterramento e sepultura digna se executara nese xusto momento e Carlos coincide co xa expresado por Alberto anos antes:

> A necesidade de facelo naquel momento...? A miña avoa era moi maior, morreu poucos anos despois, e quería.. era como o desexo de, en certo modo, rematar un duelo[1750].

Donilda Pereira foi outra vítima, tralo duro golpe emocional sufrido co asasinato do home, tivo que facer fronte ao acoso permanente dos golpistas mentres intentaba sacar adiante aos seus sete fillos (no centro da fotografía 2 da Imaxe 55). Carlos Pereira describía na entrevista a fortaleza desta muller e a súa admiración por ela. Dende esta admiración entendemos tamén a exhumación, no deber de cumprir o desexo da súa avoa e nai, de ter preto a Celso, de rematar ese do inacabado, parte fundamental do sufrimento das vítimas.

Ademais, Carlos Pereira sinala outro fito fundamental para comprender por que foi exactamente nese agosto do 81, data por outra banda simbólica, corenta e cinco anos despois do mesmo día do asasinato. Trataríase da concesión da pensión de viuvez a Donilda en base á lexislación para a concesión de pensións a familiares dos falecidos na guerra civil. Pereira relata que foi no 81 cando se lle concedeu a pensión, con pagos mensuais e un ingreso inicial, que entendemos como os atrasos derivados desta pensión e que se regulaban en diversas normas

[1749] Entrevista a Carlos Pereira Pérez realizada por Iria Morgade (Telefónica, 27 de marzo de 2024).
[1750] *Ibidem.*

para que as arcas públicas puideran ir afrontando o gasto, a última das cales data de setembro de 1980[1751]. Tratábase, por tanto, dun recoñecemento de que Celso fora "vítima da guerra civil" e este feito estaría na base da decisión da exhumación ao entendela como o proceso natural para rematar a dó e dignificar os restos do seu familiar[1752].

A petición da pensión realizárase en 1979, cando Arturo axudou a súa nai a dar forma á solicitude. Isto enmárcase no proceso ao que xa vimos facendo referencia, cando os familiares das vítimas se acolleron ás normativas reparatorias parciais que se promulgaran nestes últimos anos da década dos setenta. Neste senso, o caso que nos ocupa resulta de especial interese, xa non só porque tivera como consecuencia a actuación exhumatoria, senón polo mesmo proceso de petición e de concesión da pensión.

As leis de carácter reparatorio que se promulgaron durante a Transición tiveron un carácter parcial, sen ter sido beneficiadas todas as vítimas. Normalmente quedaban fóra da normativa as vítimas desaparecidas ou as que foran asasinadas sen que mediase un proceso xudicial. Así, Celso de Poulo converteríase nunha excepción. Dende este punto tamén se comprende a relevancia simbólica do recoñecemento de Donilda como viúva dunha vítima da guerra civil, estableceéndose, por tanto, unha verdade oficial, diferente da que figuraba na súa acta de defunción.

A acta fora asinada polo xuíz e secretario no rexistro civil de A Bola o 1 de outubro de 1936, isto é no momento en que se practicara a primeira exhumación. Nela indícase como Celso "apareció fallecido en el Monte del Forriolo, y su cadáver habrá de recibir sepultura en el Cementerio de Sorga"[1753]. Nas certificacións expedidas posteriormente desta acta, destaca a inclusión no ano 57 dunha frase sen rematar en canto as causas da morte: "a consecuencia de, segun resulta de"[1754]. O mesmo relato, xa sen esa inclusión baleira da consecuencia e o resultado, repítese na última certificación, datada o 10 de agosto de 1981[1755]. Esta realizouse días antes da exhumación, o que podería indicar que se fixera algún tipo de trámite administrativo para levar a cabo a exhumación. Posibilidade que se contempla tamén a tenor dunha frase inacabada que expresou Arturo Pérez na conversa do 2006[1756].

Pese a esta ausencia da causa da morte na acta de defunción, a pensión foi concedida. Para esta concesión comprendemos que quizais puido ser determinante un dos documentos anexos á petición de pensión asinada por Donilda o 14 de febreiro de 1979. Ao lado doutros documentos máis habituais como as actas de defunción e matrimonio: tratábase do "Testimonio jurado de vecinos del finado que corroboran los hechos expuestos". Uns feitos expostos no documento asinado por Donilda e que querían certificar que esta era viúva dun "fallecido de guerra" que dicían así:

> Que el día 23 de Julio de 1936, fue detenido en su domicilio por las Fuerzas de Orden Público, mi marido Celso Pérez Enríquez, Alcalde de Gomesende y Diputado provincial, trasladado a la prisión de Orense donde permaneció 15

[1751] Real Decreto-Ley 8/1980, de 20 de septiembre, sobre fraccionamiento en el pago de atrasos de pensiones derivadas de la guerra civil. BOE, 1/10/1980, nº236.
[1752] Carlos Pereira nos cede diversa documentación, entre ela a petición para a pensión de viudedade, non así o documento acreditativo da concesión. Este feito coñecémolo únicamente pola súa propia testemuña.
[1753] Accedemos a esta acta a través das certificacións expedidas no ano 49, 57 e 81.
[1754] Certificacións da acta de defunción facilitadas por Carlos Pereira Pérez.
[1755] *Íbidem.*
[1756] Arturo Pérez falando da Caixa de cinc coa que tivera que ser enterrado no 36 sinalaba: "E daquela (entendemos que os oitenta) me acordo que aínda fun ata Orense a pedir un permiso para ---- da sanidade ou como se chama, para a famosa caixa. E tivemos que enterralo na caixa. Tamén." Entrevista a Arturo Pérez Pereira realizada por Gustavo Hervella (2006). Fondo Nomes e Voces, nº 2061..

> días y de allí al Convento de Celanova, habilitado como prisión en aquellos días, apareciendo el día 1 de Octubre de 1936 merto de un disparo en una fosa comun en el monte de Forriolo, cercano a Celanova[1757].

Pasaran poucas semanas da promulgación da lei 35/1978 do 16 de novembro "por el que se conceden pensiones a los familiares de los españoles fallecidos como consecuencia de la guerra 1936-1939"[1758]. Unha lei que se limitaba a dar cobertura aos combatentes e por tanto do que quedaría fóra Celso. Como xa sinalamos esta lei foi ampliada pola lei 5/1979 que abría a posibilidade a concesión de pensións máis alá dos "combatentes" na guerra ao incluír na definición aos falecidos "como consecuencia ou en ocasión de la guerra civil". Non podemos asegurar que lei foi finalmente aplicada para a concesión da pensión, ou se a familia de Celso fixera unha nova petición trala promulgación desta última gran norma reparatoria promulgada no período transicional. De todos os xeitos, tanto se a solicitude pola que Donilda tivo recoñecida a súa petición, foi en base á lei 35/1978, ou se a concesión estivo ao amparo da lei 5/1979, non resultou habitual que a familia dun paseado obtivera unha pensión durante este período transicional.

A concesión da pensión en 1981 viña a ser un primeiro paso para o establecemento dunha verdade oficial. Pese a isto, a exhumación de Celso, no seu cabodano, fixérase na intimidade, sen querer chamar a atención, nin realizar unha homenaxe pública que, pola contra, reivindicábase a miles de quilómetros, onde os "mártires galegos" nunca foran negados. A reparación familiar e íntima fronte á homenaxe pública, evidencian parte do contexto adverso no que se movía a actuación dos familiares das vítimas. Donilda remataba o seu escrito incluíndo unha palabra que consideramos importante salientar: a xustiza.

> Es justicia que pido en Gomesende, a 14 de febrero de 1979[1759].

4.3.3.As asociacións memorialistas: unha tentativa

Durante este período vai nacer a primeira "asociación memorialista" que conseguiu posuír certa implantación en Galicia, a Asociación de Ex- presos e Represaliados Políticos. No caso galego a actuación memorialista das asociacións insírese dentro de colectivos con obxectivos máis amplos, en concreto no fenómeno das asociacións culturais. Definimos como asociacións memorialistas aquelas nas que o obxectivo principal estea vinculada coa reivindicación da memoria traumática. Así o papel das asociacións memorialistas en Galicia non vai deixar de ser unha tentativa que finalmente non da resultados, á contra do que aconteceu noutras partes do estado.

En Catalunya estas adquiriron un peso transcendental. Indicar soamente, e a modo ilustrativo, como nacía a Comisión de Grupos Discriminados, formada pola Associació pro-memoria als immolats per la llibertat a Catalunya, a Asociación Catalana de Expresos Políticos, la Asociación de Aviadores de la República, la de Militares de la República, la de ex exiliados políticos e a Amical de Mauthausen. Esta comisión en maio de 1982 reivindicaba publicamente ante o president da Generalitat e o do parlament unha reconciliación real a través de nove medidas. Entre elas atopábase a amnistía das condenas por consellos de guerra aos que

[1757] Solicitude de pensión, 14/02/1979, asinada por Donilda Pereira Fernández. Facilitada por Carlos Pereira. Non dispoñemos do documento da declaración xurada das testemuñas.
[1758] Real Decreto-Ley 35/1978, de 16 de noviembre, por el que se conceden pensiones a los familiares de los españoles fallecidos como consecuencia de la guerra 1936-1939. BOE, 18/11/1979, Nº276.
[1759] *Íbidem.*

se mantiveran fieis á República, a improcedencia do consello de guerra e da condena a Lluís Companys, a equiparación dos dereitos dos exdeportados cos que teñen noutros países europeos ou a rehabilitación da memoria de todas as vítimas do franquismo (Conesa, 2018, pp.110-111). Esta Coordinadora, polo tanto, actuaba como un movemento social articulado, cunhas demandas claras, moi semellantes ás reivindicadas con forza crecente a finais dos noventa e principios dos anos dous mil.

En Galicia, pola contra, non atopamos un exemplo semellante, e por iso denominamos a este apartado "unha tentativa", porque foron intentos de replicar o que acontecía en Catalunya ou, ao menos, crear en Galicia unha especie de "sucursais" de asociacións que nacían noutras partes do estado, principalmente en Catalunya e en Madrid, como acorreu coa Liga de Mutilados (capítulo 3). Deste xeito ademais das asociacións, a meirande parte de índole cultural, que adoptaron nomes relacionados coa memoria, como a asociación cultural Alexandre Bóveda na Coruña ou a asociación José Villaverde en Pontevedra, durante este período documentamos o intento de implantación dunha asociación memorialista.

Tralo curto percorrido da Liga de Mutilados nesta etapa de estudo documéntase o nacemento doutra "asociación memorialista", a asociación de expresos políticos. Ao que seguiu, a mediados de 1983 a Amical de Mauthusen. Dúas das asociacións máis relevantes no mundo memorialista catalán e, á súa vez, con estreitos vínculos entre elas.

Aínda así debemos incidir na existencia dunha Asociación pro-mártires de la libertad en Coruña, que documentamos a través dunha breve crónica dunha homenaxe en San Amaro en 1983 (Apartado 4.3.1). Sen saber se esta tivo algún percorrido.


4.3.3.1.Asociación de expresos e represaliados políticos[1760]

A associació catalana d´expresos polítics naceu nos anos sesenta na clandestinidade, centrando a súa actividade no apoio aos presos e aos que saían do cárcere[1761]. En 1976 constituíronse publicamente solicitando a súa legalización, emprendendo a publicación do seu boletín *Llibertat,* de especial relevancia para o estudo memorialista en Catalunya[1762]. "Non temos espíritu de revancha", sostiña un dos catro integrantes da comisión xestora que protagonizaban a reportaxe publicada no xornal *Avui* o 7 de outubro dese ano 76. Nesta entrevista tamén se sinalaban as pretensións da organización, tendo en conta os catro mil expresos censados xa en Barcelona, e coa sospeita de que en toda Catalunya podería falarse de vinte cinco mil. Daquela referíanse xa ao proxecto de crear unha confederación catalá de asociacións de expresos e unha federación a nivel estatal, tendo en conta que comezaban a funcionar asociacións irmás en Madrid, Valencia e Aragón[1763].

[1760] Describimos os feitos dende 1976 aínda que incluímos esta asociación nesta segunda etapa (1979-1981) por ser neste período onde, consideramos, a asociación desenvolveu a súa acción máis destacada.
[1761] Expediente da creación da asociación en diversos puntos do estado en Fondo Gabinete de Enlace del Ministerio de Información y Turismo, *sin* 42-09152, 26. Archivo General de la Administración.
[1762] "Notícia de la Associació Catalana d´expresos polítics", 2004, editada por eles mesmos.
[1763] Subira, J. "Quatre expresos polítics, 100 anys de presó", Avui, 07/10/1976, p.7.

USC

Imaxe 56. Sinatura de Manuel Pillado na acta da reunión da coordinadora nacional, 1976



Fonte: *Llibertat*, nº2, p.9.

Precisamente o 20 de xuño de 1976 tivo lugar en Madrid unha reunión con representantes das asociacións de Madrid, Catalunya, País Valenciano, Andalucía, Guipúzcoa, Navarra, Aragón e Galicia. Nela impulsouse unha Coordinadora Nacional de Asociacións de expresos políticos e sociais que acordaron uns obxectivos comúns: a reivindicación da amnistía, o retorno dos exiliados, a abolición da pena de morte e poñer fin ao sistema de torturas[1764]. Coñecemos a existencia destas reunións grazas ao boletín da asociación catalana *Llibertat*, que periodicamente informaba do estado das negociacións para a creación desa federación de asociacións. No boletín nº2, na súa cuberta pode lerse o titular *La recuperación de la memoria* aludíndose ao papel educacional, preventivo e asistencial das asociacións.

> Por eso hoy es urgente la acción del recuerdo, la acción de la recuperación de nuestra memoria, la estadística de la represión que puedan presentar todos los que lucharon contra la pesadilla fascista. (...) salir de las catacumbas artificiales y levantar ante los ojos de un pueblo el espectáculo de la guerra latente que se desarrolló en el subsuelo de la tétrica Paz franquista[1765].

En setembro do 76 tivo lugar unha nova reunión da coordinadora de novo con presenza da asociación de "Galiza"[1766]. No acordo saínte da xuntanza aparecen as sinaturas dos participantes na reunión, grazas ao cal podemos saber o nome do representante da asociación galega, o sindicalista Manuel Pillado (Imaxe 56).

Manuel Pillado era definido no obituario do seu falecemento en 1991 como un "histórico do PCE"[1767]. "O vello Pillado" como era coñecido, fora violentado polo réxime franquista en 1943, apresado en San Felipe durante tres anos por auxiliar á guerrilla. En 1972 volveu á cárcere da Coruña xunto aos seus dous fillos, Raúl e Rafael, detidos no mesmo funeral de Daniel Niebla. O fillo Rafael destacou como sindicalista durante os anos setenta e oitenta, estivo presente no recibimento a Santiago Álvarez en 1976. A Policía o identificaba como parte do seu séquito. O seu pai Manuel, pescador de profesión, estaba sindicado nas Comisións Mariñeiras onde ocupou diversos cargos, liderando en 1976 o conflito contra a directiva da Confraría[1768]. Activo

[1764] Campos, A. "Coordinadora Nacional", Boletín Llibertat, nº1, p. 6 e "Por una federación de expresos", Boletín Llibertat, nº1, p. 16.
[1765] Vazquez Montalbán: "La recuperación de la memoria", *Boletín Llibertat*, nº2, p.1.
[1766] "Coordinadora Nacional", *Boletín Llibertat*, nº2, pp. 8-9.
[1767] "Ayer fue enterrado en el cementerio de Catabois Manuel Pillado", *La Voz de Galicia,* 18/07/1991, p.32.
[1768] "El ex patrón de la Cofradía de Pescadores escribe al actual titular en el cargo", *La Voz de Galicia,* 22712/1976, p.5. e "Asamblea de mariscadores de El Ferrol", *La Voz de Galicia,* 28/08/1976, p.27.; "Constituída la Coordinadora Sindical do mar de Galicia", *La Voz de Galicia,* 21/04/1977, p.19 e "El Sindicato de Comisións Mariñeiras de Galicia presenta su dirección", *La Voz de Galicia,* 04/10/1977, p.53. A súa experiencia como patrón contaa el mesmo: Cando foi patrón: "os pescadores de San Felipe querían facerme patrón maior, pro eu insistía en que non: sabía que non había máis que corrupción. Aceptei nos

tamén na mobilización de mariscadoras e pescadores que se produciu en xullo do 76 en Vilagarcía de Arousa[1769].

En febreiro de 1977 tiña lugar de novo en Madrid o que daquela deron en chamar III Asamblea Nacional de Asociaciones de Ex Presos y Represaliados Políticos e na que se reforzaban os obxectivos conxuntos, loitando polo "restablecimiento de las libertades democráticas en todo el Estado Español"[1770]. Nas mesmas datas nas que se realizaba este encontro no que tamén participaba a asociación galega, a revista *Teima* publicaba unha entrevista con Manuel Pillado no que o describían do seguinte xeito:

> As cousas das que nos fala poden ser semellantes ás de miles de voces anónimas que non quixeron calar cando o silencio era imposto. Non hai héroes. Homes con verbas sinxelas[1771].

Pillado contaba a súa vida dende neno, fillo dunha familia numerosa, o seu pai era mariñeiro, describía tamén a República e o golpe:

> Houbo moita represión, que mesmo levaron os caciques de alí. (...) Xa entón moitos homes botáronse ó monte pra salva-la vida. Moitos vivían perto dos seus pobos e alí agardaron hastra rematada a II Guerra Mundial, pensando que tamén aquí sería destruído o fascismo...[1772]

Na entrevista, que se postula en si mesma como unha acción divulgativa, Pillado explicaba como loitara no exército da República ao terlle collido o golpe en Xixón. Tamén como grazas á intervención do alcalde de San Cibrao non fora levada a un campo de concentración e como se converteu en colaborador da guerrilla: "Eu tiña que axudar os meus amigos. Tiña que axudar á causa que representaban..." [1773]. Continuaba a conversa relatando as torturas sufridas no cárcere.

Imaxe 57. Fotografía da rolda de prensa da Asociación de Expresos Políticos. 1977



Fonte: *Teima,* nº 17, 7- 14 de abril 1977 p. 6.

anos 60. Xa houbo enfrontamentos nada máis escomenzar cos verticalistas". En: "Manuel Pillado: hai homes que non se doblan", *Teima,* 27 de xaneiro- 3 de febrero de 1977, nº 7, pp.18-19

[1769] "La problemática del mar y de las playas expuesta en la manifestación de mariscadores y pescadores de Galicia", *La Voz de Galicia,* 13/07/1976, p. 38.

[1770] "IIIª Asamblea Nacional", *Boletín Llibertat*, nº4,p.11.

[1771] "Manuel Pillado: hai homes que non se doblan", *Teima,* 27 de xaneiro- 3 de febrero de 1977, nº 7, pp.18-19.

[1772] *Ibidem.*

[1773] *Ibidem.*

Poucas semanas despois do encontro en Madrid e da publicación da entrevista, isto é na primavera de 1977, os promotores da asociación daban unha rolda de prensa na que anunciaban como esa mesma mañá presentaran os seus estatutos no Goberno Civil. A súa repercusión pública circunscríbese á revista *Teima,* que baixo a fotografía da reunión subtitulaban "que os xovenes non esquenzan" (Imaxe 57)[1774]. Na rolda de prensa describían unha asociación con "carácter provincial", radicada na Coruña. É salientable o uso do termo "dereitos humanos", non moi habitual naquel momento:

> Promover cantas actividades sexan precisas pra, dentro da legalidade estabelecida, conquerir-la recuperación dos dereitos humanos e de todo tipo de que foron privados ou disminuidos as persoas sancionadas por actividades político-sociáis...[1775]

Na nova ofrecíase tamén un listado de promotores dos que son transcritos os nomes e apelidos xunto os anos que pasaran no cárcere. Deste xeito, en maior ou menor medida, todos sufriran algún tipo de represión. De vinte un homes e mulleres destacamos a Manuel Pillado, quen asinaba as actas da coordinadora a nivel estatal, Evaristo Mujico, quen participara nas homenaxes de Compostela, e Xosefa Paz, filla de Ramiro Paz, un dos fusilados o 12 de novembro de 1936 en Pontevedra. Destacamos tamén a presenza de Fernando Miramontes, dirixente do PCG e quen a partir do 79 ocuparía o cargo de tenente alcalde no concello ferrolán[1776]. A participación de Miramontes é unha proba máis dos vasos comunicantes entre as accións da sociedade civil e as das institucións. Miramontes foi investigado pola policía por orde do Gobernador Civil da Coruña en agosto dese mesmo ano 1977, por ser un dos organizadores da homenaxe póstuma ao líder comunista, exiliado no 72 e falecido no 76, Francisco Fernández Filgueira en Mugardos[1777].

Na rolda de prensa desta primavera os integrantes da asociación facían públicos os seus obxectivos entre o que destacamos a intención de recoller "feitos e datas" para a confección dun libro "polos profesionáis da xurisprudencia, sobre os casos, sentencias, xuicios, etc, en Galicia"[1778]. Este proxecto é en si mesmo unha acción de memoria destacada ao ter como propósito en si mesmo facer memoria, divulgar o acontecido coas persoas que sufriron a violencia franquista: "Temos de acada la posibilidade de que na Historia se escriba o noso

[1774] Nas mesmas datas publícase a desestimación dos recursos dunha vintena de militantes do PCG para que en base ao aprobado en torno á amnistía ata ese momento se lle retirasen multas, entre eles figuraba o propio Manuel Pillado. Na nova non se menciona a asociación. En "Desestimados los recursos de 21 militantes del PCG de Ferrol" *, La Voz de Galicia*, 23/03/1977, p.21.

[1775] "Unha asociación prós represaliados", *Teima*, nº 17, 7- 14 de abril 1977 p. 6.

[1776] Soamente un deles aparecía sen condena, o xornalista Xosé Antón Gaciño,. Listado completo: "Os promotores son: Enrique Veira, unha pena de morte, 22 anos de cadea, vive actualmente en Hungría; Xoan Romero, dúas penas de morte, 20 de cadea; Emilio Aguiar, 12 anos de cadea; Xosé Díaz, unha pena de morte, 16 anos e medio de cadea; Xaquín González, unha pena de morte e 14 anos de cadea; Xosé Antón Gaciño, xornalista, Nicanor Acosta, 9 meses na cadea, Francisco Armas, 6 anos e medio; Xosefa Paz, consello de guerra e un ano de cadea; Xoan Antón Otero, 18 días na cadea e tres anos escapado, M. Pillado, máis de 3 anos; Xosé María Díaz, 7 anos; Victor Solís, 15 anos, 3 nun batallón disciplinario; Fernando Miramontes, un ano e medio; Xulio Aneiros, 4 anos e medio; Antón Ares, 2 consellos de guerra e 7 anos; Xosefa Varela, un mes (do proceso dos 23); Vicente Couce (crego), 11 meses; Evaristo Mujico, 7 anos, maus tratos; Antón Silvar, 4 anos, 5 escapado, e Miguel Pellicer, 7 detencións, 10 días na cadea e un expediente académico". En : "Unha asociación prós represaliados", Teima, nº 17, , 7- 14 de abril 1977 , p. 6.

[1777] En relación con esta ofrenda floral puidemos consultar o informe policial dos antecedentes de Miramontes e entre estes incluíase precisamente ser un dos "promotores de la Asociación de ex-presos políticos" que solicitaban a súa legalización o 26 de marzo de 1977. Arquivo do Reino de Galicia, Fondo Goberno Civil, *sin* 30998 (G-1319).
Non se localiza no Goberno Civil da Coruña a solicitude de legalización da asociación nin os informes que finalmente darían coa negación da legalización. Así, este informe de antecedentes de Miramontes confórmase como o documento oficial que sitúa a primeira solicitude de legalización da asociación de expresos en Galicia o 26 de marzo do 77.

[1778] "Unha asociación prós represaliados", *Teima,* nº 17, 7- 14 de abril 1977 p. 6.


sufrimento. Temos de pór en aviso ás novas xeneracións"[1779] . Lamentablemente esta é a única proba documental da existencia deste proxecto.

Ademais, entre os obxectivos xerais que se marcaban atopábase a confección dun Estatuto dos Presos políticos, nos que se coidase do recoñecemento do "dereito humano de disentir políticamente", a loita por unha reforma penitenciaria, contra a tortura e a pena de morte e, como tamén era prioritario na asociación catalá, a loita pola amnistía xeral:

> Hai aínda, dúas Españas. Fai falla, polo tanto, unha amnistía sen esclusións, que reconcilie. Hai que rehabilitar a toda a xente que sufríu no seu corpo algunha das moitas maneiras da represión. Temos que acadar unha situación humana de vida prós ex-presos políticos, os represaliados, os exiliados, os mutilados, os militares, os torturados, os privados da libertade... sen esquecermos ás súas familias, obxecto tamén, indirecta e directamente, de todo xeito de inxusticias[1780].

Resulta relevante atender á relevancia que a reivindicación da amnistía tiña nesta asociación, tanto na galega como na catalá. Esta última xa durante este ano ía mudando sensiblemente aos seus postulados tras precisamente a promulgación da lei de amnistía en outubro do 77. Así reorientaba as súas metas cara a reivindicación da resistencia antifascista e iniciaba as actuacións para a recuperación da memoria[1781]. Aínda así, mantivéronse moi críticos coa lei de amnistía seguindo a solicitar unha verdadeira reconciliación, lonxe do que fora a lei promulgada, que igualara os dereitos, acabara coas disposicións que marxinaran ás vítimas e que á fin "se esquecera a guerra"[1782]. Vemos, pois, como esta expresión, a de "esquecer", non foi exclusiva do contexto galego, e era empregada precisamente polos que reivindicaban a memoria, o que, consideramos, se explica en base aos elementos clave do discurso dominante, como xa apuntamos anteriormente.

Imaxe 58. Convite para o acto de recoñecemento do 11 de maio de 1980.



Fonte: Llibertat, nº14, p.12

[1779] "Unha asociación prós represaliados", *Teima,* nº 17, 7- 14 de abril 1977 p. 6.
[1780] "Unha asociación prós represaliados", *Teima,* nº 17, , 7- 14 de abril 1977 p. 6.
[1781] *Notícia de la Associació Catalana d´expresos polítics*, Associació Catalana d´expresos polítics, 2004.
[1782] A análise da crítica á amnistía e as reivindicacións da asociación catalá posteriormente á súa promulgación quedan fora dos obxectivos do presente traballo. Para o cal leuse criticamente o boletín *Llibertat*. Curioso como na dialéctica do boletín é reiterado o uso da expresión "olvidar a guerra" para referirse a superar os efectos da mesma.

A asociación catalá en 1978 organizaba en Barcelona as *Jornades Internacionais de´Ex-presos politics i victimes de represálies* onde ademais da participación de numerosas asociacións memorialistas, facíao a Coordinadora de l´Estat espanyol, promotora dunha futura federación de asociacións[1783]. E, polo tanto, onde podemos considerar probable que estiveran presentes persoas da asociación galega. Non foi ata 1980 cando a entidade catalá conseguiu a súa legalización, despois da organización destas xornadas e da súa participación xunto a outras asociacións memorialistas como entidade organizadora da homenaxe no fossar da Pedrera en 1979. O carácter público e de gran relevancia simbólica no panorama político e social catalán da asociación, coa organización por exemplo, do primeiro acto político de homenaxe aos represaliados do franquismo (Imaxe 58) no cal participaron as máis altas autoridades institucionais de Catalunya, contrasta coa situación da asociación en Galicia [1784].

En setembro do 80, tres anos despois da rolda de prensa de presentación publicada en *Teima,* a asociación organizaba na Coruña outra rolda de prensa na que se presentaban novamente. Nesta nova presentación, onde tamén anunciaban como acababan de enviar os estatutos ao Goberno Civil, non facía mención ao intento anterior[1785]. Na rolda participaban os membros da "junta gestora". Soamente se detecta a repetición de dous nomes con respecto á presentación de 1977: o de Francisco Armas e Manuel Pillado[1786]. Este último expoñía na súa disertación como fora o camiño percorrido dende que en 1975 se tomara a iniciativa de crear a asociación, o que por outra banda sitúa a asociación galega na mesma orixe temporal que as outras asociacións do estado. Así mesmo, manifestábase a pretensión de chegar a crear unha federación para toda Galicia[1787]. En 1977 falábase dunha asociación radicada na provincia da Coruña, aínda que nas reunións a nivel estatal presentábase como de Galicia.

O 7 de decembro deste mesmo ano 80, volvían reunirse en Madrid diversas asociacións de expresos do estado logrando a constitución dun órgano coordinador. Neste caso indícase que asistían representantes das asociacións de Valencia, Madrid e Catalunya e ademais participaban como "observadores" os representantes doutras asociacións, Euskadi, Andalucía, León e Galicia. Así conformouse o Consejo Confederal de asociacións onde Madrid, Catalunya e Valencia contaban con dous representantes cada un, e as asociacións vasca, galega e andaluza, aínda sen legalizar, terían un representante[1788]. Precisamente un dos acordos desta reunión era redobrar os esforzos para lograr a legalización destas asociacións, o que se materializaba na aprobación dunha axuda de cincuenta mil pesetas para "la Asociación de Galicia a efectos de

[1783] Boletín Llibertat, nº10.

[1784] "Notícia de la Associació Catalana d´expresos polítics", 2004, editada por eles mesmos, p.19. E en prensa: "Reconocimiento a la resistencia catalana", La Vanguardia, 13/05/1980.

[1785]Resulta desconcertante que varios anos despois da presentación dos estatutos ante o Goberno Civil, volveran realizar unha rolda de prensa onde, de novo, se anunciaba como acababan de presentar os estatutos ante o goberno civil. Existen diversas informacións contraditorias extraídas da comparativa das fontes do 77 e deste ano 80. Incluso dentro da información deste ano 80, ao primeiramente referirse á legalización do estatuto en 1979, ao tempo que se informaba da presentación dos estatutos ante o goberno civil neses días de setembro do 80. Ademais non se facía referencia algunha á presentación dos estatutos en 1977 da que temos constancia documental. A través da consulta da documentación en arquivos non puidemos dilucidar este extremo ao non atopar documentos sobre a asociación.

[1786] Tamén forman parte Faustino López Martínez, Ángel Vázquez Paredes e Juan Couto. Tamén formaba parte da xunta aínda que non acudirá á rolda de prensa David Álvarez. En "Presentación de la Asociación de Ex – presos y represaliados Políticos", *La Voz de Galicia,* 21/09/1980, p.33.

[1787] "Presentación de la Asociación de Ex – presos y reprealiados Políticos", *La Voz de Galicia*, 21/09/1980, p.33.

[1788] Entre os obxectivos desta coordinadora establecerían relacións con todos os países, incluídos os socialistas, "a efectos de solidaridad y de intercambio de experiencias, así como en la coordinación de la lucha contra el resurgimiento del nazi-fascismo a nivel internacional". Aprobábase tamén o acordo de celebrar un acto de homenaxe las brigadas internacionals e outro ás mulleres dos expresos que serían asumidos a nivel estatal, coa participación doutros organizsamos pol´tiicos, sindicais e democráticos en xeral. En "Acta", *Llibertat,* nº17, abril 1981, p.4.

su promoción y legalización"[1789]. O que, polo tanto, volve a incidir no feito de que a asociación galega aínda non estaba legalizada[1790]. Estes esforzos de impulso da asociación galega semella que tiveron os seus efectos e o 23 de xaneiro de 1981 facíase pública a existencia dunha "xestora" que intentaba poñer en marcha a "Asociación de Ex- Presos Políticas de la provincia de La Coruña"[1791].

> El grupo de personas que asistió a esta reunión de Madrid, intentan ahora poner en marcha esta asociación a nivel de la provincia de La Coruña. Como reivindicaciones inmediatas plantean el reconocimiento de los años de cárcel como cotizados a la Seguridad Social. Reivindican, también pensiones para aquellos que han quedado incapacitados por motivos de enfermedades contraídas en prisión y reconocimiento también para aquellos que se vieron obligados al exilio. Consideran como período de represaliado, el comprendido entre 1936 y el 15 de junio de 1977[1792].

Poucas semanas despois, en febreiro de 1981 anunciábase en prensa a convocatoria dunha asemblea constituínte en Ferrol, en concreto nos locais da UGT:

> Los promotores de la Asociación, en un comunicado difundido ayer, recuerdan que la entidad ya está funcionando en ciudades como Madrid, Barcelona, Valencia y otras, y que se basa en los principios pluralistas, pues consideran que la represión ha sido ejercida contra personas de distinta ideología que se sentían unidas por la lucha en favor de los derechos del hombre, la libertad y la democracia[1793].

E facían unha reivindicación dirixida ao goberno:

> Hoy son el Gobierno y el Parlamento a quienes, en defensa de los altos intereses del Estado democrático, corresponde restituir todas las honras, reparaciones y derechos a que son acreedores todos los que fueron represaliados por defender los actuales fundamentos democráticos del Estado español[1794].

A crónica da asemblea ofrécenos información relevante ao identificar aos que eran membros no Consejo Confederal creado en Madrid en decembro do ano anterior: Manuel Pillado e un nome, que pola calidade da fonte hemerográfica non puidemos diferenciar: "Gabr—Salina"[1795]. Polo tanto e en definitiva, este novo impulso da organización durante 1981 parece provir do mandato acordado na reunión en Madrid, que incluso contara cun aporte económico. Ademais debemos salientar o feito de que esta crónica identifica aos dous membros galegos que forman parte do Consejo, o que doutra volta ven a confirmar o protagonismo na

[1789] "Acta", *Llibertat,* nº17, abril 1981, p.4.
[1790] Así, recordemos, temos constancia da presentación de estatutos ante o goberno civil en dúas datas precedentes, en marzo de 1977 e en setembro de 1980.
[1791] Deste xeito a noticia publicada en *La Voz de Galicia* referíase á reunión do 7 de decembro en Madrid onde quedara constituído o consello confederal de coordinación das asociacións e ofrecíanse os datos dunha persoa de contacto: "Manuel Pillado, de Ferrol":
[1792] "Una gestora intenta poner en marcha la "Asociación de Ex Presos Políticos de la provincia de La Coruña", *La Voz de Galicia,* 23/01/1981, p.40.
[1793] "El sábado, asamblea constituyente de la Asociación de Ex – presos y Represaliados Políticos", *La Voz de Galicia,* 05/02/1980, p.28.
[1794] *Íbidem.*
[1795] "La Asociación de Ex-Presos Políticos condenó ayer el asesinato e José María Ryan", *La Voz de Galicia,* 08/02/1981, p.30. / Tamén se anuncia a asamblea o día anterior: "Constitución de la asociación de ex - presos y represaliados", *La Voz de Galicia*, 07/02/1981, p.28.

asociación de Manuel Pillado, quen participaba dende os anos setenta. Nesta asemblea en Ferrol tamén se informaba de que habería unha nova reunión na Coruña[1796].

Durante estes primeiros meses de 1981 a asociación manifestou publicamente a súa condena de dous asasinatos. Primeiramente o de José María Ryan en mans de ETA militar condenando todo tipo de terrorismo, con independencia do seu soporte ideolóxico[1797]. E días despois, emitía un comunicado no que condenaba o asasinato de José Arregui tralas torturas sufridas na Dirección General de Seguridad, en Madrid, asegurando que "estos hechos no favorecen la credibilidad de nuestra democracia en los países civilizados (...) nos sentimos consternados porque conocimos en nuestras carnes las torturas y humillaciones padecidas en las comisarías franquistas"[1798].

Trala primeira asemblea en Ferrol, a asociación, agora identificada como "de la provincia de La Coruña" enviaba á prensa un comunicado no que se convocaba unha nova asemblea que tería lugar o 22 de febreiro na Coruña, nos locais de CCOO, coa fin de "constituír la asociación en Galicia". E definíase como "pluralista y abierta a los perseguidos por motivos políticos durante el franquismo, sin distinción de ideologías"[1799]. De novo situámonos ante un dato algo confuso, ao non saber se a asociación da Coruña xa estaba constituída e o que se estaba intentando nestes meses era a constitución a nivel galego. O que chocaría co que se describía para a asemblea "constituínte" de Ferrol, que semellaba ser da provincia da Coruña. A confusión entre a asociación a nivel da provincia da Coruña ou de toda Galicia, continúa nas seguintes semanas. Así, días despois emitíase un novo comunicado da asociación "de la provincia de La Coruña" quen acordara nunha asemblea "reivindicar la equiparación del tiempo pasado en prisión como tiempo trabajado a efectos de percepción de pensiones y beneficios de la Seguridad Social"[1800]. E o 23 de maio volvía convocarse unha asemblea da asociación na provincia da Coruña co obxectivo de elixir unha nova directa[1801]. Pero poucos días despois, o 30 de maio, dábase conta en prensa da constitución na Coruña da asociación a nivel galego, trala designación da xunta directiva. Todo o cal semella suxerir que unha e outra eran a mesma asociación. En definitiva entendemos como os promotores da asociación pertencían á zona da Coruña e Ferrol, e tiña o propósito de acadar unha asociación a nivel galego.

Atendamos agora aos datos de interese sobre a súa xunta directiva. A presidencia de honra da asociación ocupábaa José Veiga, e nomeábanse tres presidentes, Manuel Jiménez, María Díez e Manuel Pillado. Resulta curioso que neste caso se identificaban aos diferentes membros con partidos políticos, sendo Jiménez independente, Díez do PSOE e Pillado do PCG. Entre os nomes que se ofrecían da configuración da xunta directiva atopamos algúns previamente identificados como membros da asociación, por exemplo Faustino López ou Josefa Paz[1802]. Así mesmo, na nova identificábanse como reivindicacións prioritarias da asociación algunhas das xa mencionadas en canto á equiparar o tempo en prisión con tempo traballado, e ademais facíase

[1796] "La Asociación de Ex-Presos Políticos condenó ayer el asesinato e José María Ryan", *La Voz de Galicia,* 08/02/1981, p.30.
[1797] *Íbidem.*
[1798] "Consternación", *La Voz de Galicia,* 15/02/1981, p.12.
[1799] "Notas y comunicados", *La Voz de Galicia*, 19/02/1981, p.44.
[1800] "Notas y comunicados", *La Voz de Galicia*, 28/02/1981, p. 45.
[1801] "Asamblea de ex presos y represaliados políticos", *La Voz de Galicia,* 23/05/1981, p.29
[1802] Composición da Junta Directiva: Presidente de honor: José Veira, Presidentes: Manuel Pillado Martínez (PCG), Manuel Jimenez Lizcano (Independeinte) e María Díez López (PSOE), secretario xeral Faustino López Martínez, Vicesecretaria Victoria Díaz Cabanela, contador-tesorero José Otero González, Organización José Couto, Propaganda Angel Vázquez Paredes, vogais Victor Solis, Anselmo González López, José Chas Porto, Juan Ramos Blanco, Manuel Núñez Rendal e Josefa Paz Precedo. En "Constituida la asociación de ex – presos y represaliados políticos de Galicia", *La Voz de Galicia,* 02/06/1981, p.45.

"un llamamiento a todas las viudas de guerra y familiares de los que murieron en la lucha clandestina y con posterioridad a 1939, el 15 de junio del 77"[1803].

En febreiro do 82 a asociación facía público un comunicado expresando a súa satisfacción pola proposición de lei sobre recoñecemento como anos traballados das penas nas prisións franquistas, parte fundamental da súa reivindicación[1804]. A seguinte noticia da asociación é de maio de 1982 co anuncio dunha asemblea xeral, a primeira dende a súa constitución onde se renovarían cargos directivos[1805]. Tivo lugar en Ferrol e o resultado en canto á composición da directiva resulta moi semellante á do ano anterior[1806].

Semanas antes das elección xerais de outono do 82, convocouse unha xuntanza da xunta directiva da asociación cun único punto na orde do día: facer un chamamento aos partidos políticos para que nas próximas Cortes Xerais se defendesen os seus dereitos "afirmando que hasta la fecha no se había hecho"[1807]. Días máis tarde o PCG respondía ao comunicado, asumindo que defendería os dereitos dos expresos[1808]. Partido ao que pertencía boa parte dos compoñentes da asociación.

O papel referencial na asociación do membro do PCG Manuel Pillado pode comprenderse atendendo á viaxe a Alemaña do Leste que emprendeu entre agosto e setembro do 82 como un dos catro representantes da asociación a nivel estatal. Esta fora convidada pola Federación Internacional de Resistentes, a cal estaba adscrita. Durante a viaxe, os membros da Federación debateron e estableceron os obxectivos e reivindicacións prioritarias[1809]. Grazas a crónica da viaxe podemos corroborar como a asociación en Galicia seguía activa, cunhas "trinta persoas da área de Ferrol". A noticia tamén describía ao propio Manuel Pillado, o que resulta relevante atendendo ao liderado deste.

> Manuel Pillado, padre de Rafael Pillado, el cual pasó cuatro años de cárcel (...) señaló que el restablecimiento de la democracia en España no ha borrado totalmente las secuelas de la represión de los años de la dictadura. "A mi – dijo- todavía hace muy poco, cuando solicité el papeleo para arreglar el pasaporte, se me señala como auxiliador de atracadores", porque he ayudado a la guerrilla antifranquista entre los años 40 y 50[1810].

Ademais reivindicaba os obxectivos da asociación do seguinte xeito:

> No somos una entidad de ancianos camaradas, sino que nuestros objetivos tienen validez todavía hoy. Luchamos contra las injusticias y contra toda represión por motivos de pensamiento o ideas y esta lucha es de antes y de ahora, aunque en años anteriores la situación fuese mucho más grave y más clara[1811].

[1803] "Constituida la asociación de ex – presos y represaliados políticos de Galicia", *La Voz de Galicia,* 02/06/1981, p.45.
[1804] "Pensiones", *La Voz de Galicia*, 11/02/1982, p.25.
[1805] "Reunión de ex presos políticos", La Voz de Galicia, 29/05/1982, p. 27.; "Reunión de ex presos políticos", *La Voz de Galicia*, 28/05/1982, p.29.
[1806] Presidente de honor: Enrique Veira, Presidentes: Manuel Pillado Martínez, Manuel Jiménez Lizcano y María Díez López, Secretario General Faustino López Martínez. Organización: Joaquín González González, y Victor Solís, Contador-tesorero: Anselmo González López y José Otero González, Propaganda Mnauel Núñez Renda Y jose María Díaz. Vocales: Victoria Díaz Cabanela, Juan Couto, Angel Vazquez Predes, José Chas Porto, Juan Romer Ramos y Josefa Paz Precedo. En "Asamblea general de Ex – presos y represaliados", *La Voz de Galicia,* 16/06/1982, p.48.
[1807] "Los derechos de los ex – presos", *La Voz de Galicia,* 07/09/1982, p.21.
[1808] "El PCG defenderá los derechos de los ex – presos políticos", *La Voz de Galicia,* 15/09/1982, p.26.
[1809] Participaron representantes de Portugal, Austria, Luxemburgo, Leigpiz e Bélxica.
[1810] "Manuel Pillado, invitado a la República Democrática de Alemania", *La Voz de Galicia*, 08/09/1982, p. 26.
[1811] *Íbidem.*

Ademais incidía de novo na demanda da cotización dos anos en prisión e das pensións para as viúvas dos executados. Neste mesmo mes de agosto facíase pública tamén a solicitude que tramitaba nese momento o concello para que lle fora cedido un local[1812]. En maio do ano seguinte, en conmemoración do 1º de maio, unha comisión da asociación "de ex- presos y represaliados políticos de Galicia", liderados pola presidenta María Díez López e o secretario xeral Faustino López Martínez colocaban un ramo de flores "a los muertos antifascistas en el cementerio de La Coruña"[1813]. Moi probablemente no monumento aos Mártires da Liberdade. Recordemos que nesa mesma data diversas organizacións renderan homenaxe ás vítimas fronte a este monumento sito no cemiterio de San Amaro. Ata o 84 seguimos atopando indicios da existencia da asociación, aínda que, polo momento, non podemos constatar o grado de actividade desta, da que só contamos con breves comunicados en prensa[1814].

Este colectivo resulta un caso único en Galicia, tratándose dunha asociación de vítimas, aínda que eles identificábanse máis como resistentes, (expresos e represaliados) seguindo a lóxica do memorialismo europeo posterior á IIGM. Vexamos que incluso formaban parte da Federación Internacional de Resistentes. Neste sentido, parécenos relevante traer a colación un escrito que Manuel Pillado realizou como presidente da asociación. Trátase dunha carta ao director datada en xaneiro de 1984, que constitúe a última constancia documental da existencia da asociación. A carta fora escrita trala emisión na TVE dunha entrevista a Antonio Betrán, militar do exército da República. Sobre a entrevista e sobre a propia situación dos militares que non se sublevaron reflexionaba Pillado, expoñendo unha determinada visión do acontecido:

> Un hombre que como miles de más españoles, civiles y militares que por el hecho de haber cometido el pecado de defender a un Gobierno Constitucional, legítimamente elegido por la mayoría del pueblo, y después de 5 años de democracia todavía siguen deambulando en busca de sus legítimos derechos. Hombres que después de sufrir largos años de cárcel y otros daños irreparables en sus vidas y las de sus familiares, solo por defender la libertad y la democracia de su pueblo, siguen siendo discriminados sistemáticamente por los distintos gobiernos que gobiernan nuestra nación desde el año 79 en que se dio vida a una Constitución democrática.

Resalta na súa alegación tanto a crítica á amnistía "¿Hubo en España una auténtica amnistía? Entiendo que no. El valor de una amnistía supone liberar al hombre y restituirlo en su trabajo o profesión", como a asimilación do que aconteceu ao fascismo europeo. Todo o cal, en definitiva, sitúanos xustamente onde o relato da reconciliación e da guerra fratricida non o fixo: fóra da excepcionalidade ibérica.

> Los pueblos de Europa, sus gobiernos han sabido hacer honor y justicia a aquellos que padecieron en todos sus formas los horrores de la represión y de los crímenes del fascismo, y que con su heroísmo y sacrificio hicieron posible la derrota del mismo. En España hemos sufrido una represión mucho más larga que los restantes pueblos de Europa. Hombres y mujeres, ansiosos de la libertad y democracia han entregado lo mejor de su vida, incluso la propia vida, en aras de libertad y justicia, y gracias a tantos sacrificios hoy tenemos la democracia

[1812] "Un nuevo vertedero será construido en 4 meses", *La Voz de Galicia*, 14/08/1982, p. 26.
[1813] "Ex - presos y represaliados", *La Voz de Galicia,* 08/05/1983, p.29.
[1814] Outras accións das que temos coñecemento: adhesión á manifestación (como asociación de Galicia) contra o terrorismo en abril de 1981. En: "Hoy, manifestación en Ferrol contra el terrorismo y en defensa de la Constitución y la autonomía", *La Voz de Galicia,* 03/04/1981, p. 45; E adhesión (tamén como asociación a nivel de Galicia) á conmemoración da constitución en decembro do 81, chamando "a todos os cidadáns e expresamente a aqueles que sofreron máis directamente as consecuencias da falta de libertade a tomar posturas activas de cotío para evitar unha involución no noso país". En: "Pleno extraordinario de la Xunta para celebrar el tercer aniversario de la Constitución", *La Voz de Galicia,* 05/12/1981, p.45.

> que nos alumbra. Sin embargo y a pesar de cinco años de democracia, todavía cuando son necesarios certificados penales, estos aún llegan con los calificativos tipificados por el franquismo. Es hora de acabar con tantas miserias fruto de una sociedad que no somos capaces o no queremos humanizar para que los hombres y los pueblos vivan en paz y fraternidad dentro de una democracia progresiva.

Ademais identificaba cal debería ser o suxeito que levase a cabo esa restitución: o goberno e o parlamento. Descoñecemos cales foron os seguintes pasos da asociación, ou se finalmente se desactivou. As referencias á mesma en prensa desaparecen a partir deste xaneiro de 1984. Por outra banda a nivel estatal, no 85 estala a crise entre a asociación madrileña e o resto de asociacións, que coñecemos a través da documentación analizada da asociación catalá. Pola súa banda, esta continúa activa a día de hoxe.

Manuel Pillado continuou tamén activo no asociacionismo veciñal, como membro da directiva da Asociación de Veciños de Canido[1815], e no sindicalismo, trala xubilación ocupando o cargo de secretario comarcal de pensionistas de CCOO[1816]. No libro de memorias publicado tralo seu falecemento, en 2002, Pillado escribira unha breve mención á asociación, pero sen profundar nas súas acción ou as causas da súa disolución.

> Fui fundador de la Asociación de Ex-Presos y Represaliados Políticos (Resistentes Antifascistas) a nivel del Estado, figurando como vocal en la Dirección Constituyente, en 1976 en Madrid. Tiempo después, constituímos esta asociación en Coruña para toda Galicia, con tres presidentes con efecto rotativo, yo uno de ellos[1817].

Ademais desta asociación debemos mencionar a existencia doutro colectivo que compartía algúns dos obxectivos coa anterior, aínda que sen a parte que consideramos memorialista. Trataríase da Asociación de Familiares y Amigos Presos Políticos de Galicia, centrada na reclamación da amnistía total e da situación dos presos que aínda estaban encarcerados, activa na contorna de Vigo[1818].

Por outra banda, o asociacionismo cultural seguiu sendo o que máis activamente realizou accións da memoria, entre elas a Asociación de Amigos da Cultura de Pontevedra, que se estudará con detalle no seguinte capítulo.

4.3.4.As accións divulgativas

Neste apartado imos deternos na análise doutro tipo de accións da memoria, realizadas principalmente por axentes memorialistas da sociedade civil, aínda que este tipo de accións, como xa se tratou, tamén foron promovidas dende algunha institución local.

Dentro do que denominamos "accións divulgativas", inclúense aquelas que teñen como obxecto a difusión, expansión do coñecemento sobre a violencia franquista, pero tamén sobre

[1815] "Nueva directiva de la Asociación de Vecinos de Canido", *La Voz de Galicia*, 03/03/1981, p. 24 e "Fermín Carrodeguas, presidente de la A. de VV. DE Canido", *La Voz de Galicia*, 07/03/1982, p. 30

[1816] "Los sindicatos de pensionistas piden la democratización de los organismos de asistencia a la tercera edad", *La Voz de Galicia,* 06/06/1984, p.37.

[1817] Pillado, M. (2002).*Desde el mar que perdiste*, Ediciós do Castro, p. 438.

[1818] Accedemos a diversos materiais da mesma grazas a unha das nosas fontes orais, entre eles o boletín, publicado a nivel estatal chamado "Ayuda y libertad". Fonte oral "anónima". Vigo. A asociación, coa existencia dunha a nivel estatal, contaba tamén cun boletín informativo chamado "Ayuda y libertad".

todo aquilo que esa violencia quixo negar, principalmente a mobilización social e política anterior ao golpe de estado.

Identificamos dous tipos principais de accións divulgativas, os "actos públicos", en formato conferencia, charla ou xornada; isto é actos públicos nos que unha persoa ou grupo de persoas realiza unha disertación ou explicación sobre un tema en concreto. E, por outra banda, as "publicacións", que difunden dende o papel, podendo identificar o formato literatura testemuñal, as biografías ou autobiografías e os ensaios ou investigacións.

No capítulo anterior, en relación co acontecido en Tui, adiantabamos certos sucesos vinculados coa divulgación que se desenvolveron nesta segunda etapa. Entre elas a publicación da reportaxe en 1980, *Tuy, aquel verano del 36* polo xornalista Fernando Ramos, o que lle valería unha demanda e o sometemento a un xuízo ao ano seguinte, identificado como un mecanismo de contención.

No mesmo ano 1980 un historiador alemán, Harmut Heine, publicaba o que se considera a obra inaugural para o estudo da resistencia ao golpe en Galicia, o libro titulado *A guerrilla antifranquista en Galicia*, publicada por Edicións Xerais[1819]. Trátase dunha investigación sobre a guerrilla entre 1936 e 1952 froito do traballo de Heine nos anos setenta, cando se trasladara a Galicia para realizar o traballo de campo. Un libro do que beberon moitos dos investigadores que neste período comezaron a interesarse e investigar sobre este tema. Previamente o mesmo autor publicara en Ruedo Ibérico *La evolución política en Galicia (1936-75)*, polo que xa era coñecido nos círculos intelectuais galegos. O libro que publicaba no 80 xurdira do traballo que o autor entregara como tese de licenciatura no Ealing Technical Collegue, de Londres[1820]. En 1981 obtiña o premio da Crítica na categoría de investigación. Estes premios eran concedidos polo Seminario de Estudios Cerámicos de Sargadelos, da man de Isaac Díaz Pardo quen constituíu un importante axente memorialista[1821].

No mesmo ano, Xerais, unha editorial acabada de nacer neste 1980, editaba *O Fresco. Memoria dun fuxido. 1936* de Víctor Freixanes[1822]. A obra, que obtiña un recoñecemento internacional quedando finalista no Premio Internacional de Prensa, resultaba complexa de encaixar[1823]. Sen tratarse dunha investigación histórica ao uso, nin tampouco dunha novela, Carlos Casares, na presentación desta en Sargadelos cualificábaa de "reportaxe como xénero literario", vendo a suplir o que non facían as novelas históricas nese momento. O libro, gabado polo tamén presentador do acto, o historiador Xosé Ramón Barreiro compoñíase de varias partes diferenciadas entre as que destacaba as corenta páxinas que se reproducían tal e como as escribira González Fresco en 1936[1824]. As notas tomadas polo Fresco foron gardadas pola súa familia durante corenta anos. Nelas describía o acontecido trala súa fuxida e as accións de resistencia que realizara antes da súa morte en decembro dese ano 36. Escritas no reverso das papeletas do estatuto de autonomía constitúen o punto de partida para a reescrita de Freixanes, quen contratou datos e incluíu observacións propias "mediante un minucioso trabajo de campo

[1819] Heine, H. (1980) *A guerrilla antifranquista en Galicia,* Edicións Xerais.
[1820] "Libros", *La Voz de Galicia,* 16/10/1980, páxinas de Cultura.
[1821] "Xosé Bar Boo, Neira Vilas, Antón Tovar, "Grupo Atlántica", Harmut Heine e Xoan Trillo, ganadores dos "Premios da Crítica", *La Voz de Galicia*, 17/05/1981, p.41.
[1822] Freixanes, V. (1980). *O Fresco. Memoria dun fuxido, 1936.* Edicións Xerais.
"Nace una nueva editorial gallega", *Faro de Vigo*, 17/05/1980, p.15.
[1823] "Memorias dun fuxido, quedó finalista del Premio Internacional de la Prensa, en Niza", *Faro de Vigo,* 24/05/1980, p.16.
[1824] "Memorias dun fuxido", considerado como un reportaje histórico por Xosé Ramón Barreiro", *La Voz de Galicia*, 07/06/1980, p. 26.
Freixanes citaba entre as súas fontes para escribir a obra o libro *Lo que han hecho en Galicia* e o libro do cura Silva Ferreiro *Galicia y el Movimiento Nacional.*

por parroquias y aldeas de la provincia de Pontevedra"[1825]. Con motivo da reedición deste volume en 2019, o crítico literario e escritor Ramón Nicolás expresaba as súas lembranzas sobre a primeira edición:

> Non sei ben as razóns que me levaron a adquirir este exemplar no ano 1981 -a data lémbroa porque no seu interior apareceu unha folla informativa dun acto cultural celebrado naquela altura- mais con quince anos a descuberta do ignorado ou teimudamente silenciado conduciume a facer preguntas e a que estas, non sen receos, comezasen a ser contestadas establecendo unha ponte xeracional entre avós e neto que posibilitaron, primeiro, o coñecemento dunha resistencia ao estoupido militar na Porta do Sol de Vigo, tamén no Calvario preto do Edificio Bandeira, do que foi a illa de San Simón ou dalgunhas historias familiares que aconteceran dentro do edificio dos xulgados da rúa do Príncipe; segundo, saber tamén dos fuxidos, claro é, do que o documento rescatado de Manuel González "O Fresco", un señorito por orixe que se comprometeu coa causa republicana e democrática ata o final, e iluminado por Víctor F. Freixanes, foi definitivo e, terceiro, querer saber sempre máis ata hoxe, cando a curiosidade non cesou[1826].

Estas palabras son reflexo do impacto social que publicacións como a de Freixanes tiñan na sociedade, naqueles que por primeira vez coñecían os feitos negados. No mesmo senso Lourenzo Fernández Prieto, prologando a nova edición reflexiona:

> Para min- imaxino que tamén para moitos outros- as *Memorias* do Fresco foron, cando apareceron, unha referencia singular, que tivo moita compañía andando o tempo, pero que sobre todo deu pistas primeiro e sentido certo despois ao que os historiadores iamos atopando[1827].

Dende este punto pode comprenderse a súa definición como "accións divulgativas" e polo tanto e, en definitiva, como accións da memoria, ao traer ao presente o pasado traumático[1828]. Efecto que era especialmente intenso para persoas que naceran durante o franquismo, en pleno proceso de negación, descoñecedoras ata ese momento do trauma, que o descobren nos libros, nas conferencias, máis tamén nas homenaxes e as conversas que se xeraron arredor das accións da memoria[1829]. O que denominabamos como "a socialización do acontecido".

Por outro lado, neste ano 1980 iniciouse a publicación da revista mensual *Man Común* baixo a dirección de Xosé Antón Gaciño, e que finalizou en maio de 1981[1830]. Entre as reportaxes e artigos publicados relacionados coa memoria do golpe e a situación presente do franquismo, destacamos o asinado por José María Monterroso Devesa ao que xa aludimos, onde

[1825] "La novela "Memoria dun fuxido" de Víctor Freixanes, propuesta para el "Premio Internacional de Prensa", *La Voz de Galicia*, 13/05/1980, p. 44.
[1826] Nicolás, R. : "O Fresco. Memorias dun fuxido (1936), de Víctor F. Freixanes". *Caderno da Crítica. Literatura Galega. Blog de Ramón Nicolás*. https://cadernodacritica.wordpress.com/2019/07/16/o-fresco-memorias-dun-fuxido-1936-de-victor-f-freixanes/
[1827] CITA
[1828] Máis referencias: "Cosas que pasan", *La Voz de Galicia,* 08/02/1980, p. 35; "Nueva edición de un libro de Víctor Freixanes", *La Voz de Galicia,* 13/10/1981, p.45; Casares, C. "Memoria dun fuxido", *La Voz de Galicia,* 22/06/1980, p. 35; Valcárcel, M. "Memorias dun fuxido", *A Nosa Terra*, nº120, do 22 ao 28 de agosto de 1980, p.18.
[1829] Na edición de *O Fresco* de 2019 inclúese unha carta do que fora alcalde de Caldas de Reis durante a República, compañeiro no monte de O Fresco. Na carta, datada o 19 de xullo de 1979 Pablo Piñeiro Vázquez relata as súas lembranzas ao seu lado, e expresa o seu estado depresivo "cosa que, por desgracia me ocurre con frecuencia, pues no estoy curado del todo a consecuencia de aquellos terribles días de la sublevación fascista, que muchos olvidaron". Pablo Piñeiro nomeouse adherido á homenaxe a Bóveda en Pontevedra no ano 77.
[1830] A revista 0 publicouse en maio de 1980, cunha segunda publicación en xullo de 1980. E dende agosto de 1980 cunha periodicidade mensual, ata maio de 1981.

se describía a situación da simboloxía nos concellos galegos[1831] , o artigo de Ramón Piñeiro no que rememoraba a súa "derradeira conversa persoal con Alexandre Bóveda"[1832], ou a ampla entrevista ao exiliado Ramón Martínez López titulando a mesma *A memoria histórica,* unha denominación pouco usual nestes anos, como se tratou con detalle no Marco Conceptual[1833]. Ademais en febreiro de 1981, incluíase a recensión asinada polo colectivo de historiadores Xerminal, titulada *A Galiza mansa e coitada, desmentida pola guerrilla*, no que describía con detalle a obra de Harmut Heine. Ademais de apuntar a erros en certos feitos e na análise da composición social e política de Galicia consideraban a obra como "unha aportación importante nun eido no que apenas nada se fixera, e ademais a súa leitura fai-nos cavilar de novo nesa visión dunha Galiza mansa e coitada que o libro desbota en boa medida" [1834].

Nestes anos visualízase a actividade da guerrilla tamén nas páxinas do semanario *A Nosa Terra,* que xa en xullo de 1979, isto é antes da aparición do libro de Heine, publicaba a reportaxe asinada por Alfonso Eiré e Margarida Ledo *Piloto, o último guerrilleiro*, no que se incluía a testemuña da súa muller, Mirella[1835]. Eiré, dunha aldea de Chantada, gardaba a lembranza do Piloto dende a súa infancia, "eu desde pequeno para min o Piloto era unha personaxe como o Capitán Trueno ou o que liamos nos libros, non?". Tamén lembraba cando este fora abatido polo Guardia Civil e como o avó impediralle que fora ver o cadáver, pois de facelo tería que cuspirlle. Así recorda como se xestou a entrevista:

> Fomos os primeiros que entrevistamos a muller de Piloto, e pódoche contar como foi a cousa…. Moi sorprendente, para que vexas como funcionaba a cousa, eu son dunha aldea de Chantada, de Pedroso, e había un carteiro que era mutilado de guerra, e un día venme e dime Alfonsiño, a muller do Piloto está en Recons, se queres ir entrevistala, vaia alá, e dis que vas de parte miña… (...). Chamei a Margarita a Ledo, que era a directora e díxenlle temos isto, e fomos alá. A Margarita e eu, que ademais polo camiño nos parou a Guardia Civil, e bueno xa empezamos ben[1836].

Ademais o propio Harmut Heine asinaba no mesmo semanario unha serie de reportaxes baixo o título *A guerrilla na Coruña e no noroeste lugués* entre xullo e agosto de 1980[1837]. Uns meses máis tarde Luis X. Carballo elaboraba outra reportaxe sobre a guerrilla *A guerilla antifranquista na terra de Trasdeza*[1838].

[1831] Monterroso, X.M. "Consellos para concellos medoñentos", *Man Común*, nº1, agosto de 1980.
[1832] Piñeiro, R. "A derradeira conversa con Alexandre Bóveda", *Man Común*, xullo 1980 (sen número).
[1833] Gómez, Xoel: "A memoria histórica dun profesor do galeguismo", *Man Común*, nº10, maio 1981, pp. 13-16.
[1834] Colectiva de Historia Xerminal (Xabier Castro, Manuel González, Alberto Martínez e Dionísio Pereira): "A Galiza mansa e coitada, desmentida pola guerrilla", *Man Común*, nº7, febrero de 1981, pp. 27-28.
[1835] Eyre, A. e Ledo M. "Piloto, o último guerrilleiro", *A Nosa Terra*, nº 70, do 13 ao 19 de xullo de 1979, pp.10-11.
[1836] Entrevista a Alfonso Eiré realizada por Iria Morgade (Telefónica, 26 de outubro de 2023).
[1837] Curiosamente a primeira parte están sen asinar,: "As actividades guerilleiras na Coruña e no occidente lugués", especial patria galega, 1980, pp.20-21; Heine, H. A guerrilla na Coruña e no Occidente Lugués (2), A Nosa Terra, nº 117, do 1 ao 7 de agosto de 1980, p.19; "A guerrilla na Coruña e no Occidente Lugués (3), nº 118, do 8 ao 15 de agosto de 1980, p. 19. "A guerrilla na Coruña e no Occidente Lugués (e 4)", nº 119. Do 16 ao 22 de agosto de 1980, p.19.
Así se explicaban: "en breve ha sair do prelo a recopilacón que fixo H.Heine sobre a guerrilla antifranquista en Galicia. Pola nosa banda ofrecimos estes textos primicia na prensa do noso país que coa publicación da obra deixarán por fin de ser inéditos"
[1838] Carballo, L.X. "A guerilla antifranquista n aterra de Trasdeza (1)", *A Nosa Terra*, nº 133, do 21 ao 27 de novembro de 1980, contracuberta. ; (2), *A Nosa Terra,* nº 134, do 28 de novembro ao 3 de decembro de 1980, contracuberta.

Imaxe 59. Cuberta *A Nosa Terra* dedicada á Illa de San Simón.



Fonte: *A Nosa Terra*, nº 76, do 5 ao 11 de outubro de 1979.

Ademais da cuestión da guerrilla, A Nosa Terra continuou cunha actividade difusora da violencia franquista que se materializou en diversas reportaxes sobre o tema[1839]. Destacamos o artigo en dúas partes iniciado en setembro de 1979, baixo o título A illa de San Simón, campo de concentración, dando por primeira vez visibilidade á illa como lugar de violencia franquista (Imaxe 59)[1840]. A través de datos de arquivos, "declaracións directas de protagonistas e feitos contados a través da memoria popular", íase narrando como era a vida na prisión, así como o destino daqueles que foron apresados na illa.

Posteriormente, en 1980 Alfonso Eiré asinaba a reportaxe A represión nos primeiros meses do "levantamiento", no que se describían o acontecido tralo golpe nas principais vilas galegas, interesa en especial o apartado dedicado aos "represores"[1841]:

> No pouco que se leva escrito da represión durante a guerra en Galicia, case nunca se citan nomes, a xente aínda ten medo de nomealos. Nos facilitamos aquí algúns que nos deron xente das diferentes capitais e que está no sentir o pobo, e caseque nen foron feitos públicos[1842].

Na entrevista realizada ao mesmo en 2023 relata as súas lembranzas sobre o impacto que estas reportaxes tiñan na sociedade galega, "cando sacamos, que fomos os primeiros que sacamos dos maltratadores e tal había xente que mercaba todos os números da contorna para que non saíra, para que non se vira"[1843].

[1839] Algúns dos artigos publicados sobre o tema: Historia do alcalde "Xaquín", por Antonio Prado Díaz: "O vello do cruceiro", *A Nosa Terra*, Do 26 de xaneiro ao 1 de febreiro de 1979, p. 16.

[1840] Corral, Xosefina L. "A illa de San Simón campo de concentración", *A Nosa Terra*, nº74, do 21 ao 27 de setembro de 1979. E Corral, Xosefina L. "Presos de San Simón. Ben sabíamos onde os levaban", *A Nosa Terra,* nº 76, do 5 ao 11 de outubro de 1979, pp. 10-11.


[1841] Eyre, A. "A represión nos primeiros meses do "levantamiento"", *A Nosa Terra*, nº100, 28 de marzo a 10 de abril de 1980, pp.20-21

[1842] *Íbidem*

[1843] Entrevista a Alfonso Eiré por Iria Morgade (Telefónica, 26 de outubro de 2023).

No mesmo ano, Lois X. Carballo Arceo asinaba *O advento e caída da República nunha bisbarra galega*, narrando o acontecido na zona de Silleda[1844]. Pero ademais das reportaxes vinculadas directamente coa violencia franquista, tamén se publicaban nestes anos no semanario *A Nosa Terra* diversos materiais que divulgaban a memoria negada, isto é a historia da II República, do agrarismo, do exilio ou do movemento obreiro[1845]. Neste senso destacar a entrevista ao histórico cenetista Manuel Fandiño, que realizou Margarida Ledo contando coa intervención de Dionísio Pereira, e que vinculará a partir deste momento a este último co semanario. Na entrevista é relevante a apelación á "memoria histórica" para referirse ao pasado así como a inclusión de dúas fotografías cedidas por Pereira, de Fandiño ao lado de José Villaverde Velo, sendo a primeira vez que se facían públicas[1846]. Sobre este último Pereira escribiu no mesmo semanario en 1980 *Lembranza dun sindicalista*[1847].

Imaxe 60. Cuberta do Especial *Galiza Mártir*.



Fonte: *A Nosa Terra Especial Galiza Mártir,* nº161, agosto 1981.

Pero sen dúbida do período tratado neste capítulo, destacamos o especial que *A Nosa Terra* publicou no verán de 1981, titulado *Galiza Mártir*. Seguindo a simboloxía e linguaxe que nacera no exilio, editábase un especial que tiña como tema central "o martirio galego". Como se poder ver no Imaxe 60 a portada é xa ilustrativa dos temas a tratar, da centralidade da cuestión da

[1844] Carballo, L.X. "O advento e caída da República nunha bisbarra galega (1)", A Nosa Terra, nº136, do 12 ao 18 de decembro de 1980, p.9; Carballo, L.X. "O advento e caída da República nunha bisbarra galega (2)", A Nosa Terra, nº 137, do 19 ao 23 de decembro de 1980, p.9.
[1845] Exemplos: Ero de Armenteira: "Represión e morte nas loitas agrarias (1907-1922)", A Nosa Terra, Especial Galiza Mártir, p. 11.; Monterroso, X.M. "Morrer pola Patria lonxe da Patria", A Nosa Terra, Especial Galiza Mártir, p. 17; Barreiro, X.R.: "As Irmandades da Fala", A Nosa Terra, nº100, 28 marzo-10 abril 1980. entre outros.
[1846] A D. Pereira llas facilitaran as fillas de Villaverde.
[1847] Pereira, D. : "Lembranza dun sindicalista: José Villaverde", A Nosa Tera, nº 103, 25 de febreiro, 1 de marzo 1980, p.12.

violencia golpista, aínda, que como xa acontecera no exilio, a dialéctica dos mártires galegos situábase antes do 36, cos mártires de Carral como outro dos grandes fitos.

Dun total de catorce temas tratados neste especial e que aludían dun xeito ou doutro ao martirio do pobo galego, entre artigos, reportaxes e entrevistas, publicábanse catro relacionados directamente coa violencia franquista. En primeiro lugar o relato de Manuel María, *Testemuña e lembranza do 36*, sobre as súas lembranzas e o que foi descubrindo sobre a violencia franquista con posterioridade:

> Toda esta historia miúda e un tanto marxinal quedou sen escribir. Sospeitamos que casos como os que relatamos hainos a milleiros. A represión exercida sobor dos nacionalistas galegos tivo unha crueldade especial. Ademais de Alexandre Bóveda houbo outra serie de nacionalistas que pagaron coa vida a súa militancias galeguista. Tal foi o caso do alcalde de Ferrol, Xaime Quintanilla..”[1848]

Destaca a identificación das vítimas cos nacionalistas, ademais María finalizaba cunha reflexión que encaixa co relato do odio e a sen razón “despois de tantos anos henos difícil comprender tanta irracionalidade, tanto rencor, tanto odio desatado, tanta miseria humana”[1849]. A segunda reportaxe do especial sobre a violencia franquista levaba o título *Dos fusilados do 36 aos mortos de hoxe*, e nela describíanse os asasinatos dos galeguistas Anxel Casal, Camilo Diaz ou Xaime Quintanilla entre outros, finalizando coa actualidade e aqueles que seguían morrendo polas súas ideas, como os membros do GRAPO[1850]. A estes sumaríanse outros dous artigos centrados en dous mártires, Alexandre Bóveda[1851] e Moncho Reboiras “o mártir do 75”[1852].

Tamén en *A Nosa Terra*, en 1982 o historiador Bernardo Maiz asinaba a reportaxe titulada *1936 en Galiza: a sanguiñenta represión* na que cuestionaba determinados relatos sobre a guerra civil:

> No máis estrito senso da palabra (enfrentamento bélico dilatado) soamente houbo guerra en Galiza perante 15 días, unha miniguerra que rematou o 3 de agosto de 1936; aínda así entre as consecuencias daquilo que para uns foi “sublevación fascista”, pra outros “Alzamiento salvador” e para todos, un inmenso drama colectivo, analizamos as inmediatas accións que os sublevados iniciaron naquela lonxana no tempo e próxima na memoria segunda quincena de xullo[1853].

Así, interpretaba que a “represión salvaxe e desatada” estaba na base da explicación de como unha Galicia de esquerdas fora derrotada en tan pouco tempo[1854]. E continúa:

> Desde o mesmo día no que os sublevados triunfaron, comezaron nas cidades de Galiza os xulgamentos sumarísimos baixo da pelegrina acusación de “rebelión militar” aplicada a quen foran fieis á República, cousa pintoresca se temos en

[1848] Cita máis: Xohan Carballeira, Xohan Xesús González, Camilo Díaz, Anxel Casal, Víctor Casas... En: María, M. “Testemuña e lembranza do 36”, *A Nosa Terra*, *Especial Galiza Mártir*, p.9
[1849] María, M. “Testemuña e lembranza do 36”, *A Nosa Terra, Especial Galiza Mártir,* p.9
[1850] “Dos fusilados do 36 aos mortos de hoxe”, *A Nosa Terra, Especial Galiza Mártir,* p. 10.
[1851] Fernán Vello, M.A.: “Lembrando a Alexandre Bóveda”, *A Nosa Terra, Especial Galiza Mártir*, contracuberta.
[1852] Eyre, A. “Así foi o agosto do 75”, *A Nosa Terra, Especial Galiza Mártir,* pp.11-14.
[1853] Maiz, B. “1936 en Galiza: a sanguiñenta represión”, *A Nosa Terra,* nº209, do 16 ao 23 de decembro de 1982, contracuberta.
[1854] Maiz, B. “Os grupos políticos de esquerda en Galiza (1931-1936)”, *A Nosa Terra*, nº 205, do 5 ao 12 de novembro de 1982, contracuberta.

> conta que eran os xulgadores os sublevados. Foron fusilados así moitos dos cárregos públicos lexítimos[1855].

O artigo representa un dos primeiros (senón o primeiro) que intenta relatar na globalidade o fenómeno da violencia tralo golpe de estado acabando coa seguinte reflexión:

> Non queremos seguir cunha ringleira de nomes que aumentarían a nosa angúria. Ben chega con dar unha cifra de arrepia, 2324 mortos en seis meses. Tampouco queremos dar nomes dos culpábeis- militares e paramilitares- deixando que sobre eles caiba a lousa do siléncio máis despreciativo e os remosos da súa conciencia[1856].

No artigo Maiz citaba o libro *El Alzamiento en Galicia* que nese mesmo ano 1982 asinaba o investigador centrado na historia militar Carlos Fernández Santander, constituíndo o primeiro monográfico con vocación histórica e global sobre o tema publicado en Galicia[1857]. A repercusión do libro pode palparse no esgotamento da primeira edición en dous meses, sendo o libro de autor galego máis vendido en Galicia en 1983[1858]. Describíase como:

> El primer estudio serio, imparcial, apoyado en una amplísima documentación, sobre aquel fatídico año de 1936 para Galicia (y para España), aclarando errores en los que han caído la mayor parte de los historiadores que se ocuparon del tema, desde Hugh Thomas a Tuñón de Lara, pasando por Joaquín Arraras, Manuel Silvela y Moure Mariño, entre otros. Uno de los datos más curiosos – y más tristes a la vez- es el número de personas que fueron fusiladas (o "paseadas") tras el levantamiento nacional. Galicia, que desde los primeros días quedó en poder del llamado bando nacional, sufrió, sin embargo, las iras de la retaguardia[1859].

Así ofrecía un dato, entre o 20 de xullo e o 31 de decembro do 36 foran fusiladas en Galicia mil setecentas noventa e catro persoas, especulando que en realidade habería un total de dúas mil cincocentas persoas executadas no segundo trimestre de 1936. O rigor histórico da obra foi cuestionada en certo modo na recensión de Francisco Carballo en *A Nosa Terra*, que gabando a aportación ao coñecemento do que foi o golpe en Galicia e que ofrecía a investigación ("a síntese máis completa do acontecemento"), considerábaa falta de método histórico, coa sobreutilización da prensa, erros en nomes e lugares... Aínda que "do que pode sentirse orgulloso o autor é de ter dado a maior cantidade de nomes de xuíces, de participantes na represión e de vítimas desta". Por outra banda, en canto ao enfoque da mesma, Carballo criticaba:

> A pregunta que agroma á leitura destas páxinas é de como explicar este delírio masivo. O autor remítese a fatalismos e moralismos "o apetito sangrento de moitos- ese home que é lobo para o home- e que inevitabelmente surxe nos peores intres da nosa historia"[1860]

O libro editábao Edicións O Castro na colección que tamén estreaba nese ano chamada *Documentos para a historia contemporánea de Galicia* e que supuxo un fito fundamental para

---

[1855] Maiz, B. "1936 en Galiza: a sanguiñenta represión", *A Nosa Terra,* nº209, do 16 ao 23 de decembro de 1982, contracuberta.
[1856] Maiz, B. "1936 en Galiza: a sanguiñenta represión", *A Nosa Terra,* nº209, do 16 ao 23 de decembro de 1982, contracuberta.
[1857] Fernández, C. (1982). *El alzamiento de 1936 en Galicia. Datos para unha historia de la guerra civil.* Ediciós do Castro.
[1858] En "Carlos Fernández", *La Voz de Galicia,* 03/12/1983, e *La Voz de Galicia*, 19/04/1983, p.2; "En las librerías compostelanas "El levantamiento de 1936 en Galicia, título más vendido", *La Voz de Galicia,* 07/09/1982, p.22.
[1859] "Análisis del alzamiento de 1936 en Galicia", *La Voz de Galicia*, 18/07/1982, p. 37.
[1860] "Documentos para a nosa historia contemporánea", *A Nosa Terra, nº* 200, do 17 ao 23 de setembro de 1982, p.23.
A mesma impresión é transmitida pola fonte oral Dionísio Pereira, na relevancia que a súa aportación tivera para o estudo da violencia franquista pero continuador do relato da guerra fratricida.

comprender a primeira divulgación da historia do golpe en Galicia. A colección inaugurábase con tres títulos. A este ensaio sumábase a biografía de Castelao, *Castelao na luz e na sombra*, asinada por Valentín Paz Andrade[1861], e *Os que non morreron*, libro de memorias durante "a guerra civil" do exiliado Xerardo Díaz Fernández[1862]. Así, seguíase a estela da literatura testemuñal publicada nos anos anteriores como *O siñor Afranio*, *Non agardei por ninguén*, *O silencio redimido* ou *Fuxidos*. Nas súas memorias Xerardo Estévez narraba os dous anos que pasara no cárcere de Santiago. Isaac Díaz asinaba o prólogo no que dicía:

> Pasaron moitos anos gardando decote dentro de min a espranza concreta e nostálxica de abrenguer o que tanto desexei, o que con bágoas prometera aos que foron sufrindo o martirio mais inxusto: dar a coñecer ao mundo tan inxustificadas inmolacións[1863].

Esa pulsión de Isaac Díaz Pardo recóllese nas lembranzas de Alfonso Eiré quen, como sinalabamos, investigaba tamén naqueles anos a historia do golpe e da guerrilla:

> Díaz Pardo era unha fonte moi valiosa. Pois nos dicía, vai entrevistar a este, ou vai alá… Contábache pouco pero dábache…El non quería contar, pero encarreirábate. Era unha fonte moi importante. Nós tiveramos que empezar de cero. Houbo unha rotura co Piñeirismo, que o que facía … o que me molestou moito, é que a nosa xeración que estábamos facendo cousas, usurpáronnos o relato. E era moi difícil, para falar coa xente…[1864]

Así, fronte ao piñeirismo, que seguindo unha lóxica semellante á que tamén se podía identificar no PCE, prefería "non tocar aquelas cousas", Isaac Díaz Pardo, que por xeración correspondía a estes, mantiña esta postura intermedia. E o que é aínda máis relevante, acometía esta iniciativa editorial, acción divulgativa fundamental no período de estudo. A colección acadou un total de 210 títulos entre 1981 e 2009. A este primeiro período (entre 1981 e a primavera de 1983) pertencen as sete primeiras obras todas elas relacionadas dun xeito ou doutro coa memoria traumática[1865]. A colección nacía:

> Non pra levantar bochas senón para recuperar a verdade histórica duns anos, os da guerra española, e suficientemente inmediatos como pra influirnos aínda hoxe e, xa, o suficientemente atrás como pra poder ser estudiados con perspectiva non desfigurada[1866].

Como pasa en boa parte das publicacións editadas nestes anos, é relevante atender ás súas presentacións por ser, en si mesmas, outras accións divulgativas de carácter colectivo onde se adoitaba debater e reflexionar conxuntamente sobre o contido do libro. Isto, por tanto, dótaas dunhas características diferenciais que van máis alá da publicación en si mesma, e que poden reflexar o impacto social da obra con máis detalle. Así, o libro *El Alzamiento en Galicia* foi presentada na galería de Sargadelos en Madrid, nun acto no que o autor estivo acompañado por

[1861] Paz, A. (1982). *Castelao na luz e na sombra.* Ediciós do Castro.
[1862] Díaz, X. (1982). *Os que non morreron.* Ediciós do Castro.
[1863] "Os que non morreron", recuerdos biográficos de Xerardo Díaz Fernández", *La Voz de Galicia,* 23/06/1982, p.53.
[1864] Entrevista a Alfonso Eiré realizada por Iria Morgade (Telefónica, 26 de outubro de 2023).
[1865] Obras publicadas por Ediciós do Castro (1981-1983):
Cores, B. e Cortezón, D. (1981). *La sociedad incompleta: el drama de la capitalidad en Galicia.* Ediciós do Castro.
Paz-Andrade, V. (1982). *Castelao na luz e na sombra.* Ediciós do Castro.
Fernández, C. (1982). *El alzamiento de 1936 en Galicia: datos para una historia de la Guerra Civil.* Ediciós do Castro.
Díaz, X. (1982). *Os que non morreron.* Ediciós do Castro.
Neira, X. (1983). *Castelao en Cuba.* Ediciós do Castro.
Cores, B. (1983). *Ramón Suárez Picallo: socialismo, galleguismo y acción de masas en Galicia.* Ediciós do Castro.
Fernández, F. (1983). *Ánxel Casal e o libro galego.* Ediciós do Castro.
[1866] Rei, X.L. "As novedades da temporada editorial galega", La Voz de Galicia, 10/06/1982, suplemento cultura.

Tuñón de Lara quen sostivo que en Galicia houbera unha base social que apoiara o alzamento o 18 de xullo. É relevante como neste punto produciuse unha "polémica acerca de la resistencia o no que había opuesto Galicia en los primeros días del Alzamiento, destacándose la importancia que llegó a tener aquélla en muchos puntos de la región"[1867].

Tamén en 1982 engrosábase a lista de títulos da colección coa autobiografía *Abajo las dictaduras* de Josefa García Segret[1868]. Para as fontes orais consultadas este libro é recordado como un deses primeiros contactos co coñecemento do sucedido no 36. Un ano máis tarde, en abril de 1983 Josefa García presentaba o libro no salón de plenos do Concello de Redondela. Deste xeito, unha acción divulgativa no escrito, en formato libro, convertíase nunha acción divulgativa cun carácter colectivo, en modo presentación e coloquio, isto é conformando un espazo colectivo para a reflexión.

Por outro lado, e con anterioridade ao inicio desta colección de Ediciós O Castro, publicábanse en Galicia dous títulos de interese na literatura testemuñal. En primeiro lugar *Era tempo de apandar* (1980) de Ramón de Valenzuela[1869], que continuaba a anterior obra *Non agardei por ninguén*. Editaba Akal na súa colección Arealonguiña, á que nos referimos no Capítulo 3. Recordemos así mesmo que Ramón de Valenzuela formaba parte do colectivo exiliado que promovera as primeiras accións de memoria en América, e fora participante activo das homenaxes que se realizaron en Galicia, por exemplo nas de Alexandre Bóveda. Así mesmo debe salientarse a novela *Fabula* (1981) de Xabier Alcalá[1870] quen mesturaba varios planos de acción, entre a Transición e o 36. Algo semellante acontecía en *Desfeita* de Camilo Gonsar[1871], publicada en 1983. Nela un investigador quere saber do asasinato dunha persoa no 36 e só atopa desviacións nas preguntas, non son silencios, son desvíos, os desvíos das persoas para non falar diso, e que ao final tece unha radiografía ácida, triste e desesperanzadora do que era Galicia nos anos 80, unha terra avergonzada, que destrúe o seu, no rural, no arquitectónico, nos montes e na fala.

Desta última sabemos da presentación na sociedade cultural Medulio de Ferrol, en maio dese ano, coa presenza de Bernardo Maiz, quen xa daquela era un referente no estudo do 36[1872]. Deste acto imos salientar dúas cuestións que resultan de interese para comprender as accións divulgativas no período en estudo. Por unha banda o papel das organizacións culturais, neste caso falamos de Medulio, pero o Ateneo coruñés e o ferrolán, entre outros, foron actores divulgadores da memoria traumática fundamentais[1873]. Por outra banda, o papel do historiador Bernardo Maiz, quen en paralelo ao traballo de Carlos Fernández estaba traballando xa o tema da violencia franquista en Galicia, o que se materializa, por exemplo, na conferencia que ofrece en 1981, e por tanto antes mesmo da publicación da obra de Carlos Fernández, titulada precisamente *O alzamento en Galicia: a situación na zona de Ferrol.* A conferencia, inmersa no ciclo *Recuperación da nosa historia*, tiña lugar no Instituto Masculino Concepción Arenal

[1867] "La obra de Carlos Fernández, punto de partida para una historia de la Guerra Civil en Galicia", La Voz de Galicia, 25/11/1983, p.22.
[1868] García, J. (1982). *Abajo las dictaduras.* Autoedición. Artes Gráficas Galicia S.A.
[1869] De Valenzuela, R. (1980). *Era tempo de apandar.* Akal.
[1870] Alcalá, X. (1981). *Fábula*. Editorial Galaxia.
[1871] Gonsar, C. (1983). *Desfeita.* Editorial Galaxia.
[1872] A Sociedade Cultural Medulio naceu en Ferrol en 1979, non debe confundirse co Colectivo Medulio, de Ourense, que actúa no ámbito memorialista en 1984.
[1873] Ademais dos que referenciaremos nestas liñas, na sociedade Medulio ten lugar a conferencia a cargo de Francisco Carballo "Historia actual de Galicia. Do 1936 aos nosos días", en "Conferencia Historia Actual de Galicia", *La Voz de Galicia,* 10/06/1981, p.31.

de Ferrol, onde Maiz era profesor. O ciclo era organizado polo Ateneo Ferrolán, identificado xa como axente memorialista de relevo[1874].

Un ano antes Maiz disertara tamén publicamente da guerrilla e a resistencia armada en Galicia, tema sobre o que preparaba a súa tese doutoral, finalmente presentada en Zaragoza en 1984[1875]. A conferencia que ofreceu en 1980 tiña lugar no Salón de Plenos do Concello de Ferrol, onde foi presentado polo funcionario municipal Alfonso Castro, tamén investigador "de esta realidad que va de 1943 a 1952" e tamén "protagonista e represaliado por ello"[1876]. É transcendente ter en conta o lugar da conferencia, o que lle daba ao acto un simbolismo institucional. Situámonos en maio de 1980, menos dun ano despois no mesmo salón acordaríase a eliminación de nomes franquistas das rúas de Ferrol. Como o propio Maiz nos informou, el mesmo formara parte do grupo de persoas que asesorou ao concello para realizar este cambio[1877]. Un proceso de busca de asesoramento que poderíamos considerar habitual, en Vigo por exemplo, correra a cargo de Xosé María Álvarez Blázquez.

Ademais dos actos que temos documentados grazas á fonte hemerográfica, o propio Maiz recorda ter participado en actos nos concellos de Ferrol, San Sadurniño, Moeche e Fene, máis tamén en actos organizados por asociacións en Ferrol, Carballo, Cangas, Viveiro ou Vigo [1878]. Todo o cal, en conclusión, evidencia a novidade da súa investigación, o seu carácter, en definitiva, pioneiro no estudo da violencia franquista e da guerrilla durante estes primeiros anos oitenta, período no que a tónica xeral era a falta de investigacións dende a universidade:

> Entón como investigador comecei a transcender sobre este tema, para a esquerda, e a esquerda nacionalista en Galicia, que me empezaron a encargar estudios, a levarme por todo tipo de centros culturais de Galicia enteira, e as semanas que tiña ata dous actos semanais, publiquei a voz "guerra civil" e "guerrilla" na enciclopedia galega, ... despois en monográficos de *A Nosa Terra*…[1879]

No ámbito colectivo as asociacións culturais conforman un actor clave no memorial. Na contorna ferrolá identificamos dous axentes de especial transcendencia, o Ateneo e a Sociedade Cultural Medulio. En canto ao Ateneo salientamos a organización da presentación da edición especial da súa publicación *Cuaderno do Ateneo* que contiña unha reedición do libro de poemas *Fardel do esiliado* de Luís Seoane. Ademais esta acción contaba co patrocinio da Deputación Provincial da Coruña. No epílogo da edición, o Ateneo esgrimía unha dobre finalidade da obra, "a de divulgar e honrar os nosos poetas e artistas da diáspora, da Galicia perterida." Máis tamén a de "recuperar a nosa memoria colectiva que pasa indudablemente polos artistas, poetas e

[1874] "Conferencia: O Alzamento en Galicia", *La Voz de Galicia,* 16/10/1981, p.31.

[1875] Comezara o seu labor investigador anos atrás de xeito informal e no contexto da súa militancia no PCE, sobre a resistencia e os guerrilleiros en Galicia. Anos máis tarde, en concreto en 1976, sendo xa profesor de instituto coñeceu ao que sería o seu director de tese Xosé Manuel Carreras que lle animou a que continuase coa investigación. Finalmente presentou a tese en galego na universidade de Zaragoza, onde nese momento traballaba Carreras. Información facilitada por Bernardo Maíz. Conversas entre os anos 2017 e 2024.

[1876] "Falta un estudio riguroso de la guerrila antifranquista en Galicia", *La Voz de Galicia,* 30/05/1980, p.29.

[1877] Entrevistas a Bernardo Maiz realizada por Iria Morgade (Electrónica, decembro 2023, xaneiro 2024).

[1878] Da fonte hemerográfica: Tamén participou como conferenciante dentro do curso de galego que organizaba a asociación Medulio coa conferencia "Historia da Galiza contemporánea 1808-1936. En: "Curso de Historia da Galiza contemporánea", *La Voz de Galicia*, 29/04/1981, p.31.Tamén diserta sobre o tema da resistencia armada en Galicia no local da CNT da Coruña en maio de 1981. En: "Charla en la CNT", *La Voz de Galicia*, 15/05/1981, p.28."
Entrevista a Bernardo Maiz realizada por Iria Morgade (Electrónica, marzo de 2017).
Caso semellante é o recordo de Xosé Manuel Crego, de impartir unha charla sobre o exilio na Facultade de Belas Artes de Pontevedra por Xosé Manuel Crego, en palabras del mesmo, impartiu unha charla sobre o exilio, arredor fundamentalmente do caso de Luís Soto e sobre os exiliados da UPG en 1975-1976. Non atopamos polo de agora máis información.

[1879] Entrevista a Bernardo Maiz realizada por Iria Morgade (Telefónica, febreiro 2024).

literatos que en terras americanas lograron que Galicia non tivera esa longa noite". O acto tivo lugar o 23 de outubro do 1981, coa presenza da viúva de Seoane, a tamén artista Maruxa F. De Seoane[1880].

Existiron máis accións divulgativas en formato colectivo no período 79 ao 83, tanto da memoria traumática do golpe como dos feitos acontecidos con anterioridade e que foron negados durante corenta anos. Nelas as asociacións culturais tiveron un peso relevante, actuando como organizadoras na meirande parte dos casos. Cabe salientar ao Ateneo da Coruña, ao que xa nos referimos en apartados anteriores como impulsor da placa no cemiterio de San Amaro, como axente memorialista no eido divulgativo, coa organización de diversas conferencias relacionadas co tema que nos ocupa. Por exemplo a comisión de cultura do Ateneo organizou unha conferencia sobre a guerrilla no franquismo a tenor da visita a finais de 1979 de Eduardo Pons Prades á Coruña. Este ademais de protagonista dos feitos, participante no exército republicano e na guerrilla en Catalunya e Madrid, escribiu diversos libros de divulgación sobre entre outros temas, a guerrilla e os republicanos na IIGM[1881]. Tres anos máis tarde visitaba o Ateneo Ian Gibson quen daquela xa tiña escrito sobre o asasinato de Federico García Lorca, libro prohibido en España ata 1979, e outros sobre José Antonio e Calvo Sotelo[1882]. Así mesmo organizaba no 83 unha conferencia do xa citado Carlos Fernández, titulada *La Represión de 1936* onde Fernández aludía á desproporción da violencia exercida tralo golpe[1883].

Na mesma cidade, xa se aludiu ao papel memorial da asociación O Facho reivindicando a eliminación da simboloxía franquista. No campo divulgativo destacamos a organización dun acto sobre Alexandre Bóveda a cargo de Sesto López, onde se analizaban as súas facetas políticas e culturais[1884]. Continuaron tamén as conferencias sobre Castelao en diversos puntos da xeografía galega, resaltamos a organizada pola Agrupación Cultural Lumieira en Carballo que tomaba o formato "homenaxe" a Castelao, dividido en tres actos, cunha conferencia de Ricardo Carballo Calero titulada *Significado Histórico de Castelao*, a exposición e venda de toda a obra de Castelao, e finalmente a proxección da curta *O pai de Migueliño*[1885]. Así mesmo deben salientarse as accións realizadas polo colectivo Xerminal, centrados a inicios dos oitenta na reconstrución do movemento obreiro. Dionísio Pereira e Manuel González visitaban con repercusión pública o Barbanza onde conversaron con "con gentes que vivieron activamente aquella época" [1886]. Entre eles a viúva do cenetista David Mariño, executado en Boisaca en 1937[1887]. A súa crítica á certa marxinación da historia do movemento obreiro por parte dos historiadores "da academia" faise visible no debate público que membros do colectivo tiveron

[1880] "Unha reedición de "O fardel do esiliado", de Luís Seoane, será presentada hoxe polo "Ateneo" en "Helios", *La Voz de Galicia,* 23/10/1981, p. 27.

[1881] "Eduardo Pons Prades habló sobre "La guerrilla en el franquismo", *La Voz de Galicia,* 30/11/1979, p. 35.
Na mesma liña, en maio de 1980 o Ateneo da Coruña organizou o acto *Azaña y su tiempo* no que falaba o profesor Giral (ex-ministro da República), presidente do colectivo ARDE. Na mesma liña, en maio de 1980 o Ateneo da Coruña organizou o acto *Azaña y su tiempo* no que falaba o profesor Giral (ex-ministro da República), presidente do colectivo ARDE. "En el Ateneo, conferencia sobre Azaña a cargo de Giral, exministro de la República en el exilio", *La Voz de Galicia*, 28/05/1980, p.31. Ao ano seguinte, no corenta aniversario da súa morte, Enrique Cornide realizaba unha conferencia sobre Manuel Azaña na Aula de Cultura da Caja de Ahorros de Galicia, coa participación do secretario xeral do PSOE, de Galicia, Francisco Vázquez. En: "Enrique Cornide habló sobre Manuel Azaña en el Aula de Cultura de la Caja de Ahorros", *La Voz de Galicia*, 06/02/1981, p.28

[1882] "Ian Gibson analizará su obra en una conferencia en el Ateneo de La Coruña", *La Voz de Galicia,* 25/11/1982, p.34.

[1883] "Carlos Fernández: La represión del 36 en Galicia fue desproporcionada", *La Voz de Galicia*, 09/02/1983, p.33.

[1884] "Sesto López analizó las facetas políticas y cultural de Bóveda", *La Voz de Galicia*, 25/11/1982, p.34

[1885] Solicitude autorización acto ante o Goberno Civil, 25 de xaneiro de 1981.
Arquivo Reino de Galicia, Fondo Goberno Civil, *sin G-1461.*

[1886] "El pasado fin de semana visitaron el Barbanza dos historiadores gallegos", *La Voz de Galicia,* 04/03/1980, p. 39.

[1887] Base de datos Nomes e Voces. http://vitimas.nomesevoces.net/gl/buscar/?buscar=david+mari%C3%B1o

co historiador Xosé Ramón Barreiro, no marco da feira do libro da Coruña en 1982, ao que lle preguntaban pola "falta de etapas o datos en las historias de Galicia publicadas hasta ahora, concretamente sobre la etapa del movimiento obrero"[1888].

Durante este período documentamos o que podería catalogarse como autocensura ou secuestro. O Banco Noroeste, pertecente ao grupo Rumasa encargou en 1980 a Xosé María Álvarez Blázquez a confección dunha biografía sobre Alexandre Bóveda, para incluír na colección *Hombres que hicieron Galicia*[1889]. Pero o libro que chegou a editarse e imprimirse non foi distribuído. Así o denunciaron entre outros José María Monterroso, Manolo Rivas ou Darío Xohán Cabana.

Monterroso aludía a que o motivo do secuestro estaba relacionado con "certos persoeiros intocaveis, que se sentían tocados no libro"[1890]. Pola súa banda Rivas reflexionaba sobre a man que finalmente exercera esa censura: "Sabemos quen o escrebeu, sabemos de quen fala. Falta o terceiro home. El, sen querelo, tamén se ganou un posto na cultura, na lapela desta triste historia"[1891]. Pola súa parte Cabana apuntaba aos motivos do secuestro: "Dise que a entidade patrocinadora, non estando dacordo coa doutrina e paixón do magnífico libro, preferiu almacena-la maior parte da edición, que debeu ser polo mesno de 5.000 exemplares"[1892].

Trala expropiación de Rumasa no 83, pese a que se consideraba que desta volta en mans do estado o libro vería a luz, este continuou nas "tebras". Así o denunciaba Monterroso:

> Mas o tempo passou, passarom quase 3 anos... e tudo segue igual. Como nom vai seguir com o talante autosuficiente, com a insensibilidade cultural que chegam a equiparar aos que hogano madam com os que tiranizavam antano?

Xose María Álvarez Blázquez intentou ata a súa morte en 1985 que o libro fose publicado. Finalmente en 1992 a editorial Ir indo publicaba o libro coa intervención da Fundación Alexandre Bóveda[1893]. Esta foi a publicación na que se incluía o bosquexo que o propio Bóveda fixera da súa tumba na madrugada da súa morte, da que se fixo unha réplica colocada nas primeiras homenaxes de Bóveda[1894]. No 92, co autor falecido, destaca na promoción do libro a figura do propio fillo de Bóveda.

Finalizamos este capítulo cun feito que se produce xusto nas derradeiras semanas desta etapa, que delimitamos na primeira lexislatura dos gobernos municipais. A acción pode considerarse paradigmática desta etapa por constituír unha acción institucional organizada por un concello pioneiro no memorial, Redondela. No acto dábase a coñecer á veciñanza o libro de memorias de Josefa García Segret, *Abajo las dictaduras* publicado en 1982, un ano que, como acabamos de analizar, salienta pola proliferación de obras coa memoria traumática no centro. O potencial divulgativo desta obra foi recollido nalgunhas das testemuñas orais que temos recompilado durante esta investigación. Deste xeito citaban a obra como unha das que máis impacto lles causara trala ditadura. O relato de García Segret nos retrotrae á historia de Darío Álvarez Blázquez, quen describira no relato gañador do certame da revista *Historia y vida* (1975) como axudara a finxir un embarazo para salvar a vida.

[1888] "Feria del Libro: Mesa redonda sobre historia de Galicia", *La Voz de Galicia*, 03/08/1982, p.25.
[1889] Como xa mencionamos Xosé María tivera relación con Bóveda na súa mocidade, pertencendo á súa familia política.
[1890] Monterroso, X.M.: "Aleixandre Bóveda, secuestrado", *A Nosa Terra,*
[1891] Rivas, M.: "O terceiro home", *La Voz de Galicia,* 08/05/1983, p. 37.
[1892] Cabana, D.X.: "Libros sobre Alexandre Bóveda, Cartas al director", *La Voz de Galicia,* 02/09/1986, p. 53.
[1893] González, C. (2007). *Xosé María Álvarez Blázquez, 1915-1985,* Editorial ToxoSoutos, p.157.
[1894] Alonso, X. (2009). *Cartas de republicanos galegos condenados a morte (1936-1948).*Edicións Xerais, p.83.

O acto de presentación da biografía da octoxenaria García Segret tivo lugar no salón de sesións do Concello de Redondela. Estiveron presentes varios membros da familia Álvarez Blázquez e tomou a palabra Fernando Ramos, quen acababa de facer fronte a un proceso xudicial pola reportaxe sobre o acontecido en Tui, e que "fue uno de los primeros en leer el manuscrito de la obra, quien se refirió al carácter didáctico del libro, despojado de toda visceralidad o rencor"[1895]. Tamén interveu o que na crónica en prensa se nomea como "Pastor", un "veterano militante del PSOE", que recordou a súas vivencias persoais e pronunciou "un emotivo parlamento", e o avogado pontevedrés Gonzalo Adrio, participante destacado das homenaxes a Bóveda, quen subliñou a necesidade de coñecer esa parte da historia "que no debe repetirse, pero tampoco olvidarse". Josefa embriagada pola emoción non puido falar, e leu no seu nome unhas palabras o alcalde de Redondela, Xaime Rei. En canto ao contido dos discursos destacamos a xustificación da ausencia de rancor, en palabras do xornalista Fernando Ramos, e a reivindicación do "non esquecemento" por parte de Gonzalo Adrio, nese senso de evitar a repetición. Cuestións, ambas xa identificadas como parte dos discursos memorialistas do período en estudo.

Tratouse polo tanto dun acto divulgativo, máis tamén dunha homenaxe, participando nel algúns dos axentes memoriais máis relevantes do período en estudo, as familias vítimas, as propias vítimas, os xornalistas e por último, o actor clave deste período 1979-1983: as institucións locais, na figura do alcalde e no espazo elixido, o salón de plenos. Poucas semanas despois do acto volveron celebrarse eleccións municipais. Con elas iniciaremos o quinto capítulo deste traballo e a última etapa en estudo, que finaliza co cincuentenario do golpe de estado, en 1986.

4.4. UN BALANCE DA MEMORIA DURANTE O PRIMEIRO MANDATO DEMOCRÁTICO NOS CONCELLOS

Nas seguintes liñas abordaranse as principais liñas conclusivas extraídas tralo análise detallado desta etapa, coincidente co primeiro mandato democrático nos concellos durante a Transición (1979-1983). Seguirase a mesma estrutura conceptual que no balance da primeira etapa. Deste xeito primeiramente tratarase a súa descrición xeral, cos repertorios de acción e os axentes da memoria no centro da atención. En segundo lugar fixarémonos na construción dos marcos memorialistas e o contraenmarcado da memoria. Para, nun terceiro lugar, ocuparnos dos mecanismos de contención identificados durante estes anos. Rematarase examinando o fenómeno denominado "desmemoria da memoria".

4.4.1. O momento das institucións: o novo axente memorialista, o novo repertorio de acción

A partir de 1979 irrompe con forza no panorama galego un repertorio de acción memorialista, vinculado coa emerxencia duns novidosos axentes memorialistas: as institucións locais. A súa aparición estivo vinculada coa celebración das primeiras eleccións municipais do novo sistema e, en definitiva, coa constitución dos concellos conformados por persoas alleas á elite local franquista.

[1895] "Presentado en Redondela el libro "Abajo las dictaduras" de Josefa Garcia Segret", *La Voz de Galicia,* 19/04/1983, p.34.

Deste modo prodúcese unha división clara entre a dinámica de accións memoriais identificada entre 1976 e 1978 e o que comeza a producirse a partir da primavera de 1979. O relevo é moi visible, do predominio da sociedade civil como axente memorialista, que a súa vez diminuíra considerablemente no ano 78, múdase a un panorama dominado polas actuacións memoriais das institucións locais, que se van multiplicando ao longo do territorio.

Mentres no período anterior (1976-1978) diversos actores da sociedade civil foran centrais na reivindicación da memoria traumática, principalmente a través da celebración de homenaxes, a partir de 1979 os actores institucionais foron preeminentes centrándose na modificación da simboloxía. Porén, tamén desenvolveron outro tipo de accións memoriais, como por exemplo as reparacións de funcionarios ou a realización de actos de homenaxe ou accións divulgativas.

Ao mesmo tempo que a sociedade civil continuou a desenvolver estes repertorios de acción e trala diminución drástica das homenaxes entre 1978 e 1979 detéctase un aumento considerable entre 1981 e 1982. Se nos fixaramos unicamente na táboa presente no Anexo 7 que contabiliza as principais accións da memoria de cada período en estudo, poderiamos soster que non existe unha gran diferenza entre o primeiro e segundo período, con 29 actos ou concentracións de homenaxe contabilizadas en cada un. Pero a diferenza do que acontecía na primeira etapa, cando a meirande parte delas se concentraron en 1977, nesta segunda etapa, de maior duración, estas consistiron na repetición anual de accións que se comezaran a desenvolver na primeira etapa. É dicir, correspondéronse co fenómeno de institucionalización das homenaxes, cando estas adquiriron un carácter periódico. Ademais acusouse unha diminución considerable da asistencia ás mesmas.

As homenaxes en memoria de Humberto Baena, Alexandre Bóveda, Moncho Reboiras xunto as celebradas no cemiterio de San Amaro e no de Sestás repetíronse ano a ano, en ocasións con varios actos en datas sinaladas como o 25 de xullo, o Día dos Defuntos ou o 14 de abril. Deste modo das 25 contabilizadas nesta segunda etapa soamente tres corresponderon con novas accións de memoria. Ao que se debe sumar a modificación de quen era o axente memorialista principal. De modo que de xeito maioritario foron as organizacións políticas quen agora impulse as accións con algunhas excepcións como a asociación José Villaverde ou a homenaxe na ría de Ferrol.

En resumo, poderíase soster que durante esta etapa (1979-1983) irrompeu un novo tipo de acción memorial, o da modificación da simboloxía, ao tempo que se seguiron a desenvolver accións de homenaxe que foran dominantes na etapa anterior. Ademais produciuse a emerxencia das accións divulgativas arredor da memoria traumática que adquiriron neste momento unha maior predominancia, case duplicándose en número (Anexo 7). Así mesmo, debemos mencionar as accións no eido reparador que o goberno central emprendeu durante estes primeiros anos de democracia. Neste sentido deben salientarse as numerosas limitacións destas medidas que habitualmente exerceron unha segunda negación das vítimas.

Centrémonos agora nas políticas simbólicas como principal acción da memoria traumática entre 1979 e 1983. Estas desenvolvéronse principalmente no eido da modificación da nomenclatura urbana, mediante a eliminación das rúas de exaltación franquista ou na inclusión de nomes de vítimas ou persoas relacionadas coa historia negada da II República. Aínda que tamén tiveron lugar outras estratexias, moito menos numerosas no caso galego, que emprendía a modificación ou retirada dos monumentos franquistas. Neste primeiro mandato democrático unicamente se detecta o caso da Cruz dos Caídos de Vigo resignificada seguindo as lóxicas da reconciliación, unha estratexia, por outro lado, amplamente aplicada noutras partes do estado como xa estudaron diversos investigadores (Conesa, 2018, pp. 101- 104).

Despois da constitución dos novos consistorios en maio de 1979 sucedéronse os municipios que trataron nos seus órganos plenarios o incómodo asunto da memoria traumática. Neste goteo de accións memoriais identificamos certas dinámicas que nos permitiron estruturar a súa análise. De tal forma, na primeira parte do mandato, entre 1979 e 1981 os concellos que promoveron políticas memoriais foron maioritariamente vilas medias e pequenas que propiciaron tanto accións de eliminación de rúas franquistas como de inclusión de vítimas. Unicamente identifícanse dúas excepcións, as de Compostela e Lugo, onde en gobernos da UCD aprobáronse accións memoriais nos primeiros meses tralas eleccións, aínda que estas foran iniciativa dos grupos do centro-esquerda. Consideramos que esta belixerancia puido ser debida á improvisación do momento, ao coller á UCD sen unha estratexia definida sobre este asunto. Esta hipótese ven marcada polo seu carácter excepcional, non volvendo a repetirse en gobernos de dereita durante o espazo temporal desta investigación.

A segunda parte do mandato (1981-1983) estivo marcada polos cambios da primavera do 81, inmersos no contexto do 23F. Neste sentido os gobernos das principais cidades galegas gobernadas polo centro-esquerda emprenderon importantes modificacións dos rueiros de exaltación franquista. Poderíamos vincular estas actuacións similares en pouco espazo de tempo con algún tipo de consigna do PSOE a nivel galego ou estatal, a certo efecto contaxio, ao igual que pasara coas homenaxes, ou simplemente lelo nun contexto xeral proclive a estas modificacións, onde, como vimos, a eliminación dos símbolos franquistas estaba presente no debate público.

As políticas de modificación da nomenclatura urbana nos concellos aplicáronse en dúas direccións: en primeiro lugar na eliminación da simboloxía franquista e en segundo na inclusión da memoria traumática (Anexo 5). Para estudar este repertorio de acción, dominante nesta etapa (1979-1983) debemos deternos nunha análise agregada a partir da cal poder identificar patróns comúns.

Neste sentido en canto ás accións simbólicas de inclusión de vítimas, podemos identificar dous tipos de vítimas, as mesmas xa identificadas no caso das accións memoriais impulsadas pola sociedade civil (Capítulo 3). Entre os dous tipos de vítimas principais existiría unha estreita liña divisoria, que ás veces resulta complicado aplicar. En primeiro termo estarían as vítimas-persoeiros, isto é vítimas que posúen certa referencialidade ou, dito doutro xeito, "figuras históricas do período republicano" (Ripoll, 2023). Neste senso situaríamos a Alexandre Bóveda ou a Castelao. No total de concellos estudados o nome de Castelao incluíse en oito rueiros neste primeiro mandato democrático, xunto ás cinco veces de Alexandre Bóveda (Táboa 15), constituíndo a acción memorial de inclusión de vítimas máis habitual. Pero tamén neste grupo de vítimas-persoeiros poderíamos incluír a aqueles cunha referencialidade local, principalmente tratábanse dos alcaldes, como Abdón Blanco ou Martínez Garrido, máis tamén atinxían a outros representantes públicos ou líderes políticos e sindicais. Por último atoparíanse as vítimas-anónimas, isto é vítimas "descoñecidas", como Manuel Juncal Paredes, o mestre de Moaña. Se nos fixamos no analizado no Capítulo 3 en canto ás vítimas lembradas en actos de homenaxes, podemos comprobar que se segue unha tendencia similar e que mesmo agudiza a pouca atención recibida ás vítimas-anónimas constituíndo, no caso das accións institucionais, un feito practicamente anecdótico.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 17. Nomes que máis veces se eliminaron no total de concellos en estudo (14) no primeiro mandato democrático

Nome da rúa ou praza	Nº de veces que se suprimiu	Concellos
General Mola	8	Ferrol (2), Vigo, A Coruña, Vilagarcía, Lugo, Santiago de Compostela, Corcubión,
Jose Antonio	7	Santiago de Compostela, A Coruña, Vigo, Vilagarcía, Lugo, As Pontes, Corcubión
Generalísimo	6	Moaña, Ferrol, Vigo, Vilagarcía (2), As Pontes,
Calvo Sotelo	6	Ferrol, Vigo, Vilagarcía, Santiago de Compostela, As Pontes, Corcubión
General Franco	4	Ferrol (2), A Coruña, Santiago de Compostela, Corcubión
Sargento /Alférez Provisional	3	Ferrol (2), Lugo
General Primo de Rivera*	3	Ferrol, Vilagarcía, Lugo
General Aranda	3	Vigo, Santiago de Compostela, Ferrol
17/18 de julio	2	Ferrol, Redondela
Alcázar /Héroes del Alcázar	2	Vilagarcía, Vigo

Fonte: elaboración propia.

Nota: no caso de Ferrol soamente se indica en actas "Primo de Rivera", sen poder asegurar se se trata da rúa a Jose Antonio ou ao General, interpretamos o General por ser a forma de referirse a ela máis habitual. Nalgúns casos no mesmo concello existen dúas rúas coa mesma denominación (en localidades diferentes) que se indican entre parénteses, ou onde existen unha rúa e unha praza.

En canto á eliminación de rúas con denominacións franquistas, na Táboa 17 amósanse as dez rúas que con maior frecuencia foron eliminados no total de concellos en estudo. Para ler axeitadamente os resultados debemos ter en conta algunhas cuestións que poderían crear certa distorsión. Por unha banda que non en todas as vilas analizadas existían os mesmos nomes. Incluso nos concellos máis pequenos ou rurais como Soutomaior non había denominacións franquistas. Aínda así, despois desta investigación podemos considerar que o máis habitual foi a existencia, ao menos, de homenaxes a Franco, baixo a denominación Generalísimo ou General Franco, a Jose Antonio e a outros xenerais como Mola. Por outra banda, en torno ao imaxinario franquista, resultaba moi habitual a denominación Calvo Sotelo e 18 de julio.

Con esta cautela previa, é salientable que os dous nomes que con maior asiduidade foron eliminados durante este primeiro mandato democrático nos concellos en estudo foron o de General Mola con oito eliminacións, e Jose Antonio con sete eliminacións, seguidos da nomenclatura Generalísimo e Calvo Sotelo con seis eliminacións. A denominación General Franco, pola súa banda, foi eliminada só en catro ocasións, dúas delas en Ferrol. É importante ter en conta que habitualmente, sobre todo nas vilas e cidades máis grandes, convivían os dous nomes en homenaxe a Franco (General Franco e Generalísimo).

Por tanto, e pese a que este era o líder máximo do réxime anterior, non foron as súas as rúas ou prazas máis eliminadas. Nesta dinámica podemos achegarnos ao caso de Lugo, onde co goberno da UCD eliminároнse diversas rúas franquistas, pero non a de Franco. Un feito paradigmático do carácter heteroxéneo da dinámica da eliminación da exaltación franquista nos concellos. Así, as maiores reticencias por parte das organizacións políticas do centro-dereita tiñan que ver coa eliminación das homenaxes ao ditador.

Por outra banda, a eliminación de rúas de persoas ou incluso fitos do imaxinario franquista foron máis reducidos. O que finalmente falaría dunha estratexia de eliminación de rúas que acadou maior éxito cos elementos máis recoñecidos pero que mantivo nos rueiros galegos unha

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

boa parte das denominacións franquistas. Ante esta dinámica xeral existiron importantes excepcións como o caso de Ferrol.

Os resultados do noso estudo amosan unha discrepancia co mantido pola autora Montserrat Duch (2004). Esta, no seu estudo sobre a toponimia franquista, consideraba a Galicia como un exemplo de persistencia fronte a casos como os de Euskadi, Catalunya, País Valenciano ou Baleares (comunidades "con sentimento identitario"), onde a modificación toponímica sería máis frecuente. Os nosos datos virían a aportar maior coñecemento sobre o acontecido en Galicia, unha comunidade, por outro lado, na que si existe un sentimento de pertenza e unha identidade propia. Á falta de poder realizar estudos comparados no plano cuantitativo, e que por tanto puidesen dilucidar no concreto a magnitude do acontecido nun ou noutro espazo, o que parece evidente é que si houbo unha dinámica de eliminación de rúas franquistas estendida polo territorio galego.

Aínda que esta segunda etapa en estudo (1979-1983) estivo caracterizada pola emersión do axente memorial institucional, a súa aparición estivo indisolublemente vinculada co actor memorial dominante na etapa anterior: a sociedade civil. Ao longo deste capítulo fóronse identificando múltiples interaccións entre sociedade civil e institucións que resultan clave á hora de analizar e caracterizar como os municipios levaron a cabo accións da memoria. Estas interaccións aconteceron en dous sentidos complementarios. Por unha banda cando a sociedade civil exercía presión sobre as institucións para que levaran a cabo accións de memoria. Esta sucedía, por exemplo, a través das peticións das asociacións de veciños e culturais para que se modificasen as rúas franquistas, pero tamén cando aparecían as placas modificadas con pintura ou novas placas colocadas sen autorización. E por tanto na presión exercida dende a sociedade civil para que se levasen a cabo as accións, por así dicilo nunha fecunda transferencia de demandas. Así as eleccións municipais do 79 funcionarían como unha oportunidade para que as demandas da sociedade civil entrasen nas institucións, entre elas as demandas memoriais.

Por outra banda, as interaccións entre ambos axentes memorialistas visualízase na natureza dunha parte significativa dos novos concelleiros que accederon ao poder municipal a partir de abril do 79, maioritariamente nos partidos do centro-esquerda ou nas candidaturas veciñais. Referímonos a súa participación como actores destacados na mobilización social e política. Esta podería terse manifestando formando parte de asociacións culturais sensibles á reivindicación da memoria traumática, ou xa como os líderes de accións da memoria na sociedade civil, por exemplo na organización de homenaxes.

Ademais é importante ter en conta como con frecuencia, nos gobernos municipais de centro-esquerda eran fortes as relacións co asociacionismo, de modo que o concello apoiaba o seu plan de goberno nas asociacións, á vez que estas obtiñan recursos para cumprir cos seus obxectivos. Por último, nas interaccións entre sociedade civil e institucións, non debe pasarse por alto o papel dos axentes no exilio, que dende fóra viña empurrando pola realización de accións memoriais, e que se visualiza en toda a súa extensión no caso do alcalde de Soutomaior.

Un proceso que amosa a permeabilidade destas institucións, ás máis próximas á cidadanía para atender as súas demandas. E, nun contexto adverso para a memoria como a Transición, desenvolver as políticas memorialistas que entraban dentro das súas competencias.

En definitiva, consideramos que a emerxencia a partir do ano 76 da memoria traumática en forma de homenaxes deu paso a un proceso de institucionalización onde os concellos tomaron o relevo como encargados de levar ao espazo público esa memoria traumática, facéndoo principalmente a través da modificación da simboloxía como repertorio de acción predominante. En canto a este novo axente memorialista institucional debemos referirnos a el

non como un actor monolítico, pois en si mesmo está constituído por un conxunto heteroxéneo e diverso. Neste senso atendeuse durante o presente capítulo, as permanencias materializadas na elite local franquista presente nas organizacións da dereita, UCD, CD e algunhas candidaturas independentes que actuaban ofrecendo resistencia ante as medidas de memoria que se desenvolveron dentro das institucións. Por outra banda estarían aqueles que accedían por primeira vez a unhas institucións locais anquilosadas nas lóxicas franquistas, isto é, unha boa parte dos candidatos das organizacións do centro-esquerda que proviñan ademais da mobilización social antifranquista.

A súa vez, tanto estes partidos como os de centro-dereita eran organizacións cunha estrutura aínda en proceso de construción, o que se materializa na frecuencia en que producían roturas na disciplina de partidos. Estas actuacións concéntranse nos partidos da dereita, nas coalicións electorais, como o caso de UG, e no PSOE, que nese momento afrontaba un movemento interno nas lóxicas cambiantes entre os "vellos" e os "novos" socialistas. E producíase en menos ou ningunha ocasión nos partidos comunistas, PCG e BNPG, cunha estrutura máis sólida.

En canto a actuación memorialista dentro das institucións é relevante ter en conta o papel da comisión de cultura. Como se estudou ao longo deste capítulo, nunha boa parte dos casos analizados, a comisión de cultura lideraba a proposición de medidas memorialistas, inclusive en concellos gobernados pola dereita, o que finalmente causaba o rexeitamento das propostas no pleno municipal. Na orixe deste fenómeno estaría a alta porcentaxe de casos onde os presidentes destas comisións eran edís de UG ou de BNPG.

Pero para analizar estes axentes memorialistas tamén se debe atender ao papel das familias. Neste senso dentro das institucións vai ser significativo o pasado dos impulsores como familiares ou persoas que sufriran tanto eles mesmos como as súas familias a violencia ou persecución franquista. Maioritariamente trataríase da "xeración dos fillos", como Luís Pasín, Rafael Mouzo ou Jaime Quintanilla Ulla, aqueles que creceran co discurso lexitimador do franquismo "que se volvía sobre a paz e a reconciliación e con isto, a importancia de que os españois nunca máis se enfrontasen nunha contenda fratricida" (Hristova, 2007, p. 34). Un discurso que en maior ou menor grado vai impregnar a súas crenzas e ideais.

En canto aos espazos das accións memoriais, durante os anos en estudo deste capítulo as homenaxes continuaron a ser nos lugares de enterramento, principalmente nos camposantos. Lugares, en certo sentido apartados, afastados da vida pública ordinaria da cidadanía. Dende esta lóxica vólvense tan relevantes os novos espazos que traen consigo as accións da memoria institucionais. A memoria traumática chegaba con elas aos salóns dos plenos e amosábase nas rúas das cidades e vilas. Porén, resultou bastante habitual que as modificacións da simboloxía que se aprobaban en pleno non se executaban, e por tanto non se facían visibles no espazo público. Neste mesmo sentido é relevante ter en conta xa non só o que se fixo, senón o que non se fixo. As medidas que non chegaron a aprobarse, os obstáculos ou as paralizacións que constitúen a proba dese conflito espacial da memoria traumática. Neste senso debe salientarse que na súa meirande parte as accións institucionais que se desenvolveron nesta etapa de estudo, foron accións "parciais". Isto é non acometeron unha acción completa ou integral sobre a simboloxía franquista. Como a Cruz dos Caídos en Vigo, que incluía timidamente unha referencia a "todos os mortos" ou a eliminación de rúas en Lugo que suprimía denominacións franquistas ao tempo que blindaba outras. Así mesmo acontecía con Abdón Blanco, que en 1979 contaba cunha rúa na súa localidade, aínda que a placa estivese ausente sete anos despois. Todo o cal evidencia a incomodidade que xeraba a memoria traumática, que emerxía nun

USC DE COMPOSTELA

contexto hostil, onde o lema era o "esquecemento" e que, por tanto, tiña que facer fronte a numerosas contradicións e a bloqueos sistemáticos.

4.4.2.Os marcos memorialistas e o contraenmarcado da memoria


Durante este capítulo, na análise dos marcos identificáronse aqueles elementos que apareceron dun xeito constante, e que configuraron por unha banda o que chamamos os discursos dentro do marco memorialista e por outra banda o contraenmarcado da memoria.

Falamos primeiramente de discurso antimemorialista en singular, por considerar que se pode falar dun único marco discursivo no que se encadran as argumentacións contrarias ao desenvolvemento de accións da memoria. Accédese a eles principalmente a través das intervencións dos edís do centro-dereita nos plenos municipais, máis tamén a través do publicado en prensa. Maioritariamente eran esgrimidos polo grupo municipal de CD, onde o partido maioritario era AP, e en menor medida UCD, que como xa expresamos tendían a relativizar e eran máis reticentes a amosar claramente a súa postura.

Este discurso pivotaba entre a narrativa da reconciliación e a da exaltación franquista, que de vez en cando facíase visible. Neste sentido, comprendemos as argumentacións dirixidas a amosar o *revanchismo* que podería supor lexislar arredor destas cuestións ao tempo que se levantaba o medo a que este asunto producise discrepancias e odio entre españois. As acusacións de *revanchismo* por parte da dereita e da prensa local ante calquera medida tomada para a eliminación do espazo público de simboloxía franquista, foron detectadas tamén para o caso aragonés (Murillo, 2020, p.196). Paralelamente este discurso empregaba outro tipo de argumentos, relacionados coa "utilidade pública" da medida, o gasto que suporía ás arcas municipais e a existencia doutros asuntos máis importantes nos que investir o tempo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Gráfico 63. Marcos memorialistas e contraenmarcado da memoria



Fonte: elaboración propia.

En canto aos discursos memorialistas, empregamos o plural por nel identificar dous discursos ou narrativas do trauma que podían compatibilizarse pero que habitualmente se distinguen por separado. Cuestión que definíamos na etapa anterior (76-78) e no que podemos seguir a profundar grazas á información analizada no presente capítulo. Neste senso, como se visualiza no Gráfico 63, estarían aqueles que defenden as accións da memoria empregando un marco moi vinculado co discurso da reconciliación, onde se clama polo esquecemento e se reponde ao discurso antimemorialista de xeito "preventivo", defendendo a ausencia de *revanchismo* ou vinganza. Nestas xustificacións vai ser habitual que se describa o acontecido en termos compatibles coa versión oficial, aludindo ao drama dunha guerra civil, dunha confrontación entre españois que se debe superar. Este vai ser o discurso que predomine entre os axentes memorialistas vinculados co PSOE e ao PCE, e por tanto existindo dentro das marxes do corsé da Transición.

Así, dentro do marco-mestre da reconciliación, e en concreto nesa necesidade de esquecer cabían as dúas verdades. Tanto que o esquecer supuxera a oposición a calquera acción da memoria, fose de eliminación da simboloxía ou de homenaxe. E por outra banda que o esquecer fora a forma de defender precisamente que esa acción da memoria se realizase, para á fin, poder superalo.

En certa contraposición a isto identificamos aquel discurso da memoria que defende as actuacións reivindicando o non esquecemento, a necesidade de recordar para non volver a repetir, e polo tanto na lóxica da non repetición. A isto podemos sumarlle unha descrición do acontecido identificado como fascismo e sen recorrer á cuestión dos odios e a loita entre irmáns. Todo o cal consideramos que vincula este discurso coas dinámicas existentes noutros países

europeos e que, por tanto, afastaríao da excepcionalidade ibérica e aproximaríao ao contexto dos fascismos europeos. Deste modo abordaríase a cuestión das vítimas do franquismo en canto resistentes a este fascismo. Consideramos posible, pois, comprender este discurso en tanto en canto vinculado a organizacións europeas, tanto polo exilio en países de Europa como á relación con organizacións da resistencia ou de deportados. Tamén se debe relacionar coa militancia ou vinculación con partidos e organizacións da esquerda que quedaron á marxe da reforma transicional e que por tanto non aceptaban o relato da reconciliación. Este tipo de discursos, que podemos considerar incluídos nun paquete cultural disidente ou opositor, habituais en territorios como Catalunya, foron en Galicia case unha excepción.

Así, as argumentacións dos discursos antimemoria e de memoria durante o período en estudo son en todo caso graduais e non ríxidos. Dende o extremo do bloqueo das accións da memoria na defensa do franquismo, a aquela antimemoria defendida na necesidade de esquecer, base fundamental do discurso da Transición, pasando pola defensa de certas accións da memoria empregando esa lóxica, ata aquelas outras accións de memoria defendidas empregando xustificacións fóra deste discurso da reconciliación, e máis vinculadas co memorialismo europeo e, por tanto, contrapoñéndose á suposta excepcionalidade ibérica.

Debe incidirse na vixencia da pregunta que xa formulaban outros investigadores, en relación coa estratexia seguida polos actores que asumiron o marco dominante. Cabe preguntarse, entón, se o seguidismo oficial foi unha cuestión de oportunidade ou unha táctica orientada a consecución dos seus obxectivos políticos (Serrano, 2016, Kerangat, 2017). Cuestión que tamén se podería plasmar na autocensura, evitando referencias ou argumentacións que puideran tirar por terra as súas pretensións.


Por último, non podemos deixar de considerar a idea de patrimonialización das vítimas. Así, foi común que os distintos suxeitos políticos tratasen de, a través de diversas estratexias discursivas e simbólicas, identificar as vítimas da violencia coas respectivas organizacións. De tal modo o fixeron no ámbito do nacionalismo galego de esquerdas, identificando por tanto aos mortos tralo golpe de estado como mártires pola liberdade de Galicia, tamén o farían dende o PSOE e o PCE, ao empregar fórmulas discursivas que identificaban as vítimas cos seus militantes. Algo que seguiu a evidenciarse nas homenaxes máis tamén nalgunhas accións institucionais.

4.4.3.O despregamento de mecanismos coercitivos: a violencia como forma de oposición e a censura como "ocultación do franquismo"

No Capítulo 3 aproximámonos á análise dos mecanismos de contención que actuaron contra as accións memoriais como xeito de desmobilizar e incluso desincentivar a súa realización. Nesta segunda etapa comprendida entre 1979 e 1983 seguiron a desenvolverse.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Gráfico 64. Tipoloxía de mecanismos de contención das accións memoriais (2)



Fonte: elaboración propia.

Na análise das accións memoriais emprendidas dende os concellos atendemos a como estas tiñan que facer fronte ao contraenmarcado da memoria, baixo o cal se lles acusaba de desquite e vinganza. Isto formaría parte do que denominamos mecanismos discursivos ou dialécticos. Por outro lado fíxose palpable a execución de mecanismos mediáticos que operaron na ocultación das accións da memoria máis tamén no discurso que se xeraba no caso de que as accións fosen difundidas, e que adoitaban ter depurada a connotación memorialista. Viuse, por exemplo, na prensa, cando se comunicaba a eliminación ou o cambio de rúas a través da difuminación do obxectivo recollido na exposición de motivos da norma. Xunto a esta ocultación resultou bastante habitual que cando a cobertura mediática se realizaba, fora para establecer unha posición contraria e crítica, no relativo ao gasto económico ou a oposición xerada entre a sociedade.

Porén tamén se identificou censura nas propias propostas e acordos municipais, onde foi frecuente, así mesmo, a eliminación das referencias ao franquismo. Os autores das actas municipais, é dicir os secretarios dos concellos, tendían a censurar as intervencións dos grupos da esquerda, sendo máis complexo descubrir en que grado estivera presente o franquismo nos debates municipais. Un exemplo son as escasas referencias en actas ao pasado traumático das vítimas que se homenaxeaban, por exemplo no caso de Abdón Blanco, tendo á vez constancia de que si existían referencias expresas na moción presentada no pleno. Actuacións que forman parte dos mecanismos institucionais de contención burocrática.

Ademais na análise do ocorrido entre 1979 e 1983 detectouse un novo mecanismo de contención, que denominamos como mecanismos de acción directa no ámbito sociopolítico (Gráfico 64). As accións da memoria tiveron como reacción a oposición dos sectores da dereita

e do franquismo. Esta reacción con frecuencia carrexaba certo grado de violencia. Pode identificarse nos discursos airados dos portavoces da dereita nos plenos municipais, onde se discutía a aprobación de accións da memoria, ou nos berros de "Viva Franco" dos asistentes a estes. Nun nivel xa máis intenso de violencia, identifícanse as ameazas telefónicas ou por correo postal sufridas polos precursores das accións memorialistas, por exemplo o edil do Barco de Valdeorras ou os concelleiros promotores do cambio de rúas en Ferrol.

O 23F, considerado un factor decisivo á hora de entender o parón das accións memoriais noutras partes do estado, no noso caso de estudo podemos comprendelo dentro do ecosistema que estamos describindo en termos de mecanismos de contención. Deste modo o golpe de estado do 81 estivo presente de xeito transversal en boa parte dos tipos de mecanismos de contención. No discursivo, con ese recurso ao medo e a posible perda dos dereitos democráticos conseguidos, máis tamén dende as institucións, nese repregamento en torno aos piares e ao relato da reconciliación, ou tamén dende a acción directa, visualizada na propia violencia exercida o día do golpe de estado.

Os mecanismos de contención da memoria traumática tiveron diverso grado de intensidade. Dende manifestacións máis discretas e implícitas, como evitar referirse ás rúas franquistas na prensa ou resumir a intervención do edil que propón a medida nas actas municipais, ata mecanismos de confrontación directa como as ameazas aos axentes memorialistas ou as concentracións de extrema dereita fronte aos monumentos franquistas que se pretendían eliminar. Por outro lado, o emprego destes métodos, e en concreto daqueles que supoñían algún tipo de censura institucional ou mediática, axudou no proceso de "desmemoria da memoria". Cuestión que aporta complexidade á análise detallada do acontecido durante o período en estudo.

4.4.4. A desmemoria da memoria da Transición

A este proceso de "censura" e incluso "autocensura" que sufriron as accións da memoria durante o período en estudo, debemos sumarlle un proceso de desmemoria da memoria. Este fenómeno está no cénit mesmo da presente tese que naceu baixo a premisa da inexistencia de accións de reivindicación da memoria traumática durante a Transición. O argumento que avalaba esta tese referíase a como naquel momento "estábase a outras cousas" ou porque a decisión maioritaria fora "non tocar nada". Fronte a isto, a través desta investigación emerxeu un rico abano de accións da memoria. A descuberta destas accións, pese a estar moi influenciadas polo contexto adverso e por tanto movéndose nunha estreita marxe de actuación, propician a desaparición dese escenario que se daba por feito, no que dominara un "esquecemento consensuado".

Lonxe deste escenario vaise definindo unha realidade na que se desenvolveron actuacións para a xestión do pasado incómodo.

É importante ter en conta que estas lóxicas "antimemoria" non só funcionaron durante o período en estudo, senón que tiveron efectos a longo prazo materializadas no descoñecemento destas accións. Deste modo consideramos evidente a existencia dun proceso de desmemoria da memoria, unha dobre negación, xa non só do acontecido tralo golpe, senón da reivindicación da memoria traumática que se desenvolveu, timidamente pero dun xeito moi extenso, durante a Transición. Un escenario que, á súa vez, viría a contraporse á lectura dominante sobre o proceso transicional e os supostos consensos xerados durante o mesmo.

Esta desmemoria tamén estivo presente nos estudos académicos, por exemplo naqueles que analizaban os cambios no nomenclátor franquista nos anos da Transición. En particular aqueles que afirmaban que maioritariamente non se realizaron cambios en rúas, máis alá dalgúns exemplos anecdóticos nas "grandes cidades" (Duch, 2004, Castro, 2008). Neste traballo, desmentimos tal afirmación a través do rexistro de accións levadas a cabo en concellos de menor tamaño. Este feito desvelaría certo punto de vista "egourbano". En definitiva, as permanencias franquistas, a lóxica da reconciliación imperante, é dicir, o relato oficial máis poderoso, invisibilizou as accións de memoria que si se produciron.

Poucos meses despois da investidura dos novos alcaldes en 1979 os concellos da provincia de Ourense recibían unha circular dende Buenos Aires. Fora remitida polas Sociedades Orensanas Unidas de Buenas Aires, organización que pertencía á súa vez á Federación de Sociedades Gallegas, de onde Arturo Pérez, fillo do alcalde exhumado de Gomesende, sería secretario. Na misiva, entre outras propostas de acción que exhortaban a "trabajar en beneficio de las distintas comunidades en un clima de paz, libertad y democracia", propoñían:

> Quen en cada municipio se levantara un monumento en homenaje y recuerdo de las víctimas del fascismo, con el objeto de que las generaciones futuras tuvieran presentes sus consecuencias para que lo eviten para siempre jamás[1896].

Unha vez analizadas as medidas que durante esta primeira lexislatura se desenvolveron dende os concellos galegos, podemos comprobar as súas limitacións, moi afastadas deses monumentos en recordo das vítimas do fascismo que propoñían os emigrados. En Galicia os concellos non levantaron monumentos en memoria das vítimas do franquismo durante o período en estudo. Foi a sociedade civil quen levou a cabo esta iniciativa. Tivo lugar na Guarda, a poucos quilómetros do campo de concentración de Camposancos, a súa inauguración é un dos fitos clave da última etapa en estudo, correspondente co capítulo 5 da presente tese.

[1896] "Sociedades Orensanas Unidas pide a los municipios de la provincia que trabajen a favor de sus comunidades", La Voz de Galicia, 28/08/1979, p.18.

CAPÍTULO 5. DE CAMIÑO AO CINCUENTENARIO (1983-1986)

5.1. A CONSOLIDACIÓN DO NOVO SISTEMA POLÍTICO (1983-1986)

Neste apartado abordaremos a etapa final da transición do franquismo ao novo sistema democrático. A delimitación temporal abarca dende ás segundas eleccións municipais, en maio de 1983, ata finais de 1986 onde a entrada do Estado español na Organización do Tratado do Atlántico Norte (OTAN) e na Comunidade Económica Europea (CEE) marcan un punto de inflexión na consolidación do novo sistema político. A continuación, e dende un punto de vista cronolóxico, repasaremos os principais fitos deste período co obxectivo de mellorar a análise e compresión das accións da memoria traumática, obxecto de estudo deste traballo.

5.1.1. As eleccións locais de 1983

Na primavera de 1983 constituíronse as novas corporacións municipais xurdidas das segundas eleccións democráticas de ámbito local. Neste segundo mandato, a composición dos concellos variou de xeito notable, reflexo das mutacións acaecidas no sistema de partidos. No espazo político do centro-dereita, o cambio máis relevante aparece asociado a crise do partido hexemónico ata ese momento. A UCD desaparece do panorama municipal en Galicia como consecuencia do fracaso do proxecto continuista encabezado por Adolfo Suárez no CDS. O ámbito electoral do centro-dereita pasa a ser ocupado por diversas formacións e coalicións electorais, de ámbito estatal e de ámbito autonómico.

Táboa 18. Resultados das eleccións municipais en Galicia, 1983

Candidaturas	% voto	Nº concelleiros
CP	35,71%	1530
PSOE	27,45%	929
CG	14,81%	907
Agrupaciones Electorales Independientes	10,92%	416
BNG	4,1%	117
PCG	2,57%	34
EG	1,53%	21
CDS	1,03%	18
Partido Demócrata Liberal	0,93%	37
PSG	0,58%	21

Fonte: elaboración propia mediante a información extraída da base de datos do Ministerio do Interior.


A primeira delas, CP (Coalición Popular), estaba liderada por AP que pasa a ocupar o espazo prominente a nivel electoral no centro-dereita, converténdose na primeira forza electoral

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

de Galicia en número de votos e concelleiros como se pode ver na Táboa 18[1897]. A segunda coalición, CG (Coalición Galega) nace das cinzas da UCD en Galicia. Impulsada pola figura de Euloxio Gómez Franqueira e a súa rede clientelar na provincia de Ourense coa pretensión de construír unha nova vía de acción política no ámbito do centro-dereita revestida de galeguismo. Os resultados nas eleccións do 83 foron esperanzadores chamando a atención de partidos doutras zonas do estado coma CiU (Beramendi, 2007, p. 1113)[1898].

No espectro do centro-esquerda, o PSOE consolidou a súa posición de primeira forza mediante un importante avance no número de votos e concelleiros a través da concentración do voto procedente de amalgama de partidos que, cun modesto resultado no 79, desaparecen da maioría de corporacións municipais (Táboa 18). A fortaleza amosada polo PSOE tamén puido ter afectado aos resultados do PCG, que pasa de 70 a 37 concelleiros, cunha relevancia moi limitada circunscrita a un pequeno número de concellos. No ámbito do nacionalismo de centro-esquerda prodúcese unha recomposición motivada pola sucesivas crises que se reflexa na aparición de novas siglas e nunha importante caída a nivel electoral no número de votos e concelleiros. No 79 o BNPG e UG sumaban un total de 397 concelleiros, nestas novas eleccións protagonizadas por BNG, EG e PSG os resultados acadados rexistraron un total de 159 edís[1899]. Neste dividimos os resultados do centro-esquerda "estatal" e aquel conformado polas organizacións do nacionalismo galego, para poder atender aos cambios e flutuacións que xurdiron entre as dúas eleccións.

Gráfico 65. Comparación dos resultados electorais das municipais entre 1979 e 1983 tendo en conta o espazo político-ideolóxico das principais candidaturas



Fonte: elaboración propia mediante a información extraída da base de datos do Ministerio do Interior[1900].

[1897] Denominada CP (AP-PDP-UL), durante o traballo referirémonos a el soamente como AP, como así figura na meirande parte das actas municipais.

[1898] Os resultados electorais na web do Ministerio do Interior aparecen divididas en dúas candidaturas con denominación diferenciadas. Sen embargo, tras varias comprobacións podemos deducir que ámbalas dúas formaban parte dun mesmo proxecto político: CG (Coalición Galega). En Ourense, principal feudo, e Lugo a candidatura é única e aparece baixo o rótulo de Partido Galego (PG). Nas provincias atlánticas as candidaturas aparecen baixo o paraugas do PG e de CG.


[1899] O PSG dividiuse, entre aqueles que se presentaron en solitario coas mesmas siglas, os que se coaligaron co EG e os que se integraron no BNG, por outro lado teriamos todos os cadros que acabaron nas filas do PSOE.

[1900] Agrupamos as sete candidaturas con máis porcentaxe e número de concelleiros en ambas eleccións, quedando fóra do gráfico candidaturas con menos de vinte concelleiros en toda Galicia e menos do 1% do voto.

Nota: Nas eleccións de 1979 o centro-dereita agrupa a UCD e CD, o centro-esquerda o PSOE e PCG, e o nacionalismo de esquerdas o BNPG e UG. Nas eleccións de 1983, o centro-dereita agrupa a CP e CG, o centro-esquerda o PSOE e o PCG, e o nacionalismo de esquerdas o BNG e EG.

Consideramos plausible que esta diminución de votos deste sector contribuíu ao importante incremento de representación do PSOE, unha hipótese que se reforza se se observa o Gráfico 65. Noutra orde de cousas, debemos mencionar a continuidade das Candidaturas Veciñais Independentes, heteroxéneas en canto a súa composición e ideoloxía, que colleitaron de forma agregada un importante resultado ocupando a terceira posición en número de votos a nivel galego.

Gráfico 66. Resultados nas eleccións de 1983 nas principais vilas galegas.



Fonte: elaboración propia mediante a información extraída da base de datos do Ministerio do Interior.

A nivel agregado se nos fixamos nos bloques de dereita e esquerda os resultados entre 1979 e 1983 son semellantes, con pequenas flutuacións que confirman o liderado da dereita no conxunto dos concellos galegos. Pero se nos detemos na análise das principais vilas galegas, e polo tanto diferenciamos entre o rural e o urbano, podemos ratificar unha situación similar á de 1979 de modo que, coa modificación de Santiago de Compostela e Vilagarcía, os resultados arroxan un novo empate entre a esquerda e a dereita (Gráfico 66).

5.1.2. A autonomía galega e as eleccións de 1983

No plano autonómico as eleccións de novembro do 85 confirman os principais cambios e tendencias observados nas eleccións municipais do 83. En primeiro lugar, debemos anotar a desaparición da UCD, capitalizada a partes iguais pola coalición liderada por AP (CP) e CG. Esta nova realidade aparece evidenciada no incremento en 8 representantes da primeira formación e irrupción no parlamento galego con 11 actas da segunda formación. A gobernabilidade neste novo escenario, no cal AP foi primeira forza con maioría relativa, pasa a depender dos deputados de CG que se converten en chave. Nun primeiro momento estes apoian

o goberno liderado por Fernández Albor, pero as diferenzas internas no seo de CG, entre un sector nacionalista, máis proclive á conformación dun goberno de progreso, e aqueles procedentes da UCD, que apremaron para apoiar un goberno de dereita, resulta nunha escisión dos primeiros encabezados por González Mariñas en xaneiro do 87. A esta situación engádese unha crise de goberno e nas filas de AP que trouxo consigo a dimisión de todo o goberno liderada polo vicepresidente Barreiro Rivas (Beramendi, 2007, p. 1114). Este período pode ser cualificado en función da inestabilidade das forzas políticas do centro-dereita dentro dun proceso de configuración dun incipiente sistema de partidos autonómico.

Táboa 19. Evolución da porcentaxe de voto nas eleccións autonómicas de 1981 e de 1985.

	1981	1985
AP	31%	41%
UCD	28%	
PSOE	20%	29%
BNG	6%	4%
EG/PSG	3%	6%
PCG	3%	
CG		13%

Fonte: elaboración propia en base á Tabla 1 en Rama (2018), p.341.

No espectro da esquerda o PSOE consolida a súa posición de liderado da esquerda coa obtención de 22 representantes, 6 máis que no 81, á vez que o PCG pasa a ser unha forza política extraparlamentaria. No campo da esquerda nacionalista, observamos un lixeiro retroceso dos pobres resultados obtidos no 81. Destes resultados podemos inferir unha concentración do voto do centro-esquerda no PSOE (Táboa 19).

As primeiras eleccións autonómicas de 1981 xunto a estas segundas eleccións configuran o primeiro ciclo electoral do sistema autonómico galego, cunhas características diferenciais que o distinguen dos ciclos posteriores. Estas baséanse principalmente na non consecución dunha maioría absoluta por ningunha das candidaturas presentadas o que á súa vez non permitiu a constitución dun goberno en solitario (Rama, 2018, p.340). Deste modo este tamén sería o período da autonomía no que a estrutura de competición polo goberno é aberta, de xeito que máis dun partido podían optar á presidencia da Xunta mediante o establecemento do apoio doutras formacións (Rama, 2018, p.344).

5.1.3. O panorama estatal: a entrada na OTAN e na CEE e a construción da súa memoria

No eido electoral este período conclúe coas elección xerais de xuño do 1986 nas que se consolida a maioría absoluta alcanzada no 82 polo PSOE, con 184 escanos e o 44,06% dos votos. Estes resultados confirman a concentración no PSOE do sufraxios do centro-esquerda apuntada nas locais do 83 e nas autonómicas galegas do 85. Como proba desta afirmación observamos os resultados da recen constituída coalición de Izquierda Unida, nucleada arredor do PCE, con tan só 7 representantes no Congreso dos deputados. No campo político do centro-dereita a desaparición da UCD deu paso a unha recomposición, na que AP pasa a desenvolver o rol de liderado na oposición. Os resultados situaron a AP como segunda forza política, con 105 escanos e o 25,97% dos votos, lonxe da forza acadada pola UCD que permitiron a esta

forza alcanzar a presidencia do goberno. O CDS, partido herdeiro desta formación, colleitou o fracaso máis importante nesta cita electoral, con 19 deputados e 9,22% dos votos. Por último, en relación cos partidos galegos de escala autonómica, debemos apuntar á consecución dun escano da formación CG. Por contra, os partidos nacionalistas (PSG-EG e BNG) de esquerda obtiveron uns cativos resultados que non chegaron para alcanzar representación.

O PSOE revalidou así o triunfo do 82 consolidando a propia organización, e o seu papel como partido de goberno, máis tamén ao propio sistema político. Esta consolidación do réxime nado trala morte do ditador fundamentouse en varios fitos clave que se desenvolveron na primeira lexislatura do PSOE (1982-1986). Por unha banda, a integración na CEE e por outra a resolución do conflito en torno á integración do Estado español na OTAN, dous feitos, ademais, vencellados.

A entrada do Estado español na OTAN producírase en maio de 1982, meses antes de que o PSOE chegase ao goberno en outono deste mesmo ano, no contexto dunha forte mobilización en contra desta decisión do executivo da UCD. Precisamente fora o PSOE unha das organizacións que encabezaron as mobilizacións anti- OTAN en 1981, reforzando a mensaxe contraria á integración na Alianza Atlántica durante a campaña electoral do 82. Nesta, o PSOE empregara o slogan "OTAN, de entrada NO", no que prometían a celebración dun referendo para decidir a saída dunha organización internacional criticada dende o pacifismo e o antiamericanismo.

Unha vez no goberno, o PSOE virou a súa postura. En primeira instancia, e seguindo unha estratexia dilatoria, conseguiuse mover a posición gobernamental, presentada publicamente por Felipe González en outubro do 84. A continuación, chegou o cambio nas posicións políticas do partido, acadado no congreso celebrado en decembro dese mesmo ano, con importantes conflitos e divisións. Unha vez logradas as modificacións descritas, o camiño estaría expedito para a convocatoria do referendo no momento máis propicio para os seus intereses (Arce, 2000, p.195).

Para acadar esta última fase, a máis complicada de todas, o goberno construíu un relato dende o que convencer ao electorado da necesidade de permanecer dentro da Alianza. A argumentación xiraba en torno á necesaria estabilidade interna e internacional que rompería a saída, ao tempo que se advertía sobre os efectos negativos que esta tería na participación española no proceso da construción europea (Arce, 2000, p.196). Así, dun xeito indirecto vinculábase a permanencia na OTAN coa integración do Estado español nas institucións europeas.

O tratado de adhesión á CEE foi asinado polo goberno en xuño de 1985, momento no que se decidiu a convocatoria do referendo sobre a OTAN que finalmente tivo lugar en maio de 1986. Pese a viraxe na postura do PSOE, o movemento social anti-OTAN continuou na rúa, conformado cos elementos dos novos movementos sociais, un amplo despregamento territorial e unha composición heteroxénea que lles permitiron desenvolver unha forte campaña polo "NON" (Rodríguez, 2015, p. 306). A modo de exemplo, en Galicia as mobilizacións artelláronse a través da Coordinadora Galega para a Saída da OTAN, na que participaban partidos políticos da esquerda como o PCE e o PCE (ml), tamén do nacionalismo de esquerdas como EG-PSG, organizacións sindicais e asociacións de veciños[1901]. Ademais participaban nas

[1901] "La Coordinadora Galega pola Saída da OTAN hizo su presentación pública en La Coruña", *La Voz de Galicia,* 22/02/1986, p. 30.

mobilizacións asociacións ecoloxistas como ADEGA, o movemento estudantil ou colectivos de profesorado[1902].

Podemos considerar este plebiscito como a data final da Transición, o día no que se deu por consolidado o réxime político do 78, ao dar carpetazo á ultima das grandes cuestións pendentes do antifranquismo (Rodríguez, 2015, p. 303). O resultado amosou un total de 52% de votos afirmativos, coa excepción de Catalunya e Euskadi que votaron maioritariamente en contra.

> O movemento anti-OTAN levantouse como algo máis que o rexeitamento á OTAN. En certo modo constituíu o último recurso para todos aqueles que quixeran que a democracia discorrera por outro camiño. O rexeitamento á OTAN non só reunía posicións pacifistas e antimilitaristas, ou aquelas "neutralistas" tinguidas a veces de nacionalismo ou de prosovietismo, senón algo moito máis medular e propio do antifranquismo: a idea de país afastada da órbita do capitalismo occidental baixo o liderado estadounidense (Rodríguez, 2015, pp.305-306).

O movemento anti-OTAN constituíu un elemento nuclear na mobilización social deste último período en estudo xunto ás loitas feministas, antinucleares, de oposición ao servizo militar ou os novos movementos contra a marxinación social. Pero foi tamén neste período onde se produciu a desactivación paulatina de todas estas mobilizacións que mantiñan viva a reivindicación social e política na rúa dende comezos da Transición. A desaceleración destes movementos é entendida dende algúns sectores (Rodríguez, 2015, p. 303) como unha consecuencia da vitoria e a consolidación do PSOE no goberno a través de diversas políticas e promesas de reforma social vencelladas ás demandas destes movementos. A aprobación e execución das políticas prometidas foi desigual entre os distintos ámbitos de intervención, en todo caso, a imaxe reformista do goberno puido influír na ralentización ou no declive da mobilización social.

Por último, debemos mencionar a debilitación que sofre neste período o movemento obreiro, consecuencia das políticas de desmantelamento industrial englobadas baixo o eufemismo de reconversión industrial, que ademais supuxeron o despido e a rebaixa nas condicións laborais de miles de traballadores. A forte mobilización dos sindicatos e traballadores, exemplificados en Galicia nos polos industriais de Ferrol e Vigo, non evitou o resultado descrito nas anteriores liñas.

En definitiva, a consolidación do PSOE no goberno, co colofón da entrada na OTAN e na CEE, poden ser considerado o punto que marca o final da Transición. Paradoxalmente, a alternancia e o triunfo do centro-esquerda rematará por consolidar e apuntalar o sistema que xorde da reforma do réxime franquista.

Nese mesmo ano 1986 levouse a cabo a primeira manifestación pública do novo réxime en relación co golpe do 36 e a posterior guerra civil. E isto non é casual, e debe comprenderse inserido nese proceso de consolidación do novo sistema, e en concreto na construción dun relato nacional fundacional que debía aclarar, por tanto, a perspectiva oficial sobre o acontecido no golpe e na guerra, tras dez anos de silencio. Como xa viñemos analizando ao longo deste traballo os gobernos anteriores desenvolveran diversas e tímidas políticas de compensación para aqueles que loitaran no "bando republicano" e en pequenas doses, para as vítimas en xeral. Nestas describíase o golpe e a guerra nos termos configuradores do relato da reconciliación,

[1902] "Partidos políticos y coordinadoras preparan los actos de fin de campaña ante el referéndum", *La Voz de Galicia,* 09/03/1986, p. 26.

naquela guerra entre españois definida como traxedia colectiva. Pero, o que aínda non se fixera, fora delimitar unha posición sobre o tratamento da memoria desta guerra.

Aconteceu mediante unha declaración institucional difundida aos medios de comunicación en xullo de 1986 e, polo tanto, no cincuenta aniversario do golpe. O texto é en si mesmo unha antítese involuntaria, ao proclamar o desexo de "recordar" do goberno e a vontade de "esquecer" de España[1903]. Así a declaración comeza coa frase: "El Gobierno quiere recordar que hoy se cumplen 50 años de un acontecimiento trágicamente decisivo en la historia española", mentres conclúe avogando pola convicción deste mesmo goberno de que "España" quere "olvidar las heridas abiertas en el cuerpo nacional por la Guerra Civil".

Resulta salientable considerar cal é o suxeito que amosa esa vontade de esquecer, "España", un ente metafísico e pouco concreto, cargado de connotacións nacionalistas, ao que se lle dota desa capacidade de ter vontade propia. Os cidadáns son aludidos polo goberno en alusión á necesidade de "sellar la reconciliación de los españoles" neste aniversario. Pois é este o único cometido posible que pode ter esta efeméride, servir para acadar a integración destes españois irreversible e permanente "en el proyecto esperanzado que se inició a raíz del establecimiento de la democracia en la monarquía encabezada por el Rey don Juan Carlos".

Deste modo este obxectivo do aniversario exprésase no texto a través de dúas ideas clave, nucleares da declaración do goberno. Por unha banda destácase que a guerra "no es un acontecimiento conmemorable, por más que para quienes la vivieron y sufrieron constituyera un episodio permanente en su propia trayectoria biográfica". Esta aseveración, que por certo foi escollida como titular da noticia por *El País*, é clave, apartando a posibilidade de que este feito histórico poida ser conmemorado institucionalmente, e por tanto de que poida formar parte da historia pública, da memoria oficial do Estado español[1904]. E pese a que na segunda idea clave do comunicado se dicía literalmente que "la guerra civil española es historia, parte da la memoria de los españoles y de su experiencia colectiva", concluíase que esta "non tiene ya- ni debe tener- la presencia viva en la realidad de un país cuya conciencia moral última se basa en los principios de la libertad y la tolerancia".

E aquí se desliza a seguinte cuestión notable deste comunicado. Sempre se refire ao conflito bélico seguindo o discurso xa mantido dende a oficialidade nas anteriores décadas. Non se produce en ningún punto do texto unha mención ao "alzamento" ou "golpe de estado". E isto é fundamental porque ofrece unha lectura determinada do acontecido. Se se eliminan as referencias ao golpe ou tamén á República, só queda un enfrontamento entre españois, hoxe superado nesa noción dunha España que desexa esquecelo. E para remarcar todo isto, realízase unha mención aos manidos dous bandos na que, pese a querer enaltecer a memoria dos que deron a súa vida na defensa da democracia e a liberdade:

> Un Gobierno ecuánime no puede renunciar a la historia de su pueblo, aunque no le guste, ni mucho menos asumirla de manera mezquina y rencorosa. Este Gobierno, por tanto, recuerda asimismo con respeto a quienes desde posiciones distintas a las de la España democrática, lucharon por una sociedad diferente a la que también muchos sacrificaron su propia existencia[1905].

[1903] "El Gobierno expresa su deseo de que el 50 aniversario de la guerra selle la reconciliación de los españoles", *La Voz de Galicia,* 19/07/1986, p.7.
[1904] "Una guerra civil no es un acontecimiento conmemorable, afirma el Gobierno", *El País*, 19/07/1986. "Una guerra civil no es un acontecimiento comemorable", afirma el Gobierno | España | EL PAÍS (elpais.com)
[1905] "El Gobierno expresa su deseo de que el 50 aniversario de la guerra selle la reconciliación de los españoles", *La Voz de Galicia,* 19/07/1986, p.7.

Esta definición dos golpistas neutraliza calquera tipo de valoración negativa omitindo ademais a mención ao franquismo e ao fascismo, que por outro lado tampouco aparecen en ningún punto do texto. En definitiva, pese ás breves alusións a unha necesaria memoria compartida da guerra para que nunca máis se repita, sempre salientando o sistema actual coma o cumio dese proceso, a declaración evidencia cal vai ser o tratamento institucional da memoria do golpe e da guerra resumido en dúas frases salientables: "una guerra civil no es un acto conmemorable" e "la guerra civil es historia". O goberno da consolidación do sistema democrático nado trala morte do ditador extrae a guerra do relato oficial, sostido por dous fitos históricos que conformarán os piares do novo sistema, o restablecemento da monarquía e a constitución do 78. O anterior non é memorable, e por tanto tampouco conmemorable. Pero ademais, ao empregar unha definición do acontecido baseada no relato da reconciliación, o anterior non é lembrado, é terxiversado e, por tanto, negado.

O día anterior á publicación nos medios deste comunicado, isto é o 18 de xullo, Fuerza Nueva organizara un acto para conmemorar o aniversario da "insurrección armada", con discursos moi críticos tanto co rei como con AP aos que consideraban traidores, e no que se podían ver bustos e retratos de Franco e bandeiras co escudo franquista. Aínda que poida ser posible que o comunicado do goberno fose en certa medida unha resposta a este acto, polo contido que acabamos de analizar, converteuse nunha verdadeira declaración de intencións, nun posicionamento claro sobre a memoria traumática e o papel das institucións centrais nese proceso. Esta declaración negacionista do goberno central vai acorde co que foi a súa política memorialista, que máis ben podería denominarse antimemorialista, ao cimentarse no mesmo discurso de aqueles que se opoñían ás accións da memoria e ao comprobar como, durante este cincuentenario, non promoveron ningún acto que lembrase dalgún xeito o cincuenta aniversario do golpe ou homenaxease ás vítimas da violencia franquista.

Pero pese á que o estado proclamaba que o acaído era a non memoria, o cincuentenario foi conmemorado nun bo número de accións da memoria traumática, tanto da sociedade civil como institucional. Accións que pechan esta análise configurada arredor dos primeiros dez anos dende a morte de Franco e o inicio do proceso transicional.

Este capítulo divídese seguindo a lóxica estrutural deste traballo en base ao actor impulsor das accións da memoria. Isto é, se foron desenvolvidas co protagonismo nas institucións ou dende a sociedade civil. Tanto nun caso como noutro, 1986 configúrase como un ano clave, ao cumprirse os cen anos do nacemento de Castelao e os cincuenta do golpe de estado. Por iso consideramos preciso dedicarlle apartados diferenciados, de xeito que a análise atenderá primeiramente á etapa conformada entre os anos 83 e 85 para deterse posteriormente no acontecido no ano 86.

5.2. AS ACCIÓNS INSTITUCIONAIS: ENTRE O CONFLITO E A PERMANENCIA (83-85)

Neste apartado analizaranse as accións da memoria desenvolvidas dende as institucións. Como adiantamos nas anteriores liñas non detectamos accións da memoria desenvolvidas polo goberno central, e tampouco polo goberno autonómico, sendo por tanto, os concellos de novo os protagonistas no desenvolvemento de políticas memorialistas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

5.2.1. As placas franquistas nas fachadas das igrexas e nos edificios públicos

Como xa acontecía na etapa anterior, tamén a partir de maio do 83, e por tanto do inicio do segundo mandato democrático nos concellos, estes configuráronse como as institucións que desenvolveron de xeito maioritario as accións da memoria institucionais. Ademais das que modificaban a simboloxía no espazo público e que, por tanto, eran continuístas co xa iniciado no período anterior, neste segundo mandato emerxeron diversos conflitos arredor da simboloxía nos espazos relixiosos. Referímonos ao problema da simboloxía de exaltación dos "Caídos" nos espazos que, pese a ser propiedade da Igrexa Católica, posuían un forte carácter comunitario.

> Despois de varios anos de rodaxe democrático nun Estado de Dereito, en donde a nosa Constitución propugna a igualdade de todo-los españois sin ningún tipo de distingos, os concellais firmantes desta Moción coidamos que é unha labor dos Axuntamentos, como institucións democráticas mais achegadas os cidadáns, o facer que a nosa Constitución se desenrole plenamente (...) Non queremos afondar, con esta Moción, no lamentable problema que durante moitos anos mantivo as dúas Españas, a dos bos e dos malos, a dos vencedores e vencidos. Coidamos que isto está superado en grande medida pero aínda quedan pequenas cousas que firen a sensibilidade de todos aqueles que estiveron en un ou outro bando. Persoas que teñen votade de olvidar tempos de guerra, fame e calamidades, nembargantes ainda asisten simbolos e inscripcións que non lles axudan o máis mínimo a superar esta situación[1906].

O discurso do PCG, neste caso na voz dos seus concelleiros en Redondela, estaba marcado polo desexo de esquecer e pola asunción do discurso negacionista das "dúas Españas". Na moción á que pertence este fragmento expoñíase a necesidade de que lugares "que son patrimonio de todos", se mantivesen á marxe de toda identificación política ou aliñamento. Para logralo pedían dirixir unha carta ao Bispado de Tui-Vigo solicitándolle a extracción "nas paredes das iglesias do noso pobo da inscripción pola que se recorda os mortos da guerra civil e que soiamente perteñecian a un dos bandos". Seguindo a lóxica habitual xa analizada no anterior capítulo, esta moción tivo a réplica do voceiro de AP, Fernando Rebanal, quen despregaba o repertorio discursivo antimemoria que xa temos identificado. Así acusaba aos edís comunistas de pretender "borrar un trozo de la historia de España inscrita precisamente en la piedra de nuestras iglesias", e de escarvar en "heridas ya cicatrizadas"[1907].

Finalmente a moción aprobouse con varios votos en contra, entre eles os dos edís de AP[1908]. Resalta o voto en contra dun dos concelleiros do PSOE, Daniel Rodríguez Sotelino, un caso máis que evidencia a ausencia dunha forte disciplina de partido nestes anos iniciais do sistema democrático. E por tanto amosa unha débil estrutura nunha boa parte dos partidos políticos, en concreto no PSOE que, como vimos sinalando, nutríase neste segundo período municipal de moitos cadros procedentes doutras organizacións, entre elas o PSG.

Volvendo á moción, a xestión da petición do concello ante a Bispado foi encomendada pola alcalde Xaime Rei, que neste mandato presentárase polo PSOE, ao concelleiro do PCG Xosé Blanco Puga[1909]. Pero tiveron que pasar case dous anos para que o tema volvese ao pleno en forma de comunicación sobre as xestións realizadas. En concreto Blanco Puga rendía contas

[1906] Acta municipal da sesión plenaria do 27 de outubro de 1983. Arquivo Municipal de Redondela.
[1907] *Íbidem.*
[1908] E a abstención do concelleiro da candidatura veciñal (CIG).
[1909] Resultados eleccións Redondela (1983): PSOE (13), AP (5), PCG (2), CIG (1).

sobre a conversa que mantivera co bispo na que este se negara a eliminar as placas. Para non acceder á solicitude o bispo empregara o argumento de "reabrir heridas", ao que o concelleiro na súa intervención no pleno replicaba:

> ¿Como pode argumentar o Sr. Obispo que borrar estas inscripcións ou poñer unha placa cos nomes dos asesiñados (que non mortos) do bando republicano, sería abrir feridas?¿E qué esas inscripcións non nos fai ter presente algo que todos nos queremos olvidar? ¿Non impediron estas inscripcións que as feridas nunca cicatrizaran? [1910]

Ademais o bispo consideraba insuficiente un acordo sen unanimidade, ao que Blanco Puga respondía aludindo á ideoloxía "plenamente identificada cos caídos" dalgúns membros da corporación. Antes esta situación, o edil consideraba preciso elevar a petición a instancias superiores, en concreto ao Arzobispado da Arquidiócesis de Santiago de Compostela e á Xunta de Galicia[1911].

Imaxe 61. Cruz dos caídos en Redondela, 2024



Fonte: fotografías realizadas por Iria Morgade. Maio de 2021.

A proposta aprobouse por maioría, despois dunha tensa discusión na que volveron agromar os marcos memorialistas e o seu contraenmarcado como xa acontecera dous anos antes e seguindo lóxicas similares o que xa vimos identificado en páxinas anteriores deste traballo[1912]. Trala investigación non se descobren novas fontes que poidan dilucidar que aconteceu a continuación. Ao acudir a igrexa de Santiago de Redondela, podemos ver na súa fachada a inscrición da polémica, fotografada en 2021, polo que todo apunta a unha paralización definitiva.

Se nos detemos no proceso podemos ver que existiu unha franxa temporal de dous anos entre a primeira vez que o asunto se tratou no pleno e este último acordo que aludía a instancias superiores. A data deste non é casual, senón que é unha consecuencia da atribución feita nese

[1910] Acta municipal da sesión plenaria do 28 de febreiro de 1985. Arquivo municipal de Redondela.
[1911] *Íbidem.*
[1912] Tamén en: "El presupuesto municipal e Redondela para 1985 es de 304 millones de pesetas", *La Voz de Galicia,* 07/03/1985, p.23.

momento polo Senado ás comunidades autónomas como as administracións competentes para a toma de decisións relativa ás placas e inscricións nos edificios relixiosos. Proba disto, na intervención do edil Blanco Puga, aludíase á resposta do goberno a unha pregunta do senador do PSOE Manuel Jaime Barreiro, antigo militante do PSG. Esta procedencia de Barreiro podería explicar o por que da formulación na cámara alta dunha pregunta que para o goberno, moi posiblemente, resultase incómoda:

> En las fachadas principales de un bueno número de edificios destinados al culto católico, figuran inscripciones que recuerdan a los españoles muertos en la Guerra Civil de 1936-1939, que se integraban en tan sólo uno de los bandos enfrentados (...) Por lo que tiene de aconsejable la superación crítica, desde los vencedores y desde los vencidos, del enfrentamiento fratricida de los españoles en aquél tiempo se produjo; por ensalzar debidamente el espíritu de concordia que hoy preside nuestra convivencia, al amparo de la Constitución España de 1978; así como por la improcedencia de que se fije publicidad de cualquier cariz sobre los muros de edificios, que además de su general importancia histórica, suelen ser obras artísticas sin par, ¿considera el Gobierno pertinente el inicio de las acciones encaminadas a la retirada de las mencionadas inscripciones?[1913]

Da resposta do goberno debemos destacar a inhibición en favor doutra administración. Así, o goberno central eximíase de calquera responsabilidade ou competencia na materia:

> Se entiende, eso sí, que la instalación de inscripciones de tal carácter requieren, sin lugar a dudas, autorización expresa de la Administración cultural competente, y puede afirmarse que todas, o casi todas estas placas, han sido colocados sin el permiso citado. Resulta, pues, obvio que legalmente podría ordenarse por los Organismos competentes la retirada de todas estas inscripciones, muchas de las cuales afean notablemente ciertos Monumentos. Esta decisión, de acuerdo con el actual marco de competencias entre las distintas Administraciones corresponde a las Comunidades Autonómas[1914].

Dado o contexto de inactividade do estado con respecto á memoria traumática, este desvío cara as comunidades autónomas, pode comprenderse como un xeito de dar por finalizado o tema. Hipótese que se podería corroborar se atendemos á falta de información que nos faga pensar que esa solicitude do Concello de Redondela fora tida en consideración pola Xunta de Galicia. Por outra banda, acudindo ao texto completo da resposta, non atopamos ningunha referencia ao contido destas inscricións, e polo tanto tampouco a que a necesidade de quitalas sexa pola súa función de exaltación franquista. De modo que soamente se aludía ao aspecto antiestético das mesmas, "afeando notablemente" os monumentos.

Se volvemos á pregunta do senador Jaime Barreiro, cabe incidir en como para desenvolver a súa argumentación empregaba un exemplo que é de interese:

> Sintomático es, al respecto, el texto que se hizo fijar en la fachada de la Iglesia de San Juan de Ribadavia (Orense, Galicia) mandada construir por la Orden de Malta en el siglo XII, que dice:

[1913] BOCG. S. I, nº 122, 29/01/85, p.4932.
https://www.senado.es/web/actividadparlamentaria/iniciativas/detalleiniciativa/index.html?legis=2&id1=684&id2=002256
[1914] BOCG. S. I, nº 122, 29/01/85, p.4933.
https://www.senado.es/web/actividadparlamentaria/iniciativas/detalleiniciativa/index.html?legis=2&id1=684&id2=002256

> "España, vencedora del comunismo en la Cruzada que levantó, este día busca la paz del imperio por la unidad, la grandeza y la libertad, en el signo de Franco, el Caudillo. ¡Arriba España!"[1915]

Anos antes da pregunta do senador, en Ribadavia iniciarase tamén unha polémica arredor desta placa na igrexa de San Xoan[1916]. Xurdira a raíz da visita á vila do Gobernador Civil de Ourense, Mariano Sanz Pech, quen levaba poucos meses no cargo[1917] e que no primeiro trimestre do 83 percorrera a provincia en visita oficial. A inicios de febreiro, na súa parada en Ribadavia[1918] acontecía un feito que nun primeiro momento pasara desapercibido para a prensa pero que días máis tarde saltaba á palestra pública. A placa situada na Igrexa de San Xoan dera lugar á incomodidade do Gobernador que, trala visita, solicitaba por carta ao alcalde da vila a súa inmediata retirada. Segundo a nova publicada en prensa a retirada "fue pedida, en base a artículos legales"[1919] . A resposta por parte do alcalde, José María Vázquez Pérez (CD) era tallante, non pensaba retirar a placa ao entender que non era competencia municipal. Así, considerábase que a carta tería que ir dirixida ao bispo, quen tiña a xurisdición sobre a igrexa. A noticia subliñaba ademais como o tema tería suscitado múltiples comentarios na vila, "con posturas encontradas en algunos casos". Pero poucos días despois o asunto deu un xiro notable ao saberse da convocatoria dunha reunión entre o alcalde e o bispo a iniciativa deste último, co obxectivo de conversar sobre a posible retirada da placa. Desta xuntanza non transcendeu información relevante[1920].

O seguinte episodio coñecido sobre esta polémica produciuse case un ano despois, en xaneiro de 1984, de novo nunha visita do Gobernador Civil acompañado da Directora Xeral de Emigración. Outra vez a placa situada na igrexa desencadeou a polémica e o malestar do gobernador[1921]. Uns meses despois, a cuestión da placa tratouse no pleno municipal a iniciativa dos concelleiros do PSOE, do PCG e o independente que presentaban dúas mocións conxuntas de interese. Por unha banda aquela na que se pedía "la retirada de inscripciones existentes en las iglesias de San Juan y Santo Domingo relacionadas con el "alzamiento nacional" y José Antonio Primo de Rivera"[1922]. E por outra banda aquela na que se propoñía o cambio de nomes de "diversas calles". Ambas propostas foron rexeitadas polo pleno no que valeu a maioría constituída por CG e AP[1923]. Entre os argumentos esgrimidos para o voto en contra detectamos algúns dos elementos xa identificados neste traballo, en concreto aquel que aludía ao papel dos perpetradores como benfeitores da vila.

[1915] BOCG. S. I, nº 122, 29/01/85, p.4932.
https://www.senado.es/web/actividadparlamentaria/iniciativas/detalleiniciativa/index.html?legis=2&id1=684&id2=002256

[1916] Resultados eleccións Ribadavia, (1979): UCD (6), CD (4), PSOE (2), PCG (1). (1983): AP (6), CG (3), PSOE (2), PCG (1), Independentes (1).
Alcalde Ribadavia (1979): Jose María Vázquez Pérez (CD).
Alcalde Ribadavia (1983): Javier de Burgos Alfambra (CG)

[1917] "Hoy serán nombrados los gobernadores civiles de Lugo, Orense y Pontevedra", *La Voz de Galicia,* 29/12/1982, p.47.

[1918] "En Ribadavia, el gobernador propuso una mancomunidad de municipios para afrontar los problemas", *La Voz de Galicia,* 05/02/1983, p.31.

[1919] "El ayuntamiento no retirará una placa alusiva a la guerra civil en la iglesia de San Juan", *La Voz de Galicia,* 12/02/1983, p.31.

[1920] "Ribadavia: El obispo estudia con el alcalde la retirada de una placa en la iglesia de San Juan", *La Voz de Galicia,* 19/02/1983, p.27.

[1921] "Los concejales de AP y CG no recibieron a la directora general de Emigración", *La Voz de Galicia,* 25/01/1984, p.22.

[1922] "El pleno votó en contra del cambio de placas de la guerra civil y el aumento de tasas municipales", *La Voz de Galicia,* 30/09/1984, p.33.

[1923] Sumaban nove concelleiros fronte aos catro que asinaban a moción.

Imaxe 62. Placa na igrexa de San Xoán de Rivadabia. 2024



Fonte: fotografía realizada por David Carballal, Maio 2024.

Un ano despois deste suceso, e por tanto en datas achegadas á polémica en Redondela, en Ribadavia, a placa da praza Generalísimo Franco amencía "embadurnada con pintura roja"[1924] trala limpeza municipal, poucos días despois "fue rota con un objeto contudente". Nos mesmos días similar sorte corría a placa na igrexa de San Xoan "víctima de una nueva agresión, esta vez realizada con cemento blanco, con el que se ha ocultado el texto de la misma". A noticia facía referencia a un ataque anterior. Dous anos atrás, a placa fora tinguida con pintura vermella en datas achegadas á visita do Gobernador Civil[1925]. Como xa se ten identificado noutros espazos, a inacción institucional, tendía a producir unha reacción no ataque material ás placas. A día de hoxe a inscrición na igrexa de San Xoán segue a amosar os rastros desta agresión con cemento (Imaxe 62).

En relación coas placas aos Caídos nas igrexas, debemos mencionar tamén os feitos acontecidos no primeiro mandato municipal, entre 1979 e 1983 en Vilarmaior en relación coa placa na igrexa de Grandal (Capítulo 3) ao constituír un exemplo paradigmático dos mecanismos de contención co desembarco de persoas de extrema dereita no pequeno concello e que finalmente propiciaron a paralización da medida. Así mesmo acontecía en Pontedeume onde a eliminación fora solicitada en pleno polo concelleiro do BNG, Xesús López Piñeiro. Facíao a raíz dunha moción do PSdeG-PSOE na que pedía a eliminación das rúas franquistas. Todo o cal foi rexeitado polo grupo municipal na alcaldía, AP. Así seguindo coa lóxica do contraenmarcado da memoria, o alcalde accidental Antonio Arias sostiña:

> Parece que se nos quiere ocultar una parte de la historia y que con esta moción se vuelvan a hacer diferencias entre vencedores y vencidos cuando lo que todos pretendemos es que desaparezcan las dos Españas[1926].

Os acontecementos mudan menos dun ano despois, cando a placa retirábase como algo alleo ao concello, así "Según apuntan algunas versiones, la placa se retiró coincidiendo con el reportaje que emitió Televisión Española como complemento a la retransmisión de la misa desde esa parroquia"[1927]. Por outra banda, no Bierzo, xa na provincia de León, en concreto no concello de Cacabelos neste caso como decisión municipal, teríase retirado do atrio da igrexa

[1924] "Embadurnan una placa con el nombre de Franco", *La Voz de Galicia*, 19/05/1985, p.35.
[1925] "Nuevas agresiones contra placas alusivas al régimen anterior", *La Voz de Galicia*, 24/05/1985, p.27.
[1926] "Las calles no recuperarán los nombres tradicionales y AP informa que se construirá un centro de salud", *La Voz de Galicia*, 02/10/1983, p. 39.
[1927] C. Agulló: "Una placa en recuerdo de los caídos fue retirada de la iglesia eumesa*", La Voz de Galicia*, 22/08/1984, p.20.

unha placa "conmemorativa de los caídos durante la pasada Guerra Civil" en 1984. Así, o presidente da xunta local de AP, Adolfo Canedo escribía unha carta persoal ao alcalde do PCE Santos Uría Cascallana pedindo que este recapacitase "y que pienses qué solos se quedan los muertos", ademais aclaraba que escribía a carta non como membro do partido senón como "español y cristiano"[1928].

No Barco de Valdeorras, o concelleiro de MCG Gustavo Docampo, que como xa se tratou no anterior capítulo foi un importante axente memorialista, presentaba unha moción no pleno do 26 de abril de 1984. Nela denunciaba o "pouco éxito nesta corporación" de mocións deste tipo pois:

> Cecais moi apegada a corporación ao que foi e siñificou a dictadura e por elo mantén con celo extraordinario os símbolos do Réximen anterior, por moito que foran xa derogados por leises en tal sentido. Con todo e a pesares dos apegos e vencellos ideolóxicos do partido maioritario nesta corporación con aquela época política, o que non pode consentir un Axuntamento democrático, como tal institución, que emana de unha situación xurídicamente ben distinta que é a democracia, é que sigan existindo nas súas dependencias e no término municipal sobre o que ten xurisdicción, símbolos franquistas ilegais para lembrar un pasado que o pobo ten repudiado reiteradamente[1929].

A continuación Docampo facía dúas solicitudes. En primeiro lugar, a retirada da "lápida que leva a inscrición "Caídos por dios y por la patria" da fachada da Eirexa de S. Mauro e de todas as demais eirexas do municipio"[1930]. Este punto propiciou un tenso debate no pleno entre Docampo e o concelleiro do equipo de goberno Joaquín Crespo Blanco (AP)[1931], sendo rexeitada pola corporación[1932].

Ademais a moción incluía un segundo punto que nos sitúa ante outro tipo de iniciativas institucionais, aquelas que se referían á simboloxía dentro das propias instalacións municipais. Así, Docampo pedía a eliminación do escudo franquista da presidencia do salón de plenos e dos pendóns colgados na entrada da segunda planta do concello e da fachada[1933]. Esta proposta foi aprobada cunha puntualización incluída polo alcalde "habrá de mantenerse los escudos en aquellos edificios o construcciones cuya ornamentación formen parte sustancial o cuya estructura puidera quedar dañada al separar los escudos"[1934]. A presidencia da corporación, na súa "puntualización", incluía unha disposición legal que apoiaba o seu razoamento. En concreto, o Real Decreto 2964/1981 no seu artigo 5 onde establecía unha excepción da obrigatoriedade da presenza dos novos símbolos do estados nos edificios públicos:

[1928] Nota breve en "Gentes del Bierzo", *La Voz de Galicia*, 14/01/1984, p.35.

[1929] Documento da moción presentada no concello e asinada por Gustavo Docampo o 13 de abril de 1984. Documento cedido por Gustavo Docampo Paradelo.

[1930] Neste segundo mandato do novo sistema, e trala debacle de UCD a alcaldía recaera no candidato de AP, Antonio Hervella Martínez.
Resultados eleccións O Barco de Valdeorras (1983): AP-PDP-UL (5), PSOE (3), CDS (3), MCG (1), PG (1).

[1931] A discusión remataría despois de que Docampo lle chamase cretino e este último a ameazase con denuncialo. Os votos a favor foron emitidos por Docampo e os tres concelleiros do PSOE. En "Sin solución el abastecimiento de agua, tras un maratoniano pleno", *La Voz de Galicia*, 28/04/1984, p.29.

[1932] Acta municipal do pleno do 26 de abril de 1984. Concello do Barco de Valdeorras.

[1933] Previamente, temos constancia dunha solicitude do grupo socialista para a eliminación da placa na igrexa no apartado de Rogos e preguntas do pleno do 29 de setembro do 83. En "Aprobado el proyecto de paso elevado de ferrocarril", *La Voz de Galicia*, 01/10/1983, p.28.

[1934] Aínda así votaron en contra algúns dos concelleiros do propio partido da alcaldía, AP. Votos en contra de dous concelleiros de coalición (AP-PDP-UL) e tres abstencións, unha do mesmo grupo e dúas correspondentes ao cada un dos concelleiros de CDS e do Partido de Centro Democrático y Social.
Acta municipal do pleno do 26 de abril de 1984. Concello do Barco de Valdeorras.

> Se mantendrán los escudos existentes en aquellos edificios declarados monumentos histórico-artísticos. Igualmente se mantendrán en aquellos monumentos, edificios o construcciones de cuya ornamentación formen parte sustancial o cuya estructura pudiera quedar dañada al separar los escudos[1935].

Máis alá deste caso en concreto, é transcendente ter en conta como esta normativa que definía como debía ser a simboloxía do novo sistema político e que, por tanto, se empregaba como base legal para a eliminación de símbolos franquistas puido, á súa vez, condicionar a eliminación da simboloxía do réxime franquista das institucións públicas. Así, este artigo 5 empregouse como xustificación para evitar eliminar os símbolos franquistas. Para verificar esta hipótese indagamos sobre a execución da decisión adoptada no pleno do Barco. A tal fin, revisamos a fonte hemerográfica e consultamos co propio Gustavo Docampo. A consulta das fontes sinaladas, indican que o escudo presente no interior do concello permaneceu ata o ano 1993[1936] e o escudo na fachada ata o ano 1998 cando finalmente se incluían novos escudos relacionados intimamente coa localidade[1937].

Uns meses despois da aprobación da retirada dos símbolos franquistas no pleno do Barco, na veciña localidade de Carballeda de Valdeorras a concelleira do PSOE, María del Carmen González solicitaba a "retirada de varios símbolos anticonstitucionales, que en su opinión no se adapta a la práctica democrática que debe imperar en el Ayuntamiento"[1938], e que non se fixera durante a reforma que se acometera no edificio nos últimos meses[1939]. A edil facía referencia a dous escudos, un situado na fachada do edificio e outro nunha cristaleira interior. O pleno con maioría de CG e AP rexeitaba a moción [1940]. Esta decisión propiciou unha nova intervención do Gobernador Civil de Ourense arredor da simboloxía franquista e da súa permanencia. Así dous meses despois deste pleno, Mariano Sanz ameazaba con emprender accións xudiciais contra Luis Cuadrado o alcalde de Carballeda (CG)[1941] se non retiraba os símbolos anticonstitucionais da Casa Consistorial, aludindo á obrigatoriedade de cambiar os símbolos que esixía a lei. Finalmente o alcalde cedeu e retirou os escudos pese a que consideraba que "no molestaban a nadie"[1942]. A confirmación aparece en prensa case un ano despois, cando o

[1935] Real Decreto 2964/1981, de 18 de diciembre, por el que se hace público el modelo oficial del Escudo de España. https://www.boe.es/buscar/pdf/1981/BOE-A-1981-29376-consolidado.pdf

[1936] En primeiro lugar en prensa localízase unha noticia datada en 1993 no que se daba conta da colocación dun novo escudo na casa consistorial situada nas escaleiras de acceso á primeira planta, dándose a entender que se trataría dunha vidreira, ao retirarse a anterior. Existindo unha diferenza entre que se trate dun "pendón" ou dunha "vidreira", poderiamos considerar que se trataría dunha das reclamacións de Docampo. A noticia, ademais concluía do seguinte modo: "La retirada de los escudos y símbolos del régimen anterior había sido solicitada en reiteradas ocasiones por la oposición socialista, restando ahora tan sólo el de la fachada". En "Nuevo escudo para la consistorial de O Barco", *La Voz de Galicia,* 16/12/1993, p.37.

[1937] Como o escudo municipal esculpido en lousa, material por excelencia da zona, que se colocou na fachada da casa consistorial. Cuestionado por este aspecto, Gustavo Docampo remítenos outra noticia, esta datada xa en 1998, momento no que se esculpe un novo escudo, neste caso a do propio concello, para incluír na fachada. Isto, xunto cunha foto gardada por Docampo en 1992 onde aínda figuraba o escudo franquista, permiten situar o momento da súa retirada en 1998 . En "Cochorro finalizó el nuevo escudo en pizarra para el consistorio de O Barco", *La Voz de Galicia*, 01/03/1998, p.36. Xustamente neses momentos o alcalde da vila era Julio Gurriarán Canalejas, quen fora alcalde ininterrupidamente entre 1953 e 1979 e tras varios cargos en AP, en 1991 fora investido alcalde, ocupando o posto ata 1999. Era por tanto, un home pertencente a esta elite local franquista, que continúa no poder trala reforma do réxime.

[1938] "El pleno de Carballeda estudiará hoy la retirada de símbolos inconstitucionales", *La Voz de Galicia* 27/09/1985, p.26.

[1939] Resultados eleccións Carballeda de Valdeorras (1983): CG (5), AP (4), PSOE (2).

[1940] "Lay mayoría municipal de Carballeda se niega a retirar símbolos anticonstitucionales", *La Voz de Galicia*, 29/09/1985, p.36.

[1941] Alcaldía en CG, Luis Cuadrado. Pero na sesión á que facemos referencia actuaba como alcalde o concelleiro de AP Elicerio Mariñas. En "La mayoría municipal de Carballeda se niega a retirar símbolos anticonstitucionales", *La Voz de Galicia*, 29/09/1985, p.36.

[1942] "Carballeda: acciones judiciales contra el alcalde por mantener símbolos franquistas en el Ayuntamiento", *La Voz de Galicia,* 18/12/1985, p.26.

sucesor de Mariano Sanz visitaba a casa consistorial "ya sin los símbolos anticonstitucionales que se encontró en su día el anterior gobernador"[1943]. Esta puntualización da nova fai pensar que, como tamén acontecera en Ribadavia, o gobernador actuou despois dunha visita a Carballeda.

A través destes dous casos, podemos detectar dúas estratexias diferenciadas dos partidos da dereita ante a proposta da retirada dos símbolos franquistas. Por unha banda a aceptación formal da proposta nos órganos de decisión pero traducida na inacción na execución da medida, como aconteceu no Barco. A segunda estratexia avogaba pola confrontación directa, como ocorreu no caso de Carballeda. Neste último suposto, de confrontación directa arredor de símbolos e placas franquistas, debemos apuntar tamén o caso da Deputación de Ourense. Nesta institución o debate arredor da placa coa lenda "Franco, Franco, Franco" inserida na fachada do seu edificio principal comezara xa no ano 1979 pero neste segundo mandato adquire unha relevancia moito maior.

Nos anos anteriores o BNPG liderada as peticións para a eliminación da placa, que o presidente da Deputación (UCD) mitigaba aludindo a que a supresión se faría durante unhas obras de remodelación do edificio proxectadas, máis sen data. Pero aínda que a referencia formal era esta cuestión de oportunidade técnica, durante os debates evidenciábase xa o carácter político do asunto, sobre todo nas intervencións do voceiro de AP[1944].

Se nos imos ao ano 1983 as posicións e o debate van subir un chanzo de nivel. Nesta ocasión a moción para a retirada da placa presentábaa Manuel Vázquez Conde, deputado do único partido da oposición, o PSOE. Os resultados das eleccións locais do 83 deran en constituír unha deputación diferente coa desaparición da UCD, o incremento de AP, a concentración de voto no PSOE e a irrupción de CG. Coalición da que formaba parte o presidente Victorino Núñez quen revalidaba o seu posto como presidente[1945]. Estes eran os partidos representados no arco do consistorio provincial de Ourense e eles tamén os protagonistas do "virulento debate" sobre a retirada da placa franquista[1946].

Desta volta, se atendemos á xustificación para a retirada do PSOE, poderemos constatar un cambio significativo no contido, tendo como referencia a moción defendida polo BNPG no 81, que fixera unha alusión clara aos símbolos antidemocráticos. Nesta ocasión a xustificación era moito máis laxa, considerando que a placa estaba fóra de contexto e que o respecto da Historia non se contradicía cunha retirada que xa fixeran "con toda normalidad" outras institucións. Ademais puntualizaban que eles "hablan de retirada, no de destrucción, con lo que podría pasar a otro lugar para su conservación"[1947].

Pese á benevolencia do deputado provincial do PSOE, que segundo a prensa "vistió con ropajes de enorme moderación"[1948], a resposta dos grupos de dereitas foi radical no seu enfoque. Tanto na do deputado de CG Jose Luís Baltar Pumar quen retoricamente expresaba "que creía que en este país se había acabado el revanchismo, como dicen todos los sectores"[1949]· Coma na

[1943] "El gobernador contactó con la pizarra y el vino en su última jornada en la comarca", *La Voz de Galicia,* 06/11/1986, p.39.
[1944] Acta do pleno do 26 de febreiro de 1981. Arquivo da Deputación de Ourense.
Tamén en prensa: "Aprobado el programa de modernización de la viticultura orensana", *La Voz de Galicia,* 27/02/1981, p. 26.
[1945] Acta da sesión constitutiva do 6 de xuño de 1983. Arquivo Deputación de Ourense.
[1946] "La placa de Franco continuará en la fachada del Palacio provincial", *La Voz de Galicia*, 21/02/1984, p. 18.
[1947] Acta do pleno do 20 de febreiro de 1984. Arquivo da Deputación de Ourense.
[1948] "La placa de Franco continuará en la fachada del Palacio provincial", *La Voz de Galicia*, 21/02/1984, p. 18.
[1949] Acta do pleno do 20 de febreiro de 1984. Arquivo da Deputación de Ourense.

do deputado de AP[1950] David Ferrer Garrido quen consideraba a moción tiña unha serie de defectos que enumeraba. Entre eles, o de ser "incordiante" ao ferir sentimentos de persoas e institucións e inoportuna "por reabrir heridas". Pero ademais de oporse á retirada avogando ao respecto a "esa historia" ou a posibilidade de reabrir feridas, cuestións fundamental na retórica da reconciliación, o deputado incluía un razoamento abertamente franquista:

> Que el General Franco es historia viva de España, situado en el primer lugar del Escalafón Militar, como primer soldado de España, por su Majestad el Rey. Y que por ello la retirada propuesta sería una ofensa a nuestro Ejército[1951]

Como se pode ler nas liñas anteriores esta exaltación relacionábase con estamentos do actual sistema político, o rei e o exército. Acudindo á fonte hemerográfica comprobamos como na súa intervención esta vinculación foi máis extensa, de modo que Ferrer recordaba "la Corona ha otorgado títulos nobiliarios a la familia del General Franco, sugiriendo a los socialistas comenzasen a pedir la retirada de los mismos"[1952]. Así mesmo na súa seguinte intervención o mesmo deputado engadía que a moción lle parecía "cerril y poco inteligente, sabiendo como la Diputación está ingregada en su mayor parte por gentes que han colaborado con el régimen de Franco". Ao que se suma a comparación feita por Ferrer da proposta coa retirada da estatua de Franco en Valencia que provocara á reacción ultra dos sectores da dereita franquista, preguntándose quen se faría cargo de "tan sucio trabajo si sayones encapuchados y disfrazados de verdugos como en Valencia y si, como en dicha ciudad la estatua de Franco fue instalada en la Capitanía General, se enviaría aquí la placa al Regimiento Zamora"[1953].

Pese á dureza da mensaxe do voceiro de AP, as intervencións do PSOE foron moi comedidas "indicando que es natural que sobre este tema haya distintas opiniones en esa Corporación" [1954], e evitando, por tanto, a confrontación directa sobre a cuestión franquista. Si se detivo o voceiro socialista en facer visibles as contradicións de CG e en concreto de dous vicepresidentes da Deputación, alcaldes de Verín e de Xinzo. Mentres o primeiro propuxera o cambio de nome da praza *del* Caudillo, o segundo opuxérase ao cambio da rúa General Franco a proposta do PSOE[1955]. Cuestión que amosa as diverxencias que no nivel local se producen nas estratexias xerais dos partidos, xa observadas no caso, por exemplo, do PSOE ou do PCE.

Finalmente tras unha intervención algo máis moderada do presidente da Deputación que nesta ocasión evitou referirse á remodelación que eliminaría a placa, e xustificou ás diferenzas dos alcaldes do CG en que "no hay una disciplina férrea, fundamentándose en el respeto al hombre"[1956] a votación concluíu coa oposición frontal de todos os membros dos partidos de dereita e os únicos votos a favor dos únicos integrantes do centro-esquerda na corporación, os representantes do PSOE[1957]. Meses máis tarde estes deputados denunciaban publicamente o incumprimento de Núñez ao non ter retirada a placa pese a ter manifestado "estar en su ánimo"[1958].

[1950] Nas actas en pleno transcriben como CP, a colación liderada pola AP. Xa mantivemos que a fin de simplificar a lectura aludiremos a AP aínda que en realidade a candidatura presentada formalmente ás eleccións fora CP.
[1951] Acta do pleno do 20 de febreiro de 1984. Arquivo da Deputación de Ourense.
[1952] "La placa de Franco continuará en la fachada del Palacio provincial", *La Voz de Galicia*, 21/02/1984, p. 18.
[1953] *Íbidem*.
[1954] Acta do pleno do 20 de febreiro de 1984. Arquivo da Deputación de Ourense.
[1955] "La placa de Franco continuará en la fachada del Palacio provincial", *La Voz de Galicia*, 21/02/1984, p. 18.
[1956] *Íbidem.*
[1957] Acta do pleno do 20 de febreiro de 1984. Arquivo da Deputación de Ourense.
[1958] "Acusan a Victorino Núñez de presidencialismo e ineficacia", *La Voz de Galicia,* 14/07/1984, p. 31.

Ao cabo a placa foi retirada trala reforma da fachada e pese a que non houbo acordo no pleno no que se aprobaban as obras e nas que se chegou a debater sobre a cuestión franquista[1959]. Doutra volta a posición de AP mantívose contraria a retirada nun debate no que destaca, segundo a crónica en prensa que "nadie mencionó expresamente la referida placa, a la que el portavoz socialista se refirió como "símbolos de épocas pasadas", mentres o presidente da deputación falaba de "manifestaciones"[1960].

Sen acordo plenario, a extracción da placa case poderíamos sinalar que tivo un carácter clandestino:

> Los más madrugadores observaron a primeras horas de la mañana de ayer que la polémica placa, con una reproducción de la cara de Franco y la triple proclamación de su apellido, había sido retirada de la fachada principal (…)La permanencia de este recuerdo del régimen anterior había suscitado profusa y hasta tensa polémica en las corporaciones de este período democrático, sin que resultasen suficientes para acceder a las solicitudes de los dicinformes con la permanencia en aquel lugar del palacio provicial. Entendían los oponentes que cualquier vestigio del pasado, identificado con época de dictadura, contradecia al nuevo talente al que se deberían incoporar en plenitud las corporaciones locales. El presidente de la Diputación Victorino Núñez evitó tomar cualquier resolución, por las reacciones que puideran producirse, tal ve a la espera de mejores ocasiones que evitasen polémicas[1961].

Nas publicacións en prensa incidíase en que non se sabía se a retirada ía ser definitiva, o que evidencia a falta de comunicacións oficias da Deputación ao respecto, e por tanto o carácter case clandestino da eliminación[1962].

Durante os anos en que a placa se mantivo na fachada da Deputación producíronse diversas accións disruptivas contra a placa, que aparecera en numerosas ocasións enzoufada, con frases que protestaban pola "permanencia de tal recordatorio"[1963]. Por tanto a acción da sociedade civil ante a inacción das institucións, producíase, como aconteceu noutros lugares destacados de simboloxía franquista, mediante unha sorte de denuncia gráfica.

5.2.2.Os cambios dos rueiros franquistas

Durante este segundo mandato continuaron as propostas para a modificación dos rueiros das vilas e cidades galegas onde aínda permanecían presentes exaltacións ao franquismo. Fixarémonos en primeiro lugar nos intentos dos grupos municipais da oposición que finalmente fracasan, para nun segundo lugar atender a aqueles que, pese a lentitude no procedemento, prosperaron.

[1959] Acta do pleno do 20 de abril de 1985, Arquivo da Deputación de Ourense.
"La Diputación pide apoyo a la demanda de la Escuela de Empresariales", *La Voz de Galicia*, 23/04/1985, p.27
[1960] "La Diputación pide apoyo a la demanda de la Escuela de Empresariales", *La Voz de Galicia,* 23/04/1985, p.27.
[1961] "Retirada la placa de Franco de la fachada principal de la Diputación", *La Voz de Galicia*, 09/04/1986, p.23.
[1962] Na noticia "Retirada la placa de Franco de la fachada principal de la Diputación", *La Voz de Galicia,* 09/04/1986, p.23.: "Aunque nadie aventura si será definitiviamente o sólo en tanto duren los trabajos de adecentamiento en el palacio provincial".
Na noticia "Por fin, la limpieza de fachada de la Diputación está próxima a concluir", *La Voz de Galicia*, 04/05/1986, p. 34.: "queda para el próximo futuro la incógnita de si la polémica placa retornará o pasará a algún lugar máis idóneo".
Tamén constancia da retirada da placa en Veiga, M. : "Gran cantidade de simboloxía franquista permanece ainda intacta", *A Nosa Terra*, n1 298. 31 de xullo de 1986, p.3
[1963] "Retirada la placa de Franco de la fachada principal de la Diputación", *La Voz de Galicia*, 09/04/1986, p.23.

5.2.2.1.Intentos fracasados en gobernos da dereita

No Barco de Valdeorras, uns meses antes da moción sobre símbolos franquistas de Docampo analizada nas anteriores liñas, en concreto en xaneiro do 84 o mesmo concelleiro intentara levar a pleno a "Moción sobre o cambio e recuperación dos nomes de algunhas rúas e prazas da nosa vila". Pero na sesión plenaria acontecía un feito pouco habitual, e que atallaba a posibilidade de que a moción fose debatida no pleno. O alcalde propuxo debater e votar unha consideración previa: a procedencia de deliberar sobre o contido da moción "teniendo en cuenta las peticiones que en esta Moción se formulan y a tenor de las facultades que la ley le confiere". Soamente votaron a favor de que se debatese os tres concelleiros do PSOE e o propio Gustavo Docampo (MCG)[1964]. Deste xeito, nin sequera a moción foi transcrita nas actas municipais. Tampouco se incluía información sobre o debate xurdido, para o cal é preciso atender a prensa[1965]:

> El alcalde, con gran sorpresa de los asistentes, manifestó su intención de someter a votación si se debatía o no el fondo de dicha moción. El edil del MCG dijo que consideraba antidemocrático este proceder ya que atentaba contra la libertad de expresión de un concejal y que, además, consideraba absurdo el que se votase una moción sin ser leída con anterioridad[1966].

Esta proposta bloqueada polo alcalde tivo unha ampla repercusión no debate público, o que se materializou na cobertura en prensa así como na presenza de público no pleno que expresou a súa desaprobación ante a actitude da alcaldía e do grupo municipal de goberno[1967]. Ao acceder ao contido íntegro da moción compréndese como o obxectivo constituíao a eliminación das rúas franquistas, cuestión que vertebraba a exposición de motivos:

> Un bo número de rúas e plazas da nosa vila teñen denominacións impostas durante a dictadura e constituen unha lembranza permanente de nomes de persoas ou feitos da guerra civil, da represión e da falla de libertades. E estes nomes siguen ahí como si en estes sete últimos anos nada houbera cambiado[1968].

Docampo aludía a como na meirande parte dos concellos do Estado español xa se tiñan realizado os cambios, o que "non podería ser de outro xeito xa que a propia existencia dos concellos dos que formamos parte é debida a que as libertades democráticas abolidas polo franquismo foron formalmente restituídas tras anos difíciles de loita"[1969]. Neste sentido catro eran as medidas concretas que propoñía. En primeiro lugar a modificación de sete rúas e dúas prazas con denominacións franquistas entre elas General Franco, Jose Antonio, ou Legión

---

[1964] Oitos concelleiros votaron a improcedencia de tratar a moción, os concelleiros de AP, o do Partido Galeguista (CG) e dous dos tres concelleiros do CDS (un deles abstívose).
Acta municipal do pleno da corporación do 26 de xaneiro de 1984. Concello do Barco de Valdeorras.

[1965] A única referencia a certo debate nas actas pode extraerse da seguinte frase, a continuación da proposta do alcalde: "no habiendo unidade de criterios se somete a votación…". En Acta municipal do pleno da corporación do 26 de xaneiro de 1984. Concello do Barco de Valdeorras.

[1966] "Los ediles de derechas no quisieron cambiar el nombre de varias calles", *La Voz de Galicia,* 28/01/1984, p. 24.

[1967] *Íbidem*. "A propuesta del MCG, el pleno decidirá sobre el cambio de nombres de las calles", *La Voz de Galicia*, 25/01/1984, p.22.

[1968] Moción "sobre o cambio e recuperación dos nomes de algunhas ruas e pazas da nosa vila", asinada por Gustavo Docampo Paradelo como concelleiro do MCG, 20/01/1984. Documento cedido por Gustavo Docampo Paradelo.

[1969] *Íbidem*.
Esta declaración de motivos foi transcrita prácticamente de xeito íntegro na noticia citada anteriormente ("A propuesta del MCG, el pleno decidirá sobre el cambio de nombres de las calles", *La Voz de Galicia,* 25/01/1984, p.22.)

Gallega, e tamén o dun heroe local, Castor Pérez Vega[1970]. En segundo lugar propoñíase a inclusión de novos nomes que serían seleccionados pola Comisión de Cultura "quen a súa vez escoitará a todos os veciños ou grupos cidadáns que teñan algo que dicir ao respecto". O terceiro punto referíase á galeguización dos rótulos e no cuarto incluíase o que, meses despois, constituiría unha moción independente xa analizada: a eliminación da simboloxía da ditadura na Casa do Concello[1971].

A decisión de imposibilitar a lectura dunha moción que estaba presente na orde do día propiciou que Gustavo Docampo interpuxese un recurso de alzada contra este acordo. Así o testemuñan os documentos arquivados e cedidos para esta investigación polo propio edil[1972]. Deste xeito, o recurso prosperou e a moción tratouse nun novo pleno en maio do mesmo ano[1973]. Nesta ocasión si se deu lectura á moción pero o que aconteceu a continuación semella diferente segundo se consulte a información na acta municipal ou na crónica hemerográfica. Así segundo a acta o concelleiro autor fixo as ampliacións e aclaracións necesarias ao que seguiu unha "deliberación sobre a petición" e, sen terse chegado a unha unidade de criterios, someteuse a votación[1974]. Polo tanto semella que existiu un debate aínda que este non foi transcrito en acta. Pero se acudimos á crónica nesta especifícase que a moción "no se llegó a debatir", pero si se votou[1975]. Todo o cal indúcenos a pensar que non houbo unha deliberación baseada no intercambio de pareceres entre os edís, e soamente unha votación que doutra volta rexeitaba taxativamente a proposta, neste caso cos votos negativos de AP e CG e as abstencións dos tres concelleiros de CDS[1976].

Estabamos en 1984, e como sinalaba Gustavo Docampo na súa moción, foran moitos os concellos nos que se modificaran as principais rúas franquistas, como xa se analizou en profundidade no capítulo anterior. Pero tamén eran moitos os concellos como o do Barco, onde estes nomes seguían estando presentes no espazo público. Así, durante este segundo mandato municipal continuaron producíndose tanto acordos para a súa eliminación como bloqueos de iniciativas executadas principalmente polos edís do centro-dereita.

En Ourense o PSOE como líder da oposición nun goberno de AP[1977], realizou entre o 83 e o 84 diversos intentos para lograr a supresión de nomes de rúas franquistas, todos eles sen éxito. O 10 de novembro de 1983 presentaba ao pleno a moción titulada "recuperación de los nombres tradicionales de lugares, calles y plazas" na que non figuraban nomes concretos de rúas a modificar, deixando ese labor á acción da Comisión de Cultura[1978]. Como no caso de Redondela, na acta non existe unha referencia expresa á cuestión franquista pero pode

[1970] Listado completo de rúas propostas para modificar: General Franco, José Antonio, Conde Fenosa, 18 d ejulio, Castor Pérez Vega, Bandera de Orense e Legión Gallega. E prazas: Calvo Sotelo e Caballero Mutilado José Fernández.
Castor Pérez Vega era criado da Casa de Barrera, a casa do xuíz de paz que cedeu á Guardia Civil para instalar os calabozos tralo golpe. Foi asasinado en circunstancias pouco claras. Información facilitada por Gustavo Docampo.
[1971] Moción "sobre o cambio e recuperación dos nomes de algunhas ruas e pazas da nosa vila", asinada por Gustavo Docampo Paradelo como concelleiro do MCG, 20/01/1984. Documento cedido por Gustavo Docampo Paradelo.
[1972] Entre eles a comunicación que Gustavo Docampo fai o día 8 de febreiro ao Gobernador Civil informándoo de que interpuxera o devandito recurso. Segundo este escrito anexaba tanto unha copia do recurso de alzada (que non se conserva) como a certificación do acordo municipal. Esta última certificación si se conservaba por Docampo, sendo expedida polo secretario municipal e visada polo alcalde o 31 de xaneiro de 1984. Tamén a solicitude desta certificación, asinada por Docampo o 30 de xaneiro. Documentos cedidos por Gustavo Docampo Paradelo.
[1973] "Nuevo debate sobre la gestión del Ayuntamiento, en el último pleno", *La Voz de Galicia*, 02/06/1984, p.29
[1974] Acta municipal da sesión plenaria do 31 de maio de 1984. Concello do Barco de Valdeorras.
[1975] "Nuevo debate sobre la gestión del Ayuntamiento, en el último pleno", *La Voz de Galicia*, 02/06/1984, p.29
[1976] Votan a favor os concelleiros do PSOE e o de MCG.
[1977] Resultados eleccións Ourense (1983): AP-PDP-UL (10), CG ((4), PSOE (10), BNG (1).
[1978] Acta municipal da sesión plenaria do 10 de novembro de 1983. Arquivo Municipal de Ourense, . *Sin* Z12 e7 s2, n4, 126.

sobreentenderse que estaba presente, por exemplo na intervención recollida do edil do PSOE, Jacobo de Arce:

> Se quiere subsanar algo que se comprueba en la vida cotidinia del pueblo de Orense. Y esto ocurre con motivo de la nomenclatura que se observa en nuestras calles y plazas ante nuestros ciudadanos con mejor memoria histórica y urbana que la que se refleja oficialmente[1979].

Durante o debate non se mencionan as rúas franquistas, pero se poden sobreentender das palabras dos edís de AP. Por exemplo na intervención de David Ferrer Garrido, quen fora alcalde entre o 63 e o 70 e presidente da Deputación ata 1979 e, polo tanto, membro da elite local franquista:

> Quiero decirlo con toda cordialidad que el tema es para min, verdaderamente vidrioso y con el que se pueden herir, indudablemente, no susceptibilidades sino sentimientos, y hay que tener, en estos momentos, señores- que no son momentos de bromas- un esperadísimo cuidado con el tema que se va a tratar[1980].

Aínda así, os exemplos que expoñía non aludían a rúas franquistas e si á de reputados membros da comunidade como Manuel Sueiro ou Gregorio Marañón. Finalmente aprobouse a moción dando un prazo de dous meses á Comisión de Cultura para que levase a pleno unha proposta concreta[1981]. En prensa as referencias ao franquismo tampouco se fixeron visibles, pero si estaban presentes de xeito subliminar, por exemplo co titular: "Temor de que el cambio de nombres en las calles suscite enfrentamientos ciudadanos"[1982] ou reclamando a existencia de temas máis relevantes que tratar, por exemplo o paro. O que, por tanto, reproducía o contraenmarcado da memoria de AP.

Nos seguintes meses a prensa faise eco dos traballos da Comisión de Cultura[1983]. A primeira reunión na que se trataba este tema xa deixaba un titular, o "sobradamente complejo y costoso", que supoñería o cambio dos nomes. Ademais poñíase sobre a mesa a posibilidade de celebrar un plebiscito popular, tendo en conta "las motivaciones políticas" que subxacían á proposta[1984]. Polo tanto, ao igual que acontecera en Ferrol, incluíase o "factor referendo" na ecuación dos cambios das rúas.

En xaneiro do 84 tivo lugar a reunión definitiva, na cal a comisión establecería unha proposta que levar a pleno. Esta tiña publicidade en prensa onde se facía a primeira alusión directa ao franquismo. Así, amentando a moción do PSOE que suscitara este tema, describíase: "el objetivo del PSOE estribaba en restablecer algunas de las primitivas denominaciones de diversas rúas orensanas y erradicar nombres impuestos en la dictadura"[1985]. Debemos deternos neste feito, en que a inclusión da primeira referencia expresa á cuestión da exaltación franquista aconteceu moitos meses despois da presentación da proposta do PSOE e fóra dos documentos

[1979] *Íbidem*.
[1980] Acta municipal da sesión plenaria do 10 de novembro de 1983. Arquivo Municipal de Ourense, *Sin* Z12 e7 s2, n4, 126.
[1981] Votaban a favor de que o prazo fose ata xaneiro, AP e CG (Partido Galeguista), que fose en decembro o grupo municipal do PSOE.
[1982] "Temor de que el cambio de nombres en las calles suscite enfrentamientos ciudadanos", *La Voz de Galicia*, 11/11/83, p.31.
[1983] No caso deste concello non dispomos das actas nin expedientes da Comisión de Cultura. A Presidencia recaía no edil de AP Luís Moreiras.
[1984] "Cultura municipal inició estudios sobre nombres antiguos de calles", *La Voz de Galicia*, 23/11/1983, p. 46.
[1985] "Hoy, reunión extraordinaria para estudiar las nuevas denominaciones de calles en la ciudad", *La Voz de Galicia,* 10/01/1984, p. 24. "La comisión municipal de Cultura estudió los nombres antiguos de calles orensanas", *La Voz de Galicia*, 27/12/1983, p. 33.

oficiais. Fixémonos en que pese a que o obxectivo do PSOE era, segundo esta noticia, erradicar os nomes impostos pola ditadura, isto no figuraba no texto da súa moción.

Isto fai visible a dificultade do tratamento do franquismo no espazo público durante estes anos. O que, máis alá do caso de Ourense consideramos que amosa unha tendencia dominante neste segundo mandato municipal. Mentres na primeira, pese ás evidentes trabas, resultaba habitual a referencia directa aos "nomes franquistas", nesta nova etapa o tema volvíase practicamente tabú, o que por tanto infería maior intensidade ao mecanismo de contención das accións memorialistas no mediático e discursivo.

Volvendo a Ourense, na reunión da comisión, o PSOE decidía presentar unha proposta concreta, que, consideramos, podería ser unha consecuencia da ineficacia ou certa inactividade da devandita comisión[1986]. Das doce modificacións propostas polo PSOE, oito eliminaban rúas de exaltación franquista, entre elas Queipo de Llano, Jose Antonio, Coronel Ceano ou Capitán Eloy. Nas inclusións, ademais de Castelao figuraba o alcalde fusilado no 36 Manuel Suárez, polo que, por tanto, homenaxeábase a unha vítima[1987]. Pero ademais disto, a proposta incluía unha polémica medida. Para o caso da rúa General Franco a substitución polo nome rúa do Progreso só afectaría á metade da vía, de modo que continuaría existindo unha parte co nome do ditador; o cal se xustificaba polo responsable da moción socialista, Jacobo de Arce, do seguinte xeito:

> Nosotros no representamos el total de los votos orensanos, y, si Franco para algunos fue un personaje histórico digno de relieve como para que siga dando su nombre a una calle, pues ahí les queda. Además está vigente una normativa municipal que obliga a que si un nombre desaparece de una calle hay que darle otra y menuda polémica que se iba a armar si andamos con el nombre de Franco de una calle a otra[1988].

Resulta curioso que o edil xustifique que haxa persoas que o consideren un personaxe histórico, así como a alusión a unha normativa que, de aplicarse, non só repercutiría no nome de Franco e por tanto impediría calquera cambio[1989].

Trala presentación na Comisión, o seguinte trámite ao que se enfrontou esta nova proposta do PSOE era a aprobación pola Comisión Permanente para poder constituír un punto na orde do día do próximo pleno[1990]. Pero un novo bloqueo inesperado produciuse nesta xuntanza na que o voceiro de CG solicitou que se aprazase o seu tratamento para poder estudalo mellor. Esta cuestión foi duramente criticada polo voceiro do PSOE, quen mostraba a súa estrañeza ao ter participado este mesmo edil na Comisión de Cultura onde xa fora estudado[1991].

Finalmente a moción formaba parte da orde do día do pleno do 9 de febreiro, confrontada por un informe da Comisión de Cultura que facía desaconsellables os cambios das rúas aludindo a un regulamento de "honores y distinciones" de 1964. Pola súa banda na proposta do PSOE, aínda que sen referencia expresa ao franquismo, incluíase unha motivación que aludía, aínda que de xeito indirecto, á cuestión franquista: demandando a substitución "de la denominación

[1986] A noticia ocupaba toda unha páxina do xornal *La Voz de Galicia* ao día seguinte encabezada con "El nombre de las calles, a debate". E que se dividían en tres artigos.
[1987] "El PSOE propone el cambio en catorce rúas de la capital", *La Voz de Galicia*, 11/01/1984, p.22.
[1988] "Franco se quedaría con la mitad de su calle si prospera la moción socialista", *La Voz de Galicia,* 11/01/1984, p.22.
[1989] Artigo 14 do Regulamento de Honores y Distinciones de 1964. Referido na Acta municipal da sesión plenaria do 9 de febreiro de 1984. Arquivo Municipal de Ourense.
[1990] "El PSOE propone el cambio en catorce rúas de la capital", *La Voz de Galicia*, 11/01/1984, p.22
[1991] Ambos, Manuel Veiga (PSOE) e Jose Luís López Iglesias (CG) protagonizaron "enfrentamientos verbales" durante o pleno de xaneiro. En "El cambio de nombres en las calles, aplazada para el próximo mes", *La Voz de Galicia*, 12/01/1984, p. 28. E "CG pide consultar a los vecinos para cambiar el nombre de las calles", *La Voz de Galicia*, 14/01/1984, p.31.

de algunas calles, impuestas en su momento, y en circunstancias por todos conocidas"[1992]. O listado de rúas resultaba practicamente igual ao que se publicara en prensa nas semanas anteriores, pero neste caso non existía a puntualización arredor do mantemento da rúa General Franco nun dos seus tramos, e simplemente se sinalaba o cambio de denominación por Rúa do Progreso[1993].

Aínda que na súa intervención Jacobo de Arce explicaba que esta era unha proposta que respondía ao traballo da Comisión de Cultura, da análise do conxunto do debate infírese que esta non era realmente unha proposta da comisión que, pola súa banda, desaconsellaba o cambio. Entre a súa extensa argumentación, o concelleiro referíase ás "calles de Calvo Sotelo y Jose Antonio" que "es bien sabido que por las circunstancias de todos conocidas, en un determinado momento, se le ponen esos nombres" precisando que se trataba dunha "corporación impuesta, no como la nuestra"[1994]. Finalmente a moción rexeitouse cos votos en contra de AP e as abstencións de CG[1995].

A falta de claridade da moción do PSOE sobre os seus obxectivos, faise palpable nun artigo de opinión publicado en prensa dous días despois, no que se describía a moción no senso dun reencontro co pasado, tralo que "latía el intento de arrancar definitivamente vestigios de una etapa anterior, carente de libertades democráticas". Pese a ser este o obxectivo fundamental da moción non foi "nunca abiertamente reflejado en las mociones del PSOE, que reiteradamente aludía a la historia y raíces ciudadanas[1996]. O autor consideraba que o conflito entre os dous grupos da oposición (PSOE e CG) salvara dunha "refriega" a Alianza Popular, que "ni siquiera se vio precisado de exponer sus argumentos para oponerse al cambio de nombres", é dicir, non tivera que "hacer pública confesión de su vinculación con el pasado". A "incomodidade" co asunto conducira a un erro ao PSOE, que non formulara abertamente a dimensión política latente "para que cada cual se mojara. Existía el riesgo de la antipopularidad de la medida, a tenor del talante conservador de Orense, pero las cosas habrían quedado en su sitio"[1997]. Este artigo, por tanto, considerámolo ilustrativo das cuestións que quedaban "fóra" das palabras escritas nas actas en torno a esta polémica.

Poucos meses despois, en xuño de 1984, o colectivo Medulio asinaba outro artigo no que facía un percorrido dende os momentos posteriores ao golpe, cando as rúas se encheran de nomes de exaltación franquista, ata a polémica acontecida entre novembro e febreiro dese mesmo ano 84. Segundo este artigo o PSOE prometera elaborar un informe que acadaría unha reforma moito máis ampla, e que se retomaría tres meses máis tarde[1998]. Trala indagación realizada para este traballo, non localizamos máis información ao respecto, nin na fonte hemerográfica nin na documental, procedente do concello, o que semella concluír que o asunto quedou paralizado moito máis de tres meses. Non foi ata o 1991, nun mandato con marcadas

[1992] Acta municipal da sesión plenaria do 9 de febreiro de 1984. Arquivo Municipal de Ourense.
[1993] Total de rúas: General Franco por Rúa do Progreso, Calvo Sotelo por do Paseo, Jose Antonio por A. Rodríguez Castelao, Coronel Ceano por Ramón Otero Pedrayo, Capitán Eloy por Vicente Risco, tras Alameda (sen nome) por Alcalde Manuel Suárez, Praza Alferez Provisional por da Constitución, Queipo de Llano y Vicente Risco por Rosalía de Castro, Rosalía de Castro por Do Bao, e Do Couto por Basilio Álvarez.
[1994] Acta municipal da sesión plenaria do 9 de febreiro de 1984. Arquivo Municipal de Ourense.
[1995] Máis fontes: "Estudiada la distribución del nuevo museo municipal", *La Voz de Galicia,* 24/01/1984, p. 21.; "Pleno municipal, las soluciones para los autobuses urbanos no convencieron a la oposición", *La Voz de Galicia,* 10/02/1984, p.26.
[1996] Carracedo, J.A.: "El polémico cambio de nombre de las calles", *La Voz de Galicia*, 11/02/1984, p. 28.
[1997] *Íbidem*
[1998] Colectivo Medulio: "Os nomes das rúas de Ourense desde a guerra civil ata os nosos días", *La Voz de Galicia,* 15/06/1984, p.27.

inestabilidades[1999], cando se aprobaba o novo rueiro de Ourense no que se eliminaban algunhas rúas franquistas, como General Franco e Jose Antonio mentres continuaban outras como General Mola ou Capitán Eloy[2000].

Pero volvendo ao artigo do Colectivo Medulio, que como xa citamos con anterioridade, formaba parte dese asociacionismo cultural activo no memorialismo, debemos revisar a súa reflexión final que adopta a forma de demandas da eliminación do franquismo, que o PSOE non fora quen de verbalizar de xeito directo.

> Todo nome con connotacións políticas ou relixiosas de tempos pasados e que foron utilizados como elementos represivos da poboación deben desaparecer para dar paso a persoas máis importantes na historia da cidade. É inconcebible que pervivan, aínda hoxe, denominacións que tiveron a súa orixe na guerra civil e que portan unha carga ideolóxica dunha época pasada, e que homes como Castelao, Otero Pedrayo, Bóveda, etc, esperen aínda que o seu pobo os recorde dunha maneira viva nun rincón da cidade[2001].

En contraposición a esta dinámica de "medias tintas" na actuación dos grupos municipais do PSOE, identificamos unha excepción. Aconteceu en Ordes onde, pese a que AP posuía o maior número de edís, CG ocupaba a alcaldía grazas ao apoio do PSOE e de CDS[2002]. Neste contexto en novembro do 84 Manuel Astray, en nome do grupo municipal do PSOE, presentou unha moción para a modificación dos nomes das rúas que pretendía "ser consecuente con nuestra propia historia y recuperar para las calles sus nombres que desde siempre tuvieron y que fueron arrancados por la fuerza". Neste caso o representante do PSOE abordou o tema de xeito directo, respondendo a diversos elementos do contraenmarcado, como o do *revanchismo* ou da existencia de temas de maior relevancia para a localidade. Así, defendeu a medida no compromiso coa democracia e coas liberdades, o que facía preciso "borrar de nuestras calles lo nombres de las personas que representaron todo lo contario y que supusieron el derrocamiento de la democracia. [2003]

Na sesión plenaria a proposta provocou un debate crispado. En prensa salientouse o ton irritado de diversos edís, e con especial intensidade dun concelleiro do grupo de goberno (CG) quen, entre as gargalladas dos concelleiros de AP, chamou "chorona" a Rosalía de Castro e propuxo, en ton irónico, que para rematar coa polémica as rúas deberían ser numéricas seguindo o exemplo de Nova York. En canto a proposta concreta admitían a posibilidade de que se modificase aquelas que tiñan unha denominación tradicional moi arraigada (Calvo Sotelo e José Antonio nese momento) pero opoñíanse a modificar os nomes de Generalísimo e General Mola,

---

[1999] No que en primeiro termo recaía a alcaldía no candidato de AP Jorge Bermello, o PSOE gobernou entre o 87 e o 91. Resultados eleccións Ourense (1987) : AP (11), PSOE (10), Independentes (3), CDS (3).

[2000] En: "El nuevo callejero de la ciudad será presentado el sábado, sin consenso, a un pleno municipal", La Voz de Galicia, 28/02/1991, p.34; "El nuevo callejero, ya cerrado, incluye un total de 1.025 nominaciones para calles y plazas del municipio", *La Voz de Galicia*, 30/01/1991, p.26; Cid, A. : 3 "Sustituidas las placas de la calle "General Franco" por las de "rúa do Progreso", *La Voz de Galicia,* 19/02/1992, p.29.

Pero vai ser no seguinte breve período no que a alcaldía ocuparíaa o candidato independente, cando a iniciativa do CDS fíxose a modificación do rueiro. Unha modificación integral, de arredor de mil nomes da toponimia ourensá na que, como dicíamos, perdurarían moitos dos nomes de exaltación franquista. Desta volta o xa denominado PP opuxérase frontalmente á substitución da rúa General Fraco e Jose Antonio. "El PP no apoyó la retirada de los nombres de Franco y José Antonio a las dos principales calles de la ciudad", *La Voz de Galicia*, 14/12/1990, p.38.

[2001] Colectivo Medulio: "Os nomes das rúas de Ourense desde a guerra civil ata os nosos días*", La Voz de Galicia,* 15/06/1984, p.27.

[2002] Resultados eleccións Ordes (1983): AP (9), CG (4), PSOE (3), CDS (2).

[2003] Rúas que se propoñían cambiar: Avenida del Generalísimo por Rúa Nova, General Mola por Avenida de Galicia, Calvo Sotelo por Calle de los Lagartos, avenida Jose Antonio por rúa do Recreo. En: "El PSOE pide la adopción de medidas ante la huelga general del 29", *La Voz de Galicia*, 27/11/1984, p.27.

xustificándoo noutro elemento recorrente do contraenmarado: o de "asumir a historia". O debate desenvolveuse profundando nalgúns aspectos, como na discusión sobre a condición de "fascista" de Calvo Sotelo, cuestión que negaban os edís populares. Finalmente o alcalde Manuel Viqueira (CG), propuxo consultar a moción coa veciñanza. O autor da moción estivo de acordo e deste modo en Ordes executouse o que constituía unha das propostas máis repetidas pola dereita ante medidas para o cambio de rúas franquistas, esa especie de referendo popular[2004]. O procedemento consistiu en solicitar á cidadanía o envío de escritos ao concello no que manifestasen a súa opinión. De sesenta e sete escritos presentados polos veciños, trinta e cinco se opoñían ao conxunto dos cambios, vinte e oito ao cambio de General Mola e catro ao de Calvo Sotelo e ningún deles apoiaba a proposta. Fora de prazo o concelleiro Manuel Astray presentaba un total de corenta e dúas sinaturas favorables, que eran descualificadas polos edís da dereita por esa superación da data límite.

Avalados por estes escritos, aínda que a consulta non era vinculante, votouse a moción do PSOE rúa a rúa no pleno celebrado en abril de 1985. AP, en contra, e PSOE, a favor, foron os grupos que votaron "como partido" mentres que no CDS e na CG houbo votacións dispares. Resaltan as das rúas Generalísimo e General Mola, nas que se opuxeron ao cambio todos os concelleiros a excepción do grupo municipal do PSOE. O resultado final foi o rexeitamento do conxunto de modificacións das rúas franquistas[2005].

A agrupación socialista de Castro Caldelas presentaba tamén unha modificación da toponimia que incluía as denominacións franquistas. Coñecemos a proposta para a modificación integral do rueiro do PSOE grazas á fonte hemerográfica onde en 1983 gobernaba CG co apoio de AP[2006]. Os artigos que localizamos son columnas de autores que focalizan a súa atención na recuperación da toponimia tradicional e que directamente non sinalan cales eran as rúas que se cambiaban, pero falan dunha "devolución de los nombres históricos"[2007] ou referenciar "o desbarate dos nomes actuáis, uns trabucados, outros impropios, outros adicados a persoas sen ningún entronque coa vila e nin siquera con Galicia"[2008]. En Ponteareas o PSOE tamén presentaba unha moción para o cambio de rúas. Neste caso podemos achegarnos con detalle á proposta, que tiña como núcleo central a eliminación das rúas franquistas. Neste caso a alusión ao franquismo é directa ao describir ás persoas e institucións presentes nas rúas como "relacionadas coa loita e a xenreira entre españois, fundamentalmente baseada na guerra civil de 1936 a 39, e utilizan denominacións que aluden ó bando vencedor", o que supoñía "unha grave discriminación, humillante en moitos casos, pra familias enteiras que viron borradas e perseguidas as súas ideas e persoas durante décadas"[2009]. Incluíanse un total de dez nomes que deberían cambiarse, entre os que se atopaban os máis habituais: Plaza del Generalísimo ou Jose Antonio" e outros menos frecuentes como Alcárzar de Toledo, Mártires de la Falange, ou Onésimo Redondo[2010]. Por tanto esta moción profundaba nos cambios máis do que era habitual,

[2004] Aínda así AP abstívose na votación da proposta do alcalde. "Ordes: Un concejal de CG califica de llorona a Rosalía y sugiere denominar las calles numéricamente", *La Voz de Galicia*, 30/11/1984, p.24.
[2005] "Ordes: no se cambiarán los nombres a las calles de Franco y José Antonio", *La Voz de Galicia*, 10/04/1985, p.22.
[2006] Resultados eleccións Castro Caldelas (1983): CG (4), PSOE (4), AP (3).
[2007] Cadeliña, Eladio, P.: "Paso adelante en Castro Caldelas", *La Voz de Galicia*, 08/09/1983, p.34.
[2008] Casado Nieto, M. :"Notas da miña tempada caldela", *La Voz de Galicia*, 23/09171983, p.29.
Ao non acudir a este arquivo por cuestións xa sinaladas no apartado de Metodoloxía, non podemos afirmar se a proposta saíu adiante.
[2009] "Os concellales do PSOE propoñen o cambio de nomes de rúas", *La Voz de Galicia*, 26/01/1984, p.35.
[2010] Listado completo proposto na moción do PSOE: Plaza del Generalísimo por nome tradicional, Praza Maior, Avenida 18 de julio por avenida da feira vella, Alcázar de Toledo por Rúa Real, Ruiz de Alda, por Rúa de Oriente, Juardines de Jose Antonio por Xardín La Giralda, Plaza Mártires de la Falange por Praza da Constitución, Avenida de la Falange por Avenida de Amado Garra, Avenida Fernández de la Mora por Avenida Don García Sarmiento, Onésimo Redondo por Xoan García de

constituíndo unha das excepcións no conxunto do estudado. Non se atoparon indicios de que a moción prosperase, o que non sería de estrañar tendo en conta que en Ponteareas, gobernaba cunha rotunda maioría AP, coa alcaldía recaendo en José Castro Álvarez, que ostentaba o cargo dende o ano 68 e que por tanto pertencía a aquela elite local franquista á que xa nos referimos en diversas ocasións nesta tese[2011].

Ademais das propostas orixinadas nas agrupacións locais do PSOE, durante este segundo mandato tamén se produciron mocións para o cambio da simboloxía franquista a iniciativa do BNG en diversos concellos. Por exemplo en Pontedeume, onde coincidindo co cincuentenario do golpe, isto é en xullo de 1986, o BNG organizara unha homenaxe na que responsables da convocatoria arrincaran a placa con simboloxía fascista da Plaza de los Voluntarios colocando unha co nome tradicional, Praza do Pan[2012]. Aínda que o alcalde, de AP, nese momento declarara que xa era intención do concello facer ese cambio, en setembro dese mesmo ano 86 o concelleiro do BNG presentaba unha moción para a eliminación de rúas franquistas[2013]. A corporación, liderada por AP[2014], rexeitou a moción, onde salientou a postura do PsdG-PSOE, que se abstivo[2015].

Pese a que maioritariamente as iniciativas procedían das organizacións da esquerda, tamén se produciron cambios auspiciados pola dereita de CG. Unha coalición heteroxénea que obtivo alcaldías principalmente co apoio de AP, aínda que nalgúns fosen apoiados polo PSOE. En Verín, o alcalde de CG Santiago Cid[2016], ás poucas semanas de acceder ao cargo, en xuño do 83, propoñía ao pleno o cambio da Plaza del Caudillo[2017]. No anuncio en prensa da sesión extraordinaria describíase a cuestión como "polémica" ao ser unha proposta cun "claro trasfondo ideológico"[2018]. O alcalde xustificaba en pleno a proposta en base á conveniencia de "cerrar el paréntisis del franquismo"[2019]. Mentres CG era impulsora da medida, co apoio do PSOE, AP mantívose na súa tónica habitual de oposición. Un mes máis tarde o concelleiro do PSOE Fuentes Canal presentaba unha moción para a modificación de máis rúas da vila, entre elas Alférez Provisional, Blanco-Rajoy, recordado como executor de fustrigamento cara aos perseguidos[2020] e Muñoz Calero, médico, participante na División Azul, moi vinculado co réxime sendo procurador en Cortes en diferentes períodos. Esta proposta tamén saíu adiante coa oposición de AP, que aludía de novo á necesidade de consultar aos veciños[2021].

Guillade, Calvo Sotelo por Rosalía de Castro. En: "Os concellales do PSOE propoñen o cambio de nomes de rúas", *La Voz de Galicia,* 26/01/1984, p.35.

[2011] Resultados eleccións Ponteareas (1983): AP (12), PSOE (3) CG(2).

[2012] Na noticia inclúense as declaración procedentes do concello, no que ademais de sinalar que xa estaba encargada a placa para o cambio, tamén desaparecen outros símbolos similares como a praza en recordo dos caídos colocada nas inmediacións da igrexa parroquial. Tamén se sinala na nova o pasado como vítima do pai do actual alcalde, Celestino Sardiña, de AP, e que xa era alcalde dende a ditadura, en concreto dende 1970. En "El BNG cambió la placa de denominación de una plaza de Pontedeume", *La Voz de Galicia*, 30/07/1986, p. 27.

[2013] Ademais da Plaza de los voluntarios, ás rúas dedicadas ao General Franco e a José Antonio. Tamén pedían o cambio das placas das rúas que contiñan simboloxía fascista. En "El BNG eumés define su posición ante la organización de las fiestas", *La Voz de Galicia*, 19/09/1986, p. 40.

[2014] Resultados eleccións Pontedeume (1983): AP (7), PSOE (3), EG (2), BNG (1).

[2015] "Los almacenes de Pontedeume serán adquiridos en 20 millones de pesetas", *La Voz de Galicia,* 08/11/1986, p.25.

[2016] Exemplo neste que agora por CG e nas seguintes do 87 vai por AP.

[2017] Resultados eleccións Verín (1983): CG (8), AP (6), PSOE (3). En 1979 gobernaba con maioría UCD.

[2018] "Probable propuesta de cambio de nombre de la plaza del Caudillo", *La Voz de Galicia*, 21/06/1983, p. 25.

[2019] "Con la oposición de AP, la plaza del Caudillo se llamará "Del Ayuntamiento", *La Voz de Galicia*, 23/06/1983, p.47.

[2020] Lamela, L: "Una calle en Vimianzo, la de Benito Blanco Rajoy" 28/12/2017. https://www.lavozdegalicia.es/noticia/carballo/vimianzo/2017/12/28/calle-vimianzo-benito-blanco-rajoy/0003_201712C28C4994.htm


[2021] Xago: "Las calles de la villa recuperan sus nombres populares", *La Voz de Galicia,* 09/07/1983, p.25.

5.2.2.2. Intentos que prosperan co tempo en gobernos da esquerda

Non sempre a parálise ou bloqueo das iniciativas memorialistas viñeron da man das organizacións da dereita. En Redondela, onde gobernaba o centro-esquerda co PSOE na alcaldía, a eliminación das rúas franquistas foi unha cuestión retardada no tempo[2022]. O caso de Redondela é paradigmático da metamorfose que sofre o sistema de partidos, cando o PSOE absorbeu tanto votos como militantes doutros partidos da esquerda e do nacionalismo galego. Nesta localidade pasou de tres concelleiros en 1979 a quince en 1983, reducíndose así notablemente os grupos parlamentarios. Mentres no 79 no centro-esquerda estaban representados cinco grupos (UG, PCG, PSOE, PTE e BNPG), en 1983 soamente eran dous (PSOE e PCG).

A primeira moción para o cambio de nomenclatura das rúas neste mandato produciuse en decembro do 83 e nela só se aludía directamente á galeguización do rueiro. Foi presentada polo concelleiro Andrés Couñago Laxe (PSOE) e derivada á Comisión de Cultura que estudaría o cambio[2023]. Poucos meses despois, o edil do PCG José Blanco Puga emitía en pleno un rogo para que se axilizase o ditame da comisión que nos meses anteriores recibira suxestións de "varios grupos políticos" para a restauración dos nomes antigos[2024].

Imaxe 63. Cambios rúas en expediente Comisión de Cultura, Abril de 1984



Fonte: Comisión de Cultura, 11/04/1984, Arquivo Municipal de Redondela.


O amplo arquivo do Concello de Redondela nos permitiu afondar neste proceso podendo consultar o seu expediente na documentación procedente da Comisión de Cultura[2025]. Nel atopamos, por unha banda, unha proposta enviada polo concelleiro José Blanco Puga, poucos días despois de emitir o rogo no pleno, na que propoñía o cambio de cinco rúas, catro delas con

[2022] O alcalde era a mesma persoa, candidata de UG no 79 e do PSOE no 83, Jaime Óscar Rey Barreiro. Coñecido como Jaime Rey, ou Xaime Rei.
[2023] Acta municipal da sesión plenaria do 29 de decembro de 1983. Arquivo Municipal de Redondela.
[2024] Couñago Laxe manifestaba entón que o asunto estaba sendo tratado na comisión de cultura e que en breve período habería ditame. En acta municipal da sesión plenaria do 29 de marzo de 1983. Arquivo Municipal de Redondela.
[2025] Por exemplo a comunicación por parte do secretario municipal do rogo do concelleiro Xosé Blanco Puga. Comisión de Cultura, 18/03/1984. Nº expediente 6292/39. Arquivo Municipal de Redondela.

denominacións franquistas[2026]. Ademais neste expediente consérvanse actas e anotacións de diversas xuntanzas da Comisión, entre elas un bosquexo de posibles cambios da nomenclatura. Das nove rúas do listado, cinco teñen unha vinculación franquista directa, entre elas Generalísimo ou Jose Antonio (Imaxe 63)[2027]. Pero no acordo da Comisión, tamén presente no mesmo expediente, as modificacións que figuran atinxen soamente á galeguización[2028].

A posibilidade de que as propostas de eliminación de rúas franquistas quedasen bloqueadas na Comisión de Cultura confírmase ao acceder ao acordo do pleno municipal do 9 de maio do 85, no que simplemente se decidía por unanimidade a galeguización do rueiro[2029]. Aínda tiveron que pasar varios anos para que o pleno do concello de Redondela aprobase os cambios das rúas franquistas. Aconteceu fóra do noso período de estudo, en decembro de 1987 e por iniciativa do PSOE na que destaca a ausencia de referencia algunha ao saneamento democrático. Así, a cuestión franquista non se facía explícita a pesar de que o cambio afectaba a seis rúas e catro tiñan este tipo de denominacións, as mesmas catro rúas que se intentaran modificar nos anos anteriores: Generalísimo, General Mola, Jose Antonio e Calvo Sotelo[2030].

Imaxe 64. Nota informativa concello Redondela, cambio nomes, 1988



CONCELLO DE REDONDELA

...extraordinaria celebrada o día 30 de

O P
Dec
Cor

CONCELLO DE REDONDELA

O Pleno do Concello, en sesión extraordinaria celebrada o día 30 de Decembro de 1987, acordou o cambio de nomes das seguintes rúas do Concello:

— Rúa General Mola por Travesía de Vilavella.
— A Alameda pasará a chamarse "Alameda Daniel Rodríguez Castelao".
— Rúa José Antonio por Rúa da Ribeira.
— Rúa Calvo Sotelo por Avda. de Santa Mariña.
— Estrada á Praia de Cesantes por Avda. de Mendiño.
— Avda. del Generalísimo por Avda. de Vigo.

ASI MESMO RECORDASE QUE OS CODIGOS POSTAIS DO CONCELLO SON:

REDONDELA	36800
CABEIRO	36813
CEDEIRA (RANDE)	36812
CEDEIRA (RESTO PARROQUIA)	36818
CESANTES	36693
NEGROS	36814
REBOREDA	36818
SAXAMONDE	36816
TRASMAÑO	36811
VILAR	36815
QUINTELA	36817
O VISO (SOTOXUSTO)	36693
O VISO (RESTO PARROQUIA)	36810
CHAPELA	36320
VENTOSELA	36818

O QUE SE FAI PUBLICO PARA XERAL COÑECEMENTO.
REDONDELA, 5 de Febreiro de 1988.
O ALCALDE,
XAIME REI BARREIRO

Fonte: Expediente 4955/10. Comisión de Cultura. Arquivo Municipal de Redondela.

[2026] Listado de rúas a modificar propostas por José Blanco Puga: Pabellón de deportes por Juan José López Rodríguez, Jose Antonio por Blanco Amor, Calvo Sotelo por Valle Inclán, Avenida Generalisimo por Avenida Castelao, Paseo Gral. Franco por Paseo Rosalía de Castro. Incluía tamén outras posibilidades para as substitucións por se xa coincidirán noutras propostas: Curros Enriquez, Vicente Risco, Alexandre Boveda.

[2027] Cambios: Generalísimo por Castelao, Pai Crespo (sacerdote de Redondela, participou durante a guerra civil cos sublevados por Blanco Amor, Prolongación Picota por S. Allende, Carretera da plaia Cesantes por Rúa de Mendiño, Tramo carretera de Vigo por R. Castro, General Mola por Travesía de Vilavella, Jose Antonio por rúa da Riveira, Calvo Sotelo por Valle Inclán, Avenida de Redondela por Alexandre Bóveda,

[2028] Neste mesmo expediente figura outra páxina da orde do día doutra reunión, do día 18 de abril, na que en canto ao rueiro semella que soamente se decidirá dar o nome de Rosalía de Castro e Pablo Iglesias á rúa entre a Alameda e a estación de tren.

[2029] A proposta asínaa o grupo municipal do PsdeG-PSOE puntualizándose que a "Comisión de Cultura, en reunión celebrada o día 11 do mes de Abril do ano pasado aprobou a proposta de galeguización do rueiro, que presentou o Ponente". Acta municipal da sesión plenaria 9 de maio de 1985.Arquivo Municipal de Redondela.

[2030] Só faltaba da proposta orixinal a do Padre Crespo, sacerdote redondelá participante no guerra cos sublevados. Listado de cambios aprobados:General Mola por Travesía de Vilavella, Alameda por Daniel Rodríguez Castelao, Jose Antonio por Rúa da Riveira, Calvo Sotelo por Avda de Santa Mariña, Estrada á Praia de Cesantes por Avda de Mendiño, e avda del Generalísimo por Avda de Vigo. En acta municipal da sesión plenaria do 30 de decembro de 1987. Arquivo Municipal de Redondela.

Pese a que as modificacións coincidían en boa parte co borrador da Comisión de Cultura do 84, tamén coas propostas do concelleiro comunista, así como daquelas que se produciran no mandato anterior, non se facía ningunha referencia a estes intentos previos. Cuestión que tamén resulta salientable, nese proceso de desmemoria da memoria[2031]. Finalmente, a principios de 1988 fixéronse públicos os cambios (Imaxe 64)[2032].

Foron numerosos os concellos nos que as agrupacións locais do PSOE presentaban mocións para a modificación de rúas franquistas onde gobernaba a dereita, é dicir cando formaban parte da oposición. Cabería preguntarse se a dilixencia para a elaboración deste tipo de propostas era maior nestes casos que cando gobernaba. O acontecido en Redondela apoiaría esta hipótese, cunha dilatación importante na execución da medida e coa ocultación da motivación antifranquista. Outro caso destacado é A Coruña onde a pesar de terse modificado algunhas rúas durante o anterior mandato, como estudamos no anterior capítulo, se mantiñan aínda moitas rúas franquistas. Así o denunciaba o membro da asociación cultural O Facho e militante do PSG J.M. Monterroso nunha reportaxe na que criticaba ao goberno do PSOE:

> Tamén dá ideia do seu "psocialismo" que se mantenha ainda, quase íntegro- com a única excepçom da mentada Praça da Constituiçom- o nomenclátor de guerra do franquismo e o de posguerra do regime, dando ao traste com os miticos liberalismo e libertarismo corunheses[2033].

Por outro lado, o goberno municipal do PSOE en Betanzos emprendía a retirada da Cruz de los Caídos situada nunha céntrica praza[2034]. A actitude "moderada" deste partido escenifícase doutra volta neste caso onde a solución foi o seu traslado ao cemiterio[2035]. Aínda así, habitualmente correspondeulle a outros grupos do centro-esquerda o traballo a favor destes cambios. En Mugardos o BNG, que non obtivera representación institucional, solicitábaos mediante unha carta ao alcalde polo PCG, Manuel Fariña. Así, na súa misiva salientaba o feito de que dez anos despois do inicio da reforma política continuaban nas rúas mugardesas nomes de perseguidores das liberdades democráticas. Para iso propoñían o cambio de once rúas, entre as que se atopaban as máis habituais, como General Franco e Jose Antonio, e outras menos frecuentes, por exemplo o Comandante Lobo[2036]. Nas substitucións tamén se incluían nomes de

---

[2031] Na deliberación a polémica xorde porque esta última proposición da comisión de cultura tratouse nunha reunión á que non acudiron diversos concelleiros, entre eles o concelleiro Sr. Tizón e Blanco Puga e a que non terían sido convocados. En Acta municipal da sesión plenaria do 30 de decembro de 1987. Arquivo Municipal de Redondela.

[2032] O que se pode consultar grazas ao expediente conservado da Comisión de Cultura no que figuran: o acordo da Comisión de cultura datado o 10 de decembro do 87 no que se aprobaba a proposta do Grupo Socialista de facer eses cambios de rúas e polo que se decidía levalo ao pleno; comunicado do
alcalde no que expón publicamente que mediante pleno do 30 de decembro fanse eses cambios de rúas xa sinalados, asinado o 5 de febreiro de 1988, a nota informativa de a que medios de comunicación e institucións envialo, así como o pasquín informativo que entendemos se repartiría pola vila. En Expediente 4955/10. Comisión de Cultura. Arquivo Municipal de Redondela.
Tamén a noticia en prensa na que non se fai referencia á cuestión franquista: En: "Modificado el nombre de seis calles del municipio de Redondela", *La Voz de Galicia,* 17/0271987, p. 28.

[2033] "Pequena historia de umha frustracom: a reforma do nomenclator corunhés", *A Nosa Terra*, nº 247, 31 de maio de 1984, p.8

[2034] Resultados eleccións Betanzos (1983):PSOE (9), AP (5), Independentes (3).

[2035] "Traslado del monumento levantado a los caídos de la guerra civil", *La Voz de Galicia*, 14/05/1985, p.55.

[2036] Lista completa: Carrero Blanco por Cristo, Comandante Lobo por Celso Emilio Ferreiro, Cristo por Paco Filgueiras, Federico Mayo por camiño do cimiterio, Francisco Yáñez Badía por Amada García Rodríguez, General Franco por Alexandre Bóveda, Jose Anotnio por Ramón Cabanillas, Jose Anotnio Primo de Rivera por Eduardo Sánchez,Telefónica por Victorino Rascado, e Pancho Martínez Liera por Travesía de A Pedreira. En "Los nacionalistas solicitan la galleguización del callejero", La Voz de Galicia, 21/03/1986, p.27.

vítimas, Alexandre Bóveda e Amada García entre estes[2037]. No concello de Mugardos existía unha maioría de grupos municipais do centro-esquerda, dez concelleiros de trece totais[2038]. O alcalde Manuel Fariña (PCG) volvía ser alcalde na seguinte, desta volta representando ao PTG, onde tamén obtiña representación o BNG. Foi nesta ocasión, en novembro do 87, cando finalmente se acometeu o cambio dos rueiros[2039]. Esta tardanza pode sorprender nun concello cunha maioría tan ampla da esquerda, o que volve incidir na hipótese pola existiu unha tendencia xeral á demora na presentación e execución das medidas memorialistas cando a organización política de centro-esquerda estaba no goberno municipal en comparación coa celeridade coa a que se presentan as propostas formando parte da oposición.

Existiron, así mesmo, cambios de rúas franquistas enmarcados nun proceso xeral de modificación do rueiro, e polo tanto sen salientar a cuestión memorialista, aínda que esta tendía a brotar polo conflito que levou implícito. Así ocorreu en Noia, onde gobernaba o PSOE coa única oposición de AP[2040]. Pese a tratarse dunha proposta xeral para a toponimia do concello, a sesión plenaria de xullo do 85 resumíase en prensa co titular "Fuerte polémica con la del General Franco". A polémica xurdía pois arredor da posible modificación da rúa en honra do ditador, coa discrepancia manifesta dos edís de AP que finalmente votaron en contra. Estes defenderon a permanencia deste nome "haciendo una gran defensa de la figura del ex jefe del Estado"[2041]. Finalmente modificáronse tres rúas franquistas.

En Neda produciuse outro caso similar. A alcaldía recaía no militante do PCG Carlos Pita pero elixido dentro dunha candidatura independente que tiña dez concelleiros, dun total de trece[2042]. A proposta de cambio global do rueiro foi presentada polo alcalde, aínda que nela traballara nos meses anteriores a Comisión de Cultura[2043] en colaboración con "entidades del movimiento ciudadano"[2044]. Nela incluíronse referencias expresas a esa eliminación de personaxes que recordaban a ditadura ou a "guerra civil"[2045].

[2037] En xuño deste ano dáse conta no pleno do concello entre outras desta solicitude do BNG que se debatería nas próximas sesións plenarias. "El pleno de Mugardos acordó pedir la destitución del delegado provincial de Educación", *La Voz de Galicia*, 10/06/1986, p. 49.
Nese mesmo pleno, o edil de AP denunciou que días antes "se cambiaron los nombres de algunas calles por unos incontrolados e irresponsables y pidió que se tomen las medidas necesarias para que no se repitan estos hechos". "El pleno de Mugardos acordó pedir la destitución del delegado provincial de Educación", *La Voz de Galicia*, 10/06/1986, p. 49.

[2038] Resultados eleccións Mugardos (1983): PCG (6), PSOE (4), AP (3); Resultados eleccións Mugardos (1987): PSOE (4), PTG (4), AP (2), BNG (2), EU (1).

[2039] O cambio produciuse tras un acordo municipal en novembro do 87 no que votou en contra AP e se abstivo o PSOE. Fíxose visible case un ano despois, cando se modificaron as placas. Rúas cambiadas: Aviador Franco por Rúa do Peteiro, Calvo Sotelo por Rúa do Cristo, Carrero Blanco por Os Casás, Comandante Lobo por Avenida de Galicia, Jose Antonio Girón por Alexandre Bóveda, Jose Antonio Primo de Rivera por do Cristo, entre outros sen vinculación franquista. En "Mugardos recupera la vieja toponimia de sus calles con el nuevo callejero ya colocado", *La Voz de Galicia*, 16/08/1988, p.22. Para a elaboración do novo rueiro o concello empregou o ditame dunha comisión de expertos dirixida por Bernardo Maiz, como xa acontencera, segundo o propio Maiz no caso de Ferrol varios anos atrás. "Las calles de Mugardos recuperarán sus nombres populares, tras acuerdo municipal", *La Voz de Galicia,* 29/12/1987, p.26

[2040] Resultados eleccións Noia (1983): PSOE (12), AP (3).

[2041] "El ayuntamiento cambio el nombre a 21 calles de Noia", *La Voz de Galicia,* 14/07/1985, p. 40. Ademais de General Franco, Jose Antonio, Calvo Sotelo.

[2042] Resultados eleccións Neda (1983): Independentes (10), AP (2), PSOE (1).

[2043] "Exposición retrospectiva de fotos históricas de Neda en la biblioteca", *La Voz de Galicia*, 03/11/1985, p.32. e en "El Ayuntamiento de Neda defiende los cambios en la toponimia", *La Voz de Galicia,* 13/12/1985, p. 26.

[2044] "La Avenida Franco pasará llamarse Xubia. El pleno de Neda aprobó la reforma del callejero de la ciudad en la última sesión", *La Voz de Galicia*, 11/12/1985, p.26.

[2045] "La Avenida Franco pasará llamarse Xubia. El pleno de Neda aprobó la reforma del callejero de la ciudad en la última sesión", *La Voz de Galicia*, 11712/1985, p.26.; os rótulos que facían visible o cambio adquríanse en febrero de 1986 onde volvía indicidirse na eliminación de "personajes que recuerdan la época franquista", en "Con los nuevos rótulos callejeros de Neda se recupera el viejo nomenclátor", *La Voz de Galicia,* 18/02/1986, p.40.

USC

5.2.3.A inclusión das vítimas no espazo público

Ademais da eliminación de rúas de exaltación franquista, neste segundo mandato seguiron a producirse inclusións de nomes de vítimas nos rueiros dos concellos galegos. Destaca o caso de Ferrol[2046], onde en 1984 acordábase que unha nova rúa do polígono de Caranza, levase o nome de López Bouza, homenaxeando a quen en 1936 ocupaba os cargos de concelleiro en Ferrol e presidente da Deputación da Coruña. López Bouza foi asasinado polos golpistas tras ser sacado do buque Plus Ultra onde estaba detido[2047]. Este caso é relevante porque nas actas da sesión plenaria queda recollido un feito de interese: a iniciativa correspondéralle á veciñanza, en concreto á Comisión Gestora del Grupo de Viviendas Sociales do polígono de Caranza[2048]. Na proposta, debatida no pleno, describíanse os méritos do finado para outorgarlle a distinción. Pola súa banda Blanco Rouco (AP), seguindo os elementos chave do contraenmarcado, aludía á necesidade de evitar nomes de "personas con significación política" e a posibilidade de que iso xerara no futuro que unha "Corporación de ideologías políticas distintas" cambiase de novo o nome. En resposta a este Eduardo Fra (PSOE) facía un xogo de palabras, aludindo aos "atentados" que se fixeran cos nomes polémicos dalgunhas rúas, explicando como no caso de López Bouza, "no ha sufrido atentado contra su nombre, sinó contra su propia vida". Por outro lado Fra defendía a ausencia de *revancha*, "se trata de aprender a vivir en tolerancia", argumentaba[2049]. Na votación AP abstívose, aprobándose as denominacións cos votos do PSOE e de PCG[2050].

Dous anos máis tarde, en marzo do 86 os familiares de José López Bouza, residentes en Madrid despois dun longo exilio, visitaban a cidade e reuníanse co alcalde para agradecer a homenaxe ao pai. Na noticia que anunciaba a súa chegada dábase conta do falecemento en datas recentes da súa muller, Asunción Fernández Troitiño, que aínda así puidera ver como "el pueblo natal de ella y de su esposo no los había olvidado al reconocerlo con el nombre de una calle"[2051].

Tamén se organizaron homenaxes á vítimas dende o Concello da Coruña[2052]. O 11 de setembro de 1984 o alcalde do PSOE Francisco Vázquez protagonizaba a homenaxe a Ramón Maseda Reinante, presidente da agrupación socialista da cidade, asasinado tras pena de morte o 31 de agosto do 36[2053]. O acto consistía na inauguración do monólito e lápida que o concello colocaba na súa memoria no Campo de Marte, unha urbanización para as clases populares que Maseda promovera. Deste xeito distinguimos outro lugar de memoria diferente ao que habitualmente era elixido. Neste caso a vinculación do espazo coa vítima estaba na vida desta e non na súa morte. Cuestión que por unha banda alude á vida negada da persoa desaparecida

---

Entre os cambios: rúas General Franco, General Mola, Jose Antonio e Obispo Argaya, incluíndose para este último a denominación Castelao.

[2046] Resultados eleccións Ferrol (1983): PSOE (11), AP (10), PCG (4).

[2047] Base de datos Nomes e Voces. http://vitimas.nomesevoces.net/gl/ficha/3581/

[2048] En setembro de 1984 chegara unha proposta á xestora da asociación do grupo de vivendas. Na proposta realizábase unha escolma da biografía de López Bouza, deputada en Cortes na República, "murió fusilado en este ciudad en los albores de la guerra civil". En "Las nuevas viviendas sociales de Caranza dispondrán de "libreta" del contador de agua", *La Voz de Galicia*, 23/09/1984, p.33.

[2049] Acta municipal da sesión plenaria do 27 de novembro de 1984. Arquivo Municipal de Ferrol.

[2050] Tamén breve referencia en: "AP y PSOE no apoyaron la huelga general en el pleno celebrado ayer", *La Voz de Galicia,* 28/11/1984, p.27.

[2051] Pola súa parte o fillo era pintor e debuxante e usaba o mesmo nome que o seu pai. En: "Nombres propios", La Voz de Galicia, 15/03/1985, p.20.

[2052] Resultados eleccións A Coruña (1983): PSOE (14), AP (8), LCU (La Coruña Unida (candidatura) (5).

[2053] Base de datos Nomes e Voces. http://vitimas.nomesevoces.net/gl/ficha/3384/

pero que tamén evitaba a confrontación directa co motivo da súa desaparición: o asasinato a mans do franquismo[2054].

En Vigo, así mesmo, tivo lugar a inclusión de vítimas no rueiro, en concreto de vítimas referenciais no local. Todas elas asasinadas na mesma data e no mesmo pelotón de fusilamento, sendo representantes de institucións públicas, de organizacións políticas, ou ambas as dúas. Destacan o caso de Henrique Heraclio Botana e Jose Antela Conde. Así, en xullo de 1984 a Comisión de Cultura levaba ao pleno o seu ditame favorable á proposta do grupo municipal socialista de nomear Travesía de Heraclio Botana a que nese momento se chamaba Sindicatos[2055]. A moción aprobouse coas abstencións dunha candidatura veciñal e sen a asistencia ao pleno dos concelleiros de AP[2056]. Cabe salientar que en Vigo seguía gobernando o PSOE e o mesmo alcalde que no mandato anterior, Manuel Soto[2057].

Nas actas do pleno non se plasmou a discusión ao respecto desta proposta, tampouco se mencionou quen fora Heraclio Botana[2058], en cambio en prensa este era descrito como "último secretario general de la UGT de Vigo, antes de que fuese proscrito ese sindicato"[2059]. Ademais Botana era o presidente da Agrupación Socialista e anteriormente fora deputado nas Cortes constituíntes de 1931[2060]. Enrique Heraclio Botana foi xulgado en Vigo por rebelión militar con resultado de sentenza a pena de morte. Foi executado o 27 de agosto de 1936 xunto ao alcalde Emilio Martínez Garrido. Non temos unha referencia expresa a que este punto fose salientado neste momento[2061]. Case un ano despois, a UGT celebraba unha homenaxe na rúa "Heraclio Botana" dentro dos actos da celebración do 14 de abril[2062]. Non puidemos contrastar se foi nese intre cando se incluíu a placa na rúa, algo nada estraño tendo en conta que os acordos municipais tardaban meses en executarse[2063].

En decembro do 84 o concello vigués volvía debater a inclusión dunha vítima no rueiro. Desta volta tratábase de José Antela Conde, quen en 1936 ocupaba o cargo de alcalde de Lavadores, e que fora fusilado xunto ao propio Heraclio Botana e Emilio Martínez Garrido, entre outros, o 27 de agosto. Nesta ocasión a proposta defendeuna o concelleiro do PCG Carlos Núñez Rodríguez. Seguindo o trámite que este concello establecera para os cambios de rúas, a proposta foi remitida á Comisión de Cultura[2064]. En outubro do 86 o edil comunista queixábase en pleno polo retraso en dar resposta á súa proposta facendo unha referencia explícita ao

[2054] "Monolito en memoria de Ramón Maseda", La Voz de Galicia, 12/09/1984, p.22.
[2055] Tamén outra rúa que non tería nada que ver co noso tema: Lech Walesa.
[2056] Diverxencia entre a acta municipal, onde se inclúe como asistente a un só concelleiro de AP pero que logo non se corresponde cun voto negativo deste no punto a tratar, como así o facían os concelleiros do grupo independente "e da oposición". En cambio en prensa titulábase precisamente que o destacado do pleno foi a ausencia do grupo popular. É posible que este concelleiro chegase ao pleno e logo se ausentase. Tratábase de Agustían Arca Fernández. Tampouco coinciden os votos totais da proposta, co listado de asistentes, o que nos induce a pensar que non se actualizaba co ir e vir de concelleiros durante a sesión. En Acta municipal da sesión plenaria do 26 de xullo de 1984. Concello de Vigo. E en "La ausencia del Grupo Popular fue la nota más destacada del pleno municipal de ayer", *La Voz de Galicia,* 27/07/1984, p.22.
[2057] Resultados eleccións Vigo (1983): PSOE (12). AP (11), Independientes (3), PCG (1).
[2058] Si había debate e descrición da outra rúa que tamén se acordaba no mesmo punto, e sen relación co noso obxecto de estudo.
[2059] "Piden el nombre de un secretario de UGT para un callejón contiguo a la "Casa del Pueblo*", La Voz de Galicia*, 12/04/1984, p.38.
[2060] Pero a razón de que en prensa soamente se salientase a súa vinculación coa UGT estaba relacionada con quen fora a organización que propiciara esta moción. Porque aínda que nas actas municipais faise referencia a que esta pertencera ao grupo socialista, previamente, en abril, ao concello chegara a solicitude directamente da UGT . "Piden el nombre de un secretario de UGT para un callejón contiguo a la "Casa del Pueblo", *La Voz de Galicia*, 12/04/1984, p.38. Sobre o acordo do pleno en: C.P. "Los concejales tomarán vacaciones en agosto", *La Voz de Galicia*, 28/07/1984, p. 39; "La ausencia del Grupo Popular fue la nota más destacada del pleno municipal de ayer", *La Voz de Galicia*, 27/07/1984, p.22.
[2061] Base de datos Nomes e Voces. http://vitimas.nomesevoces.net/gl/ficha/4928/
[2062] Incidía a UGT que celebraba o aniversario da II República aínda que sinalaba "su respeto a la situación constitucional".
[2063] "Una calle de Vigo llevará el nombre de Enrique Botana", *La Voz de Galicia,* 11/04/1985, p.28.
[2064] Acta municipal da sesión plenaria do 9 de decembro de 1984. Concello de Vigo.

asasinato de Antela[2065]. Na súa intervención tamén se queixaba polos retrasos en torno a outra moción presentada para homenaxear cunha rúa a García Lorca co motivo do 50 aniversario do seu fusilamento"[2066]. Este caso é destacable pois as referencias expresas aos asasinatos e fusilamentos non resultaron habituais nas propostas e homenaxes deste tipo, onde a descrición da vítima centrábase na súa vida e, se se aludía á morte, tendían a evitarse expresións tan directas coma estas. Foi en decembro do 86 cando o Concello de Vigo aprobaba por unanimidade a modificación xeral do nomenclátor onde se incluían as rúas a Lorca e Antela, pero tamén se asignaban oficialmente as rúas a Enrique Blein e Ricardo Mella que xa foran obxecto de aprobación plenaria en anos anteriores[2067].

Mella no foi unha vítima directa da violencia franquista, pero podemos incluílo no grupo de persoeiros vinculados coa II República que tralo golpe de estado foran negados. O mesmo aconteceu co último alcalde durante a República de Soutomaior, Rogelio Landeiro Otero. O acordo para homenaxealo co nome dunha rúa produciuse nas semanas posteriores ás eleccións de maio do 83 pero antes da constitución das novas corporacións. En Soutomaior, tras diversas crises de goberno, a concello estaba xestionado por unha Comisión Xestora[2068]. Fernando Pereira que revalidaría o seu posto na alcaldía, propoñía unha nova denominación para unha rúa de xeito que servise de homenaxe ao último alcalde elixido democraticamente no período anterior á guerra civil[2069]. Describíao Pereira como "un hombre de bien al que se unió una capacidad de gestión, un espírituo razonador y una honda honradez". Durante o pleno tamén se incidiu no afecto e cariño que a veciñanza lle profería[2070]. Meses máis tarde o alcalde comunicaba como o 11 de setembro, data do seu nacemento, tería lugar o acto de colocación da placa, "que significará o recoñecemento a este esgrevio representante do poder popular[2071]. Rogelio Landeiro figura como procesado na base de datos de concelleiros represaliados elaborada pola Deputación de Pontevedra[2072].

5.2.4. As accións institucionais na memoria oficial

En Vilagarcía un ano despois de constituírse a nova corporación, no que a alcaldía pasaba a mans de AP, o grupo municipal da candidatura independente presentaba unha moción ao pleno titulado "nominación de calles"[2073]. Pese a que o título da moción induce a pensar nun

[2065] Acta municipal da sesión plenaria do 21 de outubro de 1986. Concello de Vigo.
[2066] Acta municipal da sesión plenaria do 21 de outubro de 1986. Concello de Vigo.
[2067] Enrique Blein a proposta do alcalde en: Acta municipal da sesión plenaria do 12 de decembro de 1983. Concello de Vigo. Ricardo Mella a proposta de Alfonso Álvarez Gándara en: Acta municipal da sesión plenaria do 21 de decembro de 1984. Concello de Vigo.
Neste pleno de decembro resalta a intervención dunha das concelleiras da candidatura veciñal, a mesma que se abstivera na votación da rúa a Heraclio Botana e que para o caso de Enrique Blein felicitaban á Presidencia pola proposta de nome "moi ben documentada", e laiándose unicamente polo retraso en resolver. Intentamos facernos con esta documentación que argumentaba a necesidade de dotar cunha rúa a Enrique Blein na que segundao esta concelleira, Elvira Espada se incluían "recortes de xornais da época", pero non se deu localizado polo persoal do arquivo.
[2068] En Actas municipais de Concello de Soutomaior. En prensa: "La Corporación provincial afronta hoy el Pleno más difícil de su mandato", *La Voz de Galicia*, 29/01/1983, p.29.
[2069] Resultados eleccións Soutomaior (1983): Candidatura Independente (8), AP (3), PSOE (1), BNG (1).
[2070] Acta municipal da sesión plenaria do 18 de maio de 1983. Concello de Soutomaior.
[2071] Acata municipal da sesión plenaria do 29 de xullo de 1983. Concello de Soutomaior.
[2072] Representatividade institucional republicana e represión na provincia de Pontevedra. Base de datos de concelleiros represaliados.https://arquivos.depo.gal/web/patrimonio/xeracion-perdida/concelleiros-represaliados
[2073] Resultados eleccións Vilagarcía (1983): AP (8), PSOE (8), CIG (3), PCG (1) BNG (1).
Nota: nos resultados electorais da web do Ministerio do Interior hai un erro, e consideran que as iniciais CIG corresponden a Confederación Intrasindical Galega, pero en realidade corresponden á Convergencia de Independientes de Galicia.

caso similar aos xa analizados, coa eliminación dalgunha rúa franquista ou a inclusión do nome dun persoeiro ou vítima no espazo público, esta foi unha proposta diametralmente diferente. Nela poñíase sobre a mesa a restitución de dúas rúas con nomes franquistas que foran eliminadas no mandato anterior. Como se analizou no Capítulo 4, en Vilagarcía fora aprobado un cambio no nomenclátor que afectou ás rúas franquistas de maior significación pero que tamén eliminara o nome de persoeiros do réxime franquista de segunda plana vinculados dalgún xeito coa localidade. Entre eles, a rúa en honra de Rivero de Aguilar que, pese a que o secretario do concello o describira como un benfeitor de Vilagarcía na súa calidade de Director de Renfe e Subsecretario do Ministerio de Obras Públicas, destacou tamén por ser un militar africanista que participou no golpe de estado co encargo de ordenar o tráfico ferroviario. Membro ademais dunha familia relevante no franquismo, seu irmán Ramón participou como fiscal en moitos xuízos militares, entre outros o que condenou a morte a Alexandre Bóveda.

Así mesmo, no primeiro período de goberno democrático modificárase a rúa ao Conde Vallellano, isto é a Fernando Suárez de Tangil, de quen tamén se gabara o seu papel nas obras executadas en Vilagarcía cando ocupara o cargo de Ministro de Obras Públicas[2074]. Ambas rúas estaban, por tanto, dedicadas a homes do réxime. O que a nova moción dos concelleiros independentes pretendía era restituílas. Facíase así efectiva a ameaza que se lanzara no pleno do ano 81 cando se advertía de que esta eliminación podería supor que as rúas se volvesen modificar cando a corporación cambiase de "signo político".

> Quisiéramos que no se viera en esta MOCION fondo político alguno, sinto todo lo contrario. Tampoco debe pensarse en "revanchismo" u outro calificativo que pueda llevar al confusionismo dilatado de querer deshacer algo hecho por otra Corporación, de reciente mandato en el municipio. Nos guía, únicamente, poner cada cosa en su sitio y, si es posible, lo decidimos con mayúsculas, PARA SIEMPRE[2075].

Con estas palabras xustificaban a proposta, acentuando o papel de benfeitores do concello, e en concreto de lugares moi próximos ás rúas que levaron o seu nome. Á proposta do voceiro do PSOE, a moción quedou sobre a mesa "para ser previamente consensuada". E volveu levarse ao pleno en setembro dese mesmo ano, momento no que se establece un debate sobre a mesma. Así, o voceiro do PSOE defendía a actuación da anterior corporación que quixera quitar carga política á denominación de rúas buscando nomes de escritores, poetas e "personas significadas en relación al galleguismo". Por iso, consideraba un erro que se volvesen a nomes de "significación política", considerando que o que para os outros os convertía en benfeitores, "lo único que hicieron fue administrar y dar a Villagarcía lo que se merecía". Interviñeron na mesma liña outros concelleiros do BNG e do PSOE, salientando as palabras recollidas en acta do edil socialista Cora Mouriño quen incidía en manifestar a ausencia de *revanchismo* na denominación de rúas da anterior Corporación. Cos votos a favor de AP e os independentes e en contra da oposición de centro-esquerda (PSOE, BNG e PCG), o alcalde empregou o seu voto de calidade para que a moción saíse adiante.

En 2014, nun artigo sobre as permanencias franquistas en Vilagarcía, nomeábanse estas dúas rúas. Pero resulta curioso como este suceso que acabamos de relatar non se reflexa no texto. Nada se fala deste conflito, desta primeira eliminación e da posterior restitución. Isto, por

USC

[2074] Informe do secretario municipal, maio 1981. Expediente cambio nomes rúas, U.I. 51 Nº 11. Arquivo Municipal de Vilagarcía de Arousa.
[2075] Acta municipal da sesión plenaria do 31 de xullo de 1984. Arquivo municipal de Vilagarcía de Arousa.

tanto, lévanos doutra volta, a esta reflexión xeral sobre o acontecido no noso período en estudo como un proceso de desmemoria da memoria[2076].

Ademais deste caso, por agora único de restitución de rúas franquistas, foron salientables varias permanencias de monumentos de exaltación franquista. Xa se mencionaron no anterior capítulo casos como a permanencia da estatua de Franco en Ferrol ou da Cruz dos Caídos de Vigo que, pese ás intervencións que suavizaron a mensaxe de exaltación franquista, permanece a día de hoxe no seu enclave fronte á casa consistorial. Un proceso similar, pero con diferente desenlace, aconteceu co monólito levantada nas illas Cíes. En 1984 o grupo municipal do PSOE, presentou unha moción relacionada con este monumento de exaltación franquista inaugurado no arquipélago en 1961 en conmemoración do 25 aniversario do "Alzamento"[2077].

A moción asinada por González Príncipe, voceiro do grupo socialista e, por tanto, do grupo de goberno, propoñía a eliminación dos símbolos e emblemas do réxime franquista "que só serven, no momento actual, para sementar divisións entre os españois e os galegos"[2078]. De xeito similar ao acontecido para o caso da cruz dos Caídos do centro de Vigo, propoñíase a resignificación do monólito. Neste caso o cambio de significado proposto era máis potente, ao non tratarse da substitución habitual dos "Caídos por España" por "todos os mortos" senón que se pretendía dedicar o monólito a "tódolos traballadores do mar, protagonistas sobranceiros do engradecemento da nosa cidade"[2079]. A discusión no pleno foi intensa. Mentres os independentes e os populares tentaban dilatar o proceso enviando a proposta á Comisión de Cultura, o concelleiro socialista, Jorge Parada Mejuto entendía que o monólito en si mesmo era un símbolo franquista polo que se debía demoler. A isto respondeu o edil de AP, Fernando García del Valle, despregando unha das claves da argumentación antimemoralista: a do "respecto á historia". Así expresaba: "a historia é a historia como tamén foron invasores os romanos e por iso non se derrubaron as súas pontes"[2080]. A moción saíu adiante pese aos votos en contra de AP e os independentes que cualificaba de impresentable e precipitada a forma en que se presentara a moción[2081].

É significativo que, días antes deste debate, as agrupacións ecoloxistas de Galicia mantiveran unha xuntanza en Carballiño na que consensuaran diversas demandas sobre o futuro das illas Cíes, entre elas pedían "que el parque sea liberado de los símbolos políticos como ocurre con la permanencia del monolito de su entrada"[2082]. E propoñían que se reconvertese nun monumento á natureza. Pese á diferenza na nova significación, non sería estraño que esta demanda pública, que tivera repercusión en prensa, fose o detonante preciso para que, xusto sete días despois, se presentase a moción no pleno municipal.

[2076] Na nova do 2014 aludíase soamente a un intento posterior de eliminación da rúa en honra a Rivero de Aguilar por petición veciñal, ao que o alcalde (do PSOE) considerou dotarlle de outra rúa. En Bouza, O.: "La república sin plaza y los franquistas con calle en una Vilagarcía desmemoriada", *Diario de Arousa,* 13/04/2014. La república sin plaza y los franquistas con calle en una Vilagarcía desmemoriada (diariodearousa.com)

[2077] "El monolito de las islas Cíes en homenaje a Franco sigue ahí", *La Voz de Galicia*, 16/10/2007. https://www.lavozdegalicia.es/noticia/vigo/vigo/2007/10/16/monolito-islas-cies-homenaje-franco-sigue-ahi/0003_6231053.htm

[2078] Acta municipal da sesión plenaria do 26 de setembro de 1984. Concello de Vigo.

[2079] *Íbidem.*

[2080] *Íbidem.*

[2081] "Los "tragaperras" aportarán 71 millones anuales al ayuntamiento", *La Voz de Galicia*, 28/09/1984, p.31. Tamén nova do acordo en: "El derribo del "scalextric", la plataforma y el Colegio Universitario", *Faro de Vigo*, 28/09/1984, p. 19.

[2082] "Los grupos ecologistas apoyan la ampliación del parque de las Cíes y las demás islas atlánticas", *La Voz de Galicia* 19/09/1984, p.24. e tamén en " Proyecto para incluir en el par de las Cíes su fondo submarino", *La Voz de Galicia*, 21/09/1984, p.17.

Pese ao acordo plenario para a retirada dos símbolos e emblemas franquistas no monólito das Cíes durante o período en estudo non se localizou ningunha fonte que ratifique a súa execución. Ademais, nove anos despois, o concello vigués anunciou en prensa a finalización dunha serie de obras nas illas entre as que se atopaba a reforma do monólito. Esta incluía a eliminación de todas as inscricións. Pero na nova publicada en xullo do 93 salientábase que as inscricións non se perderían posto que foran incluídas "en una placa de bronce que también recoge la actual reforma"[2083]. Polo tanto non só non se executara o acordo plenario de 1984, senón que as inscricións volveron a ser colocadas trala reforma nunha placa de bronce[2084]. Neste momento a alcaldía recaía tamén nun socialista, Carlos Príncipe. Pese a que nese momento o Padroado que xestionaba as illas descartara a demolición do monólito por cuestións loxísticas, esta solución chegou outra década máis tarde, coa xestión das illas na Xunta de Galicia durante o bipartito PSOE-BNG e en cumprimento da lei de memoria histórica[2085].

Durante os dez primeiros anos do novo sistema, foron moitas as permanencias da simboloxía franquista no territorio. Entre as que denominamos "grandes permanencias" salientamos, xunto a este gran monólito na boca da ría de Vigo, un gran monumento en honra ao alzamento militar situado no centro da cidade de Pontevedra que por inaugurarse en 1986 será tratado no apartado 5.5.

5.3. AS ACCIÓNS DA SOCIEDADE CIVIL (83-85)

Neste último período en estudo diversos actores e colectivos da sociedade civil promoveron actividades de memoria, destacamos como axente memorial a delegación da asociación Amical de Mauthausen e como novo repertorio destacado as exposicións.

5.3.1. As asociacións da memoria: a Amical de Mauthausen

Como xa aconteceu coa anterior asociación memorialista estudada, para analizar os pasos da Amical de Mauthausen en Galicia, é convinte atender ao que ocorreu nos anos anteriores, na clandestinidade e fóra de Galicia. Ademais, para analizar a información sobre o percorrido desta organización memorial en Galicia, resulta indispensable atender a súa líder, Mercedes Núñez Targa.

Ao igual que Manuel Pillado, Mercedes Núñez tiña recordos ben nítidos do golpe e a execución da violencia posterior. Ela mesma era vítima desa violencia e da ola de fascismo que asolou Europa converténdose nunha das miles de deportadas españolas en campos de concentración nazis. E aí mesmo está a orixe desta asociación, a Amical de Mauthausen. Como xa a tratamos no capítulo 1, esta entidade fora fundada por deportados que nos anos 60 retornaran do exilio e se instalaran en Catalunya. Ao igual que acontecía coa Asociación de Expresos, a súa conexión co exterior e por tanto co memorialismo europeo que buscaba a

[2083] "El concello terminó la reforma del monolito de Cíes", *La Voz de Galicia*, 08/07/1993, p.37.
[2084] Segundo unha nova de La Voz de Galicia de 2007 en 1996 eliminaranse a simboloxía franquista. Non puidemos confirmar este extremo, considerando que se poderían referir á reforma de 1993. En: "El monolito de las islas Cíes en homenaje a Franco sigue ahí", *La Voz de Galicia*, 16/10/2007. https://www.lavozdegalicia.es/noticia/vigo/vigo/2007/10/16/monolito-islas-cies-homenaje-franco-sigue-ahi/0003_6231053.htm
[2085] "Derribado un monolito franquista en las islas Cíes", *RTVE*, 01/07/2008. https://www.rtve.es/noticias/20080701/derribado-un-monolito-franquista-en-las-islas-cies/109832.shtml

reparación das vítimas de crimes contra a humanidade, sitúana nunha determinada linguaxe, retórica e reivindicacións, afastadas do discurso da reconciliación.

Esta conexión evidenciábase xa nas súas orixes, persoas que viviran boa parte da súa vida trala guerra no exilio europeo, e que alí obtiveran o trato de vítimas e, sobre todo, de "resistentes". Participaran así na Amicale des Déportés, Familles et Amis de Mauthausen e na Federación Española de deportados e Internados Políticos fundada en 1947[2086]. Unha conexión que seguiu trala fundación da asociación no Estado español, ao formar parte esta das federacións e redes de asociacións de resistentes e deportados que existían no territorio europeo.

Mercedes Núñez foi unha desas persoas, resistente, deportada e activa na reivindicación política e tamén memorialista dende a súa longa estancia en Francia. Filla dun galego residente en Catalunya, nada nunha familia acomodada, dende ben nova comezou a súa militancia, primeiramente na órbita anarquista, para finalmente rematar no PSUC. Tralo golpe e dende Barcelona traballou no partido na resistencia e despois da guerra foi enviada a Galicia para reactivar o Partido Comunista. Tras un tempo na clandestinidade foi detida e enviada ao cárcere de Ventas, onde pasou uns anos que a marcaron enormemente, polas condicións de vida infrahumanas e a brutalidade das carcereiras. Tras uns anos en liberdade vixiada logrou fuxir a Francia onde, como lle aconteceu a boa parte dos cidadáns españois exiliados, rematou formando parte da resistencia ao réxime de Vichy. Núñez Targa foi deportada aos campos de concentración nazi, a liberación colleuna gravemente enferma. Como os demais españois en campos nazis, converteuse nunha apátrida, ao non ser reclamada polo goberno franquista. Finalmente instalouse en Francia onde foi condecorada coa "Légion d´Honneur", a Medalla Militar, a Cruz do Combatente Voluntaria da Resistencia, a Medalla da Deportación e Internamento por feitos da Resistencia, a Cruz de Guerra 1939-1945 e a Cruz do Combatente. En 1945 participou no proceso de Nuremberg como testemuña do xuízo contra o torturador da Gestapo René Bach.

Durante os anos que viviu en Francia, Mercedes tivo unha intensa actividade no asociacionismo e o memorialismo formando parte do Movimiento por la Paz e a Unión de Femmes Françaises, e participando en congresos sobre a deportación nos que ofrecía a súa testemuña en distintos países, entre eles Francia, Bélxica, Holanda, Polonia ou Gran Bretaña. Tamén colaborou en numerosas publicacións, tanto francesas como españolas, e coordinou un programa radiofónico na emisora Pirenaica "De Ribadeo a Tuy".

Moi activa nas redes do exilio e en concreto no PCE, Núñez volveu ao Estado español en 1975, aínda que catalá de nacemento, nunca perdera a relación coas súas orixes, o que se evidenciaba tanto nos pseudónimos que empregaba como no seu papel na creación do Partido Comunista de Galicia (PCG). Deste xeito formou parte do seu primeiro Comité Central xunto a Enrique Líster e a Santiago Álvarez. Escribiu dous libros de memorias, o primeiro describindo a súa experiencia no cárcere de Ventas, e o segundo sobre o seu paso polos campos nazis. O primeiro publicouse no exilio en 1967 e o segundo, en 1980 en Catalunya[2087]. A súa exposición pública no Estado español, por tanto, comezou antes de acometer o liderado da Amical en Galicia[2088]. Temos constancia de entrevistas e participación en coloquios ao menos dende 1977,

[2086] Ver máis Torán (2008) ou https://amical-mauthausen.org/mision-valores-e-historia/

[2087] Construímos esta breve biografía baseándonos na "Biografía de Mercedes Núñez Targa", incluída na publicación dos seus dous libros memorias nun único exemplar: Núñez, M. (2016). *El valor de la memoria. De la cárcel de Ventas al Campo de Ravensbrük.* Editorial Renacimiento. Esta biografía foi escrita polo seu fillo Pablo Iglesias Núñez e Ana Bonet Solé, pp.263-279.

[2088] Antes de continuar queremos facer un inciso para reflexionar sobre como a día de hoxe unha persoa coa bagaxe de Núñez Targa é practicamente unha descoñecida. O descoñecemento xeneralizado desta figura dun importante valor polo seu papel

onde o relato da súa experiencia tiña un papel protagonista[2089]. En abril de 1983 Mercedes apareceu nas páxinas de *A Nosa Terra* relatando o terror vivido nos campos nazis, a morte, a tortura, a desnutrición..

> O nazismo aínda non o entendín. Non eran xente que tiña un ódio dese pasionais. Era unha cousa fría, calculada. Estaban matando a un e estábanse rindo. Eu penso que nen nos odiaban... non parecían nen persoas. Era unha cousa científica[2090].

Na entrevista centrada na súa experiencia nos anos corenta, se deslizaba unha reflexión sobre o presente, sobre a situación atormentada dalgúns dos deportados, tamén sobre a continuidade do fascismo. Esta posición antifascista e pacifista de Mercedes coincidía coa que mantiña a Amical, que resalta pola súa oposición á entrada do Estado español na OTAN.

> Algúns estaban esperando a liberación para morrer, outros, case cuarenta anos despois, aínda non cren nesa liberación. Aínda siguen vivindo nun campo de concentración, polo menos o seu espírito está apreixoado naqueles recordos que marcaron indelebelmente a súa vida. E agora que lles falen dos xudeos, e das matanzas dos palestinos aqueles mesmos que sacrificaron ao seu povo. A historia é tan curta que para moitos parece unha película. O pior é que moitos hoxe están facendo papeis que non lles corresponden, á espera de poder interpretar a mesma película do fascismo. Unha reposición onde cámbian os actores pero están as mesmas persoaxes[2091].

Un mes despois desta conversa, e nun evidente paralelismo co seu traslado dende Catalunya en 1939 para reactivar o PCE en Galicia, Mercedes Núñez era agora enviada dende a Amical de Mauthausen catalá. O nomeamento produciuse na asemblea anual da asociación que tivera lugar en Lleida en maio de 1983, xusto despois da inauguración do primeiro monumento en homenaxe aos deportados no Estado español[2092].

Ademais da localización dos deportados e a demanda de indemnizacións para estes e as súas familias, o Amical tamén tiña como obxectivo facer visible ás vítimas da deportación a través da erección de monumentos en todas as cidades do estado. O de Lleida foi o primeiro de ducias de monumentos impulsados pola Amical, a meirande parte deles construídos por iniciativa institucional pero tamén algúns foron levantados por familiares ou subscrición popular, en Catalunya, Valencia e Andalucía, principalmente. Estes tiveron que facer fronte a diversos ataques. En Lleida o día antes da inauguración, o monumento apareceu vandalizado coa cruz gammada[2093].

---

activo na resistencia ao fascismo evidencia a situación da muller na historiografía, onde aínda queda moito por facer para que a igualdade no tratamento da relevancia histórica de homes e mulleres se materialice axeitadamente.

[2089] A modo de exemplo, participación na charla sobre *La mujer ante las elecciones,* xunto a Elvia Landín e Irene Luz en Vigo en maio de 1977. "Charla sobre la mujer antes las elecciones", *Faro de Vigo,* 31/05/1977, p.15.; Artigo sobre a experiencia de Mercedes dende a resistencia e a clandestinidade no Estado español escrita por Xesus Alonso Montero: "Mercedes Núñez: unha galega nun campo de concentración", *Faro de Vigo*, 30/04/1982, p. 92.

[2090] Eiré, A.: "Mercedes Núñez, aos 40 anos de ser liberada. Así vivin nun campo de concentración nazi", *A Nosa Terra*, nº219/220, 15 a 21 de abril de 1983, p.9.

[2091] *Íbidem.*

[2092] Noutra orde de cousas, Mercedes non estivera no campo de Mauthausen, senón no de Ravensbrück. A ampliación das persoas integrantes da amical, máis alá do campo de Mauthausen materializouse no cambio de nome en 1984 cando pasou a denominarse "Amical de Mauthausen y otros campos y de todas las vítimas del nazismo en España" (Torán, 2008, p. 92).

[2093] Torán, R. (2008). *Amical de Mauthausen: lucha y recuerdo. 1962-1978-2008*. Edición propia, pp.91-92.
Tamén se incluíu a inscrición "Mir miente", en referencia ao deportado Antonio Mir e a entrevista que realizara días antes en prensa relatando a súa traxectoria en Mauthausen. Nos mesmos días en Lleida unha placa en homenaxe aos fusilados tralo golpe recibiu varios impactos de bala.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Imaxe 65. Mercedes Núñez Targa na asemblea anual do Amical de Mauthausen, Maio de 1983



Fonte: Torán, R. (2008). *Amical de Mauthausen: lucha y recuerdo. 1962-1978-2008*. Edición propia, p.91.

Trala inauguración, Núñez, a socia número 8 da Amical, e por tanto pertencente ao seu núcleo xerminal, participou na asemblea poñéndose á fronte dunha comisión da Amical en Galicia. Facíao xunto a dous galegos máis, procedentes de Verín e de Betanzos, dos que non transcenderon os nomes. Así o explicaba Núñez meses despois:

> Entre los tres- relata- comenzamos a pensar que era necesario encontrar al resto de los deportados que viven en Galicia y ver qué se puede hacer por ellos y defender sus reivindicaciones. Además nos animamos a divulgar lo que ocurrió en aquel tiempo e incluso animar a los ayuntamientos a tomar ejemplo del de Lérida. La Amical nos ha dado todas las facilidades para que hablemos en su nombre[2094].

A nivel documental non localizamos probas de que esta delegación fose inscrita nos rexistros oficiais. Pero si dispoñemos de importantes fontes hemerográficas e a testemuña do fillo de Núñez, Pablo Iglesias, que dan conta da súa actividade a partir de maio de 1983 e ata o falecemento de Núñez en 1986.


A constitución da comisión galega da Amical comandada por Núñez foi obxecto de publicacións en *A Nosa Terra, La Voz de Galicia* e *Faro de Vigo*, o que parece indicar a existencia dunha nota de prensa da organización. E é lóxica esta difusión se pensamos en cal era un dos obxectivos principais da comisión: localizar os deportados e deportadas galegas que, á súa vez, tiña unha dobre finalidade. Por unha banda poder coñecer a magnitude do fenómeno e por outro axudar na concesión das indemnizacións que nese momento o goberno alemán acordara aplicar a deportados e familiares[2095]. Así mesmo, seguindo o exemplo do acontecido

[2094] Ramos, F.: "Alemania busca a los gallegos que sobrevivieron a los campos de concentración del nazimos", *La Voz de Galicia*, 10/07/1983, contracuberta.
[2095] "Os antiguos deportados galegos organízanse", *A Nosa Terra*, nº225, do 23 ao 29 de xuño de 1983, p. 5.

en Catalunya, pretendíase que algún concello de Galicia rendese homenaxe aos deportados. Barallábanse tres posibilidades en base á maior concentración de persoas vítimas da deportación coñecidas ata ese momento, A Coruña, a Pobra do Caramiñal ou Vigo[2096]. En canto á cobertura resulta interesante atender a como variaban os titulares segundo o xornal. Así mentres *A Nosa Terra* focalizaba a atención na asociación, "os antigos deportados galegos organízanse"[2097], nos medios xeralistas os titulares centrábana na acción do goberno alemán que "buscaba" aos galegos para compensalos pola súa estadía en campos de concentración[2098]. Do mesmo xeito destacábase o papel de Mercedes Núñez o que, por tanto, diluía a relevancia da Amical como organización.

De todos xeitos resulta evidente o protagonismo estratéxico de Mercedes Núñez, quen se poñía á fronte das conferencias de prensa, ofrecía charlas e conferencias, e aportaba os seus datos de contacto mentres os outros dous compañeiros deportados mantíñanse no anonimato[2099]. Mercedes explicaba tamén en que consistía a súa actividade máis repetida: a proxección da película *Noche y Niebla* en colexios e todo tipo de entidades, "para que la Humanidad nunca más repita aquellos horrores"[2100]. Esta iniciativa, da que formara parte en Catalunya, estendeuna a Galicia, perseguindo así outro dos obxectivos fundamentais do Amical, "dar a conocer a la gente joven lo que había ocurrido en aquellos campos"[2101].

Gráfico 67: Obxectivos do Amical de Mauthausen



Fonte: elaboración propia.

[2096] "Os antiguos deportados galegos organízanse", *A Nosa Terra,* nº225, do 23 ao 29 de xuño de 1983, p. 5. E Ramos, F.: "Alemania busca a los gallegos que sobrevivieron a los campos de concentración del nazimos", *La Voz de Galicia,* 10/07/1983, contracuberta.

[2097] "Os antiguos deportados galegos organízanse", *A Nosa Terra,* nº225, do 23 ao 29 de xuño de 1983, p. 5.

[2098] Era a Amical quen buscaba aos galegos e non Alemaña que simplemente acordaba as posibles indeminzacións. En Ramos, F.: "Alemania busca a los gallegos que sobrevivieron a los campos de concentración del nazimos", *La Voz de Galicia,* 10/07/1983, contracuberta.

[2099] Tanto na noticia de *A Nosa Terra* como a de *La Voz de Galicia* non se inclúen os seus nomes.

[2100] Ramos, F.: "Alemania busca a los gallegos que sobrevivieron a los campos de concentración del nazimos", *La Voz de Galicia*, 10/07/1983, contracuberta. Nota: ademais nesta noticia narrábase a experiencia de Mercedes Núñez, dos campos de concentración nazi, etc polo que tamén cumpría unha función divulgativa.

[2101] Ramos, F.: "Alemania busca a los gallegos que sobrevivieron a los campos de concentración del nazimos", *La Voz de Galicia,* 10/07/1983, contracuberta.

USC DE COMPOSTELA

Neste sentido Núñez no inicio do curso escolar do 83 participou nas VII Jornadas de la Enseñanza falando ante cincocentos docentes en Santiago de Compostela "con el afán de informarles para que ellos, adecuadamente expliquen a sus alumnos esta faceta de la historia". Explicou os datos que recompilara a agrupación catalá da Amical, contabilizando un cento de galegos exterminados nos campos nazis de Mauthausen e Gusen entre 1942 e 1943. Pero ademais deste obxectivo divulgativo, coa súa visita tamén buscaba localizar a algún outro sobrevivinte, viúva ou fillo de deportados.

> Se da el caso de familias que hasta hace poco tiempo desconocían que sus miembros habían quedado enterrados en estos campos de exterminio, creyendo que habían caído en la zona republicana española[2102].

Nos seguintes meses temos constancia da súa visita a diversas localidades galegas, nas que primeiramente se proxectaba a película *Noche y niebla* rodada no campo de Mauthausen e posteriormente tiña lugar un coloquio. En Ponteareas a organización correspondeu a dúas persoas, unha das cales logramos identificar como o responsable da agrupación do PCG no Condado pero tamén participante en asociacións de veciños e en comisións de festas[2103]. En Vilagarcía de Arousa a organización correspondeu a Asociación cultural Xiria, titulando a actividade *O nazismo e os campos de concentración* e definindo a Núñez como "veterana galega antifascista e resistente ao fascismo"[2104]. Na Guarda foi organizada por CCOO en conmemoración do Ano Internacional da Paz en xaneiro de 1986[2105].

Nas noticias sobre estes actos non se aludía a que fose a delegada da Amical. Pola contra, si se mencionou o seu cargo na noticia sobre a xuntanza que mantivo co alcalde da Coruña en abril dese ano 86[2106]. No encontro, Mercedes entregoulle simbolicamente un listado das persoas nadas na provincia da Coruña falecidas nos campos á vez que solicitaba a erección dun monumento na súa honra. Segundo se recollía en prensa, a idea tivo unha boa acollida polo alcalde quen suxerira colocar un monólito no cemiterio de San Amaro[2107]. Mercedes Núñez faleceu subitamente pouco despois, deixando como legado un censo de douscentos galegos mortos nos campos de concentración nazis[2108]. Tralo seu deceso non localizamos máis información sobre a delegación da Amical en Galicia, o que reforza a teoría do seu papel imprescindible na delegación, motor sen o que esta non continuou.

Esta iniciativa, de limitado alcance temporal e organizativo, resulta aínda así relevante por introducir novas lóxicas discursivas no ámbito do memorialismo en Galicia. Núñez Targa seguindo a estela do seu activismo en Francia, non se consideraba unha vítima, senón un soldado[2109]. Reproducía o imaxinario nado entre os resistentes franceses, e no desenvolvemento desa figura de resistente, que así e todo, co paso do tempo, foi recollendo tamén boa parte das características dese outro memorialismo baseado na figura da vítima e da educación no "nunca

[2102] "Más de cien gallegos, exterminados en campos de concentración nazis", *Faro de Vigo*, 02/09/1983, p. 30.
[2103] Rodríguez, G.: "Hoy se proyectará la película "Nuit e Blouirllard", *Faro de Vigo,* 04/02/1984, p. 33.; Casimiro Ucha como responsable do PCG do condado en: "Califican de ilegal la djudicación de los terrenos de la feria de Ponteareas", *La Voz de Galicia,* 06/09/1984, p. 26.
[2104] "Charla y proyección sobre los campos de concentración y el nazismo", *Faro de Vigo,* 08/04/1984, p.41.
[2105] "Año Internacional de la Paz", *Faro de Vigo*, 22/01/1986, p.28.
[2106] "El alcalde recibió a una superviviente de Ravensbruck", *Faro de Vigo,* 09/04/1986, p.20.
[2107] "La crueldad de los nazis fue muy superior a todo lo que sobre ella se ha dicho, escrito y recreado en la ficción literaria o cinematográfica", *La Voz de Galicia*, 09/04/1986, contracuberta.
[2108] Iglesias, P. e Bonet, A. "Biografía de Mercedes Núñez Targa", en Núñez, M. *El valor de la memoria. De la Cárcel de Ventas al Cmo de Ravensbrück*, editorial Renacimiento, p. 278.
"Falleció en Vigo Mercedes Núñez, superviviente de los campos nazis", *La Voz de Galicia*, 07/08/1986, p.19.
[2109] En "Falleció en Vigo Mercedes Núñez, superviviente de los campos nazis", *La Voz de Galicia,* 07/08/1986, p.19.

máis". Cuestións que o distinguen das accións da memoria impregnadas do discurso da reconciliación.

A Amical, xunto coa Asociación de Expresos e a Liga de Mutilados, conforman as tres asociacións memorialistas que existiron en Galicia no período en estudo. As tres coa súa orixe en Catalunya e un curto percorrido en Galicia. Aínda así debemos mencionar dous proxectos memorialistas, procedentes tamén de Catalunya, que non terminar por xerminar, detectados a través da fonte hemerográfica. Por unha banda a Associació d´Ex-carrabiners de la República, 1936-1939, que en xuño de 1984 facía un chamamento aos excarabineiros galegos ou os seus familiares para que acudisen á unha reunión na capital catalá preparatoria da manifestación que tería lugar días despois. Denunciaban a discriminación que sufrían no recoñecemento dos seus dereitos e proclamaban: "seamos dignos del uniforme y la causa que defendimos, la democracia"[2110].

Similar feito produciuse no caso dos presos sobreviventes do campo de concentración de Oia. Neste concello da costa sur de Pontevedra a veciñanza recorda como durante os anos setenta e oitenta se sucedían as visitas de persoas procedentes de Catalunya[2111]. O mosteiro de Santa María de Oia actuou como campo de concentración en diversos períodos tralo golpe de estado. En 1984 temos documentadas dúas visitas de expresos cataláns ao mosteiro. Un deles foi Jose Oliveira Borras quen en prensa relataba con detalle a súa estancia no campo. Contaba tamén a emoción que sentira ao volver a Santa María de Oia, "lloré como un niño"[2112]. Pero ademais, Oliveira corroboraba a memoria da comunidade ofrecendo un dato de interese, o seu non era un caso único, outras persoas e familiares de presos volveran a Oia. Así llo contara unha familia catalá que viaxara tempo atrás ao mosteiro e lle explicara como as visitas ao cemiterio dos presos debían ser frecuentes pois sobre as tumbas dos seus antigos compañeiros había flores frescas[2113]. Ademais do cemiterio como lugar de memoria e desaparecido a día de hoxe, outro expreso falaba tamén en prensa da relevancia doutros espazos do campo. Referíase en concreto as estancias onde, amoreados como gando, debuxaban e escribían nas paredes. Jose Betriu Llorens por segunda vez dende que estivera preso, volvera ata Oia, e alí, grazas a deferencia do propietario do mosteiro puidera contemplar "aquellas naves en cuyas paredes están nuestros recuerdos, pura nostalgia, en forma de inscripciones de lo más variado; dibujos, calendarios con una cruz por cada día pasado allí, poesías, prosa, firmas con apellidos catalanes la mayoría... nostalgía", referíase a ese lugar como "o seu santuario". Tamén se expresaba emocionado pola intención do propietario de conservalo. Así Betriu despedía a súa carta facendo un chamamento a outros presos, e unha idea que quedaba no aire: "quizá sea el momento de crear una asociación"[2114]. A proximidade do tempo das dúas visitas, ambas en 1984 poderían facernos considerar algún tipo de vínculo entre os expresos, que de todos os xeitos estableceríase en Catalunya. Pero non dispoñemos de ningunha fonte que sexa proba da

[2110]. Esta asociación estaría acompañada na manifestación de militares, aviadores e mutilados, persoas de Francia, Alicante e Valencia. "Nombres propios", *La Voz de Galicia*, 14/06/1984, p. 63
Polo momento non foron localizadas máis fontes que poidan discernir se finalmente acudiron os carabineiros galegos, ou se a asociación puidese ter sido replicada en Galicia.

[2111] Diversas persoas que viviron en Oia nese tempo nos comunican este feito: "o goteo de expresos e familias era constante":

[2112] Parada, C.: "Un catalán visita en Santa María de Oia el lugar donde estuvo prisionero, en la guerra", *La Voz de Galicia*, 04/04/1984, p.24.

[2113] Oliveira non foi quen de atopar o cemiterio. En C.P.: "Un viejo cementerio con flores", *La Voz de Galicia*, 04/04/1984, p.24.
A día de hoxe o cemiterio está desaparecido. No seu momento situado en terreos ao norte do mosteiro, estes foron desenterrados en épocas posteriores, sen saberse con total seguridade, onde remataron os restos e cantos foron os falecidos. En Costas, F.J. (2022, pp. 105- 107)

[2114] Betriu Llorens, J.: "Santa María de Oya: campo de concentración", *Diario de Terrassa*, 28/11/1984. Documento cedido por Fernando Javier Costas Goberna.

constitución dalgún tipo de comisión ou agrupación entre eles. Aínda así estes dous feitos afondan nunha dinámica que se ven detectando ao longo deste traballo, a vinculación da mobilización social catalá con Galicia, o vector de pulo ou tracción que Catalunya constituíu para outros territorios como o galego.


5.3.2. As accións divulgativas: as primeiras exposicións da "guerra civil" en Galicia

Durante esta última etapa seguiron a desenvolverse accións divulgativas consistentes en charlas, coloquios ou conferencias, impulsadas principalmente polas asociacións culturais. Pero ademais proliferaron as exposicións como outro formato de interese. A primeira iniciativa deste tipo, localízase en Ferrol, e foi promovida polo Ateneo Ferrolán. Inaugurouse en outono de 1983 no edificio rehabilitado polo propio Ateneo, baixo o nome *Exposición sobre la iconografía de la guerra civil*[2115]. A mostra contaba con material gráfico, sonoro e audiovisual[2116]. Esta exposición fora elaborada polo Ministerio de Cultura xirando con anterioridade por diversas cidades españolas. Poderíamos dicir que esta iniciativa en Ferrol tivo unha dobre vertente social-institucional. Tralo período de exhibición o Ateneo cedeu a exposición aos concellos veciños de Narón e Neda, onde se habilitaron espazos nas súas Casas da Cultura[2117]. Non se sabe con seguridade a quen correspondeu a organización da exposición nestas dúas localidades, pero consideramos probable a implicación do concello, ao expoñerse nas súas instalacións e aparecer a noticia nas páxinas en prensa sobre a institución local[2118]. Este é o caso do acontecido na Coruña, onde a mesma exposición expuxérase semanas antes de viaxar a Ferrol, para o cal o concello coruñés destinara á delegación provincial do Ministerio de Cultura unha axuda económica de 37.000 pesetas para sufragar os gastos da mostra[2119].

Todas estas exposicións exhibidas en localidades coruñesas, tiñan a súa orixe na exposición que tres anos antes elaborara un grupo de profesionais e investigadores co concurso da Dirección General de Archivos y Bibliotecas del Ministerio de Cultura, dotándose de boa parte do material procedente do Arquivo Histórico de Salamanca[2120].

[2115] "Los grabados de Picasso llegaron ya para la exposición que abre el 23", *La Voz de Galicia,* 19/11/1982, p.24. Os preparativos comezaran en novembro do anterior, cando se databa a inauguración en marzo de 1983, que finalmente se retrasou.
[2116] "El Ateneo inicia hoy un ciclo dedicado a León Felipe", *La Voz de Galicia*, 26/09/1983, p.32.
E anuncios da exposición en "Exposiciones", 01/10/1983, p.25; en "Exposiciones", *La Voz de Galicia,* 06/10/1983, p.31., en "Exposiciones", 04/10/1983, p.21 e en "Exposiciones", 07/10/1983, p.27.
[2117] "Exposiciones", 22/10/1983, p. 31. Grueiro, M.P.: "Trescientos vecinos debatieron la problemática urbanística de La Solana", *La Voz de Galicia*, 22/10/1983, p. 35. E en "La biblioteca pública de Neda festejó haber superado los mil socios", *La Voz de Galicia*, 25/10/1983, p.28.
[2118] Grueiro, P. "El Pleno de Neda delcaró el ´termino zona no nuclear", *La Voz de Galicia*, 29/10/1983, p. 39.
[2119] "El Ayuntamiento entregará el 7 de diciembre banderas constitucionales a los colegios públicos", *La Voz de Galicia,* 08/11/1983, p. 31.
[2120] Liste, A. : "La muestra que expone el Ateneo, una visión imparcial de la guerra civil", *La Voz de Galicia*, 02/10/1983, p. 37.

Imaxe 66. Cartel da exposición *La Guerra Civil Española* en Madrid, 1980



Fonte: recuperado de Iberlibro (web de libros usados e de segunda man) .

Así no outono de 1980 no Palacio de Cristal do Retiro inaugurouse unha mostra na que se expuxo material de diverso tipo, a carteleira de propaganda dos golpistas e do goberno republicano, maquetas do material bélico, uniformes, selos, portadas de xornais, gráficos sobre a situación económica, pezas audiovisuais e un longo etcétera. Pero máis alá dos aspectos concretos dos materiais expostos, interesa a definición xeral que esta exposición ofrecía da "guerra civil", a cal se percibe a través das descricións e reflexións publicadas na prensa. "Saca a la luz los recuerdos más entrañables de aquella contienda", describíase, salientando como, con bo tino, decidiran fuxir do aspecto da guerra que máis facilmente podería reabrir feridas, isto é, das violencias nas retagardas. De modo que se retrataba a guerra dun pobo partido en dous, coas súas dúas metades violentamente enfrontadas[2121]. Por outra parte, nunha reportaxe en televisión referíanse á guerra como "talvez la última contienda de rasgos románticos"[2122]. Esta visión da guerra que os grandes medios extraían da visita á mostra era o motivo de crítica principal no semanario *A Nosa Terra*:

> Teño que manifestar o meu desacordo coa filosofía que inspira a montaxe da Mostra e ineficácia dos seus resultados. Preténdese por meio da mesma exorcisar os demónios particulares dos cidadáns que viviron ou sofriron as consecuéncias da Guerra e contribuir a reconciliación nacional, para que nunca máis se repita nada similar. Pero iso non se consegue de nengún xeito confundido todo, misturando o material referente aos dous bandos, trivializando o seu significado, parece que se pretende que o espectador pouco informado concluia que todo foi un fatal accidente, sen culpábeis nen responsabilidades, orixinado quizais polo carácter agresivo e violento dos pobos que compoñen o Estado español[2123].

[2121] "La guerra civil, en el Retiro", *El país,* 28/10/1980. https://elpais.com/diario/1980/10/28/opinion/341535609_850215.html
[2122] "1980 Gran éxito de la exposición sobre la Guerra Civil Española en Madrid", *RTVE.* https://www.youtube.com/watch?v=SLXVhSff-jI
[2123] Valcárcel, M. : "A propósito da guerra civil española", *A Nosa Terra*, nº 140, 15 a 21 de xaneiro de 1980, p. 19.

O éxito da mostra foi tal, con arredor de douscentos mil visitantes, que a Dirección General de Bellas Artes y Archivo decidiu prorrogar o tempo de exposición, en concreto ata xaneiro de 1981[2124]. Posteriormente a mostra iniciou unha xira por diversas cidades do estado, entre elas Barcelona, Zaragoza ou Valencia. Todo o cal amosou unha cifra de máis de un millón de visitantes.

Esta non foi exactamente a exposición que chegou anos despois a Ferrol e aos demais concellos galegos citados en liñas anteriores. As dificultades de loxística derivadas da súa complexidade provocaron que se tomase a decisión de reducila, de xeito que se realizaron dúas copias "fieis ao proxecto de partida" que circularon por diversas provincias[2125]. A Dirección General de Archivos emitiu escritos solicitando a colaboración dos concellos para a exposición[2126]. Cuestión que volve a reforzar o papel fundamental das institucións locais para que a exposición aterrase nas diversas localidades.

Na reportaxe da exposición en Madrid amosábase a un neno tomando notas nun caderno, entre as moitas persoas que aparecían amoreadas diante dos materiais da exposición. O rapaz semellaba un escolar, posiblemente pertencendo a unha excursión dalgún colexio. Grazas aos anuncios da mostra en prensa sabemos da planificación das visitas dos centros educativos da contorna na parada da exposición en Neda.[2127]. A función educativa da mostra semella clara, tamén cal sería a lección sobre a guerra que aprendería o alumnado que a visitase, unha en harmonía co discurso da reconciliación que ocultaba a violencia da retagarda franquista.

Imaxe 67. Exposición de Centelles en Ateneo da Coruña. 1984.



Fonte: *A Nosa Terra*, nº240, do 22 ao 29 de febrero de 1984, p. 23.

Durante estes últimos anos organizáronse máis exposicións de interese que culminarían no cincuentenario. A modo de exemplo pódese nomear a organizada no Ateneo da Coruña arredor da obra fotográfica bélica de Agustí Centelles, no cal participaba tamén o concello da

[2124] "Prorrogada la exposición sobre la guerra civil", *El País,* 19/12/1980. https://elpais.com/diario/1980/12/19/cultura/346028406_850215.html

[2125] Aínda que participasen outros organismos en cada lugar que se expoñía seguía baixo o control da Dirección de Arquivos do Ministerio de Cultura, como amosa o feito de que existise un comisionado para as tarefas de control e montaxe da exposición. En: Liste, A. : "La muestra que expone el Ateneo, una visión imparcial de la guerra civil", *La Voz de Galicia,* 02/10/1983, p. 37.

[2126] Todo parece indicar que finalmente non chegou a Vilagarcía. "La Permanente municipal concedió varias autorizaciones de obras", *Faro de Vigo*, 25/11/1981, p.21.

[2127] En: Grueiro, M.P.: "Trescientos vecinos debatieron la problemática urbanística de La Solana*", La Voz de Galicia,* 22/10/1983, p. 35

cidade[2128]. Así mesmo resulta salientable a exposición que a CNT montaba nos baixos do edificio do concello de Vigo en decembro de 1985. Nela participaban como organizadores Dionísio Pereira e Miguel Cuñas, ambos os dous militantes da organización. Tratábase dunha mostra en conmemoración do 75 aniversario da CNT con materiais facilitados por un amplo número de arquivos históricos, entre eles o de Salamanca, o de historia social de Amsterdam ou o Museo de Pontevedra, así como coleccións particulares[2129]. Contamos cun listado dun total de trinta e dous documentos diferentes, entre fotografías, xornais, estatutos de organizacións, todo anterior ao golpe, cedidos para esta exposición[2130]. Ademais a organización agradecía a colaboración de diversas institucións, entre elas o Concello de Vigo[2131]. Como se pode visualizar no panfleto conservado da exposición (Imaxe 68), o período da guerra e posterior represión tiña un peso relevante[2132]. Ademais no marco da exposición proxectábase o filme *La Guerra civil española*[2133]. Finalmente, a clausura da exposición viña da man da homenaxe aos "veteranos militantes confederales"[2134]. Cuestionado sobre isto Dionísio Pereira recorda que se tratou do convite á exposición e posterior viño aos militantes da CNT de antes do golpe que seguían vivos, entre eles Guillermo Barros, Fernando Román e Jesús Veiga[2135].

Imaxe 68. Portada do panfleto *Exposición 75 aniversario de la CNT* e fotografía da mesma



Fonte: documentos cedidos por Dionísio Pereira.

[2128] "Actos Ateneo da Coruña", *A Nosa Terra*, nº240, do 22 ao 29 de febrero de 1984, p. 23.
[2129] Neste senso salientar a cesión de numeroso material por Mar y Luz Villaverde.
[2130] Documento "relación del material que la sociedad cultural obrera "Jose Villaverde" de Pontevedra aporta para su exhibición en la exposición "Historia del Movimiento obrero galego". Documento cedido por Miguel Cuñas Casasbellas.
[2131] Panfleto informativo Exposición 15 aniversario de la Confederación Nacional del Trabajo. 75 años luchando por la libertad. 16-22 diciembre 85. Sala de exposiciones "Cidade de Vigo", praza do Rei (Ayuntamiento nuevo) Vigo. Organizado por Federación Local de Sindicaos-CNT de Vigo. Comité Confederal de Galicia-CNT. Documento cedido por Dionísio Pereira.
[2132] Esta estaba dividida en etapas históricas, onde o período do 36 ao 39 denominábase "guerra civil, contra el fascismo y por la revolución social", mentres do 39 ao 75 describíase como "represión y exilio"
[2133] Producida por Granada Televisión e emitida pola BBC.
[2134] Repercusión en prensa: "Conmemoración del setenta y cinco aniversario de la CNT", *La Voz de Galicia,* 14/12/1985, p. 23.; De la Fuente, M. "En torno a la exposición documental de la CNT*", Faro de Vigo*, 18/12/1985, e Magar: "La CNT conmemora su 75 aniversario", *Faro de Vigo*, 17/12/85. Cedidos por Dionísio Pereira.
[2135] Entrevista a Dionísio Pereira realizada por Iria Morgade (Telemática, 3 de maio de 2024).

Esta exposición moveuse posteriormente a outras vilas galegas como Pontevedra e Tui[2136]. Nesta última, aproveitando a organización da exposición, decidiuse homenaxear a unha vítima, o líder da CNT de Tui, Gumersindo Rodríguez Costas, asasinado en agosto do 36[2137]. Neste mesmo contexto presentouse unha moción no concello para que a "avenida 26 de julio", data na que triunfaran os golpistas na vila, pasara a denominarse co nome desta vítima, cuestión que non prosperou, sendo substituída por acordo plenario co nome de Avenida da Concordia[2138].

O 28 de outubro do 86 un grupo de catro veciños, entre eles Miguel Ángel Cuña, asinaban e presentaban outra proposta ante a corporación municipal pedindo que o cambio da placa acordada se realizase o 30 de outubro. A proposta non se tratou en pleno pois o alcalde deu por terminada a sesión sen chegar ao apartado de "Rogos e preguntas"[2139]; pero a proposición tivo repercusión en prensa, onde se sinalaban os motivos para que estes catro veciños pedisen que a placa coa Avenida da Concordia fose colocada xustamente nesa data. A causa estaría en que:

> Se cumple el 50 aniversario del fusilamiento de los ciudadanos de Tui, Alejo Diz Jurado, Darío Álvarez Limeses, Serafín Fernández Costas, Julio Fernández, José Felipe Muño y Manuel Domínguez León. Que nos mueve a esta proposición el recuerdo de todos aquellos tudenses que murieron víctimas de la violencia institucional de aquellos trágicos tiempos; nos mueve también el afán de que nunca más puedan repetirse aquellos hechos ni nadie pueda ser muerto por la defensa de sus ideales de libertad y concordia. Entendemos que la nueva placa hará pervivir en el recuerdo a los que los concocieron y en la conciencia de las nuevas generaciones[2140].

Deste xeito, tralo anterior fracaso ao intentar que a avenida 26 de julio levase o nome dunha vítima, intentábase agora que esa mensaxe memorialista e de homenaxe ás vítimas estivese ligado a ese cambio no espazo público. Recordemos ademais, que as vítimas fusiladas en Tui o 30 de outubro do 36 foran obxecto dunha das primeiras accións de memoria que tiveron lugar en Galicia trala morte de Franco. Estamos, pois ante outro caso no que se fai palpable o empurre da sociedade civil para que se levasen a cabo accións institucionais. Neste caso, o resultado foi infrutuoso ante unha corporación municipal profundamente conservadora[2141].

Ademais da aparición do novo repertorio de acción divulgativa consistente na elaboración e apertura de exposicións, seguiron a desenvolverse diversas accións divulgativas semellantes ás xa analizadas para os períodos anteriores. O que é destacable nesta última etapa é a súa importante diminución. No caso das conferencias case podemos falar da súa ausencia entre 1983 e 1985. En canto ás publicacións resaltamos a continuidade da colección *Documentos para a historia contemporánea de Galicia* con oito publicacións entre 1983 e 1985. Neste período salientan a segunda parte das memorias de Xerardo Díaz despois de *Os que non morreron,* titulada *A crueldade inútil* e por tanto expoñente fundamental da literatura testemuñal, xunto a *Cuatro años a bordo de una isla,* onde Evaristo Mosquera narra as súas

---

[2136]Segundo o recordo de Miguel Angel Cuña. Na vila tudense esta tería lugar cando Cuña traballaba como director do instituto desta localidade.
Entrevista a Miguel Angel Cuña Casasbellas realizada por Iria Morgade (Pontevedra, 2 de agosto de 2022).
[2137] Base de datos Nomes e Voces. http://vitimas.nomesevoces.net/gl/ficha/845
[2138] Entrevista a Miguel Angel Cuña Casasbellas realizada por Iria Morgade (Pontevedra, 2 de agosto de 2022).
[2139] Acta municipal da sesión plenaria do 28 de outubro de 1986. Arquivo Municipal de Tui, *sin* 39/2.
[2140] Pedemí: "Tui: cuatro vecinos pedían al Pleno que hoy fuese sustituida la placa de la Avenida de la Concordia", *La Voz de Galicia*, 30/10/1986, p. 42. Os nomes dos catro veciños: Francisco Comesaña, José Carlos Méndez, Manuel Fernández e Miguel Angel Cuña.
[2141] Resultados eleccións Tui (1983): AP (5), CG (5), Partido Demócrata Liberal (3), PSOE (3), CDS (1).

vivencias na prisión da illa de San Simón. No referente a biografías destacamos *Andrés Colombo,* biografía do pintor exiliado a cargo de Andrés García de la Riba e en canto aos ensaios *Franquismo y transición política en Galicia* de Carlos Fernández[2142].

5.3.3. As homenaxes e a inclusión do monumento

Dende a primeira etapa estudada (76-78), espazo temporal da irrupción das homenaxes, o volume destes actos diminuíu considerablemente, pese á repunta do ano 82. O letargo mantívose neste último período de estudo. Malia todo, continuaron as que tiñan certo carácter periódico, como a organizada arredor da celebración do 25 de xullo polo PSdeG-PSOE no cemiterio de Serantes (Ferrol). En 1984 celebrouse en forma de ofrenda floral en honra de Jaime Quintanilla Martínez e de todos os que "dieron su vida por Galicia y lucharon por su autonomía", entre eles destacouse ao primeiro fusilado de Ferrol, Manuel Morgado, e a Fermín Mejuto, concelleiro vítima de persecución[2143]. Ademais na noticia que daba conta desta homenaxe tamén se destacaba como outras agrupacións socialistas da comarca, entre elas Ares, Mugardos e Pontedeume celebraron actos similares en Camouco, Cervás, Pontedeume e Ares. Neste último concello a alcaldesa facía público un bando no que o anunciaba[2144]. Pola súa banda en Compostela os socialistas reuníanse ante a tumba de Castelao[2145].

Elixir a Jaime Quintanilla como persoa central da homenaxe en Ferrol non é fútil. O que fora alcalde de Ferrol destacou entre os socialistas como persoa achegada ao galeguismo. Así o indicaba o seu fillo no discurso que pronunciaba nesta ofrenda floral. Deste xeito consideramos que se vinculaba o acto de homenaxe coa pugna na esquerda entre o PSOE e o BNG. E co proceso de atracción polo PSOE do electorado galeguista e nacionalista que xa se fixera evidente nas eleccións municipais do 83.

Na Coruña tamén continuaron as homenaxes no monumento aos mártires da liberdade do cemiterio de San Amaro. No aniversario da República do ano 83 "un grupo de republicanos" convocaron a ofrenda floral ante o monumento[2146]. Meses despois o Día de Defuntos, tras unha nova ofrenda protagonizada pola corporación municipal, "varios supervivientes de la Guerra Civil depositaron también una corona de la Comisión Pro-Monumento a los muertos por la Libertad"[2147]. O ano seguinte, o 14 de abril, a convocatoria corría a cargo duns "románticos capitaneados por Carlos Etchevarría" quen expresaba a súa intención co acto:

[2142] Obras publicadas por Ediciós do Castro (*Documentos para a historia contemporánea de Galicia*) (1983-1985):
De la Riba, A. (1983). *Andrés Colombo.* Ediciós do Castro.
Álvarez, S. (1984). *Castelao y nosotros los comunistas: testimonio, con motivo de una relación epitolar, de un periodo crucial de nuestra historia.* Ediciós do Castro.
Mosquera, E. (1984). *Cuatro años a bordo de una isla: una extraña manera de vivir nuestra Guerra Civil.* Ediciós do Castro.
Díaz, X. (1985). *A crueldade inútil.* Ediciós do Castro.
Ferreiro, C.E., e Álvarez Cáccamo, X.M. (1985). *Longa noite de pedra.* Ediciós do Castro.
Fernández, C. (1985). *Franquismo y transición política en Galicia.* Ediciós do Castro.
Neira, X. (1985). *A prensa galega en Cuba.* Ediciós do Castro.
Álvarez, S. (1985). *Memorias I. Recuerdos de infancia y de juventud, 1920-1936.* Ediciós do Castro.
[2143] "Quintanilla intervino en el homenaje a su padre", *Faro de Vigo*, 26/07/1984, p.33.
[2144] "Ofrenda floral del PS de G-PSOE a los muertos por Galicia y en homenaje a Quintanilla*", Faro de Vigo*, 25/07/1984, p.32.
[2145] "El PSOE homenajeó en Santiago y Ferrol a todos los que lucharon por Galicia, *La Voz de Galicia,* 26/07/1984, p.19.
[2146] "LII ANIVERSARIO DE LA REPUBLICA ESPAÑOLA", *La Voz de Galicia,* 13/04/1983, p.26.
[2147] "Ofrenda municipal en los cementerios", *La Voz de Galicia*, 02/11/1983, p.38.

> No es que pretendamos reivindicar nada. Lo que pasa que consideramos que de lo que se hizo entonces nos estamos beneficiando ahora", e concluía "me siento republicano, pero sin otras pretensiones[2148].

Como xa viña sendo habitual no Día dos Defuntos do 84 tivo lugar outra homenaxe, con posterioridade ao acto institucional da corporación municipal, e no que tamén participaron o alcalde e algúns concelleiros a título individual[2149] .

Imaxe 69. Placa no cemiterio de Pereiró (Vigo)



Fonte: *Praza Pública*, 27/08/2013.

Así mesmo, en Vigo resultou habitual homenaxe aos asasinados na celebración do 1 de maio, onde a UGT organizou no 84 unha ofrenda floral no cemiterio de Castrelos (Pereiró) "ante el monumento a los socialistas fallecidos en 1936"[2150]. Na noticia que informaba do acto facíase referencia a unha placa de homenaxe "aos mortos na guerra civil", datada en 1983 (Imaxe 69)[2151].

Durante estes anos continuaron as homenaxes anuais, de Bóveda e de Baena que se viñan desenvolvendo dende 1976[2152]. De especial relevancia é o cariz que nesta etapa foron adquirindo as homenaxes a Humberto Baena e demais fusilados no seu aniversario o 27 de setembro. Así, da man principalmente dos militantes do PCE (m-l) e da Convención Republicana, avogábase por constituír esta data como a de homenaxe e rehabilitación de todas as vítimas do franquismo. No ano 84 Pablo Mayoral, xulgado xunto a Humberto Baena e que lograra salvar a vida, participaba no acto en Vigo e uníase á reclamación de rehabilitación política "de quienes lucharon por el restablecimiento de las libertades en España y murieron en

[2148] Blanca, M. "Ofrenda y cóctel", *La Voz de Galicia*, 13/04/1984, p.37.
[2149] "La corporación municipal realizó ayer la tradicional ofrenda floral en los cementerios General y Civil", *La Voz de Galicia*, 02/11/1984, p.39.
[2150] "CCOO e INTG convocan una manfiestación en Vigo y otros actos para el 1 de Mayo", *La Voz de Galicia*, 26/04/1984, p. 35.
[2151] Tras a indagación nos arquivos, nas fontes orais e hemerográficas, seguimos descoñecendo os pormenores da súa colocación, incluído o seu propulsor.
[2152] Tamén as de Amador e Daniel, vinculadas co Día da clase obreira galega. Con ofrendas das diversas centrais sindicais. "CCOO, UGT e INTG conmemoraron ayer, por separado, el 10 de marzo", *La Voz de Galicia*, 11/03/1984, p. 32; "Ofrendas florales y manifestación en el XIII aniversario del "Del do Marzal", que se conmemora hoy", *La Voz de Galicia,* 10/03/1985, p.32; "CCOO y CXTG lamentan la falta de unidad en la conmemoración del día 10", *La Voz de Galicia*, 08/03/1986, p. 21

esa lucha"[2153]. Así, estas organizacións iniciaban xestións para acadar tanto do goberno como do concello de Vigo a rehabilitación pública de Xosé Humberto Baena e os seus compañeiros fusilados[2154].

Esta reclamación ampliouse no seguinte ano, durante os actos que podemos ler como os prolegómenos das homenaxes que terían lugar no cincuentenario do 36. Así, en 1985, no décimo aniversario do asasinato de Humberto Baena, o anuncio da homenaxe no cemiterio de Pereiró realizábase inserido nunha serie de actos similares noutros puntos do estado, entre eles Madrid ou Murcia -nas tumbas de García Sanz e Sánchez Bravo- pero tamén en Huétor-Tájar[2155]. Esta última localidade avísanos sobre como o marco das últimas vítimas do franquismo íase ensanchando, pois desta localidade granadina non procedía ningún dos fusilados no 75 pero en cambio é moi próxima aos concellos de nacemento e morte de Federico García Lorca.

O acto en Vigo convocouse baixo o pretexto de "recordar a aquellos que fueron víctimas de la represión del régimen anterior, así como para reivindicar su memoria"[2156] Ademais, deuse conta da xuntanza que días máis tarde ía ter lugar en Madrid para a constitución dunha comisión preparatoria dunha homenaxe "más general en pro de la rehabilitación política de las víctimas del franquismo"[2157]. A idea sería culminar coa inauguración dun monumento no cemiterio civil de Madrid en abril do ano seguinte[2158].

Todos estes acontecementos entendémolos como os antecedentes das accións de memoria que se produciron en setembro do 86 e que podemos considerar as primeiras homenaxes que, de xeito oficial, levaron o nome de "homenaxe ás vítimas do franquismo". Estas van ser analizadas nun apartado propio (5.5) debido á entidade propia que identificamos nestes actos enmarcados no cincuenta aniversario do "inicio da guerra civil".

Tamén nestes anos continuaron as homenaxes a Moncho Reboiras e, nunha dirección similar á anterior, a mensaxe asociouse ás primeiras vítimas do franquismo, en concreto a Alexandre Bóveda debido á relevancia simbólica deste para o nacionalismo galego. Aconteceu en 1985, cando a UPG conmemorou o décimo aniversario do asasinato de Reboiras, facendo extensible a honra a Bóveda[2159] En dirección oposta ao que xa pasara no 77 cando na homenaxe a Bóveda incluíuse a Reboiras, entre outras vítimas (ver Capítulo 3)[2160].

As homenaxes a Bóveda en Pontevedra continuaron ininterrumpidamente dende 1976. A partir do 78 baixo a denominación Día de Galiza Mártir sendo auspiciadas principalmente polo PSG. Entre os anos 82 e 84 volvían repetirse as mesmas dinámicas dos anos anteriores coa existencia de varios actos practicamente simultáneos e protagonizados por organizacións políticas en solitario ou agrupadas segundo as conexións entre elas, e coa ausencia dunha acción

[2153] "El PCE (ml) homenajeará mañana a Xosé Humberto Baena, en Pereiró", *La Voz de Galicia,* 26/09/1984, p.
[2154] "Medio centenar de personas recordar a Baena en Pereiró", *La Voz de Galicia*, 28/09/1984, p. 32.
[2155] "Concentración ante la tumba de Xosé Humberto Baena", *Faro de Vigo,* 27/09/1985, p.18.
[2156] "Hoy se celebrará ante la tumba de X.H. Baena un homenaje a las víctimas del franquismo", *La Voz de Galicia,* 27/09/1985, p.27.
[2157] *Íbidem.*
[2158] Neste ano *A Nosa Terra* dedícalle unha ampla reportaxe aos fusilamentos, biografía dos finados, últimos momentos, etc. En: "Carballa, X.: "Nascidos en Vigo e fusilados hai 10 anos. Baena e Sánchez Bravo", *A Nosa Terra*, nº278, 10 de outubro de 1985, pp. 12-13. Nela incluíase unha imaxe dunha homenaxe, pero sen datar, Imaxe 28.
[2159] "La UPG celebra mañana el X aniversario de la muerte de Moncho Reboiras", *Faro de Vigo*, 11/08/1985, p.32.
[2160] "Trescientes personas conmemoraron en Ferrol la muerte de Reboiras", *La Voz de Galicia*, 13/08/1985, p.18.
Tamén contamos coa documentación de solicitude de autorización ante o Goberno Civil o 1 de agosto. Só se conserva a solicitude na que se previa unha participación e mil persoas. En Fondo do Goberno Civil. Arquivo do Reino de Galicia, *sin* 17098.

institucional de homenaxe[2161]. Cuestión esta que denunciaba Gonzalo Adrio, comparando esta situación co da figura de Blas Infante en Andalucía. Alí parlamento e goberno organizaran diversos actos na súa homenaxe e memoria: "Pero ¿Qué ocurre en Galicia? La Xunta y el Parlamento no han hecho nada para honrar la memoria de Alexandro Bóveda"[2162]. E é que para Adrio a memoria configurábase fundamental nese "nunca máis" xa tan mencionado neste traballo: "Por eso es nuestra obligación, sin odio y sin rencor, meditar profundamente sobre el pasado para evitar que situaciones como las de la Guerra Civil de 1936 a 1939 vuelvan a producirse"[2163].

A nivel simbólico, durante estes anos, resaltamos a referencia a outras vítimas "loitadores por defender a nación galega entre eles Ánxel Casal, Víctor Casas, Juan Carballeira e Arturo Noguerol[2164] e o amago de acción unitaria que se desenvolveu en 1985. Neste ano introduciuse un dos elementos fundamentais do discurso do martiriloxio baixo o lema "Bóveda, semente de liberación", participando, entre outros, PCG, PG e PSG-EG[2165].

Por último, en canto ás homenaxes a Bóveda, debemos apuntar a un acontecemento que se produciu despois dos actos de 1983 e que conecta a memoria de Bóveda e a de Castelao. Ás nove e media da noite unha parte significativa dos asistentes ao acto no cemiterio de San Mauro desprazáronse ata o centro de Pontevedra convocados pola Asociación de Amigos da Cultura de Pontevedra para a inauguración do monumento a Castelao nos xardíns de Santa María. Este acto estivo precedido dunha importante polémica que involucrou ao Concello de Pontevedra. E no que, por tanto, podemos estudar ás interaccións entre a sociedade civil e as institucións locais.

A campaña para a erección do monumento comezara o ano anterior, baixo o lema "Galicia a Castelao" coa difusión dunha carta na que a asociación expresaba os motivos para a realización do monumento mediante subscrición popular, "dirixímonos a todo o povo galego, a todos os "bos e xenerosos que nosa voz entendan"[2166]. O proxecto prevía a edición de dous mil carteis, cartas divulgativas (boa parte ao estranxeiro) e tres mil bonos de axuda pro-monumento. Entre as accións para a recompilación monetaria atopábanse a venta de cinceiros conmemorativos, a realización dunha exposición de pintura con poxa, un festival de música popular ou a cea "homenaxe dos poetas de Galiza a Castelao". Esta última tivo lugar na sociedade cultural de Salcedo, onde ademais dalgúns dos máis relevantes poetas do momento, Lueiro Rey, Alfredo Conde, Manuel María ou Bernardino Graña, tamén acudiron os parlamentarios da coalición Bloque-PSG e concelleiros e alcaldes nacionalistas, "así como un

[2161] Homenaxes no 1982: Homenaxe conxunto de PSG-Bloque e PG polo seu lado. En Adrio, G.: "En recuerdo: Alexandro Bóveda- Blas Infante", *Galicia Socialista*, nº4, 1982.
Homenaxes no 1983: actos diversos de PSG, PG, EG, etc. En"Homenaje a Alexandre Bóveda en el Día de Galicia Mártir", *Faro de Vigo*, 18/08/1983, p. 26; en "Fuerzas nacionalistas conmemoraron el aniversario de la muerte de Bóveda, *La Voz de Galicia,* 18/08/1983, p.22. e adhesión de EG ao acto de PSG: "Homenaje a Alexandre Bóveda en el aniversario de su ejecución", *Faro de Vigo,* 17/08/1983, p.25.
Homenaxes no 1984: actos diversos tamén (BNG, PSG-EG, Irmandades da Fala, todos con actos individuais): "Irmandades da Fala, BNG y PSG-EG conmemoran hoy el aniversario de Bóveda", *La Voz de Galicia*, 17/08/1984, p. 16. E en"Diversos grupos políticos celebraron actos en memoria de Alexandre Bóveda", *La Voz de Galicia,* 18/08/1984, p. 17.
[2162] Adrio, G.: "En recuerdo: Alexandro Bóveda- Blas Infante", *Galicia Socialista,* nº4, 1982.
[2163] *Íbidem.*
[2164] "Homenaje a Alexandre Bóveda en el Día de Galicia Mártir", *Faro de Vigo,* 18/08/1983, p. 26.
[2165] En cambio o BNG semella que non participou neste acto. Tampouco CG que nesta ocasión (non outros anos) fixo unha homenaxe no cemiterio. En: "Homenaxe a Alexandre Bóveda", *La Voz de Galicia,* 17/08/1985, p.22.; "El Partido Galeguista pretende institucionalizar el 17 de agosto como "Día de Bóveda", *La Voz de Galicia*, 17/08/1985, p. 16.; "Actos separados conmemoraron la muerte de Alexandre Bóveda", *La Voz de Galicia,* 18/08/1985, p.16.
[2166] Furabolos: "Campaña pro-monumento a Castelao", *A Nosa Terra,* nº 176, do 12 ao 18 de febrero de 1982, p.5.

gran número de membros de colectivos e asociacións culturais da nación"[2167]. Constituírase unha xunta coordinadora para a organización do proxecto, conformada en boa medida polos membros da asociación[2168]. Trala campaña, celebrouse un concurso para a elección da escultura. O bosquexo gañador pertencía ao escultor Manuel García de Buciños e amosouse ao publico a comezos do 83[2169]. En febreiro a recadación ascendía a un millón e medio de pesetas[2170].

Imaxe 70. Organizadores do monumento pousan xunto a maqueta da escultura, Xullo de 1983



Fonte: *A Nosa Terra,* nº 215, do 18 ao 24 de febreiro de 1983, p.8.

En xullo anunciábase en prensa a inauguración do monumento para o día 23 dese mesmo mes, e por tanto na véspera do Día da Patria Galega mentres os organizadores pousaban orgullosos xunto a maqueta da escultura (Imaxe 70). O cartel que anunciaba a inauguración rezaba "Quen pensaba que non o conseguiriamos é que non coñece ao noso povo"[2171]. *A Nosa Terra* describía o acontecemento como "a primeira vez que o povo galego dedica un moimento de tal tamaño, non só físico senón moral, ao mestre do nacionalismo"[2172]. Pero pese aos diversos anuncios en prensa que non arroxaban dúbida algunha sobre a realización do acto[2173], a asociación e o Concello de Pontevedra levaban inmersos varias semanas nun forte enfrontamento en torno a localización e data da inauguración do monumento.

A primeira discrepancia produciuse en canto ao emprazamento. A inicios de ano a asociación redactaba as bases do concurso da escultura incluíndo onde se situaría. Tomara a decisión despois de valorar diversas posibilidades da zona vella pontevedresa e consultar con diferentes expertos en patrimonio e conservación. Deste modo elixíronse os xardíns de Santa María, sen que o concello puxese algunha obxección ao respecto. Pero posteriormente, cando

[2167] "Segue adiante o Monumento a Castelao", *A Nosa Terra,* nº 189-190, do 14 ao 27 de maio de 1982, p.5.
[2168] Formada por Fernando M. Vilanova (presidente da asociación), Francisco García Cimadevila, Arturo Garrido García, Francisco Seoane e Francisco Juega Puig. Colaboradores: Manoel Anxel Taboada, Xosé Luís Villalba, Xosé Manoel Fontán, César Mosquera, Fernando Cuñarro, Xosé Paz, Xoán López, Daniel Castro, Arturo Ameneiro, Antón Alfosín, Xosé Luís Fontela e Vicente Vázquez Diéguez. En: Furabolos: "Campaña pro-monumento a Castelao", *A Nosa Terra*, nº 176, do 12 ao 18 de febrero de 1982, p.5.
[2169] Xurado composto por Xosé Luis Villaba e Xosé Fontán (de amgios da cultura), Carlos Valle (Museo Provincial), Fernando M Vilanova (profesor de Belas Artes), Cesar Portela (Arquitecto) e Vázquez Diéguez (artista). En "Buciños fará o momento a Castelao", *A Nosa Terra*, nº214, do 4 ao 17 de febreiro de 1983.
[2170] "Moimento a Castelao: cas todo a ponto", *A Nosa Terra*, nº 215, do 18 ao 24 de febreiro de 1983, p.8.
[2171] "Inauguración do monumento a Castelao", *A Nosa Terra*, nº 228, do 22 ao 28 de xullo de 1983.
[2172] *Íbidem*.
[2173] "La inauguración el monumento a Castelao se realizará el próximo sábado 23", *La Voz de Galicia*, 16/07/1983, p. 24.

xa o escultor acabara a peza, deseñada para ese lugar, o arquitecto municipal emitiu un informe no que apuntaba a conveniencia de colocar o monumento na Plaza de la Constitución[2174]. É importante sinalar como esta praza, que non se inaugurou ata varios meses despois, estaba situada no que daquela aínda se denominaba "Polígono de Campolongo", isto é un barrio de nova creación nas aforas da vila. A asociación opúxose de xeito tallante a esta proposta definíndoa como o segundo exilio para Castelao ao afastar a homenaxe da Pontevedra que Castelao coñecera. Ademais a nova praza en Campolongo ía levar o nome de Constitución, en honra á carta magna de 1978, de modo que podería semellar un intento por encaixar a figura de Castelao dentro do imaxinario do novo sistema político. O carácter controvertido desta decisión municipal maniféstase tamén na prensa, onde se recompilaba a opinión ao respecto de organismos provinciais, estatais e patrimoniais. A meirande parte manifestábase a favor da instalación nos xardíns de Santa María como o lugar idóneo[2175]. A isto sumábase a negativa do alcalde a dar audiencia a asociación durante todo un ano. Outro motivo de confrontación que levaba meses fraguándose tiña que ver co impago da subvención que fora concedida por acordo da Comisión Permanente, o cal poñía en dificultades a asociación que rematara a campaña de subscrición popular o alcanzar o obxectivo do millón e medio de pesetas, contando co aporte municipal[2176].

Neste clima previo, o 28 de xuño reuniuse o presidente da asociación, Martínez Vilanova e o alcalde Rivas Fontán quen finalmente cedeu á demanda da asociación en canto ao emprazamento do monumento. Tralo acordo fíxose pública a data da inauguración en días próximos ao Día da Patria[2177]. Pero soamente dous días antes da celebración do acto, a prensa informaba sobre unha posible prohibición por parte do Concello. Desta volta o motivo do conflito pasaba polo día da celebración. Os feitos sucedéronse en pouco tempo. Poucos días antes a asociación queixábase publicamente da falta de resposta do Goberno Civil e do Concello a súa solicitude de autorización do acto. Por outro lado, o arquitecto municipal, que debía dar a orde para a eliminación dunha pequena escultura que estaba no lugar da colocación, expresaba o seu descoñecemento sobre o suposto acto. Doutra volta tiña lugar unha reunión entre concello e asociación, agora co alcalde en funcións Aurelio Cortizo, quen tentaba negociar un aprazamento da inauguración xustificándoo na programación previa dun concerto da banda de música da Policía Nacional[2178]. Isto non fixo máis que agudizar o conflito. Nos seguintes días o Concello reiteraba que se precisaba de maior prazo para cumprir cos trámites burocráticos á vez que acusaba á asociación de solicitar a autorización fóra dos prazos establecidos administrativamente. Mentres, a asociación mantiña a convocatoria do acto que se realizaría "con permiso ou sen permiso"[2179] e cualificaba ao Concello de *obstruccionista* e manipulador[2180].

Así chegouse ao día no que o monumento arribou a Pontevedra dende o obradoiro do escultor. Foi o 22 de xullo, e os acontecementos precipitáronse. A primeira hora da mañá,

[2174] Torre, R.L.: "Polémica en Pontevedra por la ubicación del monumento a Castelao", *La Voz de Galicia*, 27/06/1983, p. 45.
[2175] Delegado de Cultura, Moreira Matalobos, Consejero Provincial de Bellas Artes, Valle Pérez, arquitecto de Patrimonio, Fontoira Suría, secretario da Deputación Fariña Jamardo.
[2176] Torre, R.L.: "Polémica en Pontevedra por la ubicación del monumento a Castelao", *La Voz de Galicia,* 27/06/1983, p. 45.
[2177] Nas semanas posteriores concretábase para o día 23 de xullo e anunciábanse os convidados que asistirían. "El ayuntamiento y Amigos da Cultura llegaron a un acuerdo sobre la ubicación del monumento a Castelao", *La Voz de Galicia*, 29/06/1982, p. 34.
[2178] "El Ayuntamiento de Pontevedra podría prohibir la inauguración del monumento a Castelao", *La Voz de Galicia,* 23/07/1983, p. 44.
[2179] *Íbidem.*
[2180] "Amigos da Cultura de Pontevedra inaugurará el monumento a Castelao, con la oposición del ayuntamiento", *La Voz de Galicia*, 22/07/1983, p. 42.

varios directivos da asociación xunto ao escultor e algúns obreiros agardaban a chegada do monumento nos xardíns de Santa María. Ao mesmo tempo, a Policía Municipal precintaba a entrada de vehículos á zona dando cumprimento a orde do alcalde de impedir a colocación da escultura ata que se cumprisen os trámites necesarios. O alcalde en funcións, que consultara a decisión con Rivas Fontán xustificaba a súa postura na necesidade de manter "un principio de autoridad". Finalmente, durante a espera, a asociación decidiu levar a escultura a Moaña, no que cualificaron como un "novo exilio"[2181]. Este traslado produciuse grazas á intervención do alcalde moañés Xabier Abalo (BNG) que ofrecía, naquelas horas de incerteza os xardíns de Seara do seu concello para a colocación provisional da escultura[2182]. Unha decisión persoal que someteu a ratificación da corporación nesa mesma tarde, durante un pleno extraordinario[2183].

Na análise deste pleno emerxe o que está no fondo do conflito: as diferenzas político-ideolóxicas, e incluso estratéxicas, dos actores en liza. Mentres a asociación cultural estaba conformada por persoas achegadas ao nacionalismo galego, e en concreto á UPG e por tanto ao BNG, no concello pontevedrés gobernaba Alianza Popular. Como tamén se describía nas crónicas da época, esta cuestión é clave para comprender por que se produce o conflito. AP, dende a alcaldía pontevedresa, levaba dilatando os procesos e en certa medida ignorando o proxecto do monumento. Por outra banda a asociación bloqueaba a posibilidade dun atraso na inauguración considerándoo parte desta estratexia de AP. Ademais deben considerarse as discrepancias en torno á propia figura de Castelao, referente indiscutible do nacionalismo, tamén do republicanismo do exilio e da denuncia do franquismo. Deste xeito, nun primeiro momento, poderíase considerar unha figura incómoda para a dereita herdeira do franquismo, como o era Alianza Popular. E isto lévanos a un dos temas centrais nesta última etapa de estudo: a pugna en torno a figura de Castelao. Un conflito que ten o seu cénit na repatriación dos seus restos mortais, onde se evidenciou a súa apropiación simbólica co obxectivo posto na lexitimación do novo sistema e, en concreto, da autonomía. Dende esta perspectiva podemos comprender a estratexia da AP en Pontevedra, que non cuestionaba a relevancia da figura de Castelao, senón o protagonismo no proceso desta asociación vinculada coa esquerda nacionalista. Isto tamén se desprende das declaracións da AP de Moaña no pleno extraordinario.

Nesta sesión plenaria o equipo de goberno non só buscaba a ratificación da súa decisión de colocar a estatua na vila senón que tamén pretendía repudiar os feitos que impediron a instalación en Pontevedra considerando un "insulto a nuestro pueblo y a Galicia las aptitudes fascistas que negaron el asentamiento definitivo del Monumento a Castelao"[2184]. Pese a non compartir esta última reflexión, o voceiro de AP manifestaba estar "totalmente de acuerdo en que se divulgue la figura de Castelao" votando, xunto co grupo municipal de EG, que a escultura quedase definitivamente en Moaña. E esta foi a discrepancia central no pleno e o que evitou que o acordo se establecese por unanimidade[2185].

[2181] Torre, Rafael L.: "La Policía Municipal impidió la colocación del monumento a Castelao que se iba a inaugurar hoy en Pontevedra", *La Voz de Galicia*, 23/07/1983, contracuberta.
[2182] Resultados eleccións Moaña (1983): BNG (9), AP (4), EG (2), CIG (2).
[2183] Torre, Rafael L.: "La Policía Municipal impidió la colocación del monumento a Castelao en Pontevedra", *La Voz de Galicia,* 23/07/1983, p. 53.
[2184] Acta municipal da sesión extraordinaria do 23 de xullo de 1983. Arquivo Municipal de Moaña.
[2185] Finalmente votáronse diversas propostas. A primeira do alcalde, a reprobación do concello de Pontevedra, e a acollida do monumento en Moaña tivo os votos a favor do BNG (7), EG propuso a recepción permanente da escultura e a inauguración o 25 de xullo, votado a favor por EG (2), AP (3) e a candidatura independente (2). E unha terceira do Bloque tras esta anterior, na que se propoñía iniciar un proxecto para unha nova escultura a Castelao en Moaña que quedara onde agora estaba a de Pontevedra, e que só era votado polo BNG coa abstención de EG. Polo tanto quedaba aprobada esta proposta. Acta municipal da sesión extraordinaria do 23 de xullo de 1983. Arquivo Municipal de Moaña.

Isto acontecía na mesma tarde na que en Pontevedra, a asociación Amigos da Cultura decidía celebrar igualmente o acto en homenaxe a Castelao, sen a estatua. Este tivo lugar nos mesmos xardíns onde tería que estar colocada. Esta ausencia convertíase nunha metáfora explicativa do exilio, do fascismo e da reivindicación da figura de Castelao que era, tamén no presente, tratado inxustamente. O "novo exilio" de Castelao constituíu unha das mensaxes principais do acto, descrito coma unha homenaxe "de desagrávio a Alfonso Daniel Castelao, desagrávio pola inxúria cometida por aqueles que agora gobernan a súa cidade"[2186]. A presentación do mesmo correspondeulle á xornalista Tereixa Navaza quen, ante arredor de mil persoas, reiteraba esa alusión ao novo desterro:

> Pediría que o povo de Pontevedra loite, porque ademais, este monumento non só vai estar aquí porque o decide unha agrupación cultural (...) senón que é un monumento que se debe á subscrición popular de todo o povo de Galicia. Nengún organismo oficial debe negar o direito a que estea aquí[2187].

Un dos convidados principais foi Varela Buxán, dramaturgo e director teatral, quen en Bos Aires fora encomendado por Castelao para a representación da súa obra *Os vellos non deben de namorarse.* Visiblemente emocionado, no seu discurso achegou a experiencia do exilio ao presente[2188]. Outra das intervencións correspondeulle a Xosé Manuel Beiras quen insistía na denuncia do tratamento recibido polo Concello de Pontevedra:

> Castelao ridiculizou de maneira maxistral aos poderosos deste país, ridiculizou á administración, aos homes das "ventanillas, que detrás das xanelas aldraxaban aos paisanos, aos obreiros, aos marixeiros, á xente do pobo que acudian a enfrentarse cunha administración allea e asoballadora. E hoxe o propio Castelao é vítima, se se pode dicer así, desas mesmas xanelas de esa mesma administración esperpéntica e de quen foron os seus inimigos de sempre e seguen a selo, aínda que leven o calificativo de popular no seu nome[2189].

Ao finalizar a homenaxe, moitos dos asistentes participaron nunha manifestación en protesta pola actitude da institución local e, en concreto de AP, que consideraban caciquil e antidemocrática.

[2186] Currás, X: "Da luz de Moaña á sombra de Pontevedra", *A Nosa Terra*, nº 229, do 29 de xullo ao 4 de agosto de 1983, pp. 29-30.

[2187] *Íbidem.*

[2188] Do acto ausentábanse Carballo Calero, Paz Andrade e Xaquín Lorenzo, quen en días anteriores eran anunciados como oradores no acto. Tampouco acudía a irmá de Castelao, segundo o sinalado polos asistentes por atoparse ingresada na hospital. Si participaba o presidente da agrupación, Fernando M. Vilanova quen reiteraba esa relación de Castelao con Galicia, os intentos de apropiación e a loita do pobo nesa homenaxe a Castelao.
En Currás, X: "Da luz de Moaña á sombra de Pontevedra", *A Nosa Terra*, nº 229, do 29 de xullo ao 4 de agosto de 1983, pp. 29-30. E resumido en: "Inauguración simbólica del monumento a Castelao", *La Voz de Galicia*, 25/07/1983, p. 46.

[2189] En Currás, X: "Da luz de Moaña á sombra de Pontevedra", *A Nosa Terra*, nº 229, do 29 de xullo ao 4 de agosto de 1983, pp. 29-30. E resumido en: "Inauguración simbólica del monumento a Castelao*", La Voz de Galicia*, 25/07/1983, p. 46.

Imaxe 71. Algúns dos conferenciantes na homenaxe a Castelao, Pontevedra, Xullo de 1983



Fonte: *A Nosa Terra*, nº 229, do 29 de xullo ao 4 de agosto de 1983, pp. 29-30.
Nota: Fotografía 1: Tareixa Navaza, Fotografía 2: Varela Buxán, Fotografía 3: Fernando Vilanova.

Finalmente, a estatua de Castelao inaugurouse en Pontevedra o 17 de agosto, isto é o día de Galicia Mártir e tralos actos de homenaxe a Bóveda no cemiterio de San Amaro, materializando o que expresara o presidente da asociación no acto de desagravio: "Alexandre Bóveda recébete de novo na nosa terra coa imaxe do teu paso seguro, aínda que haxa quen queira impedilo"[2190]. Desta volta o acto contaba coa aprobación do Concello trala superación dos trámites[2191], pero a el non asistía o alcalde[2192]. Si o facía o Conselleiro de Cultura e o Gobernador Civil. A prensa databa a asistencia en mil persoas, moitas delas presentes na homenaxe a Bóveda. Desta volta o acto foi máis breve e sinxelo, coa lectura dun comunicado de "Amigos da Cultura" e a un poema a Castelao na voz de Xaquina Trillo[2193].

O 28 de agosto, en sesión plenaria, a corporación municipal, que só contaba con representantes de AP e do PSOE[2194], daba conta da recepción do monumento na mañá do día 17, e comprometíase dese xeito ao seu coidado e protección[2195].

Dous elementos enlazan o conflito do monumento en Pontevedra co que aconteceu en torno a Castelao dous anos máis tarde, en 1984. Por unha banda a participación protagonista de Tareixa Navaza, a presentadora do acto en Pontevedra e que pasou a historia como a xornalista que retransmitiu por Televisión Española o traslado dos restos de Castelao dende o aeroporto de Lavacolla ata Bonaval. Cuestión polo que foi tachada de terrorista e amoestada[2196]. Por outra banda, por ser esta a segunda das tres voltas de Castelao a Galicia. A primeira acontecera en

2190 *Íbidem.*
2191 Aprobación polo pleno do concello do traslado aos xardíns de Santa María dende Moaña. En E.L: "Castelao "versus" Ayuntamiento, una polémica innecesaria", *La Voz de Galicia*, 31/07/1983, p. 35.
2192 "El alcalde no asistirá a la instalación oficial del monumento a Castelao", *La Voz de Galicia*, 17/08/1983, p.26.
2193 "Castelao xa en Pontevedra", *A Nosa Terra*, nº230, do 10 ao 28 de setembro de 1983.
2194 Resultados eleccións Pontevedra (1983): AP (17), PSOE (8).
2195 Acta municipal da sesión plenaria do 28 de agosto de 1983. Arquivo Municipal de Pontevedra.
Aínda que logramos a acceder á información sobre este asunto presente nas actas municipais, sorprende a inexistencia de máis documentación sobre este feito no arquivo de Pontevedra, tendo en conta os expedientes que si se conservan sobre a colocación do monumento a Alexandre Bóveda tres anos máis tarde.
Nun expediente de 1996 e a raíz da petición da asociación Amigos da Cultura para plantar un carballo ao lado da estatua como parte do conxunto arquitectónico e presente na idea orixinal, o arquitecto municipal solicitaba ao arquivo o expediente de autorización do monumento a Castelao. A resposta do arquiveiro foi certificar a inexistencia de tal expediente. En Expediente 3.444/95. Arquivo Municipal de Pontevedra, s*in* C 4.504 (52).
2196 "Tareixa Navaza: "O Castelao político aínda non está normalizado", entrevista audiovisual en *Nos Televisión*, 09/07/2022. https://www.youtube.com/watch?v=hLJHnOcyi_U

Rianxo, en 1975, feito co que iniciabamos este traballo. E a terceira, a definitiva, a dos seus restos mortais, acontecía en 1984.

Xunto a este último retorno a conmemoración do centenario do seu nacemento celebrado en 1986, completan as efemérides máis relevantes en torno á figura de Castelao durante o período de estudo. Pola súa predominancia simbólica, pola necesaria análise da actuación dos diferentes actores sociais, políticos e institucionais involucrados nelas, estas dúas últimas accións merecen un apartado propio.

5.4. A VOLTA DE CASTELAO E O CENTENARIO DO SEU NACEMENTO: ACCIÓN INSTITUCIONAL E DA SOCIEDADE CIVIL

A figura de Castelao constitúe un eixo narrativo inherente ao noso obxecto de estudo. Castelao é memoria e é axente memorialista. Foi un elemento de pugna tamén sobre o que facer memoria e empregado na narración simbólica do presente. Nesta última etapa do noso estudo desenvolvéronse dúas accións centrais no tratamento da súa figura. A primeira tivo lugar en 1984 orixinada na decisión de "repatriar" os seus restos mortais, unha acción institucional da memoria crucial. Esta terceira volta de Castelao converteuse nun fenómeno social e político que incluíu mobilizacións de oposición.

Como xa se mencionou, a idea dos traslados dos restos mortais de Castelao a Galicia apareceu por primeira vez en 1977 na revista *Teima* no marco dunha consulta aos lectores sobre a forma en que organizar unha homenaxe a Castelao[2197]. Nas mesmas datas a Real Academia Galega en sesión ordinaria daba conta da proposta do Padroado da Cultura Galega de Venezuela de que se "tomen as disposicións para que poidan traerse a Galiza os restos de Castelao"[2198]. A Academia acordaba xestionar o traslado cando se desen as circunstancias, así como estar en comunicación coas persoas máis achegadas e que tiñan a encomenda de dar cumprimento a súa vontade. A idea do traslado foi estendéndose fóra e dentro de Galicia. En xuño deste mesmo ano, os parlamentarios do PSOE en Galicia electos nas primeiras eleccións xerais facían público un comunicado que reivindicaba o dereito de autogoberno, a lexitimidade histórica do estatuto de autonomía do 36 e "o retorno dos restos de Castelao"[2199]. Nese verán a iniciativa de *Teima* tiña eco nos medios xeralistas[2200].

A finais dese mesmo ano o Centro Gallego de Buenos Aires fixo pública a súa intención de xestionar o traslado do cadáver por petición das cinco agrupacións de socios que conformaban o centro. Consideraban que despois de catro décadas as condicións en España permitían abrigar a "fundada esperanza de que chega para Galicia a tan cobizada autonomía e de que por elo este é o intre máis comenente para a repatriación do cadavre". A este respecto, acordaron a conformación dunha comisión especial para dar inicio aos trámites pertinentes e os contactos necesarios con diversas personalidades de ambos lados do Atlántico[2201]. Nesta

[2197] Detectamos a primeira referencia en: ""Homenaxe a Castelao: ¿Repatria-las cinzas dende Buenos Aires?", *Teima*, nº22, 12-19 de maio de 1977, p. 27. No artigo sinalábase que a idea a subscribían Anuncio Maroño Noia e Andrés Martínez Santiago da Coruña.

[2198] "A Real Academia Galega xestionará o traslado dos restos mortais de Castelao", *La Voz de Galicia*, 26/05/1977, p. 24.

[2199] "Pedirán el retorno de los restos de Castelao, que la bandera gallega ondee en centros públicos y la cooficilidad de la lengua", *La Voz de Galicia*, 24/06/1977, p.18.

[2200] "Organizado por Teima, Foraada una comisión para rendir homenaje a Castelao. Se intenta traer sus restos a Galicia", *La Voz de Galicia,* 02/07/1977, p. 31.

[2201] "O Centro Gallego de Buenos Aires xestiona o traslado do cadavre de Castelao a Galicia*", La Voz de Galicia,* 07/12/1977, p. 20,

proposta do Centro Gallego aparecía o panteón dos galegos ilustres de Bonaval como destino, o que máis adiante foi tamén motivo de conflito[2202].

Esta noticia tivo reaccións ao instante, a modo de exemplo publicábanse os comunicados da Asociación Amigos da Cultura de Pontevedra quen amosaba o seu total apoio á iniciativa e facía un chamamento a "todas as entidades culturais, partidos políticos e entidades sindicaes nacionalistas"[2203]. Ou o PSPG que pedía a formación dunha comisión a nivel galego para que se ocupase do traslado[2204]. En xaneiro quedaba constituída a comisión en Arxentina[2205], pero non foi ata uns meses máis tarde cando en Galicia se iniciou un debate que durou varios anos e que tivo lugar de xeito paralelo e relacionado co proceso autonómico.

Semanas despois da constitución da Xunta preautonómica, que como xa analizamos nacía inmersa na polémica sobre o pasado como verdugo do seu presidente Antonio Rosón, aprobouse atender a petición por carta do presidente e secretario do Centro Gallego de Buenos Aires e iniciar as xestións mediante a organización dunha comisión de personalidades galegas entre as que figuraba o propio Rosón e o conselleiro de cultura Filgueira Valverde[2206]. A importancia da nova aparecería reflexada en forma de titulares en prensa, dentro das novas dedicadas ás primeiras medidas gobernamentais da Xunta[2207]. As reaccións a esta decisión foron inmediatas. Luís Soto, fundador de UPG e que fora secretario de Castelao, manifestaba "que la Xunta de Galicia no tiene categoría popular ni atesora ninguna razón histórica para organizar la llegada de los restos de Castelao". E vinculaba as persoas que estaban a fronte da Xunta como "corresponsables de su muerte en el exilio"[2208]. E isto último é especialmente relevante porque pon sobre a mesa a cuestión que fai deste proceso un suceso importante para o noso obxecto de estudo. Aquilo que, consideramos, estaba no cerne do conflito, o golpe e a guerra, causantes do exilio de Castelao, e a permanencia de persoas achegadas ao réxime franquista nas novas institucións galegas. Dende esta óptica resulta claro como, neste proceso, o pasado emerxía sen querelo na pugna entre os sectores que reivindicaban o legado político e democrático de Castelao, e aqueles que buscaban unha apropiación simbólica da súa figura a través dunha reinterpretación estritamente cultural. A visión "culturalista" pode ser interpretada como unha continuación da imaxe que o réxime franquista tratou de propagar trala morte de Castelao. Proba dilo foi a prohibición expresa aos medios de comunicación para referirse á faceta política do rianxeiro tras a súa morte en 1950. Este proceso de desmemoria continuou manifestándose tamén na homenaxe en Rianxo en 1975, onde foron escasas as referencias ao Castelao político ou ao seu exilio.

> A maniobra de cara a apoderarse de Castelao non é un feito novo no panorama galego, Inda que seña agora cando imos asistir á volta dos seus restos. A maniobra empezou no ano 75, coincidindo cos 25 anos da súa morte, e tentaba

[2202] A modo de exemplo: Fernández Ferreiro: "Castelao y el Panteón de Gallegos Ilustres", *La Voz de Galicia*, 11/12/1977, p.29.; Cartas al director: Maneiro, J.M. e Martínez A. (Rianxo): "Los restos de Castelao", *La Voz de Galicia*, 24/12/1977, p. 63.

[2203] "Amigos da Cultura de Pontevedra, apoia o traslado dos restos de Castelao a Galicia", *La Voz de Galicia,* 11/12/1877, p.35.

[2204] "Llamamiento del Partido Socialista Popular de Galicia para la creación de comisiones de control en los Ayuntamientos", *La Voz de Galicia,* 10/12/1977, p.46.

[2205] "Constituída a comisión que xestionará o traslado do cadavre de Castelao", *La Voz de Galicia,* 05/01/1978, p.31.

[2206] "La "Xunta" se encargará de organizar el traslado a Galicia de los restos mortales de Castelao", *La Voz de Galicia,* 23/05/1978, p.20.

[2207] "Preparativos para el traslado a Galicia de los restos mortales de Castelao", *La Voz de Galicia*, cuberta, 23/05/1978; "Volverán a Galicia, los restos de Castelao", *El País,* 24/05/1978. https://elpais.com/diario/1978/05/24/cultura/264808805_850215.html

[2208] "Luís Soto, contrario al traslado a Galicia de los restos de Castelao", *La Voz de Galicia,* 26/05/1978, p.17.

> popularizar unha visión de Castelao como figura mítica ao marxen de ideoloxías e partidismos[2209].

Criticábase así na prensa achegada ao nacionalismo de esquerdas a doazón do busto polo Patronato e a presenza na homenaxe dos "partidos españoles que tamén coincidían coa imaxen desnacionaliada do político patriota". Á vez recordábase á acción do "Movemento Nacional-Popular Galego" en referencia as asociacións culturais que, combatendo as posicións oficiais, artellaran unha serie de táboas redondas prohibidas polo Gobernadores Civís. Tres anos despois, moitas delas asinaban un comunicado conxunto no que cualificaban a decisión da Xunta como "unha maniobra integrista pra conquerir así unha imaxe de patriotas e lexitimar unha situación política que nada ten de democrática pra nosa nación"[2210]. Asinaban un total de trinta e dúas entidades culturais, entre elas moitas das xa citadas ao longo deste traballo pola súa acción memorial, coma por exemplo O Galo, a Asociación Cultural de Vigo, Amigos da Cultura ou a Lumieira[2211]. Tamén se publicaron nestas semanas comunicados de diversos partidos políticos, entre eles o MCG, manifestándose críticos coa decisión[2212].

Todo este torrente de reaccións considerámolas determinantes para comprender a actuación do Centro Gallego de Bos Aires que, no aniversario do plebiscito, o 28 de xuño deste ano 78, trasladaba á prensa puntualizacións á súa iniciativa:

> Nosotros tenemos el privilegio de tener a Castelao en reserva, en nuestro panteón social, gardándole para el momento que sea oportuno trasladarlo a Galicia. Nosotros hemos iniciado pasos para ir concretando, sin ningunha prisa, sin ningún apuro, el traslado de los restos del cadáver de Castelao a Galicia. Pero, ese cadáver llegará a Galicia cuando todo el pueblo lo reciba sin partidismo de ningunha naturaleza y cuando todos comprendamos que Castelao es la prenda de unidad y la prenda de futuro que los gallegos de Buenos Aires ofrecemos a nuestros hermanos de Galicia, para que con esa prenda, sin monopolizarse nadie, sin parcializarlo nadie, porque Castelao es de todos los gallegos[2213].

Aínda que, durante os seguintes anos, o debate estivo presente na opinión pública con intensidade variable, o asunto quedou paralizado ata o ano 82, momento no que se pon en marcha o primeiro goberno electo da Xunta de Galicia, co Parlamento de Galicia en funcionamento[2214]. Precisamente desta institución era presidente Antonio Rosón, quen en anos anteriores liderara a iniciativa da Xunta e que agora retomaba ese liderado dende o seu cargo

---

[2209] "Crónica política", *A Nosa Terra,* nº 19, do 2 ao 8 de xuño de 1978, p. 5.
[2210] "Comunicados: Castelao", *La Voz de Galicia,* 05/07/1978, p. 49
[2211] Asociacións asinantes: Asociación Cultural de Vigo, Club Cultural "Valle Inclán", de Lugo, A.C. "Alexandre Bóveda" da Coruña, A.C. "Auriense" de Ourense, A.C. "O Eixo"de Santiago, Grupo de teatro "Ditea" de Noia, comisión cultural da Asociación de Veciños do Castiñeiriño (Santiago), Club Xuvenil Almáciga (Santiago), A.C. O Xestal de Baro, A.C. Chispa de Coron (Vilanova de Arousa); Fogar Xuvenil de Santa Cristina de Cobres (Vilaboa), A.C. O Barqueiro (San Adrián de Cobres, Vilaboa), Casa da Mocedade de Moaña, Ateneo de Moaña, A.C. Liboreiro de Bueu, A.C. do Seixo (Marín), A.C. Amigos da Cultura de Pontevedra; Agrupación Cultural Budiño, de Porriño, A.C. Castelao (Monforte), A.C. Lumieira de Carballo, Centro Recreativo Cultural de Vilaboa, A.C. Betanceira, de Betanzos, A.C. Os Choupos de Verín, A.c. Avantar de Carballiño, Asociación de Veciños Camiño, de Carballiño, A.C. Os Cabaceiros de Maceda, A.C. Os Cigurros de A Rúa, A.C. O Galo de Santiago de Compostela. En: "Comunicados: Castelao", *La Voz de Galicia* 05/07/1978, p. 49
[2212] Comunicado MCG (demandaba unha homenaxe popular na que participasen todos os partidos de esquerda e organización populares) en "Traslado de los restos de Castelao", *La Voz de Galicia*, 31/05/1978, p.61. Comunicado Partido Galego Proletariado (PGP), en "Notas y comunicados. Castelao", *La Voz de Galicia,* 26/05/1978, p.44.
[2213] Moskowich, R.L." Castelao llegará a Galicia cuando todo el pueblo lo reciba sin partidismos", *La Voz de Galicia,* 12/07/1978, p.33.
[2214] Exemplos de que o asunto seguía no debate: Abraira, X.: "A repatriación de Castelao", *A Nosa Terra,* 89, do 11 ao 17 de xaneiro de 1980, p.4.

no Parlamento[2215]. Así, en xaneiro do 82 filtrábanse as consideracións de Rosón reivindicando un Castelao de todos, e anunciando o inicio das xestións oportunas para que se producise o traslado, que se debería facer sen "caer na tentación de facer del un argumento político a favor duns ou doutros"[2216].

O maior escollo semellaba estar na irmá de Castelao, que se mantiñan cauta ante a posible "capitalización do acto". Un mes máis tarde, o presidente Fernández Albor puntualizaba que a Xunta aínda non iniciara os trámites formais pero aludía a contactos con Teresa Castelao[2217]. Ano e medio despois, xustamente no mesmo verán en que se producía o conflito en Pontevedra a tenor do monumento de Amigos da Cultura, o Conselleiro de Cultura, Xosé Fernando Filgueira Valverde, anunciaba a chegada dos restos de Castelao antes do 30 de setembro dese ano 83 para o que a proposta sería levada ao Parlamento con brevidade[2218]. Daban o respaldo os "vellos galeguistas" como Ramón Piñeiro quen consideraba que se cumprían os requisitos que no seu día impuxera Castelao: "Dijo que volvería a Galicia cuando tuviese un gobierno autónomo en un Estado democrático- por eso-subrayó, pensar en traerlo ahora es normal".[2219] Pola contra Teresa Castelao amosábase algo molesta pola comunicado do Conselleiro, pola noticia descoñecida de que o seu irmán volvería antes do 30 de setembro denunciando que con ela negociárase a construción dun monumento no panteón, non a súa volta. Aínda así Teresa abría a posibilidade con dúas condicións, que se celebrase un funeral católico e que "no se crearán problemas ni se instrumentalizará su cadáver". Neste senso aludía ao conflito do monumento en Pontevedra, "unha cousa monstruosa" da que culpaba as dúas partes: "por eso eu non quero dar a autorización senón se me asegura que ha ser unha cousa formal e seria"[2220].

En todo este proceso é fundamental atender ao debate que se atopaba no núcleo da confrontación para algúns dos participantes: discernir se se cumpría a condición de liberdade para Galicia que Castelao manifestara como condición para volver. Considerar que si se acadara esta liberdade, e por tanto repatriar os restos, constituía un símbolo de lexitimación do sistema. Castelao, de forma indirecta, estaría, por tanto, avalando que estabamos nese sistema que facía a Galicia libre. Non consideralo así, e negarse por tanto a que fora o momento para que os restos se trasladasen a Galicia, ía no sentido contrario e, por tanto, como era lóxico, mantíñase entre as organizacións sociais e políticas críticas coa Transición e o réxime resultante.

En setembro de 1983, o parlamentario de Esquerda Galega Camilo Nogueira presentaba unha proposición non de lei para o traslado dos restos de Castelao. A proposta saía adiante por unanimidade no Parlamento de Galicia. De modo que, aínda que a iniciativa xa estaba na axenda do goberno autonómico, foi un parlamentario do nacionalismo galego quen o formalizou, dotando así a decisión desa cariz colectivo, e do "Castelao de todos" que estaba entre as condicións de Teresa Castelao, a depositaria da súa vontade.

Aínda así, no Parlamento galego vivíase un ambiente de certa excepcionalidade trala expulsión dos deputados do BNG-PSG. Acontecera nun pleno do parlamento en novembro de 1982, cando os deputados de AP, UCD, PSOE e un deputado do grupo mixto votaban a favor de retirar os dereitos de parlamentarios a Bautista Álvarez, Claudio López Garrido e Lois

[2215] "Os restos de Castelao poderían ser trasladados decontado a Galiza", *La Voz de Galicia*, 13/01/1982, p.34.
[2216] *Íbidem.*
[2217] "El gobierno quiere parlamentarios en la comisión de transferencias", *La Voz de Galicia*, 14/02/1982, p. 38.
[2218] "Los restos de Castelao podrían regresar a Galicia antes del 30 de septiembre", *La Voz de Galicia*, 24/08/1983, p.22.
[2219] *Íbidem.*
[2220] Cotelo, M.C.: "Teresa Castelao: Apoio a volta dos restos do meu irmán si se fai sen problemas e cun enterro católico", *La Voz de Galicia,* 26/08/1983, contracuberta.

Diéguez tras negarse a xurar a Constitución e en aplicación do artigo 7 do regulamento[2221]. Esta expulsión ratificouse nas diversas estancias xudiciais e provocou, por tanto, a negación como parlamentarios a estes tres representantes da cidadanía[2222]. Uns deputados que, se atendemos a postura da organización á que pertencían, terían mantido unha postura contraria ao traslado dos restos de Castelao. E, por tanto, nun exercicio de futurible, terían impedido a unanimidade no acordo e, así mesmo, esa unidade que se lograba en outubro de 1983[2223].

Por outro lado a proposta do deputado Camilo Nogueira ofrecía unha descrición de Castelao moi diferente á que era dominante no goberno galego, despoxada do cariz máis incómodo do seu pensamento político. Ademais Nogueira desenvolvía unha argumentación á favor do regreso dos restos enmarcada no seu ideario político, isto é na reclamación dun autogoberno galego:

> Castelao manifestaba o seu desexo- cito literalmente- de "retornar a Galiza mais non para morrer, senón para vivir". Na loita daqueles anos contra da dictadura e frente á incomprensión dos demócratas centralistas, Castelao sempre defendeu os dereitos de Galicia "como unha Nación perfectamente diferenciada", admitindo a vía da autonomía política- que hoxe en día estamos aquí a protagonizar- como un paso cara ó autogoberno nacional, mais non unha autonomía subordinada, con "atribucións precarias e restrinxidas", segundo as súas propias palabras (...) A presencia en Galicia dos seus restos simboliza o dereito da nosa Nación á súa liberdade[2224].

Isto é crucial, e establece unha diferenciación entre os dous polos do nacionalismo. Así mentres Nogueira, e por tanto EG, consideraban o regreso como un paso preciso na reivindicación do autogoberno, dende o BNG-PSG interpretábase como unha traizón á figura de Castelao, manipulada pola AP, coa complicidade de EG, na consecución dos seus propios obxectivos políticos.

Deste modo en outubro de 1983 aprobouse por unanimidade a emenda transaccional na que o Parlamento de Galicia, como lexítimo representante do pobo galego manifestaba o seu desexo unánime de que os restos volvesen a Galicia, ofrecendo o seu apoio ás decisións que con este fin tomasen os familiares de Castelao e encomendando para as xestións necesarias aos presidentes do parlamento e da Xunta[2225]. No mesmo mes de outubro, Gerardo Fernández Albor e Antonio Rosón Pérez posaban ante as cámaras na porta da casa de Teresa Castelao, viñan de entregarlle a certificación do acordo unánime do Parlamento[2226].

> A unanimidade parlamentaria acadou o seu obxectivo. Hastra entón, Teresa Castelao mantiña a guardia alta. Quería que os restos do seu irmán voltasen a Galicia, pero esixía unhas garantías lóxicas. As garantías xa as ten[2227].

Pero os desexos dunha volta tranquila, sen exaltacións nin incidentes desagradables, que manifestaran tanto a irmá de Castelao como Ramón Piñeiro entre outros partidarios da volta,

---

[2221] Calvo, T.: "El Parlamento privó de sus derechos a los diputados del Bloque-PSG pro no haber jurado la Constitución", *La Voz de Galicia*, 24/11/1982, p. 47.
[2222] "La Comisión Europea de Derechos Humanos confirma el rechazo de la demanda de Claudio López Garrido", *La Voz de Galicia,* 02/12/1986, p.25.; e en "Contra la sentencia que ratificó la expulsión de sus diputados. Encadenamientos de militantes del BNG en varias ciudades gallegas", *La Voz de Galicia*, 14/01/1984, p.25.
[2223] Calvo, T.: "Tódolos grupos políticos mostraron o desexo unánime de que os restos de Castelao volten o seu país", *La Voz de Galicia,* 08/10/1983, p.19.
[2224] Diario de Sesións do Parlamento de Galicia, nº 50, 07/10/1983, p. 2954.
[2225] "A unanimidade parlamentaria acadou o seu obxectivo*", La Voz de Galicia*, 29/10/1983, p. 27.
[2226] Díaz, C.: "Los restos de Castelao estarán en Galicia antes del próximo verano", *La Voz de Galicia,* 29/10/1983, p. 27.
[2227] "A unanimidade parlamentaria acadou o seu obxectivo", *La Voz de Galicia,* 29/10/1983, p. 27.

non se cumpriron[2228]. O conflito agudizouse tras a decisión parlamentaria e o anuncio do regreso para o 28 de xuño de 1984. A oposición vertebrábase en torno a dúas ideas centrais: a ausencia da liberdade en Galicia e a capitalización do regreso por parte dos que Castelao sempre criticara, é dicir, os caciques e verdugos representados na AP. Así o verbalizaba Xosé Manuel Beiras, como resposta a un comunicado que días antes emitira Teresa Castelao. No comunicado, Teresa defendía a decisión do traslado dos restos ao considerala non partidista, senón do Parlamento, manifestando tamén que Castelao non deixara unhas condicións establecidas e "hai unha norma simple que seguir, o retorno pódese facer a partir do momento no que el, caso de vivir, puidese regresar". E acusaba "a algún grupo político" de aproveitar o traslado para acadar protagonismo mediante a utilización partidista do traslado. Da resposta de Beiras destacamos a alusión directa a estes verdugos:

> Pode coidar que ten unha lexitimidade institucional acaída unha Xunta de Galicia na que gobernan as correntes políticas que se sublevaron en armas contra o povo galego que acababa de plebiscitar o Estatuto do 1936, que trouxeron a "Atila en Galicia" e fixeron dela unha "Galicia mártir" que combateron ideolóxicamente e reprimiron policialmente aos herdeiros de Castelao e do Partido Galeguista. E pouco importa que non sexan as mesmas persoas, cousa natural co tempo que pasou, é a mesma ideoloxía e a mesma corrente política, disfrazadas agora de demócratas. En todo caso, o señor Fraga Iribarne sí que é o mesmo (...)[2229].

O debate reproduciuse nas institucións máis achegadas aos cidadáns, os concellos. A modo de exemplo atendemos a dous casos contrapostos. Por unha banda, no Concello de Moaña o BNG, grupo municipal no goberno, presentaba no pleno unha moción na que se denunciaba a manipulación da figura de Castelao que constituía este traslado polos "continuadores dos que o tiñan desterrado e perseguido como a tantos outros"[2230]. A moción aprobábase cos únicos votos a favor do BNG e os votos en contra do resto de grupos, entre os que estaba Esquerda Galega e tamén Alianza Popular. Deste último partido era o alcalde de Vilagarcía de Arousa, que días despois do traslado, o 3 de xullo, propoñía en sesión plenaria unha moción que ía na dirección contraria á anterior, manifestando a satisfacción e o orgullo que como galegos sentían por terse cumprido este "regreso póstumo ós seus lares primixenios" e realizando un agradecemento por isto á Xunta de Galicia, aos familiares de Castelao e a "tódolos galegos" polo esforzo a prol desta volta[2231]. Esta moción xerou un debate de interese, con intervencións críticas de todos os grupos municipais, incluídos aqueles que apoiaran o traslado como o PSOE. O que nos volve poñer sobre a pista desa certa independencia, ou accións "por libre" dos membros das organizacións políticas no eido local. Así, Jose Antonio Cora, concelleiro do PSOE quen ademais de lanzarlle unha pulla ao alcalde "Castelao hace el milagro de que el Alcalde hable en gallego", coincidía na crítica a esta volta co edil do BNG, Carlos Méndez, considerando o peor momento para o regreso, cando aínda estaba a terra chea de caciques.

A ausencia dunha disciplina férrea de partido, a que xa apuntamos en apartados anteriores, reflexábase tamén nas declaracións dun segundo edil do PSOE, Giráldez, que si defendeu a volta aínda que criticando a desastrosa organización do acto. Ademais desta postura ambivalente do PSOE, destaca a defensa da moción por parte da concelleira de AP María Rosa López que corrobora a análise realizada ata este momento, no senso de interpretar que AP desenvolvía unha estratexia culturalista, de despoxo do significado de Castelao, continuadora

[2228] "Los restos de Castelao podrían regresar a Galicia antes del 30 de septiembre", *La Voz de Galicia,* 24/08/1983, p.22.
[2229] "X.M.Beiras resposta a Teresa Castelao", *A Nosa Terra*, nº243, 5 de abril de 1984, p.8.
[2230] Acta municipal da sesión plenaria extraordinaria do 1 de xuño de 1984. Arquivo Municipal de Moaña.
[2231] Resultados eleccións Vilagarcía de Arousa (1983): AP (8), PSOE (8), CIG (3), PCG (1), BNG (1).

da nada no franquismo. Así López consideraba como "la figura de Castelao ha superado la categoría política, dado que está por encima de partidismos, convirtiéndose en figura cultural de Galicia"[2232].

A nivel galego as diversas organizacións políticas amosaron a súa postura ante este traslado. Mentres o PSOE e EG apoiábano, e o BNG-PSG opoñíanse frontalmente, o PCG expresaba a súa crítica polo carácter dos actos que tachaban de elitista. Por outra parte, o que habitualmente era socio de AP, CG mantiña unha posición crítica denunciando a aqueles que "titulándose galeguistas" lle facían o xogo a partidos centralistas como AP e o PSOE[2233].

O 28 de xuño, no corenta e oito aniversario do plebiscito do estatuto de autonomía, os restos mortais de Castelao chegaron en avión a Santiago de Compostela, nunha xornada histórica. Mentres o concello de Redondela pedía aos alcaldes pedáneos das catorce parroquias do municipio a tirada de foguetes no mesmo momento en que chegaba o avión como expresión da celebración, en Moaña ordenábase que a bandeira ondease a media hasta, en sinal de protesta. O ambiente levaba caldeado varios días, co momento álxido na manifestación de protesta convocada polo BNG. Esta pode lerse como os prolegómenos do que aconteceu o día da chegada do cadáver, con diversos incidentes e concentracións de protesta situadas no propio aeroporto de Santiago de Compostela e, sobre todo, nos arredores de Bonaval[2234]. As tres horas de retraso do avión por unha ameaza de bomba no aeroporto de Madrid, a forte protesta dos que non consideraban lexítimo o traslado, xunto a unha desorganizada actuación policial, deron como resultado unha escena conflitiva, dun forte simbolismo da pugna existente arredor da figura de Castelao.

Imaxe 72. Instantáneas da chegada dos restos de Castelao a Bonaval, 1984



Fonte: Exposición *Castelao. O retorno a Galicia, 1984.* Xan Carballa. Museo de Pontevedra (2024).

A xornalista Tareixa Navaza, que o ano anterior presentara a homenaxe en Pontevedra, foi a encargada de darlle voz a retransmisión da Televisión Española en Galicia do traslado dende o aeroporto de Lavacolla ata Bonaval. Esta emisión converteuse nun dos elementos icónicos deste día. En primeiro lugar polo seu contido, coas imaxes do coche fúnebre parado ao fondo, mentres en primeiro plano rompíase o cordón policial e producíanse fortes enfrontamentos entre manifestantes e policías. En segundo lugar pola descrición de Navaza quen decidía construíla

[2232] Acta municipal da sesión plenaria do 3 de xullo de 1984. Arquivo Municipal de Vilagarcía de Arousa, *sin* 31(3).
[2233] "Partidos e concellos pronunciáronse diante da xornada de hoxe", *La Voz de Galicia*, 28/06/1984, p.19.
[2234] Valioso material gráfico recompilado por Xan Carballa e exposto no Museo de Pontevedra na primavera de 2024.

centrándose no Castelao político, reivindicada polos opositores e oculta na mensaxe institucional:

> Había unha contestación tremenda e a Televisión Española era a única televisión, non había nin privadas nin a tele galega, e entón dixen, bueno, tanto Castelao, Castelao, pero solo falan do Castelao humorista, de Os vellos non deben namorarse, a peza teatral, os debuxos.. e digo falemos do Castelao político, collamos o Sempre en Galiza e fagamos unha selección dos textos de Sempre en Galiza que dan unha idea do que el quería para o seu país[2235].

Navaza decidía tamén ler un artigo de Uxío Novoneyra que advertía sobre a posible manipulación da figura de Castelao polo poder e apuntaba a un obxectivo último do traslado: o enterro do nacionalismo galego[2236]. Neste sentido a locutora incluía na súa retransmisión múltiples referencias á visión política que do nacionalismo galego tiña Castelao, afastada da tendencia culturalista dun certo sector do galeguismo:

> Discutía Castelao con Luís Soto e dicía que a cuestión da nación era unha cuestión moi seria, profunda, sociopolítica , que se ten que desligar da nevoeira intranscedente do floclkorismo e desaraizar dun rexionalismo cativo[2237].

Baixo o noso punto de vista, o poder autonómico a través das decisións adoptadas ao longo do proceso encarnaba neste momento a lectura despolitizada e culturalista que ao longo da historia representaron diversas figuras e sectores do galeguismo. A omisión da dimensión política de Castelao que rodeou o traslado dos seus restos liderado por AP é sen dúbida o indicador que mellor evidencia esta estratexia despolitizadora.

Seguindo coa retransmisión, no momento álxido facíase visible o féretro de Castelao, cuberto coa bandeira do Consello de Galiza, sobre as costas da policía municipal de Compostela vestido con traxe de gala. Estes abríanse paso entre manifestantes e policías, rodeados de aplausos. Navaza acompañaba ás imaxes con frases nas que se reiteraba a definición de Castelao como pai do nacionalismo: "Castelao é a esencia mesma do noso país, da nosa nación". Todo o cal, nos seguintes días terminou por valerlle acusacións de "terrorista".

> Nun xornal, ao día seguinte alguén, unha persoa do mundo da cultura dixo "una terrorista retransmitió la llegada de los restos de Castelao". A chegada dos restos de Castelao teñen dúas lecturas, os que quixeron enterralo sen loubar quen fora Castelao para este país, e os que sabendo fixeron nesa negatividade, esa actuación, e os que non o sabían, moi triste, quedarse con esa idea de Castelao, e se poñían os debuxos relacionados co noso agro, non Atila en Galicia, ou Galicia Mártir[2238].

Dous anos máis tarde, Castelao volveu ser noticia con motivo da efeméride do centenario do seu nacemento, 1986. Os actos de lembranza, reivindicación e homenaxe sucedéronse por todo o país, intercalándose cos que recordaban outra efeméride relacionada de xeito directo coa vida, e en concreto o exilio de Castelao, os cincuenta anos do golpe de estado[2239].

[2235] "Tareixa Navaza: "O Castelao político aínda non está normalizado", entrevista audiovisual *en Nos Televisión*, 09/07/2022. https://www.youtube.com/watch?v=hLJHnOcyi_U

[2236] Retransmisión RTVE. "Enterro de Castelao en Bonaval ano 1984", https://www.youtube.com/watch?v=2y_NEsFeQq4


[2237] *Íbidem.*

[2238] "Tareixa Navaza: "O Castelao político aínda non está normalizado", entrevista audiovisual en *Nos Televisión*, 09/07/2022. O que daquela era director do centro territorial, Alexandre Cribeiro, déralle vía libre a Navaza para preparar o contido da retransmisión, dimitiu pouco tempo despois. Navaza sufriu continuo acoso laboral nos seguintes anos, tras esta retransmisión e as realizadas arredor da reconversión naval.

[2239] A Fundación Castelao editou un libro que compendia todos os actos realizados en conmemoración do centenario. Para ver con detalle: Liñares, A. (1997). *O centenario de Castelao na lembranza 1986.* Fundación Castelao.

As accións que se levaron a cabo neste centenario foron impulsadas por dous tipos de actores, institucións e sociedade civil. En canto ás promovidas polas administracións públicas cabe destacar un feito diferencial do relatado ata este momento: a actuación do goberno central. Este levou a cabo a Exposición-Tren Castelao por iniciativa do Ministerio de Cultura. Deste xeito, a través da rede viaria de Renfe difundiuse a súa figura por diversas localidades do país. De maneira similar ao que acontecera coa exposición da "guerra civil" tres anos antes, esta tivera orixe en Madrid, primeiro lugar onde se expuxera en marzo dese ano. Así, o xardín botánico acollera a mostra comisionada polo historiador galego José Antonio Durán[2240]. As gabanzas foron moitas para esta iniciativa na que se definía o pensamento de Castelao a través de máis de duascentas obras e varias pezas audiovisuais[2241]. Na inauguración participaba o propio Ministro de Cultura Javier Solana, e colaboraban diversas institucións galegas, entre elas a Deputación de Pontevedra e os concellos aos que se ía dirixir a devandita exposición[2242].

Imaxe 73. Cuberta do pasquín informativo do Expo-tren




Fonte: Arquivo Municipal de Redondela.

A mostra estivo aberta ao público en Madrid ata o 13 de abril. Despois foi exposta en diversas cidades galegas, entre elas Santiago de Compostela[2243], Vigo, A Coruña, Pontevedra,

[2240] En concreto polo Centro Nacional de Exposicións de la Dirección General de Bellas Artes.
[2241] Gañas, G: "200 obras orixinales posicións sobre castelao inaugurada ayer en Madrid", *El País,* 04/03/1986. https://elpais.com/diario/1986/03/04/cultura/510274810_850215.html
[2242] *Ibidem*
[2243] "Inaugurada en Santiago la exposición Castelao con material orixinal", *La Voz de Galicia*, 10/05/1986, p.16. "A exposición sobre Castelao, Aberta en santiago unha grande homenaxe no centenario do seu nacemento é un exemplo chegado de fóra", *La Voz de Galicia* , 27/05/1986, p.25.

Rianxo ou Ourense pero tamén noutras do Estado español e incluso de Portugal[2244]. Ademais, como adiantabamos, a partir do 1 de outubro deste ano 86, e co obxectivo de alcanzar unha maior difusión, comezou a iniciativa chamada *Expotren Castelao* que percorreu vinte e unha vilas galegas, como se pode ver no folleto informativo (Imaxe 73). Debemos destacar algúns aspectos salientables da organización da exposición itinerante. Neste senso destaca unha xuntanza dos responsables do Ministerio con diversos alcaldes convocados no mes de xullo coa finalidade de conseguir o seu apoio e colaboración.

Imaxe 74. Mapa co itinerario da exposición.



Fonte: Arquivo Municipal de Redondela.

No caso de Redondela a Comisión de Cultura considerouno de interese e respondeu favorablemente á proposta. Deste modo a Comisión Permanente aprobou os gastos precisos[2245] e asumiu a xestión da seguridade e a limpeza da exposición xunto cunha aportación de sete mil pesetas, gastos calculados polo propio Ministerio. Tamén asumiu o obxectivo de asegurar a concorrencia dos estudantes da EXB, BUP e FP[2246]. Na Imaxe 73 podemos ver as vilas e a ruta percorrida dun total de 2043 km que realizou o tren[2247].

Ademais do procedemento seguido, debemos fixarnos no contido da exposición para intentar dilucidar en que medida a cuestión da guerra estaba incluída. Da análise do mesmo podemos considerar que a denuncia do fascismo, presente na obra de Castelao, non ocupaba un lugar moi destacado na mostra. De especial interese neste sentido é o folleto informativo no que se plasma a división da exposición en tres contidos diferentes: audiovisual, bibliográfico e fotográfico. Esta última estaba formada por noventa e cinco paneis que organizaban a vida e a

[2244] Como Catalunya ou Navarra. En Gañas, G: "200 obras orixinales posicións sobre castelao inaugurada ayer en Madrid", *El País*, 04/03/1986.
[2245] Data do acordo da Comisión de Cultura: 22 xullo. En Acta da Comisión de Goberno do 31 de xullo de 1986. Arquivo municipal de Redondela.
[2246] Proposta da Comisión de Cultura á Comisión de Goberno para exposición datada o 22 de xullo de 1986. En Expediente da Comisión de Cultura "Tren itinerante Castelao". E Acta da Comisión de Goberno do 3 de xullo de 1986. Arquivo Municipal de Redondela.
[2247] Informe Análisis preliminar de costes da expo-tren Castelao, 4 de abril de 1986, Madrid. Asinado por Comfersa Comercial del Ferrocarril. . En Expediente da Comisión de Cultura "Tren itinerante Castelao". Arquivo Municipal de Redondela.


obra de Castelao a través de tres liñas argumentais[2248]: a liña argumental miscelánea, a liña argumental Cousas da Vida, e por último, a liña argumento histórico-biográfico. Nesta é onde podemos distinguir os aspectos relacionados coa guerra civil, en diversos paneis nos que se trataba a guerra e o exilio, así como a súa produción de propaganda antifascista[2249].

En relación coa colaboración institucional, a Xunta de Galicia declinou o convite realizado polo Ministerio de Cultura. Paralelamente, no mes de xaneiro o goberno autonómico proclamou "o Ano de Castelao", iniciativa solicitada polo Partido Galeguista Nacionalista[2250] e a acabada de crear Fundación Castelao[2251]. Foron moitas as accións que durante este ano se realizaron en Galicia arredor da figura de Castelao. Ademais das promovidas dende as institucións estatal e autonómica, cabe sinalar as iniciativas municipais. Destacan os nomeamentos como fillo predilecto, as ofrendas florais e por outro lado a erección de monumentos. Sobresaen estes últimos polo seu carácter híbrido xa que non van ser poucas as ocasións nas que a iniciativa partiu das asociacións da comunidade para posteriormente tomar o relevo os concellos. Un dos que destacou neste labor, como xa adiantamos, foi Redondela que ademais de acoller a "Expotren Castelao" desenvolveu outras iniciativas propias; a primeira delas en xaneiro, mes de especial relevancia por ser o mes tanto do seu nacemento como da súa morte. No pleno municipal do día 30 deste mes, por iniciativa do grupo de goberno (PSdeG-PSOE), acordouse nomealo fillo adoptivo, erixir un monumento na súa honra, así como darlle o seu nome a unha das principais vías da vila[2252]. O monumento foi financiado polo concello e por unha subscrición popular evidenciando, por tanto, ese carácter híbrido das iniciativas[2253].

Varios monumentos máis erixíronse por todo o país, por exemplo en Compostela aprobándose no pleno municipal por unanimidade a iniciativa do Grupo Socialista[2254]. Un caso de especial interese foi o de Soutomaior onde as homenaxes a Castelao vinculáronse á conmemoración doutro importante aniversario para o noso obxecto de estudo: o cincuentenario do Estatuto de Autonomía do 36 que contou coa presenza de destacados persoeiros, como Avelino Pousa Antelo[2255]. Tamén se levantou un monólito á súa figura na rúa que levaba o seu nome dende 1979[2256].

[2248] Expediente da Comisión de Cultura "Tren itinerante Castelao". Arquivo Municipal de Redondela.
[2249] *Íbidem*
[2250] Escisión do PG formada por descontentos coa decisión do partido de integrarse en CG. Fundado en 1984.
[2251] X.C.: "Duas conceicións diferentes enfréntanse no Ano de Castelao", *A Nosa Terra,* nº 284, 16 de xaneiro de 1986, p. 5.
[2252] Acta municipal da sesión plenaria do 30 de xaneiro de 1986. Arquivo Municipal de Redondela
[2253] M.A.: "Abierta en Redondela una suscripción popular para levantar un monumento a Castelao quien ya es hijo adoptivo de la villa", *La Voz de Galicia,* 15/05/1986, p.50
[2254] Acta municipal da sesión plenaria do 30 de xaneiro de 1986. Arquivo Municipal de Santiago de Compostela.
[2255] Acta municipal da comisión de goberno do 18 de xullo de 1986. Concello de Soutomaior.
[2256] " El Ayuntamiento de Soutomaior inaugura hoy un monolito en homenaje a Castelao", *La Voz de Galicia,* 15/06/1986, p.48.

Imaxe 75. Pasquín informativo monumento a Castelao da Asociación Cultural Sementeira, 1986



Fonte: Documento cedido por Gustavo Docampo.

Ademais dos actores institucionais, a sociedade civil foi impulsora de moitas accións na súa memoria. Destacamos a comisión pro-centenario, na que participaban varias entidades sociais e culturais de Rianxo, promovendo diversos actos entre eles unha ofrenda floral ante o seu busto na vila rianxeira[2257]. Por outra parte no Barco de Valdeorras a Asociación Cultural Sementeira impulsou un monumento na súa honra por subscrición popular solicitando a colaboración do concello que finalmente achegaba 25.000 pesetas (Imaxe 75). Nesta asociación participaba o concelleiro de MCG Gustavo Docampo, o que evidencia unha vez máis as conexións entre a sociedade civil e as institucións[2258]. Similar proceso tivo lugar en Negreira onde a Asociación Cultural Afonso Eáns promoveu a mesma iniciativa de erixir un monumento a Castelao nunha dobre celebración ao cumprir a entidade dez anos[2259]. Esta entidade nacera no ano 76, como parte do fenómeno asociacionista xa estudado, momento no que comezou a desenvolver unha importante acción memorialista que continuou no tempo máis alá do noso período de estudo destacando a colocación dunha placa en homenaxe aos represaliados do franquismo no 2016[2260]. Para o monumento de Castelao esta asociación pediu axuda, entre outros organismos, á Fundación Castelao nada en decembro de 1984[2261].

Setenta e seis persoas constituíron a Fundación Castelao ante notario, destacando a presenza dos "vellos galeguistas" Ramón Piñeiro e Avelino Pousa Antelo, presidentes da Xunta como Antonio Rosón ou Gerardo Fernández Albor ou personalidades do ámbito académico e cultural como Ramón Villares, Justo Berarmendi ou Ramón Maiz[2262]. Esta fundación foi outra

[2257] X.C.:"Dúas conceicións diferentes enfréntase no Ano de Castelao", *A Nosa Terra*, nº284, 16 de xaneiro de 1986, p.5; "Homenaje a Castelao, en el aniversario de su muerte, ante la tumba del Panteón de Galegos Ilustres, en Santo Domingo de Bonaval", *La Voz de Galicia*, 08/01/1986, p.17.
[2258] Acta municipal da sesión plenaria do 31 de xullo de1986. Arquivo municipal do Barco de Valdeorras.
[2259] "Monumento a Castelao en Negreira por subscrición popular", *A Nosa Terra*, nº 285, 30 xaneiro de 1986, p.23.
[2260] "Alfonso Eanes informa a los alcaldes sobre su nuevo proyecto de memoria histórica", *La Voz de Galicia*,24/02/2016.
[2261] Carta asociación Afonso Feáns dixida á Fundación Castelao. Expediente CA-0154/005 da Fundación Castelao . Arquivo Fundación Penzol.
[2262] Documentación notarial Fundación Castelao. Expediente CA-0154/005 da Fundación Castelao . Arquivo Fundación Penzol.

das protagonistas na organización e promoción de actos polo centenario, entre os que destacan as ofrendas florais ante o busto de Castelao en Rianxo e no Panteón dos Galegos Ilustres[2263]. A entidade mantivo un forte vencello coas administracións públicas adquirindo un perfil altamente institucional. A relación e proximidade coas institucións aparece exemplificada na carta recibida polo presidente da fundación, Ramón Martínez López. Nela o vicepresidente Barreiro Rivas daba conta da orde emitida para a aprobación dunha subvención solicitada previamente pola fundación[2264]. Na mesma liña, esta artellou unha campaña de solicitude de fondos ás entidades locais[2265].

Imaxe 76. Fachada da Facultade de Xeografía e Historia durante o Congreso Castelao, 1986



Fonte: *A Nosa Terra*, nº 305, 5 de decembro de 1986, p. 12

Nesta relación de cooperación destaca a organización do Congreso Castelao (Imaxe 76), enmarcado no convenio de colaboración subscrito entre a USC e a fundación co obxectivo de profundar no coñecemento da súa figura[2266]. Precisamente no Congreso, que tiña lugar no mes de novembro, diversos participantes salientaron a existencia duns anos escuros a partir dos 40 en torno á relación de Castelao co galeguismo do interior[2267].

[2263] Expediente CA-0154/005 da Fundación Castelao. Arquivo Fundación Penzol.
[2264] *Íbidem.*
[2265] Carta modelo da Fundación dirixida aos Concellos en Expediente CA-0154/005 da Fundación Castelao. Arquivo Fundación Penzol.
Acordo de subvención de 50.000 pesetas en Acta da Comisión Municipal de Goberno do 15 de xullo de 1986. Arquivo Municipal de Redondela.
[2266] Convenio de colaboración Fundación Castelao-USC. Expediente CA-0154/005 da Fundación Castelao . Arquivo Fundación Penzol.
[2267] "O Congreso Castelao non rachou co pacto de silencio sobre os anos escuros", *A Nosa Terra*, nº 305, 5 de decembro de 1986, p. 12.

5.5. O CINCUENTENARIO

As accións de memoria da violencia franquista descenderon notablemente en número entre os anos 83 e 85. O aumento significativo deste tipo de accións durante o ano 86 está ligado categoricamente ao cincuenta aniversario do golpe de estado. Centrándonos nos repertorios de acción e se nos fixamos na táboa do Anexo 7 podemos ver como en todos eles se acusa un incremento considerable. Entre 1983 e 1985 se contabilizan 19 concentracións de homenaxe das que todas excepto unha correspóndense con homenaxes periódicas ou institucionalizas. Pola contra soamente en 1986 verifícase a existencia de 10 concentracións das que soamente cinco correspondíanse coa repetición de accións xa desenvoltas en anos anteriores. En canto ás accións divulgativas a tendencia aínda é máis acusada, son 22 as accións contabilizadas en 1986 mentres entre o 83 e o 85 soamente se detectaran 10, o que á súa vez supuxera unha importante baixada respecto ao período anterior (con 43).

No referente á modificación da simboloxía e por tanto a accións principalmente desenvoltas polas institucións municipais a tendencia é semellante, a diminución drástica con respecto a etapa anterior, pero neste caso tampouco se detecta un aumento significativo en 1986. O que responde, consideramos, a esa tendencia á moderación xa detectada nos axentes memorialistas presentes nas institucións, co PSOE como máximo expoñente nesta dinámica.

En definitiva, 1986 como espazo temporal, ten unha consistencia propia que fai necesaria a súa análise como un fenómeno diferenciado, onde estiveron presentes os actores da sociedade civil pero tamén as institucións, en concreto os concellos, seguindo a lóxica presente durante todo o período de estudo.

5.5.1. O cincuentenario nos concellos

En 1986 cumpríanse cincuenta anos do golpe de estado ou, seguindo a denominación deste período, do "inicio da guerra civil", pero as accións institucionais arredor desta efeméride foron poucas e en liñas xerais relacionadas con determinados concellos xa tratados neste traballo pola súa actividade memorialista. Aínda así algunhas das iniciativas non lograron frutificar pese ao cal consideramos apropiado analizalas brevemente.

Referímonos neste traballo ao monumento en honra a Franco inaugurado en 1977 en Cedeira, e que fora obxecto de numerosas accións de protesta dende aquela. Neste ano 86 o concelleiro do BNG Manuel Suárez presentaba unha moción para a eliminación do mesmo. Na proposta tamén se incluía a eliminación de diversas rúas franquistas[2268] e dedicar unha placa ou realizar unha homenaxe "a los muertos y torturados en Cedeira el 18 de julio de 1936"[2269]. Pero a moción non chegou a incluírse na orde do día do pleno, seguindo unha dinámica de bloqueo que xa denunciara este concelleiro e que evitaba que este tipo de propostas puidesen ser abordadas en sesión plenaria[2270]. Así, un ano máis tarde, membros do BNG de Cedeira levaron a cabo un acto de protesta consistente nun cambio simbólico de nomes de rúas pegando enriba

[2268] Rúas que se propoñían cambiar: Paseo del Generalísimo, Travesía del Paseo del Generalísimo, Excombatientes. Ademais o concelleiro pedía que se quitasen as placas de Avenida Calvo Sotelo e de avenida Jose Antonio de dúas rúas da vila (Arriba da Ponte e Real), polo que se pode entender que estas foran modificadas con anterioridade.

[2269] "El BNG cedeirés pide el derribo del monolito a Franco", *La Voz de Galicia*, 12/09/1986, p.28.

[2270] Na mesma noticia en prensa dábase conta da acción de protesta e deste concelleiro ante o bloqueo das mocións do BNG que non se incluían nas ordes do día dos plenos, e que consistiría en non acudir as comisións informativas que se convocaban antes de cada pleno.

das placas un novo letreiro de cartolina, no Paseo del Generalísimo, na"avenida Fraga Iribarne, na rúa dos Ex-Combatiente", e na do General Primo de Rivera[2271]. En Cedeira Alianza Popular gobernaba por unha ampla maioría de nove concelleiros fronte a catro da oposición[2272].

En Compostela tamén tiveron lugar dúas propostas de interese para conmemorar este cincuentenario. A primeira delas foi iniciativa do concelleiro do PSOE Xerardo Estévez que só unhas semanas antes sufrira unha moción de censura que o apartara da alcaldía. En 1983 fora investido alcalde, apoiado polo concelleiro do PCG Luís Pasín, pero tamén polo Partido Demócrata Liberal (PDL)[2273]. Este apoio "antinatura" produciuse despois de fracasadas as negociacións do PDL coa Coalición Popular, o que lle tería dado a vitoria[2274]. Tras anos de difícil goberno, cun achegamento entre os dous partidos da dereita na figura dos seus principais líderes Marcial Castro e Gerardo Conde Roa produciuse unha controvertida moción de censura que saíu adiante en abril de 1986, investíndose alcalde a Ernesto Viéitez Cortizo[2275].

Mentres que durante os anos de goberno do PSOE non se detectou ningunha proposición memorialista, en maio do 86 o grupo socialista fixo pública unha proposta para homenaxear no cincuenta aniversario da súa morte a Ánxel Casal Gosende e Camilo Díaz Baliño.

> Neles, que foron compostelanos de adopción, pódese e débese render homenaxe a todos os homes e mulleres que contribuiron a construir a Galicia de hoxe e que tiveron que pagar por iso o inxusto precio da persecución, o exilio e a morte[2276].

Propoñíase a creación dunha comisión integrada por un representante de cada grupo municipal para a organización da efeméride, onde se establecían algúns dos elementos básicos: o nomeamento como fillos adoptivos a título póstumo e a colocación de placas onde foran os domicilios de ambos, en Hortas e na rúa do Vilar[2277]. No pleno do 28 de maio a proposta non foi declarada de urxencia polo grupo de goberno, trámite necesario para ser valorada[2278]. Dous días despois o ex-alcalde e voceiro do PSOE Xerardo Estévez denunciaba os votos en contra dos trece concelleiros de Coalición Popular sen ofrecer alternativa:

> Sorprendidos por esta actitude inesperada, imos preguntar ó Sr. Viéitez se están dispostos a suscrebe-la proposta, porque en caso contrario non a levaríamos de novo ó Pleno, pois que pola forza dos seus trece votos, que non pola forza da razón, a capital de Galicia quedaría en entredito[2279].

[2271] Cambiados por Castelao, Alexandre Bóveda, Paz e Rosalía de Castro respectivamente. En "Diversas calles de Cedeira fueron "bautizadas" por un concejal y miembros del BNG", *La Voz de Galicia,* 15/08/1987, p.20.

[2272] Resultados eleccións Cedeira (1983): AP (9), PSOE (3), BNG (1).

[2273]Liderado polo que fora alcalde da UCD entre 1981 e 1983 trala dimisión de José Antonio Souto.
Resultados eleccións Compostela (1983): AP (11), PSOE (10), PDL (3), PCG (1).

[2274] Pousa, X.R.: "AP podría participar en el gobernó municipal", *La Voz de Galicia*, 29/05/1983, p.36. e "Con los votos del PDL Xerado Estévez, elegido alcalde de Santiago de Compostela", *La Voz de Galicia, 25/05/1983, p.39.*

[2275] "Las tensiones internas que aquejan al grupo municipal popular harán muy difícil la gobernabilidad de la corporación", *La Voz de Galicia*, 22/03/1986, p.16. "Moción de censura en el ayuntamiento de Santiago: Xerardo Estévez asumió el error político de haber permitido la continuidad del equipo que redacta el paralizado Plan de Urbanismo", *La Voz de Galicia*, 25/04/1986, p. 22. "Elegido alcalde en un ambiente de plena normalidad. Viéitez Cortizo: Unha das más urxentes tarefas é a de actuar adecuadamente sobre a realidade urbana para impedir que sexa o enemigo dos seus habitantes", *La Voz de Galicia*, 30/04/1986, p.22.

[2276] "El grupo de la oposición propone conmemorar el cincuenta aniversario de Anxel Casal y Camilo Díaz con un homenaje a ambos", *La Voz de Galicia*, 28/05/1986, p.26.

[2277] *Íbidem.* Nota: ademais desta nova na mesma páxina do diario inclúense dúas columnas coa biografía de Camio Díaz e de Anxel Casal, no que se inclúen as sacas que sufriron cada un deles.

[2278] "Modificado con carácter de urgencia el destino de las brigadas y obras del INEM acordadas en un pasado pleno ordinario", *La Voz de Galicia*, 29/05/1986, p. 43.

[2279] Estévez, X. "Unha débeda de Compostela", *La Voz de Galicia*, 30/05/1986, p.24.

Non temos constancia nin da interlocución co alcalde nin de que a proposta volvese ao pleno[2280]. Cabe salientar como Xerardo Estévez xustificaba a necesidade da homenaxe non como unha "rememoración dos tráxicos acontecementos que todos coidamos superados polo decurso da historia"[2281] senón como un recoñecemento explícito da cidade no seu papel de veciños insignes de Compostela destacando o seu labor cultural e no eido do galeguismo. Estévez non se refería tampouco aos asasinatos ou fusilamentos, senón que falaba de "mortes tráxicas".

En decembro deste ano 86 publicábanse dous artigos que denunciaban o abandono desta proposta de homenaxe "sumerxida nas tinieblas de Raxoi" a partir do bloqueo no pleno de maio. No primeiro plasmábanse as declaracións do Concelleiro delegado de Cultura que cuestionado sobre esta proposta manifestaba: "non teño nin puñetera idea dese asunto"[2282]. Pero ademais tamén se aludía a como o grupo socialista non volvera recordar a conmemoración dende aquela. No segundo artigo, de corte máis reflexivo, mencionábase o termo "memoria histórica" definíndose non como un baúl de pequenos recordos senón de "feitos que axudaron a forxar unha colectividade agradecida". O autor denunciaba así como a escasos días de rematar o ano:

> O cincuenta cabodano da súa morte, tristemente, pasará de longo e nin unha sinxela placa nas súas casas merecen estes dous homes "que traballaron con entrega e amor polo engrandecemento de Galicia e da súa cultura" (...) O vinte e cinco cabodano non se viu na "longa noite" e o cincuenta tampouco parece albiscarse[2283].

Aínda que fora do noso período de estudo, realizamos unha pequena indagación para saber se esta medida foi retomada na volta de Xerardo Estévez á alcaldía, producida soamente un ano despois tralas eleccións de xuño de 1987, ao ser o partido máis votado e no papel de único representante do centro-esquerda[2284]. O resultado é claro, non se detecta ningunha acción similar neste terceiro período de goberno municipal, coa única similitude no nomeamento de fillo predilecto da cidade ao fillo de Camilo Díaz, Isaac Díaz. El é quen na cerimonia de entrega da Medalla de Ouro da cidade recordou, emocionado, a Ánxel Casal e ao seu pai Camilo Díaz, "os auténticos homenaxeados", aínda que Díaz comprendía a "prudencia política que obriga a non recordar feitos dorosos que dividiron ós españois"[2285].

O cincuentenario en Compostela tamén tivo outro intento de homenaxe de interese, que emprendeu o concelleiro do PCG Luís Pasín, ao que xa nos referimos con detemento no presente traballo. Así, tras actuar como familiar e militante na organización da homenaxe aos fusilados no cemiterio de Boisaca en decembro de 1977, agora, como representante dos cidadáns pedía autorización para a colocación dunha placa de bronce en honra aos "mártires galegos pola liberdade" no muro que pechaba o cemiterio de Boisaca. O edil xustificaba esta petición por cumprirse o 3 de decembro o cincuenta aniversario da "morte violenta de doce patriotas galegos amantes todos eles das liberdades e defensores da democracia e do poder constituído". Pasín xustificaba tamén que non se trataba de "remover cinzas do pasado, nin

[2280] Pese á descrición en prensa do tratamento da proposta en tanto en canto ser considerada de urxencia para poder debaterse no pleno do 28 de maio. Na visita ao Arquivo Municipal de Compostela, do que xa mencionamos as súas deficiencias, non o detectamos.
[2281] Estévez, X. "Unha débeda de Compostela", *La Voz de Galicia*, 30/05/1986, p.24.
[2282] "El cincuenta aniversario de Anxel Casal y Camilo Díaz pasó de largo sin ningún acto", *La Voz de Galicia*, 05/12/1986, P. 41.
[2283] X.M.C. "Non houbo homenaxe", *La Voz de Galicia*, 05/12/1986, p.41.
[2284] Resultados eleccións Compostela (1987): PSOE (13), Federaión de Partidos de Alianza Popular (10), CDS (2).
[2285] "Díaz Pardo recibió ayer de manos del alacalde de la ciudad el nombramiento e Fillo Predilecto de Compostela", *La Voz de Galicia,* 09/04/1988, p. 23.

feridas xa cicatrizadas no transcurso da historia", considerando que estaba suficientemente superado. Por tanto, nel inclúense os elementos dun determinado discurso memorialista que tentaba encaixar dentro do relato dominante da reconciliación, pero tamén do "nunca máis". Así, Pasín consideraba necesario:

> recordar aqueles mártires para que as novas xeracións os coñezan e teñan presentes neste cincuentenario uns feitos lutuosos que nunca máis teñan que repetirse dentro da convivencia que debe imperar nunha sociedade civilizada e de progreso[2286].

Debido ao estado deficiente do arquivo municipal, ao que xa se fixo referencia, non podemos acceder as actas da Comisión de Goberno, polo que non podemos saber se isto foi finalmente autorizado. A única constancia documental é unha pequena nota en prensa en outubro deste ano 86. Nela non se inclúen referencias a quen é o suxeito que pretendía colocar a placa. Se atendemos a esta fonte nela inclúese a transcrición do que sería a lenda desa placa: "Recuerdo y honra a quienes por la defensa de la libertad, ofrendaron su vida que les fue segada en la represión de 1936-1939". Esta é a mesma frase que figura na placa do cemiterio de Boisaca, que analizamos no capítulo 3 e que databamos no ano 1977. Deste xeito seguiamos as lembranzas do propio Pasín e a noticia publicada sobre a homenaxe dos fusilados de Ordes no 87, que aludía a unha placa colocado nos anos setenta. Pero a coincidencia da frase parece indicar que se trata da mesma. Barallamos dúas hipóteses que explicarían esta discordancia.


A primeira hipótese basearíase en que a lembranza de Pasín errou na data, e a noticia do 87 sobre unha placa dos anos setenta referírase a outra aínda por localizar. Seguindo esta hipótese a placa que fotografamos no cemiterio (Imaxe 23) é a colocada en decembro do 86. Pero tamén podería ser posible que a placa, situada nos anos setenta nalgún lugar do cemiterio, se quixese mover neste ano 86 ao muro, sobre unha lousa de pedra, como especificaba Pasín na súa petición. Por tanto, esta segunda hipótese avogaría por un cambio de emprazamento da placa colocada inicialmente no ano 77[2287]. Esta segundo hipótese é a que nos resulta máis plausible.

En 1986, ademais destes intentos, en maior ou menor grado frustrados, de accións memoriais, detectamos catro accións impulsadas por catro concellos: Soutomaior, Ferrol, A Coruña e Redondela. Aconteceron en espazos temporais moi semellantes, isto é, dentro do mes de agosto de 1986 e polo tanto nas mesmas datas dos asasinatos producidos cincuenta anos atrás. Tres foron accións da memoria traumática en formato homenaxe, e outra constituíuse como unha das máis relevantes accións divulgativas no período en estudo.

[2286] "Pasín solicita una placa en honor de los mártires gallegos por la libertad en 1936-1939", *La Voz de Galicia*, 19/10/1986, p. 36.

[2287] Posto que se atendemos á frase textual da noticia esta sinala que Pasín pide a autorización para "la colocación en el muro que cierra el cementerio de Boisaca de una losa de piedra sobre la que figura una placa de bronce con la leyenda...".

Gráfico 68. Accións da memoria institucionais no cincuentenario do golpe[2288].



Fonte: elaboración propia.

Soutomaior, que rebelamos como un dos concellos pioneiros na acción memorial en 1979, pecha o noso período de estudo cunha homenaxe institucional a Alexandre Bóveda na que estiveron presentes os seus familiares directos. Esta tivo lugar o mesmo día que a homenaxe anual celebrada no cemiterio de San Mauro, isto é, no aniversario do seu fusilamento. Así, á efeméride anual publicada en prensa, engadíase información a respecto do citado evento organizado dende a alcaldía de Soutomaior. Esta decidírase por acordo plenario en febreiro dese mesmo ano consistindo na denominación da principal rúa da vila co nome do galeguista e na colocación de dous monólitos en dito emprazamento. A iniciativa procedía da Comisión de Goberno, delegándose a organización da mesma á Comisión de Cultura[2289]. O acto de tributo consistiu na inauguración da rúa e nela foi relevante a participación da viúva, Amalia Álvarez[2290], que pronunciou unhas palabras de agradecemento en nome da familia, visiblemente emocionada. O acto, que comezaba diante da Casa Consistorial, foi presentado polo propio alcalde, Fernando Pereira, cunha afluencia de público de arredor de trescentas persoas[2291]. O desenvolvemento da actividade sinalada, completouse co recital de poesía a cargo de, entre outros, Méndez Ferrín, Paz Andrade ou Manuel María[2292].


En Ferrol o 16 de agosto do 86 o equipo de goberno municipal, conformado polos concelleiros do PSOE e do PCG, inauguraron o monumento en homenaxe dos mortos na guerra civil que meses antes colocara o propio concello no cemiterio de Catabois. De modo que poderiamos falar dunha dobre acción, primeiramente coa colocación da placa en novembro de 1985 e posteriormente coa homenaxe e inauguración da mesma. O texto da placa fora redactado polo propio alcalde Jaime Quintanilla que indicaba o seguinte: "Aquí yacen ferrolanos muertos

[2288] Aínda que salientemos nos tres casos (Soutomaior, Ferrol e A Coruña) o acto de homenaxe, nos tres tamén se produciu a inclusión de nova simboloxía no espazo público, con rúas, placas e bustos.
[2289] Acta municipal da sesión plenaria do 7 de febreiro de 1986. Concello de Soutomaior
[2290] Acta municipal da sesión plenaria do 14 de Agosto de 1986. Concello de Soutomaior. Acta municipal da sesión plenaria do 29 de Agosto de 1986. Concello de Soutomaior.
[2291] "La familia de Bóveda asistió al homenaje del Ayuntamiento de Soutomaior, que le dedicó una calle", *La Voz de Galicia*, 18/08/1986, p.13
[2292] "Homenaje a Bóveda", *Faro de Vigo,* 12/08/1986, p.20.

prematuramente por una absurda y fratricida Guerra Civil. Al que leyere, siempre dialogar, nunca matar"[2293].

O día anterior á inauguración, o 15 de agosto, publicábase unha nota necrolóxica que era en si mesma outra acción de memoria destes representantes públicos cara a outros representantes públicos: Manuel Morgado e Jaime Quintanilla asasinados o 13 e o 17 de agosto de 1936 respectivamente.

Imaxe 77. Nota necrolóxica. Ferrol, 1986



CINCUENTA ANIVERSARIO

Los concejales ferrolanos MANUEL MORGADO GONZALEZ DEL VALLE y JAIME QUINTANILLA MARTINEZ, muertos el 13 y 17 de agosto de 1936 en defensa de sus ideales de convivencia, democracia y libertad.

El alcalde, concejales comunistas y concejales socialistas, al recordar esta fecha, sin rencor ni odio hacia nadie, expresan su ferviente anhelo de que jamás haya lucha fratricida entre españoles.

Fonte: *La Voz de Galicia,* 15/08/1986, p. 49.

En canto á nota, (Imaxe 77), volven aparecer algúns dos elementos básicos do discurso memorialista, a xustificación da ausencia de rancor e odio xunto ao "nunca máis" esa "loita fratricida". Interesa tamén o suxeito que asinou a nota, que non é a corporación no seu conxunto, senón o alcalde e os concelleiros de dúas organizacións políticas, PSOE e PCG. Por outra parte no anuncio en prensa da homenaxe delimitábase o suxeito convocador no equipo de goberno do concello[2294]. Consideramos relevante este punto ao non ter localizado ningún documento oficial no Arquivo Municipal de Ferrol que dea conta de que a iniciativa pasase polos órganos de goberno. E que, á fin e ao cabo, tamén evidencia a oposición das organizacións da dereita a participar neste tipo de actos. Aínda así, ao noso modo de ver, que o alcalde e os concelleiros no goberno fosen os promotores da homenaxe confírelle a esta un indiscutible carácter institucional.

O acto consistiu nunha xuntanza ante o monumento na que se levou a cabo unha ofrenda floral coa intención de que o acto non só recordase "a los concejales muertos, sino poner de manifesto el deseo de que no se repitan enfrentamientos como aquel"[2295]. O alcalde segundo as declaracións recollidas en prensa, "hizo votos por la consolidación de la democracia sin rencores e hizo referencia a la necesidad de poner fin a "las dos españas". Tamén referíase ao obxectivo do acto na pretensión de pechar as feridas que quedaban e "hizo referencia a la necesidad de consolidar la reciente democracia española sin rencor". Tamén aludiu aos concelleiros do grupo popular tendo "palabras de crítica por no asistir ninguno de ellos al acto"[2296].

[2293] Caruncho, C.: "Los muertos en la Guerra Civil Serán recordados en una placa expuesta en el cementerio de Catabois", *La Voz de Galicia,* 28/11/1985, p.35.
[2294] Nesta nova aludíase a que o texto da nota necrolóxica fora redactado pola alcaldía. En "La corporación conmemora el sábado la muerte de varios concejales en la Guerra Civil", *La Voz de Galicia,* 14/08/1986, p.17.
[2295] "Hoy se rinde homenaje, en el cementerio de Catabois, a dos ediles fusilados en 1936", *La Voz de Galicia,* 16/08/1986, p.17.
[2296] "Depositada una corona de flores en Catabois en recuerdo de los dos ediles muertos en 1936", *La Voz de Galicia,* 17/08/1986, p.29.

Ademais do papel protagonista do alcalde Jaime Quintanilla, salientamos a presenza doutro axente memorialista xa mencionado neste traballo, o concelleiro do PCG Fernando Miramontes[2297]. O carácter institucional maniféstase no texto da coroa de flores: "El ayuntamiento a los ferrolanos muertos por la libertad y la democracia". No que ademais se evidencia como a homenaxe ampliábase ás demais vítimas de Ferrol. Así os edís trasladáronse á tumba de cinco militantes socialistas, tamén asasinados, a petición do fillo dunha das vítimas que estaba no cemiterio no momento da homenaxe. Ademais dos concelleiros, no acto estaba presente un grupo de persoas de idade avanzada que moi posiblemente tivesen algunha relación achegada coas vítimas homenaxeadas.

Imaxe 78. Monumento en homenaxe ás vítimas no cemiterio de Catabois, Ferrol, 1985-86



Fonte: fotografía realizada por Bernardo Maiz, Abril de 2024.

O lugar elixido dentro do cemiterio para a colocación do monumento non parece casual, pois atópase a pouca distancia do osario común, lugar a onde foron trasladados moitos dos restos exhumados na fosa común do cemiterio de Canido[2298]. Por outro lado debemos destacar a práctica invisibilidade deste monumento no presente, doutra volta nunha alusión directa a esa desmemoria desta primeira memoria durante Transición. Pese a esa invisibilidade, sen mención atopada nas referencias bibliográficas que aluden aos lugares da memoria na contorna, a día de hoxe o monumento mantense intacto (Imaxe 78).

Dous días despois da homenaxe o PCE (m-l) fixo pública en prensa unha misiva ao Concello de Ferrol no que felicitaba ao municipio pola celebración do acto á vez que solicitaba a organismos públicos, partidos e sindicatos a organización dunha campaña de homenaxe a todas as vítimas do franquismo "co fin de esixir a súa rehabilitación moral e material"[2299]. Ademais sinalaba preciso revelar as verdadeiras causas da guerra "fronte as mentiras dos

[2297] Segundo a crónica estes eran os concelleiros presentes: Jaime Quintanilla, Celestino Llano, Juan González Carballo, Manuel Lorenzo Ramos e Fernando Miramontes.
[2298] Información facilitada por Bernardo Máiz, abril de 2024, quen ante a nosa consulta sobre a existencia do monumento na actualidade, trasladouse ao cemiterio para comprobar insitu como seguía en pé.
[2299] "Piden al ayuntamiento, una vez más, la retirada de la estatua de Franco", *La Voz de Galicia,* 20/08/1986, p.16.


vencedores e as versións que soio tentan oculta-las"[2300]. Esta organización tamén pedía a retirada da estatua de Franco, que como xa indicamos estivo aínda varios anos máis na cidade departamental. Por outro lado, a xornalista que asinaba un dos artigos sobre o acto describíao en "correlación espontánea" co monumento a todos lo caídos inaugurado días atrás polo rei Juan Carlos en Madrid+[2301]. De modo que esta acción de memoria producía reaccións contrarias, por unha banda a do PCE m-l, que apostaba polas reclamacións de memoria, verdade e reparación. E por outra banda, aquelas que a situaban na lóxica discursiva da reconciliación que encarnou o monumento inaugurado en Madrid polo rei.

A terceira acción de memoria institucional en formato homenaxe celebrada no cincuenta aniversario tivo lugar na Coruña. Así, ademais das tradicionais ofrendas o Día dos Defuntos ante o monumento no cemiterio de San Amaro[2302], o concello organizou un acto institucional de especial relevo:

> Saltando medio siglo de olvidos, hoy es un buen momento para recordar a todos aquellos hombres y mujeres que fueron fieles a sus principios. Rendimos homenaxe al que fue nuestro alcalde, y en su persona a todas aquellas personas que fueron vítimas del odio y la intolerancia[2303].

Este fragmento, encadrado no marco memorialista acorde co relato da reconciliación, é parte do discurso que o alcalde da Coruña Francisco Vázquez emitiu o 31 de agosto deste ano 86, no cincuenta aniversario da execución tras xuízo militar a mans do golpismo de Alfredo Suárez Ferrín, alcalde da Coruña en 1936[2304].

Imaxe 79. Anuncio municipal da homenaxe a Alfredo Suárez Ferrín. Agosto de 1986.


Ayuntamiento de La Coruña

Homenaje al Alcalde Suárez Ferrín

Mañana Domingo, día 31, a las 13 horas, será descubierto un busto del que fue Alcalde de La Coruña, durante la República D. Alfredo Suárez Ferrín, al cumplirse los 50 años de su trágica muerte.

El Ayuntamiento Coruñés invita a todos los ciudadanos a participar en tan merecido homenaje, acudiendo a la hora señalada a los Jardines de Méndez Núñez (frente al Kiosco).

Fonte: *La Voz de Galicia,* 30/08/1986, p.18

[2300] "PCE (m-l) propone continuar el homenaje a las víctimas del franquismo", *Faro de Vigo*, 20/08/86, p.19.
[2301] Caruncho, C.: "Los muertos en la Guerra Civil Serán recordados en una placa expuesta en el cementerio de Catabois", *La Voz de Galicia,* 28/11/1985, p.35.
[2302] Documentamos a modo de exemplo as ofrendas florais en 1984 e 1986 que realizou o Concello da Coruña, entre outros lugares, ante o monumento aos mártires por la libertad, analizado no Capítulo 5: en "La corporación municipal realizó ayer la tradicional ofrenda floral en los cementerios General y Civil", *La Voz de Galicia,* 02/11/1984, p.39. e en "Masiva afluencia de público a los cementerios coruñeses durante la tradicional festividad de Todos los Santos", *La Voz de Galicia*, 02/11/1986, p.38. Todo semella indicar que a ofrenda neste monumento realizouse por parte do concello anualmente, non soamente nestes anos rescatados.
[2303] "El ayuntamiento recordó el fusilamiento del último alcalde republicano de La Coruña", *La Voz de Galicia,* 01/09/1986, p.12.
[2304] Base de datos Nomes e voces. http://vitimas.nomesevoces.net/gl/ficha/3382/

Ese día nos xardíns de Méndez Núñez tivo lugar un acto institucional de homenaxe organizado polo Concello da Coruña consistente na inauguración dun busto co rostro do alcalde asasinado. Neste caso resulta claro o seu carácter institucional, como se describiu nas noticias que anunciaron o acontecemento[2305] e como se fixo visible no convite público a toda a cidadanía asinado polo propio concello (Imaxe 79).

Existiron diversos precedentes a este acto. Primeiramente a colocación do retrato do alcalde na casa consistorial, que tivo lugar un ano antes. Así, o 17 de maio de 1985 convocábanse aos medios de comunicación para a presentación oficial do retrato e para a súa posterior colocación na Galería de Alcaldes. Segundo a noticia, o retrato descubrírase días antes "en una dependencia municipal, en donde permanecía olvidado"[2306]. En segundo lugar, podemos considerar como acción memorial precedente a inauguración en setembro do 84 dun monólito a Ramón Maseda Reinante, presidente do PSOE da Coruña e fusilado tamén o 31 de agosto. Esta foi organizada polo Concello da Coruña, e nela Francisco Vázquez tamén tivo un papel protagonista[2307].

Imaxe 80. Fotografías da homenaxe a Alfredo Suárez Ferrín en Coruña, Agosto de 1986



Fonte: *La Voz de Galicia*, 01/09/1986, p.12.

Dous anos despois a homenaxe a Suárez Ferrín foi tamén presidida polo alcalde, acompañado das demais autoridades da cidade xunto a familia do asasinado que tamén ocupou un lugar central no acto. Así, como se pode ver na Imaxe 80, ao lado de Francisco Vázquez se situaron as fillas de Suárez Ferrín, Sofía e Elisa Suárez Chacón. Tamén tomou a palabra un neto da vítima quen describiu ao seu avó como unha persoa "afable y amante de la libertad" reclamando que non volvan ser precisos "este tipo de homenaxes", e por tanto incluíndo o "nunca máis" no seu discurso[2308]. Ademais doutros familiares, tamén participaron no acto diversas persoas testemuñas directas do golpe dende a esfera institucional e política, como Manuel Iglesias Corral, que fora alcalde ata o 34, o senador do PSOE Rodríguez Pardo ou Marcelino Lobato entre outros "viejos socialistas y republicanos". A emoción e as bágoas foron un elemento compartido por moitos dos presentes, comezando polas fillas do finado e continuando con aqueles que foran compañeiros e amigos do mesmo. Tamén asistiron membros

[2305] Referencia directa a unha "homenaxe institucional", en "El ayuntamiento rinde hoy un homenaje al último alcalde republicano de La Coruña", *La Voz de Galicia,* 31/08/1986, p. 26.
[2306] "Aparece en el Ayuntamiento el retrato de Suárez Ferrín, alcalde el 18 de julio del 36", *La Voz de Galicia,* 17/05/1983, p.24.
[2307] "Monolito en memoria de Ramón Maseda", *La Voz de Galicia,* 12/09/1984, p.22.
[2308] "El ayuntamiento recordó el fusilamiento del último alcalde republicano de La Coruña", *La Voz de Galicia*, 01/09/1986, p.12.


do comité local do PSG-EG "única formación política que se sumó oficialmente al homenaje"[2309]. A participación foi numerosa, con varios centos de persoas, e terminou coa interpretación do himno galego pero tamén o nacional, o que constitúe unha novidade neste tipo de actos. Nas noticias en prensa que daban conta do suceso tamén se referían ao esquecemento e ao silencio á que fora sometida a figura de Suárez Ferrín, ata o punto mesmo de que o escultor do busto tivera dificultades para coñecer o rostro do alcalde[2310].

Cabe salientar que a motivación destas tres accións de memoria non era a conmemoración do cincuentenario da guerra civil, senón que a alusión directa constituíao o cincuenta cabodano das persoas asasinadas. Neste último caso na Coruña honrábase ao alcalde fusilado, facéndose extensible ás demais persoas que "morreran pola liberdade"[2311]. O elemento central era o recordo dunha persoa esquecida de modo que o foco estaba posto na vida arrebatada e non no feito violento que a causara. Por tanto consideramos que este discurso memorialista, que reivindica vítimas esquecidas, tende a deixar nun segundo plano á violencia que causou o seu repudio e ocultación. Como xa se puido comprobar ao longo do traballo esta foi unha dialéctica presente nunha parte significativa das accións memoriais.

Algo diferente aconteceu en Redondela, aquí o foco si que estivo no suceso: a guerra. Ademais atopámonos ante un repertorio de acción pouco frecuente, por non dicir único, entre o tipo de accións habitualmente impulsadas polas institucións. Con asiduidade estas fixábanse na intervención sobre a cuestión simbólica, principalmente a través da modificación das rúas ou en menor medida mediante actos de homenaxes, coma os analizados nas anteriores liñas. Pola contra, no verán do 86 en Redondela o Departamento de Cultura do Concello organizou unha acción memorial centrada na divulgación. En realidade esta acción estaba conformada por varias accións en formato "Ciclo" baixo o nome *A Guerra Civil 50 anos despois.*

[2309] *Íbidem.*
[2310] *Íbidem.* No arquivo municipal da Coruña non se localizaron documentos oficiais sobre este busto e colocación do mesmo.
[2311] "Tendrá también un carácter de homenaje a todas aquellas personas que murieron en defensa de la libertad", en "Un busto de Suárez Ferrín se descubrirá el domingo en los Jardines de Méndez Núñez", *La Voz de Galicia*, 27/08/1986, p.15.

Gráfico 69. Actividades principais do ciclo *A Guerra Civil 50 anos despois*, Redondela,1986



Fonte: elaboración propia.

No ciclo podemos diferenciar catro actividades principais diferentes, segundo se plasma no Gráfico 69. En primeiro lugar, e funcionando como a acción inaugural do ciclo, distinguimos a Mesa Redonda dos "protagonistas", que tivo lugar o 4 de agosto[2312]. Para este coloquio planificárase a participación de catro persoas. Tres integrantes facíano en calidade de testemuñas directas do acontecido tralo golpe, ao ser as tres vítimas da violencia franquista. Ademais todas elas acababan de publicar cadanseus libros de memorias na colección *Documentos para a historia contemporánea de Galicia* de Ediciós do Castro. O cuarto integrante foi Isaac Díaz Pardo, en calidade de editor das súas obras[2313].

A primeira das testemuñas foi Isabel Ríos, a quen xa nos referimos no Capítulo 3 deste traballo, retornada do exilio dende había pouco, nos primeiros anos tralo golpe fora brutalmente violentada, á vez que asasinaban ao seu compañeiro, posteriormente Ríos integrouse na guerrilla. Meses antes da celebración da mesa redonda saíra do prelo o seu libro *Testimonios de la guerra civil.* Dous anos antes publicárase *Cuatro años a bordo de una isla*, de Evaristo Mosquera, o segundo dos integrantes da mesa redonda, preso en San Simón, duramente perseguido durante o franquismo, e afincado en Madrid trala súa estancia na illa. O terceiro tería sido Gregorio Sanz, mestre de Ribadeo antes do golpe, quen tamén acababa de publicar o seu libro de memorias *Uno de tantos: cinco años a la sombra*, pero finalmente e por problemas de saúde non puido acudir á cita en Redondela[2314]. Participaba ademais como moderador o escritor Manuel Lueiro Rey[2315].

[2312] M.A.: "El Ayuntamiento de Redondela ha suscrito convenios con varias entidades musicales y artísticas", *La Voz de Galicia*, 02/08/1986, p.26.
[2313] "M.A.: "Varios protagonistas de la Guerra Civil se reúnen mañana en la Casa da Cultura de Redondela para revivir sus experiencias", *La Voz de Galicia,* 03/08/1986, p.41.
[2314] Lueiro Rey, M. "A illa de San Simón como cadea franquista", *A Nosa Terra*, nº299, 11 de setembro de 1986, p.14.
[2315] Na primeira nova, unicamente se sinalaba a participación de Evaristo Mosquera e Gregorio Sanz coa moderación de Gustavo Luca de Tena. Cuestión que se modificou en posteriores novas. En: M.A.: "Líster intervendrá en un ciclo de conferencias organizado por el Ayuntamiento de Redondela", *La Voz de Galicia*, 26/07/1986, p.24

Foron localizadas tres noticias que anunciaban a mesa redonda, pero pola contra, non se acha ningunha crónica posterior do acto[2316]. Este feito denunciouno o propio moderador Lueiro Rey nun interesante texto que suple a carencia de crónicas sobre a actividade ao ofrecer unha perspectiva de primeira man do que aconteceu durante a mesa redonda na Casa da Cultura de Redondela. Primeiramente Lueiro introduciu o coloquio con diversas denuncias referidas á ocultación ou terxiversación do acontecido tralo golpe. Así por unha banda denunciou a ausencia de información pública sobre o pasado como cárcere da illa de San Simón que exemplificaba aludindo a dúas reportaxes. Unha fora emitida na Televisión de Galicia e, aínda que fixera unha pequena referencia á cárcere, segundo Lueiro a descrición da illa como un lugar bucólico tería descontextualizado o acontecido de xeito que a dureza nas condicións de vida dos presos non fora transmitida aos telespectadores. Por outra banda denunciaba un suplemento de *La Voz de Galicia* onde se poñía en valor o paso dos beneditinos e franciscanos pola illa, de modo que se contribuíse a quitarlle o "histórico sambenito de haber sido lugar de piratería, lazareto e prisión en años no muy lejanos". Esta última frase foi duramente criticada por Lueiro ao non incluírse nela o apelativo "franquista". Por último o escritor denunciaba diversos libros "de historia" que deformaban o acontecido e, en certo modo, xustificaban a violencia desatada[2317].

Tras esta introdución ao coloquio no que se denunciaban diversos feitos negacionistas, o escritor reflexionaba en torno á memoria e ao esquecemento, vinculando o discurso imperante da reconciliación coa dialéctica franquista dos Cincuenta anos de Paz:

> Denunciei esa cantinela feita con música dos CINCUENTA ANOS DE PAZ, que di que hai que esquecer pra que non volte a repetirse a traxedia. Penso que a historia de cada un, pode cada un escribila como lle pete; mais, a historia de todos, aquela que levamos ás costas e que nos dibuxa o esquelete, esa hai que contala como foi aínda que doa, e non esquecela[2318].

Nunha Casa da Cultura ateigada de antigos presos da illa de San Simón, Manuel Lueiro lanzaba dúas cuestións para o debate:

> ¿Houbo algunha razón humán, política ou social pra que algúns militares se revirasen contra o Estado legalmente constituído?
>
> Sabendo que o poder legalmente constituido non cometeu ningún desatino ¿come se pode xustificar a feroz represión do franquismo, matando xente soio polo feito de pensar con libertade?[2319]

No coloquio falouse de paseados, de verdugos e de torturas, coa participación dese público protagonista tamén:

> Falouse dos milleiros de presos "paseados", do inspector da prisión- o tenebroso Búa, como dixo alguén- que co furense Bustelos, sacábanlle os cartos aos presos dicindo que o puñan en libertade, pra logo ser detidos de novo e aparecer estarricados polas cunetas. Falouse de padre Nieto, dos seus sermóns virulentos e ameazantes, dos moitos que morreron de fame e de frío, das aldraxes que todos

[2316] Tres noticias previas: M.A.: "Líster intervendrá en un ciclo de conferencias organizado por el Ayuntamiento de Redondela", *La Voz de Galicia*, 26/07/1986, p.24; M.A.: "El Ayuntamiento de Redondela ha suscrito convenios con varias entidades musicales y artísticas", *La Voz de Galicia*, 02/08/1986, p.26. e "M.A.: "Varios protagonistas de la Guerra Civil se reúnen mañana en la Casa da Cultura de Redondela para revivir sus experiencias", *La Voz de Galicia*, 03/08/1986, p.41.

[2317] Refírese a un libro publicado en Espiral e no que se describe o asalto ao cuartel da Guardia Civil e o fusilamento do alcalde do Grove, ou aqueloutro onde se minimizaban os efectos e os perpetradores do bombardeo de Guernica.

[2318] Lueiro Rey,M.: "A illa de San Simón como cadea franquista", *A Nosa Terra,* nº 299, 11 de setembro de 1986, p. 14 e p. 23.

[2319] Lueiro Rey,M.: "A illa de San Simón como cadea franquista*", A Nosa Terra*, nº 299, 11 de setembro de 1986, p. 23.

> sofriron pola brutalidade con que foron tratados. É dicir; falouse das verdades da historia da illa de San Simón como cadea franquista[2320].

Na columna asinada por Lueiro descríbese tamén algunhas das intervencións, como a de Isabel Ríos, quen deixara claro que claro que "nin Foucellas nin os outros guerrilleiros eran foraxidos, senón defensores das libertades do pobo", ou o concelleiro Manuel Barros, preso tamén no cárcere e ao que nos referiremos en liñas posteriores, quen facía visible o fenómeno da solidariedade da veciñanza de Redondela "levando roupa e comida aos presos, facendo gardas nas noites pra que non fosen paseados", e concluía: "ninguén debe esquecer"[2321].

Esta descrición do desenvolvemento da mesa redonda sitúanos ante un contido que poucas veces se puido identificar no período de estudo. E consideramos que a razón da ausencia deste tipo de discurso pode non radicar na súa inexistencia senón na dificultade de acceder a fontes históricas que o acrediten. Como o mesmo Lueiro denunciaba, os medios xeralistas non publicaron a crónica da mesa redonda: "¿Quen ten a man da censura?"[2322], denunciaba. Neste caso foi a columna publicada en *A Nosa Terra* polo moderador da mesa a que permitiu este acceso aos debates e ideas presentes nela. Profundar no discurso das accións memoriais e, sobre todo, albiscar unha dialéctica diferente ao da reconciliación, convértea nunha fonte histórica dun importante valor. Isto provoca á súa vez, unha reflexión sobre a capacidade que tiveron os grandes medios de comunicación, que na meirande parte dos casos foron a fonte que empregamos para a descrición dos actos, para fixar o discurso oficial e ocultar mensaxes non acordes con esta e que si puideron estar presentes nos actos. E, en definitiva, esta reflexión desemboca nunha pregunta que é preciso facerse sobre o nesgo que crea o coñecemento dos actos a través da crónica hemerográfica.


Despois da mesa redonda, a segunda actividade que formou parte do ciclo sobre a guerra en Redondela estaba constituída por varias proxeccións cinematográficas, dedicadas ao cineasta ourensán Carlos Velo e, máis en xeral, ao cinematógrafo en Galicia[2323]. Deste modo proxectáronse quince curtas deste cineasta, exiliado en México, que dedicou boa parte do seu traballo ao exilio, sendo el mesmo una activo integrante do colectivo[2324]. Entre os materiais que se proxectaron estiveron "algunas cintas con entrevistas a españoles exiliados en aquel país, como fue el caso de León Felipe, realizaciones de la época de la contienda y un amplio fragmento que logró rescatar de un largometraje sobre Galicia durante los años de la Guerra"[2325]. Pensemos no impresionante que resultaría para a cidadanía esta proxección de testemuñas dos exiliados, á vez que acudían á vila persoas significadas como vítimas e na loita antifranquista ou tomaban a palabra veciños sobreviventes de San Simón[2326].

A conferencia, o terceiro bloque do ciclo constituíu o núcleo da atención mediática vinculada estreitamente coa personalidade do conferenciante, Enrique Líster. Protagonista dun recibimento multitudinario en Compostela á súa volta do exilio no 77, nove anos despois Líster participaba en diversas conferencias ao longo do territorio neste cincuentenario do golpe. O 20

2320 *Íbidem.*
2321 *Íbidem.*
2322 *Íbidem.*
2323 A.Alvarez, M.: "Enrique Líster almorzará el lunes en San Simón con el alcalde de Redondela y un reducido grupo de amigos", *La Voz de Galicia*, 14/08/1986, p.18.
2324 Entre elas cítanse: *Divinas palabras, Luis Buñuel, Vida cotidiana, Pintura y poesía, Dos músicos, Adiós a la República, Tres pintores, México 1939, Vida cultural, Galicia, Poetas sin retorno, Vida política, El éxodo y el llanto* e *Lázaro Cárdenas.*
2325 M.A. : "Líster intervendrá en un ciclo de conferencias organizado por el Ayuntamiento de Redondela", *La Voz de Galicia,* 26/07/1986, p.24.
2326 A actividade de proxección culminaba coa longametraxe do director *Torero* o día 19 de finalizaba o 22 con dúas producións doutro director galego, Chano Piñeiro, *Mamasunción* e *Esperanza.* Todas elas sen relación directa coa temática da guerra.

de agosto, en Redondela foi presentando por Isaac Díaz Pardo[2327]. Sobre o contido da súa disertación pouco transcendeu máis alá da súa proclama en defensa da paz tanto para o Estado español como para o resto do mundo, e ter falado do PCE e da política española contemporánea[2328]. Ademais desta conferencia de Líster, os organizadores do ciclo en semanas anteriores fixeran pública o seu plan de contar con outra disertación a cargo de Carlos Fernández Santander, que neste momento xa tiña publicados diversos libros sobre o alzamento e a represión[2329]. Pero finalmente, e por cuestións de axenda, esta conferencia non chegou a realizarse[2330].

Imaxe 81. As visitas á illa de San Simón, agosto de 1986. Evaristo Mosquera, Isabel Ríos e Enrique Líster.



Fontes: Fotografía 1: Evaristo Mosquera cunha muller descoñecida na praia de Cesantes(*La Voz de Galicia,* 03/08/1986, p.41), Fotografía 2: Isabel Ríos e Evaristo Mosquera na illa (*La Voz de Galicia*, 14/08/1986, p.18.); Fotografía 3: Enrique Líster con Xaime Rei, alcalde de Redondela e Xosé González, funcionario do concello[2331] (*La Voz de Galicia*, 19/08/1986, p.13). Fotografía 4: Andrés Couñago Laxe e os seus fillos Isabel e Andrés xunto a Líster en primeiro plano. En segundo plano Manuel Barros e outros veciños de Redondela (Fotografía e información facilitada por Andrés Couñago Laxe).

[2327] "Programa cultural del Ayuntamiento de Redondela", *Faro de Vigo,* 20/08/1986, p. 23.
[2328] "Nomes Propios", *La Voz de Galicia*, 22/08/1986, p.21.
[2329] Títulos publicados por Carlos Fernández, todas en Ediciós do Castro: *La persecución del Castelao durante el franquismo*, *Franquismo y transición política en Galicia*, *El alzamiento de 1936 en Galicia.*
[2330] Noméase a súa participación en: Acta da sesión extraordinaria da Comisión de Goberno do Concello de Redondela, 31 de xullo de 1986. Arquivo Municipal de Redondela; "Líster intervendrá en un ciclo de conferencias organizado por el Ayuntamiento de Redondela", *La Voz de Galicia*, 26/07/1986, p. 24. Descartada a súa presenza en: M.A.: "El Ayuntamiento de Redondela ha suscrito convenios con varias entidades musicales y artísticas", *La Voz de Galicia*, 02/08/1986, p.26.
[2331] Información facilitada por Andrés Couñago Laxe. Xuño 2024.

O cuarto e último bloque deste ciclo está conformado polas actividades paralelas organizadas polos responsables do concello para o recibimento e acollida dos participantes. Pero que ademais desta función de benvida, serviron como un xeito de difundir o ciclo no seu conxunto. Entre elas, destacaron as visitas á illa de San Simón, cunha cobertura notable nos medios de comunicación. Os primeiros en acudir á illa foron Isabel Ríos e Evaristo Mosquera[2332]. Durante a visita Evaristo, preso na illa cincuenta anos antes, foi explicando minuciosamente ao resto de visitantes os diferentes usos que se daban a cada recuncho da illa nos anos en fora cárcere[2333]. Como anécdota tamén se contaba como Ríos e Mosquera recolleran dúas lastras da illa, como un recordo da súa estancia alí. A súa presenza na illa foi inmortalizada cunha fotografía publicada na mesma reportaxe (Imaxe 81).

Unhas semanas despois organizouse unha nova visita á illa que acaparou os titulares da prensa. Enrique Líster viaxou á illa acompañado polo alcalde de Redondela, Xaime Rei, xunto a dous concelleiros na Corporación, o de Cultura, Andrés Couñago Laxe (PSOE) e Manuel Barros Montero (PCG)[2334]. Este último adquiriu un rol relevante na visita ao actuar como guía. Barros estivera preso na illa cincuenta anos antes e como fixera Evaristo Mosquera recordaba en voz alta as súas lembranzas nos diferentes espazos da antiga prisión[2335]. Por outro lado, grazas á información e fontes gráficas facilitadas por Andrés Couñago puidemos corroborar a presenza na illa dos fillos do edil socialista e outros veciños redondeláns. Todo o cal confire á visita de certo carácter colectivo.

Finalizada a visita, unha vintena de persoas, entre elas Líster, o alcalde e varios membros do Goberno municipal, compartiron unha comida na lonxa de Cesantes[2336]. Durante este xantar produciuse unha discusión política entre os concelleiros Andrés Couñago e Manuel Barros. Este último, pertencente á xeración dos vellos comunistas, consideraba que a democracia no estado non estaba consolidada polo que era posible un novo golpe de estado mentres Couñago consideraba que o talante democrático dominante na sociedade española impediríao[2337]. Esta discusión que podería cualificarse simplemente como unha anécdota adquire certo valor explicativo ao entendelo no seu contexto, nunha xornada onde se fixera memoria e onde finalmente o debate levárase ao presente. O perigo dos golpes de estado e a debilidade da democracia fronte ao fascismo viaxaban dende o pasado do 36 para impregnar as reflexións sobre o actual sistema político.

Couñazo e Barros eran dous representantes dos partidos do centro-esquerda que entraron no pacto da Transición, o PSOE e o PCE, partidos tamén protagonistas no Concello de Redondela e aos que pertencían os principais impulsores desta acción de memoria. Cómpre, por tanto, dilucidar quen foron exactamente dentro do concello as persoas responsables da organización destas xornadas.

[2332] Días antes, e acabado de chegar de Madrid, Evaristo Mosquera achegárase á praia de Cesantes, e conversara cos xornalistas, como se pode ver na reportaxe publicada o día antes da mesa redonda en La Voz de Galicia, nela incluíase unha icónica fotografía, con Evaristo, ao lado dunha muller sen identificar, sinalaba á illa dende a praia de Cesantes (Imaxe 80, foto 1)

[2333] Destacaba tamén o bo grado de conservación do edificio de catro pisos onde estaban as oficinas da prisión. En "A.Alvarez, M. "Enrique líster almorzará el lunes en San Simón con el alcalde de Redondela y un reducido grupo de amigos", La Voz de Galicia, 14/08/1986, p.18.

[2334] A.Alvarez, M. "Enrique Líster almorzará el lunes en San Simón con el alcalde de Redondela y un reducido grupo de amigos", *La Voz de Galicia,* 14/08/1986, p.18.

[2335] "Líster visitó la isla de San Simón, donde hubo dos mil presos republicanos", *La Voz de Galicia,* 19/08/1986, p.13. e en "Nombres propios", *La Voz de Galicia*, 26/08/1986, p.17.

[2336] Sobre se o alcalde e o concelleiro de cultura Andrés Couñago foron a visita da illa, quedan algunhas dúbida, non quedando moi claro despois da análise da fonte hermográfica. O que si queda claro é a presenza do concelleiro do PCG Manuel Barros, así como a presenza dos dous anteriores na comida que tivo lugar en Cesantes ao terminar a visita.

[2337] "Nomes propios", *La Voz de Galicia*, 26/08/1986, p.17.

Por unha banda as novas en prensa referencian diversos cargos e nomes de interese como o alcalde Xaime Rei, que en certo sentido lideraba as xornadas, convidando e recibindo aos conferenciantes[2338]. Ademais, como organizadora do evento, facíase referencia ao Departamento de Cultura do Concello. E isto é moi relevante, pois nos sitúa ante a Comisión de Cultura, á que xa nos temos referido neste traballo como unha institución crucial no desenvolvemento das accións memoriais no período de estudo. Neste senso sobresae, xunto ao caso redondelán, Moaña, onde analizamos o cargo de Técnico de Cultura, un posto de libre designación dentro da Comisión. Este foi ocupado por persoas cun rol determinante para comprender os procesos de dinamización cultural e lingüística pero tamén memorial nos concellos gobernados pola esquerda durante os primeiros gobernos municipais democráticos. En Redondela o Técnico de Cultura dende 1979 era Xosé González Martínez, máis coñecido como "Pepiño de Teis"[2339]. Sobre este suceso en concreto, González, que fora un dos acompañantes na visita a illa (Imaxe 80), recorda que fora súa a idea de levar de conferenciante a Enrique Líster ao posuír o seu contacto con anterioridade[2340].

En definitiva, tras esta análise consideramos que no ciclo da guerra en Redondela, imperou unha determinada perspectiva afastada do discurso oficial da Reconciliación. Dende o noso punto de vista a isto axudarían tanto o perfil dos convidados, como o do Técnico de Cultura (ex-militante da UPG). Outro feito que aporta significación a este ciclo, foi o seu papel como un espazo para compartir memoria e que permitiu o descubrimento de diversos documentos e biografías "esquecidas" ata entón[2341]. Entre elas as memorias do escritor madrileño Diego San José, preso en San Simón e máis tarde en Vigo e que, dende aquela, vivía en Redondela. Xa falecido, o escritor deixara diversos escritos sobre o seu paso polas cárceres que se descubriron neste ciclo e que Ediciós do Castro decidiu converter en libro. Efectivamente, dous anos despois, en 1988, saía do prelo o libro *De cárcel en cárcel,* na súa colección *Documentos para a historia contemporánea de Galicia*[2342]. Deste modo a memoria, a verdade, as testemuñas do acontecido en Redondela e en concreto a redor da illa de San Simón inundaban o espazo público neste mes de agosto de 1986. Inclusive con referencias expresas aos verdugos, como Fernando Lago Búa, o inspector de Prisiones da provincia de Pontevedra ou o médico na illa de San Simón, o doutor Bustelo[2343].

[2338] Gabanza ao alcalde: "Jaime Rey Barreiro que tiene a Redondela convertida en avanzadilla cultural de muchos acontecimientos. El ciclo que viene desarrollándose sobre la Guerra Civil, 50 años después, permitió ayer la presencia de Enrique Líster", en "Nombres propios", *La Voz de Galicia*, 21/08/1986, p.17.

[2339] Entrevista a Xosé González Martínez realizada por Iria Morgade (Vigo, 20 de maio de 2021). "Redondela figurará en la guía telefónica como "Concello de Redondela", *La Voz de Galicia,* 24/05/1983, p.29.

[2340] Entrevista a Xosé González Martínez realizada por Iria Morgade (Vigo, 20 de maio de 2021). Como anécdota lembra a contía económica que lle ofreceran por participar nas xornadas e que coincide cos datos que se conservan no Arquivo Municipal de Redondela. Neste senso debe puntualizarse que, pese a ser este un arquivo cunha grande cantidade de documentación conservada e indexada para o seu uso, sobre o ciclo da guerra civil non se preserva case documentación.
O tema non foi levado a pleno, polo que tampouco se ten información dispoñible nas actas das sesión plenarias. Non se puido localizar o expediente da Comisión de Cultura, que de seguro gardaría información relevante, pese a que si se conservaron outros expedientes da devandita comisión. Tampouco foi posible localizalos nas dependencias de cultura do Concello. Unicamente se pode localizar o expediente de aprobación do gasto económico das xornadas pola comisión de goberno pero que non ofrece información de valor. En Acta da sesión extraordinaria da Comisión de Goberno do 31 de xullo de 1986. Arquivo Municipal de Redondela.

[2341] "Nombres propios", *La Voz de Galicia,* 29/08/1986, p. 19.

[2342] San José, D. (1988). *De cárcel en cárcel.* Ediciós do Castro.

[2343] Nas novas sobre os ciclo facíase mención ao descrito no libro de Carlos Fernández sobre este verdugo, *El alzamiento de 1936 en Galicia. En* M.A.: "Varios protagonistas de la Guerra Civil se reúnen mañana en la Casa da Cultura de Redondela para revivir sus experiencias", *La Voz de Galicia,* 03/08/1986, p.41.

O moderador da primeira actividade deste ciclo, Manuel Lueiro mencionaba diversas accións memoriais que tiveran lugar no mesmo mes de agosto de 1986[2344]. Entre elas, cun ton crítico, comparaba a mesa redonda de Redondela, aberta ao público, coa xuntanza a "porta pechada" de diversos políticos e escritores convidados a outra mesa redonda en Cervo. Esta fora organizada por Sargadelos, formando parte dunha serie de actos en conmemoración do cincuenta aniversario da "guerra civil"[2345].

Pese ás críticas de Lueiro existiron conexións entre a acción memorial de Redondela e a de Sargadelos, desenvolvidas practicamente en paralelo. En primeiro lugar en Redondela os responsables do Departamento de Cultura fixeron pública a posibilidade de dar continuidade á conmemoración do cincuenta aniversario da guerra mediante unha exposición. Chegaría á vila en setembro comisionada por Isaac Díaz Pardo quen a estaba preparando con materiais, fotografías e documentos sobre a guerra e que incluía debuxos e outros manuscritos realizados por presos durante o seu cativerio en diversas cárceres de Galicia[2346]. Non existe constancia de que a exposición finalmente arribara á vila, máis si de que esta formaba parte dos actos que se desenvolveron na sé de Sargadelos durante este mes de agosto. En segundo lugar as sinerxías entre ambas accións memoriais materializáronse na presenza dos mesmos convidados nos dous espazos. Por exemplo Isaac Díaz Pardo, máximo representante de Sargadelos, participaba en varios actos de Redondela, ou Enrique Líster, que dous días despois da súa visita a Redondela, formaba parte dunha das mesas redondas de Cervo[2347]. A análise detallada desta acción memorial será analizada no seguinte apartado, ao atender ás accións da memoria organizadas dende a sociedade civil, neste caso polos Estudos Cerámicos de Sargadelos, un importante pulo cultural en Galicia durante os anos oitenta.

Volvendo ao acontecido arredor da illa de San Simón, un ano máis tarde, en 1987 o concello redondelán descubriu unha placa na entrada mesma do embarcadoiro da illa, no marco dunha serie de actos en homenaxe aos presos e ao trobador Menduiño. A placa rezaba: "en memoria dos loitadores antifascistas que sufriron nesta illa tódalas inclemencias da guerra 1936-39. Concello de Redondela, xuño 1987"[2348]. No acto estiveron presentes varios de "estos presos, así como familiares de otros ya desaparecidos que siguieron con gran emoción el descubrimiento de una placa dedicada a ellos"[2349]. A irmá de Diego San José axudou a descubrir a placa. O concelleiro do PCG Manuel Barros, non foi quen de terminar o seu discurso, quedando sen voz ao falar da solidariedade exercida polas mulleres, "sen elas moitos terían morto". A continuidade coa acción que tivera lugar en Redondela un ano antes semella clara[2350].

[2344] Tamén alababa a acción memorial desenvolvida na Guarda, Lueiro falaba dunha placa en honra dos que morreron no campo de concentración de Camposancos feita polo concello da Guarda. Como analizaremos de vagar esta fora impulsada pola veciñanza da Guarda. Destaca tamén como propoñía que ao igual que en Camposancos se incluísen lápidas conmemorativas na Illa para non permitir que "ninguén que saque o sanbenito á illa". En Lueiro Rey, M.: "A illa de San Simón como cadea franquista", *A Nosa Terra*, nº 299, 11 de setembro de 1986, p. 23.

[2345] "La guerra civil española será debatida hoy en Sargadelos por políticos y escritores especializados en el tema", *La Voz de Galicia,* 22/08/1986, p. 20.

[2346] M.A.: "El Ayuntamiento de Redondela ha suscrito convenios con varias entidades musicales y artísticas", *La Voz de Galicia*, 02/08/1986, p.26.

[2347] "La guerra civil española será debatida hoy en Sargadelos por políticos y escritores especializados en el tema", *La Voz de Galicia,* 22/08/1986, p. 20.

[2348] S.P.: "Pintoresca historia", *Faro de Vigo,* 21/06/1987, p.13.

[2349] "La isla de San Simón fue escenario de una romería en honor de los presos y del trovador Mendiño", *La Voz de Galicia,* 21/06/1987, p.30.

[2350] En contraposición coa descrición emocionada do acto, na nova incluíase unha descrición amable da illa como cárcere collendo como referencia a testemuña de Alfredo Bautista Alconero. "Su descripción (da illa) corresponde con la del paraíso. No es de estrañar que "Rey" no asumiese muy bien su condición de preso en un lugar como aquel. Afirma que los guardianes


Imaxe 82. Placa na Illa de San Simón colocada en 1987



Fonte: fotografía realizada por Iria Morgade. Xullo 2024.

Segundo as diversas fontes consultadas, durante a reforma dos edificios da illa de San Simón a placa foi extraída do seu lugar. Conservouse grazas a un dos gardas da illa que recolleu os anacos da mármore e os gardou na capela da illa. Posteriormente, durante o goberno bipartito (2005-2009) volveuse colocar e a día de hoxe mantense no peirao de acceso á illa dende Cesantes (Imaxe 82)[2351].

Gráfico 70. Agosto do 86: o cincuentenario en Galicia



Fonte: elaboración propia.

y el director de la prisión que era San Simón nunca trataron mal a los 2000 presos que llevaron a concentrarse allí". En: Cotelo, M.C.: "Antiguos presos de la guerra se reunieron en la isla de San Simón para honrar a todos los que sufrieron y murieron allí", *La Voz de Galicia*, 22/06/1987, contracuberta.

[2351] Información facilitada por Montse Fajardo e Luís Bará. No verán de 2024 puidemos comprobar persoalmente a presenza da placa na illa.

Cómpre observar o Gráfico 70, que evidencia a gran concentración de accións desenvolvidas, tanto por institucións como pola sociedade civil, durante o mes de agosto. Consideramos probable que esta aglutinación se deba á coincidencia dun gran número de asasinatos nese mes de agosto do 36.

5.5.2. O cincuentenario no relato oficial: o caso da resignificación da Cruz de Pontevedra

Neste apartado atendemos a un caso que resulta paradigmático do que resultou a construción do significado oficial do cincuenta aniversario. Aquel que predominou como política do goberno central, e que tivo un reflexo directo na resignificación que o Concello de Pontevedra levou a cabo na *Cruz de los Caídos* situada na súa Alameda.

O conflito simbólico das cruces e os monumentos de exaltación franquista foi, como apuntamos no Estado da Cuestión, un asunto estendido por todo o territorio e que dende as entidades municipais foi abordado de diferentes xeitos, que se poderían resumir na permanencia completa, a reforma mínima mediante a eliminación dos símbolos franquistas e a inclusión do "todas as vítimas", como o xa tratado caso de Vigo ou, por exemplo en Santa Cruz de Tenerife neste mesmo ano 86, e por último a variación completa do significado que en ocasións tamén incluía o traslado ou inclusive a demolición da cruz (Del Arco, 2022, pp. 287-288).

No caso de Pontevedra a resignificación foi propiciada polas obras de construción dun aparcamento subterráneo para o cal precisaban desmontar a enorme cruz levantada en 1941 cando o concello cedera os terreos á Falange[2352]. O debate sobre que facer coa cruz non foi tratado como tal no pleno municipal. Así, en marzo do 85, momento de desmontaxe desta o tenente alcalde Aurelio Cortizo declaraba que aínda non tiñan decidido que facer unha vez rematadas as obras, e poñía sobre a mesa dúas posibilidades: "restituirla al mismo lugar o buscar un nuevo emplazamiento para la misma"[2353]. Especulaban os xornalistas con que ese novo emprazamento puidera ser o cemiterio municipal de San Mauro, mesmo lugar onde cada 17 de agosto tiñan lugar as homenaxes a Alexandre Bóveda[2354].

A polémica sobre a Cruz foi en crescendo. A coalición de dereitas Coalición Galega, sen representación na corporación municipal, emitiu un comunicado, no que solicitou a continuidade da Cruz de los Caídos "sin emblemas partidistas en la alameda de Pontevedra". Ademais para CG a cruz "formaba parte da paisaxe" sendo certo que fora "construída en lembranza dunha guerra fratricida, do trunfo dos uns sobre os outros. I eso do trunfo é algo que realmente non está tan craro, polo menos non esta tan caro xa, á vista de como hoxe se vai desenvolvendo a política española"[2355]. Despois desta curiosa argumentación, na que semella que chegan a exculpar aos símbolos franquistas por estar naquel momento o PSOE no goberno central, o comunicado continuaba amosando a súa alarma pola guerra de símbolos desatada no Estado español:

[2352] Barral: "¿«Os tempos son chegados» para la cruz de la Alameda?", La Voz de Galicia, 25/11/2016. https://www.lavozdegalicia.es/noticia/pontevedra/pontevedra/2016/11/25/os-tempos-chegados-cruz-alameda/0003_201611P25C2991.htm

[2353] "Retirada la Cruz de los Caídos por las obras del aparcamiento subterráneo", *La Voz de Galicia*, 23/03/1985, p.23

[2354] "Una cruz que el alcalde se ha echado a sus espaldas", *Diario de Pontevedra,* 23/03/1985. En Expediente Monumento al Soldado Desconocido, S/N, 8/07/1985. Arquivo Municipal de Pontevedra, *sin*, 22934/11.

[2355] "CG solicita la reposición de la Cruz de los Caídos, sin emblemas", *La Voz de Galicia*, 10/04/1985, p.20.

> Moimentos derrumbados, cambios en nomes de ruas e prazas nos que campea algo máis que unha honesta reposición, e mais de un disparate non xustificado cometidos como consecuencia do revanchismo rampante, incomprensible por serodio, fora de lugar[2356].

Así consideraban que o caso de Pontevedra coa cruz era "atípico", incoherente, "unha especie de trasacordo contra sí mesmos". Aínda que sen dicilo expresamente entendemos que se referían a que non era habitual que nun concello gobernado por AP como Pontevedra, se estivese barallando a eliminación da cruz[2357].

> Equivocan pois o camiño porque a Cruz era aceptada por todo-los pontevedreses como símbolo de concordia e testemuña da nosa historia recente, como símbolo calado que debera permanecer, suprimido-los emblemas partidistas, co significado que a Cruz tivo de sempre prá toda a Humanidade ó longo dos seus dous mil anos de presencia universal. Como lembranza, en fin, de vellos erros que, por mellor conocidos de todos, hai que evitar[2358].

Despois desta defensa radical dunha cruz construída pola Falange, finalizaba o comunicado aludindo aos explosivos descubertos na cruz no momento de desmantelala, concluíndo que o que non conseguiran estes podería facelo unha "dirección municipal irresponsable"[2359]. Segundo o Goberno Civil os explosivos atopáranse bastante deteriorados polo que se entendía que levaban no lugar dende había aproximadamente tres anos, cando explotaran outros artefactos semellantes nas proximidades e polo que se detiveran a varios mozos relacionados co GRAPO[2360]. Repetíase así unha dinámica amplamente recollida neste traballo: a protesta ante as permanencias franquistas materializada en actos de tipo vandálico. No caso de atentados con explosivos a monumentos e cruces aos Caídos por parte do GRAPO están documentados exemplos por diversas partes do territorio estatal, destacando a vaga de ataques de 1976, entre outros á Cruz aos Caídos de Bilbao ou á escultura de Onésimo Redondo en Lavajos (Del Arco, 2022, p. 279).

No debate público arredor da cruz en Pontevedra destacan tamén varias columnas publicadas no diario local onde se alzaba a voz contra a retirada da cruz. "Hemos quitado la cruz porque estorbaba a los coches. No lo quiero creer". Os artigos de opinión aparecen recompilados no expediente do monumento do Concello de Pontevedra. En dous deles valorábase e primábase a súa carga relixiosa e de invitación á oración , pese a que se recoñecía a súa orixe como cruz de "los caídos de un bando"[2361]. Pero tamén se publicaban textos en defensa do significado franquista como a columna do presidente da Hermandad de la División Azul que acusaba ao alcalde de *revanchista*:

> No olvida el alcalde que los cristianos somos hijos de mártires, pero no raza de esclavos, y por ello nuestros Caídos , los que murieron en la Cruzada del 36, merecieron un lugar de honor en nuestras ciudades. Ante tanto revanchismo , la

[2356] "CG solicita la reposición de la Cruz de los Caídos, sin emblemas", *La Voz de Galicia*, 10/04/1985, p.20.
[2357] Tralas eleccións do 83 a corporación pasou a ser "bipartita", con soamente dúas organizacións políticas representadas, a de goberno, AP, con dezasete edís, e o PSOE, con oito.
[2358] "CG solicita la reposición de la Cruz de los Caídos, sin emblemas", *La Voz de Galicia*, 10/04/1985, p.20.
[2359] *Íbidem.*
[2360] "Hallada en la cruz de los caídos de Pontevedra una bolsa con explosivos colocada allí hace más de dos años", *La Voz de Galicia*, 22/03/1985, p.24.
[2361] Fernández Sieira, J.L.: "La cruz que no quiso demoler la dinamita", *Diario de Pontevedra*, 24/03/1985. Posteriormete publicábase unha carta ao director que rebatía os argumentos deste artigo. Ao que continuaba cun novo artigo en defensa da cruz: Moure, G.L.: "La Cruz que se alzaba sobre la Ría", *Diario de Pontevedra*, marzo 1985.

> demolición de la "Cruz de los Caídos", tómese por donde se tome y con el pretexto que sea, es un revanchismo y repulsiva acción[2362].

É posible que, de non ter xa unha decisión tomada, as presións axudaran para que, en xullo deste ano 85 o alcalde comunicara ao arquitecto municipal a súa intención de volver instalar o mesmo monumento ou un novo similar "que tuviese un valor emotivo, artístico, y monumental, conservando el valor sentimental que el anterior representó, pero dándole un significado más universal"[2363] e solicitáballe propostas para a elección do escultor. Trala resposta do arquitecto que consideraba esta última opción a única posible debido ao deterioro sufrido na anterior cruz, o alcalde Rivas Fontán poñíase en contacto co que sería o escultor do novo monumento Alfonso Vilar Lamelas. Na carta na que lle ofrecía o encargo destaca a descrición sobre o que se pretendía coa nova cruz:

> La obra escultórica a realizar deberá tener para todos el mismo valor y significado, y representará el ejercicio permanente de las virtudes democráticas así como el merecido homenaje a los hermanos muertos en defensa y al servicio de España[2364].

No mesmo mes de xullo o escultor enviou o bosquexo do monumento e en outono fíxose pública a decisión de construír o conxunto escultórico titulado "Monumento al Soldado" revelándose así o seu contido. Nel representaríanse aos soldados correspondentes aos tres exércitos e manteríase a cruz de grandes dimensións. Deste modo o alcalde iniciaba a súa campaña en prol do proxecto defendendo a súa resignificación como patrimonio de todos os pontevedreses fronte á anterior cruz, pertencente só a un bando, e destacando o seu carácter europeo. Isto último argumentábao en base á homenaxe ao soldado descoñecido que, como xa se indicou neste traballo, era un monumento habitual en Europa dende o remate da IGM[2365].

Este nova aparencia e mensaxe renovado non foi ben recibida polos máis nostálxicos. De novo dende *Diario de Pontevedra* cargábase contra este feito. A argumentación pivotaba entre a exaltación do franquismo, ("un régimen que surge de una cruenta guerra de tres años, que tuvo como uno de sus profundos banderines de enganche la defensa de la cruz, quemada o desterrada por sus adversarios"), á apoloxía da reconciliación, na que se incluía a Castelao para defender o propio fronte ao alleo (ese monumento europeo do soldado descoñecido). Tamén se atacaba a AP "que recoge precisamente el recuerdo de una España determinada, que le volvió la espalda a UCD cuando éste renegó de sus aparentes orígenes[2366].

O verniz do novo monumento, aludindo a ese cariz europeo, perde intensidade se nos fixamos na carta que o alcalde enviou ao Capitán General de la VIII Región Militar, José Buigues Gómez para solicitarlle colaboración de modo que a inauguración se producise durante a xura de bandeira anual. Na descrición da escultura o alcalde non aludía a ese significado europeo do "soldado descoñecido" e si resaltaba a presenza da cruz, "símbolo cristiano de nuestros hechos históricos", e a idea de que unha chama estivese permanentemente acendida fronte a esta, "símbolo de la pervivencia de nuestro recuerdo de todos los que, a lo largo de los

[2362] Rodríguez Otero, J.L.: "¿Cuánto estorban las Cruces de los Caídos", *Diario de Pontevedra*, 29/03/1985.
[2363] Carta datada o 9-7-1985. Expediente Monumento al Soldado Desconocido, S/N, 8/07/1985. Arquivo Municipal de Pontevedra, *sin* 22934/11.
[2364] *Ibidem.*
[2365] "La Cruz de los Caídos será convertida en un monumento más europeo dijo el alcalde", *Diario de Pontevedra,* 09/10/1985; "El monumento a los Caídos será remodelado, pero conservará la cruz", *El Ideal Gallego*, 09/10/1985.
[2366] Rodríguez, V.: "Cruz de los Caídos o Soldado desconocido", *Diario de Pontevedra,* 23/10/1985.

siglos, se sacrificaron por el noble ideal de España"[2367]. O capitán respondeu poucos días despois dando apoio a unha idea que consideraba extraordinaria[2368].

Tanto estas cartas como boa parte dos artigos xornalísticos citados nestas liñas forman parte do expediente do monumento conservado no Arquivo Municipal de Pontevedra. Entre eles destacan dúas noticias por tratarse dos únicos documentos que non teñen que ver coa referida escultura, á vez que a súa presenza no devandito expediente amosan a existencia dunha relación importante co monumento de Pontevedra. Ambas novas daban conta dun suceso que acontecía no mesmo mes de novembro do 85, mentres en Pontevedra a alcaldía daba publicidade ao seu proxecto. Tratábase da celebración do décimo aniversario da coroación de Juan Carlos I de Borbón e, en concreto, dun dos actos da conmemoración: a inauguración do monumento "en honor a todos los que dieron su vida por España"[2369]. As similitudes son notorias entre esta escultura en Madrid, onde o rei realizou unha ofrenda floral e acendeu unha chama permanente, e o monumento que se planificaba en Pontevedra. En primeiro lugar tiñan en común a "resignificación", así en Madrid o monumento que ata ese momento homenaxeaba aos "heroes del 2 de mayo", pasaba a honrar a memoria de todos os españois que deran a súa vida por España. En segundo lugar a súa vinculación cos monumentos, moi habituais noutros países, ao "Soldado Desconocido". En Madrid pretendíase que fose nese lugar onde se realizasen as ofrendas florais tradicionais dos dignitarios estranxeiros que visitasen España[2370]. Se a isto sumamos a presenza destas noticias no expediente todo parece indicar que o alcalde de Pontevedra inspirouse nesta para emprender a súa idea.

Valorando a ausencia de actos conmemorativos do cincuentenario da "guerra civil" por parte do estado no ano 86, poderíamos considerar esta homenaxe en Madrid un acto substitutivo que amosa unha determinada forma de tratar a memoria traumática. Así este ten lugar nunha data allea ao conflito, a da coroación de Juan Carlos, e por tanto na efeméride do nacemento da monarquía pero non da democracia. Este feito, xunto coa simboloxía e escenificación da inauguración, é tanto ou máis representativo das políticas de memoria do Estado español durante o período de estudo que a xa citada declaración do goberno de xullo do 86.

Xunto á familia real, o protagonismo no acto de Madrid recaeu no Exército sendo a parte central do acto o desfile e posterior revista ás tropas por parte do rei. Por outra parte o goberno xustificaba que se fixera no antigo monumento aos heroes do 2 de maio por ser "una causa popular que ha merecido y merece la estima y el reconocimiento de todos los ciudadanos, con independecia de su ideología"[2371]. O que á vez diluía calquera relación directa coa guerra. Aínda que esta relación si existía, a tenor do convite e asistencia de organizacións de ex-combatentes dos dous exércitos, "nacional" e "republicano", que gababan o monumento con palabras referidas a xa tan manida reconciliación[2372]. Isto tamén resulta significativo ao centrar a atención nos combatentes, e por tanto na guerra, e invisibilizar ás vítimas civís, o que, en definitiva, volvería a negar a natureza da violencia franquista.

Nos meses seguintes á inauguración do monumento en Madrid, o goberno municipal de Pontevedra realizou os trámites precisos para oficializar o proxecto e dotalo de recursos

[2367] Carta datada o 5/11/1985. Expediente Monumento al Soldado Desconocido, S/N, 8/07/1985. Arquivo Municipal de Pontevedra, *sin* 22934/11.
[2368] *Ibidem.*
[2369] "El Rey inaugurará hoy el monumento a los muertos por España", *Faro de Vigo*, 22/11/1985.
[2370] "En el décimo aniversario de su entronización, el Rey institucionaliza el monumento a los muertos por España", *La Voz de Galicia,* 23/11/1985, p.9.
[2371] *Ibidem.*
[2372] "Excombatientes de los dos ejércitos destacan el valor histórico de la ceremonia", *La Voz de Galicia*, 23/11/1985, p.9. Esta noticia é unha pequena columna anexa á noticia principal.

económicos. Para iso, incluíu a dotación presupuestaria para o monumento, cifrada en dezaseis millóns de pesetas no Programa de Actuación Municipal y Presupuestos Municipales para o ano 1986, aprobada cos votos de AP[2373]. Posteriormente dende a comisión de goberno acordouse a "concesión de la Medalla de Oro de la Ciudad a las Fuerzas Armadas". No texto que se levou a pleno o día 4 de abril do 86 vinculábase esta concesión co levantamento do monumento ao soldado, propoñendo que fose na inauguración cando se entregase oficialmente a Medalla[2374]. Esta foi a razón pola cal o voceiro do grupo socialista Montero Vaz interviña expresando a súa queixa. Así, pese a estar de acordo na entrega da Medalla non así coa erección do monumento. Montero lamentaba que a decisión da construción da escultura non tivera ningunha intervención do grupo socialista, "ni mucho menos en la concepción del proyecto"[2375]. Así, para lograr a unanimidade do pleno en canto á concesión da medalla acordouse desvincular esta da inauguración do monumento, que chegaran ao pleno como unha única proposta. Pese a esta decisión plenaria finalmente ambos eventos coincidiron nun único acto celebrado o 12 de agosto de 1986 no marco dunha homenaxe ás Forzas Armadas. Por tanto no verán do cincuentenario do inicio do golpe, en Pontevedra inaugurouse unha cruz de grandes dimensións, que substituía á cruz dos caídos situada no mesmo lugar, e na que se homenaxeaba nela "ao soldado descoñecido". O alcalde declaraba que o obxectivo era acadar "un monumento superador de la caduca idea de vencedores y vencidos y de las dos Españas"[2376].

Nos días anteriores á inauguración, dúas organizacións emitiron comunicados nos que se opoñían frontalmente a este monumento. Por un lado o PSG-EG[2377] cualificaban a inauguración programada pola Corporación "máis como un homenaxe á guerra, que á paz"[2378]. Por outro lado o colectivo pacifista A Creba, que nese ano 86 fora activo na mobilización contraria á OTAN, comparaba este monumento co "Valle de los Caídos"[2379]. De modo que esta asociación comunicaba a intención de manifestar a súa repulsa durante a inauguración. A intervención plasmouse na crónica en prensa do acto describindo como un grupo de "jóvenes" do colectivo e as súas "tímidas protestas" foran acaladas polos aplausos tralas palabras do alcalde, e grazas tamén a actuación da policía nacional, encarga de afastalos da Alameda[2380].

Na inauguración destacou o gran despregamento do exército, con novecentos efectivos, e a presenza da nova simboloxía do estado mediante numerosas bandeiras españolas que percorrían a avenida en cuxo extremo estaba colocada a cruz. Tamén se resaltaba en prensa a

[2373] Acta municipal da sesión plenaria do 16 de decembro de 1986. Arquivo Municipal de Pontevedra.
Nos meses anteriores en prensa aludíase ao seu custo que cifraban entre seis e dezaoito millóns de pesetas, cuestión que neste caso non semellaba ser un problema para o goberno da capital pontevedresa. Variacións de prezo entre: Adrio, J.L. "La inauguración del Parque Central se retrasará hasta el mes de junio", *La Voz de Galicia*, 29/11/1985, p.24; e M.V. "Seis millóns para un descoñecido", *A Nosa Terra*, nº 295, 18 de xuño de 1986, p.8. Finalmente trala inauguración do monumento cífrase polo concello en dezaseis millóns en: "Una polémica sustitución de la Cruz de los Caídos", *La Voz de Galicia*, 13/08/1986, contracuberta.

[2374] Por tanto en vez da "xura da bandeira", a inauguración finalmente estaría vinculada con esa concesión da Medalla, idea, segundo o alcalde do propio Capitán General. En Acta municipal da sesión plenaria do 4 de abril de 1986. Arquivo Municipal de Pontevedra.

[2375] Acta municipal da sesión plenaria do 4 de abril de 1986. Arquivo Municipal de Pontevedra.

[2376] "La inauguración oficial del Monumento al Soldado refuerza los vínculos del Ayuntamiento con la institución militar", *La Voz de Galicia*, 09/08/1986, p. 41.

[2377] Isto é a organización resultante da fusión do PSG, do que moitos dos seus militantes xa estaban no BNG e a EG de Camilo Nogueira, do que este era tamén o seu líder.

[2378] "PSG-EG y el colectivo "A Creba" critican el Monumento al Soldado", *La Voz de Galicia*, 10/08/1986, p.28.

[2379] Ademais criticábase o parecido dunha das figuradas da escultura co alcalde que semellaba un intento deste por "inmortalizarse". Sobre a mobilización da Creba contra a OTAN: "Convocados diversos actos para hoy con motivo del referéndum de la OTAN", *La Voz de Galicia*, 06/03/1986, p.20.

[2380] Torre, R.L. "Pontevedra homenajeó a las Fuerzas Armadas con la medalla de oro de la ciudad y la inauguración de un Monumento al Soldado", *La Voz de Galicia*, 13/08/1986. Contracuberta. E en "El alcalde destacó la tradicional vinculación del arma de Artillería con la ciudad desde el siglo XVII", *La Voz de Galicia,* 13/08/1986, p.14.

gran asistencia de público cifrada en varios de miles de persoas. Neste senso a propia alcaldía emitira días antes un bando no que se convidaba aos empresarios, comerciantes, profesionais e organismos oficiais a dar as máximas facilitades á fin de permitir a asistencia de toda a veciñanza[2381]. Foi presidida polas máximas autoridades galegas "civiles, militares y religiosas", entre elas o presidente da Xunta, Fernández Albor, o capitán general Jose Buiges, o arzobispo Rouco Varela, ou o Gobernador Civil de Ourense e Delegado do Goberno en funcións Mariano Sanz Pech[2382].

Imaxe 83. Fotografías da inauguración da nova Cruz en Pontevedra, agosto do 86.



Fonte: AMPO-A007/096, AMPO-A008/061, AMPO-A008/053. Arquivo Municipal de Pontevedra. Fondos Gráficos.

A gran pomposidade do acto pode observarse nas imaxes recompiladas na Imaxe 83[2383]. A Igrexa estivo presente coa bendición do monumento pola arcebispo de Santiago, resaltando o significado da cruz como "un símbolo de reconciliación y de perdón". Tralo descubrimento do monumento, fíxose a ofrenda aos mortos iniciada polos abandeirados das distintas unidades[2384]. O que simbolicamente ven a ilustrar como os mortos homenaxeados eran do exército, e non os mortos na guerra en xeral.

Trala imposición da Garabata co escudo da cidade ao Estandarte do "Regimiento de Artilleria de Campaña número 28 de guarnición en Pontevedra", o alcalde emitiu un discurso de grande relevancia simbólica, interrompido na distancia polas queixas da mocidade da Creba.

[2381] "Inauguración del Monumento al Soldado y entrega de la medalla de oro a las FAS", *La Voz de Galicia,* 12/08/1986, p.20.
[2382] Torre, R.L. "Pontevedra homenajeó a las Fuerzas Armadas con la medalla de oro de la ciudad y la inauguración de un Monumento al Soldado", *La Voz de Galicia,* 13/08/1986. Contracuberta.
[2383] Pequena selección dun amplo número de fotografías de gran valor para comprender esta solemnidade militar e institucional do acto. Extraídos do Catálogo Documental e Biográfico da Deputación de Pontevedra. https://atopo.depo.gal/
O concello tamén editou cincocentos sobres co debuxo do monumento para conmemorar a efeméride.
[2384] Torre, R.L. "Pontevedra homenajeó a las Fuerzas Armadas con la medalla de oro de la ciudad y la inauguración de un Monumento al Soldado", *La Voz de Galicia,* 13/08/1986. Contracuberta.

No discurso Rivas Fontán definía o monumento como símbolo de lealdade e xenerosidade para con España. Ademais considerábaa como un "símbolo de amor y de recuerdo para todos los que ofrendaron su vida por una Patria para todos los españoles"[2385]. E citaba palabras textuais do rei de España en días anteriores ao considerar que se superaran os radicalismos "y se ha abierto ante nosotros una era de convivencia nacional, por encima de enfretamientos seculares que cristalizaron en la dramática dualidad histórica de las dos Españas"[2386].

Este acto amosa de xeito meridiano como esta lóxica da reconciliación escondeu, no fondo, a exaltación dun deses bandos a superar, coa coroa e sobre todo o exército, non depurado, como pezas fundamentais do novo sistema. Isto manifféstase nun evento que rendía homenaxe ao exército e aos seus mortos, cuestión que era difícil disociar nestes momentos da propia guerra e da participación protagonista do exército nela. Dende esta óptica deben comprenderse as declaracións críticas do colectivo A Creba e nos sitúan ante un acontecemento de moito interese ao compendiarse nel o que poderíamos considerar parte fundamental da mensaxe memorialista oficial, e que choca co que dende outros sectores sociais, tamén dende outros concellos, se reclamaba. E isto percíbese tamén nas declaracións dalgúns dos convidados, como Filgueira Valverde que o consideraba un acto solemne e importante ou Fernández Albor quen definía a xornada como histórica para Galicia e incluso para España, "entrañable, ya que rinde tributo a todos los caídos por España". A xustificación da eliminación do contido de exaltación franquista expresábase subliminalmente. O delegado do goberno Mariano Sanz, quen en anos anteriores protagonizara aquela loita pola eliminación das cruces nas igrexas, considerábao "un acto que pretende rendir homenaje a las Fuerzas Armadas y al soldado en general, sin ningunha connotación política". O vicepresidente da Deputación Jose Antonio Rueda cría que co novo monumento en honra ás Fuerzas Armadas, se intentaba suprimir "el contenido político que pudo tener en su movemento a favor de un determinado bando de la Guerra Civil".

A incomodidade, por outra banda, facíase palpable no voceiro do grupo municipal do PSOE que gababa o exército pero consideraba que a súa opinión sobre o monumento xa a deran en nota de prensa e "non era o momento más oportuno para insistir[2387]. De todos os xeitos, e pese a ausencia dalgún concelleiro, a presenza do voceiro socialista no acto debe entenderse no contexto xeral que se vivía no estado onde este partido gobernaba e onde participaba no apontoamento do discurso e a retórica da reconciliación. Unha consolidación do discurso no que este acto, coas súas evidentes contradicións, constitúe un dos expoñentes paradigmáticos xunto ao monumento inaugurado en Madrid polo rei case un ano antes.

O predominio do discurso da reconciliación refléxase na única polémica que saltou as páxinas dos xornais. Lonxe de pivotar na posible lectura do monumento como de exaltación bélica e, en definitiva de antimemoria, a discusión pública con eco era se unha das figuras do monumento se parecía ou non ao alcalde[2388].

[2385] "El alcalde destacó la tradicional vinculación del arma de Artillería con la ciudad desde el siglo XVII", *La Voz de Galicia,* 13/08/1986, p.14.
[2386] *Íbidem.*
[2387] "El alcalde destacó la tradicional vinculación del arma de Artillería con la ciudad desde el siglo XVII", *La Voz de Galicia,* 13/08/1986, p.14.
[2388] "Una polémica sustitución de la Cruz de los Caídos", *La Voz de Galicia,* 13/08/1986, contracuberta.

5.5.3.O cincuentenario na sociedade civil

Durante este ano foron múltiples as accións da memoria organizadas pola sociedade civil: partidos políticos, editoriais e sindicatos, pero tamén a veciñanza e os familiares das vítimas. Entre as modalidades destas accións atópanse as ofrendas florais, a inclusión de placas conmemorativas, a edición de publicacións divulgativas ou a erección de monumentos. Nesta última modalidade atópase o caso da Guarda, o máximo expoñente das accións memoriais promovidas pola sociedade civil. Un proceso que, como xa analizamos, comezou durante a ditadura coas flores clandestinas e culminou en 1986 coa inauguración do conxunto escultórico en memoria dos fusilados no campo de concentración de Camposancos. Antes de analizar de vagar esta importante mobilización memorialista deterémonos noutras accións de interese neste ano 86.

Mentres o goberno central emitía o comunicado que reivindicaba o esquecemento, outros non se resignaban a que a reconciliación significase silencio. Como vimos de referenciar, en datas próximas ao ciclo da guerra civil de Redondela, tiña lugar en Cervo unha acción moi semellante con sinerxías materializadas na presenza de Isaac Díaz Pardo e Enrique Líster. Neste caso, a organización correu a cargo dunha entidade social coma o Seminario de Estudos Cerámicos de Sargadelos. Esta actividade, en conmemoración do cincuentenario, estivo artellada en dous ámbitos diferenciados. Por un lado, unha exposición gráfica, bibliográfica e documental onde se expuxeron máis de mil pezas relacionadas coa guerra[2389]. Entre elas destacan os materiais artísticos realizados por presos, documentación referida ao exilio galego e unha homenaxe á editorial *Ruedo Ibérico* como editora de obras prohibidas no Estado español[2390]. Por outro lado, un coloquio e debate sobre a guerra e os seus efectos na actualidade. Participaron, ademais de Líster e Isaac Díaz Pardo, o escritor Xosé Neira Vilas, o político Francesc Vicens (ERC) e o xornalista Carlos Fernández Santander. Este último, reivindicou a importancia de facer memoria:

> Curiosamente cuando se puede contar la historia con las dos perspectivas se rasgan las vestiduras los que durante 37 años nos han metido su versión de la guerra y proponen olvidar el pasado con la connivencia del gobierno socialista[2391].

A esta aseveración, o redactor de *La Voz de Galicia* engadía: "dar a conocer los horrores de la guerra es, a su parecer una medida positiva". O mesmo día, no mesmo xornal aparecían novamente as ideas relacionadas coa necesidade da superación do "espíritu revanchista e fanático"[2392]. Un exemplo máis do marco dominante que orientaba a visión social a respecto do pasado e que inflúe na xustificación realizada polos axentes memorialistas. Neste caso, os promotores do acto sinalaban:

> Nadie debe temer que esta rememoración de la guerra civil, cuando se cumple medio siglo de su comienzo, pueda guardar el menor resentimiento o pretenda revivir aquella lucha. Hace ya muchos años que los hombres y mujeres que participaron en aquella contienda saben que tenemos que entendernos con

[2389] Os fondos desta exposición, segundo a crónica, procedían do propio Seminario, do Museo Carlos Maside e dos arquivos persoais de Luís Seoane e Carlos Fernández Santander. Precisamente foi no museo Carlos Maside onde se expuxo a mostra dous meses despois. En Carbajo, P.: "Rafael Dieste y la guerra civil centraron el acto literario que se celebró en O Castro para presentar tres libros y una revista", *La Voz de Galicia*, 25/10/1986, p. 38. "Inaugurada en O Castro una exposición sobre la guerra civil", *La Voz de Galicia*, 19/10/1986, p.26.
[2390] Consideramos que esta sería a mesma exposición que o Concello de Redondela pretendía levar a súa vila en setembro.
[2391] "La guerra civil continúa siendo objeto de análisis 50 años después de su inicio", *La Voz de Galicia,* 24/08/1986, p. 35.
[2392] "Hace cincuenta años", *La Voz de Galicia*, 24/08/1986, p. 23.

> lealtad y abandonar cualquier intolerancia, puesto que los focos que padecemos hoy no corresponden a gentes que recuerdan aquella lucha.[2393]

Neste mesmo ano 86 existiron diversas accións semellantes ao longo do territorio galego e que podemos englobar dentro do marco divulgador. No Barco de Valdeorras o PCG inaugurou o ciclo de conferencias *A recuperación da nosa historia* co coloquio titulado *El Frente Popular y los sucesos de 1936*. Neste acto ademais da presenza dun supervivente como Inocencio Ferrer e de José Antonio Balboa, profesor de historia, ambos militantes do partido, destaca a participación dunha alumna de ensino medio, Diana Yañez. Esta, reflexionaba sobre a dificultade de coñecer o acontecido e do tabú que supoñía para as persoas coñecedoras directas. Esta actividade desenvolveuse no salón de actos da Casa Consistorial. Neste mesmo espazo e unha semana despois, o BNG convidou ao poeta Manuel María a unha disertación sobre a figura de Castelao[2394]. O emprego de espazos municipais por parte de organizacións e partidos representan unha práctica bastante habitual neste período tal e como exemplificamos coa exposición promovida pola CNT na Casa do Concello de Vigo.

Na Coruña, o Ateneo organizou a mostra titulada *O 18 de xullo de 1936 nos xornais de Galicia* exposta durante o mes de novembro. Na inauguración Guillerme Díaz denunciou a falta de apoio institucional[2395]. Outra acción divulgativa salientable foi a organizada pola Agrupación Cultural Alén, de Malpica. O acto titulado *1936, 50 anos despois* estaba dividido en tres partes. Primeiro proxectouse o documental *Xan de Xenaro, memoria de 32 anos*, arredor do guerrilleiro antifranquista así alcumado, con guión de Bernardo Maiz e Agustín Fernández Paz. En segundo lugar, Maiz ofreceu unha charla-coloquio. E por último, un grupo de persoas, que viviron en primeira persoa a guerra, falaron sobre a súa experiencia[2396]. Con anterioridade este documental, creado a través do Taller de Vídeo do Concello de Fene, fora difundido en diversas vilas como Ferrol e o Carballiño[2397]. Con frecuencia, a proxección ía acompañada de coloquios e debates arredor da "guerra civil". Coñecemos a implicación de entidades da sociedade civil, neste caso, a Asociación Cultural Medulio e tamén do Concello de Fene, seguindo a dinámica de colaboración xa analizada neste traballo[2398].

Seguindo coas accións divulgativas deben mencionarse as publicacións. Por unha banda, continuaba a empresa de Isaac Díaz Pardo coa colección *Documentos para a Historia contemporánea de Galicia*, inaugurada en 1981. O balance final desta colección durante o noso período de estudo (1981- 1986) reflexa un total de trinta e unha obras publicadas. Das cales case a metade, quince, foron editadas neste ano 86. Salientamos entre elas as primeiras obras de García Lorca e a súa relación con Galicia, as memorias de Santiago Álvarez coa guerra como elemento central, as de Gregorio Sanz, centradas na etapa como preso durante o franquismo e as de Isabel Ríos[2399]. Estes últimos, citados en liñas anteriores pola súa participación no ciclo de Redondela. O obxectivo dos editores faise explícito na lapela de cada libro:

[2393] Témez, R.: "Políticos y escritores analizarán en Sargadelos la guerra civil española", *La Voz de Galicia,* 18/08/1986, p. 13.
[2394] "Hoy, mesa-debate sobre el Frente Popular, organizada por el PCG", *La Voz de Galicia*, 19/02/1986, p. 26. "Ayer comenzaron en O Barco las jornadas sobre "recuperación da nosa Historia", *La Voz de Galicia*, 20/02/1986, p. 38.
[2395] "Inaugurada la exposición "O 18 de xullo de 1936 nos xornais de Galicia", *La Voz de Galicia,* 20/11/1986, p. 24.
[2396] "La Banda de música de Noia dará hoy un concierto en Malpica", *La Voz de Galicia*, 29/11/1986, p. 30.
[2397] "El taller de vídeo de Fene ultima los detalles de "Xan de Xenaro" memoria de 32 anos", *La Voz de Galicia*, 06/07/1986, p. 45.
[2398] "Estreno de "Xan de Xenaro", vídeo sobre un guerrileiro", *La Voz de Galicia*, 20/07/1986, p. 32. "Doscientas personas asistieron en Ferrol a la concentración en memoria de Moncho Reboiras", *La Voz de Galicia*, 13/08/1986, p.13. "El pleno de Fene se ocupará hoy del asunto de la venta de nichos del cementerio", *La Voz de Galicia*, 08/08/1986, p. 38.
[2399] Obras publicadas por Ediciós do Castro (*Documentos para a historia contemporánea de Galicia*) (1986):
San Luis, X. (1986). *O fidalgo*. Ediciós do Castro.
Fernández, A. (1986). *Antología de un hombre que perdió su futuro.* Ediciós do Castro.

> Baixo este titular Ediciós do Castro, inicia unha colección coa intención de contribuír á divulgación de testemuñas que poidan axudar a facer unha aproximación á historia contemporánea de Galicia. As circunstancias que atraparon a nosa terra no ano 1936 fan difícil esta tarea. Pro sería mala cousa que en función das razóns alleas á historia, aínda que valiosas dende algún punto de convivencia, o noso acontecer recente fose silenciado, borrador ou desfigurado; porque temos a seguranza de que o futuro vai ficar lastrado das mesmas chatas que sufre a memoria[2400].

Nesta declaración de intencións xustificábase a ausencia de interese en "desunir" aos galegos, pero polo contrario manifestábase o interese no silencio, non só dos que participaron "de algunha maneira no drama vivido por Galicia", se non tamén parte dos mesmos sectores sociais e económicos que non viviron o proceso de xeito directo. Ao mesmo tempo, reivindicábase "o nunca máis" baseada na necesidade de aprender da realidade para corrixir o camiño: "Máis non dunha realidade galega fabricada, sinon dunha auténtica que, aínda difícil e dramática, poda axudar a entendernos aos galegos en acrimonía"[2401].

Cunha orientación semellante*, A Nosa Terra* acrecentou durante este ano 86 os esforzos por difundir o acontecido no 36. No aniversario do golpe de estado, anunciábase a edición dun especial titulado *O 36 na Galiza* e publicábase un editorial que denunciaba explicitamente a ocultación do acontecido:


> O 50 aniversario da sublevación militar do 36 está transcorrendo nun sospeitoso siléncio ou en todo caso entre un lene marmurio. Os patrocinadores da "reconciliación nacional" dos 50 -co PC á cabeza- son tamén culpábeis deste esquecimento, xunto ao esencial dos que ocultan o pasado porque nel só poderían descobrir as súas proprias atrocidades[2402].

Tamén se criticaba ao nacionalismo por ter sido, ata ese momento, incapaz de denunciar e poñer na axenda pública os feitos acontecidos que aparecían descritos no editorial como "unha brutal represión". No anuncio feito nas páxinas deste semanario sobre o especial introducíase unha idea relevante que cuestionaba o relato dominante baixo a pregunta: "Sobre a guerra? Que guerra"[2403].

Landeira, X. (1986). *Viaje al sueño del agua: el misterio de los poemas gallegos de García Lorca.* Ediciós do Castro.
Blanco-Amor. E. (1986). *Castelao escritor: pórtico encol da prosa galega.* Ediciós do Castro.
Ríos, I. (1986). *Testimonio de la Guerra Civil*, Ediciós do Castro.
Sanz, G. (1986). *Uno de tantos: cinco años a la sombra*. Ediciós do Castro.
Otero, R. (1986). *A miña amizade con Castelao.* Ediciós do Castro.
Fernández, C. (1986). *La persecución de Castelao durante el franquismo.* Ediciós do Castro.
Armesto, V. (1986). *Los hijos cautivos de Breogán: el rastro de Castelao en América.* Ediciós do Castro.
Landeira, X. (1986). *Federico García Lorca y Galicia.* Ediciós do Castro.
Núez Búa, X. (1986). *Vida e paixón de Castelao.* Ediciós do Castro.
Gutiérrez, E. (1986). *Introdución ao "Sempre en Galiza".* Ediciós do Castro.
García, R. (1986). *Papeles de Borobó, I: El fantasma de Valle- Inclán.*
Álvarez, S. (1986). *Memorias II. La guerra civil de 1936-1939: yo fui Comisario Político del Ejercito Popular*. Ediciós do Castro.
Núñez, X. (1986). *Escolma de textos con Galiza ao fondo.* Ediciós do Castro.
Cores, B. (1986). *Las polémicas de Bóveda en la gestación del estatuto de autonomía.* Ediciós do Castro.

[2400] Blanco-Amor, E. (1986). Castelao escritor. Ediciós do Castro
[2401] *Íbidem.* interiores.
[2402] "Un silencio", *A Nosa Terra*, nº 298, 3 de xullo de 1986, p. 2
[2403] Carballa, X.: "Ciencuenta anos despois da brutalidade e do comezo da resistencia", *A Nosa Terra*, nº 297, 17 de xullo de 1986, contracuberta.

Imaxe 84. Anuncio do especial *O 36 en Galiza*



Fonte: *A Nosa Terra,* nº 298, 31 de xullo de 1986, p.10.

A reivindicación da memoria fronte ao terxiversación da historia tamén se observa no anuncio do especial (Imaxe 84): "a historia non foi como nola contaron" (...) A memoria é a nosa mellor homenaxe". A primeira edición saíu do prelo nunha data simbólica, o 25 de xullo de 1986, composta por un total de trece textos que poderiamos dividir en dous tipos. Por unha banda as entrevistas e testemuñas de protagonistas, entre elas a de Isabel Ríos, e por outro lado as crónicas, descritivas ou de análise, do acontecido tralo golpe de estado do 36, tanto no conxunto de Galicia como en diversas localidades[2404]. Participaban coa súa autoría persoeiros históricos como Avelino Pousa Antelo, Santiago Álvarez ou Isaac Díaz Pardo, xunto con novos investigadores entre eles Carlos Nuevo ou Harmut Heine e xornalistas como Xan Carballa. Máis alá de deternos na análise pormenorizada de cada un dos textos é obrigado achegarnos á introdución asinada polos coordinadores do especial xa que nela se desenvolve unha xustificación detallada da existencia dunha historia terxiversada e da necesidade de oporse a ela[2405]. Deste modo os autores partían da constatación dunha "pobreza cuantitativa de fontes directas sobre a Guerra en Galiza" nun contexto historiográfico no que abundaban os estudos a nivel estatal. Segundo os autores, a razón desta marxinación de Galicia da crónica bélica estaba na pronta incorporación do territorio galego á retagarda. E aquí é onde ven o aspecto de maior interese, ao por en cuestión como foi esa retagarda e como operou a represión nela.

> O relato político e sociolóxico recoñece unha represión que ten todas as connotacións de vesania, anonimato e vinganza das retagardas dos frentes pero poida que sexa esta a ocasión de regresar sobre aspectos particulares que agravan a dimensión desta memoria[2406].

[2404] Os artigos publicados nesta primeira edición foron: Carballa, X.: "Isabel Ríos, condenada a morte", pp.6-10; Maiz, B.: "A guerra civil en Galiza", pp. 11-22; Valcárcel, M. "Ourense 1936: cincuenta anos despois", pp.23-27; Gutiérrez, E.: "A resistencia á sublevación en Ribadeo", pp.28-30; Nuevo, C.: "Antes e despois da guerra en Viveiro", pp.31-35; Pérez, M.C.: "O antes e despois da prensa", pp.36-40; "Luca de Tena, G.: "A historia oficial", pp.41-45; Álvarez, S.: "As milicias galegas, unhas milicias autónomas", pp.46-50; Carballa, X.: "Entrevista con Luís Tobío", pp. 51-55; Díaz Pardo, I.: "Os 50 anos que nos separan…", pp. 56-57; Heine, H.: "A guerrilla unha resposta con forte base popular", pp.58-60; Ríos, C.: "Galiza, terra de insumisión", pp.61-64; Pousa Antelo, A.: "Aqueles mozos dos anos 30", pp. 65-.

[2405] No texto asinan con iniciais: G.L.T. e X.C. que consideramos pertencen aos coordinadores do volume: Gustavo Luca de Tena, e Xan Carballa.

[2406] G.L.T e X.C.: "O 36 en Galiza", *A Nosa Terra*, pp. 4-5.

Deste modo os autores introducen unha característica diferenciada desta represión, afastada da súa definición como tolemia colectiva, núcleo do relato dominante:

> As bases sociolóxicas do fascismo en Galiza adoptaron unha atitude belixerante e bélica nunha situación de retagarda e se prestaron ao que a siniestra fraseoloxía microbiolóxica do coenga Silva Ferreiro chama combater a *contaminación das ideas*. As limitacións morais a esta atitude xenocida que chega a falar de cidades e provincias de Galiza contaminadas e suscetíbeis por tanto, de depuración[2407].

E sucedeu así "o fascismo demostraba en Galiza a súa criminal determinación e deixaba a pegada inequívoca das suas verdadeiras intencións: matar, matar e matar o máis lúcido do país". O obxectivo era a castración política, a desmobilización política, "a experiencia política do período republicano, efervescente de conciencia democrática e galeguista ficaba sen transmisión, a aprendizaxe de várias décadas tiña o seu único destino nos muros e na terra dos cémiterios[2408]". Debíase pois actuar fronte a esta "realidade mentida e historiada oficialmente con intención de agachar e deformar", fronte á "terminoloxía da guerra fratricida, exculpatoria e mintireira" que abafou "á memoria da nación"[2409]. E aquí radicaba a necesidade do especial *O 36 en Galiza*: aportar á narración e á análise da guerra, tamén á resistencia armada do pobo, despoxando a visión dominante da "Galiza sumisa".

[2407] G.L.T e X.C. (1986): "O 36 en Galiza", *A Nosa Terra,* pp. 4-5.
[2408] *Íbidem.*
[2409] *Íbidem.*

Táboa 20. Publicidade institucional dos concellos de Narón, Corcubión, Moaña, Culleredo e Malpica no especial ANT



Fonte: *O 36 na Galiza*, *A Nosa Terra*, 1986.

Noutra orde de cousas é salientable a presenza no volume de publicidade institucional procedente de diversos concellos galegos cunha clara mensaxe memorialista. Entre eles atopábanse Narón, Corcubión e Moaña, e por tanto institucións locais que xa vimos destacando como axentes memorialistas no período de estudo (Táboa 20). Neste mesmo ano *A Nosa Terra* publicaba outro especial titulado *Castelao e Bóveda, irmáns!!,* con artigos de moito interese sobre a vida e obra destas dúas figuras. En torno ao noso obxecto de estudo destaca a reprodución das cartas que Bóveda escribiu na madrugada do seu fusilamento[2410].

Ademais das accións divulgativas, durante este ano 86 e dende a sociedade civil se promoveron accións baixo outro repertorio de acción: a homenaxe. Como xa acontecera no ano 77, as accións estiveron concentradas na segunda parte do ano, principalmente a partir de agosto, e por tanto en estreita relación cos aniversarios dos asasinatos. En Viveiro o BNG constituíu en setembro unha comisión para homenaxear ás persoas asasinadas no ano 1936 "por

[2410] Sánchez, C, Cuñarro, F. e e Carballa, X. "Castelao e Bóveda, irmáns!!", *A Nosa Terra,* 1986.
Durante o período (1983-1986) foron reducidas as reportaxes de difusión do golpe ou do período republicano, salientando por outra banda, a difusión das accións da memoria que se desenvolvían nese momento e que son empregadas como fonte neste traballo.
Entre as reportaxes divulgativas que se realizan:
Lueiro, M. : "A soidade dun fuxido", *A Nosa Terra,* nº301, 9 de outubro de 1986.
Guerra, E. : "García Lorca", *A Nosa Terra,* nº 302, 23 de outubro de 1986.

loitadores antifascistas e galeguistas" con motivo do cincuentenario da súa morte[2411]. Aínda así finalmente as actividades das que temos constancia tiveron lugar en xaneiro do 87. Malia que a organización correspondera ao partido a nivel local, nela interviñeron o parlamentario Carlos Nuevo e Xosé Manuel Beiras aludindo directamente ao alcalde Balbino Cerdeiras e o concelleiro César Parapar, ambos do PG fusilados no 36. Este último describiu a situación política anterior ao 36 e a forte represión que se rexistrou en Galicia, salientando a prolongación desta ata o ano 62, momento no que foi asasinado O Piloto[2412]. Precisamente meses antes tivera lugar en Chantada a primeira homenaxe pública a este guerrilleiro. Esta fora organizada por un grupo de estudosos da guerrilla situados na órbita do nacionalismo galego, que neste momento poñía en valor a figura do Piloto. Mentres, o PCE mantíñase nun segundo plano na medida en que as actividades da guerrilla ficaban fora da estratexia do partido naquela altura[2413]. A este respecto na homenaxe, consistente na colocación dunha placa na súa tumba, Camilo Dios facía referencia ao bando no que a Pasionaria se dirixira aos guerrilleiros ordenándolles o abandono das armas. No acto estivo presente e participou activamente a veciñanza que axudara ao Piloto cunha ofrenda de tres ramos de loureiro. Esta emotiva homenaxe fora propiciada polos intentos de construír na tumba un panteón e polo tanto de eliminar os seus vestixios. O grupo de estudosos, entre os que se identifica o xornalista Pablo Viz, mercou os terreos e mediante subscrición popular custeou a lápida[2414]. Un fenómeno similar ao que veremos na Guarda.

Tamén resulta reiterativo neste tipo de actos a presenza das forzas da orde, en Chantada debemos sinalar a aparición de efectivos da Garda Civil de paisano, cun obxectivo probablemente disuasorio e intimidatorio. Máis alá das actividades deste tipo executadas polas forzas de orde público, é plausible considerar con estas intencións a actividade doutros grupos opositores non identificados. O apagón sufrido en Viveiro durante a homenaxe aos loitadores antifascistas foi interpretado polos organizadores como unha acción premeditada. Ambos, por tanto, pódense identificar como mecanismos de contención da mobilización.

Seguindo coas homenaxes levadas a cabo no 86, o BNG organizou unha ofrenda floral en Boisaca aos nacionalistas fusilados. Tivo lugar o 28 de xuño e por tanto coincidindo con outra efeméride clave, a conmemoración do Estatuto de Autonomía do 36. De tal maneira tras os actos centrais na Praza do Toural en Compostela trasladáronse ao cemiterio xunto ao "muro dos fusilados" onde realizaron a ofrenda na que participaron, ademais dos líderes nacionais, os alcaldes de Cambados, Fene, Moaña, Malpica e Carnota[2415]. Alí, reivindicouse a figura de Ánxel Casal entre outros "loitadores antifascistas". Bautista Álvarez salientaba en rolda de prensa que a súa intención ao efectuar o acto estaba ligada ao convencemento de que nos actos oficiais ían esquecerse deliberadamente "de quen loitaron por Galicia"[2416].

Recordemos que fora un 28 de xuño cando regresaron os restos de Castelao dous anos antes. E aínda máis alá, o emprego desa data por parte da Xunta de Galicia estivo vinculada directamente ao seu nacemento como vimos no Capítulo 3. Despois duns anos da ausencia de celebración desta efeméride, no cincuenta aniversario do plebiscito para a aprobación do Estatuto de Autonomía as institucións autonómicas reapareceron como promotoras de diversos actos de lembranza. Destacamos dous eventos organizados polo Parlamento de Galicia, un deles na Facultade de Medicina, espazo relevante e simbólico no 36 durante a elaboración e

[2411] "Tampoco cesa en Viveiro el debate sobre la remodelación de la Plaza Mayor", *La Voz de Galicia,* 17/09/1986, p. 31
[2412] "Acto de homenaje a los asesinados en el año 36", *La Voz de Galicia*, 10/01/1987, p.26
[2413] Entrevista a Alfonso Eiré realizada por Iria Morgade (Telefónica, 26 de outubro de 2023).
Eiré, A.: "Homenaxe ao último guerrilleiro", *A Nosa Terra*, nº288, 13 de marzo de 1986, p.14
[2414] Eiré, A.: "Homenaxe ao último guerrilleiro", *A Nosa Terra,* nº288, 13 de marzo de 1986, p.14
[2415] Segundo a noticia no muro teríase executado a Ánxel Casal, cuestión que agora sabemos que é errónea.
[2416] "El BNG homenajeó a los nacionalistas fusilados y pidió la autodeterminación", *La Voz de Galicia,* 29/06/1986, p.22

aprobación do Estatuto. Por outro lado, no propio Parlamento onde se aprobara unha declaración institucional en conmemoración desta efeméride[2417]. Alén das institucións autonómicas foron moitas as entidades de ámbito local, político ou asociativo que homenaxearon a través de diferentes actividades a aprobación estatutaria. E que nalgunhas ocasións se vinculaban coa cincuentenario do golpe de estado, como no caso antes sinalado do BNG en Boisaca.

Outra destacada acción de homenaxe no cincuentenario da guerra consistiu na colocación dunha placa de recordo na fosa común do cemiterio de San Mateo, no Concello de Narón, onde estaban soterradas arredor de trinta persoas coñecidas como os "mortos do buque Cantábrico" fusilados no 36 por manterse fieis á República. Na placa gravouse a lenda "recuerdo de los que dieron la vida por la libertad", seguindo a dialéctica do martiriloxio. No acto, realizado o 30 de agosto, destaca a participación do alcalde Francisco Álvarez Patiño (PSOE) e de José Díaz Pardo, veciño e testemuña directa do soterramento dos cadáveres, quen depositou un ramo de flores rosas. En canto á organización, as fontes dispoñibles aluden ao protagonismo da veciñanza. A nivel político, sublíñase a participación de persoas afíns ao PSOE[2418].

Tamén foi iniciativa do PSOE, neste caso da Agrupación Socialista do Barco de Valdeorras, a homenaxe ao alcalde fusilado do concello, Abdón Blanco. No anterior capítulo analizamos a acción memorial do edil do MCG Gustavo Docampo, que acadara o respaldo unánime do pleno municipal orientado a homenaxear a Blanco cunha rúa. Sete anos despois, este asinaba un artigo de prensa no que denunciaba a inacción do Concello para facer visible a medida a través dunha placa. No cincuentenario do pasamento do alcalde do Barco, Docampo e o profesor Manuel Arias lembraron e reivindicaron en prensa a súa figura e a necesidade dunha homenaxe popular na vila[2419]. Esta tivo que agardar aínda dez anos[2420]. Neste ano 86 temos constancia da homenaxe que a agrupación municipal socialista realizou no cemiterio de Ourense, onde están depositados os seus restos mortais tras o seu asasinato nesta cidade. A el acudiron familiares de Blanco e veciños da vila[2421].

Á parte das organizacións políticas continuaron activas como axentes organizadores de homenaxes as asociacións culturais e cívicas. A este respecto, é significativa a homenaxe ao alcalde de Bueu, Xosé Gómez de la Cueva, alcumado Johán Carballeira, fusilado tras xuízo militar en abril do 37 na cidade de Pontevedra[2422]. O acto foi promovido pola Asociación Cultural de Bueu e tivo lugar na praza do Concello coa presenza do deputado Xosé Manuel Beiras Torrado.

Tamén continuaron neste ano as que denominamos homenaxes anuais, a Bóveda en Pontevedra, a Reboiras en Ferrol e Padrón e a Baena en Vigo. Neste último caso, en 1986 o acto aparece englobado dentro dunha campaña de "homenaxe ás vítimas do franquismo" desenvolvida a nivel estatal. Esta denominación presenta unha importante singularidade ao

[2417] Carballa, X: "As conmemoracións oficiais coa política actual como fondo", *A Nosa Terra*, nº 296, 3 de xullo de 1986, p. 12.
[2418] "Los muertos del Cantábrico serán homenajeados hoy en la fosa común del cementerio de San Mateo", *La Voz de Galicia*, 30/08/1986, p. 20. "Descubierta una placa en recuerdo de los fusilados del buque Cantábrico en el cementerio de San Mateo", *La Voz de Galicia,* 03/09/1986, p. 23.
[2419] Docampo, G.: "Abdón Blanco, un exemplo de dignidade", *La Voz de Galicia,* 09/11/1986, p. 38. Arias, M.: "El acto celebrado el sábado, preludio del reconocimiento popular a Abdón Blanco", *La Voz de Galicia,* 11/11/1986, p. 27.
[2420] Nela participaron os grupos e sindicatos de esquerda pero non o resto da corporación municipal. En "O Barco rindió homenaje al alcalde Abdón Blanco, que fue fusilado hace 6 años", *La Voz de Galicia*, 11/11/1996, p. 76.
[2421] "El PSOE rinde homenaje mañana en Orense a Addón Blanco", *La Voz de Galicia*, 08/11/1986, p. 25.
[2422] "Homaxe ó ex alcalde galeguista de Bueu, Xosé Gómez de la Cueva", *La Voz de Galicia*, 27/12/1986, p. 22. "Beiras falará nunha homaxe a "Carballeira en Bueu", *Faro de Vigo*, 26/12/1986, p. 12.

poñer o acento no termo "vítimas" fronte a outras máis comúns ata este momento como mártires, caídos ou fusilados. Tamén é singular o proceso, a extensión territorial e a tipoloxía dos actores implicados na organización dos actos.

Destacamos o liderado do PCE(m-l), tendo en conta a actividade desenvolvida nos anos anteriores arredor da reivindicación da memoria, así como a visibilidade pública na difusión desta homenaxe. Xunto ao PCE (m-l) participaron na organización outros partidos de esquerda, entre eles o PCE, a CNT, Euskadiko Ezkerra, Comisiones Obreras, e a Entessa dels Nacionalistes d'Esquerra[2423]. A nivel galego destaca a participación conxunta de nacionalistas (CXTG) e a esquerda estatal representada por CCOO[2424]. En Galicia os actos comezaron ante a tumba de Baena o 26 de setembro[2425]. Nos días posteriores, 27, 28 e 29, diversas personalidades e colectivos viaxaron a Madrid para participar nos actos centrais. Estes consistiron en diversas actividades. En primeiro lugar e seguindo un repertorio memorialista clásico, desenvolveuse unha ofrenda floral na fosa común do cemiterio municipal e sobre diversas tumbas de vítimas destacadas[2426]. Por outro lado tivo lugar un festival de música no que participaron entre ducias de artistas chegados de todo o estado, os galegos Suso Vaamonde, Na Lúa e Brath. Tamén se editou un LP e unha antoloxía poética titulada "Memoria y Sangre" na que participaron Manuel María e Méndez Ferrín.

A financiación tivo carácter autónomo a través das aportacións das organizacións convocadoras e da colaboración de persoas independentes. As entidades promotoras, a pesar de ter solicitado colaboración institucional, non recibiron apoio nin do Ministerio de Cultura nin do Concello de Madrid. O PSOE tamén declinou a través do silencio a invitación dos promotores[2427]. Posteriormente, o 8 de outubro, diversos colectivos reuníronse en Compostela co obxectivo de "darlle máis realce a estes actos"[2428].

Pero se temos que identificar o acto memorial fundamental deste cincuentenario en Galicia, debemos referirnos á inauguración, en agosto deste ano, do monumento en lembranza dos asasinados e enterrados na fosa común lindeira co cemiterio de Sestás, procedentes do campo de concentración de Camposancos. Culminou así un proceso que se iniciara durante a ditadura e pouco tempo despois dos fusilamentos. Como xa analizamos ao inicio deste traballo, arredor da fosa onde estaba soterrados os fusilados fóranse desenvolvendo actos de memoria, primeiramente na clandestinidade, e que a partir do 74 congregaron a veciñanza en datas sinaladas, principalmente o Día dos defuntos e o da Patria Galega. Ademais das fontes orais que dan testemuño das celebracións e da inscrición do ano 78 no muro da fosa, a primeira referencia en prensa data de 1980[2429].

Apuntabamos tamén ao protagonismo de certos veciños. Entre eles Juan Noya, quen mercara os terreos da fosa, e Manuel Domínguez Pacheco, alcumado Taxota e cuñado do anterior. Nas fontes consultadas atopamos breves referencias á participación de varias mulleres, como Dolores Domínguez Pacheco, casada con Juan Noya e irmá de Taxota; Isaura Gómez e María Concepción Álvarez, popularmente coñecida como María das Auroras, militante do Partido Galeguista, que acolleu na súa casa ás persoas violentadas polos golpistas, entre elas

[2423] "Grupos de izquierda rinden homenaje a las víctimas del franquismo", *El País,* 26/09/1986. https://elpais.com/diario/1986/09/26/espana/528069620_850215.html?event_log=oklogin
[2424] CXTG e CCOO fletaron un autobús dende Ferrol para acudir aos actos programados en Madrid. En "Una expedición de Ferrol asiste al Homenaje a las víctimas del franquismo", *La Voz de Galicia,* 21/09/1986, p. 39.
[2425] "Mañana, homenaje a las víctimas del franquismo, ante la tumba de Baena", *La Voz de Galicia,* 25/09/1986, p. 35.
[2426] "Claveles rojos en homenaje a víctimas del franquismo", *Faro de Vigo,* 28/09/1986, p. 12.
[2427] "Este fin de semana se celebra en Madrid un "Homenaje a las víctimas del franquismo", *Faro de Vigo,* 24/09/1986, p. 4.
[2428] "Homenaxe ás vítimas do franquismo", *A Nosa Terra,* nº300, 25 de setembro de 1986, p. 4.
[2429] "Testimonio de recogimiento cristiano el día de todos los santos", Faro de Vigo, 07/11/1980, p. 30.

Josefa García Segret quen xa foi mencionada neste traballo. Sería relevante indagar no papel activo e grado de participación destas mulleres que puido manterse á sombra do feito polos homes.

O que é evidente é a vinculación directa destas persoas coa violencia exercida tras o golpe, tanto sendo vítimas directas, como familiares das mesmas. Cuestión nada nimia para comprender as motivacións que as levaron a dar un paso máis no recordo dos fusilados nesta fosa, liderando a Comisión Pro-Fosa Común que nacía co obxectivo de dignificar este lugar de violencia converténdoo nun espazo de memoria. A comisión artellábase con órganos tales como secretariado e tesourería. Ademais tomaban actas das súas reunións. Elementos que lle conferían unha estrutura formal[2430]. Segundo o membro da comisión José Antonio Uris, o boticario da vila, aínda que esta se conformou cun carácter cidadán e apolítico, nela estaban representados diversos partidos, entre eles o BNG, EG e o PSOE, sindicatos como CCOO e asociacións como a Agrupación Cultural Guardesa.[2431]

Aínda que non temos constancia da súa existencia formal ata o ano 85, nos catro anos anteriores rexistramos accións que poden ser consideradas o seu antecedente directo. Así, a idea xa aparecía reflectida na prensa tras a compra dos terreos por Juan Noya. En 1981, na mesma noticia que daba conta da homenaxe do Día dos defuntos na fosa, anunciábase a intención de poñer en marcha unha subscrición popular co fin de facilitar a visita dos familiares das vítimas e de preservar os restos erixindo un obelisco na súa honra no que figurasen os seus nomes[2432]. Tamén no 81, no día da Patria Galega, diversos partidos e sindicatos emitían un comunicado no que convocaban a unha homenaxe na fosa coa presencia de Juan Noya[2433]. Dous anos despois, a Agrupación Cultural Guardesa facía seu o proxecto e organizaba unha recollida de obras doadas por artistas locais. Esta daba lugar a unha exposición e a unha puxa para recadar fondos que aconteceu en abril do 84[2434]. Na homenaxe o Día de Defuntos do 83, Juan Noya pronunciou unhas palabras, como xa viña sendo tradicional, nas que explicou o proxecto de dignificación promovido polo movemento veciñal[2435]. Este estaba amplamente relacionado coa reforma do cemiterio a través da que se pretendía a integración da fosa. A tal fin, desenvolvéronse distintas accións de presión sobre o Concello[2436]. Ao ano seguinte a homenaxe do 1 de novembro congregou a "los veteranos republicanos y antifascistas de A Guarda y comarca", "lideres políticos de todo el espectro de la izquierda, simpatizantes de los partidos y sindicatos establecidos en A Guardia y comarca, concejales, artistas y profesionales progresistas"[2437]. Ante todos eles falou Noya:

> Un ano máis que en xuntanza cívica nos acercamos a esta fosa común donde durmen o derradeiro sono 56 patriotas republicanos que soñaban nun mundo máis xusto e humano, que ofrendaron as súas vidas en defensa dos máis nobres ideables de xustiza social. (...) É motivo de grata recordación ouservar que tedes

[2430] Entrevista realizada a José Antonio Uris Guisantes por Iria Morgade (A Guarda, 6 de febreiro de 2018).
[2431] Ballesta, J. e Fernández, M.A. (2007). *Memorial de Camposancos*. Produtora Blaster.
[2432] "La fosa común de Sestás fue muy visitada en la jornada de Todos los Santos", *Faro de Vigo,* 04/11/1981, p.22.
[2433] PSOE, PCG, CCOO, CCMM e UGT. "Homenaje a los fusilados de la Sangriña", *Faro de Vigo*, 04/08/1981, p. 21.
[2434] Rodríguez, R.: "Barcos portugueses siguen faenando en aguas gallegas", *Faro de Vigo,* 21/09/1983, p. 18. V.M.: "Exposición de arte en homenaje a los 58 republicanos fusilados en 1938 en Sextán", *La Voz de Galicia*, 13/04/1974, p. 38.
[2435] Xa na noticia do 81 describíase o discurso de Juan Noya ante "os representantes de diferentes sectores progresistas". En "La fosa común de Sestás fue muy visitada en la jornada de Todos los Santos", *Faro de Vigo,* 04/11/1981, p.22. "Ofrenda floral en la fosa común de Sextas", *Faro de Vigo*, 29/10/1983, p. 18.
[2436] Rodríguez, V.: "El cementerio civil quedará plenamente integrado en el parroquial", *Faro de Vigo,* 07/09/1984, p. 24.
[2437] "Ofrenda floral en Sextas", *Faro de Vigo,* 31/10/1984, p. 23.

> presente o significado da homaxe que se merece os que entregaron as súas vidas o servizo da colectividade[2438].

Nestas palabras extraídas do seu discurso, detéctase claramente a identificación dos presos asasinados coa figura do mártir, ao salientar a súa morte como un sacrificio polo ben común e polos ideais de xustiza social. Ademais, Noya aproveitaba para explicar o proxecto da fosa e pedir a colaboración específica de CCOO. Nas mesmas datas anunciábase a existencia de contas bancarias para recadación de fondos a través de doazóns cidadáns e da edición dun díptico que se repartiría para explicar o proxecto iniciado "por deseo de unos cuantos demócratas de este pueblo"[2439].

Uns meses despois, en xullo do 85, a recentemente constituída Comisión Pro-Fosa entregaba un comunicado na correspondencia de *Faro de Vigo* anunciando o inicio das obras e denunciando a condena ao esquecemento que sufriran os homes fusilados enterrados na fosa "la mayoría asturianos, algunos de León y de otros lugares de España, e incluso un portugués y un argentino"[2440]. Tamén se daba conta da emisión de bonos de cen, cincocentas e mil pesetas a modo de recibo para entregar a cidadanía colaboradora. Estes bonos, estaban dispoñibles en diferentes establecementos da Guarda o cal amosa a implicación da veciñanza.

As obras desenvolvéronse en tres fases, que comezaron en xullo do 85, concentrándose ao comezo do proceso as aportacións populares feitas pola cidadanía da comarca:

> La localidad pontevedra de A Guardia ha respondido generosamente a la cuestación, promovida por la familia Noya (...) Para sufragar el monumento se pusieron en circulación unos bonos que practicamente adquirieron todos los vecinos de A Guardia[2441].

Ao longo do proceso foron sumándose contribucións realizadas dende diversas organizacións, como por exemplo, CCOO que formalizaba a entrega de fondos en abril do 86[2442]. E dende diversos puntos xeográficos:

> Antes de cumplirse un ano do escomenza das obras na "fosa común" temos que subliñar que gracias as múltiples colabouras recibidas dende diversos pobos de Asturias, A Cruña, Ourense, Pontevedra, Madrid, Barcelona, Ciudad Real, etc., en forma de aportacións económicas de particulares, alcaldes, gobernadores civís, institucións democráticas, sindicatos, etc. a segunda fase das obras está rematada[2443].

Ademais da recadación de fondos a través da colaboración popular, a comisión, con Manuel Domínguez "Taxota" como presidente, iniciaba unha campaña de captación de fondos institucionais de carácter público. No outono do 85 temos constancia do envío de correspondencia a diversos municipios galegos. O contido das cartas foi tratado nos órganos de goberno. Na exposición de motivos das misivas, aparecía descrita a existencia de campos de concentración en Galicia, cunha alusión a Camposancos e aos cincuenta homes fusilados e soterrados na fosa común que agora se quería dignificar. Sobre a base desta argumentación, Manuel Domínguez solicitaba a colaboración do concello como unha mostra de solidariedade

[2438] Documento mecanografiado do discurso de Juan Noya datado o 1 de novembro de 1984. Cedido por J.A. Uris Guisantes.
[2439] "Derribado el muro del cementerio civil", *Faro de Vigo,* 24/10/1984, p. 31.
[2440] Rodríguez, R.: "Comenzaron las obras en la fosa común de Sextas", *Faro de Vigo*, 17/07/1985, p. 18.
[2441] F.R.: "A Guardia ha respondido a la cuestación pro monumento de los asturianos fusilados en 1936", *La Voz de Galicia,* 16/02/1986, p. 37.
[2442] Durán, L.M.: "Manifestación conjunta de CCOO y CXTG-IN", *Faro de Vigo,* 17/04/1986, p. 20.
[2443] Rodríguez, R.: "Realizada la segunda fase de las obras de la "fosa común", *Faro de Vigo,* 23/02/1986, p. 31.

e patriotismo[2444]. Accedemos ao contido desta carta a través do Arquivo Municipal de Vilagarcía, mais temos constancia da recepción da mesma en concellos como Malpica[2445] e da colaboración do concello de Nigrán[2446], Boiro[2447], Corcubión[2448] ou Soutomaior. Neste último concello, no acordo aparece destacado "o feito de que se trata dunha xenerosa reparación a quen, sen dúbida, foron uns loitadores da libertade" [2449]. Aínda así, na crónica que describe a inauguración en Sestás apúntase a unha escasa aportación final dos concellos en relación ás promesas iniciais. A recadación total do proxecto acadou arredor de un millón e medio de pesetas[2450].

Como subliñamos este proceso é único ao tratarse dunha homenaxe a persoas descoñecidas para os promotores. Entre as motivacións destes para emprender o proxecto distinguimos, por un lado, a identificación co sufrimento padecido polas vítimas do campo, ao estar vinculados á mesmo pasado traumático e, por outro lado, a relación de solidariedade que a veciñanza establecera cos presos no campo. Pero ademais, durante o proceso buscouse a implicación das institucións e da cidadanía dos lugares de orixe das vítimas. Así se explican as noticias que daban conta do interese da poboación leonesa ao chamamento á colaboración realizada polos fillos de Noya[2451], así como aquelas que daban conta das aportacións procedentes de diversos concellos de Asturies. Así mesmo participaron asociacións directamente vinculadas coas vítimas, como a Asociación de Jefes, Oficiales y Suboficiales de la República e a Asociación de Viudas de Guerra del Principado[2452].

Imaxe 85. Fosa común de Sestás, 29 de outubro de 1985



Fonte: fotografía facilitada por J.A. Uris Guisantes.

[2444] Unidade de instalación 16733, nº de expediente 52. Arquivo Municipal de Vilagarcía de Arousa.
[2445] "La corporación municipal de Malpica celebra hoy un pleno", *La Voz de Galicia*, 28/09/1985, p. 26.
[2446] Montejano, V.: "Nigrán: la Comisión de Gobierno adjudicó las obras del abastecimiento de agua a A Ramallosa", *La Voz de Galicia,* 03/10/1985, p. 28. Aportación de 10000 pesetas.
[2447] B.G.: "La comisión de gobierno solicita la prolongación del paseo de Playa Jardín hasta Cabo de Cruz", *La Voz de Galicia,* 21/11/1985, p. 27. Aportación de 5000 pesetas.
[2448] Acta da sesión plenaria do 3 de outubro de 1985. Concello de Corcubión. Aportación de 5.000 pesetas.
[2449] Acta da Comisión de Goberno do 13 de setembro de 1985. Arquivo Municipal de Soutomaior. Aportación de 5000 pesetas.
[2450] Ramos, F.: "A Guarda, sella la Guerra Civil con un monumento a los asturianos fusilados", *La Voz de Galicia,* 15/8/86, p. 17.
[2451] "Cinco leoneses tendrán un mausoleo en La Guardia (Pontevedra)", *La Voz de Galicia*, 05/11/1985, p. 40.
[2452] Ramos, F.: "A Guarda, sella la Guerra Civil con un monumento a los asturianos fusilados", *La Voz de Galicia*, 15/8/86, p. 17.

Na divulgación do proxecto, que ía máis alá do territorio galego achegándose ás rexións de procedencia das vítimas, axudou notablemente o listado de fusilados elaborado polo propio Juan Noya. Este fora publicado no xornal asturiano *La Nueva España* nun intento por dar coas familias das vítimas. Anos antes no seu libro de memorias *Fuxidos* publicara un listado semellante con corenta e oito nomes. Así, nesta autobiografía o relato dos fusilamentos entretécese co relato da súa propia fuxida, ao ver o foxo onde enterrarían os corpos no cemiterio cando pasaba por diante del nunha noite escura e calorosa camiño ao exilio[2453]. O que doutra volta permítenos enlazar o pasado traumático dos promotores e o das vítimas.

En definitiva, grazas a estes listados, familiares de diversos puntos xeográficos do estado, maiormente de Asturies, coñeceron o destino dos seus desaparecidos. Neste sentido, na homenaxe dos defuntos do 85 acudiron diversas familias asturianas que eran recibidas polos membros da Comisión, entre elas, unha muller que descubría nese momento a localización do cadáver da súa irmán. Esta homenaxe, tivo lugar nun momento no que as obras se atopaban en avanzado estado de execución, tal e como se pode ver na Imaxe 85[2454].

As visitas dos fillos e das mulleres dos fusilados, con grande emoción por saber ao fin onde remataran os seus familiares, continuou nos seguintes meses e anos, transformándose nunha peregrinación ao monumento inaugurado o 15 de agosto de 1986. Ese día pronunciaron senllos discursos Juan Noya e Manuel Domínguez en representación do pobo da Guarda. Tamén tomou a palabra unha representación de Asturies. No acto pretendíase evitar o "carácter partidista" [2455], quizais por ese motivo, dous meses antes da inauguración do monumento, congregáronse ante a fosa diferentes representantes políticos de esquerda, entre eles o que fora alcalde de Vigo, Manuel Soto, concelleiros do PSOE, deputados autonómicos e "moitos outros republicanos"[2456]. Deste modo constitúese como unha sorte de acto paralelo que puido permitir un carácter máis político, en contraposición coa inauguración oficial[2457].

[2453] Noya, J. (1996). *Fuxidos.* Edicións Xerais, pp. 259-260.
[2454] "Ofrenda floral en la fosa común de Sestas", *Faro de Vigo*, 31/10/1985, p. 14.
[2455] Ramos, F.: "A Guarda, sella la Guerra Civil con un monumento a los asturianos fusilados", *La Voz de Galicia*, 15/8/86, p. 17.
[2456] Entrevista a José Antonio Uris Guisantes realizada por Iria Morgade (A Guarda, 6 de febreiro de 2018). Ao que se suman a existencia de fotografías cedidas polo entrevistado que dan conta do acto.
[2457] *Íbidem.*


Imaxe 86. Inauguración do monumento coa presenza das viúvas, agosto de 1986.



Fonte: fotografía facilitada por J.A.Uris.

En canto ao acto de inauguración, resulta de interese deterse na análise de diversos elementos que axudan na comprensión da súa natureza e que os vinculan con outras accións de memoria estudadas no período de estudo. Por un lado tiveron lugar dúas ofrendas florais, unha no conxunto escultórico acabado de inaugurar e outra nas tumbas de varios guardeses asasinados, entre eles os irmáns de Manuel, Angel e Antonio Domínguez, e o irmán de Juan Noya, Manuel Noya. Cuestión que conecta de novo esta homenaxe co propio pasado traumático dos promotores, nesa identificación coas vítimas e coa inxustiza cometida contra elas. Por outro estiveron presentes as bandeiras, a galega que cubría o monumento, e a asturiana que se instalou ao seu lado cedida pola Asociación de Viúvas.

Gráfico 71. Elementos presentes na inauguración monumento en Sestás, 15 de agosto de 1986



Fonte: elaboración propia.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En canto ao deseño do propio monumento, este estaba conformado por cinco lápidas, catro delas gravadas cos nomes das vítimas e unha situada no centro na que o único símbolo era a pomba da paz.

Imaxe 87. Conxunto escultórico no cemiterio de Sestás, A Guarda



Fonte: fotografía realizada por Iria Morgade, setembro de 2024.

A xustificación da elección da paz como elemento vertebrador da mensaxe atopámola nas palabras dun dos integrantes da comisión (Imaxe 87).

> Porque un dos desexos tanto das viudas republicanas, tanto de García Segret, de Noya, de familias de Camposancos, de presos que saíron de alí e logo se casaron en Camposancos, sempre foi a loita pola paz, para que endexamais houbera unha guerra civil tan sangrienta como esa.[2458]

Polo tanto aparecía de novo esa vinculación co lema do "nunca máis". A mensaxe na lápida completábase cunha lenda que fora moi debatida entre os membros da comisión como recorda a fonte oral consultada. Nesta pode lerse:

> A lembranza destes dignos cidadáns fusilados i enterrados neste lugar por defender as libertades democráticas en Asturias, perante a guerra civil 1936-1939. O pobo da Guarda hónraos con este monumento. A Guarda 1986. O voso sacrificio foi semente para unha sociedade millor, mais xusta e pacífica.

Nesta última frase inclúese o símil da "semente" referido ás vítimas, dando continuidade á tradición que nacía no exilio da man de Castelao e da construción do martiriloxio e que tivera a súa pegada, como xa nos referimos, nas inscricións presentes no muro da fosa con anterioridade á construción do conxunto escultórico. Recordemos que na elaboración do concepto da "semente para a liberdade" a figura de Alexandre Bóveda representou o paradigma de protomártir, construído no exilio baixo o liderado de Castelao. E que continuou en Galicia

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

2458 *Ibidem.*

durante todo o período de estudo, onde Bóveda consolidou a súa figura como a do primeiro mártir.

A importancia da representatividade de Bóveda aparece reflectida en dúas accións distantes no tempo, que abren e tamén pechan esta investigación. A primeira delas, aparece recollida ao inicio deste traballo, ao aproximarnos aos primeiros pasos do memorialismo que se deron no exilio. A última, coa que se pecha o fase temporal de estudo, aparece asociada á homenaxe a Bóveda en Pontevedra en decembro do 86 cando se inaugurou o monumento localizado na praza de Curros Enríquez.

A iniciativa xurdira a principios de ano promovida polo Partido Galeguista Nacionalista no "50 aniversario da morte do noso mártir"[2459]. En paralelo, as asociación Amigos da Cultura, que dous anos antes liderara o levantamento do monumento a Castelao, e a asociación de Poio A Reiboa anunciaban conxuntamente a súa intención de homenaxear a Bóveda a través da construción dun monólito. Sen embargo, e apesares de compartir un obxecto común, estas dúas iniciativas desembocaron nunha confrontación entre o PGN e as entidades cívicas. A primeira noticia referida a este asunto data do 10 de marzo, cando o PGN enviaba unha carta ao alcalde de Pontevedra solicitando colaboración e a autorización para erección do monumento[2460]. Dous días despois, as asociacións facían pública a súa intención[2461]. A falta de acordo e coordinación deu lugar a unha disputa que resultou no lanzamento de dúas campañas de subscrición popular[2462]. Neste contexto, o PGN reivindicaba o liderado da iniciativa sobre a base da súa lexitimidade histórica e de ter sido a primeira organización en demandar a construción en xaneiro do 86 do monumento referido. Por contra, Amigos da Cultura afirmaban ter ideado o proxecto tres anos antes.

A polémica non desapareceu, e o PGN convocou ás asociacións a sumarse a súa iniciativa[2463]. A pesares do chamamento, as asociacións seguiron o seu camiño a través da creación da Coordinadora Pro Moimento a Bóveda, decidindo a súa colocación na Concello de Poio, onde este fora fusilado[2464]. E defendendo á vez a complementariedade da súa proposta e a do PGN[2465]. Debemos salientar, que no transcurso deste episodio o partido promovía a creación da Fundación Alexandre Bóveda[2466].

O resultado do proceso, descrito no anterior parágrafo, culminou na construción e inauguración do proxecto lideralo polo PGN. Por contra, a acción promovida polas asociacións quedou paralizada indefinidamente[2467]. Aínda que, como sinalamos, a iniciativa xurdía en marzo do 86, non foi ata setembro cando o Concello iniciou os trámites precisos para a

[2459] "El Partido Galeguista pide la unidad de esfuerzos en torno al anunciado homenaje a Bóveda", *La Voz de Galicia*, 18/03/1986, p.23.
[2460] No expediente conservado no Arquivo Municipal de Pontevedra aparece un escrito do PGN datado en setembro do 86 onde se denuncia a falta de resposta do Concello á carta enviada o 10 de marzo do 86. Expediente 7060/86. Arquivo Municipal de Pontevedra.
[2461] "Amigos da Cultura" y "A Reiboa" inician una campaña para levantar un monumento a Alexandre Bóveda", *La Voz de Galicia*, 12/03/1986, p. 18
[2462] "El PG y dos asociaciones culturales se disputan la iniciativa de levantar un monumento a Bóveda*", La Voz de Galicia,* 15/03/1986, p. 22.
[2463] "El Partido Galeguista pide la unidad de esfuerzos en torno al anunciado homenaje a Bóveda", *La Voz de Galicia*, 18/03/1986, p. 23.
[2464] "La Asociación A Reiboa pide que el monumento a Bóveda se ubique en Poio", *La Voz de Galicia*, 22/03/1986, p. 24.
[2465] X.C.: "Duas iniciativas para erixir un monumento a Bóveda", *A Nosa Terra,* nº 289, 27 de marzo de 1986, p.6.
[2466] "El Partido Galeguista anuncia la creación de la Fundación Alexandre Bóveda", *La Voz de Galicia*, 24/05/1986, p. 25.
[2467] A última nova no 86 data de novembro, cando se informaba da recadación dun total de 75.000 pesetas e da localización definitiva no monte da Caeira. En "A Reiboa pretende erigir un monumento a Bóveda en Poio", *La Voz de Galicia*, 08/11/1986, p. 26. Pese as tentativas de retomar o proxecto en 1991, volve a quedar paralizado. Será a Fundación Alexandre Bóveda quen retome a iniciativa do monumento na Caeira en 1996.

colocación do monumento. Este feito, tivo lugar trala denuncia do PGN da parálise administrativa do Concello de Pontevedra[2468]. Tras varios meses de xestión burocrática o monumento inaugurouse o 7 de decembro nun acto organizado polo PGN e encabezado polo responsable da Comisión Organizadora, Xosé María López de Guereñu[2469]. Tamén participaron membros do PSOE local e autonómico, entre eles, Gonzalo Adrio, nese momento parlamentario galego, así como outras figuras da vida política e cultural como José Filgueira Valverde, Daría González ou o xa mencionado nesta investigación Xosé Luís Fontenla. Cabe destacar a presenza do alcalde Rivas Fontán, ausente noutros actos de semellante natureza, como a homenaxe a Castelao. Ademais, a familia de Bóveda tivo un especial protagonismo, representada na súa muller, primeira participante na ofrenda floral, e fillos, sendo Xosé Luis a persoa encargada de clausurar o acto aludindo no seu discurso aos responsables do seu asasinato[2470].

A referencia a súa morte e a súa condición de mártir pola liberdade de Galicia, estivo presente entre as argumentacións esgrimidas durante este proceso, tanto no PGN como nas asociacións culturais. Así mesmo, pódese advertir unha tentativa de patrimonialización da súa figura na argumentación do PGN, cando sostén a súa preeminencia e lexitimidade para liderar este proceso por ser o partido no que militou Bóveda.

As tentativas de patrimonialización da figura de Bóveda foron múltiples e xa sinaladas durante o período en estudo, habitualmente na esfera do centro-esquerda. Cuestión que á súa vez o diferenza do que aconteceu coa figura de Castelao, onde os intentos de patrimonialización chegaron ao centro-dereita, co momento álxido na regreso dos seus restos no 84.

Coa alusión ás dúas figuras "persoeiros" principais en Galicia arredor da memoria da violencia franquista rematamos esta análise das accións da memoria entre 1983 e 1986. Para finalizar o capítulo, no seguinte apartado bosquéxanse unha serie de ideas concluíntes que conforman o Balance deste capítulo.

5.6. UN BALANCE DA MEMORIA TRAUMÁTICA EN TORNO AO CINCUENTENARIO DO GOLPE

Neste apartado desenvolveranse as ideas conclusivas inferidas despois da análise das accións da memoria traumática entre os anos 1983 e 1986. Para iso primeiramente atenderase aos repertorios de acción predominantes e ás principais características destes, xunto ao estudo dos axentes memorialistas implicados. Despois centrarémonos nos marcos memorialistas e o contraenmarcado para posteriormente atender aos métodos de contención das accións. Máis, ao tratarse do último espazo temporal de análise, permitímonos explorar certas cuestións que atinxen ao conxunto do período en estudo (1976-1986). Neste senso abordaremos unha reflexión arredor do lugar que ocupou a memoria traumática na axenda política e social durante o período en estudo, cuestión fundamental para comprender as motivacións, lóxicas e características que tiveron as propias accións da memoria. Neste sentido, ademais do anexo 7 onde se recompilan numericamente algunhas das principais accións da memoria, convén observar o anexo 9 no que se marcan cartograficamente os lugares onde tiveron lugar accións memoriais.

[2468] "El ayuntamiento no concedio todavía permiso para colocar el monumento a Bóveda", La Voz de Galicia, 08/07/1986, p. 21.
[2469] Expediente 7060/86. Arquivo Municipal de Pontevedra.
[2470] "Emotiva inauguración en Pontevedra del monumento a Alexandre Bóveda", *La Voz de Galicia*, 08/12/1986, p.13.

5.6.1.Repertorios de acción e axentes memorialistas: unha paulatina diminución

A primeira etapa do período en estudo destacaba pola preeminencia das homenaxes organizadas por familiares e organizacións da sociedade civil, vinculado coa apertura do proceso transicional e da percepción dun espazo de oportunidades políticas que era aproveitado por estes actores para o desenvolvemento de accións de memoria e homenaxe que foran imposibles durante as catro décadas anteriores. A segunda etapa salientaba pola irrupción dos actores institucionais como axentes memorialistas, introducindo así mesmo un novo repertorio de acción da memoria baseada principalmente na modificación da simboloxía. Unha emerxencia vencellada ao proceso de institucionalización mediante o cal actores que antes só puideran actuar dende as marxes do sistema o facían nese momento dende dentro das institucións, toda a vez que estas institucións renovadas fixaban a atención nas demandas presentes na sociedade civil. Esta última etapa vai destacar por ser un período de estancamento ou incluso de diminución das accións de memoria, tanto no plano institucional como social cun despunte en 1986. Deste modo na táboa do Anexo 7 pode visualizarse como as accións da memoria diminúen drasticamente dende a segunda etapa (con 124 accións) ao período entre 1983 e 1985, con soamente 58[2471]. O cambio é salientable coincidindo co 50 aniversario do golpe de modo que en 1986 se contabilizan arredor de 53 accións memoriais, o mesmo que nos tres anos anteriores.

Durante esta terceira etapa non se pode observar a preeminencia de ningún dos axentes memorialistas aínda que si pode percibirse unha repunta da actividade da sociedade civil en 1986. Así, neste ano, mentres a actividade institucional mantense bastante estable (soamente detectándose dez accións principais, entre homenaxes, monumentos e accións divulgativas, a sociedade civil desenvolve 33 accións. Unha tendencia que se confirma ao observar como as peticións, demandas e propostas para a acción municipal continúan, con sete accións que non foron recollidas polas institucións. De modo que ante unha posición pasiva das institucións a sociedade civil impulsa a acción memorial presente neste cincuenta aniversario.

Dentro das accións institucionais destaca a aparición dunha nova política de memoria consistente en conseguir a eliminación das cruces nas fachadas das igrexas. Como vimos, ao ser propiedade da Igrexa Católica, este tema non vai estar exenta de polémica e o máis habitual foi que pese aos esforzos de certos axentes memorialistas, estas continúen no seu lugar, en moitos casos ata o presente. Así mesmo, durante estes anos os concellos participaron en homenaxes, como por exemplo o da Coruña no Día dos Defuntos en torno ao monumento aos Mártires pola Liberdade ou celebrando actos de inauguración de rúas como o caso da homenaxe a Alexandre Bóveda en Soutomaior. E que seguían a estela doutras homenaxes en honra de vítimas a tenor de inauguración de rúas que xa detectáramos no primeiro mandato democrático.

En canto á intervención en monumentos en honra aos "Caídos" existiu unha tendencia xeral á inclusión da mensaxe equidistante "de todos os caídos" (Del Arco, 2022; Espinosa, 2006; Mir e Ramón, 2014, Murillo, 2020), detectada en Galicia na Cruz dos Caídos de Vigo. Máis durante esta etapa identificamos un caso singular que, aínda indo nesta dirección, avanzou un paso máis alá que é determinante na lóxica da reconciliación, e por tanto do esquecemento. Referímonos á Cruz dos Caídos de Pontevedra, volta a construír e resignificada na homenaxe aos soldados descoñecidos, cunha clara identificación co exército español. Exército non depurado e, en

USC

[2471] Esta táboa non ten vocación de globalidade, e soamente se recollen as accións que se consideraron máis relevantes. No Anexo 7 pode atenderse aos criterios para a súa elaboración.

definitiva, o mesmo estamento que se sublevara no 36 e que conformara un piar fundamental do réxime franquista.

Por outro lado, pese a continuidade de accións memorialistas que chegan aos plenos municipais neste segundo período de goberno municipal (Anexo 7), debemos destacar a notable diminución en relación co mandato anterior. Este extremo pode comprobarse atendendo ao Anexo 6, onde se recompilan os cambios de rúas executadas nos concellos en estudo no primeiro e segundo mandato. Os datos arroxan unha diferencia notable, no primeiro mandato 16 concellos emprenden accións memoriais de cambios de rúas, cun total de 122 rúas modificadas (entre eliminación de exaltación franquista e inclusión de vítimas e persoeiros). No segundo mandato (entre o 83 e o 86) soamente detectamos modificacións en 7 concellos, cun total de 21 modificacións de rúas[2472]. Tamén se detecta certa tendencia á moderación. Deste modo, como vimos sinalando ao longo deste capítulo, vai ser habitual que nas propostas para a modificación de rueiros, por exemplo, se omita calquera referencia a unha motivación que teña que ver coa necesidade de eliminar os símbolos de exaltación franquista. Esta tendencia, cremos, ven condicionada pola contexto político xeral, onde o PSOE conforma o grupo político do centro-esquerda que aglutina a maior parte da representación política, tanto no eido central como na administración local. Cuestión na que nos deteremos en posteriores liñas.

En canto ás accións promovidas por colectivos da sociedade civil convén destacar certos elementos novidosos ou que se consolidan durante esta última etapa e que xiran en torno á construción do relato do acontecido fóra das marxes do relato dominante. Resaltamos o caso das accións divulgativas levadas a cabo dende *A Nosa Terra*, en concreto o especial *O 36 na Galiza*, que ven a contravir a versión oficial sobre o carácter fratricida da "guerra civil". No mesmo senso destacariamos as homenaxes ás vítimas do franquismo celebradas en setembro deste ano con participación de colectivos e persoeiros galegos que se desenvolveron principalmente en Madrid pero que tiveron o seu eco en Vigo, arredor da tumba de Humberto Baena e tamén en Compostela. Non pode pasar desapercibido a denominación desta homenaxe, identificando como "vítimas do franquismo" a quen maioritariamente eran descritas ata este momento como "mártires" ou simplemente "fusilados".

En definitiva poderíamos soster que as accións da memoria da sociedade civil percorreron un camiño inverso ao que seguiron as accións das institucións, cada vez máis restrinxidas a nivel discursivo. Neste sentido, a modo de exemplo, poderiamos lembrar o caso das "medias tintas" que empregaba o PSOE ourensán para propor a eliminación das rúas de exaltación franquista, en contraste coa claridade expositiva da asociación Medulio.

En canto ás homenaxes, tanto nas promovidas pola sociedade civil como nas organizadas polas institucións, identifícanse boa parte dos elementos xa delimitados como comúns neste tipo de repertorios, entre eles a presenza de bandeiras, a participación de superviventes ou a ofrenda floral como núcleo do acto.

Durante esta última etapa continúa a tendencia á lembrar a vítimas "referenciais" ou "persoeiros", cun gran protagonismo dos alcaldes. Aínda que se produciron excepcións de especial relevancia como o caso dos fusilados en Sestás. Ademais, neste caso non existía unha vinculación directa (familiar ou comunitaria) entre os promotores da homenaxe e as vítimas, o

[2472] Contabilízanse as rúas que eliminan exaltación franquista e as que inclúen persoeiros/vítimas. No caso das rúas franquistas que son substituídas por un persoeiro ou vítima contabilízase como 1 cambio.

que tamén constitúe unha excepción nestes primeiros dez anos de democracia. Aínda así, identificabamos como vínculo entre vítimas e promotores a vivencia compartida do pasado traumático no mesmo lugar de violencia.

Por último, no referente ás vítimas é preciso atender ao proceso de patrimonialización que detectamos con especial intensidade no caso de Castelao e de Bóveda. No primeiro a patrimonialización intentouse nun amplo espectro ideolóxico, mentres no caso de Bóveda, estivo circunscrito ao ámbito da esquerda, como o resto das vítimas. Esta diferenza entre o emprego de ambas figuras non é banal, e responde ás posibilidades que un e outro ofrecían para poder separar o feito traumático da súa persoa. Deste modo, mencionar a Bóveda, facía case inevitable aludir a súa morte, ao seu asasinato. Esta vinculación entre vida e morte, á vez que o convertía en mártir evitaba as posibilidades de que a súa figura fora absorbida dende aqueles que asumían o relato da reconciliación. En cambio na figura de Castelao era máis sinxelo extraer os aspectos incómodos, isto é, o seu exilio, a denuncia da violencia fascista e o seu propio nacionalismo. Non ser vítima mortal, xunto a súa actividade polifacética, axudou a que a súa figura puidera ser moldeada segundo os obxectivos perseguidos.

En canto aos axentes memorialistas, as organizacións políticas sitúanse no centro do taboleiro. De modo que para comprender as dinámicas das accións institucionais sexa primordial fixarse no funcionamento e comportamento dos partidos políticos. Por outro lado resulta crucial fixarse na posición que ocupaban os partidos no novo sistema político para comprender dende que óptica e baixo que obxectivos actuaron no campo memorialista. Neste segundo mandato municipal os partidos consolidaron a súa estrutura, con especial intensidade o PSOE, de modo que a actuación por libre das agrupacións locais que fora habitual nos primeiros anos, reduciuse substancialmente. Tamén é relevante atender aos partidos do centro-dereita que van desenvolver principalmente dous tipos de estratexias na confrontación coas políticas da memoria propostas. Por unha banda o enfrontamento frontal, rexeitando a medida con argumentos que poderían pivotar dende a exaltación franquista a outros elementos máis discretos do contraenmarcado da memoria. E por outra banda, o que aconteceu con bastante asiduidade, intentar que a aprobación das medidas se dilatase no tempo. Esta estratexia tamén se identificou en boa parte dos concellos estudados gobernados polo PSOE. De todos os xeitos foi este, xunto co BNG, quen maioritariamente propuxo accións da memoria, aínda que o grao, a formulación e as motivacións fosen notablemente diferentes entre ambas organizacións.

Mentres no caso do BNG a motivación antifranquista foi explícita, no caso do PSOE as propostas para as eliminacións de simboloxía franquistas estiveron enmarcadas en procesos de cambios máis amplos con escasas ou nulas referencias a un obxectivo democratizador do espazo público. Así, fronte a un primeiro mandato municipal no que, pese ás evidentes trabas, resultaba habitual a referencia directa aos "nomes franquistas", nesta nova etapa o tema converteuse practicamente nun tabú. Todo o cal evidencia a dificultade do tratamento do franquismo no espazo público nesta etapa de consolidación do sistema político no que tamén se consolidaba cal debía ser o tratamento desta memoria. Ademais, as actuacións memorialistas procedentes do PSOE concentráronse maioritariamente nos concellos onde formaba parte da oposición sendo moi escasas onde era partido de goberno. Se nos referimos en concreto á eliminación das rúas franquistas esta proporción ascende ao 100% dos casos analizados.

Así, salvo algún caso excepcional, poderíamos definir a estratexia do PSOE no ámbito local sobre a base da ocultación e a omisión das referencias ao franquismo ou ao golpe de estado. Esta estratexia ten pouco que ver cunha suposta cautela ante o medo a un novo alzamento causado polo 23F e moito máis a unha estratexia no macro do propio partido. Este non estaría

USC DE COMPOSTELA

por construír unha cultura de esquerdas e por tanto non tería interese en rescatar a memoria das vítimas que non só sería unha forma de "facer xustiza co pasado senón tamén de reivindicar no presente as utopías ou experiencias revolucionarias" (Fytili, 2017, p. 66). En definitiva, a tímida estratexia do PSOE nas institucións locais tería unha relación directa coa estratexia moderada do partido a nivel central. O que se pode dilucidar na súa declaración institucional polo cincuentenario, no que abrazaba o discurso da reconciliación e evitaba así xestionar o pasado. O que por outra parte reflexa, as diferenzas aínda existentes entre a cúpula do partido e as súas agrupación locais, con aínda certo marxe de manobra. Estas diferenzas entre os órganos estatais e as agrupacións locais xa fora analizado por Aguilar (2017, p.4) para o caso das exhumacións en Navarra e La Rioxa nos primeiros anos da demcoracia ao analizar as diverxencias entre as directrices do partido que avogaban por quedarse á marxe das exhumacións e o que facían os seus militantes e cargos no local. Aínda así, esta marxe de actuación no local co devir dos anos fíxose cada vez máis estreita. Neste sentido, pódese apreciar a diferenza clara entre o escenario do primeiro mandato municipal, moito máis aberto, e este segundo marcado polo corsé dun funcionamento máis centralizado dos partidos políticos, así como unha definición cada vez máis estable e inamobible do relato da reconciliación, relato que constrinxiu así mesmo as accións memoriais.

Como comprobamos ao analizar os datos macro, o PSOE conformouse no 83 como a organización dominante no espectro da esquerda, o que a súa vez repercutiu no protagonismo que posuíu na acción municipal. Deste modo non é estraño que fose o impulsor da maior parte das accións institucionais da memoria. Aínda así, pese a ese factor clave no número de edís do PSOE tamén é salientable a escasa actividade doutras organizacións políticas da esquerda, como o PCG ou o BNG. En canto ao PCG, xa aludimos a súa postura secundaria no tratamento da memoria, que obedeceu case exclusivamente ao apoio ás medidas propostas por outros partidos, adquirindo o rol de promotor en casos excepcionais como o de Compostela con Luís Pasín á fronte. Unha estratexia que, consideramos, obedece ao posicionamento xeral do partido, quen absorbeu o relato da reconciliación e, por tanto, a necesidade de "non mirar cara atrás", sumado a unha estrutura moito máis áxil e efectiva na comunicación e obediencia interna dende a directiva ata cada un dos órganos do partido no local (o que se visualizou nas declaracións de Santiago Álvarez).

En canto ao BNG si se detectaron accións memoriais durante o período en estudo, aínda que en menor número que no anterior. Isto pode estar ligado á súa redución en número de edís, por un lado, máis tamén á invisibilidade que adquirían as súas propostas, non chegando a ser tratadas en pleno, como vimos durante este capítulo.

Pero a relevancia explicativa das organizacións políticas non se circunscribe soamente ao ámbito institucional, sendo estas as predominantes na organización dende fóra das institucións de accións memorialistas. Deste xeito, a meirande parte das homenaxes estiveron organizadas por partidos políticos. Estes seguiron unhas lóxicas moi semellantes ás que desenvolveron dentro das institucións. Neste sentido o BNPG e o PCE (m-l), sen representación institucional, conformáronse como axentes memoriais cun discurso memorialista explicitamente antifascista.

Noutra orde de cousas, nos anteriores capítulos referímonos á conexión entre o exilio americano e as accións memorialistas que se desenvolveron en Galicia. O seu papel habitualmente foi o de impulsor ou promotor das accións, ademais de ter sido o espazo orixinario onde por primeira vez trala guerra se desenvolveron accións de homenaxe e en memoria das vítimas. Neste Capítulo 3, mediante o estudo asociacións memorialistas que se

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

desenvolveron en Galicia, puidemos detectar outra conexión co exterior do memorialismo. Referímonos as súas relacións co asociaconismo catalán.

A pesar de que en Galicia o asociacionismo memorialista non chegou a xerminar como si o fixo en Catalunya, onde se desenvolveu unha basta rede de asociacións memorialistas, si emerxeron tres proxectos analizados con detalle durante este traballo: A Liga de Mutilados, a Asociación de Ex-Presos e a Amical de Mauthausen. As dúas últimas naceron como unha delegación da asociación nai con sé en Catalunya, que nun proceso expansivo levaba a que galegos con certas vinculacións con Catalunya decidisen emprender a misión de pór en marcha a asociación en Galicia. Finalmente ningunha chegou a despegar, quedando en pequenas réplicas que duraron pouco tempo. O liderado forte dos seus impulsores, véxase o caso da Amical e Mercedes Núñez ou de Manuel Pillado e a Asociación de Expresos puideron ser tamén parte fundamental das súas debilidades.

5.6.2. Os marcos memorialistas e o seu contraenmarcado

Dentro do eido institucional, en canto aos elementos que constrúen o contraenmarcado da memoria, ademais da continuidade dos xa identificados na etapa anterior, destaca o que poderiamos denominar "a táctica do referendo". Os grupos do centro-dereita, maioritariamente AP, pero tamén CG ou candidaturas veciñais independentes, aludiron á necesidade de convocar un referendo ou algún outro método para a consulta cidadá antes de levar a cabo cambios nos rueiros franquistas das vilas e cidades. Esta estratexia resultou útil en dúas direccións. Por unha banda serviu como argumento para oporse ás propostas de modificación dos rueiros sen ter que despregar argumentos que fosen ao contido das propostas e que, polo tanto, farían visible a defensa da continuidade dos símbolos franquistas. Por outra banda a inclusión dunha consulta cidadá dentro do proceso de cambio de rueiro axudaría a dilatar o proceso. E por tanto, e en último termo, podería lerse como unha táctica para a desactivación das medidas memorialistas. Así mesmo, identificamos outro argumento recorrente do contraenmarcado en canto á necesidade de "asumir a historia" que finalmente iría no senso de aceptar, permitir e conservar os símbolos franquistas no espazo público.

Por outro lado é preciso ter en conta a modificación nos emisores principais do contraenmarcado. Así, neste segundo mandato municipal desaparece a UCD como representante principal do centro-dereita, sendo substituído por AP. Neste sentido, mentres a UCD tendía a evitar o confrontamento directo, os representantes públicos de AP tenderon a unha oposición frontal, despregando todos os elementos do contraenmarcado, incluíndo a exaltación franquista. De modo que, en termos xerais, o cambio de liderado no espazo político da dereita modificou o discurso en termos dunha maior virulencia e intensidade. O que, á súa vez, era recibido polo PSOE, como o principal emisor do discurso memorialista nas institucións, que evitaba confrontar directamente con este. Por tanto, poderíamos soster que existía certo desequilibro, cun contraenmarcado visceral e potente nas súas argumentacións e un marco memorialista case oculto, evitando o debate arredor da memoria.

En canto aos elementos forza dos marcos memorialistas é salientable comprobar como a xustificación da *non-revancha* e do *non-rancor* persisten nesta última etapa configurándose ideas centrais nas motivacións para o desenvolvemento das accións memoriais. Ademais destaca a preeminencia do "nunca máis" como función básica da lembranza, coa non-repetición como obxectivo. Este desexo descríbese en canto a lograr evitar que se repita unha guerra, pero poucas veces se inclúe unha argumentación máis profunda que implique unha maior

concreción. Esta quedaría aberta aos dous relatos principais, o da reconciliación no que o que o obxecto a evitar sería a guerra fratricida e polo tanto a repetición dos odios entre irmáns, pero tamén podería encaixar co relato alternativo, onde a non repetición vincularíase co fascismo.

Este outro relato desenvolveuse no eido da sociedade civil e materializouse durante esta etapa na actividade do PCE (ml) e na "Homenaxe ás vítimas do franquismo" de setembro do 86. Tamén se materializou na proposta editorial de *A Nosa Terra* ou no ciclo de Redondela. En canto a este último, o xeito de saber que este relato alternativo, crítico coa idea dominante sobre a guerra estivera presente foi a través dun pequeno artigo publicado por un dos moderadores no ciclo, o escritor Lueiro Rey. Isto reflexa a dificultade de coñecer cales foron os marcos que predominaron ou simplemente existiron nas diferentes actividades memorialistas. Cuestión relacionada coa preeminencia dunha fonte hemerográfica procedente de medios de comunicación xeralistas, que podían filtrar ou desfigurar o marco presente nos actos, a través da forma de redactar as noticias acorde co marco mestre dominante, o da reconciliación.

Estamos por tanto, ante accións da memoria que se opoñen á narrativa dominante, creando esta outro relato do pasado que tería a potencialidade de converterse nunha arma dunha sociedade rebelde (Xu e Alan, 2010). O que á súa vez explicaría os instrumentos que se puxeron en marcha para invisibilizalo.

No eido institucional, e moi vinculado con algunhas das consideracións xa expostas sobre o papel do PSOE, podemos observar o tratamento das vítimas homenaxeadas dende gobernos municipais socialistas durante esta etapa. En xeral, pode lerse unha preeminencia da memoria en canto á vida dos asasinados, obviando ou minimizando as referencias á súa morte. Aconteceu no caso da proposta de homenaxe en Compostela a Anxel Casal e Camilo Díaz, por certo, presentada no breve lapso no que o PSOE non gobernaba e que non se retomou unha vez volveu ao poder. Máis tamén na homenaxe ao alcalde Súarez Ferrín na Coruña. E así, aínda que estas lembranzas coincidían co cincuentenario do golpe, a conmemoración non era da guerra, senón que a alusión directa era o cincuenta cabodano das persoas asasinadas. Por tanto consideramos que este discurso memorialista, que reivindica vítimas esquecidas, tende a deixar nun segundo plano á violencia que causou o seu repudio e ocultación. Como xa se puido comprobar ao longo do traballo esta foi unha dialéctica presente nunha parte significativa das accións memoriais.

A análise dos marcos memorialistas e o contraenmarcado durante o período en estudo permitiunos desenvolver a táboa do Anexo 8 no que se compendian os dispositivos simbólicos detectados nos discursos memorialistas. Coas variacións determinadas pola corrente discursiva á que pertenzan ou que predomine. Por exemplo en canto ás raíces do problema poderían entenderse como unha terrible guerra civil ou como a vitoria do fascismo. Tamén se inclúen os principais elementos do contraenmarcado.

5.6.3. Os mecanismos de contención da memoria traumática

Durante esta etapa volven detectarse algúns dos mecanismos de contención xa identificados nas análises anteriores. Os mecanismos de contención policiais, que levaban implícita unha carga intimidatoria constituíron unha táctica habitual, dende esta óptica podemos interpretar a presenza de Policía ou Guardia Civil de paisano nas accións da memoria, como por exemplo na homenaxe ao Piloto en Chantada.

Noutra orde de cousas poderíamos preguntarnos se sería posible considerar as normativas, e sobre todo a ausencia de normativas e lexislación memorialista como outra forma de

mecanismos da contención burocráticas. Neste sentido o artigo 5 do decreto sobre os novos símbolos do estado foi empregado para evitar a eliminación da simboloxía franquista nos edificios públicos, como no caso do Barco de Valdeorras. Por outro lado esta normativa, que en xeral tamén se usou para o contrario, a eliminación dos vestixios franquistas, xunto coa pregunta do senador socialista que propiciou a posibilidade de intervir nas fachadas das igrexas, son dúas excepcións diante dun enorme baleiro no campo lexislativo e normativo. Un papel ausente do lexislador tanto a nivel estatal como autonómico, que veñen a ser produto da estratexia antimemorialista do estado que xa definimos.

O que enlaza co último tema en ser abordado neste balance, o por que do papel que o PSOE como principal partido do centro-esquerda, tamén partido de goberno asumiu en torno á memoria traumática. E en xeral á análise do lugar da memoria traumática na axenda pública.

5.6.4. O lugar da memoria traumática na axenda política e social

Nas anteriores páxinas desenvolveuse unha análise do comportamento político do PSOE en torno á memoria traumática na última etapa de estudo, momento no que se volve o partido de goberno no estado e líder indiscutible do centro-esquerda no conxunto das institucións. Un comportamento que definiamos con diverxencias segundo a agrupación e militantes que a desenvolveran máis tamén cun carácter volátil e esquivo que se reflexa na cautela á hora de propor accións memoriais nos concellos. Unha incomodidade que se visualiza con maior evidencia no quefacer do goberno central, na declaración institucional do 86 e o monumento a todos os caídos do ano anterior. No caso dos concellos detectamos como as medidas memorialistas se presentaban principalmente cando o papel do partido era de líder da oposición. Unha postura que podemos interpretar como unha marcaxe de diferenza coa dereita, ao tempo que se aludía ao electorado de esquerda, pero que se desactivaba ao chegar ao goberno. O que á súa vez viría a evidenciar a postura dominante na organización: o non facer memoria.

Ante este comportamento, cabería preguntarse por que o partido ao que pertenceron unha parte considerable da vítimas da violencia franquista, que se postulaba como alternativa aos herdeiros do franquismo, sentíase tan incómodo con este tema. Por outra banda isto daría lugar a outra pregunta sobre a postura maioritaria da sociedade e por tanto sobre se había unha demanda social para que o partido decidise dar resposta á mesma. Ou formulado doutro xeito, por que as posicións máis claramente memorialistas, eran recollidas unicamente por organizacións marxinais como a do PCE (ml).

Aínda que neste traballo puxemos o foco sobre as accións da memoria, e como estas estiveron presentes na axenda pública, tamén é ben certo que o nivel de mobilización foi limitado. O que explicaría por que o PSOE non detectou a memoria como unha demanda social imperante que non podía ignorar. E a pregunta que consideramos clave sería o por que non o era. Un interrogante fundamental neste traballo á hora de poder ler os resultados.

Á pregunta se houbo ou non memoria, queda clara, si que a houbo, e foron moitos os actores que non tiveron "vontade de esquecer". Pero o grado en que estas demandas se materializaron no noso espazo de estudo, Galicia, evidencia as súas limitacións. Unhas limitacións que á súa vez explicarían o por que o PSOE, líder da esquerda a partir do 82/83 vai poder manterse nunha posición tan moderada e incluso conservadora en torno a este tema.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

E consideramos que isto está indisolublemente unido a dous asuntos interrelacionados. Por unha banda ás características do trauma social, e as consecuencias da violencia franquista

exercida durante corenta anos, conformándose unha memoria oficial negacionista que foi, en boa medida, asumida polas propias vítimas (os dous bandos, os odios entre irmáns, a necesidade de mirar cara adiante). Por outro banda débese atender á configuración do novo sistema político e os límites do que podía ser demandable.

Como mencionamos no Marco Conceptual, para a conformación dos temas que finalmente van formar parte da axenda das administracións, e que por tanto se van interpretar como problemas que é preciso resolver, é consecuencia de diversos factores. Estes están relacionados co poder dos actores implicados no proceso e cos valores e ideoloxía dominantes (Lakoff, 2007). Neste sentido cobra especial relevancia a perspectiva denominada "agenda setting", que atende ao poder dos medios de comunicación de masas para conformar os asuntos que van ser considerados prioritarios, os problemas que a sociedade vai considerar necesario abordar (Alzate e Romo, 2017). Como vimos analizando ao longo deste traballo, o papel dos medios de comunicación xeralistas non xogou a favor disto. De modo que, cando as accións memoriais eran cubertas tendían a selo nas páxinas locais e dende un punto de vista crítico, reproducindo o contraenmarcado da memoria, ou dun xeito conclusivo co pasado, e dentro dos límites da necesidade do esquecemento.

A estas cuestións xa apuntaran outros investigadores nas súas análises sobre accións memorialistas reflexionando, por exemplo, arredor da dificultade de organizar unha presión social dende abaixo sen apoio dos medios de comunicación (Hristova, 2007). O que por outro lado era produto dun pacto latente entre elites políticas e medios de comunicación para non tratar certos temas do pasado (Marco, 2015). Así, os medios de masas a nivel nacional tendían a ignorar o tema e os rexionais e locais o cubrían dende a lóxica da reconciliación (Serrano, 2016). Xunto a isto, o nulo apoio institucional serían os principais factores que estarían na causa de que o primeiro ciclo de exhumacións (así como outras das accións memoriais estudadas) non implicara unha conciencia nacional sobre o tema (Colmenares, 2021). En definitiva, corroboramos as teses dos autores mencionados que consideraban crucial atender a ausencia de cobertura dos grandes medios de comunicación como unha das causas que axudan a comprender por que a memoria traumática quedaba excluída do "réxime hexemónico da verdade". Esta situación evitou que o proceso memorialista puidese coordinarse, ampliarse e facerse visible, en oposición o que posteriormente foi o movemento da memoria nos 2000 (Mateo e Kerangat, 2018, p. 15).

Os medios de comunicación de masas, ao igual que os partidos que participaron do chamado Pacto da Transición, van asumir o marco dominante que se construíu en base ás lóxicas nacidas durante a ditadura e que se delimitaron coa lei de amnistía de 1977. A retroalimentación entre ambos emisores de opinión pública foi configurando unha determinada visión sobre en que códigos era posible recordar e como se podía e debía facer. Os que quedaban fóra deste sufrían acoso e fustrigamento, como puidemos ver no caso dos partidos e organizacións que non asumen a nova Constitución e por tanto os piares fundamentais do novo réxime. O que iría máis alá do propio tema en estudo, pensemos, por exemplo en asuntos como o respaldo á coroa ou á entrada na OTAN, por exemplo, debendo ser aceptadas pola esquerda que asumiu o novo sistema político.


En definitiva, pese a ser un tema presente no debate e na axenda pública, é evidente que a reivindicación memorialista non se atopaba entre as grandes preocupacións da sociedade nos anos de estudo. E para comprender esta posición secundaria, e o papel que uns e outros axentes e actores xogaron, debe terse en conta esta configuración do novo sistema, marcado pola constitución e a coroa como piares deste, que tralo 23F van adquirindo un carácter intocable.

USC DE COMPOSTELA

Neste novo imaxinario, herdeiro dos postulados dos 25 anos de paz, a memoria do golpe e da guerra non tiña cabida. Todo o cal, por tanto, fixo diminuír a posibilidade de que se perfilasen demandas memorialistas no momento en que ese novo sistema político entraba na etapa de consolidación, é dicir nesta última etapa (83- 86).

Dende esta lectura comprenderíase como nos primeiros anos do proceso transicional (76-78) produciuse unha emerxencia de accións memoriais ante unha estrutura de oportunidades políticas aberta, o que se materializou en Galicia no ciclo de homenaxes estudado no capítulo 3. Durante o primeiro mandato democrático (79-83) a entrada dos novos actores procedentes do antifranquismo, xunto coa fase en construción do novo estado, explicaría a emerxencia das accións memorialistas nos concellos. Por outro lado a chegada ao poder do PSOE, a aprobación dos marcos normativos do novo sistema e o repregamento dos principais actores con poder en torno a este (partidos, medios de comunicación, empresariado) estaría na base explicativa da diminución de accións memorialistas que se produciu durante esta última etapa en estudo (83-86).

Gráfico 72. Mecanismos de Contención e hexemonía cultural do esquecemento (3)



Fonte: elaboración propia.

En definitiva, o relato da reconciliación como sistema de crenzas dominante, a influencia dos medios de comunicación de masas reprodutoras dese relato, a concentración do poder e de influencia social dos actores que entran dentro do pacto son algúns dos factores básicos que determinan finalmente unha hexemonía cultural contraria á demanda de memoria, xustiza ou reparación. Unha cuestión que vertebra todos os mecanismos de contención (Gráfico 72).

5.6.5. A desmemoria da memoria

A construción do relato mitificado sobre como discorreu a Transición consolidou a visión dunha época sen memoria, na que a vontade maioritaria da cidadanía apareceu asociada á idea do esquecemento para construír o futuro. Unha afirmación que non é correcta e nace dunha premisa falsa: referirse a unha vontade da cidadanía sen mecanismos para podela discernir. Ao

non existir información demoscópica sobre a cuestión, resulta complicado poder saber que esa era a vontade da cidadanía. Esta afirmación é, á súa vez, subsidiaria daquela que entendía a existencia dunha vontade de pacto e reconciliación entre españois que deu lugar ao novo sistema político tal e como o coñecemos. Doutra volta unha simplificación dun proceso moito máis complexo e no que entraron en xogo os intereses e a capacidade de actuación dos diversos actores, entre eles o que foi o protagonista do proceso transicional: o réxime da ditadura en reforma. Deste xeito, ambas afirmacións son parte do relato oficial, da construción do mito fundacional do sistema político.

Unha reconciliación levada a cabo sen mirar para atrás, na que vencedores e vencidos se deran a man para a convivencia no presente e no futuro, levaba irremediablemente implícito a necesidade de que estes "non recordasen", que a xestión do pasado traumático fose "a non xestión". Dende este punto de vista pódese comprender a posición do goberno central, materializada no monumento ao soldado descoñecido inaugurado polo rei en 1985 e a declaración institucional do cincuentenario en 1986.

Pero que este "esquecemento", este "non recordo" fose unha decisión e non un desexo social, son proba as numerosas accións da memoria que dende diversos ámbitos, e pese ás súas limitacións, afloraron contradicindo esa premisa mitificada.

Da Transición rememoráronse os asuntos que se situaron no centro, isto é, a amnistía, os estatutos de autonomía e os pactos da Moncloa, piares do "mito da Transición" como primeiro lugar da democracia española. Todo o cal, e á súa vez, tendeu a invisibilizar unhas reivindicacións memorialistas que chocaban con ese relato construído da Transición onde vencedores e vencidos superaran os odios pasados para vivir en paz e o fixeran a través do esquecemento.

A confrontación que estas accións facían con este relato, a disonancia que creaban con ese suposto desexo maioritario, son factores que explican o que denominamos "a desmemoria da memoria", é dicir o descoñecemento xeneralizado das accións da memoria levadas a cabo na Transición. Esta necesaria "ocultación" ou "omisión" destas accións, que contradicían o que era o relato oficial dominante, son á vez a causa dun proceso de censura e autocensura que se estendeu en diversos espazos, dende os medios de comunicación ás actas municipais, máis tamén ás fontes orais, que relegaron os acontecementos memorialistas a espazos pouco transitados da súa propia memoria. Deste modo a lectura das fontes históricas tivo que facer fronte a este proceso de desmemoria da memoria.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CONCLUSIÓNS

A investigación que se conclúe nestas liñas tiña como obxectivo principal determinar si durante a Transición existiran accións que en Galicia levaran ao espazo público a memoria traumática do pasado da violencia golpista e franquista ou da experiencia republicana anterior. E, no caso de que existisen definir as súas características. O resultado da análise realizada neste traballo permítenos constatar que trala morte de Franco e a partires do inicio do proceso transicional houbo memoria. Unha memoria que emerxeu durante un período de negación onde a idea dominante era o desexo de esquecemento colectivo.

Esta afirmación constitúe, de xeito simplificado, o principal resultado do presente traballo. Poder afirmar que durante a Transición a memoria estivo presente, aínda que o fora nun escenario adverso e rodeada de importantes limitacións. Na Transición a reivindicación da memoria das vítimas, dos fusilados, das exiliadas, das perseguidas abriuse paso. Na Transición houbo quen denunciou os símbolos de exaltación fascista. E houbo quen decidiu extirpar do colectivo os rastros desa loanza a un réxime xenocida.

Isto podería semellar un proceso lóxico, case inevitable, tras corenta anos de férrea imposición do mutismo. Máis non o foi. Non o é. Durante moito tempo de xeito unánime o período transicional foi definido como unha época de silencio. Ben é certo que con dúas variantes principais nesta aseveración. Por un banda estiveron aqueles que consideraron este silencio froito dun pacto nacido, á súa vez, da expresión dunha vontade de esquecemento colectiva. A cidadanía desexara esquecer o pasado como única vía para un futuro en paz. Esta argumentación foi dominante na historiografía ata épocas non moi afastadas, co seu máximo expoñente na figura do historiador Santos Juliá. E poderíamos soster que segue a ser a día de hoxe dominante no conxunto da sociedade.

Por outra banda, creron na existencia do silencio na Transición, aqueles que comezaron a denunciar a impunidade do franquismo, procedente esta dunha Transición promulgadora da lei de punto e final, a lei de amnistía de 1977. Fixérono principalmente a partir de finais dos anos 90 e principios dos 2000, a carón da emerxencia do cuestionamento do sistema político resultante da Transición.

A memoria, que esta tese doutoral ven a demostrar que existiu, sufriu dúas negacións. A negación por parte daqueles que construíron o relato oficial dominante na Transición, que falou dese desexo consensuado no non recordo e que, por tanto, omitiu, ignorou e ocultou a memoria que si existiu, a lembranza que si emerxeu trala morte de Franco, pois viría a contradicir ese marco dominante da reconciliación. Unha reconciliación que se definiu en base a ausencia de mecanismos para acadar a xustiza, a reparación ou a verdade. Pero a memoria que emerxeu durante a Transición tamén sufriu a negación dos críticos. A daqueles que interpretaron que aquel "pacto do silencio", entendido en termos de imposición e non tanto de consenso, trunfara sen paliativos, comprendendo así que ata eses anos 2000 non existira unha reivindicación pública suficiente da memoria traumática. Máis como adiantabamos, mediante a presente investigación constatouse a existencia en Galicia de accións que levaron ao espazo público a memoria traumática trala morte de Franco e durante os seguintes dez anos (1976-1986).

Documentáronse arredor de 300 accións da memoria, respondendo así o que era obxectivo principal desta tese doutoral.

Máis tamén formaba parte do obxectivo, no caso de determinar a súa existencia, definir as características destas accións. A análise tivo como consecuencia a identificación de diversas etapas, tipoloxías de accións e de axentes memorialistas, así como a descrición dos marcos discursivos en torno á memoria e aos mecanismos de contención desta. Todo, no seu conxunto, permite establecer unha idea conclusiva de como e baixo que parámetros se manifestou a memoria traumática durante a Transición en Galicia.

No período de estudo (1976-1986) diferenciáronse tres etapas marcadas cada unha delas por unhas características singulares na expresión da memoria traumática no espazo público. A primeira etapa comprende o período entre 1976 e a primavera de 1979, marcado pola emerxencia de homenaxes en lugares de violencia trala morte de Franco en estreita relación co ciclo de acción colectiva que se desenvolvía no Estado español. A segunda etapa inaugúrase coa democratización dos concellos en abril de 1979 e esténdese durante este primeiro mandato municipal, é dicir ata a primavera de 1983, marcado polo protagonismo desta institución na promoción de accións de memoria. E a terceira etapa atinxe aos derradeiros anos en estudo, dende maio de 1983 e ata a fin do ano 86, caracterizada pola diminución das accións memoriais.

Durante corenta anos a memoria, e en concreto a reivindicación das vítimas da violencia franquista, só se puidera facer na clandestinidade, co eco afastado da memoria que se difundía abertamente no exilio americano. As accións da memoria clandestinas, que se estenderon por boa parte do territorio mediante flores guindadas enriba das fosas, cruces bosquexadas nos lugares de violencia, escritos que circularon ás agachadas ou a celebración de funerais incómodos, deron paso a unha reivindicación pública a partir do ano 1976. Nese momento téñense documentado as primeiras accións da memoria traumática fóra da clandestinidade en Galicia, precedidas polas accións en memoria de Castelao que se desenvolveran durante o ano 75, atadas estas a numerosas restricións.

Esta emerxencia da memoria traumática debe lerse inmersa nun escenario de mobilización social e política que se desenvolvía no Estado español dende 1974 ante unha estrutura aberta de oportunidades políticas. A debilidade do proxecto de reforma do goberno de Arias Navarro, a propia debilidade física do ditador, xunto co aumento da conflitividade laboral e a construción dunha trama de oposición política contribuíron a crear a percepción desa oportunidade. Mobilizacións proamnistía, dos traballadores, feministas, do mundo agrario ou medioambientais foron algunhas das que, con máis forza, deron forma a un ciclo de acción colectiva que se estendeu ata 1978, tendo o seu momento de máxima efervescencia no ano 1976. Nese momento, á morte do ditador sumáronse unha serie de factores que contribuíron a aumentar a percepción de oportunidade, que era aproveitada por un número crecente de axentes, entre eles os memoriais. O forte grado de violencia co que respondía o réxime agudizaba a sensación de inxustiza, á vez que o avance da reforma política, mediante as leis de asociación política e de reunión, aumentaba a percepción de posibilidade de cambio. Todo o cal desembocou no denominado "inverno quente", en referencia ao cumio deste ciclo de acción colectiva.

Este escenario de mobilización social e política explica cales foron os primeiros axentes memoriais en actuar no espazo público, a sociedade civil, e en concreto os familiares das vítimas e as organizacións políticas, moitas delas aínda proscritas. Actuaban ante esta estrutura de oportunidade política, na que estaba aberto un escenario futuro de cambio e incluso de

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ruptura co réxime franquista e, por tanto, no que tamén era posible que se iniciara algún tipo de proceso de reparación ou xustiza.

A característica principal que define a estas primeiras accións da memoria traumática está vinculada indisociablemente co tipo de violencia exercida a partir de 1936 e, en concreto, cunha das súas vertentes que se estendeu durante os corenta anos de ditadura: a imposibilidade que tiveron as familias dos asasinados para manifestar o dó pola súa perda. Esta imposibilidade expresouse en primeiro lugar na desaparición dos corpos, que impedía por tanto velar os cadáveres e poder soterralos, máis tamén se manifestaba no impedimento de calquera tipo de acción de recordo sobre as tumbas ou fosas anónimas. Deste modo, os familiares das vítimas, sufriron a extirpación da posibilidade de rematar o dó, converténdose eles tamén en vítimas da violencia xenocida.

Dende este punto de vista, resulta natural que a primeira vez que de xeito público se levasen a cabo accións da memoria, estas estivesen caracterizadas por dar saída a ese dó inconcluso. Á publicación de necroloxías nos xornais que lembraban publicamente aos "fusilados" ou aos "mártires" seguiron a celebración de funerais, homenaxes e ofrendas florais nos lugares de enterramento ou de violencia.

Foi en 1977, en paralelo ao proceso de aprobación da lei de amnistía, considerada segundo os estándares internacionais como de punto e final, cando se desenvolveron en Galicia o maior número de accións de homenaxe ás vítimas da violencia franquista, nun proceso extensivo no que se pode considerar a existencia de certo efecto contaxio entre elas. Aconteceron, en concreto entre o verán e o final de ano, coincidindo principalmente coas datas dos cabodanos dos asasinados. Ademais do número importante de accións, debe destacarse o seu carácter multitudinario, chegando a congregar a milleiros de persoas arredor de fosas ou tumbas, no caso das homenaxes máis grandes como a de Alexandre Bóveda en Pontevedra, ou as dos asasinados no cemiterio de Boisaca, en Compostela.

A abundancia e predominancia deste tipo de accións, provoca que falemos do *Ciclo das homenaxes*, para esta etapa que transcorre entre 1976 e inicios do 79. Durante e o ano 1978, producíase unha diminución importante das accións da memoria, que coincidía co esgotamento do ciclo de acción colectiva. Este esgotamento produciuse á vez que diminuíu a percepción das oportunidades políticas ao establecerse os que foron os piares do novo sistema político, os pactos da Moncloa e a Constitución. E en concreto, e de especial interese para o noso obxecto de estudo, a lei de amnistía de 1977 que determinou cales eran os límites para a memoria. Esta, xunto co desenvolvemento dunha lexislación reparadora moi restritiva que negou a condición de vítimas a unha parte considerable destas, son os factores que poden explicar a diminución considerable destas accións de homenaxe ao terse pechado o escenario aberto que xurdira nos anos anteriores.

As primeiras eleccións municipais democráticas do sistema político en construción, celebradas en abril de 1979, marcan o inicio dunha segunda etapa, caracterizada pola irrupción das institucións locais como axente memorialista e as actuacións para modificar a simboloxía urbana como o repertorio de acción predominante. Referímonos ao *Momento das institucións* para abordar o acontecido neste primeiro mandato democrático dos concellos (1979-1983), etapa na que a expresión da memoria traumática estivo vencellada ao quefacer municipal e a actuación de persoas e organizacións que entraban nas novas corporacións sen pertencer á elite local franquista. Este relevo, entre unha primeira etapa na que o protagonismo estivera na sociedade civil e esta segunda onde os concellos convertéronse nos axentes memorialistas máis activos, obedeceu a un proceso de institucionalización baseado nas interaccións entre ambos

actores. Estas producíronse en diversos sentidos, en primeiro lugar cando a sociedade civil exercía presión sobre as institucións para que estas actuasen, por exemplo mediante peticións transmitidas por asociacións ou realizando accións transgresoras como a vandalización das placas de exaltación franquista. De modo que os novos concellos democráticos recolleron demandas memorialistas presentes na sociedade para darlle solución dende o eido institucional. Máis estas interaccións poden comprenderse tamén atendendo á natureza e bagaxe das persoas alleas á elite social franquista que chegaban ás corporacións. Unha parte significativa dos novos concelleiros,como representantes das candidaturas do centro-esquerda, foran actores destacados na mobilización social e política, tendo participado no asociacionismo cultural ou inclusive sendo líderes de accións da memoria desenvoltas no período anterior, e por tanto, non se debe desdeñar o número deles que eran, á súa vez, familiares de vítimas. Podemos afirmar, por tanto, que foron os grupos municipais do centro-esquerda os impulsores das accións memoriais, de modo que estas saíron adiante principalmente nos municipios gobernados por estes grupos coa oposición en maior ou menor grado de intensidade dos partidos do centro-dereita.

Denominamos concellos pioneiros a aqueles que promoveron políticas memorialistas durante a primeira parte do mandato, isto é, dende o mesmo momento da investidura. Estas consistiron de xeito maioritario na modificación da nomenclatura urbana e correspondéronse con vilas medias e pequenas, gobernadas por diversos partidos asinantes do Pacto do Hostal, dende o BNPG ao PTG, que eliminaron rúas de exaltación franquista e incluíron nomes de vítimas. A actuación das principais cidades galegas gobernadas polo centro-esquerda, e en concreto polo PSOE, concentrouse na primavera do 81, momento no que as súas corporacións aprobaron as "democratizacións" do nomenclátor.

A análise levada a cabo permítenos afirmar que o tema da modificación das rúas de exaltación franquista estaba presente no debate público, o cal á súa vez permeabilizouse cara ás institucións locais. De modo que resultou recorrente que, a iniciativa dos grupos do centro-esquerda, este fose obxecto de debate nas sesións plenarias. Polo que xa non só se deben ter en conta os concellos onde se lograron aprobar accións, senón que debe atenderse a como a cuestión da memoria, e en concreto a necesidade de eliminar os símbolos franquistas, estivo presente nunha parte considerable, senón maioritaria, dos concellos.

A efervescencia memorialista deste primeiro mandato democrático diluíuse tralas segundas eleccións municipais celebradas en maio de 1983, as cales marcan o inicio da terceira etapa e que se estende ata 1986, último ano en estudo, coincidente co cincuenta aniversario do golpe de estado. Esta terceira etapa caracterizouse por unha notable redución da actividade memorialista tanto no ámbito institucional como na sociedade civil. Ao tempo que é apreciable certa tendencia inversa na intensidade das accións, entre aquelas promovidas polos concellos e as impulsadas por actores da sociedade civil. Así, no ámbito institucional estas sufriron un proceso de moderación, chegando a resultar habitual a omisión ou a ocultación do carácter memorialista da actuación. Dirección contraria á observada no caso das accións da memoria levadas a cabo por axentes da sociedade civil, no que se puideron detectar algunhas posicións máis abertamente críticas co discurso oficial da guerra fratricida, así como demandas de verdade e reparación das vítimas. Baixo estes preceptos sitúase o aumento das demandas memorialistas ante os concellos que non foron atendidas por estas institucións. Así como o aumento exponencial das accións da memoria en 1986, tras un período de latencia entre o 83 e o 85, e sendo de forma maioritaria impulsadas pola sociedade civil quen, por tanto, considerou preciso a celebración do cincuenta aniversario do golpe e a guerra.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Todo o cal da conta dunha dinámica xeral, onde os actores que se situaban no centro do taboleiro político e institucional tenderon á moderación, á vez que os que quedaban fóra construían un discurso crítico no que o memorialismo expresábase de xeito máis aberto. O reducido número destes últimos provoca que a grandes trazos poidamos falar dun estancamento e inclusive redución das accións da memoria neste período. Cuestión que está indisolublemente vinculada co contexto de consolidación do sistema político nado na Transición baixo o liderado do PSOE, e por tanto, tamén da consolidación do relato que avogaba polo esquecemento fronte á memoria. Isto materializouse na primeira declaración oficial do goberno do estado en relación coa guerra, onde se determinaba esta como un acontecemento non conmemorable ao tempo que se amosaba a convicción de que "España" quería esquecer.

Ao atender a estes tres etapas nas que delimitamos o período en estudo, mencionamos dous repertorios de acción que foron os dominantes da primeira e da segunda etapa, as homenaxes e a modificación da simboloxía no espazo público. A investigación realizada permitiunos abordar a realización dunha tipoloxía de repertorios de acción que ademais destes dous identificou as accións divulgativas como repertorio de especial transcendencia (anexo 5). As conmemoracións de datas vinculadas coa República, as reparacións e as exhumacións foron outros tres repertorios de acción máis minoritarios. No caso das exhumacións só se puido constar a execución de dúas con certo carácter público celebradas no mesmo ano 81 en Ferrol e en Gomesende.

Dentro das homenaxes distinguíronse varios subrepertorios, as necroloxías, os recibimentos aos exiliados, os actos de homenaxe a asasinados e as inauguracións de monumentos ou rúas. As necroloxías foron as primeiras accións en emerxer trala ditadura. A súa análise permitiunos adiantar cales foron algúns dos espazos de memoria e actos públicos nos seguintes meses e anos, así como as características predominantes das homenaxes no seu conxunto. Estas funcionaron como primeira exposición pública dos asasinados, devolvéndolles as vítimas o dereito a ser recordados. Nas homenaxes consideramos a relevancia que tivo o ritual católico do dó, causa directa dese loito inconcluso arrastrado durante décadas. Cómpre destacar o Día dos Defuntos como espazo temporal dunha parte significativa das homenaxes e a ofrenda floral como núcleo da meirande parte delas. As rosas, os caraveis, e as coroas de flores con cintas nas que se proclamaba o "non esquecemento" constituíron o xeito de expresión dominante nos actos públicos de memoria das vítimas. O obxectivo de intentar dar saída ao dó inacabado entremesturouse coa necesidade de denunciar á inxustiza do asasinato e proclamar a inocencia dos mortos. O que está intimamente relacionado coa idea do martiriloxio, presente na meirande parte das homenaxes e, en xeral, das accións da memoria no período en estudo. A identificación das vítimas cos mártires pola liberdade e, en definitiva, como exemplo para o presente reflexa o carácter político das homenaxes. Nesta mesma dirección identificouse a presenza das bandeiras galega e republicana así como as das organizacións políticas participantes, a entoación do himno galego ou a celebración dos actos coincidindo co Día da Patria (25 de xullo) ou no aniversario da proclamación da II República (14 de abril).

Trala eclosión de numerosos actos de homenaxe no 76 e 77 algúns adquiriron un carácter cerimonial, repetíndose cada ano e desembocando, en ocasións, na erección de monumentos e placas memorialistas. No proceso para a elaboración e erección, máis tamén na súa inauguración resultou habitual que participasen como promotores ou estreitos colaboradores as institucións locais e as organizacións políticas e sindicais. A este respecto advertiuse unha evolución no referente aos axentes memorialistas que entraron en xogo neste repertorio de acción, o que en definitiva tamén vai definir as súas características. Deste modo a primeira etapa, en relación co obxectivo de dar saída a un dó inconcluso, xunto coa necesaria

USC

reivindicación da inocencia das vítimas, poñía no centro da actuación aos familiares, máis os partidos políticos e sindicatos tamén tiñan un papel destacado, en ocasións organizando e na meirande parte dos casos manténdose nun segundo plano. Esta situación sofre unha viraxe na segunda e terceira etapa onde, ademais da diminución no número de homenaxes modificouse en termos xerais o axente que as promovía, pasando a corresponder aos partidos políticos. Este cambio pode comprenderse en base á desmobilización dos familiares que foron negados máis tamén en canto o desenvolvemento e crecemento das organizacións políticas. Nos primeiros anos estas aínda estaban afectadas pola debilidade que ofrecía a clandestinidade máis, co paso dos anos, foron collendo forza e, por tanto, capacidade organizativa.

Ante esta tendencia xeral estudáronse importantes excepcións como ás homenaxes aos mártires de San Amaro ou aos fusilados de Camposancos impulsados por familiares, asociacións e membros activos da comunidade. Ademais, aínda que en menor medida, tamén se puideron identificar accións de homenaxe promovidas por institucións locais, principalmente a tenor da inauguración dunha rúa co nome da vítima ou algunha placa conmemorativa nos lugares de violencia e que por tanto obedece ao proceso de institucionalización anteriormente mencionado.

Dentro do repertorio de acción das homenaxes identificouse un subtipo que posúe unha característica que a diferenza do resto, as vítimas homenaxeadas foron superviventes. Atendemos aos recibimentos a exiliados como os actos e concentracións nos que se celebraba o regreso de persoas que sufriran persecución e lograran fuxir a tempo antes de ser asasinadas, desenvoltas principalmente a partir da promulgación das primeiras amnistías parciais en 1976. A presenza dos fuxidos por primeira vez de xeito público en Galicia e a descrición do seu pasado co golpe de estado do 36 como punto temporal clave, son indicios suficientes para comprender a presenza da memoria traumática nestes actos colectivos de benvida.

Dende esta perspectiva durante a análise dos resultados definiuse un fenómeno bautizado como "a socialización do acontecido", efecto que se produciu en calquera das accións da memoria traumática ao crearse espazos para o recordo colectivo. Estes posibilitaban que as vellas xeracións, a das familias directas pero tamén a dos superviventes, puideran expresar publicamente partes do seu trauma, o que á súa vez era recollido polas novas xeracións, descoñecedoras do que ocorrera. De modo que a memoria traumática fíxose visible, tróuxose ao presente para ser obxecto de reflexión e debate.

Este espazo creado para a memoria, para compartir as vivencias, transmitir as lembranzas e por tanto no que era proclive a reflexión, é a base das accións divulgativas. Isto é, todas aquelas actuacións que difundiron no espazo público relatos do acontecido no golpe de estado, da violencia desatada tras del, así como tamén da historia negada da II República. De modo que unha transmisión cortada practicamente durante décadas, activouse mediante dous subtipos principais de accións divulgativas: os actos públicos e as publicacións. Nestas últimas predominaron a literatura testemuñal e as autobiografías, habitualmente memorias dos fuxidos e exiliados, e por tanto dos superviventes, o que propiciou que quedase un espazo baleiro en canto ás experiencias dos asasinados.

Tamén salientaron as investigacións e reportaxes publicadas en medios de comunicación alternativos como *A Nosa Terra* ou *Teima*. As publicacións como accións divulgativas o son tamén no espazo público, de forma que se deben comprender xa non só como o acto de memoria dos autores e autoras ou o traballo de investigación destas, senón que teñen un suxeito principal nos receptores da mensaxe, nas reflexións conxuntas e intercambios de ideas que estas propiciaban e, por tanto, na extensión da memoria no colectivo, nese fenómeno da socialización

do acontecido que mencionabamos. Un momento de máxima representación deste proceso correspondeu ás presentacións das publicacións, enmarcados dentro do subrepertorio de acción dos actos públicos, onde tamén salientaron as conferencias e xornadas, principalmente impulsadas por asociacións culturais. Nas accións divulgativas o axente memorialista por excelencia resultou en actores da sociedade civil, con especial preponderancia deste asociacionismo cultural. Máis tamén salientou algunha excepción, como o ciclo sobre a guerra organizado no seu cincuentenario polo Concello de Redondela.

Os concellos, no seu labor memorial, desenvolveron esencialmente o repertorio de acción da modificación da simboloxía en espazos públicos. Un proceso heteroxéneo no que entraron en xogo diversos factores, como a natureza política do goberno municipal, as dinámicas locais no xogo político, social e institucional ou o espazo temporal concreto. Pero a análise dos resultados desta investigación permitiunos extraer certas ideas conclusivas de interese. En primeiro lugar a existencia dunha notable redución e moderación das medidas despois das segundas eleccións municipais. Na comprensión desta traxectoria descendente, e en estreita relación co proceso de consolidación do sistema, atendemos á concentración do voto da esquerda no PSOE. Isto configurou uns concellos cun número moito menor de grupos municipais en comparación co primeiro mandato. Así pois a presenza dun amplo grupo de organizacións políticas nos consistorios, moitas delas situadas fóra do Pacto da Transición, e a súa actuación cun certo grado de coordinación a través dos Pactos do Hostal, son factores explicativos da expansión das políticas memoriais simbólicas no primeiro mandato.

Neste período (1979-1983) puidéronse distinguir diferenzas nos tempos de execución das accións de memoria dependendo do concello no que nos situemos. Nos municipios de menor tamaño as accións foron aprobadas con maior celeridade ca nos grandes, onde a busca de acordo político e os procedementos ralentizaron a toma de decisións a este respecto. Por outro lado, identificáronse dinámicas xerais ao analizar de xeito agregado os subrepertorios de acción predominantes no eido institucional. Estes foron as eliminacións de rúas franquistas e a inclusión de nomes de vítimas. Así, durante o primeiro mandato detectouse como as rúas e prazas ao General Mola e Jose Antonio foron as que máis veces foron substituídas. O que deixa outro titular, non foron ás rúas en honra do ditador as que con máis frecuencia se eliminaron. Aínda que a diferenza entre unhas e outras non foi moi elevada, si que nos permite considerar algunhas posibles causas para que, nestas primeiras intervencións democratizadoras da simboloxía urbana, Francisco Franco non fose unha prioridade.

Neste sentido atendemos á interacción dos grupos que se opoñían á eliminación como factor explicativo. Deste modo detectáronse diversos casos nos que os grupos municipais da dereita transixiron con algunhas eliminacións franquistas pero non coa do nome do ditador. Xunto a estes, as queixas e manifestacións de grupos da extrema dereita puideron influír nas decisións dalgúns gobernos municipais para postergar ou evitar a eliminación desta rúa.

Aínda así, a estratexia de eliminación de rúas franquistas acadou un maior éxito cos elementos máis recoñecidos da ditadura, entre eles os principais xenerais golpistas e partes clave do imaxinario colectivo como a data do 18 de xullo ou a figura de Jose Antonio. Deste modo outras rúas de significación franquista referidas a figuras intermedias do franquismo, como os alcaldes das localidades, ou heroes locais do golpismo, foron obxecto de menos intervencións, salvando importantes excepcións como o caso de Ferrol onde a modificación involucrou a unha sesentena de denominacións.

A inclusión de nomes de vítimas no nomenclátor urbano debeuse por unha banda á necesidade de incluír nomes de reemprazo para as denominacións franquistas, máis tamén

USC UNIVERSIDADE

serviu para bautizar a rúas de nova construción. Isto estivo inmerso no proceso de introdución de destacados persoeiros da cultura e historia galega na nomenclatura urbana. De modo que entre outros poetas e escritores galegos resultou habitual a inserción de Castelao e Bóveda, constituíndo estes os nomes de vítimas máis repetidos no conxunto de casos analizados. Xunto a estes identificouse a presenza de vítimas cunha referencialidade local, sendo destacada a inclusión de nomes de alcaldes e outros representantes públicos que foran asasinados ou duramente violentados.

A conflitividade que supoñía a memoria traumática no espazo público amósase no caso da simboloxía franquista non retirada, e que habituaba a ter como reacción a intervención de persoas ou grupos que vandalizaban os monumentos e cambiaban as placas das rúas franquistas. De forma que actores da sociedade civil non só demandaban as modificacións as institucións operando como grupos de presión para a acción destas, senón que realizaban eles mesmos intervencións sobre esta simboloxía.

A eliminación dos monumentos de exaltación franquista presentes nas vilas e cidades non foi tan frecuente como as eliminacións do nomenclátor. Ás grandes permanencias como o monumento ecuestre de Francisco Franco en Ferrol se suman as intervencións que mantiñan intacta parte da simboloxía franquista pero introducían unha nova significación. Tratáronse de reformas parciais que actuaron sobre as cruces aos *Caídos por Dios y por España* incluíndo lemas que atinxían "aos dous bandos". Resaltamos a Cruz dos Caídos de Vigo na que nunha parte pouco visible o goberno municipal do PSOE colocou unha referencia aos mortos na guerra, mentres mantiña o conxunto escultórico franquista. E a nova construción dunha cruz polo Concello de Pontevedra liderado por AP que viña a substituír á cruz dos caídos franquistas, e que seguía a estética dos monumentos aos soldados descoñecidos. Esta terminou por converterse nunha oda ao exército e, ao tempo, á negación, ao non introducir ningunha referencia ás vítimas da guerra. Esta acción institucional dun goberno da dereita xunto co traslado dos restos mortais de Castelao promovido pola Xunta de Galicia (no que se evitaba facer referencia ao aspecto político da súa figura e en concreto ao seu papel no exilio denunciando os crimes do fascismo) poderían comprenderse case como accións antimemoria e son dous expoñentes fundamentais da construción dos discursos en torno á memoria e os seus límites no período en estudo.

Antes de abordar as ideas conclusivas sobre a construción destes discursos cómpre referise a cales foron os espazos das accións da memoria e o perfil de vítima dominantes no período en estudo, así como delimitar as principais conclusións arredor dos axentes memorialistas que promoveron as accións.

Distinguíronse dous espazos de memoria diferentes vinculados co tipo de repertorios de accións desenvoltos. Nos actos de homenaxe, os lugares destacados foron os de violencia e enterramento, principalmente os cemiterios, por tanto afastados da vida pública ordinaria da cidadanía. Pola contra, as intervencións de modificación da simboloxía levaron a memoria traumática ás rúas das vilas e aos salóns de plenos. Polo seu lado as accións divulgativas difundían memoria en espazos colectivos como as casas de cultura ou os sés das asociacións. Porén existiron homenaxes que tralas ofrendas florais se desprazaron ao centro das vilas, como as homenaxes a Alexandre Bóveda en Pontevedra ou aos fusilados na Alameda de Tui en 1976. Pola contra tamén se detectaron accións de modificación da simboloxía que pese a ser aprobadas en pleno non se executaran e, por tanto, non se fixeron visibles no espazo público, como o caso da ausencia da placa na rúa a Abdón Blanco no Barco de Valdeorras durante, como mínimo, sete anos.

USC DE COMPOSTELA

Atender aos perfís das vítimas que foron lembradas, tanto no caso da inclusión do seu nome no rueiro dunha vila como no dunha ofrenda floral ante a súa tumba, permitiunos establecer unha tipoloxía de vítimas. En primeiro lugar distinguimos as vítimas segundo o momento no que foron violentadas. De xeito que se poidan dividir as accións entre aquelas relacionadas con vítimas da violencia golpista a partir do ano 36, as predominantes, e aquelas que o foron da violencia exercida polo réxime franquista nos anos 70. No caso destas últimas as accións da memoria foron maioritariamente homenaxes e concentracións nos lugares de enterramento ou violencia máis tamén manifestacións que percorreron os centros das localidades promovidas polas organizacións políticas nas que militaban as vítimas e outras afíns. E aínda que compartiron certos elementos comúns coas homenaxes a vítimas dos anos 30, nestas resultou máis habitual que se producisen actuacións alegais, ilegais ou dun cariz máis disruptivo, en estreita relación co posicionamento político e ideolóxico das organizacións convocadoras. A situación destes axentes memorialistas, situados nas marxes do novo sistema, explica tamén que nas accións institucionais o tratamento destas vítimas fose anecdótico.

No referente ao perfil das vítimas diferenciouse outra tipoloxía de interese. Aquela que delimita ás vítimas pola seu recoñecemento público. De modo que se falou de vítimas-persoeiros para aquelas que contaban certa referencialidade ou que ocuparan algún cargo recoñecido a nivel político ou social, isto é figuras relevantes do período republicano. Castelao e Bóveda serían as figuras que se atoparían na cúspide desta tipoloxía. No outro extremo identificouse ás vítimas-anónimas e entre ambas situouse a todas aquelas que tiveran certa relevancia no nivel social ou comunitario.

A relevancia simbólica de Alexandre Bóveda e posteriormente de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao bebe da experiencia do exilio. Un asasinado e un exiliado que pola súa relevancia como figuras determinantes do galeguismo e do republicanismo foron dúas das figuras que primeiramente se tentaron rescatar da negación.

Observando o conxunto do período en estudo, pódese constatar como as accións da memoria traumática invocaron ou lembraron maioritariamente a vítimas-persoeiros, é dicir as persoas asasinadas eran dirixentes, con visibilidade na comunidade antes da súa morte. Tratábanse dos alcaldes, como Abdón Blanco ou Martínez Garrido, máis tamén atinxían a outros representantes públicos ou líderes políticos e sindicais. Esta tendencia a lembrar vítimas-persoeiros agudizouse no repertorio de acción da inclusión de vítimas nos rueiros emprendida polas institucións locais onde todas as vítimas foron dirixentes, maioritariamente alcaldes, ou lideres políticos ou sindicais.

En canto ás homenaxes realizadas pola sociedade civil si se detectaron vítimas-anónimas, por exemplo no caso das asasinadas do campo de concentración de Camposancos. Ademais, debe terse en conta que a división entre vítimas-persoeiros e vítimas-anónimas non sempre resulta sinxela, sendo complicado poder discernir cal foi o grado de referencialidade dunha persoa. Ademais, os actos grupais, que nas homenaxes foron habituais lembrando a un conxunto de persoas asasinadas xuntas, poderían distinguirse vítimas pertencentes as dúas tipoloxías. Neste caso resultou frecuente que os maiores impulsores das accións foran os familiares ou organizacións vinculadas coa que era a vítima máis referencial. De modo que o liderado político e social, tanto das vítimas como posteriormente dos familiares ou persoas que promoveron as accións, resulta un aspecto de relevo á hora de explicar e comprender as accións da memoria no período en estudo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Pese á enorme diversidade dos axentes memorialistas implicados nas accións da memoria neste espazo temporal de dez anos, tamén existiron certos compoñentes comúns nos perfís destes actores que cómpre salientar. A clasificación de axentes memoriais que nos permitiu desenvolver esta investigación abordaba unha primeira división entre os axentes da sociedade civil e das institucións. No caso destas últimas case en exclusiva as accións memoriais que se desenvolveron correspondéronlle aos concellos, é dicir, ás institucións que se atopan no nivel máis achegado á cidadanía e que, á vez, tiveron máis marxe de manobra para afrontar a memoria traumática dentro das súas competencias. Todo o cal tamén obedece a ese proceso de permeabilidade das demandas presentes na sociedade civil cara estas institucións.

Xunto ao carácter dual de concelleiros que previamente foran activistas, debe terse en conta o comportamento das diferentes organizacións políticas de esquerda promotoras das accións nos consistorios. De modo que podemos atender en primeiro lugar a aquelas que se situaron fóra do pacto transicional, os partidos do nacionalismo galego (UPG, PSG) ou organizacións comunistas como o MCG, e que por tanto tenderon a describir de xeito máis aberto o obxectivo memorial e a desenvolvelo dun xeito máis global, por exemplo o BNPG coa súa política de recuperación da nomenclatura tradicional. En segundo lugar situamos a aquelas que estraron dentro do pacto, principalmente PSOE e PCG. No caso do PCG a súa actuación foi mínima e concentrada nos primeiros anos, situándose maioritariamente como colaborador ao votar a favor das propostas doutros grupos pero sen ser impulsores. Este constituíu o único partido do que se foi quen de localizar un posicionamento claro ao respecto das eliminacións de rúas franquistas. Atopouse nas declaracións en prensa do seu representante histórico Santiago Álvarez quen replicaba o relato da reconciliación ao considerar a existencia de asuntos máis importantes que tratar e manifestándose contrario a calquera acción que puidese "reverdecer viejas heridas". No referente ao PSOE foron os concelleiros e rexedores desta organización algúns dos que, de xeito máis activo, desenvolveron accións memoriais, pese a que como mencionamos a nivel do goberno central a súa postura desembocou na declaración antimemoria de 1986. Isto pode comprenderse en primeiro lugar por tratarse dun partido en construción, no que, durante os primeiros anos, a estrutura organizativa era feble e polo tanto as decisións podían tomarse de xeito máis autónomo. A isto se suma a participación de persoas independentes, como por exemplo o alcalde de Ferrol, Jaime Quintanilla. E por último debe terse en conta a tendencia á moderación advertida no PSOE durante o segundo mandato, en paralelo á constitución como partido de goberno. As referencias expresas á necesidade de memoria ou á eliminación do franquismo resultaban cada vez máis incómodas, en paralelo á conversión desta organización nun dos máximos garantes da estabilidade do novo sistema político.

Estas tendencias foron detectadas tamén na actuación destas organizacións políticas fóra das institucións e, por tanto, cando actuaron como axentes da sociedade civil, principalmente promovendo homenaxes. Ao que se deben sumar as accións daqueles partidos que quedaron á marxe das institucións, como por exemplo o PCE (m-l) e a súa derivada a Convención Republicana de los Pueblos de España. Aínda que dende unha posición de debilidade ao quedar fóra do novo sistema e sufrir incesantes persecucións, este resulta un actor chave, ao ter desenvolto unha acción memorial mantida no tempo arredor dos últimos fusilados, máis que se estendeu ata construír a reivindicación memorialista máis completa do período en estudo, coa creación do Comité do 27 de setembro, as Homenaxes ás vítimas do franquismo e, a nivel estatal, o Tribunal Internacional de Crimes contra o franquismo.

Xunto ás organizacións políticas e sindicais distinguíronse tres tipos de axentes memoriais da sociedade civil. En primeiro lugar o asociacionismo, destacando as asociacións culturais e

veciñais. Así mesmo se estudaron os proxectos de asociacións de memoria que se desenvolveron en Galicia, habitualmente como delegacións ou sucursais de asociacións doutras partes do estado, como a Amical de Mauthausen, a Asociación de Expresos e a Liga de Mutilados. Pero a diferenza do acontecido, por exemplo en Catalunya, a súa actividade foi efémera, sen lograr callar no tempo.

Así, o gran papel como actor memorialista no ámbito do asociacionismo correspondeulle a un nutrido grupo de asociacións culturais entre as que podemos destacar a Agrupación Cultural O Facho, o Ateneo Ferrolán ou a Asociación Amigos da Cultura de Pontevedra entre moitas outras, tendo un papel pioneiro ao organizar ducias de conferencias en memoria de Castelao no temperán ano 1975. Estas, normalmente vinculadas ao nacionalismo galego e repartidas por boa parte do territorio, convertéronse nun vector de memoria durante o período en estudo sendo o actor principal na organización de actos públicos divulgativos. Así mesmo, amosaron certo grado de coordinación entre elas, en canto ás temáticas e oradores dos actos, destacando aqueles relacionados directamente co golpe, a guerra ou a resistencia. A súa labor tamén se desenvolveu noutros repertorios de acción, configurándose como mecanismos de tracción para que as institucións actuasen modificando a simboloxía. Tamén participaron en ofrendas florais organizadas por outros axentes e inclusive foron promotores de homenaxes como a Asociación Cultural de Bueu co acto en memoria de Xohan Carballeira ou o Ateneo da Coruña coas homenaxes e monumento aos Mártires de la Libertad.

Vinculado coas accións divulgativas definiuse outro axente memorialista da sociedade civil, aquel constituído por todas as editoriais e medios de comunicación que publicaron memorias, ensaios ou reportaxes sobre o golpe, a violencia franquista ou o período republicano negado. Aínda que puidemos nomear algunha aportación de medios xeralistas, o máis frecuente resultou que esta labor estivese concentrada en selos alternativos. *Teima, A Nosa Terra* ou Edicións do Castro resultaron algúns dos máis representativos dunha corrente que difundía relatos do acontecido que axudaron a construír os discursos memorialistas fóra do marco da reconciliación.

O último axente memorialista que debemos nomear pola súa actividade no desenvolvemento de accións da memoria traumática o conforman os familiares das vítimas e as propias vítimas superviventes. Estas foran as dominantes da primeira etapa, organizando principalmente homenaxes e actos en memoria das vítimas asasinadas nos lugares de morte ou enterramento. Pero máis alá destas accións organizadas por grupos de familiares das vítimas, esta condición foi en grande medida transversal ao conxunto de axentes memoriais. E isto é crucial, configurándose como unha das máis relevantes ideas conclusivas deste traballo. O pasado como suxeito sobre o que se exerceu violencia, xa fose sobre a propia persoa ou sobre a súa familia, constitúe un nexo que une a unha parte considerable dos axentes memorialistas.

Este carácter poliédrico dos axentes memorialistas advertiuse xa no caso das primeiras homenaxes se nos fixamos en como con frecuencia os familiares promotores eran militantes das organizacións participantes. Ou expresado doutro xeito, os membros dos partidos máis activamente participantes eran aqueles que tiñan un pasado como vítimas. Ambos extremos poden comprenderse atendendo ás homenaxes en Boisaca en setembro e decembro do 77. Así, as irmás Liste promoveron a primeira ofrenda en nome das familias, máis eran tamén membros do PCOE, bandeira que estivo presente nela. No caso contrario, Luís Pasín foi promotor da homenaxe de decembro como militante do partido organizador, o PCG, máis tamén era familiar directo dunha das vítimas recordadas. O perfil de Pasín constitúe a cuadratura do círculo ao pasar a ser tamén axente institucional en 1979 como concelleiro de Compostela, cargo dende

USC DE COMPOSTELA

onde promoveu diversas accións memoriais. Este caso reflexa como a condición do pasado traumático estivo presente en boa parte dos axentes memorialistas. Nos concellos, ademais de Pasín, pode salientarse o perfil dos Jaime Quintanilla, fillo e neto do alcalde asasinado no 36. Nas editoriais salienta o perfil de Isaac Díaz Pardo no liderado da colección *Documentos para a historia contemporánea de Galicia* de Ediciós do Castro onde foron publicadas unha ampla porcentaxe das memorias e ensaios sobre a violencia franquista. A condición de Díaz como fillo dunha vítima resulta determinante para comprender a súa traxectoria.

Tampouco podemos comprender o traballo no asociacionismo de Mercedes Núñez Targa rescatando o nome das vítimas que remataron en campos nazis, sen comprender o seu propio pasado como reclusa nun deses campos. A lista é extensa, considerándoo o perfil dominante tanto na sociedade civil como nas institucións. Esta condición de vítimas pódese entender tamén no colectivo, na identificación que as organizacións políticas de esquerda, máis tamén simplemente os simpatizantes cunha determinada ideoloxía, podían posuír como herdeiros das vítimas e que se reflicte, por exemplo, nos lemas que salientaban ese pasado común das vítimas como membros do mesmo partido ou ideoloxía.

De todo o anterior poden extraerse dous titulares de interese. Primeiro que a xente mobilizada foi, en grande medida, a que tivera unha perda familiar. Segundo que as vítimas de partido foron as que máis se lembraron. Os anónimos como clase social, quedaron, salvando algunhas excepcións como Camposancos ou San Amaro fóra da memoria no colectivo.

Ligado a un pasado como vítimas superviventes no perfil dos axentes memorialistas, sitúase a conexión destes co exilio. A relación do exilio co desenvolvemento das accións memoriais en Galicia fíxose visible dende o inicio, no temperán 1975 cando a iniciativa do colectivo uruguaio se facía a primeira memoria pública de Castelao en Rianxo, e que se reproduce nos seguintes anos. Foi manifesta a presión exercida dende o exilio para que se tomasen accións memoriais contundentes e así mesmo foi identificado unha conexión no pasado como emigrantes ou exiliados de diversos axentes memorialistas. O caso paradigmático constitúeo o alcalde de Soutomaior e retornado do exilio Fernando Pereira, o mesmo que actuara como representante dos emigrantes na homenaxe de Castelao e que dende o seu cargo promoveu, entre outras accións, o nomeamento dunha rúa en memoria deste.

Por último, no referente ao perfil dos actores que actuaron no memorialismo, debemos atender ao papel das mulleres, que seguindo a lóxica subalterna xeral do sistema patriarcal maiormente estiveron situadas nun segundo plano. O que en grande medida invisibilizou a súa contribución ao memorialismo. A súa participación foi máis visible no seu papel de vítimas, tanto sendo elemento central das homenaxes, como sposa ou filla, por exemplo no caso de Amalia Álvarez, máis tamén como líderes, sobresaíndo neste sentido as irmás Liste. No sentido oposto resultou máis dificultoso detectalas en postos de responsabilidade en partidos ou institucións. Pese a isto atopámonos con mulleres liderando accións da memoria, como Mercedes Núñez Targa, Isabel Ríos ou Josefa García Segret. Pero máis alá destas mulleres, consideramos moi probable que estas foran decisivas dende a subalternidade á que estaban relegadas nunha parte importante das accións da memoria, en base aos indicios da súa participación. Por exemplo podemos fixarnos nas mulleres participantes na Comisión Pro-fosa da Guarda ou ás militantes dos partidos de esquerda fóra do pacto transicional.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Todas as características e dinámicas destacadas nas anteriores liñas, das etapas que conforman o período, dos axentes implicados, dos repertorios de acción e dos tipos de vítimas recordadas, están relacionadas coa construción duns determinados discursos memorialistas. Non podemos falar dun único discurso ou marco memorialista, como non podemos falar dun actor memorialista monolítico, dunha única forma de expresión de cada repertorio de acción o dun mesmo nivel de intensidade na forma en que a memoria traumática apareceu no espazo público. Esta heteroxeneidade múltiple reflíctese tamén na súa heteroxeneidade discursiva, o que fai por tanto que falamos de discursos memorialistas en plural. Dentro destes discursos a análise realizada permítenos extraer certos elementos que, en grande medida, foron comúns ou apareceron reiteradamente nos relatos e argumentacións que rodearon ás accións estudadas. Entre eles destacamos a definición das asasinadas ou violentadas en torno a tres figuras. A máis predominante foi a do mártir.

O proceso de secularización da figura do mártir aconteceu no contexto de construción dos estados modernos, entendéndose o potencial mobilizador dun termo tan arraigado no imaxinario xudeo-cristián. Neste escenario debe comprenderse a construción do martiriloxio para invocar e reivindicar aos asasinados que se produce de xeito practicamente inmediato ao golpe e se desenvolve durante as seguintes décadas en América da man do colectivo exiliado. Neste proceso debe salientarse o papel de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao quen a través dos seus escritos, oratoria e estampas popularizou esta identificación das vítimas do franquismo cos mártires e en concreto a de Alexandre Bóveda como protomártir. Desenvolvéronse así os catro compoñentes principais do martiriloxio, ademais da existencia do mártir, a duns perseguidores, neste caso o franquismo, unha comunidade de crentes, é dicir as familias ou os exiliados, en definitiva os superviventes ao exterminio, e por último a loita pola redención, materializada aquí na loita pola liberdade en termos da emancipación do pobo galego ou, nun espectro ideolóxico máis amplo, referíndose á liberdade do pobo, do republicanismo fronte á opresión de clase. Deste modo se conectaba o pasado co futuro, sendo os mártires as sementes que farían alcanzar esa liberdade pola que se loitaba no tempo presente.

Esta preponderancia da figura dos mártires identificouse nas primeiras homenaxes realizadas en Galicia no ano 76 e continuou, sendo habitual atopar referencias tanto as que o facían de xeito explícito, coa mención aos mártires, como aquelas nas que se pode dilucidar de xeito explícito, nese exemplo para o futuro. E este é outro dos elementos que se perfilaron comúns aos discursos memorialistas: a exemplaridade das vítimas para as loitas do tempo presente. Ou expresado doutro xeito as accións memoriais funcionaron como espazos de reivindicacións do tempo presente. A traxectoria republicana dos asasinados, a súa loita política ou sindical, a unión e cooperación entre organizacións políticas co Frente Popular como referente ou os esforzos pola consecución do estatuto, por exemplo, foron amentados como símbolos para o presente. No contexto de apertura na que se gañaban espazos de liberdade de expresión e no que se espreita a posibilidade da construción dun sistema democrático, dun sistema de autonomías ou a reconfiguración dos sistemas de partidos, emerxeu a comparación coa II República e co 36.

Ademais da definición como mártir nos discursos memorialistas tamén se puido constatar o emprego da figura da vítima, aínda que dun xeito moi residual, e a de resistente, vinculado con certos espazos influenciados polo memorialismo europeo, como por exemplo no discurso creado pola Convención Republicana de los Pueblos de España. O influxo do memorialismo europeo, que pode falar de resistentes porque tamén fala do franquismo como fascismo, vinculouse cunha das dúas vertentes principais dos discursos ou marcos memorialistas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A determinación da existencia de dúas correntes conforma outra das máis relevantes ideas conclusivas desta tese, pois é algo que vertebra de arriba a abaixo as accións memorialistas durante o período en estudo. Deste modo distinguiuse por un lado ese relato construído dende o antifascismo, vinculado coa oposición antifranquista rupturista, e por outro lado configurouse un relato influenciado pola reconciliación, que bebeu do discurso dominante nacido arredor dos Vinte cinco anos de paz franquista e da declaración do Partido Comunista do 56.

O relato do acontecido e os efectos disto no presente constitúe o obxecto principal de diverxencia e fricción entre estas dúas liñas discursivas. En definitiva, a lectura sobre que se recorda e como se debe facer. A corrente do antifascismo, herdeira dos postulados construídos no exilio, definiu o golpe e a guerra en termos da vitoria do fascismo sobre a democracia e por tanto enmarcándoos no contexto europeo. Dende esta perspectiva invocábase o recordo para que "nunca máis" volvera o fascismo e a ditadura, para, en definitiva, acadar garantías de non repetición. Unha responsabilidade que debían asumir as novas institucións da Transición. Todo o cal estaba estreitamente vinculado cos postulados do memorialismo europeo e que pode entenderse nas relacións establecidas dos axentes memorialistas en Galicia con estes, por exemplo no caso da Asociación de Expresos liderada por Manuel Pillado e a súa integración na Federación Internacional dos Resistentes.

Detectouse a preeminencia deste discurso na primeira homenaxe a Bóveda en 1976, na mesa redonda do ciclo sobre a guerra en Redondela ou nas lembranzas públicas de Humberto Baena. E por tanto en axentes que mantiñan unha posición crítica coa reforma transicional xa fosen dende posicións persoais, a militancia ou simpatía con partidos e organizacións que quedaron á marxe desta reforma e que, por tanto, non aceptaron o relato da reconciliación.

Pola contra, a corrente máis apegada á reconciliación comprendía a guerra en termos compatibles coa versión oficial e por tanto o "nunca máis" enunciábase co obxectivo de non repetir unha guerra fratricida. Entre os axentes memorialistas que destacamos como emisores deste discurso estarían o PSOE e o PCE, quen existían, por tanto, dentro das marxes do corsé da Transición. Dende esta vertente tendeuse a establecer un diálogo co relato dominante da reconciliación. De modo que se este clamaba por un esquecemento en aras a un futuro en paz, a esa desexada reconciliación entre españois, este discurso memorialista defendía que para conseguir ese esquecemento eran precisos o recordo e a memoria. Este diálogo tamén se visualiza na tendencia a xustificar preventivamente a ausencia de *revanchismo,* rancor ou vinganza nas súas accións, acusacións que se emitían reiterativamente dende as posicións contrarias ao memorialismo. Aínda que con maior presencia nesta corrente, este último aspecto foi detectado nunha parte considerable dos discursos memorialistas e é o reflexo dunha das singularidades fundamentais destes: o seu carácter gradual ou mixto.

É dicir, os diferentes discursos memorialistas podían mesturar elementos das dúas correntes. De modo que o máis habitual foi que as argumentacións de ambas vertentes estiveran presentes nun mesmo discurso, aínda que predominase unha sobre outra. Nesta hibridación resulta determinante atender á etapa na que se emite o discurso. De modo que se observou unha tendencia a expansión da corrente da reconciliación á vez que se foi consolidando o novo sistema político. E que tamén estivo relacionada co protagonismo que o PSOE adquiriu na promoción de accións no ámbito institucional ao ser o representante maioritario da esquerda, e inclusive no social como organizador de homenaxes.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

No referente a esta permeabilidade da corrente da reconciliación nos discursos memorialistas cómpre preguntarnos sobre a motivación dos axentes. Se en todos os casos era unha cuestión de convicción ou en que grado puido obedecer a unha decisión pragmática. É dicir como un instrumento para acadar o obxectivo de que prosperase a acción memorial. Así mesmo, se debe expresar unha cautela en relación coa preponderancia deste relato, motivada pola distorsión que produciu a natureza das fontes consultadas.

Foron diversas as casuístas nas que se evidenciou este extremo. O discurso antifascista presente na moción sobre o alcalde asasinado do Barco de Valdeorras pero que desaparece na reprodución da mesma nas actas municipais resulta un exemplo paradigmático que nos permite ter esa precaución á hora de interpretar a presenza dos discursos da reconciliación e do antifascismo nunha determinada acción. Ademais desta posible ocultación do discurso antifascista, tamén se puido incluír artificialmente o relato dominante da reconciliación, por exemplo mediante a narrativa empregada polos xornalistas que redactaban as noticias sobre unha homenaxe en prensa, nalgúns casos sen poder dilucidar se este realmente estivo presente na acción, e en que grado.

En resumo, pese a influencia cada vez máis expansiva do discurso da reconciliación acadando que se asumisen certos postulados deste relato oficial, todos os discursos memorialistas foron, na súa heteroxeneidade e hibridación, un marco diferente que confrontou co relato do poder. Unha afirmación que se basea en que todos estes discursos construíron marcos argumentais empregados por axentes que facían memoria. E facer memoria, como xa se apuntou, era en si mesmo contrario a esta posición discursiva dominante, no desexo de esquecemento.

Pivotando entre esta narrativa da reconciliación e a da exaltación franquista detivémonos no estudo do conxunto de argumentacións despregado por aqueles actores que confrontaron directamente coas propostas memorialistas. Este marco específico dos que se opoñían á memoria denominouse contraenmarcado da memoria e puido analizarse con detalle grazas aos rastros documentais que deixaron os debates municipais e o relato dominante na prensa. Un dos argumentos máis repetidos constituíno a acusación de *revanchista* e rancoroso para todo aquel que pretendese levar a cabo algún tipo de acción memorial. Polo que se entendía a cuestión en termos de vencedores e vencidos, identificando a estes últimos cos axentes memorialistas. De modo que o facer memoria espertaría de novo aquel odio entre españois xa superado. Esa advertencia, sobre as consecuencias que tería facer memoria, inculpaba preventivamente aos axentes memorialistas, que serían os responsables de revivir o drama da guerra civil. E, en definitiva, avogábase polo esquecemento como única vía de futuro. Por tanto mentres os axentes memorialistas invocaban o pasado republicano como un exemplo en positivo, dende o discurso antimemorialista a mención desta facíase en negativo, despregando ese medo a repetición dunha traxedia colectiva.

Estes argumentos, que manteñen a culpa e a responsabilidade sobre uns *vencidos*, posúen implicitamente unha carga dialéctica franquista. O que, en definitiva, amosa a posibilidade de vincular certos aspectos da narrativa da reconciliación e da exaltación franquista. Adicionalmente dentro deste contraenmarcado a loa franquista fíxose visible en toda a súa magnitude en certas argumentacións desenvolvidas principalmente polos sectores máis extremos da dereita. A este respecto non foi anecdótico que os concelleiros de AP dentro dos consistorios defenderan a permanencia da simboloxía franquista realizando un enxalzamento da figura do ditador. É salientable nesta mesma liña a referencia a unha historia, a franquista, que se debía respectar e non borrar, aludindo a comparacións, por exemplo, coas construcións

USC DE COMPOSTELA

romanas. No caso das políticas de memoria, xunto a estes razoamentos que se centraban no fondo do asunto, desenvolveuse unha oposición baseada en facer ver a ausencia de "utilidade pública" das mesmas, salientando o gasto que suporía ás arcas municipais ou a existencia doutros asuntos máis importantes nos que investir o tempo.

A oposición ás accións memoriais e polo tanto os seus antagonistas puideron optar por focalizar o seu contraenmarcado nalgún dos compoñentes anteriores con maior énfase, o que nos sitúa ante dúas posicións. Por unha banda aquela na que a confrontación foi directa e que en último termo chegaba a esa exaltación do franquismo, salientando entre os seus emisores os representantes de AP ou os grupos de extrema dereita. E por outra banda distinguimos unha posición máis sutil na súa confrontación centrándose no razoamento da "utilidade pública" ou directamente empregando estratexias dilatorias que acababan por desactivar as iniciativas. Neste sentido resalta a actuación da UCD, que se amosaba incómoda neste debate para preservar a súa imaxe de moderación e de representación do centro político.

En última instancia, o obxectivo fundamental do contraenmarcado foi evitar a execución das accións memoriais, creando para iso un clima de opinión adverso. Dende esta óptica comprendeuse o discurso antimemorialista como un mecanismo discursivo de contención ou desmobilización das accións memoriais. Diferenciáronse catro tipos de instrumentos que tiveron esta función de desincentivar as accións colectivas e institucionais da memoria.

Ás acusacións de desquite e vinganza cara os actores que recordaban foron unha parte determinante desta oposición dialéctica orientada a conter a acción. Estes despregáronse nos diversos escenarios nos que a memoria traumática se fixo visible. Dende as páxinas dos xornais, ata os salóns dos plenos municipais. Podemos entender como estas incriminacións suporían un alto custo social, ao construír esa nova culpabilización. As vítimas foran declaradas culpables no 36, moitas delas xulgados e sentenciadas por delito de rebelión. E agora, corenta anos despois, as súas familias e os superviventes, eran novamente declarados culpables de pór en perigo os avances democráticos conqueridos ao poder desatar cos seus actos o odio e o drama de novo. Dende esta óptica entenderíase que os axentes preferisen non actuar ou como mínimo quedarse dentro dos límites do relato da reconciliación, intentando exculparse destas acusacións e defendendo que as accións da memoria serían unha forma de lograr esa reconciliación entre españois desexada por todos.

En íntima relación con estes mecanismos discursivos comprendemos a existencia de métodos mediáticos para conter a acción, que responden a como foi a cobertura nos medios de comunicación escritos xeralistas. O tratamento tendeu a ser escaso e, en todo caso, relegado ás seccións locais dos xornais. En canto ao enfoque, destacamos tres posibilidades que resultaron habituais. A ocultación da connotación memorialista dunha acción, a descrición das accións memoriais baixo o parámetro do relato da reconciliación, e por último a predominancia dunha posición crítica. De modo que a lectura dominante dos medios xeralistas deixaba pouco espazo para que as reivindicacións puideran ser recoñecidas a nivel social. Todo o cal nos induce a concluír que o papel destes medios non foi o do altofalante das reivindicacións memorialistas que axudaría na expansión do fenómeno. Un papel, por outro lado, que si adquiriron noutros procesos de mobilización. Todo ao contrario, o seu papel tendeu a conter ou desincentivar as accións da memoria.

Cunha función similar na ocultación ou censura das accións da memoria poderíamos encadrar o detectado nun número considerable de actas municipais, onde resultou frecuente a eliminación da connotación "franquista" e por tanto memorialista, presente nas propostas, intervencións e acordos. Este control da memoria traumática dende as concellos enmárcase no

que denominamos mecanismos institucionais de contención burocrática, entre os que resalta a actuación dos gobernadores civís coa facultade de permitir ou prohibir as accións memoriais da sociedade civil, principalmente aquelas en formato homenaxes ou conferencias. Neste caso, por tanto, atopámonos ante métodos nos que a actuación de contención se executou de modo directo. O gobernador solicitaba a actuación da policía para a elaboración de informes sobre o perfil político dos participantes, con frecuencia requiría modificacións no desenvolvemento do acto ou maior detalle na información que se ofrecía sobre este. Ademais de todo isto outros condicionantes entraban en xogo para que a decisión final fose a permisividade ou a prohibición, entre os cales se atopaba a propia actitude do gobernador en cuestión ou o contexto político concreto en que ía ter lugar a acción. Todo o cal amosa tamén unha ampla marxe discrecional na actuación dos gobernos civís, amparada no articulado das novas leis de reunión e asociación política. En definitiva, consideramos clave o control social e político que durante os anos transicionais seguiu exercendo esta figura gobernativa, e en definitiva o goberno do estado, e que no caso do memorialismo influíu de xeito notable nas posibilidades para a acción.

Poderíamos considerar tamén como mecanismos burocráticos desmobilizadores a promulgación de determinadas normativas, en concreto o artigo 6 da lei de reunión ou do artigo 5 do decreto dos novos símbolos do estado que serviron para evitar a celebración de accións memorialistas ou a eliminación de simboloxía franquista. Máis tamén se podería comprender neste sentido de desmobilización do memorialismo, a ausencia de lexislación. Ou dito doutro xeito, a ausencia de amparo legal que incentivase a realización de accións da memoria.

Por outra parte, e en grande medida por orde do gobernador, funcionou outro mecanismo de contención das accións memoriais da sociedade civil. Referímonos a actuación das forzas da orde, é dicir a Policía ou a Guardia Civil. Esta podía consistir na intervención, con diversos grados de violencia, co obxectivo de disolver aos participantes na actuación e por tanto, impedir que esta se realizase. Porén, e isto resultou un procedemento moi común, podían contribuír á contención e desmobilización das accións memoriais unicamente coa súa presenza nos actos. Esta participación resultaba intimidatoria, tanto se os efectivos estaban uniformados como se estes ían de paisanos. Convén ter en conta que estas actuacións gobernativas e policiais eran continuadoras das despregadas antes de iniciarse a Transición. Debido a ausencia dun proceso depurador, tratábase en boa medida dos mesmos gobernadores, funcionarios e policías que operaran durante a ditadura, e por tanto, con pequenas variacións, dos mesmos métodos e procedementos.

A acción represiva, tanto a nivel gobernativo como policial, foi máis intensa con aqueles axentes situados fóra do relato da reconciliación, entre eles destaca o caso da Convención Republicana de los Pueblos de España, quen ademais de ser considerada herdeira do terrorismo enunciaba reivindicacións memorialistas que incluían o procesamento dos vitimarios.

Como mecanismos da contención institucional convén tamén mencionar os executados dende o ámbito xudicial que estiveron orientados á censura de publicacións. Isto, ademais de impedir a difusión de información considerada inconveniente, tivo un poder exemplarizante. O máximo expoñente do anterior distínguese no xuízo contra Fernando Ramos acusado de calumniador pola familia dun verdugo.

Por último diferenciáronse os mecanismos de contención de acción directa no ámbito sociopolítico comprendidos como a resposta dos sectores da dereita e do franquismo á acción memorial e que con frecuencia implicaba certo grado de violencia. Destacamos entre elas a presenza de grupos simpatizantes do franquismo nos plenos municipais cun carácter

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

boicoteador, as concentracións da extrema dereita ante as cruces aos caídos ou as ameazas que sufriron os concelleiros que impulsaban algunha acción memorial.

Despois deste análise queda demostrada a presenza da memoria traumática no espazo público dende 1976. Unha presenza que foi incómoda e conflitiva na medida en que debía facer fronte ao que se foi consolidando como unha verdade incuestionable: a existencia dunha vontade colectiva de esquecer.

Como puido existir esa vontade se a cidadanía non se expresou ao respecto por ningún dos canles establecidos para tal fin, foi un dos interrogantes que deron pé a este traballo. Trala investigación emprendida e a través da análise da información acadada a resposta avoga pola imposibilidade de constatar a existencia desa vontade de esquecemento. É máis, o que se puido constatar foi a existencia de actores diversos que non tiveron desexo de esquecer e que o amosaron precisamente mediante accións que reflexaban un desexo de recordar, de facer memoria, de levar ao espazo público o trauma, de reparar a dor, incluso de facer xustiza.

Pese a isto, tamén foron salientables as limitacións da mobilización e reivindicación da memoria que, a medida que pasaron os anos, a foron situando nas marxes do sistema. As demandas memorialistas non se atoparon entre as grandes preocupacións da cidadanía, ou dito doutro xeito estas ocuparon un espazo periférico dentro da axenda pública. Esta posición explícase en base a diversos elementos do sistema político e social en reforma. En primeiro lugar a predominancia do relato da reconciliación, unha parte das vítimas e en xeral da sociedade asumiu os preceptos da memoria oficial negacionista franquista que transitou sen apenas variacións cara o novo sistema, e se consagrou a través da lei de amnistía. En segundo a posición en torno á memoria dos actores con maior poder político e social, entre eles os medios de comunicación de masas, un actor que xoga un papel determinante na percepción de que problemas debe ser prioritario solucionar. Estes mantiveron un perfil baixo na cobertura das accións memorialistas e maioritariamente difundiron unha perspectiva senón crítica con estas, sempre dentro dos marxes do relato da reconciliación. A suma destas casuísticas, por tanto, dificultou a percepción do problema e a enunciación de reivindicacións memorialistas. E por tanto explica ese lugar da memoria traumática na axenda pública.

A memoria traumática cando entrou na axenda o fixo como un asunto conflitivo. Habitualmente dende as marxes, por colectivos e actores críticos coa hexemonía cultural que proclamaba a necesidade de esquecer. Fíxoo na sociedade civil, en forma de homenaxes a vítimas en cemiterios ou nas agresións ás placas franquistas, dende o asociacionismo máis tamén dende o municipalismo. Así, nas institucións apareceu maioritariamente nos concellos, espazos de menor control das estruturas centralizadas dos partidos, e á súa vez as mais achegadas á cidadanía. Todo o cal reforza a tese da existencia dunha demanda no recordo que non foi recollida polos actores con maior poder social e político, que pola contra confrontaron con esta demanda difundido a existencia dun desexo maioritario de "España" no esquecemento. Unha construción dominante no non-recordo ao que se enfrontaban quen promovía accións da memoria. De modo que habitualmente a soa existencia de propostas memorialistas produciu algún tipo de violencia máis ou menos explícita, tanto dentro como fóra das institucións. Por exemplo nas discusións airadas nos plenos municipais ou na presenza ameazante de militantes de extrema dereita fronte aos monumentos de exaltación franquista. O que, consideramos, evidencia a existencia de debate público arredor deste tema, e de que o consenso arredor da necesidade e vontade de esquecer é unha descrición afastada da realidade histórica estudada na presente tese. En definitiva, fronte á pulsión dende arriba polo esquecemento, a memoria traumática abriuse paso dende abaixo.

USC DE COMPOSTELA

FONTES

FONTES HEMEROGRÁFICAS

Hemeroteca da Biblioteca Virtual de la Prensa Histórica

La Hoja del Lunes (1976-1986)

Hemeroteca da Biblioteca Central da Universidade de Vigo

Interviú (1976-1986)

Hemeroteca da Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago de Compostela

La Región (1976-1979)

El Progreso (1979-1981)

Hemeroteca dixital da publicación

La Voz de Galicia (1975-1986)

A Nosa Terra (1977-1986)

El País (1976-1981)

Faro de Vigo (1975-1986)

Hemeroteca dixital do Consello da Cultura Galega.

Teima (1976-1977)

Dependencias do Diario de Pontevedra

Diario de Pontevedra (1975-1986)

Arquivo persoal Dionísio Pereira

Man Común (1980-1981)

Arquivo persoal de Adolfo Barranco

Boletín do Tribunal Internacional de Crímenes del Franquismo (nº2, 3 e 5 da edición en castelán; nº1, 2 e 5 da edición en francés).

Órgano da Convención Republicana de los pueblos de España (1978)

Arquivo Luís Tilve

Loita (1975)

Galicia Socialista

Boletíns CNT

Arousa Socialista

Acción Sindical (1984-1986)

UGT Galicia

Arquivo dixital Pandora.girona.cat

Avui (1976-1981)

Biblioteques de CCOO de Catalunya - Arxiu Històric i CERES

Llibertat butlletí interior d'informació de la Associació Catalana d'Ex-presos Polítics i Socials Associació Catalana d'Ex-presos Polítics i Socials (1976-1986)

FONTES DOCUMENTAIS

Arquivo General de la Administración

Fondo do Gabinete de Enlace o Ministerio de Información e Turismo.

Caixa 42/08907

Caixa 42/09134

Caixa 42/09111

Caixa 42/08907

Caixa 42/09152

Caixa 42/08905

Caixa 42/08907

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Caixa 42/09150

Caixa 42/09025

Caixa 42/09042

Caixa 42/09112

Caixa 42/09113

Caixa 42/09137

Caixa 42/09108

Caixa 42/9112

Caixa 42/09059

Caixa 42/09097

Caixa 42/09106

Caixa 42/09137

Fondo do Ministerio de Gobernación

Expedientes cambios nomes de rúas. Catálogo (08) 011043

Caixa 3883

Caixa 3884

Caixa 3885

Caixa 3886

Expedientes cambios nomes de rúas. Catálogo (08) 011043

Caixa 3898

Caixa 3886

Caixa 3899

Caixa 3897

Caixa 3896

Dirección General de la Guardia Civil

Caixa 44/13471

Caixa 44/13472

Caixa 44/13478

Caixa 44/13476

Caixa 44/12464

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Caixa 44/12407

Caixa 44/12521

Caixa 11 -15.48813470

Caixa 14 -15,491,13473

Caixa 15- 15,492,13474

Caixa 16- 15,439.13475

Caixa 18- 15,495,13477

Caixa 20- 15,497,13479

Caixa 21 -15,498.13480

Caixa 22- 15499. 13481

Caixa 23- 15500. 13482

Fondo Ministerio de la Presidencia

Memorias Goberno Civil (08) 031.000

Caixa 32/11451

Caixa 32/11461

Arquivo General del Ministerio del Interior

Ministerio de Gobernación. Fondos de la Sección de Recursos de la Secretaría General Técnica

Expediente manifestación homenaje Alexandre Bóveda en Pontevedra (Rec. 2123/76)

Archivo General del Departamento

Expediente penitenciario de José Humberto Baena Alonso

Expediente penitenciario Mercedes Núñez Targa

Expediente sobre recurso de alzada de Bernardo Maiz Vázquez

Expediente de antecedentes policiales de Gustavo Docampo Paradela.

Arquivo do Reino de Galicia

Fondo Goberno Civil da Coruña

Dereito cidadáns e orde pública

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Caixa 17098

Caixa 17103

Caixa 17105

Caixa 17125

Caixa 17121

Secretaría General /Sección de gobierno y régimen interior/ Negociado de orden público

Caixa 30998

Caixa 31068

Caixa 32564

Caixa 31044

Caixa 31046

Caixa G-2145

Caixa G-1369

Caixa G-2149

Caixa G-1356

Caixa G-1379

Caixa G-1360

Caixa G-1363

Caixa G-1386

Caixa G-1364

Caixa G-1370

Caixa G-1381

Caixa G-1380

Caixa G-1366

Caixa G-1366

Caixa G-1367

Caixa G-1454

Caixa 31072

Caixa 31076

Caixa 31118

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Caixa 31121

Caixa 31122

Caixa 31123

Caixa 31166

Caixa 31147

Caixa 31134

Caixa 31165

Caixa 31168

Caixa 33651

Caixa 31588

Caixa 31062

Caixa 31094

Caixa 32767

Caixa 33141

Caixa 33131

Caixa 31069

Caixa 31090

Caixa 31067

Caixa 31129

Caixa 32768

Caixa 31560

Caixa 31653

Caixa 31923

Caixa 31108

Caixa 31127

Caixa 31526

Caixa 31681

Caixa 34301

Caixa 33909

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Vicesecretaría General/ Sección de derechos ciudadanos y administración

Caixa 34209

Caixa G-4607/5

Caixa G-4301

Caixa G-1357

Caixa G-1358

Caixa G-1359

Caixa G-1466

Caixa G-1470

Caixa G-1372

Caixa G-1461

Caixa G-1610

Caixa G-1609

Caixa G-1608

Caixa G-1453

Caixa G-1614

Caixa G-1618

Caixa G-2614

Caixa G-2479

Caixa G-2613

Arquivo Histórico Provincial de Ourense

Fondo Goberno Civil

Caixa 5395

Arquivo Histórico Provincial de Lugo

Fondo Goberno Civil, Secretaría General, Orden público

Caixa 13354

Caixa 13366

Caixa 13592

Caixa 13593

Caixa 13594

Caixa 13365

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Caixa 13359

Caixa 13361

Caixa 13362

Caixa 13363

Caixa 13364

Caixa 13365

Arquivo Subdelegación de Pontevedra

Fondo Goberno Civil

Caixa 2301

Caixa 2302

Caixa 721

Caixa 3278

Caixa 5853

Caixa 904

Arquivo Municipal da Coruña

Libros de actas dos plenos (1979-1986)

Arquivo Municipal de Santiago de Compostela

Libros de actas dos plenos (1979-1986)[2473]

Arquivo Municipal de Ferrol

Libros de actas dos plenos (1979-1986)

Arquivo Municipal de Vigo

Libros de actas dos plenos (1979-1986)[2474]

[2473] Ausencia de varios libros de actas e os anos anteriores 84 e 85.
[2474] A partir do ano 1983 os libros estaba aínda ubicados nas dependencias da secretaría no Concello de Vigo, onde foron consultados.

Arquivo Municipal de Pontevedra

Libros de actas dos plenos (1976-1986)

Libros de actas da Comisión Permanente (1981-1986)

Expediente Monumento Alexandre Bóveda, 7.060/86

Expediente carballo en Monumento Castelao, 3.444/86

Expediente Monumento al Soldado Desconocido, 22934/11.

Arquivo Municipal de Vilagarcía de Arousa

Libros de actas dos plenos (1979-1986)

Expediente petición subvención A Guarda (U.I. 16733, Nº52)

Expediente cambio de nomes das rúas 1981 (U.I. 51, Nº11)

Expediente cambio denominación instituto Calvo Sotelo (UI 51, Nº11)

Expediente cambio denominación instituto Francisco Franco (UI 51, Nº12)

Expediente rúa Pablo Iglesias (UI 16733, Nº 51)

Arquivo Municipal de Ourense

Libros de actas dos plenos (1979-1986)

Arquivo Municipal de Lugo

Libros de actas dos plenos (1979-1986)

Arquivo Municipal de Redondela

Libros de actas dos plenos (1979-1986)

Documentación relativa a feridos e mortos por causa da guerra civil (CAIXA 2085)

Actas e expedientes da Comisión de Cultura, Caixa 4955

Actas da Comisión Municipal Permanente (1979-1986)

Arquivo Municipal de Soutomaior

Libros de actos dos plenos (1979-1986)

Actas da Comisión Municipal de Goberno (1979-1986)

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Arquivo Municipal do Barco de Valdeorras

Libros de actas dos plenos (1979-1986)

Arquivo Municipal da Guarda

Libros de actas dos plenos (1979-1986)

Arquivo Municipal de Moaña

Libros de actas dos plenos (1979-1986)

Arquivo Municipal de Corcubión

Libros de actas dos plenos (1979-1986)

Arquivo Municipal de Tui

Libro de actas dos plenos 1986

Arquivo Deputación Provincial de Ourense

Libros de actas dos plenos da Deputación (1979-1986)

Atopo.gal. Arquivo Dixital da Deputación de Pontevedra

Fondos Gráficos do Arquivo Municipal de Pontevedra

AMPO-A007/093 a 112

AMPO-A008/061

Arquivo 10 de marzo

Biblioteca Santiago Alvarez Gómez

Arquivo Fundación Penzol, Casa da Cultura de Vigo

Doazón Álvarez Basso

Fondo Emilio Álvarez Blázquez

Fondo Antonio Pérez Prado

Dossier Federico García Lorca, CA-0466/002

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Película Castelao CA-0467/023

Correspondencia con Darío Álvarez Blázquez, CA-0400/016

Fondo Ramón Otero Pedrayo

Correspondencia Comisión Homenaxe Castelao, CA-0611/091

Discurso Castelao, CA-0734/001

Fondo Ramón Martínez López

Fundación Castelao, CA-0154/005

Fondo Ramón Piñeiro

Documentación Castelao, CA-0361/002/002, CA-0361/003/029, CA-0611/091

Correspondencia con Darío Álvarez Blázquez, CA-0246/005

Fondo Xosé María Álvarez Blázquez

Notas sobre lugares e monumentos de Vigo, CA-0488/007

Arquivo Francisco Fernández del Riego, Casa da Cultura de Vigo

Correspondencia homenaxes Bóveda, CA-074/001/051 A 056

Correspondencia con Darío Álvarez Blázquez, CA-001/023

Arquivos persoais

Arquivo persoal de Miguel Cuña Casasbellas

Arquivo persoal de Adolfo Barranco Aparicio

Arquivo persoal de Andrés Couñago Laxe

Arquivo persoal de Anónimos

Arquivo persoal de Carlos Etchevarría

Arquivo persoal de Carlos Pereira Pérez

Arquivo persoal de Celso López

Arquivo persoal de Dionísio Pereira

Arquivo persoal de Gustavo Docampo

Arquivo persoal de Jose Antonio Uris

Arquivo persoal de Jose María Monterroso

Arquivo persoal de Luís Chapela

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Arquivo persoal de Manuel Pazos Gómez

Arquivo persoal de Margarita Teijeiro

Arquivo persoal de Miguel Gutiérrez

Arquivo persoal de Xosé Ramón Ermida Meilán

Arquivo persoal Enriqueta Ramona Otero

Bibliografía da época, testemuñas[2475]

Edición facsímil (2001) da libro editado polo Comité de homenaje a los mártires de Betanzos y su distrito, do autor Ramón Beade: *Betanzos honra a sus mártires.* Edición a cargo da Fundación 10 de marzo e o Concello de Betanzos.

Edición a cargo de Carlos Pereira, editado en 1998 polo Fardel da Memoria de: *O que fixeron en Galicia.*

Adrio, G. (2004). *Sin odio, sin rencor, pero el recuerdo vivo.* Ediciós do Castro.

Alonso, X. (1996). *Coroa poética para un mártir.* Edicións Xerais.

Alonso, X. (2009). *Cartas de republicanos galegos condenados a morte (1936-1948).* Edicións Xerais.

Dourado, M. (2014). *O primeiro retorno de Castelao.* Axouxere Editora,

Estévez, J.L. (2021). *Pasín. Memoria dunha resistencia*. Editora Alvarellos.

Freixanes, V.F.(2019). *O fresco. Memorias dun fuxido* (1936). Edicións Xerais.

García, J. (1982). *Abajo las dictaduras.* Artes Gráficas Galicia.

González, C. (2007). *Xosé María Álvarez Blázquez 1915-1985.* Editorial Toxo Soutos.

Liñares, X.A. (1997). *O centenario de Castelao na lembranza.* Fundación Castelao.

Noya, J. (2007). *Fuxidos.* Edicións Xerais.

Núñez, M. (2016). *El valor de la memoria. De la cárcel de Ventas al campo de Ravensbrück.* Renacimiento.

Pedrayo, O. (1986). *A miña amizade con Castelao.* Ediciós o Castro.

Pillado, M. (2002). *Desde el mar que perdiste*. Ediciós do Castro.

Torán, R. (2008). *Amical de Mauthausen: lucha y recuerdo. 1962-1978-2008.* Amical de Mauthausen.

[2475] Indicamos aquí os que consultamos con profundidade, aínda que a lista é máis extensa e está referenciada nas notas ao pé de páxina.

Trabal, A. (1986). *Breve historial de la liga de los mutilados e inválidos de la guerra de España 1936-1939 en Francia.* Federación Española Liga de Mutilados.

Vega, P. (1981). *Historia de la Liga de los Mutilados.* Liga de mutilados e Inválidos de la guerra de España.

FONTES ORAIS

Entrevistas realizadas para esta investigación

1. Adolfo Barranco Aparicio, (Telefónica, xullo 2022)
2. Alfonso Álvarez Gándara, (Vigo, 19 de maio de 2017)
3. Alfonso Álvarez Gándara, (Vigo, 19 de maio de 2017)
4. Alfonso Eiré, (Telefónica, outubro 2023)
5. Andrés Couñago Laxe, (Telefónica, xuño 2024)
6. Bernardo Maiz, (Telefónicas, 2017- 2024) [2476]
7. Carlos Etchevarría, (A Coruña, 27 de decembro de 2021
8. Carlos Pereira Pérez, telefónica Telefónica, 27 de marzo de 2024)
9. Celso López, (Vigo, novembro de 2016)
10. Cladio López Garrido, (Telefónica, 13 de novembro de 2016).
11. Constantino Iglesias García, (Pontevedra, 4 de outubro de 2023)
12. Dionísio Pereira González, (Cerdedo e Telefónicas, 2022- 2024)
13. Dúas persoas anónimas (Vigo, 21 de xullo de 2022)
14. Enrique Acuña, (Telefónica, 11 de xaneiro de 2017)
15. Enrique Barrera, (Telefónica, febreiro de 2017)
16. Enriqueta Ramona Otero (Pontevedra, outubro de 2023
17. Francisco García e Juan Golpe (Vilarmaior, 28 de decembro de 2019).
18. Francisco Rodríguez Sánchez, (Telefónica, 26 de novembro de 2019)
19. Gustavo Docampo Paradela (O Barco de Valdeorras, 3 de xaneiro de 2022)
20. Helena Pousa (Goián, Novembro de 2023).
21. Jose Antonio Uris Guisantes, (A Guarda, 6 de febreiro de 2018)
22. Jose Manuel Domínguez Freitas, (A Guarda, 30 de novembro de 2021)
23. Jose María Monterroso, (A Coruña, 16 de outubro de 2016)
24. Juan Golpe Núñez (Vilarmaior, 28 de decembro de 2019).
25. Leandro del Río (Telefónica, 18 de xaneiro de 2022)
26. Lola Varela Salgado, (Cerdedo e Telefónicas, 2022-2023)
27. Luís Chapela Bermúdez, (Moaña e Telefónicas, 2021-2023).
28. Luís Pasín Liñares(Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2022).
29. Manolo Pereira e Xurxo Pérez (Pontevedra decembro de 2016)
30. Manolo Pérez Rúa (Telefónica 16 de decembro de 2021).
31. Manuel Pazos Gómez (Telefónica, abril de 2023
32. Margarita Teijeiro (Vilgarcía de Arousa, 16 de decembro de 2016)

[2476] Con algunhas fontes mantiven moitos encontros e conversas, polo que inclúo a marxe temporal na que se produciron. Telefónica inclúe tamén por email ou videoconferencia.

33. Miguel A. Cuña Casasbellas, (Pontevedra, 2 de agosto de 2022)
34. Pablo Iglesias Núñez, (Telefónica, 3 de decembro de 2021)
35. Telmo Comesaña Pampillón, (Vigo, 18 de maio de 2021)
36. Uxío Breogán Diéguez, (Telefónica, febreiro de 2017)
37. Xabier Abalo Costa, (Telefónica, 2021-2023)
38. Xosé Álvarez Castro, (Pontevedra, 2016- 2023)
39. Xosé González Martínez, (Vigo, 20 de maio de 2021)
40. Xosé Luís Calvo (Pontevedra, 2019).
41. Xosé Manuel Crego, (Telefónica, 15 de decembro de 2016)
42. Xosé María Álvarez Blázquez, (Telefónica, 10 de abril de 2017)
43. Xosé María Álvarez Cáccamo e Carlos Méixome (San Simón, 16 de xullo de 2023).
44. Xosé Ramón Ermida Meilán, (Telefónicas, outubro de 2023)
45. Xurxo Pérez, (Vigo, 22 de novembro de 2016)
46. Montse Fajardo, (Telefónica, xullo de 2024)
47. Luís Bará, (Pontevedra e telefónica, 2021-2024)
48. Ricardo Gurriarán, (Telefónica, decembro de 2024).

Fondo Nomes e Voces

1. Arturo Pérez e Alberte Pérez, (*sin 2061)*
2. Luís Pasín Liñares (*sin 2192)*
3. Mar y Luz Villaverde Otero (Fondo Villaverde Otero, *sin* 2185).
4. Alberto Óscar López López (*sin* 2132)
5. Antonio Castro Ferreiro (*sin* 2173)
6. Antonio Munch Iglesias (*sin* 2023)
7. Concha González Mosquera (*sin 2359)*
8. Dolores Pérez Rouco (*sin 2452)*
9. Eugenio Rodríguez Pérez (*sin 2361)*
10. Fernanda Cedrón Trigo (*sin* 2454)
11. Florinda Estévez Garrido (*sin 2441)*
12. Gabriel Toimil García (*sin* 2458)
13. Jesús Ramos Viveiro (*sin* 2179)
14. Jorge Seoane Cruz (*sin 2400)*
15. José Francisco Carlés Carbia (*sin 2354)*
16. María del Carmen Nores Graña (*sin* 2360)
17. María José López Vázquez (*sin* 2355)
18. Rosa María Rastrollo García (*sin* 2003).

Conferencia de Flor Baena presentada por Lourenzo Fernández Prieto (Facultade de Xeografía e Historia (USC), 29 de setembro de 2021).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

BIBLIOGRAFÍA

Aguilar, P. (1996). *Memoria y olvido de la Guerra Civil española*. Alianza Editorial.

Aguilar, P. (2001*). Justicia, política y memoria: los legados del franquismo en la transición española*. Instituto Juan March de Estudios e Investigaciones.

Aguilar, P. (2017). Unwilling to forget: local memory initiatives in post-Franco Spain. *South European Society and Politics*, *22*(4), 405-426.

Aguilar, P. (2018). Memoria y transición en España. Exhumaciones de fusilados republicanos y homenajes en su honor. *Historia y política, (39),* 291-325.

Aguilar, P. (2019). El primer ciclo de exhumaciones y homenajes a fusilados republicanos en Navarra. *Kamchatka: revista de análisis cultural, 13,* 227-269.

Aguilar, P. e Ferrándiz, F. (2016). Memory, media and spectacle: Interviú's portrayal of Civil War exhumations in the early years of Spanish democracy. *Journal of Spanish Cultural Studies*, *17*(1), 1-25.

Aguilar, P. e León, G. (2018). Memoria, política e iniciativa social a nivel local. Las exhumaciones de fusilados republicanos durante la transición en La Serena. *Historia Social, (92),* 81-102.

Aguilar, P. e León, G. (2022). Los orígenes de la memoria histórica en España. Los costes del emprendimiento memorialista en la Transición. *Historia y política, 47,* 317-353.

Aguilar, P. e Payne, L.A. (2018). *El resurgir del pasado en España: fosas de víctimas y confesiones de verdugos.* Taurus.

Aguirre, V. (2007). *Aquí nunca pasó nada. La Rioja 1936.* Editorial Ochoa.

Alonso, B. (2009). A recuperación da memoria no exilio. En Diéguez, U. B. (Coord.) *A Galiza de Bóveda. Actas do Congreso, 2003*. Cátedra Alexandre Bóveda da Universidade de Vigo e Difusora de Letras, Artes e Ideas, S.L.

Alonso, J. (2017). *Memorias de piedra y de acero. Los monumentos a las vítimas de la guerra civil y del franquismo en Euskadi.* Fundación Museo de la Paz de Guernika. Centro de Documentación sobre el Bombardeo de Guernika.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Álvarez, K., e Lovaglio, D. (2013). Por una definición del 15M. Una multitud irrepresentable. 15MP2P-*Encuentro transdisciplinar del 15M.*

Álvarez, X. (2022). *Os anos do silencio. Represión e resistencia na provincia de Pontevedra (1936-1951).* Edicións Xerais de Galicia.

Alzate, M. L. e Romo, G. (2017). La agenda pública en sus teorías y aproximaciones metodológicas. Una clasificación alternativa. *Revista Enfoques: Ciencia Política y Administración Pública, 15*(26), 13-35.

Anderson, M.E. (2018). Perpetrator Trauma, Empathic Unsettlement, and the Uncanny: Conceptualizations of Perpetrators in South Africa's Truth Commission Special Report. *Journal of Perpetrator Research, 2(1),* 95–118.

Antelo, X. (2022). Poderes locales en el mundo rural gallego durante la transición democrática. *Studia Histórica. Historia contemporánea, 40*, 135-161.

Arce, J.M. (2000). Diez años de gobierno del PSOE (1982-1992). *Espacio, Tiempo y Forma, Serie V, H."" Contemporánea,* (13),189-209.

Ardoiz, L., Fernández, I. e Ijalba, P. (2020). Por una memoria histórica europea: el caso de las exhumaciones tempranas en España del año 1979. *Revista de Estudios Europeos,* 75, 365-377.

Aróstegui, J. (2006). Traumas colectivos y memorias generacionales: el caso de la guerra civil. En J. Aróstegui e F. Godicheau (Eds.), *Guerra civil. Mito y memoria* (pp. 57-95). Marcial Pons.

Aróstegui, J. e Gálvez, S. (2010). Presentación. "Generaciones y memoria de la represión franquista". En J. Aróstegui e S. Gálvez (Eds.), *Generaciones y memoria de la represión franquista* (pp. 9-14). Publicacions de la Universitat de València.

Aróstegui, J. e Godicheau, F. (2006). *Guerra civil. Mito y memoria*. Marcial Pons.

Arrington, C.L. (2010). *Accidental Activists: How Victim Groups Hold the Government Accountable in Japan and South Korea.* [Tese doutoral, University of California, Berkeley].

Assman, A. (2010). The Holocaust – a Global Memory? Extensions and Limits of a New Memory Community. En A. Assman and S. Conrad (Eds), *Memory in a Global Age Discourses, Practices and Trajectories* (pp. 97-119). Palgrave Macmillan Memory Studies.

Baby, S. (2018). *El mito de la transición pacífica: violencia y política en España (1975-1982).* Ediciones Akal.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Bardach, E. (1993). Problemas de la definición de problemas en el análisis de políticas. En L. F. Aguilar Villanueva (Ed.), *Problemas públicos y agenda de gobierno.* (pp. 219-233). Porrúa.

Barranquero, E. e Prieto, L. (2018). *La derrota bajo tierra. Las fosas comunes del franquismo.* Editorial Comares.

Bazyler, M. J. (2002). The holocaust restitution movement in comparative perspective. *Berkeley Journal of International Law*, *20*(1), 11-44.

Bellido, F. (2016). La Transición televisiva. Adolfo Suárez y la personificación de la reforma política. *IX Encuentro Internacional de Investigadores del Franquismo 80 años de la Guerra Civil Española*, Granada, España.

Belloso, M. J. I. (2010). La toponimia urbana en el derecho español. *Revista de administración pública*, (181), 267-300.

Beramendi, J. (2007). *De provincia a nación. Historia do galeguismo político.* Edicións Xerais.

Bernal, M.D e Carbalán, J. (2017). *Associació Pro-memòria als Immolats per la Llibertat a Catalunya. La veu dels morts silenciats*. Edicións da Generalitat de Catalunya.. Departament d'Afers i Relacions Institucionals i Exteriors i Transparència.

Blanco, J. A. (2007). La historiografía de la guerra civil española. *HISPANIA NOVA. Revista de Historia Contemporánea*, (7).

Bolloten, B. (1975). *El gran engaño. Las izquierdas y su lucha por el poder en la zona republicana.* Luís de Caralt.

Buxeiro, X. (2023). *Golpe, guerra e violencia na Galiza de 1936. Un estudo desde o norte da provincia de Lugo*. [Tese doutoral. Universidade de Santiago de Compostela].

Cabana, A. (2006). *Entre a resistencia e adaptación. A sociedade rural galega no franquismo 81936-1960).* [Tese doutoral. Universidade de Santiago de Compostela].

Cabana, A. (2013a). *La derrota de lo épico*. Universitat de València.

Cabana, A. (2013b). Sobrellevar la vida: memorias de resistencias y resistencias de las memorias al franquismo. En M.A. Del Arco, C. Fuertes, C. Hernández e J. Marco (Eds). *No solo miedo. Actitudes políticas y opinión popular bajo la dictadura (1936-1977)* (pp.97-108). Comares Historia.

Cabana, A. e Nogueira, M.X. (2014). Silencio, memoria y documentos de sombra. Desmemorias y relatos sobre la represión durante la guerra civil. *Ámbitos. Revista de Ciencias Sociales y Humanidades*, (32), 15-26.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Campos, J. (2008). *Los fusilados de Peralta, la vuelta a casa (1936-1978): Operación Retorno.* Pamiela.

Caralt, A. (2017). *Agrupació de Supervivents de la Lleva del Biberó: 41.669 BIBERONS.* Edicións da Generalitat de Catalunya. Departament d'Afers i Relacions Institucionals i Exteriors i Transparència.

Cardesín, J.M. (2002). El poder de las imágenes: Memoria histórica y acción política en la ciudad de Ferrol. *III Journées de la Société Française d'Historie Urbaine.*

Casals, X. (2016). *La transición española. El voto ignorado de las armas.* Pasado & Presente.

Casar, M. A. e Maldonado, C. (2010). Formación de agenda y proceso de toma de decisiones. Una aproximación desde la ciencia política. En M. Merino, e G. Cejudo (Eds.), *Problemas, decisiones y soluciones. Enfoques de política pública.* Fondo de Cultura Económica, CIDE.

Castro, L. (2008). *Héroes y caídos. Políticas de la memoria en la España Contemporánea.* Catarata.

Chaves, J. (2012). Los procesos de construcción de la memoria de la Guerra Civil y el Franquismo en la España actual. *Historia del presente, (*19), 87-102.

Chinchón, J. (2008). Transición española y justicia transicional:¿ qué papel juega el ordenamiento jurídico internacional en un proceso de transición? a propósito de la coherencia, buena fe y otros principios de derecho internacional postergados en la transición política de España. *Entelequia. Revista Interdisciplinar*, (7), 331-354.

Chinchón, J. (2014). Del intento de acabar con la jurisdicción universal para el bien de las víctimas y del Derecho internacional: Examen crítico de la Ley Orgánica 1/2014, de 13 de marzo, de modificación de la Ley Orgánica 6/1985, de 1 de julio, del Poder Judicial, relativa a la justicia universal. *Revista de Derecho Penal y Criminología, 4(5),*161-173.

Cidrás, A. (2023). *A xudicialización da violencia golpista. Unha mirada transversal á administración de xustiza entre 1930 e 1942.* [Tese doutoral. Universidade de Santiago de Compostela].

Coleman, R., McCombs, M., Shaw, D. e Weaver, D. (2009). Agenda setting. En *The handbook of journalism studies* (pp. 167-180). Routledge.

Conesa, R. (2013). Del duelo clandestino al recuerdo colectivo: el Fossar de la Pedrera del cementerio de Montjuïc. En Mir, C. e Gelonch, J. (Eds.), *Duelo y memoria : espacios para el recuerdo de las víctimas de la represión franquista en perspectiva comparada* (pp.171-198). Edicions de la Universitat de Lleida.

Conesa, R. (2018). David contra Goliat. Memoria, reconciliación y espacio público en la Barcelona de los ochenta. *Historia, trabajo y sociedad,* (9),101-123.

Conesa, R. (2021). Cabells blancs i tonades de llibertat. Les associacions memorialistes i la pugna pel passat després de Franco. En Pons-Altés, J.M. (Coord.), *Ciutadania compromesa i educació: Propostes per al foment de la memòria democràtica* (pp. 125-142). Publicacions URV.

Conesa, R. (2022). *La ciutat que recorda. Memòries de guerra i dictadura a l'espai públic de Barcelona, 1975-2000* . [Tese doutoral. Universitat de Barcelona].

Contreras, M. e Cebrián, E. (2015). La ley para la reforma política: memoria y legitimidad en los inicios de la Transición española. *Revista de Estudios Políticos, 168,* 77-114.

Costas, F.J. (2022). *En 1939 nos vimos en Oia.* Real Mosteiro de Oia.

Cuesta, J. (2007). Recuerdo, silencio y amnistía en la Transición y en la democracia españolas (1975-2006). *Studia historica. Historia contemporánea, 25*, 125-165.

Cuesta, R. (2010). La memoria de la transición española a la democracia. La fábrica de embelecos e identidades. *Pliegos de Yuste,* (11-12), 17-24.

Daase, C. (2010). Addressing Painful Memories: Apologies as a New Practice in International Relations. En A. Assman and S. Conrad (Eds), *Memory in a Global Age Discourses, Practices and Trajectories* (pp.79-97). Palgrave Macmillan Memory Studies.

Davis, A. (2015). Enforcing the Transition: The Demobilization of Collective Memory in Spain, 1979–1982. *Bulletin of Hispanic Studies, 92*(6), 667-689.

De Andrés, J. (2004). Las estatuas de Franco, la memoria del franquismo y la transición política española. *Historia y política: Ideas, procesos y movimientos sociales,* (12), 161-186.

De Andrés, J. (2006). *Los símbolos y la memoria del Franquismo*. Fundación Alternativas.

De Kerangat, Z. (2017). Beyond local memories: exhumations of Francoism's victims as counter-discourse during the Spanish transition to democracy. En T. Sindbæk e B. Törnquist-Plewa (Eds.), *The Twentieth Century in European Memory* (pp. 104-121). Brill.

De la Cuesta, J. L. e Odriozola, M. (2018). Marco normativo de la memoria histórica en España: legislación estatal y autonómica. *Revista Electrónica de Ciencia Penal y Criminología, 20*(8), 1-38.

De Mata, I.F. (2006). La memoria y la escucha, la ruptura del mundo y el conflicto de memorias. *HISPANIA NOVA. Revista de Historia Contemporánea,* (6), 689-710.

Del Arco, M.A. (2007). *Hambre de siglos: mundo rural y apoyos sociales del franquismo en Andalucía oriental, 1936-1951*. Comares.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Del Arco, M.A. (2022).*Cruces de memoria y olvido. Los monumentos a los caídos de la guerra civil española (1936-2021).* Editorial Planeta.

Del Río, A. (2005). Los alcances del movimiento social de Recuperación de la Memoria Histórica: apuntes de la experiencia andaluza. En J.M. Valcuende e S.Narotzky (Coords.), *Las políticas de la memoria en los sistemas democráticos: poder, cultura y mercado* (pp. 133-154). Fundación El Monte, Asociación Andaluza de Antropología y Federación de Asociaciones de Antropología del Estado Español.

Del Río, A. (2013). Nuevos sentidos del pasado franquista: Las políticas de la memoria en Andalucía. En J. Escalera Reyes e A. Coca Pérez (Coords.) *Movimientos sociales, participación y ciudadanía en Andalucía* (pp. 145-187). Aconcagua Libros.

Del Río Sánchez, A. e Talego Vázquez, F. (2014). Impugnando la impunidad. Las víctimas del franquismo frente al Estado. En P. Moreno Felíu, S. Bofil e R. Márquez (Coords.), *Antropología, injusticia y nuevas formas de protesta* (pp. 3151-3173).Universitat Rovira i Virgili.

Della Porta, D. e Diani, M. (2011). *Los movimientos sociales.* CIS.

Denham, A. R. (2008). Rethinking historical trauma: Narratives of resilience. *Transcultural psychiatry*, *45*(3), 391-414.

Diani, M. (2015). Revisando el concepto de movimiento social. *Encrucijadas-Revista Crítica de Ciencias Sociales*, (9), 1-16.

Díaz, F. (2006). Una mirada desde las víctimas: el surgimiento de la victimología. Ensayo. *Umbral científico*, (9), 141-159.

Diéguez, U. B. (2009). *A presenza de Alexandre Bóveda no interior e no exilio (1936-1977). Unha primeira achega á cuestión.* En Diéguez, U.B. (Coord.) A Galiza de Bóveda. Actas do Congreso, 2003. Cátedra Alexandre Bóveda da Universidade de Vigo e Difusora de Letras, Artes e Ideas, S.L.

Dorantes, G. L. (2008). La construcción de la agenda de poder. *Revista mexicana de ciencias políticas y sociales*, *50*(204), 77-99.

Duch, M. (2004). Toponimia franquista en democracia. En A. Sabio, R. Valls, C. Forcadell, I. Peiró e G.V. Pasamar (Coords.), *Usos de la Historia y políticas de la memoria (*pp.273-286). Prensas Universitarias de Zaragoza.

Egilior, S. (2020). *El relato de una tragedia ausente. Testimonio audiovisual como método para la representación de la memoria traumática en las investigaciones de los desaparecidos bajo la represión de la guerra civil española*. [Tese Doutoral, Universidad del País Vasco-Euskal Herriko Unibertsitatea].

Egilior, S. (2022). *La memoria traumática.* Dado Ediciones.

Eiroa, M. (2012). Prácticas genocidas en guerra, represión sistémica y reeducación social en posguerra. *HISPANIA NOVA. Revista de Historia Contemporánea,* (10).

Ellis, M. S., e Hutton, E. (2002). Policy implications of world war ii reparations and restitution as applied to the former yugoslavia. *Berkeley Journal of International Law, 20*(1), 342-354.

Elorza, A. (2012). Genocidios. *HISPANIA NOVA. Revista de Historia Contemporánea,* (10).

Erice, F. M. (2008). Memoria histórica y deber de memoria: las dimensiones mundanas de un debate académico. *Entelequia: revista interdisciplinar,* (7), 77-96

Ermida, X.R., Fernández, E., Garrido, X.C. e Pereira, D. (2017). *Os nomes do terror. Galiza 1936: os verdugos que nunca existiron*. Sermos Galiza.

Escribano, E. (2018). Musealizar la memoria de las víctimas. *Revista Historia Autónoma, (*12), 261-278.

Espinosa, F. (2002). Julio del 36. Golpe militar y plan de exterminio. En Casanova Ruiz, J. (Ed). *Morir, matar, sobrevivir. La violencia en la dictadura de Franco*. Crítica.

Espinosa, F. (2006). La memoria de la represión y la lucha por su reconocimiento (En torno a la creación de la Comisión Interministerial), *HISPANIA NOVA. Revista de Historia Contemporánea,* (6), 227-253

Espinosa, F. (2007). De saturaciones y olvidos. Reflexiones en torno a un pasado que no puede pasar. *Hispania Nova,* (7).

Espinosa, F. (2010). *Violencia roja y azul. España 1936-1950.* Crítica.

Fasano, L. (2009). Exiliados gallegos en la Federación de Sociedades Gallegas de la Argentina: una aproximación al tema. *XII Jornadas Interescuelas/Departamentos de Historia. Departamento de Historia de la Facultad de Humanidades y Centro Regional Universitario,* Universidad Nacional del Comahue.

Fasano, L. (2013). *Los exiliados republicanos en Buenos Aires. Labor política y cultural en el ámbito de la comunidad gallega: 1936-1955.* [Tese de doutoramento, Universidad de Buenos Aires].

Fattah, E. A. (1992) *Towards a Critical Victimology*. St. Martin's Press.

Fernández, C. (1982*). El alzamiento de 1936 en Galicia: datos para una historia de la guerra civil.* Ediciós do Castro.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Fernández, L. (2009). Actitudes sociales y políticas en la denominada recuperación de la memoria histórica. Galicia: el proyecto de investigación interuniversitario" Nomes e Voces". *Pasado y memoria: Revista de historia contemporánea*, (8), 131-160.

Fernández, L., Míguez, A. e Vilavedra, D. (2020). *1936.Un nuevo relato.* Prensas de la Universidad de Zaragoza.

Ferrándiz, F. (2007). Exhumaciones y políticas de la memoria en la España contemporánea. *Revista de Historia Contemporánea,* (7), 621-640.

Ferrándiz, F. (2010). De las fosas comunes a los derechos humanos: El descubrimiento de las desapariciones forzadas en la España contemporánea. *Revista de Antropología Social*, (19), 161-189.

Ferrándiz, F. (2014). *El pasado bajo tierra : exhumaciones contemporáneas de la Guerra Civil.* Anthropos.

Ferrándiz, F. (2016). From tear to pixel: political correctness and digital emotions in the exhumation of Civil War mass graves in Spain today. En E. Delgado, P. Fernández e J. Labanyi (Eds.), *Engaging the Emotions in Spanish Culture and History* (pp. 242-261). Vanderbilt University Press.

Ferrándiz, F. e Baer Mieses, A. (2011). Violencia política y memoria digital: las exhumaciones de fosas comunes de la guerra civil (1936-1939) en la España contemporánea. En J. Segovia e B. Nates (Eds.) *Territorios, identidades y violencias* (pp. 185-210). Universidad de los Andes.

Fields, R. M., e Owens, C. (2004). *Martyrdom: The psychology, theology, and politics of self-sacrifice.* Greenwood Publishing Group.

Fouce, J.G. (2007). La lucha por los derechos humanos y la justicia histórica en la España del siglo XX. *HISPANIA NOVA. Revista de Historia Contemporánea*, (7), 665- 689.

Franco, M. e Levín, F. (2007). El pasado cercano en clave historiográfica. En M. Franco e F. Levin (Eds.) *Historia reciente. Perspectivas y desafíos para un campo en construcción*. Paidós.

Fytili, M. (2017). Una comparación de la gestión del pasado traumático bajo el mandato socialista en España (1982-1996) y en Grecia (1981-1989). *Segle XX. Revista catalana d'història,* (10), 49-69.

Fytili, M. (2016). Memoria, Olvido y Democracia: los casos de Grecia y de España. [Tese doutoral en cotutela. Universidad Autónoma de Madrid e Universidade de Atenas].

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Fytili, M. e Cardina, M. (2023). From History to Memory: Representations of Regime Change in Portugal, Spain and Greece. *Mélanges de la Casa de Velázquez,* (53-1).

Gaborit, M. (2006). Memoria histórica. Revertir la historia desde las víctimas. *ECA. Estudios Centroamericanos,* (61) 693-694.

Gallego, F. (2008). Nostalgia y modernización. La extrema derecha española entre la crisis final del franquismo y la consolidación de la democracia (1973-1986). *Ayer,* (71), 175-209.

Gálvez, S. (2006).El proceso de recuperación de la memoria histórica en España: una aproximación a los movimientos sociales por la memoria, *International Journal of Iberian Studies, 19* (1), 25-51.

Gamson, W. A. (1985). Goffman's legacy to political sociology. *Theory and society*, *14* (5), 605-622.

Gamson, W. A. (1991). Commitment and agency in social movements. *Sociological Forum, 6* (1), 27-50.

Gamson, W.A.(1992). The Social Psychology of Collective Action. En A. Morris e C. McClurg (Eds.*), Frontiers in Social Movements Theory* (pp. 52-76). Yale University Press.

Gamson, W. e Lasch, K. (1983). The Political Culture of Social Welfare Policy. En S.E. Spiro e E. Yutchman-Yaar (Eds.), *Evaluating the Welfare State: Social and Political Perspectives* (pp. 397-415). Academic Press.

Ganza, D. R. (2011). Asociacionismo microterritorial gallego y vínculos intersocietarios: algunas reflexiones sobre el Centro Betanzos de Buenos Aires (1941-1965). *XIII Jornadas Interescuelas/Departamentos de Historia. Departamento de Historia de la Facultad de Humanidades,* Universidad Nacional de Catamarca.

García, P. (2021). Exhumaciones y memoria histórica en Castilla y León. El voluntariado memorialista ante la incomparecencia institucional. *Huarte de San Juan. Geografía e Historia, (28),* 13-38.

García, R. (2021). *Violencia, persecucións e relato na conformación do poder golpista en Santiago de Compostela, 1936.* [Tese doutoral. Universidade de Santiago de Compostela].

Gatti, G. (2017). La teoría heredada para pensar la vítima. Insuficiencia, nostalgia y negación. En G. Gatti (Ed.*), Un mundo de víctimas* (pp. 27-36). Anthropos Editorial.

Gil, E. (2000). Crítica a la transición. *Claves de razón práctica,* (107), 9-17.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Gil, P. (2012). Violencia en la guerra civil y equidistancia: argumentos para no sucumbir al embrujo irresistible del punto medio. *Hispania Nova: Revista de historia contemporánea*, (10).

Gómez Alén, J. (2022). Ferrol y Vigo en 1972. Historia y memoria de dos huelgas generales. *Cahiers de civilisation espagnole contemporaine. De 1808 au temps présent,* (29).

Granada, J. G. (2012). Acción colectiva y oportunidades políticas en escenarios de políticas públicas. *Estudios Políticos,* (40), 76-97.

Halbwachs, M. (1997). *La mèmoire collective*. Éditions Albin Michel.

Halbwachs, M. (2004). *Los marcos sociales de la memoria.* Anthropos Editorial.

Hall, K.T. (2021). Downed American Flyers: Forgotten Casualties of Axis Atrocities in World War II. *Journal of Perpetrator Research, 4* (1), 192-221.

Heart, B., e DeBruyn, L. M. (1998). The American Indian holocaust: Healing historical unresolved grief. *American Indian and Alaska native mental health research, 8 (*2), 56-78.

Hermida, C. (1997). La oposición revolucionaria al franquismo el Partido Comunista de España (marxista-leninista) y el Frente Revolucionario Antifascista y Patriota. *Historia y Comunicación Social, 2*, 297-312.

Hernández, C. (2019). *Los campos de concentración de Franco.* Penguin Random House.

Herrero, G. e Hernández, A. (1982). *La represión en Soria durante la Guerra Civil*. Selbstverl.

Hervella, G. (2005). La izquierda marxista-leninista: el Movimiento Comunista, M.C. y el nacionalismo. *Congrés La Transición de la dictadura franquista a la democracia,* (pp. 165-174), Barcelona.

Hirsch, M. (2012). *La generación de la posmemoria. Escritura y cultura visual después del Holocausto.* Editorial Carpe Noctem.

Hristova, M. (2007). *Memoria, olvido y la apertura de fosas comunes de la guerra civil en 1978-1981 y 2000-2006.* [Tesina de Historia Comporánea. Universidad de Groninga].

Izquierdo, J. (2017a). ¿Víctimas sin victimismo? Por una memoria elaborada del genocidio franquista. En G. Gatti (Ed.*). Un mundo de víctimas* (pp. 165-1982). Anthropos Editorial.

Izquierdo, J. (2017b). Memoria normalizada: 1936 en la España de la impunidad. *Rey Desnudo,* (11), 118-134.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Izu, M. J. (2010). La toponimia urbana en el derecho español. *Revista de Administración Pública*, (181), 267-300.

Jelin, E. (2002). *Los trabajos de la memoria.* Siglo XXI de España editores, S.A.

Jensen, O. e Szejnmann, C.H. (2008). *Ordinary people as mass murderers. Perpetrators in Comparative Perspectives.* Palgrave Macmillian.

Jerez, A. (2013). Memorias, identidades y culturas políticas. El movimiento de Memoria y los Derechos Humanos desde la investigación participativa. *Revista Electrónica Interuniversitaria de Formación del Profesorado,16*(3),133-147.

Jerez, A. e Silva, E. (2008).Cultura de derechos humanos y construcción de ciudadanía. En A. Jerez, A. e E. Silva (Eds.), *Políticas de memoria y construcción de ciudadanía (Contribuciones al congreso de La Granja de San Ildefonso, 2008)* (pp. 1-16). Postmetropolis Editorial, Asociación para la Recuperación de la Memoria Histórica.

Jiménez, J. (2019). Del la clandestinidad a la reivindicación. Exhumaciones tempranas. En J.M. Gastón, J.M. e C. Layana (Coord), *Bajo tierra. Exhumaciones en Navarra. 1939-2019* (pp. 16-31). Gobierno de Navarra.

Johnston, H,. Laraña, E. e Gusfield, J. (1994). Identidades, ideologías y vida cotidiana. En E. Laraña e J. Gusfield (Eds.), *Los nuevos movimientos sociales. De la ideología a la identidad (*pp.3-42). CIS.

Juliá, S. (2007). De nuestras memorias y de nuestras miserias. *Hispania Nova*, (7), 779-799.

Kansteiner, W. (2007). Dar sentido a la memoria. Una crítica metodológica a los estudios sobre la memoria colectiva. *Pasajes: revista de pensamiento contemporáneo,* (24), 31-43.

Kauzlarich, D., Matthews, R. A., e Miller, W. J. (2001). Toward a victimology of state crime. *Critical Criminology, 10* (3), 173-194.

Kosellek, R. (2011) *Modernidad, culto a la muerte y memoria nacional*. Centro de estudios políticos y constitucionales.

Lacapra, D. (2005). *Escribir la historia, escribir el trauma.* Nueva Visión.

LaCapra, D. (2016). Trauma, history, memory, identity: What remains?. *History and Theory*, *55* (3), 375-400.

Laclau, E. E Mouffe, C. (1985). *Hegemony and Socialist Strategy*. Verso.

Lakoff, G. (2007). *No pienses en un elefante. Lenguaje y debate político*. Editorial Complutense.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Lalieu, O. (2001). L'invention du «devoir de mémoire». *Vingtième siècle. Revue d'histoire*, (69), 83-94.

Laruelo, M. (1999). *La libertad es un bien muy preciado.* Trea.

Lavabre, M. C. (1994). *Le fil rouge, sociologie de la mémoire communiste.* Presses de la Fondation nationale des sciences politiques.

Lavabre, M.C. (2006a). Sociología de la memoria y acontecimientos traumáticos. En J. Aróstegui e F. Godicheau (Eds.), *Guerra Civil. Mito y memoria* (pp. 31-55). Marcial Pons.

Lavabre, M.C.(2006b). Sociología de la memoria y acontecimientos traumáticos. En J. Aróstegui e F. Godiccheau (Eds.). *Guerra civil. Mito y memoria,* (pp. 31-55). Marcial Pons.

Layana, C. e Gastón, M. (2019). *Bajo tierra. Exhumaciones tempranas en Navarra.* Gobierno de Navarra.

Ledesma, J.L. e Rodrigo, J. (2006). Caídos por España, mártires de la libertad. Víctimas y conmemoración de la Guerra Civil en la España posbélica (1939-2006). *Ayer, 63* (3), 233-255.

Legters, L. (1984). The Soviet Gulag: Is It Genocidal?. En Charny, I.W. (Ed). *Toward the Understanding and Prevention of Genocide: Proceedings of the International Conference on the Holocaust and Genocide* (pp.60-66). Routledge.

Levín, F. (2020). Un grano de arena en la inmensidad del mar: lo que puede aportar la historia a la elaboración de pasados traumáticos. *História da Historiografia: International Journal of Theory and History of Historiography, 13* (33), 309-339.

Levy, D. e Sznaider, N. (2004). The institutionalization of cosmopolitan morality: the Holocaust and human rights. *Journal of Human Rights, 3* (2), 143-157.

López, C . (2021). *O golpe de estado, as persecucións e a retagarda na guerra civil española: as actitudes sociais en Galicia (1936-1939).* [Tese doutoral. Universidade de Santiago de Compostela].

López, M. (2015). La humanidad de los mártires. Notas para el estudio sociohistórico del martirio. *Intersticios Sociales,* (10), 1-23.

López, M.A. (2012). Los movimientos sociales y su influencia en el ciclo de las políticas públicas. *Región y sociedad,* (55), 159-197.

López-López, P. (2015). Crímenes del franquismo, derecho y justicia transicional. *Derecho y Realidad, 13*(25), 131-144.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Lorenzo, C. (2020). *L'Associació Catalana d'Expresos Polítics del Franquisme.Solidaritat, justicia, memoria.* Edicións da Generalitat de Catalunya. Departament d'Afers i Relacions Institucionals i Exteriors i Transparència.

Loriga, S. (2017). Du trauma historique. *Passés Futurs*,1.

Lovatón, D.(2009). Atención integral a las víctimas de violaciones a los derechos humanos. Algunos apuntes desde la victimología. *Revista IIDH*, (50), 209-226.

Lvovich, D. (2005). *El abordaje historiográfico de pasados traumáticos recientes. El caso argentino: contextos y contrastes.* X Jornadas Interescuelas, Rosario.

Marco, J. (2012). Genocidio y 'Genocide Studies': Definiciones y debates. *Hipanianova. Revista de Historia Contemporánea*, (10) 336-376.

Marco, J. (2015). Memorias de las fosas. Exhumaciones y movimientos sociales en España (1975-2014). En J. Díaz e M. Aparecida (Coord.), *Produção do conhecimento no limiar do século XXI: tendências e conflitos*. FE/UNICAMP.

Marina, M. (2016). El pulso por los ayuntamientos. La convocatoria de las elecciones municipales de 1979 y el cambio político en España. *Cuadernos de Historia Contemporánea*, (38), 235-256.

Márquez, G. (1993). La Transición local en Galicia: continuidad de las elites políticas del franquismo y renovación de los gobiernos locales. *Revista de Estudios Políticos (Nueva Época),* (80), 39-119.

Martínez, J.C. (2012). Algunas precisiones sobre la violencia franquista. *Hispania Nova: Revista de historia contemporánea*, (10).

Martínez, X. e Pereiro, X.M. (2021). *Reboiras. O camiño da rebeldía.* Aira editorial.

Massot, J. (1978). *Cultura i vida a Mallorca entre la guerra i la posguerra (1930-1950).* L'Abadia de Montserrat.

Mateo, L. e Kerangat, Z. D. (2018). The limits of remembrance during the Spanish Transition: Questioning the 'Pact of Oblivion'through the analysis of a censored film and a mass-grave exhumation. *Memory Studies, 13*(1), 1-22.

McCarthy, J.d. e Zald, M.N. (1977). Resource mobilization and social movements. A partial Theory. *American Journal of Sociology, 82*(6), 1212-1241.

Mees, L. (1998). ¿Vino viejo en odres nuevos? Continuidades y discontinuidades en la historia de los movimientos sociales. *Historia Contemporánea, (*16), 219-243.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Méixome, C. (2012).La recuperación cívica de la memoria en el Valmiñor. En L. Fernández (Coord.), *Memoria de guerra e cultura de paz no século XX* (pp.219-229). Somonte-Cenero.

Méixome, C. (2022). *O terror nas Tebras e outras catas na memoria*. Edicións Laiovento.

Melucci, A. e Massolo, A. (1991). La acción colectiva como construcción social. *Estudios sociológicos, 9* (26), 357-364.

Míguez, A. (2009). *O que fixemos en Galicia. Ensaio sobre o concepto de práctica xenocida.* Difusora de Letras, Artes e Ideas.

Míguez, A. (2012). Nuestro pasado presente: práctica genocida y franquismo. *Hispania Nova: Revista de historia contemporánea,* (10).

Míguez, A. (2014). *La genealogía genocida del franquismo.* Madrid, Abada Editores.

Míguez, A. (2016). *Ni verdugos ni víctimas: actitudes sociales ante la violencia, del franquismo a la dictadura argentina.* Comares Historia.

Míguez, A. (2017). Nada nuevo que ocultar y algo viejo (aún) que contar: El cambio de relato sobre 1936, el Franquismo y la Transición. *Revista Rey Desnudo: Revista de Libros, 6*(11), 157-177.

Míguez, A. (2018). Pensar en genocidio el golpe de 1936, la guerra civil, el franquismo y la transición. *Revista Universitaria de Historia Militar, 7*(13), 515-526.

Míguez, A. (2020). El despertar público de la memoria: en torno al genocidio. *Mélanges de la Casa de Velázquez. Nouvelle série*, (50-1), 295-299.

Míguez, A. (2024). El verdugo, la memoria y la historia: Tomás Garicano Goñi y el relato del franquismo escrito por los perpetradores. *Ayer, 136*, (4), 259-282.

Mir, C., Garrós, A. e Ramón, G. (2014) *Vestigis, memòries i símbols a les comarques de Lleida 1931-2014*, Editorial Fonoll.

Molden, B. (2010). Vietnam, the New Left and the Holocaust: How the Cold War Changed Discourse on Genocide. En A. Assman and S. Conrad (Eds). *Memory in a Global Age Discourses, Practices and Trajectories* (pp.79-97). Palgrave Macmillan Memory Studies.

Molinero, C. (2010). La Transición y la "renuncia" a la recuperación de la "memoria democrática". *Journal of Spanish Cultural Studies, 11* (1), 33-52.

Monedero, J.C. (2024). Nocturno de la transición (La transición recordada a mis padres). En E. Silva, A. Esteban, J. Castán e P. Salvador (Coord.), *Memoria del olvido. Un debate*

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

sobre los silencios de la represión franquista (pp. 213-240). ARMH, Alkbla Proyectos Culturales.

Monge, M. (2012). La experiencia gallega. En Fernández, L. (Ed.), *Memoria de guerra y cultura de paz en el siglo XX*, (pp.216-219). Somonte-Cenero.

Montoto, M. (2019). *Un viaje de ida y vuelta: la construcción social de la" víctima" en la querella argentina contra los crímenes del franquismo*. [Tese Doutoral. Universidad Complutense de Madrid].

Moreno, F. (2008). *1936: el genocidio franquista en Córdoba*. Crítica.

Moreno, F. e Perea, J.M. (2010). Homenaje de los Pueblos de España a Miguel Hernández. En F. Moreno (Coord.), *Homenaje de los Pueblos de España a Miguel Hernández, 1976-2010*, (pp. 11-55). Museo de la Universidad de Alicante.

Morgade, I. e González-Cacheda, B. (2020). Camiño a Bos Aires: Unha ollada ao proceso de internacionalización do movemento da memoria. *Tempo exterior, 10* (40), 125-140.

Mosse, G.L. (2016). *Soldados caídos: la transformación de la memoria de las guerras mundiales.* Prensas de la Universidad de Zaragoza.

Mudrovcic, M. I. (2005). La memoria traumática como olvido sistemático. *Epistemología e Histona de la Ciencia*, (11), 568-574.

Mudrovcic, M.I. (2003). Alcances y límites de perspectivas psicoanalíticas en historia. *DIÁNOIA, 48* (50), 111–127.

Müller, J-W. (2002). *Memory and Power in post-war Europe: Studies in the Presence of the Past.* Cambridge University Press.

Murillo, S. (2017) Políticas de la memoria en Mallén y Magallón durante la Transición española. *Veinte años de congresos de Historia Contemporánea (1997-2016):X Congreso de Historia Local en Aragón* (pp. 413-426), Zaragoza.

Murillo, S.(2020). *Memoria de la guerra y dignificación de las víctimas en Aragón: 1975-1990.* [Tese Doutoral. Universidad de Zaragoza].

Navarro, V. (2024). Consecuencias de la transición inmodélica. En E. Silva, A. Esteban, J. Castán e P. Salvador (Coord.), *Memoria del olvido. Un debate sobre los silencios de la represión franquista* (pp. 205-212). ARMH, Alkbla Proyectos Culturales.

Niewyk, D. E Nicosia, F. (2003).*The Columbia Guide to the Holocaust.* Columbia University Press.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Núñez, X. M. (2006). Itinerarios do desterro: sobre a especificidade do exilio galego de 1936. En X.M. Núñez e P. Cagio (Eds.), *O exilio galego de 1936: política, sociedade, itinerarios* (pp. 11-52). Ediciós do Castro.

Núñez, X.M. (2011). Política dos exiliados e política dos emigrados. En R. Villares (Ed.), *Emigrante dun país soñado. Luís Seoane entre Galicia e Arxentina, Actas do Congreso Internacional Luís Seoane, Galicia-Arxentina: unha dobre cidadanía,*(pp. 89-120), Santiago de Compostela.

Olson, M. (1992). *La lógica de la acción colectiva : bienes públicos y la teoría de grupos.* Limusa.

Otero, R. (1986). *A miña amizade con Castelao.* Ediciós do Castro.

Palacios, D. (2020). Memoria, ética y educación desde las fosas comunes: más allá del duelo y el monumento. *DILEMATA,* (33), 135-146.

Palacios, D. (2021). Sobrevivir para construir memorias: el largo camino de las prácticas monumentales sobre fosas comunes. En J.F. Sanchis (Coord) *Violencia, conceptualización, memoria, represión, estudios, monumentalización, exhumaciones* (pp. 193-212). Diputación de Valencia. Delegación de Memoria Histórica.

Pasamar, G. (2014). The Scenes of Memory during the Era of the Democratic Transition in Spain: Politics and Culture. *Historiografías,* (7), 13-33.

Payne, S. (1965). *Falange: historia del fascismo español*. Ruedo Ibérico.

Pereira, D. (2016). Contra a nostalxia, memoria. *Luzes,* (28), 22-29.

Pérez, J. (2013). Orto y ocaso de la izquierda revolucionaria en España (1959-1994). En R. Quirosa-Cheyrouze (Coord.), *Los partidos en la Transición. Las organizaciones políticas en la construcción de la democracia en España* (249-289). Biblioteca Nueva.

Pérez, M. (2018). *Creación e transformacións da cidade litoral: Moaña, 1950-1987. Política, urbanismo, vivenda e sociedade.* [Tese doutoral. Universidade de Santiago de Compostela].

Pichardo, N. A. (1997). New social movements: A critical review. *Annual Review of Sociology, 23* (1), 411-430.

Ponce, J. (2019). Los gobernadores civiles en Galicia durante la Transición Democrática (1970-1982). En J. Prada, J. (Eds.), *Galicia en transición.* Sílex universidad.

Ponce, J., e Sánchez, I. (2012). No solo represión: dictadura franquista, conceptos históricos y categorías morales. *Hispania Nova: revista de historia contemporánea,* (10).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Prada, J.(2004). La Transición política en Galicia: Una aproximación. *La transición a la democracia en España: actas de las VI Jornadas de Castilla-La Mancha sobre Investigación en archivos,* Guadajara.

Prada, J. (2012). Entre Escila y Caribdis. Contribución a un debate necesario. *Hispania Nova: Revista de historia contemporánea,* (10).

Prada, J. (2019). La historiografía sobre la Transición o la Transición a debate. En J. Prada (Ed..) *Galicia en transición* (pp. 9-44). Sílex Universidad.

Preston, P. (1995). *La política de la venganza. El fascismo y el militarismo en la España del siglo XX*. Península Atalaya.

Quintana, M.M. (2014). Configuraciones discursivas de Abuelas de Plaza de Mayo: enunciación y mecanismos retóricos en Botín de guerra. *Kamchatka. Revista de análisis cultural*, (3), 11-25.

Rama, J. (2018). O sistema de partidos galego, 1981-2016. *Administración & Cidadanía, 13* (1), 337-355.

Ramblado, M.D.C. (2007). ¿Compromiso, oportunismo o manipulación? El mundo de la cultura y los movimientos por la memoria. *HISPANIA NOVA. Revista de Historia Contemporánea*, (7), 641-664.

Reig, A. (1983). *La represion franquista y la guerra civil: consideraciones metodológicas, instrumentalización política y justificación ideológica.* [Tese Doutoral da Universidad Complutense de Madrid].

Reig, A. (1986). *Ideología e historia. Sobre la represión franquista y la Guerra Civil.* Akal.

Remesar, A. e Ricart, N. (2014). Estrategias de la memoria. Barcelona, 1977-2013. *Revista Electrónica de Geografía y Ciencias Sociales,18* (495), 1-20.

Ricoeur, P. (2003). *La memoria, la historia, el olvido*. Editorial Trotta.

Ricoeur, P. (2004). *La memoria, la historia, el olvido.* Fondo de cultura económica.

Rigby, A. (2000). Amnesty and Amnesia in Spain. *Peace Review*, *12* (1), 73-79.

Ripoll, E. (2023). La recuperación de la memoria democrática durante la Transición en Mallorca, *XVI Congreso de la Asociación de Historia Contemporánea: Miradas al pasado, miradas al presente. Nuevos horizontes de la historiografía contemporánea,* Logroño.

Rodrigo, J. (2001). La bibliografía sobre la represión franquista: hacia el salto cualitativo. *Spagna contemporanea*, (19), 151-169.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Rodrigo, J. (2006). La guerra civil:“memoria”,“olvido”,“recuperación” e instrumentación. *Hispania Nova. Revista de Historia Contemporánea,* (6), 385-410.

Rodrigo, J. (2012). El relato y la memoria. Pasados traumáticos, debates públicos, y viceversa. *Ayer,* (87), 239-249.

Rodríguez, D. (2008). Los espacios de reclusión franquistas en Galicia. Análisis de la población reclusa (1940-1950). *Minius: Revista do Departamento de Historia, Arte e Xeografía,* (16), 241- 260.

Rodríguez, E. (2015). *Por qué fracasó la democracia en España. La Transición y el régimen del 78.*Traficantes de sueños.

Rousso, H. (1990). *Le syndrome de Vichy. De 1944 á nos jours*. Éditions du Seuil.

Rousso, H. (2018) Desarrollos de la historiografía de la memoria. *Aletheia, 8,* (16), 1-12.

Rueda, J.C. (2013). ¿ Un pasado que no cesa? Discurso patrimonial y memoria pública comunista en el franquismo y la transición española. *Revista de estudios sociales,* (47), 12-24.

Rueda, J.C. (2015). Monumentalización del pasado, historiografía y memoria mediática: el holocausto y la transición española. *Historia Actual Online, 38* (3), 71-85.

Ruiz, J. M. (2008). ¿De qué hablamos cuando hablamos de “memoria histórica”? Reflexiones desde la Psicología cognitiva. *Entelequia: revista interdisciplinar,* (7), 53-76.

Ruiz, P. (2019). Trauma y posmemoria en el análisis histórico. *(Dossier: 'Sogno e trauma come materiale storiografico') L' Inconscio*, (8), 201-227.

Sagués, J. e Creus, J. (2012). Ús polític del nomenclàtor Lleida, 1931-1980. En J. Sagués, C. Mir e J. Barrul (Eds.). *Ciutadania, espai urbà i memòria a la Lleida del segle XX* (pp. 131-137). Pagés editors.

Salvador, A. (2008). *El genocidio franquista en Valencia, Las fosas silenciadas del cementerio.* Icaria.

Sánchez, G. (2012). Debate sobre la naturaleza de la represión en España. *Hispania Nova. Revista de Historia Contemporánea,* (10).

Sánchez, P. (2006). La objetividad como ortodoxia: los historiadores y el conocimiento. En J. Aróstegui e F. Godicheau (Eds). *Guerra civil. Mito y memoria* (pp.95-135) Marcial Pons.

Sánchez, P. (2017a). Rememorar,“revisionar”, redefinir: La guerra española de 1936 en el siglo XXI. *Revista Rey Desnudo: Revista de Libros, 6*(11), 135-156.

Sánchez, P. (2017b). ¿Tan solo una guerra civil? 1936 como conquista colonial civilizadora y yihad católica moderna. *Bajo palabra: Revista de filosofía, 2* (13), 19-37.

Sánchez, P. (2018). "Esa tranquilidad terrible". La identidad del perpetrador en el" giro" victimario. Memoria y Narración. *Revista de estudios sobre el pasado conflictivo de sociedades y culturas contemporáneas*, (1), 167-183.

Sánchez, P. (2024). Estigma y memoria de los jóvenes de la transición. En E. Silva, A. Esteban, J. Castán e P. Salvador (Coord.), *Memoria del olvido. Un debate sobre los silencios de la represión franquista* (pp. 205-212). ARMH, Alkbla Proyectos Culturales.

Sanfelippo, L. (2011a). El trauma en la historia. Razones y problemas de una importación conceptual, *Usages publics du passé,* (40), 24-37.

Sanfelippo, L. (2011b). La utilización de la noción de "trauma" en la historiografía y la memoria social. *III Congreso Internacional de Investigación y Práctica Profesional en Psicología XVIII Jornadas de Investigación Séptimo Encuentro de Investigadores en Psicología del MERCOSUR*, Facultad de Psicología-Universidad de Buenos Aires.

Santidrián, V. (2007). Las cosas de la memoria (histórica). *Hispania Nova.Revista de Historia Contemporánea*, (7).

Santos, J. (2003). Echar el olvido. Memoria y amnistía en la transición. *Claves de razón práctica*, (129), 104-125.

Scagliola, A.A. (2007) Cambio en las políticas públicas de la memoria en Cataluña: el pasado como problema. *Entelequia. Revista Interdisciplinar: Monográfico*, (7), 301-313.

Serrano, J.E. (2016). La exhumación de 1979 en Murcia. Acción colectiva de familiares de fusilados republicanos durante la transición. *Ayer*, (103), 147-177.

Sevillano, F. (2000). El peso del pasado. *Claves de razón práctica*, (107), 41-45.

Sevillano, F. (2004). *Exterminio. El terror con Franco.* Oberon.

Sevillano, F. (2008). Cultura de guerra y políticas conmemorativas en España del franquismo a la transición. *Historia Social*, (61), 127-145.

Simón, P. (2013). Los trazos de la experiencia en la literatura testimonial del exilio republicano español: Alambradas. Mis nueve meses por los campos de concentración de Francia (1941), de Manuel García Gerpe. *Diálogos transatlánticos. Memoria del II Congreso Internacional de literatura y cultura españolas contemporáneas.* Universidad Nacional de La Plata. Facultad de Humanidades y Ciencias de la Educación. Centro de Estudios de Teoría y Crítica Literaria.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Smeulers, A., Weerdsteijn, M. e Holá, B. (2019). *Perpetrators of International Crimes. Theories, Methods, and Evidence*. Oxford University Press.

Snow, D. e Benford, R. (1992). Master frames and cycles of protest. En Morris, A. e McClurg, C. (Eds.), *Frontiers in Social Movements Theory* (pp. 133-155.). Yale University Press.

Solé i Sabaté, J.M. (1985). *La repressió franquista a Catalunya, 1938-1953*. Edicions 62.

Stanton, G. H. (1998). The Eight Stages of Genocide. *Working Paper (GS 01) of the Yale Program in Genocide Studies.*

Tarrow, S. (2004). *El poder en movimiento. Movimientos sociales, acción colectiva y política.* Alianza.

Thomas, H. (1976). *La guerra civil española.* Grijalbo.

Tilly, C. e Wood, L. (2010). *Los movimientos sociales, 1768-2008. Desde sus orígenes a Facebook.* Critica.

Torres, X. (2004). O "Centro Betanzos" de Bos Aires. Cen anos de vida. 1905-2005. *Anuario Brigantino,* (27), 325-370.

Torres, X. (2009).1936-1939.As vítimas betanceiras da represión. *Anuario Brigantino,* (29), 273-318.

Trabal, A. (1986). *Breve Hisotial de la Liga de Mutilados e Inválidos de la Guerra de España, 1936-1939 en Francia*. Federación Española Liga de Mutilados.

Traverso, E. (2011). Historiografía y memoria: Interpretar el siglo XX. Parte 1. *Aletheia, 1*(2).

Üngör, U. Ü., e Anderson, K. (2019). From Perpetrators to Perpetration: Definitions, Typologies, and Processes. En S.C. Knittel e Z. J. Goldberg (Eds.), *The Routledge International Handbook of Perpetrator Studies* (pp.7-22). Routledge.

Vallés, J.M. (2007). *Ciencia política. Una introducción*. Ariel.

Vázquez-Zarate, G. A. Faúndez-Abarca, X. e Pérez-Guirao, F.J. (2020). Desenterrando emociones en las fosas comunes de la represión franquista. *Nómadas,* (53), 159-175.

Vega, P.(1981). *Historia de la Liga de Mutilados.* Madrid.

Vergnon, G. (2006). Les associations d'anciens résistants sous le regard des historiens. En G. Vergnon e M. Battesti (Coord.), *Les associations d'anciens résistants et la fabrique de la mémoire de la Seconde Guerre Mondiale*, Journée d'études du 19 octobre 2005. Cahier, (28).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Vilavedra, D. (2011). Guerra civil y literatura gallega. *Revista internacional de estudios vascos*, *8*, 62-77.

Viñas, A. (1976). *El oro español en la guerra civil*. Instituto de Estudios Fiscales.

Viñas, A. (1977). *La Alemania Nazi y el 18 de julio.* Alianza Editorial.

Winter, J. (2001). The Generation of Memory: Reflections on the "Memory Boom" in Contemporary Historical Studies. *Canadian Military History, 10* (3), 57-66.

Wolfe, S. (2011). The politics of reparations and apologies: the differential application of restorative justice following stat atrocity [Tese doutoral da University of Kent].

Wolikow, S. (2007). Les combats de la mémoire. La FNDIRP de 1945 à nos jours. *Cahiers d'histoire. Revue d'histoire critique*, (100).

Woolford, A. e Wolejszo, S. (2006). Collecting on Moral Debts: Reparations for the Holocaust and Porˇajmos. *Law & Society Review, 40* (4), 871-902.

Xu, B. e Alan, G. (2010) Memory Movement and State-Society Relationship in Chinese World War II Victims´Reparations Movement Against Japan. En M. Kim e B. Schwartz (Eds.) *Northeast Asia's Difficult Past (*pp. 166-189). Palgrave Macmillan.

Yeste, E. (2010). La transición española. Reconciliación nacional a cambio de desmemoria: el olvido público de la Guerra Civil. *Historia actual online,* (21), 7-12.

Yusta, M. (2014). El pasado como trauma: Historia, memoria y «recuperación de la memoria histórica» en la España actual. *Pandora: revue d'etudes hispaniques*, (12), 23-41.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ÍNDICE DE TÁBOAS

Táboa 1. Estrutura das oportunidades políticas 102

Táboa 2. Documentación chave da administración xeral 128

Táboa 3: Documentación municipal clave 130

Táboa 4: Principais limitacións das fontes empregadas 141

Táboa 5. Comparativa das sementes que son mártires (Castelao e Diego Rivera) 167

Táboa 6. A derradeira lección do mestre (Castelao) e A lamentación (Anton Van Dyck) 168

Táboa 7. Comisión Pro-Homaxe Castelao, 23 de setembro de 1975 200

Táboa 8. Resultados electorais do referendo lei de reforma política, 1976. Galicia 222

Táboa 9. Organizacións convocadoras da homenaxe do 17 de agosto de 1977 257

Táboa 10. As outras vítimas na homenaxe 258

Táboa 11. Comparativa das notas necrolóxicas Corcubión, 1976- 1979 361

Táboa 12. Resultados das eleccións municipais 1979, Galicia 364

Táboa 13. Alcaldías obtidas polas candidaturas nas eleccións locais de 1979 en Galicia (n=312) 365

Táboa 14. Municipios onde obteñen representantes as diferentes candidaturas. Eleccións 1979 366

Táboa 15. Inclusión do nome de Castelao e Bóveda no primeiro mandato democrático nos concellos galegos (1979-1983) 471

Táboa 16. Sinatura das cartas recibidas por Gustavo Docampo, datadas o 3 de maio de 1979 e o 8 de xuño de 1979 496

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 17. Nomes que máis veces se eliminaron no total de concellos en estudo (14) no primeiro mandato democrático.....565

Táboa 18. Resultados das eleccións municipais en Galicia, 1983.....574

Táboa 19. Evolución da porcentaxe de voto nas eleccións autonómicas de 1981 e de 1985.....577

Táboa 20. Publicidade institucional dos concellos de Narón, Corcubión, Moaña, Culleredo e Malpica no especial ANT.....673

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ÍNDICE DE GRÁFICOS

Gráfico 1. Eixo cronolóxico na evolución da historiografía sobre a violencia xenocida franquista 22

Gráfico 2. As correntes sobre o proceso de transición á democracia en relación co tratamento da memoria traumática 24

Gráfico 3. Evolución analítica da historiografía das accións da memoria na Transición 36

Gráfico 4. Interpretación narrativa das accións da memoria baseadas nas diversas achegas 43

Gráfico 5. Evolución no estudo das accións da memoria no Estado español 49

Gráfico 6. Evolución da liña argumental sobre o "Pacto de Esquecemento" segundo as diversas correntes historiográficas 50

Gráfico 7. Aproximación a unha tipoloxía baseada nas recentes investigacións. Accións e actores 58

Gráfico 8. Principais conclusións estudos accións institucionais nos concellos 66

Gráfico 9. Características comúns nas accións estudadas pola historiografía 72

Gráfico 10. Os oito estadios do xenocidio 83

Gráfico 11. Elementos clave para un novo relato 86

Gráfico 12. Elementos clave /estrutura da / na acción colectiva 97

Gráfico 13. A estrutura dun paquete cultural 100

Gráfico 14. Posibles escenarios na fin do ciclo de acción colectiva nun contexto de democratización 103

Gráfico 15. Representación do proceso político 105

Gráfico 16. Factores que inflúen na definición dun problema público e da súa incursión na axenda pública 106

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Gráfico 17: exemplificación do funcionamento do traballo de campo 113

Gráfico 18: Piares clave do traballo de campo 113

Gráfico 19: Universo de palabras clave máis importantes 116

Gráfico 20: Tipoloxía de produtores de documentación 119

Gráfico 21: Tipoloxía de arquivos consultados 120

Gráfico 22. As accións da memoria clandestinas: resistencia simbólica no contexto do postexterminio 156

Gráfico 23. Elementos fundamentais para a narrativa do martirio 166

Gráfico 24. Cronoloxía das principais accións da memoria no exilio.....175

Gráfico 25. As primeiras obras divulgativas da violencia xenocida 181

Gráfico 26. Árbore xenealóxica reducida da familia Álvarez 191

Gráfico 27. O asociacionismo cultural. Asociacións organizadoras de conferencias de Castelao 195

Gráfico 28. Liñas de actuación da Comisión pro-homaxe.....198

Gráfico 29. Retirada apoio homenaxe Castelao (25-26 de setembro de 1975).....206

Gráfico 30. Desenvolvemento da homenaxe.....210

Gráfico 31. Tipoloxía de accións dentro do Ciclo de acción colectiva 224

Gráfico 32. Carácter das necroloxías 230

Gráfico 33. "Mártires Vs Mortos". O discurso nas necrolóxicas.....232

Gráfico 34. Primeiras accións memorialistas a Alexandre Bóveda, agosto de 1976 248

Gráfico 35. Desenvolvemento da homenaxe a Alexandre Bóveda, 17 de agosto de 1977 266

Gráfico 36. Elementos comúns nas homenaxes, 1977 271

Gráfico 37. Irmáns Liste e destino vital 279

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Gráfico 38. Evolución das homenaxes entre 1976 e 1978 291

Gráfico 39. Tipoloxía de accións memorialistas divulgativas en base a exemplos desta primeira etapa 313

Gráfico 40. Cronoloxía acontecementos arredor das accións memorias Darío Álvarez e familia, e Servando Lago, "o falanxista arrepentido" 324

Gráfico 41. Homenaxes e "efecto contaxio" 345

Gráfico 42. Tipoloxía de homenaxes segundo as vítimas 347

Gráfico 43. Principais elementos presentes nos discursos memorialistas (76-78) 352

Gráfico 44. Tipoloxía dos mecanismos de contención das accións memorialistas 355

Gráfico 45. As oito principais vilas galegas 363

Gráfico 46. Porcentaxe de alcaldías nas eleccións de 1979 365

Gráfico 47. Alcaldes en Galicia tralas eleccións de 1979 366

Gráfico 48. Valoración de Franco segundo os votantes dos diferentes partidos,1979 368

Gráfico 49. Políticas de memoria nos concellos, repertorios 383

Gráfico 50. Cronoloxía das modificacións dos rueiros (1979- 1980) 384

Gráfico 51. Modalidades de inclusión de vítimas no rueiro. 393

Gráfico 52. Os discursos memorialistas: elementos dos marcos a prol das accións da memoria 397

Gráfico 53. Homenaxes ás vítimas da violencia nos concellos. Posibilidade dunha acción dupla 406

Gráfico 54. Cronoloxía das modificacións dos rueiros (1981- 1983) 431

Gráfico 55. Partidos políticos na alcaldía tralas eleccións de abril de 1979 432

Gráfico 56. Acordo de rúas eliminadas en Ferrol, Marzo 1981 438

Gráfico 57. O contraenmarcado da memoria: elementos discursivos 440

Gráfico 58. Eliminación de rúas franquistas en Vigo, Abril de 1981 444

Gráfico 59. Rúas a eliminar por acordo plenario. Vilagarcía, Maio de 1981 449

Gráfico 60. Comparativa das principais eliminacións de rúas de exaltación franquista: Ferrol, Vigo, Vilagarcía e Lugo 450

Gráfico 61. Postura dos principais partidos políticos en relación coas medidas memorialistas .494

Gráfico 62. Actores relevantes do monumento "Mártires de la libertad", A Coruña, 1981 515

Gráfico 63. Marcos memorialistas e contraenmarcado da memoria.....569

Gráfico 64. Tipoloxía de mecanismos de contención das accións memoriais (2).....571

Gráfico 65. Comparación dos resultados electorais das municipais entre 1979 e 1983 tendo en conta o espazo político-ideolóxico das principais candidaturas.....575

Gráfico 66. Resultados nas eleccións de 1983 nas principais vilas galegas. 576

Gráfico 67: Obxectivos do Amical de Mauthausen.....613

Gráfico 68. Accións da memoria institucionais no cincuentenario do golpe.....647

Gráfico 69. Actividades principais do ciclo *A Guerra Civil 50 anos despois*, Redondela,1986.....653

Gráfico 70. Agosto do 86: o cincuentenario en Galicia 660

Gráfico 71. Elementos presentes na inauguración monumento en Sestás, 15 de agosto de 1986 681

Gráfico 72. Mecanismos de Contención e hexemonía cultural do esquecemento (3) 693

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ÍNDICE DE IMAXES

Imaxe 1. Fotografías da conferencia de Ramón Otero Pedrayo, Sada, 1971 144

Imaxe 2. Generoso Valverde fotografado na Volta das Nove sinalando as cruces 147

Imaxe 3. Luís Pasín Noya e Luís Pasín Liñares xunto a tumba de José Pasín Romero, Bonaval, 1961 155

Imaxe 4. Andrés Beade no banquete social do Centro Betanzos, 1961 157

Imaxe 5. Cuberta do libriño de Beade. Edición facsímile, 2001 158

Imaxe 6. Placa aos mártires de Betanzos 160

Imaxe 7. Placa en homenaxe a asasinados en Ordes, 1941 169

Imaxe 8. Placa de homenaxe FSG, 1949 173

Imaxe 9. Placa de Sociedad Unión del Partido de Lalín aos asasinados, 1954 174

Imaxe 10. Placa en homenaxe a Amador Rey e Daniel Niebla, 1972 179

Imaxe 11. "Os mártires serán santos" 180

Imaxe 12. Fotografía da mesa redonda sobre Castelao. A Coruña, 10 de xaneiro de 1975 186

Imaxe 13. Sobre da Comisión Pro Homaxe da carta-convite a Otero Pedrayo con selo da mesma 209

Imaxe 14. Fotografía do busto colocado en Rianxo 213

Imaxe 15. Fotografía do recibimento a Enrique Líster en Compostela, 1977 239

Imaxe 16. Pasquín das Mocedades Galeguistas do PSG no corenta aniversario 253

Imaxe 17. Fotografías do acto de homenaxe en San Mauro, 17 de agosto de 1977 264

Imaxe 18. Deseño da lápida realizada por Alexandre Bóveda 266

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Imaxe 19. Colocación do rótulo da Plaza de Alexandre Bóveda, Pontevedra 269

Imaxe 20. Fotografía da homenaxe a socialistas fusilados en Vigo, 27 de agosto do 77.....272

Imaxe 21. Fotografía da homenaxe dos fusilados de Marín no cemiterio de San Mauro, 1977 ..274

Imaxe 22. Nota necrolóxica do PCG.....284

Imaxe 23. Placa memorialista en Boisaca. 287

Imaxe 24. O muro da fosa común de Sestás, estado antes da rehabilitación 290

Imaxe 25. Fotografía da manifestación 295

Imaxe 26. Cartel que se colocaba nos autobuses, 1976 297

Imaxe 27. Pasquín convocatoria concentración. FRAP 298

Imaxe 28. Foto homenaxe a Humberto Baena no cemiterio de Pereiró, sen data exacta 306

Imaxe 29. Cuberta de *Teima* sobre as asociacións.....308

Imaxe 30. Apuntamentos no libro "Historia de la Cruzada Española". Familia Álvarez Limeses 317

Imaxe 31. Fotografías de Aurora e Manuela Liste, durante a conversa 329

Imaxe 32. Portada no corenta e un aniversario do golpe de estado. Semanario *Teima* 330

Imaxe 33. Publicidade do libro "Las dos caras de Galicia bajo el franquismo" 331

Imaxe 34. Boletín para a homenaxe a Castelao 333

Imaxe 35. Portada de A Nosa Terra dedicada a *Historia dun paseo*.....335

Imaxe 36. *As Rúas de Cruña*, PSG 358

Imaxe 37.Fotografía da placa na Porta do Sol, Vigo.....380

Imaxe 38. Descuberta da rúa a Moncho Reboiras en Corcubión 418

Imaxe 39. Foto do acto de desagravio a General San Martín, 1980 424

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Imaxe 40. Fotografía pintada realizada ao lado da placa do General Sanjurgo. A Coruña, maio de 1979 452

Imaxe 41. Placa datada en 1981. Cruz dos Caídos, Vigo 481

Imaxe 42. Fotografía da Avenida de Franco en Ourense..... 489

Imaxe 43. Placa aos "caídos por Dios y por España". Igrexa de Grandal (Vilarmaior)..... 501

Imaxe 44. Homenaxe aos "mortos na guerra civil", organizado polo PSOE (Fosa común do cemiterio de Serantes, 1980) 507

Imaxe 45. Placa do PCG situada no cemiterio de Serantes, Ferrol 508

Imaxe 46. Homenaxe ao bordo do barco entre Mugardos e Ferrol, Xullo de 1982 510

Imaxe 47. Placa de homenaxe colocada en 1981. Situación actual. San Amaro, A Coruña 513

Imaxe 48. Fotografía da inauguración do placa en San Amaro, Novembro de 1981 518

Imaxe 49. Nota necrolóxica da familia Villaverde, 1977. 520

Imaxe 50. Dionísio Pereira e Miguel Ángel Cuña durante a homenaxe a Villaverde 523

Imaxe 51. Fotografías das fillas de José Villaverde durante a entrega da placa. 524

Imaxe 52. Cartel anunciando o ciclo "Historia del movimiento obrero gallego". 527

Imaxe 53. Fotografía da exhumación de Celso de Poulo, 1981 (1) 533

Imaxe 54. Fotografía da exhumación de Celso de Poulo, 1981 (2) 535

Imaxe 55. Fotografía da exhumación de Celso de Poulo, 1981 (3). 536

Imaxe 56. Sinatura de Manuel Pillado na acta da reunión da coordinadora nacional, 1976 540

Imaxe 57. Fotografía da rolda de prensa da Asociación de Expresos Políticos. 1977 541

Imaxe 58. Convite para o acto de recoñecemento do 11 de maio de 1980. 543

Imaxe 59. Cuberta *A Nosa Terra* dedicada á Illa de San Simón..... 553

Imaxe 60. Cuberta do Especial *Galiza Mártir*. 554

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Imaxe 61. Cruz dos caídos en Redondela, 2024 583

Imaxe 62. Placa na igrexa de San Xoán de Rivadabia. 2024 586

Imaxe 63. Cambios rúas en expediente Comisión de Cultura, Abril de 1984.....600

Imaxe 64. Nota informativa concello Redondela, cambio nomes, 1988.....601

Imaxe 65. Mercedes Núñez Targa na asemblea anual do Amical de Mauthausen, Maio de 1983 612

Imaxe 66. Cartel da exposición *La Guerra Civil Española* en Madrid, 1980.....617

Imaxe 67. Exposición de Centelles en Ateneo da Coruña. 1984. 618

Imaxe 68. Portada do panfleto *Exposición 75 aniversario de la CNT* e fotografía da mesma.....619

Imaxe 69. Placa no cemiterio de Pereiró (Vigo) 622

Imaxe 70. Organizadores do monumento pousan xunto a maqueta da escultura, Xullo de 1983 625

Imaxe 71. Algúns dos conferenciantes na homenaxe a Castelao, Pontevedra, Xullo de 1983 629

Imaxe 72. Instantáneas da chegada dos restos de Castelao a Bonaval, 1984 636

Imaxe 73. Cuberta do pasquín informativo do Expo-tren.....638

Imaxe 74. Mapa co itinerario da exposición. 639

Imaxe 75. Pasquín informativo monumento a Castelao da Asociación Cultural Sementeira, 1986 641

Imaxe 76. Fachada da Facultade de Xeografía e Historia durante o Congreso Castelao, 1986..642

Imaxe 77. Nota necrolóxica. Ferrol, 1986.....648

Imaxe 78. Monumento en homenaxe ás vítimas no cemiterio de Catabois, Ferrol, 1985-86.....649

Imaxe 79. Anuncio municipal da homenaxe a Alfredo Suárez Ferrín. Agosto de 1986.....650

Imaxe 80. Fotografías da homenaxe a Alfredo Suárez Ferrín en Coruña, Agosto de 1986.....651

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Imaxe 81. As visitas á illa de San Simón, agosto de 1986. Evaristo Mosquera, Isabel Ríos e Enrique Líster. 656

..... 656

Imaxe 82. Placa na Illa de San Simón colocada en 1987 660

Imaxe 83. Fotografías da inauguración da nova Cruz en Pontevedra, agosto do 86. 666

Imaxe 84. Anuncio do especial *O 36 en Galiza* 671

Imaxe 85. Fosa común de Sestás, 29 de outubro de 1985 679

Imaxe 86. Inauguración do monumento coa presenza das viúvas, agosto de 1986. 681

Imaxe 87. Conxunto escultórico no cemiterio de Sestás, A Guarda 682

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ANEXOS

ANEXO 1. TÁBOA DE PALABRAS CLAVE EMPREGADAS PARA A FONTE HEMEROGRÁFICA

Palabras clave empregadas na primeira fase	Selección de palabras clave significativas
Memoria	1936
Memoria histórica	Fusilado/s
Símbolos	Guerra civil
Símbolos - calle	Homenaje
Recuperación	Monumento / monumento Franco
Recuperar /recuperar memoria	Cambio calle
Recuperación - memoria	Simbología/ símbolos franquistas
Recuperación - historia	Ofrenda floral 1936
Reparación	Republicanos
Homenaje	
Comisión	*Palabras clave secundarias*: De cada acción atopada, derivaríanse diversas palabras clave para seguir buscando información, por exemplo: "vigo socialistas castrelos" "martires libertad cementerio", "camposancos", "Bóveda", "Baena", etc
Ejército Republicano	
República	
Franquismo	
Franquista	
Exhumación	
Fosa común /fosas comunes	

ANEXO 2. GUIÓN- CUESTIÓNS BÁSICAS DAS ENTREVISTAS

Estas cuestións non se realizaron directamente. A entrevista funcionou como unha conversa, na que nos presentaremos, conversaremos tranquilamente, e unha vez se crea un clima axeitado tentaremos ir dirixindo a conversa cara estas cuestións. Se dispoñemos de recortes de prensa ou fotografías de accións sobre as que nos interesa preguntarlle empregarémolas.

-Cónteme como se chama, onde naceu, onde estaba nos anos da Transición.

-Lembra ter participado nalgún acto no que se homenaxeara a algunha vítima, algún fusilado, algún exiliado? No cemiterio? Algún conflito por rúas franquistas ou por monumentos franquistas?

-Dependendo da localidade de procedencia da persoa ou de se xa sabemos que participaron nalgunha acción que teñamos referenciada: preguntar directamente por ela.

-Recorda que houbera oposición a determinadas accións? Falanxistas? Policía?


-Se nos sinala que houbo pouca cousa, ou non máis cousas... por que cre que non houbo máis?

-Por que lle interesaban estas accións? Por que participaba?

-Coñecía o que pasara na súa familia ou en Galicia en xeral na guerra civil? Como o coñeceu?

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ANEXO 3. ESTRUTURA DE OPORTUNIDADES POLÍTICAS, CICLO DE ACCIÓN COLECTIVA E CICLO DA MEMORIA TRAUMÁTICA



ANEXO 4. LISTADO DE NOTAS NECROLÓXICAS PUBLICADAS EN GALICIA ENTRE 1976 E 1978

Data	Vítimas[2477]	Accións
17/08/1976 (LVG, p.39)	Alexandre Bóveda. En galego. E asinado polo "segredario do grupo galeguista de Vilarmaior" que "non lle esquence".	Non se especifican.
16/09/1976 (FDV, p.23)	Marcelino Rodríguez Blanco. Executado tras consello de guerra, carabineiro. Nota sinxela "muerto tragicamente en Tuy". Asinado polos seus fillos.	Non se especifican
29/10/1976 (FDV, p.28)	Os fusilados na Alameda de Tui (Darío Alvarez Limeses, Alejo Diz Jurado, Manuel Domínguez León, Serafín Fernández Costas, Julio Fernández Fernández e Jose Felipe Muñoz. 40 cabodano. "os seus familiares agradecen a constante lembranza dos seus nomes mantida no corazón de tantos amigos que non esquenceron nunca a traiectoria das súas vidas"	Invitan a asistir a "unha misa pola súa memoria" acompañada polo coro "Ondas do Mar de Vigo" que terá lugar o sábado 30, ás cinco do serán na S.I. Catedral de Tui.
11/11/1976 (FDV, p. 31) *Publícase ao día seguinte en LVG (12/11/1976, p.41)	Telmo Bernárndez Santomé (médico), "morto na Caeyra na madrugada" e sinálanse os seus acompañantes[2478] / os seus amigos adican unha emocionada lembranza. Asinada en Redondela. "aquel home cheíño de humanidade"	"Misa pola súa memoria", o 12 na igrexa de San Iago, Redondela.
11/11/1976 (FDV, p. 31) *Publícase ao día seguinte en LVG (12/11/1976, p. 41)	Esquela grupal ao 7 dos fusilados o 12 de novembro. Listado de nomes[2479]	Non se especifican.
12/11/1976 (LVG, p. 41)	Amancio Caamaño Cimadevila, (fusilado o 12 de novembro) "muerto en la trágica madrugada". Asinado familia en Moaña	Non se especifican
23/11/1976 (LVG, p.49)	José Miñones Bernárdez[2480] e once amigos mortos en Punta Herminia. Corcubión.	Non se especifican.
4/12/1976 (LVG, p.46)	Luis Pando Rivero. Avogado e xuíz municipal de Vilagarcía. Fusilado o 4/12/36. Vilagarcía. Moi escueto	Non se especifican.
7/12/1976	Federico Rivadulla Rivero e aos 17 compañeiros que tamén foron fusilados	Non se especifican
8/12/1976 (LVG, p. 35)	Mercedes Romero, José Miñones e nove vítimas máis. Corcubión e Cee (11 en total)	Funeral, 10/12. San Marcos de Corcubión.
10/8/1977 (FDV, p. 30)	Esquelas das vítimas da Guarda: Anxel e Manuel Domínguez Pacheco, e Manuel Noia Xil (ESQUELA EN GALEGO).	Non se especifican.
17/08/1977 (LVG, p.19)	Alexandre Bóveda. Cun poema de Manuel María. E asinado pola Asociación Cultural Alexandre Bóveda	Non se especifican
27/8/1977 (LVG, p. 54)	"Os Once de Angueiro". Cangas[2481]. Fusilados o 28 de agosto do 36. Asinan a nota "familiares, camaradas e amigos". PCG, PSOE, PSPG, PSG DE CANGAS	Non se especifican.

[2477] Se non indicamos o contrario as notas están "asinadas" por "familiares y amigos".

[2478] Como saen na nota: D. Xoan Rico, D. Amancio Caamaño Cimadevila, D. Xulio Paz, D. Paulo Novas Souto, D. Víctor Casas Rey, D. Benigno Rey Pavón. Estes serán os coñecidos como os fusilados do 12 de novembro en Pontevedra. Cremos que Xulio Paz, pode ser unha confusión, posto que quen foi asasinado foi o impresor Ramiro Paz. Faltarían dos que foron asasinados o 12 de novembro na Caeira: Luis Poza, German Adrio Mañá e José Adrio Barreiro.

[2479] Como figuran: "XL CABODANO": D. Xoan Rico, D.Amancio Caamaño Cimadevila, D. Telmo Bernárdez Santomé, D. Xulio Paz, D. Paulo Novas Souto, D. Víctor Casas Rey, D. Benigno Rey Pavón


[2480] Polas efemérides de *La Voz de Galicia* (1988) podemos saber que en 1938 a súa muller e demais familia celebraban unha misa (ademais publicaban que o ían facer).

[2481] Nomes que aparecen na nota necrolóxica: Pepe Nores, Eugenio Bastos, Antonio Blanco, Hermanos Pazos, Valentín Ruibal, Guillermo Fernández, Normandino Núñez, Hermanos Boreiro, Daniel González. PENDENTE REVISAR POR ARQUIVO—nomes non ben postos. E o drama que foi ese fusilamento masivo, en paseo.

1/9/1977 (LVG, p. 50)	Alcalde da Coruña e 5 fusilados máis o 31 de agosto de 1936. A Coruña	Non se especifica.
14/09/1977 (FDV, p. 30)	Víctor Fraiz Villanueva (mestre e segredario traballadores do ensino) e Víctor Fraiz Castellanos,(pai e fillo). (en galego). "fusilados o 11 de setembro de 1937 e o 10 de Santos de 1936" / "non os esquecen e agradecen a súa lembranza"	Non se especifica
24/09/1977 (LVG, p.19)	José Villaverde Velo, "muerto por amar un ideal"	Non se especifica
23/10/77 (LVG, p.16)	Cristobal Feliu Lourido, asinado o 10 de outubro do 36	No se especifican
2/12/1977 (LVG, p.45)	Comité de Defensa da República de Santiago de Compostela fusilados o 3712/1936 (extendido a todos os mortos "pola democracia e a libertade en Santiago e comarca" (EN GALEGO). ASINADO POLO PARTIDO COMUNISTA DE GALICIA	Ofrenda floral "terá lugar o sábado 3 de nadal as catro e media da tarde no cemiterio de Boisaca"
10/12/1977 (FDV, p.37)	Enrique Blein Budiño (alcalde de Vigo en 1931), "muerto el 10 de diciembre de 1936". Fillos e neots piden "un respetuoso recuerdo a su memoria y la de todos sus compañeros en prisión"	Non se especifica.
23/12/1977 (La Voz de Galicia, p.61)	Corcubión. As once vítimas do ano pasado e Victoriano Blanco[2482]	Segundo funeral "para rendir homenaje a estos hijos de Corcubión y Cee que fueron olvidados en estos cuarenta años"
24/12/1977 (FDV, p.51)	Joaquín Álvarez Piña (maquinista de Renfe) e oitos compañeiros aparecidos "muertos" en la playa de Alcabre. Familia "no te olvidamos	Non se especifica.
31/12/77 (LVG, p.39) **polo recorte que nos cede Queta Molas tivo que publicarse noutro xornal, porque aínda que ten o mesmo texto, este está colocado de xeito diferente.	Antonio Blanco Solla (alcalde de Marín e demais compañeiros fusilados por "defender la libertad y la democracia". Neste caso quen asina a nota son "los compañeros de la agrupación socialista de Marín del PSG-PSOE) (ASINA FINALMENTE UGT, PSG-PSOE, XUVENTUDES SOCIALISTAS GALEGAS (XSG)	Acto de homenaxe póstumo que se celebrará, mediante colocación de un ramo de flores ante la tumba simbólica, 3171271977 ás 13 h no cemiterio San Amaro (Pontevedra).
29/01/1978 (FDV, p. 46)	Marcial, Florencio e Eduardo Araujo Conde (irmáns). Fusilados entre setembro do 36 e abril do 38. A familia "agradece unha lembranza a sua memoria". Asinado en Vigo	Non se especifican.
31/12/1978 (LVG, p.58)	Manuel Calvelo López, médico, fusilado o 31/12/1936 en Santiago de Compostela. Asinado pola súa muller Isabel Ríos e fillos.	Non se especifican.

[2482] Xulgado na Coruña por rebelión co resultado de ser declarado en rebeldía. Estivo agochado, até que foi delatado. Capturado, torturado e paseado en Santa Comba (Base de datos Nomes e voces).

ANEXO 5. TIPOLOXÍA DE REPERTORIOS DE ACCIÓNS DE MEMORIA (SEGUNDO A SÚA NATUREZA)



Fonte: elaboración propia.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ANEXO 6. A MODIFICACIÓN DA NOMENCLATURA URBANA (1983-1986)

CONCELLO	DATA	ELIMINACIÓN RÚAS FRANQUISTAS[2483]	INCLUSIÓN VÍTIMAS
1º MANDATO (1979-1983)			
PERÍODO 1979-1980			
Soutomaior			
	Maio 79		Castelao
Santiago de Compostela			
	Maio 79	General Franco (Horreo)	
		General Mola (Senra)	
		General Aranda (Enseñanza)	
		Jose Antonio (Virgen de la Cerca)	
		Calvo Sotelo (Fuente de San Antonio)	
O Barco de Valdeorras			
	Xuño 79		Abdón Blanco
Redondela			
	Xullo 79	Plaza del 18 de julio (Constitución de 1812)	
			Telmo Bernárnez
Lugo			
	Xaneiro 80	General Mola	Castelao
		General Queipo de Llano (Pintor Villamil)	
		General Gil Yuste (Pascual Veiga)	
		Jose Antonio (Progreso)	
		Jose Luís de Arrese (Pintor Tino Grandío)	
		Jose Viador	Salvador de Madariaga
		Muñoz Grandes (San Roque)	
		Onésimo Redondo	Pintor Luís Seoane
		Ortiz Muñoz (Lamas de Prado)	
		Pilar Primo de Rivera (Profesor Otero Pedrayo)	
		Sargento Provisional (Poeta Eduardo Pondal)	
		Serrano Suñez (Doutor Yañez Rebolo)	
		Ronda Caídos (Muralla)	
		Ronda General Primo de Rivera (Muralla)	
		Ronda General Sanjurjo (Muralla)	
As Pontes			
	Febreiro 80	Avenida del Generalísimo (avenida de Galicia)	
		Avenida de Jose Antonio	Castelao
		Calle de Girón (calexón do trigo)	
		Avenida de Calvo Sotelo (avenida das veigas)	
			Alexandre Bóveda (a que era Menéndez Pelayo)
Moaña			
	Abril 80	Avenida del Generalísimo (Ramón Cabanillas)	
			Manuel Juncal Paredes
			Jose Piñeiro Otero
Vigo			
	Xuño 80		Castelao
			Darío Álvarez Blázquez

[2483] Entre parénteses os nomes que substituíron por acordo aos franquistas.

Corcubión		
Xullo 80		
	Plaza de Blanco Rajoy	Castelao
	Plaza de General Mola	Párroco Francisco Sánchez
	Avenida Jose Antonio (da Mariña)	
	Avenida General Franco (da Constitución)	
	Calvo Sotelo	Pepe Miñóns
		Moncho Reboiras
PERÍODO 1981-1983		
Ferrol[2484]		
Marzo 81	Alferez Provisional (Cuco Ruiz)	
	Almirante Fernández Martín (Eduardo Pondal)	
	Almirante Vierna (San Francisco)	
	Calvo Sotelo (Iglesia)	
	Camilo Alonso Vega	Alexandre Bóveda
	Cándido Pérez (Celso Emilio Ferreiro)	
	Capitán Cortés (Manuel de Falla)	
	Cardenal Arriba y Castro- (Juan Sebastian Elcano)	
	Comandante Fontán (Pascual Veiga)	
	Conde Pumpido (Masaya)	
	Constantino Lobo (Catalunya)	
	Crucero Baleares (Rampa)	
	17 de julio (Plaza de la Constitución)	
	Eduardo Ballester (Euskadi)	
	Emilio Antón (Isaac Albeniz)	
	Salgado Torres	Alcalde Quintanilla Martínez
	Fernando Quiroga (Ramón y Cajal)	
	Fernando Villaamil (Dolores)	
	Fernández Ladreda (Canalejas)	
	General Aranda (Sol)	
	General Franco (Real)	
	General Mola (Carmen)	
	Avenida del Generalísimo (Carretera de Castilla)	
	González Llanos (Circunvalación)	
	Honorio Cornejo (Angustias)	
	Jorge Vigón (As Pías)	
	Jose Antonio Girón (Ricardo Carballo Calero)	
	López Uriarte	

[2484] Rúas eliminadas en Ferrol, polo momento sen identificar a súa orixe ou a natureza do persoeiro a quen se lle dedicaba: Alonso Fernández Amado (por Teixo), Antonio Fonticoba (Buxo), Antonio Piñeiro (10 de marzal), Argimiro Rico (Cañota), Eduardo Malde (Choupo), . Frutos Saavedra (Maria), Jorge Mauriz (Enrique Granados), José Ameneiros (Ameneiro), Jose Antonio Bouzón (Aciñeira), José Parga (Pereira), Juan Alonso (Nogueira), Juan Balás (Breogán), Juan Serantes (Piñeiro), Luis Besch (Carballo), Noreña (Domingo Garcia Sabell), Paulino Roca (Pumariños), Teniente Morenés (Roi Xordo), Pl. Marqués de San Saturnino (Plaza Vella)
Sen vinculación franquista: Puentes de G. Rodríguez- (por As Pontes), Parque Municipal (Reina Sofía).
En paréntese a nova denominación.

		(Avenida do Rei)	
		Luis Carrero Blanco	Castelao
		Marqués de Alborán (Armas)	
		Canalejas (Magdalena)	
		Primo de Rivera (Tierra/Sierra)	
		Ramón Franco (San Diego)	
		Salvador Moreno (Irmandiños)	
		Sargento Provisional (Camiño do Sarxento)	
		Soldado Lois (San Paulo)	
		Teniente Coronel Regalado (Paseo da Estación)	
		General Mola (La Graña) (Santiago)	
		García Morato (E. Blanco Amor)	
		Díaz Manday (Real Baja)	
		Pl. General Franco (La Graña) (Pardo de Cela)	
			10 de marzal (a antiga Antonio Piñeiro)
Vigo			
	Abril 81	Felipe Sánchez Rodríguez (Arenal)	
		Jose Calvo Sotelo (Elduayen)	
		Gran Vía del Generalísimo (Gran Vía)	
		Capitán Cortés (México)	
		Teniente Leirós (Pescadores)	
		Luciano Conde (Pino)	
		Mártires de la Falange (Del Pazo)	
		Capitán Carreró (Puerta del Sol)	
		General Aranda (Pi y Margall)	
		García Morato (Julián Estévez)	
		General Mola (Travesía del Pino)	
		Queipo de Llano (Progreso)	
		Carrero Blanco (Travesía de Vigo)	
		Jose Antonio (Urzaiz)	
		Luis Collazo (Travesía de Santiago a Vigo)	
	Setembro 81	Alcázar de Toledo (Toledo)	
Vilagarcía de Arousa			
	Abril 81	17 de marzo (Vista Alegre)	
		(Ramón) Encinas Diéguez (As Carolinas)	
		Heroes del Alcazar (da Baldosa)	
		General Mola (Valle Inclán)	
		Jose Antonio	Castelao
		Generalísimo Franco (da Marina)	
		Generalísimo de Carril (Praza da Liberdade)	
		Fontán Lobé de Carril (Aduana)	
		Rivero de Aguilar	Moreira Casal
		Calvo Sotelo	

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

		(Plaza de Galicia)	
		General Primo de Rivera	Alexandre Bóveda
		Vallellano[2485] (Celso Emilio Ferreiro)	
			Jose Núñez Búa
A Coruña			
	Setembro 82		
		General Mola[2486] (Fonte de San Andrés)	
		General Franco (Praciña da Capitanía)	
		Cantones de Jose Antonio (cantón grande e cantón pequeno)	
Moaña			
	Maio 82		Castelao
Santiago de Compostela			
	Setembro 82		Castelao
			Alexandre Bóveda
			Ánxel Casal
			Federico García Lorca
Vigo			
	Abril 82		Alexandre Bóveda
	Marzo 83		Emilio Martínez Garrido
	Abril 83		Enrique Blein Budiño
2º MANDATO (1983-1986)[2487]			
Soutomaior			
	Maio 83		Rogelio Landeiro
	Febreiro 86		Alexandre Bóveda
Verín			
	Xuño 83	Plaza del Generalísimo (del Ayuntamiento)	
	Xullo 83	Blanco Rajoy (Lisa)	
		Muñoz Calero (de la Merced)	
		Alférez Provisional (Constitución)	
Vigo			
	Xullo 84		Heraclio Botana
Ferrol			
	Novembro 84		José López Bouza
Noia			
	Xullo 85	General Franco (Costa do Ferrador, Galicia)	
		Calvo Sotelo (Rosalía de Castro)	
		Jose Antonio (Cantón)	
			Castelao (antes Basilio Vilariño)
Neda			
	Decembro 85	General Franco (Xubia)	
		General Mola (Algeciras)	
		Jose Antonio (Santa María, Basteiro, Coto e Toeleira entre outros)	
		Obispo Argaya	Castelao
		Calvo Sotelo (Real)	
Vigo			
	Decembro 86		José Antela Conde
			Federico Garcia Lorca
			Enrique Blein
			Ricardo Mella

[2485] Posiblemente refíranse a quen tiña o título de conde de Vallellano durante a ditadura, Fernando Suárez de Tangil (Acción Nacional /portavoz monárquicos tras asasinato Calvo Sotelo /cruz roja durante guerra civil por nomeamento de Franco). Ocupou altos cargos durante a ditadura incluído ministro de obras públicas.

[2486] A rúa, a praza continuou chamándose Xeneral Mola.

[2487] O segundo mandato municipal produciuse entre a primavera de 1983 e a primavera de 1987. A nosa análise remata en decembro de 1986, o período en estudo da presente tese.

ANEXO 7. ACCIÓNS DA MEMORIA TRAUMÁTICA POR REPERTORIO E ETAPA.

7.1. Táboa sintética das accións da memoria traumática por repertorio e etapa.

ACCIÓNS DA MEMORIA TRAUMÁTICA						
		1ª etapa	2ªetapa	3º etapa		Total por repertorio
		1976-1979	1979-1983	1983-1985	1986	
Homenaxes	Actos/ concentracións	29	29	19	10	87
	Inauguracións		8	2	6	16
Simboloxía no espazo público	Nomenclatura urbana	2	22	7	3	34
	Intervencións en símbolos (monumentos, placas, cruces)	1	8	9	4	22
	Propostas de memoria rexeitadas		14	10	7	31
Accións divulgativas	Publicacións	24	27	6	12	69
	Actos públicos	10	16	4	10	40
Outras				1	1	2
TOTAL por etapas		66	124	58	53	301

7.2. Táboa coa referencia de cada acción da memoria traumática por repertorio e etapa.

ACCIÓNS DA MEMORIA TRAUMÁTICA						
		1ª etapa	2ª etapa	3ª etapa		Total por repertorio
		1976-1979	1979-1983	1983-1985	1986	
Homenaxes	Actos /concentracións	Anuais (x3) : San Amaro, Camposancos, Bóveda, Baena, Reboiras. (x4). Amador e Daniel 1977 Tui, Vigo, Vicedo Marín, Cangas, Vilarmaior, Boisaca (x3), Cigarreras, **29**	Anuais (x4) : San Amaro, Camposancos, Bóveda, Reboiras, Amador e Daniel (x3): Baena, Serantes. 1982 Ría de Ferrol Manuel Suárez Villaverde. **29**	Anuais (x3): San Amaro, Bóveda, Baena, Reboiras Camposancos, Amador e Daniel (x2) 1984: Serantes, Pereiro. **19**	San Amaro, Pontedeume, Bóveda, Baena, Reboiras, Piloto, Boisaca, Abdón Blanco, Xohan Carballeira, Amador e Daniel **10**	**87**

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

	Inauguracións		Sociedade: monumento Martires San Amaro (81), Institucións: Inauguración rúas Moaña (2), Corcubión (2), Soutomaior e Vigo (2). **8**	Sociedade: monumento Castelao (83) Institucións: monólito Ramón Maseda. **2**	Sociedade: placa buque cantábrico, memorial Camposancos, monumento Bóveda. Institucións: Soutomaior Bóveda, Catabois, Súarez Ferrín. **6**	**16**
Simboloxía no espazo público	Nomenclatura urbana	Sociedade: Bóveda-Franco (x2) **2**	Sociedade: placas en Ourense, na Coruña. Institucións: Santiago (x2), Lugo, As Pontes, O Barco de Valdeorras, Soutomaior, Vigo (x3), Redondela (x2), Moaña (x3), Corcubión, Vilagarcía, A Coruña, Ferrol, Carballiño **22**	Institucións: Verín (x2), , Noia, Neda, Ferrol, Soutomaior, Vigo, **7**	Sociedade: Cedeira Institucións: Vigo, Soutomaior **3**	**34**
	Intervencións en símbolos (monumentos, placas, cruces)	Sociedade: Cedeira **1**	Sociedade: Cedeira (x2) Institucións: Redondela, Vigo (x2), Ferrol, Deputación Ourense (cadro),O Grove **8**	Sociedade: Ribadavia (x2) Institiucións: Redondela igrexa, pregunta senador, símbolos en O Barco, Carballeda, placa Deputación, Betanzos retirada cruz, Monólito Cíes. **9**	Sociedade: Castelao Sementeira, Feáns. Institucións: Castealo Santiago, Soutomaior. **4**	**22**
	Propostas de memoria rexeitadas		Sociedade: Cedeira Institucións: Vilarmaior, Deputación Ourense (placa), Redondela (rúas), Compostela (rúas x4), Pontevedra (rúas), Ourense (rúas	Institucións: Ribadavia (símbolos e rúas x2), Pontedeume (rúas e simbolos), O Barco (símbolos igrexas), O Barco (rúas), Ourense (rúas), Ordes (rúas), Castrocaldelas (rúas), Pontareas (rúas),	Sociedade: Tui veciños (2), Núñez Targa encontro alcalde A Coruña, presentación en prensa). Institucións: Mugardos (rúas), Cedeira, Compostela (homenaxe e placa Boisaca x2), ,	**31**

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

			x2), Fandiño Moaña, Monforte, Marín **14**	Pontedeume (rúas). **10**	**7**	
Accións divulgativas	Publicacións	Libros: Tussel. Santiago, de Valenzuela, Noya, Estampas Galicia Mártir, PSG A Coruña. Reportaxes: D. Álvarez Blázquez, fuxidos. Teima: (14) ANT: (2) Interviú: (1) **24**	Libros: Alonso Ríos, Heine, Freixanes, de Valenzuela, Alcalá,Gonsar, García Sagret. Ediciós do Castro: (6), Reportaxes: Ramos, Mancomún: (4) ANT: (8) +Galiza Mártir. **27**	Libros: Ediciós do Castro: (6) **6**	Libros: Ediciós do Castro: (9) Reportaxes: ANT: (2)+ O 36 na Galiza. **12**	**69**
	Actos públicos	De asociacións: Eixo, Gaiteira Sociedad Recreativa, Maside, A.C. de Vigo, Ateneo da Coruña, Amigos da Cultura, Iniciativas de cultura popular (x3), **10**	De asociacións: Villaverde, Medulio (x3), Ateneo Courña, (x5), Lumieira , Xerminal. Institucións: Corcubión (x2), Redondela (Segret), Ferrol (Maiz). **16**	Exposicións: guerra (por varias vilas) , Centelles, CNT. Actos divulgativos Amical. **4**	Ciclos: Sargadelos, Redondela. Exposicións: tren Castelao. Máis actos/ conferencias: O Barco (x2), Ateneo da Coruña, Alén, Xan de Xerano (por varias vilas), comisión procentenario Castelao. **10**	**40**
Outros				Restos Castelao **1**	Ano Castelao **1**	**2**
Total por etapas		**66**	**124**	**58**	**53**	**301**

Observacións:

Estas táboas son unha representación dos repertorios e accións máis relevantes de cada etapa en estudo, sen pretensión de totalidade e sen atinxir a todos os repertorios de acción.. Para os lugares de memoria onde se institucionalizan homenaxes todos os anos como San Amaro ou Camposancos, marcamos unha acción ao ano aínda que nalgúns casos sabemos da existencia de dúas ou máis, como tampouco temos a constatación por fonte da celebración dalgún ano en concreto, aínda que saibamos dese carácter anual, isto nos induciu a incluír unha acción por ano. Diferenciamos as mocións aprobadas (que se inclúen como nomenclatura urbana ou intervención en monumento) aínda que estas non se aplicasen, e aquelas propostas que se fixeron públicas pero que finalmente non foran aprobadas. As accións para as que non temos unha data asegurada non as incluímos na táboa. Para unha mesma acción divulgativa que se repite en varias localidades, conta como unha. As accións polo Ano Castelao son incluídas como unha única en Outros, debido á complexidade para establecer un número dunha iniciativa que se estendeu por todos os espazos. Tamén se contabiliza como unha a comisión procentenario da sociedade civil de Castelao, que realizou diversas accións, entendendo como unha única iniciativa. Os especiais de ANT contan como unha única acción divulgativa. Na última etapa decídese incluír unha columna para 1986 pola distorsión que ofrece este ano no conxunto da etapa. Esta distinción axuda a comprender a dinámica que seguen as accións memorialistas.

Etapas por meses:

1ªetapa: xaneiro 1976- marzo 1979

2ªetapa: abril 1979- abril 1983

3ª etapa: maio 1983-decembro 1986

Na segunda táboa incluímos unha palabra clave identificativa de cada acción. Sinalamos cun *x2 ou x3* para indicar a repetición da mesma acción en diferentes anos.


ANEXO 8. PAQUETE CULTURAL NAS ACCIÓNS DA MEMORIA

Enmarcado	
Protagonistas	Axentes memoriais (partidos políticos do centro-esquerda, asociacións, familiares, etc)
Metáfora	Drama do 36
Exemplos	Loita do pobo /galego/ pola súa liberación que ven de atrás. Que as vítimas fosen olvidadas e inxustamente tratadas cando non fixeran nada malo. Descricións de como foron asasinadas as persoas homenaxeadas inxustamente.
Consignas	Mártires pola liberdade Necesidade de recordar, de honrar. Non esquecemos Antifascismo
Representacións	A semente que foron as persoas asasinadas para o presente e o futuro.
Imaxes visuais	Caraveis e flores Loureiro Bandeiras Himnos
Razonamento e xustificación	
Raíces	Terrible guerra civil / Alzamento que fixo que se asasinaran a miles de persoas inocentes/ Fascismo
Consecuencias	O sufrimento, a dor, e a falta de liberdades durante corenta anos.
Apelación a principios	Se debe recordar para poder vivir en paz. Hai que lembrar e honrar a quen deron a vida pola liberdade.
Antagonistas	Partidos políticos do centro-dereita, difusores de opinión xeralistas
Contraenmarcado	Acusacións de *revanchismo* e busca de vinganza. Apelación á necesidade de superar o pasado e non reabrir feridas.

Fonte: elaboración propia.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ANEXO 9. CARTOGRAFÍA DAS ACCIÓNS DA MEMORIA (1976-1986)



Fonte: base do mapa con licencia Creative Comons. Elaboración propia do resultado.

Observacións: no mapa se marcan con círculos os espazos xeográficos con se realización accións da memoria. Non se marca a cantidade nin o tipo de acción.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Un momento histórico no que primou o desexo común de esquecer para buscar un futuro en paz. Un tempo de imposición e silencio no que se estendeu a amnesia colectiva. Ambas lecturas da Transición negaron a existencia da memoria traumática no espazo público.

O presente traballo pretende determinar se en Galicia existiron accións da memoria traumática da violencia golpista e franquista no período comprendido entre 1976 e 1986. Para abordar esta investigación levouse a cabo un traballo de campo baseado na localización e análise de fontes hemerográficas, documentais e orais.

O resultado arroxou o coñecemento dun rico ecosistema de accións da memoria cun rexistro de máis de 300 iniciativas. Isto constata a existencia dun desexo de recordo nun tempo definido como o do esquecemento e o silencio.